TESE DE DOUTORAMENTO

DE FIDALGOS A NOTÁBEIS

PARADOXOS ENTRE A PROPIEDADE DA TERRA E A REPRESENTACIÓN POLÍTICA

Silvia Rosende González

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2021

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

D./Dna. **Silvia Rosende González**

Título da tese: **De fidalgos a notábeis. Paradoxos entre a propiedade da terra e a representación política**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Vigo**, **07 de Setembro de 2021**.

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR/TITOR DA TESE

D./Dna. **Ramón Villares Paz**

En condición de: **Titor/a e director/a**

Título da tese: **De fidalgos a notábeis. Paradoxos entre a propiedade da terra e a representación política.**

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D/Dna Silvia Rosende González, baixo a miña dirección/titorización, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

En **Santiago a 7 dias do mes de setembro de 2021**, Seleccione a data

Sinatura electrónica

Aos meus devanceiros de Matalobos
(A Estrada) e Toiriz (Silleda),
con admiración.
A Alicia e Artur,
nestas letras tamén estades vós,
dende o ventre até hoxe.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Esta tese presenta unha investigación das elites da provincia de Pontevedra nun contexto temporal de fractura: o tránsito do Antigo Réxime ao liberalismo. Un estudo de caso que se insire dentro do debate historiográfico sobre a continuidade ou ruptura no cambio histórico. Empiricamente, trata de contribuír no coñecemento das bases sociais que instituíron o Estado liberal. Con este propósito, realizouse un seguimento de tres familias fidalgas da provincia, dende a súa aparición no Antigo Réxime, até a súa transformación social no liberalismo. Os López- Ballesteros de Vilagarcía, os Varela de Moraña, e os Espinosa de Silleda debuxan o perfil daquela fidalguía galega que secundou o liberalismo moderado isabelino. Malia partir cun estatus nobiliario menor, estas familias gozaron dunha elevada posición dentro da elite provincial, contando ademais con algún cabezaleiro de gran ascendente persoal. Entre dúas xeracións quedará patente a viraxe política e ideolóxica, así coma o terremoto social da fin do privilexio. Estes aspectos en mudanza deixarán nun segundo plano a tradicional dedicación ao seu dominio territorial, para buscar o seu porvir na representación política e na función pública. Na sociedade de notábeis atoparanse algunhas das chaves para entender os procesos abertos no longo século XIX, entre eles, a estruturación clientelar do poder político, e o devalar da fidalguía galega coma tal.

Palabras chave: fidalguía, notábeis, Antigo Réxime, revolución liberal, representación política, clientelismo, administración liberal.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMEN

Esta tesis presenta una investigación de las elites de la provincia de Pontevedra en un contexto temporal de fractura: el tránsito del Antiguo Régimen al liberalismo. Un estudio de caso que se sitúa dentro del debate historiográfico sobre la continuidad o ruptura en el cambio histórico. Empíricamente, trata de contribuir al conocimiento de las bases sociales que instituyeron el Estado liberal. Con este propósito, se realizó un estudio de tres familias hidalgas de la provincia, desde su aparición en el Antiguo Régimen, hasta su transformación social en el liberalismo. Los López- Ballesteros de Vilagarcía, los Varela de Moraña, y los Espinosa de Silleda dibujan el perfil de aquel sector de la hidalguía gallega que secundó el liberalismo moderado isabelino. A pesar de partir con un estatus nobiliario menor, estas familias gozaron dunha elevada posición dentro de la elite provincial, contando además con algún heredero de gran ascendiente personal. Entre dos generaciones quedará patente el viraje político e ideológico, así como el terremoto social que supuso la abolición del privilegio. Estos aspectos en mudanza dejarán en segundo plano la tradicional dedicación a su dominio territorial, para buscar su porvenir en la representación política y en la función pública. En la sociedad de notables se encuentran algunas de las claves para entender los procesos abiertos en el largo siglo XIX, entre los cuales está la estruturación clientelar del poder político, así como la decadencia de la hidalguía gallega como tal.

Palabras clave: hidalguía, notables, Antiguo Régimen, revolución liberal, representación política, clientelismo, administración liberal.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SUMMARY

This thesis proposal studies the social elites in the Pontevedra province who are immersed in a context of rupture with the past: the transition from the *Ancien Régime* to XIXc. Liberalism. It highlights, through a case study, the historiographical dilemma concerning historical rupture and historical continuity. In brief, the aim of this thesis is to fill a void with a new study that widens our understanding of the social basis that formed the foundations of the Liberal State. This theoretical framework rests on a empirical body of research gathered by investigating three families of *fidalgos* in the province. The López-Ballesteros family from Vilagarcía, the Varela family from Moaña, and the Espinosa family from Silleda are exemplar of the Galician gentry that backed moderate isabelline liberalism. Although originating from a minor lineage, these families were well connected and had the good fortune of having heirs of strong character and influence. Within two generations their change in ideology and political thought was as evident as the end of their life of privilege. Towards the 1850s, the three families would seek their fortune in political representation and in the state service. In the society of *notables* we will find the keys to understand the clientelist structure of political power and the decline of the Galician gentry.

Keywords: nobility, notable, old regimen, liberal revolution, political representation, patronage, liberal administration.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN 11

1ª PARTE: HISTORIOGRAFÍA E METODOLOXÍA

1.1. Obxectivos e metodoloxía 19
1.1.1. Antecedentes 19
1.1.2. Temas principais e secundarios 20
1.1.3. Debates sobre métodos historiográficos 21
1.1.4. Metodoloxía 27
1.1.5. Fontes: diversidade, técnicas e linguaxe 32
1.2. Estado da cuestión (I). Os señores da terra e a revolución: continuidade ou ruptura 39
1.2.1. De Otero a Mayer. O elitismo de *fin de siècle* 39
1.2.2. A multiplicidade temporal da revolución 50
1.2.3. Debates sobre o Antigo Réxime 61
1.2.4. Inercias e contramarchas do Estado absoluto 68
1.2.5. A concorrencia de dereitos sobre a terra 80
1.3. Estado da cuestión (II). O estamento nobiliario no contexto europeo 89
1.3.1. Diversas cristalizacións do Antigo Réxime 89
1.3.2. Privilexios e diferenciación interna 94
1.3.3. Aspectos da nobreza 97
1.3.4. Poucos ingleses, algúns franceses, bastantes casteláns 101
1.3.5. "Poderoso don dinero" 106
1.3.6. Crise e transformación da nobreza inglesa. O ascenso da *gentry* 111
1.3.7. Protección do patrimonio. *Strict settlement*, mayorazgo 114
1.3.8. Renovación do estamento 118
1.3.9. A nobreza cortesá 121
1.4. Estado da cuestión (III). O liberalismo dos notábeis 129
1.4.1. Armas e revolución 129
1.4.2. A medida do notábel 134
1.4.3. O clientelismo dos notábeis 139
1.4.4. A nación como equívoco obxecto de estudo 145

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2ª PARTE: OS FIDALGOS

2.1. A fidalguía galega: terra e tradición 151
2.1.1. Señores intermediarios 151
2.1.2. As orixes de tres dominios fidalgos 154
2.1.3. Análise cualitativa da formación dos tres dominios 172
2.1.4. As ferramentas da tradición: fundacións, vínculos e morgados 176
2.2. A Casa fidalga. Reprodución material, social e simbólica da liñaxe 187
2.2.1. "Dueño y señor". Significados da Casa fidalga 187
2.2.2. Símbolos e *probanzas* da Casa fidalga 191
2.2.3. Reconstrución xenealóxica das liñaxe 196
2.2.3.1. Xenealoxía dos López- Ballesteros 196
2.2.3.2. Xenealoxía dos Varela 201
2.2.3.3. Xenealoxía dos Espinosa 205
2.2.4. Dinámicas matrimoniais. Análise cualitativa das tres xenealoxías 219
2.3. Poder e territorio no Antigo Réxime galego 233
2.3.1. Autoridade e administración no mosaico xurisdicional 233
2.3.2. Os López- Ballesteros: unha fidalguía aburguesada en Vilagarcía 239
2.3.3. A caste antiga dos Varela na comarca de Caldas 246
2.3.4. O señorío dos Espinosa en Trasdeza 250
2.4. A guerra do *Francés*: un abrupto espertar da política 261
2.4.1. Os precedentes sociais e políticos do levantamento popular 261
2.4.2. O sobresalto da guerra 264
2.4.3. A intendencia de López- Ballesteros 266
2.4.4. A xefatura de Varela 274
2.4.5. A Xunta de Trasdeza 281
2.4.6. Condicións sociais, redes e localismo. Un retrato de familia 286

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PARTE 3: OS NOTÁBEIS

3.1. Liberais e absolutistas na creba do Antigo Réxime 295
3.1.1. A crise estrutural do Antigo Réxime 295
3.1.2. O antagonismo político. A asunción dunha posición política 299
3.1.3. Difusión ideolóxica absolutista. Biblioteca da Buzaca 304
3.1.4. Mobilización política contrarrevolucionaria. Os voluntarios realistas de Trasdeza 310
3.1.5. O reformismo absolutista de López- Ballesteros 327
3.2. O consenso liberal 339
3.2.1. Confluencias no bando *cristino* 340
3.2.2. As bases sociais do Estado liberal 356
3.2.3. A *carlistada* en Trasdeza 391
3.2.4. Os facedores de institucións 413
3.3. A consolidación do constitucionalismo 447
3.3.1. As primeiras corporacións provinciais 449
3.3.2. Na procura de candidaturas de consenso 462
3.3.3. As eleccións a Cortes de 1837 474
3.3.4. Censos e distritos de 1837. Eleccións provinciais 492
3.3.5. As reiteradas convocatorias electorais de 1839 514
3.3.6. Dúas cartas de Fernández Villaverde 529
3.4. Organización das eleccións. Unha aprendizaxe entre amigos 541
3.4.1. Estatus e poder na comunicación epistolar: amigos, eleccións e favores 543
3.4.2. As candidaturas moderadas de 1840 578
3.4.3. O *affaire* Fontán escrito polos seus protagonistas 588
3.5. O réxime das faccións políticas 639
3.5.1. A fragmentación política na rexencia de Espartero 642
3.5.2. A contención doutrinaria do liberalismo 660
3.5.3. Testemuño de Varela: o levantamento galego de 1846 673
3.5.4. A nova lei electoral: distritos, electores, candidatos. Deputados de arraigo 688
3.5.5. O "negocio" da eleccións municipais. 718

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.5.5.1. A batalla polas alcaldías no partido xudicial de Caldas (1847- 1849) 718
3.5.5.2. O arranxo político dos montes do partido de Lalín (1849) 757
3.5.6. Os “monistas” na oposición. Influencia moral dos gobernos conservadores 769

CONCLUSIÓNS 829

BIBLIOGRAFÍA 851

FONTES 879

ÍNDICE DE TÁBOAS, CADROS E GRÁFICOS 885

ANEXOS 887

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

"Eran los mejores tiempos, eran los peores tiempos, era el siglo de la locura, era el siglo de la razón, era la edad de la fe, era la edad de la incredulidad, era la época de la luz, era la época de las tinieblas, era la primavera de la esperanza, era el invierno de la desesperación, lo teníamos todo, no teníamos nada, íbamos directos al Cielo, íbamos de cabeza al Infierno"[1].

O longo século XIX abarca tanto a revolución coma a reacción, imperios e repúblicas, técnica e romanticismo. É a era da revolución en todos os ámbitos. Un período vasto que inclúe tanto a crise do Antigo Réxime a finais do século XVIII, coma os estertores pesimistas do *fin de siècle*. Un contexto amplo, pero tamén denso, tan fecundo en cambios que entre xeracións hai abismos. Incluso na estética xeral, tamén na moda, abandonan os excesos de adornos por unha liña máis sobria. Do dourado pásase ao negro. É tal a cesura histórica que calquera banquete ou baile deixa patente o contraste xeracional nas elites. O ridículo do vello empoeirado e con perruca fronte o ímpeto do mozo con levita. A literatura ofrece espléndidos retratos (Stendhal, Chateubriand, Balzac, Dickens, Austen, Lampedusa). Porque unha antítese brutal sobrevoa esa Europa do Oitocentos: o antigo/ novo. As décadas sucédense portando novos costumes, novos estilos, novas mentalidades. O tempo da revolución é realmente dilatado e impreciso cando se pensa, con Gramsci, no vello que non remata de morrer, e no novo que non acaba de nacer.

Todo o século acusa unha tensión entre o cambio e o inmobilismo, que se traduce no plano académico no coñecido debate historiográfico sobre a continuidade ou ruptura histórica. De aí parten máis preguntas que respostas: Canto persiste, até cando e de que forma? Canto se rompe e desaparece? Que lle sucede? De todo isto

[1] Dickens, 2015 [1859]: 5.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estase a falar cando se aborda a traxectoria da fidalguía galega até a Modernidade. Entenderon, acaso, o significado do "transitorio, o fuxitivo, o continxente"? [2]

A ruptura é evidente a simple vista. Houbo un cambio de réxime político, de transformacións na estrutura económica, e un novo marco de relacións sociais. É o liberalismo, a industria e o capital, a hora dos cidadáns. Rotas as fronteiras entre estamentos, a condición humana emerxe coma unha individualidade en construción. De aí os dereitos, tamén os deberes. Malia a lectura decadente de *fin de siècle*, non se pode perder de vista que o século "nunca se sintió viejo (...), nunca perdió el optimismo que le proporcionaba, entre otras cosas, su fe en el progreso y en la ciencia"[3].

Esta ruptura drástica coa tradición non era un episodio accidental ou repentino, malia a aparencia impulsiva do frenesí revolucionario. Con Tocqueville, testemuño excepcional do seu tempo, descóbrese un Antigo Réxime que agochaba no seu seo o desenlace revolucionario, é dicir, o seu ocaso. Sería o Estado absolutista o buque de contención na creba do Antigo Réxime, mais tamén a cuña centralista que prepara a nova orde revolucionaria. O reformismo ilustrado, malia ser insuficiente, reflectía un "sentimiento generalizado" o "conciencia de crisis" na vella sociedade[4].

Outras teses da continuidade subliñan o proceso contrario: a reacción, a permanencia. Hai quen, con Arno Mayer, considera a persistencia da nobreza na alta sociedade liberal. Certamente, mantívose o gusto polas formas refinadas e aristocráticas. Continuaba a aspiración social do título nobiliario. Na historiografía española o debate xirou arredor dun pacto social nas elites, a formación dun bloque de poder oligárquico, ou na debilidade burguesa. Estas cuestións acompañaban ao paradigma do atraso económico. O rexurdir do debate nos anos noventa estableceu novos parámetros de discusións. Desbotábase a categoría da "burguesía", abrindo a análise a outros suxeitos, outros procesos, que non encaixaban no modelo de desenvolvemento político e económico. Púxose o foco no ámbito

[2] Baudelaire, 1995: 92.
[3] Carreras Ares, 2003: 85.
[4] Artola, 1974 (a): 7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

local, noutras experiencias do cambio social e político. Ademais, centrouse a cuestión no carácter indubidabelmente liberal da transformación. Si, a revolución tivera lugar, tal e como se advertía en casos concretos, non só na teoría dos grandes feitos históricos.

A presente investigación de tese insírese precisamente na corrente aberta por estes últimos estudos. Preténdese contribuír cun estudo de caso que observe a traxectoria de tres familias fidalgas dende a súa aparición no Antigo Réxime, até o impacto que da revolución liberal. Un marco temporal talvez enorme, excesivo, mais que intenta dar conta daqueles aspectos que os caracterizaban coma fidalgos, para delimitar no Oitocentos as continuidades e as transformacións.

A fidalguía galega era unha baixa nobreza que se sustentaba nun dominio territorial formado pola súa posición intermediaria entre os privilexiados e o campesiñado. Isto é, entre o dominio directo e o útil subforado. A través do servizo de armas, de letras ou por acumulación de terras, accederon a un estatus distinguido polo tratamento de "don". A súa interrelación co clero, orientando aos segundoxénitos á vocación relixiosa, redundaba nun beneficio mutuo. Dende as parroquias e os dominios, a fidalguía exercía a súa autoridade, ás veces con capacidade xurisdicional.

Estes señores da terra imitaban á nobreza en cuestións sociais e culturais. O matrimonio era un contrato moi meditado para engrandecer a liñaxe con riqueza e estatus. O avoengo medíase por elementos simbólicos coma o escudo de armas e as xenealoxías. As súas vivendas foron enseñorándose, con arelas de convertelos en pazos cortesáns, algo que non sempre conseguiron. As tres familias investigadas: López- Ballesteros, Varela e Espinosa, constitúen un bo exemplo destes esforzos, deixando na paisaxe construcións pacegas que acolleron sucesivas reformas no andar dos séculos: A Golpelleira, A Buzaca, Cascaxide.

Dadas estas tres familias fidalgas, o obxectivo é observar aqueles aspectos en mudanza ou permanencia no Oitocentos. Para este cometido, procurouse información nos arquivos públicos, con gran proveito dos fondos da Deputación de Pontevedra. Tamén se conseguiu acceder aos arquivos privados das familias Varela e Espinosa, con inxente documentación patrimonial, xenealóxica e

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

político- administrativa. Non obstante, estes fondos non catalogados eran un desafío para unha investigadora inexperta. Houbo que discriminar unhas cuestións sobre outras, sobresaíndo o tema político no século XIX. Por desgraza, non houbo lugar a unha análise máis exhaustiva do patrimonio destas Casas, ofrecendo tan só unhas pinceladas de contexto.

A tese estrutúrase en tres partes. A primeira versa sobre os obxectivos, o deseño metodolóxico, e os contidos teóricos e historiográficos. Estes contidos foron repartidos en tres capítulos para tratar en profundidade cada tema: continuidade e ruptura da revolución; estamento nobiliario en Europa; e as nocións de notábel, clientelismo e nación.

Tras a parte teórica chegan "os fidalgos". Abórdase na segunda parte a formación dos dominios territoriais fidalgos e os seus instrumentos xurídicos; a Casa e a liñaxe, coa súa política matrimonial estreitamente ligada ao territorio; seguidamente, o poder no Antigo Réxime, coa superposición de xurisdicións; rematando coa guerra de Independencia, ese acontecemento definitivo, que sentou a referencia constitucional para a revolución liberal. En resumo, riqueza, estatus e poder no tempo lento do Antigo Réxime.

A terceira parte rompe con ese tempo estrutural. O ritmo histórico e narrativo irá collendo velocidade, dende aspectos máis xerais até experiencias concretas, coma a guerra carlista en Trasdeza ou os traballos de constitución da primeira Deputación de Pontevedra. Para estudar os notábeis foi preciso poñer o foco na política, facendo un seguimento moi apegado aos acontecementos e ás conxunturas. As distintas eleccións (Cortes, provinciais) van ocupar gran parte da investigación. Ofrécense datos dos candidatos, dos distritos, dos electores. Especial interese merecen os maiores contribuíntes da provincia. Realizáronse estatísticos dos electores de 1836 coa distinción de "don". Unha información que pretendía retratar as bases sociais do liberalismo na provincia de Pontevedra.

Á par da documentación electoral, empregáronse series epistolares procedentes dos arquivos das familias investigadas. Estas cartas dan cor aos números, sentido. Poden observarse as relacións entre amigos políticos, os seus acordos arredor das eleccións, as súas

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

percepcións sobre o país -galego- e a nación. O caso do *affaire* Fontán ilustra a experiencia política do insigne xeógrafo, cando é excluído das candidaturas moderadas polo seu talante independente. A fragmentación política está a dificultar a gobernabilidade, polo que os doutrinarios, á súa chegada ao poder, promulgan unha serie de reformas para coutar os levantamentos en provincias e vilas. Unha contención do liberalismo que consiste nun programa centralización político- administrativa. O levantamento galego de 1846 será unha das respostas inmediatas da oposición política. Nestes sucesos aparece un dos fidalgos investigados, Lorenzo Varela, coma xefe político interino de Pontevedra. O seu relato dos feitos e as cartas que recibe servirán para compoñer unha imaxe da inquietante situación política.

As eleccións municipais tamén terán o seu espazo nesta tese. Estas convocatorias locais van reflectir o incerto clima político que se respiraba a finais da década dos corenta. Xurdiron, entón, liderados emerxentes que se apoiaban en novas clientelas electorais, tal e como se constata en Caldas. Os arranxos electorais e a fraude electoral tamén foron frecuentes neste período, como se amosa en Lalín. A imposición de candidatos gobernamentais enrareceu aínda máis o ambiente político, creando divisións e discordias entre antigos amigos políticos.

No apartado de conclusións, agárdase ofrecer unha exposición ordenada desta transformación dos fidalgos en notábeis. Con este propósito, puntualizaranse as condicións, estratexias e percepcións que se extraen das tres familias investigadas, tanto no Antigo Réxime coma no liberalismo. Estase a facer aquí unha Historia que describe estruturas e accións, identifica redes, conta electores, sopesa significados. Mais iso só é cuestión de método. Do que versa esta tese é da historia dos López- Ballesteros, dos Varela e dos Espinosa, e do seu xeito de sortear a revolución, converténdose en notábeis. Don Luis e seu fillo Diego, don Lorenzo e don Benito, serán os protagonistas principais desta interpretación do cambio histórico.

Antes de rematar esta introdución, é necesario recoller tres circunstancias que afectan ás condicións de realización desta tese. En primeiro lugar, este traballo ocupou longos anos de investigación e redacción. A escrita comezou no 2017, dando forma aos capítulos de

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

historiografía, mentres que no 2021 se completou o capítulo que pecha a parte dos notábeis. Un segundo aspecto alude á formación académica da autora, licenciada en Ciencias Políticas, forzando a elaboración dun amplo estado da cuestión para dar solidez ás hipóteses que se defenden. Esta considerábel extensión do marco historiográfico e metodolóxico está relacionada tamén cunha terceira observación: a dificultade de enlazar teorías xerais coa especificidade do caso. Isto impediu, talvez, un discurso máis fluído entre a teoría e a empiria, mais nalgúns casos era preferíbel deixar a historiografía na primeira parte para non cargar e retardar máis o relato das fontes. Deste xeito, poden discernirse con maior claridade os motivos de cada capítulo.

Tan só resta expresar o meu sincero agradecemento ao profesor Ramón Villares, director desta Tese. Foron moitos anos de amenas conversas, análises moi agudas, e incomparábel paciencia. A paciencia do oficio de historiador. Tamén ao profesor Miguel Cabo Villaverde, coma coordinador do programa de doutoramento, polas súas palabras de alento e confianza. Con certeza, non é moi práctico -academicamente- facer unha Tese das de antes, unha historia total. Ás compañeiras do grupo de Histagra, con Lourenzo Fernández Prieto á cabeza, e o bo facer de Gustavo Hervella nas funcións técnicas. Non podo esquecer a axuda de Uxía Valenzuela e Elena Aguete, do Arquivo da Deputación de Pontevedra. Elas catalogaron o fondo do pazo da Buzaca, permitíndome colaborar nestas tarefas e intercambiar opinións. Ás familias López- Ballesteros, Varela e Espinosa, todo o meu respecto. Unha mención especial merece María Benita Espinosa, que se prestou ao momento á clasificación e estudo do fondo documental de Cascaxide. Encarecidas grazas. Finalmente, á miña propia familia, polo tempo desta Tese.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1ª PARTE:

HISTORIOGRAFÍA E METODOLOXÍA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1.1. OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

"Dominar la 'teoría' y el 'método' equivale a convertirse en un pensador que conoce, un hombre que trabaja sabiendo cuáles son los presupuestos y las implicaciones de lo que hace. Ser dominados por la 'teoría' y el 'método' equivale a no empezar nunca a trabajar"[1].

No seguinte capítulo preséntase o marco teórico e metodolóxico da tese. Primeiramente, explícase a orixe do proxecto. En segundo lugar, enúncianse os temas principais e aqueles outros derivados ou secundarios. Un terceiro paso, polemiza sobre o método na historiografía. En cuarto lugar, exponse a metodoloxía adoptada, cun guión de revisións e as categorías e dimensións empregadas. Por último, realízase un comentario sobre os arquivos consultados e outras consideracións sobre a linguaxe na tese.

1.1.1. Antecedentes

Este proxecto de tese bosquexouse no Traballo Fin de Máster, tamén coñecido coma "Memoria de investigación", presentada en 2008, ao abeiro do Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea realizado na Universidade de Santiago de Compostela[2]. O título daquela investigación monográfica foi: "Propiedade comunal e administración liberal: aproximación ao caso dos montes de Trasdeza". O obxecto de estudo era o enigma historiográfico dos montes desta comarca, pertencente ao partido xudicial de Lalín (Pontevedra), que foran excluídos das catalogacións de montes públicos mediante unha Real Orde que recoñecía a propiedade particular dos mesmos[3].

Aquela investigación serviu para formular algunhas hipóteses sobre os artífices desta excepcional medida. Un coñecido político local tería conseguido este recoñecemento da propiedade privada dos

[1] Wright Mills, citado en Sartori, 1984 [1979]: 317- 318.
[2] A cualificación da "Memoria" foi de sobresaínte, coa puntuación de 10.
[3] Real Orde de 26 de setembro de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

montes a cambio dun determinado resultado electoral. Coas fontes existentes, non se puido precisar con total seguridade a identidade dese político, mais sacou á luz unha trama de relacións políticas e persoais que dende o ámbito local e provincial chegaban a mover influencias nos ministerios e no Congreso dos Deputados.

As familias López- Ballesteros, Varela e Espinosa gozaban dunha posición sociopolítica preeminente no ámbito provincial. Emparentados entre si, pertencían historicamente ao grupo social fidalgo. Curmáns de sangue, van ocupar distintos cargos públicos nas Cortes e na Deputación, inseríndose na nova sociedade de notábeis, onde tamén tiñan presenza perfís non privilexiados. Esta nova condición de notabilidade das elites do Oitocentos viña suxerida pola historiografía: Ramón Villares (2004), Juan Pro (1995), Jesús Cruz (2000), Isabel Burdiel (1987), Prudencio Viveiro (2004) e Xosé Ramón Veiga (2008).

A hipótese indutiva que se manexou naquela Memoria de Máster era que estas familias fidalgas terían transitado cara o Estado liberal defendendo postulados moderados. Encarnaban unha vía de adaptación ás mudanzas do século.

1.1.2.Temas principais e secundarios

O obxectivo principal desta tese é ponderar este cambio histórico, valorando os atributos sociais e as actitudes políticas que caracterizaron a estas familias contra mediados do Oitocentos. Isto é, calibrar a transformación sociopolítica dos fidalgos en notábeis. En última instancia, este tema remite á gran cuestión historiográfica sobre o cambio histórico da revolución liberal: as súas múltiples temporalidades, os espazos político- administrativos que abre, e o suxeito que o encarna.

Mediante o estudo de caso das tres familias apuntadas anteriormente, preténdese dar resposta a algunhas preguntas fundamentais. En primeiro termo, hai que distinguir aqueles aspectos que os definen coma fidalgos no Antigo Réxime e coma notabilidades no Estado liberal, para cuestionar se queda acreditado ese cambio social. Ao respecto, pódese cuestionar canto hai de continuidade e canto de ruptura na -hipotética- adaptación fidalga. En segundo lugar,

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

é necesario observar o comportamento destes actores sociopolíticos, nos seus cargos públicos e comunicacións epistolares, para estimar se houbo unha salientábel iniciativa, ou ben se os condicionantes do contexto orientaron con maior determinación a acción política. Unha terceira cuestión é a percepción do cambio histórico que expresaban nos seus escritos estas familias investigadas: eran conscientes da entidade da transformación?, albergaban esperanzas ou eran pesimistas?, que pensaban da nova sociedade? En resumo, o tema central da mutación de fidalgos a notábeis repártese en tres cuestións: condicións, estratexias e discursos das familias investigadas.

Os temas secundarios agroman derivados do eixo principal: o cambio histórico. Son debates específicos do contexto da revolución liberal, e que combinan diferentes estruturas de poder. Son as relacións entre: a) propiedade e representación política; b) exército e autoridades civís; c) eleccións e cultura política. Os nexos ou fracturas que establecen nas súas dinámicas complementan aquí a situación sociopolítica das familias do estudo de caso, ademais de proporcionar referencias históricas dun contexto máis amplo. É dicir, subliñan a interconexión de espazos políticos, desvelando repercusións nos ministerios e resonancias no ámbito microhistórico.

1.1.3.Debates sobre métodos historiográficos

Canto máis se amplía a perspectiva, máis difícil resulta percibir os detalles da escena. As teorías sociolóxicas adoitan aludir a grandes estruturas caendo en "postulados perniciosos" para a investigación histórica[4]. Conceptos coma "progreso", "estadios", "crise", "diferenciación" e "integración", non deixan de ser modelos de procesos que corresponden con determinadas filosofías da Historia. Nas Ciencias Sociais pode aparecer a tentación de facer ciencia con ideoloxías. Certamente, o suxeito que investiga non está exento de

[4] Tilly, 1991 [1984]: 173- 177. Tilly censura os postulados ideolóxicos que establecían modelos sociais xerais, mais no fondo ten a esperanza de enunciar categorías de estudo rigorosas nun "plano macrohistórico". Así e todo, recoñece dende "un punto de vista pragmático, hay momentos en los que lo que más necesitamos es un entendimiento claro de las singularidades de una experiencia histórica concreta". Esta singularidade aporta máis información nas súas diverxencias e similitudes que un estudo supostamente modélico dun proceso global.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vivir no mundo. Por outra banda, existe a falacia obxectivista que procura verificar mediante laboriosas cuantificacións xeneralizacións abstractas moi depuradas. Mais o obxecto de estudo é esvaradío. Recoñecidas, pois, as insuficiencias de obxecto e suxeito investigador, perdida a ilusión da *veritas*, do ideal ilustrado, o coñecemento científico non pode renunciar á virtude da súa natureza: o método.

Para Walter Benjamin a investigación histórica era unha redención intelectual tras a súa frustración na lingüística e na metafísica[5]. Claudicara Benjamin de perseguir o obxecto, observando que o signo era inaprensíbel, absolutamente indicíbel[6]. Tampouco era capaz de obviar a mirada subxectiva, observando ideoloxía -do progreso- en todo ideal e documento de cultura[7]. A experiencia vital deste pensador alemán levouno a elixir entre ir a Xerusalén ou Moscú, tomando o camiño de París[8]. O seu propósito era facer unha "arqueoloxía da modernidade", acumulando fragmentos, anacos, do

[5] As seguintes reflexións sobre Walter Benjamin proceden dunha Memoria de Posgrao en Filosofía presentada na Universidad de Granada en 2006, dentro do programa (DEA): "Herencia de la Modernidad en la época de la Globalización". O título da memoria era: "O mito moderno en Walter Benjamin". De aí provén o interese no cambio histórico moderno, e a busca na Historia dunha redención intelectual mediante unha investigación netamente empírica que mitigue os excesos ou "miserias" da teoría, parafraseando a Thompson.

[6] Escribiu en 1916 o ensaio "Sobre el lenguaje en general y sobre el lenguaje de los hombres", publicado postumamente. Recollido en Benjamin, 1999. Este texto amosa os límites da dicibilidade do coñecemento o que está representado coma unha "caída" ou pecado orixinal do pensamento.

[7] Nas súas coñecidas *Teses de Filosofía da Historia* denuncia a concepción do tempo histórico do progreso como un tempo homoxéneo e baleiro. Afirmaba, entre outros grandes aforismos: "Jamás se da un documento de cultura sin que lo sea a la vez de barbarie". Benjamin, 1989 [1972]: 175- 192.

[8] Tras o ascenso do nazismo, Benjamin tivo que escoller entre instalarse en Moscú, onde tiña visitado á artista letona Asja Lacis, ou acompañar ao seu amigo Scholem cos sionistas, dos que se desvinculara algúns anos atrás, antes de 1824, cando descobre emocionado o materialismo histórico, sobre todo pola lectura do húngaro Lukács. Namentres, Brecht convidaríao dende o seu exilio danés, onde Benjamin estivo en 1834, mais non conseguiu o asilo político. Tomou Benjamin o camiño de París, disposto a compoñer un álbum de citas ao xeito dun mosaico barroquista da capital europea do século XIX. O seu gusto polo fragmento e as naturezas mortas procedían das súas investigacións universitarias do drama barroco alemán (Trauerspiel, [1928]). Adorno, 2001 [1970]; Arendt, 2001 [1965]. Do encontro con Brecht en 1934 cabe rescatar o seu debate arredor do relato "La aldea más próxima" de Kafka, do que Benjamin comenta facendo unha chiscadela a Proust, outra das súas debilidades literarias: "la verdadera medida de la vida es el recuerdo. Atraviesa la vida, retrospectivamente, como un relámpago". Dende aquí, recoméndase a súa lectura. Benjamin, 1998: 143.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Oitocentos parisino. O método de Benjamin era, pois, "hacer surgir los significados únicamente mediante el montaje chocante de los materiales"[9]. Quixo compoñer "constelacións", alegorías a medio camiño entre o materialismo histórico e a linguaxe onírica. No capítulo de "Teoría del conocimiento, teoría del progreso" explícase do seguinte xeito:

> "Método de este trabajo: montaje literario. No tengo nada que decir. Sólo que mostrar. No hurtaré nada valioso, ni me apropiaré de ninguna formulación profunda. Pero los harapos, los desechos, esos no los quiero inventariar, sino dejarles alcanzar su derecho de la única manera posible: empleándolos"[10].

O traballo inacabado de Benjamin no seu *Das Passagen- Werk* era un compendio de citas, anotacións e comentarios, organizados por temas ou motivos, os chamados "apuntes" e "materiais"[11]. Un enmarañado sistema alfanumérico para tratar a "moda", a "haussmannización", o "flâneur", ou o "tedio". Con esta obra quería superar as eivas da linguaxe e da Historia, verbas que non poden ser invocadas sen perda, en paralelo á perda inherente da materia histórica, pola ausencia do oculto, do non- significado. Para evitar a inseguridade, o baleiro, o relativismo, Benjamin rescata a forza da cita- mónada, tanto do seu significado efectivo, coma aquelas outras vías non transitadas. Fontana, ávido lector de Benjamin, tamén manifestaba o seu propósito de albiscar os camiños desbotados nas encrucilladas históricas:

---

[9] Adorno, 2001 [1970]: 24.

[10] Benjamin, 2005: 462. Benjamin debía coñecer a obra de Seignobos, quen dende o seu positivismo dicía: "Puede pensarse que llegará un día en que, gracias a la organización del trabajo, todos los documentos habrán sido descubiertos, depurados y puestos en orden y establecidos todos los hechos cuya huella no se haya borrado". Carreras Ares, 2003: 44. A diferenza de Seignobos, Benjamin propón unha "montaje chocante" de cariz materialista, aínda que ten outro capítulo dedicado á "linguaxe onírica", en referencia ao indicíbel do inconsciente colectivo.

[11] O termo "pasaxes" contén distintos significados: o pasaxeiro da Modernidade (con Baudelaire); as galerías de París; unha cita ou referencia textual; unha carga ou viaxeiros que se transportan. Tempo, espazo, texto, viaxe, a "pasaxe" sintetiza as grandes preocupación benjaminianas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "Es sobre todo en la Europa de los años que van de 1830 a 1848 cuando las fuentes nos permiten rescatar los proyectos alternativos que los vencedores no sólo impidieron que se realizaran, sino que procuraron sacar «de en medio del tiempo», como si nunca hubiese existido. Partir de esa recuperación debería permitirnos explorar los caminos que llevaban «por el corredor que no tomamos hacia la puerta que no abrimos»"[12]

Estas sucintas referencias filosóficas a Walter Benjamin explican a vontade deste proxecto de Tese de deixar falar ás fontes. Hai unha clara intención de plasmar as palabras das familias investigadas, nomeadamente as súas cartas, non por un gusto polo anecdótico, senón polas tramas vitais, sociopolíticas, que fican ao descuberto mediante a "montaxe dos materiais". Búscase unha interpelación de fontes, nas que a historiografía tamén é interlocutora. Un encontro da diversidade non subsumida baixo leis nin teorías sociais, mais que non rexeita o coñecemento adquirido, o caudal das voces que escribiron sobre o pasado. Aí é onde a historiografía constitúe o marco teórico do coñecemento histórico, un relato entre distintas xeracións e enfoques que debuxan referencias inevitábeis no mapa desta disciplina. Neste senso, as teorías da Historia competen á Filosofía, "mientras que los historiadores defienden su causa, como dijeron los fundadores de los Annales, «no por medio de artículos metodológicos y disertaciones teóricas, sino recurriendo a ejemplos y hechos»"[13].

Así como a historiografía alberga reservas para as teorías sociais e os métodos dedutivos, tamén dende a Ciencia Política e a Socioloxía se censura o "método histórico" coma "débil", "el que ofrece menos garantías" [14]. Tanto é así que "ni siquiera lo toman en cuenta" coma método. O problema coa Historia para os científicos sociais é o tratamento empírico. Critican que a selección de fontes pode ser

[12] Fontana Lázaro, 2006: 369. Citando a T.S. Eliot. Os versos orixinais en inglés proceden da publicación Catro Cuartetos (1936- 1942): *«Footfalls echo in the memory, Down the passage which we did not take, Towards the door we never opened Into the rose- garden»*.
[13] Samuel, 1984: 48, citado en Ruiz Torres, 1993: 69.
[14] Sartori, 1984 [1979]: 262- 263.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

parcial, coma se as técnicas de investigación social non puidesen ser instrumentalizadas. Pénsese, por exemplo, no deseño de cuestionario ou na orientación dunha entrevista en profundidade. Por outra banda, dende as ciencias sociais non se tolera ben a incapacidade de producir ou extraer datos novos. Isto é, o problema das fontes existentes. Unha limitación empírica frustrante para o teórico social, mais que na investigación histórica constitúe a base da disciplina. Non se crea, desvélase, amósase. Unha *aletheia* que se descobre e aínda así oculta.

Estas discusións, ás veces simples tópicos, non poden impedir un diálogo amigábel entre áreas de coñecemento próximas, sen desprezar a posibilidade de traballar en común, malia a distancia nos métodos[15]. As palabras que atinxen ás ciencias sociais e humanidades delatan unha «transdisciplinariedad» que non se pode obviar: "porque los conceptos, por su propia naturaleza, transitan entre unos y otros campos del conocimiento -muy frecuentemente utilizando para esta penetración la vía de la metáfora-, trazando de ese modo toda clase de conexiones y puentes de comunicación entre las diferentes parcelas del saber"[16].

Deixando atrás o positivismo científico, sen grandes teorías nin narracións, pasado tamén o desacougo inicial do xiro lingüístico e do relativismo postmoderno, as chamadas "novas historias" teñen desembocado nun paradigma «cultural y microhistórico»[17]. O foco xa non está posto na análise de "procesos «objetivos» estructurales", senón nas mentalidades, nos comportamentos, nos valores, nos "contextos de pequeñas dimensiones, que permiten considerar el papel

[15] En alusión ao capítulo "Sociólogos e historiadores. Un diálogo de sordos" de Peter Burke, 1987: 11- 33. Tamén Julián Casanova ten valorado os beneficios da comunicación entre disciplinas. "Existen presupuestos históricos ocultos en la sociología y supuestos sociológicos que hay que descubrir en los trabajos históricos". Casanova, 2002: 80.

[16] Fernández Sebastián, Fuentes, 2004: 21, n. 12. Explican a procedencia de distintos conceptos políticos: crisis, corrupción (medicina), revolución (astronomía), liberal, moderado (moral), ideología (filosofía), representación, lexitimidade (dereito), cultura ("mundo agrario"), propaganda (relixión). Respecto á "metáfora", Koselleck ten empregado metáforas xeolóxicas para describir o cambio histórico, dada a «invisibilidad» do tempo. Koselleck, 2004: 29- 30.

[17] Pasamar, 2002: 155. Estas "novas historias" farían fronte fundamentalmente ás escolas de historia social e económica, e en menor medida á historia tradicional e ao relativismo cultural postmoderno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

activo y consciente de los actores sociales"[18]. Talvez un paradigma que, coma tal, está chamado a ser superado por novas correntes, mais que na actualidade reclama con forza a relevancia do pequeno, sen establecer unha relación metonímica cunha suposta totalidade. Os estudos de caso, como o que se presenta nesta Tese, poden ser unha reparación daquela Historia centrada nos grandes feitos e procesos.

Un dos historiadores máis entusiastas coa noción de "paradigma" foi Carlo Ginzburg quen definiu a súa proposta coma o «paradigma indiziario»[19]. O seu método "detectivesco" dicía non ser novo, recuperando un xeito de investigar que se centraba nos enigmas, indicios, e síntomas. Hai nesta tese un punto de partida indiciario: o enigma historiográfico dos montes do partido de Lalín, que dá pé á investigación de tres fidalgas. O Traballo de Fin de Máster realizouse con este método, á vista das numerosas pistas que sinalaban aos Espinosa, os Varela e os López- Ballesteros.

Agora ben, a Tese non ten razón de ser se non hai motivo ou pregunta fundamental. Un problema, que diría o *annalista* Febvre[20]. Incluso un catálogo de citas precisa dun fío condutor, dunha cuestión. En Benjamin era París, "capital do século XIX", unha arqueoloxía da modernidade. Aquí son notábeis moderados pontevedreses, a elite provincial de mediados do Oitocentos, unha mutación social e histórica. Esta hipótese inicial vai seguir un método indutivo que, a través das fontes e a historiografía, poida ir delimitando e clarificando o obxecto de estudo. Non se parte, coma nas Ciencias Sociais, dun marco teórico que se valida no traballo de campo de forma dedutiva. Nos estudos históricos tradicionalmente se usa o método indutivo, talvez un "inductivismo ingenuo", mais que debe tentar corrixir a inevitábel orientación teórica da investigación[21], durante o proceso

[18] Ruiz Torres, 1993: 73. Rexéitanse aqueles "grandes conceptos -clase social, Estado, mercado- y las amplias periodizaciones", para recuperar o valor empírico da investigación histórica.

[19] Pasamar, 2002: 145.

[20] Carreras Ares, 2003: 45. Na súa crítica ao positivismo de Seignobos.

[21] A autora desta tese recoñece unha bagaxe académica multidisciplinaria que conforma unha base teórica ecléctica, malia os seus esforzos por evitar o relativismo. Titulada en Ciencias Políticas, traballou autores coma Tilly, Mann, Fontana, Braudel, ademais de clásicos do pensamento político moderno e premoderno, coma Marx, Weber, Bodin ou Aristóteles. En Filosofía, estudou a Benjamin, Foucault, Bourdieu, entre outros moitos pensadores nihilistas e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mesmo. Redefinindo a hipótese, formulando novas preguntas. Por fortuna, a "miseria da teoría" non confina uns conceptos históricos que son máis "elásticos" que os tipos ideais propios das ciencias sociais[22]. Non obstante, esta "elasticidade" pode implicar unha perda de precisión, manexando grandes e ambiguos conceptos que non concretan nada, limitando á referencia empírica a súa significación[23]. Ao respecto, cómpre expresar a confianza que inspira un axeitado traballo coas fontes. Na súa variedade e montaxe, as fontes confróntanse a si mesmas. É a empiria a que mitiga as controversias teoréticas.

1.1.4.Metodoloxía

O método empregado susténtase nos seguintes elementos: hipótese indutiva, compilación de materiais empíricos, identificación de elementos de análise, montaxe crítica de materiais, continua revisión historiográfica, e reformulación do obxecto de estudo. Estruturado coma un guión, tivo que sufrir modificacións derivadas do carácter indutivo da investigación e da dispoñibilidade de fontes. Finalmente, o guión contou cos pasos que se enumeran a continuación:

1. Formulación de hipótese indutiva.
2. Exploración preliminar de fontes.
3. Primeira escolma bibliográfica.
4. Determinación de unidades, categorías e dimensións de análise[24].
5. Bosquexo dunha estrutura de Tese.
6. Recompilación de fontes de arquivos públicos.
7. Catalogación e análise de fontes inéditas.
8. Ampliación de contidos historiográficos.

---

postestruturalistas. Tamén algunha filósofa, coma Arendt. A investigación histórica supón unha aposta persoal polo traballo empírico sobre o rural galego.

[22] Thompson, 1981: 78.

[23] Sartori, 1984 [1979]: 293- 294. O caso oposto ao "estiramento" dos conceptos en ciencias sociais, que perden a connotación. Enténdese aquí que o "estiramento" ou xeneralidade abstracta dos conceptos é un proceso distinto á "elasticidade" de Thompson, que estaría a falar da especificidade empírica.

[24] *Ibíd*.: 297- 300. Sartori salienta a importancia dun axeitado "encuadramiento" ou "edificio taxonómico". Unha clasificación dos elementos de análise.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

9. Redefinición das dimensións e identificación dos atributos de análise.
10. Elaboración de estrutura argumentativa e obxecto de estudo redirixido.
11. Nova revisión e análise de fontes e bibliografía.
12. Redacción do texto da Tese.

Estes pasos metodolóxicos esixiron unha revisión continua. Unha vez formulada a hipótese indutiva, realizouse unha primeira exploración de fontes e bibliografía. Con estas ideas e materiais previos, puideron determinarse as unidades de análise: tres familias fidalgas da provincia de Pontevedra (López- Ballesteros, Varela, Espinosa). Seguidamente, fixáronse as categorías básicas de análise: fidalgo, notábel, dominio, elección, Casa, liñaxe, amigo político, xurisdición, parroquia, municipio, distrito, provincia. Outras categorías terían un carácter máis abstracto e político: Antigo Réxime, liberalismo, revolución, representación política, nación, clientelismo, Estado, Goberno, Administración, Coroa, Igrexa.

Adoptáronse provisionalmente as dimensións de análise do modelo IEMP de Michael Mann, consistente na interrelación de catro "fontes" de poder social: ideolóxico, económico, militar e político[25]. Malia que este autor rexeite consideralas "subsistemas", "dimensiones, niveles ni factores de una sola totalidad social", senón múltiples "redes superpuestas de interacción social", reciben aquí a denominación heurística de "dimensións", para distinguilas das redes sociopolíticas específicas, das faccións de notábeis e redes de parentesco fidalgo. Así e todo, estas "dimensións" son conceptuadas co dinamismo "socioespacial y de organización" que subliña Mann coas súas "fontes" ou "redes".

Coas ferramentas e materiais reunidos dividíronse os contidos en dúas partes: fidalgos no Antigo Réxime/ notábeis no Liberalismo. Os arquivos públicos proporcionaron moita información das eleccións, tamén das contribucións que pagaban, ademais dalgunhas referencias ás orixes fidalgas destas familias. Non obstante, a parte dos fidalgos no Antigo Réxime precisaba máis fontes para o seu estudo. Grazas á

[25] Michael Mann, 1991 [1986]: 14- 16.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mediación do director desta Tese, Ramón Villares, conseguiuse o acceso aos arquivos privados dos Varela e os Espinosa.

Tras catalogar e seleccionar os documentos, foi necesaria unha ampliación de contidos historiográficos. Concretamente, redactáronse os estados da cuestión sobre a polémica da continuidade ou ruptura da revolución e sobre o estamento nobiliario en Europa. Á vista do escaso material que sobre o poder militar obraba nos arquivos destas familias, tomouse a decisión de refinar as dimensións de análise. A obra de Lawrence Stone, de inspiración weberiana, reducía a tres as dimensións: riqueza, estatus e poder[26]. Con esta referencia historiográfica, procedeuse a unir os materiais de poder político e poder militar na dimensión de poder, que se amosou moi útil na parte da fidalguía, mais que daba máis problemas na parte dos notábeis, xa que os comportamentos e percepcións de militares, representantes políticos e funcionarios quedaban mesturados nun dilatado campo da política. Non se debía tanto a un proceso de "diferenciación", malia que tamén fose significativo, senón ao feito de que as familias investigadas tiveran unha puntual actuación no exército absolutista. É no contexto da guerra de Independencia, coa participación dos fidalgos nas alarmas, cando os arquivos brindan documentos sobre esta dimensión. Por este motivo, cando se aborda o poder dos fidalgos introdúcense as escasas referencias ao servizo de armas, para, seguidamente, presentar o contexto da guerra, máis na súa dimensión política ca militar. Isto atinxe á estrutura argumentativa que estaba a tomar forma.

Esta redefinición das dimensións de análise permitiu organizar os seus respectivos atributos: dominio fidalgo, morgado, contribucións, emprego público (riqueza); Casa, liñaxe, parentesco, amigos políticos, arraigo (estatus); potestade xurisdicional, letrados, cargos públicos, eleccións, influencia (poder). Mais esta distribución non abranguía todos os aspectos a analizar. Malia situar o territorio na dimensión do poder, a vida social rural ou urbana non quedaba ben reflectida no modelo. Tampouco os vencellos das familias co clero, que a penas mereceron algunhas pinceladas ao fío doutras cuestións, sen acadar un capítulo propio. Incluso elementos culturais como a formación

[26] Abordarase no capítulo "1.3. Estado da cuestión (II): o estamento nobiliario en Europa".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

universitaria ou as bibliotecas dos pazos, non atopaban un rigoroso acomodo baixo a etiqueta "estatus".

O modelo de Stone era pertinente no estudo do Antigo Réxime, un tempo moi longo e estábel, mais para o século XIX era claramente insuficiente. Os conceptos de riqueza, estatus e poder, seguían a ser funcionais, mais había que incluír outras dimensións e un maior dinamismo. Había que evitar o reducionismo de encaixar materiais en estruturas pechadas. A solución pasou por recuperar parte do enfoque relacional de Mann, apoiado nos conceptos de "habitus" e "campo" de Bourdieu. Estas propostas deixaban patente a interrelación, o fluxo de relacións de poder nos diferentes campos, sen constrinxir o "poder" ao feito político. Había que alixeirar a estrutura política ao que axudou os discursos de micropolítica de Foucault. As ideas de movemento de forzas e capilaridade permitían observar as relacións de poder locais e provinciais en toda a súa complexidade e interdependencia coa política estatal[27].

Con estas correccións, deseñouse a estrutura argumentativa do texto da Tese en tres partes: historiografía e método; os fidalgos; os notábeis. A primeira parte recollería en distintos apartados a cuestión xeral do cambio histórico coa creba do Antigo Réxime, a historiografía da nobreza, e o debate sobre a revolución liberal e o seu suxeito. A segunda parte, presentábase coas dimensións de Stone, traballando o dominio fidalgo, a liñaxe e o poder político/militar en cadanseu capítulo, engadindo un cuarto capítulo sobre a guerra de Independencia, no que os diferentes atributos están interrelacionados. A terceira parte, os notábeis, seguiría un patrón diacrónico para desenvolver os contidos. En función dos materiais dispoñíbeis, incluiríanse epígrafes sobre conflitos armados, ideoloxía, eleccións, prosopografías. A diferenza do retrato analítico da parte dos fidalgos, a parte dos notábeis era un relato temporal, un século botado a correr. En palabras de Giovanni Sartori, "la aceleración histórica constituye una «variable perturbadora» con la que se debe contar"[28]. Esta aceleración era elocuente nos documentos de temática política dos

[27] Estes conceptos están presentes no capítulo "1.4. Estado da cuestión (III). O liberalismo dos notábeis".

[28] Sartori, 1984 [1979]: 265. Advirte aos historiadores que se non entenden así a "aceleración histórica" poden verse "enfrentados a unha crisis de credibilidad".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

notábeis. Por exemplo, a revolución política era unha cuestión central na súa correspondencia persoal. Púxose o foco, entón, no poder político e nas súas relacións coa economía, o exército, e a cultura.

Estas continuas revisións e reelaboracións das dimensións de análise e da estrutura expositiva proviñan do método indutivo da investigación. A medida que aumentabas as fontes e referencias bibliográficas, íase afinando a análise. Isto deu coma resultado que a hipótese de partida madurara até formar un obxecto de estudo estruturado, permitindo ordenar así as conclusións da tese. De forma gráfica, destácase a interrelación das condicións, estratexias e percepcións no estudo do cambio histórico:

Gráfico I. Aspectos a estudar no cambio histórico



Fonte: elaboración propia

Os mesmos temas principais e secundarios que se expoñían con anterioridade, no apartado 1.1.2., foron dispostos nun esquema ternario[29]:

[29] Antoine Prost realiza un suxestivo comentario ao respecto da estrutura ternaria das durées de Braudel: "Apostaría que, si él hubiese sido chino, habría compuesto su tesis en cinco partes y distinguido cinco tiempos, pero el hecho de que nuestra cultura sea ternaria (Antigüedad, Edad Media, tiempos modernos) no resta eficacia a su distinción, más bien al contrario. Prost, 2001: 130, n.27. A organización deste obxecto de estudo pode entenderse dentro do mesmo acervo cultural.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro I. Estruturación dos contidos da Tese

Obxecto de estudo	Transformación sociopolítica da fidalguía		
Magnitudes	Temporalidades	Espazos	Suxeitos
Aspectos[30]	Condicións	Estratexias	Percepcións
Relacións	Propiedade/ representación política	Exército/ autoridades civís	Eleccións/ cultura política

Fonte: elaboración propia

Esta estrutura do obxecto de estudo da tese non ten pretensións filosóficas, metateóricas. Non se trata aquí de elaborar unha teoría do coñecemento histórico, senón de organizar contidos diversos para que converxan no obxecto, e elaborar así as conclusións. Trátase, xa que logo, dunha finalidade heurística, unha necesidade metodolóxica ineludíbel dada a amplitude do obxecto de estudo.

Talvez por ousadía ou por inxenuidade, o marco temporal é excesivamente amplo. Algunhas fontes documentais da xenealoxía das familias fidalgas retrotraen o estudo ao século XVI, mentres que algunhas referencias enraízan as liñaxes no século XIII. Malia que o groso da investigación estea encadrado na primeira metade do Oitocentos, non deixa de ser un contexto enorme que se presta a reducionismos e simplificacións. Quizais, cometeuse aquí a imprudencia de tentar emular ao director da Tese, Ramón Villares, coa súa grandiosa obra *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500- 1936*. Porén, estas longas duracións non son medidas idóneas para a capacitación de humildes aprendices. A diversidade de fontes e motivos acrecenta aínda máis se cabe o volume e densidade do proxecto.

1.1.5. Fontes: diversidade, técnicas e linguaxe

Para a realización da tese procurouse información en numerosos arquivos, dando lugar a unha grande heteroxeneidade documental. No

[30] Escolleuse o termo "aspectos" evocando a obra de Cannadine, *Aspects of Aristocracy: Grandeur and Decline in Modern Britain* (1994), na que intenta recrear esta clase con biografías, liñaxes, hábitos e motivos concretos coma as carruaxes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP) localizáronse protocolos notariais onde figuraban varios testamentos das familias fidalgas investigadas. Ademais, gardan copia do Catastro de Ensenada, permitindo a lectura das entradas dos cabezaleiros destas Casas (Golpelleira, Buzaca, Cascaxide).

Para investigar o século XIX pontevedrés contouse cos fondos administrativos da Deputación de Pontevedra (ADPO). Os expedientes electorais proporcionaron información das convocatorias, do proceso mesmo mediante as actas electorais, así como tamén datos dos electores grazas ás listaxes electorais. Había abondosas referencias aos citados fidalgos, mais a imaxe destes deputados era aínda borrosa. Cumpría atopar máis documentos relativos a estas Casas.

No arquivo do Museo de Pontevedra (AMPO), dependente da Deputación, había un pequeno fondo de don Luis López- Ballesteros. Esta fonte recollía diversos méritos do exministro, entre os que destacaba unha publicación cos seus servizos patrióticos durante a guerra de Independencia. Afortunadamente, unha exploración casual do Arquivo Municipal de Vigo (AMV) brindou documentos do seu cuñado, o escribán Vázquez Betanzos, que contiñan importante información xenealóxica sobre os López- Ballesteros[31].

Continuou unha busca incesante nos arquivos públicos, mais sen achados de entidade[32]. Probouse, entón, a contactar coas familias investigadas. Os López- Ballesteros dixeron ter feito doazón do arquivo familiar[33]. En canto aos Varela, estiveron dispostos a amosar o seu arquivo. Unha visita á Buzaca xunto co director de Tese, Ramón Villares, e o persoal do arquivo da Deputación, saldouse cunha autorización do propietario para a dixitalización do fondo[34]. Durante varios meses permaneceu no arquivo da Deputación, coincidindo esta

[31] Dentro do Fondo Álvarez Blázquez.

[32] Visitáronse, entre outros, o Arquivo do Reino de Galiza (ARG) e o arquivo municipal de Silleda (AMS).

[33] No buscador PARES non se atoparon referencias significativas. Incluso se visitou o Arquivo da Real Academia de Historia, mais non había documentos persoais do exministro, que fora presidente desta institución.

[34] Enrique Varela Paz cedeu en préstamo temporal o fondo para a súa clasificación e dixitalización.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

investigación cos traballos de catalogación[35]. O fondo do pazo da Buzaca está formado por 33 caixas de arquivo e unha caixa grande con planos. As datas aproximadas da documentación abranguen entre 1455 e 1972, sendo maiormente dos séculos XVIII e XIX. Contén importante información de foros, fundacións, beneficios curados, así como correspondencia persoal e documentos políticos do Oitocentos. Este fondo constituiría a base empírica para estudar a don Lorenzo Varela Sarmiento e a Casa da Buzaca.

A continuación, estableceuse contacto coas descendentes dos Espinosa. María Benita Espinosa Borrego amosouse interesada na investigación, permitindo a consulta e catalogación do seu arquivo. Foi unha clasificación oficiosa, dentro da investigación da Tese, e que deu coma resultado 33 caixas de documentación, que abarcan dende o século XVI até o XX[36]. Principalmente, documentación xenealóxica e patrimonial. A correspondencia de contido político era aquí menor que no fondo da Buzaca, mais complementaba a serie epistolar do seu curmán, Lorenzo Varela. Cómpre engadir que esta catalogación do arquivo Espinosa demorou varios meses, atopando un estado de conservación malo na maior parte dos documentos[37].

A diversidade documental e amplitude temporal anteriormente apuntada queda demostrada no catálogo destes fondos[38]. Para a realización da Tese consultáronse: árbores xenealóxicas, testamentos, capitulacións de esponsais, dotes, fundacións, beneficios curados, foros, apeos, prorrateos, libros cobradores, memoriais de bens, preitos, escrituras notariais de concordias e fianzas, nomeamentos, oficios administrativos da Deputación e da xefatura política, borradores de informes e comisións, correspondencia en xeral, proclamas políticas, folletos, publicacións, libros.

Estes materiais foron combinados nunha montaxe que quixo favorecer unha imaxe multidireccional das relacións sociopolíticas. Para conseguir este propósito, foi preciso entretecer diferentes datos e

[35] Agradécese enormemente a colaboración de UxíaValenzuela e Elena Aguete no arquivo da Deputación.
[36] Curiosamente, a clasificación dos dous arquivos arroxou o mesmo número de caixas: 33.
[37] A propietaria quedou moi agradecida con este traballo, xa que anteriormente os papeis da familia estaban a podrecer en bolsas de plástico nun soto.
[38] A clasificación provisional do arquivo Espinosa pode consultarse no anexo desta tese.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rexistros narrativos. A información institucional serviu para obter números absolutos de electores, as súas contribucións e distribución do "don", agregando ou ben dividindo en categorías que deron coma resultado frecuencias relativas significativas da presenza de estatus no electorado. Estes datos, maiormente cuantitativos, acompañan outros apartados nos que se analiza o contido das cartas entre amigos políticos. As candidaturas, os distritos, ofrecían unha imaxe máis completa da vida local e provincial cos comentarios dos seus protagonistas. Este diálogo entre actas electorais e correspondencia privada quería sacar á luz a política informal dos notábeis, os seus arranxos políticos. Os notábeis e as súas redes de influencia clientelar movéronse entre o público e o privado, pivotando arredor de determinados patróns ou xefes, aos que se lles fixo seguimento biográfico. Eran varias figuras conectadas por lazos de parentesco, amizade, veciñanza, empregos públicos ou intereses patrimoniais, que permitían bosquexar tramas prosopográficas de actores sociopolíticos[39]. En síntese, elaboración de xenealoxías, mapas conceptuais e de redes, análise electoral, análise de contido e prosopografías foron algunhas das técnicas empregadas coas fontes desta tese.

Outra cuestión a comentar reside na linguaxe. Grandes conceptos teñen cabida nos discursos dos notábeis. Hai mencións á revolución, ao liberalismo, ao progreso. Conceptos fundamentais que conteñen "varios estratos profundos procedentes de significados pasados, así como expectativas de futuro de diferente calado"[40]. Non se trata aquí de empregalos na súa vertente normativa. Resulta indiferente pensar como debían ser. Tampouco son desexábeis conceptos "estirados" ou "vaporosos", unha "generalidad excesiva" que perda a valor da connotación[41]. Pola contra, a cuestión é recoller os matices, as

[39] Burdiel, Romeo, 1996: 150- 151. Defenden este método para "la reinterpretación de las estructuras sociales, entendidas como redes de interacción", incluíndo tamén condicións "cambiantes" na formación da identidade. O artigo de Stone sobre a prosopografía é un clásico. Alí indicaba que é unha técnica fundamental para o estudo da "acción política" e da "mudanza ideolóxica o cultural". Stone, 2011 [1971]: 115- 116.

[40] Koselleck, 2004: 37- 38.

[41] Sartori, 1984 [1979]: 276, 291. Incluso o politólogo italiano censuraba o abuso metodolóxico do "estiramiento del concepto", sobre todo na política comparada. Cando se

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distintas versións e "impurezas" dos mesmos[42]. Deixar constancia da vida das palabras e dos seus actores. O "acto de denominación" salienta o papel de portavoz do autor, ben sexa coma membro dunha elite ou dunha colectividade, eliminando ese rol de "observador" ou receptor pasivo dunha cultura política[43]. Sen lugar a dúbidas, estes discursos dos notábeis deben encadrarse no seu estrato, grupo ou clase social, coma expresión dunha elite neste caso, sen poder ser atribuídos á poboación en xeral[44].

A ortografía e estilo transmiten moita información do remitente, e alivia a distancia que hai entre a transcrición e o orixinal, onde a caligrafía ofrece unha elemento máis que caracteriza o autor. Despréndese da tinta, o papel e o trazo a súa cultura e posición. Tamén o seu temperamento, a súa relación co destinatario. Unha escritura rápida e descoidada pode reflectir a forma de ser do autor, ou ben ser un signo de indiferenza ou desprezo. No caso oposto están as cartas pulcras, de esmerada caligrafía, que recorren menos ás abreviaturas. Podían ser froito dun carácter perfeccionista, mais maiormente responden a unhas relacións marcadas polo estatus e a distancia social. En canto ás cartas escritas por amanuenses, non procede valorar estes aspectos, aínda que non era frecuente que estes empregados escribisen cartas persoais.

En definitiva, esta Tese aposta decididamente pola reprodución íntegra das fontes, privilexiando o formato de grandes extractos, e sen emendar abreviaturas nin erros. Talvez esta fidelidade ao discurso

---

aumenta a extensión dun termo, redúcese a connotación, o que Sartori denomina "intensión", as diferenzas.

[42] Fernández Sebastián, Fuentes, 2004: 22, n.14. A investigación histórica debería partir da condición "variable", "impura", dos conceptos sociopolíticos. Citando a Villacañas e Oncina (1997: 19): "la historia de las impurezas que a lo largo de su uso ese concepto ha ido recogiendo en su contacto con el barro de la vida cotidiana".

[43] Diego Romero, 2006: 265. Para este autor "resulta forzoso proceder a una decidida inmersión en el entramado de conceptos empleados por los agentes para definirse a sí mismos y a sus correligionarios (...) en virtud de su imprecisión, polisemia y contestabilidad (...), podrán distinguirse estes conceptos do "aparato análitico- conceptual" da investigación.

[44] Koselleck, 2004: 39. Na súa historia dos conceptos, Koselleck pensa o Estado, por exemplo, observando distintas perspectivas sobre o mesmo. "Las clases bajas, preocupadas por los impuestos, la enseñanza y el servicio militar, tienden a percibir el Estado menos como un Estado orientado hacia el futuro que como un déspota o capataz completamente volcado en el presente".

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

faga xustiza á historicidade das palabras, porque como escribiu Marc Bloch: "para desesperación de los historiadores, los hombres no tienen el hábito de cambiar su vocabulario cada vez que cambian sus costumbres"[45].

[45] Na súa "apoloxía para a historia ou oficio do historiador", 1982 [1949]: 31. Esta cita foi indicada por E.P. Thompson en *Agenda para una historia radical*, 2000 [1994]: 30. Ambas obras publicadas postumamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1.2. ESTADO DA CUESTIÓN (I). OS SEÑORES DA TERRA E A REVOLUCIÓN: CONTINUIDADE OU RUPTURA

1.2.1. De Otero a Mayer. O elitismo de *fin de siècle*

O propósito de estudar a fidalguía vén condicionado pola evocación de figuras literarias e pegadas na paisaxe. Son varias as referencias literarias que aportan unha idea dese pasado eminentemente rural e señorial Un tempo marcado polo calendario agrícola. Para ilustrar o caso galego, existen narracións de formidábeis escritores, coma Otero Pedrayo ou Pardo Bazán, que inmortalizaron a imaxe dese señor de aldeas e lugares.

Tamén a paisaxe agocha vestixios dun outro xeito de vivir. A impoñente presenza dos mosteiros ou os camiños que van dar ás igrexas parroquiais, aluden a unha relixión que abrangue o territorio e a sociedade rural. Nesta paisaxe sobresaen tamén pazos e pousas, ademais de cruceiros, lavadoiros, muíños e outras intervencións humanas que revelan usos e costumes do pasado. O estado de conservación actual deste patrimonio histórico é moi desigual, e depende, en boa medida, do tránsito dos seus propietarios cara o tempo presente. Dado o seu uso habitual, as igrexas parroquiais son as que están mellor conservadas. Pola contra, moitos pazos e mosteiros só conseguen lembrar parte do seu esplendor reinterpretándose coma hospedaxes rurais, con serios problemas de rendibilidade[1].

Deixando o clero á parte, esta fidalguía de conto e de postal sinala algunhas das cuestións a considerar para chegar a unha definición. A literatura ofrece un punto de partida para albiscar distintos tempos históricos, que poden ser corroborados na historiografía e fontes primarias. É dicir, ofrece indicios suxestivos. En canto á paisaxe, a Casa fidalga é un espazo singular, a encarnación material da liñaxe fidalga. Baste lembrar o valor simbólico do pazo na aldea. Fartura, opulencia, elegancia, o poder feito arquitectura e facenda. Cando nalgún verso ou relato prende lume no pazo, encétase o caos na aldea.

[1] O pazo da Buzaca (Moraña) foi posto en venda no ano 2020, despois de ter rematado un contrato de explotación hoteleira. En 2021 transcendeu o proxecto dun coñecido restaurante de Pontevedra. A Golpelleira (Vilagarcía) alúgase para eventos e cerimonias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

É o imprevisíbel, a desgraza, mais tamén a vinganza ou a xustiza do pobre. En Cabanillas ou en Blanco Amor, cando arde o pazo está a queimarse a orde que rexe na aldea[2]. É coma unha orfandade entre emancipadora e ruinosa. Unha catarse na traxedia que fai agromar a ironía dos que nunca tiveron nada.

O pazo ou pousa é un espazo ineludíbel na vida de aldea e parroquia, xa que é o pazo o que lugar onde rematan os carros ateigados das rendas labregas, e ben podía, coma a aldea, "gardar un farto isolamento"[3]. O pazo no territorio e na paisaxe merece unha especial atención, ocupando un capítulo específico nesta tese[4]. Antes de entrar en materia co estudo de caso de tres liñaxes fidalgas, abordarase un estado da cuestión dividido en dúas partes. A primeira dá conta do debate sobre a continuidade ou ruptura tras a creba do Antigo Réxime, con mención á situación da fidalguía galega. Este panorama historiográfico e literario compleméntase cun exercicio de síntese dos principais estudos do estamento nobiliario europeo.

Os señores da terra. Deste xeito titulaba Otero Pedrayo o primeiro dos seus libros ou partes que compoñen a obra *Os camiños da vida*. Esta publicación de "Os señores da terra" en 1928 amosa a fascinación que sempre sentiu Otero pola fidalguía[5]. A novela versa sobre dúas familias fidalgas que ao longo do Oitocentos van encarnar a loita política e a decadencia das súas Casas.

> "Ademais do clero, os fidalgos campesiños significaban entón a gran reserva tradicional de fartura e de enerxía. Eles seguían iguais a si mesmos. Algúns, os máis sonados, botábanse á loita política e facían toladas por un partido, un amigo, unha idea. Os do pazo da Seara de Trasouto non eran destes. Rematadas as compras na vila, salferidas as onzas, visitadas unhas cantas amizades, voltaban ás súas fartas casas,

[2] Estes dous exemplos salientan a presenza constante do fidalgo/señorito e do pazo na literatura galega. Así acontece no poema "Lume no pazo" na publicación *Vento Mareiro* de Ramón Cabanillas (1915), e na *Esmorga* de Blanco Amor (1959).
[3] Otero Pedrayo, 2008: 81.
[4] *Vid*. "2.2. A Casa fidalga. Reprodución material, social e simbólica da liñaxe".
[5] A primeira edición da Editorial Nós está datada en 1928. Posteriormente, sería editado por Galaxia en 1990.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> onde recibían de lonxe en lonxe as visitas de amigos separados por leguas de andadura. Para iso estaban os criados e as bestas."[6]

Tanto aquí, coma noutras novelas e relatos, o autor quere reflectir a conxuntura dunha fidalguía abocada á desaparición, porque Otero sempre traballou esa época de crise e derrubamento que representaba o Oitocentos[7]. Trataríase, pois, dunha fascinación polo vello que non remata de morrer, parafraseando a famosa cita gramsciana[8].

A literatura de Otero representa unha contribución de grande interese para a investigación histórica. O autor está a ofrecer certos perfís, relacións e mentalidades que el recibiu á súa vez por medio do relato oral. Deixando á parte os aspectos netamente narrativos, Otero debuxa unha estampa moi diáfana do vivir dos pazos. El mesmo recoñecía:

> "certa vocación de testigo. Pero as cousas chegaron a min ao traveso do meu pai das historias que me contaba a miña aboa máis que polo meu coñocemento directo. (...) a miña aboa contábame as historias tristeiras da agunía dos pazos, a aldea antiga, os vellos tempos dos señores e as casas grandes onde todo era fartura..."[9].

Este Otero coma testemuño dos contos da aldea e da vila fai lembrar ao Otero ensaísta e intelectual. Neste escritor hai certa débeda co pasado, coa divulgación histórica. A súa obra literaria non representa "un universo literario que fose un puro froito da súa

[6] Otero Pedrayo, 2008: 81.

[7] Na obra de Otero é recorrente a presenza da fidalguía. Á mencionada novela de *Os camiños da vida*, pódese engadir: *O señorito da Reboraina*, *Arredor de si*, ou o relato "O fidalgo". Este liderado fidalgo na sociedade rural galega non pode ocultar a clase campesiña. Pódese caer no erro de describir unicamente o terratenente, coma se fose unha sociedade de «una clase». Thompson, 2000 [1991]: 34. Non obstante, o obxecto de estudo desta Tese é precisamente a fidalguía, sen abordar especificamente o campesiñado.

[8] Cita que aludía ao contexto preciso para a revolución, escrita por Gramsci nos seus *Cuadernos de la cárcel*, entre 1929 e 1935.

[9] Verbas de Otero que reproduce Freixanes, 1982: 20- 21; e que cita Ramón Mariño Paz na Introdución de *Os camiños da vida*, 2008: 7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

imaxinación fabuladora", senón que estaba a rescatar a memoria das xentes.

> "un mundo xa ido que el amaba saudosa e romanticamente. (...) parece querer debuxar, con apaixonado e preciso trazo realista, aquel esmorecemento do vivir fidalgo dos pazos do que tanto oíra falar de pequeno e que, en certa medida, el mesmo chegara aínda a presenciar e sufrir"[10].

A cuestión está nesa desaparición, nesa decadencia da "aldea antiga", onde o fidalgo encabezaba a sociedade rural. Acaso algunha guillotina fixo rodar a cabeza da fidalguía? Ou foi, sinxelamente, un esvaemento paulatino?

O historiador Ramón Villares reflexiona sobre a obra de Otero no que foi o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega. Na publicación deste discurso podemos ler:

> "os fidalgos son os grandes protagonistas da maioría das obras de creación literaria e mesmo ensaística de Otero. Son os pazos e non os castelos os lugares nos que sitúa a trama destes relatos, (...) na forza explicativa que ten a evolución deste grupo social para a comprensión da historia moderna de Galicia. Pois no evoluír da propia fidalguía tamén se deixa entrever de forma recorrente o declive da Galicia soñada"[11].

Nestes comentarios de Villares atópanse varias das ideas-chave para achegarse ao obxecto de estudo desta tese. En primeiro termo, aparece a fidalguía coma protagonista, e non só dunha obra literaria, senón coma grupo social central no Antigo Réxime galego. As familias fidalgas detraeron o liderado das casas nobiliarias e do clero, para reivindicarse coma grupo reitor da vida rural galega na Idade Moderna. En segundo lugar, hai que salientar o devalo da fidalguía. Unha romántica impresión da decadencia que vai debilitar á clase

[10] *Ibíd*.: 8.

[11] O discurso versaba sobre a personaxe de Adrián Solovio, protagonista de *Arredor de si* (1930). Villares, 2007: 29.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalga até a súa disolución nese *fin de siècle* que acelera todos os cambios e que a xente daquela deu en chamar Modernidade ou Progreso. O que para Baudelaire era "lo transitorio, lo fugitivo, lo contingente"[12], para outros foi unha perda do sentido.

Segundo a opinión de Villares, boa parte da fascinación de Otero pola fidalguía vén desa percepción da decadencia, e en última instancia por "unha obsesión (...). Trátase da preocupación polo paso do tempo, da percepción do ritmo ordenado de épocas e sazóns, pero tamén do devalo ou declinar de casas fidalgas e valores campesiños. (...) Pero o ciclo temporal que máis preocupa a Otero é, precisamente, o tempo histórico (...)"[13]. Nesta liña, Otero vai "subliñar os aspectos negativos da modernidade" que estaban a socavar a economía rural e as relacións corporativas. Villares sostén que "a interpretación oteriana da historia moderna de Galicia resúmese na contraposición entre un tempo barroco de condición harmoniosa e case perfecto ("dispacioso" como un "adagio" de Albinoni) e un tempo presente, no que aboian os conflitos provocados polo individualismo e pola mercantilización das relacións sociais"[14]. Queda patente o contraste entre o ritmo orgánico da vida agraria e o tempo acelerado da mecanización e a *anomia* social[15]: *"Os froitos chegaban ó seu tempo, mainamente, en ciclos litúrxicos seguindo o decorrer das sazóns. No setembro cobraban as rendas do pan"*[16].

Cando Villares, con Otero, menciona "un tempo presente" está a falar da crise *finisecular*, que convencionalmente se sitúa entre o último terzo do XIX e a Primeira Guerra Mundial. Tratouse dun período de extraordinaria aceleración do cambio histórico. En si, todo o século XIX foi unha época de progresiva aceleración da percepción temporal por mor das innovacións en todas as esferas da vida humana. Economicamente, asístese á unha incipiente industrialización, á

[12] Baudelaire, 1995: 92.
[13] Villares, 2007: 31.
[14] *Ibíd.*: 32.
[15] Numerosos teóricos sociais, nomeadamente sociólogos, teorizaron sobre o cambio histórico, aportando valiosos conceptos: comunidade e asociación (Tönnies), solidariedade, anomia (Durkheim) e distancia social (Simmel).
[16] Otero Pedrayo, 2008: 81-82. O autor fai un relato por meses e estacións das angueiras agrícolas: cobro das rendas, vendima, sementeira de centeo, as castañas, matanza dos porcos…

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

expansión comercial e á proliferación das relacións monetarizadas en xeral. Política e socialmente, consolídanse as institucións do Estado liberal, e aumenta a mobilidade e a conflitividade social. As clases sociais son iguais, pero non gozan das mesmas condicións e dereitos. Pódese citar, por exemplo, o debate político sobre a apertura do dereito ao sufraxio. Filosoficamente, corresponde coa expansión da Modernidade, en clara oposición a unha mentalidade arcaica que vén ser o Antigo Réxime, que se conceptúa herdeiro dun suposto escurantismo medieval. Esta crise do antigo e trunfo do moderno/progreso ten provocado fondas discusións nos eidos da Filosofía e da Historia, tamén na Socioloxía e Antropoloxía. Houbo e aínda hai unha forte compoñente ideolóxica nos debates arredor do atraso/progreso, antigo/moderno, rural/urbano.

O Oitocentos é un século de teóricos e modelos de sociedade. Era o trunfo da ciencia, tamén no eido social. O progreso é o abandeirado dun futuro soñado, polo que a discusión está no xeito ou forma de conseguilo. As teses predominantes son as que confían nun proceso gradual ou evolutivo cara o trunfo final da civilización, unha teleoloxía da Historia[17]. Estes idealistas estaban a concibir un modelo único, etnocéntrico, determinista.

O ansiado progreso e a súa edificación da Modernidade vai contar tamén con autores críticos e unha morea de desencantados. Os críticos apelan ás insuficiencias do proxecto ilustrado nos eidos socioeconómico (Marx), filosófico (Nietzsche)[18] ou psicolóxico (Freud). Estes tres filósofos da sospeita, alentan as reflexións de escépticos e románticos de moi diverso signo. Un bo exemplo témolo na crítica do individualismo, que se realiza tanto pola banda socialista, coma dende posicións conservadoras. Estes últimos marcarán distancias co itinerario reaccionario de fundamento absolutista mediante a formulación de anovadoras teorías elitistas. Esgrimen o

[17] Entre finais do XIX e comezos do XX, unha serie de autores debuxaron o itinerario da tese evolucionista ou progresiva do desenvolvemento social: A. Comte, H. Spencer, G. Childe, N. Elias, W. Rostov, S. Rokkan.

[18] Mayer fai fincapé na influencia de Nietzsche e de Darwin no pensamento sociopolítico das elites finiseculares. Ideas coma "supervivencia dos máis aptos" ou a "vontade de poder" aportan unha nova batería de argumentos antiprogresistas e antiliberais ás vellas elites aristocráticas. Mayer, 1986: 256- 257.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dereito da elite para dirixir a sociedade, sen ningún control popular. Adoitan apelar á virtude, ao goberno dos mellores, remontándose ao pensamento político de Aristóteles[19].

Por conseguinte, entre os opositores á democracia aparecen tanto resistencias absolutistas coma posicións liberais de signo conservador, artífices estes últimos da cristalización dunha sociedade de notábeis. Ábrese, pois, outra vía política que non se identifica coas familias políticas "ultras" ou reaccionarias, e que teñen por rivais aos progresistas. Son os conservadores, pretendidamente liberais pero nunca demócratas[20].

> "Huelga decir que el conservadurismo padecía unas divisiones internas tan grandes como las de las demás grandes familias políticas. Para fines de siglo, los estólidos dirigentes del conservadurismo tradicional estaban flanqueados por los empecinados de la reacción y los fanáticos de la contrarrevolución. Esas grandes fracciones tenían diferencias en torno a si congelar el statu quo, volver a un statu quo ente o forzar una regeneración espiritual. (…) Pero cualesquiera que fuesen sus disputas internas, los principales sectores del conservadurismo tenían importantes afinidades ideológicas y vínculos de organización que se habían forjado en su hostilidad común al liberalismo económico, la democracia política y la reforma social, por no mencionar al socialismo"[21].

O conservador *decimonónico* ten o perfil do "*prohombre*" da sociedade. De liñaxe antiga e con importantes rendas que lle permiten

[19] Na *Política* de Aristóteles distínguense tres modelos de "gobiernos puros": monarquía, aristocracia y república; e tres "gobiernos corrompidos, verdaderas aberraciones": tiranía da monarquía, oligarquía da aristocracia, e demagoxia da república. A principal calidade, "la felicidad de los Estados, como la de los individuos, consiste en la virtud". Aristóteles, 1996: 121- 123, 173.

[20] Para Mayer son profundamente antiliberais. O seu liberalismo é meramente formal, coma mal necesario que trae a mudanza política. As referencias do autor a este antiliberalismo son constantes ao longo da obra.

[21] Mayer, 1986: 272.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

gozar dun capital abondoso para a súa ocupación na *res pública*. Monárquico, proteccionista, relixioso, un antigo aristócrata reconvertido en persoeiro público pola súa actividade política. Para Arno J. Mayer encarnan a continuidade ou adaptación da nobreza coma clase dirixente, malia teren perdidos os privilexios fiscais e xurídicos. Conservan para si numerosas armas de exclusión social coas que artellan unha selecta sociedade para o seu desfrute e lecer. Eles son os gardiáns da alta cultura e dos grandes valores fronte as vulgaridades dos novos ricos de extracción humilde.

Esta elite conservadora é a que sustenta a "persistencia do Antigo Réxime", segundo escribiu Mayer. Na controvertida publicación con este título, o historiador defende que o dominio político da aristocracia chegaría e provocaría a Gran Guerra, malia a aparencia de apertura democrática dos Estados liberais. Incluso co sufraxio universal e dereitos de asociación e reunión, as elites estaban compostas fundamentalmente polos antigos privilexiados, que copaban a alta sociedade e os cargos de gobernación.

> "Gracias a la práctica y la arrogancia históricas, las noblezas terratenientes, militar y de toga siguieron reproduciendo una clase gobernante que no sólo aportaba el personal para la burocracia estatal, sino que además seguía reponiendo los escalones más altos de la dirección política".[22]

Unha das teses de Mayer está na "saturación" nobiliaria no Estado, tanto se falamos das personalidades políticas da época, coma das actitudes e dos valores culturais e morais. Por conseguinte, o Estado absoluto, así como o liberal, estaban encarnados pola aristocracia que amosou unha flexibilidade extraordinaria para adaptarse a novos marcos político-xurídicos. Deste xeito, pasou dende o feudalismo ao Antigo Réxime, e de aí até o liberalismo, coma elite social.

> "Aquellos nobles postfeudales reajustaron sus vínculos de dependencia, herencia y ennoblecimiento para reflejar y realzar su posición privilegiada en las

[22] *Ibíd*.: 130.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

clases dirigentes y gobernantes de los nuevos estados territoriales"[23].

Temos, pois, unha nobreza que soubo adaptarse, mudar as súas institucións e prácticas, para permanecer no cumio da sociedade. Esta tese de Mayer está en consonancia coa famosa cita literaria de Lampedusa: *"Si queremos que todo siga como está, es preciso que todo cambie"*[24]. Estes e outros autores ilustran a imaxe da transformación social da nobreza, que se pode trasladar ao caso do fidalgo transfigurado en notábel. A burguesía, mentres tanto, practicaba "la emulación"[25]. Podían advertir que os antigos privilexiados conservaban unha posición social forte, fronte un liberalismo internamente feble. As elites tradicionais presentábanse coma as defensoras dos grandes valores e da vida agraria, xusto no momento en que a industrialización xeraba maior descontento social. No fondo do escenario, a percepción xeral de "una enorme crisis de autoridad, de comunidad y de valores"[26].

O elitismo está en Otero, así coma noutros autores da xeración Nós, coma Risco, e das españolas xeracións do 98 e do 14, coma Ortega y Gasset[27]. Está en Wilde, Rennan, Thomas Mann ou D'Annunzio[28], coma nostalxia aristocratizante. Desprezan a masa coma ente sen identidade, sen conciencia, fronte a reserva cultural que representan as boas familias de notábeis. Aborrecen calquera propósito de nivelación sociocultural xa que significa mesturarse co ordinario e perder a excelencia. Rexeitan os excesos da abstracción revolucionaria, a xeneralidade, para invocar a singularidade e o

[23] *Ibíd.*: 19.
[24] Lampedusa, 1994: 66.
[25] Mayer, 1986: 23.
[26] *Ibíd.*: 256
[27] Villares, 2007: 33-34.
[28] Son referencias de Mayer, que recolle os expoñentes literarios e políticos desta nostalxia finisecular polas vellas aristocracias e a súa alta cultura. A listaxe é máis ampla: Hugo von Hofmannsthal, Stefan George, M. Barrés, P. Bourget, K.Pearson, A. Fouillée, E. Haeckel, e os teóricos italianos Gaetano Mosca e Vilfredo Pareto, entre outros. Cabe destacar a crítica á socioloxía de Weber pola súa conversión dende o liberalismo ao conservadurismo. Mayer, 1986: 266 e ss.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

acontecemento, o "carácter episódico de las cosas"[29]. Un elitismo que tería un desenvolvemento político nas teorías dos italianos Pareto e Mosca, con conceptos chave coma "circulación das elites" ou "clase política". O alemán Michels veu matizar a idea de "reemplazo" de Pareto, concibindo "un proceso continuo de mezcla, donde los antiguos elementos atraen, absorben y asimilan a los nuevos de manera incesante"[30]. Con todo, fornece a idea oligárquica como proceso inherente á organización política. En esencia, as teorías elitistas fundaméntanse nunha división da sociedade entre minoría gobernante e maioría gobernada, pretendendo neutralizar as teses políticas igualitaristas de demócratas e socialistas[31]. Isto é, a "elite" non é tanto un "concepto" ou categoría de análise, coma unha "percepción histórica"[32].

Aquí é onde está o eixo central desa anguria pola decadencia fidalga. Non é só a desintegración da liñaxe, do estatus, é a desintegración da cultura, da sociedade. Fronte unha sociedade atomizada, anónima, meritocrática, onde o valor persoal se mide en tempo de traballo ou en vana riqueza, senten nostalxia por unha sociedade con relacións de honor.

> "La idea de la decadencia era inseparable de la de fin de siècle, que infundía una sensación de malestar

[29] Thomas Mann, por exemplo, fai "elogio a «lo efímero»" como fragmento de sentido fronte o idealismo alemán de Kant e Hegel. Rubert de Ventós, 1998: 172- 173. O historiador Pedro Ruiz interpreta na *Montaña Máxica* de Mann unha disertación sobre a temporalidade, quedando patente a contradición entre o acelerado, puntual e medíbel tempo burgués e a procura de verdades eternas, ao xeito do apuntado por Baudelaire da obra de arte moderna. Ruiz Torres, 2019: 135. O que pode estar a falar da profundidade dun tempo paralizado, dun instante conxelado, algo talvez próximo ao *jeztzeit* de Benjamin. Esa busca de sentido fóra dos parámetros lineais do tempo cuantificado do progreso. Por outra banda, Rosanvallon indica o esforzo do liberalismo francés por desfacerse da "generalidad utópica". A incorporación ecléctica do pensamento de Burke, Tocqueville, Bentham e Constant, marcarían a fórmula doutrinaria. Rosanvallon, 2007: 90- 99.

[30] Michels, 2017 [1962]: 397.

[31] Carasa Soto, 2001: 213- 216.

[32] *Ibíd*.: 214, 227- 229, 232. Carasa é crítico co uso do concepto "elite", xa que é habitual a confusión de "elites, clientes, redes, caciques, notables". Demanda máis rigor e unha delimitación de significados, que non só contemple a elite política. Asegura que no contexto isabelino adoita empregarse o concepto de "notable", estando máis elaborado teórica e metodoloxicamente, que o de elite ou cacique na Restauración.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> psíquico y de incertidumbre ideológica, una mezcla desigual de esperanza y temor. (…) Las idées-forces de decadencia y de fin de siècle quedaron absorbidas en las actitudes mentales y psicológicas de los miembros feudalizantes y aristocratizantes de las clases altas europeas. (…) La sensación general de desintegración y de acoso se convirtió en parte de la Weltanschauung, o visión del mundo, de la élite"[33].

Mesmo en Tocqueville, publicista da democracia americana, atopamos cara mediados do XIX esa nostalxia por outros valores máis elevados, coma a patria ou o ben común. O seguinte extracto recolle a súa crítica á temperán sociedade burguesa:

> "En esta clase de sociedades, donde nada es fijo, cada uno se siente aguijoneado sin cesar por el temor a descender y el afán de subir; y como en ellas el dinero, al mismo tiempo que se ha convertido en el signo principal que clasifica y distingue a los hombres entre sí, ha adquirido una movilidad singular, pasando de mano en mano continuamente, transformando la condición de los individuos, elevando o rebajando a las familias, no hay casi nadie que no se vea obligado a hacer un esfuerzo desesperado y continuo por conservarlo o adquirirlo. El afán de enriquecerse a toda costa, la manía de los negocios, el amor al lucro, la búsqueda de bienestar y de los goces materiales son en ellas las pasiones más comunes. (…) se extienden fácilmente entre todas las clases sociales"[34].

En resumo, o trunfo incontestábel do capital, da técnica, e do individuo, marca ese tempo do desencanto ou crise *finisecular*. Os mercados viven a internacionalización, enchendo os peiraos do chamado trigo "navegado" que proviña de Rusia. O sector agrogandeiro entra en crise pola competencia americana. Grandes migracións de poboación cambian a faciana do planeta. Aumenta o

[33] Mayer, 1986: 255.
[34] Tocqueville, 1969 [1856]: 20-21.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

irracionalismo, poñendo en xaque as teses positivistas. Un escenario de fractura ou dislocación que fomenta a aparición de voces críticas, tanto os rexeneracionistas que culpan a revolución burguesa coma experiencia inacabada ou frustrada[35], coma os nostálxicos da antiga orde social, que alentan un maior control social e político sobre o eido económico.

Advírtese, logo, unha cesura ou corte histórico cara o último terzo do XIX que, con finalidade heurística, pode caracterizarse como o "despois", o que sucede despois da revolución liberal: a decadencia das derradeiras sombras do Antigo Réxime[36]. No contexto español, pódense citar dous exemplos cruentos e ilustrativos dos estertores finais deses espectros: a 3ª guerra carlista, e a derrota colonial en Cuba e Filipinas. Estes e outros episodios propiciarían a crise identitaria ou do chamado "ser nacional" arredor do ano de 1898.

1.2.2. A multiplicidade temporal da revolución

Este contexto de "decadencia", que ocuparía o "despois", sinala a perspectiva dun "antes" e un "durante" a revolución. Isto é, unha temporalidade da revolución liberal. Cando datar o inicio da revolución? Canto tempo levou a mudanza institucional do Estado?

De entrada, hai que precisar que se enfoca a revolución nun sentido amplo, non limitada a un suceso ou acontecemento único. A revolución liberal foi un proceso cheo de incertezas e pasos en falso que se prolongou durante todo o Oitocentos. O obxecto da revolución era destruír a vella orde social, non sendo posíbel realizalo nunha soa xornada, nun só acto. Por conseguinte, asúmese unha revolución de distintas temporalidades e significados. Un novo tempo que inauguraba a Modernidade. A ameaza que causaba terror á nobreza e ao clero. Esa desorde que cambiaba gobernos e calendarios. Unha transformación social que permitía o ascenso rápido dun paria á notabilidade. Ameaza, desorde, cambio; a revolución liberal foi normalizando o seu impacto, sendo outras teses -democráticas,

[35] Pénsese no pesimismo na voz de Joaquín Costa.

[36] Emprega Villares esta imaxe de "sombras" do pasado no capítulo VIII de *A Historia*, que leva o título: "O incerto século XIX: A longa sombra do Antigo Réxime". Villares, 1986: 139- 165.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

socialistas, anarquistas- as que recuperarían a idea de ruptura revolucionaria.

Resulta indispensábel entender esta forza simbólica da revolución para comprender os múltiples e distintos significados que vai adoptar ao longo do tempo[37]. Precisamente, é cuestión de tempo. A temporalidade é consubstancial ao concepto. A revolución alude basicamente á dinámica, ao movemento, xa que procede do campo da Astronomía. Mais a "revolución" sociopolítica non contén referencia algunha a súa duración, só a súa brusca irrupción. Logo, canto pode durar unha revolución?

A concepción ternaria do tempo histórico do francés Fernand Braudel pode ser de utilidade para enfrontarse a esta complexa cuestión[38]. Cómpre lembrar que este historiador concibiu, analiticamente, tres duracións temporais:

1) un tempo moi lento, "la historia del hombre en sus relaciones con el medio que le rodea"[39], nun sentido máis xeográfico e material ca histórico:

> "una historia casi inmóvil, (...) lenta en fluir y en transformarse, hecha no pocas veces de insistentes reiteraciones y de ciclos incesantemente reiniciados. (...) casi situada fuera del tiempo"[40].

2) un tempo de ritmo "lento", que para Braudel é unha "historia social", que é a medida temporal da economía, os Estados, as mentalidades, as sociedades.

3) e, por último, e usualmente sobredimensionado, o tempo curto e puntual dos acontecementos, os episodios políticos, os individuos:

---

[37] Debe entenderse aquí a revolución coma unha "noción variable", sendo un deses "conceptos contingentes (...) perpetuamente sujetos a procesos de cambio e innovación, que aparecen entretejidos con los sucesos y con las prácticas, y que se prestan siempre a una utilización retórica y polémica por parte de hablantes, ideólogos y publicistas". Fernández Sebastián, Fuentes, 2004: 22- 23.

[38] Ideas esbozadas por F. Braudel na súa tese *El Mediterráneo y el mundo mediterráneo en tiempos de Felipe II*. Foi publicada orixinalmente en 1949, causando "sensación". Braudel converteuse na cabeza da segunda xeración de Annales. Carreras Ares, 2003: 67- 70.

[39] *Ibíd*.

[40] Estes extractos do *Mediterráneo* de Braudel son citados por Prost, 2001: 130- 133.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "Una historia de oscilaciones breves, rápidas y nerviosas. Ultrasensible por definición, el menor paso queda marcado en sus instrumentos de medida. Historia que tal y como es, es la más apasionante, la más rica en humanidad, y también la más peligrosa".

Pierre Vilar, pola súa parte, pon o foco na noción marxista de conxuntura, que xa estaba presente nos traballos de Labrousse[41], para enunciar: "el conjunto de condiciones articuladas entre sí que caracterizan un momento en el movimiento global de la materia histórica"[42]. Alude a "movimientos incesantes (...) que modifican en todo momento el carácter de estas relaciones, la intensidad de los conflictos, las relaciones de fuerza" coma contrapartida ás relacións "relativamente estables" da "estructura". Vilar defende o método de Labrousse insistindo no valor da "confluencia (coyuntural)", mais pretendendo rebater as críticas ao determinismo ou causalidade da conxuntura nos "grandes acontecimientos que derrocan las estructuras". Con este fin, distingue, entre o "largo plazo" da conxuntura e as crises "a corto plazo", unha "multiplicidad de los ciclos", tendo que atinxir en que confluencia de ciclos e períodos está o contexto de estudo[43].

Estas aportacións de Labrousse e Vilar deben ser tomadas en consideración[44], así como Braudel integrou epistemoloxicamente un

[41] Carreras Ares, 2003: 70. Ernest Labrousse destaca coma "historiador marxista al lado del gran conservador que fue políticamente Braudel". Labrousse "en 1944 incorporó el estudio de la coyuntura económica al estudio de la Revolución Francesa".

[42] Vilar, 1982: 81. Fai referencia a Lenin, sendo a conxuntura o elemento intermedio entre a estrutura e a acción. Tamén alude á noción de "crise" e as análises de Say, Sismondi, Marx, Juglar, e Levasseur.

[43] *Ibíd*.: 84, 104- 105. A análise de conxuntura parte fundamentalmente da economía, prestando gran atención á cronoloxía, que "no es sólo la de los reinados, los ministerios y los conflictos".

[44] Lamentabelmente, a investigación xenealóxica e sociopolítica das tres familias investigadas non deixa espazo para unha análise económica en profundidade do seu patrimonio, antes e despois da revolución liberal. Tan só se ofrecen algúns datos -non seriados- de rendas e contribucións ao fío da súa caracterización coma fidalgos e notábeis. Con todo, e como asegura Antoine Prost: "para admirar a Labrousse no hace falta haber sido discípulo suyo". Prost, 2001: 225, n.7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"recitativo de la coyuntura, del ciclo y hasta del «interciclo»"[45]. De tal xeito, Braudel depura a súa terna de categorías temporais: a longa duración do tempo estrutural, un tempo intermedio conxuntural e a superficie dos acontecementos[46]. Entre a "longue durée"[47] e o acontecemento, emprázase un tempo da conxuntura, que se concibe coma o parámetro dos ciclos e etapas, de eminente cariz económico, mais que tamén ten unha enorme utilidade na análise política. Unha xeira de gobernos, por exemplo conservadores, deben ser enmarcados nunha dimensión conxuntural, sen limitarse ao episódico nin acadar cotas estruturais. O potencial heurístico destas categorías temporais resulta innegábel, malia que haxa que ter presente a advertencia de Marc Bloch: "cada tipo de fenómeno tiene su medida particular y, por decirlo así, su decimal específico"[48]. Tampouco hai que perder de vista que a multiplicidade temporal está inmersa no mesmo decorrer histórico, incardinándose e afectándose os distintos ritmos entre si.

Tradicionalmente, a historia dos acontecementos ensombreceu outras percepcións temporais de maior duración polo efecto enredante das crónicas e haxiografías. Un episodio pode ser decisivo, mais non é o froito exclusivo da mera continxencia. O contexto alberga tanto atributos mensurábeis coma trazas ocultas dun tempo anterior, incluso nos fenómenos máis imprevisíbeis. A ruptura non se realiza nun baleiro histórico. "Testimonia a veces sobre movimientos muy profundos"[49]. Nesta liña, sostén Tocqueville que ninguén puido prever o que ía acontecer en 1789, a pesares de que eran conscientes de que algo sucedería[50]. Ninguén puido saber que o 14 de xullo sería o

[45] Braudel, 2006 [1958]: 4, 6-7. O tempo da conxuntura abranguería distintas medidas: décadas, vintenas, terzos ou medios séculos.

[46] Despois da publicación da súa tese, Braudel tardaría 9 anos en teorizar "los ritmos lentos". Vai puntualizar o significado da "longe durée", así como a conxuntura e os acontecementos, caracterizando, pois unha historia estrutural ou xeográfica, unha social e unha política ou individual. Carreras Ares, 2003: 69.

[47] Prost, 2001: 132. Prost subliña que o tempo moi lento, case inmóbil, non é estático, que "conoce fluctuaciones, oscilaciones", encaixando no marco estrutural dos movementos seculares. Para Braudel sería a magnitude temporal das permanencias e grandes rupturas.

[48] En *Apoloxía para a historia*, citado en Prost, 2001: 129.

[49] Braudel, 2006 [1958]: 4. "Extensible hasta el infinito, se une, libremente o no, a toda una cadena de sucesos, de realidades subyacentes, inseparables aparentemente, a partir de entonces, unos de otros".

[50] Tocqueville, 1969 [1856]: 23- 27.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

espello no que se miraría toda Europa, a pesares da atención que en todas partes prestaban ás novas chegadas de Francia[51]. O epicentro dun cambio político que sacudiría o continente coma un sismo.

Pero a revolución non se quedou aí. Houbo outros momentos e contextos que encheron un imaxinario novo de verbas, líderes, cancións e cores. As colonias americanas xa albiscaran a democracia desbotando un cargamento de té. A flor de lis sucumbía diante das escarapelas tricolores, o gorro frixio facía ridículas as perrucas brancas[52].

> "A min pilloume a francesada de máis de trinta anos feito un home, e un home do século pasado. (...). Os tempos das perrucas, dos Godoys e Moratines éranlle mellores... Como tiña pazo e nome para non ser alpurrado ou queimado, fíxenme oficial e andei de aquí para alí. E dígolle como dos grandes feitos hai moito que rebaixar..."[53].

Nun tempo estrutural de "longa duración", obsérvanse os efectos do imperio napoleónico, da Restauración e máis das revolucións liberais de 1830 e 1848. O Oitocentos era industrial, liberal, burgués. A revolución era máis que unha xornada ou o tempo dunha xeración, era un mundo novo.

Contextos coma o español ou galego vivirán os seus propios episodios e ciclos, aínda que sempre coa ollada posta no que acontecía en Francia, Gran Bretaña, Italia, Portugal,... O efecto chamada, a imitación ou a relación entre elites e dinastías converte a Europa nun escenario común de experiencias. Non é que exista unha única cronoloxía, xa que o Antigo Réxime en cada Estado contará coas súas

[51] Cómpre lembrar a proximidade de Burke ás xornadas revolucionarias, publicando en 1790 as súas críticas *Reflexións sobre a Revolución Francesa*.

[52] Estes comentarios non son meras licencias retóricas. As fontes corroboran a grande fractura entre xeracións, visíbel en aspectos materiais como a moda. Nalgunha carta podemos ler sobre os anciáns que visten á antiga, con perruca e calzas. Tamén na literatura temos bos exemplos, como nas obras de Balzac (no *Goriot*, por exemplo). Este contexto de fortes contrastes ten lugar entre a Restauración e o reinado de Luís Filipe.

[53] Otero Pedrayo, 2011: 24.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

concrecións e ritmos, pero nun mundo máis lento e ríxido as novidades eran percibidas cunha preocupación xeral.

Para este estudo de caso, pode considerarse a ocupación francesa de 1808 coma o detonante dun cambio fondo e radical. Nesa data márcase a ferro unha cesura. Ese punto de non retorno é o que tamén sinala Fontana na súa obra *La crisis del Antiguo régimen, 1808-1833*[54]. O título é explícito abondo. O reinado de Fernando VII non é o obxecto en si, senón o telón de fondo da "fase crucial y decisiva de la crisis del Antiguo régimen en España". Acaso este historiador entende rematada a crise en 1833, ou mesmo en 1837? Pois non, só asume o seu período central.

> "no se ha querido abarcar el desarrollo completo de esta crisis, porque ello habría obligado a remontarse por lo menos hasta mediados del siglo XVIII, y a proseguir hasta más allá de mediados del siglo XIX"[55].

En efecto, Fontana considera que as primeiras mostras da crise están presentes no XVIII, mais que é en 1808 cando "se inició el proceso revolucionario" que culmina en 1833- 37. A morte de Fernando VII abre unha fase nova, "de tránsito a la sociedad burguesa", cando "sólo queda por cerrar el pacto de clases (...) del nuevo orden".

Nunha obra de Fontana máis recente sitúa entre 1808 e 1874 o que denomina como *La época del Liberalismo*[56]. Nun período tan amplo, o historiador establece unhas fases ou ciclos de duración menor. Por exemplo, a "revolución liberal" comprendería a rexencia de Mª Cristina, entre 1834 e 1840, por ser a época de maior transformación institucional. A rexencia de Espartero sería a "revolución traicionada" e a década entre 1844- 1854 a "contrarrevolución moderada". Estes títulos obedecen á retórica, mais tamén á análise. Describen un ciclo revolucionario: liberal, "traicionado", moderado, até 1854, e, posteriormente, en 1868.

[54] Fontana Lázaro, 1992 [1979].
[55] *Ibíd*.: 7.
[56] Fontana, 2007.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outros autores, como Artola, definen o reinado de Isabel II coma "réxime liberal", en clara oposición ao "Antigo Réxime" ou ao "réxime feudal". Este réxime liberal comprendería todo o reinado. Despois de 1868, viría a "revisión democrática do réxime liberal", marcando distancias co liberalismo moderado que trunfou durante as décadas anteriores. Cronoloxicamente, Artola detecta a crise do Antigo Réxime no XVIII. Mesmo defende a tese de que existían relacións capitalistas na sociedade rural do Antigo Réxime[57], o cal incide na idea de continuidade histórica.

> "La conciencia de la crisis del Antiguo Régimen es un sentimiento generalizado en la opinión que se hace pública, aunque inicialmente no se formule como proyecto revolucionario, sino como programa de reformas"[58].

A guerra do Francés dá pé a un "programa revolucionario" en Cádiz, que forzosamente será derrogado. Despois da guerra, asistimos á "restauración, revolución y guerra civil"[59], tal sería -en síntese- a secuencia histórica para Artola. Un período amplo, de máis de 25 anos, de viaxes de ida e volta. Eran bandos excluíntes. Non había, a simple vista, solución intermedia, polo que se suceden no goberno a golpe de pronunciamentos, motíns e invasións. Trátase dunha conquista do poder pola forza, provocando o exilio dos vencidos. A fin de contas,

> "De 1814 a 1840 el tema central de la historia española es la lucha de absolutistas y liberales por el poder, que en manos de los primeros es el medio de mantener la sociedad del Antiguo Régimen y en la de los segundos servirá para dar nacimiento a la nueva sociedad. El antagonismo entre las posiciones respectivas es tan radical que no existía ninguna

[57] Esta interpretación de Artola (*Antiguo Régimen y Revolución Liberal*, 1978) aparece indicada en Villares, 2004: 17. Tamén Ruiz Torres (1994) salienta esta continuidade histórica que detecta Artola no seu artigo na homenaxe a este autor.
[58] Artola, 1974 (a): 7.
[59] *Ibíd*.: 41- 57.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> posibilidad de que llegasen a crear un sistema político que les permitiese dirimir el conflicto mediante normas convenidas."[60]

Artola comparte esta nosa idea de longa duración revolucionaria cando compara o caso español con outras experiencias europeas.

> "El cuarto de siglo que separa la ocupación inicial del definitivo establecimiento de la burguesía liberal en el poder corresponde, por otra parte, al ritmo de los cambios continentales. La revolución española cierra en 1808 el primer ciclo revolucionario, -EEUU, Francia, España- y abre en 1820 el segundo ciclo -1820, 1830, 1848- de movimientos subversivos contra el legitimismo de la restauración"[61].

Malia que a ocupación francesa foi un episodio decisivo e traumático, representa o punto de arranque dun proceso revolucionario moito máis longo, ou unha longa duración da revolución. Así tamén o interpreta outro historiador, Tuñón de Lara, especializado na época que nos ocupa:

> "No obstante, la conmoción nacional del período 1808- 1813 había quebrantado irremediablemente la solidez del antiguo régimen.(…). El gran sobresalto nacional de la guerra de la Independencia había sido el comienzo de una revolución. Más aún: la verdadera apertura del siglo XIX español y con él de su historia contemporánea. Los problemas debatidos en el período 1808- 1813 fueron el eje sobre el que giró la acción política del siglo, por lo menos hasta 1868. Por eso, cuando la noche parecía abatirse sobre España en 1815, comenzaba, en verdad, un período histórico de largo alcance"[62].

[60] *Ibíd*.: 8.
[61] *Ibíd*.: 9.
[62] Tuñón de Lara, 2015 [1960]: 25- 26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todas estas lecturas sobre a prolongación no tempo do ciclo revolucionario permite unha reflexión sobre a continuidade histórica e o tempo debido. Foi Tocqueville o primeiro en relativizar a idea dunha brusca transformación. En *Antiguo Régimen y Revolución* quere amosar unha revolución máis ben estrutural, e non tanto episódica e apaixonada. Na súa obra vai poñer numerosos exemplos de continuidade histórica entre Antigo Réxime e Revolución, tanto pola crecente centralización administrativa do absolutismo, como polas pequenas reformas modernizadoras en materias concretas do XVIII. En Francia o terreo estaba abonado para a caída do Antigo Réxime. Podemos dicir que era unha revolución larvada dende moito tempo atrás. As seguintes verbas do autor deixan constancia do seu enfoque temporal da cuestión:

> "Mi intención (…) es seguir, a través de las vicisitudes de esta larga revolución, a estos mismos franceses (…), verlos modificarse y transformarse según el curso de los acontecimientos, sin cambiar, no obstante, de naturaleza, y reapareciendo continuamente ante nosotros con una fisionomía un poco diferente, pero siempre reconocible"[63].

Un dos argumentos de Tocqueville é que aló onde estaban máis deterioradas as institucións feudais, onde menos opresivas eran, foi onde removeron os restos desta herdanza. Os territorios máis revolucionarios de Francia foron aqueles nos que menos pesaba o pasado feudal. Francia, mesma, representaba un absolutismo que pouco lle quedaba xa de feudalismo. Había unha revolución larvada aló onde o Antigo Réxime vira socavar os seus cimentos.

> "El feudalismo en toda su potencia no había inspirado tanto odio a los franceses como en el momento en que estaba a punto de desaparecer. Los más insignificantes actos de arbitrariedad de Luis XVI fueron más

[63] Tocqueville, 1969 [1856]: 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> difíciles de soportar que todo el despotismo de Luis XIV"[64].

Tocqueville fai fincapé nos cambios institucionais operados no seo do Antigo Réxime francés, e como a centralización administrativa preparou o camiño á Revolución. Nun plano xeral, pódense enumerar unha serie de elementos que caracterizaron a nova orde: institucións liberais, monetarización, urbanidade, propiedade "perfecta"... Trazos do liberalismo que evidencian a longa agonía do Antigo Réxime. A resistencia das súas bases sociais e do seu aparato xurídico e institucional ocupou un período máis longo do que se adoita pensar.

No caso español, cóntase co exemplo da que teñen chamado "ominosa década". Un tempo de parálise política previo á destrución do sistema. Non se puido regresar ao Antigo Réxime tal cal era, mais a vía liberal estaba truncada pola Coroa. As tímidas reformas non puideron alterar a sociedade estamental con toda a súa batería de privilexios e dereitos: vínculos, décimos, exención fiscal, ... Mais o Antigo Réxime estaba tocado de morte.

> "El castigo de los revolucionarios y el decretado retorno al Antiguo Régimen no fueron suficientes, sin embargo, para volver a lo que muy bien pudiéramos denominar normalidad constitucional de aquel sistema. (...). Imposibilitado de llevar a cabo reformas en la organización básica del país, no le queda al monarca sino limitarse a introducir cambios menores en la administración"[65].

Esta parálise política nos últimos anos de Fernando VII anunciaba de forma elocuente unha saída liberal. Era o contexto idóneo para a revolución, segundo Tocqueville, segundo Gramsci. A confrontación do vello que non remata de morrer, co novo que non termina de nacer. Porén, é preciso considerar un período longo, que abrangue dous reinados, para observar o esmorecemento da antiga orde social nun

[64] *Ibíd*.: 228.
[65] Artola, 1974 (a): 51.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

novo marco institucional. Para Mayer este longo período de persistencia do Antigo Réxime incluiría tamén a Restauración.

En conclusión, hai un contexto precedente ou anterior, un "antes" da revolución liberal, que abarca pouco máis de tres séculos, entre os últimos anos do XV e os primeiros do XIX. É o Antigo Réxime. Sitúase o "despois" da revolución na crise finisecular, que algúns autores marcarán na Restauración (1874), outros cinxiranse á depresión do 98, e outros adiántano á fin do reinado de Isabel II (1868). Esta última data, que é a máis temperá, será a que se adopte aquí de xeito heurístico, talvez secundando a idea de que as convulsións políticas logo da Gloriosa non poñen en cuestión a base liberal do Estado, senón que pretenden unha maior democratización do sistema.

Quedaría, pois, un controvertido "durante" a revolución. Un período denso entre 1808 e 1868 que pode acoller distintas divisións temporais e denominacións. Con Fontana, será a época do liberalismo, ou incluso, unha revolución de 60 anos. O contexto principal desta investigación. Nalgún momento, entre pronunciamentos e gabinetes, acontece a transformación do fidalgo galego en notábel. Metamorfose que non ten volta atrás[66].

Este conciso pero denso panorama historiográfico deixa a seguinte cronoloxía: un "antes", un "durante" e un "despois" da revolución. Distínguense, así, tres épocas para realizar este estudo da fidalguía galega[67]:

1. Antes de 1808: o Antigo Réxime.
2. Entre 1808 e 1868: a época da revolución, do réxime liberal.
3. A partir de 1868: crise finisecular. Revolución democrática e Restauración. A decadencia.

[66] Un bo exemplo desa mudanza ao longo do século pode atoparse no relato de Otero titulado "O fidalgo", no que vai debullando, década a década, a transformación socioeconómica do fidalgo até ficar convertido nun simple funcionario vilego, un descoñecido.

[67] Cómpre insistir que esta división temporal responde á necesidade metodolóxica de partir o *continuum* da Historia. Moitos dos procesos e fenómenos que se comentan teñen fondas raíces e imperceptíbeis efectos posteriores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2.3. Debates sobre o Antigo Réxime

Esta investigación de tese conta cun marco temporal moi dilatado, o que aumenta a complexidade na organización de contidos e fontes. O século XIX concentrará a meirande parte dos traballos, tal e como se verá na segunda parte. A primeira parte contextualízase no Antigo Réxime. Preténdese reflexionar sobre ese xeito de vivir nos pazos. No fondo unha pregunta: había xa elementos de desintegración do Antigo Réxime dentro do ascenso social fidalgo, ou, simplemente, foi a chegada da política a que decantou a esta elite cara unha notabilidade de sesgo burgués?

As tres centurias do Antigo Réxime recibiron esta denominación no momento da Revolución, salientando, deste xeito, o contraste entre o pasado e o novo réxime. Para profundar máis, recórrese á sintética descrición que propón Villares:

> "As características máis sobranceiras do Antigo Réxime son, por tanto, opostas ás da sociedade que o substitúe historicamente: predominio da agricultura no conxunto das actividades económicas, conformación estamental da sociedade e organización política baixo a forma de monarquía absoluta"[68].

Economía agraria, vida rural, sociedade estamental, monarquía absoluta. Semella que non mudaran moito as cousas dende a Idade Media, salvo pola construción do Estado nación. Cal era, logo, o feito diferencial do Antigo Réxime e que papel xogou o Estado?

Para Alexis de Tocqueville a principal característica do Antigo Réxime é o privilexio, a permanencia da sociedade estamental. Por este motivo, a revolución defenderá a sociedade dos iguais:

> "todos los hombres de nuestros días se ven arrastrados por una fuerza desconocida, (…), la cual los impulsa a la destrucción de la aristocracia"[69].

[68] Villares, 1989: 103.
[69] Tocqueville, 1969 [1856]: 20.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O problema non era un cambio de goberno, senón "abolir la forma antigua de sociedad"[70], "una multitud de poderes secundarios, de órdenes, de clases, de profesiones, de familias y de individuos"[71] que configuraban distintas "parcelas de autoridad y de influencia". Era a loita contra as chamadas institucións feudais que sustentaban a desigualdade social. A chave estaba na liquidación da orde feudal na esfera civil.

> "El feudalismo había continuado siendo nuestra principal institución civil, habiendo dejado de ser una institución política"[72]

Para Perry Anderson a cuestión chave do Antigo Réxime está na política, na concentración do poder no Estado: a monarquía absoluta. Así como Tocqueville repara nos aspectos sociais da vella orde, Anderson subliña os políticos. De feito, para Tocqueville a nobreza tiña perdido o poder político xa que non tiña autoridade efectiva sobre os seus campesiños. O absolutismo

> "había dejado a los antiguos poderes sus viejos nombres y sus honores, pero les había sustraído poco a poco su autoridad. No los había echado, pero les había indicado que se fueran a sus dominios. (…) no intentando jamás corregirlos, sino solamente suplantarlos, había acabado por reemplazarlos a casi todos por un agente único, el intendente, (…)"[73].

Sen darse conta, a nobreza perdera o exercicio do poder político, e as funcións meramente administrativas eran consideradas deshonrosas ou molestas.

> "El antiguo señor de la villa, no sólo no tenía ya derecho a gobernarla, sino que había llegado a considerar como una especie de degradación el mezclarse en su gobierno. Asentar las tallas, reclutar

[70] *Ibíd*.:33.
[71] *Ibíd*.: 34.
[72] *Ibíd*.: 62.
[73] *Ibíd*.: 94.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> la milicia, regular las prestaciones personales, eran todos actos serviles propios del síndico"[74].

Pola contra, para Anderson, o absolutismo é un arranxo político co obxecto de protexer á nobreza. Unha concentración de poder que mantiña á poboación ordenada e submisa, mentres os privilexiados mantiñan a súa riqueza e posición.

> "La nobleza podía depositar el poder en la monarquía y permitir el enriquecimiento de la burguesía, pero las masas estaban todavía a su merced. En el Estado absolutista nunca tuvo lugar un desplazamiento «político» de la clase noble"[75].

Por conseguinte, o centralismo absolutista só sería un medio para un control social máis efectivo na época que nos ocupa. O "carácter irreductiblemente feudal del absolutismo permaneció", tanto polo rol da aristocracia, como polo dominio da terra.

Era tal ese inmobilismo feudal? Anderson matiza, en parte, a súa afirmación de continuidade feudal coa idea de "metamorfose" na aristocracia dende finais da Idade Media. Algo tivera que cambiar dende entón, pero a Anderson non lle interesa tanto como exercen o poder, coma sinalar quen o ocupa. Trátase da nobreza, mais non lle resulta relevante considerar se goberna directamente o seu feudo, se delega nun Estado, ou se recibe o amparo dun rei entronizado para tal fin. Este enfoque da cuestión, reparar en quen ocupa o poder, é o que lle permite a Arno Mayer, nun contexto posterior, soster a "persistencia" do Antigo Réxime. Se gobernan os mesmos, pode pensarse nun cambio no sistema político? Até onde chegan as supervivencias feudais?

Unha terceira opinión vén da man do británico Hobsbawm, que considera que o feudalismo estaba a esmorecer no plano económico:

[74] *Ibíd*.: 169.
[75] Anderson, 1979: 37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "En muchos países de Europa occidental el orden feudal (…) estaba vivo políticamente, aunque cada vez resultaba mas anticuado en lo económico"[76].

A análise de Hobsbawm é oposta á de Tocqueville. Quizais non sexa máis que unha cuestión de enfoque. Para Tocqueville o Estado estaba a preparar o camiño á revolución, mentres que para Hobsbawm era a garantía de permanencia da orde social, que non podía socavar sen o seu propio sacrificio. Noutras palabras, o réxime político –o Estado absoluto- estaba a sustentar os vestixios feudais na orde social. Era na economía –no comercio e no sector agrario- onde xa non se sostiña a hexemonía nobiliaria. Dende o marxismo clásico, Hobsbawm explica a irrupción revolucionaria pola confrontación de intereses económicos diverxentes.

> "un latente –que pronto sería abierto- conflicto entre las fuerzas de la vieja sociedad y la nueva sociedad «burguesa»"[77].

O poder social e político da nobreza dependía do seu dominio da terra, mais esta posesión sufrira unha fonda transformación dende os feudos suxeitos a servidume até os patrimonios rendistas. A súa base económica seguía a estar na terra, transformada en renda, a cada paso máis monetarizada. Estas relacións de produción mudaran, por moito que a xerarquía social se mantivese intacta. Da tradición proviña a lexitimidade do sistema, por iso a cúspide política que encarnaba o monarca absoluto só podía amparar e nunca prexudicar aos privilexiados. A monarquía absoluta

> "pertenecía en la practica al mundo bautizado por la Ilustración con el nombre de feudalidad o feudalismo, vocablo que luego popularizaría la Revolución francesa"[78].

[76] Hobsbawm, 2009 [1961]: 24.
[77] *Ibíd*.: 31.
[78] *Ibíd*.: 30.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Practicamente todos os autores citados aluden ás reliquias feudais nese contexto de tránsito entre o antigo e o novo réxime. Semella unha crítica unánime. O debate historiográfico sobre a feudalidade do Antigo Réxime é tan fecundo que dificilmente pode trasladarse aquí unha síntese das cuestións máis relevantes. De entrada, hai unha discusión terminolóxica. No século XVIII, dende posicións ilustradas, falábase abertamente de «réxime feudal» coma inimigo a bater. Tamén os xuristas da época recollían compendios de "dereitos feudais". Logo, na revolución francesa, aparece o «réxime feudal» en declaracións, discusións e mesmo un Comité de Dereitos Feudais[79]. O significado de entón atinxía a todo un «complexo feudal»[80] que integraba todos os dereitos, usos e costumes emanados do feudo. Durante todo o XIX e incluso despois da I Guerra Mundial[81] é maioritario o uso de «réxime feudal» para definir o mundo anterior á revolución. No *Antigo Réxime e Revolución* de Tocqueville tamén figura ese «réxime feudal».

Cando na actualidade cualificamos de "feudal" a Idade Moderna, estamos a provocar a reacción dos e das medievalistas. Dende esta especialidade, resulta un anacronismo denominar "feudal" ao réxime que imperaba nas vésperas da Revolución. Sería máis apropiado empregar a noción de «réxime señorial». Sobre esta controversia deixou constancia Jacques Léon Godechot nun sucinto prólogo á publicación dalgunhas das comunicación do coloquio de Toulouse de 1968[82]. Este historiador recolle o parecer unánime dos participantes:

> "régimen feudal un tipo de régimen que se caracterizaba por una forma particular de propiedad,

[79] Godechot, 1979: 1-3.

[80] Noción de Dumoulin que aparece constantemente ao fío desta discusión sobre a feudalidade no Antigo Réxime.

[81] Lémbrese a obra de A. Aulard, *A revolución e o réxime feudal*, publicado en 1919. No ámbito español hai unha obra de García Ormaechea, *Supervivencias feudales*, en 1932.

[82] Este coloquio internacional axuntou a grandes profesionais arredor da "abolición do feudalismo no mundo occidental". A publicación leva ese título é a penas recolle a metade das comunicacións presentadas. Entre os conferenciantes estaban P. Vilar, A. Soboul, M. Garaud, A. Domínguez Ortiz e A. Silbert. Foi un fito historiográfico no debate da feudalidade do Antigo Réxime.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> con frecuencia por la servidumbre y siempre por el pago de los llamados censos feudales y señoriales"[83].

A feudalidade é percibida preponderantemente no eido económico –explotación da terra- e no social –estamentos-, xa que a concentración da soberanía no Estado fora subtraendo ese poder anteriormente disperso no territorio. O fenómeno estatal fora abríndose paso nun mapa indescifrábel de xurisdicións e dereitos encabalgados:

> "confuso y enredado: en él estaban geográficamente entremezcladas y estratificadas diferentes instancias jurídicas, y abundaban las alianzas plurales, las soberanías asimétricas y los enclaves anómalos"[84].

Neste senso, con Tocqueville, pode subscribirse a idea da eliminación da política feudal ou perda de poder dos señores feudais, xa que o Estado podía poñer fin a toda esa discrecionalidade. Pero foi precisa una revolución. Con Hobsbawm, pode dicirse que o Estado –a monarquía absoluta- non era capaz de ir máis aló porque incorrería nunha contradición xenética que provocaría a súa caída. Con Anderson, pode pensarse que non lle interesaba, porque o monarca encarnaba simplemente os intereses privilexiados. Unha interpretación moi similar á de Anderson ofrécea M. Garaud:

> "Ni siquiera era necesaria, escribió Jaurès, «una Revolución para arrancar las últimas y pequeñas raíces, por molestas y agotadoras que fueran, del viejo árbol feudal del que Luis XI, Richelieu y Luis XIV habían cortado las raíces principales». Ciertamente el poder real, bajo la monarquía absoluta, era lo bastante fuerte como para acabar su obra. (...)Desgraciadamente, el rey no estaba dispuesto a ejercerlo. No teniendo ya nada que temer de la nobleza, a la que había despojado de los atributos de

[83] Godechot, 1979: 3. Curiosamente, aparecen as mesmas verbas no libro de Arno Mayer, *La persistencia del Antiguo Régimen*, mais non contén referencia algunha, nin comiñas. Polo parágrafo parece que Mayer atribúe esta descrición á Marc Bloch. *Cfr*. Mayer, 1986: 18.
[84] Anderson, 1979: 33.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> la soberanía, el rey había agrupado alrededor del trono a sus representantes más ilustres para aumentar su prestigio. (...) No pretendía tocar ningún punto sensible de sus intereses particulares. La conservación del régimen feudal le beneficiaba"[85].

Esta extensa cita agocha o paradoxo do Estado absoluto francés. Con estas verbas pódese corroborar cada unha das teses anteriormente presentadas afondando na contradición, que non é tanto historiográfica coma histórica. A ollos de Tocqueville, o Estado levou á política máis alá do marco feudal. Hobsbawm recoñece as reformas e programas modernizadores do Estado, mais todo tiña un límite, e ese límite non era tanto o estamento nobiliario coma grupo de presión, como a natureza privilexiada da autoridade rexia. Con Anderson, aínda máis crítico co absolutismo, sobresaen os intereses patrimoniais da Coroa. O Antigo Réxime conservou trazas feudais porque así o quixeron os seus monarcas. O paradoxo está na política, que xa non era feudal pero que sostiña unhas bases e un réxime socioeconómico señorial. A dislocación entre as distintas fontes do poder[86] anuncia unha ruptura do *statu quo*. Será a vía política a que escolla a senda da continuidade do seu exercicio até a súa caída. Era, francamente, a senda constitucional, como ben coñecería Fernando VII[87].

Pode sinalarse, pois, que o pouso feudal nas relacións económicas foi cada vez máis insoportábel, cada vez máis pesado. Se ben, non se pode falar de relacións de servidume, si eran relacións de extrema dependencia. Diversas cargas señoriais gravaban o conxunto da vida agrícola coma dereitos emanados dun réxime de vasalaxe anterior. O século XVIII acolle a uns campesiños a cada paso máis conscientes da inxustiza do sistema. As reformas son insuficientes. Tanto Tocqueville, coma Garaud ou Hobsbawm insisten nesa percepción xeral de anacronismo. Esa conciencia campesiña do abuso aumenta co

[85] Garaud, 1979: 7- 8.

[86] Esta imaxe das fontes do poder está inspirada na obra de Michael Mann: *Las fuentes del poder social*, onde identifica catro fontes que articulan unha época: económica, política, cultural e militar.

[87] Alusión á declaración de Fernando VII en 1820: *«Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

chamado "absentismo nobiliario". No seu traslado residencial á corte, a nobreza perdera ou mudara o seu poder político. A explotación económica da terra tamén viviu unha transformación dende o complexo do feudo até a mera percepción de rendas, cada vez máis devaluadas. O antigo señor da terra estaba lonxe e pertencía a un mundo moi alleo á aldea. Esa distancia física e social fomenta no campesiñado unha censura do privilexio.

> "El endeudamiento nobiliario está, por otra parte, estrechamente vinculado al absentismo señorial (...), pues la residencia parece constituir uno de los elementos principales de la «resistencia feudal»; la presencia del señor y de su familia permite al sistema mantenerse, e incluso reforzarse, mientras que su ausencia parece serle fatal en un plazo de tiempo más o menos breve. (...) De esta manera se encuentran en parte justificadas las diferencias de presión señorial que revelaba una simple mirada al mapa"[88].

A súa primacía social era un bastión inexpugnábel, por iso agroma unha "reacción feudal"[89] tan belixerante nos Estado Xerais. Adaptarse a un novo marco de relacións igualitarias era ceder demasiado. Terá que ser a revolución o verdugo do privilexio na meirande parte de Europa, xa que ningún Estado foi quen de remover as condicións feudais mediante reformas e decretos. Segundo recolle Godechot, só houbo dúas excepcións: Rusia e Canadá. Por isto mesmo, para Tocqueville o privilexio concitaba todos os odios na hora revolucionaria. Un exemplo das "raíces feudais" que perduraron durante a Idade Moderna.

1.2.4. Inercias e contramarchas do Estado absoluto

A grandes trazos, hai dous feitos diferenciais que caracterizan Antigo Réxime: politicamente, a aparición e construción do Estado-nación; socioeconomicamente, a desaparición das relacións persoais

[88] León, 1979: 38- 39.

[89] Tal e como defende Hobsbawm, a nobreza reaccionou cando viu perigar a súa posición social, exemplificada na exención fiscal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de servidume e vasalaxe. Estes dous fenómenos merecen un pouco máis de atención. Abordaranse coma variábeis explicativas: terra e Estado. Corresponden con procesos de longa duración que inciden nas estruturas política, económica e social, que ás veces aparecen entretecidas no contexto, e noutras ocasións ben diferenciadas[90].

Comezando polo Estado, o absolutismo defínese coma un réxime político no que se concentra o poder na figura do monarca. A súa lexitimidade descansa na tradición, na xerarquía estamental, tal e como acontecía na época feudal, mais a diferenza reside nun principio político fundamental: a soberanía. Jean Bodin sería un dos grandes mentores do "dereito de soberanía" rexia, nun contexto de gran convulsión política e relixiosa. As obras de Bodin e de Hobbes están condicionadas polas experiencias traumáticas das guerras de sucesión e relixión. O poder temporal medraba, co impulso do humanismo e o racionalismo, pero, sobre todo, pola crise relixiosa que enchía de herexías e reformas Europa. Neste contexto, Bodin define a soberanía:

> «La soberanía (souveraineté) es el poder absoluto (puissance absolue) y perpetuo de una república, a lo cual los latino llaman majestas»[91].

Está a defender un poder inmenso, "el más extenso poder de mando", absoluto, "sin cargas y condiciones", perpetuo pero non dinástico ou hereditario. O poder absoluto de Bodin non é despótico, tampouco aristocrático, quere unha monarquía lexítima na que o monarca atenda ás leis da natureza e respecte a liberdade e propiedade dos seus súbditos. Son limitacións de orde dentro do absolutismo.

En Thomas Hobbes hai unha inquedanza semellante á de Bodin: evitar a guerra civil. A desorde, o caos, a violencia desatada na guerra levan a este autor a apostar por un Estado forte, o máis forte posíbel, un *Leviatán*, que inhiba as confrontacións entre faccións nobiliarias. Deste contexto provén a concepción de "partidos" e "faccións" coma división política, coma inestabilidade.

---

[90] Esta dialéctica entre economía e política lémbranos os estudos de socioloxía histórica de Charles Tilly (1992). Este autor constrúe unha historia dos Estados europeos con dúas variábeis: capital e coerción.

[91] Cita de *Les six livres* tal e como figura en Julio A. Pardos, 1995: 233.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "Estado o Leviatán como la institución necesaria para resolver el problema humano de la convivencia y el orden social. El poder del soberano debe completar ahora lo que los seres humanos son incapaces de conseguir por sí mismos"[92].

Este Estado absoluto é froito dun contrato ou pacto no que os homes acceden a unha liberdade limitada pola liberdade dos outros. Isto é, unha cesión de soberanía nun corpo político que tutela e obriga a todos no cumprimento do pacto. Por este motivo, Hobbes é considerado un dos pais do *contractualismo*.

> «Tiene que haber un poder coercitivo que obligue a todos los hombres por igual al cumplimiento de sus convenios, por terror a algún castigo que sea mayor que los beneficios que esperarían obtener del infringimiento de su acuerdo»[93].

Esta será a filosofía política que inspirará a concentración progresiva do poder na monarquía absoluta. O medo ás loitas fratricidas entre liñaxes nobiliarias. O absolutismo era unha necesidade perentoria contra a desorde social. Así se xustifica esa cesión de soberanía dende o feudo até o Estado.

> «Por iso foi necesario que o poder soberano fose absoluto para prescribirlles ós súbditos todo o que mira ó interese común e para obrigar á obediencia ós que se negan a ela»[94].

Perry Anderson fai unha lectura desta cesión de soberanía dende o ámbito rural. Cando o señorío, esa *"unidad orgánica de economía y política"*, perde a súa potestade xurisdicional, acontece o ascenso do Estado.

---

[92] Vallespín, 1995: 272.
[93] *Ibíd*.: 283. Citando o capítulo XV do *Leviatán*.
[94] Extracto do *Manifesto dos Persas*, 12 de abril de 1814.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "un desplazamiento de la coerción política en un sentido ascendente hacia una cima centralizada y militarizada: el Estado absolutista. La coerción, diluida en el plano de la aldea, se concentró en el plano «nacional»"[95].

Noutras palabras, detrae a potestade ou soberanía nobiliaria a cambio de protección. Ese era o cometido da monarquía absoluta: protexer os intereses privilexiados fronte os seus servos. Cómpre lembrar que para Anderson este Estado non exercía de árbitro cos seus súbditos. Era o resultado da componenda nobiliaria. A orixe do mesmo Estado estaría na desaparición das relacións feudais de servidume. En sentido inverso, aló onde as relacións de dependencia servil ou vasalaxe perduran máis tempo, cunha nobreza máis forte e anárquica, nomeadamente máis illada no seu feudo, é onde se observa un Estado máis cativo, xa que non goza de tantas prerrogativas ao colidir con outras potestades.

A cesión de soberanía nobiliaria fundaméntase nunha cesión anterior: a dos servos para co seu señor. Na procura de protección, o campesiño estaba suxeito a vasalaxe. O desprazamento vertical da coerción/protección até o Estado vai converter aos vasalos en súbditos, non pola vía patrimonial, senón polo pacto ou arranxo político da nobreza. A ameaza campesiña é coutada polo Estado, que se reserva a prerrogativa de protexelos, mesmo de si mesmos. Son os vasalos do rei. De feito, observamos que os termos "vasalos" e "súbditos" funcionan coma sinónimos incluso no século XIX[96].

Esta invención do estatalismo resolvería para Anderson as tensións entre privilexiados e campesiños. A nobreza cedería os seus dereitos personalistas sobre os servos, para enfocar o obxecto dos seus contratos sobre a terra. O Estado ditaría o destino dos seus súbditos, perdendo a Coroa o seu anterior carácter señorial. Unha estratexia moi

[95] Anderson, 1979: 13-14.

[96] Fernando VII alude aos seus "vasalos" no Decreto do 1º de outubro de 1823, cando dita o retorno ao absolutismo: *«Bien públicos y notorios fueron a todos mis vasallos los escandalosos sucesos que precedieron, acompañaron y siguieron al establecimiento de la democrática Constitución de Cádiz en el mes de marzo de 1820 (...)»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

efectiva para manter ás masas campesiñas baixo o seu dominio. A seguinte cita de Anderson resulta explícita:

> "El absolutismo fue esencialmente eso: un aparato reorganizado y potenciado de dominación feudal, destinado a mantener a las masas campesinas en su posición social tradicional, a pesar y en contra de las mejoras que habían conquistado por medio de la amplia conmutación de las cargas. Dicho de otra forma, el Estado absolutista nunca fue un árbitro entre la aristocracia y la burguesía ni, mucho menos, un instrumento de la naciente burguesía contra la aristocracia: fue el nuevo caparazón político de una nobleza amenazada"[97].

Noutras palabras, o Estado acababa onde comezaba o directo dominio da terra. A perspectiva de Anderson parte da coerción e non do capital, coma lóxica que promove a construción do Estado. É a nobreza, en pugna co campesiñado, e non a burguesía, a protagonista deste cambio político. Unha nobreza que acorda entre si e coa coroa deixar as armas e concentrarse no señorío territorial. O Estado ten a obriga de protexelos, pero vai ter un límite infranqueábel: a propiedade ou dominio señorial. O réxime señorial consérvase, deste xeito, até a fin do Antigo Réxime, porque é a garantía do pacto aristocrático subscrito.

Outro enfoque da concentración da coerción no Estado está presente nos estudos de Charles Tilly. Este sociólogo subliña a importancia da guerra para os Estados europeos. O Estado protexíase perante agresións estranxeiras ou conflitos dentro das posesións imperiais. Mais estaba a protexer tanto aos seus "vasalos", coma a súa propia existencia coma Estado na forma da monarquía absoluta. Isto significa que todo o sistema de lealdades e obrigas sostíñase na empresa da guerra. O soberano era o gran señor da guerra. O Estado concentraba o uso da forza para proxectala cara o inimigo exterior. Unha manobra antropoloxicamente universal, presente dende as primeiras sociedades humanas: cohesionar o grupo mediante a

[97] Anderson, 1979: 12.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

proxección da violencia interna cara un inimigo común. Neste contexto, a guerra serve para lexitimar o monarca, fornecer a unidade do reino, e facer medrar as administracións do Estado.

Tilly analiza a guerra dende a perspectiva do gasto. Os orzamentos, impostos e débedas dan boa mostra do papel que representaban estas guerras europeas.

> "Antes de 1400, en la era del patrimonialismo, ningún Estado tenía presupuesto nacional (...). Los impuestos (...) tributos, arrendamientos, derechos y cuotas. Los distintos soberanos pedían préstamos, pero lo hacían por lo general en su propio nombre y con la garantía de bienes raíces. Durante el siglo XVI, cuando la guerra multiplicó los gastos del Estado (...) empezaron a regular y expandir presupuestos, impuestos y deudas"[98].

Estas guerras entre monarcas demandaron cada vez máis gastos, máis débedas. A contratación de mercenarios encarece a protección do reino, porque, como indica Anderson, os señores xa non están dispostos a armar aos seus vasalos. A xefatura dos guerreiros cambia, aparecendo os exércitos do rei. Xa non son empresas particulares, loitas aristocráticas entre liñaxes. Son guerras que afectan a toda a administración do Estado. Dende finais do XVII, Tilly advirte o "ritmo" da guerra nos orzamentos, impostos e débedas. É dicir, o futuro do Estado estaba a expensas das batallas. No caso francés,

> "el endeudamiento a causa de las guerras del siglo XVIII hizo zozobrar al Estado, destruyó su crédito y llevó directamente a la fatídica convocatoria de los Estado Generales de 1789"[99].

Esta máquina da guerra, o Estado, perdía recursos –humanos e capitais- nesas batallas, mais gañaba en burocracia. As necesidades administrativas da guerra fixeron medrar o Estado, sobre todo no

[98] Tilly, 1992: 119.
[99] *Ibíd.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

campo de Facenda, orixinando novos impostos, tribunais e tesourerías. En consecuencia, pode afirmarse que a guerra foi a lóxica máis visíbel entre as razóns que motivaron a construción do Estado- nación, tanto no eido simbólico, coma no administrativo.

Hobsbawm, pola súa parte, sostén unha interpretación marxista máis ortodoxa sobre a construción do Estado. Enfoca a cuestión dende a perspectiva do capital e o seu motor social, a burguesía. A tensión ou dialéctica que motivou á concentración política do absolutismo estaba protagonizada pola puxanza burguesa fronte o inmobilismo señorial. O conflito de intereses estivo presente durante todo o Antigo Réxime, entendendo a "reacción feudal" nobiliaria do Setecentos coma un intento de conservar as súas exencións fiscais e os cargos públicos de maior relevancia. A arbitraxe da Coroa era eficaz cando mitigaba as loitas entre faccións nobiliarias e canalizaba á burguesía cara empregos na administración pública. Mais o Estado estaba lastrado polas súas obrigas coa nobreza, que exercen unha suxestiva influencia sobre as decisións rexias, inclinando a balanza social ostentosamente. Non podía modernizar, malia os numerosos "programas de modernización económica, social, intelectual y administrativa" que versaban sobre a terra, o comercio, as comunicacións, e que buscaron, racionalmente, o xeito de aumentar a riqueza e o benestar. Ao respecto, pode dicirse que o chamado "despotismo ilustrado" era pragmático, xa que non perseguía tanto plasmar un ideario reformista coma remover algúns estorbos e que permanecese cada quen no seu estamento. O límite para o Estado sería o *statu quo* social.

Houbo reformas e reformistas. O século XVIII constituíu un campo de probas para moitos pensadores. O contexto forzaba algunhas medidas. Aquel "solpor barroco"[100] evidenciaba a "maduración histórica" do Antigo Réxime. As rixideces do réxime chocaban e limitaban a expansión demográfica, a urbanización e o desenvolvemento económico (comercio, manufacturas, produción agraria)[101]. Un vello sistema para un tempo máis dinámico. Era

[100] En verbas de Otero que reproduce Villares, 1986: 103- 138.

[101] Este panorama optimista das condicións do século XVIII procede de Hobsbawm, 2009 [1961]: 26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

preciso introducir melloras para aumentar a produtividade agraria, sector económico predominante. Con este obxecto, xorden Academias e Sociedades de perfil técnico[102].

Os ilustrados eran "xente de ben", pero maiormente aristócratas convencidos de que o progreso intelectual traería avances materiais. Non confiaban nas xentes para levar a cabo as reformas, isto é, na democracia, senón no Estado absoluto. Segundo Tocqueville, estaban afastados da "auténtica sociedade", que aínda era tradicional e desigual. Os ilustrados pertencían a unha "sociedade imaxinaria" que habitaba un mundo racional e equitativo, malia ser distante. Algúns, sen pretendelo, estaban sentando as bases intelectuais da revolución[103]. É o caso dos fisiócratas franceses, economistas que desprezaban todo o referido ao pasado[104]. O seu obxectivo era un gran aparato administrativo que tivese poder e recursos para levar adiante as medidas por eles deseñadas. Padecían certo elitismo burocrático, "sin otra aristocracia que la de los funcionarios públicos"[105].

Tamén as clases medias e burguesas confiaban na estrutura estatal do absolutismo para modernizar o réxime. Para Hobsbawm, unha clase media feble precisaba un "príncipe ilustrado" que fixera fronte ás resistencias nobiliarias e clericais[106]. As demandas ilustradas foron tan insistentes que chegaron a normalizarse coma axenda de goberno. No último cuarto do XVIII, as coroas europeas subscribiron programas ilustrados de reforma agraria, sen embargo ningún destes programas se levou a cabo. Os seus autores, reformistas moi

[102] No caso galego, hai exemplos destas sociedades. A Academia de Agricultura do Reino de Galicia foi fundada na Coruña en 1765, pero con escaso éxito. Apunta Villares que os seus membros eran "nobres e fidalgos interesados na agricultura de modo máis retórico que auténtico (non hai rastro en Galicia de fidalgos agronomistas)". Mesmo recolle a crítica de Sarmiento que censura que esta Academia estaba lonxe dos labregos tanto por estar localizada nunha vila, coma por estar composta de homes de pluma, espada ou comercio, ou ben estranxeiros. Ilustrados, en suma, alleos a vida labrega. En canto ás Sociedades Económicas de Amigos do País, crearase unha en Santiago en 1784, e outra en Lugo en 1785, tendo gran predicamento no Oitocentos, onde destacados oradores, coma Colmeiro, explorarán a vía da reforma agraria, gran tema de inquedanza ilustrada. Villares, 1989: 136- 137.
[103] Tocqueville, 1969 [1856]: 194.
[104] *Ibíd*.: 208.
[105] *Ibíd*.: 217.
[106] Hobsbawm, 2009 [1961]: 30.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

moderados, foron considerados revolucionarios[107]. A resistencia da vella orde tiña aínda folgos dabondo. Era necesaria a revolución[108].

A confianza da burguesía en salvar o edificio do Estado absoluto queda patente cando se investiga a extracción social da burocracia. Os altos cargos estaban reservados para a aristocracia, mais os postos medios estaban nutridos por burgueses. Era unha vía de ascenso social, unha vía que permitiría o ennobrecemento polo servizo ao Estado. Mais esta vía tiña un prezo. É o que se ten denominado como venalidade dos cargos públicos: a función pública estaba en venta. Tocqueville foi moi crítico con este sistema de cooptación. En primeira instancia, porque a función pública medraba sen proporción nin sentido. Detéctase, pois, un problema organizativo.

> "A medida que los apuros financieros aumentaban, se veían nacer nuevos empleos, todos retribuidos con exenciones de impuestos o con privilegios; y como eran las necesidades del fisco, y no las de la administración, las que decidían, se llegó de esta manera a instituir un número casi increíble de funciones enteramente inútiles o perjudiciales"[109]

Outro problema, de índole económica e administrativa, estaba na alienación ou transmisión destes "oficios" ou cargos. No caso de Castela, a compra dun "oficio" era a perpetuidade, con independencia da capacidade persoal para desempeñar tal oficio. Unha venta subrepticia, xa que o pago se facía en concepto de doazón. Nunca houbo unha regulación ao respecto, deixaron que se asimilara ao costume, ao dereito consuetudinario. Esta práctica aportaba grandes capitais de forma rápida, pero despois deixaba estes cargos fóra do control do Estado. Pódese falar de especulación sobre todo na primeira metade do XVII. Entre finais deste século e comezos do XVIII, a doutrina cambia, deixando de ser perpetuos, atinxindo a súa

[107] Baste pensar no informe de Jovellanos ou no ministerio de Campomanes. Este último, considerado "un político de la vertiente menos progresista de la ilustración", era un revolucionario para os reaccionarios. Tomás y Valiente, 1982: 288.
[108] Hobsbawm, 2009 [1961]: 31.
[109] Tocqueville, 1969 [1856]: 146.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

orixe a unha regalía da Coroa. En consecuencia, as ventas serán revogábeis. Facenda devolverá o pago feito polo primeiro titular, unha cantidade ridícula por mor da depreciación da moeda, o que permite ao Estado poñer de novo en venta ese oficio e sacar beneficio. É o negocio dos "oficios"[110].

> "los oficios, al ser vendidos por la Corona, pasaban a incorporarse al patrimonio del oficial como un bien de su absoluta, privada y perpetua propiedad. (…) Es decir: la privatización operada en Castilla respecto a los oficios enajenados por la Corona a perpetuidad o por juro de heredad (…) fue completa. La Monarquía ya no podía intervenir en el nombramiento de los futuros titulares de tal oficio, que eran designados libremente por el anterior titular (…)"[111].

Pero tamén había un problema de natureza social e económica. A burguesía gastaba todos os seus esforzos e recursos en conseguir un cargo público, no canto de investir na industria ou no comercio[112]. A acumulación burguesa ía parar ás arcas públicas, que a súa vez cubrían as veleidades bélicas dos monarcas absolutos. Foi unha aspiración social xeralizada, unha obsesión burguesa. Hai que aclarar que algúns cargos eximían do pago de impostos e posibilitaban un ennobrecemento rápido, polo que a compra dun posto do Estado podía ser un negocio moi lucrativo, ademais de honroso. Había racionalidade no comportamento burgués, aínda que non deixara de ser un despilfarro motivado na arbitrariedade.

> "La burocracia absolutista reflejó, y al mismo tiempo frenó, el ascenso del capital mercantil"[113].

[110] Tomás y Valiente, 1982: 151-177.
[111] *Ibíd*.: 166.
[112] *Ibíd*.: 151- 177. Esta consideración da burguesía precisa ser puntualizada en cada contexto. En Castela, os burgueses pagaban polos oficios "de dineros", comprando os "de poder" fidalgos, nobres e institucións relixiosas. A aspiración aos oficios é xeral, pero só está ao alcance de quen poida pagalos. Así, Tomás y Valiente cita a ambición de Sancho Panza por comprar un oficio e vivir sen traballar.
[113] Anderson, 1979: 29.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Anderson afonda no novo rol que exercía esta burguesía. Unha mostra máis da subordinación social á supremacía aristocrática, xa que o burgués permanece nunha posición subalterna até conseguir o ansiado título nobiliario, que, por outra banda, gozaría de escaso estatus social[114]. Por conseguinte, non sería unha concesión rexia á burguesía, senón un xacemento de ingresos rápidos para suplir as necesidades de Facenda. A nobreza observaba como a burguesía perdía tanto bens coma os trazos identitarios do grupo nesta burocratización. Malia esta crítica, Anderson recoñece que a venalidade tampouco beneficiaba directamente á nobreza, xa que impedía a consolidación das súas clientelas políticas[115]. No seu lugar, a administración do Estado acollería austeros administradores e validos sen liñaxe.

O fenómeno da burocracia foi mudando ao longo do Antigo Réxime. Houbo unha gran diferenza entre os primeiros burócratas do absolutismo e os do século XVIII. Anderson salienta a formación en dereito romano destes primeiros letrados, unha nova clase de profesionais que aporta maior dinamismo á sociedade. Inglaterra foi a excepción, xa que nunca adoptaron o modelo romano de dereito.

> "(…) las monarquías absolutas de Occidente se asentaron en un cualificado estrato de *legistas* que proveían de personal a sus maquinarias administrativas: los *letrados* en España, los *maîtres des requêtes* en Francia, los *doctores* en Alemania. (…) estos burócratas- juristas fueron los celosos defensores del centralismo real en el crítico primer siglo de la construcción del Estado absolutista"[116].

Dende comezos do XVI é perceptíbel o impacto dos letrados na vida social. Van gozar dun considerábel poder social, xa que dominan as escrituras e as cuestións patrimoniais, nun mundo eminentemente

[114] *Ibíd*.
[115] Sobre esta cuestión xa advertía Richelieu no seu testamento contra a Casa de Guisa. *Ibíd*.: 47- 48.
[116] *Ibíd*.: 23.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

oral e con numerosos instrumentos e dereitos sobre a terra. Son un grupo en ascenso que chegará, en moitos casos, a ennobrecerse, mais que deixará unha pegada letrada na sociedade.

> "Neste contexto político, o papel do dereito será decisivo, e os escribáns, avogados, procuradores e notarios, vale dicir, os coñecedores dos *arcana iuris* – que dominan a escritura en castelán, alcanzarán notable poder dentro da comunidade, o que lles permitirá acumular riquezas, en especial no caso dos escribáns, (...)"[117].

Á altura do século XVIII, asístese ao que Anderson chama "rearistocratización". A competencia polos altos cargos do Estado aumentara. Detéctase, entón, unha reacción privilexiada contra ese ascenso social dos burócratas. Ademais das intrigas de palacio e outras manobras políticas, ten lugar unha reacción de carácter sociocultural. As formas austeras propias da burocracia ceden ante unha cultura da ostentación. Os funcionarios do Estado imitan con elegancia as formas sociais e culturais propias da nobreza. Paradoxalmente, as ideas ilustradas pretendían socavar ese refinamento cultural. Anderson, ao respecto, fala de "contraste ilusorio"[118], xa que a realidade cultural dirixíase a un salón rococó. Para Mayer é unha mostra máis da "saturación" nobiliaria no Estado. A aristocracia facía da súa cultura, da súa mentalidade, a forma máis educada de comportamento social. A súa dominación moral estaba garantida.

A modo de síntese, enuméranse as seguintes consideracións sobre o Estado no Antigo Réxime:

1. O Estado absoluto foi o aparato político dos señores da terra para perpetuar a súa propiedade e evitar a violencia interior. Unha cesión de soberanía necesaria para manter o *statu quo*: unha sociedade estamental. Os privilexiados

[117] Saavedra, 2007: 174- 175.
[118] Anderson, 1979: 51.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mantiveron poder político en canto "dominación" ou "hexemonía"[119].

2. A construción do Estado- nación precisou dunha administración centralizada, que tiña pretensión de abranguer todo o territorio e ordenar os distintos ámbitos da vida social. Só había un límite: a propiedade agraria.

> "Las monarquías absolutas introdujeron unos ejércitos y una burocracia permanentes, un sistema nacional de impuestos, un derecho codificado y los comienzos de un mercado unificado. (…) mientras la propiedad agraria aristocrática cerró el paso a un mercado libre de tierras y a la movilidad real de la mano de obra"[120].

3. A administración vai demandar a cada paso máis loxística e persoal, polo que posibilita o ascenso social de moitos plebeos ao servizo do Estado. Foi unha vía de ruptura coa ríxida orde estamental. Houbo competencia por ocupar os cargos máis relevantes, que estaban reservados tacitamente á nobreza.

4. O Estado cumpriu co seu papel, pero na medida que aumentaba, ameazaba á vella orde por distintas frontes. Deste xeito, o monarca absolutista non podía -nin quería- cambiar o réxime sen provocar a súa caída, xa que el mesmo era a cabeza da xerarquía social.

5. En resumo, o Estado absoluto foi un fenómeno político xenuíno do Antigo Réxime, malia conter o paradoxo de preparar a súa disolución.

1.2.5. A concorrencia de dereitos sobre a terra

O Antigo Réxime non foi homoxéneo, nin no tempo nin no espazo, aínda así, hai unha característica común en toda Europa: a Idade Moderna foi unha época rural e de base agraria, ateigada de raíces feudais. A terra seguía en mans privilexiadas, malia que esas mans estivesen cada vez máis mortas. Neste periplo historiográfico,

[119] En referencia ás nocións de Anderson e Gramsci, respectivamente.
[120] Anderson, 1979: 11.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

advertiuse que o campesiñado conseguira "conmutar" moitas das cargas que o ataban ao feudo, pero seguía a ser enormemente dependente.

> "La institución de la servidumbre como mecanismo de extracción del excedente fundía, en el nivel molecular de la aldea, la explotación económica y la coerción político-legal. (…) Con la conmutación generalizada de las cargas por una renta en dinero, la unidad celular de la opresión política y económica del campesinado se vio gravemente debilitada y en peligro de disolución (el final de este camino sería el «trabajo libre» y el «contrato salarial»)"[121].

A desaparición da servidume non significaba a perda do dominio privilexiado. Aínda que fora un pequeno propietario, o campesiño no Antigo Réxime tiña que satisfacer diversas cargas señoriais.

> "Los fundos característicos hacia tiempo que habían dejado de ser una unidad de explotación económica convirtiéndose en un sistema de percibir rentas y otros ingresos en dinero. El campesino, más o menos libre, grande, mediano o pequeño, era el típico cultivador del suelo. Si era arrendatario de cualquier clase, pagaba una renta (o, en algunos sitios, una parte de la cosecha) al señor. Si técnicamente era un propietario, probablemente estaba sujeto a una serie de obligaciones respecto al señor local, que podían o no convertirse en dinero (como la obligación de vender su trigo al molino del señor), lo mismo que pagar impuestos al príncipe, diezmos a la Iglesia y prestar algunos servicios de trabajo forzoso."[122]

No Antigo Réxime non era concebíbel a noción contemporánea de "propiedade". A terra non era un obxecto exclusivo. Estaba dividida en "dominios", que proviñan da recuperación do dereito romano na Baixa Idade Media. Dende Italia estendérase por toda

[121] *Ibíd*.: 13-14.
[122] Hobsbawm, 2009 [1961]: 24.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Europa, facendo fronte á tradición xermánica nun contexto de crise do feudalismo servil. O trunfo xurídico do dereito romano prodúcese no Renacemento, "correlativamente con la del absolutismo". Trae consigo criterios racionais de proba e xudicatura profesional, contra os tribunais consuetudinarios. Súa é a noción de "propiedade perfecta".

Cabe lembrar que o dereito romano estaba composto de *ius* e *lex*, dereito civil e público. Dúas esferas complementarias que atoparon un bo encaixe nas aspiracións das monarquías renacentistas. O dereito civil favorecía á burguesía, cidades, comercio, mais a coroa garantía as rendas dos terratenentes, sempre que o seu poder fose forte e central. En canto á estrutura agraria, Anderson salienta a combinación de elementos romanos e xermánicos para xustificar a concorrencia de múltiples dereitos sobre a terra. A distinción de dominios permitirá transformar as relacións persoais de vasalaxe en relacións contractuais coa terra por obxecto. É o que se pode denominar unha viraxe materialista

> "(…) la gran nota distintiva del derecho civil romano había sido su concepción de una propiedad privada absoluta e incondicional. (…) el modo de producción feudal se definía precisamente por los principios jurídicos de una propiedad «escalonada» o condicional, que servía de complemento a su soberanía fragmentada. (…) El resurgir del derecho romano durante la Edad Media (…). Uno de estos intentos fue el descubrimiento, a finales del siglo XII, de la distinción entre dominium directum y dominium utile para explicar la existencia de una jerarquía de vasallaje y, por tanto, de una multiplicidad de derechos sobre la misma tierra. Otro fue la característica noción medieval de «seisin», concepción intermedia entre la «propiedad» y la «posesión» latinas, que garantizaba la protección de la propiedad contra las apropiaciones casuales y las reclamaciones conflictivas, a la vez que mantenía el principio feudal de los múltiples títulos para el mismo objeto; el derecho de «seisin» nunca fue exclusivo ni perpetuo"[123].

[123] Anderson, 1979: 19- 20.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En que consistía esta dicotomía de dominios[124]? Esta cuestión pode analizarse dende dúas perspectivas: xurídica e económica. En primeiro termo, é unha solución xurídica que establece unha gradación de dereitos. Así, distingue entre un dereito superior e outro inferior, entre o que outorga e o que recibe. Implicitamente, recoñécense dous tipos de dereitos sobre a terra, o dereito do que a concede, e o dereito de quen a traballa. Persiste a xerarquía entre o señor, co seu dominio directo, e o campesiño, co seu dereito útil. Pero a diferenza dun simple arrendatario, o dominio útil outorga o dereito a dispoñer da terra.

> "El dominio útil es un derecho real efectivo en cosa propia, aunque subordinado según decimos; entraña efectivas facultades de disposición y, en su caso –esto, sobre todo, según los plazos del establecimiento-, sucesión de la tierra, aunque limitadas y condicionadas. Su principal limitación ha de radicar en la circunstancia de que la tierra correrá siempre gravada y devaluada con la carga de sus rentas, con la carga de sus censos y derechos señoriales concurrentes"[125].

O dereito sobre o útil recoñece a súa transmisión patrimonial, polo que a gran preocupación, dende a perspectiva xurídica, será a perpetuación do dereito. A diferenza dos arrendamentos, a enfiteuse é de maior duración, polo que aporta maior estabilidade e estatus na sociedade agraria. O foreiro acada diferenciación social dentro da masa campesiña. A súa aspiración será que o dominio útil sexa recoñecido de forma permanente e definitiva, evitando o despoxo. Sen embargo, o interese do directo estaba na recuperación do dereito, cumprido o longo prazo, para fixar novo canon á terra. Isto acontece, sobre todo no século XVIII, acorde coas novas necesidades económicas. As rendas en moeda ficaran depreciadas co paso das

[124] Villares distingue, no caso galego, tres tipos de dominios: señorial, directo e útil, onde o exercicio do directo estaba de facto nas mans do intermediario –habitualmente, fidalgo-, o útil era do levador ou traballador da terra. Villares, 1982: 11. Ao respecto, pode considerarse que as rendas señoriais proviñan dun directo desdebuxado, ás veces escurecido, polo andar do tempo.

[125] Clavero, 1982: 89.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeracións, mentres que as rendas en especie, implicaban outros gastos coma o transporte, a venda ou a conservación.

Dende a perspectiva económica, a división de dominios é o resultado da explotación agraria mediante contrato, carta ou escritura, polo que precisa a rúbrica dun escribán. Estes contratos agrarios reciben a denominación xeral de "censos". A forma habitual son censos enfitéuticos[126], que no caso galego se chaman "foros" e no catalán "rabassas". Establece quen traballa a terra, e estipula que as condicións de conservación da terra deben ser óptimas ou se invalida o contrato. O impago da renda tamén o anula. Tamén pode facer negocio e "enaxenar" ou alienar a terra, establecendo un subcontrato que depende do anterior.

> "su principal condicionamiento (...) han de contar siempre con el derecho superior del dominio directo, (...)así, en el caso de enajenación, el directo tiene un derecho de tanteo a la misma adquisición, eliminando de esta forma el útil, o, de no ejercerlo, tiene igualmente el derecho a un impuesto proporcional al precio de la operación, impuesto generalmente conocido como laudemio."[127]

A "enaxenación" permite ao posuidor do útil dar en renda a terra para que a traballe outro. É unha especulación da explotación que soporta o dominio útil que concede outro útil, mantendo os mesmos elementos de pago de renda e dereito subordinado. Esta "enaxenación" fará máis complexa a estrutura agraria, até perder a referencia dos dereitos e escrituras orixinarias sobre a terra. De esta especulación do útil provén a caótica situación administrativa das facendas señoriais no XVIII- XIX. Unha simple ollada ás fontes amosa o contraste antes do XVII e despois. Nese século pode observarse unha complexidade crecente nos modelos notariais de censos agrarios e consignativos. A terra vai estar cada vez máis subdividida e as rendas máis dispersas. Isto prexudicaba aos señores

[126] Tamén hai censos consignativos que por incumprimento da hipoteca pasan a ser unha parte máis dos censos agrarios. Principalmente, son as rendas en moeda asimiladas á terra. Os distintos tipos de censos foron estudados por Clavero, 1982: 83- 154.
[127] *Ibíd.*: 89.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do directo, que deixaban de percibir rendas por descoñecemento, o que motivou moitos prorrateos e litixios. Algo semellante atopou Tocqueville en Francia:

> "el señorío poseía registros, llamados *terriers*, en los cuales, siglo tras siglo, se iban anotando los límites de los feudos y de las enfiteusis, las rentas pagaderas, los servicios prestados, los usos locales. Yo he visto *terriers* del siglo XIV que son obras maestras de método, de claridad, de nitidez y de inteligencia. Se van haciendo más oscuros, indigestos, incompletos y confusos a medida que son más recientes, a pesar del progreso general de la ilustración"[128].

Estas dúas perspectivas dos dominios da terra, xurídica e económica, sinalan dúas frontes de loita entre señores e campesiños. O propósito da nobreza e clero é manter a propiedade ou dominio directo. Namentres, os campesiños, queren conservar o seu dereito adquirido sobre a terra. Estes últimos van empuxar en dúas direccións: 1) pola perpetuación do dereito; 2) pola redención dos contratos.

En canto a perpetuación do dereito, hai un bo exemplo desta pugna na coñecida Provisión de Carlos III de 1763 sobre os despoxos, que estableceu perpetuos os censos ou foros subscritos. Esta resolución rexia beneficiou aos que tiñan o dominio útil, en detrimento dos señores do directo dominio, que non poderán recuperar os bens para fixar novos contratos. Os dereitos sobre o útil quedaban recoñecidos a perpetuidade, un primeiro paso para ficar coa propiedade[129].

> "entendemos la propiedad como una articulación entre dominio útil, conferido implícitamente al trabajador de la tierra antes de 1763 y explícitamente a partir de la consideración del sistema foral como perpetuo, y el dominio directo, que puede ser múltiple y escalonado"[130].

[128] Tocqueville, 1969 [1856]: 43.

[129] Os fidalgos, xunto cos labregos, gañan esta disputa fronte as grandes casas nobiliarias e mosteiros. Para Villares neste momento é cando se asenta de xeito rotundo a dicotomía directo/útil, no tardío século XVIII. Villares, 1982: 11-12.

[130] *Ibíd*..O útil sempre correspondería co levador, o directo xerarquizaríase.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á redención dos contratos, era posíbel para os censos crediticios, pero non se estipulaba no caso dos agrarios. Así e todo, será o camiño para acadar a propiedade plena despois da revolución liberal. No caso galego, vertebrará un movemento agrarista arredor da redención foral, que non culminará até 1926. Unha mostra máis desa *persistencia* do Antigo Réxime que dicía Mayer.

Unha terceira vía para rematar coa división en dominios da terra, iso que Pierre Vilar cualificou de «semifeudal» ou «semiseñorial», pasaba pola intervención do Estado. Isto é, a desamortización. Durante o século XVIII intensificáronse as críticas contra o inmobilismo agrario. Os campesiños, pola súa banda, eran cada vez máis conscientes da inxustiza do sistema, mais semella que se conformaban coa perpetuidade do dominio útil. Namentres, a percepción ilustrada demandaba a liberalización do mercado da terra. Anteriormente, aludiuse aos esforzos reformistas dentro do Estado absolutista. O ministro Campomanes foi un dos seus promotores, redactando o famoso *Expediente da Lei Agraria* (1768). O seu obxectivo era apoiar ao pequeno produtor, á poboación, removendo os estorbos. Resulta elocuente a súa crítica das "mans mortas" e a súa estratexia deliberada de despoboar territorios para recuperar o seu dominio.

Anos despois, o ilustrado Jovellanos escribiu o *Informe sobre a Lei Agraria* (1795) insistindo nas mesmas cuestións: hai que liberalizar a terra, hai que impedir máis vinculacións. Estes traballos serán a inspiración das desamortizacións eclesiástica e civil do XIX.

Para finalizar, enuméranse a modo de síntese as seguintes premisas historiográficas sobre a cuestión agraria:

1. A terra era a base produtiva do Antigo Réxime. A fonte de riqueza.
2. As chamadas "mans mortas"[131] tiñan o control da terra a través dun dereito herdado que se consolida coma directo dominio. Vivían do traballo campesiño.

[131] No caso galego, o directo estaba maiormente nas mans do clero. Nesta tese non se abunda no estamento eclesiástico, aínda que aparecerá aludido en relación coa fidalguía, que constitúe o obxecto de estudo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3. Os campesiños conseguiran reducir a presión señorial até ficar nun sistema de rendas. O recoñecemento do seu dereito sobre o útil foi unha importante conquista.[132]
4. A complexidade crecente tanto nos contratos e como na estrutura agraria propician a relevancia social de letrados e administradores, así como dos intermediarios entre os dominios directo e útil.
5. A terra antes da revolución precisaba con urxencia unha reforma estrutural, asunto que foi obxecto de debate ilustrado.

[132] O papel do campesiñado suscitará numerosas publicacións. Adóitase subestimar o seu papel na revolución, atinxindo comportamentos e actitudes retardatarias como algo propio da (in)cultura rural. Tamén se aducen intereses conservadores pola súa condición de pequenos propietarios. Rachando con todo isto, hai outras lecturas que teñen salientado a forza campesiña no derrubamento do Antigo Réxime. P.T. Hoffman, J.M. Moriceau, Saint Jacob, J. Markoff, que mereceron un comentario historiográfico en Fontana, 1997: 215- 219.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1.3. ESTADO DA CUESTIÓN (II): O ESTAMENTO NOBILIARIO NO CONTEXTO EUROPEO

1.3.1. Diversas cristalizacións do Antigo Réxime[1]

A visión tradicional do Antigo Réxime presenta un sistema único, sólido e inalterábel. Tal e como se observou no anterior capítulo, os seus alicerces residían nunha economía agraria, a sociedade estamental e a monarquía absoluta[2]. A pesares da forza descritiva do modelo, cada caso empírico vai desenvolver unha serie de singularidades nos distintos procesos históricos que percorreron a Idade Moderna, coma, por exemplo, na concentración do poder político ou nas tentativas de mobilidade nunha estrutura social ríxida. Numerosos autores inciden na diversidade espacial e temporal fronte a imaxe homoxénea do Antigo Réxime. Nin sequera se pode contar cun "medio temporal uniforme". Para Anderson, as diferenzas cronolóxicas reflicten as súas "respectivas naturalezas" coma Estados:

> "El absolutismo español sufrió su primera gran derrota a finales del siglo XVI en los Países Bajos; el absolutismo inglés fue derribado a mediados del siglo XVII; el absolutismo francés duró hasta el final del siglo XVIII; el absolutismo prusiano sobrevivió hasta finales del siglo XIX; el absolutismo ruso sólo fue derrocado en el siglo XX. Las amplias diferencias en la cronología de estas grandes estructuras correspondieron inevitablemente a una profunda diversidad en su composición y evolución. Y (…) ninguna temporalidad singular puede cubrirlo"[3].

Os contrastes máis acusados prodúcense entre a Europa Oriental e a Occidental segundo unha liña imaxinaria entre o mar Báltico e o Adriático que delimitaría a cesura, herdanza da marca. Ao oeste,

[1] A noción de "cristalización" é recorrente na obra do historiador portugués Nuno Monteiro (1998, 2013) no senso de estruturación, en contraposición aos procesos de mobilidade social e desintegración.
[2] Villares, 1989: 103.
[3] Anderson, 1979: 4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fraguábase unha certa "unidade cultural europea"[4]. Namentres, ao leste do río Elba, permanecían as relacións feudais de servidume coma base do sistema socioeconómico[5], aumentando a distancia e delimitación social de privilexiados e plebeos[6].

Esa "unidade cultural europea" de Occidente evoca unha organización social semellante, onde as súas particularidades non afectaban á orde estamental. Sen embargo, no eido político son máis evidentes as diferentes cristalizacións do Antigo Réxime. Francia representaba o modelo máis acabado de absolutismo. Inglaterra tivo, pola súa parte, un absolutismo fráxil e de máis curta duración. Os reinos ibéricos integrados no Imperio Hispánico eran na realidade un "montaje destartalado" arredor da figura do monarca. É dicir, un xigante "imponente", con pés de barro. A consistencia dunha inmemorial estrutura agraria, con relacións produtivas "semifeudais", na expresión de Pierre Vilar, é o reflexo dun absolutismo dos Austrias "modesto y limitado en su desarrollo interior", mentres focalizaba os seus avances na expansión imperial[7].

O contexto sociopolítico do Antigo Réxime descóbrese coma un froito da "cambiante relación entre la nobleza y la monarquía, y en los múltiples y concomitantes virajes políticos que fueron su correlato"[8]. Coroa e aristocracia protagonizan unha tensa pugna entre as accións autoritarias pola concentración do poder no Estado e as reaccións e/ou adaptacións nobiliarias. A guerra civil inglesa ou os episodios da Fronda francesa son mostras da combatividade da nobreza, curiosamente coincidentes no tempo[9]. O fío dos acontecementos vai depender, en boa medida, do perfil das distintas nobrezas europeas, así

[4] Domínguez Ortiz, 1973: 13.
[5] Hobsbawm, 2009: 21- 23.
[6] Rudé, 1982: 14.
[7] Anderson, 1979: 57, 80, 111.
[8] *Ibíd*.: 38.
[9] As "mazarinadas" ou insurreccións da nobreza francesa tiveron lugar entre 1648 e 1653, baixo a rexencia de Ana de Austria pola minoría de idade de Luís XIV. En paralelo, as guerras civís nas Illas Británicas, tamén coñecidas coma guerras dos Tres Reinos, aconteceron entre 1642 e 1651, tendo coma resultado o único período republicano, a Commonwealth (1649- 53) e o Protectorado de Cromwell (1653- 59). A vitoria do Parlamento significou a defunción do absolutismo. A monarquía regresaría en 1860, na cabeza de Carlos II, quen tivera de preceptor a Thomas Hobbes. Unha coroa máis feble sustentada pola teoría contractualista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

como do abano de respostas posíbeis que os caracterizaba coma grupo social diferenciado. Pode contemplarse, pois, dende unha perspectiva estrutural, que considera o privilexio coma unha institución social, e tamén dende unha perspectiva dinámica, que pondera nos seus actos o valor do aprendido[10].

Resulta indispensábel recorrer á abundante bibliografía para identificar trazos xerais e particulares do estamento, así como para distinguir aqueles aspectos de índole estrutural, daqueles outros estratéxicos. Os estudos da nobreza europea en perspectiva comparada teñen este ousado propósito, sendo unha tarefa arriscada, senón imposíbel por mor da súa xeneralidade. Numerosos autores teñen embarcado nesta empresa, permitindo facer un balance historiográfico.

De entrada, non existe unha denominación única de nobre no marco europeo, e as comparacións entre rangos son algo forzadas. Por exemplo, a sociedade rusa non tiña ningunha voz para designar o estamento nobiliario, sendo *dvoryanstvo* o termo máis próximo e só a partires de 1785[11]. A *noblesse* francesa, *peerage* británica, *Adel* xermánica, *Grandes* e *títulos* ibéricos; son distintas denominacións que poden limitarse só a alta nobreza, coma os *Lords* ingleses, ou abranguer os distintos graos nos que se subdividía o estamento, coma os señores, cabaleiros e *junkers* alemáns, que eran todos *Adel*[12]. "Xentilhome" era un tratamento xenérico de nobreza en Castela ou Francia[13], que tamén podía incluír propietarios sen privilexio, coma acontecía nos estados italianos e na boa educación inglesa. Para ser máis exactos, os "gentlemen" ingleses, sen título nin privilexio, eran aristócratas, afeitos a "dar órdenes", e que gozaban dun mínimo de rendas anuais[14]. Esta arela xeneralizada de distinción motivou tamén certas producións lingüísticas que significaban á nobreza coma o "de" francés, e "von" ou "zu" alemán[15]. Estas representacións lingüísticas da distinción social tiveron distintas traxectorias co andar do tempo,

[10] En sintonía cos conceptos de "repertorio" de Tilly e de "habitus" de Bourdieu.
[11] Scott, Storrs, 1995: 11; Lukowski, 2003: 1; Rudé, 1982: 15.
[12] Lukowski, 2003: 3.
[13] Duby, 1993: 234. *Gentilhomme* coma xenérico da nobreza, procede da cabalaría.
[14] O parlamento inglés reunido en Coventry en 1474 fixara en 10 libras as rendas dos *gentlemen* para o seu recoñecemento. Powis, 2007: 12- 13.
[15] Labatut, 1978: 10; Scott, Storrs, 1995: 10.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

chegando a vulgarizarse nalgúns casos, coma aconteceu co "don" castelán durante o século XIX[16].

A noción de "aristocracia", na interpretación aristotélica de goberno duns poucos, os mellores, indícanos o seu "vínculo con la autoridad y el liderazgo"[17]. O uso habitual de nobreza e aristocracia coma sinónimos procede do exercicio exclusivo do poder por parte do estamento nobiliario. Isto é, da facultade atribuída á nobreza para "dar órdenes"[18]. Neste senso, Labatut subliña a importancia do Renacemento para transformar, mediante a idea de superioridade, a orde social medieval. A identidade cabaleiresca do estamento nobiliario foise abrindo a novas facetas económicas, políticas e culturais. Aquela tradicional función militar dos *cavalieri* (Italia) ou *chevalerie* (Francia) transfórmase nos seus feudos nun distintivo "live nobly"[19]. Tamén a educación universitaria favorecería este abandono do ideal cabaleiresco, ao tempo que os procedementos xudiciais van substituír aos enfrontamentos directos. É o cambio das armas polas togas: «*Cedant arma togae*»[20]. De tal xeito, a finais da época baixomedieval, aínda perdura a identidade dunha nobreza a cabalo, pero cun estilo de vida diferenciado, cada vez máis refinado[21].

A corrente humanista veu xustificar a primacía social da nobreza, apoiándose nunha reinterpretación da desigualdade humana dende o antropocentrismo, fronte as correntes escolásticas medievais. Estaban a darlle azos ao poder temporal na sociedade[22]. Ese poder temporal está encarnado polos *mellores*, unha orde natural transmitida polo sangue, con dereito a gañar, gobernar e vivir coma superiores. Para Powis, esta aristocracia da Idade Moderna toma en parte a teoría clásica, pero conservando as raíces medievais da *noblesse*[23]. Así, pode explicarse este uso tardío e restrinxido do termo "aristocracia", xa que non todos os nobres eran aristócratas, pero si todos os aristócratas eran, ou remataban sendo, nobres.

[16] Irving Thompson, 1995: 235.
[17] Powis, 2007: 10. Aristóteles, 1996: 95- 96.
[18] *Ibíd*.: 15
[19] Lukowski, 2003: 6.
[20] Citado en Villares, 1999: 37.
[21] Scott, Storrs, 1995: 9.
[22] Labatut, 1978: 8- 9.
[23] Powis, 2007: 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A continua adaptación do estamento nobiliario reprodúcese no Antigo Réxime coma perfeccionamento. Procúrase a excelencia: fornecer a súa posición e dereitos, ao tempo que prolifera unha cultura aristocrática coma ideal. A nobreza vaise formar nas universidades, chegando incluso a un "entusiasmo intelectual" que eleva o discurso do estamento no seu conxunto[24]. O tradicional hermetismo do monopolio monacal queda roto, creándose unha nova educación, novos valores, novos campos da administración, para estas novas camadas nobiliarias. A segunda orde da sociedade acadou entón na práctica o primeiro nivel, tendo en conta que o *extraordinaire* poder eclesiástico non era competidor na esfera temporal, senón aliado. Descendentes das grandes Casas ocupaban os altos cargos da Igrexa e xuntos, ambos grupos privilexiados, "vivent en harmonie"[25]. Nesta sintonía de intereses, aliáronse para facer a guerra aos outros credos que abrollaron coa Reforma, que, a súa vez, buscaron o correspondente apoio económico e militar doutras liñaxes nobiliarias.

A relixión é un elemento central para comprender a posición e actitude da nobreza no Antigo Réxime. De feito, vai imprimir o seu selo nas diferentes nobrezas europeas, tanto na súa dimensión militar e dinástica, coma na ética. A súa investigación é tan pertinente como o acceso ao estamento, a súa organización e conflitos internos[26]. A nobreza castelá, por exemplo, identificábase coa tradición católica até tal punto que defendeu a "limpeza de sangue" de "cristiano viejo" fronte musulmáns e xudeus. Este requisito de pureza da liñaxe configurou unha xerarquía "paralela"[27], de tal xeito que un "pechero limpio" podía estar mellor considerado que un *hidalgo* ou *ricohombre* que non o era[28]. Este feito excepcional na Europa Occidental pode cualificarse coma propio de unha "société de castes, ce qui fait le caractère original du pays"[29].

[24] A *landed gentry* inglesa viviría este "entusiasmo intelectual" a comezos do século XVII, sendo perceptíbel no nivel dos discursos na Cámara dos Comúns entre 1620 e 1640. Stone, Stone, 1986: 398.
[25] Labatut, 1978: 10.
[26] Stone, 1976: 21.
[27] Domínguez Ortiz, 1973: 14.
[28] Irving Thompson, 1995: 182.
[29] Labatut, 1978: 11.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O poder material e simbólico da Igrexa chegaba a ser ilimitado, coma acontecía no caso galego. Era a señora da meirande parte do territorio. A función da fidalguía consistía en cubrir o baleiro nobiliario dende unha posición dependente, de intermediario. A orixe e expansión fidalga explícase, en parte, pola necesidade de que alguén dirixa os traballos e as xentes, e que, a súa vez, se someta ao poder do estamento eclesiástico. De facto, a fidalguía converteuse no grupo reitor da sociedade galega no Antigo Réxime, co beneplácito do poderoso estamento eclesiástico[30]. As estreitas relacións persoais entre Igrexa e fidalguía, sobre todo polo parentesco entre os seus membros, desembocaban nunha confluencia de intereses de carácter simbiótico.

Un caso antagónico pode advertirse nas Illas Británicas, onde a Igrexa foi desposuída dos seus bens e cultos, para arrogarse a Coroa a xefatura dunha relixión nacional. Era o cisma anglicano, unha ruptura que non só estaba motivada no divorcio de Enrique VIII. A *landed gentry* sairía directamente beneficiada ao adquirir estas terras baixo o amparo rexio, que, á súa vez, enchía as arcas do Estado. En definitiva, a estruturación interna do estamento nobiliario víase afectada pola combinación variábel dos fundamentos da época: estrutura agraria, absolutismo, guerras dinásticas, educación letrada, relixión.

1.3.2. Privilexios e diferenciación interna

A permanencia dos seus dereitos e privilexios é outra mostra das distintas cristalizacións históricas que atopamos en Europa. O estatus nobiliario tiña atribuídos uns dereitos e obrigas instituídas coma privilexios. Numerosos e variados, podían ser de distintas naturezas: políticos, xudiciais, fiscais, sociais[31]. A exención fiscal foi o máis cobizado dos seus dereitos. Prerrogativa común entre os privilexiados continentais, non a desfrutaban os británicos. Estes últimos gozaban de poucos restos das antigas inmunidades. No eido xurídico, un *peer* tiña dereito a ser xulgado por outro *peer*, pero nunca por débedas, que non constituían delito para un nobre. O resto de grupos con estatus: *baronets*, *knights*, *squires*, *gentlemen*, non posuían ningún tipo de

[30] Saavedra, 2007: 145, 170.
[31] Scott, Storrs, 1995: 11- 13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

privilexio[32]. Logo, poden denominarse privilexiados aos nobres ingleses?

Para comezar, debe distinguirse entre a nobreza titulada, *peerage*, daqueles outros *gentlemen* (squires, gentry), con estatus e escudo de armas, pero ningunha inmunidade que atesourar. Así e todo, a sociedade inglesa, e por extensión, a británica, foi un exemplo de marco legal igualitario: "par y plebeyo eran iguales ante la ley y, legalmente, tenían el mismo acceso a la función pública e igual derecho a la propiedad de la tierra, el comercio o la industria"[33]. A única salvedade residía na representación política. Neste aspecto, había unha clara distinción entre alta nobreza por unha banda, e *gentlemen* pola outra, co obxecto de ocupar as súas correspondentes cámaras parlamentarias, Lores e Comúns. O privilexio nobiliario inglés non era económico, apenas xurídico, mais si adoptaba fórmulas sociais de recoñecemento, nomeadamente a "deferencia", así como o dereito á representación política dos Lores. Motivos ambos para cualificar a aristocracia británica coma unha nobreza forte, estábel e restrinxida[34].

Esta función política da nobreza tamén se desenvolve noutras áreas europeas, tanto en órganos de *consilium* á Coroa[35], coma no goberno e na administración. As grandes Casas nobiliarias ocupan os cargos políticos máis relevantes, coidando de manter este couto exclusivo de poder fronte o ascenso social dunha nobreza letrada. En Francia, por exemplo, a antiga *noblesse d'épée* tiña un rango superior á nova e rica nobreza administrativa ou *noblesse de robe*[36]. A espada e a toga simbolizaban as súas respectivas orixes e honores. A precedencia da espada non impediu o ascenso social dos togados, nun contexto no que a casa real se transforma nunha estrutura burocrática.

Regresando á Facenda Pública, a nobreza continental adoitaba estar exenta das contribucións directas. Caso emblemático ocupan os

[32] Stone, Stone, 1986: 407.
[33] Rudé, 1982: 13.
[34] Stone, Stone, 1986: 402- 403.
[35] *Parliament* en Inglaterra, *États Généraux* en Francia, Cortes en Castela e Portugal, *Landtag* en Alemaña.
[36] Rudé, 1982: 13. Volverase máis adiante sobre esta distinción entre nobreza de espada e toga.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

privilexiados franceses, exonerados da odiada *taille*, que gravaba as rendas e a terra. Algunhas cidades e rexións, coma Bretaña, tamén estaban exentas deste tributo persoal, así como bastantes burgueses acomodados, rexedores e xustizas. O certo é que o Estado absoluto outorgaba arbitrariamente a exención coma una mercé rexia, agravando a situación da Facenda, que a súa vez procuraba ingresos pola imposición indirecta e de consumos. En consecuencia, a exención das taxas directas gañou máis valor simbólico que monetario, xa que non era unha "real financial advantage"[37].

Así e todo, deixar de ser considerado peiteiro era un primeiro chanzo para ennobrecerse, polo que moitos propietarios empregaron distintas argucias para cambiar de estamento sen que ninguén o percibise ou lembrase. Ben, mediante a compra dun oficio público, ou ben, no traslado a unha vila ou cidade, os mecanismos para o ascenso social eran variados e prometedores. Incluso encargaban xenealoxías de dubidosa antigüidade e pagaban por falsos testemuños que acreditaban a liñaxe. A vella nobreza desprezaba a estes "intrusos", "advenedizos"[38] ou "desembarcados", imperando unha identidade de "casta"[39], malia que o aumento da baixa nobreza facía ascender o cumio social. Aparecen, entón, distintos círculos sociais xerarquizados, nunca coincidentes, sempre diferenciados en rango, de tal xeito que só se recoñecía a relación entre iguais. Se non "existía *convivium* ni *connubium* no pertenecían al mismo grupo social"[40].

Para distinguirse do terceiro estado, tanto a alta como a baixa nobreza empregaban unhas formas sociais de privilexio, ou privilexios sociais[41]. Un nobre podía portar armas na vida civil, usar certas roupas e carruaxes. Nas igrexas, capelas e procesións tiña un lugar reservado cunha localización física preeminente: no altar, nun balcón ou na cabeceira. Outros dereitos herdados do señorío, como o monopolio da

[37] Scott, Storrs, 1995: 12.
[38] Powis, 2007: 33- 37.
[39] Meyer, 1972: 346, 350- 351. Distingue entre a nobreza antiga "durminte", e a nova nobreza "desembarcada". Na Bretaña francesa, os primeiros actúan coma "casta", con instrumentos coma as xenealoxías, facendo gala da súa superioridade moral, e fornecendo as súas clientelas locais. Eran abertamente hostís coa administración rexia.
[40] Domínguez Ortiz, 1973: 49.
[41] Scott, Storrs, 1995: 12- 13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

caza, pesca e *banalités* (muíños, fornos, lagares) fornecían esa superioridade social e moral da nobreza sobre os campesiños[42].

No conxunto de privilexios tamén había lugar para as protecciónsxudiciais, que adoptan diversas formas en cada territorio e Estado. Principalmente, e como xa apuntamos sobre a nobreza inglesa, teñen a consideración de persoa xurídica privilexiada que só pode ser xulgado polos seus pares. Na Coroa de Castela contemplaban multitude de medidas xudiciais excepcionais, entre as máis salientábeis: non ser atormentado nin sufrir penas de agravio, penas máis leves, prisión non común (sendo recluídos normalmente nas súas casas), exentos de condenas por débedas, imposibilidade de embargar as súas armas e cabalos, ...[43]. A maiores destes dereitos persoais, a nobreza ocupaba os cargos das institucións xudiciais, dirimindo sobre os comúns e os nobres. Esta potestade xurisdicional, ora coma remorso señorial, ora coma representación rexia, convertía aos nobres en pequenos deuses na terra.

En definitiva, os dereitos, prerrogativas e privilexios estamentais eran unha patente ou proba de nobreza, de enorme valor para ser recoñecido coma tal. No continente, marcaba a cesura co vulgo, en Inglaterra distinguía a alta nobreza dos *gentlemen*. Así mesmo, os privilexiados obtiñan beneficios e honores destes dereitos. A maioría dos nobres europeos tiñan exención tributaria, unha xustiza de seu, potestade para dispor de agros, montes e campesiños. Era un estamento protexido ante calquera eventualidade. O seu cometido era perdurar na cimeira social.

1.3.3. Aspectos da nobreza[44]

A modo de definición, a nobreza europea foi un grupo social diferenciado instituído coma estamento privilexiado, cunha estrutura interna xerárquica, de transmisión hereditaria con preferencia pola primoxenitura, que mantiña o control económico, xurídico e político das comarcas agrarias, guiados polo *ethos* do honor. Esta identidade estamental, presente ao longo de Europa a pesares das diferenzas

[42] Rudé, 1982: 14.
[43] Domínguez Ortiz, 1973: 40- 41.
[44] Parafraseando o título de Cannadine, *Aspects of Aristocracy*, 1994.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

socioculturais, salienta aspectos en común: nacemento, privilexio, terra, riqueza, educación, vivir nobremente, potestade xurisdicional,... En síntese: riqueza, estilo de vida, a Casa e o acceso á política ou Estado[45].

Pero ningún destes aspectos citados resultaba imprescindíbel. Houbo grandes liñaxes que minguaban en estatus, normalmente pola creba económica das súas casas, coma os chamados *Barnabotti* venecianos, que non logran impedir o ascenso social da riqueza[46]. Non obstante, outras Casas de nobreza antiga desapareceron por motivos biolóxicos, ao non deixar descendencia[47]. Era habitual que os novos aristócratas, que compraran o título con moeda ou servizos, borrasen unha orixe humilde en dúas ou tres xeracións. Tamén houbo Casas de avoengo que ficaron illadas na vida rural, sen refinar os seus rudos modais. Lonxe da vida cortesá, desvalorizaban o seu estatus de liñaxe antiga, sendo obxecto de crítica da alta nobreza[48]. Outros Grandes títulos emprenderon aventuras políticas ou comerciais. Maiormente, os pequenos señores eran grandes amos dos seus dominios e veciños, mais non merecían consideración alén das súas aldeas, como acontecía cos numerosos -e moitos empobrecidos- *szlachta* polacos fronte aos grandes magnates[49]. Estes szlachta, coma outros pequenos señores rurais, gardan semellanzas coa fidalguía galega.

As combinacións foron múltiples e caprichosas, pero a excepción non oculta a norma. O canon nobiliario do Antigo Réxime sostíñase na triangulación da riqueza, o estatus e o poder. Os traballos pioneiros de Lawrence Stone fixaron de xeito paradigmático unha imaxe da

[45] Stone, Stone, 1986: 52. Resumen en catro elementos as características comúns das elites nobiliarias inglesas: riqueza, estilo de vida, casa ou mansión, e acceso á política ou Estado.
[46] Rudé, 1982: 13.
[47] Powis, 2007: 32- 33. Se Rudé explica o devalo dos Barnabotti na súa mingua económica, Powis sinala o fracaso reprodutivo da nobreza veneciana, con poucos casamentos e fillos, provocando a extinción de moitas liñaxes.
[48] Estuda Dewald a ambición política da nobreza francesa do século XVII, advertindo que os nobres que permanecían nos seus dominios rurais eran criticados pola súa "incapacity", "as morally shameful", "as the result of political failure, physical decay, or indifference to honor". Un discurso da "holy ambition" que empuxaba á vida cortesá ás liñaxes nobiliarias que se prezaran da súa condición. O rural quedaba para unha nobreza menor. Dewald, 1993: 16- 20.
[49] Rudé, 1982: 13. Os Szlachta "conservaban poderes de vida y muerte sobre sus siervos" hasta 1768.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aristocracia coma unha elite con tres facianas ou coma tres grupos que traballaban en común.

> "Cada sociedad posee su élite o, mejor, estas tres élites"[50]. "They were thus an elite of wealth, status, and power"[51].

Esta tripla análise de Stone foi secundada por outros historiadores. Cannadine sustenta o seu voluminoso estudo da decadencia da aristocracia británica nestes tres aspectos, pero atribuíndo a Max Weber a orixe destas categorías[52]. O sociólogo alemán facía unha lectura multidimensional da estratificación nas sociedades, de tal xeito que se dan distintas posicións en cada unha destas esferas. Unha persoa podía pertencer a unha clase económica alta, pero ser pouco estimado ou non honorábel, talvez por unha actividade política de partido ou facción que fracasou, ou que foi fraudulenta[53]. Esta combinación weberiana de economía, estatus e poder tería entón gran utilidade heurística para a investigación histórica da Idade Moderna.

Tradicionalmente, o estatus constituía a pedra angular da sociedade do Antigo Réxime, tal e como se aprecia nas fontes. A interpretación marxista puxo o foco na riqueza: clases, relacións de dependencia, propiedade. Outras lecturas puxeron en valor a autoridade nobiliaria sobre a poboación, sobre a lexitimidade que lle concedía a riqueza, a terra, a liñaxe[54]. A contribución de Weber supón a recuperación da noción de estatus coma "an essential form of social power because it deeply affected the life opportunities of individuals"[55], pero tamén a identificación do Estado coma variábel explicativa do mesmo rango.

O revisionismo do *estatus* fixo agromar novos estudos sobre o Antigo Réxime. A proposta de Powis discrimina entre estas categorías

[50] Stone, 1976: 21.
[51] Stone, Stone, 1986: 53.
[52] Segundo a reinterpretación das mesmas que fai W.G. Runciman. En Cannadine, 1990: 8, 698.
[53] Powis, 2007: 18- 19. O honor pode ser interpretado coma o respecto a un "código". O "deshonor era la pena impuesta por violarlo".
[54] Lukowski, 2003: 10.
[55] Bossenga, 2006: 48.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de análise. Así, parte do estatus para percorrer en liña recta "un camino que va del estatus a la riqueza, y de ahí al poder"[56]. Tamén Bossenga adopta o enfoque do estatus, nas súas diferentes dimensións formais e informais, salientado o seu *central role*. Apoiándose en Mousnier e en Weber, distingue a sociedade do Antigo Réxime da sociedade de clases. O honor definía as posicións e lexitimidades estamentais, polo que riqueza e poder van precisar da conquista do estatus para o seu ascenso social[57].

As categorías weberianas, tal e como as empregaron Stone ou Cannadine, poden aportar unha perspectiva máis poliédrica da nobreza europea. Son tres elementos interrelacionados (riqueza, estatus, poder) nun mesmo plano categorial que permiten cubrir o abano de situacións nobiliarias, tamén prenobiliarias, no continente.

> "Como los políticos afortunados y la gente muy rica fueron por lo general recompensados con un título, los pares constituyeron al mismo tiempo el mayor componente de una élite social, de una élite de la riqueza y de una élite del poder"[58].

O valor das súas fortunas, o seu prestixio e potestade insírense e proxéctanse nunha trama histórica de relacións dentro e fóra do estamento. En consecuencia, debe terse en conta tanto unha faciana estrutural, coma unha estratéxica ao xeito de dinámicas de acción, para completar o cadro con aqueles usos e costumes que arrodeaban o seu vivir nobremente.

> "las diferencias entre las sociedades deben buscarse en gran medida en las diferentes características de sus élites: en las relaciones entre los grupos superpuestos que las componen, en el grado de unidad o división entre ellas, en el sistema de reclutamiento, en la facilidad o dificultad de acceso, y en el marco ético y religioso de sus vidas"[59].

[56] Powis, 2007: 9.
[57] Bossenga, 2006: 46- 49.
[58] Stone, 1976: 21.
[59] Stone, 1976: 21.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3.4. Poucos ingleses, algúns franceses, bastantes casteláns

Afondarase, a continuación, en tres casos paradigmáticos: inglés, francés e castelán, observando as semellanzas e diverxencias que gardan coa situación social da fidalguía galega. Non hai lugar para realizar un estudo comparado rigoroso, mais si para algúns apuntamentos historiográficos que amplíen a caracterización do contexto europeo. Quen eran? Que condicións de riqueza, estatus e poder desfrutaban? Que motivacións os acompañaron?

Os *peers* ingleses eran unha elite moi reducida, malia incluír todos os títulos de nobreza, dende o duque até o barón. Apenas existían corenta en tempos de Henrique VII, aumentando a 150 despois das guerras e da *Commonwealth*[60]. Namentres, a alta nobreza francesa e castelá medraba exponencialmente polas regalías da Coroa. É dicir, partindo de cifras similares no século XVI, padeceu unha inflación de honores continuada, exemplificada no reinado de Carlos II en Castela, que concedeu 287 títulos, en comparación cos 233 que nomearan en total os seus predecesores[61].

Sen embargo, poden manexarse outros datos mediante o cálculo da totalidade do estamento respecto á poboación. A cifra inglesa segue a ser baixa, menos do 1%. A publicación de Burke en 1883 menciona 4.250 familias de *landed gentry*, incluídas Gran Bretaña e Irlanda. En conxunto forman una pequena elite, con trazos de casta. Semella imposíbel calquera comparación cos 250.000 nobres de Austria e Hungría ou cos 600.000 rusos[62]. Tamén os franceses suman centos de miles de nobres, aínda que non existe *quorum* sobre o dato. Os 400.000 nobres estimados polo abade Coyer en 1756, contrastan cos 110.000 de Sièyes na véspera da Revolución[63]. O arquitecto militar de Luis XIV, Vauban, cifraba á nobreza en 260.000 no ano de 1707. Esta disparidade tan grande motiva unha polémica historiográfica[64]. Malia

[60] Arredor de 1660 a nobreza inglesa "re-emerged" na Cámara dos Lores, despois de 15 anos desastrosos. Cannon, 1995: 54, 59- 60.
[61] Domínguez Ortiz, 1973: 71.
[62] Cannadine, 1990: 12, 20.
[63] No seu célebre *Que é o Terceiro Estado?*
[64] Jean Meyer estima 350.000 na fin do Antigo Réxime. Chaussinand- Nogaret, apóiase en Sièyes, para calcular 120.000. Henri Carré, 230.000, mentres que Roland Mousnier, Vivian

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a todo, a proporción con respecto á poboación mantense baixa, entre o 0'75% e o 1%[65].

No caso de Castela, a porcentaxe dispárase ao 10%, atendendo ao rexistro de 134.223 *hidalgos* en 1591, aínda que hai que puntualizar unha desigual distribución no territorio[66]. No Cantábrico, a fidalguía supera o 75% da poboación, mentres que no sur peninsular tan só representa o 2%, mesmo dato que en Cataluña, Aragón e Valencia. No territorio galego tamén se observan distintos resultados segundo a comarca. Algunhas vilas e parroquias podían superar o 10% de familias fidalgas, mais a media se situaría entre o 1% e o 3%[67]. En canto á nobreza titulada, apenas se contabilizan 40 ou 50 familias a comezos do XIX. Valores modestos que singularizan a situación social galega con respecto aos seus veciños asturianos e leoneses.

Se ben, as distintas nobrezas europeas diverxen cuantitativamente, poden percibirse semellanzas na súa estrutura interna. Os *ducs et pairs* de Francia ocupaban o rango de máis alta nobreza, só superado pola familia real, ao igual que os seus homólogos peers ingleses e os *Grandes de España*. Pares e Grandes eran unha "dignidade" outorgada pola Coroa que os aproximaba ao monarca. Salvando as distancias, estas grandes familias inglesas, francesas e castelás semellan ter un "*air de parenté*" entre elas [68]. No eido militar, o rango máis alto do Estado francés estaba reservado para *connétables* e *maréchaux*, similares aos almirantes, condestables e *adelantados* de Castela[69]. Estas dignidades militares tiñan un rango superior aos Pares e Grandes, mais era unha vontade da Coroa, non estatus de nobreza.

Por baixo do cumio de honor, os respectivos estamentos xerarquizábanse en rangos, títulos e dignidades. O rango de *chevalier*

Gruder e Rohan Butler apostan por 400.000 nobres. Sobre a cuestión, Lukowski, 2003: 12-13; Swann, 1995: 143- 144; Mettam, 1995: 114.

[65] Swann, 1995: 143- 144. Entre o 0'4 e o 1'4 se atendemos as cifras extremas sobre un total de 28.000.000 de franceses cara finais do século XVIII. Lukowski, 2003: 12- 13.

[66] Irving Thompson, 1995: 175.

[67] O reconto do Catastro de Ensenada suma 10.935 fidalgos, menos do 1% da poboación galega. En Villares, 1999: 38. Saavedra (2007: 145) calcula entre o 2'5% e o 3%, unhas 2.500 familias en 1591, chegando a 7.500 a mediados do XVIII. Na xurisdición de Trasdeza a fidalguía representaría o 1'86% cara 1700. Rodríguez Ferreiro, 1973: 83.

[68] Labatut, 1978: 67- 68.

[69] Atienza, 1987: 19- 22.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en Francia atribuíase ás familias máis nobres, mentres que a maioría da nobreza tiña rango de *écuyer* ou *valet*[70]. Los títulos de marqués, conde, vizconde e barón tiñan precedencia sobre o *Seigneur*, tratamento que subliñaba a posesión dun feudo. Estes, á súa vez, gozaban dun estatus superior aos *hobereaux* rurais[71], terratenentes sen título, pero con escudo de armas e privilexio. A dignidade de *Seigneur* podía ser empregada habitualmente para aludir á nobreza, como acontece co *Lord* ou *Señor*. Tamén *gentilhomme* era un xenérico que englobaba toda a *noblesse*, como acontecía co *gentlemen*, ou á *hidalguía* castelá, orixe de toda a nobreza[72].

Os *Baronets*, *knights*, *squires*, e *armigers* ingleses constituían un segundo chanzo da nobreza, recoñecidos con título menor e tratamento de *Sir*, que se distinguía do simple *landed gentleman*. Todos eles conformaban a *gentry*, por oposición á *peerage*, nobreza titulada, modelando un estamento dual: *grandees* e *gentry*[73]. Certamente, dúas nobrezas, unha superior e outra menor, ou especificamente, nobreza e *gentry*[74]. En Castela, os Títulos tiñan rango de alta nobreza, mentres que os señores de vasalos, cabaleiros e fidalgos completaban, en sentido decrecente, a xerarquía nobiliaria[75].

Ademais destes rangos, existían distincións pola vía de ennobrecemento. A "nobreza inmemorial" ou "de sangue" aplicábase ás liñaxes de orixe feudal. A "nobreza de privilexio" era de concesión rexia, mentres que a "nobreza de cargo" debíase a un oficio "*nobilitante"* na administración. A nobreza de *privilexio* era unha regalía que estaba mal considerada tanto en Castela, coma en Francia. Pola contra, a nobreza *solariega* ou a *notoria* nobreza atesouraban uns dominios señoriais ou o recoñecemento social que os elevaba, sendo a *solariega* a nobreza máis antiga e respectada[76].

---

[70] Explica Meyer que na Bretaña había tres grandes grupos ou xeracións de antiga nobreza: os cabaleiros de procedencia medieval, os êcuyers da primeira metade do XVI, e un grupo máis heteroxéneo na segunda metade do XVI e comezos do XVII, onde se integraban algúns cargos rexios. En 1668 tivo lugar unha grande reforma do estamento. Meyer, 1972: 57- 58.
[71] Rudé, 1982: 12; Anderson, 1979: 104- 105; Bois, 2009: 69; Cannon, 1995: 54.
[72] Irving Thompson, 1995: 174.
[73] Cannadine, 1990: 12.
[74] Labatut, 1978: 39.
[75] Domínguez Ortiz, 1973: 50- 52.
[76] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Francia, a nobreza de *épée* tiña máis estatus ca nobreza de *robe*, desempeñando ambos distintos servizos ao soberano: militar e burocrático. Os *d'épée* eran a nobreza tradicional, antiga ou inmemorial, "réputées nobles de tout temps", extracción da que saían os *ducs* e *pairs*[77]. Os *robin* accederan á nobreza mediante a adquisición ou desempeño de cargo público. Serían, pois, o produto da venalidade ou confianza da Coroa. Non podían gozar de moitos dos privilexios exclusivos da nobreza *ancienne*, pertencendo realmente ao Terceiro Estado. De feito, tiñan o seu asento entre os comúns nas raras convocatorias de Estados Xerais ou nas sesións provinciais[78]. Irán aumentando o seu estatus dun xeito "progressif et efficace", por mor do paso das xeracións, tamén chamado costume, así como polos servizos prestados até chegar ao XVIII. Neste século ilustrado e rearistocratizante a un tempo, é cando os *robin* se alían coa antiga nobreza de *épée* para frear o ascenso burgués na administración do Estado. Tratouse dunha reacción nobiliaria para pechar o estamento, mais parece evidente que se converteran nun "grupo más flexible y articulado que antes"[79]. Cando se amplía a base social, novas alianzas se entretecen para distinguirse dos "intrusos", elevando os rigores do estatus pola pirámide arriba.

Neste sentido, algúns autores inclúen unha terceira nobreza, a financeira, formada por banqueiros, comerciantes, militares, profesionais. Certamente, unha extracción burguesa que accede ao ennobrecemento, e que vai depender do contexto local, ben sexa París ou provincias, das redes de padroádego, e do carisma particular do suxeito. Estes elementos convertían a un financeiro de éxito nun invitado habitual dos grandes salóns de París, compartindo mesa coas altas espadas e togas[80].

Fidalgos, *hobereaux* e *landed gentry*, co seu perfil de pequenos señores rurais sen título, ocuparían o rango máis baixo, aínda que, en moitos casos, con maior estatus ca un ennobrecido recente. Adoitaban adornar as súas casas con escudos de armas. Facían xenealoxías para elevar as súas orixes, salientando o seu vencello coa terra. Podían

[77] Labatut, 1978: 47.
[78] Mettam, 1995: 131.
[79] Anderson, 1979: 104- 105.
[80] Labatut, 1978: 56- 58.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

gozar de privilexios, coma a exención fiscal, que tanto distinguía aos *hobereaux*, ou non, coma a *gentry* inglesa. Pero todos eles gozaban de preeminencia social na comunidade rural. Algúns autores discrepan desta posíbel comparación entre estes pequenos señores da terra. Os tópicos sobre a riqueza e o estatus operan cando "we find nothing equivalent [in England] to the hidalgos of Spain, of whom it was said that they smiled more than they ate, or the hobereaux in France, scarcely distinguishable from peasants"[81].

Segundo esta perspectiva, os membros da *gentry* non eran nin pequenos señores empobrecidos, nin liñaxes decadentes con orixe na *peerage* inglesa, xa que esta antiga nobreza tería desaparecido na conxuntura crítica do período 1558- 1641[82]. Os escritos da época cualificaos de "minor nobility". Sen embargo, a grande distancia económica coa *peerage*, así como as diferenzas no seu estilo de vida e honores, fai dubidar da súa pertenza ao Segundo Estado. Non obstante, fixeron gala de escudos de armas ou brasóns coma mostra do rango de *gentleman* no século XVI, até o punto que este requisito foi inoperante e non houbo lugar a derrogación algunha[83]. Unha renda mínima de 1.000 libras anuais sería a credencial da *gentry* no XVIII[84]. A *landed gentry* sería, entón, un grupo de nova extracción, baseado máis na riqueza que na liñaxe. Unha situación social orixinal e difusa, entre o vulgo e a nobreza[85], mais que non representa unha ruptura coas estruturas sociais europeas[86].

Os *hobereaux*, pola súa parte, contan coas súas particularidades. Eran terratenentes, mais estaban descapitalizados. Gozaban do privilexio social de estar exentos da "taille", mais o seu poder político era nulo. Non tiñan nin poder xurisdicional sobre os territorios, onde gobernaban os intendentes e a nobreza de toga, e tampouco podía facer valer as súas demandas na Corte. Sen influencia nin decisión,

[81] Canon, 1995: 54.
[82] Maxistralmente retratado por Stone, 1976.
[83] Anderson, 1979: 123- 124.
[84] Soboul, Lemarchand, Fogel, 1993: 548- 549.
[85] *Ibíd.*, 550. As capas inferiores da sociedade rural tamén dan mostras de diversidade. *Freeholder*, *copyholder*, *tenant farmer*, *cottager*, *squatter*, *yeoman*, son distintos cualificativos de propietarios e/ou arrendadores segundo o tipo de explotación.
[86] Labatut (1978: 46) remata o debate sentenciando: "L'Angleterre est una île, mais c'est una île européenne".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desprezados pola nobreza da Corte, os pequenos señores rurais franceses contentábanse con manter a situación de privilexio e pasar os seus días na pechada vida social de provincias. A súa aspiración era mercar un cargo e entroncar cunha familia de liñaxe superior, propósito relativamente rápido de conseguir, en comparación con outras nobrezas europeas[87].

Máis alá dos debates historiográficos, certos trazos permiten unha comparación entre a *gentry* e fidalguía galega. Son grupos sociais que emerxeron con forza nun contexto similar a comezos Idade Moderna. Van fundar e acumular pequenos estados rurais, a pesares de que o seu rol na estrutura agraria será distinto: a *gentry* coma propietaria, a fidalguía galega coma foreira intermediaria entre o dominio directo e o útil. As súas funcións xurisdicionais, ben dimanadas do señorío ou do Estado, completan o seu perfil de señores das comarcas ou *counties*. Fidalgos e *gentry* van ocupar cargos na administración local exercendo de xuíces de paz, rexedores, procuradores, escribáns, *magistrates*[88], *Lords Lieutenant*[89] e *sheriffs*. Nas súas mans estaba o poder de impartir xustiza, recadar e someter coercitivamente as sociedades rurais. Alí onde os hobereaux eran máis febles, na súa relación co Estado, a *gentry* e a fidalguía dan mostras de ser partícipes e executores.

1.3.5. "Poderoso don dinero"

A riqueza está indisolubelmente unida á aristocracia inglesa. Co andar das centurias, impuxérase "una tendencia creciente a que sólo la riqueza y el poder y prestigio que ésta conllevaba determinara la estratificación social"[90]. Esta centralidade da riqueza pode deberse ao elevado valor dos patrimonios nobiliarios ingleses, tamén británicos por extensión. Cannadine sostén que eran os máis ricos de Europa grazas á terra. Para este historiador é o factor chave, *the land*, xa que existe unha correlación entre a tríade de fontes que nutrían o

[87] Nas Illas Británicas e en Castela estímase que debían deixar pasar tres xeracións para recibir trato de "gentleman" e hidalgo, respectivamente. Lukowski, 2003: 23.
[88] Xuíz de primeira instancia. Tamén existían os xuíces de paz.
[89] Tenente ou lugartenente dentro do escalafón militar.
[90] Rudé, 1982: 13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estamento (riqueza, estatus, poder) e os seus dominios territoriais. De tal xeito, a terra producía rendas, recoñecemento e influencia.

> "Land was wealth: the most secure, reliable, and permanent asset. Land was status: its ownership conferred unique and unrivalled celebrity. And land was power: over the locality, the county, and the nation"[91].

Pero a terra non era só a base económica da aristocracia británica, senón tamén de toda a nobreza europea. Mais alá do económico, a terra era a súa razón de ser: "acarreaba una «dignidad»"[92]. Todo podía agromar da terra: "power, jurisdiction, responsability, lustre and prestige"[93]. Conservaban do señorío territorial a posesión de dominios ou estados, vinculados até formar un patrimonio inalienábel, que se transmitía hereditariamente. Era a Casa, representación material da liñaxe, da súa tradición. Non era un oficio, tampouco un negocio, a terra era o substrato necesario para botar raíces na sociedade do Antigo Réxime. O único esforzo estaba en adquirir, vincular, ceder en uso, e percibir as rendas. Despois, deixar pasar o tempo. Poucos destes señores da terra investiron na mellora produtiva dos seus bens, aínda moitos menos antes da Ilustración. A precoz experimentación da agricultura inglesa talvez veu estimulada polo acceso fácil e rápido aos mercados, xunto coa tendencia crecente ao pago monetario das rendas[94]. Eficiencia e comercio puideron propiciar esa aparente riqueza dos "landlords". Ao respecto, Cannadine mantén que as facendas británicas eran máis produtivas e estaban mellor xestionadas. A súa riqueza só era comparábel á nobreza do Imperio Austrohúngaro. Namentres, rusos e prusianos estaban fortemente endebedados, cunhas facendas con escasa representatividade no conxunto da superficie ou

[91] Cannadine, 1995: 16.
[92] Powis (2007: 41) cita a "dignidad" e "deberes" que concede a terra segundo o economista William Marshall en 1804.
[93] Lukowski, 2003: 72.
[94] *Ibíd*., 76- 78.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de dimensións máis pequenas. Os franceses tiñan explotacións menos extensas, e os españois contaban con moita superficie inculta[95].

O rendemento das explotacións pode ser un bo argumento, pero existen máis características das respectivas estruturas agrarias que amosan os distintos camiños que seguiron as nobrezas europeas, como poden ser o tamaño das facendas ou o réxime de cesión. Se os señores ingleses posuían o 56% da superficie total, e os escoceses o 93%, era con permiso da Coroa, e ante a ausencia da Igrexa, expropiada[96]. En Francia, a Igrexa dominaba entre o 5 e o 10% da terra agrícola, ocupando a nobreza entre o 20 e o 30%. Ademais, os británicos concentraban dominios de maior extensión, xa que un pequeno propietario superaba doadamente os 1000 acres, mentres que en Francia os estados esfarelaban o territorio. A nobreza francesa con estados menos extensos, con rendas e censos en especie, con produtos que non chegaban a grandes mercados, e con multitude de taxas, dereitos e medidas diseminados polo territorio francés, estaba orientada ao inmobilismo. Ademais, culturalmente, desprezaban comercializar a produción no mercado era "as the cradle of dishonor"[97].

As formas de cesión da terra tamén reproducen estas diferentes orientacións da estrutura agraria, ben cara a mobilidade, ben cara a tradición. Os señores ingleses cedían a terra aos campesiños que as levaban maioritariamente por contrato de arrendamento, fórmula de curta duración, non hereditaria, e que permitía un maior control do valor da renda por parte do señor. Os contratos no continente eran de maior duración e outorgaban dereitos ao levador sobre a terra en concepto de "dominio útil" que transmitía en herdanza. O valor da renda quedaba estancado, precisando dunha renovación ou apeo para aplicar un aumento. Eran os *cens* franceses, a *rabassa* catalá, o *foro* galego[98]. Figuras semellantes baseadas na extracción da renda, que reforzaban a estabilidade, fronte o arrendamento, a produtividade e o mercado de terras, que favorecían a mobilidade.

[95] Cannadine, 1995: 19.
[96] *Ibíd*.: 9, 18- 19.
[97] Bossenga, 2006: 51, 54- 55.
[98] Clavero, 1982: 85- 87.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así e todo, a diferenza económica máis salientábel entre británicos e continentais está nos oficios da nobreza. As restricións ao traballo están presentes en todas as nobrezas europeas, salvo para os británicos, que poden ocuparse no comercio ou negocios, sen menoscabo do seu estatus. En Francia, un nobre debía vivir ocioso, sen actividade algunha, rodeado de criados e serventes. Formaba parte do ethos nobiliario: xenerosidade, voluptuosidade, honor.

En Castela os oficios manuais eran incompatibles coa nobreza. Houbo debates arredor das artes: acaso podía un artista ser nobre? Outras actividades intermedias coma o comercio ou as escribanías suscitaban polémica[99]. Calquera labor con esforzo estaba vetada para os privilexiados. Isto explica que os terratenentes continentais non se preocupasen dos mercados, as comunicacións, os prezos. Existían, si, pero a aristocracia estaba lonxe, na corte, ocupados en vivir nobremente. Eran os criados, mordomos, administradores e os pequenos terratenentes, os encargados de estimular os mercados comarcais e rexionais, alí onde estaban a medrar os burgueses.

Aquela baixa nobreza que, por desgraza, estaba ocupada en oficios "viles", conservaba un honor que viña de lonxe, mais nada indicaba a súa elevada orixe. Eran familias honorábeis en decadencia. Así acontecía coa *hidalguía* na cornixa cantábrica, onde era maioritaria entre a poboación, probabelmente pola memoria de "cristiano viejo". En Asturias, onde a *hidalguía* supuña o 85% da poboación, qué significado de estatus podía ter o nacemento. No interior desa categoría –practicamente- universal de "hidalguía" reproduciríase unha estratificación social análoga a outras sociedades, chegando a falar de "lumpen-hidalguía"[100].

Por conseguinte, a riqueza conquista nobreza, mais a nobreza non sempre conservou a súa riqueza. Ou en palabras do ministro francés Chrétien- Guillaume de Lamoignon de Malesherbes: "In truth, not every noble is rich, but every rich man is a noble"[101]. A entrada por baixo de *ricoshombres* que superaban en riqueza á nobreza brasonada podía ocasionar situacións sociais contraditorias. Ao respecto,

[99] Domínguez Ortiz, 1973: 68.
[100] Irving Thompson, 1995: 175.
[101] Lukowski, 2003: 28.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obsérvanse diferenzas rexionais no conxunto da nobreza europea. Unha antiga liñaxe empobrecida francesa ou castelá xamais perdería o rango de orixe, malia ver rebaixado o seu estatus. Pola contra, un *gentlemen* británico podía ser cualificado coma *yeomen* polos seus veciños, se os seus ingresos non superaban as 1000 libras anuais[102]. Nun sentido práctico, os británicos percibían a riqueza coma un requisito, mentres que os continentais aínda partían do nacemento, malia que a riqueza era motivo de ascenso social. Talvez as invasións islámicas construíran un relato de orixe que non se atopa nas Illas Británicas. Outra interpretación posíbel pon o foco na aparición da *landed gentry*, coma mostra da reestruturación social do século XV inglés. Os *gentlemen* máis recentes ocuparían o estrato máis baixo e populoso. En consecuencia, a riqueza estaba a producir unha larvada mobilidade social que estratificaba internamente o estamento nobiliario británico.

Chegado o século XVIII existe unha consolidada *gentry* coma base territorial composta por entre 3.000 e 4.000 pequenos señores rurais, que percibían uns ingresos anuais que oscilaban entre 1.000 e 3.000 libras[103]. No Oitocentos esta *lesser gentry* supera as 6.000 familias que compaxinan a súa vida rural, onde talvez desempeñasen algún cargo na administración local, con visitas a Londres, onde podían ter casa aberta[104]. Tamén podían desempeñar cargos na administración local. A grande distancia, unha ducia de magnates ingresaban máis de 40.000 libras anuais no século XVIII, aumentando en número no XIX, xa que eran 250 os aristócratas que percibían máis de 30.000 libras anuais. Esta alta nobreza posuía mansións en varios condados e unha gran casa en Londres. Entre as 1.000 libras da baixa *gentry* e as 30.000 dun magnate, diversos graos estratificaban o estamento nobiliario británico, sobre a base da riqueza, en combinación co estatus social e o poder político.

[102] *Ibíd*.: 4.
[103] *Ibíd*.
[104] Cannadine, 1990: 9. Ingresaban entre 1.000 e 10.000 libras de renda. Os medianos propietarios eran arredor de 750 familias, percibían entre 10.000 e 30.000 libras, e mantiñan casa en Londres.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3.6. Crise e transformación da nobreza inglesa. O ascenso da *gentry*

As claves desta mobilidade social inglesa proveñen dunha transformación na estrutura agraria. Hai que remontarse ás épocas da *Reformation* para entender como emerxe a *gentry*. A *Dissolution*, ou expropiación dos bens eclesiásticos, que comezara Enrique VIII, puxo en circulación unha morea de terras que foron parar ás mans dunha baixa nobreza, non titulada, pero con escudo de armas. Os ingleses viron medrar sociopoliticamente á *landed gentry* baixo o amparo isabelino. Deste xeito, a Coroa refreaba as pretensións políticas da alta nobreza. Os Estuardo, pola súa parte, contrabalancearon esta distribución de forzas, aliándose coa alta nobreza, dado o efervescente ascenso socioeconómico da *gentry*. Nese momento é cando se detecta unha "inflación de honores"[105]. Tanto esta baixa nobreza coma a vella aristocracia titulada, non malgastaron os seus rendementos en soster exércitos. Dende o reinado de Isabel I, a nobreza estaba desmilitarizada. Os investimentos defensivos concentráronse na Armada, que esixía desenvolvemento técnico e menor capital humano. Namentres, nas Coroas de Castela e Francia destinaron á Guerra os seus ingresos fiscais e comerciais, así coma as enerxías dun bo número de casas nobiliarias que perderon fortunas e herdeiros naquelas batallas.

Os prolixamente documentados traballos de Stone explican este período cun maior número de matices[106]. Para comezar, este ascenso da *gentry* debeuse a un devalo das antigas liñaxes nobiliarias. É dicir, trataríase dun recrutamento, por abaixo, de novas familias en situación de ennobrecerse ante a decadencia da *peerage*. Na súa tese da "crise da aristocracia" sinala varias causas: o "fallo" biolóxico en liñaxes sen herdeiro[107]; un réxime patrimonial pouco estábel, con tendencia ao endebedamento e á desvinculación de terras[108]; inflación de prezos e

[105] Stone, 1976.

[106] Limita temporalmente o seu estudo entre o ascenso ao trono de Isabel I, en 1558, até as vésperas da primeira guerra civil inglesa, que comezaría en 1642.

[107] Un 19% dos matrimonios nobres da mostra de Stone non tiveron fillos. O 29% non enxendraron fillos varóns. Hai que engadir tamén a elevada mortalidade, sobre todo infantil, e o baixo índice de reprodución de segundoxénitos. *Ibíd*.: 89- 90.

[108] As dotes, préstamos e unha lexislación flexíbel nas vinculacións animaba o mercado de terras, pero non garantía a transmisión patrimonial das liñaxes. *Ibíd*.: 93- 94.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estancamento de rendas[109]; o "gasto suntuario". A confluencia destes factores críticos deixou aos *peers* abocados á desaparición. Calcúlase que o índice de extinción por século foi do 40%, sendo aínda maior en épocas anteriores.

> "Este desgaste inexorable destruyó toda perspectiva de mantener a los pares como casta cerrada, capaz de perpetuarse a sí misma. Si la Corona no tomaba las medidas pertinentes para cubrir estos vacíos, en unos doscientos cincuenta años aproximadamente no habría quedado uno solo para ostentar el título"[110].

Por conseguinte, se houbo "un ritmo vertiginoso en la movilidad de la tierra", non obedece en exclusiva á *Dissolution* dos dominios eclesiásticos, nin tampouco ás periódicas vendas de reguengo. "Los movimientos interiores de tierras entre las clases terratenientes debieron ser el principal estímulo para el mercado de la tierra"[111]. Aqueles *peers* de raíz medieval sofren unha metamorfose social nun contexto económico crítico, baixo unha monarquía absoluta pactada e limitada. Ante a mingua da súa riqueza, procuran asegurar o seu poder para conservar, na medida do posíbel, o seu patrimonio e posición social. Na loita polo poder chocan cos procesos de concentración do Estado, e cos intereses enfrontados de certos sectores da *gentry* e a *city* londinense, dando lugar ás guerras civís inglesas. Nestas convulsas décadas estanse a mesturar: a soberanía, o privilexio, a representación política, a relixión, o *ethos* nobiliario... Pode pensarse que foi unha reacción nobiliaria inglesa, pero resulta máis preciso falar de crise e adaptación.

Polo tanto, esta extraordinaria mobilidade social da nobreza inglesa non foi máis que unha renovación de elites nun contexto determinado. A "eficiente administración" da terra só explicaría o paso de *yeomen* a *gentry*, sen conseguir explicar a consolidación da

[109] O lento crecemento das rendas non durou máis de corenta anos. A partir de 1590 aumentaron significativamente. *Ibíd*.: 98- 99.
[110] *Ibíd*.: 91.
[111] *Ibíd*.: 89.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

gentry en si[112]. En canto ás regalías da Corte, afirma Stone que non afectaban á *landed gentry* dos condados. Ademais, o favor da Coroa tiña coma contrapartida onerosos gastos en estilo de vida e resultados azarosos. O trunfo da *gentry* é un proceso inverso á creba das antigas liñaxes. Para Stone "la esterilidad y la estupidez" destes nobres condénaos a desaparecer: sen sucesión, con gastos, unha política matrimonial "imprudente", a incompetencia ou desinterese pola facenda, e febles restricións á venda do patrimonio nobiliario. No eido moral, a xenerosidade despreocupada que caracterizaba ao nobre acelera a súa ruína, fronte o trunfo dos novos valores puritanos, como o aforro ou a discreción, que atesoura a nova *gentry*. Unha vez máis Max Weber axuda a Stone a entender o cambio histórico, tanto nas categorías de análise, coma no espírito protestante nun contexto precapitalista.

En conclusión, Stone non detecta unha única causa ou feito que provocase este rápido cambio social a finais do século XVI, nin tan sequera un único detonante da crise económica da aristocracia. Trataríase dun "complejo de fuerzas profundas, políticas, económicas, legales, sociales e intelectuales"[113]. Unha situación análoga estábase a producir en Castela a partir de 1580. A creba da antiga nobreza era "fruto de una coyuntura depresiva general, de una mala gestión, y de una continua petición de «*auxilium*» económico por parte de la monarquía para mantener su política belicista"[114]. Confluiría, pois, unha conxuntura económica adversa, fracturas no antigo *ethos* nobiliario, e un papel ambivalente da Coroa, que ampara á nobreza pero a socava.

Un século máis tarde, a finais do XVII, pode atoparse en Inglaterra "una sociedad de terratenientes más estable en su composición"[115]. A memoria das convulsións sociopolíticas e un mercado de terras máis ríxido propiciaron unha estratificación social máis estática. O contexto era outro: os grandes propietarios percibían máis ingresos pola conxuntura económica e fiscal; o desenvolvemento

[112] *Ibíd*.: 103.
[113] Stone, 1976: 103.
[114] Atienza, 1987: 13, 25. As dúas obrigas da nobreza co monarca eran «auxilium» e «consilium».
[115] Stone, 1976: 105.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

urbano de Londres creaba riqueza; as herdanzas foron reguladas polo *strict settlement*, garantía de inviolabilidade do patrimonio legado; así como tamén unha "obsesión" pola propiedade que facía que os seus titulares non se desprendesen dos seus bens tan alegremente. Tanto no século XVIII coma no XIX, a nobreza británica vivirá con relativa tranquilidade. Entre 1780 e 1820 ten lugar un período de adaptación nas elites, emerxendo un novo "supranational status group, an authentically British peerage", que inclúe distintas identidades nacionais e relixiosas (Escocia, Irlanda, Gales)[116]. Os cimentos da orde social estaban botados un século atrás.

1.3.7. A protección do patrimonio. *Strict settlement* e *mayorazgo*

Comparativamente, as restricións á mobilidade socioeconómica, como o *strict settlement* teñen lugar de xeito tardío nas Illas Británicas. Tras a crise da antiga nobreza, a nova aristocracia vai ter interese na estabilidade, no control do cambio. A flexibilidade de comezos do XVI vai ser substituída, un século despois, por un mercado menos volátil, máis seguro. Un instrumento legal como o "destino estrito" estipulaba o dereito vitalicio sobre un patrimonio inalienábel para o primoxénito varón en exclusiva, que actuaba coma depositario. Se ben existían con anterioridade escrituras de vinculación, coma no resto de Europa, era relativamente doado allear ese legado por mor da "confusión y debilidad" da lexislación patrimonial[117]. Antes das guerras civís inglesas, as desvinculacións eran frecuentes, por vía dunha "ficción legal" de redención, cunha aprobación parlamentaria, ou coa argucia dun arrendamento por miles de anos ao comprador da terra. Outra causa de fragmentación eran as débedas e os préstamos para dotes, que recaían coma hipotecas sobre a totalidade dos bens.

Estas prácticas ruinosas tamén se deron no continente. En Castela, a crise nobiliaria agudízase no século XVII, provocando, para paliar a delicada situación, "una serie de intervenciones reales, entre las cuales se contarían una serie de permisos, licencias especiales para hipotecar

[116] Cannadine, 1994: 32- 33.
[117] Stone, 1976: 94.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

bienes mediante la obtención de censos consignativos. Crédito que gravaría e hipotecaría bienes de mayorazgo"[118]. En consecuencia, nin sequera unha lexislación férrea na materia foi garantía de inviolabilidade vincular. A arbitrariedade normativa era a tónica dominante no Antigo Réxime.

Unha solución provisional para blindar os patrimonios en Inglaterra foi a práctica común dun arrendamento de por vida en favor do primoxénito herdeiro, que así non podía vender nin partir estes bens[119]. En 1647, o *strict settlement* veu fixar e endurecer as condicións da vinculación até o punto que se concibiu coma sucesor toda a liñaxe da primoxenitura. O seu obxecto era "congelar todo el mercado de la tierra en interés de la supremacía aristocrática"[120]. Estábase a reducir a incerteza.

Esta arela de estabilidade afectaba tamén á concepción da familia, do matrimonio e incluso dos préstamos[121]. As escrituras de sucesión detallaban agora as pensións a viúvas, segundoxénitos e dotes, conceptos que, en décadas anteriores, provocaran o endebedamento e hipoteca de moitas familias. Fornecíase, así, a liña do primoxénito varón, que era depositario ou usufrutuario do legado, en ningún caso o propietario daqueles bens. A familia ficaba entón reducida á liña principal, mentres que segundoxénitos e mulleres procuraban unha vida lonxe dos intereses inmediatos da familia de orixe. Os fillos menores tiñan consideración de *commoners*, e coma tales ocuparon, en razón de riqueza e poder, escanos nesta Cámara.

Noutros casos, coma en Castela, non se excluía aos outros fillos e fillas da posibilidade de herdar o *mayorazgo* en caso de falecemento ou incapacidade do primoxénito[122]. Ademais, os *segundóns* casteláns estaban orientados maioritariamente á carreira eclesiástica, perpetuando o seu vencello coa liñaxe mediante fundacións pías que

[118] Atienza, 1987: 24- 25.
[119] Stone, 1976: 93- 95.
[120] Anderson, 1979: 51- 52.
[121] No marco do strict settlement, xa non era posible sufragar as dotes coa venda de terra, os tipos de xuro tiveron unha limitación legal, proliferando os préstamos a longo prazo. Stone, 1976: 96.
[122] Unha das familias fidalgas investigadas conta co caso de inhabilitación do primoxénito por incapacidade mental ou demencia, seguindo a liña o segundoxénito, D. José Ignacio Fernández Espinosa, que abandona os seus estudos eclesiásticos para casar e ter descendencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

revertían na liña do primoxénito. Isto é, os seus esforzos redundaban no patrimonio e estatus da Casa. Tamén a nobreza francesa transmitía o seu título e bens ao primoxénito varón mediante o instrumento legal do *fideicomise*, pero incluía varias ramificacións na súa concepción cristiá de familia. Os segundoxénitos adoitaban ter unha boa saída no clero regular e secular, estamento poderoso e fortemente xerarquizado. Outros cargos político- administrativos completaban a oferta que redundaba beneficiosamente na familia. Os seus vencellos familiares non se rompían. Un nobre francés debía moralmente recoñecer e presentar a un parente de provincias que estivese de visita en París, aínda que as diferenzas de estatus facía que vivisen en mundos alleos[123].

O *mayorazgo* en Castela, *morgado* en Portugal, *fideicommissum* en Italia e Austria, *fideicomise* en Francia, *maiorat* en Alemaña, foron distintas concrecións do mesmo fenómeno: a vinculación sucesoria. A orixe e alcance do *mayorazgo* merece que se lle preste atención, non en van foi o modelo de vinculación señorial que adoptaron os portugueses no seu morgado[124]. O *mayorazgo* castelá era "una forma de propiedad vinculada, es decir, de propiedad en la cual su titular dispone de la renta, pero no de los bienes que la producen, se beneficia tan sólo de todo tipo de fruto rendido por un determinado patrimonio sin poder disponer del valor constituido por el mismo"[125]. Presupón a existencia dunha "sustitución sucesoria" baseada na liña de primoxenitura duns bens non dispoñíbeis nin alienábeis.

O *mayorazgo* supera o marco dunha vinculación de primoxenitura. De feito, a vinculación de bens e a "sustitución sucesoria" xa existían con anterioridade ao *mayorazgo*. A singularidade desta institución está na concesión rexia e na acumulación patrimonial, non na "dignitates". Na súa orixe, entre os séculos XIII e XIV, o *mayorazgo* foi unha doazón ou concesión feudal do rei de Castela, que contemplaba unha garantía de reversión á Coroa en caso de non haber herdeiro[126]. Cara finais do século XIV, o *mayorazgo* conserva a obrigatoriedade dunha licenza real para a súa

[123] Labatut,1978.
[124] Monteiro, 2003: 6.
[125] Clavero, 1974: 21- 22.
[126] *Ibíd*.: 28- 36.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

constitución, mais perde a cláusula da reversión á Coroa, amosándose coma o resultado dun "proceso de conformación jurídica de la propiedad señorial"[127]. É dicir, o *mayorazgo* consagra os dereitos señoriais nun contexto de crise baixomedieval, sendo un trunfo da nobreza nas súas tensións co Estado, burguesía e colonos.

> Frente al Estado feudal, el mayorazgo deroga las cláusulas de reversión y mantiene la inconfiscabilidad de los bienes. Frente al capital comercial y usurario, el mayorazgo incluye las alcabalas y los censos. Frente al colonato, el mayorazgo prohíbe «las enfiteusis y arrendamientos a largo plazo»; la reacción más silenciosa, pero también la más drástica, de la propiedad feudal en Castilla"[128].

Certamente, tratouse dunha "reacción" nobiliaria perante a crise de reprodución das relacións sociais feudais[129]. As grandes liñas de nobreza desaparecen nestes séculos, mentres unha nova nobreza aparece na súa substitución, probabelmente coma efecto das guerras civís. "Entre 1370 y 1505 se constituirá una alta nobleza cuya debilidad histórica se verá compensada por su constitución jurídica en el mayorazgo", que escapa ao control rexio[130]. Segundo as Leis de Toro, era necesaria unha escritura de licencia real para fundar un *mayorazgo*, mais na práctica abrollaron as fundacións sen tal autorización. A acumulación de *mayorazgos* e fundacións foi a imaxe máis elocuente do couto de poder señorial que se reservou a nobreza[131]. Ademais, por vía de *mellora*, non precisaba licenza real[132]. En conclusión, o *mayorazgo* foi a súa conquista, así coma os títulos de duques, marqueses e condes, rangos importados de Francia, que comezan a outorgarse despois da reacción feudal de 1369[133].

[127] *Ibíd*.: 96.
[128] *Ibíd*.: 118- 119.
[129] *Ibíd*.: 109.
[130] *Ibíd*.: 116.
[131] *Ibíd*.: 176- 177.
[132] *Ibíd*.: 222- 223.
[133] *Ibíd*.: 116.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.3.8. Renovación do estamento

A crise e renovación nobiliaria na Castela do século XIV e XV garda algunhas semellanzas coa extinción e ascenso de elites na Inglaterra do XVI- XVII. A historia europea está chea de exemplos de procesos de descomposición e ascenso social. Xa no século XIII francés, desaparecen "un gran número de familias nobles", que son substituídos por *villanos* en razón de riqueza, calidades, ou pola confianza do príncipe ou Estado[134]. Ferramentas legais, como o *mayorazgo* e o *strict settlement*, son medidas para pechar o estamento, un trunfo da nobreza para a súa continuidade. O "carácter" nobiliario que desprenden estas medidas pode impregnar todo o Estado absolutista, como acontece en Castela[135]. Esta percepción da hexemonía nobiliaria obedece á vixencia do réxime señorial, xa que entre a poboación campesiña e o rei "se interponía la autoridad del señor"[136]. Sen embargo, o poder rexio na Coroa de Castela era forte dende unha época moi temperá. De feito, a debilidade das Cortes de Castela xa se manifesta a finais do século XIV, aprobando os *servicios* fiscais do rei cunha serie de condicións, "a sabiendas de que carecían de poder suficiente para forzarle a cumplirlas"[137].

Unha «nueva nobleza» xurdira tras a guerra de sucesión de 1369 coa subida ao trono da dinastía dos Trastámara. A "nobleza de abolengo se vio en general «decapitada», (...) en la medida en que apoyó al vencido Pedro I. Enrique II se vio en la obligación de crear nuevos títulos favoreciendo con ellos a sus familiares y partidarios"[138]. Guerras e campañas, alianzas e pactos, o monarca recompensa os servizos prestados. "Sucesivamente los que ayudan al Rey en sus conflictos altonobiliarios son aupados a los más altos niveles sociales provocando sucesivos problemas que en parte son siempre semejantes". Os séculos XIV e XV en Castela están marcados pola crise sistémica baixomedieval, que debilita á nobreza, envolta nunha loita fratricida. A guerra aportaba soldos e recompensas, ademais da

[134] Duby cita os estudos de Perroy sobre a aristocracia no condado de Forez, ao oeste de Lyon. Duby, 1993: 239.
[135] Anderson, 1979: 56.
[136] Domínguez Ortiz, 1973: 15.
[137] Tomás y Valiente, 1982: 54.
[138] Atienza, 1987: 14.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

identificación co *ethos* militar. A violencia era "la única salida honorable que se ofrecía a un grupo social que veía amenazada su hegemonía"[139]. Así tamén aconteceu na guerra dinástica dos Cen Anos (1337- 1453), ou na Inglaterra da guerra das Rosas (1455- 85), cualificada coma "un suicidio colectivo" da antiga nobreza[140]. Exemplos ambos de contendas de carácter feudal onde a nobreza apuraba o seu ideal cabaleiresco.

Esta violencia desencadeada perante a crise baixomedieval vai propiciar tres fenómenos: 1) a nobreza vai participar e depender socioeconomicamente da creación do Estado- nación; 2) unha reestruturación do estamento (renovación de liñaxes, migración á Corte, agregación de morgados); 3) un desgarro ideolóxico do sentido das tres ordes medievais[141]. Os tempos e prazos destes fenómenos variaron xeograficamente.

Na Francia tardomedieval xa se aprecia o impacto destes fenómenos, coma preludio da época moderna. No século XIII obsérvase un "reforzamiento de los poderes del príncipe" que vai tentar á nobreza con empregos e pensións, que podían aliviar os elevados gastos do seu estilo de vida. Esta "tendencia a la prodigalidad" formaba parte do código ético nobiliario, da súa superioridade moral, pero implicaba a súa decadencia. Neste senso, e fronte o ascenso dos letrados, ten lugar unha "progresiva domesticación" da nobreza baixo a soberanía do monarca[142].

Na Castela da concentración burocrática dos Reis Católicos, a nobreza aparece "completamente domesticada". No XVI non conservaba "ni una parcela de soberanía"[143]. A potestade da Coroa era incontestábel, malia a continuidade do señorío xurisdicional, que non exercía de facto a alta nobreza porque residía na Corte, lonxe dos seus dominios. A guerra, *virreinatos* e embaixadas, diplomacia en suma, estimulaban a ambición política de Grandes e Títulos. Perderon interese polo exercicio do poder no ámbito local, que quedou nas mans de baixa nobreza, burgueses e burócratas. O seguinte extracto

[139] Bois, 2009: 133.
[140] Powis, 2007: 32- 33.
[141] Bois, 2009: 134.
[142] Duby, 1993: 237- 238.
[143] Domínguez Ortiz, 1973: 79- 80.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dun texto atribuído ao valido de Felipe IV, o poderoso conde- duque de Olivares, resume á perfección unha estratexia política deliberada de control da nobreza:

> "Su poder llegó a tanto, que dio cuidado a la Corona, y aunque Felipe II ya los halló rebajados, «todavía le pareció bien baxarlos más, y siguiendo el exemplo del Rey Católico en la institución de letrados, les puso togas, dio (a éstas) autoridad y mano en el gobierno y en la justicia de manera que, a unos con embaxadas y ocasión de gastos y a otros con la mano de estos ministros, les reduxo a tan gran carga de haciendas», que no sólo por su fidelidad, sino por su falta de dinero no pudieran emprender nada peligroso".[144]

Os Austrias maiores confiaron a administración do Estado á baixa nobreza, eclesiásticos e letrados, que non cuestionaban a súa autoridade, que non combatían en campo aberto. Emerxe, por tanto, unha nobreza de privilexio ou cargo análoga á *noblesse de robe* francesa. No reinado de Felipe II "comenzó a vislumbrarse una cierta oposición entre nobles y letrados que se tradujo en la descoordinación y enfrentamientos entre los organismos ocupados mayoritariamente por unos o por otros (*v.g.* Consejo de Castilla frente al Consejo de Estado)"[145]. Os partidos e faccións que rivalizaron no XVI perfilaron as súas diferenzas na orixe social, na relixión e nas redes de padroádego. Máis que da pertenza estamental, o acceso ao poder dependía da "integración en el grupo dirigente (clientelismo)"[146].

Os Austrias menores caerán na venalidade e "inflación de honores"[147] para sufragar a Facenda Pública, lastrada polas guerras, e compracer a non sempre satisfeita nobreza, triplicando o número de grandes só no século XVII. Estas políticas tamén foron practicadas polas coroas de Inglaterra e Francia, como ben apuntou Stone para os

[144] *Instrucción que se dio a Felipe IV sobre materias del gobierno de estos Reynos y sus agregados*, (1623- 26). Atribuído ao conde- duque, aínda que tamén se baralla a autoría do preceptor do rei, Garcerán Albanell. Comentario e cita de Domínguez Ortiz, 1973: 50- 51.
[145] Martínez Millán, 1994: 17.
[146] *Ibíd*.
[147] Atienza recupera a noción de Stone, 1987: 16- 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estuardo, especialmente Jacobo I. En consecuencia, prodúcense "una serie de conflictos, bastante enconados a veces, entre la nobleza tradicional y los recién llegados"[148]. Ao tempo, as medidas antinobiliarias e centralistas do conde- duque de Olivares, coma as do seu coetáneo Richelieu, concitarán odios e intrigas no interior do estamento, que aumentaba en número, pero que perdía riqueza. Porén, a crispación da nobreza de Castela non desembocou nunha crise institucional, como si aconteceu coas rebelións das casas nobiliarias en Cataluña e Portugal, que proclamaron a súa independencia de Castela. Os nobres casteláns só incorreron nunha "folga de grandes", para regresar aos salóns rexios coa caída do conde- duque[149]. Comparativamente, tanto a aristocracia inglesa como a francesa foron moito máis combativas que a de Castela até o último terzo do século XVII.

No reinado de Carlos II a nobreza castelá fíxose co control do Estado sen ter que tomar as armas, xa que "todos los resortes del poder [rexio] se aflojaron y enmohecieron", recaendo sobre a Facenda Pública o sustento de toda a Corte[150]. As débedas (crise "general" do XVII, guerras, estilo de vida) afogaban ás grandes casas, tendo que recorrer ao auxilio da Coroa, que non facía doazóns directas coma en Francia, senón que outorgaba grazas e "mercedes", na forma de cargos lucrativos[151]. Pode falarse, pois, dun curioso fenómeno de ida e volta, tal e como o describiu o embaixador veneciano Foscarini en 1686: "Los grandes fueron llamados a la Corte por los reyes anteriores para que se arruinaran; *«ahora ellos destruyen a quien los destruyó»*"[152].

1.3.9. A nobreza cortesá

A migración á Corte constitúe outro dos fenómenos singulares da Europa Moderna. Coadxuvando no cruce de procesos que crean o Estado- nación, vai redundar na reestruturación social do estamento,

[148] Atienza, 1987: 17.
[149] Domínguez Ortiz, 1973: 81.
[150] *Ibíd*.: 39, 109.
[151] *Ibíd*.: 108.
[152] *Ibíd*.: 111.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tanto polo "soporte material" que lle ofrece o Estado, coma polo "desgarro" ideolóxico do mito feudal[153]. Durante o século XVI, "apareció el ideal de vida cortesano que B. Castiglione describió (...), y que reemplazó a la tradicional aspiración caballeresco- militar medieval". Unha corte coma "correlato" do carácter patrimonial do Estado cortesán[154]. Nese proceso de proxección da «casa del rey» a corte, algúns autores non só aprecian o reforzamento de poder do monarca, senón tamén a participación da nobreza. Dende este punto de vista, a corte do inglés Enrique VIII pode ser interpretada coma un produto nobiliario[155]. "De este modo, la corte sirvió para domesticar a la nobleza, pero también sirvió de fortaleza para ésta para presionar al gobernante y como baluarte para defenderse de los no nobles"[156].

A aparición das cortes europeas no XVI; as regalías que outorgaba o favor rexio; a conxuntura económica do XVII, coa depreciación das rendas agrarias; o ascenso social da educación letrada que entraba en conflito co modelo rural cabaleiresco; foron varios os motivos que empuxaron á nobreza a trasladarse ao medio urbano da Corte. As funcións palatinas eran máis suculentas que os cargos locais, engadindo un maior estatus. Este cúmulo de circunstancias puideron incitar a un bo número de xentíshomes franceses a deixar o campo entre os séculos XVI e XVII. Adóitase pensar que foi o resultado dunha política deliberada de Richelieu e Mazarino. Segundo aclara Tocqueville, non era necesario atraelos ás cidades, e menos aínda a París, emigraban eles mesmos. As tarefas de goberno tradicionais do antigo señor convertéranse nunha "especie de degradación". "Asentar las tallas, reclutar la milicia, regular las

[153] Bois, 2009: 133- 134. Dende o século XV a nobreza extrae máis riqueza da vida cortesá, dos cargos, regalías e pensións que brinda o monarca, ca dos seus dominios territoriais. É o que Bois ten denominado "feudalismo centralizado" ou "de Estado". En canto á creba ideolóxica, explica o deterioro do modelo social do feudalismo, cando a nobreza non protexe ao campesiño de roubos e saqueos.

[154] Martínez Millán citando a Norbert Elías, 1994: 14- 15.

[155] Martínez Millán citando a David Starkey, 1994: 16.

[156] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

prestaciones personales, eran todos actos serviles propios del síndico"[157].

A administración era un traballo molesto, que non tiña o brillo dos grandes salóns. Ademais, a vida encastelada fixéraselles "insípida"[158]. As vilas e cidades ofrecían á nobreza un contexto idóneo para a relación cos seus iguais. Formas máis refinadas, cultura e lecer, proporcionaban praceres mundanos moi suxestivos, fronte unha vida solitaria e aburrida no campo. Por este motivo, así como pola repoboación cristiá, numerosas vilas castelás convertéronse en "nidos de gavilanes" durante os séculos XIV e XV[159]. Unha mostra máis de que o ruralismo medieval tocaba á súa fin.

> "A diferencia de la nobleza inglesa o francesa, que hasta muy avanzada la Edad Moderna mantuvieron su preferencia por la residencia campestre, la castellana manifestó muy pronto vocación ciudadana y calibró exactamente las ventajas que le reportaría la absorción de sus órganos de mando"[160].

As cidades tardomedievais estimulaban a creación de mercados, relacións monetarizadas, e a produción de excedente agrícola para a súa comercialización, que beneficiaba ao levador ou arrendatario, pero que non repercutía no señor polo valor a longo prazo das rendas agrarias. A vida no burgo estaba a socavar as bases señoriais da estrutura agraria[161].

Mais esta distancia física do señor implica tamén unha ruptura das redes de padroádego. A nobreza xa non precisaba soster relacións de dependencia militar e social cos seus rendeiros. O vencello entre o nobre e o seu "hinterland" dilúese coa desaparición da protección polas armas. Na praxe, o señor deixa de encarnar o cumio social do

[157] Tocqueville, 1969 [1856]: 169. Nunha cita precedente de Dewald aludíase á "holy ambition". O pequeño señor rural era censurado por incapaz ou fracasado, alguén que non coida do honor. Dewald, 1993: 16- 20.
[158] *Ibíd*.: 168.
[159] Domínguez Ortiz, 1973: 28.
[160] *Ibíd*.: 121.
[161] Pirenne, 1984: 140- 141.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lugar ou bisbarra, sendo un descoñecido para os seus levadores. Con anterioridade, "desde el origen y durante mucho tiempo la clase campesina se ponía en contacto con los gentilhombres, mezclándose con ellos diariamente para intervenir en los mismos asuntos"[162]. Esa relación cotiá fica rota, de tal xeito que desaparece o recoñecemento do señor, así coma a conxunción de intereses na terra. Quen vai defender a un señor descoñecido que só figura para percibir rendas sen pagar tributos?

Ponderando o baleiro rural que deixa a nobreza, poden advertirse diferenzas xeográficas bastante significativas. Na Francia rural do Antigo Réxime que describe Tocqueville só queda o cura. Era o único representante privilexiado que seguía a vivir nas aldeas e lugares. Sen poder determinar o papel que desempeñaron os *hobereaux*, hai constancia da súa resistencia a perder os dereitos señoriais que os distinguía do vulgo[163]. Namentres, a aristocracia inglesa mantivo unha relación regular cos seus estados, compaxinando a "London season" con estadías nas súas mansións na campiña[164]. De feito, numerosas familias en ascenso socioeconómico, van adquirir propiedades en condados rurais próximos a Londres, atesourando unha casa matriz no campo.

En Portugal, as grandes casas nobiliarias trasládanse a Lisboa despois de 1640, conformando unha ríxida e pechada "primeira nobreza da Corte"[165]. O rural portugués quedou nas mans dunha pequena nobreza que recibía o tratamento de *fidalguía*, concepción xenérica da nobreza, coma a *hidalguía* castelá ou o *gentleman* inglés, que no final do Antigo Réxime terá un significado máis restrinxido

[162] Tocqueville, 1969 [1856]: 124.

[163] A revisión bibliográfica ofreceu poucos comentarios sobre os hobereaux franceses. Señores rurais franceses de escasa riqueza. Price descríbeos coma "una masa de hidalgos rurales" que defendeu nos *cahiers* da nobreza os seus dereitos señoriais, con máis forza que a nobreza da corte, máis desafogada economicamente. Price, 2016: 117.

[164] Cannadine, 1990: 342. A alta sociedade británica do Oitocentos tiña o seu tempo de lecer planificado. No inverno acudían a Londres por motivos profesionais do cabeza de familia (negocios, administración, parlamento), aproveitando para arranxar os casamentos da descendencia. No verán regresaban aos seus condados: "where they superintended the administration of their estates, entertained their neighbours, patronized local sporting activities, and were unquestionably accepted as the leaders of 'the country community'."

[165] Monteiro, 2013: 248- 249. Esta nobreza da Corte foi recrutada entre as liñaxes antigas e as familias dos chamados Restauradores da Independencia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

debido a un proceso de diferenciación dentro do estamento. Nesta base nobiliaria rexístrase unha maior mobilidade social polo peche estamental nos chanzos superiores[166]. Ao igual que os seus homónimos galegos, os fidalgos portugueses serviron coma intermediarios entre a coroa, a alta nobreza e os campesiños. Encaixan, tamén, no perfil de señores intermediarios, *medianeros* ou *middlemen*, mais señores da terra á fin e ao cabo[167].

A fidalguía galega vai agromar nas fendas abertas pola crise baixomedieval. A extinción, a desgraza política ou a emigración da nobreza autóctona deixa o campo expedito para a aparición dunha *minor nobilitas* que ocupe este baleiro. Os antecedentes remóntanse aos séculos XIV e XV, ás guerras dinásticas pola coroa de Castela, que deixaron unha fonda pegada na sociedade galega. Xa en tempos da subida ao trono dos Trastámara, na persoa de Enrique II, pode observarse un "reajuste" ou "ocupación" nobiliaria[168]. Unha nobreza de "nuevo cuño" formada polas liñaxes de cabaleiros afectas a dinastía vencedora: varias foráneas e algunhas galegas. Foron os chamados "*falcones"*. As guerras irmandiñas sorprenderon a esta nobreza trastamarista un século despois. Torres e fortalezas ficaron derrubadas polos "*gorriones"*, rachando ao mesmo tempo as relacións de padroádego consubstanciais á estrutura estamental[169]. Os gorrións proceden "de una nueva capa social, formada por escribanos, escuderos, clérigos, regidores o comerciantes que irán constituyendo la hidalguía"[170].

Unha nova loita dinástica en Castela veu complicar aínda máis a supervivencia dos "falcóns". A meirande parte das casas nobiliarias galegas apoiaron o bando portugués, que encabezaba Xoana, chamada "A Beltranexa", perdendo o favor real dunha vitoriosa Isabel I. Se ben

[166] *Ibíd*.: 151. Os fidalgos portugueses ocupaban en exclusiva os cargos de vereadores municipais, xa que o acceso dos "negociantes" estaba vetado. Non obstante, estes señores locais non tiñan acceso á primeira nobreza da Corte, coa que non había posibilidade de emparentar. Tampouco casaban coa nobreza da administración e xustiza.
[167] Villares, 1999: 38.
[168] *Ibíd*.: 35. Baz Vicente, 1996: 29. Supón o ascenso da nova nobreza trastamarista ou "enriqueña", en substitución de antigas liñaxes altomedievais.
[169] Baz Vicente, 1996: 39- 40. Os "agravios" nobiliarios forzaron a saída violenta das tensións sociais. Tivo lugar unha "crisis de legitimidad" da orde feudal.
[170] Villares, 1999: 35.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

foron numerosas as liñaxes castigadas, o sometemento da nobreza galega puido ser "ventajosa" para os sobreviventes se atendemos ao novo marco institucional dos Reis Católicos, xa que relaxaba as tensas relacións nobreza- campesiños. Esta submisión tamén significaba o devalo dunha nobreza de cabaleiros perante unha elite letrada en ascenso[171]. A extinción, desterro ou desgraza das antigas liñaxes, vencelladas ao señorío e á guerra, obrigaba á remuda estamental. Por outra banda, os reis católicos dispuxeron unha "pacificación" que favorecía a resolución xudicial dos conflitos, fronte o antigo recurso á violencia[172]. Sobre o territorio emerxe a figura dos fidalgos, que van ser administradores e/ou foreiros dos bens eclesiásticos e nobiliarios, subforando os mesmos a campesiños levadores, e percibindo a maior porcentaxe do monto da renda agraria[173]. Era a hora dos gorrións, tras a desbandada dos falcóns[174].

Recapitulando, poden observarse algúns aspectos en común e outros diverxentes entre a fidalguía galega e outras pequenas nobrezas europeas. Os fidalgos aparecen no mesmo período cá *landed gentry*, un contexto marcado pola crise baixomedieval e, especificamente, pola decadencia da antiga nobreza dos cabaleiros. A súa consolidación nos albores da época moderna está fundada na terra, aínda que a *gentry* preferentemente coma propietaria, mentres que os fidalgos coma foreiros, intermediarios. A gentry aproveita o dinamismo do mercado de terras e as vendas da Coroa para constituír un patrimonio rústico en réxime de propiedade. A fidalguía pode posuír uns poucos bens en propiedade, mais a estrutura agraria dos dominios só permite abrir un dereito sobre a terra nunha nova cesión da terra ou réplica do dominio útil. Un dereito impreciso que vai ser referendado pola Coroa na coñecida Pragmática de Carlos III contra os despoxos (1763). A perpetuación dos foros dá azos aos campesiños, pero tamén aos fidalgos, xa que os dereitos sobre a terra de ambos son recoñecidos.

---

[171] *Ibíd*.: 37.

[172] Baz Vicente, 1996: 76- 77, 121- 123. A nobreza viu minguar a súa potestade xurisdicional, mais gañou estabilidade e dereitos nos seus dominios territoriais.

[173] Villares, 1982: 46. A fidalguía acaparaba aproximadamente o 62'5% da renda en 1753, mentres que a nobreza chegaba ao 6'5, e o clero percibía o 23'9. Os campesiños sen rango obtiñan o 7'1%, cifra coa que superaba á nobreza.

[174] Villares, 1999: 37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A fidalguía galega apóiase nos novos oficios letrados para medrar. Numerosas liñaxes teñen orixe nun escribán, que inviste na terra, que adquire foros e subfora, que entronca vía matrimonio cunha liñaxe antiga, elevando o estatus social da súa descendencia. Durante todo o Antigo Réxime aparecen referencias de escribáns, xuíces, mordomos e administradores, procuradores na Real Audiencia. Tamén están os fidalgos coma rexedores nas vilas ou con dereitos xurisdicionais na comunidade rural. Cargos e funcións administrativas, de materia xurídica, económica, ou política, que van representar á Coroa, ou o señorío, no caso da xestión dos dominios nobiliarios, e que os sitúa nun chanzo preferente para o seu ascenso social. Salvando as distancias, a fidalguía galega percorreu os mesmos camiños ca outras baixas nobrezas europeas. Noutras latitudes, cambiaba a paisaxe: a estrutura agraria, a relixión, a cultura, o Estado. Mais os procesos gardan semellanzas, con ese "aire de familia" que dicía Labatut[175].

[175] Labatut, 1978: 67- 68. Cita xa referenciada con anterioridade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1.4. ESTADO DA CUESTIÓN (III). O LIBERALISMO DOS NOTÁBEIS

Un terceiro estado da cuestión vai versar sobre a historiografía dos notábeis. Na sociedade liberal oitocentista conformarase unha elite xa non limitada ao privilexio, dando entrada a militares, comerciantes e financeiros. A fortuna podía ser unha boa condición de partida para elevar o estatus dunha familia. Tamén o servizo de armas nos moitos conflitos e levantamentos armados que salferiron a época. A fidalguía galega mantivo o seu acceso preferente á alta sociedade provincial.

En canto ao poder político, as notabilidades sérvense de estruturas clientelares, maiormente preexistentes, para suplir a escasa organización e penetración territorial dos partidos políticos -de notábeis-. A entidade política da nación é un ideal con moita forza dende os tempos da guerra do *Francés*, mais unha vez realizada a revolución, a nación vai perdendo corpo até volverse máis etérea e cultural. Os representantes políticos van a contemplar un enfoque pragmático dos cargos públicos e dos distritos de elección, primando intereses e influencias locais e provinciais sobre a representación da nación.

1.4.1. Armas e revolución

O espírito *decimonónico* está sacudido pola inquedanza ante as innovacións políticas. A imaxe do "novo" contrastaba coas formas do "antigo" réxime absolutista. Ademais dos principios liberais, agromaba un "repertorio" de novos medios de acción política: publicacións, organizacións, lexislación, institucións, eleccións, representación política. Este fenómeno de indubidábel politización non pode sustentarse nunha explicación teleolóxica moderna. Non debe incardinarse nun modelo secuencial de progreso, coa diferenciación do prepolítico e o político. Se ben existiu un "espertar da política"[1], resulta máis apropiado que se conciba coma a aparición dunha cultura política de nova factura: racional e cívica[2].

[1] Un capítulo desta tese titúlase: "2.4. A guerra do *Francés*: un abrupto espertar da política".
[2] Tilly, 1997: 324.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta reflexión está en consonancia cos vectores de continuidade que detectaba Tocqueville nun contexto tradicionalmente pensado unicamente en termos de ruptura[3]. A revolución sería, pois, un cambio histórico entrecruzado por liñas de acción de distintas temporalidades, pola continxencia mesma dos feitos en contextos espaciais diversos, sen que exista gradación nin dirección única[4]. O acto de vir a presenza coa súa radical novidade non implica unha *creatio ex nihilo*.

Esta nova política atopou na "conmoción nacional" da guerra a súa oportunidade. Habería, cando menos, tres aspectos a destacar de 1808: 1) a acción da poboación en armas; 2) a organización espontánea de xuntas; 3) a difusión de ideas ilustradas e revolucionarias[5]. É dicir, a guerra innovou na mobilización, na xestión e a representación, así como tamén no discurso, nunha conxuntura económica moi crítica[6]. A ollos da epistemoloxía de Michael Mann[7], neste contexto produciuse unha preponderancia ou «rebasamiento» do poder militar, apoiado en grupos e organizacións políticas emerxentes, tirando das fontes de poder económico e ideolóxico, até transformar a realidade social. Ao remate da guerra, a dimensión política concentra o protagonismo, aparecendo coma o eixo do cambio histórico[8]. É precisamente ese acto de "emerxer" o que lle confire relevancia, ensombrecendo en parte as necesarias relacións coas outras fontes do poder.

Continuando con Mann, pode interpretarse que a revolución, larvada durante a crise do Antigo Réxime, fai continuas aparicións na

[3] Tal e como se expuxo no capítulo "1.2. Estado da cuestión (I). Os señores da terra e a revolución: continuidade ou ruptura".

[4] En 1977, Fontana comezaba a matizar a súa análise estrutural da vía prusiana, dando entrada a unha pluralidade de camiños e contextos: "los mismos efectos han sido conseguidos en diversos lugares por vías diferentes, y que cada una de estas vías de transformación, a su vez, ha tenido unas consecuencias distintas en las diversas zonas, de acuerdo con toda serie de condicionamientos peculiares". Fontana Lázaro, 1977: 261.

[5] Tuñón de Lara, 2015: 25.

[6] A ruína económica do Estado tiña fondas raíces estruturais, vindo a guerra a agravar a situación. A necesidade de liberalizar a economía, de avanzar no protocapitalismo, tamén puxaba na dirección da innovación política.

[7] Mann, 1991 [1986]: 13- 34.

[8] Mann rexeita cualificalas coma "dimensiones", xa que indicarían estruturas "análogas e independientes", dun "todo global" que sería a sociedade. A idea de "fontes" ou redes salienta o dinamismo, a indeterminación, as asimetrías e interdependencia. *Ibíd*.: 28- 29.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

forma de axitación militar, coma un movemento intersticial desafiante que emerxe entre as estruturas e dinámicas vixentes. Estas "redes intersticiales de nuevo dinamismo social", enfrontadas ás redes e estruturas dominantes, son forzas que van articular os seus propios medios de organización, precisando a combinación de fundamentos ideolóxicos, circuítos económicos, concentración e dirección da violencia, e institucionalización política[9].

Esta teoría do poder social sitúa ás catro fontes no mesmo plano categorial, sen privilexiar a importancia ou determinación dunha estrutura. Rexeita así identificar factores "endógenos" e "exógenos", unha "evolución" ou *telos* estrutural, a "difusión" dunha organización, así coma a habitual división entre acción e estrutura social[10]. Ao non poder reducir a explicación a un sistema produtivo, normativo, cultural ou militar, evita a cuestión da "primacía última" na sociedade. De tal xeito, a violencia política está imbricada e ten expresión coma fenómeno complexo e polifacético. Tal enfoque acepta e refuta ao mesmo tempo as batallas historiográficas polo relato.

A historia cultural facía tempo que viña reclamando a atención ao discurso na revolución[11]. Neste senso, a violencia política podía ser considerada coma parte da "negociación", coma "conflicto entre órdenes normativos"[12]. Un cambio conceptual que afecta ás forzas armadas, con raíces no que Koselleck denominou "Sattelzeit", mais que discorre entrecruzado cos aspectos máis obxectivos da transformación[13]. É dicir, esta consideración da linguaxe non pode

[9] *Ibíd*.: 43- 53.

[10] *Ibíd*.: 14. Esta última distinción entre acción e estrutura é a que se segue aquí no concepto do clientelismo político polas contribucións teóricas de Ramón Máiz (1996, 1997).

[11] Segundo o balance historiográfico de Javier de Diego Romero, 2006: 257. A xeira de Furet, Lucas, Ozouf, Chartier e Baker, acometeu unha reinterpretación da revolución francesa en chave cultural, coma dimensión propia, non coma un epifenómeno de condicións socioeconómicas. Estaban influídos polo estruturalismo de Saussure e Levi- Strauss, polo concepto funcionalista de "cultura política", e pola novas correntes filosóficas e sociolóxicas francesas (Foucault, Bourdieu).

[12] Aróstegui, 1994: 25, 55. Citando as teorías de Nieburg e Roucek. Tamén menciona a Tilly, Hobsbawn e Foucault coma autores que teñen traballado a violencia política como parte da "estructura social, de regulación política y (…) de contenido simbólico- cultural".

[13] Koselleck, 2004: 39. "Tales desajustes (Differenz) entre los conceptos y las circunstancias inducen nuevamente transformaciones históricas y reclaman una orientación para los cambios futuros". O "Sattlezeit" comprendería de 1750 a 1850, aproximadamente. Un período amplo e que pode ser obxecto dalgunha crítica construtiva. Por exemplo, hai significativas diferenzas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

supoñer privilexiar a cultura por riba das estruturas económicas e sociais[14]. Isto implica que a proclama política dun pronunciamento militar esixe ser interpretada en toda a súa amplitude, na interrelación das distintas fontes de poder, e non só coma un texto ou por un concepto: revolución. Aquí é onde se advirte que o liderado militar en determinados episodios non é froito simplemente dunha politización do exército ou dunha instrumentalización por parte dunha elite socioeconómica.

As ideas e prácticas discursivas dicían remitir a "arquitecturas simbólicas dotadas de historias y lógicas propias"[15], mais esta pretendida autonomía é ficticia. Pode entenderse coma unha aparencia de verdade, mais precisa un correlato na interrelación do poder social. Un acontecemento de sentido que non deixa de ser un efecto de superficie na circulación "microfísica" do poder social[16]. Logo, estas ideas e discursos son fenómenos dinámicos, preñados de temporalidade, que lonxe de ser ahistóricos[17], están entretecidos no contexto, coma reiterada expresión dunha diferenza que abre múltiples series de acción[18]. Esta filosofía aplicada á historia política evoca a imaxe dun cambio histórico sempre diferente na súa repetición, na súa combinación, que supera as marxes estruturais porque ten a capacidade dinámica de franquear e desprazar os límites do posíbel e

---

entre o concepto ilustrado de "progreso" e a teleoloxía do Oitocentos, xa que esta última está fundada na "irreversibilidad temporal". Entre a liña do progreso e a evolución do suxeito hai tamén unha historicidade cultural. Palti, 2004: 70- 73.

[14] Sánchez- Prieto, 2009: 20- 38. Neste interesante artigo, o autor fai unha síntese do impacto da historia cultural. Koselleck supera os seus excesos mediante unha "historia dos conceptos" que aproveita o retorno do "realismo", da historia "política" tras o 68 parisino. Isto é, rexeita a mera "textualidade" do xiro lingüístico, aportando unha nova relación entre a historia cultural e a social, marcada pola temporalidade dos conceptos.

[15] De Diego Romero, 2006: 257.

[16] Foucault, 1998: 112- 116. Resultan de interese as nocións de "forzas", "retícula", "dispositivo", "capilaridade" e "circulación do poder".

[17] Varios dos autores que se citan foron criticados pola "ahistoricidade" das súas propostas. Con Aaron Wildavsky, é preciso invalidar a tese de que "la distinción entre la política y otras esferas (ya sea la económica, la social o cualquier otra) está «ahí fuera» en el mundo, disponible para ser recogida y utilizada". Non existe tal diferenciación na realidade histórica. Esta advertencia devolve o concepto do político ao contexto histórico. É dicir, débese traballar empiricamente coas "acepciones de lo político vividas por los actores": "revolución", "reacción", "orde", "lexitimidade", "notabilidade", "amigos políticos". En De Diego Romero, 2006: 260- 261.

[18] Deleuze, en *Repetición e diferencia* [1969], aporta os conceptos de "diferencia" e "series".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do concibíbel. Aí, nesa zona de incerteza é onde xorden os movementos "intersticiales", que indicaba Mann[19]. Ou a "arte da invención" da que falaba Bourdieu[20]. Unha revolución que, con e a pesar dos seus elementos formais (violencia, discursos, estratexias, intereses), está prendida á materia histórica: os suxeitos, o espazo, o tempo.

Entre o cambio e a permanencia, entre a ruptura e a continuidade, debúxanse os movementos políticos da revolución e da reacción. Tanto as forzas revolucionarias como as reaccionarias, neste caso liberais e absolutistas, precisan pulsar e percorrer as distintas redes (Mann) ou campos (Bourdieu) para impoñerse coma hexemónicas. Para atesourar máis capital social. Así, compoñen un acervo coas experiencias pasadas e coas estratexias presentes. De tal xeito, nin todo e tan novo na revolución, nin todo e tan antigo na reacción[21]. Cuestión de *habitus*, que diría Bourdieu, orientacións á acción aprendidas pola experiencia[22]. Tal vez un novo "repertorio" de acción colectiva, en termos de Tilly[23], que na primeira metade do Oitocentos comprendía as alarmas e partidas, os manifestos, as xuntas e os pronunciamentos.

Este razoamento non se queda no eido da teoría. Trátase dunha advertencia para a análise empírica. Na guerra do *Francés*, por exemplo, é imprescindíbel tomar en consideración: os feitos de armas; os manifestos, proclamas e xornais; a organización política en xuntas; a intendencia e intereses económicos en xogo. Obsérvase en Barreiro Fernández a pericia de albiscar esta diversidade de elementos no levantamento galego de 1846, mais non cae na tentación de chamarlle

[19] Mann, 1991: 43- 53.

[20] Bourdieu, 1991: 95- 97. Engade sobre o habitus, a noción de "ars inveniendi" ou arte da invención, para facer fronte ás críticas de determinismo estrutural.

[21] Tocqueville, 1969 [1856].

[22] Bourdieu, 1991: 92. O sociólogo francés definía habitus coma conxunto de "disposiciones duraderas y transferibles, estructuras estructuradas predispuestas para funcionar como estructuras estructurantes, es decir, como principios generadores y organizadores de prácticas y representaciones (...)".

[23] Tilly en *The Contentious French* (1986) bosquexou a súa idea de "repertorio" de acción colectiva. O concepto de "estrutura de oportunidades políticas" de Tarrow (1997) tamén resulta oportuno para entender a acción política.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

revolución[24]. Engade Barreiro que unha revolución parte da ilegalidade e adoita ser violenta, feito que semellando obvio non é banal. De aí provén a imaxe icónica das xefaturas militares, a autoridade. Violencia e ilegalidade tamén afectan directamente á participación popular, xa que dan lugar a fenómenos coma a coerción, a represión, a delación, e a lexitimación de organizacións paralelas. O exemplo máis preclaro disto último é o *xuntismo* do Oitocentos, principal forma de organización política nos episodios armados. Nesta liña, sinalaba Artola que "la constitución de un poder revolucionario implica la simultánea desaparición del poder constituido"[25].

En síntese, a revolución política amósase coma unha serie de acontecementos, polo xeral violentos, con vontade de transcendencia histórica, apelando a unha transformación estrutural de fondo calado que non é inmediata, senón que esixe un cambio histórico máis prolongado no tempo. Isto sinala que a revolución precisou da revolta, guerra ou pronunciamento, mais tamén demandou un aparato legal-institucional, formas e obxectos culturais (vocabulario, recursos simbólicos, cartas, prensa, literatura, faladoiros), así coma unhas condicións e intereses económicos dispostos a propiciar unha revulsión económica[26].

1.4.2. A medida do notábel

A vontade revolucionaria non implica voluntarismo, un suxeito revolucionario consciente. O suxeito da revolución é precisamente un dos grandes problemas historiográficos arredor da revolución liberal española. O debate estivera ancorado no escaso desenvolvemento da burguesía: acaso foi posíbel unha revolución liberal sen burgueses? Na década dos setenta, a polémica interpretación de Fontana, a

[24] Barreiro Fernández, 1977: 10- 12. Citando a Tuñón de Lara, caracteriza a revolución política coma "un cambio en el ejercicio, la posesión y la estructura del poder como primer paso para realizar una reforma estructural de la economía y sociedad de un país". Cando prospera, hai unha "coherencia entre el poder político, el económico y el social". Prefire Barreiro falar de "levantamento" de 1846, en contra do escrito por Tettamancy, xa que resula un "término menos preciso, pero suficientemente significativo".

[25] Artola, 1974: 9.

[26] En termos de Jovellanos, no seu *Expediente de Lei Agraria* de 1795, «remover los estorbos»: anular a mesta, os baldíos, os bens comúns, a taxa do gran, ... En definitiva, liberar o mercado da terra.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

denominada vía prusiana, describía un pacto entre aristócratas e burgueses a prol do inmobilismo agrario[27]. A controversia xirou arredor da consideración da propiedade liberal coma continuidade ou adaptación dos dominios territoriais señoriais.

Tamén Artola valoraba que a nobreza saíra airosa da revolución: "cuya integración en la sociedad burguesa se llevó a cabo sin mayores dificultades"[28]. O estamento nobiliario veu recompensado o sacrificio dos seus dereitos xurisdicionais e fiscais coa propiedade territorial, xa que o novo réxime recoñecería o seu dominio directo sobre a terra. Este debate semella hoxe resolto coa asunción da ruptura coa estrutura agraria antiga: os privilexiados perderon o monopolio do poder político, o seu patrimonio era alienábel, debían pagar contribucións e responder ante as débedas[29]. O testemuño de Alcalá Galiano no ofrece dúbidas da percepción de ruptura: malia ser "una revolución «*chiquita*» en comparación con la francesa, sus mudanzas habían sido tan profundas que había dejado «*el Estado como molido*»"[30].

Dúas décadas máis tarde, tivo lugar unha revisión dos paradigmas clásicos: funcionalista e neomarxista, fundamentalmente. Nos anos noventa, aqueles títulos recorrentes da "crise do Antigo Réxime" ou da "transición ao capitalismo" cederon a súa preeminencia a unha nova historia social que descubría novos espazos políticos. Unha serie de contribucións en obras colectivas viñeron subliñar a diversidade interna da nobreza e a singularidade dos contextos locais[31]. Os estudos

[27] Fontana Lázaro, 1973: 161. Esta afirmación sería matizada noutros traballos do autor (1977, 2006) coma un proceso máis complexo e multidireccional.

[28] Sopesaba que a nobreza saíu mellor parada que a Igrexa, que viviu unha radical transformación ao desmantelarse a súa organización regular, conservando soamente a secular. Artola, 1979: 136- 161.

[29] Millán, 1998: 96- 97; 2008: 207- 226. Isabel Burdiel apunta que as grandes familias viron reducido arredor dun terzo do seu patrimonio anterior á revolución. Burdiel, 1999: 201.

[30] Villares Paz, 2004: 14. No Oitocentos predominou a imaxe de ruptura da revolución. O enfoque "pesimista" ou mesmo negacionista da revolución provén dos rexeneracionistas.

[31] A traxectoria académica de Ruiz Torres exemplifica o desprazamento historiográfico dende "a crise" e "a transición", até "revolución" e "aristocracia". A revista portuguesa *Penélope* en 1993, nº 12, estaba dedicada ás "Nobrezas e aristocracias"; o número 28 da catalá *Recerques* en 1994: "Història de la burguesia: revisió i noves visions"; *Historia Social*, nº 23, 1995, contiña o dossier "Aristocracia y sociedad". Na voluminosa homenaxe a Artola, *Antiguo Régimen y Liberalismo*, 1994, reuníronse máis de cen contribucións, maiormente estudos de caso que versaban sobre a recepción local ou sectorial da revolución.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de caso trouxeron un cambio de enfoque da cuestión do suxeito revolucionario.

> "Ocurre que, a medida que sabemos más sobre los individuos o los grupos que protagonizaron los cambios de la primera mitad del siglo XIX, resulta más difícil su clasificación como burguesía, en el sentido que este concepto ha adquirido tanto en la tradición marxista como en la liberal. Por eso el consenso sobre la definición social de los fundadores del Estado liberal resulta tan controvertido"[32].

Os traballos de Romanelli deixaron en evidencia as eivas ideolóxicas do termo "burguesía". Un concepto cultural e literario, mais de escaso rigor científico pola "ambigüedad del significado y su uso retórico- ideológico"[33]. Este obxecto de estudo viciado tiña provocado interpretacións erróneas: "carencia de burguesía", "revolución pasiva", carácter "derivado"[34]. O caso italiano non encaixaba no paradigma da revolución burguesa, presentándose coma una "amalgama entre notables burgueses y nobles" arredor da propiedade da terra, coma "nuevo blasón sustitutorio del signo de distinción social"[35]. Un perfil indeterminado onde aparecen "elementos de diferente matiz sociológico (...) mezclados en todas las élites: los del propietario, industrial, comerciante, rentista, administrador y funcionario"[36].

---

[32] Cruz, 2000: 96.

[33] Romanelli, 1991: 30, 33. Outro título de interese é a publicación A qué llamamos burguesía, onde afirma que non ten utilidade empírica: non é un concepto "al que enfrentar las pruebas documentales". Romanelli, A. Pons e J. Serna, 1997: 19.

[34] Romanelli, 1991: 31. Das teorías da modernización liberal e marxista desprendíase "el carácter derivado, (y, por tanto, incompleto y distorsionado) de las transformaciones". A noción de "revolución pasiva" foi recuperada por Gramsci de Vincenzo Cuoco, un intelectual de finais do XVIII.

[35] *Ibíd*.: 41. Asegura Romanelli que esta "amalgama" gardaría semellanzas co caso francés, distanciándose do alemán.

[36] *Ibíd*.: 48. Esta aposta por outros perfís, máis locais, menos abstractos, para pensar no suxeito histórico da revolución liberal tivo unha fonda pegada na historiografía italiana (Camurri, Musella, Banti) e española. O número 36 da revista *Ayer*, 1999, dedicado a Italia e España, recolleu varios artigos apoiando as teses de Romanelli. *Vid*. Ruiz Torres, Signorelli, Pérez Ledesma.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ruiz Torres, pola súa parte, desbotou o termo reducionista de "revolución burguesa", polo de "revolución liberal", que salienta a dimensión política, para evitar a polémica sobre a cuestión de clase. Deste xeito, a reforma agraria oitocentista foi "liberal" con sensíbeis efectos no réxime da propiedade, na estrutura agraria e na xerarquía social[37]. O "carácter" da transformación foi netamente liberal, sen que a ausencia dunha burguesía consolidada puidese invalidar o proceso[38]. Ademais, o recurso aos pronunciamentos, motíns e asonadas, os levantamentos nas provincias, "implicó una amplia movilización social", demostrando así que foi unha revolución efectiva, non exenta de violencia, dentro do "carácter intensamente local de sus prácticas"[39].

Numerosos autores teñen defendido a aplicación do termo notábeis para abarcar con rigor o complexo perfil da elite *decimonónica* que sentou os cimentos do Estado liberal[40]. A súa pertinencia vén avalada polo seu uso histórico, xa que "notábel" e "notabilidade" permitía designar aos homes principais durante a cristalización dunha sociedade liberal no territorio do Estado[41]. De tal xeito, é unha noción específica, propia dunha época de transición e consolidación política, que denota, ademais, unha firme vinculación

[37] Ruiz Torres, 2004: 230- 236.
[38] Ruiz Torres, 1994: 159- 192.
[39] Burdiel, 1999: 184- 186.
[40] Cánovas Sánchez, 1982; Burdiel, 1987, 1998; Pro Ruiz, 1995, 2007; Romeo Mateo, 1993; Sierra, 1996; Guionnet, 1997; Cruz Villalón, 2000; Villares, 2004.
[41] Pro Ruiz, 1995: 56. Destaca o rol de "intermediarios que ocupan los notables, canalizando las relaciones entre la comunidad local y el mundo exterior". Empregarase a noción de notábel no ámbito provincial e local, mentres que os membros da elite dirixente en Madrid serán caracterizados nesta tese coma "ministeriais", "gobernamentais, "parlamentarios", segundo o perfil e contexto aludido. Os patróns políticos na Corte rebordan o marco da notabilidade, sendo un grupo aínda máis selecto, con filiación netamente institucional e non tanto territorial, coma acontece cos notábeis. A distancia coa provincia dos gobernamentais afrouxa os lazos persoais -cotiás- cos electores, tendo que valerse de estruturas clientelares para ser debidamente recoñecido. Do mesmo xeito que a nobreza titulada precisaba de administradores nos seus estados, os parlamentarios van apoiarse en determinados notábeis provinciais que exercen de intermediarios.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

co territorio, xa que en razón da súa pertenza e recoñecemento social pola comunidade, van gozar desta consideración[42].

Ser notábel é un categoría social, mais que está intimamente unida ao feito político, ás eleccións. Constituía a nova clase sociopolítica que ostentaba os dereitos de sufraxio activo e pasivo de forma exclusiva, privando a outros veciños de menor fortuna ou influencia. Esta solución de consenso, elitista mais non privilexiada, adiñeirada pero non concibida coma burguesa, permitía a reprodución sociopolítica do estamento nobiliario nun novo escenario, ao tempo que daba entrada a novos actores socioeconómicos: comerciantes, financeiros, profesionais, burócratas e grandes propietarios[43]. O vello e o novo tiñan cabida no Estado liberal: honor e riqueza, carisma e mérito, ascendente e influencia.

Esta "concepción elitista e notabiliare do liberalismo" estaba reforzada por vencellos de parentesco e relacións contractuais entre notábeis[44]. Incluso moderados e progresistas compartiron negocios[45], coma o ferrocarril, ou contaban con algún lazo familiar. Estas relacións persoais favorecían a integración dunha alta sociedade, dentro e entre os distintos ámbitos políticos (municipio, provincia, Estado). En materia política, é salientábel a formación de intereses comúns, corporativos, reprobando o individualismo, coma unha postura egoísta, mesquiña[46].

Para desenvolver esta tese, bosquexouse a seguinte definición de "notábel": categoría social xenuína do segundo terzo do século XIX que describe aquel propietario e elector dun distrito, integrado por vínculos de carácter persoal na alta sociedade provincial, e implicado na organización territorial do Estado, con acceso preferente a recursos administrativos mediante redes clientelares. Esta estruturación clientelar da acción política dos notábeis ocupará o seguinte apartado.

---

[42] Guionnet, 1997: 189- 191. A razón de "notabilité" ou "notoriété" vén marcada polas relacións sociais. A percepción da condición e comportamento dun home de ben da comunidade.

[43] Os propietarios agrarios e "hacendados", especialmente a pequena nobreza provincial tiveron un papel "mucho más relevante de lo que se suponía". Villares, 2004: 22.

[44] Veiga Alonso, 2008: 147- 148.

[45] Pro Ruiz, 1995: 45. Malia existir estes negocios, os vencellos persoais "como el parentesco, el patronazgo y la fidelidad" primaban sobre as relacións de mercado.

[46] Guionnet, 1997: 176.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.4.3. O clientelismo dos notábeis

A imaxe de aparente unidade da sociedade de notábeis, polas indicadas relacións de parentesco e intereses económicos compartidos, vese contrarrestada pola fragmentación política que imperou no reinado isabelino. Esta inestabilidade levou a cuestionar a noción de "bloque de poder" que defenderan Vicens Vives e Tuñón de Lara. Varias autoras salientaron a diversidade interna, xa que as elites non formaban "un cuerpo homogéneo, cerrado y sólido", e as tensións sacudían as relacións das elites, abocadas á "negociación y entendimiento"[47]. Estas tensións perfilan distintos ámbitos de acción política: central, provincial e local, subliñando un rol activo das elites periféricas[48]. Ademais, minorouse unha interpretación netamente oligárquica da revolución por outra marcada polo carácter liberal[49].

A cuestión do clientelismo político é central nos debates historiográficos sobre o Oitocentos. Xa dende a súa lectura social ou política, sobresae coma unha "mezcla de elementos de modernidad y de tradición"[50]. O fenómeno clientelar está considerado un "universal" antropolóxico, unha concreción da xerarquía como categoría universal do poder. Esta asunción non implica admitir "su naturalidad"[51]. Existe, mais como un artefacto, coma "mecanismo pragmático de intermediación". Unha inercia que dinamiza as relacións asimétricas, sen que se poida aceptar a existencia dun *homo hierarchicus*. Outra

[47] Romeo Mateo, 2001: 242- 244, 256; Sierra, 1996: 158- 159; Burdiel, 1999: 185- 186, 198- 199.

[48] Beramendi, Rivera, 2016: 31. Michels tiña subliñado o papel das "diferencias ambientales", "reales e inevitables del medio", para entender as "tendencias a la autonomía local, provincial o regional". É dicir, estas diferencias ambientais constituirían un proceso consecuentemente contrario á centralización oligárquica. Michels, 2017: 234- 235.

[49] Jesús Millán apóiase nos traballos de Ruiz Torres para explicar este cambio de enfoque: "el concepto liberal de la política ha recibido una consideración propia, diferenciada del contenido social más o menos oligárquico que podía plasmarse en determinadas etapas". Millán, 1998: 96- 97.

[50] Romanelli, 1991: 43.

[51] González Alcantud, 1997: 8, 62. O antropólogo Louis Dumont tería popularizado o concepto de "homo hierarchicus" ao fío das súas investigacións do sistema de castas na India. González Alcantud comenta que esta "naturalidad" do clientelismo é defendida por ideoloxías políticas conservadoras, mentres que os discursos democráticos e socialistas critican estas prácticas coma un fracaso. E sinala: existe una "enorme distancia entre normatividad y pragmática".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

puntualización pertinente é a distinción entre padroádego e clientelismo. O primeiro alude ao contrato diádico na relación patrón-cliente na procura dunha intermediación ou influencia recíprocas. O clientelismo, pola súa parte, subliña a connotación política da relación, perseguindo intereses públicos, apoios electorais e prestacións sociais[52].

A historiografía ten identificado a Restauración coma a época dourada do caciquismo, versión castiza do clientelismo político. As relacións clientelares xa eran prácticas habituais durante o reinado isabelino, se ben na Restauración "se repartió con más orden y acuerdo, ahí la diferencia"[53]. Varela Ortega considerou que a raíz da Constitución de 1845, co programa de "centralización y distritos uninominales inauguran la época caciquil propiamente dicha de la ingerencia de la administración y del funcionario de partido, frente al notable local". Con anterioridade, pódese falar de eleccións de notábeis: "dominaba la administración local frente a la central; notables locales, frente a caciques; terratenientes, frente a funcionarios"[54]. Todo parece indicar "que las redes clientelares locales eran menos permeables a la influencia gubernamental de lo que llegarían a ser luego, en la segunda mitad de siglo"[55]. Esta traxectoria das elites debería investigarse ao longo do Oitocentos[56].

Ademais da lexislación doutrinaria, outros factores coadxuvaron: o forte liderado dalgúns dirixentes, a identificación dos políticos co mundo dos negocios, a lentitude ou falta de madureza á hora de poñer en marcha as institucións liberais[57], tamén en canto á organización interna dos partidos políticos de notábeis[58]. O mesmo contexto de ruptura do réxime político explica esta estruturación clientelar. É un

[52] *Ibíd*.
[53] Varela Ortega, 1977: 401.
[54] *Ibíd*.: 402.
[55] Burdiel, 2010: 251.
[56] Romero Salvador, Frías Corredor, Serrano García, 2001: 48- 50. Salientan a experiencia electoral na época isabelina, as "trayectorias de las elites", para entender despois os resultados e diferenzas entre distritos durante a Restauración en Aragón.
[57] Cánovas Sánchez, 1982: 104- 105.
[58] Sierra, 1996: 98- 99.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

momento propicio para remover ou eliminar determinados patróns e intermediarios, para tratar directamente co poder[59].

No proceso de instalación do Estado liberal están presentes as características propias das relacións clientelares: desigualdade, reciprocidade, dependencia, discrecionalidade, competitividade, lealdade, confianza, corrupción, incondicionalidade, entre outras[60]. Que gañaba o patrón? Basicamente, poder. Un notábel erixido en patrón dunha rede clientelar vai tentar manexar os recursos públicos, as eleccións e os procesos de toma de decisións[61]. Os favores e influencia que regala aos seus "amigos" clientes son o "contradón", ou valor de cambio.

Esta descrición estrutural do clientelismo político cobra matices co complemento dunha perspectiva máis estratéxica, considerando os actores[62]. Dende un enfoque microanalítico, unha facción política fixa relacións asimétricas e territorializadas, onde a chave está na pertenza ao grupo de "amigos políticos", e no papel que nun momento determinado pode exercer un dos seus membros. É dicir, a figura do patrón ou xefe é moito máis circunstancial, máis continxente do que se adoita pensar. Calquera amigo da facción podía acumular poder, apoderarse[63], representando ao círculo de amigos nunha situación determinada. Neste aspecto obsérvase a importancia do contexto e da materia de mediación. Por unha banda, os episodios políticos, o ascenso e caída dos gobernos, van reconfigurando a posición de cada quen dentro desta rede de actores[64]. Por outra, a materia en cuestión, se é unha colocación, un trámite ou licenza, excepción, eleccións,

[59] González Alcantud, 1997: 25- 29. Este antropólogo vai distinguir varias dimensións no fenómeno clientelar: económica, ecolóxica, política, ideolóxica.
[60] Máiz Suárez, 1997: 299- 317.
[61] Máiz Suárez, 1996: 53.
[62] O politólogo Ramón Máiz propón un enfoque combinado que integra institucións e estratexia política: estrutura/acción.
[63] Empoderar é un anglicismo frecuente no mundo académico en español, aceptado pola RAE. A ciencia política é esencialmente anglosaxona, mentres que a filosofía política é de tradición francesa. De aí os préstamos linguísticos. A RAG incorporou no 2018 unha terceira acepción de "apoderar", como "facer poderoso ou forte", e "apoderamento" como "fortalecer o seu potencial en termos económicos, políticos ou sociais".
[64] A imaxe de rede ou retícula de forzas onde o poder non se posúe, se exerce, e circula impregnando coa súa capilaridade todo o tecido social, está tomado da "*microfísica do poder"* de Michel Foucault, 1979.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tamén inflúe no actor da rede que exerce a súa influencia e o tipo de recursos que debe activar para conseguilo, ben sexa "capital" político, social, cultural, xurídico, económico, ...[65]

Este dinamismo dentro das faccións pode poñerse de manifesto nunha cuestión ou conflito, "coyunturas dadas" nas "feudos locales y focalizados" adquiren unha "pivotal position" nas "luchas internas"[66]. Un punto determinado na rede clientelar que se revela axial pola converxencia de fluxos de poder. En síntese, o poder nun grupo clientelar é un exercicio dúctil, sempre en movemento, mais previsíbel até certo punto polas dinámicas internas do grupo. Este dinamismo, aínda que pautado, contrasta coa ríxida estrutura estamental do Antigo Réxime.

A pouca consistencia das relacións clientelares na sociedade de notábeis atopa explicacións nos factores políticos anteriormente apuntados (lexislación doutrinaria, liderado personalista, carencias organizativas dos partidos e institucións). Existen tamén outras interpretacións de alcance estrutural que poñen o foco nos condicionantes propios da introdución do capitalismo agrario: anonimato, distancia, ningunha obriga moral; que entrarían en contradición cos principios de fidelidade e correspondencia no mercado tradicional, regulado pola necesidade de subsistencia campesiña[67]. As relacións "paternalistas o clientelares" poden ser unha consecuencia da organización de intereses corporativistas fronte unha lóxica individualista que non termina de xerminar[68]. Deste xeito,

[65] As nocións de "campo" e "capital" foron formuladas polo sociólogo Pierre Bourdieu, e contempla distintos tipos: económico, político, simbólico, cultural, social, xurídico, burocrático, escolar ... Fixa un campo propio para o poder, a maiores da especificidade do campo político. Este campo de poder "no es un campo como los demás: es el espacio de las relaciones de fuerza entre los diferentes tipos de capital o, con mayor precisión, entre los agentes que están suficientemente provistos de uno de los diferentes tipos de capital para estar en disposición de dominar el campo correspondiente". Bourdieu, 2007 [1997]: 50.

[66] Máiz Suárez, 1996: 60.

[67] A "economía moral" apuntada por E.P. Thompson, e secundada por J. Scott nas súas "armas do feble", pretende retratar o "ethos" da comunidade agraria como principio económico. Máis adiante volverase sobre esta noción.

[68] Romanelli, 1997: 23- 46. Ofrece o caso italiano coma exemplo. Para este autor o interesante é observar como se combinan os novos sistemas de representación política individual, censatario e "nacionalizante", coas estruturas sociais corporativas, tanto antigas coma modernas, de signo organicista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

podería entenderse coma unha adaptación da estrutura de padroádego das antigas xurisdicións ao clientelismo político no sistema liberal.

Respecto ao padroádego, hai que precisar que o contrato *diádico* entre cliente e patrón vén propiciado pola estrutura agraria[69]. Non se trataría só dun "*ethos*", dos rescaldos do señorío ou da xerarquía social[70], senón da necesidade material de acadar determinados recursos organizativos e/ou administrativos. Isto podería traducirse no Estado liberal coma o recoñecemento do patrón/propietario coma valedor dos seus intereses, e non coma unha manifestación de servilismo. Os aspectos éticos e sociais do sistema clientelar son indisolúbeis da súa utilidade, dun máis que probábel cálculo estratéxico das clientelas.

Quizais a lóxica da "economía moral" non articulase unha clase campesiña nos termos puramente marxistas, mais lonxe de ser simplemente "un saco de patacas"[71], o pequeno propietario si participa de prácticas e intereses comunitarios (montes comúns, muíños e fontes, derrotas de *mieses*, feiras e mercados, recoñecemento e redención dos foros)[72]. Estas "normas" colectivas talvez non poidan considerarse "política", "tampoco puede, no obstante, definirse como apolítica, puesto que supone nociones del bien público categórica y apasionadamente sostenidas, que, ciertamente, encontraban algún apoyo en la tradición paternalista de las autoridades"[73].

---

[69] González Alcantud, 1997: 17. Segundo defendeu Silverman nos anos sesenta, o campesiñado italiano non foi prisioneiro do seu "ethos", senón do sistema agrícola.

[70] A deferencia é o argumento de Moore, Soboul sinala a forza do señorío, mentres que Tocqueville salienta a continuidade da xerarquía social. En Guionnet, 1997: 90- 92, 98, 130.

[71] Marx, 1995 [1852]: 312. Aseguraba que o campesiño parcelario francés sucumbiu aos encantos de Luís Napoleón porque eran "incapaces de hacer valer su interés de clase en su propio nombre, (…). No pueden representarse, sino que tienen que ser representados. Su representante tiene que aparecer al mismo tiempo como su señor, como una autoridad por encima de ellos, como un poder ilimitado de gobierno que los proteja de las demás clases".

[72] E.P. Thompson, 2000 [1991]: 216, 307. Describiu "una visión tradicional consecuente de las normas y obligaciones sociales, de las funciones económicas propias de los distintos sectores dentro de la comunidad que, tomadas en conjunto, puede decirse que constituyen la economía moral de los pobres". Engade que puido chamalo "economía sociológica" ou simplemente "economía", salientando que "cada parte está relacionada con el conjunto y cada miembro reconoce sus diversos deberes y obligaciones".

[73] *Ibíd*.: 217. Para Thompson a presión campesiña non só aparecía nos disturbios violentos. As normas da economía moral tamén afectaban ás autoridades que as asumían coma as regras da vida comunitaria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non debería presupoñerse unha actitude apoucada ou pusilánime do campesiño por mor do seu rol dependente na organización clientelar[74]. Participa na sociedade local, que se vale dun intermediario para as xestións político- administrativas na provincia e no Estado. Obviamente, ocupa unha posición inferior na xerarquía clientelar, perdurando a desigualdade social, mais outra cuestión é cualificar de necio ou covarde ao campesiño por esta posición. A estrutura política do incipiente Estado liberal non deixaba maior marxe de actuación. O mediano e pequeno propietario que por cuestións lexislativas e formais do distrito acadaba o dereito a votar, non dispoñía de capacidade real de elección persoal. Incluso o apoio electoral era concibido en colectivo ou facción, reflexo probabelmente desa comunidade de intereses.

A crecente mobilidade social era unha conquista liberal- burguesa que se sustentaba na igualdade xurídica, mais non implicaba baixo ningún concepto unha igualdade social ou política. O elitismo esgrimía a ignorancia das masas, a falta de instrución e intelixencia. Se Marx sinalaba a ausencia de conciencia de clase, os liberais conservadores indican a falta de cultura. Mentres tanto, o cliente escollía a mellor opción posíbel dentro das súas posibilidades. O seu cabalo de batalla era ver recoñecidos os seus dereitos de propiedade sobre o agro aforado e o monte común. Non é estupidez, o pequeno e mediano propietario procuran defender a súa estrutura produtiva nun distrito rural perante a nova regulación do sistema liberal. Non foron "simples comparsas", aos que utilizar na guerra ou nas revoltas, para ser menosprezados despois por "incómodos y retardatarios"[75]. Este xuízo político provén do novo ditado do capital nas elites urbanas, con desmedro da suposta base social do sistema político liberal: o propietario, eminentemente agrario. Por todo isto, pola utilidade e

[74] Guionnet, 1997: 25- 42, 105- 109, 204. Diferentes autores teñen outorgado unha actitude pusilánime ao elector rural. Definiuse a situación coma "patronázgo democrático" (Maurice Agulhon) ou "política personal" (Eugen Weber), facendo fincapé na transmisión da política dende arriba, dende o Estado. A interpretación de Guionnet, tras as súas investigacións de eleccións municipais, é que o votante rural no é apoucado nin servil, senón membro dunha comunidade de intereses.

[75] Fontana, 1997: 219. Reconsidera Fontana o papel do campesiñado na Revolución Francesa, á luz de novas investigacións e edicións. Con este exercicio, intenta matizar a tradicional visión da falta de autonomía campesiña.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dinámica do sistema clientelar, así como pola forza das elites locais/provinciais, as teses do "bloque de poder" e "descenso da política" semellan quedar impugnadas.

1.4.4. A nación como equívoco obxecto de estudo[76]

O termo "nación" é problemático. A polisemia, connotacións e subxectividades fan que chegue a resultar un tema tan molesto coma imprescindíbel. O seu uso coma categoría analítica parece materia obrigada, realizando un esforzo para distinguir obxecto e suxeito[77]. Rexéitase aquí, de entrada, enunciar a "nación" coma suxeito ontolóxico, xa que no caso de existir estaría dentro dese obxecto que chaman "nación".

Distintas disciplinas académicas teñen forxado unha epistemoloxía da "nación": "comunidade imaxinada", "invención", "relato" ou "representación", un "lugar" ou unha "memoria", unha "banalización", unha "reificación" da Historia[78]. Estas definicións teñen convivido con outras formulacións máis dinámicas do fenómeno nacional/ nacionalista, que fixan a súa atención nos chamados "procesos de nacionalización" [79], fundamentados na acción do Estado. Da comunidade de orixe pásase a un enfoque institucional, ou política desde arriba, e que desemboca nas discusións sobre o seu éxito ou fracaso. Aínda hoxe se debate a forza ou debilidade da nacionalización española, un claro exemplo de aplicación do modelo francés[80]. O método comparado, coa teoría da modernización de fondo, cae nun xogo de opostos dentro dunhas coordenadas epistemolóxicas: arcaico/ moderno, éxito/fracaso, forte/débil, presenza/ausencia. Os seus resultados son excesivamente teleolóxicos, ideolóxicos.

---

[76] Reprodúcese neste epígrafe o contido dunha comunicación presentada no congreso "La nación omnipresente. Nuevos enfoques sobre los procesos de nacionalización en la España contemporánea", celebrado en Santiago de Compostela, os días 6 e 7 de setembro de 2018. O título da comunicación era: "La fragilidad representativa de la nación".

[77] Beramendi, 2005: 85. Unha distinción entre categoría práctica e analítica en Brubaker, 1996: 13- 22.

[78] Véxase o estado da cuestión de Molina Aparicio, 2013: 39- 63.

[79] Para unha revisión crítica da obra de Eugen Weber recoméndase Cabo Villaverde e Molina Aparicio, 2009.

[80] Riquer, 1999: 22. Popularizou a idea dunha "débil nacionalización", aínda que, posteriormente, discreparía dunha comparación simplista co modelo francés.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas concepcións da nación como comunidade ou como proceso corresponden, en última instancia, cuns tipos- ideais: 1) comunitario ou esencialista; 2) cívico ou voluntarista[81]. Estes dous modelos canónicos poden servir de ambientación histórico- filosófica, pero teñen escasa utilidade heurística, dado o seu reducionismo.

Na presente investigación de Tese non existe a intención de definir a "nación". Compártese, aquí, a idea do seu "descentramento", establecendo así unha distancia metodolóxica[82]. Non se vai manexar, *a priori*, unha categoría de análise, senón que se pretende seguir un método indutivo que deixe falar ás fontes, ao contexto local, e que considere tamén o impacto do "acontecemento"[83]. Trátase dunha historia desde abaixo, dende os actores políticos da provincia e comarcas. Poderase colixir as súas percepcións da nación a través das súas cartas e outros escritos. É un método que reúne inicialmente materiais biográficos para, desde abaixo, contrastar as súas vivencias coa análise institucional de eleccións e lexislaturas. De tal forma, evitamos mirar de fronte á nación, a súa inaprensíbel representación simbólica, para facer un seguimento da representación política liberal dende a perspectiva dos electores[84].

Coma apuntes previos do contexto, resta engadir que durante o reinado isabelino as tensións entre elites centrais e periféricas foron evidentes. A nación estaba na esfera idealista da representación política, sendo os notábeis de "arraigo" os que dicían atender os intereses do "país", nun sentido provincial ou comarcal, e que constituía un dos fundamentos da cultura política dos notábeis[85]. Asístese, entón, á difícil conxuntura de conciliar unha representación descritiva ou sociolóxica dos electores[86], coa idea dun interese xeral ou prosperidade da nación. A directriz moderada, concretamente

[81] Numerosos autores referencian estes dous modelos. Álvarez Junco, Beramendi, Requejo, 2005: 23- 30; Ford, 1993: 10; Fox, 1997: 15- 16.
[82] Archilés, 2011: 245- 330. A fenomenoloxía de Husserl suxeriría deixar en suspenso o concepto, en Moreno Almendral, 2017: 8.
[83] Perspectiva del "happen", en Brubaker, 1996: 20- 21.
[84] Molina Aparicio, Cabo Villaverde, 2011. Tamén hai unha chamada aos estudos biográficos en "La nación desde abajo" de Molina Aparicio, 2013, e en Moreno Almendral, 2017.
[85] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 27- 30.
[86] Pitkin, 1985 [1967]: 65- 100. É a representación por semellanza, coma espello ou retrato da comunidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

doutrinaria, vai ser a da centralización administrativa. A representación política debía abandonar o enfoque descritivo, mais non vai ser doado que nos distritos acepten candidatos foráneos, ministeriais, en aras da nación. A pesar da deriva autoritaria dos gobernos, "lo local sigue siendo el escenario de la vida pública"[87].

A modo de síntese dos contidos deste capítulo historiográfico sobre o liberalismo dos notábeis, vanse ensamblar citas e conceptos para fixar os atributos a contrastar no estudo empírico:

1) A propiedade foi convertida "en una abstracción, en un nuevo dios", dando aparencia de algo radicalmente novo[88]. Foi o "referente institucional único con que medir la idoneidad del representante", unha proba de "independencia", dada a desconfianza na praxe dos criterios morais[89].
2) Hai que desbotar "cierto reduccionismo sociológico" que pretende atopar un suxeito político, "metahistórico y trascendente" que determina a revolución, "sin darle el relieve que merece a otros factores" políticos que sobresaen na investigación empírica. É dicir, non se pode acoutar con claridade un modelo social do liberalismo español, ao xeito dunha clase burguesa revolucionaria ou unha aristocracia conservadora[90].
3) O enfoque máis diáfano suxire a composición dunha nova élite, "amalgama de viejos y de nuevos elementos en la que no se aprecia el predominio de ningún componente sobre los demás". Unha "mescolanza" fornecida polo matrimonio, a concesión graciosa de títulos e "espacios de sociabilidad compartidos"[91].

[87] Beramendi, Rivera, 2016: 31.

[88] Congost, 2000: 88. Para Rosa Congost "los legisladores estaban intentado, de hecho, cambiar poco la sociedad".

[89] Sánchez León, 2006: 93. Os progresistas confiaban na virtude do representante, mentres que os moderados axiña abandonaron o idealismo político para abrazar teses doutrinarias, posibilistas. A propiedade era un indicador obxectivo fronte a "capacidade" que esgrimían os progresistas. Donoso Cortés apelaba, con paternalismo, a deixar ás masas durmir "el sueño de la inocencia". Citado en Romeo Mateo, 2001: 249.

[90] Ruiz Torres, 2003: 181- 183. As "complejas relaciones entre lo político y lo social" non poden investigarse por separado, como esferas alleas, nin tampouco cun modelo determinista. Toda formulación epistemolóxica debe contar coa súa debida constatación empírica.

[91] Pro Ruiz, 1995: 54.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4) Tampouco existiu un modelo político definido. Trataríase dun sistema híbrido que tiña elementos de distintas experiencias: o sufraxio censatario orleanista, o bicameralismo británico[92]. Un produto histórico, e non tanto teórico. O cambio de réxime foi o resultado dunha multitude de encontros e disputas, "acciones políticas" cun alto grao de improvisación[93]. Se ben a consolidación dun "espacio político liberal" foi un proceso longo no tempo, os feitos históricos cimentáronse en períodos máis curtos e intermitentes, ciclos marcados polo "carácter intensamente local de sus prácticas"[94].
5) A cristalización dunha sociedade de notábeis está intimamente ligada a formación de partidos de notábeis, máis ou menos faccionalizados, tal e como demandaba o novo réxime político[95]. Isto é, existiu unha correlación entre as novas organizacións políticas e a transformación da sociedade. Unha relación ontoxenética de mutua afectación. Así, mentres a acción política ía perdendo contido ideolóxico, socialmente víanse reforzadas as relacións grazas aos fortes vencellos persoais, contractuais e culturais de partida[96]. De feito, ambos partidos van contar indistintamente cos mesmos perfís socioprofesionais, prevalecendo as filiacións persoais sobre calquera outra consideración[97].
6) Entre a continxencia e transcendencia das accións políticas, a ausencia dun modelo social predeterminado, e a emerxencia de

[92] Sierra, 2009: 139- 167.
[93] Ruiz Torres, 2003: 183. Estas accións políticas son "imposibles de reducir a esquemas puramente sociológicos o ideológicos".
[94] Burdiel, 1999: 186, 198.
[95] Idea que está presente nas *Memorias* de Miraflores que recolle Fontana, 2006: 341- 342. Isabel Burdiel ten comentado que o partido moderado tiña "carácter de partido de aluvión", intensamente fragmentado, reflexo dos intereses económicos particulares destes notábeis. Para María Sierra as eivas na institucionalización do réxime motivan a aparición de grupos e faccións de amigos políticos, desenvolvendo o feito político por canles informais. O fenómeno clientelar sería consubstancial aos partidos de notábeis. Ao respecto, Burdiel retoma a noción de "régimen de soberanía parcelaria" que acuñara Varela Ortega. Burdiel, 2010: 249, 251; Sierra, 1996: 98- 99; Varela Ortega, 1977: 355.
[96] Veiga Alonso, 2008: 147- 148. Moderados e progresistas fican mesturados nestas redes.
[97] Pro Ruiz, 1995: 64. A organización de ambos partidos atinxiría á "lógica de redes personales".

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

faccións e clientelas, xéstase un conxunto de disposicións á acción, estruturadas e estruturantes, que se pode denominar *habitus* do notábel[98]. Un "repertorio" de accións que modela o perfil do notábel.

7) Na eido cultural e moral está en auxe o valor da capacidade: intelixencia, educación[99]. Unha perfección que o notábel amosa na súa conduta, no seu estilo. A súa reputación tamén é fonte de lexitimidade, converténdose no candidato natural do distrito[100]. No fondo, unha cosmovisión elitista que acepta a desigualdade social. O individualismo está *in crescendo*[101]: é a sociedade dos "hombres públicos", cos seus negocios e intereses privados, "pequeñas pasiones" e filiacións[102].
8) Esta cultura elitista, xunto coa praxe clientelar, non logran a harmonía social. A sociedade de notábeis estivo atravesada por "fuertes líneas de tensión políticas económicas". É dicir, o conflito, a loita de intereses, "las fracturas internas" marcan a dinámica da época, incluso no caso das elites territoriais máis compactas[103]. Isto provocou algunhas "piruetas filosóficas" para ensamblar teoría e praxe[104]: o idealismo político da nación á beira do posibilismo na representación política.

[98] Bourdieu, 1991: 92.
[99] Sánchez León, 2006: 93. Os progresistas defenderon unha concepción idealista da representación política, mentres que os moderados foron máis pragmáticos, buscando o fundamento da propiedade.
[100] Guionnet, 1997: 43- 78.
[101] Sierra, 1996: 98- 99. O elitismo medra á par do individualismo. Con todo, as elites provinciais reproban o individualismo coma un xeito de egoísmo que vai contra dos intereses do seu país (no sentido antropolóxico de territorio de orixe). O home honrado forma parte dunha facción de amigos políticos. Guionnet, 1997: 145- 208.
[102] Burdiel, 2010: 247- 248. Cita a Tocqueville, *Recuerdos de la revolución de 1848*.
[103] Romeo Mateo, 2001: 243. Desbota a imaxe homoxénea e unívoca da elite moderada valenciana.
[104] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 24- 25.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2ª PARTE:

OS FIDALGOS

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2.1. A FIDALGUÍA GALEGA: TERRA E TRADICIÓN

2.1.1. Señores intermediarios

A razón histórica da fidalguía galega está na terra. Os fidalgos conforman un grupo social con privilexio que se enriquece coas rendas da terra grazas ao oco social que se abre na crise baixomedieval. Se ben existiu unha baixa nobreza con anterioridade ao século XVI, as novas camadas que agroman co cambio de época caracterizan, "artellan e ligan" un "grupo estamental" diferenciado no Antigo Réxime galego[1].

Tal e como se observou no contexto europeo, tívose que dar a oportunidade ou apertura nos estamentos privilexiados para permitir certa mobilidade social nos estratos máis baixos. A emigración da nobreza, a súa ruína, creba ou extinción, deixaba o campo expedito para a cristalización dunha nobreza menor, menos guerreira e máis letrada. O poderoso estamento eclesiástico tamén favoreceu a aparición da fidalguía aforando os seus bens a estes administradores de rendas e incorporando moitos dos seus descendentes no clero regular e secular[2]. A utilidade destes fidalgos estaba na súa presión sobre a produción agraria, xa que afincados nos lugares e aldeas obxecto de foro, coñecían e demandaban as rendas correspondentes. Para mosteiros e conventos, a fidalguía era unha garantía de cobro nuns dominios eclesiásticos dispersos e descontinuos.

Existían distintas vías para afidalgarse partindo dunha condición plebea. O historiador Ramón Villares identificou unha "pléyade de curas, escuderos y escribanos"[3]. En xeral, foron persoas de recoñecida valía por ter prestado servizos de armas ou letras. Serían recompensados cunha serie de contratos de cesión da terra na forma de carta foral ou foro; mais tamén con cargos políticos e/ou administrativos coma alcaldes e rexedores, mordomos, xuíces e escribáns. Outra fonte de acceso ao privilexio consistía nunha serodia acumulación até conformar un dominio, ben a raíz da fundación pía de

[1] Migués, 2002: 108.
[2] Saavedra, 2007: 145.
[3] Villares, 1982: 78- 80.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

relixiosos seculares, ou ben pola adquisición de terras libres, rendas e censos até constituír un patrimonio vinculado. O paso do tempo e un trato honorábel acabarían por elevar socialmente a estes peiteiros.

Terra e tradición constitúen os fundamentos deste grupo social emerxente. A terra era o medio para unha lenta e paciente acumulación de riqueza, dentro dun sistema económico practicamente descapitalizado[4]. O canon das rendas agrarias fixábanse en especie, en cereais ou pan, con un estreito marxe de excedente comercializábel. Ademais, a actividade nas numerosas feiras e mercados era de escasa entidade e circunscrito ás áreas comarcais. Non obstante, a gandería, o peixe e o viño, podían obter bos resultados comerciais. A circulación de moeda tiña o seu estímulo nos censos consignativos e hipotecas, que adoitaban ser préstamos que se satisfacían en metálico; en parte das dotes e lexítimas; e nas actividades artesanais e profesionais, esencialmente urbanas ou vilegas. Tamén quedou constancia do pago en reais dalgúns dereitos por señorío xurisdicional[5]. En vista da preponderancia económica da produción agraria, a riqueza pasaba pola formación e consolidación dos dominios fidalgos, unha maneira de tenza da terra sen que necesariamente houbese que traballala[6]. Talvez un xeito de imitar á nobreza, os seus señoríos, a súa ociosidade[7].

Era a "renta como ideal"[8]. Para tal propósito debían coñecer o territorio e os modelos de escrituras notariais. En definitiva, o sistema herdado de dereitos sobre a terra que fraccionaba o excedente agrario, até o punto de introducir o seu propio beneficio, a renda fidalga, entre o dominio directo e o útil dos levadores. Eran, xa que logo, "varios dominios directos concurrentes", que son os dereitos que van percibir

[4] Villares sostén que en xeral, tanto para pequenos coma grandes rentistas, "la acumulación de riqueza es relativamente baja y mucho más remota la de capital, sobre todo a la vista de los enormes gastos que tales ingresos debían sustentar". Villares, 1982: 51.

[5] AHPP, Catastro de Ensenada, *Real de Legos*, Escuadro, L- 434, don Manuel Fernández Espinosa. O cabezaleiro de Cascaxide percibía un real por señorío.

[6] Os fidalgos máis humildes podían verse abocados á explotación directa (Villares, 1982: 51), aínda que Saavedra afirma que o perfil de fidalgo como traballador manual "no es lo típico de Galicia, aunque haya algunos". Saavedra, 2007: 146.

[7] Por este motivo, polo *ethos* nobiliario, a fidalguía galega vai reproducir un desinterese pola produción agrícola, polas innovacións en cultivos e técnicas, limitándose a coidar da extracción e especulación da renda. Esta lectura de García- Lombardero permite comparar a fidalguía galega cos "middlemen" irlandeses. Presedo, 1997: 14.

[8] En expresión de Bennasar que recolle Villares, 1982: 80.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a renda foral, namentres que o útil queda nas mans do que traballa a terra[9]. Esta posición central entre señores e labregos convérteos en "hidalguía intermediaria", "señores medianeros", "hidalguía aburguesada", ou "burguesía ahidalgada", denominacións que na década dos setenta inauguraron unha perspectiva historiográfica anovadora[10]. Os seus autores podían explicar entón o fenómeno da cesión subforal, así como tamén a cohesión dun reducido grupo en torno a renda e o poder local[11].

A pesares do prestixio que confería o patrimonio, a terra en si mesma non culminaba o sentido histórico do Antigo Réxime: a tradición. A condición social viña determinada polo berce, e só, tras varias xeracións de riqueza e honores, podía dignificarse o sangue. Co andar do tempo podían ocultar remotas e humildes orixes, mais precisaban de certos elementos para o efectivo afidalgamento dunha Casa. A fundación, o matrimonio, a relixión, os costumes, aquel vivir nobremente que atopamos en todo o continente europeo. Precisamente, será a familia o obxecto de investigación dunha nova xeira historiográfica que se encetou na década dos noventa[12]. Para Presedo, o engrandecemento dunha Casa estaba "baseado nun sistema de reprodución social centrípeta", co morgado e o matrimonio coma principais estratexias[13]. A primeira consistía na transmisión do patrimonio vinculado, de tal xeito que se constituíse o dominio fidalgo sen alienación nin reparto. Unha segunda estratexia residía na liñaxe, ou liña sucesoria con primoxenitura, que se cultivaba con esmero mediante os contratos matrimoniais entre membros da fidalguía para fornecer o parentesco dentro do grupo[14]. Tamén a Igrexa constituía un cimento institucional da tradición. A carreira eclesiástica podía rubir

[9] *Ibíd*.: 69.

[10] Respectivamente, Eiras Roel, 1972: 10- 12; García- Lombardero, 1973: 107- 108; Barreiro Mallón, 1973: 570; Pérez García, 1975: 330. Estas referencias foron recollidas por Villares, 1982: 76, e por Presedo, 1997: 14.

[11] Os traballos da "Escola de Eiras" confirmaron a pequena proporción de fidalgos segundo a poboación de varias comarcas. En Presedo, 1997: 13-14, n.2.

[12] Presedo e Migués seguiron a estela de Villares e Saavedra.

[13] Presedo Garazo, 2008: 14, 127- 129. Alude a "modelo reprodutivo" de imitación da alta nobreza.

[14] Migués, 2002. O seu traballo fai fincapé nas estratexias matrimoniais, sobre o que versará o capítulo "2.2. A Casa fidalga" desta tese.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

até o cumio social, empuxando a toda a familia cara o privilexio e a excelencia. Outros aspectos coma os estudos, os gustos, o lecer e o estilo de vida compoñen unha representación máis dúctil da tradición, xa que foron máis sensíbeis aos cambios, ás modas, chegando a significar un cabalo de Troia da Ilustración e o liberalismo. Pódese anticipar coma exemplo empírico a transformación que supuxo para varias familias fidalgas o traslado de residencia á vila ou cidade durante o Oitocentos[15].

2.1.2. As orixes de tres dominios fidalgos

Esta estudo de caso corroborou as teses precedentes. Nas tres familias investigadas están presentes as rendas forais, liñaxes, fundacións, capelanías, escribáns, dotes, colexiais. As fontes sinalan que eran tres familias fidalgas, mais as súas orixes, a súa aparición, non é tan fácil de determinar. Resulta complexo clarificar un motivo único ou exclusivo de partida. Estas tres liñaxes foron o resultado de mesturar terra, escribanías e parroquias, en proporción variábel.

Os López- Ballesteros gozaban dunha notoria fidalguía con tratamento de "don" no Catastro de Ensenada[16]. Anos despois, en 1768, verían aprobada a Executoria de fidalguía que preiteaban en Valladolid[17]. Os documentos da probanza acreditaban a orixe da liñaxe na unión matrimonial de don Antonio López de Caneda e dona Antonia Pimentel Ballesteros Ribadeneira[18]. Precisamente, o seu escudo de armas recolle os símbolos das distintas familias entroncadas dende esta unión até a primeira metade do XVIII[19].

Unha exploración casual do Arquivo Municipal de Vigo ampliou esta información das súas orixes. Dentro do fondo documental que doou José María Álvarez Blázquez hai varias caixas relativas á familia

[15] Os Espinosa tiñan casa aberta en Compostela, na rúa do Vilar. Os Varela na rúa do Hórreo.
[16] Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), Catastro de Ensenada, Vilagarcía, *Real de Legos*, L- 127, pp. 356- 369, microfilm 27/5. Por defunción do seu marido, don José López- Ballesteros, figura a súa viúva dona Juana de Mondragón na sección de "forasteros" coma titular da Casa.
[17] González López, 1987: 5- 6.
[18] Viviron na segunda metade do XVII. Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, *Hidalguías*, Leg. 1138- 27. Tamén Crespo del Pozo, 1985: 154- 155, e Vázquez Casáis, 2000: 184- 187.
[19] O relato xenealóxico da liñaxe será debidamente explicado no epígrafe 2.2.3.1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

López- Ballesteros. Son os papeis do Licenciado don José A. Vázquez Betanzos, escribán, casado con dona Rosalía López- Ballesteros y Mondragón. A maiores dos seus propios protocolos notariais, hai documentos da súa familia política. Son varias as escrituras de inventario e *partija* de bens que obedecen á reclamación da lexítima de dona Rosalía cara finais do século XVIII[20].

Nun "memorial" de bens vinculados que efectúa don Diego López- Ballesteros queda constancia de tres momentos de fundación e agregación patrimonial[21]. A orixe da liñaxe estaría na fundación da capela de San Mauro e San Gregorio na igrexa de Santa Baia de Arealonga (Vilagarcía), polo matrimonio formado por don Antonio López e dona Inés López. Institúen así unha obriga de «dos misas semanarias con sus responsos, seis rezadas y dos cantadas en cada año». Para o seu cumprimento e a «manuten^{on}. de los suzesores» vinculan os seguintes bens: 1) unha casa na rúa do Río de Santa Lucía (Vilagarcía); 2) a granxa das Cardozas, composta de casa, horta, viña e pombal; 3) en concepto de foros, censos e outros dereitos, 371 ferrados de *mijo menudo* e centeo de por metade e 6 galiñas, que se percibían en 9 parroquias: San Martín de Gargantáns, San Salvador de Saiáns, San Lorenzo de Moraña e San Pedro de Rebón (Moraña); San Breixo de Barro e San Martín de Agudelo (Barro); San Cristóbal de Briallos (Portas); San Pedro de Cea (Vilagarcía); e na vila de Carril.

A fundación dos López en Vilagarcía presenta un matrimonio que reside nesta vila costeira, mais que cobra rendas de bens raíces dispersos, nos actuais concellos de Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Portas e comarca de Arousa. Pode interpretarse que este matrimonio procedía da comarca de Caldas, xa que alí hai presenza doutros López. Puido tratarse dun matrimonio de segundoxénitos que se instalou na emerxente vila de Vilagarcía para desempeñar unha función lega,

[20] Arquivo Municipal de Vigo (AMV), *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 30. Os inventarios non rexistran data, mais hai referencia a un acordo entre don Diego López- Ballesteros e o seu cuñado Vázquez Betanzos en 1773. Hai información do falecemento da nai, dona Juana de Mondragón, en 1791. Tamén hai documentos sobre un preito de augas que se disputa dende o século XVII, AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 32.

[21] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 48. "Primer Memorial", obra de don Diego López-Ballesteros y Mondragón. Datas extremas: 1774- 1786, anos do seu regreso de América e defunción.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coma unha escribanía. Semella que nas orixes dos López- Ballesteros hai rendas e letras.

Non se localizou a data exacta desta fundación, mais existen indicios para situala no século XVI, xa que nunha escritura de compra de 1607 aparece un descendente seu, Diego López de Caneda, escribán e veciño de Vilagarcía[22]. Ao longo do XVII figuran varios López de Caneda[23]. Malia a precaria conservación das fontes, poden identificarse a tres irmáns: os licenciados Bernardo, Diego, e Gregorio[24]. Este último era clérigo e de menor idade[25]. Noutras escrituras formalizan os aforamentos que outorga Amaro López de Caneda[26], que ocupaba o cargo de rexedor na vila de Vilagarcía[27].

Segundo se afirma no *Memorial* de bens libres para inventariar a lexítima de dona Rosalía, a liña sucesoria dos López de Caneda pasa por don Mauro, pai de don Antonio López de Caneda, que casaría arredor de 1660 con dona Antonia Ballesteros. En 1636 adquiriu don Mauro López de Caneda unha casa na vila ao Licenciado don Pedro Varela. Cabe lembrar que a capela fundada polo matrimonio López no século XVI tiña a advocación de San Mauro e San Gregorio[28].

Esta documentación sitúa aos López de Caneda coma unha liñaxe plenamente asentada na comarca na primeira metade do século XVII. As numerosas escrituras de compra- venda, foro e arrendamento que subscriben indican a existencia de patrimonio e rendas. As ocupacións de escribán e clérigo amosan unha cultura letrada, froito do estudo, que emparenta co eido civil e coa Igrexa. Namentres, o cargo de rexedor representa unha posición sociopolítica elevada.

---

[22] *Ibíd*. Entre os papeis da familia política do Ldo. Vázquez Betanzos, hai unha carta de venda dunha renda outorgada a Diego López de Caneda. Non recibe tratamento de "don".

[23] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 45. Protocolo notarial de don Sebastián Rodríguez en 1639.

[24] *Ibíd*.: 45- 46.

[25] *Ibíd*.: 50- 51. Un arrendamento dunha finca pechada en Sta. María de Rubiáns, en razón dunha renda de pan, foi outorgado por Diego López de Caneda, en nome do seu irmán Gregorio, clérigo, menor de idade en 1639.

[26] *Ibíd*.: 9- 11, no mesmo ano de 1639.

[27] *Ibíd*.: 71- 72. Así consta nun poder notarial asinado polo alcalde maior e rexedores de Vilagarcía.

[28] Tamén quedou rexistrado o nome de Mauro López de Caneda, mais non se pode determinar se eran persoas distintas, talvez tío e sobriño, ou ben a mesma persoa, xa que era habitual traducir o nome galego Amaro por Mauro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O *Memorial* de don Diego López- Ballesteros, anteriormente citado, recolle o nome de don Bernardo López de Caneda, que sería o titular dunha segunda vinculación. En ningún caso, queda clarificada a liña sucesoria, xurdindo varias cuestións: que posición ocupaba o mencionado Bernardo? Era talvez quen seguía a liña? Se trataba dun segundoxénito que fundou un vínculo que foi agregado ao tronco principal? Era irmán dos licenciados Diego e Gregorio ou era un devanceiro anterior? Sexa como fose, a súa fundación de 3 misas semanais, ademais de 1 cantada e 5 rezadas anualmente, na capela de Nosa Señora do Rosario, rematou por agregarse ao dominio dos López Ballesteros.

Para satisfacer o pago dos 50 reais á confraría da capela para o cumprimento destas misas de fundación, deixou indicados os seguintes bens: 1) «Unas casas, con sus altos y vajos en que vibio y murio el fundador», situadas na vila de Vilagarcía; 2) outra casa baixa; 3) media casa; 4) unha viña de branco e tinto, chamada a Morraza, coas once casas baixas que fixo o fundador; 5) unha horta; 6) 18 cargas de pan de renda que se perciben na aldea de A Laxe, en Vilagarcía, e nas freguesías de Santa María e Santiago de Godos (Caldas de Reis)[29].

As casas, viñas e horta están radicadas no interior e arredores de Vilagarcía, polo que se pode cualificar coma un patrimonio vilego. Ademais, a súa residencia habitual estaba nunha rúa da vila. As relacións cotiás, o seu estilo de vida, difiren do illamento das liñaxes netamente rurais. A actividade portuaria de Vilagarcía, a concentración de poboación nos núcleos vilegos do Salnés (Cambados, Vilanova, Vilagarcía, Carril), os intercambios comerciais, suxiren un entorno máis dinámico, mesmo un uso distinto do espazo. Con todo, seguen a axuntar rendas de cereais nas aldeas e comarcas próximas.

O primeiro sucesor de don Bernardo foi don Josef López Faxardo, que a súa vez cedeu ao seu sobriño dous bens para o cumprimento da fundación dunha misa: 1) un agro de 16 ferrados en San Adrián de Vilariño (Cambados); 2) os prados do Espiñeiro, de 33 ferrados, en

[29] Na actualidade pertencen a Caldas de Reis, mais cabe destacar a súa proximidade ás terras de Arousa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santo Tomé do Mar (antiga vila, hoxe incorporada a Cambados). Estes bens ampliaban o radio de acción da familia. Tanto nas escrituras notariais coma no citado *Memorial* de bens vinculados, constátase a formación dun dominio fidalgo que equilibra os bens rústicos dispersos coa concentración de casas na vila.

En resumidas contas, tratouse dunha liñaxe anterior ao século XVII, malia que as súas orixes permanezan confusas. Probabelmente, foi unha liña colateral dos López de Caldas de Reis, que fundou na citada capela de Vilagarcía, con expectativas de aumentar a súa riqueza e estatus social. No XVII, aqueles López de Caneda que foron escribáns, rexedores e clérigos sinalan a puxanza dunha familia que está en ascenso.

A segunda familia deste estudo é a dos Varela da Buzaca (Moraña). Tiveron un antecesor remoto e ilustre en don Fernán Páez Varela, recoñecido pola súa acción nas Navas de Tolosa[30]. No arquivo familiar da Buzaca hai unha copia dunha crónica medieval na que relatan as fazañas deste cabaleiro, chamado "el del Capelo", "ganando la onrra y gloria, poniendo la cadena y el candado por la de sus barras"[31]. Segundo o xenealoxista Vázquez Casáis, a heráldica dos Varela aludiría ao seu parentesco coas familias reais de Aragón e Francia, de aí as barras, as flores de lis e as rodas de Santa Catalina[32]. O citado don Fernán Páez Varela engadiría unha cadea con peche coma orla do cuartel. Contraeu matrimonio con dona Teresa Gómez de Ulloa[33], da casa principal dos Ulloa, emparentados coa alta nobreza

[30] No *Nobiliario* do Conde de Barcelos figura até a anécdota desta batalla. Dunha "porrada" que recibiu don Fernán, afundíuselle o "capelo de ferro" pola cabeza a través do rombo. En Peña Vidal, 2003: 35.

[31] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Memorial del Marqués de Montebelo*, 34.353/4; probas de nobreza, *Documentos referidos á nobreza e fidalguía de don Benito Ramón Varela de Novoa Mariño de Lobera Verea y Aguiar*, 34.357/3. Existe unha copia manuscrita en mal estado de conservación, obra de don Gómez Varela Mariño de Lobera, que encadernou en 1709. A obra orixinal sería de 1642 e contén as orixes feudais de liñaxes principais, coma eran os Noboa e os Lobera. Tempo despois, con motivo do expediente aberto na "Sala de Hijosdalgo" de Valladolid, realizan copia dalgúns extractos.

[32] Vázquez Casáis, 2000: 258.

[33] No *Memorial del Marqués de Montebelo* aparece coma López de Ulloa e coma Gómez de Ulloa. No expediente de nobreza figura coma Pérez de Ulloa. Menciónase tamén en Crespo del Pozo, 1985: 212, coma López de Ulloa, filla do señor do castelo de Dubra. Crespo engade información da anécdota e orixe do cabaleiro "del Capelo", sendo un "ricohombre del santo rey D. Fernando", con casa en Traspenas (Agolada).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e próximos aos reis Afonso VII e Fernando de León. Este matrimonio representa a liña de partida da "Casa y familia de los Varelas", dentro da orde nobiliaria galega.

Resulta extremadamente complexo distinguir a liña que dende aquel cabaleiro "do Capelo" chega até á Buzaca. Unha multitude de descendentes con enlaces e onomásticas recorrentes impiden garantir a fiabilidade da información xenealóxica atopada nas fontes e bibliografía[34]. Porén, semella estar acreditado que un dos seus fillos chegou a ser arcebispo de Santiago entre 1276 e 1289, co nome de don Gonzalo Fernández de Villamarín[35]. Outro dos fillos, don Juan Varela de Traspenas, sería o que continuaría a liña. Os descendentes dos Varela emparentarán nos séculos XIV e XV coas familias Ulloa, Mariño de Goyanes, Migués ou Miguez, e con outras ilustres casas do reino de Portugal[36].

Esta "buena casta de hidalgos" enfeudouse nas proximidades de Santiago de Compostela, concretamente no val do Dubra, tal e sinala o licenciado Molina. Do castelo do Dubra sae o tronco que vai á Casa de Corbelle (Melide) en 1518, na figura de don Juan Varela de Dubra, *el Viejo*, casado con dona Teresa Sánchez Noguerol. O seu fillo Jorge Varela de Dubra uniríase con dona Inés Vázquez (ou Gómez) Mosquera y Ambía, señora de Quindimil (Palas de Rei)[37]. Segundo as

[34] Vaise seguir a interpretación de Peña Vidal (2003), Vázquez Casáis (2000), Hipólito de Sá Bravo (1986) e Crespo del Pozo (1985), que é a que se reproduce na árbore xenealóxica da familia Varela de Casalnovo no apartado de Anexos.

[35] Os apelidos Fernández de Villamarín farían alusión a un avó materno. Nas *Memorias históricas del Rei D. Alonso el Sabio* cítase un arcebispo con este mesmo nome que se enfrontou á autoridade rexia. Outras fontes sinalan naquel tempo a don Gonzalo Gómez coma arcebispo entre 1273 e 1284, data da súa morte. Fundación Penzol, sig. 500, *Episcopologio*, José Valcarce (1787- 1821).

[36] Asegúrase na crónica de Montebelo que a Casa de Varela do reino de Galicia, sen constar solar ou estado, emparentou despois con familias de "muy elebada calidad", mesmo con liñaxes secundarias dos reis "de León" e tamén "de Portugal". Algúns descendentes Varela entrarían, vía matrimonial, na máis alta nobreza portuguesa. Identifica tamén a Migués ou Migueyz coma un "burgues honrrado de Santiago", que proviña dunha casa e torre na antiga Noia, a beira do río Nebra. ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Memorial del Marqués de Montebelo*, 34.353/4.

[37] Gómez Buxán (2007) achega outra interpretación da sucesión no vínculo de Quindimil. Nos documentos de información de Nobreza e Fidalguía, don Benito Ramón Varela fai outro relato xenealóxico dos Varelas antigos, mais resulta evidente que hai omisións e matrimonios mal situados. ADPO, fondo pazo da Buzaca, probas de nobreza, *Documentos referidos á nobreza e fidalguía de don Benito Ramón Varela de Novoa Mariño de Lobera Verea y*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xenealoxías consultadas, este patrucio foi o primeiro da súa estirpe con bens en Caldas[38]. Seu fillo, Jorge Varela Mosquera, señor de Quindimil, e a súa esposa, Inés Mariño (ou López Mariño de Goyanes), constitúen a liña dos Varela que abre a casa de Casalnovo. Algunhas informacións aseguran que foron eles os fundadores da capela de San Xurxo dentro da igrexa de Santa María de Caldas[39]. Con testamento na casa de Corbelle (Melide) en 1570, Jorge Varela Mosquera reparte e/ou coloca aos seus fillos en distintas casas: Corbelle e Quindimil, Casalnovo, e as de Ramil (Palas de Rei) e Curuxal por matrimonio.

A liña que segue en Casalnovo é a do cuarto fillo, o licenciado Gómez García Varela de Dubra, que exerceu de xuíz de paz na vila de Caldas entre 1600 e 1627. Sendo home de relevancia na comarca, sorprende que en 1623 tivese que reclamar os seus dereitos de sepultura na citada capela de San Xurxo[40]. Consérvase da esposa deste último, Dominga López de Villamoure[41], un memorial de "vienes capitales", que demostra a riqueza deste matrimonio que ampliou considerabelmente o patrimonio familiar[42]. A casa da Buzaca e outros bens en Moraña e Cuntis foron incorporados por este patrucio, malia que mantiveron a súa residencia en Casalnovo (Caldas)[43]. Seu fillo, don Pedro Varela de Dubra, casado en 1629 con dona Inés Mariño de Lobeira y Salnés, quixo resolver o preito do seu pai polo dereito á capela de San Xurxo, asegurándose o padroado da mesma cunha dotación de 10 ferrados de pan. Para tal efecto, fundou o vínculo

Aguiar, 34.357/3. Á vista da complexidade destas orixes, tómase por certa a liña dende a sucesión en Casalnovo de Gómez García Varela de Dubra, isto é, a partir de 1600. Con anterioridade, sería preciso unha revisión monográfica.

[38] Peña Vidal, 2003: 55- 56.

[39] Vázquez Casáis, 2000: 258.

[40] Figura coma veciño de Caldas, malia ter nacido en Vilagarcía. Crespo del Pozo, 1985: 204. É probable que fose escribán, mais non hai máis ca unha referencia nunha carta foral no arquivo familiar. ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Inventarios sobre compras e arrendamentos de propiedades...(1580- 1709),* 34.360/1. Don Gómez García faleceu en 1627, sendo soterrado na capela maior da igrexa de Caldas (Santa María), pero non na de San Xurxo, onde foron trasladados os seus restos por dotación do seu fillo don Pedro.

[41] Natural de Santa María de Arcos da Condesa, onde faleceu en 1615. Peña Vidal, 2003: 56.

[42] ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Vienes capitales de dª Dominga López Moure y Termes muger de Gomez Garcia Varela de Dubra*, 34.360/1

[43] Crespo del Pozo, 1985: 204.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sucesorio da Casa de Casalnovo. Alí residiron os Varela até os esponsais en 1718 do vinculeiro don Diego Francisco Varela e dona Andrea Josefa Verea Fariña, da casa dos Fariña de So o Rego (Moraña). Este matrimonio trasladará a súa residencia habitual á Buzaca. Ambas casas, Casalnovo e a Buzaca, identificarán o dominio dos Varela na comarca de Caldas, mais, segundo sostén Hipólito de Sá Bravo, foi un cambio de "solar y Casa del linaje", quedando asimilado o vínculo hereditario á Buzaca[44]. Outras investigacións afirman que as dúas casas permaneceron unidas nun mesmo legado até que se separaron en dúas liñas, xa entrado o século XX[45].

No arquivo familiar quedou rexistro de numerosas adquisicións e foros entre os séculos XVI e XVIII nas zonas de Cuntis, Moraña e Campo Lameiro[46]. Un membro da familia, Pedro García Varela, clérigo da igrexa de Santa María de Caldas, axuntou un importante patrimonio en Cuntis, entre 1565 e 1598: muíño, casa, fincas[47]. Este clérigo puido ser irmán de Jorge Varela[48], polo que sería tío de Gómez García Varela. O clérigo Varela chegou presbítero e reitor de Santa María de Caldas, e nomeado comisario do Santo Oficio da Inquisición na mesma parroquia[49]. Parte dos seus bens pasaron a Casalnovo.

Escrituras posteriores, entre 1596 e 1623, tiveron por comprador ao citado Gómez García Varela, tamén en parroquias do actual municipio de Cuntis. Nestes documentos figura coma veciño de Cuntis, aínda que finalmente residiu en Casalnovo (Caldas)[50]. Seu fillo, don Pedro Varela de Dubra, asinou numerosas escrituras: varias compras, foros e rendas, entre 1637 e 1667, principalmente en

[44] Sá Bravo, 1986: 410- 412.
[45] Peña Vidal, 2003: 60, 67.
[46] Por inventario de dona Rosalía Verea, coma curadora dos seus fillos. Solicita información no rexistro de Baños de Cuntis. Data extrema 1773, falecemento do marido. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de dona María Rosalía Verea y Aguiar*, 34.375/37.
[47] ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Transmisión da propiedade*, , 34.360, 34.375.
[48] Fillos ambos de Jorge Varela, señor de Quindimil.
[49] ADPO, fondo pazo Buzaca, correspondencia, *Nomeamento de comisario de Santo Oficio da Inquisición a Pedro García (...)*, 34.370/5. Santiago, 1 de xuño de 1588.
[50] ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Transmisión da propiedade*, 34.375.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caldas[51]. O volume de adquisicións foi moi alto no último terzo do XVI e primeira metade do XVII. As escrituras parecen sinalar a acumulación e formación do dominio dos Varela na comarca de Caldas. Ao mesmo tempo, tamén suxiren o endebedamento ou creba dos vendedores, que subscriben un censo ou venden terras alodiais[52]. Xa no século XVIII e residindo na Buzaca, seguiron os Varela a adquirir e subforar bens, agora centrados nas parroquias de Moraña, onde incorporaron bens e dereitos dos Fariña, cos que entroncaron por matrimonio[53]. Os materiais conservados, así como o marco desta tese, non permiten realizar un estudo en profundidade da documentación patrimonial, mais esta exploración concorda con outras investigacións de familias fidalgas concretas[54].

Recapitulando, as orixes guerreiras dos Varela puideron aportar un alto estatus ao apelido, formando parte dunha fidalguía de avoengo. Esta posición forneceuse mediante matrimonio con liñaxes antigas de Pontevedra, ría de Arousa, Melide e Caldas. Por outra banda, o asentamento da liñaxe en comarcas relativamente distantes (Dubra, Quindimil, Caldas), puido deberse a unha política de afidalgamento que promocionaba distintas liñas colaterais, que van tomando Casa e fundando un novo dominio fidalgo co mesmo apelido. Deste xeito, xurdiron varias liñaxes fortes, cos seus respectivos morgados, dun mesmo tronco común. Así pois, se o cabaleiro Varela fixo honores para ennobrecerse, foi un mérito que ficou lonxe, alá polo século XIII. A evolución destes Varelas antigos baseouse máis na terra que nas armas.

O dominio dos Varela comprendeu unha área ambiciosa nas terras de Caldas, mais sobresaen esas adquisicións concentradas en Cuntis e

[51] ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Transmisión da propiedade*, 34.388. O valor das rendas oscilaba entre os 6 e os 3 ferrados.
[52] Presedo, 1997: 132.
[53] Don Diego Varela e o seu fillo José van adquirir en Moraña. ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Transmisión da propiedade*, 34.376, 34.387; *Relación de adquisicións durante o matrimonio José Varela e Mª Rosalía Verea*, 34. 377/2. Os Varela reclamaron o beneficio curado dos Fariña na parroquia de Gargantáns e o seu unido San Lourenzo de Moraña, onde se empraza A Buzaca. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Documentación do beneficio curado de Gargantáns*, 34.365/2, 34.367/6.
[54] Presedo, 1997: 131. Tal e como apunta Presedo, os arquivos privados da fidalguía teñen as súas limitacións en canto á conservación, desorde e arbitrariedade das fontes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Moraña[55]. Porque se ben, tal e como comentan varios especialistas na materia, resulta complexo falar de territorialidade, semella que os Varela tiveron vontade de imitar os antigos señoríos señoriais ou eclesiásticos[56]. Porén, malia ser o territorio "algo vago y difuso", con superposición de dominios e dereitos, cunha proporción de ingresos por entidade parroquial ou xurisdicional menor que nos dominios eclesiásticos[57], parece que a dispersión e descontinuidade dos dominios fidalgos debe matizarse no caso dos Varela.

Talvez hai "eclecticismo" patrimonial, mais que sen desbotar a súa "presenza real no agro", coma "posuidores de abundantes terras centradas en freguesías concretas", así como tamén pola súa incidencia nas economías domésticas das familias labregas[58]. Valórase, xa que logo, o marco de relacións no espazo e no tempo dunha comarca, o coñecemento mutuo, as distancias a cabalo, a localización das tullas ou arcas onde se paga a renda. En consecuencia, a pesares das agregacións de Casas e doutros bens procedentes do matrimonio, como as dotes e lexítimas, que diseminan os seus intereses, a formación do dominio fidalgo con anterioridade a 1650 parte dun "solar y Casa" ou terra da liñaxe. Con este propósito, pode fixar un ou varios centros para o cobro e xestión de rendas, arredor dos cales intenta expandir o seu patrimonio. Segundo amosou Villares nas terras de Chantada, poden percibir rendas na práctica totalidade dunha comarca, mais "casi todos ellos tienen una parroquia-base en la que se concentra una gran parte de sus ingresos rentistas"[59].

[55] Ademais dalgunhas rendas en Arzúa e outras xurisdicións máis distantes, o dominio dos Varela estaba enmarcado nas terras de Caldas, especialmente nas antigas xurisdicións de Peñaflor, Caldas e Baños.

[56] Villares, 1982: 104- 106.

[57] *Ibíd.* Estas diferencias nos cálculos realizados entre rendas e extensión territorial explican con claridade as distintas épocas de formación dos dominios, eclesiástico e fidalgo, e as súas respectivas posicións no complexo sistema de cesión da terra. Os lugares en foro a montes e fontes son un modelo de cesión no caso dos eclesiásticos, mentres que a fragmentación e subdivisión dos forais é característico nos contratos fidalgos. Mesmo reflicte o cambio entre os contratos centrados nos titulares, ás escrituras pormenorizadas da terra, coa súa mensura e lindes. A terra imponse ao rendeiro.

[58] Presedo, 1997: 132- 133.

[59] Villares, 1982: p. 244.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se a renda é o ideal, a "pacífica y quieta" posesión da terra dos seus avós é a súa razón de ser.[60]

A terceira liñaxe fidalga investigada é a dos Espinosa de Cascaxide, na freguesía de San Salvador de Escuadro (Silleda). As súas orixes rastréxanse nas antigas xurisdicións de Trasdeza e Deza. Sendo de extracción máis humilde cás anteriores liñaxes presentadas, obedecen ao perfil de peiteiro acomodado que acumula bens até fundar dominio fidalgo. Sería un afidalgamento por enriquecemento, cun estatus adquirido polo paso das xeracións. A priori, sen letras, nin armas. Os documentos xenealóxicos máis antigos do seu arquivo privado sitúan aos fundadores da Casa de Senra en Escuadro cara mediados do século XVI. Tal e como recolle o seu escudo de armas, virían por liña paterna dos Taboada de Deza.

O testamento sen data de Teresa de Outeiro, esposa de Gómez Taboada de Barcia, deixou estipulada a fundación máis antiga que se conserva neste arquivo[61]. A súa familia debeu proceder do lugar de Outeiro, na parroquia de Escuadro, mentres que o seu marido semella ser oriúndo de Barcia, en Fiestras. Esta muller, xa viúva e de avanzada idade, ordena a súa sepultura na igrexa de Escuadro e funda dúas misas anuais con cargo a unha renda anual de 3 ferrados de centeo. Ademais, os sufraxios de 60 misas cantadas e rezadas, e varias doazóns ou mandas para igrexas e capelas da contorna. O texto, malia estar incompleto, recolle varios legados para os seus netos, e a mellora de terzo e quinto para os seus dous fillos que recoñece coma lexítimos. Esta mellora pretende impedir que se lles pidan, poñan ou demanden aquela parte dos bens que lles corresponden aos fillos. Unha medida explícita contra a venda ou embargo, que os vincula "en todo tiempo de siempre jamás". Con esta figura xurídica, Teresa de Outeiro quere garantir a continuidade patrimonial da familia. Unha posición socioeconómica conquistada, que non pode perderse nin

[60] As grandes Casas, cun patrimonio diseminado por todo o territorio galego, terán varios "centros fundamentales de percepción de renta", talvez coa preeminencia dalgunha comarca. Por mor da agregación de morgados, as grandes Casas perderán o apego ao solar de orixe. Villares, 1982: 245- 246.

[61] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, Testamentos, 2.1.1. Tamén figura coma Teresa Fernández de Outeiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

alienarse, deixando atrás a situación de tantos outros labregos arruinados que venden as súas terras alodiais.

Os bens que declara Teresa de Outeiro son rendas de pan, ademais de galiñas e capóns[62], vacas[63], e unha arca en Barcia (onde vive o seu fillo Gómez Taboada), O seu outro fillo, Fernando de Senra, ten outras dúas arcas que herdou do seu defunto pai. Non hai referencias a unha vinculación previa do seu marido. Tampouco hai alusión algunha a terras, labradío, montes ou hortas. Isto confirma a escasa entidade do territorio, prevalecendo o titular sobre a parcela. Son as relacións e obrigas persoais as que quedan rexistradas no testamento. As rendas de pan consignadas suman 7 anegas, 10 ferrados e varios celemines[64], nun total de 7 entradas, nas que se fai mención da casa do rendeiro.

En ningún caso hai referencia a foro, censo ou bens raíces coma soporte do contrato. Sen embargo, na maioría das rendas aparece a freguesía onde se cobra, mais coma un dato para identificar ao pagador, que como alusión a unha posesión material. Estas rendas están repartidas en distintos lugares e parroquias do actual municipio de Silleda, coa particularidade de que están próximas entre si. Cunha liña se podería debuxar un itinerario no mapa: Sestelo, Balantega (freguesía de Escuadro); Barcia (Fiestras); na parroquia de Laro; e Freixeiro e Parada (Parada).

Outro aspecto salientábel neste testamento é o legado en moeda á Igrexa, as coñecidas como "mandas testamentarias"[65]. Non recolle o dato dos seus bens capitais, mais fai doazón de varios reais polo que existiría certa acumulación monetaria. Deixa medio real á Santa Cruzada e un real para cada unha das seguintes freguesías ou capelas: Santa María de Castro, ermida de San Sebastián, Santa María de Graba, e San Mamede de Moalde. Son catro igrexas próximas á

[62] Total de 4 capóns e 3 galiñas frías.
[63] Unha vaca e unha xuvenca nunha casa, para cría, e outra vaca en parcería.
[64] Unha carga (que se interpreta aquí coma 3 fanegas ou anegas), 4 anegas, 10 ferrados e varios celemines. Segundo recolle o testamento media anega son 3 ferrados no Trasdeza, noutras xurisdicións a fanega podía oscilar entre 4 e 6 ferrados. Aparecen os celemines, mais en cantidade ilexíbel, cunha proporción estimada de 1 ferrado= 2 celemines. O total de rendas sumaría 9 fanegas, 2 ferrados e varios celemines.
[65] Eiras Roel, 1981: 107.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

parroquia de Escuadro, e que describen o ámbito de acción inmediato de Teresa de Outeiro.

O seu sucesor en Escuadro foi Fernando de Senra, quen dá nome á liñaxe coma os Fernández de Senra durante dúas xeracións[66], até que se une no XVII cos Espinosa da freguesía de San Martiño de Fiestras. O patrucio dos Espinosa chamábase Pedro, e testou en 1633, recoñecendo os seus sete fillos, os seus bens e unha morea de rendas e pensións que lle deben, mais outras que debe[67]. Funda con esta escritura as obrigas de sepultura, misas e doazóns de varios reais e ferrados, máis 2 misas anuais, con cargo á mellora vincular de terzo e quinto que recae no seu fillo Agustín. Outro dos seus fillos, Gregorio, chegou a ser párroco de Santa Baia de Silleda[68], fundando na casa e bens do lugar de Quintá (Silleda), padroado que ocasionará preitos pola súa posesión durante os séculos XVIII e XIX[69]. Os bens da Casa Espinosa de Fiestras comprenden esa parroquia, así como as de Escuadro e Silleda[70].

A unión da súa filla Úrsula Espinosa con Juan Fernández de Senra dará lugar á liñaxe dos Fernández- Espinosa[71], que no XIX quedaría en Espinosa. Constitúen un dominio fidalgo menor, moi concentrado nas citadas parroquias, pero no que é salientábel a súa continuidade física, e a vontade de reunir parcelas de cara as renovacións forais. Foi un deliberado proceso de concentración da terra até erixirse coma os señores –intermediarios- do val de Escuadro. O matrimonio Fernández Espinosa compra numerosos bens durante o segundo terzo do século

[66] Fernando de Senra puido variar o apelido segundo os avós maternos, ou ser coñecido polo lugar de Senra, moi próximo a Cascaxide. A liña que segue en Escuadro: 1) Teresa de Outeiro, 2) Fernando de Senra, 3) Marcos Fernández de Senra, 4) Juan Fernández de Senra que contrae matrimonio con Úrsula Espinosa. Información ampliada no epígrafe 2.2.3.

[67] Arquivo familia Espinosa, *Xenealoxías*, Testamentos, 2.1.1. Outorgado o 5 de outubro de 1633, ante Pedro Gil Varela.

[68] Na escritura de concordia polas lexítimas do seu pai co seu irmán Agustín Espinosa, datada en 1633, figura o Ldo. Gregorio coma cura de Santa Cristina de Nemanzo. Noutros papeis aseguran que foi párroco de Silleda. Arquivo familia Espinosa, caixa II, Xenealoxías, Testamentos, 2.1.1.

[69] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 15.1. Pedro González, procurador.

[70] Sabemos, por un preito na Real Audiencia, que outras das súas fillas, Juana, recibiu no seu quiñón da herdanza varios bens en Soldecasa, Cimadevila, Cascaxide,… Os Espinosa tiñan un patrimonio superior aos Fernández de Senra.

[71] Coa mellora dun dos seus fillos: Francisco Fernández Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

XVII. As adquisicións de Juan Fernández de Senra entre 1633 e 1656 consisten en bens raíces. A diferenza da súa bisavoa, Teresa de Outeiro, que só computaba rendas no testamento. Este patrucio, que xa recibe tratamento de "don" nas escrituras, deixa un "Memorial de los bienes raices fincables (...). Cuios bienes se hallan sitos en los termnºs del lugar de Cascajid fª de Esquadro": 1) quince ferrados de centeo de renda "con su dercº de propied." sobre unha herdade sita no lugar de Cascaxide, en Escuadro; 2) tres ferrados "en sembrª" no prado denominado Reguengo; 3) unha herdade en dúas pezas dentro da chousa da Latiza; 4) a herdade de Cante; 5) o prado do Piñeiro; 6) a herdade da Cerdeirola; 7) unha casa pequena "q antes de aora se deshizo".

Son bens gananciais de don Juan, separados da mellora testamentaria, que recaeu noutro dos oito fillos de Marcos Fernández e Juana Fraiz. Adquisicións, polo tanto, de terras no lugar de Cascaxide, anexo ao lugar de Senra, onde residía a súa familia, e onde seguía a liña o seu irmán Pedro. A lexítima de don Juan, que provén dos pais e máis dun irmán, Agustín, cura párroco de Moalde[72], está formada por bens nos lugares de Senra, Cascaxide, e outros na parroquia de Escuadro, sumando un total de 50 ferrados de centeo en rendas[73]. En Cascaxide herdaría "a casa", que está partida en dúas metades, percibindo dúas rendas, dos seus levadores. Non se consigna se é en razón de arrendamento ou foro.

Tanto no Memorial *post mortem* coma na partilla dos irmáns Fernández de Senra advírtese un cambio cualitativo importante con respecto ás derradeiras vontades da súa bisavoa: 1) interese crecente na terra coma obxecto; 2) no lugar e parroquia de residencia. Primeiro, a lexítima e as adquisicións de don Juan Fernández de Senra veñen computadas coma bens raíces, a diferenza do patrimonio de Teresa de Outeiro que só relataba as rendas e os seus pagadores, sen referencia algunha ás parcelas. Segundo, don Juan focaliza as súas compras nun lugar no que xa ten bens por lexítima, co obxecto de conformar un patrimonio concentrado. Talvez, coa pretensión de formar un dominio

[72] Freguesía que linda coa de Escuadro.

[73] Arquivo familia Espinosa, caixa XVIII, *Patrimonio da Casa de Cascaxide (I),* 18.1. Dotes e compra- vendas das familias Senra e Outeiro (XVI); 18.2. Papeis de Úrsula Espinosa, XVI-XVII.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalgo propio. O caso é que don Juan non é o primoxénito, tampouco Úrsula, polo que este matrimonio de "segundóns" parte con desvantaxe respecto ás liñas principais. Sen embargo, eles constituirán un dominio de maior transcendencia que os seus irmáns primoxénitos. De partida, este casal reside na casa grande do lugar de Soldecasa. O actual emprazamento de Cascaxide non sería ocupado até comezos do século XVIII polo seu fillo Francisco.

A maiores do "Memorial de bens raíces fincables" e da partilla dos Fernández de Senra, quedaron no arquivo familiar numerosas escrituras que aumentan considerabelmente o volume do patrimonio aportado por don Juan. Son adquisicións de bens rústicos na parroquia matriz de Escuadro, maioritariamente no lugar de Soldecasa, onde compra seis parcelas que oscilan entre un e dous ferrados de extensión[74]. Nalgúns destes documentos consignan o pago ao directo dominio, deixando prescrito o pago anual ao vendedor dunha cantidade para axudar ao pago dese directo. É dicir, poden ser *acogimientos de foro* ou subforos, malia que adopten a forma contractual dunha compra- venda. Ao mesmo tempo, hai outras adquisicións que din ser libres de carga ou pensión. Estes bens en Soldecasa adoitan proceder dos Gómez, antigos foreiros do lugar.

Fernández de Senra debeu morrer entre 1656 e 1660. A partir de entón, a titular das escrituras é a súa muller, dona Úrsula de Espinosa, quen xa estivera casada con anterioridade con Gregorio Gómez, con bens en Soldecasa. Este primeiro matrimonio non tivo descendencia, polo que moitos bens de Gómez pasaron ao seu sobriño, que despois vende á tía Úrsula, xa afincada coa súa nova familia no lugar de Soldecasa. Dona Úrsula merca numerosos bens raíces, pero tamén rendas. Antes da morte do seu esposo, aparecen xuntos en 1641 na adquisición dunha renda de 2 ferrados e medio de centeo no lugar de Sestelo (Siador). Despois, en 1660, na compra doutra renda consta dona Úrsula coma viúva. Segundo a citada "Memoria de bienes raíces

[74] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías I*, 2.1.2. Adquisicións s. XVII- XVIII. Don Juan realiza estas adquisicións entre 1633 e 1656. Das sete escrituras atopadas, seis son de parcelas en Soldecasa, e a sétima é unha renda en Balantega (Escuadro). Esta última escritura apareceu mesturada cos papeis dos seus fillos, os licenciados don Marcos, cura de Abades, e don José, cura de Fiestras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fincables", dona Úrsula axuntou un patrimonio importante, máis voluminoso que os bens do marido[75]. Soamente no lugar de Soldecasa axunta 45 entradas: 3 casas, 13 parcelas (herdades, prados, chousas), 19 días de muíño, a súa parte nos montes comunais, 162 ferrados e medio de centeo de renda, unha galiña e un capón[76].

Outros bens propios de dona Úrsula son aqueles dos lugares de Maril (Fiestras) e Cimadevila (Escuadro)[77]. Todos eles procedentes da lexítima parte dos bens que fincou seu pai, Pedro Espinosa. Esta cantidade pon de relevo a riqueza que desfrutaba esta familia de campesiños. No lugar de Maril comprende boa parte do mesmo: unha casa grande, outras catro casas, once herdades, dous prados, a carballeira de San Antonio, un muíño no río Toxa e o beneficio curado de San Martiño de Fiestras.

Maril é un pequeno lugar, á beira de Barcia[78]. A medio camiño entre Fiestras e Escuadro, aproveitando a fertilidade do val do río Toxa. Esta herdanza de Maril fala dun lugar poboado, produtivo, e mesmo con muíño. Semella ser obxecto dun foral eclesiástico, que afora o lugar enteiro, mais neste inventario non queda constancia de renda algunha que satisfacer polo lugar de Maril. Tampouco hai mención do réxime de cesión destes bens. Por último, o beneficio de Fiestras amosa o estatus e poder conquistado pola casa de Espinosa nesta freguesía. Non se pode esquecer que o relatado é só a parte que recibiu dona Úrsula. Outros lotes de bens foron parar ás mans dos seus irmáns. Dona Úrsula tamén herda no lugar de Cimadevila (Escuadro): unha casa con eira, horta e cortiña, dúas herdades e unha toxeira. Non é comparábel ao patrimonio que recibe en Maril, mais si é dabondo para unha explotación agrícola de subsistencia que estaría cedida en arrendo ou foro, mais esa información non consta.

Tanto as adquisicións e quiñón en Soldecasa, coma as lexítimas en Maril e Cimadevila son bens propios de dona Úrsula, "como

[75] A linaxe dos Fernández Espinosa contou con mulleres de grandes patrimonios, tal e como se verá no relato xenealóxico, epígrafe 2.2.3.3.
[76] No mesmo "Memorial de bens" xa citado.
[77] Todos estes bens de Úrsula Espinosa están situados no actual municipio de Silleda.
[78] En Barcia é probábel que aínda vivisen os descendentes de Gómez Taboada de Barcia, un dos fillos de Teresa de Outeiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

capitales suios"[79]. Hai un acusado desnivel entre os bens que aporta don Juan Fernández de Senra e dona Úrsula ao matrimonio. Semella que é a esposa quen máis bens acumula, sobre todo rendas, no lugar de Soldecasa. A diferenza entre os esposos é que don Juan adquiriu bens raíces e subforos, mentres que dona Úrsula axunta maiormente rendas no lugar de Soldecasa[80], onde desfrutaba bens en usufruto polo falecemento do primeiro marido. Tras a defunción de dona Úrsula, os seus fillos comprarán eses bens ao sobriño herdeiro.

As diferencias entre os esposos, entre adquirir terras ou rendas, pode interpretarse coma dúas etapas para reunir o maior número de bens no foro de Soldecasa, e en menor medida no lugar de Cascaxide. Principiarían por comprar todos aqueles bens libres así como os foros, subforos e *acogimientos* de foro dispoñíbeis, para despois axuntar rendas soltas, sen información da parcela, froito de censos e de foros antigos escurecidos pola subdivisión de dereitos. As compras de don Juan chegan até 1656[81]. Daquela última década quedou constancia dalgunhas adquisicións de rendas e censos no lugar de Bustelo (Escuadro), entre 1651- 52[82]. Namentres, as escrituras que subscribe dona Úrsula chegan até 1673, data probábel da súa morte. Pódese estimar que houbo un período, de 13 anos, no que dona Úrsula adquiriu en solitario unha morea de rendas no lugar de Soldecasa, un antigo foral do priorado de Carboeiro, dependente agora de San Martiño Pinario. Esta acumulación destas rendas parece ser o paso previo á negociación dunha renovación de foro que teña aos Fernández Espinosa coma beneficiarios.

A partires dese ano de 1673 comeza a actividade dos seus fillos, que se prolonga até 1710, nunha época de expansión extraordinaria[83].

[79] Mesmo inventario xa citado.

[80] No inventario dos seus bens hai 29 entradas de rendas, con valores que oscilan entre os tres e os 15 ferrados. O total é de 162 ferrados de centeo.

[81] Non se atopou a data de defunción, que tivo que acontecer entre 1656 e 1660.

[82] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.2.Testamentos.

[83] A data de 1676 marca o comezo da xeira dos fillos, cando subscriben o foro de Soldecasa co mosteiro de Carboeiro, dependente de San Martiño Pinario. A comezos desta década de 1670 xa tiñan realizado algunhas adquisicións. En concreto, a concordia en 1673 con Agustín de Pazos. Tamén hai noticia dun preito na Real Audiencia pola sucesión do vínculo de Maril (Fiestras), fundado polo Licenciado Andrés Fernández Espinosa, fillo de Juan e Úrsula. ARG, Real Audiencia, Trasdeza, sig. 6183; 26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foron catro os irmáns que acrecentaron o patrimonio familiar, tres deles curas párrocos e o outro, o cabezaleiro. Esta xeración, coa que comeza a liñaxe Fernández Espinosa, representa outra época nesta investigación. Correspondería coa etapa de consolidación do dominio fidalgo dos Varela e López- Ballesteros, á par dunha rápida constitución e crecemento do dominio Fernández Espinosa.

O afidalgamento dos Espinosa sustentouse material e moralmente na terra. Familias de labregos enriquecidos, que nos séculos XVI e XVII casan entre si, a pouca distancia, abranguendo mediante o parentesco o dominio da terra que divisaban. Eran os lugares de Outeiro, Senra, Cascaxide, Balantega, Cimadevila, Soldecasa, Barcia, Maril, Quintá. Vizosas terras regadas polos ríos Toxa e Escuadro, dende o alto até o baixo. No século XVII, non deixan de aproveitar o endebedamento doutros campesiños para comprar herdades e rendas forais en lugares concretos[84]. Esta xeira de adquisicións representa un paso previo á vinculación ou fundación dunha nova liña sucesoria, os Fernández Espinosa. Unha acumulación orixinaria que na xeración dos seus fillos vai rebordar os núcleos xa adquiridos para anexionar novas áreas, onde mercan masivamente[85]. Están a seguir unha dinámica progresiva de acumulación, concentración, expansión e consolidación.

A formación dun dominio representa un paso previo ao seu ennobrecemento, que van procurar a través de parroquias, matrimonios e educación. Hai que sinalar que tanto don Juan Fernández de Senra coma dona Úrsula Espinosa tiñan irmáns no clero secular, e que estes reverteron os seus bens no patrimonio familiar. De igual xeito, tres dos seus fillos serán párrocos en freguesías próximas á Casa. Ademais, resulta significativo que os fillos varóns da familia asistan á universidade nunha época temperá coma o século XVII. Non se pode determinar se este feito ten relación co directo dominio que tiña a Universidade compostelá en varios lugares próximos a Cascaxide[86]. Igrexa e Universidade son dúas institucións que axudan

[84] Presedo, 2008: 55.

[85] Migués, 2002: 164. Sinala dúas consecuencias das actividades fidalgas do XVII: 1) ampliación a outras zonas; 2) consolidación das mesmas.

[86] Os lugares de Toiriz e Quintá (Silleda) eran de directo dominio da Universidade de Santiago. En Toiriz tiña bens aforados a familia Rivas da Casa de Sestelo (Siador). En Quintá

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aos Fernández Espinosa a elevar o seu estatus fidalgo. O aspecto máis salientábel nestas orixes está na posición deste matrimonio na sucesión dos patrucios. Son un casal de segundoxénitos, non constitúen a liña principal das súas respectivas familias, polo que a pesares de ter devanceiros afidalgados no século XVI, eles constitúen unha liña desgaxada, separada, e que soubo medrar a un ritmo acelerado. O matrimonio e as fundacións pías axudaron nese proceso. Pola vía matrimonial, entroncaron con familias de ilustres escribáns do Deza, cos Taboada, e despois cos Varela e os López- Ballesteros. Neste caso, a terra marcaría a súa orixe, pero o matrimonio e a carreira eclesiástica dos segundoxénitos concederían a esta Casa o honor de notoria fidalguía.

2.1.3. Análise cualitativa da formación dos tres dominios

As tres familias desta investigación encaixan cos distintos perfís da fidalguía que a historiografía ten sinalado. Esa "pléyade de curas, escuderos y escribanos"[87], e, "mesmo en ocasións moi puntuais, do escaso campesiñado acomodado"[88]. Os Varela teñen por devanceiro un cabaleiro, servidor do rei e da alta nobreza, que lles outorga honor, pero que precisa a terra para enfeudarse e permitir a reprodución das distintas liñas da estirpe. Os López- Ballesteros contaron nas súas orixes con escribáns, algún clérigo, e, incluso, cun rexedor nunha vila próspera que estaba a constituírse: porto, mercado, rúas. Os Espinosa, campesiños enriquecidos do interior que destacan sobre os seus veciños. O ascenso social de estas tres extraccións é unha mostra da apertura e transformación do estamento nobiliario. De xeito similar ao acontecido no estamento nobiliario portugués, os chanzos máis baixos caracterízanse por unha relativa mobilidade, namentres que conforme se ascende na escada social, o acceso é máis restrinxido[89]. A rixidez no cumio contrasta coa ductilidade na base.

---

fundara no século XVII o párroco de Silleda, don Gregorio Espinosa, irmán de dona Úrsula, sendo obxecto de preito pola sucesión no século XIX. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Don Pedro González, procurador; caixa III, *Xenealoxías II*, 3.1. Adquisicións, preitos e prorrateos.

[87] Villares, 1982: 78- 80.

[88] Presedo, 2008: 69.

[89] Monteiro, 2013: 248. Comentario de Monteiro sobre a xerarquía nobiliaria portuguesa no século XVII.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Á vista está que a fidalguía non é un grupo social homoxéneo, nin no seu perfil, nin na súa distribución no territorio. O estamento nobiliario en xeral está cheo de rangos[90]. Por baixo, estaba "mal deslindado en la práctica del estado llano". Carecía da unidade e estruturación interna que tiña o clero, estando "subdividido en grupos de arbitrarias fronteras"[91]. As diferenzas na base fidalga podían ser moi avultadas[92]. Existiría unha maioritaria "fidalguía humilde", de condición prenobiliaria ou de baixa nobreza, tanto no eido rural como no urbano, na que se poden encadrar os López- Ballesteros e os Espinosa do século XVI. Por outra banda, os Varela pertencerían a unha minoría de fidalguía aristocrática, "acomodada, asimilable en ocasións á nobreza media"[93].

Recolle Presedo varias denominacións que denotan distintos estatus: *gente lustrosa*, *hacendados*, *hidalgos*, *mayorazgos*, *caballeros principales*[94]. É presumíbel que as tres familias investigadas gozaron de estatus diferentes. Os Varela serían fidalgos de rancio avoengo, *solariegos*. Os López- Ballesteros, letrados que, en pouco máis dun século, acadan unha fidalguía de *executoria*, cumprindo co perfil de burgueses afidalgados[95]. Os Espinosa, peiteiros ben considerados no seu trato cos mosteiros e campesiños, que pacientemente conquistarían unha *notoria* fidalguía. Nos seus inicios non semellan existir vencellos entre as tres familias. Non existirían lazos que os relacionasen para emparentar vía matrimonial. Os esponsais obedecían a unha estratexia meditada entre iguais, e só co paso do tempo e un efectivo afidalgamento pode explicarse o casamento entre familias de distinto rango en orixe. Poderíase dicir que "desde el momento en que no existía *convivium* ni *connubium* no pertenecían al mismo grupo social"[96].

Hai trazos semellantes na formación dos seus dominios, que proceden da mesma época: "es en el siglo XVI, sobre todo en su

[90] Domínguez Ortiz, 1973: 50- 56.
[91] *Ibíd*.: 45.
[92] Presedo, 2008: 13.
[93] *Ibíd.*
[94] Presedo, 2008: 70.
[95] Pérez García, 1979.
[96] Domínguez Ortiz, 1973: 49.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

segunda mitad, cuando se consolidan como tales los rasgos nucleares de los futuros fidalgos". É un contexto no que están a xurdir novas camadas de baixa nobreza: os "facedores de Casas"[97]. O seu propósito é constituír un dominio, con epicentro na Casa, que simboliza a puxanza da liñaxe, do sangue, da tradición. Estes "ferventes devezos de facer Casas ou acrecentar as xa existentes de forma rápida foron denominadores comúns destes individuos independentemente da súa condición social"[98], da súa extracción. De tal xeito, as ambicións dos letrados, curas, ou dos campesiños abastados[99], converxeron no mesmo proceso de formación dun dominio até tal punto, que rematarán por integrar estas distintas facetas nas súas liñaxes. Acumulación de riqueza, imitación de eclesiásticos e nobres, e liderado local, serán as fontes que nutren este proceso[100].

Nas tres familias fidalgas poden atoparse exemplos de xuíces, escribáns e burócratas; párrocos e monxas; caudillos militares e/ou combatentes; terratenentes e administradores. Grupos sociais susceptíbeis de medrar nunha conxuntura favorábel, grazas á decidida acción de "individualidades de intensa vida"[101]. Tratouse, entón, dun paulatino achegamento dende distintos "sectores avantaxados"[102], por mor de intereses en común, até ligarse polo parentesco. Só así pode explicarse que ao cabo de dous séculos todos eles puideran reunirse no seo dunha Casa, xusto a tempo para asistir ao cénit fidalgo. Aquela "sociedad de los pazos" do Setecentos representaba a culminación de "algo ben feito, ben rematado, podente e tranquío, unha calma madureza"[103].

O fenómeno de refinamento nos usos e costumes no XVIII[104] non mitiga a "enorme diversidad interna do estamento privilexiado[105]. A integración de distintos grupos de "facedores" é o resultado de

[97] Migués, 2002: 225.
[98] *Ibíd*.: 226.
[99] *Ibíd*.: 227.
[100] Seguindo as dimensións de análise de Stone e Cannadine: riqueza, estatus e poder.
[101] Migués, 2002: 225.
[102] Presedo, 2008: 13.
[103] Saavedra cita as verbas de Otero Pedrayo na *Síntese histórica do século XVIII en Galicia*. Saavedra, 2013: 209.
[104] Saavedra, 2013: 209.
[105] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cambios a longo prazo ou tempo longo, así como tamén da emerxencia de novas situacións prenobiliarias que empuxan a xerarquía social cara arriba. O ascenso de moitos "facedores" de Casas está condicionado pola chegada de novas bases fidalgas. Aqueles "facedores" ou fundadores de Casas pertencían a unha primeira fornada de fidalgos[106]. Conformaron os seus dominios nalgún momento entre o século XVI e mediados do XVII. A segunda vaga ou fornada de fidalgos aparecería entre 1650 e 1750, contexto no que coinciden a formación de dominios da "segunda oleada" coa consolidación dos primeiros. Se ben, algunhas liñaxes humildes fundarían antes de 1650, non entran de facto no grupo fidalgo até a segunda etapa.

No caso das tres familias desta investigación, parece probada a existencia do dominio fidalgo con anterioridade ao século XVII. Os Varela de Casalnovo e a Buzaca son fidalgos de primeira hora, que acumulan numerosos bens e fundación na comarca de Caldas antes de 1650. Os López- Ballesteros estarían afidalgados en Vilagarcía no primeiro terzo do XVII, con fundación, escribanías e até un rexedor da vila na familia[107]. O caso dos Espinosa pode suscitar máis dúbidas. Hai constancia de fundación na segunda metade do XVI, mais o tipo de mellora, o volume dos seus bens e o ámbito do seu estatus e poder son tan restrinxidos, que estarían feblemente afidalgados. Talvez encaixarían no modelo de "fidalgo montaraz", con escasa ou nula proxección fóra das súas parroquias e xurisdicións[108].

Pero a cuestión polémica dos Espinosa non está nas orixes, senón na formación do dominio fidalgo. O matrimonio Fernández Espinosa, que viviu no segundo terzo do século XVII, vai constituír unha nova liña sucesoria sobre o patrimonio das súas lexítimas. A formación deste dominio fidalgo de segundoxénitos está no límite cronolóxico da primeira fornada fidalga. No seu favor, contaron con devanceiros afidalgados, parentes ben situados na Igrexa local. Ao que hai que engadir unha reprodución familiar estratéxica dos catro fillos varóns:

[106] Villares, 1982: 77.

[107] Malia descoñecer o cargo ou dereito que o nomeou. A elección de rexedor podía ser potestade do arcebispado de Santiago ou da Casa de Rubianes.

[108] Fidalgos "montaraces" como aqueles que, non sendo nobres, eran recoñecidos coma tales na comunidade rural. Migués, 2002: 227.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tres enviados ao clero secular, e o cabezaleiro, don Francisco, que recollerá o testemuño na formación e consolidación do dominio fidalgo[109]. Con todo, os Fernández Espinosa chegan ao século XVIII controlando os resortes da vida económica, social e política de parroquias moi fecundas do Trasdeza. Uns pequenos fidalgos, grandes señores na súa terra. Por conseguinte, as tres liñaxes serían "facedores" de fidalguía nos seus respectivos territorios[110], se ben, o tronco desgaxado dos Fernández Espinosa sería unha Casa xurdida na segunda fornada, mais que axiña entrou a formar parte do círculo de "facedores". A mostra está na riqueza, estatus e poder que atesouraron nos séculos XVIII e XIX[111].

2.1.4. As ferramentas da tradición: fundacións, vínculos e morgados

A tradición é a fonte que lexitima socialmente o privilexio. Mesmo a riqueza, para trunfar, precisaba a tradición coma punto de apoio. Cuestión de tempo, de antigüidade. Aquel dereito inmemorial ofrecíase coma unha razón social, aínda que tamén tiña unha clara dimensión económica: a protección do patrimonio. Os dominios privilexiados podían medrar sen temor con ferramentas xurídicas que blindaban a sucesión e o matrimonio. De feito, as vinculacións, agregacións, melloras, dotes e lexítimas, eran procedementos orientados ao engrandecemento da Casa. En resumidas contas, a tradición cultivábase mediante o morgado e o matrimonio[112].

Con anterioridade, sinaláronse algunhas particularidades do *mayorazgo* castelán[113]. Tratouse dun modelo de "conformación

[109] Pódese anticipar que este sucesor, don Francisco, uniuse en segundas nupcias con dona Gerónima Mondragón, da importante Casa de Vilasusán (Remesar, A Estrada).
[110] Non se pode esquecer que o ámbito de actuación sociopolítico no Antigo Réxime era o municipio ou a xurisdición, mais se cabe para a pequena nobreza. Domínguez Ortiz, 1973: 45.
[111] A acumulación patrimonial de Cascaxide tiña o valor estimado de 147.000 reais a mediados do século XIX. Os bens de Soldecasa engaden 25.600 reais. O total de 23 vínculos, Casas e posesións ascendía a 586.607 reais, segundo o cálculo estimado que ofrece un papel persoal da contabilidade da Casa. Puido realizarse tras o falecemento de don Benito Espinosa Varela, en 1855. Arquivo familia Espinosa, caixa XX, *Patrimonio da Casa de Cascaxide (III)*, 20.1. Libros cobradores e outros inventarios (1820- 1860).
[112] Migués, 2002: 95- 109.
[113] Epígrafe "1.3.7. A protección do patrimonio".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

jurídica de la propiedad señorial"[114]. Se ben existían formas de vinculación e substitución sucesoria[115], o morgado será o instrumento con máis impacto social, non tanto polo número, como pola forza que atribúe á Casa. Morgados con licenza real había moi poucos. Para a alta nobreza obter licenza real para morgados, apeos, esponsais, formaba parte do protocolo habitual. Sen embargo, quedou patente o seu desexo de anular este control rexio das fundacións nobiliarias[116]. En canto á baixa e media nobreza, que pretendía imitar os señoríos das grandes Casas, tentaron reproducir esta figura do morgado, mais sen autorización real. No século XV asístese a unha proliferación imparábel do morgado sen licenza, que obrigou á Coroa e á alta nobreza a decidir sobre a cuestión.

As leis de Toro de 1505 chegaron para regular o *mayorazgo*, para estipular as bases desta institución, mais tamén para ofrecer unha solución para estas fundacións sen autorización. Tratouse da lei 27, que abría unha porta á excepción: a fundación mediante mellora do terzo e quinto a título de mayorazgo. Ou, noutras verbas, «el mayorazgo por vía de mejora puede hacerse sin licencia real»[117]. Fálase, pois, de "mejora" ou "mexora" con gravame de morgado ou de vínculo.

Nos casos analizados obsérvase que os estratos medios e baixos da fidalguía non podían aspirar a conformar un *mayorazgo* con licenza real dos seus bens. Na documentación dos arquivos privados non aparece o termo *mayorazgo*, mais si mellora vincular. A única alusión ao *mayorazgo* figura na presentación dun patrucio disposto a testar. Por exemplo, «D. Benito Ramón Varela Verea Mariño de Lobera, Dueño poseedor de las Casas y Pazos de la Buzaca, Casalnobo; y otras, sus Vinculos y Mayorazgos a ellas pertenecientes»[118]. Esta referencia decimonónica aos *Mayorazgos* da súa Casa non ten valor xurídico en sentido estrito, senón social. Os Varela fundaron vínculos, agregaron e melloraron, pero en ningunha xeración temos noticia de morgado ou gravame de morgado. O citado don Benito, e o seu

[114] Clavero, 1974: 96.
[115] Cabe pensar nas cartas forais a tres voces.
[116] Clavero, 1974: 176- 177.
[117] *Ibíd*.: 222- 223.
[118] AHPP, *protocolos notariais*, L83A. Escribán don José A. Lestón Rapela, ano de 1818.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

escribán, están a invocar unha materia xurídica no seu conxunto, vínculos e morgados, que era un enunciado habitual nas escrituras do século XVIII. Tamén nun testamento da Casa dos López- Ballesteros hai este mesmo recurso retórico: «sus vinculos, y mayorazgos»[119], sen que teña máis valor xurídico, xa que fundaron vínculo, non morgado. O valor destes *mayorazgos* é doutrinal, unha imaxe depurada do sucesor usufrutuario coma vinculeiro e morgado.

Da doutrina do morgado emanaron principios que foron aplicados nas vinculacións e fundacións: bens que non se poden cortar, partir, separar, alienar, nin confiscar, e que inclúen todo tipo de censos. Un reforzamento das condicións de vinculación que favorecía a formación dos dominios. Os fidalgos galegos adoitaron empregar fórmulas simples de fundación co mesmo obxecto. Entre estas escrituras tamén se poden establecer rangos de forza de lei. Dada a arbitrariedade xurídica do Antigo Réxime, as "prácticas de escribán"[120] e o costume local eran garantías dabondo para a transmisión inalienábel do patrimonio cunha vinculación simple.

Nas tres familias hai recurso á fundación *post mortem* de misas e/ou capelas con cargo aos bens mellorados, vinculados expresamente, ou legados "para siempre jamás". En todas estas escrituras hai renda perpetua, mellora e algunha alusión a súa condición inalienábel e atemporal. Fórmulas simples de vincular sen ter que chegar á escritura de fundación, instrumento máis firme e lexítimo perante unha reclamación ou preito. Se ben, non podían vincular a totalidade dos seus bens coma no morgado con licenza real, unha lenta e paciente acumulación, mellora tras mellora, ofrecía coma resultado un dominio fidalgo vinculado. Era a liña sucesoria do vinculeiro, do morgado, con preferencia polo primoxénito varón sobre os segundoxénitos/as, que se verían prexudicados, mais non privados da sucesión en caso de

[119] AHPP, *protocolos notariais*, G 287 (4), Escribán don Bartolomé Oliver Paz, 1801. Testamento de dona María Vicenta Varela y Verea, viúva de don Diego López Ballesteros. Nas capitulacións de esponsais de D. Luis López Ballesteros coa súa futura esposa en 1802 tamén aparece esa referencia aos «Vinculos y maiorazgos». AHPP, G287 (5), ante o mesmo escribán.

[120] Migués, 2002: 123- 124.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

falecemento do primoxénito sen descendencia. Algunhas mulleres chegaron a ser donas e señoras de Casa e vínculo por este motivo[121].

Nas tres liñaxes misas e melloras constitúen as orixes dun patrimonio inalienábel. Lémbrese o xa citado testamento de Teresa de Outeiro, coa súa fundación cunha renda de 3 ferrados de pan. É o documento máis antigo da liñaxe dos Fernández Espinosa, que ten valor xenealóxico, mais non económico. Eles non seguen a liña do vinculeiro, polo que non desfrutaron do dominio fundado pola bisavoa, e incrementado polo avó Fernando de Senra, e o pai Marcos Fernández de Senra[122].

Non se localizaron tampouco fontes orixinais de fundación ou testamento dos devanceiros dos López- Ballesteros. Documentos posteriores, como o comentado *Memorial*, parecen indicar que foi unha vinculación testamentaria mediante mellora, con fundación dunha capela na Igrexa de Arealonga, e que se vería ampliado en sucesivas xeracións con dotacións para misas e confrarías. O testamento de don Diego López- Ballesteros e Mondragón, no que dispón unha *«mejora vincular (...) que ha de quedar agregado al Mayorazgo primitivo de mi Casa, que fundaron los señores Don Antonio Lopez y dona Ines Lopez su muger, mis predecesores para que mejor se puedan cumplir las misas de fundacion con que le gravaron, y se dicen en la expresada mi Capilla de San Mauro y San Gregorio»*[123]. É, pois, unha mellora que se agrega ao vínculo dos López coa xustificación de soster as obrigas testamentarias en materia relixiosa.

Na outra beira das fundacións fidalgas, está o receptor desas "mandas" ou disposicións, a Igrexa. Forma parte deste sistema de promoción nobiliario, outorga o seu consentimento, permitindo o crecemento económico dunhas determinadas familias. Está a autorizar tacitamente a institucionalización do morgado a cambio dunhas rendas

[121] Acontece coma no caso portugués que a "varonía" non resulta tan determinante coma en Francia ou en Inglaterra. Isto tense observado no apelido da Casa, que en moitos casos non respecta a liña do varón, por mor da sucesión feminina da Casa. Monteiro, 1993: 48.

[122] Na partilla dos fillos de Marcos Fernández de Senra hai referencias á dotación para misas de fundación do marido de Teresa de Outeiro, Gómez Taboada de Barcia, pero non se dispoñen de fontes orixinais que o corroboren.

[123] AHPP, *protocolos notariais*, 296, Testamento de don Diego López- Ballesteros y Mondragón.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

perpetuas de fundación. Por conseguinte, os estamentos privilexiados, clero e nobreza, saen beneficiados reciprocamente: máis rendas para a Igrexa, patrimonio inalienábel para a fidalguía.

Os primeiros Varela asentados en Caldas dotaron á capela de San Xurxo da Igrexa de Santa María de Caldas, pero isto non lle concedeu o dereito de sepultura a Gómez García Varela, que sostivo un preito pola fundación, que debeu ser testamentaria, do seu pai, Jorge Varela. O fillo de Gómez, Pedro Varela de Dubra, constituirá unha fundación formal de vínculo da Casa de Casalnovo para dotar á citada capela de San Xurxo. Non querían verse privados do dereito fundado polo seu avó. Isto indica que o recoñecemento dunha fundación testamentaria era susceptíbel de atoparse con trabas. Pódense aventurar varias posíbeis complicacións. Unha delas puido ser a competencia entre elites, que nunha pequena vila coma Caldas era maior que nas bisbarras rurais, onde o fidalgo impuña o seu parecer nas parroquias. Tamén puido obedecer a unha animadversión persoal do reitor da citada igrexa[124]. Outra posibilidade a esta negativa de sepultura na capela de San Xurxo pode estar na xenealoxía. Descoñécese o motivo, mais Gómez García Varela[125], sucesor do seu pai, Jorge Varela, non era o primoxénito. Semella que foi o cuarto na sucesión. Os seus dous irmáns maiores, todos eles varóns, enfeudaron noutras casas e solares da zona de Melide e Palas de Rei. O terceiro puido falecer antes que os pais, que talvez escolleron a Gómez porque foi o fillo que quedou en Casalnovo, ao coidado dos patrucios avellentados. Sen embargo, algo impedía a Gómez o soterramento na fundación dos pais na capela de San Xurxo. Unha escritura formal de fundación da Casa, xunto cunha dotación máis substanciosa á citada capela, resolveron o preito.

Outras investigacións en Historia Social teñen sinalado que os testamentos tardíos e a mellora ao fillo residente na casa eran estratexias para asegurar unha asistencia na idade anciá. Elemento típico nas sociedades campesiñas, esta fidalguía media- baixa tamén entendería a mellora coma unha cobertura vital, un "seguro de vida"[126]. Un exemplo nestas liñaxes aparece no vínculo dos Gundín de

[124] Era reitor un membro da familia, Pedro García Varela, mais descoñécese a data na que cesou no cargo. É posíbel que falecese antes que don Gómez.
[125] Tamén aparece coma Gómez Varela García. Vázquez Casáis, 2000: 258.
[126] Dubert, 1987, 72- 73, 82.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Soutolongo[127]. Logo da súa fundación mediante escritura e testamento con mellora, Alonso Gundín el Viejo, sen descendencia, subscribe un codicilo, en 1623, no que cede os seus bens en usufruto ao seu sobriño e sucesor, namentres vivan el e a súa muller. É dicir, non recorre a unha doazón como acontece con Benito Espinosa e o seu fillo José no Oitocentos, senón que a cesión garante a titularidade do fundador, protexendo así a súa senectude.

En xeral, nas familias de escribáns obsérvase unha documentación máis meticulosa da sucesión e do dominio. Nos seus mazos hai fundacións e agregacións, melloras con vínculo, así como inventarios de bens e partillas minuciosas. A cultura letrada distínguese na orde e claridade das fontes. Percíbese o ánimo de deixar por escrito todo aquilo relativo á liñaxe e os seus bens. Non escatimaron en doazóns, cesións, dotes, foros. Incluso escrituraron arrendamentos, contratos que era habitual levar algún rexistro informal por escrito, mais sen escribán.

Neste mesmo arquivo, contrasta o volume e forma dos documentos de propio dominio de Cascaxide, co material conservado doutras familias de escribáns coas que entroncaron. Unha catalogación inicial do fondo Espinosa congrega pouco máis de catro caixas de documentación patrimonial de Cascaxide, fronte as oito caixas completas coas fundacións e agregacións da Casa de Soutolongo[128]. Se ben é certo, as distintas Casas que aportaron as esposas: Soutolongo, Pedrouzos, Casares, remataron por agregarse e subsumirse á de Cascaxide. Foron agregacións vinculares de esposas que entraban na Casa de Cascaxide, donas e señoras dos seus dominios, nais de futuros vinculeiros destas Casas.

A agregación vincular eran un instrumento máis complexo e caro que a simple mellora. Ao seu favor, unha agregación podía engadir maior volume de patrimonio á liña do morgado. Non había reserva algunha para lexítimas. A cuestión estaba en dilucidar cal era a fórmula máis axeitada para obter dereito, sen demasiados custes, nin

[127] Arquivo familia Espinosa, caixa V, *Soutolongo II*, 5.2. Fundacións. O seu sucesor e sobriño era Pedro López Gundín de Soutolongo. Alonso Gundín faleceu en 1626.

[128] Arquivo familia Espinosa. A documentación de Cascaxide atópase nas caixas II, XVIII, XIX, XX, e en parte da caixa III. Os papeis de Soutolongo ocupan as caixas IV- IX, ambas incluídas, así como a XIV, XV, e parte da caixa III.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

preitos. Aínda solteiro don Benito Varela Verea fixo escritura de agregación vincular cara finais do século XVIII[129]. "Avinculaba" e agregaba todos os seus bens e herdanzas paterna e materna ao vínculo fundado por don Pedro Varela de Dubra. No ano do seu pasamento de 1818, xa casado e con fillos, fai testamento e modifica as condicións desta escritura de agregación vincular. Este patrucio explica que non quere prexudicar ao resto da súa descendencia. Porén, reduce o disposto na agregación ao terzo e remanente do quinto, o que vén sendo unha mellora. Sen embargo, non denomina esta fórmula coma mellora, senón que mantén a consideración de instrumento de agregación vincular. Con todo, tal e como recolle o propio testamento de don Benito, existía unha Real Pragmática de 1789 pola que se prohibían "las Vinculaciones y fundaciones de Mayorazgos, aunque sea por vía de agregación sin preceder Rl. Licencia", mais argumenta don Benito que a súa escritura de agregación é anterior, polo que non pode verse afectada. É dicir, non precisa unha autorización real.

Unha pregunta pode xurdir por mor desta preferencia pola agregación: Se o montante da agregación vincular é igual que unha mellora simple, por que mantén o instrumento de agregación? Por que non evita posíbeis litixios empregando unha fórmula habitual de engadir patrimonio? Talvez, nun contexto de incerteza política, o cabezaleiro dos Varela quere protexer axiña o legado. Unha agregación, que foi escriturada antes de 1789, pode garantir a inmunidade dos bens engadidos, mentres que unha mellora en 1818, aínda con gravame de vínculo ou morgado, pode caer en interpretacións ou revogacións legais que non contemplen a inalienabilidade patrimonial. A sombra das disposicións antiseñoriais de Cádiz aínda sobrevoaba o horizonte, tardando apenas dous anos en trunfar o pronunciamento de Riego. A supresión dos señoríos xurisdicionais e morgados, en resumidas contas, do sistema señorial do Antigo Réxime, é unha ameaza revolucionaria permanente para a fidalguía do Oitocentos. En consecuencia, as súas decisións deben valorarse nun contexto de fortes tensións entre aquilo que queren conservar e as formas que están dispostos a cambiar. Por exemplo, don Benito pretende vincular aqueles bens considerados no primeiro

[129] Menciónase, mais sen data. AHPP, *Protocolos notariais*, L83 A, p. 75.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

instrumento de agregación, sabendo que é posíbel que o total do dominio vaia perder, nalgún momento, esa protección vincular. Axuntar, antes de que liberalicen os patrimonios.

Por outra banda, o testamento de don Benito Varela tamén suxire que esta redución da agregación é un simulacro de mellora. Comparándoo cunha agregación en bloque dos seus bens, que podía suscitar preitos entre irmáns polos bens libres, unha agregación do terzo e quinto semella unha contribución vincular lícita, unha mellora. Agora ben, esta redución da agregación implica unha maior fragmentación, así como unha acumulación máis lenta no dominio da Casa. Entre as disposicións de don Benito sinala que os bens agregados serán raíces, mentres que haberá preferencia polo pago monetario das lexítimas. Isto é unha práctica recorrente, sobre todo na segunda metade do XVIII e no XIX. A maior acumulación de capital permite satisfacer o pago de lexítimas e dotes en moeda, reservando a integridade do dominio territorial para o vinculeiro. En numerosos casos, o propio sucesor no vínculo vai adquirir determinados bens raíces destas lexítimas para preservar un dominio máis integrado e continuo. Por outra parte, para os/as segundoxénitos/as decimonónicos/as o pago monetario da lexítima resulta máis atractivo que uns poucos bens raíces dos que descoñecen a localización, e nos que cada vez é máis difícil percibir as rendas[130]. Ás veces, as débedas tamén propician o pago, mesmo adiantado, das lexítimas[131].

Esta mesma dinámica de recuperación patrimonial repítese no caso dos curas párrocos, que constitúen un novo vínculo coas adquisicións das outras lexítimas ou quiñóns, e que reintegran á liña de morgado mediante unha agregación vincular posterior. É o caso do Ldo. Marcos Fernández Espinosa, fundador da capela do seu nome na Casa de Cascaxide, e que axuntou numerosos bens dos Fernández de Senra e dos Espinosa a través da compra, para posteriormente vincular

[130] As irmás Espinosa acoden un día de verán a coñecer os bens que lles pertencen por lexítima na parroquia de Sabrexo, no actual concello de Vila de Cruces. Percíbese máis curiosidade que interese. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.2.3. Fermina Espinosa Salgado. Cartas sen data.

[131] Sucede con don Pío Espinosa, que reclama por carta ao seu irmán José a súa lexítima para saldar as súas débedas, principalmente de xogo. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, caixa I, 1.1.2. Pío Espinosa Salgado (1854- 61).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e reintegrar os mesmos á Casa[132]. Enténdese, logo, que as escrituras de fundación e agregación vincular foron as fórmulas que escolleron os/as segundoxénitos/as sen descendencia para legar os seus bens. Serían tanto eclesiásticos seculares, así como tamén solteiros/as que permanecen na casa patrucial. A diferenza daqueles segundoxénitos que fundan dominios novos, ou das mulleres que integran as súas dotes e lexítimas nos gananciais do matrimonio, a descendencia celibata compartía unha disciplina interna: a reversión na liña do morgado[133]. Para curas e solteiros/as[134] había unha solución para acumular e transmitir riqueza: os padroados e fundacións anexas. Tratábanse de fundacións de vínculo para unha posterior agregación. No caso dos párrocos, e malia ter orixe pía, desembocaban nunha nova liña de morgado que se podía agregar posteriormente ao legado fidalgo[135].

Isto explica o interese das liñaxes na promoción da carreira eclesiástica dos chamados *segundones*, dado que a Igrexa daba e permitía vincular bens. A colocación nun mosteiro ou convento favorecía a concesión de contratos agrarios á familia de orixe sobre outras. Namentres, o clero secular era francamente apetecíbel, xa que un párroco podía vivir con riqueza, estatus privilexiado e poder moral nas parroquias. A prerrogativa do *curato*, aquela que establecía o dereito dunha Casa a propoñer titulares, aseguraba a colocación destes segundoxénitos en freguesías da contorna. Así acontece co beneficio curado da freguesía de Fiestras (Silleda), que herda Úrsula Espinosa en 1633. A súa descendencia ocupará a vacante sucesivamente[136].

---

[132] Arquivo familia Espinosa, caixas XVIII e XIX, *Patrimonio de Cascaxide*, Adquisicións e foros do licenciado Marcos e os seus irmáns, 18.4.; Escrituras do licenciado Marcos Fernández Espinosa, 19.1.

[133] Isto foi así até a segunda metade do século XVIII, e incluso comezos do XIX, época na que comeza a mudar este modelo reprodutivo. Monteiro, 1993: 58.

[134] Nos Varela sobresae o número de fillos solteiros que quedan na casa, que non seguen carreira eclesiástica, malia posuír varios beneficios curados na comarca de Moraña. *Vid*. Xenealoxía dos Varela da Buzaca, epígrafe 2.2.3.2.

[135] Clavero, 1974: 171- 176.

[136] Entre os bens de Úrsula Espinosa figura «el derecho que correspde. en bacantes del beneficio de fiestras», tal e como recolle o Memorial do que se realizou unha copia nalgún momento do século XVIII, e que trata a esta devanceira co distintivo "Dª.". Tamén hai constancia dun «derecho voz y accion que tenia y le pertenecia» na capela de San Xoán Bautista en San Martiño de Fiestras, que foi cedido por Simon de Brey y Espinosa á súa irmá

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Malia ter considerado o morgado coma un sistema de sucesión desigual, patriarcal e incluso insolidario, constatamos prácticas que procuran o benestar do resto da descendencia. O modelo era xerárquico, xa que o montante vinculado non podía ser repartido, tan só un sucesor único. Sen embargo, había a posibilidade de facer legados particulares ou non vincular os bens gananciais acumulados polos pais. Un exemplo desta reserva para segundoxénitos aparece no testamento de dona María Vicenta Varela e Verea, nai que foi de don Luis López- Ballesteros e Varela. Morto o seu home en 1786, exerceu de administradora e curadora dos seus fillos até 1801, ano da súa morte. Foi a súa última vontade nomear sucesor do vínculo do seu esposo ao primoxénito[137], don Luis, ao tempo que o melloraba co terzo e quinto dos seus bens propios, "paternos y gananciales"[138]. Que consideración tivo esta nai para o segundoxénito? Deixar sen vinculación esa mellora dos seu bens libres. Así dispón: que o primoxénito goce *«libremente sin gravamen alguno vincular ademas de sus legitimas para ver asi todo ello mi ultima, y determinada voluntad con la obligacion de que hayga de dar estudios y carrera a su hermano Dn. Diego segun la q. el eligiere, y en los terminos regulares, y con miramiento á las notorias y distinguidas circunstancias de su nacimiento»*. Aqueles bens aportados polas lexítimas da familia Varela, e os gananciais de dona Vicenta coma viúva, non ficarían vinculados, polo que o fillo mellorado podía vender ou partir segundo as súas necesidades, en aras de protexer ao irmán menor.

---

e cuñado Margarita de Villar y Espinosa y Jaime García de Leira en 1716. Estas referencias salientan o peso da liñaxe que proviña de Pedro Espinosa na parroquia de Fiestras. Arquivo Espinosa, caixa II, *Xenealoxías I*, 2.1. Testamentos. Adquisicións XVII- XVIII. Os Varela reuniron varios beneficios curados, mais non os reservaban para si, senón para persoas da súa confianza. En outubro de 1844, don Lorenzo Varela iniciou un expediente administrativo para que se declarasen "exentos del concepto de nacionales" os seguintes beneficios curados: Gargantáns e o seu unido Moraña, Saiáns, Rebón, Amil, Cosoirado, Estacas e o seu unido Piñeiro. ADPO, fondo pazo da Buzaca, documentos de carácter patrimonial, *Expediente promovido por don Lorenzo Varela Sarmiento sobre os dereitos (...)*, 34.360/11.

[137] O seu esposo deixara disposto que dona María Vicenta declararía o sucesor do vínculo dos López, atendendo á preeminencia do primoxénito varón. AHPP, 296, p. 46. Testamento de D. Diego López- Ballesteros y Mondragón, ano 1786, ante Francisco Antonio Pérez de Ocampo.

[138] AHPP, *protocolos notariais*, G 287 (4), Testamento de dona María Vicenta Varela e Verea, ante o escribán don Bartolomé Oliver Paz.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En síntese, a política económica da fidalguía pretendía acumular patrimonio, tanto bens raíces coma rendas, e conformar un dominio señorial ligado a unha Casa. Todos os esforzos da familia redundan no engrandecemento da mesma, que en última instancia é a liña do morgado. A través de instrumentos como a fundación, mellora e agregación vincular estaban a blindar este patrimonio de calquera intento de alienación, división ou embargo. A consecuente xerarquización interna da familia, co cabezaleiro no cumio, non pode deslucir o verdadeiro *leitmotiv* das estratexias de acumulación patrimonial e vertebración do parentesco: o honor da liñaxe, a forza dunha Casa.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2. A CASA FIDALGA. REPRODUCIÓN MATERIAL, SOCIAL E SIMBÓLICA DA LIÑAXE

2.2.1. "*Dueño y señor*". Significados da Casa fidalga

A liña do morgado é, *a priori*, o tronco do sangue do que brota a Casa. Sen embargo, en numerosas ocasións as liñas colaterais poden engrandecer e herdar a Casa e solar dos seus devanceiros. Non estaban excluídos, mais a estrutura social xerárquica privilexiaba ao primoxénito. É o "dueño y señor de la Casa y Pazo" da Buzaca, de Cascaxide, da Golpelleira[1]. Estas Casas, que ás veces figuran tamén coma Pazo e/ou Torre, son a matriz dun dominio territorial, pero tamén o alicerce simbólico da liñaxe. Con outras casas agregadas, cos seus "Vínculos y Mayorazgos", son estas tres Casas as que se asocian á liñaxe, ao privilexio. Son as Casas que complementan o apelido: os Varela da Buzaca, os Espinosa de Cascaxide, os López- Ballesteros da Golpelleira[2]. Casas con nomes propios, procedentes da toponimia local, e que aluden a pequenos lugares singulares, que se erixen coma o solar no que enraizou a árbore xenealóxica familiar.

Estas familias podían posuír numerosas casas, maiormente terreas que cedían en foro ou arrendo, por iso distínguese aquí a Casa, en maiúscula, coma a entidade material, social e simbólica da liñaxe fidalga. Trátase dunha imitación máis das prácticas da alta nobreza que, con incontábeis estados e casas agregadas, se presenta coma unha Casa, que abrangue toda a liñaxe e patrimonio, o seu estatus e poder. A definición de casa que recolle a Real Academia Galega contén tanto a "construción destinada a vivenda", como o "conxunto de membros dunha familia, especialmente se é fidalga, nobre ou real. Nesta 4ª acepción é sinónimo de familia[3]. En castelán, a RAE comprende tanto a "familia de una casa", como aqueles "estados, vasallos y rentas que poseía un señor", e aínda unha sexta entrada que alude á "descendencia o linaje que tiene un mismo apellido y viene del mismo

[1] Nas escrituras notariais é recorrente a presentación do fidalgo co enunciado "dueño y señor". Sirva coma exemplo as referencias do AHPP, G287 (5) da Golpelleira, e G287 (4) da Buzaca.
[2] Tamén aparece nos escritos coma Gulpelleira e Golpelleyra. Cascaxide adopta ás veces a forma castelanizada de "Cascagid" ou "Cascaxid".
[3] https://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/casa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

origen"[4]. Familia, dominio e liñaxe. Nas linguas francesa, inglesa e alemá tamén hai usos polisémicos de maison[5], house[6] e (Herrscher)Haus[7]: vivenda, liñaxe, familia nobre.

O fenómeno galego das Casas fidalgas excede os marcos do dominio e da liñaxe, xa que as engloba e integra. Deste xeito, a Casa reúne terra, dereito, sangue, e morgado. Unha representación da familia e do territorio. Unha Casa, pois, concentra riqueza, estatus e poder. Economicamente, tal e como se viu no epígrafe anterior, constitúese coma un dominio señorial que percibe rendas e outras cargas xurisdicionais, e que se transmite en sucesión baixo a filosofía xurídica do morgado. Socialmente, a Casa é a vertebración familiar da liñaxe mediante o matrimonio e a colocación da descendencia, para fornecer ou elevar a súa posición privilexiada. Politicamente, a Casa pode exercer poder no eido local, ou incluso relacionarse coa administración da Coroa. Neste senso, a Casa é un núcleo ou nódulo de poder dentro dunha malla ou retícula de relacións xerárquicas entre distintas familias que controlan o territorio, participando na administración e/ou no exército.

Na administración borbónica, e concretamente na guerra de Sucesión, houbo oportunidades para o ascenso social daqueles fidalgos implicados[8]. Naquela guerra servira o cabezaleiro dos López-Ballesteros, don José. Anos despois, en 1722, este remite unha carta sobre asuntos militares a don Diego Varela Noboa, da Buzaca, que é 1º xefe dun "trozo" de Peñaflor[9]. Talvez estas relacións motivaran un achegamento entre ambas Casas, que se reforzaría cun parentesco

[4] Real Academia Española, 1997: 428. Acepcións cuarta e quinta.
[5] "Maison" atribuída a unha "famille noble".
http://www.larousse.fr/dictionnaires/francais/maison
[6] A acepción 1.2. de "house" ademais de significar dinastía, liñaxe, unha familia nobre ou real, tamén comprende unha "wealthy family". A riqueza na cultura británica ten reflexo na lingua. http://en.oxforddictionaries.com/definition/house
[7] En alemán constrúen unha palabra específica: Herrscherhaus, coma casa de nobres, sinónimo de dinastía, familia nobre ou liñaxe (Herrschergeschlecht), sendo Herrscher gobernante, soberano, señor e dono. Langencscheidt, 2009: 166, 1049, 1100.
[8] Saavedra Vázquez, 2013: 223- 244; 2016: 53- 94.
[9] ADPO, fondo pazo Buzaca, documentos de carácter señorial, *Documentos relativos á elección de José Diego Varela Noboa como 1º Xefe dun dos trozos de Peñaflor (1722- 1749)*, 34.377/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

entre ambos a través dos Mondragón[10]. Décadas despois, o fillo e sucesor da Golpelleira contraerá matrimonio cunha neta de don Diego Varela, dona María Vicenta, mais daquela xa faleceran os patrucios. De calquera xeito, os servizos de armas e relacións no exército non se restrinxían ao individuo, non era un logro persoal. É a Casa, a familia, a que recibe o mérito do éxito ou a deshonra do fracaso. Toda acción dun membro da familia inflúe no estatus da Casa, na súa elevación ou descenso na escada social.

Na súa dimensión material, as tres liñaxes investigadas, malia acreditar as súas orixes xenealóxicas con anterioridade ao século XVII, non van construír e residir nestas pousas con nome propio até o primeiro terzo do século XVIII[11]. As reformas encamiñadas a refinar as construcións están datadas nos séculos XVIII e XIX, abrindo solainas, fiestras e primorosos xardíns, coa evidente intención de converter as súa moradas en pazos aristocráticos. Era o refinamento propio da época: abrir casas máis grandes e suntuosas, coma mostra visíbel do seu engrandecemento.

Don José López- Ballesteros y Navia mandou construír a casa e pazo da Golpelleira, no primeiro cuarto do Setecentos. Permanecería dentro da mesma freguesía de Arealonga, non lonxe do centro da vila onde antes residía, mais gañaba espazo para unha construción opulenta, con capela e xardín, seguindo a tendencia "aristocratizante" do barroco galego[12]. Seu fillo, don Diego López- Ballesteros y

[10] Don José López- Ballesteros contraeu matrimonio con dona Juana Mondragón en 1728. Ela era curmá carnal de don Diego Francisco Varela. O da Golpelleira e o da Buzaca mantiñan comunicación formal por motivos militares antes de que o primeiro casase coa curmá de Varela. Pode engadirse coma dato anecdótico que dous fillos de Ballesteros recibiron os nomes de Diego e Francisco, os mesmos antropónimos que o cabezaleiro da Buzaca. Pode ser unha coincidencia, ou talvez existía amizade persoal e relación familiar entre curmáns.

[11] Migués, 2002: 52, n.94. Distingue este autor entre Casas, pousas e pazos. A primeira "entendida coma institución" da liñaxe. A "pousa" era propiamente a morada ou "casa en minúscula, e por tanto referíndose só á fábrica física (…) con algunhas características de granxa". Esta pousa sería unha "casagrande". O "pazo" eran "complexos residenciais requintados e próximos ao concepto castelán de palacio". O "pazo" adoita usarse "sen moito criterio", sendo máis rigoroso falar de "pousa", "casagrande" e "torre".

[12] Na sociedade dos pazos distingue Saavedra unhas comarcas altamente refinadas, como foi o caso das Rías Baixas e da Ulla, onde os pazos constituíron "islas de civilidad" (noción de Martínez Barbeito), doutras zonas máis rurais onde as pousas eran aínda rudas vivendas. Ademais do emprazamento da Casa, outro factor de "civilidad cortesana" é a implicación da familia na administración monárquica. Saavedra Fernández 2013: 203- 222. Don José

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mondragón, ao seu regreso de América en 1774, levaría a cabo unha profunda reforma co obxecto de darlle un aspecto máis señorial e indiano. Aínda sendo a casa matriz da liñaxe, tiña consideración de ben libre na *partija* de bens coa súa irmá Rosalía. Era unha adquisición tardía, así que non estaba aínda vinculada[13].

Este feito leva a cuestionar a vixencia destas Casas coma entidades físicas ao longo do Antigo Réxime. O prestixio da Golpelleira, da Buzaca ou de Cascaxide non se presenta até a etapa final da vella orde, na segunda metade do XVIII. En consecuencia, chegaron serodiamente á representación arquitectónica da Casa, limitándose nos séculos XVI e XVII a unha identificación co apelido, coa liñaxe, que adoitaba incorporar elementos toponímicos, como acontecía cos Fernández de Senra, do lugar de Senra (Escuadro). Este fenómeno non se pode interpretar coma unha pauta xeral, debendo considerar as particularidades da cada caso. A construción e asentamento dunha liñaxe nunha Casa atendía a diversos factores e continxencias. Os López- Ballesteros xa gozaban de dominio e dunha liñaxe privilexiada. O cambio de residencia obedecía ás necesidades e estilos habitacionais da época. Talvez o crecemento da vila portuaria de Vilagarcía podía limitar o acondicionamento da súa residencia vilega. Noutras latitudes houbo Casas xa construídas no XVI e que perduraron no tempo, coas súas consabidas reformas, coma aconteceu coa Casa de Soutolongo, "Casa de escribáns" como rezaba nos seus muros[14], ou coa Casa de Casares, dominio dunha liña dos Taboada, tamén escribáns[15].

O caso dos Varela da Buzaca tamén conta coas súas peculiaridades. A fundación da Casa e Torre de Casalnovo asentara aos Varela na comarca de Caldas, mais, por diversos motivos, trasladan a súa residencia á Buzaca, en Moraña, a comezos do século XVIII. Semella que o matrimonio de Diego Varela con Andrea Fariña

---

pretendeu habitar nun pazo aristocrático, e exerceu algunha función pública coa xestión do subministro de armas aos trozos de Peñaflor e Cambados. Talvez unha forma de achegarse a esa "civilidad cortesana".

[13] AMV, fondo Álvarez Blázquez, G30. A adquisición e traslado á Golpelleira foi obra de don José López- Ballesteros, avó de don Luis, ministro de facenda con Fernando VII.

[14] Gómez Buxán, Rubiá Alejos: 2005; Gómez Buxán, 2006: 152- 158.

[15] Sobre as armas e casas dos Taboada, Gómez Buxán, 2005: 422- 424.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

puido levar a este patrucio a aproximarse ao dominio da súa familia política. A Buzaca xa lles pertencía, pero será esta parella a que asocie o seu apelido con esta casa, a maiores de Casalnovo. Manteñen as dúas Casas, aínda que observamos unha precedencia da Buzaca como residencia habitual que recolle os froitos das xeracións dos séculos XVIII e XIX, ficando Casalnovo nun segundo plano. A mediados do século XIX, o vinculeiro, don Lorenzo Varela Sarmiento, está moi ocupado co seguimento das obras que se estaban a realizar na Buzaca[16].

En canto aos Espinosa, quedou constancia en distintas escrituras da súa veciñanza nunha casa grande no lugar e foro de Soldecasa (Escuadro). Cara finais do século XVII[17], o cabezaleiro que segue a liña, don Francisco Fernández Espinosa, primeiro descendente da unión de Fernández de Senra e Úrsula Espinosa, trasládase ao actual emprazamento de Cascaxide, casa e torre que tamén viviu as consecuentes reformas que os tempos e as modas esixían. Neste caso, a demora debe buscarse na creación tardía dun dominio de segundoxénitos. Ademais, a casa grande de Soldecasa estaba gravada con foro, mentres que todo parece indicar que o patrimonio de Cascaxide eran bens libres, transmitidos por lexítimas e ampliados por adquisición a familiares[18]. Polas fontes orais, hai información dunha antiga construción na Casa de Cascaxide que sería a edificación de labranza orixinal sobre a que se ergueu o actual pazo e torre.

Ben fora por cuestións económicas, habitacionais ou afectivas, as tres familias non asocian os seus dominios e liñaxes a unha Casa até comezos do século XVIII. Nesa época son fortalezas con moitos elementos de inspiración medieval, como a torre, o escudo heráldico, muros opacos, capela.

As sucesivas reformas, tanto no XVIII coma no XIX, están encamiñadas ao recreo e esparexemento dos seus moradores. Solainas, balcóns, e fiestras, rachan coa sobriedade do granito. Os xardíns e a decoración adornan aquel vivir nobremente, a cada paso máis

[16] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Neste fondo consérvanse planos das obras.

[17] En 1697 xa residía en Cascaxide, pero o seu traslado tivo que ser anterior.

[18] Arquivo familia Espinosa, caixas II e III, *Xenealoxías.* Quedaría vinculado tras o falecemento de don Francisco.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

refinado. Mobiliario labrado, cubertos de prata, roupas bordadas con profusión de lazos e encaixes, biblioteca, tapices e retratos. Bens que ficaron catalogados nas partillas familiares, e que foron obxecto de legados particulares e dotes. Este perfeccionamento, esta procura por embelecer as súas moradas, vainos separando da vida agraria, e preparando o seu salto á vida urbana ou vilega. As tres familias terán casa aberta na Compostela do Oitocentos.

2.2.2. Símbolos e *probanzas* da Casa fidalga

As sólidas raíces xenealóxicas quedaban iconograficamente representadas no escudo de armas que coroa a entrada de casas e pazos. É unha nova mostra da imitación de formas nobiliarias. Nos cuarteis do escudo significánse os distintos troncos orixinarios da liña de morgado debido á política matrimonial. É o trunfo dunha paciente estratexia entre xeracións por elevar a Casa.

A casa e pazo da Golpelleira presenta un escudo de armas na súa fachada principal, que dá acceso ao patio interior. Con catro cuarteis, está adornado con motivos castrenses e un helmo con penacho que coroa a parte superior. Isto quere indicar os servizos militares da familia. As catro liñaxes representadas en cruz son: 1ª. López; 2ª. Mondragón; 3ª. Navia; 4ª. Ballesteros[19]. Estas catro liñaxes constitúen o punto de partida para a reconstrución xenealóxica dos López Ballesteros, tal e como presentaron perante a Real Audiencia de Valladolid[20]. Malia constatar a existencia de devanceiros con anterioridade ao século XVII, o escudo vai constituírse polas unións matrimoniais que tiveron lugar entre 1650 e 1750. Sen dúbida, trátase dunha heráldica de factura tardía, deseñado na segunda metade do XVIII por encargo de don Diego López- Ballesteros y Mondragón, nos tempos nos que litigaba pola súa fidalguía.

Nas probas de nobreza presentadas por don Luis López-Ballesteros Varela Mondragón y Navia para armarse Caballero de la Orden de Carlos III tamén fundamenta as súas orixes nos troncos representados no escudo heráldico: os López de Caneda do pazo da

[19] Os símbolos e fondos de cada cuartel poden consultarse en Vázquez Casáis, 2000: 185.
[20] Crespo del Pozo, 1985: 154, n. 5. Real Chancelaría de Valladolid, *Hidalguías*, Leg. 1138-27.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Golpelleira, no Coto de Trabanca da Pedra, Santa Baia de Arealonga (Vilagarcía); Mondragón de San Cristovo de Remesar (A Estrada); Navia da Casa de San Roque (Vilagarcía); con ausencia dos Ballesteros, para engadir información dos Varela das Casas da Buzaca e Casalnovo (Moraña, Caldas), aos que pertence por vía materna[21]. De feito, nestas *probanzas* de cabaleiro, fundamenta a súa fidalguía nunha pormenorizada exposición da xenealoxía dos Varela[22]. En consecuencia, a heráldica serve para estimular a memoria da Casa, para sintetizar o seu honor, pero non ten que retrotraerse a remotas orixes, senón que privilexia o avoengo, o estatus acadado por unha liñaxe. É dicir, non pretende plasmar a constitución dunha Casa, senón os enlaces máis notorios da mesma.

Os Varela en Casalnovo contan con escudo de armas no muro da súa torre. Tamén distribuído en catro cuarteis en cruz, está "embrazado de la mítica sirena alusiva a los Mariño", e no pé tres ondas de azur[23]. Ademais de recoller a liñaxe dos Mariño, os cuarteis indican: 1º. Varela; 2º. Falcón; 3º Novoa; 4º. Lobeira. As armas dos Varela están orladas polo cadeado concedido ao cabaleiro Fernán Páez Varela pola súa comentada acción nas Navas de Tolosa[24]. Un escudo con liñaxes de avoengo, cuxa xénese prodúcese polos matrimonios dos Varela de Dubra con estas Casas, entre os séculos XVI e XVII. Os Falcón proveñen de Inés Mariño de Lobeira e Salnés, xa que súa avoa paterna era Ana Falcón y Mariño de Lobeira[25].

As armas dos Varela, coa variante da cadea e cadeado que pecha a orla, aparecen tamén noutras casas e beneficios da familia: casa e capela da Buzaca, casa de Rebón, casa da Teixeiriña, igrexa parroquial de Amil, panteón no cemiterio de San Lourenzo de Moraña. Outras liñaxes, que emparentaron no seu día cos Varela, tamén exhiben o cadeado de Fernán Páez Varela[26]: pazo de Sistallo (Vilalba), castelo de Ramil (Palas de Rei), castelo de Dubra, casa- torre de Traspenas (A

[21] Arquivo Histórico Nacional, leg. Nº 1762, *probas de nobreza de Luis López- Ballesteros*.
[22] AMPO, *Fondo López- Ballesteros*, 295/33.
[23] Vázquez Casáis, 2000: 257.
[24] *Vid*. "2.1.2. As orixes de tres dominios fidalgos".
[25] Segundo as investigacións heráldicas de Amor Moreno, 2002: 78.
[26] Crespo del Pozo, 1985: 203- 207.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Golada)[27], Casa de Láncara (A Peroxa), casa de Ameixeiriñas (Campo Lameiro), casa de Barcia (Lalín)[28].

Outro escudo coroa o portal de acceso á Buzaca, ampliando os motivos heráldicos que adornan a liñaxe. De elaboración posterior ao de Casalnovo, as armas que adornan a Buzaca compóñense de oito cuarteis, a maiores da serea que preside o timbre do escudo e as tres ondas no pé coma símbolos dos Mariño[29]. Alí constan os símbolos das seguintes liñaxes: 1º. Varela, 2º. Fariña, 3º. Falcón, 4º. Aguiar, 5º. Lobeira, 6º. Varela, 7º. Novoa, 8º. Figueroa. A laboriosa e requintada escultura do conxunto, xunto con esta profusión de armas, sitúanos no século XVIII, nun barroco galego que vai multiplicar os motivos heráldicos, chegando mesmo a duplicar o cuartel dos Varela, exhibido no primeiro e sexto. Aos Varela, Falcón, Mariño, Lobeira e Novoaque figuran en Casalnovo[30], o escudo da Buzaca engade información dos novos enlaces matrimoniais até mediados do século XVIII. Os Fariña, Aguiar e Figueroa corresponden coas unións de don Diego Francisco Varela e dona Andrea Josefa Verea Fariña en 1718, e do seu fillo don José Varela de Verea con dona Rosalía Verea de Aguiar Varela y Figueroa en 1749[31]. Unha vez máis, obsérvase ese afán aristocrático do Setecentos, reelaborando os Varela o seu escudo heráldico coas achegas de liñaxes dese século.

Os Espinosa locen escudo na fachada principal da casa, que se repite na capela. Recollen os símbolos das seguintes liñaxes: 1º. Mondragón; 2º. Taboada; 3º. Fernández de Senra; 4º. Suárez de Deza. Tanto as armas dos Mondragón, como as tres caldeiras dos Taboada e a torre castelo dos Suárez de Deza, son variantes dentro das distintas formas que adoptan estes apelidos[32]. Motivos que non seguen o modelo principal, e que nos remiten ao último terzo do século XVII, cando o cabezaleiro don Francisco Fernández Espinosa ordea a

[27] Casa agregada ao morgado dezano da Casa de Tor, emparentada cos Bendoiro, Barcia, Brenzos e Cercio.
[28] En unión cos Gil, Taboada e Deza.
[29] O motivo no pé das tres ondas dos Mariño ten consideración de noveno cuartel do escudo.
[30] O matrimonio de Varela e Novoa tivo lugar en 1688, en consecuencia o escudo de Casalnovo foi realizado con posterioridade, en vida do cabezaleiro don Gómez Diego Varela Mariño, finado en 1716, e apaixonado da xenealoxías.
[31] Peña Vidal, 2003: 60- 61.
[32] Gómez Buxán, 2005: 389- 426.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

construción da súa casa sobre unha antiga edificación no solar de Cascaxide. Neste senso, o escudo recollería a súa unión con dona Gerónima (Bermúdez) de Castro y Mondragón[33], así como tamén as orixes dos fundadores da Casa de Senra, que virían de Deza, da liñaxe dos Taboada, tal e como o interpretaba don Benito Espinosa Varela no século XIX[34]. O vencello cos Taboada veríase reforzado co matrimonio de don Manuel Fernández- Espinosa con dona María Ignacia de Torres Taboada y Ojea, sucesora da Casa de Casares. Isto indica que os matrimonios recorrentes procuran redundar nos troncos máis fortes e elevados da Casa[35].

Chama a atención que non estean presentes as armas dos Espinosa, que por outra parte, si figuran en dous escudos da Casa de Soutolongo. Cómpre engadir que don Benito Espinosa Varela contraeu matrimonio con dona Benita Salgado Bahamonde en 1808, herdeira do vínculo de Soutolongo. Nas dúas casas existentes no antigo solar dos Salgado, aparece un escudo partido, onde a primeira parte parece referirse ás armas dos Gil, e a segunda partición aos Espinosa. Atópase mellor conservado na coñecida casa dos Infanzones pola lenda inscrita: «Los infancones de Sotolongo- 1616»[36]. Parece existir, entón, a posibilidade dun enlace anterior dos López de Soutolongo, dos Gundín ou dos Salgado coa liñaxe Espinosa de Fiestras (Silleda). A reconstrución xenealóxica non apoia esta hipótese, xa que non hai constancia de parentesco con anterioridade ao século XIX.

Os escudos heráldicos simbolizaban a "notoria nobreza" dunha Casa. Nunha soa imaxe xustificaban unhas orixes ilustres. Sen embargo, unha demostración xurídica da fidalguía dunha Casa requiría innumerábeis documentos xenealóxicos. Malia que a "nobreza de executoria" era de rango inferior á nobreza solariega ou notoria, houbo épocas nas que as liñaxes pretenderon coroar o seu

[33] Das liñaxes fidalgas dos Bermúdez de Castro e dos Mondragón asentadas en Tabeirós.
[34] Anotación de don Benito Espinosa Varela no século XIX sobre o testamento de Teresa de Outeiro. Arquivo Espinosa, *Xenealoxías I*, caixa II, 2.1. Testamentos. Adquisicións. (XVI-XVIII).
[35] Na liña do exposto por Migués, 2002: 102- 104.
[36] Gómez Buxán, Rubiá Alejos: 2005.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

honor coas "probanzas"[37]. Ese "conjunto de diligencias necesarias para demostrar la hidalguía" tivo moita importancia na Castela de comezos do XVI, cando houbo un afán de distinción. Daquela comezan a facerse rexistros parroquiais e os municipios elaboran padróns para distinguir entre peiteiros e fidalgos, co obxecto de cobrar tributos e repartir cargos. Tanto a Igrexa coma a administración do Estado desexaban organizar e controlar a sociedade.

A fidalguía galega de extracción social media e baixa non semella coincidir no tempo coa descrición castelá de Domínguez Ortiz. Nesta investigación constátanse os traballos da fidalguía por recompilar documentación xenealóxica: árbores, capitulacións matrimoniais, testamentarias, dotes e lexítimas, bautismais,... Mais no caso destas tres familias isto aconteceu no século XVIII, no barroco galego. Os López- Ballesteros obtiveron a executoria de fidalguía en 1768, na cabeza de don Diego López- Ballesteros y Mondragón[38], mais xa o seu pai, don José, preiteara a *probanza*. O avoengo dos Varela foi recoñecido mediante executoria en 1805. Previamente, o patrucio don Benito Varela axuntara unha cantidade inxente de documentos do século XVII, que presentou en 1793. Sería, pois, un proceso xudicial escrupuloso, longo e custoso, que demandaba recursos e unha gran determinación perante a Real Chancelaría de Valladolid. Na sala de *Hijosdalgo*, moitas familias non conseguiron esa executoria real, ese recoñecemento, malia ser privilexiados de facto nos seus eidos. Outras acadaron ese honor sen máis mérito que a riqueza, talvez co apoio dunha documentación falsa que branqueaba o seu pasado.

Os Espinosa na época dourada dos pazos, ben puideron acreditar cando menos tres xeracións de notoria fidalguía rural, mais non hai documento algún que suxira esta probanza. Así e todo, o arquivo familiar conservou algúns documentos singulares das orixes da familia, así coma árbores e outros papeis xenealóxicos. A esfera de poder dos Espinosa seguía circunscrita á comarca. Namentres, os Varela competían nun ámbito territorial máis amplo e intenso, e os López- Ballesteros pretendían distinguirse nas súas relacións burguesas locais e ultramarinas. A executoria era moi útil para pasar a

[37] Domínguez Ortiz: 31- 33.
[38] Vázquez Casáis, 2000: 187.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

América e realizar negocios. En conclusión, as executorias eran un recoñecemento cobizado, mais que tamén puido obedecer a un cálculo de custes e beneficios, que deixou fóra a unha fidalguía media- baixa que non tiña aspiracións sociopolíticas fóra das súas xurisdicións.

2.2.3. Reconstrución xenealóxica das liñaxes

Ofrécese, a continuación, información xenealóxica de cada unha das familias investigadas, co obxecto de valorar a súa condición fidalga e as estratexias que adoptaron para engrandecer a Casa.

2.2.3.1. Xenealoxía dos López- Ballesteros da Golpelleira

Hai constancia da presenza dos López de Caneda en Vilagarcía de Arousa antes de 1600, mais as súas orixes non foron aínda clarificadas. Non hai bibliografía ao respecto, só a información das solicitudes de executoria na segunda metade do XVIII. Así e todo, resulta de utilidade considerar a riqueza, estatus e poder dunha familia vilega, que contaba con algún escribán e un rexedor na primeira metade do século XVII[39].

Tanto don Diego López- Ballesteros e Mondragón, coma seu fillo don Luis López- Ballesteros e Varela, remitían a liñaxe á unión de don Antonio López de Caneda e dona Antonia Pimentel Ballesteros Ribadeneira[40]. El, fillo de don Mauro[41], tiña casa na vila de Vilagarcía de Arousa. Ela, nacida en San Xián de Laíño (Dodro), era filla do capitán don Antonio Ballesteros del Mazo e Leonor Pimentel e Ribadeneira, neta de don Mateo Ballesteros del Mazo, consultor do Santo Oficio e rexedor da cidade de Santiago[42]. Os Ballesteros del Mazo tiñan fundado a casa- torre de San Xián de Laíño, e exercían señorío xurisdicional neste lugar e no de Tarrío (Dodro) e no coto de Saiar (Caldas de Reis). Os sucesores desta liña concentrarán os seus esforzos na área de Padrón e Santiago, onde ocupan cargos civís e militares.

---

[39] Tal e como se apuntou no epígrafe "2.1.2. As orixes de tres dominios fidalgos". AMV, fondo Álvarez Blázquez.

[40] En 1768 obteñen a executoria. En 1819 a entrada na Orde de Carlos III.

[41] AMV, fondo Álvarez Blázquez, G 30. Información aportada por dona Rosalía López Ballesteros e Mondragón no primeiro "Memorial" de bens libres dos seus pais, en relación a unha casa na vila que adquiriu don Mauro. Chama a atención que se consigne coma ben libre, non vinculado.

[42] Vázquez Casáis, 2000: 186.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O matrimonio de López e Ballesteros aconteceu cara mediados do século XVII[43]. Tiveron por fillos a José Luis e a Tomasa López Ballesteros. Ela casaría con don Domingo das Valiñas. El, o sucesor, uniuse a dona Jacinta de Navia e Moure, natural de San Pedro de Cea. Esta última era filla de don Francisco de Navia Mariño Sotomayor e Dª Agustina de Moure y Temes[44]. Ademais da citada Jacinta, tiveron tres fillos: Francisco, Antonia e José Benito, que foi cura de San Clemente de Cesar (Caldas de Reis). Estes matrimonios e parentescos fornecen a relación dos López de Caneda de Vilagarcía con familias fidalgas de xurisdicións do interior, cara terras de Santiago e Caldas.

En 1688 naceu don José López- Ballesteros e Navia[45]. Coñecido foi o seu servizo na guerra de Felipe V. Con corenta anos contraeu matrimonio con dona Juana Mondragón Varela e Gil (1706- 1791)[46]. Era filla de don Leonel de Mondragón Gil Taboada (1679- 1741), da Casa de Vilasusán, en San Cristovo de Remesar (A Estrada)[47], e de dona María Varela e Mariño, de Piñeiro de Casalnovo (Caldas)[48]. Este casamento incorpora liñaxes de renome, procedentes de áreas máis distantes, emparentando así coa fidalguía de Caldas, Tabeirós e Deza. Son apelidos de avoengo que elevan o rango da Casa, ademais de engadir a suma de 5.000 reais en concepto de dote de dona Juana. As súas lexítimas podían superar os 12.000 reais[49].

---

[43] AMV, fondo Álvarez Blázquez, G 30. Quedou constancia dun foro que outorgou D. Antonio López de Caneda en 1660, segundo foi inventariado por apeo de D. Diego López-Ballesteros e Mondragón, e figura no *Memorial* de bens libres que subscribe a súa irmá Dª Rosalía.

[44] Crespo del Pozo, 1985: 154. O apelido Moure provén de Villamoure. Este matrimonio tivo residencia en Refoxos.

[45] Só tiña unha irmá, dona María Ventura, que casou con don Manuel Prado Benavides.

[46] Erroneamente, Vázquez Casáis interpreta a data de 1728 coma do nacemento de Juana. En Crespo del Pozo podemos ler que foi bautizada en 1706, sendo 1728 a data dos esponsais. Os pais de Juana naceran en 1679 e 1675, respectivamente.

[47] Os seus bisavós, Andrés de Mondragón e Mª Estébana de Cela (ou Zelar), foron os primeiros en asentarse en Vilasusán, sendo orixinarios da vila guipuscoana de Mondragón. Pola vía materna, don Leonel emparentaba cos Gil Taboada da Casa de Barcia (Lalín), sendo súa nai dona Beatriz Gil Taboada de Camba, tía do que foi despois bispo en Lugo e Santiago, don Caetano Gil Taboada, e curmá do bispo de Osma e de Sevilla don Felipe Antonio Gil Taboada. A Casa de Vilasusán desaparecería debido aos matrimonios dos cabezaleiros con casas máis fortes, que motivaban o seu traslado.

[48] Os Varela aínda estaban radicados en Casalnovo.

[49] AMV, fondo Álvarez Blázquez, G 30. Segundo estimacións no "Segundo Memorial" de bens libres que asina dona Rosalía, a súa filla.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este cabezaleiro ambicioso tivo a vontade, aínda solteiro, de construír a casa grande da Golpelleira, no couto de Travanca da Pena (Arealonga, Vilagarcía). Anos despois, mediante un poder outorgado por dona Juana en 1748, descóbrese que quedara viúva e curadora dos seus fillos[50]. Por este motivo aparece dona Juana coma titular da Golpelleira no Catastro de Ensenada, na sección de forasteiros, xa que era natural de Remesar[51]. Este matrimonio tivo seis fillos: Diego, que segue a liña; José Benito, que foi abade de Queiroanes[52]; Teresa, falecida sendo menor; Rosalía, esposa do escribán José A. Vázquez Betanzos[53]; Juan Crisóstomo, cura de San Pedro de Rebón[54]; e Francisco[55].

O primoxénito, o capitán don Diego (Vilagarcía 1731- 1786), estivo en México, onde foi oficial dunha Compañía de Granadeiros do rexemento de Comercio e provedor xeral de utensilios. Alí casou con dona María García Bravo, coa que tivo unha nena de nome María Guadalupe, ambas defuntas en pouco tempo[56]. Ao seu regreso en 1774, faise cargo da Golpelleira co obxecto de facer melloras na construción[57]. Contraeu matrimonio en 1775 con dona Mª Vicenta Antonia Varela Verea Mariño de Lobera (Moraña, 1757- Vilagarcía,

[50] AHPP, *protocolos notariais*, 301 (15), p. 33. Ante Jacinto García Villamarín e Novoa.
[51] AHPP, Catastro de Ensenada, Xurisdición de Vilagarcía, *Real de Legos*, L- 127, pp. 356-369.

[52] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, G 32. Tomou posesión do beneficio de San Verísimo de Queiroanes en 1764.
[53] Que preiteou a súa fidalguía en 1807.
[54] Outras referencias sitúan a Juan Crisóstomo solicitando en 1769 información de nobreza para ir a México, onde xa estaba o seu irmán Diego. Crespo del Pozo, 1985: 154.
[55] Algunha bibliografía especula coa procedencia do militar liberal D. Francisco López-Ballesteros (1770- 1832), mais non pode ser este Francisco xa que o pai tería falecido anos antes do nacemento do militar. Descártase tamén que fose irmán do facendista D. Luis López-Ballesteros, tal e como aparece en Crespo del Pozo, 1985: 154. Existe a posibilidade de que fose curmán do exministro, é dicir, fillo deste Francisco, tendo por avós a José e Juana.
[56] AHPP, *protocolos notariais*, 296, p. 46. Testamento de D. Diego López- Ballesteros e Mondragón, ano 1786, ante Francisco Antonio Pérez de Ocampo.
[57] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 32. Entre os papeis de Vázquez Betanzos, hai un relatorio no que se asegura que D. Diego fíxose dono "despóticamente en el uso goze y percepción de todos los vienes libres", incluida a casa da Golpelleira. A nai de D. Diego, Dª Juana Mondragón Varela, deixaría Vilagarcía, para residir co seu fillo José Benito, abade de Queiroanes (Ourense).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1801)[58], que era irmá do cabezaleiro da Buzaca, don Benito. Foron pais de don Luis e don Diego, que viviron durante quince anos baixo a curadoría da súa nai, xa que esta enviuvara aos once anos de casada[59]. A súa administración da Golpelleira foi tan proveitosa que os fillos declaran: *«ha sido tan exacta, lavoriosa, y celosa en el miramiento de nuestros intereses, que há conservado, y aun aumentado considerablemente nuestros vienes, y dros., (...)»*[60]. Os *«auxilios e instrucciones»* do seu irmán D. Benito Varela son recoñecidos nestes autos de curadoría xa que, trala morte de dona Vicenta en 1801, vai tutelar aos seus dous sobriños, menores de 25 anos[61].

O primoxénito e sucesor coma señor da Golpelleira foi don Luis López- Ballesteros e Varela (Vilagarcía, 1782- Madrid, 1853)[62], que chegaría a ser ministro de Facenda de Fernando VII, entre outros méritos e nomeamentos. Con tan só 19 anos, encabeza a Casa da Golpelleira, para casar un ano despois con dona Josefa Jacoba Pérez-Santamarina e Flórez Villamil, filla á súa vez de Pérez Santamarina, dono dunha firma comercial en Santiago de Compostela, con almacéns en Carril[63]. Unha fabulosa dote de 242.000 reais de vellón

[58] AHPP, *protocolos notariais*, G 287 (4), Testamento de Dª María Vicenta Varela e Verea, ante o escribán D. Bartolomé Oliver Paz. Era filla de D. José Diego Varela de Verea e de Dª María Rosalía Verea e Aguiar.

[59] Este matrimonio viña marcado pola diferenza de idade. El casa con 44 anos, mentres que Dª Vicenta só conta con 18. Morre D. Diego con 55 anos, quedando a viúva con 29 anos. Administra a Casa até os 44 anos, cando falece. Ao igual que na xeración anterior, no matrimonio dos López- Ballesteros e Mondragón, o papel da nai e viúva coma usufrutuaria e curadora convértea na praxe na morgada, dona e señora dos destinos da Casa.

[60] AHPP, *protocolos notariais*, G 287 (4), Discernimento de curadoría, ante don Bartolomé Oliver Paz. Estas palabras de eloxio a dona Vicenta evocan a aquela señora da Reboraina que retratara Otero Pedrayo, que ante a ausencia do esposo por mor das súas aventuras políticas, faise cargo da administración e cobro das rendas. Otero Pedrayo, 2011: 69- 70.

[61] *Ibíd*. Dona María Vicenta morre en 1801, tendo os seus fillos 19 e 17 anos, respectivamente. Eles aceptan e confían coma novo curador e fiador de tutela ao seu tío D. Benito Varela Mariño de Lovera, xa que son menores dos 25 anos. A escasas dúas semanas da morte da nai, don Luis presenta unha solicitude de habilitación da súa capacidade para «administrar todos los vienes y rentas de ambas fincabilidades», que ratifican o seu irmán e o seu tío e curador. Un auto do xuíz pedáneo do Coto de Trabanca da Pena autoriza esta habilitación de don Luis.

[62] Nas referencias bibliográficas inspiradas no traballo de Crespo del Pozo figura erroneamente o nacemento de don Luis no ano 1778. Nas fontes primarias e na biografía realizada por González López, 1987, consta 1882.

[63] Barreiro Fernández, 2001 (b): 1.055- 1.073. Don Ramón Pérez Santamarina chegou a Compostela arredor de 1760, falecendo en 1808. O seu "imperio económico" comprendía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en metálico, non en vales reais nin en fincas, avalan a conveniencia desta unión[64]. Cantidade máis que extraordinaria se a comparamos coas estimacións dos bens libres da Golpelleira, acadando a casa arredor dos 150.000 reais, e o total do patrimonio 259.286 reais[65]. É dicir, a filla de Santamarina aporta ao matrimonio case tanto capital como o volume dos bens axuntados na vida dos seus sogros, don José e dona Juana[66].

Entre a numerosa descendencia dos López- Ballesteros e Santamarina está Diego, que seguirá os pasos do seu pai no ministerio de Facenda e na vida política madrileña. Ambos foron testemuños dos cambios sociopolíticos do Oitocentos, dende a ocupación francesa até a vida parlamentaria liberal. A terceira parte desta tese versará sobre a súa actividade política[67].

2.2.3.2. Xenealoxía dos Varela da Buzaca

Os Varelas antigos distribuíronse por terras do Dubra, Melide e Palas de Rei. Un tronco dos Varela medrou na comarca de Caldas, froito da fundación de Jorge Varela Mosquera, señor de Quindimil, e Inés López Mariño de Goyanes, na capela de San Xurxo en Santa

---

"cinco casas comerciais (Santiago, Carril, Padrón, Pontecesures e Ribadeo), catro fábricas (Carril, Laraño, Vilaxoán e Santiago), varios barcos de cabotaxe e de pesca, depósitos comerciais en Bos Aires e Brasil", o total "se cifraba en 13 millóns de reais".

[64] AHPP, *protocolos notariais*, G 287 (5). As capitulacións de esponsais tiveron lugar en Carril, o 26 de outubro de 1802, ante D. Bartolomé Oliver e Paz. A dote queda fixada en 22.000 ducados, que a 11 reais cada ducado, ascenden aos 242.000 reais. Están presentes don Ramón Pérez Santamarina e don Benito Varela Mariño de Lovera.

[65] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, G 30. Memoriais de bens libres que fincaron os pais de dona Rosalía López Ballesteros e Mondragón. Analizando as distintas partidas pode apreciarse certa confusión entre aqueles bens libres e os vinculados, xa que recolle foros, rendas e dereitos de antigos devanceiros da Casa. Sen embargo, o dato total estimado dos 259.286 reais ten utilidade para salientar comparativamente a formidable dote de dona Josefa Jacoba Pérez- Santamarina.

[66] En 1843, tras un investimento ruinoso en bolsa, o exministro López- Ballesteros ten que "acudir á los bienes de su esposa" para cubrir unha débeda de 11.000 duros. Escríbia don Luis ao seu fillo, o cóengo, Nicolás: *«que le manifiestes a tu madre mi pesar, sobre todo por no conservar íntegros sus bienes dotales y parafernales, como fué siempre mi deseo, que su único reintegro consistirá en lo que pueda quedar y los biense libres ó mitad de los de Mayorazgo de la "Golpelleira"»*. Rivas, 1945: 166-167.

[67] *Vid*. "3.1.5. O reformismo absolutista do ministro López- Ballesteros", "3.5.6. Os monistas na oposición".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

María de Caldas[68]. Tómase aquí coma punto de partida da liña de Caldas, que segue o seu cuarto fillo, o Ldo. Gómez García Varela de Dubra[69], que foi xuíz de paz en Caldas até a súa defunción en 1627. Foi don Gómez o que incorporaría a Buzaca ao patrimonio familiar[70]. Casado con dona Dominga López de Villamoure, natural de Arcos da Condesa, onde faleceu en 1615. Era filla de don Álvaro de Villamoure, familiar do Santo Oficio, e de dona Catalina López López.

O sucesor e fundador mediante escritura formal do vínculo de Casalnovo foi Jorge Varela de Dubra, nado en Caldas e soterrado na capela de San Xurxo en 1669. Contraeu matrimonio con Inés Mariño de Lobeira e Salnés Falcón, o 21 de setembro de 1627 en Santa María de Caldas[71]. Ela nacera en Pontevedra, en 1602, sendo filla do capitán e rexedor de Pontevedra don Antonio de Salnés Mariño de Lobeira e Falcón, e de dona Catalina Vázquez. Inés testou en 1679, falecendo en Caldas en 1681. Foi este un matrimonio lonxevo que liderou a Casa no segundo terzo do século XVII.

Dos catro fillos que quedaron de Jorge e Inés, foi o segundo, don Benito Varela do Salnés, o que seguiu a liña sucesoria. Parece que foi bautizado en 1632, falecendo en 1705 en Caldas[72]. A súa esposa foi dona María Antonia Boceta Caamaño, que proviña da estirpe de avoengo dos González de Buceta, Caamaño e Castro, das casas de Somonte e Curuxal. Foi sucesora da fundación de sete misas anuais do seu cuarto avó, Juan González[73]. Defunta en 1707, foi soterrada na capela de San Diego e Magdalena, fundada polo curmán da súa bisavoa, o bacharel don Gonzalo Buceta Caamaño. Esta liñaxe

[68] Vázquez Casáis, 2000: 258. Testou don Jorge en 1570 na casa de Corbelle (Melide), Crespo del Pozo, 1985: 206- 207.
[69] Algunhas informacións sinalan que naceu en Corbelle (Melide), Amor Moreno, 2002: 78. Crespo del Pozo, 1985: 204, apunta que foi en Vilagarcía.
[70] Por doazón de don Lorenzo Redondo Sastre. Crespo del Pozo, 1985: 204.
[71] Amor Moreno, 2002: 76- 80. Era filla de Antonio de Salnés Mariño de Lobeira Falcón, capitán do Rexemento de Pontevedra, familiar do Santo Oficio. Soterrado, coa súa muller, na capela maior de San Bartolomé de Pontevedra.
[72] As datas varían segundo os autores. Para de la Peña Vidal este matrimonio de Jorge e Inés tivo lugar en 1629, e o seu fillo Benito non naceu na data que sinala Crespo del Pozo. Dá por válida a de Hipólito de Sa, malia que non se localizase a partida bautismal. Peña Vidal, 2003: 56-58.
[73] *Ibíd*. Relato xenealóxico dos Buceta Caamaño.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

remóntase ao século XVI, predominando os enlaces recorrentes entre curmáns, o que explica a reiteración destes apelidos.

O matrimonio de Benito e María Antonia tivo catro fillos, dous varóns e dúas mulleres. Vai seguir a liña o primoxénito, don Gómez Diego. Seu irmán Pedro Diego fixo carreira eclesiástica, sendo reitor de Fonseca e cóengo doutoral en Tui. Súa irmá María Antonia Varela Mariño casou con don Leonel Mondragón Gil Taboada, entroncando así cos Mondragón de Remesar. Deste enlace, que tivo lugar en Arcos en 1696, naceu, entre outra descendencia, dona Juana María Mondragón Varela, bautizada en 1706 e que casaría en 1728 con don José López Ballesteros, trasladándose ambos a vivir á Golpelleira. Un fillo deles, Diego, casaría á súa vez con outra Varela da Buzaca, María Vicenta, fornecendo a unión das dúas Casas[74].

O sucesor de Benito Varela do Salnés foi o seu primoxénito, don Gómez Diego Varela Mariño, bautizado en Arcos en 1668 e falecido en Santa María de Caldas en 1716. Interesado pola xenealoxía, investigou e foi autor dalgúns escritos e varias copias de textos antigos[75]. Gómez casaría en dúas ocasións. A primeira, en 1688, con dona María Teresa López de Novoa e Somoza, natural de Santiago, que faleceu en 1704. O matrimonio tivo cinco fillos e dúas fillas, morrendo na infancia os dous primeiros varóns. A sucesión recaería no quinto descendente, don Diego Francisco de Paula Varela de Noboa Mariño (1699- 1749).

Tras o falecemento da súa esposa en 1704, don Gómez uniuse en segundas nupcias, no ano de 1707, a dona Juana Ribera Sotomayor, da casa de Subión (Frades), emparentada coa casa do Curuxal. Esta segunda esposa tivo catro fillas e dous fillos varóns. A bibliografía sinala que dúas fillas e un fillo ficaron célibes na casa de Casalnovo[76].

[74] *Ibíd.*: 57- 58.

[75] "Historia de Don Servando, obispo de Orense, traducida en lengua gallega y adicionada por Pedro Siguino obispo también de Orense que vivia era de 1191 año de 1193". Incluía o capítulo 11: "dos paços e linages de Galiza e cabaleiros dela...". Copia feita por don Gómez aproximadamente en 1700. Outra obra que reproduciu foi o "Memorial del Marqués de Montebelo". Contén as orixes das liñaxes feudais. ADPO, fondo pazo da Buzaca, Outra documentación, *Publicacións*, 34.353/2; 34.353/4.

[76] Dos trece fillos de don Gómez nos seus dous matrimonios, pouco máis se sabe que a partida de bautismo e algúns testamentos. Estes últimos indican varios célibes que vivían en Caldas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O novo cabezaleiro de Casalnovo, don Diego Francisco, casou axiña con dona Andrea Josefa Verea Fariña. Corría o ano de 1718, apenas dous anos da morte do seu pai, don Gómez Diego. Este matrimonio novo trasladou a súa residencia á Buzaca, que xa pertencía ao morgado dende o século anterior, dende os tempos do seu terceiro avó Gómez García Varela, falecido en 1627. Ademais, a familia materna de dona Andrea, os Fariña, eran naturais de Moraña, do lugar de Sorrego, sendo o seu avó xuíz de Peñaflor[77]. Deste xeito, o novo matrimonio deixaba que residisen en Casalnovo a segunda esposa de Gómez Diego cos seus fillos, medio irmáns de Diego.

Dona Andrea faleceu en 1720, tras dar a luz o seu terceiro fillo, José Varela de Verea, ou Varela de Noboa, quen seguiría a liña. A súa irmá María Antonia casaría cun dos fillos do cabezaleiro de Vilasusán, un neto de Leonel de Mondragón e María Antonia Varela Mariño. Obsérvese a coincidencia onomástica[78]. Outra irmá, Manuela, ingresaría en San Paio. Falecido o pai en xuño de 1749, o seu sucesor, don José, contrae matrimonio no mes de setembro con dona Rosalía Verea de Aguiar. Isto estreitaría os lazos cos Verea de Andeade (Santiago), que manterían trato de "primos" cos Varela durante todo o Oitocentos. Deste matrimonio nacerían: Benito (1754), Pedro Antonio (1755), María Vicenta (1757), José Ángel (1760), Jacobo (1761), e Josefa Joaquina (1764). Benito sería o sucesor do vínculo. Pedro Antonio foi abade de Estacas (Cuntis), onde anos despois ocuparía a vacante o seu sobriño Francisco Espinosa Varela, de Cascaxide. Jacobo faleceu combatendo aos franceses en Pontevedra. As irmás María Vicenta e Josefa Joaquina casarían cos herdeiros da Golpelleira e de Cascaxide. Sería o seu irmán Benito Varela o curador dos seus fillos nas súas respectivas orfandades. É dicir, o tío Benito da Buzaca sería o curador de don Luis López- Ballesteros Varela e de don Benito Espinosa Varela.

Don Benito Varela y Verea Mariño de Lobera foi xuíz en Xeve e na xurisdición de Peñaflor. Foi el quen obtivo a executoria de fidalguía en 1805. Uns anos antes, en 1797, uniuse en matrimonio con

[77] Dous irmáns de dona Andrea serían curas párrocos en Amil e Moraña. Aparecen coma "cumpridores" no testamento de Diego Francisco Varela, en 1742. Peña Vidal, 2003: 60.
[78] Os datos deste matrimonio terían que ser verificados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dona Juana Sarmiento y Toubes, da Casa do Pombeiro, emparentada cos Sarmiento Soutomaior, Troncoso de Lira e cos Toubes Salgado. Resulta cando menos sorprendente que don Benito casase maior, a piques de cumprir 43 anos de idade, mentres que ela, dona Juana, era unha "seglar educanda" de 28 anos no mosteiro de Belvís de Compostela[79]. O certo é que don Benito non casou até catro anos despois da morte da súa nai, dona Rosalía, coas súas irmás xa casadas.

Deste tardío matrimonio naceron Lorenzo (1803- 1860), Jacobo (1805- 1868), María del Rosario (1807) e María del Socorro (1810). As fillas casaron ambas, mais tamén sorprende a idade que tiñan nos esponsais. Dona Rosario contraeu matrimonio en xaneiro de 1845 co médico don José Rosende (1813). Ela contaba no día do enlace con 37 anos de idade, mentres que el era 6 anos máis novo. A súa irmá Socorro casou en 1842 co doutor en Leis don José Parga Chaves (1802). Foi Lorenzo Varela quen dotou ás irmás nestes matrimonios. Sucesor dos seus pais na Buzaca e Casalnovo, era afillado do seu tío Jacobo, malogrado na guerra. Lorenzo permaneceu solteiro e sen descendencia até a súa defunción en xuño de 1860. Seu irmán Jacobo seguiría a liña. Funcionario con servizo en Facenda e na Secretaría de Estado, foi administrador de viños e licores en Filipinas. En Manila, no ano de 1836, casou con dona Concepción de Torres Jurado, que aportaba unha espléndida dote de 126.319 reais. Tiveron 10 fillos, sendo herdeiro da Buzaca o seu primoxénito don Benito Varela de Torres, quen sería ademais deputado provincial. Esta liña dos Varela da Buzaca prosegue até o século XXI[80]. Na actualidade buscan comprador para o seu pazo, despois de ter vencido a concesión que explotaba o seu uso turístico.

2.2.3.3. Xenealoxía dos Espinosa de Cascaxide

Como se indicou anteriormente, a Casa dos Fernández Espinosa provén da unión de Juan Fernández de Senra e Úrsula Espinosa, que aconteceu con anterioridade a 1633[81]. A Casa dos

[79] Peña Vidal, 2003: 62.

[80] Para máis información, recoméndase o artigo de Carlos de la Peña Vidal (2003) que recolle a xenealoxía até o século XX.

[81] No testamento de Pedro Espinosa en 1633 xa figura a súa filla Úrsula casada con Juan Fernández Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fernández de Senra afundía as súas raíces en parentescos próximos xeograficamente: xurisdicións de Deza e Trasdeza. Do primeiro terzo do século XVI, proveñen os devanceiros Teresa de Outeiro e Gómez Taboada de Barcia. O apelido da muller pode aludir ao lugar de Outeiro, na parroquia de Escuadro (Silleda), igrexa onde foi soterrada[82]. O apelido do marido parece proceder da estirpe dezana dos Taboada, onde houbo varios Gómez Taboada, sendo Barcia lugar en Deza onde se localiza unha das liñaxes dos Taboada[83]. Mais existe outro lugar homónimo na parroquia de Siador (Silleda) onde semella que o citado matrimonio tiña diversos bens. Unha pesquisa dos lugares e parentescos dos Taboada en Deza e Trasdeza suxire a idea da expansión dun apelido por distintas liñas dende o século XIII, distinguíndose segundo a proximidade ao tronco[84]. Aquel Gómez

[82] Aínda que é un topónimo habitual na xeografía galega. No mesmo municipio de Silleda existen varios lugares con esta denominación en parroquias distintas: Breixa, Escuadro, Graba, Manduas, Moalde, Negreiros, Parada, Refoxos, e Silleda. Tamén en Lalín abunda este topónimo, curiosamente, na parroquia de Barcia hai un lugar chamado Outeiro, así como tamén está presente nas parroquias de Anzo, Filgueira, Lalín, Losón, Moneixas e Vilatuxe.

[83] Na Carta de Manuel de Toubes, un xenealoxista dezano que escribiu «Tocante a los Hixosdalgo» en 1603, remonta as orixes da liñaxe a 1400, na figura de Gonzalo Taboada, señor de Cello, e o seu fillo Vasco Taboada. O seu neto foi Gómez Taboada, ao que tamén denomina «Ceita Magadeus», señor do couto de Cristimil e do derrubado –polo levantamento irmandiño- castelo de Vilaboa. O seu sepulcro está na igrexa de Goiás (Lalín). Un terceiro neto sería tamén Gómez Taboada, que «tuvo la guerra en la Villa de Chapa con el Conde de Altamira». Este tronco dos Taboada fundou numerosas residencias nobiliarias na comarca nas súas diferentes liñas: Bendoiro, Liñares, Brenzos, Barrio, Palio, Casares… Nunha concordia do ano 1497, reúnese en Bendoiro o conde de Monterrei, don Sancho de Ulloa, con algúns fidalgos de Deza informando da súa condición para quedar exentos de pechos. Neste grupo de fidalgos está Alonso Núñez Taboada, señor de Bendoiro, e don Gómez de Taboada, sen que conste Casa ou solar. Malia estas fontes, o especialista Gómez Buxán considera que a casa de Barcia (Lalín) provén doutra liñaxe que arranca de Lorenzo Taboada que vivía en 1460. Medrarían socialmente durante o século XVII, polo matrimonio de Gómez Taboada da Casa de Barcia con Margarita Taboada de Losón, unindo así os dous troncos dos Taboada. A Casa de Brenzos na parroquia de Losón tamén provén do tronco de «Ceita Magadeus». Varios descendentes seus levaron o seu nome co correspondente topónimo para identificalos: Gómez Taboada de Carrio, Gómez Taboada de Anzuxao, Gómez Taboada de Losón, ... Así mesmo, Manuel de Toubes recoñecía a existencia doutra liñaxe dos Taboada que serían orixinarios da freguesía do mesmo nome, Taboada, en Trasdeza. Este Gómez Taboada de Barcia segue a ser unha incógnita. Gómez Buxán, 2005: 389- 426; Rubia Alejos, Gómez Buxán, 2000: 13- 68.

[84] Hai referencia dun Alfonso Taboada que viviu en 1264, pai de Enrique Taboada, rico home, avó de Pedro Taboada, capitán e pertegueiro de Fernando IV, participou no sitio de Algeciras de 1309. Emparentou coa alta nobreza ao casar con María Nuño, da casa de Haro (Biscaia). Tiña casa aberta en Anllo, na freguesía de San Martiño de Cello (Lalín).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Taboada que casou con Teresa de Outeiro pode corresponder a unha liña colateral enmarcada no estrato fidalgo máis baixo, ou mesmo a un peiteiro acomodado que co seu nome tenta imitar, ou talvez confundir, as formas fidalgas de distinción.

Pouco puido descubrirse do fillo chamado Gómez Taboada de Barcia, salvo que debeu quedar cos bens en Siador. O outro fillo, Fernando de Senra, fundou a Casa dos Fernández de Senra na segunda metade do século XVI. Casado con Marquesa de Senra, oriúnda do lugar de Senra, en Escuadro (Silleda), tiveron unha extensa prole de once fillos/as. Deste matrimonio, anterior a 1550, hai constancia polas dotes que outorgaron a varias fillas. En 1564, dotan a Juana Fernández de Senra para casar con Gregorio de Outeiro. Con probabilidade, un enlace endogámico, xa que o futuro marido ten o mesmo apelido que a avoa Teresa. En 1597, Juana figura coma viúva[85]. Ademais, do parentesco, os Outeiro tiñan bens nos lugares de Outeiro, Senra e Cascaxide, tal e como se comproba na documentación patrimonial de Fernando de Senra[86]. Outra filla, María, casaría con Álvaro de Outeiro, no que puido ser un arranxo entre familias para emparentar por distintas liñas[87].

Outra filla, Margarita, obtivo a dote para unirse en 1578 a Juan de Negreiros, escribán, veciño de San Mamede do Castro[88]. Outro exemplo de matrimonios a curta distancia, entre familias de lugares e parroquias limítrofes. Apréciase, pois, que o radio de actuación desta fidalguía emerxente é aínda moi pequeno. Outras fillas parece que casaron con familias de Trasdeza e Deza. No caso dos fillos, dous

---

https://candaira.es/taboadagenealogia.html

[85] Dotes e esponsais dos Fernández de Senra e os Outeiro. Arquivo familia Espinosa, caixa XVIII, *Patrimonio de Cascaxide (I)*, 18.1. Dotes e compra-vendas.

[86] *Ibíd*. En 1563 venden Fernando e Marquesa de Senra unha propiedade no lugar de Senra a Gonzalo Cerdeira e á súa muller Margarita do Outeiro. En 1579, venden os irmáns Juan do Outeiro de Cascagid, Pedro e Dominga de Cascagid a súa parte e quiñón no lugar de Senra, sembradura 1 anega.

[87] https://www.xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/2130-casas-fidalgas-forcarei-v-casa-senra-escuadro Nesta páxina hai unha xenealoxía da Casa de Senra ou Fernández de Senra, que parte de Fernando e Marquesa de Senra e os seus 11 fillos/as. Non recolle os ascendentes de Fernando de Senra. No caso da filla casada con Gregorio de Outeiro, aparece como Teresa, mentres que no documento de dote no arquivo privado dos Espinosa figura como Juana.

[88] Este matrimonio está verificado nun artigo monográfico sobre o escribán Juan de Negreiros. Fernández Rey, 2013: 557- 566.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

seguiron carreira eclesiástica, chegando Agustín Fernández de Senra a ser reitor das freguesías de Moalde e Escuadro (Silleda).

Segue a liña Marcos Fernández de Senra, mellorado cun terzo[89]. Antes de 1580, debeu casar con Juana Fraiz (ou Froiz), de apelido *linajudo*, dos fidalgos máis considerados en Deza, xunto cos Taboada, Gil, Gundín e Salgado[90]. Este matrimonio tivo oito descendentes, seguindo esta liña Pedro, que viviu na casa de Senra (Escuadro), e que casou con Catalina Fernández de la Iglesia, de Moalde. Os sucesores deste vinculeiro desposaranse con familias fidalgas de Trasdeza, Tabeirós e Terra de Montes, sendo o cabezaleiro á fin do XVIII Benito Cortes Varela Taboada[91].

Os outros fillos de Fernández de Senra e Fraiz casaron e residiron en lugares que lindan coa parroquia matriz de Escuadro: Fiestras, Lamela, Moalde. Un destes oito fillos foi o licenciado Agustín, párroco de Moalde[92]. Confírmase, entón, que o ámbito desta Casa está circunscrito ás terras que arrodean o val do río Toxa, feito que suxire o seu escaso rango en comparación coas grandes Casas fidalgas de Deza e Trasdeza. Se ben os Varela de Caldas concertaban os seus esponsais con familias de xurisdicións distantes, os Fernández están pegados ao seu dominio, coma se foran peiteiros enriquecidos que aspiran á nobreza.

A meirande parte da descendencia de Fernando e Marquesa de Senra, como a do seu fillo Marcos Fernández de Senra e Juana Fraiz, conseguiron afidalgarse nos seus dominios. Un século despois, a casa de Senra en Escuadro tiña ao fidalgo don Lope de Cortes; en Moalde

[89] *Ibíd*.

[90] Rubia Alejos, Gómez Buxán: 13- 68. Carta de Manuel de Toubes, Na árbore dos Fernández de Senra de xenealoxía.org figura Juana Fernández de la Iglesia, mais diversas fontes do arquivo Espinosa recollen o nome de Juana Fraiz.

[91] Que viviu en Soutelo de Montes. Na casa de Senra residían varios/as descendentes do seu pai. Hai noticia de Teresa, medio irmá de Benito Cortes, que lle vende unha parcela na Senra a don Benito Espinosa no ano de 1817. Arquivo Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1.

[92] A concordia entre os descendentes de Fernández de Senra e Fraiz sostén que Agustín Fernández, párroco de Moalde, era fillo de tal matrimonio. Habería outro Agustín Fernández, tamén cura en Moalde e Escuadro, que sería irmán de Marcos Fernández de Senra. É dicir, tío de Agustín. Estes datos parecen fiábeis, polo que se pode contemplar a posibilidade de que os Fernández de Senra tiveran beneficio curado en Moalde. Tempo despois un Fernández Espinosa ocuparía a vacante.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

hai un dos Fernández; en Breixa, Fernández de Negreiros; en Fiestras, un descendente dos Sobrino[93].

Na posición de acumulación orixinaria e fundación está Juan Fernández de Senra cando contrae matrimonio con Úrsula Espinosa. Ela estivera casada con anterioridade con Gregorio Gómez, con numerosos bens en Soldecasa[94]. Nunha casa grande dese lugar seguiu a residir Úrsula, despois de casar con Juan Fernández de Senra[95].

A liña dos Espinosa de Fiestras tivo coma sucesor a Agustín, fillo de Pedro Espinosa coa súa primeira esposa, Inés González, nai tamén de Gregorio, Úrsula e Ana. En segundas nupcias, con María González, naceron tres fillos/as máis. De todos eles, é salientábel a riqueza que acumulou Gregorio, que foi párroco na freguesía de Santa Baia de Silleda. Fundou este clérigo no lugar de Quintá, polo que preitearán os descendentes das distintas liñas dos Espinosa durante séculos. Aínda no século XIX, continuaron este preito perante a Real Audiencia, reclamando o padroado do mesmo para don Francisco Espinosa Varela, cura de Estacas e Piñeiro (Cuntis)[96].

A chave do éxito destes segundoxénitos foi conformar un dominio concentrado, con pretensión de continuidade, até facerse coa renovación do citado foro de Soldecasa ou "foro dos Gómez". A isto hai que engadir as súas posesións en Cascaxide e outros lugares limítrofes, converténdoos nunha Casa forte de Escuadro (Silleda). Ademais, canalizaron o futuro da liñaxe a través dun único sucesor con descendencia, Francisco Fernández Espinosa, reservando os outros tres fillos varóns para a clero secular: Marcos, párroco de Abades; José, na freguesía de Fiestras; Andrés, en Moalde[97]. No testamento de Úrsula Espinosa non hai constancia de filla algunha.

---

[93] Segundo os *Vecindarios* de 1708- 1717, tal e como os traballou Rodríguez Ferreiro, 1973: apéndice estatístico, cadro VIII.

[94] Arquivo Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.2.

[95] Arquivo Espinosa, caixa II, Xenealoxías, 2.1.1. Apuntouse con anterioridade que en 1633, data do testamento do pai de Úrsula, Pedro Espinosa, xa consta este segundo matrimonio.

[96] Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Procurador don Pedro González, (1841-49).

[97] A orde dos fillos e as parroquias nas que serviron aparecen intercambiadas en varios documentos. O testamento materno en 1675 sitúa a Andrés en Fiestras, mentres que José estaría a estudar. Na escritura de renovación do foro de Soldecasa, recollen os nomes dos catro irmáns, sendo Francisco o sucesor, e José cura de Fiestras, vivindo ambos na casa grande de Soldecasa. Por outra banda, numerosas escrituras de compravenda a comezos do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os catro irmáns Fernández Espinosa traballaron polo interese común de engrandecer a Casa. O primoxénito trasladou a súa residencia de Soldecasa a Cascaxide, onde sobre unha edificación antiga ergueu unha casa señorial. O seu irmán Marcos, cura de Abades, fundaría vínculo, que revertería na liña sucesoria de Cascaxide, ademais de sufragar a construción da capela anexa á casa, coa advocación de San Marcos[98]. O patrimonio reunido polos irmáns e párrocos José e Andrés tamén foi considerábel. De feito, o único presente na relación de fidalgos citados nos *Vecindarios* e *Padróns* de comezos do XVIII é Andrés, coma veciño da parroquia de Castro[99]. Por que foi o único dos catro irmáns en ter consideración de fidalgo?[100]

Malia este dato, semella que todos os esforzos da familia se concentraban na sucesión de Francisco Fernández Espinosa, do que hai información dun primeiro matrimonio con Lucía Varela Taboada[101]. Debeu ser breve e sen descendencia, xa que o resto de fontes aluden ao -segundo- matrimonio do vinculeiro con Jerónima (Bermúdez) de Castro e Mondragón, da ilustre liñaxe da Casa de Vilasusán, en San Cristovo de Remesar (A Estrada). Para ela tamén sería en segundas nupcias, xa que estivera casada con un Neyra, do que quedou un fillo chamado don Juan Antonio de Neyra, que segue a liña que chega até don Francisco de Neyra no século XIX[102]. Para os Fernández Espinosa era un salto cualitativo importante, ao emparentar cunha familia de avoengo, fóra dos límites parroquiais de Trasdeza.

Setecentos sitúan a José coma párroco de Fiestras, e Andrés de Moalde. A explicación máis plausíbel é que Andrés ocupou a vacante de Moalde, cedendo a parroquia de Fiestras ao seu irmán José. Cómpre lembrar que súa nai, Úrsula, recibira o beneficio curado de Fiestras na súa lexítima paterna.

98 Malia que o actual párroco de Escuadro asegura que a capela ten a advocación da Purísima Concepción. Con todo, a documentación histórica da familia Espinosa reitera en múltiples ocasións que o patrón da capela é San Marcos, festividade celebrada na casa con grandes banquetes e reunións familiares.

99 Rodríguez Ferreiro, 1973: apéndice estatístico, cadro VIII.

100 Hai outra táboa de Rodríguez Ferreiro no que figura Francisco Fernández Espinosa coma un dos homes con máis ingresos de Trasdeza.

101 Testamento de Úrsula de Espinosa, 1675. Arquivo familia Espinosa, caixa XVIII, *Patrimonio de Cascaxide*, 18.2. Papeis de Úrsula Espinosa.

102 Arquivo Espinosa, caixa XIV, *Soutolongo (VII)*, 14.1. Testamentos, árbores e foros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No albor do século XVIII, este matrimonio reside en Cascaxide, con fillos xa adultos, a piques de casar e garantir a sucesión[103].

Rafael Fernández Espinosa de Castro e Mondragón foi o cabezaleiro de Cascaxide nunha época de crecemento socioeconómico. O incremento do patrimonio familiar foi parello ao prestixio que adquiriu. O seu matrimonio con dona María González Cacheda de Andrade e Gutiérrez, da Casa de Pedrouzos, en Bendoiro (Lalín), relacionaba aos Espinosa coa fidalguía media e alta que dominaba as comarcas dezás[104]. A fundación de Pedrouzos foi tardía[105], obra dos avós de dona María, o escribán Francisco Gutiérrez del Campo[106], en matrimonio con Isabel del Río e Rozas, sobriña mellorada por dous tíos párrocos[107]. A sucesión de dona María

[103] A dote da súa filla Isabel para casar con Antonio González de Cadrón está datada en 1708. Engadir que o tío Marcos, cura de Abades, contribúe na dotación da sobriña cunha cantidade de censos e rendas que supera o aportado polos pais. Todo froito das adquisicións de Marcos Fernández Espinosa. Arquivo Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.

[104] Pedrouzos medra á beira das grandes casas de Liñares e de Bendoiro, do tronco dos Taboada, que lles concederan en foro as terras dese lugar. É probábel que o escribán Francisco Gutiérrez del Campo gozase da súa protección. Con todo, os seus descendentes mantiveron un preito nas décadas de 1750 e 1760 polo pago do foro de Pedrouzos. Don Bernardo Núñez Taboada esixía a dona María González Cacheda e ao seu fillo, o Ldo. Carlos, cura de Fiestras, o pago íntegro dos 33 ferrados de renda, xa que faltaban 28 ferrados e medio. Esta documentación amosa que a relación entre Bendoiro e Pedrouzos era de dependencia, reservándose os primeiros o directo dominio. Arquivo Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.6. Sen embargo, o propio Francisco Gutiérrez del Campo adquiriu numerosas herdades na segunda metade do XVII, especialmente na década de 1680. En 1701, compra tres cuartas partes do lugar de Pedrouzos de Abaixo, que era de directo dominio dos vendedores, os Núñez Taboada da Casa de Bendoiro. Arquivo Espinosa, caixa XI, *Pedrouzos (II)*, 11.4.

[105] Tamén ordenaba a fundación da capela de Nosa Señora do Rosario. A escritura de fundación está datada en 1738. Arquivo Espinosa, caixa XI, Pedrouzos, 11.3. Non atopamos referencia da defunción de don Francisco, mais é pouco probábel que sobrevivise até ese ano, xa que tería arredor dos 100 anos. Ademais, na década de 1720, a documentación patrimonial (adquisicións, prorrateos, preitos) ten coma titular ao seu primoxénito, don Mauro, mentres que os últimos papeis de Francisco chegan a 1714. Arquivo Espinosa, caixa X, Pedrouzos, 10.3. Nun preito polas partillas dos Gutiérrez, comprobamos que en 1741 xa faleceran os fundadores, e o seu sucesor, don Mauro, así como a súa esposa e filla. Este preito remataría en 1754 mediante un convenio. O morgado queda nas mans da filla de dona Francisca. Arquivo familia Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.4.

[106] Este escribán radicado en Bendoiro semella ser fillo de Amaro do Campo e María González Gutiérrez, que en 1623 foi dotada polos seus pais, Fernando Gutiérrez e Susana González, veciños de Oirós (Lalín). Outro documento sitúa aos Gutiérrez González en Losón. Arquivo familia Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.5.

[107] Dotada en 1673 polos seus tíos Juan e Bartolomé Ríos y Rozas, curas de Graba (Silleda) e Bermés (Lalín), respectivamente. Por esta vía recibe numerosos bens en Graba, así como

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

González Cacheda na casa de Pedrouzos debeuse á defunción sen descendencia da liña principal da liñaxe que encarnaba o seu tío don Mauro Antonio Gutiérrez del Río, avogado na Real Audiencia[108]. Recaeu o morgado na filla maior, dona Francisca Gutiérrez del Campo, casada con don Simón González Cacheda[109], pais, á súa vez, dunha única filla: a citada dona María González Cacheda e Gutiérrez, que se fixo cargo do patrimonio de Pedrouzos coa axuda do seu fillo Carlos, cura de Fiestras[110]. Varias escrituras a mediados de século mencionan a condición de viúva de dona María[111]. No Catastro de Ensenada aparece coma cabezaleiro o seu fillo, don Manuel Fernández Espinosa, que en 1779 mantivo un preito coa súa irmá Francisca para determinar os bens libres daqueles vinculados a Pedrouzos[112].

Dona Francisca Fernández Espinosa recibira o vínculo de Pedrouzos, seica por "afecto" do seu irmán Manuel, que lle concedeu este patrimonio coma lexítima[113]. Esta señora de Pedrouzos aumentou notabelmente a casa atendendo á súa administración: adquisicións, foros, prorrateos, preitos. En 1812, maior dos 60 anos, coa súa irmá Jacinta ao seu cargo, fixo doazón do vínculo de Pedrouzos ao seu sobriño- neto, don Benito Espinosa Varela, reservando para si o usufruto en vida[114]. Deste xeito, dona Francisca restituía este patrimonio á liña do morgado dos Fernández Espinosa.

A unión das Casas de Cascaxide e Pedrouzos ensombreceu esta segunda liñaxe, da que non se conservou o apelido orixinario. Eran

tamén o lugar de Penadauga en Escuadro. Arquivo Espinosa, caixa XI, *Pedrouzos (II)*, 11.3. Outra sobriña destes párrocos casaría con Valladares en Graba, sendo devanceiros de José Dionisio Valladares, notabilidade provincial na primeira metade do XIX.

[108] Chega a facer varias transaccións nas décadas de 1720 e 1730, incluído un preito que iniciara o seu pai e que conclúe con don Mauro en 1722. Arquivo familia Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.3.

[109] *Ibíd*. En 1733 consta coma viúva.

[110] Unha vez máis os Fernández Espinosa ocupan a vacante de Fiestras.

[111] Na transcrición dun escrito datado en 1748, así coma nun (sub)foro que outorga en 1753, no convenio polas partillas da familia en 1754 e no preito con Núñez Taboada de Bendoiro en 1766. Arquivo Espinosa, caixas X, XI, XIII, *Pedrouzos*, 10.2., 11.4., 13.1.

[112] Arquivo familia Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.1. Outra das irmás, Jacinta, vivía con Francisca en Pedrouzos. Ambas solteiras.

[113] Nun escrito de José Ignacio Fernández Espinosa en 1806, cando o seu pai, don Manuel, está incapacitado, ao igual que a súa tía Jacinta. Francisca, namentres, reside e disfruta de Pedrouzos até a fin dos seus días. Arquivo Espinosa, caixa XI, *Pedrouzos (II)*, 11.4.

[114] Arquivo familia Espinosa, caixa X, *Pedrouzos (I)*, 10.6.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha Casa fidalga emerxente, de escribáns e curas, unida aos Fernández Espinosa, familia de curas e foreiros. Representan, ambas, o perfil dunha segunda fornada fidalga, que medra espectacularmente, mais que pode correr o risco de perderse ou ocultarse segundo as estratexias matrimoniais e o destino das descendencias. As traxedias persoais, como as defuncións temperás, a esterilidade, xunto coa residencia habitual dun matrimonio nun determinado pazo, pousa ou casa, deixa nun segundo plano aqueles outros dominios fidalgos agregados[115].

O vinculeiro don Manuel Fernández Espinosa foi lonxevo, mais chegou a ser incapacitado polo seu fillo, que moi novo tomou o relevo. Un testemuño posterior fala do desleixo de don Manuel, influenciado por amizades pouco proveitosas para a liñaxe. O seu tempo, durante a segunda metade do século XVIII, veu marcado por unha parentela numerosa e pola proliferación do subforo. Con oito irmáns/ás e cinco fillos/as, o dominio dos Fernández Espinosa sustentaba unha estrutura familiar complexa[116]. O seu matrimonio con dona María Ignacia de Torres Taboada e Ojea foi tremendamente vantaxoso, tanto no social coma no económico.

A Casa de Casares, en San Miguel de Goiás, arranca en 1615, ano do matrimonio do escribán, e familiar do Santo Oficio, don Gonzalo Rodríguez de Torres Taboada e Margarita López Saco Taboada[117]. El era fillo de Clara Rodríguez de Torres Taboada e Pedro del Río, sendo o seu avó materno Alonso Núñez de Taboada, primeiro señor de Bendoiro. Ela era filla de Alonso Saco Taboada, que foi sucesor en Bendoiro. Eran, polo tanto, fillos de irmáns nunha liñaxe cognaticia ligada á figura de «Ceita Magadeus», o cuarto avó de ambos. Seu tío, Álvaro López de Taboada, cura en Goiás, deixoulles en herdanza este lugar que lle era propio. Viviron nunha casa de moito lustre e escudo

[115] Ao respecto, pódese aplicar o comentario de Lawrence Stone sobre o devalo da antiga nobreza inglesa: unha mestura de esterilidade e estupidez. Stone, 1976: 103.

[116] En 1776 hai unha reunión dos irmáns Fernández Espinosa González en Pedrouzos, dando autorización a dona Francisca a tomar posesión deste patrimonio. Asisten: Jacinta; Álvaro; Marcos (reitor de San Andrés de Sirgal); Juan (cura de San Xiao de Pedroso). Arquivo Espinosa, caixa X, *Pedrouzos*, 10.5. Faltarían: Andrés (beneditino en Santiago de Compostela); Josefa (casada con Fernando Gil Arias de Somoza); Manuel, señor de Cascaxide. Aínda existiría un descendente máis, do que se descoñece xénero.

[117] Información en Arquivo Espinosa, caixa XIII, *Casares*, 13.2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de armas até unha temperá defunción de ambos na década dos trinta do século XVII[118]. No seu testamento do ano 1630 institúen unha cláusula pola que todos os sucesores deben engadir o terzo e quinto dos seus gananciais ao vínculo por eles fundado. Unha garantía de futuro aumento da Casa.

A agregación vincular foi unha práctica habitual dos/as segundoxénitos/as da liñaxe. Párrocos e solteiras revertían o seu patrimonio na liña do morgado[119]. Con 21 anos morre o fillo mellorado, don Álvaro López Taboada (1627- 1648), casado con dona Isabel Oxea de Alban[120], pais de don Miguel Angel Lopez de Torres (1644- 1710). Este don Miguel Ángel uniuse a dona Benita Taboada en 1672, tendo, entre outros/as fillos/as a Gonzalo de Torres, que foi mellorado polo pai en 1707 e pola nai en 1733.

Don Gonzalo de Torres e Ojea Taboada casou con dona Francisca Adán Varela[121] en 1719, falecendo en 1740 e 1742, respectivamente. Tiveron cinco fillas e un varón, don Juan Bautista de Torres e Taboada, que sucedeu aos pais até a súa defunción en 1789, sen descendencia[122]. A primeira das irmás era dona María Ignacia de

[118] Ofrece información Gómez Buxán, 2005: 422- 425, mais tamén as fontes do arquivo Espinosa, caixas III, XIII, XVI, XVII. En varios documentos aparece o casamento dos fundadores en 1615, mais no caso das defuncións non coincide. Tómanse por certos os datos dun preito pola sucesión de Casares no que aseguran que Margarita morreu en 1631, e o marido en 1634. Arquivo familia Espinosa, caixa XIII, *Casares*, 13.2.

[119] Os fundadores tiveron seis fillos/as: Alonso Núñez (1618- 1679), cura de Noceda; María, bautizada en 1620; outra María, en 1622; Margarita (1624- 1659), casada en 1642 con don Juan de Vexide e Gundín; Álvaro, que segue; e Catalina, nacida en 1629. Alonso e Catalina fixeron agregación vincular do seu patrimonio. En xeracións posteriores tamén se observa esta agregación dos/as segundoxénitos/as. Arquivo familia Espinosa, caixas XIII, XVII, *Casares*, 13.2., 17.3.

[120] Da Casa de Don Freán, na parroquia de Catasós, que provén de Gómez Oxea de Albán cara mediados do século XVI. Rubia Alejos, 2008: 519- 547.

[121] Noutros documentos consta coma dona Francisca Antonia Varela Ulloa e Adán. Arquivo Espinosa, caixa XVII, Casares, 17.1. Foi herdeira do vínculo fundado polo seu pai en Regoufe (Moneixas, Lalín), onde subforaban terras que eran do directo dominio do mosteiro de San Clodio. Arquivo Espinosa, caixa XVI, Casares, 16.1.

[122] En 1752 aínda era menor de idade, polo que tivo que contar coa curadoría do seu tío, Francisco de Torres e Taboada, cura de Ervo. Hai constancia de adquisicións e foros que subscribe don Juan Bautista en 1769 e 1770 en terras dezanas, e en 1781 na comarca de Ribadavia. O dominio xa atesouraba unha morea de rendas de viño no século XVII. Arquivo Espinosa, caixas XVI, XVII, *Casares*, 16.1., 16.2., 17.1. e 17.3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Torres, que casara con don Manuel Fernández Espinosa, pasando a casa de Casares á súa descendencia[123].

Dos seus cinco fillos/as[124], o primoxénito, Benito, foi incapacitado por enfermidade mental, truncando a carreira eclesiástica de José Ignacio, que abandonou os seus estudos en Santiago de Compostela para facerse cargo do dominio de Cascaxide. O seu casamento en 1791 con dona María Josefa Joaquina Varela Verea e Aguiar (1764- 1798), da Casa da Buzaca (Moraña), representa ascender socialmente, xa que eran fidalgos de avoengo. Ademais, por vez primeira a liñaxe emparenta con fidalgos máis alá das xurisdicións veciñas de Deza e Tabeirós. Na correspondencia privada, queda demostrado o trato íntimo dos Espinosa cos seus curmáns, en primeiro ou segundo grao: os Varela da Buzaca, os López- Ballesteros da Golpelleira, os Mondragón de Vilasusán e os Verea e Aguiar de Andeade.

O falecemento prematuro de Josefa Joaquina, en 1798, xunto co de José Ignacio en 1807, obriga á curadoría da súa descendencia: Benito, Francisco e María de la Encarnación. Foi o seu tío materno, o gran patriarca don Benito Varela Verea Mariño de Lovera, quen protexerá os intereses de Cascaxide até que o seu sobriño Benito tome o relevo con tan só 16 anos. O seu casamento en 1808 con María Benita Salgado Vaamonde (1795- 1840), que só contaba con 13 anos, é unha saída para dous menores orfos que van reunir os dominios de Cascaxide e Soutolongo.

Esta época de don Benito e dona Benita debeu ser a de maior esplendor de Cascaxide, tanto no económico, coma no sociopolítico. A maiores das convulsións das guerras, insurrección e institucións liberais, don Benito tivo familia, riqueza e poder. Era señor de Cascaxide, Casares, Pedrouzos e outras. Namentres, a súa muller aportaba unha Casa antiga: Soutolongo, da primeira fidalguía de Deza[125].

---

[123] Un documento recolle que o casamento foi en 1745 (caixa XIII, 13.2.), mentres que noutro mencionan o ano de 1756 (caixa XVII, 17.3).

[124] Benito, inhabilitado; José Ignacio, que segue a liña; Pedro, solteiro, que queda na casa; Benita casada con Pedro Gil Arias de Ulloa en 1789; e Rosa, casada en 1799.

[125] Así consta na Carta de Manuel de Toubes, como na "Relación de lugares defesos" de 1491. Rubia Alejos, Gómez Buxán, 2000: 13- 68.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O relato xenealóxico da Casa dos Infanzones de Soutolongo é de extrema complexidade. Á súa antigüidade, que se perde no século XV, hai que engadir a reiteración de antropónimos, a arbitrariedade dos apelidos empregados, así como o elevado número de segundas nupcias, nunhas xeracións marcadas polas defuncións prematuras, que nalgunhas ocasións puideron ser de carácter violento. Malia contar con abondosa documentación, o traballo é arduo, poboado de enigmáticos parentescos. Tiñan unha orixe mítica nos infantes de Francia, de aí a denominación da Casa dos *Infanzones* de Soutolongo. Emparentados coas liñaxes de escribáns dos López de Deza e Rodríguez de Deza[126], poden distinguirse tres irmáns na primeira metade do século XVI: Fernán(do), Pedro e Álvaro López de Soutolongo. Os dous primeiros outorgaron o foro de Des en 1517, a montes e a fontes, con potestade xurisdicional[127].

A filla de Fernan(do) López de Soutolongo, Mencía López, casou con Gil Ares, "el viejo", da liñaxe dos Gil de Deza[128]. Por outra banda, Álvaro López de Soutolongo, "el viejo", casou con Isabel Bermúdez de Sotomayor, da casa dos Bermúdez de Castro, tendo descendencia[129]. Unha terceira liña, que é a que se afidalga en Soutolongo, ten coma cabezaleiro a Pedro López de Soutolongo, "el viejo". Tería falecido antes de 1574, data na que os seus fillos fan doazón á nai, Inés Vázquez Varela[130], de parte do patrimonio de Soutolongo. Esta muller era filla de Vasco Saco, primo- irmán de

[126] É probable que tivesen algún tipo de filiación con Clara Rodríguez de Deza, filla de García Rodríguez de Deza, casada con Alonso Núñez Taboada, fillo do gran fidalgo Gómez Taboada «Ceita Magadeus».

[127] A Casa de Des acolleu á familia Villamarín coma fidalguía de segunda fornada, xa que medraron polo foro concedido polos López de Soutolongo. Arquivo Espinosa, caixa IV, *Soutolongo*, 4.1.

[128] Mencía López sería avoa de Lope Gil, que casou con Beatriz Salgado, filla de Gómez Gundín, señor da Casa de Pedroso. Serán país de Cristóbal Gundín, escribán, que testou en 1617. Da numerosa descendencia que tivo nos seus dous matrimonios, destacan o Ldo. Amaro Gundín Salgado, párroco de Goiás até 1649, e María Salgado, esposa de Amaro Gundín, "el viejo", de Soutolongo. Gómez Buxán, 2006: 153- 158. A confrontación dos datos atopados nas fontes coa bibliografía presenta un desfase cronolóxico. Asegura Gómez Buxán que Lopo Gil tería testado en 1556. Iso situaría ao seu bisavó, Fernán López de Soutolongo no século XV. Cabe a posibilidade de que fose pai dos tres irmáns de Soutolongo: Álvaro, Fernando e Pedro.

[129] Entre eles, Pedro López Sotomayor, afincado en Lodeiro.

[130] Nalgunhas escrituras tamén figura coma Inés Sánchez.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Jorge Varela de Quindimil, quen en 1552 fixera un legado dos seus bens ao seu xenro, Pedro López de Soutolongo. Hai constancia dun bo número de escrituras de compra-venda e foro no tempo deste matrimonio e no dos seus fillos: Álvaro; Pedro, "el mozo"; e Alonso Gundín, "el viejo". Terían tamén unha filla: Margarita López, casada con Alonso Núñez Taboada, señor de Bendoiro[131].

Curiosamente, nin Álvaro[132], nin o seu irmán Alonso Gundín, tiveron descendencia. Deixaron os seus bens aos irmáns e sobriños. No caso de Alonso Gundín "el viejo", fundou en 1626, coa súa segunda esposa, María Salgado[133], no lugar de Pazo, Soutolongo. Pode comprobarse, entón, o que aseguraba Manuel de Toubes: "que vive uno y otro junto y las casas de la Comunidad". Mais non eran pai e fillo, senón tío e sobriño: Alonso Gundín, "el viejo", e Alonso Gundín de Ventosa, "el mozo"[134]. Este último era fillo de Pedro López de Soutolongo, "el mozo", casado en 1570 con Margarita de Ventosa[135]. O volume de escrituras arredor do ano 1600 evidencian a prosperidade da Casa de Soutolongo. Os protagonistas son os irmáns Alonso e Pedro. Á morte de Pedro, as transaccións pasan polos dous Gundines, que, como reiteramos, eran tío e sobriño.

Esta intricada trama da fidalguía de Deza aínda garda algunha sorpresa. Se ben, é imposíbel esclarecer as distintas liñas xenealóxicas, existen referencias que permiten formular conxecturas.

---

[131] Faleceu en 1609. Tivo catro fillos e dúas fillas, continuando a liña da Casa de Bendoiro, e iniciando as liñas sucesorias dos pazos de Golmar e Casares. Gómez Buxán, 2005: 414, 425. Ao respecto, pode concluírse que na Casa de Casares hai parentesco coa de Soutolongo, e que se reúnen, de novo, en Cascaxide.

[132] Arquivo familia Espinosa, caixa XIV, *Soutolongo. Fundacións.* Testamento de Teresa Sánchez en 1594. Era filla de Vasco Sancho e Elvira Gómez, de Borraxeiros, con posíbel filiación con outros Sánchez desta parroquia, que estaba baixo a xurisdición de Sancho Sánchez de Ulloa, conde de Monterrei, como a liñaxe de Antón de Oirós. Gómez Buxán, 2008: 549- 575.

[133] Contraeron matrimonio en 1589. Ela herdara do Ldo. Amaro Gundín numerosos bens en Soutolongo e no couto de San Vicenço. Sería tía de Clara Núñez Rodríguez e Taboada, que casou con Pedro López Gundín, sobriño neto de Alonso Gundín "el viejo".

[134] Advírtense algúns erros nas xenealoxías de Toubes que, malia ter coñecemento directo, pode estar viciado polo trato habitual entre familias.

[135] Ela era filla de Alonso Sánchez Ventosa e Leonor Salgado, veciños de Carbia. O pai fixera testamento en 1566, recoñecendo ás súas fillas: María Sánchez, casada con Pedro López de Deza; Beatriz Salgado, posibelmente casada con Lope Gil; e a citada Margarita de Ventosa, unida en segundas nupcias co herdeiro de Soutolongo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

É o caso da relación de Manuel de Toubes coa Casa de Soutolongo. Existe un documento no Arquivo Espinosa polo que Alonso Gundín, "el viejo", no ano de 1588 asume a curadoría das fillas que quedaron de Manuel de Toubes, señor de Cristimil, e a súa primeira esposa, Teresa Sánchez[136]. Estas fillas eran Inés e Leonor Vázquez, e aparecen mencionadas no testamento de outra Teresa Sánchez, cuñada de Alonso Gundín. Na crónica de Manuel de Toubes non hai mención a esta primeira esposa do seu pai, nin de estas irmás por vía paterna[137]. A filiación de Teresa Sánchez cos López de Soutolongo pode ser de curmá ou de cuñada[138]. De calquera xeito, é un episodio que amosa unha vez máis a proximidade biolóxica, así como tamén física, da primeira fidalguía dezá. Lémbrese, tamén, a pouca distancia destas residencias fidalgas, seguindo o curso do río Asneiro, dende a súa confluencia co rego Lebozán até desembocar no río Deza: Soutolongo, Viñoa, Cristimil, Ramil, Bendoiro, Liñares.

Alonso Gundín de Ventosa, "el mozo", continúa a liña dos *Infanzones* de Soutolongo[139]. Ao que segue seu fillo, Pedro López Gundín, casado con Clara Núñez Rodríguez e Taboada[140]. A filla de ambos, María Gundín, romperá coa tradición agnaticia da liñaxe, sucedendo nos vínculos de Soutolongo. A súa nai, Clara, xa viúva, autoriza en 1659 o seu casamento con Gregorio Rodríguez Salgado, fillo de Cristóbal Rodríguez de Deza e María Taboada. Sucederaos Alonso Salgado Gundín, que contraeu matrimonio con Clara Ulloa, sendo pais de don Ambrosio Salgado Gundín, que testou e faleceu en

[136] Arquivo Espinosa, caixa XIV, *Soutolongo*, 14.3.

[137] A nai do xenealoxista Manuel de Toubes foi María Varela, coa que casou Manuel de Toubes, "el viejo", señor de Cristimil, en 1576. Como Manuel de Toubes, "el mozo", non tivo descendencia, continúa a liña de Cristimil a súa irmá Isabel López Varela Taboada, casada con Gómez Oxea de Albán, da Casa de Don Freán. Rubia Alejos, 2008: 538- 540; Gómez Buxán, 2005: 408.

[138] Podería ser irmá de Inés Vázquez, á que tamén denominan Sánchez nalgunha escritura. Sen embargo, un comentario de Toubes na coñecida *Carta*, parece insinuar que Álvaro López de Soutolongo, que tiña que ser "el viejo", foi "padre" de Manuel de Toubes. Isto é, sogro, sendo pai de Teresa Sánchez. Neste caso, as súas fillas serían curmás en segundo grao de Alonso Gundín, "el viejo".

[139] Estivo casado en dúas ocasións, primeiro con Aldonza Afonso e despois con Catalina das Seijas.

[140] A xa mencionada sobriña de María Salgado, segunda esposa de Alonso Gundín, "el viejo". Dona Clara fixo testamento en 1682.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1749. Aínda viva a súa nai, Clara Ulloa, mellorou ao seu neto, José Antonio Salgado Gundín, no ano de 1752. Este nacera en 1736, fillo de Ambrosio e de Ana María Noguerol, que era filla de Pedro González Cacheda e de Gertrudis López[141].

José Antonio Salgado Gundín ocupou a cabeza da casa na segunda metade do século XVIII. Estivo casado en primeiras nupcias con Maria Antonia Taboada[142], e en segundas con María González López, coa que tivo un fillo chamado Tomás Benito Salgado Gundín, que os sucedeu brevemente. Quedou constancia do seu libro contador do ano 1798, mais morreu axiña. Casado con Juana Vaamonde, dunha familia de Vedra, tivo por filla a María Benita Salgado Vaamonde, que quedando orfa de pai, foi autorizada polos seus avós paternos para casar con don Benito Espinosa Varela en 1808, con apenas 13 anos de idade[143].

Esta Casa dos *Infanzones* ao unirse ao dominio de Cascaxide, ficaría finalmente escurecida. Os seus titulares, don Benito Espinosa e dona Benita Salgado, repartían a súa residencia entre a rúa do Vilar en Santiago de Compostela e Cascaxide. Un matrimonio forte e unido, rico e poderoso, que vai ter unha numerosa descendencia, sobrevivindo 11 fillos/as. Boa parte do patrimonio de Soutolongo dividiuse nas partillas dos irmáns Espinosa Salgado. Seguirá a liña o seu fillo José, que foi deputado provincial, casado con Mª Encarnación Orrea Arias, da Casa de Anzuxao, en Lalín[144]. Malia pasar tempadas en Cascaxide e Anzuxao, residían de xeito habitual na praza das

[141] Ana María Noguerol, que fixo testamento en 1782, está emparentada coa Casa de Pedrouzos. Súa nai era Gertrudis López, da Casa de Outeiro de Lalín, filla de Juana Gutiérrez del Río, irmá de Francisca, nai de María González Cacheda Gutiérrez, á súa vez casada con Alfredo Fernández Espinosa. Gertrudis e María serían curmás. De feito, nas caixas de Pedrouzos e Soutolongo hai documentos dos preitos de Gertrudis por aumentar a lexítima materna.

[142] Dotada polo seu pai, José Benito Taboada, en 1757. Arquivo familia Espinosa, caixa V, *Soutolongo*, 5.1.

[143] A súa nai seguía con vida, mais non tiña dereitos de usufruto sobre o patrimonio de Soutolongo xa que casara en segundas nupcias con don José Mª de Rivas, da Casa de Sestelo de Siador (Silleda). Alí, en Sestelo, vivían nai e filla cando se acordou o seu matrimonio co herdeiro de Cascaxide.

[144] Arquivo familia Espinosa, caixa XXVIII, *Papeis de Mª Encarnación Orrea*, 28.1.; caixa XXIX, *Fundación vincular familia Orrea*, 29.1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Praterías de Santiago de Compostela[145]. Herdou a casa de Cascaxide o seu fillo don Alfredo Espinosa Orrea, avó da actual propietaria, Lucía Espinosa Borrego.

2.2.4. Dinámicas matrimoniais. Análise cualitativa das tres xenealoxías

Do conxunto de relatos xenealóxicos pódese inferir que as liñas colaterais, tanto das liñaxes fidalgas coma daquelas familias campesiñas acomodadas, tiveron posibilidade de medrar, máis tarde ou máis cedo, até constituír os seus propios dominios. É o que algún especialista denomina coma proceso de "reestruturación interna do estamento"[146]. Foron segundoxénitos aqueles Varela ou Fernández Espinosa que deron pé á fundación de novos dominios durante o século XVII. Existen indicios de que os López- Ballesteros chegados á vila de Vilagarcía podían provir de troncos consolidados en terras de Caldas, buscando o seu propio dominio na ría de Arousa. A expansión socioeconómica fidalga entraría nunha fase de consolidación durante o século XVIII. Mesmo nos protocolos notariais advírtese esa aristocratización barroca da fidalguía, que emprega o tratamento de "don" para distinguirse dos peiteiros, cando no XVI e XVII ten un uso máis restrinxido, exclusivo das elites territoriais non tituladas.

Neste proceso de reestruturación interna, pode apreciarse a competición, e incluso o adianto, de determinados grupos fidalgos emerxentes sobre as antigas liñaxes baixonobiliarias. A fidalguía letrada, parroquial e foreira, puido superar en riqueza e poder a aquela outra fidalguía outrora guerreira e xurisdicional. Varias causas de carácter estrutural explican esta remuda na base do estamento: a xestión directa ou mediada da renda; a proliferación de transaccións, escrituras e preitos legais; as aventuras políticas das capas superiores; a reprodución social familiar; as distintas mentalidades e/ou ideoloxías que coexisten e orientan a acción; o carisma do cabezaleiro e a súa posición nas redes clientelares[147]. Ás veces, episodios azarosos podían

[145] Don José fixaría a súa residencia en Compostela na praza das Praterías, mentres as súas irmás permanecerían na casa dos pais na cidade, na rúa do Vilar.
[146] Migués, 2002: 122.
[147] Son algúns dos aspectos xa apuntados pola historiografía arredor da nobreza en Europa, sintetizados no epígrafe de cariz teórico 1.3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

crebar unha estrutura familiar centenaria. Aspectos coma a saúde, o temperamento, ou a violencia non son secundarios, malia que nas investigacións históricas sexa difícil de plasmar na súa transcendencia.

Ao respecto, as estratexias matrimoniais eran cruciais. Permitían axuntar riqueza, polas lexítimas, así como honrar o estatus das respectivas Casas de orixe. A fundación dun matrimonio era o punto de partida dun novo tronco que, seguindo liñas de sucesión agnaticias, afidalgábanse nunha pousa ou pazo. Sen embargo, os vencellos semellan ser cognaticios, abranguendo toda a parentela de segundoxénitos/as, cos seus matrimonios, descendencias, celibatos e fundacións pías. Todos os membros da familia gozaban de dereitos e lexítimas sobre bens libres, aínda que a liña de morgado do primoxénito era garantía de éxito. É a súa Casa e solar a que concentra os esforzos da liñaxe. As liñaxes dos Varela, dos Espinosa e dos López Ballesteros seguiron esta liña do primoxénito varón sen grandes sobresaltos[148]. Unha mostra de estabilidade que, talvez, explica o seu éxito. O futuro morgado debía procurar igual ou maior rango na liñaxe da súa esposa, dotes e lexítimas substanciosas e ben situadas[149], así coma un novo abano de relacións sociais e persoais do seu interese.

Noutras Casas nas que houbo sucesión feminina, por ausencia ou defunción de fillo varón, podían desenvolver distintas estratexias. Unha señora dun gran dominio casadeira podía unirse ao morgado doutra gran Casa. Esta sería unha dinámica de imitación dos modelos altonobiliarios, onde abunda a concentración de dominios, co conseguinte escurecemento de boa parte. Outras posibilidades tiñan unha pretensión máis señorial ou territorial que honorábel, co obxecto de manter a residencia dos futuros patrucios na Casa e solar da esposa. Así, o esposo podía ser o segundoxénito dunha boa Casa, ou un

[148] Partindo dende a súa fundación coma tal. Nos Fernández Espinosa houbo o lapso dun primoxénito incapacitado, substituído polo segundo fillo, José Ignacio. Nos Varela, dende a fundación en firme de Casalnovo, pódese contar unha defunción no XVII, e un morgado célibe no XIX, que lega no seu irmán. Pola banda dos López- Ballesteros, sempre foi vinculeiro o primoxénito varón, salvo no XIX, cando o fillo maior de Luís López- Ballesteros, Nicolás, segue carreira eclesiástica chegando a cóengo da catedral de Santiago de Compostela.

[149] Para Presedo a riqueza é fundamental, tendo coma prioridade "casar con familias máis ricas". Presedo, 1997: 112.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalgo menor que debía gozar de riqueza en abundancia para non provocar o desmedro da Casa.

Mais estes cálculos estratéxicos non sempre se daban. No decorrer histórico destas familias hai circunstancias que cambian o curso dos acontecementos. As defuncións inesperadas e as incapacidades, así como a esterilidade, rachan coas expectativas dun bo número de liñaxes. Así sucedeu con Soutolongo, Casares, Pedrouzos, Cristimil, e outras. En Soutolongo, por exemplo, chama a atención que dous de tres irmáns, fillos de Pedro López de Soutolongo e Inés Vázquez, ficaran sen descendencia, malia estar casados. Cómpre lembrar tamén os falecementos imprevistos de don Mauro Antonio Gutiérrez ou de don Juan Bautista Torres e Taboada. En ambos casos, a primeira das fillas, xa casada e residente noutra Casa, faise cargo do dominio. Os bens eran transmitidos vinculados ao seu sucesor, que tamén herdaba o vínculo do seu esposo, reunindo na súa persoa varias Casas, "con sus Vínculos y Mayorazgos". Deste xeito, o pazo e a liñaxe matrilineal quedaban en liña morta, sen ocupantes nin apelido.

Así aconteceu na Casa de Cascaxide, fidalguía de segunda fornada que deixou en segundo plano aqueles dominios achegados polas esposas dos sucesivos cabezaleiros. As agregacións de Pedrouzos, Casares e Soutolongo, supuxeron un aumento considerábel dos Espinosa á costa de fagocitar ou subsumir o avoengo dos Gutiérrez del Río, Torres Taboada e Salgado Gundín. A Casa e solar do primoxénito varón, Cascaxide, prevalece, pola vixencia do apelido e a residencia dos patrucios.

En canto aos segundos matrimonios, nestas Casas investigadas hai maior presenza nunha época temperá que na sociedade dos pazos. Resulta significativo que os López de Soutolongo contraesen segundos esponsais durante tres xeracións seguidas, coas datas extremas de 1550 e 1650. Na segunda metade do XVIII hai outro caso. Todos eles homes que procuran unha segunda esposa. Apenas pode contarse un caso de segundo matrimonio nos Varela de Casalnovo e A Buzaca[150]. Nos Fernández Espinosa está o matrimonio

[150] Don Gómez Diego Varela Mariño (1668- 1716) que casa en segundas nupcias en 1707 con dona Juana Ribera Sotomayor.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dos fundadores antes de 1633, que é o segundo para Úrsula Espinosa. Xa o seu pai, Pedro Espinosa, casará en dúas ocasións, con dúas irmás, de tal xeito que a cuñada restitúe o contrato entre as familias converténdose en segunda esposa. Tamén o fillo de Úrsula, don Francisco, tivo dous esponsais no último terzo do século XVII, mais pouca información quedou do primeiro. Xa a comezos do século XIX, a nai de dona Benita Salgado, dona Juana Vaamonde, únese ao señor de Sestelo, en Siador (Silleda). Nas xenealoxía dos Mondragón non se coñece ningún segundo matrimonio, namentres que nos López-Ballesteros só quedou rexistrado un caso, ao regreso de América de don Diego.

Non obstante, isto non significa que non houbese viúvas e viúvos[151]. Xa se indicou que dona Vicenta Varela sobrevive ao seu esposo durante quince anos, nos que exerce a curadoría dos seus fillos e a administración da Casa. Unha cláusula no testamento do esposo establecía que se a viúva casaba en segundas nupcias perdería o usufruto patrimonial do primeiro matrimonio, así como a curadoría da descendencia. Tamén na xeración anterior, dona Juana Mondragón fica viúva, no seu caso durante máis de corenta anos. Son exemplos de matrimonios de homes maduros con mulleres novas[152]. Na hora dos esponsais dona Juana era menor dos 25 anos, mentres que o seu esposo, don José López Ballesteros, superaba os 40. Don Diego López- Ballesteros roldaba os 44 anos cando casa con Mª Vicenta, que só conta 18 anos. Matrimonios tardíos como o de don Benito Varela e Verea, egrexio señor da Buzaca, que casa con 43 anos, fronte os 29 da súa esposa. Ela vivirá once anos máis. O seu cometido é continuar a obra do morgado até a maioría de idade do primoxénito.

Os matrimonios excepcionalmente precoces, con idades por baixo dos 25 anos, ten a súa razón de ser na defunción do cabezaleiro, no baleiro que deixou a desgraza nunha Casa. O sucesor amosa unha

[151] Asegura Presedo que as viúvas eran "cónxuxes ideais", como puido ser o caso de Úrsula Espinosa, mais nestas familias a tónica é permanecer viúvas, entregadas á curadoría dos fillos. Presedo, 1997: 111.

[152] A idade media de casamento da nobreza europea é habitualmente alta, por riba dos 25 anos, cando se fixa a súa maioría de idade. Semella confirmarse "esta tendencia ao matrimonio tardío durante o s. XVIII", tamén presente en Castela, Portugal, e Francia, por riba dos 30 anos, mentres que os ingleses casarían arredor dos 25. Presedo, 2008: 137, n. 179.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

celeridade inusitada por contraer matrimonio e facerse cargo do dominio, sen máis curadorías. A esposa será, consecuentemente, tamén menor, ou así acontece nas tres familias investigadas. Esta xuventude dos esponsais provoca a viuvez masculina sobre a feminina, derivado dunha natalidade desmesurada que prexudica a saúde da esposa. En 1720, tras pouco máis de dous anos de matrimonio e tres fillos pequenos, queda viúvo un home moi novo, de tan só 21 anos, don Diego Francisco Varela de Noboa. Vai permanecer nese estado até a súa morte, 29 anos despois. Outro matrimonio xuvenil reuniu a don Benito Espinosa Varela e dona Benita Salgado, con 16 e 13 anos respectivamente. Espinosa sobrevirá á súa esposa 15 anos. Tamén foi extraordinario e moi fecundo o casamento de don Luis López- Ballesteros con Josefa Pérez-Santamarina, menores ambos dos 20 anos.

Con todo, o matrimonio non era a saída maioritaria da descendencia. Chama a atención o elevado número de fillos e fillas que permanecen solteiros/as en Casalnovo e na Buzaca. Se ben, colocan algúns/as fillos/as no estamento eclesiástico, é superior o número de solteiros/as. O caso oposto está nos Fernández Espinosa, que teñen no clero secular a principal saída. Atendendo aos estudos realizados noutras comarcas, "a primacía da solteiría resulta un feito incuestionable, tal e como se desprende do elevado 67'39% dos varóns e do 68% das mulleres" fidalgas de Arzúa e Melide[153]. Á vista destes datos, os Varela célibes non son a excepción, senón a norma. Namentres, os López-Ballesteros reparten a descendencia entre a Igrexa e o matrimonio.

No caso dos Varela é posíbel que non se teñan datos suficientes sobre os segundoxénitos do século XVII e inicios do XVIII, período no que figuran até 16 descendentes na xenealoxía sen máis información que a data de bautismo e, nalgúns casos, defunción. Xa ben entrado o século XVIII compróbase que casan ás fillas, teñen un fillo párroco e unha filla en clausura, mais aínda quedan dous varóns na casa, solteiros. Isto pode ter explicación na restritiva política matrimonial, pola cal "as fillas foron postas no mercado matrimonial

[153] Presedo Garazo, 2008: 135- 136. En Ourense a cifra representa valores similares: 69'20% dos homes e 66'11% das mulleres.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

con máis regularidade cós varóns (un 64'06% fronte a un 51'92%)"[154]. Nos Varela a proporción de varóns solteiros é de dous terzos, fronte o terzo restante de mulleres solteiras. O cabezaleiro do segundo terzo do XIX, don Lorenzo Varela Sarmiento ficou solteiro até a súa morte, sucedéndoo o seu irmán Jacobo, funcionario que estivera en Filipinas.

Outra cuestión a considerar é o número de fillos/as por matrimonio. En xeral, "predomina un tamaño amplo, entre 6'5 e 7 membros", seguindo un modelo familiar no que cohabitan "ascendentes, descendentes e colaterais"[155]. Fogares grandes e complexos en comparación coa media campesiña[156]. En Escuadro reprodúcese esta tendencia a unha prole numerosa. A media roldaría os 6'5 fillos/as, comprendendo dende os dous fillos de Teresa de Outeiro no século XVI, até os 11 de don Benito Espinosa e dona Benita Salgado no XIX. A Casa estaría medianamente poboada por viúva, patrucios e descendencia, contabilizando apenas un ou dous tíos solteiros. Os fillos varóns non primoxénitos estaban encamiñados á Igrexa, as fillas ao matrimonio ou clausura, salvo algunha excepción[157].

Nos López- Ballesteros hai varias xeracións cunha media de dous fillos. Así sucedeu no século XVII, e tamén no XVIII. No medio, houbo unha cohorte de 6. Xa entrado o XIX, o matrimonio do facendista don Luis coa filla do empresario Pérez- Santamarina disparou a natalidade familiar con 12 nacementos. Aqueles patrucios con menor número de descendentes non reservan fillos nin fillas para o celibato, nin relixioso nin civil, senón que van mobilizar os seus escasos recursos humanos no mercado matrimonial. Así acontece en varias xeracións de López- Ballesteros, onde non hai constancia de ningún tío ou tía que permanecera na Casa, nin célibes nin casados/as.

---

[154] *Ibíd*.: 144.
[155] *Ibíd*.: 139- 140.
[156] *Ibíd*.: 131.
[157] Un tío de don Benito, chamado Pedro, axudou ao seu sobriño a facerse cargo da Casa tras o falecemento de José Ignacio Fernández Espinosa. Colaboraba en tarefas de administración do dominio. Houbo tamén dúas tías avoas solteiras que habitaban en Pedrouzos, unha delas incapacitada. O resto dos homes non cabezaleiros, foron á Igrexa, mentres que as mulleres casaron fóra da Casa e algunha outra colleu os hábitos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os relatos xenealóxicos tamén confirman as teses de Migués sobre as unións consanguíneas da fidalguía galega. Eran "abusivas", "pero socialmente estaban ben consideradas, xa que feitas entre fidalgos reforzaban a nobreza das familias"[158]. O casamento entre curmáns evoca esa concepción cognaticia da familia fidalga galega que, ao igual que a nobreza europea occidental, tiña unha ampla percepción da pertenza, que "adoitaba abranguer polo menos cinco graos de parentesco". Compróbase neste estudo de caso a frecuencia dos matrimonios cruzados entre as mesmas liñaxes, fenómeno máis presente na comarca interior de Deza, que no litoral de Arousa.

Outra práctica endogámica, aínda máis perfeccionada se cabe, era o que Migués denomina "casamento recorrente". Trátase do "enlace repetido de dúas Casas ao longo das xeracións". Talvez, unha forma de lembrar, de fornecer o vencello familiar, ou unha mostra de reafirmar alianzas, que tiña un carácter patrimonial sobre os membros da liñaxe, coma elementos dinámicos do dominio fidalgo. Así sucede cos Varela da Buzaca cos Mondragón de Vilasusán ou cos Verea e Aguiar de Andeade, e moito antes cos Mariño de Goyanes. Obsérvase, tamén, nas liñaxes antigas de Deza, coma os Taboada e os López de Soutolongo que casan unha e outra vez, entre eles e cos Rodríguez de Deza, os Gundín e os Salgado.

Estes enlaces recorrentes tiveron lugar na fidalguía de avoengo, xa que tiveron tempo de reafirmar estes compromisos en distintas xeracións. As novas fornadas fidalgas dispuxeron de menos tempo, pouco máis dun século, para colocar a súa descendencia. Namentres, as familias "linajudas" levaban cando menos 200 anos de relacións estamentais.

Outra explicación simple é que estas familias conformaban un círculo social selecto, unha elite fidalga que só acadaba a casar entre eles. A oferta era máis limitada e coñecida, familiar, de parentes e iguais. A fidalguía menor, en ascenso, contaba cun mercado matrimonial máis amplo ao seu redor. Dende a base social da condición prenobiliaria até o cumio, as aspiracións dun peiteiro, un escribán ou o/a sobriño/a dun cura proxectábanse cara arriba, cara unha Casa fidalga que o admitise no seu seo. O novo fidalgo aportaba,

[158] Migués, 2002: 102- 104.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

usualmente, riqueza, mais tamén saúde, que, finalmente, permitiu unha reprodución familiar óptima, fronte outras Casas con problemas de fertilidade pola excesiva consanguinidade.

Unha dinámica a considerar nos matrimonios é a distancia ou proximidade física das Casas. Migués distingue tres períodos históricos, nos que a fidalguía vai ir aumentando paulatinamente a distancia entre os contraentes. Así, até 1550, os casamentos daríanse na propia aldea ou xurisdición. Entre 1550 e 1700, serían casamentos na comarca ou comarcas limítrofes. Xa no século XVIII, advertiu Migués a tendencia a casar lonxe, con Casas distantes, mais con preferencia polo marco provincial[159]. Os López- Ballesteros encaixarían neste modelo de distancia matrimonial.

Alén da cronoloxía, esta investigación sinala algúns factores que interfiren na distancia dos esponsais: o estatus social, o patrimonio, o medio físico, e as cuestións ideolóxicas. Con todo, parece probado que, progresivamente, o mercado matrimonial ábrese a unha xeografía máis extensa, maiormente motivado polo estatus. Isto é, a distancia nos esponsais era unha práctica reservada para a alta nobreza por mor da escasa oferta matrimonial nesas esferas, e dos custes de tal empresa[160], sen importarlles o emprazamento do patrimonio, a orografía nin o significado territorial e simbólico do señorío. Pode falarse, pois, dunha nobreza cortesá, desterritorializada. Semella que a fidalguía en ascenso vai buscar tamén aos seus iguais cada vez máis lonxe, no que Migués describe coma "un arranxo matrimonial non só máis traballado, senón tamén máis restrinxido" por mor da "redución cuantitativa dos grandes dominios"[161]. Sen embargo, na xurisdición de Trasdeza, a fidalguía non deixa de medrar e reproducirse durante o século XVIII, incluso na categoría daqueles considerados forasteiros[162]. Talvez, esta "simplificación" debe ser entendida coma una maior estratificación do estamento, ou estilización da pirámide, cunha alta nobreza máis reducida e aristocrática, en contraste cunha base privilexiada máis numerosa, pero tamén máis estratificada.

[159] Migués, 2002: 120- 121.
[160] *Ibíd*.: 109.
[161] *Ibíd*.: 122.
[162] Rodríguez Ferreiro, 1973: 83- 85.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Está fóra de toda dúbida que o rango da Casa resulta determinante no casamento. A máis prestixio, máis distancia nos esponsais, pola simple razón de que un gran señor domina unha área extensa sen maior rival, polo que deberá buscar aos seus iguais a unha relativa distancia. Os Taboada, por exemplo, conseguían superar a distancia, casando máis lonxe, con familias da cidade de Ourense, por exemplo, sendo como eran das máis altas liñaxes dezás. Incluso con anterioridade a 1550. Mais tamén se unían con Casas veciñas, no que entendemos un cálculo de intereses de índole económica. A concentración dos dominios, así como o liderado local non eran motivos menores para un casamento. Tamén os Varela de Casalnovo e A Buzaca concertan matrimonios con Casas de comarcas distantes durante os séculos XVI e XVII[163]. En ambos casos, non se atopa ese perfil de fidalguía que vai saíndo da comarca progresivamente, senón que predomina a irregularidade, ora lonxe, ora veciños, sen distinguir unha pauta definida.

Ao respecto, a variábel patrimonial pode inclinar a balanza. Estas familias están a consolidar a súa posición, a expandirse dende a Casa matriz. Unha esposa que aporta bens anexos ao dominio fidalgo amplía sen máis as lindes do morgado. Neste caso, a maior parte da dote e lexítimas serían cubertas por estes bens, non por capital. Ademais, os dereitos de beneficios curados na contorna da Casa outorgaban un poder incalculábel sobre cuestións relixiosas e sociais. Un cabezaleiro dos Varela, don Benito Varela do Salnés casou en 1632 con dona María Antonia Buceta Caamaño, dunha liñaxe de Caldas, que contribuía ao matrimonio con bens en Arcos e Caldas, unha capela en Santa María de Caldas e outros beneficios curados. Un século despois, o vinculeiro don Diego Francisco Varela de Noboa contrae matrimonio con dona Andrea Josefa Verea Fariña, pertencente a unha familia de Moraña que dá continuidade ao dominio dos Varela na Buzaca. Varios beneficios curados completan a oferta da prometida. Motivos cuantiosos e ben situados con respecto ao dominio

[163] Emparentan con familias de toda a contorna de Caldas, Pontevedra, Santiago, A Estrada. No XVIII cos Verea de Andrade (Touro), cos Sarmiento (Arbo), casando as fillas cos López-Ballesteros de Vilagarcía e os Espinosa de Escuadro (Silleda).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

territorial dos Varela, fronte a outras pretendentes de comarcas distantes que aportarían un patrimonio disgregado.

Os Fernández Espinosa apenas transcenden o ámbito comarcal. Pode entenderse que tamén o entorno, a topografía, incide no mercado matrimonial. Os casamentos nas comarcas do interior, coma en Deza, teñen tendencia a ser máis próximos que no litoral, onde se observa unha maior comunicación entre vilas e portos. Isto vai parello á actividade socioeconómica das comarcas. No caso dos Fernández Espinosa semellan ensimesmados no seu val de foros e parroquias. Representan aqueles pequenos fidalgos rurais "que se están facendo un espacio no seo das oligarquías locais"[164]. Neste senso, primeiro emparentaron en Trasdeza, tiveron un casamento antes de 1700 en Tabeirós, coa Casa de Mondragón, para despois, no XVIII concentrarse nas Casas de Deza. O matrimonio en 1791 de don José Ignacio Fernández Espinosa e Torres con dona Josefa Joaquina Varela e Verea debuxa no mapa a maior distancia de Cascaxide cunha familia política. Isto é, entre San Lourenzo de Moraña e Escuadro (Silleda). Incluso no século XIX, os Espinosa manterán a comarca coma área de preferencia para os casamentos, uníndose a familias dezás de renome como os Salgado de Soutolongo, os Orrea de Anzuxao e os Arias de la Maza.

En consecuencia, a dinámica matrimonial dos Fernández Espinosa pode considerarse atípica, no caso de que o modelo da progresiva distancia estivese xeneralizado en Deza. A falta de estudios máis concluíntes, pode estimarse que nos matrimonios dos Fernández Espinosa concorreron factores económicos, de integración patrimonial; sociopolíticos, coma o estatus e o patronádego; así coma factores ecolóxicos e ideolóxicos que converxeron nun planeamento estratéxico da sucesión na propia comarca.

Lonxe de ser un caso anecdótico, a xenealoxía dos Fernández Espinosa Salgado, con todos os documentos do seu arquivo privado, suxiren unha outra interpretación social dos seus matrimonios e relacións persoais. O medio ou campo social no que se movían estes fidalgos pode enunciarse coma unha rede cognaticia interparroquial. A continuación, debullaranse as súas compoñentes.

[164] Presedo Garazo, 1997: 112- 113.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rede en canto malla ou retícula de poder[165], onde se manifestan prácticas formalizadas de padroádego, que se xustifican na potestade xurisdicional e administrativa dun territorio e as súas xentes. No seu exercicio lexitimado pola trama de intereses, obrigas e recoñecementos que circulan polo estamento. Deste xeito, a imaxe de rede é máis dinámica e continxente que a de estrutura, que salienta a súa calidade estática e predicíbel. A circulación, o movemento, a comunicación, os conflitos e as alianzas, teñen cabida na retícula de poder dentro das marxes estamentais. Incluso os plebeos participan destas relacións de poder que os atravesan, aínda que *a priori* non o exercen, mais si o soportan e reproducen. É a estrutura capilar do poder no corpo social, que salienta o valor da conxuntura e do acontecemento, contra un enfoque tradicionalmente ríxido das relacións sociais no Antigo Réxime. Así se explica a paulatina entrada dos distintos poderes que agroman na sociedade: escudeiros, cregos, escribáns, foreiros, e mesmo elementos burgueses. O casamento coa filla do empresario compostelá Pérez Santamarina non foi un mal arranxo para don Luis López- Ballesteros. Os elos e redes postos en conexión por este matrimonio maniféstanse durante a ocupación francesa, cando don Luis, os seus tíos da Buzaca e o seu cuñado participan activamente na defensa do territorio[166].

Cognaticia, pola vertebración do parentesco coma relacións de padroádego a través do tempo, das xeracións, permanecendo viva a autoridade do fundador. Toda liñaxe fidalga debía acreditar a súa filiación familiar con outros fidalgos. Era o requisito para entrar, para formar parte, para pertencer. Os cinco graos de parentesco que indicaba Migués abren un abano de relacións familiares entre a elite. En comarcas coma Trasdeza, onde a comezos do século XVIII podía

[165] A malla ou retícula de poder está tomada da *Microfísica del poder* de Michel Foucault. Tamén se contemplan os conceptos de campo e capital de Bourdieu no desenvolvemento do concepto, tal e como se expuxo no capítulo "1.4. Estado da cuestión (III). O liberalismo dos notábeis".

[166] AMPO, Fondo López- Ballesteros, 1-25, *Suplemento al Sensato*. Crónica da guerra con don Benito Varela de protagonista, o seu sobriño de enlace cos ingleses, e Pérez Santamarina sufragando a intendencia. Estaban informados do que acontecía en Madrid pola correspondencia de Verea e Aguiar con Varela e de Gil Taboada con López- Ballesteros. Ampliaranse estes contidos no capítulo 2.4. A guerra do *Francés*".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

haber 20 fidalgos[167], era impensábel ascender sen emparentar con algunha destas familias. É a filiación do sangue a que dá corpo a un grupo cos mesmos intereses económicos e políticos. Por iso adopta a forma de caste, porque as relacións sociopolíticas mediadas polo parentesco son altamente restrinxidas ao albergar unha única vía de acceso: o casamento. Así se explica o seu celo á hora de concertar esponsais. A rede cognaticia articula oportunidades de matrimoniar para a reprodución social destas relacións, onde median distintos axentes, mais que debe contar coa aprobación final da totalidade dos seus membros. É a *conditio sine qua non* para a continuidade da liñaxe, o recoñecemento dos seus iguais. Unha Casa cun bo número de elos familiares nesta rede ocupa unha posición máis centrada que aquelas outras liñaxes nas marxes da trama. As relacións de dependencia mutua pivotan arredor dunhas familias axiais, como nun momento dado puideron ser os Varela, os Verea e Aguiar[168], ou os Mondragón. Estes últimos serviron de nexo entre as Casas de Gil Taboada, Varela, Espinosa, e López- Ballesteros.

Interparroquial, porque a unidade territorial do dominio fidalgo é a parroquia na que se inscribe a Casa, á que aspira gobernar no económico e sociopolítico, e mesmo no eido relixioso, a través das fundacións e beneficios curados. Cantas máis parroquias domine, maior rango atesoura. A parroquia ou parroquias do dominio fidalgo están representadas no estamento eclesiástico polos segundoxénitos da familia, que gozan de influencia social e riqueza, e que poden mediar nun arranxo matrimonial entre liñaxes cos seus iguais, outros párrocos. É dicir, o tío cura, que contribúe á dote ou lega nun sobriño ou sobriña, tamén participa na negociación dos seus esponsais[169]. A oferta de vacantes nas parroquias coma de matrimonios entre liñaxes estimula un incesante traballo por elevar e perpetuar a Casa. Esta perspectiva dunha rede cognaticia interparroquial pode servir de base para entender as faccións de amigos políticos no liberalismo, ou

[167] Segundo estimacións de Rodríguez Ferreiro, 1973: 83.

[168] Presedo defíneos coma "auténticos deseñadores dun consumado tecido de redes familiares, dando prioridade á construcción de lazos de parentela". Presedo, 1997: 110.

[169] O enlace de don Rafael Fernández Espinosa con dona María González Cacheda de Andrade e Gutiérrez de los Ríos tivo que estar marcado polas figuras de varios tíos e tíos-avós por ambas partes que foran párrocos en Trasdeza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mesmo a adaptación das relacións de poder do Antigo Réxime no marco institucional liberal.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3. PODER E TERRITORIO NO ANTIGO RÉXIME GALEGO

2.3.1. Autoridade e administración no mosaico xurisdicional

O fenómeno político característico do Antigo Réxime foi o paulatino proceso de concentración do poder na Coroa, nomeadamente no Estado. Así é todo, as condicións territoriais e sociopolíticas galegas non facilitaron a construción do Estado absolutista. Para comezar, o reguengo no territorio galego era de menor entidade, arredor dun 8% das parroquias, sendo a nobreza e o clero os grandes señores xurisdicionais, controlando o 57'5% e o 32%, respectivamente[1]. Este marcado carácter señorial do antigo Reino de Galiza, onde o arcebispo compostelán se erixe como o máis grande señor[2], prevalecerá non sen certas fricción coas decisións rexias. Por outra banda, a adscrición á Coroa de 3 cidades e 5 vilas, xunto coa potestade da Real Audiencia do Reino, funcionarán coma unha cuña que orixina fisuras na amalgama de coutos e xurisdicións[3]. Outra lectura do absolutismo interpreta a Idade Moderna coma un período de maior estabilidade sociopolítica, xa que os privilexiados asumen a arbitraxe regrada da Coroa. A nobreza galega abandona a violencia medieval como medio de resolución de conflitos, configurándose unha sociedade máis cortesá e letrada[4].

---

[1] Segundo cálculos de Eiras Roel sobre o censo de 1787. A xurisdición do clero comprende o señorío monástico, cun 11% das parroquias, e o episcopal, que controla o 21%. As ordes de cabalería non chegan ao 3%. Citado en Cal y Cortina, 1997: 49-50, n. 34. Saavedra, pola súa parte, sostén que había 3.755 estados de señorío, dos que só 300 eran de reguengo, coincidindo con Eiras no dato do 8% de reguengo. Saavedra Fernández, 1993: 136.

[2] O arcebispado ten baixo a súa xurisdición unha quinta parte da poboación galega, 71.000 vasalos no censo de 1760. Só na provincia de Santiago goberna ao 61%. Saavedra Fernández, 1994: 36.

[3] Diversas fontes achegan cifras aproximadas, mais nunca idénticas, da distribución do territorio en cidades, vilas, parroquias, aldeas, lugares e coutos. Lucas Labrada en 1797 cita 106 vilas, 2.105 parroquias, e 116 coutos. Pascual Madoz, en 1847, recupera os datos do censo de 1787, a mesma fonte que segue Eiras Roel, para considerar 77 vilas e 3.425 parroquias e 147 coutos redondos. Cal y Cortina, 1997: 50- 51.

[4] A nobreza conseguiu a cambio a consolidación dos seus dominios, incluídas as usurpacións nos bens de titularidade eclesiástica. Estes dominios nobiliarios foron de menor entidade cós monásticos, se ben a xurisdición secular superou no seu conxunto á xurisdición eclesiástica, salvando o caso do arcebispo coa súa provincia. Saavedra Fernández, 1994: 31- 33; 2007: 36-37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Malia as transformacións que introducira a monarquía autoritaria, mitificadas no proceso de "doma y castración"[5], a potestade señorial nas xurisdicións prevaleceu. Unha autoridade que Saavedra cualifica de "inadecuada", dada a dispersión e fragmentación que provoca no territorio, e a pluralidade de poderes que concita[6]. Este poder de facto víase favorecido pola debilidade urbana. Salvo no caso da Coruña[7], as cidades e vilas galegas eran eminentemente rurais, sendo sintomático que mesmo en Santiago de Compostela conviviran "múltiples justicias", facendo perdurar esa faciana señorial na administración[8].

Non obstante, esta autoridade señorial deixa de ser personalista, de vasalaxe, para centrarse no territorio coma magnitude que deslinda o dereito xurisdicional sobre os lugares, non sobre as familias. Un cambio crucial para entender a nova perspectiva material da economía e a coerción. Durante o século XVII, asístese ao perfeccionamento xurídico- técnico das escrituras de cesión da terra, das cartas forais[9]. Son máis minuciosas, consignando as medidas e límites do terreo, prazos definidos por vidas de tres reis, e mencións aos traspasos do útil[10]. Na súa redacción percíbese o tránsito das voces á parcela, do suxeito ao obxecto, así como tamén nas xurisdicións detéctase o

[5] Varios autores critican o relato historiográfico da "doma y castración" de Galiza na monarquía autoritaria dos Reis Católicos. O estamento nobiliario veríase abocado a unha reestruturación, unha "desmilitarización de la nobleza o cierto quebranto del poder de mando de los señores", mais non significou a perda efectiva do seu poder. Unha pacificación que permitiu a territorialización dos señoríos. Baz Vicente, 1996: 76- 77, 150; Saavedra Fernández, 1993: 136.

[6] Tomando a noción de W. Beik. Saavedra Fernández, 1993: 131, 134.

[7] A Coruña foi a capital administrativa do Reino dende finais do século XV. Alí residían: 1) o Capitán Xeneral; 2) a burocracia xudicial na Real Audiencia (Rexente, 7 oidores, 1 fiscal, 1 alguacil, 33 avogados, 11 procuradores, 72 receptores, e até 74 oficios máis entre axentes, taxadores, porteiros, escudeiros, alabardeiros…); 3) a Audiencia do Corregimiento (alcalde maior, asesor de intendencia, e máis de 50 cargos entre secretarios, escribáns e procuradores); 4) a Dirección de Rendas Provinciais; 5) outros funcionarios de Facenda, Guerra e Mariña; 6) o cargo borbónico de Intendente. Rodríguez Ennes, 2002: 30. Saavedra Fernández, 1993: 133-134.

[8] *Ibíd*.: 134.

[9] Baz Vicente, 1996: 133- 138.

[10] Así se comproba nas escrituras dos Espinosa. Até o primeiro terzo do século XVII, os prazos veñen fixados por tres voces dos levadores, mentres que as parcelas apenas quedan reflectidas por unha denominación, sen recoller as medidas nin a localización. Estes contratos forais son acordos persoais que ligan ao que outorga foro co foreiro. Arquivo familia Espinosa, caixas II, III, XVIII, XIX, *Xenealoxías*, *Patrimonio de Cascaxide*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desprazamento do vasalo ao veciño. A entidade territorial gañara presenza e unidade coa recuperación do paradigma xurídico romanista.

Este dereito señorial "más territorializado, patrimonializado y contractualizado" era máis sólido no caso de preitos e reclamacións, xa que era grande o descontento e a resistencia ás prestacións persoais[11]. Paradoxalmente, o tránsito de dereitos señoriais a contractuais, posibilita máis preitos e recursos, deixando de ser unha "autoridade omnímoda"[12]. Con todo, este proceso de patrimonialización do señorío discorreu sen grandes atrancos, dado que as "sentencias ampararon sistemáticamente a los señores", recoñecendo aquela natureza territorial, xa non xurisdicional, dos seus dereitos[13]. Unha solución ante a proliferación de preitos foron as concordias entre os señores xurisdicionais e os veciños e/ou municipios. As fricción polo poder local dirimíanse mediante unha transacción entre ambas partes: a veciñanza asume as antigas cargas señoriais coma obrigas que teñen que satisfacer no dominio territorial, mentres que os señores "aceptan la presencia y autonomía de ese poder concejil a cambio de asegurar aquellas rentas"[14]. A monarquía contribúe proporcionando instrumentos xurídicos como o "apeo" para a reconstrución dos dominios, isto é, para a súa adaptación e institucionalización[15].

Con escaso valor económico, podemos preguntarnos cal era o interese último nesta temperá territorialización das prerrogativas de servizos persoais[16]. Unha motivación poderosa era a "lexitimación" do dominio patrimonial e simbólico[17]. No eido patrimonial, limpaba a orixe das usurpacións baixomedievais. En canto aos elementos

[11] Baz Vicente, 1996: 14, 140. Saavedra Fernández, 1994: 39.
[12] Saavedra Fernández, 1993: 146.
[13] Baz Vicente, 2002: 63.
[14] Especialmente, naqueles concellos da Coroa de Castela onde exercen xurisdición exclusiva pequenos señores de vasalos que viven nos seus estados, e que acceden a un título nobiliario no século XVII . Rubio Pérez, 2005: 245- 246.
[15] Baz Vicente, 1996: 124- 125.
[16] Entre os procesos que subliña Villares, no prólogo a obra de Baz sobre a Casa de Alba, está a "precoz territorialización" dos patrimonios señoriais no século XVII. Baz Vicente, 1996: 14.
[17] *Ibíd*.: 104. Consistía nunha "«rehabilitación retroactiva» de la legitimidad del ejercicio de toda aquella autoridad, dominios y cargas señoriales que pudieran tener algún vicio en su origen y disfrute".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inmateriais dos dereitos señoriais, conseguían permanecer vixentes no seu traslado á relación contractual da terra. Deste xeito, os rituais e as festas, os ciclos das estacións e da vida, os xestos de deferencia para co señor, sustentaban coma "capital simbólico" a orde antiga da sociedade[18].

Pode falarse, pois, dunha estrutura político- administrativa complexa, onde o territorio estaba cargado de antigos dereitos xurisdicionais superpostos e encabalgados, de difícil inventario, e que coexistían cunha potestade rexia difusa, composta[19]. Esta "complicada trama, que se traducía nun esmigallamento do espacio, (...), condicionada por unha dinámica de herdanzas, compras e doazóns", só podía concibirse sobre "a base relixiosa-social da parroquia", erixida coma unidade administrativa[20]. No extremo oposto, o órgano máis alto foi a Xunta do Reino. Era unha asemblea representativa das sete cidades/provincias, con capacidade para repartir impostos (recadación de *millones*, rendas reais) e soldados. Composta por membros das elites urbanas, foi poderosa durante os séculos XVI e XVII, perdendo contido coas reformas borbónicas, malia resistir até 1820[21]. As oligarquías urbanas, que frearan as pretensións absolutistas dos Austrias, tiveron que pregarse ás disposicións de Felipe V, que reinou de xeito patrimonial, mais na negociación coa Coroa os representantes da Xunta do Reino arrancaron algunhas pequenas concesións[22].

Neste contexto de pluralidade de poderes, adquire protagonismo un grupo vigoroso composto de fidalgos e/ou letrados, que vai estar ocupado na administración señorial: impartir xustiza, redactar escrituras notariais, xestionar dominios da alta nobreza ausente. Son os oficios de xuíz en primeira instancia, escribán, procurador, rexedor,

[18] Saavedra Fernández, 1993: 145.
[19] Este "mosaico irregular" xa está trazado antes do 1500. Saavedra Fernández, 1994: 35. A "monarquía composta" é un concepto de J.H. Elliot (1992), que cita Soria Mesa (2009: 237, n. 54) en alusión á integración de elites provinciais na Corte dos Habsburgo.
[20] A división administrativa de Floridablanca en 1789 parte das parroquias. Fariña Jamardo, 1996: 11, 25.
[21] Artaza, 2016: 21- 22.
[22] Accederon finalmente á substitución da milicia polos terzos, mais conservaron a defensa civil en portos e fronteiras; as levas serían voluntarias; e os nomeamentos de oficiais atenderían á proposta da Xunta. *Ibíd*., 36- 37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mordomo, alcalde maior, meiriño, tesoureiro[23]. A antiga fidalguía de escudeiros e cohortes vai ser substituída ou transformada. É o ascenso dunha fidalguía palaciana de finos letrados e/ou rendeiros. Esta transformación na baixa nobreza a inicios da Idade Moderna desenvolveuse nalgúns casos de xeito natural, deixando o servizo de armas dos pais, por un servizo de letras ou administración nos fillos e netos. Noutros casos, marca o devalo dalgunhas liñaxes guerreiras menores, de escasa cultura, por outras que, partindo dun campesiñado enriquecido, investiron na educación da descendencia. As grandes casas nobiliarias tamén estaban a demandar outro tipo de servizos dos seus antigos vasalos[24].

A visión historiográfica tradicional insiste no perfil rendeiro e "pacego" da fidalguía galega, con estudos en profundidade "de su patrimonio y mecanismos de reproducción social, sin prestar gran atención a las posibles funciones ejercidas por los principales miembros de las casas"[25]. Estes fidalgos de capela e escudo heráldico, acapararon os "cargos señoriales, curatos, administración de rentas, corporaciones municipales y oficios varios de la Administración regia"[26]. Encarnaban o poder local nas xurisdicións, mais debían obediencia aos patróns privilexiados, quen os designaba e protexía. Foron "élites rurales (...) que se revelan esenciales en su papel de intermediarios entre la nobleza dueña de la jurisdicción y el resto del común de los vecinos"[27]. Erixíronse, entón, como a peza axial do sistema señorial galego, tanto por motivos económicos coma sociopolíticos.

Sen embargo, as propias funcións e accións da fidalguía, na procura do seu propio beneficio, podían socavar a posición señorial. Podían coexistir tendencias diverxentes dentro das elites rurais,

[23] Saavedra pon coma exemplo os estados da Casa de Altamira, que nas xurisdicións contarían con xuíces, escribáns e procuradores. Este conde adoitaba nomear ao xuíz ou meiriño, que, á súa vez, designaba os cargos restantes. Saavedra Fernández, 1994: 46- 48.

[24] Fronte a imaxe de crise da nobreza, pódese valorar a capacidade de adaptación do estamento ao longo da Idade Moderna. A desmilitarización, a renovación social das liñaxes, e os cambios culturais, coma o ascenso do mérito coma valor, son algúns dos aspectos a considerar nesta transformación. Yun Casalilla, 2002: 46- 49.

[25] Saavedra Vázquez, 2013: 224.

[26] Baz Vicente, 2002: 74.

[27] Soria Mesa, 2009: 230.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

encabezadas por "varios grupos amorfos y cambiantes que ora apoyan al señor, ora se oponen duramente a su actuación política con todas sus fuerzas"[28]. Estes conflitos de intereses coa alta nobreza quedan patentes na polémica dos despoxos dos foros. Tamén no oficio dos escribáns se perciben efectos antagonistas. Por unha banda, os escribáns son fieis servidores dos señores que os protexen e designan, pero, por outra, a súa facilidade para enredar, para preitear, converte a xustiza rexia na "fonte limpa" que alivia, nalgún caso, aos levadores campesiños[29]. Ademais, a administración da Coroa tivo que recorrer á estrutura xurisdicional señorial en diferentes materias (Facenda, Guerra), convertendo estes oficios nunha clientela chave para informar, aplicar e controlar o territorio. De tal xeito, na xurisdición entendemos que se "ejercían diversos poderes" compoñendo unha trama que pivota arredor dos cargos locais, maiormente unha "turbamulta" de pequenos fidalgos, que dende a "privanza" dun determinado señor, foron medrando en influencia e autonomía, até erixirse en patróns locais[30].

Así mesmo, a fidalguía era un grupo social sobrerrepresentado na Xunta do Reino: estatus nobiliario ou prenobiliario, con formación letrada, patrimonio agrario e urbano, e relación de parentesco co ámbito castrense. A fidalguía das sete cidades promoveu a perpetuación dos foros, así como tamén certas competencias en materia fiscal e militar[31]. O seu obxectivo: conservar o poder fornecendo as redes de padroádego.

O mapa xurisdicional e os cargos político- administrativos, tanto rexios coma señoriais, son os dous parámetros que empregaremos para describir, en primeiro termo, as comarcas de Vilagarcía, Caldas e Trasdeza. Todas elas radicaban dentro da antiga e extensa provincia de Santiago, que abarcaba dende Malpica, na Costa da Morte, até Ponte

[28] *Ibíd.*

[29] Saavedra Fernández, 1993: 140. No tempo do Catastro de Ensenada, había unha media de 1 escribán por cada 300 veciños. Na xurisdición de Trasdeza había 7 escribáns, representando o 4% da poboación. Rodríguez Ferreiro, 1973: 101.

[30] Saavedra Fernández, 1996: 43- 45, 58, 60- 62.

[31] A Xunta conservou a facultade de propoñer oficiais do exército, que eran designados polo Capitán Xeral. Artaza, 2016: 36- 37.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sampaio, na ría de Vigo, co límite oriental do río Deza[32]. Unha provincia baixo o influxo arcebispal, mais na que determinados señoríos seculares (marqués de Vilagarcía) e o reguengo de certas vilas (Caldas, Pontevedra[33]) contrabalanceaban a hexemonía compostelá. Neste contexto seguiremos o fío de tres liñaxes fidalgas para ponderar, xa que logo, a súa participación na vida política e administrativa, é dicir, o seu poder local.

2.3.2. Os López- Ballesteros: unha "fidalguía aburguesada" en Vilagarcía

No ano de 1441, don García de Caamaño, alcumado primeiro "O Fermoso" e despois "O Vello", outorga unha *Carta Pobla* para os moradores que quixeran vivir naquel lugar e porto de Vilagarcía, na freguesía de Santa Baia de Arealonga. Era don García sucesor dunha *linajuda* estirpe de escudeiros do arcebispo compostelán, señor xurisdicional desa terra, quen lle concedera as xurisdicións de varias parroquias á familia Caamaño, con Casa e solar en Rubiáns, en gratitude polos seus servizos de armas[34]. O dominio directo correspondía a San Martiño Pinario, por unha antiga doazón rexia do século X, motivando un preito cos Caamaño, aos que finalmente aforou aquelas terras a comezos do XVI.

En tempos de Felipe II retraéronse a reguengo numerosas parcelas de Vilagarcía que, seguidamente, foron vendidas a un descendente dos Caamaño, don Rodrigo de Mendoza y Sotomayor, que fora virrei do Perú, e que agregou esta vila ao morgado da Casa de Vista Alegre no ano de 1589. Outro descendente, don Antonio José Mendoza y Caamaño, marqués de Vilagarcía, solicitou en 1744 licenza real para celebrar feiras francas todos os martes, co obxecto de aumentar o comercio e os ingresos dos veciños avellentados, dadas as repetidas recrutas de quintas para os exércitos. En síntese, aquela "Insuela" de

[32] Era a terceira provincia en extensión, por detrás de Lugo e Ourense. Segundo estudos de Río Barja, contiña o maior número de vilas, cun total de 28. Rodríguez Ennes, 2002: 30, n.30.
[33] Os veciños da vila de reguengo de Pontevedra pretenderon constituírse coma provincia propia dende mediados do século XVIII. Aspiraban a ter voto na Xunta do Reino. *Ibíd*.: 32.
[34] O arcebispo don Juan García Manrique outorgara en feudo no ano de 1390 a don Rui Fernández de Caamaño, pai de don García, as parroquias de Arealonga, Cornazo, Rubiáns, Saiar e Nantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pescadores pasou da Igrexa compostelá ás mans da familia Caamaño e Mendoza, convertidos en marqueses de Vilagarcía, que fomentaron o asentamento e actividade comercial no seu porto.

A potestade xurisdicional no Salnés chegou moi fraccionada ao século XVIII[35]. Repartíase entre o señorío secular de varias Casas tituladas e o eclesiástico e abadengo do arcebispo de Santiago de Compostela, que conservou algunhas parroquias baixo a súa xurisdición. Os marqueses de Vilagarcía gozaron do señorío xurisdicional da súa propia vila e doutras parroquias limítrofes, como eran Fonte Carmoa, Sobradelo, e a xurisdición de Rubiáns, que incluía a parroquia homónima e a de Cornazo. Andando o tempo tiveron que compartir a vila co marqués de Sierra, mentres que a xurisdición de Sobrán escapou ao seu control, estando baixo o señorío do conde de Maceda[36].

En Cambados, convivían os señoríos seculares do conde de Monterrei na súa vila, do conde de Fefiñáns na xurisdición do mesmo nome, e do marqués de Monte Sacro en San Tomé do Mar, mentres que A Lanzada, coa súa capela, permanecían baixo o control do arcebispo de Santiago[37]. A maior parte das parroquias de Vilanova de Arousa (Godos, Bamio, Soloveira, András, Baión, Caleiro, Tremoedo e Vilanova) tamén estaban nas mans do arcebispo, compartindo o señorío na parroquia de Cea cos seus veciños. Na xurisdición de Carril, coa súa vila, tiñan parte o arcebispo e o conde de Grajal. Namentres, a illa de Arousa constituía un couto redondo, señorío eclesiástico do mosteiro de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela[38].

Á vista deste mapa xurisdicional, pode considerarse que a autoridade do arcebispo tiña unha forte presenza nas áreas rurais e en determinados igrexarios. A potestade nobiliaria semella ser unha concesión en determinados lugares á beira do mar que teñen posibilidades de crecemento demográfico e económico. As terras de Vilanova permanecen no arcebispado, trazando así unha división entre os señoríos seculares de Cambados e de Vilagarcía. De tal xeito, o

[35] Segundo os datos do censo de Floridablanca que recolle Fariña Jamardo, 1996.
[36] Fariña Jarmardo, 1996: 51- 52.
[37] Fariña Jarmardo, 1996: 27.
[38] *Ibíd*., 51- 52.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

feudo de García vese rodeado pola autoridade do arcebispo, non en van, os Caamaño eran vasalos seus.

O crecemento de Vilagarcía foi lento, limitado polos areais e o río chamado de Santa Lucía, medrando cara o norte, tanto no interior coma cara Carril, porto fundado en 1500. Durante ese século, Vilagarcía apenas alcanzaba os 300 habitantes, incluíndo Cornazo e Rubiáns. Tres rúas configuraban o seu poboamento, residindo nunha delas, na chamada rúa do Río, a familia López dende a segunda metade do século XVI e ao longo do XVII[39].

O matrimonio que fundou a capela de San Mauro e San Gregorio na igrexa de Santa Baia de Arealonga, freguesía matriz de Vilagarcía, foron Antonio López e Inés López. Ademais da casa na vila, posuían unha granxa con horta, viña e pombal, e numerosas rendas dispersas, principalmente en parroquias do interior[40]. O montante total destas rendas era de 371 ferrados de *mijo* e centeo de por metade, e 6 galiñas, unha cantidade considerábel para a segunda metade do XVI.

Este matrimonio fundador da liñaxe dos López en Vilagarcía semella proceder dalgún lugar da antiga xurisdición de Peñaflor[41], onde axuntaban rendas en varias parroquias, que debían proceder das súas respectivas lexítimas coma segundoxénitos. Tal e como se suxeriu en capítulos precedentes, este matrimonio debeu chegar a Vilagarcía atraído pola perspectiva de riqueza, talvez para desempeñar algún oficio lego, coma unha escribanía. Resulta de interese pensar cales eran os seus señores. A casa e granxa en Vilagarcía estaban baixo a xurisdición dos marqueses de Vilagarcía. Na xurisdición de Peñaflor, prevalecía a autoridade do conde de Grajal durante os séculos XVII e XVIII, por matrimonio de dona Beatriz Bermúdez de

[39] Así consta no anteriormente citado "Memorial de bens". AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 48.

[40] Percibían rendas nas freguesías de San Martiño de Gargantáns, San Salvador de Saiáns, San Lourenzo de Moraña, e San Pedro de Rebón (Moraña); San Breixo de Barro e San Martiño de Agudelo (Barro); San Cristovo de Briallos (Portas); San Pedro de Cea (Vilagarcía); na vila de Carril.

[41] Onde estaban localizadas as mencionadas freguesías de Moraña, Barro, Portas e incluso parte do porto de Carril. Esta xurisdición lindaba ao norte coa de Baños; ao sur coa de Pontevedra e Cambados; ao leste coa de Baños, a de Cotobade e varios coutos; e ao oeste, coa de Vilanova de Arousa e a de Caldas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Castro co sucesor no condado en 1605[42]. Con anterioridade, durante o XVI, asistiuse ao preito do arcebispado de Santiago que lle reclama á Casa de Montaos o señorío da xurisdición, que se saldou con sentenza favorábel á potestade nobiliaria. Por conseguinte, os fundadores da liñaxe dos López eran vasalos dos Bermúdez de Castro en Peñaflor, e tamén nunha parte do porto de Carril. Por último, as rendas de San Pedro de Cea estaban baixo o poder do arcebispo compostelá, mais tamén polos seus veciños.

As xurisdicións onde tiñan bens e rendas os López destacan por unha forte presenza nobiliaria, co influxo, non sempre cordial, do arcebispado, e por certas concentracións vilegas en expansión como Vilagarcía e Carril. Por outra banda, o patrimonio rural estaba situado en Barro e Moraña. O seu perfil cadraría co do «burgués ahidalgado» ofrecido por Pérez nos seus estudos do Salnés[43]. Nesa complexa sociedade estamental, os López pertencerían ao "grupo dominante"[44]. Unha "situación preeminente en el marco local" grazas ás concesións, doazóns e adquisicións. Talvez foron "hidalgos advenedizos", "gentes de «Don»", ou oficiais da administración, que co andar do tempo accederon á riqueza e os privilexios sociais e xurídicos, até ver coroados os seus esforzos cunha executoria de fidalguía[45]. A súa relación coa nobreza é de natureza clientelar[46], xa que o favor do título fornece a posición socioeconómica do fidalgo. Esta relación tamén beneficiaba ás grandes Casas. De feito, sostén Pérez García, a

[42] A prestixiosa Casa de Grajal tiña señorío na comarca de Terra de Campos, León. O matrimonio con dona Beatriz, señora de Montaos na Galiza, "aporta un importante dominio señorial y destacadas rentas forales", aliviando a a situación económica dos Grajal. Á morte temperá do conde en 1609, converte a viúva na rexente deste patrimonio, coma curadora do seu fillo. Ben relacionados coas clientelas de Olivares, e previo pago dunha importante suma, este fillo, terceiro conde de Grajal, consegue o título de marqués de Montaos. Rubio Pérez, 2005: 242- 243.

[43] Pérez García, 1979: 340- 341, n. 6 bis. No caso dos López- Ballesteros resulta máis pertinente falar de "hidalguía aburguesada", xa que a orixe é fidalga.

[44] Pérez García segue a Goubert na súa división entre grupos dominantes ou rentistas e grupos dominados.

[45] A familia López- Ballesteros preiteou na Real Chancelería durante o século XVIII, até conseguir a Executoria no ano 1768.

[46] Pérez García descríbeo coma "caciquismo", unha "realidad indesligable del ascenso social" desta burguesía «ahidalgada», que consolida a súa hexemonía no eido local durante o século XVIII. *Ibíd*.: 415- 416.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«burguesía ahidalgada» fai "bloque común" coa nobreza fronte os intereses dos dominios eclesiásticos.

Por outra banda, estes fidalgos están plenamente identificados co estilo de vida e comportamentos nobiliarios. Non se detecta na liñaxe dos López- Ballesteros unha inclinación ao estamento eclesiástico. As fontes consultadas tan só sinalan un clérigo no século XVII e un párroco no XVIII[47]. O destino dos seus segundoxénitos estaba nas letras, no exército e no comercio, salientando aínda máis se cabe o perfil dunha fidalguía aburguesada.

Os sucesores do matrimonio López empregaron o apelido López de Caneda na primeira metade do século XVII. Hai constancia de varios escribáns, dun clérigo e mesmo dun rexedor da vila, Amaro López de Caneda, no ano 1639[48]. A sabendas da competencia nas oligarquías urbanas por ocupar os cargos administrativos[49], acadar o posto de rexedor era unha conquista importante, que tiña que contar con bastantes apoios, ben do sector fidalgo ou ben da burguesía vilega. Descoñecemos a quen servía Amaro López de Caneda, é dicir, quen o nomeara, mais este cargo xunto coas adquisicións patrimoniais e agregacións[50] que se rexistran no século XVII, falan dunha familia cunha posición social alta, consolidada, ocupada na política e administración de Vilagarcía.

O matrimonio de don Antonio López de Caneda e dona Antonia Pimentel Ballesteros Ribadeneira é o enlace matriz das *probanzas* de fidalguía dos seus sucesores. Ela, dona Antonia, procedía dos Ballesteros del Mazo con señorío e xurisdición na torre de Laíño (Dodro), sendo o seu pai capitán dos exércitos, e o seu avó rexedor en Santiago de Compostela[51]. O neto deste matrimonio, don José López

[47] Este último tío de don Luis López- Ballesteros.

[48] AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 45. Protocolo notarial de don Sebastián Rodríguez en 1639, pp. 71- 72.

[49] Nas vilas portuguesas a confrontación entre fidalguía e burguesía vilega polos postos político- administrativas precisou a intervención da Coroa en múltiples ocasións. Fidalgos e títulos non querían perder aquel couto de poder xurisdicional que comeza a desintegrarse no contexto competitivo das vilas e cidades. A solución pasaba por un reparto. Costa, 2018: 47-73.

[50] Aportan varias casas na vila e bens raíces en lugares próximos. AMV, *fondo Álvarez Blázquez*, caixa G 45. Protocolo notarial de don Sebastián Rodríguez en 1639, pp. 71- 72.

[51] Algúns destes contidos xa se expuxeron no epígrafe "2.2.3.1. Xenealoxía dos López-Ballesteros", mais cómpre lembralos dende a perspectiva do poder xurisdicional e o exército.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ballesteros e Navia, nado en 1688, serviu nos exércitos de Felipe V durante a guerra de Sucesión[52]. Anos despois debeu cumprir algunha función de intendencia, xa que lle informan que debe levar conta mediante expedición de recibo dos subministros de pólvora e armas de fogo que recibe cada "trozo" nas xurisdicións de Cambados, Vilagarcía, Caldas, Peñaflor e outras[53]. Esta actividade puido ser un precedente para o seu fillo Diego e o seu neto Luis, xa que desempeñaron funcións similares no exército.

A esposa de don José foi dona Juana Mondragón, da Casa de Vilasusán (A Estrada), que comparece coma forasteira no Real de Legos da xurisdición de Vilagarcía. Por defunción do seu marido, representa a cabeza da Golpelleira. Alén das propiedades e rendas que percibe[54], non hai constancia algunha de ingresos ou pagos en concepto de señorío xurisdicional. A familia non cobra por dereito algún deste tipo, sendo os seus ingresos de carácter territorial. As pensións que paga tamén semellan ser en razón de foro, algúns réditos de censo, e misas de fundación. Esta omisión ao dereito xurisdicional pode indicar, por unha banda, que a relación non foi exhaustiva[55], e por outra, que aquelas cargas xurisdicionais foran asimiladas ao foro coma dereito territorial. Escurecido o exiguo beneficio económico do señorío xurisdicional, cabe preguntarse que aspectos se conservaron. A prerrogativa de nomear xuíces ordinarios puido ser o elemento máis transcendente da continuidade do poder privilexiado, con efectos directos nas redes locais e comarcais de padroádego.

O seguinte sucesor non tivo interese nas funcións letradas e xurisdicionais. Foi o capitán de infantería don Diego López Ballesteros y Mondragón (Vilagarcía 1731- 1786), oficial no

[52] Segundo recollen Crespo del Pozo, 1985: 154; e Vázquez Casáis, 2000: 187. Nas fontes primarias non se atoparon referencias a esta guerra. Nas escrituras notariais, Ballesteros non indicaba oficio ou rango militar.

[53] Segundo a carta -xa citada- que remite a don Diego Varela, datada en agosto de 1722. ADPO, fondo pazo Buzaca, documentos de carácter señorial, *Documentos relativos á elección de José Diego Varela Noboa como 1º Xefe dun dos trozos de Peñaflor (1722- 1749)*, 34.377/1.

[54] AHPP, Catastro de Ensenada, Xurisdición de Vilagarcía, *Real de Legos*, L- 127, pp. 356-369.

[55] Saavedra Fernández advirte en varias publicacións que estas fontes institucionais (Catastro, Censos, Padróns, Vecindarios) conteñen eivas e omisións. Por exemplo, non recollen moitos coutos pequenos e xurisdicións compartidas. Saavedra Fernández, 1994: 35.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rexemento de Comercio e provedor xeral de utensilios en México[56]. Pode apreciarse que esta carreira militar está orientada cara actividades comerciais[57], que o identifican plenamente coa noción de «burguesía ahidalgada» de Pérez García. No testamento de don Diego consta a súa participación en México nunha compañía de carácter financeiro, na que aportara 50.000 pesos, e que quebrou na súa ausencia, despois de ter retornado a Vilagarcía, descoñecendo os beneficios e débedas contraídas[58].

A liña prosegue no seu primoxénito, don Luis López- Ballesteros y Varela, unha das figuras centrais desta investigación. Herdeiro do vínculo, goza de executoria de fidalguía conseguida polo seu pai, ao que pode engadir o avoengo da familia materna, os Varela da Buzaca, fidalgos de sangue. Os esponsais de don Luis coa filla do empresario compostelán Pérez Santamarina simbolizan a unión do privilexio coa riqueza, da fidalguía coa burguesía. Lonxe aínda dos cargos públicos e honores dos que gozará en Facenda, don Luis implícase na xestión dos almacéns que en Carril tiña a firma do seu sogro[59], porto de abastecemento da cidade de Santiago de Compostela. Esta actividade comercial, e os seus beneficios, propician un papel destacado de don Luis durante a ocupación francesa. A experiencia mercantil, xunto co seu estatus e compromiso político, converten a este fidalgo nun xestor dentro da Xunta Superior do Reino, así coma nun interlocutor avantaxado coa *Royal Navy* fondeada nas Rías Baixas[60].

Esta faciana burguesa de don Luis López- Ballesteros sitúao nunha posición preeminente no eido local e comarcal. De tal xeito, se

[56] González López, 1987: 5; Rivas, 1945: 17; Crespo del Pozo, 1985: 154.

[57] Para González López resulta revelador que estando en México preiteara a súa fidalguía perante a Real Chancelería de Valladolid. González López, 1987: 5- 6.

[58] AHPP, *protocolos notariais*, 296, p. 46. Testamento de D. Diego López Ballesteros y Mondragón, ano 1786, ante Francisco Antonio Pérez de Ocampo.

[59] Lucas Labrada infórmanos que no porto de Carril hai negocios de lenzos, con licenza real para recibir partidas de liño procedentes de Rusia. Tamén recolle que hai unha fábrica de curtidos dende 1793, propiedade de Pérez Santamarina, onde traballaban 30 persoas. Outras referencias indican que este empresario tiña almacéns de cereais, onde sitúan a Luis López-Ballesteros. González, 1987: 8; Barreiro, 2001 (b): 1055- 1073. Outros produtos comercializados en Carril, Vilagarcía e Vilaxoán, son a sardiña en salazón e a cebola. Labrada, 1992 [1804]: 61- 63.

[60] O decurso da guerra será abordado no capítulo "2.4. A guerra do *Francés*: un abrupto espertar da política"

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

as raíces do seu poder social deben buscarse nas rendas, no seu dominio fidalgo, as fontes do seu poder político manan dos negocios. Este fidalgo deixara atrás a vía señorial tradicional, así como tamén as carreiras eclesiástica, militar e letrada. A súa aposta na xuventude polo comercio amosa unha grande audacia, aínda que despois da guerra sería máis cauteloso á hora de procurar unha saída profesional na alta administración do Estado. Estaba a reconducir o seu futuro a tenor dos tempos.

En resumo, os López- Ballesteros conseguen unha posición social destacada na Vilagarcía do Antigo Réxime. Primeiramente, semella ser unha familia de escribáns que chegan a desempeñar algún cargo político. Nunha segunda fase, dende mediados do século XVII até mediados do XVIII, adoptan o rol de "señores da terra": acumulan bens nun dominio fidalgo consolidado. Por último, ao longo do XVIII van desempeñar funcións de abastecemento no exército, inclinándose así cara actividades de xestión comercial e financeira. A través dos séculos, esta familia cumpre co modelo fidalgo do litoral: as rendas do seu dominio non lles impiden ser visionarios nos negocios. Compaxinan a acumulación de renda agraria con arrendamentos urbanos e beneficios mercantís. Pode falarse, pois, dunha liñaxe que racha coa imaxe tradicional do inmobilismo fidalgo. Das tres familias investigadas é, sen lugar a dúbidas, a máis exótica[61]. Tamén a que conseguiu chegar máis alto, até os *Reales Aposentos*, talvez porque foi quen de buscar máis abaixo, na burguesía comercial[62].

2.3.3. A caste antiga dos Varela na comarca de Caldas

Varias xurisdicións conformaban as terras de Caldas de Reis, dentro da antiga provincia de Santiago. Nas páxinas precedentes xa abordamos o ámbito da antiga xurisdición de Peñaflor que abranguía a maior parte das parroquias dos actuais concellos de Barro, Portas e Moraña. Foi unha xurisdición nobiliaria baixo o señorío do marqués de Montao, e, dende o século XVII, do conde de Graxal. Esta

[61] Perceptíbel a simple vista na Golpelleira, coa súa fachada de trazas indianas. Don Diego López- Ballesteros y Mondragón, pai de don Luis, trouxera de América un servinte escravo, chamado Liborio, a quen concede a liberdade no seu testamento.

[62] Parafraseando a Lampedusa cando alude ao matrimonio do aristócrata Tancredi e a burguesa Angélica: mirar máis alto, que quere dicir máis abaixo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

hexemonía en Peñaflor só contaba con dúas excepcións: a parroquia de San Lourenzo de Moraña, onde este conde compartía xurisdición co conde de Ximonde e con dona María de Aldao; e no couto de Amil, que pertencía á marquesa de Vilar[63]. Curiosamente, é en San Lourenzo de Moraña onde se empraza a Casa da Buzaca, pazo dos Varela dende o século XVIII.

A xurisdición de Baños, baixo a omnímoda autoridade episcopal, tiña unha extensión considerábel, congregando as parroquias do actual municipio de Cuntis. Mentres tanto, varios coutos redondos de señoríos diversos salferían a comarca. Ademais do citado couto nobiliario de Amil, había couto redondo en Arcos da Condesa, pertencente ao Cabido de Santiago, e en San Clemente de César e en Saiar, ambos baixo a xurisdición dos seus respectivos veciños[64]. Tamén os veciños gozaban do señorío secular na vila de Caldas e de Vemil dende os tempos de Felipe II. Daquela fora nomeada vila de reguengo, subtraéndose do antigo señorío do arcebispo de Santiago. Seguidamente, os veciños compraron os dereitos da vila ao monarca en 1581[65]. O seu réxime local estaba formado por: 2 alcaldes ordinarios; 4 rexedores, 2 pola vila e 2 polas parroquias; 1 procurador xeral; xustiza e rexemento propios[66].

A liñaxe dos Varela de Piñeiro de Casalnovo gozaban de estatus de fidalguía de sangue na sociedade local de Caldas. A transformación en reguengo atraeu a varias liñaxes fidalgas que se asentaron na vila. Os señores de Quindimil, Jorge Varela e Inés Mariño de Goyanes, deixaron ao seu cuarto fillo, o licenciado don Gómez García Varela de Dubra, as súas posesións en Caldas[67]. Este fixou a súa residencia en Casalnovo, exercendo de xuíz de paz e escribán na vila entre 1600 e

[63] Fariña Jamardo, 1996: 39. Segundo os datos da obra España dividida en provincia Intendencias y subdivida en partidos, de Floridablanca, en 1789.

[64] O actual municipio de Caldas de Reis xorde coma conglomerado de parroquias e coutos de distintas xurisdicións tal e como recollía o citado inventario de Floridablanca en 1789. Aos tres últimos coutos sinalados, hai que engadir a parroquia de Godos, que pertencía á xurisdición de Vilanova; e a de Carracedo, na de Baños; e de San Andrés de César, en Peñaflor. Seguimos as informacións do caldense Fariña Jamardo, 1996: 27.

[65] Así e todo, o arcebispado conservou certos privilexios xurisdicionais na antiga torre do xuíz de Caldas.

[66] *Ibíd*.: 9, 18. Os casos de xurisdicións en mans dos veciños eran "poucos e illados".

[67] Lémbrese que consistían na torre de Casalnovo e a fundación da capela de San Xurxo na igrexa de Santa María de Caldas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1627, ano do seu falecemento[68]. Este oficio letrado de don Gómez parece que non tivo continuación na liñaxe, xa que non se atoparon referencias doutros escribáns ou xuíces até o último terzo do XVIII. Entre 1650 e 1750, asistiríase a un período de consolidación do dominio fidalgo, tanto no aspecto patrimonial, coma no matrimonial, fornecendo os vencellos coa fidalguía comarcal.

Ora ben, malia que os Varela non consten coma letrados nin militares, si emparentaron con outras liñaxes deses eidos. Xa o citado don Gómez unírase aos Villamoure do couto de Arcos da Condesa, sendo o seu sogro familiar do Santo Oficio. O fillo, don Pedro, casou en 1629 coa filla dun capitán e rexedor de Pontevedra[69]. O neto, don Benito Varela do Salnés (1632- 1705), desposouse coa filla dun capitán da fidalguía caldense[70]. O sucesor, don Gómez Diego Varela Mariño (1668- 1716) escribiu xenealoxías e contraeu matrimonio en dúas ocasións con liñaxes fidalgas de Santiago e A Estrada, sen outro dato máis relevante que a numerosa descendencia que deixou. Outro dos segundos netos, irmán de don Gómez, chegou a reitor de Fonseca e cóengo na Catedral de Tui, cargos de poder dentro do estamento eclesiástico.

Un cambio substancial ten lugar co cabezaleiro don Diego Francisco Varela de Novoa Mariño (1699- 1749). Era fillo do xenealoxista don Gómez Diego e a súa primeira esposa. Tras a defunción do seu pai, contrae matrimonio con dona Andrea Josefa Verea Fariña, emparentando cos Verea Aguiar e cos Fariña. Estes últimos eran fidalgos con solar en Moraña, onde o avó de dona Andrea era xuíz da xurisdición e secretario do Santo Oficio. Coa protección dos Fariña, don Diego traslada o seu morgado á Buzaca, en San Lourenzo de Moraña, un emprazamento rural, afastado das vilas da comarca, onde os Varela e Fariña poden facer gala de señorío. O seu cargo como 1º xefe de trozo de Peñaflor apuntala a imaxe de señor principal na súa comarca.

[68] Peña Vidal, 2003: 56.
[69] O pai de dona Inés Mariño de Lobeira y Salnés (1602- 1681) foi o capitán don Antonio de Salnés Mariño de Lobeira y Falcón.
[70] Dona María Antonia Buceta Caamaño era sucesora dunha fundación pía dos Buceta Caamaño. Peña Vidal, 2003: 57.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O sucesor na Buzaca e Casalnovo sería don José Varela de Verea (1720- 1773), que casado con dona Rosalía Verea de Aguiar (1730-1793), fornece o vencello coa súa familia materna, con solar en Touro, nas proximidades de Santiago de Compostela. Os Verea y Aguiar eran unha familia con tradición na alta administración do Reino. Así e todo, as fontes indican que don José desempeñou o perfil de fidalgo rendeiro que amplía o seu dominio.

Será o seu sucesor quen asiste ao proceso de crise do Antigo Réxime. Foi don Benito Varela Verea Mariño de Lobeira (1754-1818) un fidalgo principal da comarca. Exerceu de xuíz en Peñaflor, o mesmo cargo que xa ocupara o seu terceiro avó[71]. O seu ascendente sobre as xentes fíxoo capaz de organizar e liderar a alarma local durante a ocupación napoleónica[72]. A súa persoa atesouraba unha fidalguía de sangue enfeudada, conseguindo Executoria polo avoengo das súas diferentes liñas, mais que tamén gozaba dun dominio consolidado e dunha trama de relacións no mundo civil e eclesiástico. O seu parentesco cos Verea y Aguiar e cos Mondragón Gil Taboada introducíao en redes altamente reticuladas de padroádego, ampliadas até a fronteira con Portugal polo seu casamento tardío cunha filla do capitán don Manuel Sarmiento da Casa do Pombeiro (Mourentán, Arbo)[73]. Ademais gozaba de prerrogativa en numerosos *curatos*, controlando de xeito indirecto varias parroquias. Este xuíz, pai do deputado don Lorenzo Varela, é fiel testemuño dunha xeración de fidalgos que asistiu aos estertores do Antigo Réxime.

A autoridade dos Varela en Caldas, Baños de Cuntis e Peñaflor provén do peso dunha liñaxe de sangue, guerreira. Salvo un devanceiro que foi escribán, o resto dos Varela exerceron de señores do seu dominio territorial. Un vivir afidalgado que corresponde co relato herdado daquela «hidalguía cansada» no Século de Ouro, que

[71] O seu terceiro avó da liña dos Fariña. Don Benito tamén foi xuíz en Xeve (Pontevedra).
[72] Véxase o seguinte capítulo: 2.4. "A guerra do *Francés*: un abrupto espertar da política".
[73] Don Benito casou con 44 anos, en 1797. A súa familia política faino contactar coa fidalguía da provincia de Tui, caracterizada polas súas fortalezas na "Raia" con Portugal. AHPP, *protocolos notariais*, L 83 A, p. 73. Testamento de don Benito Ramón Varela Verea Mariño de Lovera.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

renuncia ao servizo público e/ou militar, pola ociosidade inherente á condición privilexiada[74].

Andando o século XVIII, vivirase unha diatriba moral entre a cultura absentista e a rehabilitación do traballo e o mérito sen menoscabo do estatus aristocrático[75]. É dicir, prolifera a idea de que sen poder de facto, non hai aristocracia que se prece. Inscribíase este discurso dentro da paulatina asunción dos valores ilustrados, que xunto coa crise en cernes do Antigo Réxime, volveron facer atractivos aqueles oficios da administración xurisdicional. Así pode interpretarse que o cabezaleiro ocupase a xefatura do trozo da xurisdición de Peñaflor, durante a primeira metade do século. Despois, seu fillo sería xuíz nesta mesma xurisdición. Talvez a lealdade da Buzaca ao señor conde de Grajal pode explicar estes nomeamentos. Xa entrado o XIX, recuperan plenamente a tradición guerreira dos Varela, que se prolongará durante todo o século XIX, coa presenza de oficiais en toda a súa descendencia masculina. O sucesor, don Lorenzo Varela Sarmiento, estivo menos significado co exército, aínda sendo "comisario ordenador de Marina", un cargo administrativo de intendencia, mais de título "honorario". Os camiños de don Lorenzo pasaban pola política de sesións e comisións, polas eleccións, non polo fragor da batalla e dos pronunciamentos.

2.3.4. O señorío dos Espinosa en Trasdeza

A actual comarca de Deza estaba repartida en varias xurisdicións adscritas a diversas potestades. O feito máis salientábel era o límite que marcaba o Deza, que separaba tanto no eido eclesiástico coma no xurisdicional as terras dunha banda e doutra do río á altura da ponte de Taboada. Cara o leste, pertencían á diocese de Lugo, mentres que Trasdeza e Carbia/Vila de Cruces eran competencia eclesiástica de Santiago de Compostela. Tamén en materia xurisdicional apréciase esta división, xa que en Deza prevalecía o señorío secular nobiliario, mentres que en Trasdeza imperaba o señorío eclesiástico. Esta xeneralización precisa puntualizarse, á vista do elevado número de

[74] Vilar, 1982: 52- 59.
[75] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coutos e xurisdicións compartidas, froito dun decorrer histórico ateigado de tensións e episodios violentos.

Varias crónicas aluden a unha terra de escudeiros, ao servizo de grandes casas nobiliarias e do arcebispado. Durante a Idade Media os chamados Churruchaos eran señores de Deza, Trasdeza, Borraxeiros e outras terras da contorna. Principal foi o seu descendente Alonso Suárez de Deza, "o maior infanzón de Galiza e o maior desta liñaxe", que foi degolado a traizón xunto con "varios grandes" na fortaleza da Rocha en 1320, por orde do arcebispo de Compostela, Berenguer de Landoira[76]. Décadas despois, en 1366, un Churruchao asasinou a outro arcebispo en vinganza[77]. Arredor de 1430, falecería o derradeiro Alonso Suárez de Deza sen descendencia, pasando a sucesión a Lope Sánchez de Ulloa, parente máis próximo. Un dos seus fillos, Vasco, casou cunha filla da Casa de Altamira, tendo por descendente deste matrimonio a don Lope (Sánchez) de Moscoso, que se converteu en conde de Altamira. Deste xeito, quedaron asimiladas á Casa de Altamira as terras de Benquerenza[78], Abeancos e Borraxeiros, mentres que ao seu tío, don Sancho (Sánchez) de Ulloa, primeiro conde de Monterrei, correspondíalle o resto de Deza[79].

Afirmaba o xenealoxista Vasco da Ponte (1470- 1535) que foran os cabaleiros máis poderosos do seu tempo, aínda que cun chisco menos de poder que os antigos. Ambos, fixéranse condes nunha conxuntura de ascenso de grandes figuras coma o mariscal Pardo de Cela ou o conde de Camiña. O único que non quixera título fora don Diego de Andrade, que xa se consideraba señor de seu. Todos eles

[76] Coñecidos coma Churruchaos, Chorruchaos, Churrichaos ou Churichanes, seguiron a liña co apelido Suárez de Deza. Vasco da Ponte, 2008: 49. Tamén en Gómez Buxán, 2006: 18- 20.

[77] Este asasinato foi mandado polo rei don Pedro. A crónica de Vasco da Ponte tamén informa que os Churruchaos axudaron ao seu xenro, duque de Láncaster, a tomar Santiago, Ourense e Tui, co obxecto de reclamar os dereitos ao trono de Castela da súa esposa, dona Constanza. Vasco da Ponte, 2008: 49.

[78] Antiga denominación das terras de Trasdeza pola fortaleza defensiva de Benquerenza, da que se descoñece localización. Derrocada polos Irmandiños, xunto coa de Borraxeiros, Cira, Vilaboa e Rodeiro. Gómez Buxán, 2006: 20- 21.

[79] Vasco da Ponte, 2008: 50- 51. O arcebispo compostelán tiña adxudicada a xurisdición destas terras por mandato rexio, que, á súa vez, cedera ao conde de Monterrei (Deza) e ao de Altamira (Trasdeza). Despois dos conflitos con Altamira, recupera case a totalidade da xurisdición de Trasdeza. Deza permanece baixo a xurisdición de Monterrei, despois asimilada a Casa de Lemos e Alba.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

conformaban a alta nobreza galega, que dirimía a súas diferenzas mediante o matrimonio e a violencia[80]. Xuntos aplacaron os restos da revolta irmandiña mais, andando o tempo, cristalizaron en dous bandos: Sánchez de Ulloa co arcebispo, e Andrade, Soutomaior e Moscoso por outro. Chegaban a mobilizar centos de vasalos nestes enfrontamentos armados, ou ben batíanse en duelo de cabaleiros. Isto aconteceu nas terras de Abeancos, Borraxeiros e Trasdeza en máis dunha ocasión[81]. O arcebispo Alonso II de Fonseca reclamou aquelas terras ao seu curmán don Lope Sánchez de Moscoso, que ergueu en armas a Benquerenza. Tamén hai noticia dun duelo singular de 14 cabaleiros[82]. Coma resultado, Ulloa de Monterrei deixou Borraxeiros aos Moscoso de Altamira, que só conservaron de Benquerenza a xurisdición de Cira, recuperando o resto o arcebispo. Este conflito xurisdicional trastornou a antiga hexemonía nobiliaria en Trasdeza. A hora dos chamados "falcóns" xa pasara, era o momento dos "gorrións"[83].

Esta violencia baixomedieval vai clausurar unha época "reseñorialización"[84]. A pacificación de toda a comarca de Trasdeza/Deza pasa polas mans do arcebispo, que couta o poder dos grandes mosteiros, e das poucas casas nobiliarias que perduran: Monterrei, Andrade, Altamira e Lemos. O mapa xurisdicional da comarca fica estabilizado durante o Antigo Réxime. No censo de Floridablanca de 1787 aínda perdura a xurisdición do arcebispo en Trasdeza, e a do conde de Lemos en Deza, coa excepción dunhas poucas parroquias e coutos onde compartían xurisdición con familias fidalgas. Polo contrario, o actual municipio de Vila de Cruces era un territorio esfarelado en coutos e xurisdicións[85]. Noutras xurisdicións

[80] O arcebispo Alonso Fonseca Acevedo (Alonso II) e don Lope Sánchez de Moscoso eran curmáns pola liña da familia Ulloa, que os emparentaba tamén con don Sancho Sánchez de Ulloa, conde de Monterrei.

[81] Varios autores fan crónica desta "guerra" ou "conflicto" de Trasdeza. Tamén Baz Vicente relatando a xenealoxía da Casa de Monterrei- Alba, 1996: 63- 64.

[82] *Ibíd*.: 63- 64, 88- 89, 99- 100.

[83] Villares, 1999: 34- 37.

[84] Baz Vicente, 1996: 39- 40. Outro proceso de "señorialización" irrompe no século XVII, segundo as investigacións de Atienza, 1991: 155- 204.

[85] As súas parroquias repartíanse entre as xurisdicións de Abeancos (do conde de Monterrei), Camanzo (San Paio de Santiago), Carboeiro (San Martiño Pinario), Caxide (de don José

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

limítrofes, como Tabeirós e Vea (A Estrada), e tamén en Montes (Forcarei), campaba a autoridade arcebispal[86].

Naquelas poucas parroquias con máis dun señor xurisdicional, distinguíase algún gran señor, talvez titulado, que partillaban este dereito coa fidalguía local. Falamos de liñaxes de escudeiros e escribáns[87] que vían compensados os seus servizos ou fidelidades con algunha cesión ou recoñecemento xurisdicional. Tratábase dunha nobreza media- baixa que estaba plenamente identificada cunha casa e solar, na que facía gala de señorío. Ao contrario da alta nobreza, esta fidalguía non representa unha ameaza para o *statu quo* imposto dende Santiago. Estes "gorrións" conformaron unha elite de ámbito comarcal, definida pola proximidade dos seus dominios territoriais, o parentesco e as redes de padroádego.

Mencionaba o xenealoxista Manuel de Toubes máis de 70 fidalgos naquelas terras de Deza[88]: os Taboada, Gil, Salgado, Gundín, Froiz, Barreiro, Saco, ... Sen embargo, son contados os casos nos que aparece recoñecido o seu señorío na citada *Subdivisión* de Floridablanca de 1789. Maiormente, foron cabaleiros ou escudeiros que serviran na causa do arcebispo e o conde de Monterrei na batalla de Trasdeza[89], o bando vencedor. En Cristimil (Deza), os Taboada atesouraban señorío xunto cos Montenegro e os Saco, reflexo dos seus sucesivos moradores[90]. Na veciña Soutolongo (Deza), perduraron os

---

Pardo), Cira (do conde de Altamira), Deza (do conde de Lemos) e outros coutos de mosteiros e do arcebispo compostelán. Fariña Jamardo, 1996: 50- 51.

[86] *Ibíd*., 31- 32.

[87] No século XVI abrollan varias familias fidalgas de procedencia militar e letrada que emparentan entre si, conformando unha elite rural en Deza. Sobre as liñaxes de escudeiros de Altamira e Monterrei, e outras de escribáns, Gómez Buxán, 2006: 38- 40, 152- 158.

[88] Rubia Alejos, Gómez Buxán, 2000: 13- 68.

[89] Manuel de Toubes aludía á "guerra" de Trasdeza. Os Taboada, e as outras casas fidalgas dezás, foron fieis a este bando do arcebispo e o conde de Monterrei. Isto pode explicar a súa posterior prosperidade.

[90] Con anterioridade xa mencionamos o preito entre Vasco Saco e a súa irmá María Varela de Dubra pola sucesión en Cristimil. A Casa de Cristimil fora fundada orixinariamente polos Taboada, sendo sucesor por liña materna Manuel de Toubes Varela, a comezos do século XVII, para pasar aos Oxea de Albán, da Casa de Donfreán, por matrimonio da irmá de Toubes, dona Isabel López Varela Taboada y Temes co xuíz don Gómez Oxea de Albán. Gómez Buxán, 2005: 389- 426. O pazo de Donfreán ou Don Freán proviña tamén dos Taboada da Casa de Liñares, mais cedérano en foro a comezos do século XVI a don Gómez Oxea de Albán, dos notorios infanzóns de la Modorra (Castro Caldelas), que se remontan ao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dereitos xurisdicionais dos Gil Taboada, á par do señorío de Lemos[91]. En Piñeiro de Valenzuela (Trasdeza) compártese a xurisdición entre as familias Valenzuela, Otero e o marqués de Santa Cruz. Namentres, as parroquias e coutos dos mosteiros prolongan o influxo do seu dominio territorial até o xurisdicional, como acontece en Carboeiro e no couto de Refoxos (Trasdeza)[92].

En toda a xurisdición de Trasdeza a fidalguía non chegaba ao 2% da poboación, cunha cifra estimada de 20 fidalgos no tempo do Catastro, rexistrando un crecemento considerábel dende comezos do século XVIII[93]. Se a tendencia castelá era de redución progresiva do estamento nobiliario, nesta xurisdición sobresae o proceso contrario[94]. Moita desta fidalguía podía ser de baixa condición, algúns mesmo cultivadores, aos que Rodríguez Ferreiro denomina "de abarcas", nunha situación social prenobiliaria que puido chegar a asimilarse á fidalguía grazas a unha conxuntura favorábel. A riqueza e un bo

século XIV. O citado don Gómez gozaba de Executoria de Nobreza dende 1618. Fundou o morgado de Donfreán xunto coa súa esposa en 1625. Fora designado para gobernar Deza polo conde de Lemos, exercendo de xuíz, mordomo, alcaide e meiriño. Tamén o seu fillo, don Pedro Oxea de Albán, foi xuíz e mordomo en Deza. Un século despois, o pazo de Donfreán foi reformado por orde do seu dono, don Pedro Montenegro Mosquera, perdido o apelido Oxea por sucesión feminina, segundo información de Rubia Alejos, 2008: 519- 547. Vasco da Ponte (2008: 100) menciona a un Pedro Oxea de Albán (ou Aldán) ao servizo do conde de Monterrei no enfrontamento pola xurisdición de Trasdeza, talvez un devanceiro de Castro Caldelas que acompañou ao seu señor naquela campaña. Hai constancia de que a finais do século XV un Gómez Oxea, chamado "el Mayor", emparentou por matrimonio cos Araujo de Monterrei, malia que este tronco dos Oxea serviu á Casa de Lemos nos séculos XVI e XVII.; Rubia Alejos, 2008: 536. Cabe lembrar que durante o século XVI as Casas de Monterrei e Lemos viviron un rosario de preitos polos dereitos sucesorios da descendencia dun matrimonio en segundas nupcias que reunía os apelidos Zúñiga de Monterrei e Castro de Lemos; Oliveira, 2006: 147- 170. Finalmente, o condado de Monterrei foi incorporado, pola vía matrimonial, ao de Lemos por "agotamientos biológicos (...) dentro del proceso de concentración de títulos" común á nobreza europea do século XVIII; Baz Vicente, 1990: 287, n. 2.

[91] Fariña Jamardo, 1996: 35- 36.

[92] O priorado de Carboeiro e a súa xurisdición dependen de San Martiño Pinario. O couto de Refoxos, na serra do Candán, pertence ao mosteiro de Aciveiro. Fariña Jamardo, 1990: 233-234. Hai un couto de Rosende, na parroquia de Vilar, que está nas mans da Encomenda de Beade.

[93] O *Vecindario* de 1708 indica 12, o Padrón só concede o título de "don" a 7, e o *Vecindario* de 1717 anota 11. Rodríguez Ferreiro, 1973: 83- 85.

[94] *Ibíd.* Tamén Saavedra comenta o descenso do número de fidalgos durante o século XVIII. Saavedra Fernández, 2007: 205.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

matrimonio eran fundamentais para o ascenso social. Sen dúbida, isto era posíbel nun estamento máis poroso e diverso do que aparentaba[95]. Outra vía pasaba pola "introducción de la hidalguía y pequeña nobleza provinciana en los escalones inferiores de la administración territorial y local", conseguindo ser recoñecidos coma fidalgos pola comunidade campesiña, saciando, así mesmo, "sus apetencias de poder"[96].

A populosa freguesía de Escuadro[97], en Trasdeza, estaba baixo a potestade exclusiva do arcebispo, coma acontecía noutras 19 parroquias desta xurisdición, "quen nomeaba o xuíz ordinario da xurisdicción, un escribán, un depositario xeral de Tributos e Bulas e un mordomo pedáneo en cada unha das freguesías, que era designado polo xuíz ordinario. Tiña tamén un procurador xeral, elixido por tódolos veciños da xurisdicción"[98]. Esta aparente hexemonía arcebispal pode ser matizada coa contribución doutras fontes[99]. No Catastro de Ensenada aparece don Manuel Fernández Espinosa, con tratamento de "don", que na súa relación de ingresos inclúe expresamente un real que percibe dos seus veciños "por señorío"[100]. O señor de Cascaxide gozaba de bens propios e de varios foros nesta parroquia e noutras colindantes, pero descoñecemos a orixe deste señorío en Escuadro. No capítulo dos seus pagos anuais sinala varias obrigas por razón de foro ao arcebispo de Santiago, ao priorado de Carboeiro, ao mosteiro de San Paio de Santiago, tamén ao de Acibeiro, todos dominios directos do estamento eclesiástico. Só consta un foro de directo secular, pertencente ao conde de Maceda, casa nobiliaria, cualificado coma "mediano rentista" na comarca[101]. Ningunha mención a dereitos xurisdicionais que satisfacer. Dalgún

[95] Soria Mesa, 2009: 217- 218.
[96] Rodríguez Ferreiro, 1973: 85.
[97] Con 207 veciños, segundo o Catastro, era a máis populosa da xurisdición, co arredor do 13% do total de 24 parroquias. O Padrón de 1708 indica 502 habitantes, mentres que 1826 tería 1200. Rodríguez Ferreiro, 1973: cadros I, II, XXIV.
[98] A xurisdición de Trasdeza estaba composta por 23 parroquias. Fariña Jamardo, 1996: 23.
[99] Tal e como se apuntou anteriormente, o censo de Floridablanca ou os datos do Catastro Ensenada non poden ser considerados exhaustivos, só informativos. Saavedra Fernández, 1994: 35.
[100] AHPP, Catastro de Ensenada, *Real de Legos*, Escuadro, L- 434, pp. 454- 456. O uso do "don" proliferou dende o reinado de Filipe II até desvirtuarse. Moitos peiteiros en situación prenobiliaria requirían este tratamento. Fayard, 1982: 224.
[101] Rodríguez Ferreiro, 1973: anexo, cadro XX.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeito, os Fernández Espinosa exercían señorío en Escuadro, sen que se poida discernir se provén dunha emanación do dominio territorial ou dunha concesión arcebispal.

De calquera xeito, a contía das rendas por señorío xurisdicional son exiguas no seu conxunto. Apenas acadan o 3% das economías fidalgas, mentres que na nobreza ascenden a un 11%[102]. Cuantitativamente, o señorío titulado goberna miles de vasalos, mais as súas xurisdicións son "dispersas, distantes y discontinuas". Os pequenos coutos e señoríos fidalgos compartidos agochan un pequeno señor "cun puñado de vasalos", mais "son decisivos desde el punto de vista de organización del territorio, pues constituyen circunscripciones definidas, con su correspondiente juez"[103]. É dicir, un pequeno señor xurisdicional ten maior control do territorio e da veciñanza que un gran señor que delega en xuíces, meiriños e mordomos que, talvez, non tiñan a consideración de veciños nesa xurisdición concreta. Isto non implica que os grandes señores ausentes se despreocupasen dos seus estados. Todo o contrario, procuran nomear xuíces, escribáns e procuradores que sexan fieis servidores, da "facción da casa"[104].

Este señorío en Escuadro non podía ser antigo, xa que non hai información de tal dereito nas escrituras dos devanceiros. Ademais, até a primeira metade do XVIII non se pode estimar consolidado o seu dominio fidalgo. Tampouco hai constancia da súa fidalguía nos censos e padróns de inicios do século XVIII. Tanto no Padrón de 1708, coma nos Vecindarios de 1708 e 1717, non hai mención dos de Cascaxide na relación de fidalgos de Trasdeza, onde si aparece o seu parente don Lope de Cortes, da liña dos Fernández de Senra[105]. Non obstante, os "Fernández Espinosa", sen "don", figuran na relación de "grandes rentistas" de toda a xurisdición de Trasdeza, ocupando o oitavo lugar,

[102] Baz Vicente, 1996: 194.
[103] Saavedra Fernández, 1993: 144.
[104] *Ibíd*.: 147.
[105] Está rexistrado o nome de don Andrés Fernández Espinosa, con veciñanza na parroquia de Castro. Sabemos dun Andrés, irmán do cabezaleiro de Cascaxide, Francisco Fernández Espinosa, mais era clérigo. Todo parece indicar que este Andrés debeu ser o sucesor dunha liña colateral. Rodríguez Ferreiro, 1973: anexo, cadro VIII.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

superando incluso os ingresos que percibían tanto o arcebispado coma San Paio[106].

No arquivo familiar de Cascaxide non se atopou máis información deste señorío en Escuadro. Tampouco hai referencias de funcións legas ou administrativas dos seus vinculeiros. Todos eles eran rendeiros, e os segundoxénitos, párrocos. Con estudos superiores, estaban mais ocupados na facenda fidalga que na pública. A súa vía de ascenso social era netamente señorial, mediante a acumulación patrimonial e a "hipergamia"[107], emparentando con liñaxes antigos de escribáns. En consecuencia, comprobamos que os Fernández Espinosa participan desa "aristocratización" da fidalguía no Setecentos. Fenómeno que xa sinalamos con anterioridade nos casos dos López-Ballesteros e os Varela[108].

Até o século XIX, non aparece un Espinosa rexedor, un deputado. No século XVII están nunha posición social prenobiliaria, ambigua, que depende do bo facer de determinadas personalidades para acumular patrimonio e, con este, elevar o apelido. No século XVIII, dedícanse ao xeito fidalgo de vivir, coas súas rendas, no seu pazo. Só albiscamos unha excepción nesta estampa agraria: un patrucio que desempeñou o cargo de recadador de rendas en Trasdeza. Á altura de 1727, don Rafael Fernández Espinosa e Mondragón presenta un «Allanamiento» polas rendas lle adebedan en razón de «frutos» polas recrutas de soldados da xurisdición:

---

[106] *Ibíd.*, cadro XX. Superaban tamén en ingresos ao conde de Altamira, ao de Maceda, e ao seu parente fidalgo don Lope Cortes. A diferenza de este último, os Fernández Espinosa non aparecen co tratamento de "don".

[107] Os Fernández Espinosa foron habilidosos nos seus contratos matrimoniais. Todos os vinculeiros casaron con mulleres de maior estatus social, principalmente de liñaxes antigos de escribáns. Algunhas delas foron sucesoras das súas Casas. Ao respecto, Soria Mesa (2009: 221) ten sinalado que a "hipergamia" foi unha práctica bastante estendida, e que tivo a súa utilidade coma mecanismo de renovación estamental.

[108] Esta "aristocratización" da fidalguía coincide cunha transformación cultural da alta nobreza, afectada por unha maior diversidade estamental, ascenso do mérito, e espazos de sociabilidade nos que coincide con burgueses e burócratas. Yun Casalilla, 2002: 41- 57. Escribiu Mayer (1986: 23) que "mientras que la nobleza era experta en adaptaciones, lo que hacía bien la burguesía era practicar la emulación". Esta tendencia aristocratizante na burguesía tamén se detecta na fidalguía galega. Saavedra Fernández, 2009: 163- 191; 2013: 203- 222.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «me estan deviendo Diversas Partidas de maravedizes Prozedidos de Emprestito, Granos Reditos de Zensos y Suplem de Gastos que como Procuradr Genªl hize de quenta de los Vezºs della (...)»[109]

Neste documento reclama aos veciños da parroquia de Negreiros 131 reais e medio polos gastos da recruta pasada, e á xurisdición de Trasdeza os seus gastos como procurador, isto é, o seu soldo. Engade a estas reclamacións, outras demandas de natureza territorial, mesturando as débedas da xurisdición, con aquelas outras particulares en razón de foro que lle adebedan no seu dominio fidalgo. É dicir, don Rafael fai unha contabilidade conxunta, mesturando aqueles apuntes da administración rexia, coma aqueles outros patrimoniais, de seu. Neste aspecto, a función de don Rafael coma procurador revélase coma unha actividade crediticia, de carácter privado, sen maior implicación na administración do Reino.

Alén do beneficio económico, o cargo de procurador podía representar o primeiro chanzo para ascender na escada das elites locais. Nas vilas, por exemplo, era habitual seguir un *cursus honorum* que pasaba dende o cargo de procurador, aos alcaldes e rexedores[110]. Tal e como apunta Fariña Jamardo, o procurador de Trasdeza era un cargo "elixido por tódolos veciños da xurisdicción" [111], así que don Rafael debeu gozar de certo prestixio social, en parte herdado polo ascendente dos seus tres tíos párrocos en Trasdeza (Marcos, José e Andrés) e dos seus pais, o terratenente Francisco e a súa esposa Jerónima, que proviña das altas liñaxes dos Bermúdez de Castro e dos Mondragón, que emparentaron cos Gil Taboada, naquel tempo familia orientada aos máis altos cargos do clero e do goberno[112]. Os lazos persoais cos Gil Taboada aínda perduraban no século XIX.

[109] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, Testamentos, 2.1.
[110] Saavedra Fernández, 1993: 147- 148. Tomamos a noción de "cursus honorum" de Mª Jesús Baz, que emprega para caracterizar o acceso á política liberal. Baz Vicente, 2002: 77.
[111] Fariña Jamardo, 1996: 23.
[112] Felipe Antonio Gil Taboada e o seu sobriño Cayetano Gil Taboada foron moi poderosos no seu tempo. Felipe foi presidente da Real Chancelería de Valladolid, do Consello de Castela, inquisidor xeral, bispo de Osma, arcebispo de Sevilla. Cayetano fixo carreira eclesiástica baixo a protección do seu tío, acadando postos relevantes en Sevilla, para despois ser

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A función de procurador de don Rafael encaixa no modelo dunha administración rexia indirecta con cargos "patrimonializados" ou "privatizados", que aproveitaba a estrutura señorial para abranguer todo o territorio[113]. Non eran oficiais da Coroa, eran destacados veciños que recibían uns ingresos monetarios por estas xestións na comunidade local. Parece que a cobiza motivaba a moitos destes procuradores que, por outra banda, atesouraban certa solvencia de capital[114]. En consecuencia, a Coroa non ten o monopolio da política fiscal, sendo unha administración alienada, franquiada. Con escasos mecanismos de control, estes arrendadores dispoñen na execución dunha ampla marxe de manobra. Coñecidos eran os seus abusos. A pesar das reformas administrativas da dinastía dos Borbóns, o clientelismo era a tónica dominante na organización político-administrativa do territorio. Alterar este sistema de administración indirecta implicaba atacar a estrutura señorial, por iso as reformas ilustradas atopan numerosos estorbos para "desprivatizar" a Facenda.

Outros Espinosa, como tamén Varela ou López Ballesteros, puideron desempeñar cargos administrativos, como unha tarefa propia do seu estamento, mais non coma unha dedicación profesional. Por desgraza, a exploración de fontes non ampliou información ao respecto. O arquivo dos Espinosa conserva fundamentalmente documentación patrimonial e xenealóxica. No caso do Fondo da Buzaca, da familia Varela, chama a atención a gran cantidade de ordenanzas, reais decretos, instrucións e despachos que reúne a súa sección de "Lexislación"[115]. A materia destas disposicións no século XVIII era principalmente de Facenda (rendas provinciais, arbitrios, aranceis, a "Única", fraude), seguida por Guerra (reemprazos, honores, testamentos militares, vagabundos), e outros documentos sobre as relacións coa Santa Sé (Concordato, autoridade pontificia, Inquisición). Os asuntos relixiosos subliñan a estreita relación de

administrador do Hospital Real de Santiago, bispo en Lugo e arcebispo en Santiago, promovendo a construción da fachada do Obradoiro.

[113] Saavedra Vázquez, 2016: 53- 94.

[114] O espírito cobizoso invadía aos oficiais da Administración, así como tamén aos procuradores e arrendadores das xurisdicións. Isto propiciaba un "sentido patrimonial dos oficios". Tomás y Valiente, 1982: 39, 100- 105.

[115] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Lexislación*, 34.350.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalguía e clero, coma grupos imbricados, especialmente no eido secular. Non obstante, as cuestións de Facenda e Guerra, indican a importancia que tiñan os repartimentos e as recrutas na organización da vida local. Coñecer estas disposicións aumentaba o control dos resortes do poder na escala parroquial/xurisdicional.

As elites locais aseguraban a súa posición coa riqueza que aportaba a terra, co estatus social da pequena nobreza fidalga, e co poder dos señoríos, cargos e coñecemento dos "arcana iure". De aí o punto de encontro no grupo dirixente de escudeiros, rendeiros e "burocracia leguleya"[116]. Á marxe das súas orixes, e pese a preponderancia da vía rendeira de acumulación, non van poder descoidar o poder da coerción e da formación letrada. Os Espinosa, rendeiros de Trasdeza con señorío en Escuadro, educaron a súa descendencia en Santiago de Compostela, prescindindo da esfera militar. O seu ascendente sobre a veciñanza era de carácter patrimonial. Os López- Ballesteros, fidalgos letrados con inclinación ao comercio, aplicarán os seus coñecementos na intendencia da guerra. O seu *habitus* de poder estaba na coordinación de redes e loxística. Os Varela, talvez pola lendaria figura do seu antepasado nas Navas de Tolosa, saíron á guerra a combater, a comandar. Arrogáronse o liderado xurisdicional, lexitimados polo sangue, mais tamén polo cargo de xuíz do vinculeiro, logo da confianza que lle brindara o conde de Grajal, señor de Peñaflor.

Estas tres familias, coas súas semellanzas e diferenzas, van manter unha posición central nas redes de padroádego da provincia de Pontevedra durante a transición ao Liberalimo. As súas respectivas experiencias e disposicións cara a acción, xunto cunha boa porción de azar, trazaron distintos e entrecruzados vieiros de adaptación perante a aceleración histórica do XIX.

[116] Saavedra Fernández, 1993: 148- 149.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.4. A GUERRA DO *FRANCÉS*: UN ABRUPTO ESPERTAR DA POLÍTICA

2.4.1. Os precedentes sociais e políticos do levantamento popular

Nas páxinas precedentes, observouse como a fidalguía transitou o Antigo Réxime concentrando os seus esforzos na consolidación do seu dominio territorial. Aquelas liñaxes de orixe militar ou letrada, que agromaron até mediados do século XVII, trocaron a súa faciana profesional pola de señores da terra. Isto coincide co ascenso dunha segunda fornada fidalga na segunda metade do XVII que, coma os Espinosa, é, en boa medida, de extracción rendeira. Esta segunda xeira coincide cun fenómeno de "señorialización" na Coroa de Castela[1]. Xa no século XVIII, aquel rearme político da nobreza vai recibir o impacto da guerra de Sucesión, da reorganización administrativa borbónica e do discurso do despotismo ilustrado.

Os fidalgos investigados van desempeñar determinados cargos nesta centuria, aínda que con moderada ou ningunha profesionalización. A cultura aristocrática imperante converte estas funcións nun medio para acaparar riqueza e poder, sen que constitúan un fin en si mesmo. As fidelidades no Antigo Réxime están estruturadas en redes de padroádego de curto alcance, de escasa capilaridade[2], desenvolvéndose en esferas autónomas, altamente privatizadas, patrimonializadas. A irrupción da guerra fará saltar todos estes resortes do poder no territorio, amosándonos liderados ocultos na espesura rural. A diferenza doutros episodios históricos, a chamada "guerra do Francés" ten que encher un baleiro de autoridades militares e civís, conseguindo para tal propósito mobilizar estas relacións de padroádego. Había unha idea de interese ou ben común: a defensa do Reino.

[1] Atienza 1991: 155- 204. O chamado "rearme o presión señorial" ao longo do século XVII é unha defensa dos dereitos xurisdicionais e territoriais perante poderes locais emerxentes, que encarnaban novas liñaxes fidalgas e letradas. Neste contexto "sólo tenía una posible vía, (…) rearme jurídico". Rubio Pérez, 2005: 236.

[2] Nesta investigación a capilaridade vén sendo a capacidade do poder, na súa circulación mediante retículas que comunican os distintos nodos, para incidir e afectar ás bases sociais, que son permeábeis. Este atributo está inspirado na *Microfísica do poder* de Foucault.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha nova finalidade ábrese ante os ollos fidalgos: a política de Estado. Un ideal que supera as marxes da xurisdición señorial. Esta motivación de índole política marca unha cesura con aquelas revoltas populares do Setecentos. De carácter socioeconómico, os motíns e revoltas antiseñoriais non eran revolucionarias, non tiñan vocación transformadora, xa que non cuestionaban a orde estamental da sociedade, tan só acontecían por condutas concretas que se percibían coma inxustas[3]. Impago de rendas, escurecemento dos forais, resistencia dos comunais, motíns de consumo, foron algunhas das respostas populares á presión señorial e fiscal.

Partindo dunha posición social de privilexio, dentro da baixa nobreza, e coas disposicións ou *habitus* incorporados pola súa participación nas oligarquías locais, van ter que adoptar unha serie de decisións inmediatas: organizar alarmas e rexementos, comandar accións militares, distribuír utensilios e víveres, coordinarse no marco do Estado e coas tropas estranxeiras. Apreciamos, pois, distintos vectores de continuidade e elementos de fractura neste abrupto espertar da política.

A guerra de Sucesión supón o precedente bélico para a mobilización de 1808. Lembra Baz Vicente o seu impacto, destruíndo «ideas y vasallos»[4]. Por mor desta guerra dinástica, acentúase a penuria económica, co aumento da carga fiscal para descontento xeral da poboación. Ademais, as novas ideas do despotismo ilustrado comezaban a poñer en cuestión a lexitimidade da orde estamental. En consecuencia, a guerra de Sucesión "actuó como una especie de catalizador de la mala opinión que suscitaban los privilegiados"[5]. Isto explicaría a conflitividade social do século XVIII, que volve ser de carácter antiseñorial, como acontecera no XVI[6], tal e como afirmamos anteriormente.

[3] Domínguez Ortiz, 1973: 12.
[4] Baz Vicente, 1996: 169- 170. Con referencia a H. Kamen (1969) que toma a cita de Somoza de Monsoriu.
[5] *Ibíd*.: 171.
[6] Segundo as investigacións de Baz, a conflitividade antiseñorial descendeu notoriamente no século XVII. As tensións nese século tiveron lugar dentro do estamento nobiliario, entre Casas e liñaxes. *Ibíd*.: 80.

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por outra banda, a masa campesiña tivo coma aliado natural ás elites fidalgas na polémica sobre o despoxo dos foros[7]. Esta cooperación entre levadores e intermediarios contra o directo dominio permitiu o recoñecemento do dereito adquirido polo útil, provocando unha situación xurídica anómala no ordenamento liberal. A confluencia de intereses de campesiños e fidalgos lexitima o ascendente fidalgo durante a guerra e quebra do Antigo Réxime, até traducirse na representación política dos notábeis decimonónicos.

En canto á reorganización administrativa dos Borbóns, o seu propósito era replicar o absolutismo francés. Corto de alcance, as medidas emprendidas ampliaron a nómina de oficiais da Coroa, en detrimento da estrutura administrativa señorial. Paradoxalmente, o Estado non conseguía un control eficiente do territorio sen esas redes señoriais de padroádego. En determinadas localidades, a administración rexia podía dar aparencia de dominio, mais no medio rural imperaban outras lexitimidades. Incluso na Coruña, capital administrativa do Reino, a chegada do Intendente provocou receos do Capitán Xeneral e máis dos correxedores. Todos aqueles comisionados pola Coroa entraban en discrepancias coa administración preexistente[8]. Estes conflitos competenciais tamén foron habituais no século XIX[9].

Os liderados tradicionais e algunhas institucións, coma é o caso da Xunta do Reino, foron as autoridades que resistiron durante a ocupación francesa. Malia quedar "depauperadas" coa chegada de Felipe V, as Cortes galegas non deixaran de enviar queixas e propostas á Coroa. A súa "pervivencia, pese a la pérdida de atribuciones, impidió una ruptura radical con el pasado y facilitó la reacción gallega ante la imposición de una nueva dinastía por Napoleón en 1808"[10]. Aínda conservaron a competencia de propoñer oficiais do exército, función que fornecía as tramas clientelares entre oligarquías provinciais e mandos militares.

[7] Baz Vicente, 2002: 59- 84.
[8] Saavedra Vázquez, 2016: 53- 94.
[9] Por exemplo, os comisionados pola Xunta Suprema tiveron unha relación tensa con algúns dos líderes militares da insurrección. Martínez Salazar, 1891.
[10] Artaza, 2016: 52.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A magnitude territorial das elites rurais era fundamentalmente a xurisdición, tendo o fundamento do seu poder na parroquia. Con todo, existían redes cognaticias de ámbito provincial, que podían facer chegar a súa influencia a todo o Reino. Estas mestas liñaxes podían albiscar contextos máis amplos por medio de tramas de parentesco. Na conxuntura da guerra, as Casas emparentadas viron intensificadas e aceleradas as súas comunicacións.

2.4.2. O sobresalto da guerra

A invasión napoleónica foi o acontecemento definitivo que decantou a crise do Antigo Réxime. A pesar dos síntomas dunha lenta descomposición durante o século XVIII, non foi até 1808 cando a sociedade esperta da súa plácida quietude. Esta percepción de cesura tivo un detonante externo, o "gran sobresalto nacional"[11]: a guerra. Se ben a chamada "guerra de Independencia" foi obxecto de idealizacións e mitificacións que puideron fundamentar unha "invención" da nación[12], habería cando menos dous feitos indiscutíbeis que resisten calquera exercicio de relativismo. En primeiro termo, a guerra "había quebrantado irremediablemente la solidez del antiguo régimen"[13], deixando ao descuberto eivas estruturais que non tiñan arranxo co reformismo administrativo. En segundo lugar, a mobilización civil pola defensa do territorio foi extraordinaria[14], poñendo en valor institucións formais, como a Xunta do Reino ou a milicia, ou aquelas outras relacións informais de padroádego.

No caso galego, os fidalgos cumpriron co seu papel reitor na sociedade rural, participando de cheo na resistencia e reconquista. Saíron da vida ociosa dos seus pazos para encabezar alarmas e rexementos. Meritoria foi tamén a actuación de abades e cregos, como o famoso abade do Couto, don Mauricio Troncoso de Lira y

[11] Tuñón de Lara, 2015: 25- 26.
[12] Esta "épica moderna del pueblo español" estaba presente en todas as familias do Liberalismo. Fox, 1997: 39. Tamén en Álvarez Junco, 2001: 119- 129.
[13] Os temas que se trataron en Cádiz constituíron o eixo dos debates políticos durante todo o reinado isabelino. Tuñón de Lara, 2015: 25- 26.
[14] Aínda que talvez ese carácter popular fose outro mito decimonónico, segundo Álvarez Junco, 2001: 142- 143.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Soutomaior (1771- 1817), emparentado cos Varela da Buzaca[15]. Militares, burgueses, funcionarios, labregos. Houbo destacadas figuras en todos os estamentos e grupos sociais. Fidalgos de avoengo, coma don Joaquín Tenreiro Montenegro; abades, como o de Valadares e o de Matamá; militares, coma o tenente Morillo[16], o capitán don Bernardo González, Cachamuíña[17], ou o portugués Almeida; autoridades civís, como don Cayetano Parada Pérez de Limia, alcalde de Fragoso, ou o xuíz e alcalde Vázquez Varela; e o mariñeiro Carolo; por citar algúns dos heroes da reconquista de Vigo.

Outro exemplo máis desta mobilización masiva foi a leva do abade do Couto e Vilar o 15 de febreiro de 1809, que xuntou aos veciños de Albeos, Crecente, As Achas e Arbo, para enfrontarse aos homes do mariscal Soult ao longo do río Deva. Converteu o pazo familiar de Barreiro (Vilar, Crecente) no seu cuartel xeral. Venceron en Crecente e nas Achas, acudiron ao sitio de Tui con "más de ocho mil hombres entre paisanos y soldados dispersos del ejército", aclamado o abade coma "General de los patriotas de Miño"[18]. Seguidamente, participaron na batalla de Ponte Sampaio.

A guerra foi esa hora excepcional na que as campás tocan a rebato e os paisanos, ferramentas na man, saen ao camiño para defender o territorio. Escribía este abade da «alentada Plebe», da «Plebe Cerril de que se compuso el exército del Miño», e de «tantos pobres, pues éstos

[15] O abade do Couto é unha das figuras senlleiras desta guerra. Aparece en todas as monografías sobre a insurrección galega. Baste mencionar as crónicas de García del Barrio ou do conde de Toreno, que enxalzan a súa xesta. Este clérigo era irmán do cuñado de Varela, don Juan Francisco Troncoso de Lira y Soutomaior Barbeito Padrón, señor de Liñares (As Neves) e da pousa de Barreiro (Crecente). Estaba casado con María Josefa Sarmiento Toubes, irmá de Juana Sarmiento e Toubes, ambas fillas da Casa do Pombeiro (Mourentán, Arbo). Don Juan Francisco e dona María Josefa tiveron por fillo e sucesor a don Mauricio Troncoso Sarmiento de Lira. Este último mantiña correspondencia co seu curmán don Lorenzo Varela, deputado e señor da Buzaca, manténdoo informado dos enfrontamentos entre absolutistas e constitucionais na raia portuguesa. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1827- 1855)*, 34.371/1. A xenealoxía dos Troncoso e dos Sarmiento en http://xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/ ; Méndez Cruces, 2000: 305- 324.

[16] Ascendido a coronel durante a liberación de Vigo.

[17] Tamén ascendeu a coronel. Estaba casado con dona Josefa Ballesteros Carasa, curmá de don Luis López- Ballesteros.

[18] Na carta que escribe Troncoso o 28 de agosto de 1809 ao Ministro da Guerra, que incorpora a edición facsímile de Andrés Martínez Salazar, 1891, do texto de García del Barrio de 1811. Manéxase aquí a edición de *La Voz de Galicia*, 1992: n. 5, 164.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

componían el mayor número del exército»[19]. Censura o abade Troncoso a aqueles xuíces, oficiais, e persoas «pudientes e ilustradas», que «faltando á sus deberes», «ocultándose», non apoiaron a insurrección. Non en van, os líderes da "Independencia" foron uns poucos fidalgos e cregos. Un escaso número de «héroes», que foi recoñecido por López- Ballesteros nun informe para o expediente aberto pola Xunta Central sobre a reconquista de Vigo:

> «el riesgo de tan alta empresa, las pocas apariencias de buen suceso, y ninguna esperanza de recompensas, dejaban divisar el corto número de héroes, que, sin tropas, sin dinero, con pocas y malas armas, sin auxilios, sin medio de proporcionarlos osaron pensar primero en la defensa de la provincia de Tuy»[20].

2.4.3. A intendencia de López- Ballesteros.

Algúns dos fidalgos investigados tiveron unha destacada actuación nesta guerra. Un aburguesado don Luis López- Ballesteros recibe puntual información da situación política en Madrid a través das cartas que recibe dos seus parentes os Gil Taboada[21]. Era don Francisco Gil Taboada y Lemos[22], ministro da Xunta Superior Consultiva que nomea Fernando VII antes da súa partida a Baiona (Francia). Cando Murat se autoproclama presidente desta Xunta, Gil Taboada renuncia e promove a creación dunha xunta clandestina para loitar contra a ocupación napoleónica. As reunións previas teñen lugar na casa do seu sobriño, Felipe Gil Taboada, membro desta xunta, polo que foi encarcerado en Madrid[23]. Para algún biógrafo, don Luis foi informado por estes parentes para que exercese de "agente de la Junta patriótica", co cometido de difundir a insurrección, informar das

[19] *Ibíd*., 167.
[20] *Ibíd*.: n. 12, 180- 181.
[21] A avoa de don Luis era dona Juana Mondragón Varela Gil Taboada, filla de don Leonel Mondragón Gil Taboada, sendo neta de dona Beatriz Gil Taboada, da Casa de Barcia. Os Gil Taboada tamén gardaban parentesco e boa relación cos Varela e os Espinosa. Véxase árbore xenealóxica en Anexo Documental.
[22] Nado na Casa de Dés, Soutolongo (Lalín) en 1736, reunía o sangue desta Casa co dos outros Gil Taboada, da Casa de Barcia. Faleceu en 1809.
[23] González López, 1987: 11- 13. Queipo de Llano (conde de Toreno), 1835: 140.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

actividades das xuntas e tentar gañar para esta causa ás autoridades civís e militares galegas[24].

Comunica López- Ballesteros a certos «leales habitantes de este pays»[25], comezando polo alcalde maior de Vilagarcía[26], o contido das cartas recibidas co relato dos sucesos de Madrid. Estas "personas principales del pueblo"[27] convocan para o día 8 de maio unha xuntanza ou asemblea da veciñanza na Praza do Mercado[28]. Estaban presentes os curas párrocos e tamén os seus fregueses.

> «Esta reunión popular (...) produjo un efecto maravilloso aunque esperado. Todos los naturales manifestaron su indignación ofreciendose con sus vidas y haciendas, y en la clase de soldados voluntarios todos los mozos solteros útiles para llevar las armas»[29].

Ao día seguinte, remite López- Ballesteros unha carta ao Capitán Xeneral, ofrecendo os seus servizos e os de 8 «mozos» armados ante o posíbel «menoscabo de la autoridad del joben Monarca y de la dignidad de la nación española». Reproducimos, a continuación, un extracto da mesma:

---

[24] González López, 1987: 13.

[25] Carta de don Luis ao Capitán Xeneral, don Francisco de Biedma. Vilagarcía, 9 de maio de 1808. Reproducida na biografía de Rivas, 1945: 29- 30.

[26] *Ibíd*. O alcalde maior era don Manuel Bernardo Ybero y Benavides, ao que menciona na citada carta.

[27] Entre as que estarían López- Ballesteros e o capitán de navío José Brandariz. Periódico Compostelano, "Relación circunstanciada de lo acaecido en la villa de Villagarcía desde el día 12 de mayo de 1808", 17 de agosto de 1809; http://patrimoniovilagarcia.com/. Nesta crónica indican que o día da reunión e sublevación foi o 12 de maio.

[28] Rivas (1945: 29- 30) reproduce esta carta, datada o día 9, na que reitera que a reunión tivo lugar o día 8, aínda que tamén explica que houbera uns contactos previos co alcalde, Brandariz e outros. Por último, as crónicas locais e celebracións conmemoran o 12 de maio. Ao respecto, consideramos e distinguimos tres momentos, seguindo a interpretación de González López: 1) os contactos iniciais con persoeiros da vila; 2) a convocatoria dunha primeira reunión o día 8; 3) unha nova xuntanza o día 12, na que proclamaron a insurrección, con salva de canóns. González López, 1987: 14- 16.

[29] Da citada carta do 9 de maio. Rivas, 1945: 29- 30.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «segun buenas noticias que tengo de Madrid comunicadas por personas de sentada opinión y conocido amor a los legitimos Monarcas é independencia de la nación. (…) Por mi parte ofrecí todo cuanto pude ofrecer; y aun me parece poco. Estoy en la edad de veinte y cinco años; me hallo con esposa joven y cinco hijos : pero estoy fuera de mi : no deseo sobrevivir á la desgracia de mi patria si el cielo la tiene decretada.= He ofrecido delante del pueblo ser soldado voluntario manteniendome á mi costa sin aspirar jamas á ningun grado, y ademas á equipar y sostener (…) ocho mozos de los que volunariamente se han alistado de dentro y fuera de la yuisdicion entusiasmados como todos los que presenciaron este acto popular ; (…) Sin embargo estoy persuadido á que si se toman iguales disposiciones en todo el reyno y se pone en movimiento el patriotismo natural de los gallegos y aún de todos los españoles, haremos respetar los derechos del Monarca y de la nación.»[30].

Pode observarse nesta carta de don Luis o uso do termo «nación». De feito, conviven «nación» e «patria» no mesmo discurso, mais con significados distintos. A «nación», en minúscula, ten unha entidade política, xa que se substantiva coa «dignidad», «independencia» e os «derechos», formando un binomio soberano co «Monarca». É o pobo, segundo o enfoque liberal. Coroa e nación serían, pois, as fontes de poder na España de 1808 para un fidalgo novo, ben relacionado, que promove a revolta civil contra os franceses. A «patria» ocuparía un espazo nos altares da Historia, como designio divino. Pertence a unha filosofía teolóxica da Historia, de tradición absolutista. Deste xeito, López- Ballesteros está a incorporar nocións políticas novas que contrastan cunha cosmovisión absolutista, aínda vixente, e que impregna outras cartas e informes da época. É probábel que o uso da «nación» proveña dos seus parentes Gil Taboada, aquelas «personas de sentada opinión». Tamén é digno de mención que López-

[30] González López, 1987: 14- 15.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ballesteros definise coma «junta popular»[31] aquela reunión convocada en Vilagarcía. Podemos valorar, xa que logo, o importante papel de difusores de opinión que cumpriron determinados políticos da Corte, mais tamén é salientábel a recepción e identificación destes discursos por parte das elites periféricas[32]. Isto dota dalgún contido político á insurrección.

Tres días máis tarde, responde o afrancesado Capitán Xeneral a López- Ballesteros pedíndolle calma a López- Ballesteros: «debemos estar tranquilos con la feliz suerte que nos preparan nuestro Augusto Monarca, y su fiel Aliado el Emperador de los Franceses»[33]. Ese mesmo día, 12 de maio de 1808, nunha nova reunión da xunta local, declaran a vila en armas, fan salvas de canóns, izan unha bandeira, e reúnen doazóns e recrutas de mozos. Foi a primeira xurisdición do territorio galego en chamar á rebelión. Así relatou Brandariz a participación de López- Ballesteros:

> «Certifico que Don Luis Lopez Ballesteros (...) quedó tan lleno de sentimiento que (...) discurre, trata y obra con migo la congregación de todos los individuos de la yurisdicion y de otros Pueblos inmediatos en la plaza del mercado de esta Villa el dia 12 de Mayo de 1808: alli ha hecho quanto le ha dictado su elocuente persuasiva ayudandome á explorar los animos de estos naturales para tomar las Armas»[34].

Ao mes seguinte, don Luis fai doazón de 8.000 reais á Xunta Suprema e Gobernativa do Reino de Galiza recentemente creada, que

[31] «A V.E. repito con la mayor franqueza lo mismo que ayer dige en la junta popular de esta Villa». Rivas, 1945: 29-30.
[32] Álvarez Junco, 2001: 143.
[33] Rivas, 1945: 30- 31.
[34] «Certificación (…) por la cual se acreditan la energia eminente celo y esfuerzos de D. Luis Lopez Ballesteros», que escribe o capitán Brandariz. Nos documentos aparece coma Brandaris. Rivas, 1945: 35- 37. Estes certificados ou informes de servizos foron documentos habituais na posguerra. Os combatentes procuraban así ver recompensados os seus esforzos con algún cargo na administración fernandina. López- Ballesteros valeuse destas acreditacións para acceder ao Ministerio de Facenda.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o nomea Vocal da Xunta de Subsidios da provincia de Santiago[35]. A partir de entón, a súa implicación política foi total. Era un home novo, de apenas 25 anos, que se fixera cargo do morgado da Golpelleira en 1801, que casara en 1802, contando xa con 5 fillos. Estas responsabilidades non o arredaron do compromiso político. Promoveu «el alzamiento y guerra del pays» e colaborou na súa «defensa». Destacou, sobre todo, en tarefas diplomáticas e loxísticas, xa que quedou da súa man a «comunicacion con los ingleses y suministro de armas y auxilios»[36].

Algún biógrafo cualificao de "agente de enlace de la resistencia gallega con la patrulla naval inglesa"[37]. Nestas lides atopámolo a bordo da fragata inglesa *Lively*, fondeada en Vilaxoán, despois da incursión dos franceses dende Santiago, que saquearan e queimaran Vilagarcía e Carril[38]. Dende este barco, don Luis atendeu as peticións de armamento das diferentes Alarmas (Peñaflor, Trasdeza). Seguidamente, coordinou o apoio naval dos ingleses para a liberación de Vigo, presenciando dende a ría a reconquista da cidade[39]:

> «desde la sublevación de Villagarcía, he tenido la más íntima comunicación con Mr. George Mac-Kinley, Comandante del Crucero inglés de Vigo y de la Fragata Lively, en la que he estado muchas veces y he sido hospedado cerca de un mes; y con todos los Comandantes de los varios buques ingleses de guerra que se han detenido en los puertos del Sur de Galicia. Luego que he sabido de la rendición de Vigo, he pasado á la Fragata del Comandante que, al tiempo de

[35] A Xunta remite unha carta de agradecemento pola doazón. Don Luis ocupará o cargo de vocal da Xunta de Subsidios dende xullo de 1808 até o remate da guerra, residindo a meirande parte da mesma na cidade compostelá. González López, 1987: 19- 20; Rivas, 1945: 35.

[36] *Ibíd*. No encabezamento da certificación de servizos que redacta Brandariz.

[37] González López, 1987: 26- 27.

[38] O día 6 de marzo de 1809. *Suplemento al Sensato*, 1815: 9. A represión dos franceses chegou até as portas da Golpelleira, mais a tropa de asalto foi dispersada por un grupo de voluntarios. Dentro estaba a esposa de López- Ballesteros e os seus 5 fillos, que foron trasladados por don Luis "a un lugar oculto de la costa". A continuación, embarca no *Lively*. Rivas, 1945: 32- 33.

[39] González López, 1987: 27- 29. Para este autor, López- Ballesteros era un axente da Xunta de Lobeira, que embarcou no *Lively* para organizar o apoio inglés na reconquista de Vigo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> mi llegada, estaba comiendo con Mr. J. Coutts Crawford; Capitán de la Fragata Venus, y demás Capitanes de buques ingleses que estaban surtos en la ría. He sido recibido con los mayores honores y demostraciones de gozo»[40].

Pero non todo foron felicitacións e compañeirismo. Entre os oficiais e líderes da guerra houbo tamén odios e animadversións. Falaba López- Ballesteros de *«obscuros partidos, negras envidias, ambición injusta e insaciable, todo, en la quietud del gabinete, lo intentan trastornar quando los riesgos han pasado y las glorias y premios quieren aplicarse personas sin méritos y desconocidas»*[41]. Estes odios cruzados afectaron a García del Barrio, comisionado pola Xunta Suprema Central, e don Joaquín Tenreiro Montenegro (1758-1834), amigo persoal de López- Ballesteros.

Era Tenreiro dunha acrisolada fidalguía de Miño, que séculos atrás foran rexedores en Pontedeume e Betanzos. Seu pai fora un alto funcionario do Estado. No curso da guerra de Independencia, foi recoñecido coma un dos líderes galegos, aínda que este prestixio fose cuestionado por algúns dos oficiais do exército, coma Morillo, Cachamuíña e Colombo. Concedéronlle o condado de Vigo, non sen polémica e denuncias. Mais Tenreiro era un político de alto voo e fondas raíces nas liñaxes galegas. A diferenza do comisionado García del Barrio, gozaba de contactos e influencias en distintas comarcas. Nisto observamos as dificultades de calquera foráneo para introducirse e manexar esas redes que hibridaban parentesco e territorio. O liderado de cregos e fidalgos era consubstancial á sociedade galega do Antigo Réxime.

Cando en 1811 García del Barrio publica os seus *Sucesos Militares*, atacando abertamente a Tenreiro[42], este procura outras

[40] Martínez Salazar (1891), 1992: nota 12, 180- 185. Informe solicitado pola Xunta Superior de Galiza a López- Ballesteros para discernir quen liderou a reconquista viguesa.
[41] *Ibíd.*, 181.
[42] Chega a denominar a Tenreiro coma «el patriota de conveniencia». «La separación de Tenreyro restableció la unión, la obediencia y el orden entre todos y cada uno de los Jefes y caudillos: mis disposiciones han sido obedecidas y ejecutadas con feliz éxito». Outro líder que foi obxecto da animadversión de García del Barrio foi o arcediago do Salnés, don Manuel

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

crónicas que avalen a súa meritoria actuación en Vigo. Con este propósito, escribe en xuño de 1812 don Luis López- Ballesteros para "favorecer al compañero y amigo", quen, por outra banda, era un férreo absolutista[43]. *«Vigo ha sido rendido por D. Joaquín Tenreyro y Montenegro: es un hombre amante de gloria sin igual. Mr. Chalot (...): je suis prisionier de Mr. Tenreyro»*, pon en boca dos oficiais ingleses e franceses[44].

García del Barrio, enalteceu as figuras do abade do Couto, de Morillo e de Bernardo González, entre outras, mais nin unha palabra para López– Ballesteros ou para Varela, aos que forzosamente tivo que coñecer de xeito persoal[45]. Pola súa banda, López- Ballesteros enxalza a Tenreiro como artífice da liberación, aínda que tamén menciona a Morillo, Cachamuíña, Seoane, o portugués Almeida e aos abades de Valadares, de Matamá e do Couto. Omite deliberadamente ao capitán Colombo, ao alcalde de Fragoso, e outros persoeiros coma o franciscano Villagelíu, o arcediano Acuña, o cangués Gago e o capitán Inda[46]. No mes de setembro de 1812, Tenreiro escrebe o seu propio informe de servizos para o Expediente aberto sobre a reconquista de Vigo. Nesas páxinas desminte o protagonismo de García del Barrio, censura ao «ingrato» avogado Seoane e incluso ao comandante Almeida. Semella que esta confrontación polos honores da vitoria implicou principalmente a oficiais militares e comisionados polas Xuntas, sen que afectase substancialmente ao liderado de cregos e fidalgos no medio rural.

Tras a liberación de Vigo, López- Ballesteros regresa ás comarcas de Arousa e Santiago. Entre a cidade e os portos de Carril e Vilagarcía, onde continúa ocupado coa distribución de armas e provisións. Tamén atende as demandas de víveres dos oficiais ingleses. En distintas cartas, estes solicitaban trigo, carne e legumes para soster a frota e os prisioneiros. Eran cartas persoais dirixidas a

Acuña Malvar. Acuña foi un dos tres comisionados pola Xunta Suprema Central, xunto con García del Barrio e Morillo. Martínez Salazar (1891), 1992: 79- 80; nota 1, 141- 146.

[43] Barreiro, 2001(a): 674- 675. Pecha Barreiro esta biografía como segue: "Resulta raro que, dada a súa ideoloxía, non asinase a Representación dos Persas a Fernando VII".

[44] Martínez Salazar (1891), 1992: nota 12, 180- 185.

[45] Pola interlocución co Comandante da frota inglesa na Ría de Vigo, McKinley; e pola estancia dos rexementos de García del Barrio na comarca de Caldas. *Ibíd*.: 84- 85, 90- 92.

[46] *Ibíd*.: 184- 185. No comentario crítico ao informe de López- Ballesteros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

López Ballesteros[47]. O capitán inglés McKinley escríbelle a «mi buen amigo», ou «mi estimado amigo Don Luis»: *«Mi mas sincero deseo es aguardar siempre á Usted y que me crea con igual sinceridad, su fiel amigo»*[48]. Do seu trato coloquial e afectuoso, despréndese a camaradería forxada entre este oficial e o fidalgo de Vilagarcía, tendo tamén eloxiosas palabras para Brandariz. Do seu contido, subliñamos a información que comparte o comandante sobre a situación xeral da guerra, estratexias e provisións[49]. No aspecto moral, pretende espertar optimismo: *«tengan Ustedes confianza y lo unico que tienen que hacer es continuar en la resolucion de ser un Pueblo independiente y leal y Ustedes deben serlo»*. Un «pueblo libre y leal», unha comunidade política de seu, sen tutela algunha, que mantén na xefatura á Coroa. Unha mostra do modelo liberal británico.

Estas actividades de diplomacia e intendencia supuxeron para López- Ballesteros unha escola de administración pública. As súas habilidades foron acrecentadas polos sucesivos cargos que desempeñou até o final da guerra. Foi membro da Xunta Electoral do Reino, canda un dos seus cuñados Pérez Santamarina[50]. En 1810, xefe principal da Alarma de Vilagarcía, e vocal da Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galiza en 1812[51], coa función de Intendente dos exércitos galegos[52]. Neste último cargo

[47] López- Ballesteros mantiña correspondencia epistolar co tesoureiro da fragata Lively, Mr. N. B. Teltton Purser, quen lle solicitaba: «nos falta mucho trigo para hacerles pan. Puede Usted enviarnos algun trigo ó algunos Bueyes: y lo pagaremos todo en dinero contado á su llegada», 1 de abril de 1809. O día 12 escríbelle de novo: «hemos recibido tanto trigo que no juzgo necesario se nos envie mas. Y si algunas Abichuelas». O día 29, dende a ría de Vigo, agradece as fabas recibidas, e lle remite varios exemplares da proclama de Wellesley en Lisboa, para que López- Ballesteros as reparta. Tamén lle avisa da inminente chegada de novas remesas de armamento. Rivas, 1945: 40- 43. Os orixinais eran en lingua inglesa, Rivas reproduce traducións certificadas datadas en 1821.

[48] Rivas, 1945: 37- 40. Correspondencia de McKinley con López- Ballesteros. Este capitán gozou do grao de "Comandante del Apostadero de fuerzas inglesas navales de Vigo", segundo a tradución certificada das súas cartas.

[49] *Ibíd*. Comenta McKinley os sucesos de guerra en Vigo, Portugal, Villafranca del Bierzo, Muros, Corcubión; a provisión e distribución de armamento; e incluso agradece «la porcion de habas que envia».

[50] González López intuíu que este Pérez Santamarina era o sogro de don Luis, mais o sogro falecera en 1808, sendo o seu sucesor don Ramón Pérez Santamarina Flórez, nacido en 1780. Sería, pois, unha relación entre cuñados. Barreiro Fernández, 2001 (b): 1055- 1073.

[51] En vigor dende xaneiro de 1810 a marzo de 1813.

[52] González López, 1987: 37- 38.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

elaborou unha división de partidos do Salnés, considerando as súas necesidades defensivas e de armamento. En 1812 figura coma deputado provincial[53]. En 1813 organiza os partidos de Vilagarcía e Vigo, segundo o número de parroquias e veciños. En decembro deste último ano, foi nomeado procurador síndico de Vilagarcía[54].

En todas estas funcións demostrou este home novo a "súa excepcional condición para a administración e xestión dos asuntos económicos"[55]. Sobresaíu López- Ballesteros polo seu voluntarismo político, mais tamén pola súa habilidade organizativa. Talvez, había unha inclinación a estas tarefas pola memoria familiar do seu pai, provedor de utensilios do exército en México. Tamén puido influír a actividade empresarial do seu sogro, xa que traballara na firma de Pérez Santamarina logo de casar. É dicir, tivo á súa disposición modelos de mentalidade comercial. Lembremos, tamén, a súa proximidade e bo facer cos oficiais ingleses, cos que conviviu durante a contenda. O espírito práctico dos británicos, xunto cun sentido da deferencia, puideron ser boas artes para o ascenso social e político despois da guerra.

2.4.4. A xefatura de Varela

Se don Luis desempeñou funcións de coordinación e loxística, o seu tío e curador, don Benito Varela Verea Mariño de Lovera comandou aos seus veciños. Contaba don Benito arredor de 53 anos, mentres que o seu irmán Jacobo pasaba dos 45, cando aconteceu a ocupación francesa. Malia ser homes maduros, foron decisivos na batalla. A xesta patriótica de don Benito Varela, señor da Buzaca, quedou recollida nun folleto impreso: "Hechos memorables de los habitantes de Peñaflor en Moraña, y los de su Gefe Principal el caballero don Benito Varela, Veréa, Mariño de Lobera, poseédor del pazo de Buzaca, y de los Baños de Cuntis"[56].

[53] *Ibíd.*
[54] Rivas, 1945: 51.
[55] Barreiro, 2001 (a): 353.
[56] *Suplemento al Sensato*, Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 1815. En Archivo do Museo de Pontevedra (AMPO), *Fondo López- Ballesteros*, 295/33, 1- 25; e tamén en ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Publicacións*, 34.355/27.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén o heroísmo do seu irmán Jacobo glosa estas páxinas. Rexeitaron os veciños de Moraña a entrada dos franceses o 12 de febreiro de 1809, tres días antes da insurrección do Miño liderada polo abade do Couto e Vilar, parente seu. Acto seguido, don Jacobo, eirixido nun dos "valientes caudillos", dirixiu aos de Cotobade, Sacos e os do couto de Amil, comandados estes últimos polo seu capelán, don Apolinar López. Obrigaron ao inimigo a repregarse en Pontevedra. Era o 19 de febreiro. Tres días despois, impiden a toma de Baños de Cuntis. Estas xornadas trepidantes e gloriosas leváronos a pretender a liberación de Pontevedra. Alí perdeu a vida o citado don Jacobo Varela. Foi nunha acción na ponte do Burgo de Pontevedra o 28 de febreiro de 1809, seica ferido en dúas ocasións, non querendo retirarse "este pundonoroso caballero"[57].

Tras estes sucesos, reúnense os veciños en Moraña para solicitar a don Benito Varela que os guíe e organice, sendo elixido Xefe das Alarmas dos partidos de Caldas e Peñaflor. En marzo de 1809 formouse unha Xunta Local, da que foi presidente por aclamación das "parroquias de la jurisdiccion de Peñaflor, Coto de Amil y Baños de Cuntis"[58]. Para comezar as súas funcións, convocou aos pedáneos das parroquias, "los cuales se presentaron acompañados de seis hombres cada uno".

A organización deste continxente parte da estrutura político-administrativa preexistente: as parroquias e os seus pedáneos, que en Peñaflor estarían baixo a autoridade do conde de Grajal, e en Cuntis do arcebispo. Mais a práctica habitual era que o xuíz ordinario da xurisdición nomeara, por delegación do señorío, a estes mordomos e alcaldes pedáneos[59]. Sendo don Benito xuíz en Peñaflor, foi probabelmente quen designou aqueles pedáneos, ou ben fora o mesmo señor ao que servía Varela. Así, podemos entender que recorresen e obedecesen ao xuíz e patrón para organizar a defensa da comarca.

[57] Os outros líderes tamén padecerían certos reveses. O capelán don Apolinar Lopez foi feito prisioneiro en Pontevedra. O sarxento don José Porras Guerrero, quedara ferido. Esta incursión na vila de Pontevedra serviu para deixar acuartelada a guarnición francesa en Pontevedra, que só se atrevía a saír ao campo en grandes partidas. *Ibíd*., 4- 6.

[58] Fulgosio, 1867: 79

[59] Tal e como acontecía na Casa de Altamira e noutras moitas. Saavedra Fernández, 1994: 46-48.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Deste xeito, a estrutura administrativa do Antigo Réxime, coas súas redes de padroádego e parentesco[60], revelouse como a fonte da que xurdiu a mobilización civil. Houbo moita máis orde e tradición nesta guerra do Francés do que cabía pensar. A novidade desta guerra estaba no baleiro da Xefatura do Estado, un desamparo que ben podía facer caer todas as institucións do Estado, mais dábase o caso que a estrutura xurisdicional era forte, partindo dende esta base a defensa e liberación en 1809.

Ademais destes aspectos estruturais, os acontecementos tamén poñen en valor determinadas biografías, cando non complexas tramas prosopográficas. Actores que resultaron decisivos, polas súas accións estratéxicas, polo seu carisma, así como pola súa posición e influencia nas redes de padroádego. O ascendente de don Benito Varela resulta indiscutíbel. Foi o xefe ou caudillo da súa comarca. A súa pericia coma dirixente chegou a plasmarse nun "reglamento con 13 artículos en que se estableció el orden que habia de seguirse, que no era sino la nueva ordenanza de los que se disponian a la guerra".[61]

No interior rural, a guerra desenvolvíase en accións de guerrillas, que tiñan ao seu favor a orografía, mais que precisaban de comunicación entre *Alarmas*. Nesta liña traballaron espías e axentes: informando, coordinando. Así, cando as tropas imperiais queimaron Baños de Cuntis, foron atacados, ao seu regreso a Pontevedra por Arcos da Condesa, pola Alarma de Varela. A seguinte acción foi acudir a Padrón para apoiar aos rexementos do exército que alí combatían. Venceron, facendo un bo número de prisioneiros franceses que foron enviados ao *Lively* inglés.[62]

---

[60] Varela tiña parentesco cos cortesáns Gil Taboada, que difundiron a insurrección contra os franceses. Tamén recibía novas dos seus curmáns Verea y Aguiar. González López, 1987: 13; ADPO, Fondo Pazo da Buzaca, *Correspondencia de Benito Ramón Varela Mariño (1804-1810)*, 34.370/1. Así, estaba don Ramón debidamente informado da política e sucesos da Corte. Entre os seus papeis atópase un documento manuscrito que contén a "Relación de los Millones que confeso Dn. Manuel de Godoy": 1.564 millóns de reais que o valido de Carlos IV tería agochados nas paredes de varios palacios, Londres, Xénova e Ferrol, entre outros lugares. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Benito Ramón Varela (1798-1817)*, 34.390/12.

[61] Fulgosio, 1867: 79.

[62] *Ibíd*. Nas terras de Caldas axuntáronse varios rexementos do exército para caer sobre Padrón. García del Barrio atribúese a si mesmo todo o mérito, mencionando a colaboración que recibiu de Morillo, coa súa tropa en Baños, e Colombo, cos seus en Caldas. Nada

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta táctica de guerrillas causaba a burla dos xenerais franceses que cualificaban de cobarde ao xeneral de la Romana, "porque rehuía exponer su pequeño ejército, poco instruído y disciplinado aún, á los azares de una batalla campal, prefiriendo los combates parciales y apoyar á las partidas sueltas que hostigaban y diezmaban sin cesar al enemigo"[63]. O éxito das guerrillas no rural galego foi un exemplo de resistencia para o resto do Estado. Arengaba o marqués de Campo Sagrado: «Ilustres habitantes de Galicia: gloriosos inventores de la táctica que extermina los enemigos»[64].

Algunha crónica desta guerra lamenta que non existise "de antemano (...) un sistema conveniente de fuerza popular (...), que facilitase una necesaria combinación y apoyo recíproco á las operaciones de defensa, como se adoptó después con la institución de los cuerpos de alarma".[65] Mais si que existía un precedente: as milicias civís. Unha institución do Antigo Réxime que, coa reforma borbónica, ficou extinguida, aínda que perduraba no imaxinario coma organización da poboación en armas[66]. Así, López- Ballesteros foi Xefe da milicia en Vilagarcía, antes da denominación de "Alarma". Incluso o célebre don Bernardo González del Valle, "Cachamuíña", tiña o recoñecemento inicial de "capitán de milicias"[67]. Durante o longo século XIX, exaltados, progresistas e demócratas, defenderán o valor político e militar das milicias, fronte a doceañistas, moderados e conservadores, que percibían na masa armada unha potencial ameaza para os seus intereses elitistas.

---

comenta da xunta ou da alarma de Peñaflor e Baños. Tan só alude de esguello que «entretuve al enemigo (…) con guerrillas. (…) yo mismo á la cabeza de dichas guerrillas y de algunos valientes literarios compostelanos (…)». Os Sucesos Militares de García del Barrio son unha crónica das manobras e dos oficiais do exército implicados, quedando os paisanos nun lugar moi secundario. Apenas coñece algún dos xefes locais, coma don Alonso Soto de Soutelo de Montes. Martínez Salazar (1891), 1992: 91- 94.

[63] Martínez Salazar (1891), 1992: 148.

[64] Marqués de Campo Sagrado, Santiago, 9 de marzo de 1813. *Impreso a los habitantes de Galicia*.

[65] Palabras do deputado (1810, 1820) e escritor ferrolán don José Alonso y López, que recupera Martínez Salazar (1891), 1992: 149- 150.

[66] A Xunta do Reino de Galicia negociou a continuidade das milicias durante a guerra de Sucesión. Foron eliminadas, salvo en portos e fronteiras, onde se mantivo unha "estructura defensiva popular". Artaza, 2016: 35. Tal vez estas excepcións poden explicar a sublevación da poboación na raia portuguesa ou nos portos de Vigo e Vilagarcía.

[67] García del Barrio (1891), 1992: 46.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O ámbito de actuación destas partidas era eminentemente local e comarcal, mais foron quen de atravesar distancias medias para sumarse á liberación de Padrón ou á batalla de Ponte Sampaio. Apenas superaron o marco provincial, permanecendo a alarma de don Benito Varela dentro da de Santiago, mentres que don Luis López-Ballesteros estivo entre Santiago e Tui. Nas terras de Tui guerreou o abade do Couto cos seus homes. Neste mapa localista de campaña, tiveron que redobrar esforzos para coordinar as alarmas xurdidas. Precisaban armas e munición, mais tamén información sobre os movementos das avantaxadas tropas napoleónicas e das respostas da veciñanza. Naquelas xornadas incertas despregaron unha trama de contactos pola defensa, palmo a palmo, do territorio. Estes contactos baseábanse nas redes cognaticias interparroquiais orquestradas ao longo do Antigo Réxime[68]. Señorío, parentesco e veciñanza mestúranse nunha trama dinámica de relacións e efectos. A correspondencia epistolar da época reflicte os fortes vencellos persoais que unían a moitos dos líderes da "Independencia"[69].

Nun aspecto construtivo, as boas relacións entre López-Ballesteros, o seu cuñado Ramón Pérez Santamarina e o seu tío e curador don Benito Varela, serven para comunicar as zonas de Vilagarcía, Santiago e Peñaflor- Caldas. Xa en decembro de 1808 circulan documentos das xuntas locais e provinciais que, a través de López- Ballesteros, chegan á Xunta Superior de Galicia[70]. Tras o saqueo e destrución de Vilagarcía e Carril o 6 de marzo de 1809, consegue don Benito Varela munición para a Alarma de Peñaflor do empresario compostelán Pérez Santamarina. Ao mesmo tempo, López- Ballesteros, a bordo do *Lively* de Mr. McKinley, subminístralle armas inglesas ao seu tío. Así mesmo, ordena por escrito que lle proporcionen "cuanto plomo y estaño hubiese en su casa" da Golpelleira. As balas contra os franceses saíron de fundir reixas, cadeas e campás de pazos e igrexas parroquiais. Armas e

[68] Como xa se enunciou con anterioridade no epígrafe 2.2.4. "Análise cualitativa das tres xenealoxías".

[69] Aínda que tamén houbo conflitos, coma a comentada animadversión de Tenreiro e García del Barrio.

[70] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Benito Ramón Varela Mariño (1804-1810)*, 34.370/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

munición que permitiron aos da Alarma de Varela emprender distintas accións: defender os partidos de Caldas, Cuntis e Peñaflor; auxiliar na retirada á partida de Godoy Araujo[71]; e colaborar na liberación de Padrón.

Tras a expulsión dos franceses do territorio galego, disólvense as distintas xuntas locais e mesmo a Xunta Suprema de Galicia. Constituíuse, entón, a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galiza (1810- 1813), de vocación executiva, mais xa non soberana. Regularon o funcionamento das xuntas provinciais e das alarmas. Neste contexto, don Luis ocupa o cargo de vocal na Xunta.

Namentres, o seu tío don Benito Varela segue a liderar a Alarma de Baños e Peñaflor. No mes de xuño de 1810, difunde unha «Proclama que hechó á sus Súbditos» de elevado patriotismo, co obxecto de manter mobilizada á tropa[72]. Acto seguido, convoca un acto solemne de «bendicion de Banderas», sufragadas por doazóns particulares, e que conteñen os símbolos da cruz, da virxe da Concepción e do apóstolo Santiago. A arenga de don Benito susténtase nos tres piares do Antigo Réxime: Dios, Patria, Rey[73]. Por 4 veces reúne esta trindade absolutista nunha mesma oración. Nun destes casos, chega á cuadratura dos fundamentos do poder, cando á beira da relixión, a patria e o soberano Fernando VII, sitúa o propósito de loitar por «gozar tranquilos de nuestros derechos». Se as bases ideolóxicas do Antigo Réxime non foran dabondo para motivar á poboación, don Benito lembra a importancia de conservar os seus dereitos territoriais e sociais intactos. Un discurso perfectamente incardinado nas fontes de lexitimidade do Antigo Réxime, tradición que tería continuidade no bando denominado primeiramente realista, e, despois, aglutinado no carlismo.

[71] Despois de combater na ponte de Barosa, buscaron refuxio na Buzaca, onde atenderon aos feridos.

[72] No texto da "Proclama" alude até en 11 ocasións aos compatriotas, á patria e ao patriotismo. Tamén fai mención da "constancia" dos "valerosos Gallegos" en ambos textos. AMPO, *fondo López- Ballesteros*, 1- 25, "Proclama que hechó á sus Súbditos, el Señor Don Benito Varela y Verea" y "Otra con motivo de la bendicion de Banderas".

[73] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nas proclamas de don Benito Varela non hai lugar para a "nación". Nin unha mención. Contrasta cos escritos do seu sobriño don Luis López- Ballesteros, tanto naquela carta dirixida ao Capitán Xeneral, coma no informe sobre a reconquista de Vigo. Neste último documento alude que a «averiguación está decretada por el Soberano Congreso de la nación». Tamén o absolutista Tenreiro recoñece que presenta o seu informe «á la faz pública, y de toda la Nacion»[74]. Outro exemplo ofréceo o marqués de Campo Sagrado, con motivo da apertura da chamada Deputación Provincial, da que era Presidente polos seus cargos de comandante e xefe superior:

> «Ilustres habitantes de Galicia: gloriosos inventores de la táctica que extermina los enemigos (...) vuestra Diputación Provincial (...) se instala solemnemente en esta hora. Esta Hija primogénita de la heroica Nacion congregada en las Cortes generales, va a dar principio á sus tareas. Su objeto será constantemente la prosperidad de la Provincia: será su estudio para asemejarse en lo posible á su noble é ilustrada Madre. El libro de la Constitucion que ella le ha entregado, es toda su biblioteca»[75].

A Deputación do Reino é a filla das Cortes, unha nai que representa á nación. Unha nai «noble é ilustrada». De estas verbas deducimos que o termo "nación" está a normalizarse coma corpo político da poboación, cos curiosos atributos de nobreza e ilustración, o que vén sendo continuidade social e innovación política e técnica. Entre unha xeración e outra percíbese a transformación nos contidos, dende a cosmovisión absolutista de don Benito Varela, até esa tímida entrada da «independencia» e os «derechos» da nación en boca de don Luis. Serían precisas varias décadas para asentarse no discurso político. Isto é, até a defunción de Fernando VII.

[74] Tenreiro, *Expediente relativo a la reconquista de Vigo, sitio de Tuy,(...)*, en Minerva (USC).
[75] Marqués de Campo Sagrado, Santiago, 9 de marzo de 1813. Impreso: *Ilustres habitantes de Galicia*. *Vid*. "Bibliografía en liña". Este marqués, don Francisco Bernaldo de Quirós y Mariño de Lobera, mantiña unha "sólida amistad" con López- Ballesteros. González López, 1987: 44.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En todo este relato da guerra non hai lugar para dous dos fidalgos investigados. Por unha banda, o fillo de don Benito Varela, Lorenzo, era un neno de 5 anos cando ten lugar a ocupación francesa. Resulta relevante pensar que asistiu a un clima de guerra e liberación na súa infancia, onde o seu pai foi un líder local, mentres que seu tío Jacobo foi mártir. No acto solemne da bendición das bandeiras, estaba presente o pequeno Lorenzo, que contaba entón arredor de 7 anos. Situación similar viviron os fillos de López- Ballesteros, tendo Diego apenas 4 anos.

2.4.5. A Xunta de Trasdeza

Ningunha fonte brindou información das vivencias da guerra de don Benito Espinosa Varela. Apenas roldaba os 16 anos cando contrae matrimonio coa herdeira de Soutolongo a comezos de 1808[76]. Poucas semanas antes, en novembro de 1807, falecera repentinamente o seu pai. Este acudía a Compostela para visitar aos seus fillos colexiais, Benito e Francisco, cando lle sorprendeu unha doenza que motivou o testamento, defunción e soterramento nesa cidade[77]. A nai, dona Josefa Varela, morrera anos atrás, cando os fillos eran menores dos 7 anos[78]. O sucesor, don Benito, abandona os seus estudos para regresar a Cascaxide. Na casa conta coa compaña dun tío solteiro, don Pedro[79],

[76] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Autorización de casamento dos avós e curadores de dona María Benita Salgado y Vaamonde, 31 de xaneiro de 1808.

[77] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Testamento de don José Ignacio Fernández Espinosa, ante Antonio Lodeiro y Varela, 30 de novembro de 1807. Foi soterrado no convento de Santo Domingo. Grazas a esta escritura, sabemos que don José Ignacio tiña 3 irmáns. Dúas son mulleres, María e Rosa, casadas, respectivamente, con don Pedro Gil, da Casa de Lagariza e Palio, en 1789, e con don Andrés Romero, escribano en Noceda, en 1799. O outro irmán chámase Pedro e reside solteiro en Cascaxide. Nada se comenta do primoxénito Benito, que era o herdeiro natural, mais que fora incapacitado por enfermidade mental. Cabe a posibilidade de que estivese morto naquela data, ou que, simplemente, non fora tomado en consideración. Tampouco o pai, don Manuel, aparece citado. Recolle o testamento de don José Ignacio certas "trabacuentas" cos seus cuñados por mor das dotes das irmás. Deixa tres fillos, Benito, Manuel Francisco e Mª de la Encarnación, maiores dos 12 anos.

[78] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Testamento de dona Josefa Varela, ante Pedro Antonio Gómez, 25 de decembro de 1798. Manda ser soterrada en Escuadro. A súa cuñada Rosa vivía daquela en Cascaxide, isto é, aínda non casara con don Andrés Romero, escribán de Noceda. Hai copia deste testamento, no 15 de decembro de 1807.

[79] Don Pedro Fernández Espinosa axudou ao seu sobriño na administración de Cascaxide. Testou en Escuadro, o 22 de febreiro de 1826, sen que consignasen a súa idade. AHPP, *protocolos notariais*, don Ramón Losada, Ca. 3938 (11), p. 20. No arquivo da familia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e dunha irmá, Encarnación, que tempo despois ingresará nun convento[80]. Cabe lembrar que o curador de don Benito era o seu tío homónimo, patrón da Buzaca.

Fontes orais relatan os abusos dos franceses na comarca. En concreto, os descendentes da Casa de Cascaxide coñecen a historia dun home maior da familia que perdeu a vida a mans dos franceses. Agochado nunha carballeira foi delatado polo ladrido do seu can. Puido tratarse do tío Benito, incapacitado mental para a sucesión de Cascaxide, mais estes relatos insisten en que o falecido foi don Manuel Fernández Espinosa, avó de don Benito Espinosa Varela. Este home tería sido moi lonxevo xa que consta coma cabezaleiro de Cascaxide no Catastro de 1752[81]. Aínda vivía en 1800, cando don José Ignacio Fernández Espinosa outorga foro en nome do seu pai[82]. Con todo, non aparece mencionado no testamento deste seu fillo, José Ignacio, en 1807. Tampouco alude ao seu irmán, Benito. Ambos incapacitados legalmente, mediante escritura notarial, para rexer Cascaxide, non se conservou no arquivo familiar documento algún de falecemento nin testamento. O instrumento xurídico foi a cesión en vida ao sucesor por esta incapacidade manifesta. A morte e a tolemia arrodeaban á liñaxe nos albores do século XIX.

Coma contrapunto a tanta desgraza, concertan con celeridade o matrimonio de don Benito Espinosa con dona María Benita Salgado

---

conservouse algún documento patrimonial da súa autoría, coma un libro cobrador de gandos e outras rendas en Escuadro, Moalde e Graba, do ano 1822. Arquivo familia Espinosa, caixa XX, *Varios papeis de don Benito Espinosa*, 20.2.

[80] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Escritura de dote que fixo don Benito Espinosa en favor da súa irmá, dona María Encarnación, para ordenarse monxa no convento das Salesas de Santiago de Compostela. Ela, que conta con 19 anos, renuncia ás lexitimas, mentres que don Benito fai compromiso de pago de 500 reais anuais, en dous prazos, para gastos mentres viva, con cargo ao vínculo e morgado da Casa. A dote ascendeu a 15.500 reais de vellón. Ante Domingo Ventura Sotelo, 24 de decembro de 1814. Dous días antes subscribiran outra escritura coa renuncia das lexítimas, na que informan de que levaba dous anos de novicia, cargando estes gastos do noviciado ás lexítimas, froitos e rendementos. Arquivo familia Espinosa, caixa III, *Xenealoxías*, 3.1.

[81] Hai escrituras de compra e subforo subscritas por don Manuel en 1746.

[82] Arquivo familia Espinosa, caixa XX, *Varios papeis de don Benito Espinosa*, 20.2. Lembremos que Don Manuel era pai de Benito, José Ignacio, Pedro e Rosa. Incapacitados pai e primoxénito, a sucesión pasa a José Ignacio, proxenitor de don Benito Espinosa Varela, que segue a liña en 1807. Se a lenda ten algún fundamento, don Manuel tería sobrevivido ao seu fillo José Ignacio, malia que non se cite no testamento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vaamonde[83], de apenas 13 anos de idade, tamén orfa de pai, e sucesora da *linajuda* Casa de Soutolongo[84]. A nai de dona Benita era dona Juana Vaamonde, que casara en segundas nupcias con don José María Rivas y Taboada, señor de Sestelo (Siador, Trasdeza), onde vivían coa nena María Benita, a unha legua escasa de Cascaxide. O matrimonio de Espinosa e Salgado contou coa aprobación dos avós paternos da rapaza, que exercían de curadores[85]. Con todo, debeu ser concertado pola nai e o padrasto, dada a veciñanza e proximidade das respectivas Casas de Sestelo e Cascaxide.

Don José María Rivas y Taboada foi un home principal da xurisdición. Avogado da Real Audiencia, liderou a Xunta local de Trasdeza durante a guerra de Independencia. No arquivo do pazo de Sestelo (Siador) conserváronse as actas das súas reunións[86]. O punto de partida foi o chamamento do párroco reitor de Abades, don Joaquín Varela Taboada y Sotomayor[87], que reúne a meirande parte dos párrocos e mordomos pedáneos, así como os veciños máis influentes da xurisdición. Era o 3 de marzo de 1809, congregando arredor de 70 asistentes. Ante a fuxida do xuíz da xurisdición[88], deciden nomear

[83] Foi un matrimonio moi unido, segundo queda de manifesto na correspondencia privada, con 11 fillos sobreviventes aos patrucios. Os descendentes na actualidade desta Casa comentan a extraordinaria fecundidade de dona Benita, con máis de 20 fillos enxendrados. A defunción desta muller na década dos corenta sumiu ao seu esposo nunha fonda tristura. Deixou de frecuentar a vida de Compostela e Pontevedra, para refuxiarse en Cascaxide. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1.

[84] Seu pai fora don Rafael Tomás Benito Salgado, da Casa de Soutolongo. A nai, dona Juana Manuela Vaamonde y García, era orixinaria de Brántega, na antiga xurisdición de Camanzo. A partida de casamento está datada en Vedra, o 5 de febreiro de 1795. No mes de outubro do mesmo ano, naceu dona María Benita Manuela. Ao ano seguinte, nacía un irmán, Ramón José Manuel, mais debeu falecer axiña. Residiron en Vedra até o segundo matrimonio da nai. Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.2.

[85] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. A citada licenza do 31 de xaneiro de 1808, outorgada no lugar de Pazo, Soutolongo, por don Joseph Salgado Gundín e dona María González López.

[86] Co gallo do bicentenario da guerra do *Francés*, un descendente desta Casa, Roberto Rivas Martínez, publica na prensa diaria unha crónica dos sucesos en Trasdeza a tenor desta documentación de don José María Rivas y Taboada. *Faro de Vigo*, 06/09/2009.

[87] Da Casa da Lama, en Santa María de Rellas, lugar moi próximo a Cascaxide.

[88] Don Cayetano Antonio Taboada de Ulloa. Nos artigos de Roberto Rivas menciona que este xuíz procedía da Casa da Viña, aínda que a sitúa na parroquia de Abades. Esta Casa está radicada en Manduas, onde tiñan sucesión os Valenzuela. Curiosamente, nunha escritura de 1821 ante o escribán Losada, na que o cabezaleiro don Josef María Valenzuela outorga unha pensión ao seu irmán don Antonio para seguir carreira militar, consta a florida sinatura de don

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xuíz correxedor de Trasdeza ao mencionado don José María Rivas y Taboada. Entre os contados membros da xunta gobernativa local atopamos ao párroco de Graba, Juan López Casariego, e a don Manuel Antonio Cobián, que figuraban ambos como *albaceas* testamentarios de don José Ignacio Fernández Espinosa[89]; Manuel de Ogando y Cortés, herdeiro da Casa da Senra, da que proviñan en orixe os Fernández de Senra[90]; e como secretario desta xunta, o escribán Pedro Gómez, o mesmo que rubrica o testamento de dona Josefa Varela y Verea, nai de don Benito. Diversos parentescos e intereses vertebraban unha trama de padroádego local, que mobiliza os seus recursos na conxuntura da ocupación napoleónica.

Dous irmáns estudantes, Benito e Gregorio Martínez[91] tiveron unha actuación militar destacada. Irmáns, á súa vez, do tesoureiro da xunta local, don Manuel Ramón Martínez Pereiro y Sarmiento, da Casa de Vistalegre (Margaride), foron elixidos capitáns do exército reunido en Trasdeza: 2 compañías de tiradores compostas por 68 homes, incluídos os oficiais. Estes segundoxénitos formaran parte do Batallón Literario, adquirindo experiencia en combate en Durango, Balmaseda e Espinosa de los Monteros. O marqués de la Romana enviáraos para alarmar a súa comarca[92]. Hai que engadir, que na súa liñaxe había tradición de oficiais de cabalería. A batalla de Ponte

---

Cayetano coma testemuño e veciño dos Valenzuela. A.H.P.P., *protocolos notariais*, don Ramón Losada, Ca 3938 (10).

[89] Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Testamento de don José Ignacio Fernández Espinosa, ante Antonio Lodeiro y Varela, 30 de novembro de 1807. Declara 6 albaceas do testamento: o seu cuñado don Benito Varela, da Buzaca; o doutor don Felipe Sobrino y Taboada, de Santiago; don Benito de Barcia y Rivera, párroco de Escuadro; don Juan López Casariego, párroco de Graba; o seu irmán, don Pedro Fernández Espinosa; e don Manuel Antonio Cobián.

[90] Era fillo da sucesora da Casa da Senra, María Antonia de Cortés Varela e Bouchas, e de Manuel Francisco Ogando Ribera, quen fora xuíz na xurisdición de Tabeirós e despois na de Trasdeza. Casaran en Soutelo de Montes en 1772. O seu fillo e sucesor, o citado Manuel Ogando Cortés, foi das personalidades máis activas na defensa de Trasdeza. Participou militarmente na batalla de Ponte Ledesma. Despois contactou co capitán Colombo en Tenorio para aprovisionar de munición aos de Trasdeza. Fonte: http://xenealoxia.org/linaxes/; "Casas fidalgas do concello de Forcarei", I e II.

[91] Incluso o conde de Toreno fai alusión á heroicidade dos de Trasdeza, con especial mención "a los hermanos estudiantes Don Benito y Don Gregorio Martínez". Toreno, 1835: tomo II, 367.

[92] González Murado, 2008: 219- 221.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ledesma constituíu un fito militar, xa que saíron vitoriosos contra o exército imperial[93]. Parece que a estratexia militar foi obra de don Gregorio, que dispuxo cada compañía nunha das marxes do río, creando un fogo cruzado que sorprendeu aos franceses. Repregáronse, despois, pola comarca, chegando a contactar coa columna de don Bernardo González, "Cachamuíña", que andaba por Soutelo de Montes[94].

En paralelo ás accións militares, a xunta gobernativa de Trasdeza amoreaba provisións. Tamén fixo un chamamento para que persoas de confianza se ofrecesen coma espías ao seu servizo. As armas e as municións pedíronse a Carril e Vilagarcía, onde probabelmente estaban a ser distribuídas por don Luis López- Ballesteros, que tamén llas enviara ao seu tío Varela. Estas dúas facianas, a militar e a política, nun contexto local, foron a chave do éxito da insurrección galega contra os franceses.

Volvendo a don Benito Espinosa, dadas as súas filiacións cos patróns locais, así como o emprazamento estratéxico de Cascaxide, debeu ter coñecemento de primeira man dos sucesos que acaeceron. Así e todo, Espinosa non figura nas relacións de oficiais da Independencia. Tampouco consta que participase na defensa de Trasdeza, nin na mencionada batalla de Ponte Ledesma. Dificilmente, puido vivir á marxe destes acontecementos. Basta con pensar na represión francesa na comarca, que se cebou particularmente coa súa parroquia[95]. Varios mortos, espolios e a perda, entre outras, do arquivo parroquial de Escuadro, freguesía matriz do dominio dos Espinosa.

Outros documentos de carácter civil tamén foron destruídos. No arquivo de Cascaxide hai un «atestado de haverse quemado las notas

[93] Entre o 6 e o 9 de marzo de 1809. Unha mostra da memoria da guerra na comarca é a representación dos chamados "Xenerais da Ulla" na celebración do Entroido.

[94] Algunhas fontes locais aseguran que "Cachamuíña" apoiou militarmente aos de Trasdeza despois da vitoria en Ponte Ledesma. García del Barrio, nos seus Sucesos Militares, tería ordeado a González "observar el enemigo sobre Soutelo de Montes y Puente Ledesma, habiendo sostenido algunos choques de poca consideración". García del Barrio (1811, 1891), 1992: 49.

[95] A cruenta represión en Terra de Montes e Trasdeza aconteceu entre marzo e maio de 1809. Nunha primeira incursión deixaron 7 mortos en Trasdeza: 2 en Breixa, 2 en Escuadro, 1 en Fiestras, e 2 en Cira. Nunha segunda ocasión, 22 mortos nas parroquias trasdezás de Cervaña, Cortegada, Laro, Moalde e Rellas. Osuna Rey, 2006: 190- 196, 272- 286.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de los escribanos (...)»[96]. Datado en 1810, a solicitude de don Benito Fernández Espinosa y Varela, recolle a queima de numerosas casas en Escuadro o 1º de maio de 1809. Entre elas, a do cura da parroquia, e a do escribán don Pedro Antonio Gómez, o mesmo que exercía de secretario da xunta gobernativa local. O xuíz ordinario da xurisdición de Trasdeza que realiza este atestado en 1810 é don José María de Rivas y Taboada. O interese de Espinosa estaba no arquivo de don Pedro Antonio Gómez, xa que conservaba varios instrumentos dos irmáns Tomás e Andrés López de Peñalta, ambos escribáns e veciños da parroquia de Manduas a comezos do século XVIII[97].

Se Espinosa en 1810 procura unha xustificación pola perda destas escrituras, podemos preguntarnos ónde estaba e qué facía uns meses atrás, na primavera de 1809. Podía estar en Santiago de Compostela, baixo a protección do catedrático don Felipe Sobrino y Taboada, quen fora testamenteiro do seu pai, e que naquel momento era comisario de policía nesta cidade[98]. Talvez permaneceu en Trasdeza, aínda que sen significarse. O marido da súa sogra puido arredar a un novo don Benito Espinosa da loita armada polo temor de ver á súa fillastra viúva e sen sucesión.

2.4.6. Condicións sociais, redes e localismo durante a guerra. Un retrato de familia

Obsérvase que na mobilización contra o *Francés* houbo distintos perfís de actuación. Por unha banda, figuras coma don Benito Varela ou don José María Rivas, notorios fidalgos de idade madura, desempeñaron unha función omnímoda de xefatura local: comandaron aos seus veciños, presidiron as xuntas locais das súas comarcas, gozaron de potestade xurisdicional. Estes líderes desenvolveron unha actividade política de mando, organización e toma de decisións, sen entrar na loita corpo a corpo. Non quedou constancia de que

[96] Arquivo familia Espinosa, caixa XIX, *Patrimonio de Cascaxide (II)*, Escrituras do Ldo. Marcos Fernández Espinosa en Breixa, 19.1.

[97] *Ibíd*. Espinosa precisaba destes documentos para acreditar as adquisicións do Ldo. Marcos Fernández Espinosa, reitor de Abades, que mercara innumerábeis bens raíces ante estes irmáns escribáns.

[98] Xulgado por afrancesado ao desempeñar cargos durante a ocupación napoleónica. Posteriormente, foi procesado pola Inquisición en varias ocasións polas súas ideas liberais. Natural de Fiestras, estaba emparentado cos Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

combatesen persoalmente sobre o terreo. As operacións das guerrillas e alarmas foron capitaneadas, maiormente, por militares, segundoxénitos e algún clérigo botado ás armas. Algún fidalgo, coma Bernardo González, "Cachamuíña", chegou a facer carreira militar neste contexto. Tamén párrocos afoutados coma o do Couto, ou o de Valadares, mais eles non poñían en perigo a sucesión das súas Casas.

No caso de López- Ballesteros, fidalgo novo e sucesor da súa Casa, estivo na retagarda. Non hai información de que estivese na primeira liña de fogo. A lóxica fidalga obrigaba a coidar da sucesión, sendo incoherente que os cabezaleiros asumisen riscos innecesarios. Pensemos en don Jacobo Varela, caído en combate en Pontevedra. Coma segundoxénito, non tiña as ataduras do morgado, de tal xeito que o seu servizo de armas non comprometía a continuidade da Casa.

Por outra banda, a transcendencia do ámbito local nesta guerra fundaméntase en varios aspectos xa sinalados: a idoneidade das guerrillas na orografía galega; unha estrutura político- administrativa esfarelada en coutos e xurisdicións; a aparición das xuntas gobernativas, formadas por veciños de determinados grupos sociais (letrados, cregos e fidalgos), para rexer cadanseu territorio coas súas xentes.

Ese "carácter localista" do espazo político remite as lexitimidades tradicionais do Antigo Réxime: "lealtades dinásticas y señoriales, identificación religiosa, criterios de vecindad jurídica, ..."[99]. Pódese falar, xa que logo, dunha sociedade estamental, católica e señorial, marcadamente corporativa e localista, erguida sobre os cimentos morais do honor, a fidelidade e a desigualdade social[100]. A identidade e pertenza no Antigo Réxime non se constrúe, senón que vén dada polo nacemento, atendendo a unhas categorías xurídicas establecidas, como eran a liñaxe e a veciñanza. Sen menosprezo algún destas

[99] Núñez Seixas, 2018: 11, 25. Ese "carácter localista" supuxo unha "dificultad de hacer combatir a las tropas patriotas más allá de su comarca o región de origen". Cabe distinguir entre as alarmas e xuntas locais e aqueles outros rexementos militares que foron congregando combatentes das distintas comarcas. Os grupos guerrilleiros locais, malia que adoptasen graduacións e denominacións propias do exército, non deixaron de ser unha organización civil espontánea para a loita armada. A meirande parte dos seus integrantes non tiñan pretensión de ir máis aló da súa comarca, daquelas terras que traballaban.

[100] O ethos do honor, a confianza e a desigualdade social tamén opera en calquera outra organización clientelar. González Alcantud, 1997; Máiz,, 1996, 1997.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

categorías, non se pode prescindir da "importancia de factores de sociabilidad"[101].

O fidalgo, coma o veciño, ten un estatus xurídico determinado por condicións obxectivas, mais tamén por criterios sociais de integración. Isto é, ser recoñecido coma tal. De feito, a casuística xurídica do Antigo Réxime e a ausencia de padróns provocaba que a condición fidalga dependese "de la opinión de la comunidad: la notoriedad, o «pública voz y fama», [que] constituía en ocasiones el único acto positivo de nobleza"[102]. Por conseguinte, as nocións de "fidalguía" ou de "liñaxe" deberían incluír na súa definición e alcance o abano de relacións sociais que confiren distinción a unha Casa. Sería reducionista asumir estas categorías sen considerar a dinámica dos seus grupos e corporacións. E o ámbito desas relacións sociais era eminentemente local.

A tenor dos casos investigados, a singularidade destas redes de padroádego no Antigo Réxime galego está no parentesco e na unidade territorial da parroquia. Existía unha identificación plena entre señor e dominio, entre Casa e parroquia. Normalmente, complementada con prerrogativas de *curatos* e capelas. A esta identificación, engádeselle o recoñecemento social, tanto dos seus iguais, coma dos seus veciños. En canto o poder de cada Casa, vai depender da posición que ocupe dentro das elites locais e comarcais. A centralidade nesas redes e a frecuencia e intensidade das relacións poden indicar aqueles fidalgos máis poderosos, sendo o parentesco un aspecto nodal, que reproduce e amplifica as relacións sobre a base da confianza mutua. En consecuencia, na conxuntura extraordinaria da ocupación francesa a comunicación e colaboración entre bisbarras obedece, en boa medida,

[101] Herzog presenta nun formidábel artigo unha diatriba teórico- metodolóxica habitual na historiografía tradicional: a aparente oposición entre o enfoque das categorías socio-legais e o enfoque de redes sociais. A pregunta é: de ónde provén a identidade no Antigo Réxime, da orde xurídico- social ou das relacións sociais? A saída que propón Herzog é conservar as categorías, mais descubrindo no seu interior eses "factores de sociabilidad". Só así pode comprender a "vecindad" coma unha condición xurídica (residencia dende anos atrás, casa poboada e bens raíces), mais que tamén depende da integración na comunidade e da reputación social. Deste xeito, podía preitearse a fidalguía ou a veciñanza presentando testemuños que avalaban a condición dun particular. Herzog, 2000: 123- 131.

[102] Saavedra Fernández, 2009: 167- 168.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ás filiacións entre membros de distintos grupos locais que se atopan na tesitura de traballar en común.

A investigación empírica deixa este retrato de familia. O famoso abade do Couto e Vilar, don Mauricio Troncoso, era cuñado dunha cuñada de don Benito Varela. É dicir, ambos eran tíos de don Mauricio Troncoso Sarmiento, sucesor da Casa de Barreiro (Crecente), cuartel de operacións do seu tío, o abade, durante a guerra[103]. Á súa vez, don Benito Varela era tío carnal de don Luis López- Ballesteros e de don Benito Espinosa. Mesmo exercera de curador na orfandade de ambos. O fidalgo da Golpelleira era xenro do empresario afincado en Compostela Pérez- Santamarina.

Durante a guerra, finado xa seu sogro, estará López- Ballesteros xunto co seu cuñado, Pérez- Santamarina, na xunta compostelá e na xunta superior, encargándose ambos da distribución de subministros. Até Trasdeza chegaron as armas e balas que mandaba López- Ballesteros, curmán de Espinosa. Este último, vinculeiro de Cascaxide, era un fidalgo novo, recentemente casado, que tiña relación persoal con 5 dos membros da xunta gobernativa local[104]. O novo marido da sogra de Espinosa foi elixido xuíz e xefe da xurisdición. Por aquela Trasdeza queimada pola represión, tamén pasou don Bernardo González, "Cachamuíña", casado cunha curmá de López- Ballesteros[105].

O retrato precedente salienta a importancia dos vencellos de sangue, da liñaxe, en tramas de relacións cognaticias de ámbito interparroquial. Deste xeito, corroboramos no eido do poder a noción exposta no epígrafe referido á Casa e á liñaxe, ao estatus: a dinámica de redes cognaticias interparroquiais. É un fenómeno consubstancial ao movemento, á acción. Articúlanse coma unha retícula con varios puntos nodais, que operan coma distintos centros coas súas ramificacións. Caracterízase polas relacións cognaticias xa que os seus

[103] Hai constancia de correspondencia posterior entre don Mauricio Troncoso Sarmiento e o seu curmán don Lorenzo Varela Sarmiento. En concreto, infórmalle en 1827 das guerrillas absolutistas que axitaban a raia portuguesa. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1827- 1855)*, 34.371/1.

[104] Cómpre lembrar que nesa xunta estaban: dous testamenteiros do pai, o escribán do testamento materno, un parente (Fernández de Senra), e o segundo marido da súa sogra.

[105] Parentesco pola liña dos Ballesteros del Mazo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

membros identifican e recoñecen os vencellos familiares que os ligan, incluíndo o tronco da liñaxe e as liñas colaterais de segundoxénitos e mulleres.

De tal xeito, a función social dun *segundón* ou dunha filla está integrada na reprodución social da Casa, ao aumentar os seus contactos e ocupacións: lazos persoais con liñaxes de avoengo, e carreiras eclesiásticas, legas ou militares. Isto redunda na influencia do cabezaleiro da Casa en varios grupos corporativos ou territoriais. A base do seu poder é a Casa e solar, que está plenamente identificada coa parroquia na que se empraza. A súa adscrición ás elites comarcais vén condicionada polo consabido parentesco, así como polas relacións de veciñanza. A proximidade entre pazos e pousas tamén favorece unha maior confianza, que pode derivar en alianzas, aínda que tamén en rivalidades.

O mapa sociopolítico das antigas provincias confórmase, pois, pola agregación de grupos e redes con diversas lealdades e liderados entretecidos. Unha amalgama de poderes parroquiais definida polas lindes patrimoniais e as filiacións sociais. Porque malia que unha rede social non é unha comunidade política formal[106], é o tecido elástico, latente e dinámico que habita dentro das estruturas xurídico- políticas do Antigo Réxime.

Nun episodio excepcional, como é a guerra, saen á luz estas redes sociais para constituír novos órganos políticos de poder intensivo: as xuntas. Non é van, o *xuntismo* é reivindicado polo progresismo político decimonónico coma fonte de lexitimidade e da acción política. Dende unha perspectiva social, detéctase a continuidade dos grupos reitores da sociedade, nomeadamente, fidalgos e cregos, que van comandar de xeito natural a insurrección contra o *Francés*. A lexitimidade da autoridade tradicional aínda persiste en 1808. Por outra banda, dende as perspectivas da política e do territorio, a

[106] Para Herzog, as redes sociais "operan en muchos niveles y que no se limitan, necesariamente, a unos espacios políticos o geográficos determinados". Herzog, 2000: 131. Ademais, unha comunidade política é unha entidade cunha estrutura formal, con procedementos regrados e conciencia de si mesma, mentres que as redes sociopolíticas atinxen ás prácticas informais que atravesan as organizacións. É dicir, son amorfas, continxentes, difusas e sutís. Descrición en consonancia coa epistemoloxía de Mann: "las sociedades están constituidas por múltiples redes socioespaciales de poder que se superponen y se intersectan". Michael Mann, 1991: 14.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

transformación é fonda e transcendente, xa que a irrupción da guerra foi unha aprendizaxe autodidacta da política, de abaixo a arriba, dende as parroquias e xurisdicións até a Coroa.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3ª PARTE:

OS NOTÁBEIS

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.1. LIBERAIS E ABSOLUTISTAS NA CREBA DO ANTIGO RÉXIME

3.1.1. A crise estrutural do Antigo Réxime

O regreso de Fernando VII despois da guerra significou un retorno ao pasado, mais atravesado por un clima político de axitación e incertezas. Un ritmo trepidante contrario ao inmobilismo do Antigo Réxime. Reiteradamente, os fundamentos daquel sistema eran postos en cuestión. A situación económica, ao "borde del colapso" polos desastres da guerra[1], perda das colonias americanas, epidemias, fame, prezos baixos, maior presión fiscal e aumento da débeda, empeoraba a percepción xeral. Para Artola, "la conciencia de la crisis del Antiguo Régimen" era "un sentimiento generalizado", aínda que pasarán anos até converxer na vía revolucionaria[2].

As elites sociais e políticas do Estado confiaban nun reformismo que dificilmente podía rehabilitar un sistema obsoleto. Para Fontana a restauración do absolutismo era "inviable"[3], algo "insensato"[4]. Con todo, os políticos fernandinos perseveraron neste propósito, sen éxito. Para acrecentar aínda máis a ruína do Estado, as reformas pecaron de superficiais, insubstanciais. Non tiveron calado estrutural. O goberno, cun continuo trasfego de ministros, era feble fronte as oligarquías tradicionais, tanto estamentais coma territoriais. Ademais, o exército ficara depauperado, especialmente a Armada, sen posibilidade de pacificar as insurrecións nas colonias americanas. A imaxe, tanto no exterior coma interior, era de crise, de lenta agonía da orde antiga da sociedade. Incluso nos costumes e nas modas de vestir o cambio amosábase irreversíbel[5].

Aquela «independencia» e «dereitos» da nación que comentara don Luis López- Ballesteros naquela carta de 1808 non podían ser

[1] Ás perdas en vidas humanas, hai que engadir gando e cabalería, as requisas de subministros e os campos sen labrar. Fontana, 2007: 79- 80.
[2] Artola, 1974: 7.
[3] Fontana (1979), 1992: 22- 30.
[4] Fontana, 2007: 79.
[5] Fontana, 2007: 83- 84.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

borrados de «en medio del tiempo»[6]. Moitos outros protagonistas da guerra enxalzaban a entidade da nación[7]. Mesmo naqueles leais absolutistas, a experiencia constitucionalista de deixara unha fonda pegada. Moitos dos decretos gaditanos eran ambiciosos, dunha gran transcendencia, como a abolición do señorío xurisdicional, dos gremios e da Inquisición, así coma a desvinculación patrimonial e a desamortización eclesiástica[8]. Estas medidas formaban parte dun sistema político *ex-novo*, consagrado no texto constitucional: monarquía constitucional, soberanía nacional, división de poderes, congreso unicameral, sufraxio universal masculino indirecto, milicia nacional, liberdades civís,...[9].

Mais no seu conxunto esta lexislación tiña máis valor simbólico que real. Para comezar, non puido ser aplicada polo contexto bélico. O seu goberno estaba illado en Cádiz, enfrascado en debates propios da filosofía política, mentres que eran as xuntas provinciais e locais as que tomaban decisións e recadaban fondos. É dicir, estas xuntas gozaban de ampla autonomía para rexer os seus respectivos territorios. Isto queda patente no eido tributario, xa que os esforzos contributivos da guerra recaeron nestas xuntas, nos seus repartimentos e na doazón de particulares, "sujetos pudientes" obrigados moralmente, sen que houbese unha administración centralizada. Por último, este programa de reformas de 1812 "en parte se demostraría después que era impracticable"[10].

---

[6] En alusión ao decreto de 4 de maio de 1814 de Fernando VII que, tras o *Manifesto dos Persas* do sector absolutista, declaraba «nulos y de ningún valor ni efecto» os decretos gaditanos, «como si no hubiesen pasado jamás tales actos, y se quitasen de en medio del tiempo». Fontana, 2007: 77. Unha das obras de Fontana (2006) leva o título *De en medio del tiempo*, adicado á segunda restauración fernandina.

[7] Lémbrese que don Benito Varela non usou o termo "nación" nas súas proclamas. Porén, outras figuras, para nada sospeitosas de Liberalismo, tiñan asimilado este concepto. O abade do Couto comentaba en alusión ás partidas de ladróns e desertores en agosto de 1809: «¡Y que esta raza de Bandidos se permita siendo tan contrarios al bien de la nación!». En Martínez Salazar, 1992[1891]: 168. Tamén o fidalgo Tenreiro, no seu *Expediente relativo á la Reconquista de Vigo y sitio de Tuy (...)*, alude de continuo á nación, narrando os feitos «en beneficio y honor de la nacion». Tenreiro, 1812: 3, en Minerva (USC).

[8] A abolición dos señoríos, decretada o 6 de agosto de 1811, foi unha das primeiras disposicións aprobadas polas Cortes de Cádiz, anulando así a potestade emanada daqueles dereitos xurisdicionais, así coma as prestacións económicas e servizos. Fontana, 2007: 61.

[9] *Ibíd*.: 57- 71.

[10] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Boa mostra da súa forza no imaxinario é que as distintas familias do liberalismo decimonónico español "seguirían venerando" á "Pepa" durante décadas[11]. Con todo, a Constitución de 1812 supuxo un avance liberal na formulación política da nación. Unha pancada de xigante cara a mentalidade decimonónica, malia que non predicase o individualismo. De feito, atenderon "máis aos dereitos da nación que aos dos «nacionais»[12]. Esta construción normativa da nación era de vital importancia, xa que lexitimaba ao pobo ante o baleiro de poder. Fronte a soberanía tradicional que enunciara Jean Bodin[13], as Cortes de Cádiz presentaron unha nova lectura da patria e da soberanía, facultando aos pobos para reunirse e darse a si mesmos un ordenamento xurídico- político. En consecuencia, o poder lexislativo era competencia exclusiva das Cortes. Esta soberanía nacional foi o referente que se enarborou nas sucesivas conspiracións e pronunciamentos de Espoz y Mina (1814), Porlier (1815), Richard (1816), Lacy (1817), Vidal (1819) e Riego (1820).

O panorama da primeira restauración de Fernando VII destaca pola inseguridade. O baile de funcionarios e ministros, persecución e exilio de liberais, ruído de sables, unido ao descontento social, eran o caldo de cultivo para unha revolución triunfante. A «senda constitucional» do Trienio foi un tramo máis na travesía liberal española[14]. Unha experiencia de pouco máis de tres anos que ensaiou un modelo de organización provincial que serviría de precedente para o deseño dunha nova planta territorial unha década despois, factura dun novísimo ministerio de Fomento encabezado por Javier de Burgos. A creación desa carteira fora unha proposta de López-Ballesteros, que non se materializou até a rexencia de María Cristina.

A segunda restauración de Fernando VII resistiu incomprensiblemente malia o avanzado estado de descomposición. A situación económica era tan delicada que "todas la fuentes de capital

[11] Santirso, 2014: 114- 115. Apunta este historiador o paradoxo dos republicanos que reverenciaban unha constitución monárquica.
[12] Veiga Alonso, 2008: 144.
[13] Jean Bodin foi un letrado e pensador francés do século XVI, precursor da filosofía política absolutista. A soberanía era un poder absoluto e perpetuo que residía na Coroa, na maxestade. Beramendi, 2005: 23- 24. Pardos, 1995: 209- 253.
[14] Parafraseando a declaración de Fernando VII ante o trunfo do pronunciamento de Riego: «Marchemos, francamente, y yo el primero, por la senda constitucional».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

se habían disipado"[15]. O recurso a empréstitos estranxeiros, aumento da débeda, desvalorización dos "vales reais"[16], e a bancarrota foron coidados paliativos perante a agonía do Antigo Réxime. A vía política do "despotismo ministerial" ocupará o poder durante esta etapa, resistindo as críticas dos liberais no exilio, por unha banda, e dos ultraconservadores, pola outra[17]. Estes últimos gozaron de certas cotas de poder no Consello de Estado, sendo un dos seus máximos expoñentes o ministro Calomarde. Os ultras censuraban o "despotismo ilustrado" polos procesos de centralización e burocratización.

O contexto europeo tamén se presentaba ateigado de contradicións e falsas aparencias que ocultaban a decadencia do absolutismo. Fontana sinala as "fantasmagóricas ilusiones" que anubraban a percepción política dos líderes europeos. A Restauración borbónica en Francia tiña unhas bases febles, caendo na Revolución de Xullo. Os postulados reaccionarios terían continuidade nos chamados "lexitimistas". O anquilosado imperio ruso daba mostras de desintegración, que nin sequera medidas tardías, coma a abolición da servidume en 1861, puideron paliar. Metternich, pola súas latitudes, non podía imaxinar a súa caída, e a súa Europa de Ferro, naquela Primavera dos Pobos de 1848. Namentres, os británicos, inmersos na revolución industrial e na expansión comercial colonialista, descoidaban a política europea, subscribindo aquel *"Laissez faire et laissez passer, le monde va de lui même"*[18]. Engade Fontana ao respecto:

> "Es necesario que conozcamos estas cosas si queremos entender la política europea de estos años, porque sus dirigentes actuaron, no de acuerdo con el tipo de previsiones racionales que nosotros tendemos a atribuirles, sino movidos por temores irracionales, por ilusiones carentes de fundamento y por expectativas erróneas: por fantasmas mucho más que por razones."[19]

[15] Marichal, 1980: 69.
[16] Bonos de débeda pública que supuxeron un investimento ruinoso.
[17] Súarez Verdeguer, 1988: 30- 32.
[18] Célebre frase atribuída ao fisiócrata do século XVIII Vincent de Gournay. Este principio inspirou a "man invisíbel" de Adam Smith.
[19] Fontana, 2006: 35- 36.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre pronunciamentos, intrigas palacianas, censura inquisitorial, exilios, e un feixe de pantasmas e ilusións, o século XIX anuncia un decorrer temporal accidentado e apaixonado.

3.1.2. O antagonismo político. A asunción dunha posición política

A longamente chamada *Ominosa Década* transcorreu coa ameaza constante de colapso do réxime, até que a sucesión da Coroa derivou no conflito armado de dous bandos excluíntes. Artola caracterizou toda a etapa que media entre 1814 e 1840 de "antagonismo", xa que o tema central era a loita entre absolutistas e liberais, sen existir unha solución intermedia entre os seus respectivos modelos políticos[20]. Eran posicións políticas incompatíbeis. Non se divisaba un punto a medio camiño entre a reacción e a revolución. De aí a "alternancia de situaciones liberales y absolutistas", co conseguinte exilio dos vencidos. Fenómeno que non é alleo aos ciclos revolucionarios occidentais. A guerra de 1808 seguiría a estela dos casos americano e francés. O absolutismo fernandino estaría integrado no proxecto da Restauración. Namentres, o Trienio e as Rexencias participarían dunha segunda xeira revolucionaria contra os postulados lexitimistas do absolutismo[21].

Tal e como se enunciou con anterioridade, este abrupto espertar da política impregna todo o primeiro terzo do século XIX[22]. En primeiro termo, é o poder o que está en cuestión, quedando nun segundo plano a riqueza e o estatus. Son determinantes as condicións económicas e sociais para propiciar unha ruptura histórica, mais a chave ou faísca que incendia a época está no réxime político. No cambio das regras de xogo, na reorganización da administración, na lexitimidade da autoridade. É dicir, a política está sobredimensionada. No Antigo Réxime, a actividade política estaba altamente patrimonializada, dirimíase entre dinastías e títulos, sendo estas loitas

[20] Artola, 1974: 8.
[21] *Ibíd*.: 9. Tamén se ten distinguido o ciclo revolucionario de 1820 do que principia en xullo de 1830, que no caso español comezaría en setembro de 1832, cos *Sucesos da Granxa*. Santirso, 2014: 183- 186.
[22] Segundo o exposto no capítulo "2.4. A guerra do *Francés*".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

persoais polo poder un factor de inestabilidade nun sistema inmobilista. Deste xeito, a política estaba supeditada ao rango social e os intereses económicos, provocando un clima de "inmoralidad". Incluso na primeira restauración fernandina advírtese esa corrupción e desorde:

> «Escuchaba detalles de augustos galanteos de comediantes y damas de Corte; de intrigas palaciegas; de Ministros corruptores; de favoritos corrompidos; de venalidad de los empleos y mercedes; de soborno de funcionarios; de hipócritas y serviles aduladores subalternos; de la inmoralidad, en fin, y el desbarajuste de la máquina social"[23]

Se a causa liberal abrolla coma un movemento intersticial, en termos de Michael Mann[24], no contexto da guerra pola oportunidade de mobilizar, organizar e discutir tropas, recursos, e ideas, outro tanto acontecerá no bando absolutista. Para os defensores da vella orde, a guerra foi unha experiencia que renovou o sentido da monarquía absoluta, da relixión católica e dos privilexios socioeconómicos. Institucións coma o señorío, o morgado, ou a Inquisición, van ser defendidas *a ultranza*, empregando os mesmos medios que os liberais: publicacións, eventos sociais, captación de fondos e intendencia, accións militares.

Tanto o pensamento liberal coma o reaccionario floreceron no período da guerra cunha extraordinaria "madureza"[25]. En consecuencia, podemos soster a tese dunha prolongada fase de xestación, situando as súas orixes no debate xerado pola Ilustración do Setecentos. Andando o século XIX, os especialistas non perciben máis contribucións que as propias derivadas da experiencia e as faccións políticas. Isto é, "o ideario liberal estaba practicamente pechado en 1814", sen que as publicacións do Trienio aportasen novidade algunha á "configuración ideolóxica liberal". Outro tanto acontece co absolutismo, malia as disputas entre reformistas e

[23] Mesonero Romanos citado en Rivas, 1945: 97- 98.
[24] Aplicando as nocións de Michael Mann, 1991: 51- 56..
[25] O xornalismo galego viviu unha "etapa de esplendor" entre 1809 e 1815. Barreiro Fernández, 2008: 185- 213.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ultraconservadores[26]. De feito, o reformismo ministerial sería propiamente posibilismo absolutista, confluíndo cos liberais moderados durante a Rexencia de Mª Cristina, dada a radicalización do discurso reaccionario na causa carlista[27]. Con Tuñón de Lara, podemos afirmar que "los problemas debatidos en el período 1808-1813 fueron el eje sobre el que giró la acción política del siglo, por lo menos hasta 1868"[28], ofrecendo coma resultado dous bandos políticos.

Barreiro comparte esa imaxe de dous bandos excluíntes que describira Artola. En síntese, enuncia os seguintes principios antagónicos:

Cadro II: elementos da batalla ideolóxica

	PENSAMENTO REACCIONARIO	**IDEOLOXÍA LIBERAL**
CONCEPCIÓN ANTROPOLÓXICA	Cosmovisión teolóxica; pesimismo; providencia; natureza non autónoma	Autonomía individual; medida humana; progreso; ilustración; natureza e razón
ORDE SOCIAL	Creacionismo; *agustinismo* político (orde temporal e espiritual dunha única sociedade); patriarcado; desigualdade; privilexio; submisión popular	Contrato social; soberanía nacional (por transferencia ou por agregación); igualdade xurídica; liberdade reunión, asociación, prensa
ORGANIZACIÓN ECONÓMICA	Carecen de programa económico; garantía dos dereitos sobre a terra; non desamortización, nin despoxos; comercio proteccionista	Optimismo económico: progreso; propiedade privada individual; reforma agraria, monetaria e fiscal

[26] Suárez Verdeguer, 1988: 30- 36. Sitúa as orixes do carlismo en posicións absolutistas críticas co reformismo, ao que denominan "despotismo ministerial". Julio Aróstegui non compartiu esta idea de continuidade das teses ultrarreaccionarias, de 1808 até 1833. Sería o realismo do Trienio o inicio dun movemento contrarrevolucionario. Deste xeito, desbotaría o Manifesto dos Persas desta liña histórica, coa consideración de produto absolutista de espectro máis amplo. Aróstegui Sánchez, 1990: 582, 585.

[27] López- Ballesteros foi un dos políticos que personificaron ese reformismo ministerial, tal e como se aborda no epígrafe 3.1.5. A idea de paulatina radicalización do realismo, a partir da guerra dos Malcontents, é unha das explicacións que ofrece Marichal, 1980: 17- 18, 32.

[28] Tuñón de Lara, 2015: 26.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

	PENSAMENTO REACCIONARIO	IDEOLOXÍA LIBERAL
INSTITUCIÓNS POLÍTICAS	Estado moderadamente federal, foralismo; constitución tradicional, soberanía na Coroa, co apoio dos 3 estamentos; Cortes só consultivas, non lexislativas	Estado centralista; constitución; goberno con contrapesos parlamentarios; representación política de partidos

(*) Fonte: elaboración propia a partir da obra de Barreiro Fernández[29].

A formación de dous bandos ideolóxicos resulta inseparábel das bases sociais que propugnaron estes principios. Para Barreiro, nas súas investigacións do caso galego, este antagonismo de pensamento obedece a un conflito irresolúbel de intereses. A Coruña, cidade paradigmática dos liberais, só por detrás de Cádiz, é o fiel reflexo dos grupos socioprofesionais que secundaron o liberalismo político: a burguesía comercial, un sector do exército, profesionais científico-técnicos e letrados, e algúns artesáns. O bando reaccionario, representado pola Galiza interior, lugares de mosteiro e de pazo, nutriuse preferentemente do clero e da fidalguía, con apoios puntuais e localizados do campesiñado[30]. No caso catalán, un periódico liberal de Barcelona en 1820 sinalaba os "enemigos de la constitución –los grandes, los empleados sin trabajo, los gremios, los inquisidores, los frailes, etc.-"[31]. A grandes trazos, pódese dicir que "los movimientos revolucionarios son obra de los grupos emergentes, los contrarrevolucionarios de los grupos en declive"[32].

Malia a utilidade heurística do esquema interpretativo de Barreiro, contemplamos as críticas de Claude Morange ao "bipolar y maniqueo" antagonismo ideolóxico:

[29] Barreiro Fernández, 1982: 105- 161.

[30] Para Barreiro foron esencialmente "neutrales". Non pode obviarse que o carlismo tivo unha gran recepción no campesiñado da Coroa de Aragón e no Cantábrico. No clero e na fidalguía galega houbo contadas excepcións de liberais por convicción. Barreiro, 1982: 17- 18, 46- 50; 2008: 11- 13.

[31] Citado en Fontana Lázaro, 1992: 31.

[32] Aróstegui Sánchez, 1990: 582. Menciona á fidalguía rural coma exemplo de grupo social en declive, mais habería que puntualizar que entra en decadencia o fidalgo do Antigo Réxime, é dicir, aquel que, andando o século XIX, non se transforma socialmente nun notábel.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "lectura unívoca (...) que describía el mundo posnapoleónico como un enfrentamiento entre nostálgicos del Antiguo Régimen y los herederos de la Revolución francesa, entre los trasnochados defensores del absolutismo monárquico y los partidarios de un régimen representativo, entre conservadores y liberales, entre una sociedad basada en el privilegio y otra que pretendía proclamar la igualdad legal"[33].

Para Morange esta pretendida polarización "difícilmente permitía dar cuenta de la complejidad del panorama ideológico del Trienio", simplificando baixo o paraugas liberal as diversas correntes, grupos e posicións, coas súas discrepancias. Nin sequera resulta doado aplicar a etiqueta do "moderantismo", de connotacións negativas na súa orixe, coma o cabalo de Troia dos absolutistas[34]. Outro tanto acontece cos absolutistas reformistas, os reaccionarios e os apostólicos, que protagonizaron tensos desencontros e escisións no reinado de Fernando VII[35]. Os "transvases" de persoeiros políticos reaccionarios ao liberalismo máis morno, así coma aqueles moderados ou doutrinarios que, durante o século XIX, viran cara o carlismo, son mostras da heteroxénea e volúbel política da época[36]. Sen perder de

[33] Morange, 2019: 13- 20.

[34] Tal e como recolle Morange de A.H. Eydoux, publicado en 1815, que criticaba o "moderantismo" pola súa participación na República para "debilitarla desde dentro". Mellor opinión suscitaba o termo "moderación". *Ibíd*., n.1.

[35] Suárez Verdeguer, 1988: 30- 32. Para este autor, as elites do Antigo Réxime dividíanse entre ilustrados (afrancesados e patriotas) e absolutistas (burócratas, ultracatólicos e tradicionalistas). Esteban de Vega menciona aos "patriotas" e "afrancesados", "de común ascendencia ilustrada", que se distinguen dos "ultras" fernandinos, que salvo Erro non pasaron ás filas carlistas, polo tanto non habería continuidade co carlismo. Tamén estarían aqueles "hombres del rey", persoas de confianza do monarca, sen perfil político definido. López- Ballesteros formaría parte do sector "patriota". Esteban de Vega, 1996: 234. Un manifesto realista en 1825 pretendía liberar a Fernando VII do pernicioso influxo de políticos coma Ballesteros e Calomarde, coma se ambos compartisen ideario político. En puridade, só estaban unidos polo monarca, sendo "fernandistas". Aróstegui Sánchez, 1976: 162, 177.

[36] Aróstegui, 1990: 587, 590- 591. O transfuguismo político pode agochar un pensamento superficial, que atende ás circunstancias, e non aos fundamentos filosóficos. A praxe política decimonónica semella que foi más pragmática, máis ecléctica, do que a retórica romántica da revolución ten debuxado. Nesta liña, "ha sido relativamente raquítico el pensamiento

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vista esta pluralidade interna, continuaremos a manexar estes dous grandes bloques ideolóxicos para aproximarnos á análise de cada caso, depurando, na medida do posíbel, a súa adscrición política[37].

3.1.3. Difusión ideolóxica absolutista. A biblioteca da Buzaca

Xa nas primeiras horas da guerra, a posición absolutista é defendida en Galiza por unha *entente* de cargos eclesiásticos e liñaxes fidalgas. O seu propósito era apuntalar un edificio en perigo de derrubamento. Publicaron xornais, editaron libros, difundiron dende os púlpitos a causa absolutista, intrinsecamente unida á relixión católica. Segundo a análise de Barreiro das publicacións absolutistas:

> "o seu obxectivo era dobre: defender a cosmovisión do absolutismo tradicional e os seus piares teolóxicos (oposición radical, defensa da alianza entre Altar e o Trono, oposición a unha nova constitución) e facer un seguimento puntual a toda a lexislación das Cortes para opoñerse á mesma sempre que entenderan que contradicían as bases do pensamento absolutista"[38]

O discurso de don Benito Varela na bendición de bandeiras da Alarma de Peñaflor é un claro exemplo da interpretación absolutista da guerra do Francés. Na biblioteca da Buzaca consérvanse algúns libros e folletos de postulados reaccionarios, que contrastan coas publicacións científico- técnicas que vai reunir o seu fillo Lorenzo. Do século XVIII apenas quedou constancia duns poucos libros de tema relixioso ou histórico- xenealóxico[39], partituras e algunha peza do cura

---

contrarrevolucionario", aínda que contaron cun argumento sólido na defensa da "identidad tradicional" da patria.

[37] As familias políticas liberais serán abordadas no capítulo "3.2. O consenso liberal". En canto ás posicións absolutistas, ofrecemos nas vindeiras páxinas tres exemplos de distinta natureza, que non esgotan a cuestión, mais que enriquecen a nosa percepción da restauración fernandina: prensa absolutista na Buzaca; voluntarios realistas en Trasdeza; reformismo absolutista en Facenda.

[38] Barreiro, 2008: 196.

[39] De carácter histórico e político, atopáronse os seguintes títulos anteriores a 1808. ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Historia dos reis godos*, de Julián del Castillo (ca.1624), 34.353/1; *Noticias recopiladas por don Gómez Varela da Crónica Xeral da Orde de San Benito*, orixinal de Antonio de Zepes (ca. 1610), 34.352/13; *Copia da carta que D. Fr.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Fruíme[40]. Porén, existen varias publicacións posteriores a 1808, feito que subliña a efervescente produción intelectual da época[41]. Entre elas, destaca o famoso libro de Rafael de Vélez, *Preservativo contra la irreligión ó los planes de la filosofía contra la religión y el estado*, reimpreso en Santiago de Compostela en 1813, onde sentaba os principios dunha "teoloxía da guerra" contra os revolucionarios franceses[42]. Co andar do tempo, Vélez chegaría a arcebispo en Compostela (1825- 1850), organizando o realismo galego xunto ao Capitán Xeneral Eguía. Temos, pois, as dúas maiores autoridades do Reino de Galiza abandeirando a causa realista durante a Ominosa Década. Na guerra carlista, Vélez foi presidente da Xunta Carlista de Galiza (1835), até que foi desterrado en Menorca. O cabido compostelán por el formado foi promotor do carlismo galego.

Vélez estivo considerado unha das grandes figuras do pensamento antiilustrado, xunto con autores coma "Zeballos, Hervás y Panduro, Alvarado, Diego de Cádiz", mais "tuvieron una limitada influencia en las doctrinas de los contrarrevolucionarios españoles de avanzado el siglo XIX, en particular en el carlismo"[43]. Estas referencias intelectuais non se prolongaron máis alá do reinado de Fernando VII, deixando escasa pegada nos escritores carlistas. Así, a obra de Vélez enmárcase nun realismo "primitivo", sen chegar a formar unha "secuencia continua" co carlismo. En parte, pola ausencia dunha "verdadera intelectualidad" no carlismo, polo estilo militar e

---

Antonio Alexandro Sarmiento de Sotomayor, bispo de Mondoñedo, enviou a Rmo. P. Guillermo Clerke, confesor do rei (1737), 34.352/2; *Reprehensión amistosa a los anglomanos sobre su modo de pensar* (1806), 34.354/4.

[40] O cura de Fruíme, don Diego Antonio de Cernadas y Castro (1702- 1777), foi un relixioso e ilustrado compostelán, afincado en Lousame, que promoveu a alfabetización dos seus fregueses, así como o cultivo do millo. Escribiu numerosos ensaios e pezas teatrais, tanto en galego coma en castelán. ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Obras relacionadas co Cura de Fruime*, 34.352/14; *Carta de Don Jayme a su amigo Tacon; Mojiganga de mojigangas, papelón de papelones (1752)*, 34.352/12.

[41] Isto permitiría apoiar a tese da ausencia dunha tradición antiilustrada española, xa que tería agromado no contexto da ocupación francesa. Aróstegui Sánchez, 1990: 583.

[42] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Preservativo contra la irreligión (...)*, 34.355/50.

[43] Aróstegui Sánchez, 1990: 583- 584.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

eclesiástico das súas plumas, e pola importante produción escrita dos liberais moderados[44].

Naquela biblioteca da Buzaca tamén contaban cunha edición de 1812 da tradución da obra contra a masonería do francés abade Barruel, *Compendio de las memorias para servir à la historia del Jacobinismo*[45]. Un testemuño contrarrevolucionario que denuncia á ilustración coma produto da seita dos iluminados, que tiña a Adam Weishaupt coma fundador. Rezaba o subtítulo desta edición: «para dar á conocer a la nación española la conspiración de los filósofos, franc-masónes e iluminados contra la religion, el trono y la sociedad». Composto de dous volumes, o primeiro inclúe unha carta dirixida ás Cortes de Cádiz alertando da «propagación del jacobinismo». Este autor representa a "aparición primigenia" da "visión conspirativa de la Historia", que tivo eco nos antiilustrados, nos antiliberais e, incluso, na cultura política do franquismo[46].

O abade Agustín de Barruel fora xesuíta. Na biblioteca da Buzaca tamén se conserva un *Memorial* dos ex-xesuítas españois ás Cortes «sobre la nulidad é injusticia de la pragmática sanción de dos de abril de mil setecientos setenta y siete para el extrañamiento de los mismos»[47]. Dous anos máis tarde, coa restauración fernandina de 1814 foi restablecida a orde, para ser de novo expulsada en 1835 e en 1932.

Outro exemplo das lecturas absolutistas dos Varela é o *Manifiesto del obispo de Orense a la nación española*, publicado en 1813 na Coruña[48]. Home poderoso na curia e na política, don Pedro de Quevedo, foi deputado en Cádiz e membro do Consello de Rexencia. Contrario á soberanía nacional, non xurou o cargo nin recoñeceu a

[44] *Ibíd*. A producción cultural antiliberal ou antiilustrada non é comparable á propaganda liberal. Consistía fundamentalmente en proclamas, manifestos e pastorais de "esaxerados tons apocalípticos". Veiga Alonso, 2017: 164- 167.

[45] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Compendio de las memorias (...)*, Barruel, 34.355/4. Edición de Pablo Miñón, Villafranca del Bierzo, 1812. Consta de dous volumes, estando o segundo incompleto.

[46] Aróstegui Sánchez, 1990: 592.

[47] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Memorial de los exjesuitas españoles a S.M. (...)*, 34.355/24. Editado en Santiago de Compostela, en 1812. Hai un erro no título, xa que a expulsión dos xesuítas foi ordenada por Carlos III en 1767 e non en 1777.

[48] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Manifesto do bispo de Ourense (...)*, 34.355/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lexitimidade das Cortes, formándoselle expediente. Dimitiu coma deputado en 1810.

Un impresor liberal, Manuel Antonio Rey[49], editou un texto de exaltación relixiosa destinado ao exército. Tratábase da *Política peculiar de Buonaparte en quanto á la religión católica* do político absolutista Pedro Cevallos[50]. Non deixou de ser un folleto máis que unía indisolubelmente relixión e patria, xustificando así a liberación coma un fervoroso deber moral. Manuel Antonio Rey tamén publicou os *Decretos sobre arreglo de tribunales*[51], de 1812, que tería don Benito Varela na Buzaca polo seu cargo de xuíz en Peñaflor.

Un folleto curioso é o discurso do exministro Hermida titulado *Último recurso de la nación española para conservar su existencia política, deducido de la historia de nuestras regencias*, reimpreso en Santiago de Compostela en 1813, por obra do colexio de Fonseca[52]. Unha argumentación monárquica que postula a rexencia da princesa brasileira, dona Carlota Joaquina, en substitución da rexencia colexiada do Consello.

En canto ás publicacións periódicas, xa sinalamos o *Suplemento al Sensato*, do mércores 1 de febreiro de 1815, que homenaxeaba a don Benito Varela polo seu liderado na guerra. O número consta de 23 páxinas, nas que recolle as fazañas dos Varela, con mención ao sobriño López- Ballesteros[53]. Este xornal semanal era de adscrición absolutista. Na Buzaca tamén se conservou un número da *Estafeta de Santiago*, outra publicación absolutista, na que se enxalza á Inquisición[54].

---

[49] Barreiro Fernández, 2008: 198. Asegura Barreiro que Rey "era o impresor liberal de Santiago. O seu taller estivo sempre ao servizo da propaganda liberal". Estas publicacións puideron ser encargos da Xunta do Reino para a súa difusión.

[50] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Política peculiar de Buonaparte (...)*, Cevallos, 34.355/49.

[51] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Decreto sobre arranxo de tribunais (...)*, 34.355/41.

[52] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Último recurso da nación española (...)*, Hermida, 34.355/6.

[53] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Suplemento al Sensato*, 34.355/27. Entre os papeis de López- Ballesteros tamén se atopa un exemplar deste *Suplemento*. AMPO, *Fondo López- Ballesteros*, 295/33, 1- 25.

[54] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Estafeta de Santiago*, venres 20 de maio de 1814, nº 114, 34.355/28. Tanto *El Sensato* coma *Estafeta de Santiago* eran xornais

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas lecturas, xunto coas súas proclamas, permiten retratar a don Benito Varela coma un fidalgo acérrimo do absolutismo. É posíbel que coñecese persoalmente aos editores composteláns, entre os que sobresae Freire Castrillón, figura principal da prensa absolutista, moi próximo ao arcebispo Múzquiz e ao conde de Maceda. Este *panfletista* era "un comerciante compostelá que fora secretario da Sociedad Económica de Amigos del País e deputado e persoeiro do común no concello"[55]. Foi deputado nas Cortes de Cádiz pola provincia de Mondoñedo, cumprindo coa tendencia dunha representación de cariz máis absolutistas nas cidades episcopais[56]. Entre Freire Castrillón e os Varela existiría un vencello de parentesco, xa que o primeiro estaba casado con dona María Reguera Mondragón, da Casa de Vilasusán, liñaxe emparentada cos Varela, cos López- Ballesteros e cos Espinosa, por distintos enlaces[57].

Outro impresor absolutista foi Ignacio Aguayo. Do seu prelo quedou na Buzaca unha sátira política de 1836, que alude á Raíña Gobernadora, o ascenso dos liberais e o conflito pola capital provincial entre A Coruña e Santiago[58]. O dato curioso desta *Tertulia de Picaños* é que está escrita en galego, talvez pola intención de reproducir a oralidade popular.

En vida deste cabezaleiro, que faleceu en 1818, non hai constancia de ningunha publicación de signo liberal, malia que un curmán seu, don José Verea y Aguiar (1775- 1849), dirixise un xornal

absolutistas. A *Estafeta* era propiedade de Manuel Freire Castrillón. Barreiro Fernández, 2008: 196- 197.

[55] Veiga Alonso, 2017: 108- 109, 111. Poucos meses pasou Freyre Castrillón en Cádiz, apenas once meses, xustificando na súa mala saúde unha ausencia que para Veiga é mostra de "desprezo".

[56] *Ibíd*., citando a Barreiro, 2007: 127.

[57] María era neta da sucesora do vínculo dos Mondragón en Vilasusán, dona Beatriz de Mondragón, que foi a bisavoa de don Eugenio Reguera Pardiñas, avogado, político e erudito que vai merecer atención biográfica no apartado "3.3.5. As reiteradas convocatorias electorais de 1839".

[58] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Tertulia de Picaños (...)*, 34.355/46. En 1836, este fidalgo xa tiña falecido. Sería, pois, unha lectura do seu fillo, o deputado moderado don Lorenzo Varela. Cítase aquí porque está impreso por un editor compostelán que Barreiro vincula co absolutismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

liberal en Compostela: *O Diario Cívico Patriótico*[59]. Ningún exemplar apareceu na Buzaca. Sen embargo, debemos lembrar que don Benito recibe por carta o «funesto y horribel Decreto de Bonaparte», en copia manuscrita de don Jacobo Benito Verea y Aguiar[60]. Na carta comentan a visita do irmán de Verea, que "cerca anda" da "constipación ô fiebre cataral del Pais", a quen dará a coñecer o contido da carta de don Benito Varela[61]. Isto é, existía unha comunicación fluída, unha relación moi próxima cos seus curmáns Verea y Aguiar. Parentesco que tamén compartían os López-Ballesteros e os Espinosa. Meses despois desta carta, don José Verea y Aguiar aceptou un cargo na policía da administración josefina, polo que foi xulgado e condenado a dous anos de desterro[62]. Ilustrado, tomado por afrancesado, demostrou durante o reinado de Fernando VII a súa adscrición ao liberalismo, especialmente no Trienio[63].

Os fondos da biblioteca da Buzaca que datan da guerra de Independencia e da primeira restauración fernandina demostran o encadramento do vinculeiro, don Benito Varela, no absolutismo ideolóxico. Pódese falar de "realismo primitivo"[64], que son os primeiros e febles pasos dun discurso contrarrevolucionario formal. Malia que non debuxen unha "secuencia continua" co carlismo, estas lecturas de don Benito deben considerarse produto da xeración postrema do Antigo Réxime que deixa o seu testemuño aos fillos da Independencia. Os seus ataques estaban dirixidos aos dogmas da

[59] Barreiro Fernández, 2008: 199. Na publicación fundada en 1812 por Verea y Aguiar colaboraban Sinforiano López, Fandiño, e Juan Cisneros, entre outros. "Foi condenado polo arcebispo Múzquiz no ano 1815".

[60] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Benito Ramón Varela (1798- 1817)*, 34.390/12. Don Jacobo Benito Verea y Aguiar, Santiago, 24 de febreiro de 1808. Na carta menciona que fixo a copia con urxencia na noite anterior porque tiña a obriga de devolver o orixinal nese mesmo día.

[61] A saúde é un tema recorrente na correspondencia epistolar, mais algúns comentarios poden suscitar certas conxecturas. O liberalismo era comparado cunha enfermidade, mediante unha metáfora vírica. Sen argumentos sólidos nesta dirección, tan só se pode evocar estes comentarios, sen maior consideración.

[62] Un parente dos Espinosa, o catedrático don Felipe Sobrino y Taboada, foi comisario na policía francesa en Compostela. Tamén foi procesado por afrancesado, e durante a restauración pola Inquisición en varias ocasións, tal e como se apuntou no epígrafe 2.4.5.

[63] José Verea y Aguiar foi escritor, xurista, xornalista e autor dunha *Historia de Galicia*, publicada en 1838, na que recollía todas as parroquias galegas e a teoría da orixe celta.

[64] Aróstegui Sánchez, 1990: 584.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ilustración, o anticlericalismo, e a revolución francesa, coma nova relixión de cariz político. Era, polo tanto, unha confrontación filosófica sen, aínda, propostas políticas definidas.

3.1.4. Mobilización política contrarrevolucionaria. Os voluntarios realistas de Trasdeza

A causa absolutista nutriuse, pois, dun bo número de fidalgos e eclesiásticos, na defensa dos seus intereses económicos (terra, parroquias e mosteiros), sociais (estamentos), e ideolóxicos (relixión e Coroa). Se no contexto da guerra, a contrarrevolución era maiormente unha filosofía antiilustrada, andando os lustros agromou coma loita política antiliberal[65]. Foi a posición denominada "realista" durante o Trienio, que despois constituirá o bando carlista durante as guerras civís decimonónicas.

As investigacións de Barreiro demostraron a ausencia de títulos nos movementos realistas, entre outros motivos, porque xa non residían no rural galego. Namentres, o campesiñado "se mantuvo en una obstinada neutralidad" cara o absolutismo e o liberalismo, "una actitud pasiva que contrasta con el furor antifrancés de pocos años antes"[66]. De feito, durante o Trienio non houbo unha mobilización popular de entidade que precisase o auxilio do exército. Os destacamentos galegos ordinarios foron suficientes. Probabelmente, a preocupación campesiña estaba na conservación dos dereitos que adquiriran sobre a terra, e que as renda agrarias non aumentasen, condicións que ambas ideoloxías respectaban[67].

Este pragmatismo campesiño contrasta co apaixonamento político das elites comarcais. Se o clero puxo ideas e cartos para organizar a reacción, a fidalguía "lo puso todo: hacienda, vida, seguridad". Estando en perigo a condición mesma da fidalguía, responderon estes fidalgos realistas/carlistas cun compromiso "perenne, leal y sin desmayo. (...). Ellos formaron las partidas, las dirigieron, actuaron como espías, redactaron proclamas"[68]. O seu fervorosa defensa da tradición fixo que as partidas galegas agromaran en abril de 1820, as

[65] *Ibíd*.: 585, 592. O realismo no Trienio foi un movemento antiliberal e antimasónico.
[66] Barreiro, 1982: 87- 88.
[67] *Ibíd*.: 15, 90.
[68] *Ibíd*.: 85.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

primeiras das que hai constancia[69]. Se consideramos a extracción fidalga de militares e eclesiásticos, podemos asegurar, con Barreiro, que o realismo galego era cousa de liñaxes fidalgos.

Así aconteceu en Trasdeza, onde o corpo de Voluntarios Realistas de Trasdeza en 1823 concitou algunhas das mellores Casas da xurisdición[70]. Estaban comandados por don Ramón Losada Figueroa y Espiñeira, un escribán e fidalgo de gran ascendente. Outro escribán, don Matías Estévez, era capitán, mentres que o comisario era don Manuel Cobián. Nesta relación de oficiais, todos con tratamento honorífico de "don", atopamos dous membros da familia Rivas[71], pertencentes á Casa de Sestelo (Siador). Era tenente don Francisco Rivas y Taboada, e subtenente don Benito Rivas y Seijas[72], fillo e curmán respectivamente de don José María Rivas y Taboada, aquel que fora nomeado pola Xunta de Trasdeza coma xuíz correxedor da xurisdición en marzo de 1809[73]. Por conseguinte, a familia Rivas estaba no eixo da vida política local, protagonizando en Trasdeza algúns dos episodios históricos máis relevantes do reinado de Fernando VII.

A investigación dos protocolos notariais de don Ramón Losada aportou algunha información inesperada. En abril de 1821, don

[69] Fontana Lázaro, 1992: 31, n.

[70] Recollido no apéndice documental de Barreiro Fernández, 1982: 3º, 203. Segundo a relación de oficiais do Rexemento de Voluntarios Realistas presentada por don Ignacio Manuel Pereyra, señor de Reboreda, en 1823. Pereira era vicepresidente da Xunta Apostólica de Galiza, comandante da división do Miño e xefe principal do rexemento de voluntarios realistas. Este fidalgo de Redondela, emparentado cos Troncoso de Lira e os Mondragón, xa comandara milicianos na batalla de Ponte Sampaio da guerra de Independencia. Destacado realista, foi pai do fidalgo liberal don Xoán Manuel Pereira, que retrata Ramón Otero Pedrayo na súa célebre obra O señorito da Reboraina. Cómpre lembrar que os Mondragón tiñan parentesco cos Espinosa, López- Ballesteros e os Varela. Estes últimos tamén cos Troncoso de Lira.

[71] Na "Exposición" de Pereira aparecen os apelidos Ribas e Covián, aínda que nas escrituras notariais de Trasdeza asinan coma Rivas e Cobián.

[72] Benito era sobriño de don Juan Patricio de Rivas, señor da Casa de Sestelo, onde se criou Benito tras a defunción do seu pai, don Ángel de Rivas. Aproximadamente, dende 1789 até 1812, ano en que casou. Don José María, o sucesor na Casa de Sestelo, era curmán de Benito. No testamento de don Juan Patricio de Rivas hai referencias a varios preitos, débedas e lexítimas que axustar entre o testador e os seus irmáns. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, G 769 (1).

[73] Era avogado da Real Audiencia. Véxase epígrafe "2.4.5. A Xunta de Trasdeza".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Francisco Rivas[74], de 18 anos de idade, «se fugó de esta su Casa», aseguran que seducido pola sobriña do cura de Cortegada, causando algúns estragos, aínda que non os describen con claridade. Foi investigado no expediente formado «pr. la asonada de estos hombres», segundo o comunicado remitido ao Sr. Xefe Político Superior da provincia. Distínguese entre liñas que don Francisco marchara cunha partida, saquearan algunha arca e levaran cartos. Estes sucesos están en consonancia co seguinte relato do comandante Pereira:

> «El mes de Abril de 1821 fue el manantial de sus nuevas tareas, en cuya época acosados por todas partes sus amigos y auxiliadores aumentaron con la fuga de sus hogares el número de las tropas ganadas y sostenidas a tanta costa, y con tantos dispendios de sus patrimonios secuestrados en su totalidad, enagenados en parte, y empeñado el resto para acopiar fondos con que mantener tan formidable lucha».[75]

No mes de xuño, presentouse a «Milicia Nacional de la Caveza del Partido» na Casa de Sestelo, requirindo a don Francisco, mais a segunda esposa do seu pai, dona Juana Manuela Vaamonde[76], impediulles o acceso. A escritura que asina Losada é un poder xeral que outorgan a un escribán de A Coruña para que os represente no procedemento aberto. Mencionan coma autoridades competentes o Tribunal Superior da provincia, o Capitán Xeneral e o Xefe Político Superior da provincia. En definitiva, o fillo único de don Xosé María Rivas implícase nun grupo realista en 1821, rubricando Losada o poder notarial do seu pai e esposa. Tanto este mozo coma o escribán figuraban na nómina realista de Pereira. Dicía o comandante do Miño que don Ramón Losada fora un dos comisionados, «(comprometidos desde el año de 1820) para que alarmasen diferentes jurisdicciones, sublevasen los pueblos, y animasen los habitantes pasivos (...); con tal

[74] Don Francisco María de Rivas y Taboada. Foi procurador e alcalde de Silleda entre 1856 e 1865. En 1863 promoveu a creación do Santuario de Nosa Señora da Saleta de Siador. Faleceu en 1874.
[75] Na mesma "Exposición" de Pereira. Barreiro, 1982: apéndice 3º, 189.
[76] Cómpre lembrar que era sogra de don Benito Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

feliz efecto, que de improviso se ha visto cada uno á la cabeza de su partida». Coma resultado, Trasdeza, vai ser unha das xurisdicións de referencia na mobilización realista[77].

Para enredar aínda máis o escenario do Trienio en Trasdeza, don Benito Espinosa exercía de alcalde constitucional de Escuadro. En 1821, esta parroquia adquirira consideración de "ayuntamiento constitucional" en función dos repartimentos que estipulaba daquela a Deputación galega[78]. Atendían á poboación "para distribuirlles a quinta e as contribucións territoriais e de consumos". Coa división provincial de xaneiro de 1822, mantense esta alcaldía de Escuadro, agora dependente da Deputación de Vigo. Unha vez máis son os repartimentos da Deputación os que aportan algún dato dos concellos, poboación e contía da contribución[79].

A información sobre a alcaldía constitucional que ocupou Espinosa veu dada pola lectura de protocolos notariais desa época. Ningún documento institucional ofrecía este dato. Na pesquisa das estreitas relacións entre Losada, Rivas e Espinosa apareceron varios documentos moi oportunos[80]. No mes de xullo de 1821, no tempo que se lle abría expediente a Francisco Rivas, reuníronse en Cascaxide estes tres fidalgos, homes de prol da xurisdición, para avalar e recoller a fianza dun exclaustrado:

[77] Losada debeu ser comisionado no ano de 1822. Nas xurisdicións limítrofes de Deza e Montes tamén houbo rexementos moi activos. Os de Deza reuníronse baixo o liderado de don Andrés (Francisco) Arias, "Juan Feás", nos "Voluntarios defensores de la fe", 1822- 23. Un cronista local, Francisco Vilariño, asegura que en Deza os realistas contaban con 22 oficiais e 760 voluntarios. Tiveron unha sonora derrota na ponte de Taboada, coñecida coma a "batalla das landras". Conta a lenda que os realistas foran traizoados, empregando coma munición landras no canto de balas. Fuxiron en desbandada. Vencerían, despois, ao paso dos franceses de Angulema, perseguindo e executando aos liberais da comarca. Vázquez (ed.), 1997: 123-127.

[78] Fariña Jamardo, 1993: 235. O actual concello de Silleda estaba no Trienio desmembrado en 8 municipios: Escuadro, Graba, Manduas, Breixa, Laro, Lamela, Taboada e Silleda. Todos eles dentro do partido de Lalín.

[79] Fariña Jamardo, 1996: 73- 76. O repartimento da provincia de Vigo está datado o 20 de outubro de 1822. Asina coma presidente e Xefe Político, don Ramón Losada. Non parece probábel que fose o escribán de Trasdeza, tanto pola ideoloxía como pola distancia coa cidade de Vigo. Debeu tratarse doutro político homónimo.

[80] AHPP, *protocolos notariais*, Ramón Losada, Ca. 3938 (10).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «D. Silvestre Sanchez ex monge Bernardo del extinguido Monasterio de Santa Maria de Aceveyro Orden cisterciense, natural de la Provincia de la Mancha (...) E dijo qe. fue pr. los Señores Comisionados principales del Credito pco. en la Ciudad de Santiago se puso a mi Cargo la administracion del extinguido monasterio de Aceveyro y sus dependencias, mandando que para su seguimto. otorgan la correspondiente obligacion y Fianza de responder en dha Administracion de los Caudales y rentas qe entrasen en mi poder».[81]

Exercen de fiadores: don Manuel Cobián, veciño de Chapa; don Ramón Losada y Figueroa, residente en Rellas; e don José María de Rivas y Taboada, de Siador. Os dous primeiros implicados no realismo, xa que Cobián foi comisario, e o terceiro a través do seu fillo e curmán. Por conseguinte, as rendas de Aciveiro estaban custodiadas por significados realistas, coa autorización do alcalde Espinosa que referendaba o documento. Descoñécese a filiación política do exclaustrado Sánchez, mais a súa condición inclínao cara o bando reaccionario[82].

Esta proximidade de Espinosa con Losada, Rivas, Cobián e Estévez fainos dubidar da súa orientación política. Se ben, era o alcalde constitucional de Escuadro, non queda de manifesto se esta representación política tiña cariz ideolóxico ou era un simple reflexo do seu liderado na parroquia. É dicir, un cargo natural emanado do seu señorío[83]. A documentación desta etapa do Trienio é –deliberadamente- escasa. Apenas algunhas escrituras de carácter patrimonial. É probábel que a correspondencia puidera ser comprometedora nuns anos de vaivén político. Sen outra información, resulta contraditorio que Espinosa fose alcalde no Trienio, á vista dos lazos persoais que mantiña cos oficiais realistas de Trasdeza, todos

[81] *Ibíd.*

[82] Evoca a figura do exclaustrado de Oseira que alenta ao fidalgo don Caetano, da Casa de Doncos, para seguir a causa carlista na novela de Otero Pedrayo, *Os Camiños da Vida*.

[83] Cómpre lembrar que os Fernández Espinosa percibían 1 real dos veciños de Escuadro en concepto de señorío. AHPP, Catastro de Ensenada, *Real de Legos*, Escuadro, L- 434, pp. 454-456.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalgos coma el. Losada e Estévez facían as escrituras da Casa, Francisco Rivas era fillastro da súa sogra, e Cobián aparece coma testemuño en varios documentos[84].

As relacións debían ser cordiais con don José María Rivas, pai de Francisco. En 1818 faille a Espinosa unha "cesión de sisa" alegando que non pode atender esta administración[85]. Anos despois, coa sogra Juana xa defunta, terá Espinosa algunha desavinza patrimonial con Francisco, que rematará nunha concordia[86]. Mais, durante o reinado de Fernando VII, ningunha escritura notarial indica conflitos ou discrepancias na oligarquía local.

Outro exemplo témolo nunha escritura pola que don Ramón Losada y Figueroa fai obrigación de pago da recadación do Voto do Apóstolo que adebeda. Comprométese a pagar no prazo de tres anos ao tesoureiro do Cabido Compostelán, don Manuel de la Riva Moreno, comerciante de Compostela, a cantidade de 5.626 reais e 6 marabedís. Segundo queda explicado nesta escritura, a débeda provén de Melchor Eusebio González, sen tratamento de "don", «del arrdo. qe. en su vida havia recivido de los Votos de de esta Jurisºn», e do que Losada era fiador. Na presente obriga exerce de «fiador y caso necesario por principal pagador», don Benito Espinosa Varela, que «conociendo el riesgo a que se expone (...) dijo le placia y place ser tal fiador». Foi outorgada en Cascaxide, na Casa de Espinosa, rubricada polo mesmo Losada, o 20 de febreiro de 1826. Os testemuños foron, unha vez máis, don Francisco Álvarez Corrales, veciño de Escuadro, e don Manuel Antonio Cobián, de Chapa, xunto cun terceiro home chamado don Joaquín Manuel Vidal, de Escuadro. Descoñécese filiación persoal e adscrición política de Vidal. No caso de Espinosa, Losada, Álvarez Corrales e Cobián, sen aparentes lazos de sangue nin

[84] AHPP, *protocolos notariais*, don Ramón Losada, Ca. 3938 (11). Testamento de don Pedro Fernández Espinosa, 22 de febreiro de 1826. Tío de don Benito Espinosa, vivíu solteiro en Cascaxide, axudando ao sobriño coa administración da Casa. Declara sucesor dos seus bens a este sobriño, e testamenteiro ao outro sobriño, Francisco, cura de Estacas. Entre os testemuños da escritura aparece don Manuel Cobián, veciño de Chapa, quen fora en 1823 comisario dos voluntarios realistas. Tamén atopamos a don Francisco Álvarez Corrales, de Escuadro, que debía ter parentesco con don Pedro Álvarez Corrales, subtenente realista en 1828.

[85] AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, 769 (2), p. 75.

[86] AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, Trasdeza, Ca 3148 (6). "Transacción y concordia entre los señores D. Benito Espinosa y Varela y D. Francisco Mª de Ribas".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

asociación política de Espinosa cos realistas, pode indicar que a afinidade persoal e a veciñanza, é dicir, o trato cotiá das elites a través dos anos, foi o motivo que axuntaba estes fidalgos na mesa de Cascaxide[87].

A forte personalidade que seica tiña don Benito Espinosa[88], desbota a imaxe dunha marioneta dos realistas. O cabezaleiro de Cascaxide foi alcalde no Trienio, e tamén na Rexencia de Espartero[89], sendo deputado na provincia e no Congreso baixo gobernos moderados. Talvez, a estratexia de Espinosa foi a do retraemento cara a política local nas etapas máis exaltadas ou progresistas, para acudir á primeira liña política cos liberais de orde. En paralelo, os seus curmáns, López- Ballesteros e Varela, abstivéronse de ocupar cargos políticos en 1820 e en 1840.

O contexto de 1823 presentábase alentador para as agrupacións de voluntarios realistas, mais a travesía carlista até a guerra, entre 1826 e 1833, atopou innumerábeis atrancos políticos. En 1823, coa inxerencia da Santa Alianza e o regreso do absolutismo, os políticos ultras tiveron o propósito de disolver o exército regular, baixo acusación de Liberalismo, para formar unha nova forza militar cos rexementos realistas. Desconfiaban dos oficiais do exército, mais tamén da nobreza, pensando que boa parte "estaba ganada por estas ideas perniciosas" do liberalismo[90]. O goberno provisional "encabezado por un clérigo tan cerril" como era Víctor Damián Sáez, confesor da Súa Maxestade, comezou legalizando aos voluntarios realistas. "Inmediatamente comenzaron las proscripciones, las condenas y las venganzas", anunciando unha etapa marcada pola "ferocidad" da represión[91]: persecución de masóns e liberais, execución de Riego[92].

[87] AHPP, protocolos notariais, don Ramón Losada, Ca. 3938 (11). Na escritura só asinan Losada, Espinosa e Álvarez Corrales. Dous días despois, no mesmo lugar, ante o mesmo escribán, outorga testamento don Pedro Fernández Espinosa. *Vid*., n. 84.

[88] Escríbelle don Luis López- Ballesteros ao seu curmán Benito: "no dudo que con tu firmeza de carácter, causes alguna incomodidad". En González López, 1987: 212. Tamén o seu procurador, don Pedro González, facía comentarios sobre o carisma de Espinosa. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1.

[89] No arquivo familiar conservouse un oficio coma alcalde de Chapa no ano de 1841, no que solicitaba antecedentes sobre os arbitrios do liño e la na feira da Bandeira. Arquivo familia Espinosa, caixa XX, *Varios papeis de don Benito Espinosa*, 20.2.

[90] Fontana, 1992 (1979): 173.

[91] *Ibíd*.: 169- 171. Tamén en González López, 1987: 61- 64.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pensaban os políticos "ultras" que «era peligroso perdonarlos; que había que expulsarlos (...), pero que más valía vivir en España con un millón de personas honradas que con diez millones de revolucionarios»[93]. Poucos meses durou este goberno reaccionario xa que, debido ás presións rusas e francesas[94], foi cesado e substituído por un goberno de perfil máis moderado, presidido polo Marqués de Casa Irujo. Neste gabinete entraría don Luis López- Ballesteros coma ministro de Facenda.

O novo ministro de Guerra, José de la Cruz, procurou desarticular estes corpos paramilitares dos Voluntarios Realistas. Comezou por retirarlles as funcións xurisdicionais, para, seguidamente, reorganizar e reximentar estas forzas en 1824. O obxectivo era supeditalos ao ministerio, minorar a súa discrecionalidade, e reducir os seus efectivos. Xa o advertía Pablo Morillo: «eran fuerzas totalmente indisciplinadas, formados por gentes, en su mayor parte, maleantes»[95]. O Capitán Xeneral era amigo persoal de López- Ballesteros, tamén oposto á continuidade dos Voluntarios. Dende o Ministerio de Facenda presentáronse os argumentos máis sólidos: non podían escapar do control fiscal, polo que debía eliminarse a caixa propia dos Voluntarios e perseguir o contrabando que practicaban nas aduanas[96]. É dicir, os Realistas perderían, ademais da súa potestade xurisdicional, a súa independencia económica.

A perda de influencia política do sector máis "apostólico" provocou unha "supuesta escisión" no seo realista[97]. Diversos autores teñen contemplado esta división en dúas liñas de actuación despois de 1823: por unha banda, un grupo dirixente integrado na administración absolutista, de ideoloxía "realista moderada", e por outra, o sector máis "exaltado, «apostólico» o ultra", combativo e crítico co

---

[92] Aforcado en Madrid o 7 de novembro de 1823.

[93] Fontana, 1992 (1979): 173. Comentario recollido polo embaixador francés Bois-Le Comte do gobernador do Consello de Castela, que calculaba a presenza de 3 a 4 millóns de liberais.

[94] *Ibíd*.: 174. "Las potencias de la Santa Alianza estaban escandalizadas" ante un gabinete tan reaccionario. Temeron un "estallido revolucionario", polo que forzaron ao monarca a designar un goberno máis temperado.

[95] González López, 1987: 78.

[96] *Ibíd*.: 79.

[97] Aróstegui, 1976: 161. Relata este autor o "confusionismo" historiográfico arredor desta cuestión.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

monarca[98]. Aróstegui discrepa e explica que todos "fueron llamados realistas, según el lenguaje político del trienio constitucional. Ahora bien, la distinción entre moderados y exaltados es de origen liberal", por "mimetismo"[99]. Estas "dos pretendidas ramas" eran "tan dispares" que non formaban parte do mesmo grupo político, nin tiñan unha traxectoria continua. Aqueles "realistas moderados" puideron ser maiormente "fernandistas", xa que o seu trazo definitorio era a filiación persoal co monarca[100].

Esta segunda restauración fernandina foi un período de gran represión política, tanto de conspiradores liberais coma reaccionarios. Os axustizamentos foron continuos[101]. Existían "simetrías" entre as "actitudes" e accións" dos radicais liberais e realistas. As sublevacións, panfletos e manifestos, e a organización en sociedades secretas son elementos comúns nos seus "repertorios" de acción[102]. Os "realistas", aqueles "puros" ou "exaltados" foron perseguidos coma figuras subversivas, aínda que gozaron de determinados apoios na administración e no goberno, así que a distinción político- ideolóxica entre realistas e "fernandistas" ultras non está tan clara[103].

Alén dos efectos disuasorios da represión, a radicalización do realismo puido provocar a perda de voluntarios. O *Manifesto da*

[98] *Ibíd*.: 126- 128; 135- 137, 174- 176. Para Súarez Verdeguer e para Seco serían "moderados" ou "persas", os reaccionarios fieis a Fernando VII, mentres que os exaltados serían "reformistas" ou "ultras". Esta "doble corriente realista" tamén foi unha idea que compartiron, ao seu xeito, Artola (1967) e Torras (1967).

[99] *Ibíd*.: 175- 176.

[100] *Ibíd*.: 162, 180- 182. A maiores de liberais e realistas, habería un terceiro partido, os "fernandistas", composto, á súa vez, por tres perfís: afrancesados, patriotas e ultras. As tensas relacións entre os "hombres del rey" ficaban en suspenso, mais non resoltas, polo compromiso co reinado de Fernando VII.

[101] Os membros da Xunta Suprema Carlista de Manresa foron executados en 1828. No sector liberal, o impresor Antonio Miyar, a granadina Mariana Pineda, así coma o xeneral Torrijos e 48 dos seus compañeiros, foron fusilados ao longo de 1831.

[102] Aróstegui, 1976: 127.

[103] Fontana, 1992 (1979): 45, 179. O partido carlista "no conseguirá plena coherencia hasta los momentos finales del reinado". A posición política reaccionaria aínda estaba dividida entre a mobilización armada e as intrigas políticas. Calomarde, mesmo, representou aos apostólicos no Consello de Estado, estando moi próximo aos realistas, mais foi rexeitado no bando carlista. Estas diverxencias internas dos ultras tamén quedan patentes nas consecuencias dos seus actos. Os sublevados foron perseguidos e axustizados, "pero no se hacía nada contra sus instigadores en la corte, y aun en el palacio real, por conocidos que fuesen".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Federación dos Realistas Puros de 1826 marca un antes e un despois. Descontentos co regulamento dos voluntarios realistas promulgado nese ano, semella que pretenden deslexitimar a Fernando VII, buscando en Carlos Mª Isidro o valedor das súas ideas. Na Europa da Restauración, a "lexitimidade" converteuse na palabra chave da formulación política absolutista[104]. Para Carlos Seco, este *Manifesto* foi unha das primeiras pegadas da teoría da dobre lexitimidade: unha de orixe, e outra de exercicio[105]. Resulta discordante que levantasen «la voz, a la faz de la Nacion y de la Europa»[106], tendo asimilado o concepto de "nación" coma entidade política con dereito para outorgar lexitimidade.

Aróstegui, seguindo a estela de Artola, cuestiona a autoría do manifesto. Tamén o carlista Melchor Ferrer fora escéptico co documento. Segundo un informe policial da época, foi obra de liberais no exilio que o infiltraron nas filas reaccionarias para dividir o movemento contrarrevolucionario polo asunto dinástico. De feito, tanto para Artola coma para Aróstegui, o contido do Manifesto non está "en conexión" con outros panfletos realistas, ou mesmo co *Manifesto dos Persas*[107]. No obstante, foi divulgado con entusiasmo durante a guerra dos *Malcontents*, pese a insultar abertamente a Fernando VII[108]. Outros panfletos nesta insurrección defendían ao

[104] Fontana Lázaro, 2006: 12. De aí que os reaccionarios tamén sexan coñecidos coma "lexitimistas".

[105] Andando o século XIX, co falecemento de Montemolín (1861), perciben e formulan a cuestión da dobre lexitimidade para rexeitar a Xoán III coma pretendente da causa. Aróstegui (1976: 156) critica a lectura de Seco, xa que o Manifesto de 1826 "no parece entender la legitimidad como un derecho o cualidad sino como una situación". Tampouco hai alusión algunha a unha lexitimidade "de orixe", logo non hai unha dobre concepción.

[106] Pódese consultar o texto completo deste Manifesto en *Revista de Historia Contemporánea Hispania* http://hispanianova.rediris.es/textos/manifiesto7.htm

[107] Aróstegui, 1976: 146- 152. Fixo unha análise exhaustiva do texto, observando incoherencias, disonancias e valoracións insólitas que apoian a tese da autoría liberal do Manifesto. Incluso a denominación de "realistas puros" era empregada polos exiliados liberais, mentres que dende o goberno falaban de "realistas exaltados", e eles mesmos de "verdaderos realistas".

[108] O discurso antifernandino daría pé á interpretación de Suárez Verdeguer do carlismo coma terceira vía política, cos principios de relixión, fueros e monarquía tradicional. Se ben, Suárez concedeu credibilidade ao Manifesto, ponderando un proceso de cristalización ideolóxica que non fora tal, só un xiro de guión accidental. De calquera xeito, a autoría con cambia os feitos. É innegábel que foi adoptado coma o Manifesto dos Malcontents, con maior ou menor adhesión á cuestión sucesoria.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

monarca dos seus perversos conselleiros e calumniadores. Baste, coma exemplo, as palabras do Comandante Saperes, "Caragol", no Bando de Manresa de 1827, cargando contra «algunos hijos infames, aduladores y estúpidos de esta misma provincia (...), olvidándose esos insolentes (...) que mis tropas se componen de hombres fieles al Rey Fernando»[109]. Non é até 1832- 33 cando aparecen outras proclamas que desacreditan ao monarca. A pregunta chave para Aróstegui é: acaso os agraviados rexeitaron, determinante e conscientemente, ao seu lexítimo rei, Fernando?[110]

Así e todo, o trono de don Carlos aínda era unha idea vaga, que precisaría varios anos de xestación até abrollar coa morte de Fernando VII. A cuestión dinástica tivo un "papel nada desdeñable", mais que non adquire relevancia até 1833, sendo "un elemento nuevo de afirmación"[111]. A "mixtificación" do carlismo coma conflito sucesorio agocha as dimensións e concomitancias que nutren este movemento contrarrevolucionario no escenario europeo[112]. Esencialmente, a doutrina realista aparece como "una primera oposición de masas al fenómeno revolucionario", fixando o seu nacemento nas partidas xurdidas no Trienio, "no antes ni después"[113]. Na guerra dos *Malcontents*[114], os "agravios políticos y sociales, sumada a las difíciles condiciones económicas, tuvo mayor importancia como idea directora"[115]. O seguimento desta insurrección tamén dependeu das estruturas políticas municipais e xurisdicionais, isto é, da identificación ou repulsa respecto das elites locais, e da actuación das mesmas[116].

[109] Aróstegui, 1976: 153.
[110] *Ibíd*.: 130- 134, 139- 142.
[111] *Ibíd*.: 121- 125. A radicalización do realismo viría provocada pola experiencia política, non por unha elaboración ideolóxica. A represión, a desaparición da Inquisición, e a ameaza liberal das sociedades secretas e dos seus cargos na administración, terían estimulado a mobilización armada realista.
[112] Rújula López, 1998: 5-6.
[113] Aróstegui, 1976: 123.
[114] Especificamente, sobre a guerra dos agraviados, Torras Elias, 1967. Este autor interpreta esta insurrección coma o primeiro intento apostólico de toma de poder.
[115] Rújula López, 1998: 136- 137.
[116] *Ibíd*.: 139- 140. Os agraviados en Aragón foron menos radicais que os cataláns, "probablemente porque las condiciones de existencia eran distintas". Se Fontana (1979) explicaba a mobilización campesiña pola crise agraria, Rújula apunta ao reparto da

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Algúns destes factores de contexto puideron tornar a filiación política daqueles primeiros realistas de Trasdeza. O rexemento de voluntarios tería continuidade, mais con sensíbeis cambios no liderado local. O escribán don José Taboada deixa constancia en 1828 dunha "Lista de los yndividuos qe. Componen la 2ª compañia de dho. Batallon" Realista de Trasdeza[117]. O capitán sería don Antonio Mª Valenzuela, segundoxénito da Casa da Viña, en Manduas. Coma tenente, o propio escribán don José Taboada; subtenentes, don Ramón Villar e don Pedro Alvarez Corrales[118]. A extracción social destes oficiais segue a ser pequena nobreza terratenente ou letrada[119]. Completan a compañía 1 sarxento primeiro, 3 sarxentos segundos, 4 cabos primeiros, 4 cabos segundos, e 48 voluntarios de infantería[120]. Tanto os sarxentos, coma os cabos e os voluntarios carecen do distintivo social do "don", sendo paisanos de maior ou menor riqueza. Cun total de 64 efectivos, a proporción desta compañía de Trasdeza dista moito dos números atribuídos aos realistas de Deza. Aínda considerando a existencia doutras compañías na comarca, lonxe quedan eses 2.000 homes do bando carlista no partido de Lalín, así coma os 760 voluntarios comandados por Feás no Trienio[121].

---

administración local coma motivo de descontento realista, que en Aragón estaría mitigado por "un mejor y más libre desenvolvimiento dentro del poder municipal". As investigacións de Jaume Torras recollen ambos aspectos: 1) a cobertura institucional (administración do Estado e Igrexa) que protexeu aos conspiradores realistas; 2) o malestar social pola crise agraria, sen divisar unha alternativa coherente ao seu modo de vida e ideoloxía. Torras, 1970: 130.

[117] Dentro do protocolo notarial de don José Taboada, aínda que a listaxe foi redactada e asinada por don Ramón Villar, con data do 6 de setembro de 1828, por ausencia do capitán e do tenente. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, 770 (7).

[118] Comentamos anteriormente que en varias escrituras redactadas en Cascaxide en 1826 aparecía a sinatura de don Francisco Álvarez Corrales, veciño de Escuadro. Parece probábel que fose irmán ou pai deste subtenente realista. AHPP *protocolos notariais*, Ramón Losada, Ca. 3938 (11), pp. 19- 20.

[119] A diferenza do investigado nas partidas realistas e carlistas de Aragón, onde os líderes procedían maioritariamente de clases populares. Rújula López, 1998: 19-20. A contrarrevolución vasca si contaría cun perfil eminentemente fidalgo.

[120] No resumo de don Ramón Villar figuran 50 voluntarios, malia que o reconto nominal rebaixa este número a 48.

[121] A crónica de Vilariño fundamentábase nas fontes orais, polo que as cifras son aventuradas, non rigorosas. Con todo, subliñan a combatividade dos carlistas na comarca. Vázquez (ed.), 1997: 124, 132. Estes efectivos distan moito da extraordinaria mobilización en Cataluña na guerra dos "malcontents", que roldou entre vinte e trinta mil homes. Torras Elias, 1970: 123.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outra listaxe, aínda que incompleta, sen data nin sinatura, informa dos membros da 1ª compañía do Batallón de Trasdeza[122]. Neste caso, era capitán o escribán don Matías Estévez, quen xa gozara deste grao en 1823, segundo o relatado polo comandante Pereira. Coma acontecía na 2ª compañía, só os tenentes e subtenentes reciben tratamento de "don", por conseguinte, podemos entender que estes postos de oficiais quedaban reservados para a fidalguía, tanto de orixe terratenente coma letrada, completando as compañías co campesiñado, que ve expresada nesta relación a súa veciñanza, dato que non se apunta no caso dos oficiais fidalgos. Sobreenténdese que era de todos coñecida a veciñanza dos fidalgos da xurisdición. De calquera xeito, e malia esta aparencia de organización militar, "no hay una participación o militancia constante y continua como sucede en Aragón y Cataluña, se carece de un ejército y no se domina ni una sola legua de terreno"[123]. Citemos, por exemplo, os comentarios do cronista Vilariño sobre os Voluntarios da Fe de Deza: «la falta de disciplina, de táctica y de seriedad de los paisanos»[124].

Os voluntarios desta 1ª compañía virían segregados por parroquias, mais ao conservarse só a primeira páxina, descoñecemos o número total de integrantes. Lamentabelmente, non se poden contrastar as dúas listaxes, só algúns cantos nomes. No corpo de oficiais repítense dous postos: o tenente don José Taboada e o subtenente don Pedro Álvarez Corrales. Non se detecta ningunha outra reiteración, mais si a redundancia de apelidos, feito característico das pequenas comunidades rurais. O parentesco e a veciñanza podían constituír canles de adscrición á causa realista, aínda que puideron ter máis peso as antigas fidelidades de padroádego comarcal. É dicir, parece probábel que estes fidalgos mobilizaran as súas clientelas, tanto aquelas directas coma aquelas outras indirectas ou mediadas por outro fidalgo.

Nestas compañías de 1828, que aínda se definen "realistas", sobresaen máis as ausencias que as continuidades. Algúns oficiais do

[122] *Ibíd.* Descoñecendo a data desta listaxe da 1ª compañía, non se pode asegurar que coincidiran no tempo estas dúas compañías, malia que estes escritos estean xuntos.
[123] Barreiro Fernández, 1982: 88.
[124] Vilariño (1845) relata estes sucesos arredor do 1900. Reproducido por Vázquez (ed.), 1997: 126.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ano 1823, coma o comandante don Ramón Losada, o comisario Cobián, o tenente Rivas y Taboada e o subtenente Rivas y Seixas[125], non aparecen nas listaxes de voluntarios realistas do ano 1828. Outros, coma os escribáns Taboada e Estévez, así coma o fidalgo don Antonio Mª Valenzuela, permaneceron na causa dos realistas "puros". Mais non todos estes fidalgos militaron no carlismo en 1833. As nosas fontes non vinculan aos citados escribáns coas partidas carlistas, tampouco ao fidalgo don Ramón Villar. Puido acontecer o que Rújula ten observado en Aragón, que non existía o grao de descontento cara a estrutura político- administrativa que se detectou en Cataluña[126]. Con certeza, os oficiais realistas de Trasdeza, tamén os "puros", foron figuras relevantes da administración local, sen que existise aparente conflito no interior desta oligarquía. Talvez, a contestación dos realistas "puros" e carlistas desta xurisdición tivera coma obxectivo esferas máis altas da administración. Andando o tempo, o paulatino abandono da opción política contrarrevolucionaria tornará a cor política desta elite, deixando para o carlismo algúns puntuais afectos.

A interpretación de todas estas fontes suxire a imaxe dunha oligarquía forte e unida, reiteradamente vinculada por transaccións económicas e accións políticas. A función dos escribáns plasma sobre o papel vencellos constantemente renovados. En consecuencia, estes letrados acadaron grandes cotas de poder, sen esquecer que moitos deles eran de extracción fidalga. Espinosa estaba persoalmente relacionado con estes escribáns que, en 1823 ou 1828, foron oficiais realistas. Na primeira metade do século XIX, as transaccións patrimoniais de Cascaxide tiveron as distintas rúbricas de don Ramón Losada, don Matías Estévez e don José Taboada. A maiores das numerosas adquisicións de don Benito Espinosa, das que dá fe Estévez[127], conservouse no arquivo familiar varios protocolos

[125] Don Benito Rivas y Seixas foi comisionado pola veciñanza da xurisdición en 1836 para xestionar un asunto na Deputación. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, Ca 3.148 (5). Solicitude de cambio de depositario de Facenda e acta da Xunta de parroquias da xurisdición de Trasdeza, 14- 22 de abril de 1836. Será motivo de comentario no epígrafe 3.2.

[126] Rújula López, 1998: 139- 140.

[127] En concreto, nos anos de 1815, 1816, 1822, 1823, 1826 e 1827. Arquivo familia Espinosa, caixa III, *Xenealoxías*, 3.1. e 3.2., Adquisicións XVIII- XIX. Documentación varia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

notariais deste escribán[128]. Estes instrumentos de recompilación anual non teñen particular interese para a familia Espinosa, xa que non se observan escrituras relevantes desta Casa. Esta custodia de protocolos alleos á familia xa acontece no século XVIII, quedando para a posteridade os documentos dos escribáns don Pedro Taboada Salgado e don Francisco Arias Vaamonde[129]. Tamén os Rivas atesouran no seu arquivo unha cantidade inxente de protocolos notariais, no que interpretamos coma unha función social consubstancial da condición fidalga: protectores da xurisdición, neste caso do patrimonio documental.

Desta morea de escrituras notariais, de Escuadro e doutras parroquias limítrofes, entresacamos un documento singular. No ano de 1829, don Matías Estévez pide licenza para exercer –novamente- de escribán. Sostén no escrito que tiña o grao de subtenente de infantería, mais que solicitaba ser relevado para desempeñar o seu oficio de escribán. Tamén o comandante don Ramón Losada vai presentar unha solicitude co mesmo propósito[130]. Ambos estaban a renunciar ao mando militar dos realistas en Trasdeza, para regresar ás funcións legas. Talvez, estes escribáns de Trasdeza non estaban dispostos a transitar a vía carlista, ao fío da guerra e represión dos *Malcontents* na Cataluña de 1827. Conxecturas á parte, o feito é que varios dirixentes realistas desta xurisdición non se integran nas filas carlistas. A

[128] Corresponden cos anos de 1820, 1829, 1830 e 1824. Arquivo familia Espinosa, caixa III, *Xenealoxías*, 3.2.; caixa XXII, *Protocolos notariais*, 22.3. Hai que engadir que esta custodia de protocolos notariais era unha práctica habitual nos arquivos dos pazos. O fondo da Casa de Sestelo (Siador), catalogado pola Deputación de Pontevedra, congrega unha multitude de protocolos notariais dos séculos XVII e XVIII.

[129] O primeiro fora nomeado escribán real en 1708. Podía estar emparentado coa liñaxe da Casa de Casares. As escrituras chegan até 1720. Do segundo contamos cun protocolo de 1745. Son escrituras nas parroquias de Negreiros, Chapa, Escuadro e Moalde. Fondo Espinosa, caixa XXII, protocolos notariais, 22.1, 22.2. O escribán Arias Vaamonde formaliza as transaccións dos irmáns López Peñalta, con casa en Manduas, ambos escribáns, que, á súa vez, rubrican moitas das adquisicións do Ldo. Marcos Fernández Espinosa. Os protocolos dos irmáns López Peñalta foran destruídos en 1809, cando os franceses queimaron a casa do tamén escribán don Pedro Antonio Gómez, quen os conservaba. Esta perda ocasionou moitas complicacións a don Benito Espinosa para acreditar a orixe do seu patrimonio. Arquivo familia Espinosa, caixa III, *Xenealoxías*, 3.2., Documentación varia.

[130] *Ibíd.* Ambas solicitudes figuran no inicio do protocolo notarial de 1830 de don Matías Estévez. A este último concédeselle o emprego o 1º de xullo de 1829.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

posición destas elites pode explicar o triunfo final dos *cristinos* nos convulsos anos da guerra civil.

3.1.5. O reformismo absolutista do ministro López-Ballesteros

Dentro das posicións absolutistas, había lugar para certo sector reformista, que aspiraba á conservación do Antigo Réxime mediante unha obra de rehabilitación administrativa. Tras o impacto da Ilustración e da guerra, o Despotismo Ilustrado foi percibido para algúns políticos e burócratas coma a única saída cara adiante[131]. A simple vista, o reinado de Fernando VII gravitou entre o bando deste "despotismo ministerial" e aquel outro denominado reaccionario, ultra ou apostólico. Mais estes últimos repudiaban o absolutismo centralista e burocrático, socavando as bases do propio Estado. Estas críticas ultraconservadoras eran máis radicais e combativas no realismo/carlismo, que defendeu abertamente a recuperación das Cortes, os *fueros* e dereitos territoriais, a Igrexa e a Inquisición, e a mobilización popular en partidas[132].

Podemos atribuír aos chamados "reformistas" ou "ministeriais" a continuidade agónica do réxime fernandino durante a Ominosa Década. Na nómina de políticos e funcionarios desta corrente ocupou un lugar preeminente don Luis López- Ballesteros, sendo o ministro de Facenda máis duradeiro neste reinado. Boa parte destes absolutistas ilustrados foron atraídos polos liberais moderados, non tanto polas súas ideas como pola radicalización excluínte dos ultras. Namentres, os liberais máis mornos quixeron ampliar as súas bases sociais e

[131] Barreiro, 2008: 13.

[132] Suárez describe unha relación ontoxenética entre realismo, carlismo e tradicionalismo. Distintos contextos e fases da "reacción antiliberal". Esta posición política tamén censuraba o absolutismo dos burócratas. Dende a perspectiva deste autor habería 3 modelos políticos: liberal, absolutista e realista. O c contido doutrinal do realismo "está prácticamente inédito", aseguraba. As teses de Suárez poden ter algún fundamento, mais semella unha lectura un tanto tendenciosa. Suárez Verdeguer, 1988: 30- 36. Fontana gardáballe especial animadversión ao "padre Suárez", vinculado ao Opus Dei, ao que critica pola "falta total de perspectiva". De *La crisis política del Antiguo Régimen* de Suárez opinaba que era "un panfleto ultra, lleno de tópicos reaccionarios, de pobrísima información y con errores garrafales". O único "valioso" dalgún traballo de Suárez é a "documentación que aporta". Fontana Lázaro, 1992: 217, 288, 296. O valor das fontes que reproduce unha obra é o motivo de que nesta tese estea presente a biografía de López- Ballesteros escrita por Natalio Rivas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

políticas para constituír un consenso liberal que trouxera orde fronte os excesos dos máis exaltados.

Don Luis López- Ballesteros era fiel absolutista, medianamente ilustrado e fixo carreira burocrática. A súa adscrición ao bando do reformismo ministerial foi natural. Comisionado polo concello de Vilagarcía para tratar asuntos da vila na Corte, visitou Madrid por vez primeira na primavera de 1814. Desempeñaba o humilde cargo de procurador síndico, mais con "un amplio poder, un poder general, como su representante en Madrid"[133]. Para Rivas, este fidalgo se "había desviado de la ruta normal", "xa que a guerra espertara "sus ansias patrióticas ardientemente". Só así consegue explicar que López-Ballesteros deixe atrás a Golpelleira, "por razones que no aparecen señaladas en ninguno de los papeles de su archivo". Decidiu tomar un "camino tan poco hermanado con sus costumbres" [134].

A biografía de Gónzalez López fai fincapé na experiencia adquirida na guerra en materias de Intendencia e Facenda, así coma a relación con "personalidades políticas, civiles y militares, unas españolas y otras inglesas"[135]. Cando López- Ballesteros solicita o ingreso no Ministerio de Facenda, non está so, como sostén Rivas. "Tenía en Madrid muchos valedores", comezando polo marqués de Vilagarcía, don Joaquín Armesto Teijeiro, e o señor de Rubianes, ambos cortesáns moi influentes. Tamén coñecía un bo número de militares e políticos, coma o xeneral Castaños, que fora Capitán Xeneral de Galiza, e o marqués de Campo Sagrado (1763- 1837), quen trabara con López- Ballesteros "una sólida y buena amistad"[136].

[133] González López, 1987: 43.
[134] Rivas, 1945: 51- 52.
[135] González López, 1987: 42- 43.
[136] Suárez citado por González López, 1987: 44. Deixa constancia Suárez dunha visita do marqués á Golpelleira, na compaña da súa esposa e sobriña, no mes de xullo de 1813. Comparte con López- Ballesteros un informe que vén de redactar sobre a súa xestión na Capitanía Xeneral. Pídelle a súa opinión sobre o texto. Debía tratarse do coñecido coma "Representación (...) al Supremo Tribunal de Justicia". Seguidamente, envíalle exemplares «para repartirlos como guste entre sus amigos». Esta amizade pode sustentarse tamén en vencellos de sangue, xa que o titular do marquesado, don Francisco Bernardo de Quirós y Mariño de Lobera, descendía por liña materna da familia pontevedresa Mariño de Lobera y Pardo Figueroa, marqueses de Sierra. De feito, os seus pais contraeran matrimonio en Fefiñáns (Cambados, Pontevedra). Este parentesco viña reforzar o enlace do seu bisavó, o 2º marqués de Campo Sagrado, con Benita Teresa Mariño de Lobera. Lembrando a antiga unión

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Incluso no propio Ministerio contaba cun curmán carnal, don Pedro Vázquez Ballesteros, que fora Oidor da Audiencia de Aragón e do Consello Real, e que en 1814 dirixía o arquivo de Facenda[137]. En resumidas contas, talvez non necesitou máis que aqueles informes de servizos patrióticos durante a guerra que presentou no Ministerio, mais contaba con contactos para albiscar unha prometedora carreira burocrática en Madrid.

En agosto de 1814 foi nomeado Oficial duodécimo da Secretaría de Facenda, asistindo dende o primeiro día con laboriosidade e interese. Afirman os seus biógrafos que gañou a estimación dos seus xefes e compañeiros[138]. Ben fora pola súa competencia, ou ben polos seus contactos, López- Ballesteros tivo unha promoción interna fulgurante. En mes e medio ascendeu a Oficial undécimo, en febreiro de 1815, Oficial sétimo. No goberno de Cevallos, co vigués López Araujo en Facenda, subiu en tres ocasións de rango, sendo un dos grandes colaboradores do ministro. En 1817, baixo o ministerio do ilustrado Martín de Garay pretenden unha reforma que arranxe a Débeda, aumente ingresos e reduza gastos. Nesta tesitura, consegue a plena confianza deste ministro que o propón para o cargo de Director Xeral de Rendas[139]. Dous meses antes, fora chamado á presenza de

---

dos Varela e Mariño de Lobera no século XVII, semella máis que probábel que o marqués asturiano estreitase relacións cos seus parentes da Buzaca e da Golpelleira, máxime no contexto bélico e dadas as respectivas posicións militares e políticas na mesma. Un aspecto máis a considerar nesta "sólida amistad" é o decurso en paralelo das súas carreiras políticas no reinado de Fernando VII. López- Ballesteros, ministro, Campo Sagrado, con diferentes cargos de relevancia, sendo Capitán Xeneral de Cataluña en tres períodos. Ambos tiveron unha actitude conciliadora cos liberais, sendo polémica a destitución de Campo Sagrado da Secretaría de Guerra en 1817 por negarse a asinar a condea a morte do xeneral Lacy. Xa en 1814 protexera a moitos liberais da represión absolutista en Barcelona. En 1826- 27 combateu aos *Malcontents*. Cómpre engadir que o marqués de Campo Sagrado era curmán carnal do 6º conde de Toreno, pai de José María, o coñecido político.

[137] *Ibíd*. Era fillo de dona Rosalía López- Ballesteros y Mondragón e do escribán don José Vázquez Betanzos, tíos de don Luis.

[138] *Ibíd*.: 46- 47.

[139] Existen discrepancias entre os distintos biógrafos de López- Ballesteros. Rivas insinúa que non debeu haber boa sintonía, xa que non ascendeu naquel ano de 1817, facendo responsábel do cargo de Director Xeral de Rendas ao mesmísimo Fernando VII. Sen embargo, para González López había "una gran afinidad en cuanto a las reformas que se debían llevar a cabo". Paradoxalmente, López- Ballesteros estaba "entusiasmado con la única contribución directa", a mesma medida que anulou ao comezo do seu ministerio, recuperando as rendas provinciais. Rivas, 1945: 55; González López, 1987: 50- 51.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fernando VII, quen tras varias entrevistas, rubricou este nomeamento o 19 de abril de 1818, o cargo máis importante despois do ministro[140]. Ademais, gozaría dos honores de membro do Consello Superior de Facenda[141]. A partir daquela, gozou da protección do monarca.

Un apoio fundamental no seu ascenso social e político na villa e Corte atopouno no mecenas galego don Manuel Fernández Varela (1772- 1834), que entre outros cargos foi arcediago de Madrid, predicador da Súa Maxestade e Comisario Xeral da Santa Cruzada. Procedente dunha familia da Pobra do Caramiñal, na outra beira da ría de Arousa, coincidiu con López- Ballesteros na Xunta de Defensa e Armamento do Reino de Galiza. Aquel que Galdós chamara "el Magnífico" nos seus *Episodios Nacionales*, foi un home principal na restauración fernandina. Protector de políticos e artistas, especialmente considerado cos galegos, celebraba grandes eventos aos que asistía a alta sociedade madrileña, coma, por exemplo, a estrea dunha peza de Rossini por encargo do propio Fernández Varela. Descoñécese parentesco algún pola liña dos Varela, mais se existía tal vencello debían estar ao corrente. A relación foi tan persoal que un dos fillos de López- Ballesteros, Rafael, residiu na casa de Fernández Varela para enderezar os seus estudos[142].

O éxito do pronunciamento de Riego dá pé ao Trienio liberal (1820- 1823), tres anos nos que se aplicaron un bo número de medidas lexislativas redactadas nas Cortes de Cádiz: monarquía constitucional, abolición da Inquisición e do señorío, nova división territorial, proteccionismo económico. Os chamados "doceañistas" abandeiraron o proxecto, mais coa presión dos "exaltados" ou "vintenos", homólogos dos "vintistas" portugueses. Estes conseguiron asustar ás distintas familias liberais que converxeron en posicións moderadas: doceañistas, "anilleros"[143], afrancesados, doutrinarios... Por outra

[140] Rivas, 1945: 54- 55.

[141] Barreiro Fernández, 2001 (a): 353- 354.

[142] "Señaló pensiones a muchos hijos de Galicia que se dedicaba na las Bellas Artes, como los arquitectos Noya y Lareu, y se enorgullecía de haber adivinado en Nicomedes Pastor Díaz al futuro gran poeta y orador". González López. 1987: 45- 46.

[143] Os "anilleros" pertencían a unha sociedade secreta denominada "Sociedad del anillo". Organización política que, ao xeito dunha loxia masónica, era exclusiva, iniciática e co símbolo dun anel que portaban os seus membros. Entre eles, políticos de primeira fila coma Martínez de la Rosa, conde de Toreno, Moscoso de Altamira, Calatrava e o duque de Frías.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

banda, dende as posicións ultras foron atacados política e militarmente, coa mobilización de voluntarios realistas e a Rexencia de Urgell. Entre a reacción e a revolución, quedaba a "senda constitucional" moderada que avogaba por unha transformación institucional e social non violenta[144]. A inestabilidade política asolagou este período, até que a Santa Alianza (Rusia, Prusia, Austria e Francia) decide intervir e impoñer un novo ciclo de Restauración absolutista.

Neste contexto, cando Espinosa exerce de alcalde constitucional de Escuadro, o seu curmán López- Ballesteros decide non significarse. Rexeita os distintos nomeamentos que lle propuxeron durante o Trienio, malia que tivese trato persoal con moitos dos políticos liberais do momento[145]. Obtivo a xubilación do seu cargo de Director Xeral de Rendas, illándose de calquera actividade política. Cando foi consultado, saíu en defensa do persoal de Facenda, acreditando por carta a "aptitud y honradez" dos funcionarios, sen que sinalase algún "que tubiese mala reputacion"[146]. Ano e medio máis tarde, desiste de encargarse da carteira de Facenda cando é publicado este nomeamento en Real Orde de 24 de xaneiro de 1822[147]. Tras varias cartas de renuncia, admiten a dimisión o 30 de xaneiro mediante Decreto. Do ano 1825, sendo xa ministro de Facenda, consérvase un certificado que o cualifica "opuesto al régimen constitucional", xa que non desempeñou ningunha función política nin administrativa no Trienio[148]. De feito, resulta sintomático que López- Ballesteros fora inmediatamente reposto no seu cargo de Director Xeral de Rendas

[144] Morange, 2019: 13- 20.

[145] "Progresistas como Toreno e Mendizábal" tíñano "en grande estima non só polos seus coñecementos en materia de facenda, senón tamén porque foi un dos poucos políticos da etapa absolutista sensible á desgracia dos liberais no exilio, que procurou mitigar na medida das súas posibilidades". Barreiro Fernández, 2001 (a): 355.

[146] AMPO, *fondo López- Ballesteros*, 1- 33. Carta de Luis López Ballesteros, 19 de xuño de 1820.

[147] O marqués de Santa Cruz e López- Ballesteros rexeitaron estes nomeamentos sorpresa, dos que non foran debidamente informados, xa que todo obedecía a unha manobra da "camarilla íntima del Rey". Pretenderon situar no goberno a dous amigos incondicionais do monarca, de signo absolutista, o que era un golpe de Estado encuberto. Rivas, 1945: 66- 75.

[148] AMPO, *fondo López- Ballesteros*, 1.33. Quedaron mostras documentais das tentativas do Trienio para captalo, e dos certificados absolutistas posteriores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pola rexencia absolutista en xuño de 1823, cando Fernando VII aínda estaba "prisionero de los liberales en Andalucía"[149].

Tanto a súa fidelidade política ao absolutismo, coma persoal cara Fernando VII, valeulle a don Luis encabezar o ministerio de Facenda entre 1823 e 1832, na práctica totalidade desta segunda restauración. Tiña o perfil político "fernandista", xa que non estaba identificado plenamente con ningún dos grupos políticos do Trienio[150]. Talvez, un "patriota", segundo a denominación da época[151]. A súa permanencia no cargo proba certa habilidade para soportar o carácter caprichoso do monarca. "Los bandazos a diestro y siniestro son característicos de estos diez años de gobierno"[152]. En 1825, por exemplo, créase unha Xunta consultiva do goberno, en substitución do Consello de Estado, "a los tres meses se suprime y se decide reinstaurar el consejo de Estado, a la vez que se suprime el consejo de ministros".

O Consello de Estado estaba "dominado por los ultras", encabezados por don Francisco Tadeo Calomarde, ministro de Graza e Xustiza. Este acérrimo inimigo político de López- Ballesteros, que ten sido cualificado de "oportunista", foi un reaccionario "fernandista", moi próximo aos realistas exaltados[153]. O seu cometido no Consello foi "frenar cualquier proyecto reformista de los ministros (...), su estéril función de perpetuo denunciante del moderantismo". Para Fontana, "lo más gracioso era que, al propio tiempo que no le dejaban hacer nada [a López- Ballesteros], le echaban en cara que no consiguiese aumentar los recursos"[154]. Sen lugar a dúbidas, o fidalgo de Vilagarcía serviu de dique de contención ás pretensións dos apostólicos fernandistas no poder.

---

[149] González López, 1987: 61.

[150] Aróstegui Sánchez, 1976: 125- 126, 162. Os "fernandistas" eran políticos absolutistas de filiación persoal co monarca, máis alá de inclinacións ilustradas ou reaccionarias.

[151] Os "patriotas" eran ilustrados reformistas que defenderan o Antigo Réxime durante a guerra. Esteban de Vega, 1996: 234.

[152] Fontana Lázaro, 1992 (1979): 176.

[153] Aróstegui Sánchez, 1976: 176- 177. A figura de Calomarde é "complexa". Un "oportunista" de comportamento ambiguo. Considerado "exaltado", "protector de los realistas", "implicado, según la policía, en los levantamientos realistas", perseguiu aos agraviados, prepara o texto da *Pragmática* e manifesta a súa lealdade a Fernando VII, incluso no desterro. Non foi aceptado nas filas carlistas, dando por rematada a súa carreira política.

[154] *Ibíd*.: 177.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este reformismo que encabezou López- Ballesteros foi claramente insuficiente, á vista dos grandes cambios que precisaba o Tesouro Público. Foron denodados e infrutuosos os esforzos deste ministro por reformar a Facenda, sen tocar estruturalmente o sistema, sen topar co rexeitamento airado dos inmobilistas do Consello de Estado ante as "funestas innovaciones"[155]. Era, polo tanto, un reformismo administrativo aínda moi afastado do modelo económico liberal. A súa fórmula: "corregir sin novedad"[156]. Sen embargo, "si atendemos a la reforma administrativa y a la mejora en la organización de la Hacienda, habrá que concluir que la labor de este equipo de hacendistas ha sido sencillamente admirable"[157]. López- Ballesteros conformou unha equipa de técnicos excelentes, poñendo as bases dunha burocracia racionalizada, rexida pola eficacia e a competencia técnica. Talvez, unha "ilusión tecnocrática", que evitou o "colapso inmediato", mais que prolongou "durante diez años la agonía del Antiguo Régimen"[158].

Entre os logros do seu ministerio son destacábeis a introdución do orzamento público en 1825 e a centralización das contas do Estado. En canto á presión fiscal, aumentou a carga dos impostos indirectos, do consumo, sen lesionar a sociedade estamental. Para Fontana neste último aspecto radica a fonte da degradación do Estado español no século XIX: "Los defensores de la tradición aceptaron pagar este precio a cambio de salvar sus queridos privilegios"[159]. O déficit fiscal disparábase, sen alternativa algunha que aumentase os ingresos do Estado. Entre as consecuencias que sinala Fontana está a "decadencia del ejército y la ruina total de la marina", que se traduciu na perda do imperio colonial e no desprestixio en Europa. O xuízo de Fontana sobre a época vai máis aló. A mentalidade propia da Ominosa Década tiña asumida a creba do Estado:

> "Lo que sobre todo me importa es dejar constancia de que había una especie de consentimiento universal

[155] Fontana Lázaro, 1973 (b): 328.
[156] *Ibíd*.: 131- 132.
[157] *Ibíd*.: 336.
[158] *Ibíd*.: 338.
[159] *Ibíd*.: 328- 329.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> acerca de la ruina económica de España en los años de gestión del equipo López Ballesteros."[160]

Malia os avances deste ministerio en materia de organización, centralización e xestión interna, dispoñía de escasa marxe de actuación nos distintos territorios do Estado. Coa anulación da contribución única, e a volta do sistema de rendas provinciais e repartimentos locais, reeditaba as arbitrariedades e irregularidades xenéricas do Antigo Réxime. A eficiencia que perseguía López-Ballesteros nas oficinas do ministerio, perdíase na estrutura do sistema fiscal. A seguinte análise de Fontana explica nitidamente a situación política- administrativa deste período:

> "La monarquía absoluta era mucho más débil de lo que suele creerse. Apoyada en las oligarquías locales, sólo podía gobernar de acuerdo con ellas, nunca contra ellas. (…) A la hora de la verdad, la mayoría de las innovaciones tributarias se transformaban en aumentos sobre los repartimientos locales (controlados por 'los poderosos') o en recargos sobre los precios de los artículos de consumo popular. Así, lo que en las oficinas del ministerio se planeaba como una reforma ilustrada, se había transformado, al llegar a los pueblos, en una vuelta más a la tuerca de los viejos abusos. Lo único que el ministro y sus colaboradores podían reformar efectivamente era lo que quedaba dentro del estrecho radio de su actuación directa: la administración."[161]

Os problemas do ministerio López- Ballesteros non quedaban aí. O problema da débeda española, tanto á interior coma a exterior, era un lastre antigo, mais nesta época padeceu unha "gestión irresponsable" [162]. A necesidade de inxectar capitais obrigouno a recorrer a préstamos privados no estranxeiro. Estas operacións afogaron aínda máis se cabe as arcas públicas. En 1830, coas bolsas

[160] *Ibíd*.: 334.
[161] *Ibíd*.: 336.
[162] Comín, 2004: 56 e ss.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

europeas pechadas á débeda española, dado que o Estado non recoñecía a débeda do Trienio, o ministerio de López- Ballesteros procurou, ao seu pesar, un novo empréstito moi gravoso. Os directamente beneficiados con estas "maniobras politico bursátiles" foron os seus axentes ou negociadores, "de las que se lucraron copiosamente Aguado, Burgos, Casa Irujo, Corpas, O'Neal y otros"[163]. Pola contra, López- Ballesteros non debeu lucrarse ilicitamente, dado o seu modesto patrimonio[164].

Para Fontana, na súa monografía sobre a Facenda Pública fernandina, López- Ballesteros non foi un ministro tan acertado como debuxan as crónicas decimonónicas. Talvez, o seu maior logro foi rodearse de profesionais da talla de Pinilla ou Santillán[165]. Francisco Comín[166] comparte a opinión de que non foi un bo ministro, xa que as súas propostas apenas reformaron cousa algunha. Con todo, recoñece "su esfuerzo por poner orden en la administración de la Hacienda". Traballou con afán, rachando coa imaxe absentista da nobreza. O seu perfil político estaba próximo ao da aristocracia inglesa. Pese a ser fiel servidor do monarca e do réxime absolutista, foi ferozmente cuestionado, tanto polas súas "funestas innovaciones", coma polo trato persoal con afrancesados e liberais exiliados. Talvez tiña inclinación á diplomacia, mais o certo é que era comprensivo coa situación dos exiliados. Chegou a mediar para o retorno de varias familias honorábeis, coma os Canga Argüelles, exiliados en Londres. Mantiña correspondencia privada con este exministro, que lle recoñecía "la protección q. V.E. me dispensa"[167]. Mesonero Romanos sinalou nas súas *Memorias* que López- Ballesteros "patrocinaba *«una falange*

[163] Gregorio Marañón no "Epílogo" de Rivas, 1945: 243.

[164] En 1832, nunha carta ao seu fillo Nicolás, dous meses antes de deixar o Ministerio, comparte a necesidade de axustar gastos «que yo no puedo ni debo soportar». Unha anotación persoal de 1842 "consigna a lo que ascienden sus ahorros. Aquel hombre, por cuyas manos pasaron miles de millones de reales en una época que impunemente se podía medrar a costa del interés público, había conseguido reunir 120.400 reales". Rivas, 1945: 170- 172, 179.

[165] Fontana Lázaro, 1977: 90, 336.

[166] Comín, 2004: 31- 101.

[167] Rivas, 1945: 175. Tamén en AMPO, *fondo López- Ballesteros*, 1- 33. Resultan sorprendentes os "lazos corporativos que fue capaz de tejer este grupo" de profesionais de Facenda. A "reciprocidad" nos favores entre López- Ballesteros y Canga Argüelles alivian as súas respectivas situacións persoais nos cambios políticos. No Trienio, Canga Argüelles acepta a xubilación de López- Ballesteros. Esteban de Vega, 1996: 236.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

semi-liberal, política y literaria, compuesta de los hombres más notables del antiguo partido afrancesado»"[168].

Diversa documentación acredita a súa defensa dos técnicos do Ministerio ante as purificacións do corpo, conseguindo manter nos seus cargos a varios profesionais acusados de Liberalismo. O seu argumento foi práctico e efectivo: Facenda non podía soportar duplicacións de salario. Todo isto, evoca un López- Ballesteros de diversas facianas: un profesional na administración, un fidalgo na Golpelleira, así coma un *gentleman* na política. O profesor Barreiro insiste na súa prudencia y "neutralidade ideolóxica". Dende a súa carteira, axudou aos chamados "fomentadores" galegos cun prezo especial do estanco de sal, o que se pode cualificar coma unha medida fraudulenta. Unha corruptela que beneficiaba aos burgueses instalados nas rías galegas[169].

Durante o seu ministerio, cubriuse de honores e influenzas[170]. Estivo no círculo de fieis conselleiros da raíña María Cristina, aínda que a súa dubitativa intermediación nos Sucesos da Granxa de 1832, provocou a súa caída. Quizais tivo medo á ameaza dunha guerra civil. O certo é que deixou facer aos apostólicos no leito de Fernando VII, que conseguiron a derrogación da Pragmática que anulara a Lei Sálica. Cando mellorou a saúde do monarca, foron invalidadas as disposicións da súa convalecencia, e removeu o seu goberno. López-Ballesteros perdera a confianza rexia, sendo substituído por Victoriano de Encima y Piedra[171]. Un empréstito segredo e ruinoso co banqueiro Aguado urdido polo monarca e o director da Caixa de Amortización, Encima y Piedra, ás costas do ministro, tamén puido

[168] Mesonero Romanos citado en Rivas, 1945: 140.
[169] Fontana, 1973 (b): 105.
[170] Non aceptou título como premio aos seus servizos. En 1831, constan os seguintes honores: "D. Luis López Ballesteros, Varela, Mondragón y Navia, Caballero Gran Cruz de la Real y distinguida Orden Española de Carlos Tercero, de la de S. Genaro de Nápoles, y de la Orden Real de la Legion de Honor de Francia, condecorado con la Cruz de la Junta superior de Galicia, Consejero de Estado, y Secretario de Estado y del Despacho universal de Hacienda de España e Indias, Superintendente general de la Real Hacienda, Casas de Moneda y de Azogues". En Arquivo familia Espinosa, caixa XXIII, *Papeis de Josefa Izquierd*o, 23.1.
[171] Saíu do ministerio o 1º de outubro de 1832, cando se forma o goberno Cea Bermúdez que non contaba con ningún ministro anterior. Así e todo asiste ao acto de "derogación de la abolición de la Pragmática Sanción", que restituía os dereitos da infanta Isabel. González López, 1987: 2002- 203.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

incidir nese cese de López- Ballesteros, xa que este último tentou por todos os medios impedir este contrato[172].

Abandonou a primeira liña política xusto no momento de maior convulsión. Talvez con sensación de fracaso, xa que a súa xestión non conseguira evitar a caída do absolutismo. Sen embargo, podemos consideralo un dos protagonistas da transición ao Liberalismo. O moderantismo na Rexencia de Mª Cristina amalgamou no seu seo a posición reformista que representaba López- Ballesteros e outros absolutistas ilustrados. A vía da transformación impúxose, na política e na guerra, fronte o inmobilismo ultra. Para que esta converxencia tivese lugar, foi preciso unha crítica toma de conciencia da situación política. Escribiría López- Ballesteros nese contexto de cambio de réxime: «sin pensar en eso de dirigir la Hacienda, que es indirigible»[173].

Retirado, entón, na Golpelleira, permaneceu alí entre 1833 e comezos da década de 1840. Preocupado pola facenda da Casa, escribía aos seus fillos e curmáns. Pasaba largas tempadas nos Baños de Cuntis, aínda que tamén aproveitaba para visitar Compostela, onde vivía o seu primoxénito, o cóengo Nicolás. Naquela época procreou un fillo ilexítimo, que mantivo en segredo grazas á colaboración do seu curmán don Francisco Espinosa, párroco de Estacas. Este irmán de don Benito Espinosa foi unha figura de certa relevancia no clero secular pontevedrés, chegando a representar aos párrocos nas xuntas para a negociación do décimo. Este asunto da aventura amorosa de don Luis López- Ballesteros foi arranxado por Francisco con suma discreción. Salvo unhas cartas no arquivo Espinosa, non quedou constancia en ningures. Foi Francisco quen procurou unha familia humilde nas proximidades de Santiago para criar o rapaz. Durante a infancia do neno, chamado Antonio León, os curmáns mantiveron correspondencia relativa aos seus gastos, á educación e o seu futuro. López- Ballesteros, xa de volta en Madrid, é consciente da grande débeda contraída co seu curmán Espinosa: *«el inmenso favor, que me tienes hecho», «si mis males no hubieran ocurrido ya te tendria libre*

[172] Rivas, 1945: 132- 134.

[173] Carta de don Luis ao seu fillo Nicolás. A Golpelleira, 23 de xaneiro de 1838. En Rivas, 1945: 189.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de un cuidado el que solo deberia sufrir las resultas de una verdadera e imperdonable locura»[174].

Nese contexto de guerra civil, foi nomeado senador por Pontevedra en 1837, aínda que declinou o cargo. Nas biografías de Rivas e González López transcriben a copia das cartas que enviou a don Benito Espinosa sobre a súa posíbel designación senatorial[175]. A proposta partía dun grupo de homes principais da provincia, "compañeros" de Espinosa, que pensaban en López- Ballesteros coma bo representante dos seus intereses. Espinosa trata de convencelo, sen éxito. En varias misivas explica o exministro o seu desexo de descansar e coidar dos seus bens[176]. Transmite a idea de estar canso da política. A súa dimisión foi aceptada o 11 de febreiro de 1838[177].

Volvería anos máis tarde a Madrid, sendo senador pola Coruña na legislatura 1844- 45, e senador vitalicio na de 1845- 46. Dende 1849 até o seu falecemento en 1853, foi presidente da Real Academia de Historia, onde mellorou considerabelmente a súa organización administrativa. A súa participación no liberalismo non foi activa, relegado ás sombras do xogo político, mais gozando aínda de grande influencia.

A presente investigación sinala ao exministro coma estímulo para a participación política dos seus curmáns Varela e Espinosa. Unha

[174] A primeira carta sobre o pequeno está datada en maio de 1839. Nese verán foi entregado a unha familia nas inmediacións de Compostela para o seu coidado. Era un bebé lactante, polo que debeu ser xestado en 1838. Até 1849, Francisco paga pola manutención e educación de León. Tras a súa morte, son os Varela quen remiten os recibos para que Benito Espinosa e o seu fillo José satisfagan os pagos. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.1.4.; caixa XXI, Papeis de don Francisco Espinosa Varela, 21.2. Papeis persoais. O caso deste fillo ilexítimo lembra a novela de Marcial Valladares, *Maxina ou a filla espuria*. Unha filla de Espinosa, Manuela, puido ter tamén un fillo non recoñecido. No ano 57 aparece en Compostela feito un mozo. Manuela envía varias cartas aos seus irmáns José e Vicente pedíndolles cartos para arranxar o asunto do "chico", ao que quere enviar a Montevideo, sen que o saiba o seu marido. Non parece probábel que aquel bebé de López- Ballesteros sexa o "chico" de Manuela, aínda que en ambos asuntos mediou un tal Ramón, arcipreste de Moraña, que tería actuado a petición de Francisco Espinosa.

[175] Ambos biógrafos din de Espinosa "que debía ser persona influyente". Rivas, 1945: 185-188; González López, 1987: 210- 215.

[176] Dous meses antes de deixar o Ministerio escribía ao seu fillo Nicolás sobre *«cierta debilidad y falta de fuerzas (…), los males que consigo trahen la edad y el genero de vida, que paso desde nueve años acá y el deseo natural de descansar»*. Madrid, 1º de agosto de 1832. Rivas, 1945: 170.

[177] *Ibíd*.: 191.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

carta de don Luis a don Benito Espinosa amosa o escenario político máis propicio para a composición de unha oligarquía moderada, onde estas familias debían estar presentes[178]. A súa propia Casa estaría representada na nova orde constitucional polo seu fillo Diego, cunha carreira política moi meritoria nunha sociedade de notábeis[179]. Outros dous fillos, Rafael e Romualdo, dedicáronse á política, pero cunha actuación máis discreta. Rafael era un militar que obtivo escano de deputado en 5 ocasións, entre 1850 e 1863, polo distrito de Gandesa (Tarragona), salvo nas eleccións de 1857, nas que saíu por Pontedeume. Romualdo, con máis letras, exerceu de avogado antes de entrar no Ministerio de Facenda, onde ocupou distintos cargos de dirección[180], sendo deputado en dúas lexislaturas: 1854- 56 pola provincia de Lugo, e 1865- 66 polo distrito de Sarria (Lugo)[181]. O primoxénito, o cóengo Nicolás, sairá a relucir nas xuntas compostelás para a negociación do décimo, onde tamén estaba comisionado o seu curmán, o párroco Francisco Espinosa, en representación do clero secular.

En definitiva, don Luis López- Ballesteros foi un dos promotores do levantamento contra a ocupación francesa, un funcionario eficiente, un conselleiro leal e moi próximo ao monarca, Fernando VII. Inimigo declarado dos políticos ultras, protexeu a algúns exiliados e depurados liberais. Netamente absolutista, malia que ilustrado ou reformista, deixou a Facenda Pública nunha situación ruinosa, xa que as súas reformas só serviron para prolongar a agonía do Antigo Réxime. Non quixo títulos nin semella que se enriquecese ilicitamente. Un político honrado na corte, fidalgo de ascendente na súa terra, atesouraba unha rede de influencias vasta e sólida. As carreiras políticas dos seus curmáns, Varela e Espinosa, e dos seus fillos, especialmente Diego, son expresivas dabondo para concibir a don Luis coma o referente e valedor desta trama de notabilidades.

---

178 *Ibíd*.: 185- 188.

179 A súa traxectoria política quedará recollida nos capítulos 3.3., 3.4. e 3.5 desta tese.

180 Barreiro Fernández, 2001 (a): 353. "Foi subdirector xeral de Aduanas e Aranceis en 1857 e xefe de sección en 1864".

181 *Ibíd*. Resulta curioso que Romualdo, que segundo Barreiro "viviu un pouco baixo a sombra benéfica do seu pai e do seu irmán", fose deputado no Bienio Progresista, cando o seu irmán Diego estaba fóra do Congreso.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.2. O CONSENSO LIBERAL

A conxuntura política do cambio de réxime congrega diferentes posicións e intereses arredor dos bandos *cristino* e carlista. Foi a xenuína etapa da revolución[1], a época na que cristalizan as "dúas grandes culturas políticas enfrontadas na España do XIX"[2]. Os carlistas ou lexitimistas españois aglutinaron os postulados reaccionarios, mentres que a amalgama liberal apoiou a construción dun novo réxime, baixo a forma da monarquía constitucional. A causa liberal destacaba pola súa heteroxeneidade interna, tanto no eido social coma no ideolóxico[3]. Dificilmente, as distintas "familias políticas" integradas no bando *cristino* chegaban a acordos que hoxe diríamos programáticos. Coma punto de partida, contaban coas experiencias de Cádiz e do Trienio, referencias obrigadas en materia de lexislación e administración, así como tamén na filosofía política e na memoria colectiva.

A folla de ruta liberal foi deseñándose sobre a marcha, á vista dos acontecementos, froito dunha constante negociación entre grupos e clientelas, tanto na Corte coma nas provincias. Os distintos gobernos tiveron que pactar coas elites periféricas, porque "lo local sigue siendo

[1] Coincidente no tempo coa rexencia de Mª Cristina, período 1834- 1840. Fontana Lázaro, 2007: 147- 184.

[2] Veiga Alonso, 2008: 143. Cara finais do Oitocentos aparecerían neste escenario as culturas políticas republicana e socialista. A noción de "cultura política" que manexa Veiga ("conxunto de crenzas, actitudes e valores") está moi próxima á definición canónica dos politólogos Almond e Verba en 1965 (coñecementos, sentimentos e evaluacións). Javier de Diego Romero interpreta a influencia que tivo na historiografía americana e francesa, así coma noutras disciplinas sociais e humanísticas, citando a Foucault e Bourdieu. Coa precaución de non caer no funcionalismo da "teoría consensual" emanada de Almond e Verba, explica este autor que "resulta forzosa su remisión a un genérico marco conceptual compartido", empregando os termos que manexaron os actores, en detrimento dos tipos ideais estruturados pola investigación. De Diego Romero, 2006: 233- 266.

[3] Diversos autores subliñan esta heteroxeneidade na cultura política liberal. Por este motivo, hai que evitar caer en xeneralizacións que oculten a diversidade interna, tanto social coma ideolóxica. Beramendi (1998), Veiga (2008), Morange (2019). O denominado Partido Moderado estaba "escasamente cohesionado", sendo de facto un "partido de aluvión", dependente da vontade real, dos intereses económicos e das loitas persoais polo poder. Burdiel, 2010: 245- 249.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

el escenario de la vida pública"[4]. O consenso liberal resultante estivo cimentado no mito da propiedade "perfecta"[5], na administración centralista e na representación política elitista[6]. Malia as diferenzas entre estatutarios, doutrinarios, progresistas e outras faccións moderadas ou autoritarias, todos camiñaron a senda institucional do liberalismo postrevolucionario[7]. Un esforzo transaccional que foi dando pasos cara adiante e cara atrás, cunha dinámica irregular atenazada pola incerteza, as discrepancias e a violencia política.

3.2.1. As confluencias no bando cristino

Varios aspectos favoreceron o encontro de distintos perfís no bando *cristino*. Por unha banda, a polarización entre carlistas e liberais tería desprazado o eixo de discusión política cara posicións máis conservadoras. É dicir, os ultras empurraban na dirección das antigas institucións da Coroa, mentres que os progresistas e comuneiros propugnaban ideais democráticos, deixando en aparencia un "xusto medio" onde se mesturaban recoñecidos *doceañistas* agora mornos liberais, absolutistas reformistas, ilustrados afrancesados, e algúns "cangrejos" reaccionarios[8]. Reuníronse estas familias políticas facendo brasón dun liberalismo de orde: acometer un cambio político estrutural, mais sen revolución.

O *cleavage* político entre reaccionarios e liberais definíase por debates coma a lexitimidade dinástica, a soberanía, a liberalización económica, o papel da Igrexa, e a permanencia ou abolición das institucións tradicionais. A progresiva radicalización do discurso ultra

[4] Beramendi, Rivera, 2016: 31. A tensión entre elites centrais e periféricas determina a actividade política das Rexencias e da Década Moderada. Ten afirmado Burdiel que o "verdadero peso del primer liberalismo (...) debe valorarse (...) en el ámbito local y provincial". Burdiel, 1999: 187.

[5] Para Fontana, esta revolución foi "duradera, honda y transcendente" en canto emprendeu un proceso "global y conjunto" para fixar o "régimen de propiedad" particular. Fontana Lázaro, 1977: 259. Rosa Congost matiza esta interpretación historiográfica, xa que entende que a propiedade individual foi sacralizada, sendo mera ideoloxía. O propósito dos lexisladores liberais era convertela nalgo intocábel, inviolábel. Na praxe, perduraron dereitos compartidos sobre a terra, coma o caso dos foros galegos. Congost, 2000: 88.

[6] Fontana Lázaro, 1977: 262- 263.

[7] Un liberalismo que entende clausurado el ciclo revolucionario. Veiga Alonso, 2008: 146-152.

[8] Fontana Lázaro, 2007: 168.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inspirou medo en certos sectores acomodados. Para Fontana, a ameaza reaccionaria percibíase máis perigosa do que a minoría exaltada e progresista[9]. Sen embargo, segundo explica Burdiel, a rexencia de María Cristina "temía mucho más la revolución que el carlismo". De entrada, a raíña gobernadora "utilizó todos los recursos a su alcance para frenar la ruptura liberal con el absolutismo". "Ella no era liberal, ni siquiera templada". Fracasados os seus contactos con Francia e os carlistas, e "a falta de cualquier otra alternativa viable, estaba dispuesta a convertirse en «la reina de los moderados»[10]. Estes últimos compartían coa raíña gobernadora o temor aos excesos revolucionarios, sendo o Estatuto Real fiel reflexo das súas reservas. En verbas de Andrés Borrego, eran «conservadores negativos»: «que al paso que invocaban las ideas liberales se asustaban de ellas y querían impedir su legítimo desarrollo»[11].

A experiencia do Trienio amosara a existencia dun camiño polo medio, un liberalismo de orde que preconizaba unha transformación pautada, sen violencia, fronte o radicalismo exaltado[12]. Foi o inicio do "distanciamiento" moderado respecto da revolución[13]. Destacados *doceañistas*, coma Canga Argüelles ou Toreno, que foron amigos persoais da familia López- Ballesteros en Madrid, relaxaban o seu discurso político[14]. De "condición social elevada, todos exiliados y/o represaliados", tornáranse "más escépticos, realistas, pragmáticos y cautelosos" coa idade e as experiencias vividas[15]. Non en van,

[9] Fontana Lázaro, 2006: 341.
[10] Burdiel, 2010: 40- 42.
[11] Citado en Romeo Mateo, 1998: 41.
[12] Morange, 2019: 13- 20.
[13] Gómez Ochoa, 2007: 42- 43. Romeo Mateo, citando a Varela Suanzes (1995), fala de "alejamiento", que tería lugar durante a experiencia política do Trienio, percepción confirmada coa estancia no exilio. O resultado foi o liberalismo moderado. Romeo Mateo, 1998: 39.
[14] Barreiro, 2001 (a): 355. Tamén Mendizábal frecuentaba a casa dos López- Ballesteros na praza Matute, no barrio das Letras de Madrid, a escasos metros da Real Academia de Historia, da que Luis López- Ballesteros sería presidente dende 1847 até o seu falecemento en 1853. A meirande parte dos políticos do momento residían nese barrio, nas inmediacións da praza de Santa Ana, tendo o Congreso dos Deputados á súa beira.
[15] Gómez Ochoa, 2007: 42- 43. Ademais dos citados Toreno e Canga Argüelles, na nómina doceañista que transita cara a moderación estaban Argüelles, Martínez de la Rosa, García Herreros, e Bardají. Tamén debemos incluír ao fidalgo galego Moscoso de Altamira. Viveiro Mogo, 2004. Barreiro Fernández, 2001 (a): 432- 435. Canga Argüelles, "que ya había

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coñeceran de primeira man os principios do constitucionalismo británico e do doutrinarismo francés[16]. Mesmo a masonería secundaba maioritariamente posicións moderadas[17]. O texto constitucional de 1812 percibíase ateigado de "excesos democráticos o anarquistas"[18].

As célebres verbas de Martínez de la Rosa (1787- 1862) resumen o sentir daquela xeración de *doceañistas* temperados polo andar do tempo: *«Desacreditados los sistemas extremos, (...): ¿cuáles son los medios de hermanar el orden con la libertad?»*[19]. Na súa ansia por «unir el orden con la libertad», supeditaba a liberdade á primacía da orde[20]. Xa en 1822, estando á cabeza do goberno este político granadino, promoveu a limitación do sufraxio cos requisitos da instrución e a capacidade, mais a maioría parlamentaria exaltada tombou a proposta[21]. Foi un primeiro aviso do "liberalismo oligárquico" que estaba por vir[22].

---

renegado por completo de su pasado liberal", chegou a defender a conservación do décimo eclesiástico. Fontana, 1977: 324- 325.

[16] *Ibíd*.: 42- 45.

[17] Na efervescencia do Trienio actúan loxias de carácter moderado onde se encadraban a meirande parte dos políticos do momento. Coma acontecera na Francia napoleónica e da restauración, estes masóns rexeitan a ruptura revolucionaria. Os liberais máis exaltados crean a Comunería. Gil Novales, 2008: 25. Unha loxia moderada no poder foi a Sociedade El Anillo de Oro, con Toreno, Martínez de la Rosa, e Moscoso de Altamira, entre outros. Namentres, Mendizábal figuraba na loxia gaditana do "Taller sublime", ao carón de Istúriz, Evaristo San Miguel e Alcalá Galiano, promotores do pronunciamento de Riego.

[18] Gay Armenteros, 2004: 74- 75. A publicación de Javier de Burgos durante o Trienio, Miscelánea de Comercio, Política y Literatura, postulaba unha reforma, en sentido autoritario, da Constitución de 1812. Algunhas fontes indican que este político tamén puido pertencer aos Anilleros, a "todopoderosa sociedad gubernamental de los liberales dirigentes" do Trienio, segundo Dérozier. Gay Armenteros considera esta afinidade de Burgos cos moderados, mais non o encadra en ningún grupo liberal. De feito, estaba máis cómodo cos afrancesados absolutistas.

[19] Esta cita de Martínez de la Rosa é referencia obrigada na historiografía do liberalismo. Incluso é citada por Suárez Verdeguer, 1988: 36.

[20] Romeo Mateo, 1998: 45.

[21] Gómez Ochoa, 2007: 45- 46. Este historiador cita tamén unha frase semellante de Martínez de la Rosa: «establecer en España un régimen templado en que se hermanasen cual era conveniente el orden con la libertad». Na procura de estabilidade vai apostar por unha Coroa forte, respectada, con maxestade. Está inspirado en Montesquieu, Bentham, Contant, e na súa experiencia inglesa de 1811- 1813.

[22] Jiménez Blanco denomina así o período que media entre a morte de Fernando VII en 1833 e a guerra civil de 1936. Jiménez Blanco, 2002: 143- 147.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha década despois, en 1833, o liberalismo postrevolucionario revélase abertamente coma unha "rectificación dos principios" revolucionarios, para dar paso á xestión pública: "a administración debería substituír á política e ás barricadas"[23]. A revolución era censurada na prensa da época coma a anarquía, un "sinónimo de pecado", talvez unha vía inicial de liberación, mais que non podía "coexistir" coa liberdade[24]. Para ser exactos, buscaron "la libertad en la ley misma"[25]. Non se trataba dunha liberdade por natureza nin tampouco un dereito individual, era a marxe de actuación que concedía e protexía a lei constitucional. Practicamente todas as sociedades e faccións liberais estaban adscritas a este liberalismo sen revolución, coa excepción dalgúns grupos de talante democrático que persistiron no *doceañismo*, orixinando os levantamentos populares durante a guerra civil. Estes *doceañistas* fieis ficaron diluídos dentro do progresismo até a súa definitiva escisión en 1849[26].

Moderados e progresistas integraron, pois, o liberalismo postrevolucionario. O seu primeiro obxectivo era a construción do Estado liberal, para o que precisaban consenso político e o apoio dunhas bases sociais redefinidas. Segundo os modelos francés e británico, tiña que ser posíbel unha adaptación gradual das elites do Antigo Réxime á sociedade de notábeis decimonónica. Nestas tarefas impúxose unha perspectiva pragmática[27]. O corpus lexislativo do liberalismo postrevolucionario conformouse na praxe política: primeiro, nas controversias cos exaltados no Trienio; despois, mediante «una sensata y generosa transacción» entre moderados e progresistas[28]. Unha mostra da contención na praxe política foi o "consentimiento casi universal de moderados y progresistas en limitar el voto directo a quienes tuvieran un mínimo de fortuna"[29]. En xeral,

[23] Veiga Alonso, 2008: 146.
[24] Citando a Donoso Cortés e a Alcalá Galiano. Romeo Mateo, 1998: 43.
[25] Escribira Pastor Díaz: *«El tiempo de las revoluciones ha pasado: la libertad está en la observancia de la ley constitucional, como la existencia y la vida consisten en hechos y fuerzas que obran con arreglo a las leyes de la naturaleza»*. Barreiro Fernández, 2013: 125.
[26] Veiga Alonso, 2008: 146.
[27] A pesares de que esta xeira de políticos e poetas adornen os seus discursos con pretensións morais e estéticas. Sánchez León, 2006: 77- 103.
[28] Fontana, 2007: 158.
[29] *Ibíd*.: 157.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

todas as familias políticas do liberalismo tornáranse posibilistas. Escribía don Diego López- Ballesteros en 1839: «Me parece que si aguarda á que en España haya orden y concierto larga la lleba; por algunos años hay que avenirse á ir pasando del mejor modo posible»[30].

Fronte a enerxía e o «movimiento» dos progresistas[31], os dirixentes moderados asumiron "una preocupación primordial por el orden", pola salvagarda da Coroa, desembocando nunha "concepción autoritaria y timorata del liberalismo"[32]. Esta "primacía del orden y la autoridad" materializouse no "fortalecimiento del poder público", restrinxindo espazos á sociedade civil[33], con escasa autonomía política nas administracións territoriais[34], aínda que na praxe sexa no ámbito local onde se concreta e desenvolve o liberalismo[35]. Este autoritarismo do liberalismo español que instauraron os moderados será un trazo singular respecto doutras experiencias europeas[36].

Outras características, coma o escepticismo, o legalismo e a desconfianza das elites cara as masas populares, están tamén presentes no liberalismo de notábeis europeo. Para Isabel Burdiel, "un resultado similar", "claramente antidemocrático, profundamente oligárquico y rígidamente censitario", xorde do "ciclo revolucionario europeo"[37]. Malia as semellanzas, os moderados españois non aceptaron a etiqueta

[30] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de don Diego López- Ballesteros a don Lorenzo Varela. Madrid, 21 de decembro de 1839.

[31] *Ibíd*. Carta de don José Valladares. Lugo, 12 de enero de 1840. Avogaba Valladares, destacado progresista, polo entendemento da moderación e o progreso, a prudencia e o movemento, cando escribe ao moderado Varela para que se presente coma deputado provincial durante a Rexencia de Espartero. Os fidalgos investigados estiveron na órbita moderada, ficando os progresistas nun segundo plano.

[32] Gómez Ochoa, 2007: 37- 39.

[33] Romeo Mateo, 1998: 239- 241.

[34] Gay Armenteros, 2004: 92- 93. A imposición dunha "centralización jerarquizada" obedecía á desconfianza cara a política dos concellos e deputacións, "para tratar de eliminar ese peligro urbano de las provincias". Os conservadores decimonónicos reproducían así aquel "giro autoritario del bonapartismo"que era exemplo "del orden y la eficacia".

[35] Burdiel, 1999: 198. Aludindo a James Sheenan, considera o liberalismo "intensa y característicamente local en toda Europa", coma "ámbito de desarrollo" de ideas, intereses, sociabilidade e poder político.

[36] Segundo as interpretacións de Gómez Ochoa (2007) e Romeo Mateo (1998).

[37] Burdiel, 1998: 11.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de doutrinarios, sentiron receos da mesocracia, e criticaron abertamente o utilitarismo económico, coma fórmulas de escasa moralidade[38]. Estaban en clara sintonía co conservadurismo europeo forxado ao longo do século XIX, que fixo gala dunha "hostilidad común al liberalismo económico, la democracia política y la reforma social, por no mencionar al socialismo"[39]. As súas ideas e accións caeron en múltiples contradicións. Por exemplo, propugnaron a liberalización agraria para instituír a propiedade individualizada, ao tempo que defenderon o proteccionismo arancelario[40]. Unha mostra máis do pragmatismo no liberalismo moderado xa que, sen concordar plenamente coa filosofía liberal, empregaron aquelas medidas e ferramentas legais que podían favorecer a composición dunha nova elite reitora.

O propósito dos moderados, xa nas Rexencias, era a "reconstrución" dunha "aristocracia" coma representante virtuosa da poboación. Pretendían "reproducir en tiempos modernos el principio moral genuino de la aristocracia, esto es, la deferencia"[41]. Nesta liña, escribía Donoso Cortés en 1839: «la clase media no puede simpatizar con un orden de cosas en que se conceden a las turbas los mismos derechos que a sus individuos», porque «las muchedumbres duermen todavía el sueño de la inocencia». En consecuencia, esas

[38] Sánchez León, 2006: 95- 96. As críticas ao egoísmo da liberdade e á mesocracia presentáronse no período 1836- 40. Insignes liberais coma Alcalá Galiano, Lista e Borrego sepáranse do utilitarismo para censurar, con Tocqueville, a tiranía da maioría. No caso de Borrego houbo unha viraxe, dende a defensa das clases medias en 1835, até rexeitar o seu egoísmo en 1838.

[39] Mayer, 1986: 272. Este autor insiste no "antiliberalismo" do conservadurismo decimonónico, tanto na cuestión económica, coma no eido moral.

[40] Os progresistas do entorno de Mendizábal estaban plenamente convencidos das "excelencias do liberalismo económico", segundo a experiencia inglesa. Buscaban consolidar unha base de propietarios agrarios. Os moderados estaban conformes co acoutamento da propiedade, mais limitando esa liberalización. Os principios do liberalismo económico estaban "tan amplia y generalmente asumidos", que apenas houbo contrarios ás desamortizacións eclesiástica e civil. A defensa dos comunais quedou no bando carlista. Fontana, 1977: 268, 273- 274, 278.

[41] Sánchez León, 2006: 91- 92. Para Alcalá Galiano a deferencia era el «respecto profundo de las clases inferiores a las superiores», tomando coma exemplo a sociedade inglesa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«muchedumbres» quedaban excluídas da representación política e, incluso, da opinión pública[42].

Non se trataba só de intelixencia e riqueza, os representantes públicos debían ser poetas, con sensibilidade e audacia para procurar o "sublime" e ofrecelo á sociedade[43]. O individualismo era moralmente inaceptábel, "una tiranía nacida de la soltura y el desenfreno de la voluntad y el interés de los particulares"[44]. Un principio filosófico "falaz e incompleto"[45]. O egoísmo do individualismo podía desintegrar a unidade do Estado, talón de Aquiles da construción política liberal. Este discurso está presente en políticos, que tamén eran escritores e poetas, coma Donoso Cortés, Lista, e Alcalá Galiano, que encaixarían no modelo cultural dos "estetas aristocratizantes"[46]. Borrego, pola súa parte, reclamaba unha perspectiva antropolóxica "con el fin de adecuar la teoría del gobierno representativo a las condiciones culturales de la nación española". Un pensamento de «inspiración indígena» que recollese os costumes para construír un liberalismo propio[47].

A pesares das disensións e continuos xiros de guión no seo da causa liberal, o cambio político foi cumprindo as distintas etapas de deseño, creación e implantación institucional. A "ambigüidade" que imperou durante o transitorio Estatuto Real[48], disipouse tras o efecto do motín da Granxa e a sublevación das provincias naquel verán de

[42] Romeo Mateo, 2001: 248- 249. Recolle varios extractos dos artigos de Donoso Cortés publicados no xornal de Andrés Borrego, *El Correo Nacional*.

[43] Sánchez León, 2006: 85- 88. O poeta coma "representante moral del pueblo, a la vez sensible a su ideosincrasia y capaz de ilustrarlo".

[44] Alcalá Galiano citado en Sánchez León, 2006: 95- 96.

[45] Segundo o pensamento político de Pastor Díaz (1811- 1863), a esencia non está no individuo, senón na Providencia, pola que traballa o home para a súa aplicación na sociedade. Barreiro Fernández, 2013: 133.

[46] Encaixan estes políticos nunha xeira de autores que, influídos polo romanticismo, o dandysmo ou o monasticismo, rexeitaban a nivelación social burguesa. Mayer, 1986: 265- 266. Barreiro recupera a crítica de Menéndez Pelayo cando escribía do "espiritualismo recreativo, incoherente y vago" presente nos políticos moderados. Lixeira evocación filosófica que enchía a acción política de abstraccións e retórica. O espiritualismo converteu ao galego Pastor Díaz nunha figura decimonónica "heterodoxa". Barreiro Fernández, 2013: 139- 140.

[47] Sánchez León, 2006: 89

[48] Fontana, 2006: 366. O Estatuto Real foi unha carta outorgada pola raíña gobernadora baixo a presidencia de Martínez de la Rosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1836. Foi un "punto de no retorno en la revolución española, consumada como una imposición inequívoca sobre la viuda de Fernando VII"[49]. No período 1836- 37, en "menos de un año, toda la estructura jurídica y política del Antiguo Régimen fue desmantelada": igualdade legal, abolición de décimos e señoríos, desvinculación, desamortización eclesiástica, liberdades civís e económicas, goberno representativo, ... Un "consenso suficiente", malia as súas discrepancias[50]. Moderados e progresistas foran quen de atopar "puntos de acuerdo fundamentales –gracias a lo cual no se enfrentarán en el futuro más que por la disputa por el poder, pero no por imponer concepciones básicamente distintas de la ordenación de la sociedad"[51].

Ben fora pola loita polo poder ou por principios, moderados e progresistas vivían entregados á difamación do opoñente nos discursos parlamentarios e na prensa. Foi a raíz deste consenso liberal, xestado durante a Rexencia de María Cristina, que se distinguen e separan as dúas orientacións políticas que darán pé aos partidos isabelinos[52]. A opinión pública facíase eco das críticas dos moderados que denominaban "revolucionarios" aos progresistas[53]. Na beira oposta, tamén cargaban tintas. Comentaba López-Ballesteros:

> «las sociedades y los partidos, trabajan sin cesar, y están llenos de deseos de venganza, acusando á los moderados (de quienes supongo es uno de los representantes el Sr. Moscoso de Altamira) de

[49] Burdiel, 2010: 48- 49. As sublevacións nas provincias nos veráns de 1835 e 1836 indican que o consenso postrevolucionario precisou dalgunhas accións de forza para afianzar o itinerario liberal, perante as reservas da Coroa e algúns sectores reformistas, a pesar dos esforzos por evitar unha ruptura violenta. Burdiel, 1999: 193- 194.

[50] Sánchez León, 2006: 93.

[51] Fontana, 1977: 262- 263. Entende Fontana que non había tanto unha confrontación ideolóxica, coma unha loita polo poder, sen embargo, algunhas cuestións de transcendencia, coma a dimensión do sufraxio censatario, os concellos e as milicias, remiten a filosofías políticas distintas. Os moderados confiarán no elitismo para constituír un Estado oligárquico, mentres que os progresistas propugnaron ideais de inspiración democrática, cun marcado carácter localista. Fontana distingue claramente os progresistas daqueles outros demócratas, republicanos e socialistas utópicos. Os progresistas, enormemente divididos, foron abandeirados da soberanía nacional. Fontana Lázaro, 2007: 168- 169.

[52] Burdiel, 1987: 349.

[53] Deliberadamente, os moderados denominaban "revolucionarios" aos progresistas, co obxecto de desacreditalos. Gómez Ochoa, 2007: 58.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> reaccionarios y distribuidores de empleos, los cuales ya se sabe son el grande móvil de las agitaciones modernas»[54].

Estes furibundos ataques crispaban a política madrileña nun contexto de guerra civil. A *Gaceta Oficial* carlista retrata un panorama caótico e ruinoso: *«una asamblea tumultuaria, informe, desnaturalizada y compuesta de elementos rigurosamente demagógicos»*[55]. Sen embargo, un difícil pero efectivo consenso estaba a poñer as bases reguladoras do novo Estado. Unha situación complexa, explosiva, que foi resolta cedendo o poder aos progresistas para que levaran adiante as medidas máis drásticas, coma a desamortización eclesiástica, para despois recuperar o mando os moderados[56].

Lonxe de infundir temor, as Cortes Constituíntes de 1836- 37 serviron para normalizar o discurso liberal. Defenderon a súa labor coma unha "mera reinstauración de leyes del pasado"[57]. Unha referencia histórica que podía dar aparencia de estabilidade nun contexto de innovación institucional. Isto é, a continuidade, mesmo das etapas revolucionarias, podía ser preferíbel á idea de ruptura. Por outra banda, boa parte das políticas liberais cualificadas de revolucionarias en 1808 e 1820, eran percibidas coma innovacións necesarias no contexto de 1836- 37. Para Fontana, "el rápido proceso de erosión de las viejas instituciones ha llegado a tal punto que la mayoría de los señores entiende perfectamente que no se puede pensar en restauralas como eran en el pasado"[58].

En puridade, non se trataba dunha rehabilitación integral do legado de Cádiz e do Trienio, tan só das súas trabes, adoptando os

[54] González López, 1987: 213- 214. Carta de don Luis López- Ballesteros ao seu fillo Nicolás, coéngo en Santiago de Compostela. A Golpelleira, 23 de xaneiro de 1838. Alude ao galego Moscoso de Altamira, doceañista reconvertido en estatutario, do que hai varias referencias ao longo desta investigación. Viveiro Mogo (2004) aborda esta figura política.
[55] *Gaceta Oficial*, 30 de agosto de 1836. Citado en Urquijo Goitia, 2006: 172.
[56] Marcuello, 1986: 7, 14.
[57] Fontana, 1977: 262- 263.
[58] *Ibíd*. Fontana, 1977: 262- 263.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

seus contidos na súa versión máis suave[59]. "En realidad, fue un engaño de los moderados que, siendo minoría en las cortes, consiguieron que se votara un texto que correspondía plenamente a sus intereses"[60]. Os progresistas acordaron un código de mínimos, confiando en desenvolver as súas propostas mediante leis orgánicas, mais non contaron con perder o poder. De calquera xeito, a Constitución de 1837 foi o froito dun pacto, "no era la enseña de un partido, era un patrimonio común del liberalismo, de todas las fuerzas políticas liberales"[61].

Ese espírito "transaccional" que orixinou a Constitución de 1837[62], tamén motivou varias concesións para a Coroa e os absolutistas máis mornos. A cuestión da potestade rexia resolvíase cun recoñecemento de amplos poderes: soberanía compartida entre a Coroa e as Cortes, designación do Executivo e do Senado, veto parlamentario e a discrecionalidade de convocar e disolver as Cortes[63]. O bicameralismo e a confesionalidade do Estado, contentaba aos antigos privilexiados recoñecéndolles representación de seu. Un sistema monárquico constitucional[64], que non contemplaba declaración de dereitos cidadáns, "ni sugerencia sobre que tales derechos se considerasen precedentes y prevalentes al ordenamiento constitucional positivo". Isto é, non hai contrato ou pacto social nin lei natural coma fundamentos do novo Estado. A "primacía" está na "Nación", que "salvaguarda de los derechos de los individuos", sendo "lo previo y lo esencial"[65]. A metáfora nacional viña a subsumir os principios igualitarios e individualistas.

A nación foi o suxeito político da revolución, entendida como una "comunidad de personas (...) en cuanto a su linaje, sexo, identidad

[59] Salvo durante o intermezzo constituínte entre agosto de 1836 e a aprobación da Constitución de 1837, no que estivo en vigor a "Pepa".
[60] Fontana, 2007: 158. Ao respecto, dixera Donoso Cortés aos progresistas: «Vosotros sois los albañiles, nosotros los arquitectos».
[61] Díaz Marín, 2018: 39.
[62] Numerosos autores (Burdiel, Romeo Mateo, Gómez Ochoa, Marcuello, Viveiro Mogo) remiten ao cualificativo "transaccional" que acuñara Varela Suanzes- Carpegna en 1983.
[63] Burdiel, 2010: 49.
[64] Marcuello, 1986: 7, 334. Insiste Marcuello que é absurdo falar de "monarquía parlamentaria", sendo simplemente unha "monarquía constitucional".
[65] Romeo Mateo, 1998: 46. Alude as investigacións de Portillo, 1995: 303- 373.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cultural y confesión católica, por encima y antes de los individuos y también de los territorios"[66]. Unha nación soberana que non era froito dun contrato social, senón dunha tradición. Esta interpretación historicista e esencialista, alentada pola recepción do romanticismo, fundamentou a concepción elitista da sociedade. Este principio político da nación "convivió de forma contradictoria pero efectiva con la persistencia y profundización de las redes de poder local". Entre o ideal da nación e a praxe provincial e rexional puido existir tensión ou inestabilidade, mais non se advertían tendencias de ruptura co Estado-nación[67].

Os socios preferentes, as «aristocracias legítimas (...) sin parias»[68], procuráronse nas antigas elites político- administrativas. O cambio de réxime estaba plenamente asumido por todos aqueles que non abrazaron o carlismo, incluídos os absolutistas reformistas e os "cangrejos" reaccionarios. Aqueles ilustrados "patriotas" que perderan no reinado de Fernando VII a ilusión da supervivencia do Antigo Réxime, fan súa a responsabilidade dunha contención na transformación, un novo réxime sen revolución[69]. Con toda probabilidade, existiu un pacto entre o "absolutismo templado y el liberalismo reformista" para atopar unha saída política, salvando os «escollos de la revolución»[70]. Personalidades fernandinas, coma López- Ballesteros, manifestaban nas súas cartas a súa adhesión incondicional ao novo Estado[71]. Un exemplo da capacidade de adaptación ao liberalismo. Os seus integrantes eran maiormente altos funcionarios estatais, mais tamén había destacados aristócratas e financeiros.

[66] Ruiz Torres, 2003: 186- 187. Citando tamén a "revolución de nación" de Portillo, 2000: 29.
[67] Burdiel, 1999: 199. Esta idealización da nación do Estado, en paralelo á distribución do poder local e provincial foi un paradoxo común a distintos países europeos: Francia, Italia, Portugal.
[68] Romeo Mateo, 2001: 239- 241. Citando a Donoso Cortés.
[69] Caracterízanse coma "patriotas" en oposición aos chamados "afrancesados".
[70] Burdiel, 1998: 189.
[71] Rivas, 1945: 185- 190. Aínda que Rivas sostén que López- Ballesteros viviu "absolutamente retirado" da política durante a transición política, valórase aquí a influencia que tiña nos círculos de notábeis de Santiago e Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> "Esta élite apoyó a Ballesteros durante su largo ministerio (1823- 32) y en la etapa crítica de 1832- 33 colaboró con sus sucesores, Cea Bermúdez y Javier de Burgos. En 1833, por otra parte, desempeñó un papel decisivo al ascender al trono la regente, María Cristina, permitiendo la vuelta de los liberales exiliados y favoreciendo el restablecimiento del sistema de gobierno parlamentario. A partir de 1834, sin embargo, el grupo rápidamente perdió gran parte de su poder político; roto el monopolio del poder de la monarquía absoluta, se vio sumergido por la irrupción de nuevas fuerzas políticas y sociales"[72].

Outro sector, o dos afrancesados reformistas, tamén se incorporou ao bando *cristino*. A súa travesía política foi peculiar: antiabsolutistas declarados, colaboraron cos liberais no Trienio, mais a deriva exaltada fixéraos desistir do proxecto e apoiar –asombrosamente- ás forzas contrarrevolucionarias. Durante a Ominosa Década, chegaron a ocupar postos na administración, mais coa sospeita perpetua de desafección[73]. Un bo número dos funcionarios de Facenda de López- Ballesteros foron investigados por liberais ou por afrancesados, saíndo o ministro na súa defensa, xa que ponderaba a eficiencia sobre calquera outra consideración[74]. Para os realistas, «los afrancesados tubieron el mando» dende 1823, xa que este fora o propósito do exército francés, desenvolvendo o seu programa até aparecer coma moderados na rexencia de María Cristina[75]. Pola contra, Santillán escribiu que os realistas eran maioritarios en Facenda[76]. Aínda hoxe a identificación

[72] Marichal, 1980: 48- 49.

[73] Gómez Ochoa, 2007: 46- 47, n. 17.

[74] As duplicidades de salarios por purificados e interinos foi un dos argumentos de López-Ballesteros na Memoria Ministerial de 1828. Certamente, o ministro non quería perder ese "caudal de experiencia y conocimientos", ideando o ardid das purificacións en terceira instancia. Fontana, 1973 (b): 90- 91. Houbo o caso de funcionarios en Granada, Málaga e Almería que foran cesados por permanecer no seu posto durante o Trienio. López- Ballesteros "se rebeló contra tamaña injusticia y dispuso, sin consultarlo con nadie, ni siquiera con el Rey, que los primeros amenazados con la cesantía permanecieran en sus puestos". Rivas, 1945: 102.

[75] Segundo os escritos do reaccionario Padre Casares, en Aróstegui, 1976: 178- 179.

[76] Fontana Lázaro, 1973(b): 90. Santillán describiu a tolerancia que se vivía neste ministerio, malia as diferenzas políticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

política dos funcionarios non sempre é diáfana. Javier de Burgos foi un bo exemplo de político, e escritor, que bailaría entre os compases dos afrancesados, dos patriotas e dos liberais[77].

Do mesmo signo político que López- Ballesteros, o marqués de Miraflores (1792- 1872) defendera un "absolutismo templado"[78] que, ao integrarse na causa liberal, foi transformado en "monárquico moderado": "deseaban modernizar el país, pero con prudencia"[79]. A súa figura ampliaba a base da moderación ideolóxica de trazas autoritarias. Conselleiro fiel da raíña gobernadora Mª Cristina, era consciente de que as reformas tiñan que ser fondas, estruturais, malia que abominase da revolución[80]. A idea de Miraflores era que "para neutralizar a unos y a otros [revolucionarios e carlistas], era necesario ponerse al frente del partido moderado, o sea del grupo que podía representar los intereses dominantes del país"[81]. Uns meses antes do falecemento de Fernando VII escribía:

> «Más bien que partido es masa nacional, compuesta de la mayor parte de los ricos propietarios, de todo el comercio, de gran número de individuos ilustrados del clero, del ejército en su gran mayoría y en fin de todo hombre que vale algo en el orden social: masa

[77] Gay Armenteros, 2004: 65- 93.

[78] Burdiel, 2010: 42. Na órbita dos reformistas ilustrados, tivera interese pola agricultura e a industria. Participou na guerra de Independencia e apoiou militarmente o pronunciamento de Riego.

[79] Marichal, 1980: 48, 309. Marichal defíneo coma un aristócrata liberal. Con certeza, Miraflores foi un político do liberalismo e un avezado diplomático, xa que foi embaixador en Londres en 1834, negociando a Cuádruple Alianza, pasando a ser embaixador en Francia entre 1837 e 1840. Ocupou diversos cargos de relevancia cos moderados (ministerios, presidencias), sendo contrario aos gobernos progresistas.

[80] En 1836, coa destitución de Mendizábal e o nomeamento de Istúriz, orixinouse unha crise parlamentaria. Miraflores aconsellou entón a María Cristina que disolvese as Cortes, xa que «solo después de concluir con la revolución y los revolucionarios es como se puede terminar la guerra civil». A consecuencia foi o motín da Granxa. Burdiel, 2010: 42. Meses atrás, Miraflores urdira unha intriga de palacio para facer caer a Mendizábal. Expuxo o seu plan ao embaixador británico, Villiers, quen escribiu con sorna ao seu ministro, Lord Palmerston: «que sólo había un medio de salvar el país (...) cuando para mi estupefacción declaró que fomando un gobierno con él a la cabeza e Istúriz a la cola, y media docena de individuos más incapaces aun que él (...); todo ello iba a llamarse Ministerio de Coalición». Burdiel, 1987: 266.

[81] Fontana Lázaro, 2006: 341- 342.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> inmensa y masa respetable a la que únicamente se ha querido atacar con denominaciones inexactas y odiosas, pues a decir verdad no es ni liberal ni carlista, no es revolucionario: es sólo la reunión de los intereses esenciales del país que, aspirando sólo a ser bien gobernado, no […] aspira a que se mude la forma de gobierno, pero apetece seguridad individual, mejoras reclamadas por las necesidades primarias de los pueblos, reformas de la administración, orden, justicia y economía».[82]

Prefire Miraflores apelar a unha «masa nacional» ca un partido. Con anterioridade aos partidos de masas, existiron organizacións políticas que nalgúns casos foron cualificadas coma "partidos de cadros", "de notábeis", ou "parlamentarios"[83]. Partidos "característicos de la primera etapa del liberalismo y producto, en su momento inicial constitutivo, de los debates, votaciones y alianzas dentro de los Parlamentos"[84]. É dicir, a orixe destes partidos está no sistema censatario (comités electorais) e na actividade dos representantes electos (grupo parlamentario)[85]. Unha estrutura de cadros "reservada a unos pocos, que descansa en una selección estricta y cerrada"[86]. Non se pretende unha maioría, un gran número de membros ou afiliados, precísanse homes principais, notábeis de demostrado prestixio, habilidade e fortuna, para que encanen as eleccións.

Malia estas pretensións, carecían dos elementos organizativos propios dun partido: ideario, programa, afiliados, estatutos,...[87]. Non existía un rexistro de membros nin o pago de cotas, polo que,

---

[82] *Ibíd*.

[83] Veiga Alonso, 2008: 142.

84 Burdiel, 1987: 93. Citando o modelo de "partido de origen parlamentario" bosquexado por Duverger.

[85] Duverger, 2012 [1951]: 16, 19- 21. Este modelo contempla o "papel preponderante" dos condicionantes propios do contexto, "las circunstancias locales".

[86] *Ibíd*.: 94. Asegura Duverger que houbo poucos partidos de cadros en estado puro, recoñecendo, novamente, a concreción empírica de cada caso.

[87] Veiga Alonso, 2008: 142. Para Christine Guionnet non hai autenticamente partidos, só patróns; non hai ideas, senón intereses. Guionnet, 1997: 174- 175, 99- 201.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dificilmente, podía existir unha "adhesión verdadera"[88]. Naquela altura do século, "no eran más que organizaciones muy laxas que reconocían unos jefes y defendían sus ideas a través de la propaganda electoral, los discursos parlamentarios y la prensa"[89]. De feito, as primeiras eleccións sustentáronse en estruturas preexistentes (grupos clientelares de veciñanza e parentesco, sociedades ilustradas, editoriais) para seleccionar e difundir unha candidatura, "la doctrina vino luego"[90].

Os incipientes partidos liberais gardaban máis semellanzas coas sociedades secretas de corte "paramasónico", polo seu hermetismo, linguaxe e ritos, que cunha organización racionalizada. Deste xeito, os notábeis instrumentalizaron a estrutura da masonería ao servizo dos seus intereses políticos, sendo "los liberales los que se hicieron masones, y no al revés"[91]. Xa na época do Trienio vertebraran "unha estructura idónea para la lucha clandestina y para organizar fuerzas geográficamente dispersas (...) un espacio de convergencia de tendencia políticas diversas (...) de lucha antiabsolutista". A "todopoderosa" *El Anillo de Oro*, foi "un medio para controlar todo en el país, detentar los puestos esenciales, apoderarse de las finanzas y administrar y regentar las provincias. El hecho de pertenecer a la sociedad era signo de triunfo, es decir, de moderación y de orden"[92].

[88] Duverger, 2012 [1951]: 94.

[89] Fontana, 2007: 168. Esa "propaganda electoral" eran panfletos, proclamas, comunicados e cartas, que podían difundirse polas prazas e casas, mais era na prensa onde tiñan máis difusión. As publicacións periódicas e os discursos parlamentarios eran os medios por excelencia de confrontación política. A liberdade de prensa foi obxecto de controversia, sendo os moderados partidarios da censura. Hai que lembrar a experiencia acumulada dende a guerra de Independencia, cando agromaron diversas publicacións encamiñadas a crear un estado de opinión pública. *Vid*. "3.1.3. Difusión ideolóxica absolutista. A biblioteca da Buzaca".

[90] Duverger, 2012 [1951]: 16, 20.

[91] Castells, 2008: 81.

[92] Dérozier, 1965: 13. Citado en Gay Armenteros, 2004: 74- 75. Segundo Dérozier, nesta Sociedade figuraban Toreno, Martínez de la Rosa, Ramonet, Álvarez Guerra, Sánchez Salvador, Quintana, el príncipe de Anglona, el duque de Frías, Clemencín, Moscoso de Altamira, Garelli, García Herreros, Sierra Pambley, Martínez de San Martín, o xeneral Morillo, o marqués de Cassarria, o marqués de las Amarillas, o duque do Infantado, Calatrava, Argüelles, el general Castaños, el conde de Castroterreño e Javier de Burgos, entre outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas sociedades do Trienio sentaron o precedente elitista que recollerían os partidos de notábeis.

As investigacións de Veiga salientan a forza desta "sociabilidade elitista". Na formación da clase política liberal prevaleceron os "criterios sociais", sobre os políticos ou ideolóxicos. O resultado dunha combinación de relacións de parentesco e amizade, xunto cunha "instrumentalización política" de relacións de "subordinación económica e/ou salarial"[93]. Era de tal magnitude o fenómeno social que velaba o feito político. Nas verbas de Donoso Cortés: *«es menos una revolución política que una revolución social»*[94]. Neste senso, Alcalá Galiano recoñeceu que nos primeiros comicios de 1834 *«tuvo poca parte el espíritu de partido (...), pues aún no estaban divididos los liberales»*[95]. Era, simplemente, *"el partido de la Reina"* ou partido *cristino*, sen que houbese unha distinción entre candidatos do goberno e da oposición. Imperou, entón, o personalismo sobre outros aspectos netamente políticos[96].

Sen disciplina interna, o xermolo dos partidos de notábeis eran "frágiles e inestables uniones de «amigos políticos» agrupados en torno a ciertos destacados parlamentarios por redes clientelares y familiares, en permanente lucha por el poder"[97]. Á vista destes atributos, "no es adecuado, tal vez, hablar de un partido moderado y menos de una *masa* moderada"[98], resultando máis descritiva a noción de "familias políticas"[99]. Cando as relacións entre os notábeis locais e os parlamentarios pasan do eido persoal ao "plano institucional",

[93] Veiga Alonso, 2008: 141- 143.
[94] Romeo Mateo, 1998: 42.
[95] Burdiel, 1987: 64- 65.
[96] Para Duverger serían aqueles comités electorais xurdidos por efecto dunha candidatura, que congrega ao seu círculo de "amigos" para gañar a elección. Hai que lembrar que a solicitación era social, nunca persoal. Duverger, 2012 [1951]: 20. A candidatura non era froito dunha ambición individual, senón unha razón de "notabilité", como unha emanación da sociedade. Guionnet, 1997: 176- 194. Os intereses materiais serían "el signo exterior de los vínculos que unen a los habitantes", en ningún caso produto dunha vontade individual. O encaixe deste idealismo da representación política na praxe clientelar forzará "algunas piruetas filosóficas". Sierra, Zurita, Peña, 2006: 21- 25.
[97] Marcuello, 2008: 129. Volverase sobre esta definición de facción política no epígrafe "3.4.1. Estatus e poder na comunicación epistolar".
[98] Aróstegui, 1976: 177- 178. "El moderantismo era más una solución que un partido".
[99] Veiga, 2008. Tamén Burdiel (2010) emprega habitualmente o termo de "familias políticas" no canto de partido.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rubrícase "oficialmente el acta de nacimiento de un partido"[100]. Mais este salto ás relacións institucionais requiría dúas condicións básicas: 1) a consolidación dunha base social/electoral; e 2) a execución da nova estrutura institucional do Estado. Deseguido, abordaranse estes dous procesos, que aparecen imbricados fronte as pretensións carlistas en sentido contrario.

3.2.2. As bases sociais do Estado liberal

Sen revolución nin partido político, a causa liberal precisaba unha base social sólida e adiñeirada que sustentase o novo réxime. Aínda que non houbo "una reflexión sociológica elaborada"[101], os postrevolucionarios souberon distinguir con claridade os seus apoios sociais. En palabras de Pastor Díaz: «clase media, patriota y honrada, donde se reúnen todas las riquezas y todos los talentos de la nación», una «aristocracia del dinero»[102]. Basicamente, a medida social era a propiedade para os moderados, e a intelixencia ou capacidade para os progresistas. Riqueza e educación que adoitaban adornaban a mesma figura do notábel[103]. Una clase "predestinada" para el poder[104]. Unhas «aristocracias legítimas (...) sin parias», para Donoso Cortés[105].

En opinión de Miraflores, eran os «ricos propietarios» que gozaban de "seguridad individual" para desenvolver carreiras meritocráticas nos distintos sectores económicos[106]. A imaxe e semellanza da "aristocracia financiera" que sustentaba a coroa de Luís

[100] Duverger, 2012 [1951]: 21.
[101] Sánchez León, 2006: 93, 96. Non construíron unha teoría social, tan só "prejuicios sociales"e principios antropolóxicos e morais coma fundamentos da representación política.
[102] Romeo Mateo, 2001: 241.
[103] A diferenza estribaba en conceder máis representación aos grandes e medianos propietarios agrícolas ou ás profesións liberais.
[104] Sánchez León, 2006: 91, n. 36. "Pastor Díaz definía la aristocracia moderna como «una clase nacida, educada, organizada, exclusivamente predestinada, por decirlo así, para tener en sus manos el poder, y dirigir los negocios públicos y el gobierno de la sociedad». Esta cita está en consonancia co "providencialismo" e o elitismo que analiza Barreiro nos textos políticos deste autor. Barreiro Fernández, 2013: 122- 124, 126- 127.
[105] Romeo Mateo, 2001: 239- 241. As verbas de Donoso fan lembrar a "aristocracia natural" de Burke. Unha elite de virtude e sabedoría, na que se axuntan herdanza e mérito. Pitkin, 1985: 186- 189. As Reflexións da Revolución de Burke foi unha obra moi famosa na época. Os doutrinarios franceses, cos que trabou amizade Donoso Cortés, adaptaron as súas teses elitistas e empiristas na monarquía orleanista. Rosanvallon, 2007: 90, 170.
[106] Extracto recollido páxinas atrás, no epígrafe 3.2.1. Fontana Lázaro, 2006: 341- 342.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Filipe de Orleáns en Francia[107]. Miraflores nas súas *Memorias* identifica aos membros da elite política e financeira de Madrid coma "conscientes y partícipes de la gradual transformación capitalista de la economía española de la época"[108]. Racionalidade, capacidade, orde, benestar, o seu discurso parece estar plenamente identificado coa filosofía política burguesa do século XIX, na súa versión máis conservadora, aristocratizante.

Para Miraflores era máis doado sinalar as bases sociais que falar de revolución ou liberalismo. Certa incomodidade persoal e social podía afectar a este marqués perante conceptos que connotaban ruptura ou violencia. O seu partido «no es revolucionario», dicía, pero está a facer a revolución. Non é burgués, pero está a abrirlle as portas á riqueza e á competencia que, con este recoñecemento, elevaba o seu rango social. O perfil ideal do conservador decimonónico é o *home de prol* ou *prohome*. Un apelido de «arraigo» e limpo[109], a ser posíbel, con importantes rendas ou ingresos que lle permitisen gozar dun capital abondoso para a súa participación política. Monárquico, proteccionista, relixioso, preferibelmente un antigo aristócrata reconvertido en deputado[110].

Estes homes principais posuían numerosas armas de exclusión social coas que articularon unha distinguida sociedade para o seu

[107] Marx, 1995 [1852]: 87- 88. Marx pon en boca do banqueiro Laffitte: «Desde ahora, dominarán los banqueros». Esta aristocracia financieira sería unha "fracción" da burguesía francesa, composta por "banqueros, los reyes de la Bolsa, los reyes de los ferrocarriles, los propietarios de minas de carbón y de hierro y de explotaciones forestales y una parte de la propiedad territorial aliada a ellos". A "burguesía industrial" sería unha minoría organizada coma oposición parlamentaria. A pequena burguesía e o campesiñado estarían excluídos.

[108] Marichal, 1980: 48.

[109] O «arraigo y reputación» son as condicións sociais que debía gozar un representante político, segundo expón don Diego López- Ballesteros. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Madrid, 21 de diciembre de 1839. En canto ao apelido "limpo", aínda perduraban os prexuízos cara apelidos de orixe conversa. Baste citar o caso do liberal Mendizábal, que mudara o seu apelido Méndez, de procedencia xudía.

[110] Aristócratas terratenentes, militares e de toga. Para Arno Mayer estes conservadores encarnan a continuidade da aristocracia coma clase dirixente, malia teren perdidos os seus privilexios fiscais e xurídicos. Recoñece Mayer que a nobreza foi "experta en adaptaciones", e que a sociedade viviu "considerables mutaciones" polo efecto dos intereses e talentos burgueses, mais non tenta profundar nas transformacións internas que sacudiron o antigo estamento nobiliario. A análise da transformación que realiza Mayer resulta superficial, xa que menospreza síntomas de decadencia e ruptura. Mayer, 1986: 23, 128- 129.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lecer. Eles eran os gardiáns da alta cultura e dos grandes valores fronte aos novos ricos de extracción humilde. Con todo, e a pesar de que a aristocracia tradicional manexaba as canles de acceso ás elites[111], facía tempo que os cargos públicos eran ocupados por burócratas sen distinción. Esta situación favorecía a filiación con algún patrón para o ascenso social e político. No caso da burguesía comercial e industrial, "se diluye en el conjunto de las élites como un componente más, difícil de aislar", xa que vai imitar a mesma cultura e formas aristocráticas[112]. Esta amalgama social está en consonancia coas teses de Michels sobre a "mezcla" de antigas e novas elites[113].

Malia esta preeminencia do estatus nobiliario, que se mantén durante o século XIX coa concesión graciosa de títulos, "el carácter plebeyo del régimen liberal español" destaca sobre outras experiencias europeas, nas que a aristocracia mantivo maiores cotas de poder político[114]. Isto é, non se distinguían con claridade uns grupos aristocráticos doutros burgueses, cristalizando unha nova elite social reforzada por novas pautas matrimoniais. No seu conxunto, percibíanse coma un "nosotros", os "artífices" da política, os "pedagogos de la modernidad"[115]. Unha identidade que os definía coma elite. Ademais, a súa actitude condescendente favorecía a cohesión interna do grupo, fronte a masa da poboación. Un paternalismo que foi derivando nunha "inclinación autoritaria", característica do liberalismo español[116]. Probabelmente, "el complejo producto de una prolongada reacción intelectual contra la persistencia del doceañismo", co seu ideal da soberanía nacional[117]. Na praxe, este paternalismo da política centralista deslexitimaba e neutralizaba as pretensións dos poderes territoriais.

[111] Tanto para Mayer coma para Cannadine, a nobreza seguiu representando o cumio social e político até a Primeira Guerra Mundial. Mayer, 1986: 130. Cannadine, 1990.
[112] Pro Ruiz, 1995: 52.
[113] Coma xa se indicou na primeira parte desta Tese, Michels matizou as teorías de Pareto e Mosca sobre a circulación das elites, observando un "proceso continuo de mezcla", no que as antigas elites "absorben" algunas ideas e a forza dos elementos emerxentes. Michels, 2017 [1962]: 397.
[114] Burdiel, 1999: 202. Cita os casos inglés, alemán e francés.
[115] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 25.
[116] Gómez Ochoa, 2007: 67. Esta tendencia autoritaria conduciría ao conservadurismo de Cánovas del Castillo.
[117] Sánchez León, 2006: 103.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No caso galego, coa excepción de A Coruña, apenas se identifican grupos burgueses desenvolvidos e opulentos. Namentres, os estratos nobiliarios medio e baixo debatíanse nun conflito de intereses entre aqueles carlistas que enrocados na tradición, e aqueles outros fidalgos que quixeron dirixir eles mesmos o cambio histórico que estaban a vivir. Estes últimos talvez albiscaron oportunidades de ascenso social na nova sociedade de notábeis[118]. Mención especial merecen os segundoxénitos da fidalguía, que atoparon no exército e na política outra vía de colocación, en detrimento das vocacións eclesiásticas, que foron perdendo efectivos. Tamén vellas liñaxes de tradición letrada ou xurisdicional perciben a necesidade de adaptarse para conservar o exercicio do poder local. Neste aspecto obsérvase a importancia da formación letrada da fidalguía no século XVIII, así como o ascendente e as relacións de padroádego[119]. Dentro da Igrexa, serían liberais algunhas figuras moi cultas, conformando unha minoría anecdótica. O clero galego no seu conxunto foi promotor da reacción. Só dende 1840, vendo fracasada a súa causa na primeira guerra carlista, achegaranse aos liberais moderados[120].

A causa liberal foi gañando adeptos co andar dos lustros. Un proceso paulatino de adscrición política no que a meirande parte da fidalguía galega vai decantarse coma base social do novo réxime. Este fenómeno non foi espontáneo, senón que precisou varias décadas previas de normalización e, "con todo, el giro no fue fácil"[121]. O contexto de guerra civil puido ser determinante. Tanto nas Cortes de Cádiz, coma no Trienio e na Ominosa Década, a fidalguía ofrecía un perfil maioritariamente absolutista, mais coa morte de Fernando VII agroma unha fidalguía liberal de orde. Existía o precedente de aqueles fidalgos liberais de primeira hora, coma don José Ramón Becerra y Llamas, don Pedro Ventura de Puga, ou don José María Moscoso de Altamira[122]. Eran casos excepcionais aqueles progresistas, coma Becerra, sendo maiormente liberais moderados, ou ben temperados

[118] Barreiro Fernández, 1982: 86.
[119] Baz Vicente, 2002: 76- 77.
[120] Barreiro, 1982: 81.
[121] Baz Vicente, 2002: 80.
[122] *Ibíd*.: 79.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

absolutistas que non encaixaban na mentalidade contrarrevolucionaria[123].

Os fidalgos liberais citados, que foran deputados no Trienio, retornan á representación política no marco do Estatuto Real. Nos procuradores galegos de 1834 sorprende a continuidade política en relación ao Trienio, incluso co Antigo Réxime. Becerra e Moscoso saen elixidos por Lugo, Llorente por Pontevedra[124]. Eran todos grandes propietarios, subliñando que, no caso galego, a representación política foi cousa de fidalgos[125]. Moscoso de Altamira foi un dos grandes políticos moderados. Membro dos "anilleros", acompañou a Martínez de la Rosa nos seus gabinetes, sendo o ministro de Gobernación no Trienio, e ministro de Fomento na época do Estatuto[126]. Neste último cargo explicaba aos subdelegados nas provincias que "los representantes debían ser gentes de principios conservadores, moderados que creyeran en la libertad vinculada al orden, así como sujetos versados en los asuntos de las provincias y vinculados por sus propiedades a la prosperidad de las mismas"[127]. A fidalguía galega encaixaba á perfección nese perfil de representante

[123] Viveiro Mogo, 2004: 210. Identifica Viveiro entre os moderados a Moscoso de Altamira, Vázquez Queipo, e Suárez de Deza. Entre os futuros progresistas de Lugo: Becerra y Llamas, Miranda y Olmedilla, Osorio y Pardo, e Bermúdez de Castro. Comentaba Alcalá Galiano que nas formas Moscoso de Altamira "casi pasaba por realista". Baz Vicente, 2002: 80. Estas críticas aos estatutarios quedaron recollidas nunha carta de 1838 don Luis López- Ballesteros: outros grupos e sociedades liberais traballan «acusando á los moderados (de quienes supongo es uno de los representantes el Sr. Moscoso de Altamira) de reaccionarios y distribuidores de empleos». Rivas, 1945: 190.

[124] Burdiel, 1987: 95. É preciso aclarar que os moderados lucenses, Moscoso de Altamira, Vázquez Queipo, e Vega y Río non serán reelixidos en febreiro de 1836. Ao postular a elección por distritos, convertéranse en opositores ao goberno Mendizábal, que propugnaba a circunscrición provincial. Tampouco Martínez de la Rosa consegue escano nesas eleccións. Viveiro Mogo, 2004: 147.

[125] *Ibíd*.: 210. Fala Viveiro de "unha clara continuidade co Antigo Réxime en canto ás elites directoras", que se proxecta tamén no futuro, xa que moitos fidalgos "dan nesta época os seus primeiros pasos políticos".

[126] Tamén foi presidente das Cortes en 1821, e presidente do Senado en 1837 e 1844. Pódese considerar un "martinista", como a maioría dos procuradores electos en 1834.

[127] Baz Vicente, 2002: 81. Burdiel (1987: 55) recolle verbas semellantes da circular recibida na Deputación de Valencia: «El talento ocupa siempre un lugar distinguido en un sistema político (...); pero si no ofreciesen otras garantías, carecerían (...). De aquí la necesidad de que los procuradores sean sujetos versados en la práctica de los negocios de sus provincias, (...) y que colocados por su fortuna en una situación independiente».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

público. Pódese concluír, xa que logo, que a formación dunha sociedade galega de notábeis estivo dominada polo grupo social fidalgo, "representantes naturais" da comunidade[128].

Se comparamos as investigacións de Isabel Burdiel en Valencia cos datos que manexa Prudencio Viveiro en Lugo, e as fontes existentes en Pontevedra, pódese observar a preeminencia dos grandes propietarios, de orixe nobiliaria ou prenobiliaria, nesta época do Estatuto Real. Segundo a categoría socioprofesional, os terratenentes representan o 55'8% dos electores en xuño de 1834 na provincia de Valencia[129].

Ofrece Burdiel os datos dalgunhas contribucións pagadas polos electores e/ou procuradores electos na provincia de Valencia en 1834. O conde de Almodóvar, político da corte, pagaba a elevada cantidade de 5.902 reais de contribución[130]. Outros políticos valencianos, como o gobernador civil Fuster, ou o empresario Sairó, andaban polos 1.224 reais, o primeiro, e algo máis de 1.500 reais, o segundo. Entre os electores sobresaen as figuras de grandes terratenentes coma o marqués de Montortal (3.414 reais), Vicente Grima (2.626), Diego Sornosa Martínez (2.335). Un comerciante, Peregrín Caruana, supera todas estas cantidades coa súa contribución de 10.480 reais, mais é un caso excepcional. O resto de electores que saen da primeira fase electoral en 1834 son "hacendados" que abranguen entre os 286 e os 1.586 reais de contribución, e militares retirados que abonan importes inferiores aos 500 reais[131]. A análise de Burdiel distingue entre aqueles que superan os 1.000 reais, 12 electores dun total de 32, e aqueles outros que están por baixo desa cantidade, que representan o 62'5%. Segundo estes datos, os máximos contribuíntes da provincia

[128] Así queda constatado na provincia de Lugo. Viveiro Mogo, 2004: 168, 210.

[129] Burdiel, 1987: 59. Os militares serían o 9'3%, os avogados o 12'5%, un 6'2% os comerciantes, e funcionarios e oficios municipais un 12'5%, grupos que serían minoritarios, ficando os seus intereses fragmentados fronte a maioría terratenente. O ascenso político de militares e políticos locais sinala a incidencia da "militarización" e "politización" que prolifera na época do Estatuto. Viveiro Mogo, 2004: 211.

[130] Burdiel, 1987: 66- 67. Aínda que os datos que ofrece Burdiel están referidos a 1834, a contribución atribuída ao conde de Almodóvar corresponde co ano 1836.

[131] *Ibíd*.: 56- 59, 66- 69. Non se reproducen nin analizan aquí estes datos de Valencia, tan só é unha sucinta referencia para contrastar coas cifras que se observan na provincia de Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adoitan pagar máis de 1.500 reais de contribución, mais son numerosos os distritos onde non se acadan estas cantidades.

Os expedientes das eleccións a Cortes de xullo de 1836 na provincia de Pontevedra conteñen moita información do censo e do proceso electoral, aínda que estas Cortes nunca chegaron a constituírse[132]. Un total de 1.414 electores emitiron os seus sufraxios nas primeiras eleccións directas[133]. Tiñan dúas fases, saíndo elixidos 6 deputados na primeira elección, e o sétimo nunha segunda volta. O censo estaba distribuído en 15 distritos electorais, mais os votos son agregados, funcionando a provincia coma circunscrición única plurinominal, con voto múltiple e aberto[134]. Serva como adianto que coma primeiro deputado, co maior número de sufraxios, 1.024 votos, sae elixido don Diego López- Ballesteros, que figura coma "Gefe de mesa en el ministerio de Hacienda". Os outros cinco deputados electos son coñecidos militares ou funcionarios: don Antonio María Montenegro, co rango de brigadier coronel provincial[135]; un vocal da Deputación que dá o salto ás Cortes, don Lucas García Maceira[136]; e

[132] ADPO, Eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220. Publícase o censo electoral da provincia o 10 de xullo de 1836. O alcalde da xurisdición de Deza remite o censo de Lalín escasos días antes, o 6 de xullo. Excúsase Crespo nos ataques dos facciosos que asolan a comarca. Todo o proceso electoral transcurre coa tensión da guerra civil e os levantamentos liberais das vilas e provincias. Estes últimos culminan co Motín dos sarxentos na Granxa o 12 de agosto de 1836, marcando o inicio dunhas novas Cortes, esta vez constituíntes. Os resultados das eleccións, que foron publicados en Pontevedra o 1º de agosto de 1836, dan algunha pista da inminente viraxe liberal, xa que figura a denominación de "Cortes Revisoras". De calquera xeito, esta fonte é de gran utilidade para estudar a composición social do censo electoral, e das elites que van conformar a clase política liberal.

[133] Estas primeiras eleccións directas no caso da provincia de Lugo foron analizadas por Viveiro Mogo, 2004: 175- 188.

[134] *Ibíd.* A provincia de Lugo distribuíuse en 11 distritos, que axuntaban un total de 1.580 electores, cifra que se aproxima aos 1.718 electores do censo da provincia de Pontevedra.

[135] Barreiro Fernández, 2001 (a): 418- 419. Descendente de fidalguía de avoengo, fixo carreira de armas na milicia. Escribiu varios libros de texto para colexiais e cabaleiros cadetes por comisión real. O máis salientábel da súa obra trata de xeografía astronómica e física. Publicou un mapamundi.

[136] *Ibíd*.: 284- 285. Non figura no dicionario de parlamentarios de Barreiro Fernández. Talvez rexeitou a acta. Un irmán seu foi deputado por Tui na década dos 50. Na súa biografía menciónase que o seu irmán Lucas era catedrático de Dereito en Salamanca. Os García Maceira eran unha das familias máis adiñeiradas de Tui, tendo un banco propio, diversas fábricas e barcos. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220/1. O seu pai puido ser don Andrés Maceira, o primeiro elector polo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

don Juan Francisco Fontán[137], tesoureiro xubilado do Real Patrimonio. En quinta posición, foi elixido o marqués de Vilagarcía, tamén xefe de mesa en Facenda, con 832 votos. Esta nómina de deputados salienta a importancia da Facenda Pública e da Guerra, carteiras que resumen a acción do Estado, máxime nun contexto de creba e guerra civil.

Outro dos deputados electos foi don Florencio Rodríguez Vaamonde, fiscal e propietario de Tui, que obtivo 882 votos. Sendo un candidato de rango medio, xa que pagaba 592 reais, a súa elección está motivada na experiencia familiar. Este prometedor político, que chegará a ministro de Graza e Xustiza en 1847, era fillo de don Agustín Rodríguez Vaamonde, avogado e rexedor perpetuo de Tui, que remataría a súa carreira coma maxistrado na Real Audiencia da Coruña[138]. Fora don Agustín un destacado defensor da vila de Tui durante a ocupación francesa. Deseguido, foi deputado en Cádiz, sendo "o deputado galego máis traballador". Volve ser elixido no Trienio, participando en varias comisións. O seu liberalismo era de gran moderación no eido ideolóxico, e moi activo na praxe parlamentaria. Non tivo que exiliarse durante a Ominosa Década, aínda que padeceu represalias que provocaron a penuria económica da familia. A elección coma deputado do seu fillo, que se consolidará a partir de 1839, obedece aos desexos das elites do sur, residentes na antiga provincia de Tui, que valoran os coñecementos e o talante

distrito de Tui, cunha contribución de 1.156 reais. Gozaba de tratamento de "don". Don Lucas García Maceira figura no censo electoral na categoría de capacidades: "doctor".

[137] A familia Fontán Rodríguez residía en Vilanova de Arousa, no pazo de Baión, antes denominado "Granxa de Fontán". Terían parentesco e moi boa relación cos López-Ballesteros, sendo don Luis padriño dunhas fillas dun tal Juan Fontán, probabelmente pai de Juan Francisco. Ademais, estarían ambas familias emparentadas por sendos matrimonios cos Pérez- Santamarina. Por outra banda, a nai de Juan Francisco pertencía á familia catalá Marcó del Pont, radicados en Vigo. A súa elección podía contar co apoio dos fomentadores cataláns das rías baixas. Tamén os López- Ballesteros mantiñan boas relacións con este grupo de empresarios. Na actualidade, unha rúa de Vilagarcía leva o nome de Juan Francisco Fontán.

[138] Barreiro Fernández, 2001 (a): 583- 587. A figura de don Agustín merece grandes comentarios biográficos de Barreiro: "Rodríguez Vaamonde destacou en medio da mediocridade da representación galega nas Cortes de Cádiz e nas Cortes do Trienio". Traballou incansábel en numerosos asuntos, entre eles o cambio do símbolo da cidade de Vigo, que abandona a cuncha que o vencellaba a Compostela, para adoptar a oliveira. O seu fillo Florencio converteuse nun político da Corte, servindo coma deputado, senador e ministro en varias lexislaturas, e membro do Consello de Estado. Foi retratado na época como "excelente letrado, buen economista y uno de los pocos políticos de verdadera ciencia".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

moderado desta familia de políticos e xuristas. Tanto esta elección do fillo de Rodríguez Vaamonde, coma no caso do fillo de López-Ballesteros, subliñan a identificación dunha serie de familias coma clase política. A memoria do pai é un legado que capacita ao sucesor para a representación política. Mais que riqueza ou propiedades, o que se estima nestes deputados electos é a reputación da familia, do apelido, e o poder que se lles asocia por esta actividade política precedente. Isto é, coñecen as canles de poder, tanto as formais das institucións coma as informais, das faccións políticas, sendo quen de mobilizar influencias.

Outros notábeis locais e provinciais concitan apoios nestas eleccións, mais de xeito testemuñal. O cabezaleiro da Buzaca, don Lorenzo Varela obtivo 13 votos. Os seus curmáns, don Luis López-Ballesteros e don Benito Espinosa, contaron con 2 votos cada un. Tamén o Señor de Rubiáns consegue 2 sufraxios. Namentres, un destacado don José Valladares reúne 33 votos, e o seu amigo don Domingo Fontán, 32. Rubrican a acta electoral o gobernador civil de Pontevedra, don Javier Martínez, marqués –viúvo- de Valladares, e o secretario, don Pedro Fernández Villaverde. Ambos van recibir un voto nestas eleccións.

A meirande parte dos homes principais da provincia consegue algún voto, de tal xeito que o "Resumen General de Votos" destas eleccións é un retrato da sociedade de notábeis emerxente. Nesta relación figuran os máximos contribuíntes de cada xurisdición e os cargos públicos máis eminentes. É cuestión de padroádego local e de influencia política institucional. Á beira desta elite provincial, houbo candidatos foráneos, ilustres políticos liberais da Corte, que tiveron un modesto apoio nas urnas. Baste citar a Mendizábal (176 votos), Martínez de la Rosa (6), o conde de Toreno (4), o xeneral Mina (3), Istúriz (1), e o xeneral Espartero (1).

Estes resultados sinalan a preferencia dos electores pontevedreses polos deputados naturais da provincia. Podían ter veciñanza en Madrid, coma López- Ballesteros e o marqués de Vilagarcía, mais atesouraban un vínculo indisolúbel coas súas orixes, tanto por motivos patrimoniais coma sociais. Son elixidos coma dignos representantes

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dos intereses dos notábeis pontevedreses, sendo ademais patróns idóneos para conseguir favores nos ministerios.

Pola contra, a elección de políticos foráneos non ofrece aínda interese ou *contradón*. Non hai negociación, pacto ou favor que force a elección dun candidato ministerial. Este fenómeno comezará a percibirse a partir de 1837, dun xeito tímido ou pudoroso. Por exemplo, en 1839 queda constancia destas manobras nunha carta de don Diego López- Ballesteros, na que promove a elección de Alcalá-Galiano pola provincia de Pontevedra coas seguintes palabras: «Se le ha fijado pª candidato por Pontevedra y en esta medida se ha contado con la cooperación de los hombres influyentes y reputados»[139]. Son presións dende as fraccións parlamentarias e Gobernación que tenderán a impoñerse co andar dos lustros, sobre todo a partir de 1846 coa aplicación da nova lei electoral dos doutrinarios[140].

Aínda que as Cortes non chegaran a constituírse, estas eleccións son un claro exemplo de continuidade. A pesar da imaxe de ruptura que se lle outorga ao motín dos sarxentos, coa interinidade da Constitución de 1812, todos os deputados electos na provincia serán, eles mesmos ou os seus familiares, representantes políticos liberais[141]. Ademais, a listaxe de candidatos con votos serve de bosquexo da nova clase política, da que van saír os futuros deputados. É dicir, malia a idea preconcibida de ruptura liberal co réxime do Estatuto Real, na provincia de Pontevedra obsérvase que esta etapa serviu para cimentar uns liderados políticos e unhas bases sociais identificadas coa causa isabelina. Bases dispostas a elixir e a ser elixidas, asumindo o mecanismo da representación política dende primeira hora. Esta experiencia política nas provincias pode explicar que, cando Gobernación queira orquestrar as eleccións de deputados, vaia precisar chegar a acordos coas elites periféricas.

---

[139] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de don Diego López- Ballesteros, Madrid, 21 de decembro de 1839.

[140] *Vid.* "3.5. O réxime das faccións políticas".

[141] López- Ballesteros, Montenegro, Rodríguez Vaamonde e o marqués de Vilagarcía foron deputados en varias lexislaturas. Nos casos de García Maceira e Juan Francisco Fontán, foron outros membros da liñaxe os que continuaron na representación política. *Vid.* Barreiro Fernández, 2001 (a).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas eleccións de xullo de 1836 tamén proporcionan información do corpo electoral[142]. As primeiras listaxes inclúen un censo máis extenso do que finalmente foi aprobado. Eliminouse a representación de parroquias enteiras despoxando do voto a aqueles propietarios que non posuían "yunta propia" ou "bienes propios", por traballar bens alleos, por non pagar a contribución, ser pobre, ou vivir na casa do pai ou sogros. O motivo definitivo da meirande parte das exclusións do censo foi a cota mínima de 191 reais de vellón de contribución. Coma resultado, algúns distritos ven seriamente minguado o seu censo, perdendo a representación de parroquias enteiras. Acontece con Foxo Corbelle/Tabeirós (A Estrada). Un primeiro borrador sumaba 318 electores, ficando reducido a 53, dos cales 45 son propietarios e 8 entran por capacidades. Salientar o caso da xurisdición de Montes/Cerdedo, onde só permanece o dereito dun elector, que entra no censo por capacidades ao ser avogado[143]. É dicir, ningún propietario de Terra de Montes ten dereito a elixir representante en Cortes, algo inaudito dada a constatada presenza fidalga na bisbarra. É posíbel que o embate carlista nestas terras disuadira á fidalguía de participar nas eleccións liberais, ou ben que fosen descartados polos redactores do censo por mor da súa escasa adhesión.

O censo de Tabeirós é singularmente pequeno. O distrito de Baiona iguala estes datos con outros 53 electores: 42 propietarios, dos cales 28 reciben trato de "don", e 11 de capacidades. Ambos distritos, sen embargo, son moi dispares. Baiona é unha entidade dominada pola vila litoral, mentres que Foxo Corbelle/Tabeirós é unha comarca rural de maior extensión, con escasa ou nula urbanización, na que se advirte unha maior dispersión dos propietarios no territorio. Co mesmo número total de electores (53), e cun valor aproximado de propietarios, é significativo que en Baiona se rexistren 28 propietarios coa distinción de "don", mentres que en Tabeirós son 18. Ademais, na parroquia da vila de Baiona todos os seus electores gozan do "don": 19 propietarios e 10 profesionais; sendo nas restantes 13 parroquias onde aparecen os 14 propietarios sen "don", á beira de 9 fidalgos non

[142] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220. No que segue, tomarase esta referencia do censo de xullo de 1836.

[143] *Ibíd*. No expediente previo de Tabeirós, caixa 220/7, pode observarse que a maioría dos contribuíntes non acadan os 100 reais, ficando lonxe do mínimo fixado en 191.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vilegos. Pola contra, en Tabeirós o censo está máis equilibrado entre as 23 parroquias, sobresaíndo lixeiramente a parroquia de Santa Mariña de Ribeira, onde estaba a Contaduría de Rendas Reais da xurisdición[144], onde residen 8 electores: 5 fidalgos, 2 propietarios e 1 licenciado. En resumidas contas, tende a ser maior a participación política naquelas parroquias onde existe un centro de actividades político- administrativas. Neste senso, o emprazamento do poder xera riqueza.

Unha aparente maior presenza de fidalgos nas vilas parece demostrada neste censo electoral de 1836. Ao marxe das súas contribucións, que podían ser inferiores ás dos peiteiros de comarcas rurais, as parroquias de vilas coma Baiona, Pontevedra, Vigo e Tui reúnen un distinguido grupo de electores[145]. Fenómeno que tamén está presente noutras vilas de menor entidade: Cambados, Carril, Vilanova de Arousa, Cangas, Bueu, A Guarda, Ponteareas, A Cañiza, onde a totalidade do censo goza do "don"[146]. Estes datos poden indicar varios fenómenos: 1) a concentración fidalga nas vilas e cabeceiras de distrito, unha migración que estaría moi avanzada no primeiro terzo do século XIX; 2) a asimilación no grupo fidalgo de sectores urbanos de condición prenobiliaria, o que supón un ascenso social, que podía estar fundado en relacións persoais (matrimonio, amizade) ou económicas (investimentos, transaccións); 3) o uso discrecional deste estatus en función de riqueza e relevancia socioprofesional, sen atender aos antigos rigores do sangue. Isto último vén suxerido polo atribución do "don" aos electores por capacidades (militares, avogados, médicos), que adoitan residir nas vilas, mais tamén pola adscrición de empresarios e comerciantes, como sucede cos fomentadores cataláns. Esta proliferación do distintivo "don", pola ampliación da base dos notábeis con respecto ás restricións estamentais, fai que perda o seu sentido orixinario. De tal xeito, en

[144] Na chamada Casa de Cobián administrábanse estas rendas. Paradoxalmente, non figura o seu titular, don Ramón Cobián Otero na lista de electores.

[145] Nas respectivas parroquias das vilas de Baiona, Vigo e Tui a totalidade dos seus electores recibe a distinción de "don", ben sexa coma propietarios ou coma profesionais. Na cidade de Pontevedra, de 158 electores tan só 20 propietarios carecen do "don", destacando un nutrido grupo de 44 profesionais capacitados, mentres que 94 electores están asimilados á fidalguía.

[146] Segundo o censo das súas vilas, non así no resto de parroquias dos seus distritos electorais, onde aparecen propietarios sen o distintivo "don".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1836 non se pode atribuír, con total certeza, unha condición fidalga polo tratamento de "don" no censo, aínda que nos distritos rurais persista con bastante precisión.

A seguinte táboa resume algúns dos datos máis significativos de todos os distritos electorais da provincia:

Táboa I. Distribución de electores por veciñanza e condición socioeconómica

Distrito electoral	Número parroquias con voto	Total electores	Propietarios		Capaci-dades	Total electores con "don"
			Con "don"	Sen "don"		
Albeos	14	57	28	26	3	31
Baiona	14	53	28	14	11	39
Caldas	32	89	25	51	13	38
Cambados	45	186	87	54	45	132
Cangas	8	48	27	20	1	28
A Cañiza	15	48	15	29	4	19
A Guarda	6	18	4	8	6	10
Lalín	97	301	76	217	8	84

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Distrito electoral	Número parroquias con voto	Total electores	Propietarios		Capaci-dades	Total electores con "don"
			Con "don"	Sen "don"		
A Lama	17	70	13	46	11	24
Pontevedra	19	241	108	80	53	161
Ponteareas	32	96	29	50	17	46
Redondela	16	77	32	37	8	40
Tabeirós	23	53	18	27	8	26
Tui	20	140	59	44	37	96
Vigo	16	241	166	23	52	218
Total distritos	374	1.718	715	726	277	992

Fonte: elaboración propia a partir do censo electoral[147]

A simple vista, obsérvanse diferenzas avultadas neste censo restrinxido. O acceso ao voto por capacidades representa na provincia de Pontevedra un 16'12%, porcentaxe sensibelmente superior ao 10'5% que calculou Viveiro Mogo na provincia de Lugo[148]. En termos

[147] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Listas electorais para deputados a Cortes dos distritos electorais de Pontevedra (1836)*, caixa 220.
[148] Viveiro Mogo, 2004: 187.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

absolutos eran 277 electores por capacidades, fronte aos 166 que había en Lugo, o que indica unha sutil diferenza entre estas dúas provincias, xa que os electores propietarios teñen valores parellos: 1.441 electores en Pontevedra e 1.414 en Lugo.

En ambas provincias o fenómeno vilego fai aumentar a nómina de electores por capacidades. O distrito electoral lucense que conta con maior número de capacidades é Mondoñedo, con 33 electores, superando os 29 de Lugo, e os 22 en Monforte e tamén en Viveiro. Namentres, na provincia de Pontevedra é o distrito da capital quen congrega o maior número de capacidades con 53. Vigo e Cambados non se quedan atrás, con 52 e 45 electores por capacidades, respectivamente. Séguelles Tui con 37. No outro extremo están os casos de Cangas (1), Albeos (3), A Cañiza (4), Tabeirós (8), Lalín (8) e Redondela (8). En Lugo, os distritos rurais de Sarria (4), Vilalba (4), e Quiroga (6) tamén rexistraban poucos electores por capacidades, non obstante outros distritos mantiñan un número considerábel, como é o caso de As Nogais (10), Ribadeo (10), A Fonsagrada (10) e Taboada (16). Valores semellantes aos dos distritos pontevedreses de A Lama (11), Baiona (11), Caldas (13), Ponteareas (17). Paralelismos e diferenzas que subliñan, en primeiro termo, a relevancia das capacidades nas cidades e vilas con competencias administrativas, incluídas Tui e Mondoñedo, malia a capitalidade perdida. Por outra banda, a proximidade a un destes eixos urbanos fai decaer o número de capacidades nos distritos lindeiros. Véxanse os casos de Cangas e Redondela, mentres que Sarria e Vilalba tamén presentarían poucos electores deste tipo fronte o liderado de Mondoñedo, Lugo e Monforte. Outros distritos rurais contarían cun número considerábel de electores por capacidades por estar afastados das áreas de influencia dalgunha vila reitora. Sucede en Taboada, A Fonsagrada, e A Lama. Asemade, outras vilas de mediana entidade manteñen valores intermedios coma Ribadeo, Caldas, Baiona, e Ponteareas.

No caso de Caldas obsérvase o peso da vila, con 9 veciños consignados por capacidades nesta parroquia do total de 13 que considera o distrito. É dicir, é na vila onde residen os profesionais capacitados para a vida pública. En canto os propietarios, a contía mínima de 191 reais de contribución reduciu sensibelmente o censo

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

definitivo, que quedou aprobado con 89 electores, moi repartidos por todo o *hinterland* rural. Tan só 4 propietarios residen na parroquia da vila de Caldas, mentres que en Santa María de Baños de Cuntis, con tan só 1 elector por capacidades, recoñecen 10 propietarios. Nas outras 30 parroquias do distrito repartíanse 65 electores, cifra que salienta a idea de difusión territorial, ou ben de escasa concentración nas vilas de Caldas e Cuntis. Non obstante, son as parroquias destas xurisdicións vilegas as que concentran maior número de electores. Caldas obtivo o voto en 6 das súas 7 parroquias, mentres que en Cuntis foron 7 dun total de 8, acumulando 22 electores na primeira, e 31 na segunda, o que representa un 59'55% dos electores fronte o resto do distrito[149]. É dicir, se ben existe unha dispersión rural dos electores, cunha inferior concentración na cabeceira das vilas do que era de esperar, o voto está na contorna das mesmas, en parroquias lindeiras coas vilas[150]. Pola contra, no resto dos futuros concellos do partido xudicial de Caldas apenas contaban os electores cos dedos dunha man[151].

Outro dato de interese está no tratamento de "don". Como acontece noutros distritos, todos os electores por capacidades reciben a distinción do "don". En canto aos propietarios, na vila de Caldas aparecen 2 fidalgos, a metade dos propietarios, mentres que en Baños de Cuntis eran 6 fidalgos e 4 propietarios sen "don". No total do distrito, había 25 propietarios fidalgos que xunto aos electores por capacidades suman 38, sendo 51 aqueles propietarios sen distinción social. Estes valores debuxan un certo equilibrio na distribución territorial e no rango social, xa que os peiteiros acomodados son un grupo numeroso, presente en todas as parroquias e non concentrado

[149] Tómase coma referencia do número de parroquias a proposta de ordenación municipal do partido xudicial de Caldas do deputado provincial don Lorenzo Varela, e que foi publicada no *BOPP* o 3 de decembro de 1836.

[150] O caso da parroquia de Santa María de Troáns é singular. Lindando coa parroquia de Baños de Cuntis, alberga 6 electores, superando en número a 5 dos futuros concellos do partido.

[151] Salvo en Portas, onde se inscribiron 12 electores (13'48%), o resto dos futuros concellos rurais do partido tiveron escasos electores: 7 en Moraña, 5 en Valga, 5 en Campo (Lameiro), 4 en Catoira, 2 en Barro e 1 en Saiar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nunha entidade de poboación[152]. Comparado co seu veciño Tabeirós, que só contaba con 27 electores propietarios, advírtese unha maior riqueza dos peiteiros de Caldas, o que lles permite votar e elevar o censo do distrito. Os motivos desta sutil disparidade pode estar na produtividade da terra, nos contratos agrarios, ou mesmo no cálculo das contribucións. Tamén o contexto político determina a confección do censo, xa que aquelas familias significadas co carlismo non figuran nas listaxes. O medo ás represalias das faccións é outro aspecto a considerar, sobre todo en terras de Tabeirós e Montes, obxecto de continuas incursións, saqueos e vinganzas[153].

O partido xudicial de Lalín garda aparentes semellanzas cos de Tabeirós e Caldas, mais neste asunto do censo electoral racha con calquera prognóstico. Os ataques das faccións non foron un impedimento para que os terratenentes destas comarcas participasen nas eleccións liberais. Carecían dunha vila reitora, coma Caldas ou Cuntis, mais conseguiron unha alta representación das súas parroquias rurais, a diferenza do acontecido en Tabeirós/Montes. Nas terras do río Deza existía unha trama de Casas fidalgas e boas facendas que se estende por todo o territorio. Un total de 97 parroquias están presentes no censo[154], acumulando 301 electores no distrito: 293 propietarios e 8 profesionais. Sen lugar a dúbidas, é o distrito da provincia con maior número de electores. Compárese cos 53 de Tabeirós ou os 89 de Caldas. Só os populosos distritos de Pontevedra e Vigo albiscan un censo tan amplo, cos seus cadanseus 241 electores[155].

Hai distritos onde o "don" é hexemónico, a outros onde hai unha maior presenza de propietarios sen esta distinción. Todos os electores

[152] Compárese cos datos do distrito de Baiona, onde aparecen 39 electores con trato de "don", fronte a tan só 14 propietarios sen distinción.

[153] Como as que padeceron os que apresaron ao cardeal Gorostidi. Fernández Bascuas, 2003: 59- 61; 2006: 277, 279, 290. Vid. "3.2.3. A carlistada en Trasdeza".

[154] Fariña Jamardo, 1996: 159- 162. Segundo a proposta do partido xudicial de Lalín aprobada en decembro de 1836, había 162 parroquias nesta demarcación, o que indicaría que o 40% das parroquias non tiveron electores entre a súa veciñanza. Compárese cos datos de Tabeirós, que con 71 parroquias, só conseguía voto en 23, ficando fóra das eleccións o 68% das parroquias.

[155] Resulta chocante que Pontevedra e Vigo coincidan no número de electores polos seus respectivos distritos, 241. Porén, hai algunhas reiteracións que non foron suprimidas nas listas publicadas, como a de don Francisco Javier Martínez, marqués de Valladares que aparece coma propietario cunha contribución de 440 reais, e tamén no capítulo de capacidades, coma gobernador civil e sarxento retirado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por capacidades ostentan esta deferencia no trato, así que onde haxa núcleos vilegos reúnense un maior número de electores con "don". A continuación, ofrécense estes datos en porcentaxes para observar a desigual presenza do "don" por distritos:

Táboa II. Estatus no censo de 1836

Distrito electoral	Porcentaxe de electores con "don"	Distrito electoral	Porcentaxe de electores con "don"
Albeos	54'38%	A Lama	34'28%
Baiona	73'58%	Pontevedra	66'80%
Caldas	42'69%	Ponteareas	47'92%
Cambados	70'96%	Redondela	51'95%
Cangas	58'33%	Tabeirós	49'06%
A Cañiza	39'58%	Tui	68'57%
A Guarda	55'55%	Vigo	90'46%
Lalín	27'91%	Total distritos	57'74%

Fonte: elaboración propia a partir do censo electoral[156]

Os datos extremos desta mostra corresponden cos distritos de Vigo e Lalín. A cidade de Vigo só recoñece o voto a 23 propietarios sen "don", todos eles con veciñanza en parroquias rurais do distrito: Zamáns, Coruxo, Oia, Bembrive[157]. Aproximadamente, 9 de cada 10 electores en Vigo eran notábeis distinguidos polo tratamento de "don", repartidos en 7 propietarios e 2 profesionais[158]. Cifras que evocan unha imaxe de elite urbana: concentrada e capacitada. Pola contra, Lalín recolle no seu censo o dereito de 217 propietarios sen "don",

[156] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Listas electorais para deputados a Cortes dos distritos electorais de Pontevedra (1836)*, caixa 220.

[157] Outras parroquias do distrito tamén reservan o voto aos "don". En Teis, por exemplo, contan con 4 propietarios con "don" e 3 capitáns da Garda Nacional que entran por capacidades. Tamén en Navia, Matamá, Lavadores, Cabral, Chapela e Trasmañó, hai varios capitáns da G.N. Logo, existe unha identificación do elector da parroquia coas autoridades civís e militares, o que fornece a idea de tutela e clientelismo político.

[158] Resultado de redondear o 21'58% de electores por capacidades e o 68'88% de propietarios con "don", sendo os propietarios sen "don" o 9'54% do total de electores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

representando o 72’09% do total de electores. A inscrición por capacidades é anecdótica, inferior a 3 profesionais por cada 100 electores[159], mentres que a fidalguía agraria representa o 25’25% deste distrito. Este dato da proporción de electores fidalgos está en consonancia coas investigacións de Rodríguez Ferreiro sobre a xurisdición de Trasdeza[160]. Aqueles 20 fidalgos no primeiro terzo do século XVIII, semellan plasmarse no censo electoral de 1836 que conta con 18 propietarios con “don” nas parroquias de Trasdeza. Coas evidentes omisións no censo[161], e a pesar das transformacións estamentais de extinción de liñaxes e ascenso de antigos peiteiros, a reprodución do grupo mantense nuns valores constantes.

A *grosso* modo, pódense distinguir tres grupos de distritos: aqueles que superan o 66% de electores con “don”; os que presentan datos máis equitativos; e outros onde os electores sen distinción roldan os dous terzos do electorado. No primeiro grupo estarían Vigo, Baiona, Cambados, Tui, e Pontevedra. Serían distritos de elevado elitismo. O segundo perfil atópase nos distritos de Cangas, A Guarda, Albeos, Redondela, Tabeirós, Ponteareas, e Caldas. Os distritos de A Cañiza, A Lama e Lalín, eminentemente rurais, teñen máis do 60% dos electores sen distinción social. Isto é, son distritos de propietarios acomodados que van ter acceso á sociedade de notábeis, mais sen o estatus de “don”.

Sen embargo, estes cálculos non permiten formular hipóteses sólidas xa que o recoñecemento do “don” descóbrese coma fórmula arbitraria. Vai depender, en boa medida, dos redactores do censo. En determinados distritos hai máis licenza para conceder o trato de “don”, para asimilar ao elector na elite, que noutros distritos, talvez máis apegados ao uso tradicional. Estes distintos criterios motivan que na listaxe de votos emitidos figuren coa cortesía do “don” a totalidade de electores de Pontevedra, Vigo, Tui, Redondela, Baiona, e Cangas. Cotexando o nome dalgúns destes electores co censo, pode

[159] Representan o 2’66 do censo do distrito. Repárese no dato de que en Lalín hai menos de 3 profesionais por cada 100 electores, mentres que en Vigo hai pouco máis de 2 por cada 10.
[160] Rodríguez Ferreiro, 83. Estima que a proporción de fidalgos era do 1’86% sobre o total de veciños.
[161] Como a ausencia da familia Valenzuela da Casa da Viña (Manduas, Trasdeza) coma posíbel represalia por colaboración co carlismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comprobarse que algún non levaba inicialmente o "don"[162]. En troques, noutros distritos (Lalín, Cambados, Tabeirós, Ponteareas, Albeos, A Lama, Caldas, A Cañiza) recóllese exactamente ese trato de "don", sendo fieis a esta distinción tradicional. Percíbese, entón, unha disparidade de criterio no uso do "don", vixente nos distritos do interior, ao que se lle engade Cambados, mentres que nas vilas das rías e ribeiras meridionais está en desuso ou adopta un novo significado despois das eleccións[163]. Unha mostra das irregularidades formais que padeceu o proceso electoral. Outro exemplo é a ausencia do partido de A Guarda na listaxe de votantes. Tamén se advirten algunhas reiteracións nominais de electores que figuran coma propietarios, mais tamén na relación de electores por capacidades[164].

Outra liña de análise que brinda o censo electoral de 1836 está nas contribucións que abonan os electores. A simple vista, poucos notábeis pagan máis de 1.000 reais de contribución, realidade económica que non difire do investigado por Burdiel en Valencia[165]. Apenas 14 electores na provincia: o señor de Rubiáns, 3 fidalgos de Redondela, 2 en Ponteareas, 2 en Tui, 5 notábeis en Vigo, e tan só 1 na vila de Pontevedra.

Porén, un só distrito acumula case tantos electores adiñeirados coma o resto da provincia xunta: Lalín. Terra de fidalgos de rango medio e alto, aparecen 13 electores por riba desa cifra, todos eles fidalgos con "don". O seu peso económico na provincia queda novamente constatado ao buscar os dez maiores contribuíntes da provincia: 8 teñen veciñanza no partido xudicial de Lalín.

A relación completa dos 27 electores por riba dos 1.000 reais de contribución é a seguinte:

---

[162] É o caso de Artime en Pontevedra, o maior contribuínte do distrito, que consta na votación como "Don Artime mayor y compañía", cando no censo e no certificado que remitiu das súas contribucións carece de "don".

[163] No censo aínda constan electores con e sen "don" en todos os distritos, con maior ou menor presenza. A diferenza está na listaxe de votantes, xa que nas rías de Pontevedra e Vigo, ademais de Tui, terían arrogado o "don" ao elector.

[164] Así acontece co gobernador de Pontevedra, don Javier Martínez, marqués de Valadares.

[165] Burdiel, 1987: 56- 59, 66- 69. Os datos de Valencia corresponden co censo de 1834, aínda máis restrinxido, ao ser un total de 32 electores que saen dunha primeira volta. Con todo, aqueles electores que pagan menos de 1.000 reais de contribución representan o 62'5% dos mesmos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa III. Maiores contribuíntes da provincia en 1836

Máximos contribuíntes	Elector	Parroquia/ xurisdición[166]	Contribución (reais de vellón)
1º	Sr. Conde de Borraxeiros	Borraxeiros	4.652
2º	D. Benito Espinosa Varela	Escuadro/ Trasdeza	3.002
3º	D. Miguel Pérez	Catasós/ Deza	2.800
4º	D. José Pardo	Filgueira/ Deza	2.650
5º	D. Fernando Montenegro	Catasós/ Deza	2.290
6º	D. José Velón	Santiso/ Deza	2.008
7º	D. Andrés Maceira	Tui (vila)	1.780
8º	D. José Mª Taboada	Vilatuxe/ Deza	1.664
9º	D. José Teijeiro	Pena/ Deza	1.648
10º	D. Leopoldo Menéndez	Vigo (vila)	1.583
11º	D. José Foyo	Redondela (vila)	1.438
12º	D. Norberto Vázquez Varela	Vigo (vila)	1.430
13º	D. Manuel Rodríguez	Arnoso/ Ponteareas	1.391
14º	D. Manuel Martínez	Margaride/ Deza	1.390
15º	D. Manuel Álvaro Rubín	Redondela (vila)	1.346
16º	Artime, Mayor y Compañía	Pontevedra (vila)	1.300

[166] Na listaxe constan os electores distribuídos por parroquias e xurisdicións, xa que aínda non se aprobara a nova planta municipal. Isto explica que figure Trasdeza, a denominación da antiga xurisdición, no canto do municipio de Chapa, que é publicada no *BOPP* o 24 de decembro de 1836. Hai que lembrar que até 1853 non se fixa a cabeceira municipal en Silleda. No caso do conde de Borraxeiros, ten veciñanza na parroquia de Borraxeiros, de homónima xurisdición, dentro do distrito electoral de Lalín.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Máximos contribuíntes	Elector	Parroquia/ xurisdición[166]	Contribución (reais de vellón)
17º	D. Gregorio Otero	Redondela (vila)	1.297
18º	D. Miguel Feijóo	Bendoiro/ Deza	1.294
19º	Sr. de Rubiáns	Rubiáns/Cambados	1.275
20º	D. Joaquín Ulloa	Donramiro/ Deza	1.205
21º	D. Francisco Tapias	Vigo (vila)	1.181
22º	D. Manuel Castañón	Tui (vila)	1.160
23º	D. Juan Orrea	Madriñán/ Deza	1.146
24º	D. José Mª Rivas	Siador/ Trasdeza	1.128
25º	D. Manuel Aballe	Fiolledo/ Ponteareas	1.108
26º	D. Juan Ortega	Vigo (vila)	1.061
27º	D. Manuel Pascual Coca	Vigo (vila)	1.020

Fonte: elaboración propia a partir do censo electoral[167]

A simple vista, distínguense dous grupos nesta elite: por unha banda, unha fidalguía de base agraria con veciñanza en parroquias rurais; e por outra, unhas notabilidades vilegas en Vigo, Tui, Redondela e Pontevedra. De entrada, hai que facer varias consideracións a estes valores das contribucións: 1) o requisito do censo, que se fixa finalmente en 191 reais de contribución mínima para ser elector na provincia, é unha cantidade facilmente superada polos grandes propietarios sen ter que acreditar todas as contribucións coas que cumpre, sendo un simple trámite e non unha certificación exhaustiva[168]; 2) a dispersión dos patrimonios motiva que moitos

[167] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Listas electorais para deputados a Cortes dos distritos electorais de Pontevedra (1836)*, caixa 220.

[168] Os primeiros borradores do censo consideraban 120 reais coma contribución mínima. Despois das reclamacións, rectificacións e exclusións quedou fixada en 191 reais o 10 de xullo de 1836.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalgos satisfagan contribucións en distintas xurisdicións, sen que aporten o dato agregado destes pagos[169]; 3) os homes principais da provincia adoitaron entrar neste censo pola categoría de "capacidades", sendo maiormente de extracción fidalga, constan pola súa carreira militar ou administrativa: eran oficiais do exército, da garda nacional, xuíces, avogados, deixando as últimas prazas de capacidades para médicos e boticarios[170]; 4) por último, nestas listaxes hai omisións que chaman poderosamente a atención: non aparece como elector don José Valladares, aínda que nos anos 1835- 36 ocupou diversos cargos na Deputación de Pontevedra; ningún titular da familia Valenzuela da Casa da Viña (Manduas/ Trasdeza)[171]; tampouco ningún dos López- Ballesteros, malia que o exministro don Luis residía na Golpelleira naquel tempo; isto suxire que faltan un bo número de nobres e funcionarios, por motivos políticos (carlismo, cargo público ou militar) e persoais (residencia en Madrid).

[169] Os expedientes das contribucións amosan unha realidade máis complexa. Por exemplo, no ano 1847 pode observarse que baixo a categoría de "forasteros" ou "censualistas" a fidalguía ten repartidos os seus pagos en varias xurisdicións. Así acontece con don Luis López-Ballesteros en numerosas parroquias dos partidos xudiciais de Cambados e Caldas. Tamén cos Varela da Buzaca, cun patrimonio extenso nestas comarcas. Pola contra, Espinosa tiña un patrimonio máis concentrado na súa parroquia, procedente dun modelo intensivo de dominio fidalgo.

[170] No partido de Pontevedra é salientábel o elevado número de electores que entran por capacidades, todos eles con tratamento de "don", a diferenza de moitos propietarios agrarios que non se adornan con esta fórmula de distinción. Entre estes electores a título de capacidades hai políticos moi relevantes neste liberalismo de primeira hora. Xa se citou o caso do marqués de Valadares, que era o gobernador de Pontevedra naquel verán de 1836, e que entrou no censo coma sarxento maior retirado. Tamén Fernández Villaverde, "doctor", aínda que contaba cun patrimonio considerábel na comarca de Pontevedra. Outros profesionais en Pontevedra foron: don Ruperto Mateo Roda, "doctor", que non médico; o coronel don Miguel del Pino, que chegará a gobernador; o tamén coronel don Francisco Javier Mugartegui; e o "consejero jubilado de Hacienda" don José Vázquez Ballesteros, quen axudara ao seu curmán Luis na súa carreira no ministerio até chegar a ministro. No distrito de Lalín, don José Ulloa Pimentel, quen fora alcalde da xurisdición, entra coma comandante da garda nacional. A adscrición de tantos fidalgos letrados ou militares ás capacidades podía restrinxir o acceso a profesionais emerxentes de condición burguesa.

[171] Talvez coma represalia polo proceso Gorostidi. Non hai electores pola Casa da Viña, mais si figura un don Antonio María Valenzuela na parroquia de Troáns, no distrito de Caldas. É posíbel que pasase a residir nunha das casas do seu patrimonio, tendo en conta que este fidalgo, implicado co carlismo, non era o cabezaleiro en Manduas. As súas contribucións ascendía a 152 reais, quedando excluído do censo. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O dato da contribución de cada elector pode verse ampliado e explicado cos informes previos á aprobación deste censo de 1836. Nestes documentos constan os distintos conceptos que compoñen o pago da contribución: "encabezamiento, utensilios, deuda de Francia, subsidios industriales, frutos civiles". Segundo estes conceptos, poderase aventurar a natureza da súa riqueza. Por exemplo, o segundo máximo contribuínte da provincia é don Benito Espinosa Varela, que acredita o pago de 3.002 reais. Só por froitos civís, isto é por contratos, rendas e arrendamentos, Espinosa paga 2.800 reais. Obsérvase que outros fidalgos do partido xudicial de Lalín tamén abonan a meirande parte da contribución polo concepto de froitos civís[172]. Por exemplo, o segundo marido da sogra de Espinosa, don José María Rivas, da Casa de Sestelo (Siador, Trasdeza) paga un total de 1.128, dos que 913 responden a froitos civís. O daquela deputado provincial, don Miguel Pérez (Catasós, Deza), pagaba 2.800 reais de contribución, sendo 2.000 de contratos, rendas e arrendamentos. Pola contra, está o caso do conde de Borraxeiros, o máximo contribuínte da provincia, que tiña unha contribución máis diversificada, xa que paga por subsidios industriais a súa maior partida: 2.600 reais[173]. Esta actividade industrial resulta excepcional no partido de Lalín, onde é o grupo fidalgo quen paga máis de 1.000 reais de contribución, sendo os citados "frutos civiles" o motivo destas elevadas contías. É dicir, os maiores contribuíntes de Lalín pagan polas rendas que perciben[174].

Non acontece así noutros partidos xudiciais da provincia, onde os subsidios industriais poden ser a base de maior contía das

[172] *Ibíd*., caixa 220, 1/11.

[173] *Ibíd*. O conde de Borraxeiros pagaba 48 reais de utensilios, 36 de recargo, 96 de encabezamento, 2.600 de subsidio industrial, e 1.872 de froitos civís. Todas estas cantidades sumaban 4.652 reais de contribución, segundo consta no borrador do censo remitido o 24 de xuño de 1836. Nas listaxes publicadas no BOPP o 1º de agosto de 1836 aparece a cantidade de 4.612 reais, cifra que se toma coma referencia, malia que é posíbel que haxa un erro de transcrición. Unha diferenza de 40 reais é pouco significativa no maior contribuínte da provincia, sendo preferíbel empregar a mesma fonte para comparar as contribucións dos distintos partidos. Non se atopou información da actividade industrial pola que pagaba o señor conde.

[174] Don José Mª Pardo (Filgueira, Deza) abona 2.650 reais de contribución, sendo 2.500 de "frutos civiles". Don Fernando Montenegro (Catasós, Deza) paga 2.290, dos cales 1.800 son "frutos civiles". Don José Velón (Santiso, Deza) chega a un total de 2.008 reais, sendo 1.800 de "frutos civiles".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contribucións. É o caso de don Andrés Maceira, veciño da vila de Tui e maior contribuínte no seu partido xudicial. Abonaba un total de 1.780 reais, sendo o 7º nesa reducida elite provincial que paga máis de mil reais de contribución. Esta elevada suma debíase á partida de "subsidios industriais", que ascendía a 800 reais, xunto cos 624 que satisfacía por dereitos de consumo de viño[175]. Cabe lembrar que a familia Maceira creara unha firma composta por varias fábricas (madeira, curtidos, téxtil), barcos e banca propia[176].

No expediente de Pontevedra hai certificados da contribución dos electores, observando un gran número de particulares pertencentes ao "Comercio", todos eles con tratamento de "don". Resulta curioso que o seu maior contribuínte non goce deste estatus: "los Sres. A. mayor y Cª. del Comercio de esta ciudad", que pagan por encabezado 1.300 reais[177]. Non é un individuo ou persoa física, son varias, a título de firma ou compañía, do sector do comercio, e que di concentrar as súas contribucións no encabezamento, sen máis información da súa actividade económica. Certamente, Pontevedra descóbrese coma un dos núcleos burgueses da provincia, onde un bo número de electores acreditan pagar por subsidios industriais ou encabezado máis da cota mínima. Aínda máis, son contados os rexistros que computan froitos civís, ofrecendo dúbidas sobre a veracidade dos datos na elaboración do censo. Unha pregunta xorde irremediabelmente: é posíbel que a columna de "frutos civiles" fique baleira na meirande parte das parroquias do distrito de Pontevedra? Incluso naquelas rurais? Acaso non había fidalgos? Tampouco no veciño distrito de Cangas hai constancia de cotas por froitos civís[178]. Esta ausencia de datos pode responder a unha neglixencia ou equívoco no cálculo das

[175] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/8. Pagaba 131 por utensilios, 159 pola Deuda de Francia, e tan só 65 por "frutos civiles".

[176] Barreiro Fernández, 2001(a): 284- 285, 381- 382. Foron denominados por un deputado rival "Los Rotschild de la comarca".

[177] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/3.

[178] *Ibíd*. Na listaxe definitiva do censo existen dous distritos separados: Pontevedra e Cangas, malia que Cangas pertencía ao partido xudicial de Pontevedra, figurando os bosquexos do censo dentro do expediente de Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contribucións, ou ben a unha omisión deliberada dos propietarios agrarios en favor da entrada dos comerciantes e profesionais.

Ducias de electores, incluso aqueles con tratamento de "don", fican excluídos das eleccións. Son parroquias enteiras, con contribucións por baixo dos 100 reais, en lugares eminentemente agrícolas. Sucede así cos 9 inscritos en Bora, 22 en Marcón, 27 en Cerpozóns e 93 en Vilaboa, onde só se computan os pagos por encabezado, utensilios, e –nalgunhas parroquias- débeda de Francia, deixando a columna de froitos civís baleira e estas parroquias sen electores. Na parroquia de Santo Tomé de Piñeiro elaboraron un borrador do censo con máis de 100 veciños, dos que só 3 conseguen finalmente dereito a votar. Na columna de froitos civís todos teñen rexistrado "00" de cota. A excepción en todo o distrito son 8 veciños da vila de Pontevedra que entran na listaxe cunha mención especial: "Frutos civiles". Ao xeito do capítulo de "Capacidades", entrarían polas súas cotas de froitos civís, mais sen que se lles atribúan outros pagos (encabezado, utensilios, débeda de Francia, subsidios industriais). Así, dos 8 inscritos no censo por froitos civís, só un acadaría o dereito a votar, malia que todos eles gozasen do tratamento de "don". Estas eivas na uniformidade e rigor do censo de 1836 suxiren gardar certas reservas na análise comparada entre distritos. Detéctase moita diversidade nos datos, tal e como queda patente nas táboas elaboradas, mais tamén responde aos distintos criterios dos redactores en cada xurisdición e distrito.

Tamén en Vigo se observa unha importancia menor dos "frutos civiles". Son os subsidios industriais os que fan ascender os pagos de contribucións, aínda que poidan pagar algúns centos de reais por froitos civís. É o caso de don Leopoldo Menéndez, en Vigo, que abonaba 313 reais por este concepto, mais os seus subsidios industriais supoñían 600 reais. Outro vigués, don Norberto Velázquez Moreno, pagaba 340 de froitos civís, mentres que por utensilios satisfacía 762 reais. Isto indica que os froitos civís son unha contribución secundaria no partido de Vigo. Outros empresarios da cidade, como son Tapias, Ortega e Coca, pagaban entre 500 e 700 reais por subsidios industriais, mentres que por froitos civís ou non

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pagaban nada (Tapias, Ortega) ou cantidades anecdóticas, coma os 28 reais que abonaba Coca.

Na vila de Redondela atopamos 3 contribuíntes por riba dos 1.000 reais. A peculiaridade deste distrito é que o groso da súa contribución provén do que denominan "rendas provinciais", que rolda os 800 reais, mentres que os froitos civís son o concepto de menor contía. Outro exemplo da disparidade de criterios. Nos distritos de Tui e Cambados computan nalgúns casos os froitos civís, o que fai aumentar sensibelmente os pagos de contribución. O segundo maior contribuínte de Tui, don Manuel Castañón, paga máis da metade da súa contribución por froitos civís[179]. No distrito de Cambados en poucos casos aparece consignada a cota de froitos civís, pero cando existe este dato, o elector adoita superar –por agregación- os 191 reais de contribución mínima. É dicir, os froitos civís teñen unha consideración relativa. Están presentes no distrito, mais en menor medida que noutros distritos do interior. Así e todo, o máximo contribuínte do partido ten nos froitos civís a maior das súas cotas. O Señor de Rubiáns paga en total 1.275 reais de contribución[180], formando parte dese selecto grupo dos 27 contribuíntes que superan os 1.000 reais.

Cabe engadir que nas vilas de Carril, Vilanova e Cambados todos os inscritos se distinguen co "don", mais ningún supera os 1.000 reais de contribución. En Vilagarcía hai algún elector sen "don", pero igualmente as contías son de mediana entidade, por baixo de 700 reais, concentrando as cotas máis altas no concepto de subsidios industriais. Pola contra, noutras xurisdicións de tradición señorial aparecen electores que pagan sumas elevadas por froitos civís. O duque de Patiño paga en Vilalonga 873 reais, dos que 743 son por froitos civís. Un caso semellante é o do marqués de Montesacro, en Santo Tomé do Mar, que paga unha contribución máis modesta: 343

[179] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/8. Don Manuel Castañón pagaba un total de 1.160 reais, dos que 586 eran "froitos civís" e 208 de dereitos do viño.

[180] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/2. O Señor de Rubiáns pagaba por encabezado 600 reais, 30 de utensilios, 30 de débeda de Francia, e 615 de froitos civís.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

reais, sendo 189 de froitos civís. Estes rangos nobiliarios, xunto co pago de froitos civís, fornecen a súa imaxe de terratenentes.

Resulta significativo, e incluso paradoxal, que os distritos máis elitistas, aqueles con máis do 66% de electores con "don", sexan os distritos onde menos incidencia se observa da contribución de froitos civís: Vigo, Baiona, Cambados, Tui e Pontevedra. É dicir, onde menor presenza hai de fidalgos terratenentes. Debullando polo miúdo os seus trazos, o fenómeno urbano vén ser un dos aspectos máis determinantes: menor relevancia do patrimonio agrario, maiores investimentos en industria e comercio, xeneralización do tratamento de "don" na alta sociedade vilega,... Ademais, xa se apuntou con anterioridade que as cotas das contribucións non contemplan os pagos noutras xurisdicións, prexudicando a inclusión no censo de patrimonios dispersos e/ou con veciñanza nunha vila. As situacións son de gran diversidade nun contexto de transformación social e política.

Se nos distritos vilegos estase a conformar unha elite con intereses económicos diversificados, era lóxico presupoñer o liderado fidalgo nos distritos rurais. Isto compróbase válido no partido de Caldas, onde os maiores contribuíntes son determinados electores con "don", con veciñanza en parroquias rurais, e que pagan as súas maiores cotas por froitos civís[181]. O máximo contribuínte era un dos fidalgos investigados nesta Tese: don Lorenzo Varela Sarmiento, que abonaba 885 reais, sendo a maior das contías 305 reais de froitos civís.

Este fenómeno en Lalín aínda era máis acusado. Algúns campesiños pagan algunhas ducias de reais por froitos civís, mais son os fidalgos de cada parroquia os que abonan varios centos, cando non miles de reais, por este concepto[182]. Non obstante, noutros distritos rurais, como A Lama ou A Cañiza, as contribucións por froitos civís

[181] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/13. Don Lorenzo Varela tiña veciñanza en San Lourenzo de Moraña. O segundo maior contribuínte era don José Rivas Otero, de San Pedro de Lantaño, que pagaba 801 reais, dos que 589 eran por froitos civís. En terceiro lugar estaba don Manuel Mosquera, de San Andrés de Cesar, con 794 reais de contribución, sendo 320 de froitos civís. Cabe engadir que son contados os casos que apuntan pagos por froitos civís, xeralmente os maiores contribuíntes da parroquia con tratamento de "don".

[182] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220, 1/11.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son apuntes anecdóticos, ficando a columna maiormente baleira, e con contías moi baixas[183]. Unha posíbel interpretación é que a fidalguía contaba cun mecanismo sinxelo para a súa inscrición no censo: xustificar as contribucións, sobre a base dos froitos civís. Mais isto non aconteceu efectivamente en varios distritos, ben por impericia, desinterese ou pola presión que exercen as novas elites de notábeis. É dicir, un dominio fidalgo non era garantía de dereito de voto. Tampouco a tradición da liñaxe. Unha familia fidalga empobrecida podía ser excluída, como tantos "don" en parroquias rurais que ficaron fóra deste censo de 1836. Deste xeito, é a riqueza a que estipula o dereito, tendo nas "capacidades" outra vía de acceso que adoita ser ocupada por liñaxes fidalgas, dado o tradicional desempeño de funcións xurisdicionais, militares e letradas. En conclusión, a fidalguía media e alta entra facilmente no censo. Son electores naturais. Namentres, os estratos máis baixos dependen da acreditación das súas contribucións, da súa actividade económica, e da súa posición nas redes de estatus e poder da provincia.

Dado que Lalín amosa trazos singulares, abordarase a continuación unha análise máis fonda do seu censo electoral. Concentran neste distrito os valores máximos de número de electores (301), parroquias con voto (97), maiores contribuíntes da provincia, e a maior porcentaxe de electores sen "don". Os electores de Lalín en 1836 eran o 17'52% do total da provincia, conformada por 15 distritos. Isto indicaría que está sobrerrepresentada, xa que superan a sexta parte do electorado. As súas parroquias acadan o 25'93% , o que implica que 1 de cada 4 parroquias con voto da provincia está no distrito de Lalín. Este dato subliña a exclusión de ducias de parroquias noutros distritos, como a extensa Tabeirós, que só aporta o 6'15% do total de parroquias con voto da provincia.


No eido económico, os fidalgos deste distrito copan os 6 primeiros postos de maiores contribuíntes da provincia. Aínda máis, 13 formarían parte da elite dos 27 electores da provincia que pagan máis de 1.000 reais de contribución. Isto induciría a pensar que son os máis ricos da provincia, mais a media aritmética das contribucións rebaixa estas expectativas. Situaríase en 356 reais, un cifra

[183] *Ibíd*., 1/10; 1/12.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

considerábel, xa que o límite quedara fixado en 191 reais, mais que suxire unha fonda diverxencia entre os 293 propietarios. Na seguinte táboa pódese observar que a maior parte dos propietarios pagan menos de 500 reais, mentres determinados contribuíntes disparan os valores da gráfica. Así mesmo, algunhas parroquias destacan por reunir a estes maiores contribuíntes: Siador, Escuadro, Margaride, Borraxeiros, Catasós, Filgueira, Santiso, Vilatuxe, Pena, Bendoiro, Madriñán, e Donramiro.

Gráfico II




Fonte: elaboración propia a partir do censo electoral de 1836

Seguidamente, procurouse o valor da mediana nunha distribución por contía das contribucións, que se sitúa en 237 reais. Isto significa que, ordenando as contribucións de menor a maior, a metade dos propietarios non superan esta cantidade. Un cálculo da distribución por cuartís indica que tres cuartas partes dos propietarios abonan contribucións baixas, igual o inferiores a 304 reais[184]. Pola contra, 1 de cada 4 propietarios sube desta cantidade até chegar á contribución máxima de 4.612 reais, que paga o conde de Borraxeiros.

[184] Adóptase a seguinte clasificación: unha contribución baixa sería inferior a 300 reais, media cando oscila entre 300 e 500 reais, alta entre 500 e 700, e moi alta por riba de 700 reais de contribución.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico III: Distribución das contribucións en Lalín



Fonte: elaboración propia a partir do censo electoral de 1836

Peneirando aínda máis os datos da mostra, o cálculo de percentís demostra con cifras a existencia dun reducido grupo que abona contribucións altas. Só o 10% dos propietarios paga máis de 503'6 reais. Outra perspectiva de análise atinxe á condición social, que se pode interpretar mediante o tratamento de "don", aínda non xeneralizado no distrito de Lalín. Segundo a relación nominal do censo, habería un total de 84 electores con "don", dos que 8 entrarían polo capítulo de "Capacidades". Estas capacidades non computan pagos de contribución, así que algunhas destacadas personalidades do distrito, que ademais dos seus respectivos cargos adoitaban ser propietarios, non van quedar reflectidas nesta análise. Descontados dous avogados, o xuíz de primeira instancia de Lalín, un médico, un farmacéutico, un coronel retirado, o capitán e máis o comandante da garda nacional, resulta que había 76 propietarios con notoria fidalguía. A media aritmética das contribucións desta fidalguía de Lalín era de 654 reais. Obsérvase que é un dato moi elevado, considerando que estes 76 propietarios con "don" representan o 25% do total de electores do distrito.

Faise necesario refinar os datos para obter resultados máis precisos do grupo fidalgo. O cálculo de cuartís e percentís ofrece

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

novamente a posibilidade de seccionar a mostra. Aplicado a este grupo de propietarios con "don", descóbrese que a mediana ou posición no medio do grupo está en 329 reais. Isto significa que a metade dos fidalgos non superan esta cantidade. Aínda máis, só un terzo da fidalguía excede os 500 reais. En consecuencia, constátase que o 66% da fidalguía de Lalín pagaba contribucións entre medias e baixas, o que é indicativo dunha situación económica folgada, mais sen chegar á opulencia. Serían, pois, fidalgos circunscritos á vida económica e social da comarca. Un 14% contaba cun importante patrimonio, xa que satisfacían contribucións altas, entre os 500 e os 700 reais. Fidalgos de posíbeis, é probábel que tivesen numerosas casas, algunha delas vilega (Santiago, Pontevedra). Aínda existiría un grupo fidalgo máis adiñeirado, que pagaba contribucións moi altas. Calcúlase que 2 de cada 10 fidalgos deste distrito superaba os 794 reais de contribución, o que os caracteriza como fidalgos principais ou magnates, que rivalizan coas maiores fortunas da provincia.

En canto aos propietarios sen tratamento de "don", as súas contribucións son menores. A metade destes campesiños acomodados paga menos de 225 reais. Tan só o 15% supera os 300 reais de contribución, debuxando un distrito formado por unha maioría de propietarios (217), carentes de distinción social, con 184 que pagan contribucións baixas, e un reducido grupo de 29 propietarios que abonaban contribucións medias. Excepcionalmente, 4 propietarios non asimilados á fidalguía cumprirían con cargas altas, por riba dos 500 reais de contribución, casos que desvían o promedio da mostra.

Esta análise cuantitativa permite fixar unha imaxe social e económica do distrito. Lalín era terra de liderado fidalgo, que tiña nas rendas a súa principal fonte de ingresos. Eles representan o 10'6% dos notábeis da provincia. Mais tamén era Lalín un distrito de peiteiros acomodados. A súa inclusión no censo representa o 29'89% dos propietarios sen "don" na provincia. Existían grandes diverxencias en canto á riqueza. Neste distrito vivían os electores máis ricos da provincia, á beira dunha ampla base social de propietarios con contribucións baixas, inferiores a 300 reais. No eido social, persistía o estatus da liñaxe, con grandes Casas e cabezaleiros, mentres que o acceso ao voto concede certo recoñecemento aos propietarios que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

están a medrar. Semellan ser os clientes naturais dos fidalgos principais de cada parroquia.

A veciñanza do corpo electoral está moi diseminada polas 97 parroquias con voto. Normalmente, emprázanse dous fidalgos por parroquia, naquelas máis ricas incluso tres (Catasós, Donramiro, Lalín, Escuadro), sendo catro algo excepcional reservado ás parroquias de Bendoiro e Vilatuxe, con longa tradición nobiliaria. A puxanza destas parroquias tamén obedece á calidade das explotacións, e á presenza de ríos e muíños que posibilitan a acumulación de riqueza. De feito, na parroquia de Escuadro, ademais de 3 fidalgos, hai 13 propietarios sen "don" con dereito a voto, aínda que 12 dos mesmos paguen contribucións baixas, inferiores a 300 reais, salvo un elector que paga a elevada cantidade de 602 reais. En síntese, alí onde viven os fidalgos máis ricos, teñen veciñanza varios electores, algúns incluso con contribucións altas. Non obstante, outras parroquias destacan por inscribir numerosos propietarios de contribucións baixas, sen que figure un cabezaleiro fidalgo. Parece plausíbel que sexa unha ausencia e non unha carencia, motivada pola migración ás vilas dalgunhas liñaxes, así como ao servizo público con traslado as grandes cidades do Estado. Por exemplo, en Graba (Trasdeza) aparecen 8 propietarios sen "don", con contribucións inferiores aos 300 reais, sen que conste Casa fidalga algunha, sendo como era a parroquia de orixe do insigne don José Valladares. De calquera xeito, é salientábel a elevada representación das parroquias, roldando o 60% do total de parroquias do distrito.

En canto á adscrición ás antigas xurisdicións, obsérvase un maior protagonismo de Lalín, xa que reúnen a 9 dos maiores contribuíntes da provincia. En segunda posición estaría Trasdeza, con 3 electores desta elevada posición económica, mentres que en Borraxeiros atoparíase o señor conde da xurisdición en solitario. O resto de xurisdicións e coutos presentan unha representación de menor transcendencia económica e electoral, onde ningún elector supera os 300 reais de contribución: Carboeiro, Camba, Abeancos, Brántega, Piloño, Brandariz, Salto de Aguela, Dozón, Camanzo, Cira, Vasadre.

A puxanza da capital do distrito é incuestionábel, malia que os máximos contribuíntes estean en Borraxeiros e Trasdeza. Isto suxire

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que existe en Lalín un grupo fidalgo de situación económica similar, que vai concentrar poder nesta vila. No caso das citadas xurisdicións de Borraxeiros e Trasdeza existe un acusado desequilibrio entre unha figura que sobresae en riqueza e estatus nobiliario, e o resto da veciñanza que adoita pagar menos de 300 reais. Estes magnates poden concentrar altas cotas de poder. É dicir, teñen os mecanismos para erixirse coma patróns de clientela electoral. Así sucede con don Benito Espinosa Varela, o segundo maior contribuínte da provincia, de gran ascendente social, e con relacións persoais con políticos da corte.

Espinosa foi, sen lugar a dúbidas, un dos grandes notábeis da provincia de Pontevedra. Outras figuras políticas están aínda a emerxer nesta etapa do Estatuto Real. O daquela alcalde de Lalín, don José Crespo, veciño de Donramiro, vivirá o seu esplendor na década dos cincuenta. En 1836 aparece nas listaxes cunha contribución de 649 reais, cantidade non desdeñábel, achegándose ao grupo de contribucións moi altas.

Crespo e outros notábeis están en ascenso. Dende o seu cargo de alcalde en 1836 é o responsábel de remitir o censo electoral a Pontevedra. No comezo do expediente hai unha carta súa na que explica os problemas na confección das listaxes. A preceptiva Xunta Electoral do partido non puido reunirse por mor das incursións das faccións carlistas, que aínda campaban pola comarca. Con certeza, existía unha alta inestabilidade, que xustifica certas licenzas nos procedementos administrativos, mais no caso de Lalín vai ser recorrente o abuso de certas informalidades[185]. Será Crespo o alcalde que, finalmente, envíe a proposta de ordenación municipal, logo dos reiterados requirimentos dende a Deputación.

A valoración de conxunto do censo de Lalín amosa unha ampla base social de campesiños acomodados con dereito a votar. Ademais, unha fidalguía moi rica ocuparía presumibelmente o cumio social e político. Estes fidalgos eran numerosos en termos absolutos, mais estaban diseminados polas entidades parroquiais, maiormente das antigas xurisdicións de Deza e Trasdeza. O territorio quedaba, pois,

[185] Tal e como se verá na creación dos municipios deste partido xudicial. *Vid*. "3.2.4. Os facedores de institucións".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

configurado polo poder intensivo de determinadas liñaxes no ámbito parroquial, obrigadas a cooperar no escenario do partido xudicial. Este censo tamén retrata unha grande adscrición ás institucións liberais, o que minora a suposta incidencia do carlismo. A pesar da violencia política que asolou a comarca, o groso da fidalguía e dos medianos propietarios colaboraron na implantación do Estado liberal.

O problema en concreto da pequena nobreza era como permanecer despois da revolución. Por iso, sen grandes teorías, afanáronse en coñecer e empregar as novas regras do xogo político. Esta participación no liberalismo provocou un cambio drástico no seu xeito de vivir, de concibir o mundo. Por conseguinte, malia a súa continuidade nas estruturas sociopolíticas, houbo trazos de ruptura histórica que propiciaron a perda dos atributos fidalgos. Permaneceron, mais aceptando a defunción da súa exclusiva condición.

A adaptación social e política –lampedusiana- que protagonizaron estes fidalgos tería moita lóxica. Por unha banda, podían conservar, ou incluso acrecentar, a súa riqueza, estatus e poder[186]. Pola outra, o sistema de representación política orquestraba un circuíto de poder social e político onde o rol de intermediario era crucial. Aquela función que definira ao fidalgo no Antigo Réxime, podía encaixar no novo Estado[187]. Foi unha transformación gradual, unha metamorfose social moito máis natural do que cabía pensar, sobre todo se consideramos a nova "aristocracia" que buscaban conformar os moderados no poder[188]. Consecuentemente, o seu ideario político foi maiormente livián, posibilista, construído eclecticamente por oposición ás acometidas absolutistas e revolucionarias[189], salientando a dimensión social do proxecto liberal por riba das consideracións ideolóxicas[190]. Era a hora dos notábeis, e moitos destes fidalgos acudiron puntuais á cita.

[186] As tres variábeis que empregan tanto Stone coma Cannadine nos seus estudos da aristocracia inglesa. Stone, 1976: 21; Stone, Stone, 1986: 53; Cannadine, 1990: 8, 698.
[187] Villares, 1999: 38.
[188] Sánchez León, 2006: 77- 103.
[189] Gómez Ochoa, 2007: 51- 54.
[190] Veiga, 2008: 142.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2.3. A Carlistada en Trasdeza

A priori, o realismo/carlismo tiña sobrados motivos para callar na fidalguía: a defensa dos seus dominios territoriais, privilexios, dereitos xurisdicionais, interdependencia coa Igrexa. Estaba en cuestión o "monopolio del poder local"[191]. Se houbo unha reacción privilexiada do Antigo Réxime, non foi unánime, nin sequera maioritaria. O carlismo contou con apoios, sobre todo ao comezo da súa andaina, mais "el grueso de la fidalguía se decantó finalmente por la opción reformista/liberal vinculada a la causa isabelina"[192]. Con Barreiro, asumimos que a *carlistada* foi obra do clero, que concitou o apoio dun determinado sector da fidalguía e da administración señorial, pero que non gozou do favor en bloque deste grupo social nin das clases populares[193]. Foi o ascendente dalgúns fidalgos nas partidas carlistas, xunto coa literatura, os que ensombreceron a actuación da fidalguía liberal[194].

Por outra banda, durante décadas prevaleceu a ilusoria concepción do "evidente o arraigo sociolóxico que tiña o carlismo en Galicia" [195]. Este suposto antiliberalismo campesiño non tivo motivos para callar porque a revolución conservou o sistema agrario de cesión foral da terra[196]. Sen este obstáculo, só era cuestión de adaptar as vellas estruturas sociopolíticas e os antigos cargos señoriais ao novo réxime político- administrativo. Neste aspecto, advírtese o paradoxo dunha revolución que mantén intactos os foros agrarios, permitindo así a participación de fidalgos e labregos no proxecto político liberal.

Entender os motivos que empuxaron as distintas liñaxes fidalgas cara un dos dous bandos semella unha tarefa complexa. A documentación privada destes anos convulsos é escasa. Con pouco apoio empírico, a investigación atopa na historiografía un abano de

[191] Millán, 1998: 100.
[192] Baz Vicente, 2002: 61.
[193] Barreiro, 2008: 10- 12.
[194] Ao respecto, Otero Pedrayo recolleu na súa obra ambos retratos fidalgos, o carlista e o liberal. Baste citar "Os señores da terra", dentro de *Os Camiños da Vida*, ou aquel Pereyra de *O señorito da Reboraina*.
[195] Villares Paz, 1989: 143. As guerrillas actuaron con especial virulencia "sobre todo onde había mosteiros importantes (Samos, Sobrado, Chantada,…)", aínda que tamén apunta a existencia de carlistas en Compostela.
[196] Barreiro Fernández, 2008: 17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

respostas. O bando liberal tería ao seu favor varios aspectos que inclinarían a balanza: a percepción de crise estrutural; a cuestión da estrutura agraria, coas súas persistencias e oportunidades; a procura da continuidade no poder por parte das elites; discrepancias co discurso e violencia dos ultraconservadores; a idea e propia evolución da guerra; unha aceleración histórica de relato modernizador.

Jesús Millán suxire deixar atrás interpretacións conxunturais e modelos teóricos, para observar a "diversidad de la experiencia histórica"[197]. Os estudos de caso poden explicar o movemento carlista coma "expresión de una amplia divergencia social, abierta por la manera revolucionaria en que se liquidó el antiguo régimen y periódicamente reactivada a raíz de la inestabilidad que el liberalismo político representaba para la sociedad burguesa"[198]. Isto é, o carlismo era "una alternativa política autoritaria" que podía inspirar confianza.

Nesta liña, para Rújula sería máis idóneo traballar coa noción de "contrarrevolución", xa que a denominación "carlismo" oculta "el movimiento social (...) con anterioridad a la aparición de un conflicto sucesorio"[199]. Garmendia, pola súa parte, sinala a existencia de "varios carlismos", incluído un certo "socialismo blanco" de extracción campesiña[200]. En resumo, unha "oposición antirreformista de unas capas sociales muy concretas", que se verían afectados polas "alteraciones de la composición social"[201]. Un "movimiento de unos hombres venidos a menos", que advertía na vida urbana e nas actividades comercial e financeira aos seus principais inimigos[202]. Este "odio a los ricos" da moral contrarrevolucionaria propiciaba que a meirande parte das elites socioeconómicas apoiaran a causa isabelina[203].

Baz Vicente e Yun Casalilla non presentan o cambio político coma unha derrota para o estamento nobiliario, como acontece co

[197] Millán, 1998: 92- 93.
[198] *Ibíd*.: 96- 97.
[199] Rújula López, 1998: 5-6.
[200] Garmendia, 1985: 362-363.
[201] Aróstegui, 1976: 123- 124. Sinala ao "mundo campesino", artesáns e oficios antigos, e o estamento eclesiástico, coma eminente base social da contrarrevolución.
[202] Garmendia, 1985: 356- 358.
[203] Burdiel, 1999: 190. Salvo no caso de identificación popular con determinadas elites locais, como tería indicado Millán (1998) e demostrado Rújula en Aragón (1998).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

clero, senón coma unha oportunidade[204]. Ambos autores salientan a capacidade histórica de adaptación da nobreza. Na creba do Antigo Réxime, a alta nobreza, así como un sector considerábel de liñaxes de menor estatus, percibiron a necesidade de cambiar, de diversificar os seus intereses para garantir a súa posición preponderante. Segundo este enfoque, a imaxe tradicionalmente retardataria da fidalguía galega estaría sobredimensionada, xa que non contempla a obra daqueles fidalgos que construíron as institucións liberais[205].

A diverxencia social, a inestabilidade política, a adaptación ou reacción privilexiada, son algúns dos motivos que deron pé á primeira guerra civil carlista. Para Marichal, a chave desta guerra estivo na decisión dos terratenentes de non alentar máis a violencia política.

> "La mayoría de la oligarquía terrateniente, sin embargo, no simpatizó con la causa carlista; eran buenos católicos, sin duda, pero sus principales intereses radicaban en la estabilidad económica y política y no en la guerra civil. Se opusieron al carlismo porque temían el terrorismo incendiario de las fuerzas reaccionarias y en particular el espectáculo de la movilización de grandes números de campesinos armados, pues esto representaba unha amenaza al Estado, al rey y al orden social establecido"[206]

Este "incendiario terrorismo de derechas" provocou que as "clases acaudaladas" e incluso a raíña rexente buscaran unha vía liberal de orde, baixo a protección de franceses e ingleses[207]. A memoria dos desastres da guerra, das colleitas estragadas e dos labregos botados ás armas puideron arredar aos terratenentes de embarcarse nunha loita fratricida, malia que foran defensores da orde antiga da sociedade. Ademais, os liberais contaban co auxilio de

[204] Baz Vicente, 2002. Yun Casalilla, 2002.
[205] Baz Vicente, 2002: 74. A polémica dos despoxos dos foros no século XVIII ten boa parte de culpa, xa que ofreceu unha imaxe inmobilista.
[206] Marichal, 1980: 32.
[207] *Ibíd.*: 18.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Francia, Gran Bretaña e Portugal[208]. Durante o goberno Mendizábal, as tropas estranxeiras duplicaron o continxente liberal, ficando o bando carlista en clara desvantaxe[209]. Sen embargo, quedou constancia de certas críticas a actuación francesa e inglesa por timorata e imprecisa. Coa memoria posta nos Cen Mil Fillos de San Luís, un exército aliado podía rematar co estado de guerra civil. Neste senso, don Luis López- Ballesteros comentaba nunha carta en 1838: *«esa negativa de Francia á cooperar ó intervenir (aunque tal intervención se permitiera) parece tener por objeto fatigar y consumir la Nación»*[210].

A influencia francesa e inglesa na política española, encarnada nos respectivos embaixadores destas potencias, vaise impoñer nas diferentes etapas da revolución liberal. A chegada de Mendizábal dende Londres, indicaba a influencia crecente dos británicos na política española. O modelo económico inglés gañaba adeptos[211], mais creaba suspicacias nas faccións moderadas. En Portugal, os británicos escribían o guión político de María II. Namentres, a raíña gobernadora non ocultaba as súas boas relacións con Luís Filipe. No pulso que

[208] A revolución burguesa de xullo de 1830 marca unha viraxe na política europea. En 1834 acórdase a Cuádrupla Alianza, un tratado internacional orquestrado por Talleyrand, que contou coa mediación do marqués de Miraflores, embaixador en Londres naquel tempo. Este acordo diplomático consistía no apoio de Gran Bretaña e Francia á causa liberal nas guerras abertas en España e Portugal. Coma resultado, as primeiras eríxense coma potencias hexemónicas, fronte Rusia e Prusia. Namentres, os liberais ibéricos fican tutelados nun segundo plano. A influencia de franceses ou ingleses na política española, encarnada nos respectivos embaixadores destas potencias, imponse en diferentes períodos políticos, coma no ascenso de Mendizábal no goberno, ou de Espartero na Rexencia, baixo a protección inglesa. Marichal, 1980: 203.

[209] Fontana, 2007: 149- 153. Os gubernamentais contaron durante a guerra con 200.000 homes, ademais da garda ou milicia nacional que abortaba pequenas accións facciosas. Namentres, os carlistas non dispuxeron de máis de 80.000 combatentes. En inferioridade numérica, tampouco gozaron da estrutura administrativa do Estado nin do apoio das cidades. A caída dos miguelistas en Portugal e o falecemento do xeneral Zumalacárregui cambiaron o rumbo da guerra cara accións de guerrillas e as "expediciones" para axuntar recursos económicos e humanos.

[210] Rivas, 1945: 190. Carta de don Luis López- Ballesteros ao seu fillo primoxénito Nicolás, coéngo en Santiago de Compostela. A Golpelleira (Vilagarcía), 23 de xaneiro de 1838.

[211] Fontana Lázaro, 1977: 268, 273- 274. O modelo económico capitalista percibíase en Europa como o máis eficaz. De entrada, postulaba a concentración de grandes explotacións, mais tamén contemplaba unha base de pequenos propietarios que conferise estabilidade social ao sistema. Os correlixionarios de Mendizábal propugnaron as excelencias deste modelo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mantivo María Cristina cos avanzados circulaba con insistencia o rumor dun pacto dinástico co pretendente don Carlos, no que tería que mediar a Casa de Orleans[212].

Estes rumores, ben fundados[213], eran amplificados polas gavillas carlistas sementando o desconcerto no medio rural. En xuño de 1835, o Gobernador de Lugo, don Laureano Gutiérrez nega estes embustes:

> «Lucenses, vivid tranquilos y seguros de que si llega el dia en que las tropas francesas ú otras de nuestras Naciones amigas pisen el suelo Español, será el en que desaparezcan para siempre las horas de foragidos»[214].

É probábel que os franceses desistisen de tal intervención á vista do contexto de bloqueo institucional que vivía o réxime do Estaturo Real. Xa que logo, estes rumores non desvirtuaron o apoio explícito dos doutrinarios franceses aos moderados españois. De tal xeito, franceses e británicos foron contrabalanceando a súa influencia no réxime isabelino, promocionando distintos líderes e faccións no poder[215]. Por exemplo, a rexencia de Espartero contou co respaldo dos británicos[216], mentres que os moderados doutrinarios foron asistidos polos orleanistas. No arquivo do pazo da Buzaca (Moraña) consérvase unha carta que recolle con escepticismo este panorama de inxerencia estranxeira:

> «nadie ignora la política de los franceses o ingleses: todos sabemos que estos protegen a los progresistas y aquellos a los moderados: nadie desconoce que unos y

[212] Burdiel, 1999: 195. Sería "una imposición respaldada por las armas", contando cunha nova intervención militar francesa. Ao seu favor, equilibraría a correlación de forzas despregadas na península, dada a inxerencia británica en Portugal.
[213] *Ibíd*. Segundo documentación do British Foreing Office que cita Burdiel.
[214] Viveiro Mogo, 2002: 61.
[215] Mencionouse con anterioridade a pretensión de Miraflores de facerse co goberno en xaneiro de 1836. Para conseguilo confiou no embaixador británico Villiers, quen relatou este "complot" ao Secretario de Exteriores, Lord Palmerston. Villiers tamén desacreditou tal proxecto nunha audiencia privada con María Cristina. As residencias dos embaixadores francés e británico, xunto co palacio do Pardo conformaban un escenario de "intrigas y manejos" para o ascenso político. Burdiel, 1987: 266- 267.
[216] Marichal, 1980: 203.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> otros lo hacen mas pr. su interes q pr el nuestro; pero lo mas delicado consiste en q. los ingleses influyen en nuestro egército grande y en su elevado caudillo»[217].

Volvendo á cuestión da violencia política, existe unha liña historiográfica que explica as guerras civís carlistas coma unha mostra do carácter violento da contemporaneidade española: "el caso español en modo alguno es una excepcionalidad en la historia de la violencia política contemporánea (...) es más bien un ingrediente bastante definitorio en la historia de las transformaciones de las sociedades contemporáneas desde el momento auroral de las convulsiones revolucionarias del siglo XVIII"[218]. A peculiaridade da violencia política do XIX é que ten lugar "en el seno de la España rural", sendo o tempo das "grandes insurrecciones campesinas"[219]. En consecuencia, as distintas xeiras carlistas gardarían similitude coas revoltas contrarrevolucionarias do campesiñado francés, coma a *Vendée* ou a *Chouannerie*[220].

O relato historiográfico precedente pode servir para enmarcar o acontecido cos realistas de Trasdeza (Silleda). Os rexementos realistas que secundaron o carlismo reducíronse en número de efectivos. Non temos constancia de que significados realistas de Trasdeza, coma Ramón Losada, Francisco de Rivas, José Taboada, Matías Estévez, Cobián, Álvarez Corrales, apoiaran a insurrección carlista. Parece ser que as autoridades cristinas "foron desarticulando" os batallóns de voluntarios, "asumindo os curas un papel moi destacado" nos

[217] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de don José Valladares. Lugo, 12 de xaneiro de 1840.
[218] Aróstegui, Calleja, Souto, 2000: 56.
[219] *Ibíd*.: 60. No século XX aumenta a violencia política no medio urbano, aínda que non de xeito exclusivo. Tradicionalmente, o estudo da violencia política consistía en categorías macro: estrutura, dominación, clase, desequilibrio. Nas últimas décadas tense enriquecido cunha perspectiva máis antropolóxica que inclúe unha perspectiva micro de "las identidades, los simbolismos y las oportunidades, las frustraciones". *Ibíd*., p. 93. Sobre o concepto de violencia política, remitímonos ao exposto por Aróstegui, 1994: 17- 55.
[220] Rújula, 1998: 20- 22. As diferenzas son de contexto e ritmo, xa que veñen marcadas polo propio proceso revolucionario. No caso español, tanto a revolución coma a contrarrevolución tiveron carácter fragmentario, abranguendo un "amplio arco de tiempo".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mesmos[221]. O único oficial daqueles antigos realistas de Trasdeza encausado por carlista foi don Antonio María Valenzuela, procesado na causa militar aberta contra Gorostidi e a súa partida.

O ano de 1834 foi tenso, mais non houbo accións militares de importancia no solar galego. Xurdiron guerrillas, mais o foco que máis preocupaba ás autoridades estaba na curia das dioceses[222]. Á falta de oficiais militares que liderasen a insurrección carlista, eran cregos aqueles que podían entusiasmar ao campesiñado[223]. A marcha de Gorostidi sobre Santiago en 1835 é un bo exemplo da acción das guerrillas comandadas por relixiosos. A súa ousadía frustrouse nas terras de Tabeirós e Trasdeza pola garda liberal e a veciñanza. Parece ser que Gorostidi foi traizoado e non contou cos apoios que agardaba en Trasdeza. Acaso os fidalgos da comarca ignoraron o chamamento ás armas de Gorostidi? Quen era este cardeal que contaba co apoio do arcebispo Rafael de Vélez?

Don Francisco María de Gorostidi procedía da fidalguía guipuscoana. De mozo fora voluntario na guerra de Independencia. Rematou despois os seus estudos eclesiásticos, e no Trienio gozando de influencia e posición, dirixiu un batallón realista na súa provincia[224]. Pasou a Francia con 500 homes para integrarse nas tropas francesas -de San Luís- que derrocarían a Trienio. Este mérito militar de Gorostidi foi premiado cunha coenxía en Santiago de Compostela, con dignidade de cardeal, e varias condecoracións militares. Na curia galega exerceu de capelán dos Voluntarios Realistas de Santiago[225].

---

[221] Fernández Bascuas, 2006: 274- 275. Os párrocos de varias freguesías das comarcas de Tabeirós e Montes (Olives, Agar, Moreira, Paradela, Cerdedo, Lebozán, Folgoso, Forcarei) foron chamados polo arcebispo en agosto de 1834 para esclarecer a súa conduta política. A comezos de 1835, as autoridades civís informan dos párrocos de Loureiro e Arca: «pervierten el espíritu público difundiendo noticias subversivas». Namentres, destacados fidalgos realistas abandonaron a causa lexitimista de don Carlos, tendo relevancia na política local durante a Década Moderada. Menciona a don Francisco de Oca, que foi alcalde de A Estrada. Esta "desarticulación" non sabemos se foi disuasoria ou represiva.

[222] Comesaña Paz, 2019: 318. O capitán xeneral Pablo Morillo enviara en xaneiro de 1834 un informe ao Ministerio de Graza e Xustiza suxerindo o traslado de varios cóengos de Ourense, Mondoñedo e Compostela. Un destes sospeitosos era Gorostidi.

[223] Comesaña Paz, 2019: 322.

[224] *Ibíd*.: 316- 317. Seguimos a este autor na biografía de Gorostidi.

[225] Barreiro Fernández, 2008: 86.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sospeitoso de conspiración, dispuxeron o seu traslado en abril de 1834, que non se chegou a executar porque Gorostidi aproveitou para fuxir a Portugal onde estivo co pretendente don Carlos[226]. Pasou de novo a terras galegas co obxectivo de levantar ao pobo en armas. Contaba cunha rede de párrocos afectos á causa carlista dende a raia do Miño até Trasdeza. Estes curas proporcionaban refuxio, víveres, armas, integrándose moitos deles na loita armada das *gavillas*. Pasou varios meses agochado en Arbo, despois nas terras de Tabeirós[227]. Na comarca do Condado tiña a súa base loxística, xa que por aí entraban as armas de Portugal. Nas terras de Compostela procurou financiamento e a coordinación dos oficiais e líderes das partidas. Por último, en Cotobade organizou e comandou a súa propia «facción»[228].

Pretendía tomar Santiago. En setembro de 1834, pasou dúas semanas "de incógnito" na cidade, coa idea de organizar a rebelión armada. Alí mantivo contacto con Manuel Rivera Salgado, un avogado da Cañiza que residía en Madrid, moi próximo ao Estado Maior do pretendente don Carlos[229]. Seguidamente, instalado en Vedra e en Tabeirós, tratou co líder guerrilleiro Antonio María López e máis co "Comisionado Rexio e Director Xeral das Faccións de Galiza"[230], don Francisco Losada Somoza[231]. Era este don Francisco un procurador galego afincado en Madrid, que seica tiña unha casa en Trasdeza[232]. Foi un dos máximos expoñentes do carlismo galego. El

[226] Comesaña Paz, 2019: 318.
[227] Fernández Bascuas, 2006: 276. Pasou un tempo na casa dun médico de Arbo, pasando despois polas casas do cura de Arca, na Tenencia de Costa de Rivadulla, e na do cura de Oca.
[228] Comesaña Paz, 2019: 319.
[229] *Ibíd*.: 320
[230] *Ibíd*. Fernández Bascuas, 2006: 278.
[231] Hai información doutro coronel carlista que foi delegado rexio en Galiza, don Francisco Taboada de Losada, que entre os seus moitos apelidos está tamén Somoza. Era o señor de Tor, Navea e a Candaira, mais ningunha fonte vincula ambas identidades, polo que esta hipótese queda desbotada. O señor de Tor foi comandante de cabalaría, integrándose despois da guerra no moderantismo de corte autoritario. Foi deputado en Cortes en 1844. Barreiro Fernández, 2001 (a): 667. Esta figura volverá a aparecer ao fío das eleccións de 1850- 51 no distrito de Prado (Lalín). Foi o candidato ao que eventualmente apoiou Espinosa. *Vid*. "3.5.6. Os «monistas» na oposición. Influencia moral dos gobernos conservadores".
[232] Non se pode confundir co escribán de Rellas e antigo comandante realistas, don Ramón Losada y Figueroa, mais a coincidencia do primeiro apelido e a veciñanza en Trasdeza permiten elucubrar posíbeis parentescos ou convivencias da fidalguía local coa xefatura carlista.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

entregou a Gorostidi "o plan, as proclamas, a copia dunha carta de Carlos V dirixida a Wellington e demais papeis impresos necesarios para a insurrección"[233]. A idea de Gorostidi era organizar unha gran marcha dende Tabeirós a Santiago, tocando a rebato as campás das igrexas ao seu paso, "e uns rezando, outros cantando cancións relixiosas, e todos procesionalmente camiñando(...), ante tal masa ningún soldado liberal se atrevería a disparar. Irían pasando polas vilas recollendo centos de persoas, (...), nunha especie de exército da fe"[234].

Estes movementos dos chamados "facciosos" alertaron aos veciños e autoridades locais. Da parroquia de San Martín de Laxe, na xurisdición de Peñaflor, provén unha solicitude para formar unha compañía de urbanos de infantería coma «cuerpo militar» da xurisdición, tendo varios mozos apalabrados[235]. O seu propósito é «exterminar las infames facciones». O remitente é José María Rey Iglesias, desprovisto de "don", e sen máis título de presentación que o de ser un "veciño"[236]. Con elocuentes palabras manifesta a súa adhesión «por el gobierno de la legitimidad para hacer en el altar de la patria la ofrenda de su acendrada fidelidad por el sostenimiento del reinado de la Augusta Isabel 2ª y de las públicas libertades». Úrxelle ao gobernador, don Pedro Fernández Villaverde, que conceda a súa autorización para «alistar á los candidatos».

O feito singular desta carta de Peñaflor é que se envía o 29 de abril de 1835, recibíndose en Pontevedra o día 8 de maio, data na que Fernández Villaverde informa ao xuíz de Peñaflor, ao procurador e «mayores contribuyentes» para que procedan a formar a «milicia urbana» desa xurisdición[237]. Datas nas que a columna de Gorostidi

[233] Comesaña Paz, 2019: 320- 321.
[234] Barreiro Fernández, 2007: 34.
[235] ADPO, Fondo Pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839),* 34.371/4. Resulta curioso que esta carta forme parte da correspondencia da Buzaca, xa que don Lorenzo non era destinatario nin remitente. Foi acaso Rey Iglesias o único promotor dos urbanos de Peñaflor? A carta orixinal foi remitida polo gobernador a Varela?
[236] Este veciño relata na súa carta que durante a súa quinta no ano 1815 secundou o pronunciamento de Porlier na illa de León.
[237] Este pode ser o motivo de que Varela tivese esta carta no seu poder, sendo unha das figuras principais da xurisdición.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

saía de Cotobade para atravesar as terras de Montes e Tabeirós. Nunha manobra de retirada aqueles homes podían ter rematado en Peñaflor.

Gorostidi marcara a súa ruta cara Compostela. "Dominado por tal frenesí relixioso e militar; descoñecía que lle estaban seguindo os pasos e non precisamente os militares, senón os paisanos"[238]. Cunha partida de pouco máis de 40 homes, foi sorprendido o 13 de maio na ermida de San Sebastián, na parroquia de Moalde (Trasdeza)[239]. O exército *cristino*, contou co inestimábel apoio dos gardas urbanos e dos veciños de Tabeirós[240], e máis cos paisanos de Trasdeza. Estes últimos detiveron a Gorostidi nuns campos de centeo de Moalde. Era gobernador civil de Pontevedra don Pedro Fernández Villaverde, azote dos carlistas no interior da provincia[241]. El mesmo escribiu a Gobernación enxalzando o compromiso liberal do campesiñado: «el entusiasmo que han manifestado precisamente en las montañas donde los forajidos creían encontrar abrigo»[242]. Gorostidi non chegou a ter un proceso xudicial. Despois de ter prestado declaración, foi fusilado

[238] Barreiro Fernández, 2007: 34; 2008: 19. "As partidas movíanse dun lado para outro, perseguidas non só polo exército senón polo pobo organizado en milicias nacionais".

[239] O monte de San Sebastián de Meda ten unha altitude de 750 metros. A súa cimeira é popularmente coñecida coma "o Alto da Rocha". Situada na parroquia de Moalde (Silleda), deslinda este municipio dos de A Estrada e Forcarei. Dende alí pódese divisar o val da Ulla, o de Escuadro, o Pico Sagro e o monte Faro. Lugar estratéxico por excelencia para unha marcha sobre Compostela. Os carlistas de Gorostidi foron perseguidos e apresados na contorna deste monte durante varios días.

[240] Comandaba aos urbanos de Tabeirós un entregado don Fernando Lorenzo, para os que o gobernador Fernández Villaverde solicitou a cruz de Isabel II. Algún artigo recolle que este Lorenzo era alcalde de Tabeirós, mentres que noutros mencionan ao xuíz don Cristóbal Sánchez. Existen varios artigos en publicacións locais sobre estes feitos, deixando constancia da represión posterior sufrida por aqueles que perseguiron a Gorostidi. O 7 de abril de 1836 foron asasinados o citado Lorenzo e dous dos seus axudantes, don Eduardo Otero e don Gonzalo Arén, por unha gavilla carlista. No Libro de Defuntos de Codeseda (A Estrada) consta que don Fernando Antonio Lorenzo era un escribán afincado nesta parroquia, que «fue muerto violentamente en el lugar de la Estrada». Fernández Bascuas, 2003: 59- 61; 2006: 277, 279, 290.

[241] Barreiro Fernández, 2001: 254- 255. Fernández Villaverde foi gobernador provincial de Pontevedra entre 1835 e 1836.

[242] Comesaña Paz, 2019: 333- 334. O autor é escéptico deste triunfalismo de Villaverde. Os cartos e as "represalias gobernamentais" puideron favorecer esta persecución dos carlistas, considerando moitas posicións intermedias que agardaron polo decorrer dos acontecementos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o 17 de maio de 1835 en Santiago de Compostela, por orde do capitán xeneral Francisco Sanjuanena[243].

No cabalo deste comandante carlista foi incautada importante documentación e correspondencia que serviría para encausar e reprimir o movemento carlista galego. A curia compostelá, co arcebispo á cabeza, estaba implicada na insurrección, así coma unha mesta rede de párrocos. Aqueles contados que secundaron coas armas a Gorostidi foron executados nas seguintes semanas. Outros moitos foron procesados por figurar nos papeis ou na confesión de Gorostidi. O número de detidos desbordaba os cárceres de Pontevedra e Santiago, chegando a habilitar o convento de Santo Domingo de Compostela para tal efecto[244]. As bases carlistas de varias comarcas foron acusadas de conspiración. A declaración de Gorostidi tamén proporcionou información dos lugares onde agochaban armas. Seica contaban cun "polvorín" nunha casa fidalga de Escuadro (Trasdeza):

> «Existía en la Casa del Monte de Deza un depósito de armas de 800 escopetas, 39 trabucos, 400 fusiles con sus bayonetas, 72 pistolas de arzón, 116 tercerolas y 2.000 mochilas de estopa dispuestas a utilizar en el golpe fracasado»[245]

A historiografía sinala a existencia dunha facción nova na comarca de Deza, comandada novamente por don Ramón Antonio Varela, quen xa dirixira aos realistas en 1823[246], "mais a iniciativa non se materializou"[247]. Non chegou a agromar un batallón carlista disciplinado que saíse ao auxilio de Gorostidi no Alto da Rocha. Ao respecto, pódese especular sobre a traizón dos carlistas de Deza-

[243] Gorostidi converteuse nunha figura mítica no Oitocentos, cando menos nas chamadas terras de Compostela. É mencionado na novela de Marcial Valladares (2001: 46), Maxina ou a filla espuria, cando describe unha casa en Ribadulla: "posuírona e disfrutárona cóengos diferentes ata o señor Goróstede, víctima sanguenta de políticas opinións durante a última civil guerra de sucesión".

[244] Fernández Bascuas, 2006: 279.

[245] Vilariño, 1997: 132- 134. A *Reseña Histórica* de Vilariño está datada arredor de 1900. A edición de Armando Vázquez indica que esta casa fidalga estaba en Escuadro, e xa fora utilizada durante a guerra de Independencia pola xunta local.

[246] Barreiro Fernández, 1982: 203- 204.

[247] Comesaña Paz, 2019: 328.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Trasdeza. Comprometérase don Ramón Antonio Varela a reunir aos seus homes coas forzas de Gorostidi, mais non apareceu[248]. Non foi o único. Máis dunha ducia de cregos e oficiais carlistas, desatenderon o chamamento do comandante Gorostidi[249]. Foi o caso de don Manuel Paseiro[250]. Veciño de Escuadro (Trasdeza), este tenente de infantería figura nos papeis de Gorostidi, polo que foi procesado, mais tampouco acudira ao encontro do cardeal.

Nunha situación similar atopamos a don Antonio María de Valenzuela, quen en 1828 fora capitán da 2ª compañía do batallón realista de Trasdeza[251]. Valenzuela era un segundoxénito fidalgo que fixera carreira militar durante o Trienio. O seu irmán don José María, xuíz de Trasdeza e vinculeiro da Casa da Viña[252], sufragou os seus gastos[253]. Foi Valenzuela un dos máis significados carlistas da

[248] Varela debía acudir á Franqueira o 28 de abril para reunir as tropas necesarias. Foi ameazado cun castigo por desobediencia o 4 de maio segundo oficio do Comisionado Rexio Losada. Comesaña Paz, 2019: 330- 332.

[249] Barreiro Fernández, 2007: 34. "Parece ser que apalabrou ducias de párrocos (cincuenta di unha crónica manuscrita redactada naquel momento), catro comandantes, dez oficiais, dezasete sarxentos, cinco avogados e tres médicos que se comprometeron a presentarse cando Gorostidi o indicara con tres mil paisanos".

[250] No artigo de Comesaña Paz tamén aparece como Mariano Paseiro Losada.

[251] Segundo a listaxe de voluntarios realistas redactada e asinada polo subtenente don Ramón Villar, e que figura dentro do protocolo notarial de don José Taboada. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, 770 (7).

[252] Don José María Valenzuela era xuíz real e ordinario en Trasdeza. O 8 de xullo de 1816 emitiu un auto de aprobación do testamento non inscrito de don Juan Patricio de Rivas, da Casa de Sestelo, pai de don José María Rivas, logo de tomar declaración a varios testemuños. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, G 769 (1). Os documentos que comentamos fornecen a imaxe dunha oligarquía fidalga forte e pechada, xa que os intercambios de favores e transaccións entre Casas son continuos.

[253] AHPP, *protocolos notariais*, don Ramón Losada, Ca 3938 (10). "Escritura de señalamiento de asistencia" outorgada por don Josef Mª Valenzuela Pardo de Villamarín ao se irmán, don Antonio María "para entrar de cadete", 1º de xuño de 1821. Con 23 anos de idade, don Antonio «tiene deliberado dedicarse a la Carrera de las Armas, y para ello entrar en la Clase de Cadete, en el Regimiento Provincial de Santiago». O pai de ambos, don José Benito, xa falecera. O seu irmán don José María, xuíz real e ordinario en Trasdeza, é o sucesor na Casa da Viña. Unha irmá, dona Ramona, viúva de don Joaquín Fuciños, fai testamento en 1828 nomeando coma curador dos seus tres fillos a don Antonio, que está aínda solteiro. AHPP, *protocolos notariais*, Testamento ante don José Taboada, G. 770 (3). Os patrucios da Casa da Viña, José Valenzuela e a súa esposa Manuela Ramona Ozores faleceron nalgún momento anterior a 1838, cando o seu fillo, quen chegará a ser o eminente xeólogo don Antonio Valenzuela Ozores, vai ser voluntario "cristino". A coincidencia onomástica pode causar equívocos, mais semella que tío e sobriño discorreron por camiños políticos opostos. Ou,

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xurisdición. En outubro de 1835 estivo implicado na «Causa de conspiración de resultas del arresto del Excardenal Gorostide, (...), se le mandó arrestar con embargo de sus vienes, y (...) se presentó voluntariamente a disposicion de la Comisión Militar egecutiva, (...) quien se ha servido mandar se retirase a su casa», baixo fianza, quedando a disposición deste tribunal militar[254]. Este arresto domiciliario nunha causa de conspiración puido deberse á masificación dos cárceres, aos febles indicios da acusación, mais tamén á posición preeminente da familia Valenzuela na xurisdición de Trasdeza.

O fiador da fianza de Valenzuela foi don Ramón Villar, avogado da Real Audiencia e veciño tamén da parroquia de Manduas. O mesmo Villar que redactara a listaxe da 2ª compañía realista de 1828, onde figuraban Rivas de subtenente, o escribán Taboada coma tenente, sendo Valenzuela o capitán. O apoio legal e económico de Taboada e Villar neste proceso de Valenzuela pode ser unha mostra dos vencellos que unían aos antigos voluntarios realistas. O parentesco e a veciñanza tamén favorecían estas fidelidades fidalgas, amalgamando no político unha morea de aspectos que aluden á estrutura e dinámica das elites locais na creba do Antigo Réxime[255]. Neste senso, "la insurrección se imbricó en las entrañas de la comunidad rural y aprovechó cuanto pudo de ella en su propio beneficio"[256], até o propio esgotamento ou confusión dos seus principios. Este fenómeno da comunidade de vida local coma trama solidaria de intereses manifféstase tamén no transvase maioritario ao

talvez, o sobriño estaba na obriga de limpar o seu nome para evitar represalias. O cotexo das sinaturas de Antonio Valenzuela nos distintos documentos ("señalamiento", fianza, correspondencia persoal), indica que se trata da mesma persoa, o tío, quen estivo procesado pola insurrección de Gorostidi e que vai participar activamente no arranxo das eleccións de Prado entre 1850 e 1853.

[254] AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, Trasdeza, Ca. 3148 (1). Unha vez máis é Taboada o escribán que rubrica os documentos da familia, co paradoxo de que se trata dun proceso xudicial por carlismo, cando Taboada fora un recoñecido realista.

[255] Este documento de fianza contou ademais co rico propietario de Millerada (Forcarei), don Manuel Ogando y Tojo, entre os testemuños. Tamén aparece a sinatura de don Julián Francisco Seoane, un avogado e propietario de Breixa, que foi rexedor en Chapa durante os anos 40, exerceu de alcalde en 1846. Ogando e Seoane serán mencionados no capítulo "3.5. O réxime das faccións políticas".

[256] Rújula López, 1998: 14.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

moderantismo. Décadas máis tarde, aparece un don Antonio María Valenzuela coma elector do distrito, encadrado na facción moderada de Lalín e Pontevedra, en alianza con Crespo e Riestra[257].

Os efectivos carlistas de Deza e Trasdeza dicían ser numerosos, arredor de 2.000 homes, se ben Gorostidi non chegou a contar con estas tropas, tampouco coas armas agochadas en Escuadro[258]. Por que abandonaron á causa carlista? Foron acaso convencidos do inminente fracaso de Gorostidi, e mesmo do pretendente don Carlos? O cronista Vilariño sostén a tese da traizón, no eido militar, máis tamén no económico: «gruesas sumas que un Judas tenía en su poder», que en conivencia co capitán xeneral Sanjuanena terían desbaratado a insurrección[259]. Comenta García Conde do manuscrito de Vilariño que Gorostidi tería entregado "los fondos allí reunidos a dos señores, uno de Deza y otro de Trasdeza; estos se quedan con el dinero y venden a Gorostide"[260].

Os arquivos fidalgos consultados non botaron luz sobre esta hipótese. Sen fontes, dificilmente se pode enunciar algún nome. Talvez, o fidalgo de Deza puido ser don Ramón Antonio Varela. Mais, en Trasdeza? Losada Figueroa, o antigo comandante? Paseiro ou Valenzuela, ambos procesados polos papeis de Gorostidi, mais que non o auxiliaron no campo de batalla? Espinosa, xa embarcado no proxecto liberal[261], puido saber das manobras que se urdían a escasa distancia dos seus dominios[262]. Naqueles anos vivía a cabalo entre

[257] Valenzuela chega a desempeñar algún cargo local, pero non dá o salto á política provincial. En 1848 foi 1º tenente de alcalde de Chapa, tal e como figura nun xuízo de conciliación por unhas débedas a favor de don Benito Espinosa. Arquivo familia Espinosa, caixa XX, *Varios papeis de don Benito Espinosa*, 20.2. Outros destacados carlistas foron asimilados á política liberal, coma don Francisco de Oca, procesado por conspiración en 1835, que ostentaría o cargo de alcalde de A Estrada entre 1849 e 1851. Fernández Bascuas, 2006: 274. O avogado don José Crespo Villar, alcalde de Lalín entre 1846- 1854 e 1873- 1874, era sobriño dun dos xefes realistas da comarca, o avogado don José Crespo Ruibal. Non se atopou máis información da súa actuación durante a guerra civil.

[258] Vilariño, 1997: 131- 135.

[259] *Ibíd*.

[260] *Ibíd*.:134, n.1. Notas do editor Armando Vázquez.

[261] Cabe lembrar que fora alcalde constitucional de Escuadro durante o Trienio. Ademais, o seu parentesco cos López- Ballesteros orientábao cara círculos reformistas e moderados.

[262] Cascaxide está na parroquia de Escuadro, onde residía o tenente carlista Paseiro. Alí contaban cun polvorín de armas e municións. Gorostidi foi apresado en Moalde, parroquia contigua á Casa dos Espinosa. O alto da Rocha sitúase a escasos 600 metros. Nunha contorna

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Escuadro, Pontevedra e Santiago de Compostela, onde se trasladara a súa numerosa familia. Pendente dos sucesos que acaecían en Trasdeza, pasou tempadas á espreita en Cascaxide. Até que punto puido interferir ou propiciar o abandono da causa carlista por parte daqueles veciños contrarrevolucionarios?

Así e todo, aquelas terras non ficaron pacificadas. As partidas carlistas desexaban vingar a morte do comandante Gorostidi, entrando nunha espiral de violencia que os transformaría en bandoleiros[263]. A situación era tan explosiva que o capitán xeneral declarou o estado de guerra en Deza e Tabeirós en novembro de 1835. Os homes de Silva, Villanueva, "Feás", Ramos e López, cometeron atrocidades que os afastaban dos seus obxectivos[264]. Estes enfrontamentos de ámbito comarcal comportaban "dosis inusitadas de violencia, porque a las implicaciones políticas, sociales o económicas del conflicto se le añadían todo un rosario de motivaciones personales procedentes de la red de intereses y resentimientos tejidos con el tiempo en la comunidad"[265]. Destas animadversións persoais xurdiron boa parte dos crimes, así como unha represión feroz[266], outorgándolle o

non superior a un quilómetro arredor de Cascaxide tivo lugar a derrota do cardeal. Dalgún xeito, Espinosa estivo próximo aos feitos. Abonda con pensar na fidelidade dos foreiros da Casa, habitantes destas parroquias.

[263] Barreiro Molano, 2013: 217- 237. Reproduce o auto xudicial de 1842 no que consta que a *gavilla* de Ramos e López asaltou a casa de José Vila o 31 de xullo de 1835 e o 7 de abril de 1836. O inventario de perdas materiais ascendeu a 34.085 reais. Tamén recolle o roubo do seu cabalo e outras pertenzas. Vila del Pino era procurador no concello de Vea, posteriormente unido A Estrada. Outros "nacionais" de Tabeirós, coma Lorenzo, Otero e Alén, correron peor sorte, tal e como se comentou nunha nota anterior. Fernández Bascuas, 2003: 59- 61; 2006: 277, 279, 290.

[264] Silva tivo o mando militar carlista en Deza e Tabeirós até a súa morte a mediados de 1836, cando o substitúe Villanueva. Nas crónicas locais, a facción de Villanueva en Deza foi responsábel de vexacións, torturas, mutilacións, secuestros e asesinatos. Vilariño, 1997: 137- 140. Andrés Arias, alias "Feás", operaba en Trasdeza con bastante autonomía. Foi fusilado en decembro de 1838. López Fernández, 2015: 231. Feás fora un líder carismático dos voluntarios realistas de 1823, movéndose no interior galego, entre Chantada, Carballiño e Trasdeza. Vilariño, 1997: 123- 129. A facción de López e Ramos foi autora de asaltos, roubos, estragos e até asasinatos en varias casas de Tabeirós e Deza. Encarnizáronse con aquelas persoas que colaboraran no apresamento de Gorostidi, coma don José Vila del Pino, don Manuel Otero, e os seus achegados. Fernández Bascuas, 2006: 283- 289.

[265] Rújula López, 1998: 18.

[266] *Ibíd*. O relato de atrocidades está contrastado nos dous bandos. A xustiza liberal foi cruel nas condenas, equiparándose á violencia atroz que castigaban. Os últimos facciosos da comarca foron fusilados "y sus cabezas clavadas en picas y elevados palos que se fijaron en

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contexto unha aparencia de fenómeno político. Na prosa de Valle-Inclán, esta violencia desatada atinxe á destrución da comunidade tradicional, nomeadamente á queima dos antigos resortes de dependencia e diferenciación social[267]. Mais, na interpretación de Barreiro, "en Galiza só houbo fogueiras pero non un grande incendio"[268].

Con todo, o conflito dera un salto cualitativo. Como ben recolle Valle- Inclán na estrutura da súa triloxía sobre a guerra[269], na primeira hora axuntáronse recursos e apoios, brindábase con entusiasmo, despois chegaría a violencia "incendiaria"[270]. Sen presenza nas cidades e vilas grandes, operan no rural coma guerrillas. Evitaban o "combate formal", o enfrontamento directo coas tropas *cristinas*, incluso cando se atopan en superioridade numérica, "por eso más que militares eran forajidos"[271]. Van perdendo paulatinamente o perfil de bando combatente, pola imaxe de redutos de insurxentes. A súa transformación en delincuentes era cuestión de tempo, resultado das derrotas militares, da concorrencia de elementos marxinais da comunidade agraria, e da construción do relato por parte dos vencedores liberais[272].

---

los lugares más públicos, hasta que la intemperie las consumió". Vilariño, 1997: 155. A sentenza de López ordenaba "descuartizar os seus membros e que fosen expostos en anacos nalgunhas vilas e a cabeza na praza principal de Santiago". Fernández Bascuas, 2006: 298.

[267] Petersen, 2012: 291. Ensaio arredor segundo volume da guerra carlista de Valle- Inclán, *El resplandor de la hoguera*.

[268] Barreiro Fernández, 2008: 10. Parafrasea a Valle para describir un contexto convulso, mais no que o carlismo non conseguiu prender nas comunidades rurais. Non concitou o apoio popular.

[269] En 1908 comeza a publicar Valle- Inclán as súas novelas *La Guerra Carlista: Los Cruzados de la Causa*, *El resplandor de la hoguera*, e por último, *Gerifaltes de antaño*.

[270] Marichal descríbeo coma un "incendiario terrorismo de dereitas", 1980: 18.

[271] Vilariño, 1997: 138, 197- 198. A edición de Armando Vázquez inclúe un apéndice sobre o bandolerismo en Deza. Fenómeno presente na comarca durante a primeira metade do XIX, dende a guerra do Francés até a creación da Garda Civil, en 1844. A experiencia da loita armada podía orixinar inadaptación social, desembocando en organizacións criminais, como xa denunciara na raia o abade do Couto, don Mauricio Troncoso, en 1809: *«Sólo ahora inundan esta Raya de Portugal, robando á los leales y pobres gallegos (…), que ni se destierran los ladrones, de que hay gruesas gabillas, ni se castigan otros delitos»*. Troncoso censurou o desleixo dos xuíces durante e despois da guerra. Martínez Salazar, 1992: 168.

[272] Otero Pedrayo, 1984: 65. Pon en boca dun "fidalgo afeito ao modo de xulgar dos circos liberais santiagueses" a censura daqueles delincuentes incorporados as faccións: "Algúns rapiñeiros (…) disimúlanse e atopan acobexo co gallo de se dicir carlistas".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Malia a "parcialidade" das crónicas, Fernández Bascuas considera incuestionábel a deriva criminal dos carlistas galegos. Despregaron un "*modus operandi* do que parece unha banda de ladróns sanguinaria que actúa por impulsos e revanchismo, convertendo o que podía ser un fin nobre en accións puntuais que non conduciron a nada"[273]. Fomentaron o medo, a inseguridade civil, mais non chegaron a poñer en perigo a estrutura política liberal. Non foron capaces de instituír unha administración e autoridade alternativa, malia os seus denodados intentos[274]. Quixeron ter aparencia de exército, instituíndo rangos, mais retratáronse cos feitos, coma "viláns sen escrúpulos"[275].

Incapaces "de crear un exército regular, como o do Norte", sen "dominar con certa continuidade un chisco de terra", o carlismo galego consistirá "nunha constelación de partidas" onde os xefes de cada facción obraban cunha "irredutíbel independencia"[276]. Maiormente, faltou o liderado da fidalguía coma grupo social, xa que era a pequena nobreza a que estaba chamada a dirixir e lexitimar estas faccións nas comarcas, coma en 1809 e 1823. Se nos Voluntarios Realistas coparon os graos de mando dos rexementos, a carlistada foi máis heteroxénea, cun maior protagonismo do clero en armas. Ademais, campesiños e artesáns puideron ascender e liderar algunha gavilla, mais sen chegar a constituír batallóns e xefaturas de gran ascendente coma acontecía en Aragón[277]. Neste aspecto é onde ten observado Barreiro a diferenza fundamental da carlistada galega cos outros carlismos combatentes: a comunidade rural non secundou en masa a contrarrevolución. Foron algúns labregos botados ao monte, a soldo dalgún fidalguiño rural que armaba unha facción coma unha obriga da súa posición social e poder persoal[278].

[273] Fernández Bascuas, 2006: 286.

[274] Despois da morte de Gorostidi, organizan a Comandancia á Esqueda do Ulla, abranguendo o territorio dos actuais concellos de A Estrada, Forcarei, Cerdedo, Silleda, Vila de Cruces, Agolada e Lalín. López Fernández, 2015: 230.

[275] Fernández Bascuas, 2006: 289.

[276] Barreiro Fernández, 2008: 12. Os líderes das gavillas obraban con total autonomía á hora de convocar, axustizar e repartir cartos. A súa omnímoda autoridade provocaba que algún membro da facción abandonase o grupo e organizase a súa propia partida.

[277] Rújula, 1998: 19- 20.

[278] Otero Pedrayo, 1982: 9. No relato de O fidalgo, Otero describe o medo do pai ante a revolución. Para combatela, "armaría unha tropa de fiés montañeses. Os do Bocelo, os de Friol". Barreiro Fernández, 2008: 12. O labrego botado ao monte era un "mercenario". Facíao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se ben, nas comarcas de Deza e Tabeirós houbo unha intensa actividade das partidas, isto non permite asegurar que fose un feudo carlista. En ningún momento houbo proclamación ou suspensión algunha das institucións municipais ou provinciais, tampouco frontes de guerra[279]. Algunhas Casas proporcionaron recursos e acubillo ás partidas carlistas, existía unha rede de informantes e espías, contaban con simpatizantes, mais non conseguiron levantar en armas ás acrisoladas familias dos pazos. Cregos e exclaustrados, estudantes, militares de carreira, coma Valenzuela, tiñan maior vontade de auxiliar a causa carlista. Cuestión de oficio. Mais a elite fidalga decantábase por un discreto segundo plano[280]. Así foi posíbel que perdurasen as guerrillas nestas comarcas do interior de Pontevedra até a fin da guerra. Viviron do velado apoio económico fidalgo, así coma dos botíns dos seus saqueos. Moitos señores da terra puideron aparentar observar as regras liberais, mais xogaban a dúas bandas. Tempo de incertezas que pon de manifesto, unha vez máis, a capacidade de supervivencia e adaptación da fidalguía.

Na transformación dos combatentes carlistas en delincuentes resulta determinante a renuncia da fidalguía. Despois da morte de Gorostidi, "muchos hombres de valor y prestigio que luego se encerraron en sus casas y fueron neutrales". Sen o concurso dos fidalgos, sen as súas riquezas, as partidas carlistas tiveron que procurar o seu sustento pola forza, aumentando o número de delitos cometidos. Esta falta de apoio fidalgo, xunto co desprezo popular á violencia das *gavillas*, foi inclinando a balanza social cara a causa liberal. Entre 1836 e 1838, a listaxe de arrepentidos e indultados no Cantón de Lalín vai medrando. Ducias de labregos e artesáns de todas as parroquias do partido xudicial acoden a depositar unha fianza, co aval dun veciño de prestixio, para limpar o seu honor na nova sociedade. En 1836 viviuse o apoxeo, con 48 indultos, baixando en

por diñeiro, non tanto por convicción. Engadir que a causa carlista non contou co apoio da xente do mar.

[279] *Ibíd*.: 20. Como evidencia, Barreiro sinala a continuidade dos "sorteos militares, as eleccións aos concellos e a Cortes, e nunca se interrompeu o pago de impostos".

[280] Nesta cuestión obsérvase unha diferenza fundamental entre realismo e carlismo. O liderado das partidas realistas de Trasdeza estaba reservado á pequena nobreza fidalga, mentres que na xeira carlista decae o seu protagonismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1837 e 1838, con 26 e 11, respectivamente[281]. Foron contados aqueles que recibían tratamento de "don", apenas 4 en 1836, outros 4 en 1837, e ningún en 1838. Isto fornece a hipótese da ambigua posición fidalga. Se ben, houbo fidalgos implicados na carlistada, que foron procesados, coma Valenzuela, foron casos moi puntuais e significados. Cómpre lembrar que Valenzuela era segundoxénito, non poñendo en perigo a sucesión da Casa da Viña, que recaía no seu irmán maior.

Os saqueos e pillaxes afectaron ás economías fidalgas. Os estragos nas Casas incluían os seus arquivos, cos valiosos libros cobradores. Isto favorecía a desafección á causa carlista, así coma non poucos problemas na xestión dos seus patrimonios. Os cabezaleiros procuran nos protocolos notariais e nos fondos doutras liñaxes aquelas escrituras que acreditan os seus forais. Temos un bo exemplo da inestabilidade do período nunha carta que recibe don Benito Espinosa[282], datada en Tabeirós, o 30 de setembro de 1838. O remitente perdeu a documentación polo saqueo e incendio da casa que tiñan en Deza. Pide información a Espinosa dos bens que cobran en Dozón e Camba. Tempo atrás fixeran unha permuta cos de Cascaxide, polo que pide que lle aclare esta transacción. Alude tamén a uns fondos, unha débeda que satisfacer, e que arranxarán segundo as contas e informacións que teñen cada un, logo de reunirse e acordar o reparto. Un escrito moi suxestivo, xa que recrea un ambiente de desacougo, perdas e sombras, nas que a riqueza e a política discorren por redes informais[283].

Os embates da carlistada tamén afectaban ás novas institucións liberais. Os cargos civís e funcións administrativas do novo Estado podían ser obxecto das súas accións vandálicas. Na primavera de 1836 trasladan un oficio á Deputación para cambiar o depositario da

[281] Segundo as investigacións de Antonio Vidal Neira nos protocolos notariais de don Domingo Antonio Gutiérrez, AHPP. Os resultados están no artigo "Facciosos indultados en el Cantón de Lalín durante la primera guerra carlista", en http://historiadeza.wordpress.com

[282] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.3. Benito Espinosa Varela. Varios asuntos. O remitente era un fidalgo de nome Mariano, mais o seu apelido resulta ilexíbel.

[283] Cabe engadir a posición de Espinosa na política provincial. Foi tesoureiro da Comisión de Armamento e Defensa en 1836 e deputado provincial en 1837, con especial dedicación aos asuntos de recadación e débeda. Este aspecto será ampliado no epígrafe "3.2.4. Os facedores de institucións".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

recadación de Facenda desta xurisdición[284]. Reunírase unha xunta de pedáneos e outros testemuños de cada parroquia para abordar a cuestión. A casa do depositario estaba «entre veredas», na parroquia de Santa María de Cortegada, sendo asaltada por «*gabillas (...). Por nuestra desgracia es demasiado frecuente y publica la inundacion continua de los Facciosos por todas las inmediaciones de esta Parroquia*», solicitando que o depositario resida *«en medio de vecinos y no en despoblado y entre veredas»*.

O delegado que entregou en Pontevedra a petición da xurisdición foi don Benito Rivas y Seijas, quen fora subtenente dos Voluntarios Realistas en 1823. En 1836 semella exercer algún cargo representativo na corporación municipal. Está encadrado no liberalismo moderado, chegando mesmo a organizar un grupo armado en apoio do pronunciamento progresista en 1854[285]. Esta traxectoria de Rivas dende o realismo ao liberalismo reflicte a travesía política da elite local. Pertencente a poderosa Casa de Sestelo (Siador), onde fora educado á beira do seu curmán, o futuro cabezaleiro don José María[286], é un home xa maduro que vive estes episodios con apaixonamento, mais na liña marcada polas principais familias fidalgas da comarca. Os Rivas presidiron a xunta local en 1809, foron oficiais realistas en 1823 e agora, en 1836, están integrados nas novas institucións liberais.

O gobernador de Pontevedra, don Miguel del Pino[287], aproba a solicitude de Trasdeza. Deben reunirse novamente para nomear un

[284] AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, Ca 3.148 (5). Solicitude de cambio de depositario de Facenda e acta da Xunta de parroquias da xurisdición de Trasdeza, 14- 22 de abril de 1836. Resulta contraditorio que estes documentos formen parte dun protocolo notarial de don José Taboada, significado realista en 1828. Ademais, foi o escribán que rubricou a fianza de Valenzuela no proceso por conspiración. Non pode precisarse se Taboada deixara atrás o seu pasado contrarrevolucionario, integrándose na administración liberal, ou ben se mantiña algunhas daquelas ideas mentres aceptaba na práctica servir á Coroa de Isabel II.

[285] Vilariño, 1997: 165. Segundo a crónica de Vilariño, don Benito Rivas organizou a partida de homes armados que en Silleda proclamou o goberno de Espartero, aínda que Rivas era de adscrición moderada.

[286] No epígrafe 3.1.4. sobre os "Voluntarios Realistas de Trasdeza" coméntase a filiación de don Benito co seu curmán don José María. Hai información de que don Benito chegou sendo neno á Casa de Sestelo en 1789, que casou en 1812, sendo unha persoa de avanzada idade en 1854. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, G 769 (1).

[287] Foi Gobernador Civil da Deputación de Pontevedra entre febreiro e xuño de 1836, e entre novembro dese ano até marzo de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

novo depositario. Asisten os mordomos e dous veciños máis de cada parroquia. Inesperadamente, volve recaer o cargo no mesmo veciño de Cortegada, pese as presións de don Benito Rivas y Seijas en sentido contrario. De tal xeito, estas reunións e xestións foron infrutuosas. Cal puido ser o motivo de manter o mesmo depositario de Facenda na xurisdición? Acaso actuaron os espías carlistas? Foi o medo á posíbel localización nun núcleo de veciños que podía sufrir os ataques das faccións?

Unha análise máis detida destes documentos de 1836 permite corroborar algunhas das ideas apuntadas pola historiografía e por outras fontes. Sucintamente, pódese afirmar: 1) os mordomos e testemuños asistentes á xunta das parroquias non figuran nas listaxes de voluntarios realistas de 1828, ficando encadrados na causa liberal, malia que os carlistas podían contar con informantes ou infiltrados nas mesmas; 2) algúns antigos oficiais realistas puideron reconducir a súa posición política cara a faciana máis moderada do Liberalismo, coma aconteceu con don Benito Rivas e, talvez, co escribán Taboada, que rubrica a escritura; 3) as accións das partidas tiñan carácter vandálico, desestabilizando a vida cotiá dos veciños cos seus roubos e estragos, sen constituír un corpo militar lexitimado e disciplinado; 4) o clima político era convulso, polo enfrontamento armado e a innovación institucional, mais estaba a cristalizar unha base social afanada na construción dos cimentos administrativos do Estado liberal, tanto no eido municipal coma provincial.

A hipótese que parece confirmarse no caso de Trasdeza é que un sector da fidalguía, máis cortesá e refinada, promoveu o cambio de réxime político. Fidalgos con estudos, con casa aberta en Compostela, e con dominios dispersos salferidos por varias parroquias e xurisdicións. O seu círculo social estaba composto polas mellores liñaxes de varias comarcas. Eran aqueles pazos da Ulla, Deza, ou mesmo do Ribeiro[288], illas ou redutos de civilidade[289], Casas que

[288] Otero Pedrayo, 2008: 84- 88. Describe este modelo de fidalguía a través dos ollos de Misia Chinta, que proviña dunha liñaxe compostelá, educada para unha vida elegante de bailes e xardíns, con parentes na Garda Real. Apunta Saavedra que nas rías e ribeiras os pazos eran máis refinados, con maior variedade nos seus hábitos alimenticios, mentres que no interior de Lugo as pousas tiñan un perfil máis agropecuario, coma "sólidas granjas", con produtos tradicionais coma o centeo e os nabos. Saavedra Fernández, 2013: 216- 219.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estaban apuntando alto no estamento nobiliario. A súa participación na administración rexia, ou a súa relación, en moitos casos por parentesco, con políticos e funcionarios da Corte, facíalles tomar conciencia das transformacións en curso. Así debeu acontecer con López- Ballesteros e os seus curmáns Espinosa e Varela. No sentir da personaxe de Misia Chinta: "Ela amaba a raíña, tiña no seu partido parentes chamados a grandes carreiras".

Pola contra, a fidalguía ensimesmada, illada nos seus dominios montesíos, con escasa formación e relacións sociais, altamente dependente do estamento eclesiástico, tiña bos motivos para sufragar a contrarrevolución. Fidalgos xa en decadencia, de poucas letras, que vían minguar o seu poder xurisdicional fronte xuíces, avogados e escribáns. Isto é, un modelo nobiliario baseado no sangue, que transitara o século XVIII sen afectación algunha nos seus costumes e na súa mentalidade. É o rudo perfil do fidalgo cazador, inmortalizado na literatura con personaxes coma don Caetano de Doncos, no romance de Otero, ou coma don Pedro Moscoso, no de Pardo Bazán[290].

Estes dous modelos de fidalgos enmarcan a "enorme diversidad interna" do estamento. Entre "la hidalguía vinculada a la administración monárquica y la que se mantiene más enraizada en el reino, con modos de vida más alejados de la civilidad cortesana"[291]. Entre as "moradas hidalgas en las que el olor a estiércol invadía las habitaciones, situadas sobre las cuadras", e aquelas familias que "calzaban zapatos franceses para pasear por un jardín"[292]. Dous extremos, coma tipos ideais weberianos, que esclarecen a diverxente posición sociopolítica da fidalguía: entre o inmobilismo daqueles que xa perderan o poder de outrora, e a transformación en notábeis daqueles que o conservan e acrecentan. Unha morea de situacións

[289] *Ibíd*. A caracterización dos pazos coma "islas de civilidad" provén de Martínez Barbeito, que salienta aqueles elementos de distinción que separan a cultura pacega da vida popular.
[290] A personaxe do señor de Ulloa amosa o deplorábel estado do seu arquivo. Fai propósito de organizalo co auxilio do novo capelán, mais abandona a idea ante a descuberta dun fato de perdices que cazar. Pardo Bazán, 2007: 14.
[291] Saavedra Fernández, 2013: 215. Había fidalgos viaxeiros, embaixadores ou militares, coñecedores da Corte, que refinaban os "modos de vida" nos seus pazos. Cita aos Gil Taboada y Lemos nas terras de Deza, ao servizo da administración borbónica.
[292] *Ibíd*.: 221.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intermedias van ter por diante o desafío de albiscar un futuro no liberalismo ou esmorecer de xeito temperán cos seus señoríos.

3.2.4. Os facedores de institucións

No sector liberal da fidalguía sorprende a rapidez coa que asumiron e desenvolveron as novas entidades políticas provinciais e municipais. Este "grueso de la fidalguía (...) se integró desde muy temprano en la vida política del país participando activamente en el entramado y prácticas clientelares del régimen"[293]. Eran moito máis numerosos do que se adoita pensar, acudiron a primeira hora e implantaron as novas institucións. Ademais, o contexto da guerra e o clima político de axitación propiciaron a acción directa das elites locais, unha execución que deriva na "patrimonialización del poder" nos concellos e deputacións[294]. Considerando tamén a ampla marxe de manobra que gozaron na toma de decisións, dado que as directrices de Gobernación eran moi xerais, pódese afirmar que estes notábeis constituíron territorialmente o Estado.

Espinosa e Varela formaron parte da nómina dos "facedores de institucións"[295]. Se aqueles primeiros fidalgos que cualificamos coma "facedores de Casas" tiñan coma ambición a fundación dun dominio non alienábel, agora estes facedores de institucións procuran a constitución dunha administración pública liberal. Cal é o seu beneficio directo? Manexar os resortes do poder. Intervir na toma de decisións. O seu poder social non se vería rebaixado, todo o contrario, xa que a representación política presentábase coma unha vía para perpetuar o seu poder nos distritos.

Se na formación dun dominio fidalgo converxeu a acumulación de riqueza, a imitación de clero e nobreza e un estatus social en ascenso, que elementos conflúen nestes facedores de institucións?[296] En canto a riqueza, un patrimonio sólido que permitise tanto a súa

[293] Baz Vicente, 2002: 61.

[294] Burdiel, 1999: 186, 200. Esta patrimonialización do poder acontecería en todas as instancias, incluído o exército, as Cortes e a Coroa. Con todo, Burdiel subliña "el carácter intensamente local de sus prácticas".

[295] Tómase a idea dos "facedores de Casas" fidalgas, ou "primera hornada" que funda os seus dominios fidalgos dende comezos do século XVI. Villares, 1982: 77- 78; Migués, 2002: 225.

[296] Retómase a tripla análise empregada por autores coma Stone ou Cannadine: riqueza, estatus e poder.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dedicación á política, como a identificación socioeconómica cos intereses fidalgos. Socialmente, ter ascendente no seu entorno comarcal, lexitimando a súa representación política. Isto é, ser recoñecido polos seus veciños coma persoa principal da comunidade. Neste aspecto obsérvase unha imitación daquela nobreza cortesá, entregada ao servizo do Estado. En relación co poder, ter contactos cos políticos da Corte, especialmente por parentesco, formando parte de redes clientelares que os relacionen coa nobreza titulada e altos funcionarios. Outros factores a considerar son a súa experiencia política nas etapas da Independencia e do Trienio, así como un perfil profesional letrado no réxime señorial, coma xuíz, procurador, escribán, que doadamente podía reconducir a súa carreira na administración liberal.

Espinosa e Varela eran os cabezaleiros das súas respectivas Casas. Atesouraban unha fundación antiga, sobre todo no caso da Buzaca, con importantes rendas nun dominio fidalgo que abranguía varias parroquias e decenas de levadores. Os seus intereses eran os da nobreza, a fidalguía e os propietarios rurais en situación prenobiliaria. A elite das súas xurisdicións rurais. Socialmente, eran recoñecidos coma señores da terra, patróns nas súas bisbarras. Eran os indicados para dar o salto da xurisdición ao ámbito provincial. En canto á política, estaban emparentados e ben relacionados cos López-Ballesteros, os Gil Taboada, e os Verea y Aguiar[297]. Varela non contaba con experiencia política, mais herdaba o legado político do seu pai e do seu tío, líderes da Independencia. En Escuadro, Espinosa fora alcalde constitucional no Trienio.

No decorrer da revolución liberal, durante a rexencia de María Cristina, é preciso distinguir a etapa do Estatuto Real da ruptura que supuxo en 1836 o motín dos sarxentos na Granxa[298]. A carta outorgada de abril de 1834 permitía a adscrición política dos reformistas absolutistas, no que pode interpretarse coma o froito dun

[297] Xa antes da guerra do Francés, estas familias mantiñan correspondencia e compartían información política. González López, 1987: 13; ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Benito Varela y Verea Mariño de Lovera (1804- 1810)*, 34.370/1.

[298] Fontana alude á revolución de 1836, destacando "la amplitud del movimiento revolucionario". Fontana Lázaro, 2007: 154- 155.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"pacto prerrevolucionario", "desde arriba", coa arbitraxe da Coroa[299]. Lonxe dos principios do constitucionalismo gaditano, os liberais ficaban defraudados. De feito, estaban "fóra da legalidade"[300]. Martínez de la Rosa, histórico *doceañista*, convertérase no defensor dun «lento pero ininterrumpido progreso», tal e como preconizaba Guizot[301], unha vía que deixaba expedita a reconversión do despotismo ministerial fernandino. A referencia normativa dos estatutarios non foi 1812, senón as Leis de Partidas e a Nova Recompilación, fontes de lexitimidade propias do absolutismo[302]. Unha argucia que pretendía enxergar o liberalismo na tradición hispánica.

Con apenas 50 artigos, o Estatuto Real era un tímido recoñecemento do parlamentarismo, mais sen separación de poderes. A Coroa arrogábase o dereito a convocar e disolver as Cortes, a iniciativa lexislativa, tiña dereito de veto, designaba aos próceres da cámara alta e aos membros do Consello de Ministros, incluído o presidente. "En la práctica, se trataba de un texto muy ambiguo desde el punto de vista jurídico- constitucional, mucho más cerca de una mera convocatoria de Cortes, graciosamente concedida por la Corona, que de la Carta Otorgada por Luis XVIII a los franceses en 1814 con la que frecuentemente se ha comparado"[303].

Eran cativos os avances no sistema político, mais se deron pasos de xigante na ordenación territorial. O Ministerio de Fomento fora creado ao mes xusto de falecer Fernando VII, o 29 de outubro de 1833, con Francisco Javier de Burgos á cabeza. Esta carteira fora ideada por don Luis López- Ballesteros coma unha necesidade vital para o funcionamento do Estado[304]. Aquelas propostas da súa

[299] Burdiel, 1999: 189- 193, 196- 198, 200. Segundo se verá, este pacto "no cuajó", tendo que impoñer unha "ruptura abierta" que afianzase a obra da revolución.
[300] Barreiro Fernández, 2007: 45.
[301] Burdiel, 1999:192. Citando a Dieter Langewiesche (1988) sobre o liberalismo de Guizot.
[302] *Ibíd*.: 43- 44.
[303] Burdiel, 2010: 35. Barreiro (2007: 45) tamén coincide en que o Estatuto "só pretendía abrir a posibilidade de celebración de Cortes".
[304] "Cuya creación había defendido con entusiasmo" na Memoria ministerial de López-Ballesteros de setembro de 1831. No Antigo Réxime, a sección de Obras Públicas estaba integrada no Ministerio de Facenda. Tras o seu cese, López- Ballesteros agardou en Madrid co propósito de ser nomeado ministro desta nova carteira, mais a creación de Fomento demorouse até a defunción do monarca. O afrancesado Javier de Burgos formárase no

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Memoria de 1831, como a venda dos bens de Facenda e das ordes militares e a creación dun Ministerio de Fomento atoparan o veto dos ultras no Consello de Estado (conde de Alcudia, Calomarde). Inaugurada a Rexencia "se fueron realizando progresivamente: arreglo de la deuda, desamortización y reforma tributaria"[305].

As temperás innovacións do Ministerio de Fomento comezaron polo Real Decreto de 30 novembro de 1833 de división provincial do Estado. Recollendo e modificando o modelo do Trienio, de clara inspiración francesa, instituía 49 provincias e 15 rexións. A pesar da celeridade do decreto, "parece claro que a definitiva división provincial foi o resultado dunha longa negociación entre poderes locais e poder central"[306]. Sen embargo, malia contar coas elites territoriais, o proxecto representaba o fundamento dun Estado centralizado, racionalmente estruturado, con xefatura política provincial dependente de Gobernación. En opinión de Alejandro Nieto, a distribución provincial foi "a institución pública que menos ha evolucionado en los siglos XIX y XX: lo que habla mucho de su perfección inicial por lo mismo que explica su actual obsolescencia"[307].

O mapa provincial foi o marco político- administrativo para a subdivisión en partidos xudiciais, segundo o fixado no Real Decreto de 21 de abril de 1834, e municipios, Real Decreto de 23 de xullo de 1835[308]. Estas últimas disposicións precisaban ser desenvolvidas polas propias provincias, non sen grandes problemas de adaptación normativa. O deseño das novas entidades "no resultó fácil en Galicia, tal y como apreciaron ya en la época algunos observadores; entre ellos el propio gobernador de Pontevedra, que estima en 1835 la conveniencia de suspender el proceso de instauración de municipios"[309]. Había poucos concellos herdados do Antigo Réxime,

---

Ministerio de Facenda, baixo as ordes de Encina y Piedra na Caixa de Amortización, y de López- Ballesteros coma ministro. González López, 1987: 172, 177, 182- 183, 204- 205.

[305] Fontana Lázaro, 1973: 337- 338.

[306] Villares, 2007: 22

[307] *Ibíd*.: 25.

[308] A pesar dos impedimentos e demoras que puxo a raíña gobernadora para a súa aprobación. Burdiel, 2010: 39.

[309] Balboa, 1999: 101. Nese ano de 1835 foi gobernador de Pontevedra don Pedro Fernández Villaverde, unha das figuras políticas relacionadas coas familias fidalgas investigadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tan só algunhas vilas e cidades, e carecían de bens de propios para "afrontar a súa viabilidade económica"[310]. Así e todo, o desafío era prometedor xa que os municipios se constituían coma "un importante bastión de poder"[311].

Este mesmo ministerio promulgou as *Ordenanzas Xerais de Montes* o 22 de decembro de 1833. A urxencia desta regulación amosa para Balboa a importancia que tiñan os montes para os novos gobernantes[312]. Delegaban aqueles bens propios e comúns aos municipios, deixando a porta aberta a futuras desamortizacións[313]. Estas *Ordenanzas* recoñecían a existencia de "montes particulares posuídos por titulares múltiples, diferenciados dos comunais"[314]. Trataríanse de réximes en condominio nos que podían chegar a encaixar os montes de voces e veciñais. O problema que se presentaba era acreditar unha posesión inmemorial.

Outra das innovacións das *Ordenanzas* foi a creación dunha Dirección Xeral de Montes, dependente de Fomento. Este organismo vai pular pola catalogación pública dos comúns e a súa ordenación coma espazos forestais. No seu camiño vai atopar diversas resistencias, tanto das veciñanzas que defendían o seu dereito, coma dos funcionarios de Facenda que perseguían a súa desamortización[315].

As Cortes reunidas en xullo de 1834 ao abeiro do Estatuto estaban "dominadas por una nutrida y activa mayoría liberal" que centrou o

[310] *Ibíd*. Na antiga provincia de Tui había algúns concellos e vilas máis concentradas, aos que se sumarían as vilas, portos e as capitais de provincia. No resto do territorio predominaban poboamentos rurais dispersos.
[311] Romeo Mateo, 1993: 104.
[312] Balboa, 1990: 90- 98.
[313] Mediante a R.O. de 24 de agosto de 1834 autorizábase "ós concellos a poñer á venda ou someter a censo os seus bens raíces". *Ibíd*.: 91. Isto outorgaba certa discrecionalidade ás autoridades locais, que optaron entre vender este patrimonio ou ben protexelo. Dúas disposicións posteriores, o R. D. de 31 de maio de 1837, e a R.O. de 24 de febreiro de 1838, tentaron aumentar o control central sobre as arbitrariedades dos municipios na cuestión dos montes, segundo a tendencia proteccionista do partido moderado. Con todo, proseguiron "largos años de debates y de titubeos". Sanz Fernández, 1985: 198, 201, 206. A "taxativa" R.O. de 22 de maio de 1848 "supuso el punto final a una serie de dudas y consultas emanadas de los pueblos" Balboa, 1999: 99.
[314] *Ibíd*.: 92.
[315] Comenta Balboa que para Facenda a desamortización era unha medida que liberalizaba a propiedade, ademais de aumentar os ingresos públicos. Un enfoque economicista que choca cos funcionarios de Montes, coa súa doutrina do forestalismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

debate parlamentario na "necesidad de avanzar hacia un régimen plenamente constitucional"[316]. Percibíase unha gran tensión política. A raíña gobernadora vetaba as propostas das Cortes, ao tempo que corrían rumores de que buscaba un pacto dinástico con don Carlos[317]. O descontento dos liberais materializábase en levantamentos que proliferaron nas cidades durante todo o verán de 1835. Volvían a organizarse xuntas locais e rexionais que reclamaban "reformas inmediatas" e unha "actitud mucho más decidida contra el carlismo"[318]. Este ambiente, coa guerra civil de fondo, e o aumento da influencia inglesa, forzaron algúns cambios no gabinete da rexente.

Martínez de la Rosa, artífice do Estatuto, tivo que dimitir o 7 de xuño de 1835, recaendo a presidencia no conde de Toreno. Este outro *doceañista* inspirou grandes ilusións no entorno liberal. Era unha figura senlleira dos episodios da Independencia e o Trienio, que viña de pasar o exilio en Francia. Mais axiña causou unha fonda decepción: Toreno coidaba máis dos seus intereses persoais que dos políticos. Unha das decisións máis acertadas do seu mandato foi traer a Mendizábal de Londres para que ocupase a carteira de Facenda. Mais os motíns e desordes non cesaron. Na Coruña constitúese o 11 de setembro de 1835 unha "Xunta Auxiliar" para presionar á rexente. Non queren promover a "anarquía", "no proclamará la Junta el peligroso principio de que en este caso la rebelión es un derecho, pero sí dirá que debe disculparse a los pueblos que (...) rompen con indignación o aflojan al menos el yugo ignominioso con que se les conduce"[319]. Tal e como observa Barreiro, estas verbas tan incendiarias non podían motivar represalias xa que o levantamento concitaba as cidades máis importantes.

Tamén en Pontevedra prendera a insurrección. No arquivo da Buzaca hai un panfleto das autoridades locais titulado: *Habitantes de esta capital*, do 30 de agosto de 1835. Convocados os máis ilustres

[316] Burdiel, 2010: 35. Esta etapa do Estatuto Real foi o obxecto da tese de Burdiel: *La política de los notables.*

[317] Burdiel, 1999: 192, 195. Entre as medidas obstaculizadas por María Cristina estaban asuntos relativos á milicia, ordenación territorial, gravámenes señoriais, dereitos políticos. Esta etapa do Estatuto Real foi o obxecto da tese de Burdiel: *La política de los notables*, publicada en 1987.

[318] Burdiel, 2010: 40.

[319] Barreiro Fernández, 2007: 45- 46.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

veciños, *«cuya reputación, virtudes cívicas, y arraigo son bien notorias para aprovecharse de sus luces»*, acordan solicitar a S.M. *«que se despachen pronta y favorablemente las peticiones del Estamento de Procuradores del Reino, la inmediata convocatoria de las Cortes, (...) una ley de elecciones, y la supresión de todas las Ordenes Religiosas»*[320]. Engaden a continuación: *«Pontevedreses: Confiad en vuestras autoridades: sus sentimientos están identificados con los vuestros, por que sus intereses y deseos son comunes»*. Os notábeis locais, organizados nunha xunta, preséntanse coma as autoridades lexítimas, por pertenza e defensa da comunidade.

As investigacións de Isabel Burdiel sobre a época do Estatuto en Valencia demostran que os moderados participaron nestes levantamentos das provincias, tolerando algún disturbio, mais actuando de dique de contención ante posíbeis excesos violentos[321]. Estes moderados querían "forzar desde abajo" algunhas medidas, como a desamortización, mais non querían ir máis aló, polo que as xuntas mantiveron comunicación con Gobernación, e devolveron o poder cando Mendizábal é nomeado primeiro ministro.

Este novo episodio de *xuntismo* fixo caer o goberno Toreno o 15 de setembro de 1835. Tres meses escasos de goberno que lle reportaron pingües beneficios ao señor conde. O testemuño pasou ao avanzado Mendizábal, que prometeu unha reforma constitucional do Estatuto Real e atender ás demandas do exército na guerra civil[322]. Non chegou a cumprir oito meses na presidencia do Consello de Ministros, sendo cesado en maio de 1836. Durante aqueles meses de goberno Mendizábal, a raíña gobernadora buscou a maneira de "deshacerse del ministerio impuesto por la revolución de 1835"[323].

[320] ADPO, Fondo Pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Reunidos 30 notábeis locais, publican un comunicado coas súas demandas. Figuran nesta xunta local algunhas notabilidades locais que van ter proxección política no liberalismo: Reguera, Roda, Amado, e don Claudio González.

[321] Burdiel, 1999: 193- 194.

[322] Fontana Lázaro, 2007: 152- 154. A guerra precisaba máis soldados e cartos, polo que Mendizábal recrutou unha quinta de cen mil homes, conseguiu tropas da Cuádruple Alianza, e operou en bolsa para sufragar a guerra. Na época do Estatuto denominábanse "avanzados" aos liberais de tendencias progresistas, que proviñan do Trienio. Non chegaban a ser "exaltados".

[323] Burdiel, 2010: 42. A rexente negouse a destituír a varios xenerais acusados de incompetencia na guerra civil, segundo a proposta de Mendizábal e a maioría liberal dos Procuradores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Con todo, aquela primavera abrollaron uns decretos fundamentais para o derrubamento do Antigo Réxime: a regulación da desamortización dos bens eclesiásticos[324]. Ao respecto, cabe lembrar a argumentación xa clásica de Fontana: malia as supostas resistencias reformistas e moderadas, esta medida saíu adiante en "la etapa de Mendizábal, para salvarlo de la bancarrota y ayudarle a ganar la guerra civil"[325]. Perseguindo obxectivos a curto prazo, adoptouse unha medida estrutural de enorme transcendencia[326].

A caída de Mendizábal foi interpretada polos liberais coma unha "involución e aprestáronse para derrocar o goberno"[327]. Non agardaba María Cristina "una nueva insurrección violenta"[328], mais volveron a circular os folletos e xornais para axitar a opinión política. Rexorden xuntas e milicias que chaman á rebelión. Meses atrás xa o advertira o embaixador británico Villiers: «aconsejarla [a María Cristina] no intrigar contra su ministro [Mendizábal], porque aunque no le creo capaz de superar sus dificultades, (...) no hay esperanza de formar otro gobierno»[329]. A raíña gobernadora non podía confiar o goberno no partido moderado xa que «sería en este momento derrocado por una revolución». Non se equivocaba o embaixador. A mobilización civil contra a liña política da Coroa supuxo unha "ruptura abierta, invocando el derecho revolucionario"[330]. Era unha saída que os liberais postrevolucionarios tentaran evitar, mais non quedara outra opción. Incluso Mendizábal formou parte desta efervescencia promovendo opinións subversivas contra o goberno. Nun impreso

[324] R. D. de 19 de febreiro de 1836, e R.D. de 8 de marzo de 1836.
[325] Fontana Lázaro, 1983 [1973a]: 183. As críticas dos moderados foron eventuais, acordando o primeiro consenso liberal de perfil burgués. Incluso a desamortización de comunais entraba no discurso dominante de deputados, avogados, funcionarios e propietarios. Representaba o trunfo da "propiedade perfecta" Fontana, 1977: 262- 278.
[326] Os ingleses desamortizaron os bens eclesiásticos co cisma anglicano dos Tudor, beneficiando á gentry. En Francia tiveron que agardar á Revolución. No caso español, houbo precedentes á desamortización de 1836, como na época de Godoy coa venda dos bens dos xesuítas (1798), ou decreto de 13 de setembro de 1813 que non chegou a aplicarse polo retorno de Fernando VII. O impulsor desta medida fora Canga Argüelles, amigo persoal de López- Ballesteros, quen senta as bases xurídicas para os decretos de 1836.
[327] Barreiro Fernández, 2007: 46.
[328] Burdiel, 2010: 42.
[329] Burdiel, 1987: 267. Carta do embaixador George Villiers ao Secretario de Asuntos Exteriores británico, Lord Palmerston, 30 de xaneiro de 1836.
[330] *Ibíd*.: 196.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

titulado “Instrucciones acordadas en la noche del 15 del corriente julio en casa de Juan A. Mendizábal” enuméranse varias tácticas para desacreditar e tombar ao goberno[331]:

> «1.ª No provocar asonadas, para evitar que el gobierno se aproveche de esto para mostrar fuerza.
> 2.ª Trabajar las masas, disponiéndolas favorablemente (...), interesando en cuanto sea posible á los individuos de la Guardia Nacional (...).
> 3.ª Ponerse de acuerdo con los corresponsales en las provincias, para que de todas partes se clame contra del actual gabinete.»

Outros medios eran técnicas de propaganda e desinformación:

> «1.º No ignorar ninguna de las noticias que reciba el gobierno, para desfigurarlas ó comentarlas como mejor pueda convenir para perjudicar á los ministros»;
> «2º. Presentar el cuadro de la guerra civil favorable al Pretendiente, y abandonado todo á la suerte, porque el ministerio se ocupa con preferencia de perseguir a los verdaderos patriotas, que trata de anarquistas, y teme mas que al triunfo del carlismo»;
> «3º. No hablar en contra de S.M., pero si de la camarilla».

Estas Instrucciones estaban destinadas a Madrid, provincias e incluso á prensa estranxeira, a través do redactor del *Times*. Ademais, citábanse certos lugares, coma boticas, tabernas e rúas, propicias para difundir a subversión. Tiñan en conta a función dos radicais e dos grupos marxinais, sufragando o sustento daqueles “exaltados” na miseria e outros necesitados: «se les socorrerá á título de compasión, y se les hablará de política para que circule el descrédito del gobierno»[332].

[331] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Mendizábal tiña casa na madrileña rúa de Alcalá na data do seu pasamento, o 6 de novembro de 1853. Existe a posibilidade de que residise na mesma rúa en 1836, onde estaba radicada a embaixada británica. Hai que agradecer ao profesor Juan Pan- Montojo este curioso dato.

[332] Non consta a cantidade coa que se auxilia a exaltados e membros da Garda Nacional. «El socorro á los necesitados en los cafés y tabernas, continuará siendo de cuatro reales diarios».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O plan de Mendizábal e compañía era un proceso revolucionario en toda regra, mais de carácter pacífico, sen «asonadas» militares. Rachaba así co consenso dunha revolución "desde arriba", que fica relegada no "terreno de la retórica"[333], sendo esta sublevación das provincias unha advertencia soberana da poboación. En si, o documento das *Instrucciones* pretendía unha revolución na opinión pública, coma o xermolo dunha cultura política liberal. Tan só se aprecia o intento de mobilizar aos membros das antigas milicias, convertidos en gardas nacionais durante o goberno Mendizábal, que xa adoitaban simpatizar coas ideas liberais. Os integrantes desta conspiración debían ser liberais convencidos, os chamados "avanzados", tamén os "exaltados". Era posíbel que algún moderado entrase nesta conxura? A tenor do acontecido no verán de 1835, os moderados foron unha peza fundamental para evitar que as insurrecións nas provincias derivasen nunha violencia desmedida[334].

Este documento conservado na biblioteca da Buzaca suscita varias preguntas. Dando por feito que don Lorenzo Varela debeu ser o seu dono ou destinatario[335], era este fidalgo afín ás políticas de Mendizábal? Colaborou na subversión contra o goberno Istúriz? Como chegou este impreso a Moraña? Ou tivo acceso ao mesmo en Pontevedra, onde era deputado provincial?[336]

A hipótese máis sólida apunta ao seu curmán don Diego López-Ballesteros[337], que mantiña unha boa relación persoal con Mendizábal. Tanto Toreno coma Mendizábal eran habituais da casa dos López-Ballesteros en Madrid[338], situada no número 7 da Praza de Matute. No madrileño barrio das Letras residía practicamente toda a clase política da capital, podendo percorrer a pé a escasa distancia que os separaba. Cabe lembrar que don Diego era funcionario de Facenda, polo que estivo ás ordes de Mendizábal entre xuño de 1835 e maio de 1836.

[333] Burdiel, 1999: 193- 194, 196.
[334] *Ibíd*.
[335] O seu irmán máis novo, Jacobo, estaba en Filipinas.
[336] Foi deputado entre marzo e agosto de 1836.
[337] Cabe puntualizar que os curmáns eran don Luis López- Ballesteros, don Lorenzo Varela e don Benito Espinosa. Don Diego sería o fillo dun curmán, sen embargo eran coetáneos, xa que Lorenzo nacera en 1803 e Diego en 1804 e Lorenzo. O trato epistolar era de "querido primo".
[338] Barreiro Fernández, 2001 (a): 355- 356.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este ministro "nomeouno director xeral de Arbitrios e Amortización"[339]. Ademais, o seu pai, o exministro don Luis, era amigo persoal de Canga Argüelles, quen deseñara a desamortización de 1813. Enténdese que os López- Ballesteros podían apoiar a desamortización eclesiástica coma unha medida urxente para sanear a Facenda Pública, dado o coñecemento que tiñan da inminente bancarrota. Sería, pois, don Diego López- Ballesteros, quen enviou as *Instrucciones* ao seu curmán Varela? Puido envialas tamén a Espinosa? Perseguían a construción dun Estado liberal á inglesa? [340]

De calquera xeito, as sublevacións das provincias naqueles veráns do Estatuto demostran a forza das elites territoriais no rumbo político do Estado liberal. Estes episodios foron unha nova experiencia de "soberanía múltiple"[341], herdeira do xuntismo da Independencia, e que fornecían no imaxinario o idealismo da soberanía nacional. Lonxe de formulacións teóricas, estas accións eran consecuencia directa da guerra civil e das demandas dun programa liberal máis acentuado. É dicir, o ámbito provincial converteuse no espazo político liberal por antonomasia dadas as apremadas circunstancias, "actuando como disolvente del poder central", ao marxe das súas intrigas e ambigüidades[342]. En suma, foron os notábeis locais os que materializaron o Estado liberal cunha considerábel autonomía: deseño e organización administrativa, xestión e recadación, represión do carlismo e bandoleirismo, representación política e mobilización civil.

Os movementos revolucionarios culminan o 12 de agosto no motín dos sarxentos da Granxa. Unha cesura histórica que consegue afianzar a folla de ruta liberal. A raíña gobernadora vese forzada a recuperar provisionalmente o articulado de 1812, devolver a carteira de Facenda a Mendizábal e convocar eleccións constituíntes mediante R.O. de 26 de agosto de 1836. Este corte temporal distingue un período de improvisacións, titubeos e resistencias rexias, doutro máis regulado e contrastado. Non só é obra dunha maior audacia normativa, tamén se axunta a experiencia política acumulada tres anos despois da defunción de Fernando VII, o consenso liberal logrado entre

[339] *Ibíd.*
[340] O liberalismo anglófilo de Mendizábal foi retratado por Fontana, 1977: 268, 273- 274.
[341] Burdiel, 1999: 193.
[342] *Ibíd.*: 199.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

moderados e progresistas arredor da desamortización, sen esquecer o panorama da guerra civil, que conta agora co apoio estranxeiro. A partir do inverno de 1836 lévase a cabo unha revolución gradual, pero efectiva, asumindo o legado lexislativo de Cádiz e o Trienio, cos principais artífices do liberalismo situados nos seus cargos, ficando bloqueadas outras vías reformistas ilustradas e/ou absolutistas. Para Fontana é o inicio dun proceso que non ten volta atrás[343], e que consolida "la división de los liberales entre un partido moderado y otro progresista"[344].

Poucas referencias bibliográficas botan luz sobre as familias fidalgas investigadas antes de 1837. Nos fondos institucionais apenas atopamos algunha alusión marxinal entre 1833 e 1835. Unha primeira impresión conduciría a pensar que estes fidalgos demoraron un par de anos a súa implicación no cambio de réxime. Foron neutrais? Ficaron expectantes ou participaron nalgunha intriga política? Non puideron encadrarse na causa carlista por incompatibilidade manifesta. Don Luis López- Ballesteros era un reformista declarado, amigo de liberais, que tiña nos apostólicos aos seus principais inimigos políticos. Tampouco Espinosa estaba na órbita contrarrevolucionaria, xa que exercera de alcalde constitucional de Escuadro no Trienio.

En canto a filiación política de Varela, os impresos e folletos conservados na Buzaca son de lectura netamente liberal. Unhas publicacións que contrastan cos exemplares atopados na biblioteca da época do seu pai, don Benito[345]. De 1832 hai copia do "Discurso" do arcediago de Madrid e comisario xeral da Cruzada, don Manuel Fernández Varela, no que o orador incita ao exército a protexer os dereitos ao trono da infanta Isabel[346]. Da mesma época gardáronse na

[343] Fontana Lázaro, 1977: 262.

[344] Fontana Lázaro, 2007: 155. Burdiel tamén marca un "punto de no retorno" no motín dos sarxentos, momento no que agroma un consenso postrevolucionario entre as dúas orientacións políticas que dan pé aos partidos moderado e progresista. Burdiel, 1999: 196- 197.

[345] Unha análise máis exhaustiva das lecturas de don Benito pode lerse no apartado "3.1.3. Difusión ideolóxica absolutista. A biblioteca da Buzaca".

[346] ADPO, Pazo da Buzaca, publicacións, *Discurso en la bendición de banderas y estandartes*, Manuel Fernández Varela, 34.355/48. Madrid, edición de don Eusebio Aguado, 1832. Este eclesiástico galego era un ilustre veciño de Madrid, coñecido polo seu mecenado das artes. Amigo persoal de López- Ballesteros, tal e como aparece no epígrafe 3.1.5. Faleceu en 1834 vítima do cólera morbo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Buzaca varias copias dun comunicado do capitán xeneral, conde de Cartagena, enxalzando as bondades da amnistía concedida por María Cristina en Outubro de 1832 para o retorno dos liberais exiliados. Rezaba o texto: *«desde hoy terminó para siempre la divergencia de opiniones y cuanto habian inventado las pasiones de los hombres para sostener el violento estado en que viviamos con visible daño de la prosperidad publica»*[347].

Outros panfletos chegaban a rimar con ardor guerreiro uns versos pola lexitimidade da raíña nena: *«Al arma, gallegos, al arma (...). Que Isabel, ó la muerte queremos: Nada nada de vil opresión»*[348]. Hai tamén unha proclama do gobernador civil de Pontevedra, o 19 de xullo de 1836 chamando á defensa contra os carlistas. Pide á poboación que abandone as casas, que oculte o gando, as armas e municións, *«para no auxiliar por ningun medio á la facción. Ostilizazla concurriendo á los desfiladeros y puntos de donde se pueda ofenderlos con menor riesgo como lo habeis hecho en tiempo de la Guerra de la independencia»*[349]. Era o tempo das expedicións carlistas para recadar fondos e axuntar apoios das "mellores familias"[350]. Os Varela da Buzaca non secundaron esta incursión carlista, sendo esta arenga do gobernador unha mostra da súa adhesión ao bando liberal[351].

Estes e outros impresos das novas autoridades retratan a don Lorenzo coma un fidalgo de tendencia liberal. El mesmo escribiu algúns relatos nos que enxalza á liberdade coma unha das virtudes máis elevadas. Nunha "Égloga" narra o suicidio dunha monxa en San Paio derivado do monacato. Compara este réxime de vida cun presidio argallado por pais e irmáns malvados e egoístas: *«Para servir a un Dios grande y clemente, la clausura esterior no se precisa. Quien*

[347] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Apareceron 6 copias da arenga do capitán xeneral, datada en Santiago, o 1º de novembro de 1832.
[348] *Ibíd.*
[349] *Ibíd*.
[350] Fontana, 2007: 160.
[351] *Vid*. 3.2.3. Na Buzaca hai unha carta para a formación dunha compañía de gardas urbanos na xurisdición de Peñaflor. Contou coa aprobación do gobernador Fernández Villaverde o 8 de maio de 1835, un ano antes desta expedición carlista. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

llena sus deveres en el siglo, cumple con Dios, y tambien consigo»[352]. Noutro escrito ironiza sobre as relacións dunha monxa co seu confesor[353]. Varela non é irrelixioso nin ateo, simplemente ataca ao clero regular. Non se lle supón a mesma animadversión para o clero secular, xa que o seu curmán Francisco Espinosa era párroco e persoa da máxima confianza de Varela[354].

Tamén se conservan na biblioteca algúns exemplares de recoñecidos liberais da provincia, amigos persoais de Varela. É o caso da *Descripción Económica de la provincia de Pontevedra*, escrita polo médico moderado don Claudio González y Zúñiga, presentada en 1834 na Real Sociedad económica amigos del país de Pontevedra[355]. Unha apoloxía do progreso técnico «y mejoras de que es susceptible su industria agricola, fabril y comercial». Nunha liña semellante, está a coñecida monografía de Manuel Colmeiro sobre o sistema da propiedade agraria, premiada pola Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago[356].

Outros documentos deste fondo versan sobre o cólera morbo[357], a instrución infantil, cultivo de arroz, ou cuestións de eficacia

[352] ADPO, fondo pazo da Buzaca, Publicacións, *Égloga que con motivo de la triste catástrofe que acaeció la noche del 12 de Mayo de 1833, compuso uno de los hijos de Minerba* 34.353/5. Anónimo. Posíbel autor: Lorenzo Varela. Poden atribuírse a Varela varios relatos e poemas, algún de tema romántico. Escribiu versos moi enxeñosos sobre prescricións sanitarias ante o cólera morbo. Outro texto é unha breve parodia das potencias europeas, *Juego de las Naciones*, onde mandan Inglaterra («Juego y envido el resto») e Francia («Tengo triunfos y si entro mato y gano»). Mentres, Portugal láiase («¡Que mal juego tengo!») e España renuncia («Yo no juego, porque no tengo dinero»).

[353] ADPO, fondo pazo da Buzaca, Publicacións, *Condiciones que debe tener toda monja que quiera tener a cierto confesor de asiento*, 34.390/6. Anónimo. Posíbel autor: Lorenzo Varela.

[354] O párroco de Estacas estaba integrado na vida cotiá da Buzaca, casa que frecuentaba habitualmente. De feito, no arquivo familiar hai documentación propia deste Espinosa.

[355] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Descrición económica da provincia de Pontevedra (...)*, don Claudio González, 34.355/7. Pontevedra, 1834. Cirurxián en Pontevedra, foi un dos liberais máis activos na creación da Deputación de Pontevedra. Aparece na listaxe de notábeis locais que subscriben a rebelión civil de agosto de 1835.

[356] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Memoria sobre el método más acertado de remediar los males inherentes a la estremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, 34.355/11. Manuel Colmeiro. Santiago de Compostela, imprenta da viúva e fillos de Compañel, 1843.

[357] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Cartilla de salud y preservativo del cólera-morbo (...)*, 34.355/1. A Coruña, 1834; *Preceptos y advertencias (...) el cólera asiático*, 34.355/2. Santiago, 1834. Ademais, hai documentos soltos impresos e manuscritos. Debido ao andazo de cólera morbo de 1834, había na Buzaca unha copia do «Método curativo del Licº

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

administrativa, como a defensa da contribución única directa de González Besada[358]. Con dedicatoria *«en recuerdo del cariño»* do progresista de Pontevedra don José María Santos, contaba Varela cun exemplar impreso do *Eloxio* ao conde de Buffon, insigne naturalista francés[359]. En definitiva, as lecturas da Buzaca van deixando atrás a temática relixiosa e absolutista, abondando nos contidos científico-técnicos.

Outro tipo de textos entran no terreo do humor ou sátira política. É o caso de "La tertulia de Picaños"[360], un diálogo en galego coloquial que critica a corrupción e o utilitarismo político. Carga as tintas contra aqueles realistas, «asesinos dos liberás», reconvertidos en isabelinos: «novo sistema: nova xente, é xente comprometida por el, desde ó Ministro hasta ó ultimo porteyro». Outro asunto que trata é a rivalidade entre as cidades de A Coruña e Santiago, e Pontevedra e Vigo, polas institucións provinciais. En dúas ocasións alude a Ballesteros. Primeiro, situando a personaxe en Vilagarcía, onde foi o protector dun home que medrou na administración e gañou miles de reais. En segundo lugar, coma un «mozo que sabe é padeseu moito pola libertad (sin que hasta ahora lle dese nada ó Goberno)». Talvez, o primeiro Ballesteros sexa o exministro, mentres que o segundo pode ser o fillo deste, elixido deputado nas Cortes ese mesmo ano de 1836[361]. De calquera xeito, esta mostra da retranca popular evoca un

---

Vazquez», que recomendaba provocar o vómito e hidratación constante. Ao respecto, Varela tiña uns versos manuscritos que semellan ser da súa autoría: «Modo seguro pª. precaber el colera morbo», que comezan: *«Vivir sin miedo; comer asado; verduras pocas; licor escaso; de noche en casa; andar al campo; pescado poco, y no salado. No dormir siesta, ó brebe rato; del lecho alzarse al sol muy claro; (...)».*

[358] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Observaciones sobre el sistema económico de la nación, y proyecto para mejorarlo*, Juan González Besada, 34.355/14. Deputación de Pontevedra, 1838.

[359] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Himno en elogio de Mr. Jorge Luis Leclerc, conde de Buffon*, 34.355/14. Obra de Bernardo Germán Esteban de la Villa y la Fond, conde de Lacepede, traducido polo profesor Robustiano Pérez de Santiago (1849), que dedica esta edición ao citado Santos.

[360] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Tertulia de Picaños (...)*, 34.355/46. Santiago de Compostela, imprenta de Campaña y Aguayo, 31 de outubro de 1836.

[361] Esta sátira política tamén fala dun tal Francisco Varela é Sarmiento ao que lle dan o cargo de secretario do concello de Santiago. Os apelidos coinciden cos de don Lorenzo, non tendo irmán co nome de Francisco, mais si un curmán, o cura de Estacas, que asiste as xuntas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ambiente político incerto, con pugnas localistas, oportunistas de salón, e unhas determinadas familias levando o temón da embarcación.

Ningún dos tres primos ocupou cargo político antes de 1836. As fontes primarias indican que estiveron na provincia de Pontevedra, en estreita relación co gobernador civil e os alcaldes das antigas xurisdicións. Desempeñaron diversas comisións que lles foron encomendadas. A actividade política de Espinosa e Varela foi de base, nas xurisdicións, organizando a nova planta municipal até que deron o salto á Deputación de Pontevedra.

López- Ballesteros retirouse naquel tempo da primeira liña política. Hai constancia de que residiu na Golpelleira en 1834 e 1840, con estancias en Santiago de Compostela, Pontevedra e Cuntis, onde tomaba baños termais[362]. Alí facíase acompañar polos seus curmáns da Buzaca, os Varela, e por don Francisco Espinosa Varela, outro curmán, neste caso da familia de Cascaxide (Trasdeza)[363]. Unha figura da relevancia de don Luis López- Ballesteros dificilmente puido estar ao marxe do que acontecía na provincia de Pontevedra durante a guerra. O seu primoxénito, Nicolás, estaba en Santiago coma cóengo de gran influencia. O seu fillo Diego está a ascender dentro a administración de Facenda, onde permanecerá toda a súa carreira, pasando polas "direccións xerais de Rendas Estancadas, de Contribucións Indirectas e finalmente de Contribucións Directas"[364]. En xuño de 1838 figura na comisión da dotación de culto e clero que debate sobre a recadación pública ou supresión do décimo[365]. A

diocesanas polo décimo. Cómpre lembrar que Varela renunciou ao cargo de rexedor en Compostela no ano 1830. Pode ser unha parodia, ou ben unha confusión.

[362] Puido estar xa en Cuntis no verán de 1833. González López, 1987: 205. Nunha carta ao seu curmán o Ldo. Francisco, lembra a súa segunda viaxe en 1834 coma o inicio dunha etapa. Arquivo familia Espinosa, caixa XXI, *Papeis de don Francisco Espinosa Varela*, 21.2.

[363] O irmán de don Benito Espinosa Varela chamábase Francisco. Fixera carreira eclesiástica. En abril de 1818 comezou como párroco en San Pedro de Rebón (Moraña), chegou a presbítero, e despois asentouse no curato de San Fiz de Estacas e o seu unido San Mamede de Piñeiro, na xurisdición de Baños de Cuntis, entre 1824 e 1847. En 1831 tamén foi nomeado arcipreste do partido de Moraña.

[364] Barreiro Fernández, 2001 (a): 355- 356.

[365] Fontana, 1977: 324- 325. Ademais de don Diego López- Ballesteros, integran a comisión varios expertos: Pinilla, Santillán, Bravo Murillo, González Bravo, e Canga Argüelles, entre outros. Este último tan moderado e inmobilista nas súas propostas que Fontana cualifica de "una total ceguera".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

delicada cuestión do décimo tamén aparece no arquivo familiar dos Varela, na Buzaca, onde se conserva unha copia do proxecto de 1837 para sufragar estes gastos de culto e clero[366]. Nestas negociacións entre Estado e clero atopamos implicados a don Diego López-Ballesteros, nas comisións parlamentarias, e ao seu irmán Nicolás, cóengo en Compostela, e seu curmán don Francisco Espinosa, en representación dos párrocos, na Xunta Diocesana do arcebispado de Compostela, onde se calculan e negocian as contías da dotación[367].

Namentres, en Pontevedra van integrándose os curmáns Espinosa e Varela. Asegura a biografía de Rivas que López- Ballesteros viviu "apartado de toda actuación pública"[368], mais os seus contactos e presenza na provincia permiten especular sobre o seu ascendente na formación da clase política liberal de Pontevedra. Os tres curmáns están nun segundo plano entre 1834 e 1836. Despois do motín da Granxa, advírtese un paso á fronte decidido de Espinosa e Varela, mentres que López- Ballesteros prolonga a súa renuncia até 1844, cando acepta o escano de senador[369].

Con anterioridade, na fin do reinado de Fernando VII, a Varela asignáranlle unha comisión que cumprira con enorme celo: o cálculo de gastos de propios e arbitrios da vila de Caldas de Reis[370]. O proxecto é solicitado polo Director Xeral de Propios e Arbitrios do Reino, á vista das calidades que reúne Varela para este encargo, *«y*

366 ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Proyecto del Gobierno de S.M. para sufragar los gastos del culto y la manutención del clero, y sobre la subrogación de las rentas decimales, supuesta la abolición del diezmo* (Madrid, 1837), 34.355/25.

367 ADPO, fondo pazo da Buzaca, beneficios, *Testimonio a favor de Francisco Espinosa Varela (...)*, 34.383/6. Foi vocal contador e representante do clero parroquial na citada xunta do arcebispado en 1837 e 1838.

368 Rivas, 1945: 141, 185. No arquivo persoal de López- Ballesteros non quedou "un solo papel que aluda a lo que hizo desde octubre de 1832 hasta agosto de 1837. Sen embargo, hai constancia, por outras fontes de que ao pouco de ser cesado asiste ao "acto público de gran trascendencia política (…) de la anulación del codicilo derogatorio de la Pragmática Sanción, (…), como invitado personal de Fernando VII", o 31 de decembro de 1832. González López, 1987: 202. A través dos arquivos da Buzaca e Cascaxide vemos que o retiro galego de López-Ballesteros comprendía certa vida social.

369 Renuncia ao Senado en 1837, mais acepta en 1844, cando reside novamente en Madrid.

370 ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de Nicolás; modelo de conceptos de gastos de propios; borrador do informe de Varela, s.d.; Oficio da Contaduría de Propios e Arbitrios, Santiago, 24 de decembro de 1830.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que admas de los conocimientos que tenga V. sobre el particular, pedira noticias sobre el mismo, a las personas q contemple mas instruidas en la parte administratiba y economica de esa población». Escollen a Varela polo seu coñecemento e contactos na vila de Caldas.

Así e todo, foi o seu curmán, o cóengo Nicolás López-Ballesteros, quen lle remite a documentación precisa para que don Lorenzo faga as estimacións: un modelo das partidas requiridas. O cóengo é escéptico: *«en mi concepto todo se quedará en proyecto porque me parece que debieran preceder otras cosas á un arreglo completo en este ramo»*. Tamén comenta que a «*contestacion*» de Vilagarcía *«está mui defectuosa»*. De tal xeito, é o fillo primoxénito do entón ministro López- Ballesteros quen asesora a Varela nesta comisión que ten que *«servir de regla para la formacion de los reglamentos de los Pueblos»*. É salientábel o espírito compartido de reforma da administración pública, proceso inexorábel no que participan o fidalgo da Buzaca e o cóengo de Compostela, testemuños do traballo ministerial do seu curmán e pai, respectivamente, López-Ballesteros.

Durante a época do Estatuto Real, Espinosa e Varela colaboraron activamente coas novas institucións, aínda que cun papel subalterno, coma informantes e comisionados. No arquivo da Buzaca hai unha comunicación que provén do Gobernador Civil de Pontevedra, en data de 12 de outubro de 1833, informando aos alcaldes maiores da Real Orde pola que o Ministerio de Interior require listaxes de contribuíntes para a confección do censo electoral. Un avance cara a convocatoria de eleccións a Cortes. O alcalde do partido de Peñaflor, Francisco Calvo- Rubio, remítelle dende Caldas a carta a don Lorenzo Varela Sarmiento[371]. Está chamado a formar parte deste proceso e do censo mesmo.

Os gobernos das deputacións lideraron a composición municipal do territorio. Antes da publicación do R.D. do 23 de xullo de 1835, en Pontevedra xa nomearan comisionados para a elaboración das propostas de ordenación municipal[372]. Un claro reflexo da autoridade

[371] *Ibíd*. Carta de Francisco Calvo Rubio. Caldas, 13 de outubro de 1833.

[372] Fariña Jamardo, 1996: 94- 97. En xullo de 1834, José Valladares remite unha memoria sobre a organización dos concellos galegos, coa seguinte obxección que foi remitida a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

delegada da que gozaban os gobernadores. A súa influencia no novo Estado queda patente logo das súas reclamacións para adaptar o R.D. de 1835. Amosaran as súas reservas moi cedo, en agosto de 1834, mais despois da publicación do decreto, o gobernador Fernández Villaverde eleva varias consultas en agosto de 1835 relativas ás xurisdicións de Pontevedra, Camba, Deza, Montes, Tabeirós e outras[373].

Estas consultas tiveron resposta no mesmo mes de agosto, coas seguintes advertencias: non faga consultas nin pida autorización, limítese a formar os expedientes que serán debidamente revisados despois; non mesture asuntos diversos, trátase da división municipal, non da cabeza do partido xudicial, tampouco da recadación das contribucións e gastos de propios. Isto é, Gobernación concédelle unha gran discrecionalidade aos gobernadores e deputacións, que han de sopesar as cuestións que afectan as veciñanzas, sen que requira consulta ministerial. A misión do Estado é referendar o traballo técnico e político das deputacións, como así sucedeu coa aprobación dos concellos pontevedreses recollidos na R.O. de 8 de febreiro de 1837, que non tiveron variación dos publicados polo BOPP entre o 30 de novembro e o 28 de decembro de 1836.

Considera Fariña Jamardo que os "gobernadores civís demandaron do Poder Central unha amplitude interpretativa do R.D. para Galicia, que de certa maneira lles foi outorgada"[374]. Á par da discrecionalidade xa indicada, houbo un recoñecemento administrativo da entidade parroquial mediante a R.O. de 28 de marzo de 1836[375]. Este aval legal permitía a agregación de "parroquias circunvecinas"[376] para constituír un concello, nomeando en cada parroquia un rexedor pedáneo, que formaría parte da corporación municipal.

Gobernación: *«Galicia en su población rural presenta una singularidad que exige reglas diferentes»*.

[373] *Ibíd*.: 97- 100.

[374] *Ibíd*.: 253.

[375] Promulgada durante o goberno Mendizábal, a instancias dunha consulta do gobernador coruñés.

[376] *Ibíd*.: 101.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A provincia de Pontevedra elaborou unha "distribución municipal máis uniforme" que as outras provincias galegas. Contaba ao seu favor a existencia de concellos na antiga provincia de Tui, e un poboamento máis concentrado. Non obstante, houbo asimetrías na ordenación pontevedresa xa que os "comisionados e deputados dos partidos xudiciais (...) traballaron illadamente, polo que a nova planta non ten a uniformidade que desexaban os gobernantes, nin foi feita cunha verdadeira operativa de conxunto, polo que as diferenzas e singularidades que ofrece de partido a partido son moitas"[377]. É dicir, o gobernador recibía unhas instrucións que transmitía aos comisionados, que adaptaban á realidade das súas comarcas, seguindo criterios dispares, dando lugar a numerosas consultas e rectificacións.

No partido de Caldas de Reis foron comisionados para a elaboración do proxecto Francisco Calvo Rubio, Lorenzo Varela, Pedro Felipe Covián e Joaquín Rey Vasadre[378]. Entregaron unha proposta exhaustiva o 23 de agosto de 1835, sendo probabelmente o proxecto máis completo de cantos se recibiron na Deputación[379]. Se a ordenación municipal do partido foi exemplar, non aconteceu o mesmo coas primeiras elección provinciais. En xaneiro de 1836 sae elixido un destes comisionados, o Ldo. Rey Vasadre, con 13 votos. Varela queda en segunda posición con apenas 3 votos, mais consegue a acta por anulación da elección de Rey Vasadre. Consideraran que o cargo de promotor fiscal era incompatíbel co de deputado provincial.

Nunha nova elección sae elixido don Lorenzo Varela Sarmiento, aínda que na acta electoral non se omite a «protesta» de Varela *«que sus indisposiciones físicas permanentes le imposibilitan de poder desempeñar el cargo»*[380]. O propio Varela escribe ao gobernador o 15 de marzo de 1836 denunciando la *«falta de legalidad»* da elección na que foi elixido. Entende este fidalgo que houbo parroquias sobrerrepresentadas con dous vocais (Saiar, Arcos da Condesa, San

[377] *Ibíd*.: 255

[378] Noutro traballo de Fariña, xunto con Pereira, reprodúcese un impreso no que constan todos os comisionados dos partidos xudiciais da provincia. En Caldas figuran Varela, Covián, Rey Vasadre, mais non Calvo Rubio, senón don José María Muliarte y Endarro. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 73.

[379] Fariña Jamardo, 1996: 119.

[380] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais. Acta de elección dun deputado e suplente do partido xudicial de Caldas (1836)*, caixa 186/7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Clemente de Cesar) cando non debían ter máis que un. Resulta sorprendente que Varela amose tantas reticencias naquela primeira elección provincial, tendo en conta a súa posterior traxectoria na Deputación. Sen embargo, existe un precedente desta incomodidade cara a actividade pública. En 1830 don Lorenzo presenta a súa renuncia ao cargo de rexedor na cidade de Santiago de Compostela. Alega que a súa mala saúde lle impedía desempeñar estas funcións. O presidente da corporación compostelá, don Manuel María Valderrama y Barrio, e o duque de Berwick e Alba dende Madrid, manifféstanlle en sendas cartas o seu pesar por esta decisión[381].

Rey Vasadre preiteou a anulación da elección provincial. No seu recurso acusaba aos deputados dos distritos do sur da provincia de deixar sen representación aos do norte. Para este candidato tratábase do conflito pola capitalidade da provincia, entre Vigo e Pontevedra[382]. Meses despois, a R.O. de 26 de xullo de 1836 declaraba compatíbeis ambos cargos, tendo Varela que cederlle o escano. Nas eleccións provinciais de 1837, Varela conseguirá máis votos, permanecendo no cargo até, practicamente, o seu falecemento en 1860[383]. Ambos políticos, Varela e Rey Vasadre semella que mantiñan unha relación cordial, a pesar deste conflito electoral[384].

Durante aqueles meses que Varela ocupou o escano de deputado provincial, marzo- xullo de 1836, o fidalgo da Buzaca tivo que revisar a proposta da Comisión para a ordenación municipal, da que el mesmo formara parte. Remite o 22 de xuño de 1836 unha nova proposta, modificando algúns aspectos do borrador da Comisión: engade 3 concellos, cambia a cabeceira en 2 municipios e o emprazamento

[381] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1830; Madrid, 19 de xaneiro de 1831.

[382] Taboada Moure, 1987: 16- 17.

[383] Non foi deputado provincial durante a rexencia de Espartero, 1840- 43, e durante a lexislatura 1846- 50 na que foi deputado en Cortes.

[384] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Caldas, 26 de decembro de 1836. Rey Vasadre escríbelle despois da devolución do escano: *«quedo sumamente reconocido al singular afecto que me demuestra, y con el cual me glorio de corresponderle. Yo admiro y respeto en alto grado el pundonor y delicadeza de V.»*. Semanas despois, o 16 de febreiro de 1837, pídelle a Varela que emita un informe favorábel sobre a súa conduta moral e política, porque está a ser investigado polo Ministerio de Graza e Xustiza.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dalgunhas parroquias. Asegura Varela na súa comunicación que consultou *«con sujetos inteligentes y versados en los negocios públicos del país»*[385]. Entre os papeis da Buzaca hai un borrador que recolle a denominación dos concellos do partido, as súas respectivas capitais, e o número de veciños atribuídos a cada parroquia[386]. Despréndese destes documentos que a parroquia funcionou coma a entidade territorial básica, conformando os novos municipios mediante agregación, sen que se corrompese a súa unidade.

Recolle tamén o informe do deputado Varela as súas obxeccións a algunhas das reclamacións presentadas por distintas instancias do partido (alcaldes, pedáneos). A proposta Varela altera a antiga distribución das xurisdicións, asimilando, por exemplo, Arcos da Condesa ao municipio de Caldas, cando con anterioridade formaba o partido de Peñaflor. Tamén contén as pretensións de Baños de Cuntis de conservar a súa antiga demarcación xurisdicional, e mesmo absorber algunhas parroquias da desaparecida Peñaflor. Varela asegura que o novo municipio de Cuntis vai cumprir coas medidas estipuladas, con 5 leguas de camiño entre os dous puntos máis distantes : *«La villa de Baños la propongo como capital de un ayuntamiento de mas de mil vecinos, pero que todos forman una campiña de que casi es centro el tal pueblo, y nada más se puede hacer en beneficio de éste y de aquellos»*[387]. Con este argumento, Varela non permite que Cuntis se anexione parroquias que van integrar o municipio de Moraña. Este asunto puido provocar pequenas disputas locais, mais foi Varela quen gañou[388].

---

[385] Fariña Jamardo, 1996: 121.

[386] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Entre unha morea de cartas e borradores hai dúas follas que bosquexan estes cálculos.

[387] Fariña Jamardo, 1996: 126- 127.

[388] No censo electoral de xullo de 1836 figura Varela como maior contribuínte do partido xudicial de Caldas, pagando 885 reais. Os comisionados Pedro Felipe Covián e Joaquín Rey Vasadre constan pola vila de Caldas cunhas contribucións máis modestas: 282 e 206, respectivamente. O antigo alcalde da xurisdición de Caldas, Francisco Calvo Rubio, non aparece no censo, descoñecendo se é por defunción ou traslado. A simple vista, tampouco aparece don Antonio Rodríguez, alcalde da antiga xurisdición de Baños de Cuntis, que é quen reclama a ampliación do futuro concello de Cuntis. Hai no censo un don Andrés Rodríguez en Cuntis, sen saber se pode ser a mesma persoa. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A ordenación do partido de Caldas "recolle sen variación ningunha" a súa proposta coma deputado provincial[389]. Publicada no BOPP o 3 de decembro de 1836, comprendeu 9 concellos, formados por un total de 52 parroquias, cunha estimación de 7.282 veciños e 24.870 almas[390]. En conclusión, pódese afirmar que don Lorenzo Varela Sarmiento foi o facedor da ordenación territorial do partido de Caldas. O seu criterio e vontade están gravados aínda hoxe na demarcación destas terras que, basicamente, conserva o seu modelo[391]. A denominación do concello de Moraña provén da parroquia de San Lourenzo, onde se emprazaba A Buzaca, tendo a capitalidade en Paraños, lugar pertencente a Gargantáns, parroquia unida á de San Lourenzo[392]. En conclusión, o deputado Varela creou un municipio nos seus dominios, desprendéndose das pretensións das vilas de Cuntis e Caldas, adaptando así a antiga xurisdición de Peñaflor á estrutura municipal[393]. Terá que negociar con outros notábeis no ámbito do partido xudicial, mais vai dispor dun concello feito á medida do seu poder territorial[394]. Pódese dicir que era un señor da terra con concello propio.

[389] Fariña Jamardo, 1996: 126- 127.

[390] Eran 52 parroquias contando por separado San Martiño de Gargantáns e San Lourenzo de Moraña, malia que no censo electoral da época figuren unidas. No caso das parroquias de Godos, Santa María e Santiago, ás veces tamén figuran xuntas.

[391] Poucas alteracións sufriu a ordenación de Varela. En 1925 creouse o concello de Pontecesures, escindíndose de Valga. A parroquia de Arcos da Condesa continúa en Caldas, mais agora co rango administrativo de entidade local menor, herdanza da súa antiga autonomía xurisdicional. O concello de Saiar foi incorporado ao de Caldas. Os concellos de Campo Lameiro e Barro pertencen actualmente ao partido xudicial de Pontevedra.

[392] Fariña Jamardo, 1996: 288. O actual concello de Moraña mantívose inalterado dende 1837, salvo o cambio de cabeceira, que dende 1900 está na parroquia de Santa Lucía, e a relación eclesiástica das parroquias de Gargantáns e San Lourenzo, sendo agora matriz Gargantáns.

[393] Cabe lembrar que o seu pai, don Benito Varela, fora xuíz de Peñaflor. As parroquias de Moraña pertencían a aquela xurisdición.

[394] Así e todo, o censo electoral recoñece o voto nun maior número de parroquias dos municipios de Caldas, Cuntis, Portas e Catoira, sendo intermedia a representación das parroquias de Valga e Campo, e menor a dos concellos rurais de Moraña, Barro e Saiar. Do total de 51 parroquias do distrito, obtiveron voto 32, contando por unidas Gargantáns e San Lourenzo xa que así constan no censo. Isto supón un 64'74% das parroquias, con maior presenza daquelas vilegas e contiguas. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 220.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No caso do partido xudicial de Lalín detéctase un "desequilibrio evidente"[395]. Os concellos de Lalín, Carbia e Chapa superaban os 5.000 habitantes, mentres que Rodeiro e Agolada oscilaban entre os 2.500 e os 5.000. Dozón estaba por baixo dos 2.500 habitantes. Estes datos son estimacións xa que neste partido xudicial presentaron unha proposta incompleta que demorou a súa aprobación. Asegura Fariña Jamardo que non ofreceron información á deputación sobre o número de almas, recollendo só o número de veciños[396]. Unha proba da lixeireza ou arbitrariedade coa que se aplicaba a administración liberal no interior da provincia.

O desequilibrio territorial aínda era maior na proporción de parroquias por concello. Só Lalín reunía 51 parroquias, algunhas superpoboadas, con numerosos lugares e aldeas, e outras que non chegaban a unha ducia de veciños. Ademais destes aspectos técnicos da ordenación municipal, no caso de Lalín resulta interesante observar a dimensión política. Os comisionados foran designados polo gobernador, mediante oficio do 13 de agosto de 1835. É de supoñer que, coma no resto da provincia, nomeou aos *"homes máis idóneos"*[397]. Descoñecemos os seus nomes, xa que o expediente da Deputación só conserva as cartas de dous comisionados: Pedro Caxide, por Merza, e Bernardo de la Peña, alcalde ordinario da xurisdición de Cira, que responden o 25 e o 20 de agosto, respectivamente. Segundo escrito do alcalde maior de Deza, Ulloa Pimentel, os traballos tiveron lugar o 26 de agosto, remitindo a proposta á Deputación o día 2 de setembro de 1835. O gobernador, Fernández Villaverde, escribiu no informe: *«Diganle que viene esto*

[395] Cal y Cortina, 1997: 422.

[396] Fariña Jamardo, 1996: 155. Na actualidade, o expediente que obra na Deputación si contén unha relación de veciños e almas, aínda que este documento foi unha revisión posterior da primeira proposta, que fora rexeitada por incompleta. ADPO, Goberno, *Expedientes de división territorial*, caixa 390/4, "Traballos sobre a división territorial dos concellos do partido de Lalín".

[397] *Ibíd*.: 94. Debeu existir nun principio unha comisión reducida en cada partido xudicial, composta por tres ou catro individuos. O nomeamento inicial en Lalín só designaba a don José Crespo, a don José Ulloa e don José María Teijeiro. *Vid*. Fariña, Pereira, 1986: 73. Co andar dos meses esta nómina de comisionados nos partidos puido ampliarse, seleccionando veciños principais das antigas xurisdicións. Así tamén sucedeu en Caldas, que engadiu ao señor Calvo Rubio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

informal por falta del número de vecinos y almas y de las firmas y atestaciones de los Sres. Comisionados»[398].

Ulloa Pimentel contesta con evasivas: non pode reunir a varios dos comisionados por ausencia ou enfermidade; considera «*impracticable*» a multiplicación de concellos por motivos orográficos e poboacionais; ademais, recoñece a incapacidade administrativa dalgunhas entidades de poboación para facerse cargo das actividades dun concello. Esta proposta distribúe o partido xudicial en cinco municipios: Lalín, Chapa, Carbia, Agolada, e Rodeiro, defendendo este reducido número nos problemas que trouxera a excesiva división municipal do Trienio.

Non hai constancia de que se entregase un proxecto completo, rubricado e conforme as pautas do gobernador[399]. Non quedou rexistro de entrada do documento. Analizando as datas das notificacións do expediente, compróbase que dende a Deputación remitiran de volta a Ulloa Pimentel aquela proposta inicial para a súa rectificación o 10 de setembro de 1835. O día 21 de setembro requírenlle a realización do informe completo para o que foron comisionados. Responde o alcalde un mes despois insistindo nos mesmos argumentos expostos. Un ano despois reclaman en varias ocasións o documento que estaba en posesión do deputado provincial do partido de Lalín, don Miguel Antonio Pérez[400]. Este deputado, que estivera ausente das sesións da

[398] Fariña Jamardo, 1996: 156. ADPO, Goberno, *Expedientes de división territorial*, caixa 390/4, "Traballos sobre a división territorial dos concellos do partido de Lalín".

[399] Segundo a interpretación das fontes do ADPO que fixo Fariña Jamardo, 1996: 155- 159.

[400] Taboada Moure,1987: 15- 16. O Ldo. Miguel Antonio Pérez Rodríguez foi elixido por unanimidade no partido de Lalín nas eleccións de 24 de xaneiro de 1836. Tiña veciñanza en Lalín. Non se presentou á sesión constitutiva da deputación, sen que alegase causa xustificada. ADPO, Xeral, Libro de Actas do Pleno, *Acta da Sesión Constitutiva*, 12 de febreiro de 1836. Na acta das eleccións provinciais en Lalín consta unha "nota": «*Ningº concurrió al primer periodo de sesiones*», nin o deputado Pérez nin o suplente, don Andrés Manuel Ferreiro. ADPO, Eleccións, 3.13.6. *Expedientes de eleccións de deputados provinciais*, caixa 186/9. O deputado Pérez, con veciñanza en Catasós (Deza), era o terceiro maior contribuínte da provincia, só por detrás do conde de Borraxeiros e de don Benito Espinosa. Abonaba 2.800 reais de contribución. O suplente, afincado en Anseán, pagaba 980 reais. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220. A elección de ambos subliña a forza dos fidalgos de Lalín sobre outras xurisdicións da comarca nestas primeiras eleccións provinciais. Eleccións nas que debeu ser decisiva a actuación do alcalde da xurisdición de Deza, Ulloa Pimentel. Andando os meses obsérvase un maior peso dos fidalgos de Trasdeza, na cabeza de Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Deputación na primavera de 1836, non entregou documento algún ao respecto, tal e como estaba obrigado.

En outubro entregan os de Tabeirós, en novembro remiten os de Tui e Pontevedra, quedando Lalín coma único partido xudicial sen proposta en firme[401]. Nos meses de outubro e novembro de 1836 sucédense as cartas nas que instan ao alcalde maior de Deza que recupere o documento que tiña o deputado provincial de Lalín, agora defunto. O 18 de novembro contesta o novo alcalde de Deza, don José Crespo que «dentro de breves dias» conseguirá o expediente. Obra un oficio do 5 de decembro de 1836 de ter recibido en Pontevedra o informe solicitado[402].

Un documento máis acabado figura ao comezo do expediente do partido de Lalín. Con toda probabilidade, é o proxecto que remitiron en decembro de 1836, e que recolle o número de veciños, de almas e as sinaturas dalgúns dos comisionados, non todos[403]. Eran cinco os concellos propostos. Sería entón o documento que estaba en poder do deputado Pérez e que tanto reclamaron dende Pontevedra. Entre os comisionados asinantes non figura don Benito Espinosa, mais é posíbel que fose algún dos comisionados ausentes ou enfermos no outono de 1835.

Todo indica que a proposta orixinaria de Lalín, en setembro de 1835, foi asunto persoal do alcalde ordinario da xurisdición de Deza, don José Ulloa Pimentel, quen tería enviado o texto sen reunir as sinaturas dos comisionados. Este mesmo alcalde presidiu as eleccións provinciais de xaneiro de 1836 nas que saíu deputado don Miguel

[401] Fariña Jamardo, 1996:118.

[402] ADPO, Goberno, *Expedientes de división territorial*, caixa 390/4, "Traballos sobre a división territorial dos concellos do partido de Lalín". Crespo remitiu o proxecto o día 28 de novembro, recíbese o día 3, mais segundo anotación marxinal, deben examinalo para comprobar que está completo antes de acusar recibo. Esta demora na entrega dos traballos da división municipal é similar ao acontecido co censo electoral do distrito de Lalín. Crespo envía as listaxes o 6 de xullo de 1836, foi recibida en Pontevedra o día 8, sendo publicadas o 10. Alega o novo alcalde da xurisdición de Deza que os continuos ataques dos facciosos impediron a reunión da xunta electoral e o debido proceso de confección do censo. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220.

[403] *Ibíd*. Contaba coas sinaturas de José Crespo, Pedro Caxide, José Mª Teijeiro, Manuel Costa Vela, e José Mª Osorio Ribadeneira. Nesta relación faltaría Bernardo de la Peña, entre outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pérez[404]. A peculiaridade destas primeiras eleccións provinciais era o sistema indirecto de votación, acudindo en segunda fase os representantes elixidos nas antigas xurisdicións. Segundo consta na acta, Espinosa fora elixido por Trasdeza, mais envía como suplente ao Ldo. Francisco Bueno, alegando indisposición[405]. Esta puido ser tamén a causa da súa ausencia como comisionado no proxecto municipal do partido.

Finalmente, foi nunha sesión da Comisión de Armamento e Defensa onde se revisa e corrixe a proposta de Ulloa Pimentel. Espinosa, coma membro da Comisión de Armamento e Defensa, e o deputado por Lalín, don Juan Orrea Sánchez[406], tiveron que ocuparse da aprobación pendente destes concellos, os últimos da provincia. O documento dirixido ao xefe político para a súa aprobación definitiva conta coa sinatura de ambos fidalgos. O texto é explícito. Espinosa e Orrea responsabilizan a Ulloa Pimentel da mala xestión do proxecto:

> «á primera vista parecen de una larga dimension, mas, en las circunstancias en que se halla aquel partido en estado de sitio, no hay personas de capacidad para componer los Ayuntamtos. Por haberse trasladado a puntos tranquilos, pero la Comision en el proyecto que presenta há procurado arreglarse a unas demarcaciones naturales, sin perjuicio de que á lo sucesibo dentro de los mismos puedan subdividirse. No obstante ha tenido en consideracion a las

[404] Era gobernador de Pontevedra en 1853, cando varias actas electorais foron anuladas por irregularidades, e Ulloa apercibido. Barreiro Fernández, 2001 (a): 690- 691. Tivo as súas desavinzas con don José Crespo na época dos gobernos conservadores entre 1850- 1853. *Vid*. "3.5. O réxime das faccións políticas".

[405] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais*, 186/9. Na acta tamén figura Crespo como un dos dous representantes elixidos na primeira volta do partido de Deza. O suplente de Espinosa, don Francisco Bueno, un fidalgo da parroquia de Vilar, que abonaba unha modesta contribución de 326 reais.

[406] Orrea, cabezaleiro do pazo de Anzuxao, na parroquia de Madriñán (Lalín) converterase en consogro de Espinosa algúns anos despois. Don José Espinosa Salgado contraeu matrimonio con dona Encarnación Orrea cara mediados de século. Orrea figura no censo electoral de xullo de 1836 cunha contribución de 1.146 reais, ocupando a doceava posición dos electores do distrito. Tan só por "frutos civiles" abonaba 900 reais, dato que salienta o seu perfil de perceptor de rendas agrarias. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> esposiciones de los vecinos de Dozon y San de Sisto, y por esto les há demarcado el Ayuntamiento que se reconoce, agregandole la parroquia de Sanguiñedo. Todas las otras proposiciones que existen en el espediente son efecto del descuido con que se miró un asunto de tanta gravedad, pues viendose los pueblos abandonados, clamaban individualmente por arreglarse si bien en sus calculos no siempre era acertado. Si V.E. tiene á bien aprobar el proyecto segun vá manifestado no por eso se priva á los pueblos que á los sucesibo y en tiempos mas tranquilos se haga variacion que sea mas justa. Pontevedra, 18 de Diciembre de 1836. = Juan Orrea Sanchez.= Benito Espinosa Varela.»[407]

Os seis concellos do partido xudicial de Lalín foron aprobados e publicados no BOPP o 24 e 28 de decembro de 1836, datas nas que don Benito Espinosa desenvolvía unha intensa actividade na Comisión de Armamento e Defensa en Pontevedra. É posíbel que estivese recuperado das súas doenzas, ou ben, que decidise entrar na actividade pública, logo do motín dos sarxentos de agosto de 1836. Volvía a estar en vigor a Constitución de 1812, procedendo o 4 de outubro de 1836 a unha renovación dos deputados provinciais[408]. Nas actas da Deputación atopamos as cartas aceptando o cargo de don Juan Orrea Sánchez (Lalín) e de don José Valladares[409] (Tabeirós), ambos amigos

[407] ADPO, Goberno, *Expedientes de división territorial*, 390/4, "Traballos sobre a división territorial dos concellos do partido de Lalín". A meirande parte do expediente ocúpano as reclamacións de coutos singulares coma Carboeiro, Ansemil, Caxide, Piloño, Brandariz, que solicitan constituírse coma concello ou modificar a súa adscrición municipal.

[408] Segundo R.D. de 13 de agosto de 1836. Institúense nas provincias unha deputación composta por "xefe político", intendente, e un mínimo de sete deputados. Taboada Moure, 1987: 19. A denominación "xefe político" prolóngase até decembro de 1849. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 117.

[409] Valladares vai ser mencionado en varios epígrafes desta tese. Liberal moderado, fixo carreira militar e política, ademais de ser amigo e colaborador de Domingo Fontán na elaboración da Carta Xeométrica. Valladares nacera en 1787 na parroquia de Graba (Trasdeza), a tres quilómetros escasos de Cascaxide, onde naceu Espinosa en 1791. Ambos eran parentes por uns devanceiros comúns, del Río y Rozas, de mediados do século XVII. Valladares foi pai do insigne escritor Marcial Valladares. Outra das súas fillas contraeu matrimonio cun fillo de Espinosa, Bernardo, sendo pais de Laurentino Espinosa Valladares.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

persoais de Espinosa. O fidalgo de Cascaxide sairá electo o 14 de maio de 1837 nunha sesión extraordinaria da deputación co obxecto de completar o número disposto de 11 deputados, dada a renuncia do deputado electo polo partido de Tui[410]. Deste xeito, os vocais electores recoñecían o seu traballo no ámbito provincial[411]. Seguidamente, Espinosa obterá a acta de Lalín nas eleccións de 1837.

Os traballos de Espinosa na Comisión de Armamento e Defensa da provincia de Pontevedra arrancan en outubro de 1836. Tratábase dunha xunta de funcións executivas por mor da guerra civil, baixo o mando do capitán xeneral Morillo. Similar a unha deputación permanente, mais creada *ad hoc* para as necesidades da contenda[412]. Estaba integrada polo xefe político, os deputados provinciais e algúns outros destacados comisionados. Na súa primeira sesión asisten coma deputados: Valladares (presidente interino da Deputación), Gayoso, Amado, Rivera, Buet; entre os comisionados: Roda, Carbón, Fontenla e Espinosa. O seu obxectivo: a «destrucción de las ordas del pretendiente»[413]. Debían reunir recursos extraordinarios, os chamados 200 millóns, correspondendo abonar 2.900.000 reais á provincia de Pontevedra.

As reunións desta comisión son diarias entre os meses de outubro de 1836 e xaneiro de 1837, até que se disolve para ceder o

[410] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais con arranxo a Constitución de 1812 (1836- 1837)*, caixa 186/5. O xefe político era don Manuel Gutierrez Caviedes, reunindo os seguintes electores presentes: don Fernando Saravia e don Claudio González, por Pontevedra; don Matías Díez Prado, por Lalín; don Gregorio Senra, por A Lama. Outros electores remitiron por correo o seu voto: don Joaquín Rey Vasadre, por Caldas; don Manuel Rodal, por Vigo; don Antonio Pérez Costas, por Cambados; don Pablo Rovira e don José Manuel Moalde, por Tui; don Manuel Araujo, por Redondela; don Juan Caballero e don José María Pesqueira, por Ponteareas; don Antero Rubín e don Manuel Otero, por Tabeirós.

[411] Un caso similar aconteceu con Besada, vocal da Comisión de Armamento e Defensa do Reino, que fora nomeado secretario da Deputación na súa segunda sesión, de 13 de febreiro de 1836, recoñecendo os servizos prestados na anterior Comisión. Foi Besada quen rubrica o censo electoral do 10 de xullo de 1836. ADPO, Goberno, *Libro de actas do Pleno*, 1836-1837; Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220.

[412] Comezaran as súas actividades con anterioridade á creación das deputacións, mediante R.O. de 6 de outubro de 1835, aínda que a Comisión de Pontevedra remítese á R.O. de 25 de agosto de 1836. A sesión de apertura ten lugar o 12 de outubro de 1836, asistindo Espinosa.

[413] ADPO, Goberno, 13.375, *Actas da Comisión de Armamento e Defensa*, 1836- 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

protagonismo aos deputados provinciais que aumentan en número[414]. A Comisión contaba con arredor de 10 asistentes por sesión. Espinosa foi nomeado tesoureiro da mesma, levando da súa man cuestións delicadas: a posíbel venda das devesas reais, valoración dos bens eclesiásticos, repartimentos municipais, e revisión dos créditos subscritos. O fidalgo de Trasdeza tamén tratou asuntos de defensa, dando conta dos enfrontamentos nas terras de Deza, Montes e Tabeirós. Informa da situación local, chegando a ausentarse das reunións da Comisión pola peligrosidade dos desprazamentos e co ánimo de defender o propio.

Varela e Rey Vasadre foron comisionados para facilitar unha información do seu partido xudicial[415]. O motivo era a consanguinidade dos candidatos electos no municipio de Caldas. O chamado presidente ou alcalde primeiro era acusado de ser pai de dous rexedores, e sogro doutro rexedor máis. Catro membros da corporación podían ser familiares directos. Ademais, aducen outro motivo para pensar na anulación desta a elección, proceder a unha reelección ou nomear un «ayuntamiento en comisión»: a desafección[416]. Os procuradores síndicos non acreditaban adhesión ao novo réxime, xa que un é cuñado e o outro sobriño de «frailes exclaustrados de muy malas ideas»[417]. É dicir, non están «identificados con la causa». Estas acusacións de desafección tamén concorren nas eleccións municipais de Tui e A Guarda.

---

[414] *Ibíd.* As Cortes quixeron concentrar o poder nas deputacións, disolvendo todas as Xuntas de Armamento e Defensa creadas nas provincias. Foi decretado o 14 de xaneiro de 1837. Parece ser que as comisións ou xuntas reeditaban o espírito do "xuntismo" da guerra de Independencia.

[415] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Caldas, 26 de decembro de 1836. Carta de Rey Vasadre invitando a Varela a acudir a Caldas para desempeñar esta comisión coa maior urxencia. O xuíz de Caldas escribe a Varela o 14 de febreiro de 1837 agradecendo o seu traballo de comisionado, que mereceu eloxios do xefe político, adoptando a decisión de que sexa Varela o encargado de formar as corporacións municipais do partido.

[416] ADPO, Goberno, *Libro de Actas da Comisión de Armamento e Defensa* (1836- 1837), 13.375.

[417] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de Rey Vasadre informando dos suxeitos investigados. Caldas, 29 de decembro de 1836.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O informe que subscriben Varela e o seu amigo Covián confirma que o alcalde electo, Conde, ten na corporación dous fillos rexedores, mais non é certo que teña un fillo político ou xenro. Suxiren á Deputación que non se anule a elección, só que se repita para os dous cargos nos que os suxeitos son incompatíbeis por parentesco. En canto aos procuradores, sosteñen que son fieis á causa liberal, persoas de alta educación e valores morais, e que se teñen recollido a algún familiar frade na casa é por compaixón, sen afectación algunha dos seus principios. Este documento de Varela e Covián, que figura entre a correspondencia do primeiro, puido ser un simple borrador. Falta a información e sinatura de Rey Vasadre, sen poder dilucidar se este procurador fiscal participou finalmente no informe, ou, se ben, presentou os resultados das súas investigacións por separado[418].

Con estes asuntos, comprobamos que a chamada Comisión de Armamento e Defensa trataba cuestións ordinarias de gobernación provincial. Tal e como aconteceu coa ordenación municipal, que foi revisada por esta Comisión antes da súa publicación no BOPP[419]. Isto propiciaba certo "confusionismo" entre a Comisión e a Deputación[420]. De feito, é a Comisión a que adopta a decisión de anular a corporación municipal electa en Caldas, mediante resolución de 21 de xaneiro de 1837, acordando «que los parientes hasta el 4º grado civil son incompatibles». Esta medida impedía a patrimonialización dun concello por parte dunha familia, abrindo o acceso a máis candidatos. Colocar a un familiar nas institucións dependía de cálculos estratéxicos ben matinados, xa que os diferentes cargos públicos van ser copados de forma ascendente polas familias máis influentes, non de forma exclusiva ou monopolística. É dicir, as alianzas ou faccións van ser necesarias para organizar esta articulación do poder político,

[418] *Ibíd*. En dúas cartas Rey Vasadre convida a Varela a reunirse en Caldas para tratar esta comisión. Sen embargo, no texto atopado figura Covián en comisión con Varela. Pode que Varela estivese resentido por ter que cederlle o escano de deputado provincial.

[419] Expúxose aquí o caso de Lalín, e como foi resolto polos membros da Comisión. No caso dos municipios de Caldas, a proposta do deputado Varela recibiu o informe favorábel da devandita Comisión de Armamento e Defensa, asinado polos comisionados Roda e Carbón, ordenando a aprobación e instalación. Fariña Jamardo, 1996: 128.

[420] O xefe político, que participaba nos dous órganos, elevou varias consultas ministeriais para discernir as funcións da Comisión daquelas outras da Deputación. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 130- 131.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

repartindo entre varias familias os distintos cargos municipais, provinciais e estatais.

A incompatibilidade entre familiares nun mesmo órgano de goberno estrutura a carreira política do notábel. Dende o municipio até as Cortes, pasando pola deputación provincial, confórmase un "cursus honorum" que o habilita[421]. Tanto Espinosa coma Varela foron deputados provinciais antes de obter escano nas Cortes de 1846. O fillo de Espinosa, don José, foi alcalde de Chapa antes de ser deputado provincial en 1856. Incluso antes, don Benito Espinosa fora alcalde constitucional no Trienio. Semella que precisaban curtirse na política local antes de dar o salto a Pontevedra ou Madrid. Por unha banda, tratábase de adquirir experiencia de xestión e goberno, pero por outra tamén era importante consolidar unha clientela de electores que o aclamasen coma candidato. Eran, pois, novos traballos para unha clase que adoitaba vivir ociosa. Por isto mesmo, pola actividade político-administrativa, van amosar maior interese aqueles fidalgos de tradición letrada (xuíces, procuradores, escribáns), afeitos á tinta e á pluma. Outros fidalgos terratenentes preferirán colocar homes de palla nas institucións, para conservar altas cotas de poder nas súas bisbarras sen ter que desempeñar tales oficios leigos.

Este trampolín político, dende o municipio até as Cortes, non foi tanto unha imposición dende arriba, coma unha obriga dende abaixo. As elites gobernamentais querían introducir aos seus candidatos á beira doutros oriúndos, elixidos polos notábeis de provincias. Aceptaron, nun principio, esa cota de poder territorial. Un pacto entre cabaleiros que se materializa na constitución dun "liberalismo oligárquico"[422], que comeza a dar os seus primeiros pasos. Talvez, a consecuencia lóxica duns partidos políticos en proceso de formación, que suplen as carencias organizativas creando ou asumindo coma propios do partido aqueles comités e xuntas electorais das provincias[423]. Co tempo, o liderado e a burocratización da organización propenderán a un control do poder, con exclusión doutros grupos ou partidos, cumprindo esa "lei de ferro da oligarquía"

[421] Baz Vicente, 2002: 75-77.
[422] Jiménez Blanco, 2002: 143. Enmarca este período entre 1833 e 1936.
[423] Duverger, 2012 [1951]: 16- 22.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que describiu Michels[424]. Así, a elite gobernante volverase imprescindíbel, xa que vai existir unha identificación ou personificación entre clase política e Estado, resultando que unha crise de credibilidade ou lexitimidade poida facer cambalear a estrutura da *res publica*.

A medida que se volve máis complexa a organización da clase política, prodúcese a transformación ou substitución daqueles líderes que emerxeran na conxuntura da creación institucional por outros perfís máis profesionalizados. Isto é, van ter que dedicarlle máis tempo e esforzo á cousa pública, requirindo un maior coñecemento técnico e unha trama de relacións interpersoais máis sólida e extensa. Esta profesionalización do político liberal decorrerá durante o reinado isabelino. Un proceso que non semella ser o froito enxertado dun descenso da política, senón o produto dun aumento da complexidade do poder polo propio sistema de representación política.

No caso dos fidalgos Espinosa e Varela parece confirmarse esta teoría. Xorden coma líderes locais en diversos episodios, tal e como acontecera con algúns dos seus devanceiros. Contaban con esa tradición xurisdicional na liñaxe. Agora ben, durante a Rexencia aparecen coma actores de reparto nunha escena de gran tensión social e política. Van gañando protagonismo ao ritmo que desempeñan diversas tarefas coma comisionados da Deputación, até converterse en actores fundamentais do novo réxime. Ambos traballaron activamente na ordenación municipal dos seus partidos, de tal xeito que parece incuestionábel que foron os artífices dos actuais concellos dos partidos de Lalín e Caldas. De informantes pasaran a ser facedores das institucións, gañando o recoñecemento dos notábeis da provincia, até saír electos coma deputados provinciais en 1837. Consecuentemente, as súas carreiras políticas tiveron proxección até Madrid, obtendo cadanseu escano nas Cortes de 1846, aínda que, como se verá, a esfera do seu poder estaba na provincia.

[424] Michels, 2017 [1962]: 258, 385- 412. "El burócrata se identifica completamente con la organización, y confunde sus propios intereses con los de ella. Toma toda crítica objetiva al partido como una afrenta personal. Esta es la causa de la incapacidad evidente de todos los líderes partidarios para prestar una atención serena y justa a las críticas hostiles".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.3. A CONSOLIDACIÓN DO CONSTITUCIONALISMO

No outono de 1836 encétase un período de grandes mudanzas no seo liberal. A partir de entón "se puede considerar consolidada la división de los liberales entre un partido moderado y otro progresista"[1]. Un paso de xigante na instalación do liberalismo político, mais que non respondeu a un plan deliberado, senón ao curso accidentado dos acontecementos. Para Gómez Ochoa, a disolución das Cortes en maio de 1836 foi "una gravísima desnaturalización" da arbitraxe rexia, que provocou a ruptura e polarización "entre las dos grandes fuerzas del liberalismo español", dando pé aos respectivos partidos políticos[2]. Entre discusións parlamentarias, levantamentos, xuntas, guerra civil e tres convocatorias electorais a Cortes (febreiro, xullo e outubro), aqueles episodios de 1836 estaban a piques de facer saltar polos aires o novo réxime.

Unha vez consumada a polarización política, a vía de entendemento postrevolucionario pasaba por unha nova Carta Magna. Atrás quedaban as restricións fixadas polos *martinistas*, e outorgadas por María Cristina. As elites políticas tiñan vontade de redactar un novo texto constitucional adaptado ás necesidades do contexto. Así o recoñecía o presidente Calatrava ao marqués de Miraflores, daquela embaixador en París: «Nadie en España ahora ha aclamado ni aclama la Constitución de 1812 (...); nadie desconoce la necesidad que hay de reformarla y acomodarla al estado actual de la nación y de Europa»[3].

En consecuencia, as Cortes de outubro de 1836 convertéronse en constituíntes, dado o escaso apoio á vixencia da "Pepa"[4], querendo

[1] Fontana 2007: 155. Burdiel, 1987: 334.

[2] Gómez Ochoa, 2007: 57. As dúas formacións encaixarían no modelo de partidos de orixe parlamentaria. Duverger, 2012 [1951]: 16.

[3] Santirso, 2014: 188. Citando a Castells y Moliner, 2000: 163.

[4] *Ibíd*. Tan só "una pequeña minoría de unos veinte diputados, inarticulada y oscura, se empeño en mantener la Constitución de 1812, y no siempre por izquierdismo". En troques, significados progresistas manifestaron a súa oposición: Argüelles, Olózaga, Cortina, Madoz, Doménech. En 1836, en *El Español*, Andrés Borrego explicaba que o obxectivo era un texto no que participasen as clases influentes, que non aceptaban o modelo de 1812. Gómez Ochoa, 2007: 50.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rematar axiña coa súa interinidade[5]. O progresismo desistía agora deste marco normativo- institucional, sobre todo na cuestión da elección indirecta. Meses atrás, durante o goberno Mendizábal, houbera unha fonda controversia pola reforma da lei electoral. A aspiración dos progresistas era establecer eleccións directas por distritos, cun substancial aumento do censo electoral. Paradoxalmente, esta reforma electoral de Mendizábal, que non conseguira aprobación parlamentaria, sería recuperada polo goberno tras a caída do seu autor, e foi a que rexeu na frustrada convocatoria a Cortes do mes de xullo[6]. De tal xeito, en cada unha das tres eleccións a Cortes do ano 1836, houbo unha lexislación electoral distinta, o que viña complicar as funcións político- administrativas das deputacións e xefaturas das provincias. Os cambios incesantes nas regras de xogo eran unha dificultade engadida na aprendizaxe dos notábeis, ademais de aumentar a percepción de inseguridade xurídica e caos sociopolítico.

No proceso electoral estaba a chave da gobernabilidade. A clase política asumía entón a importancia de obter representación e conformar maiorías, cruciais para soster con forza os gabinetes de goberno, atenazados pola volubilidade do favor rexio. Esta lóxica das maiorías é a que explica a aparición de comités electorais, que van traballar nos distritos para conquistar escanos para o grupo parlamentario. A teoría indica que cando se establece unha "relación permanente" entre o grupo parlamentario e o comité electoral, cristalizan os partidos políticos[7]. Certamente, en Pontevedra houbo unha estreita colaboración entre os parlamentarios de Madrid e os notábeis provinciais, mais tamén xurdirán algunhas voces discrepantes

[5] A Constitución de 1837 foi redactada nun tempo récord. "Se había querido hacer «el cuadro completo de un gobierno representativo», (...) con la idea de fijar un texto estable, (...) y resolver con las leyes orgánicas aquellos aspectos en que discrepaban. Ello permitió avanzar con bastante rapidez". Fontana, 2007: 156.

[6] *Ibíd*.: 154- 155. Foron "las primeras elecciones directas celebradas en España". Estas eleccións do verán de 1836 foron analizadas no apartado "3.2.2. As bases sociais do liberalismo".

[7] Duverger, 2012 [1951]: 16, 93.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que reclamaban unha representación política menos dependente das altas esferas, é dicir, máis apegada aos representados[8].

Os notábeis dos distritos, elixidos polo seu recoñecemento social, tecen tramas de afinidade persoal e política dando pé ás chamadas faccións políticas. O nesgo ideolóxico amósase aínda livián, mais están firmemente identificados cun fundamento liberal compartido: a monarquía constitucional. É dicir, non hai un discurso ideolóxico moi elaborado nestas faccións, mais si concepcións políticas que van entrar en conflito no desenvolvemento lexislativo (municipios, milicia, censo electoral, imprenta). Tal e como sinala Duverger, "la vecindad geográfica o la voluntad de defensa profesional parecen haber dado el primer impulso: la doctrina vino luego"[9]. A praxe política derivada da discusión e aplicación de leis orgánicas foi a escola onde as notabilidades adquiriron contido ideolóxico. En palabras de Isabel Burdiel, "para esos hombres influyentes, (...), lo meramente político no resultaba en absoluto intrascendente cuando todo estaba en la balanza"[10]. Ademais, o idealismo que impregna esta etapa alimenta unha explicación ideolóxica da conxuntura política, e que contrasta co pragmatismo que vai imperar no discurso moderado da década dos corenta.

3.3.1. As primeiras corporacións provinciais

Durante a transitoriedade da Constitución de 1812, entre finais de agosto de 1836 e xuño de 1837, apréciase a concorrencia dos fidalgos investigados ás institucións. Tal e como se expuxo con anterioridade, estes fidalgos desempeñaron funcións gobernativas na Comisión de Armamento e Defensa. Alí estaba convocado don Benito Espinosa, mentres don Lorenzo Varela era comisionado. Esta Comisión constituíuse o 12 de outubro de 1836, dándose a coincidencia no tempo coa segunda corporación provincial, elixida o 4 de outubro de 1836. De feito, a Comisión, composta polos deputados provinciais e máis catro persoas de «absoluta confianza» chegou a "anular

[8] Na liña da "representación descritiva" exposta por Hanna F. Pitkin en 1967. A independencia que enarboran determinados notábeis será motivo de discusión política, tal e como se verá no epígrafe "3.4.2. As candidaturas moderadas de 1840".

[9] Duverger, 2012 [1951]: 16- 17.

[10] Burdiel, 1999: 194.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

practicamente á Deputación"[11]. Esta duplicidade remata polo R.D. de 14 de xaneiro de 1837, dados os receos dende Gobernación a actividade das xuntas provinciais. Era un órgano excesivamente autónomo, que contrarrestaba o poder do goberno civil.

Cotexando os nomes dos deputados da primeira e segunda Deputación, pódese observar unha renovación integral. Advirte Taboada Moure que isto foi debido ás disposicións da lexislación recuperada das Cortes de Cádiz, que imposibilitaba a reelección durante 4 anos[12]. Na primeira Deputación reuníranse homes de considerábel patrimonio e perfil declaradamente liberal[13]. Coa presidencia do Gobernador Civil, don Miguel del Pino, sendo secretario, don Lorenzo Besada, estaba integrada polos seguintes deputados: o exdeputado do Trienio don Fernando Saravia (Pontevedra)[14], o progresista don Juan de Dios Duque y Patiño (Cambados)[15], don Juan Antonio de la Vega (Tabeirós)[16], don Juan

[11] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 130.

[12] Taboada Moure, 1987: 19.

[13] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 128. A primeira Deputación Provincial de Pontevedra constituíuse o 12 de febreiro de 1836. ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1836). Oficio de instalación da Deputación Provincial de Pontevedra*, caixa 186/3; *Lista nominal de deputados electos nos diversos partidos xudiciais*, caixa 186/23.

[14] Saravia era un coronel retirado que percibía rendas en varias comarcas (Caldas, Cangas, Cambados, Pontevedra), ademais de exercer de prestamista. Tivo unha actuación destacada en 1820, apoiando o levantamento contra o absolutismo. Foi alcalde e comandante de Pontevedra. Nas Cortes do Trienio amosouse coma un liberal de talante conservador, opoñéndose ás proposicións exaltadas coma a da exoneración de Fernando VII. Deputado provincial en 1836 e 1847, foi concelleiro en Pontevedra entre 1840 e 1843. Barreiro Fernández, 2001 (a): 634- 635. Segundo o censo electoral de xullo de 1836, pagaba 400 reais de contribución, un valor de mediana entidade no conxunto da provincia, mais en Pontevedra o cálculo das contribucións arroxa contías bastante baixas. De calquera xeito, figura coma primeiro elector na listaxe do seu distrito, unha mostra do seu prestixio político na cidade. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores*, caixa 220. No que segue obviarase esta referencia do censo electoral de 1836.

[15] Un exemplo de nobre titulado que defendeu o liberalismo progresista. Este duque tiña veciñanza en Vilalonga, onde figura coma "Sr. Duque Patiño", cunha contribución de 873 reais, a segunda máis alta do distrito de Cambados, só superada polo señor de Rubiáns. Foi en varias ocasións deputado provincial (1836, 1841, 1847, 1854, 1856) e tamén en Cortes (1842, 1854- 56, 1858- 62), decantándose polo escano en Madrid. Participou activamente no levantamento galego de 1846, polo que foi procesado e embargado. Por este motivo foi anulada a súa acta de deputado provincial en 1847, resultando significativo o apoio electoral que concitou. Os notábeis pontevedreses outorgáronlle a súa confianza malia estar procesado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caballero (Ponteareas)[17], don Lucas García Maceira (Tui)[18], don Atanasio Fontano (Vigo)[19], don José Mariano Araujo (A Cañiza)[20], don Manuel Álvaro Rubín (Redondela)[21], don Miguel Antonio Pérez (Lalín)[22], don Francisco Portela (A Lama)[23], e don Joaquín Rey Vasadre (Caldas)[24].

No Bienio Progresista volve a conseguir escano na Deputación e nas Cortes, permanecendo coma deputado até 1862. Barreiro Fernández, 2001 (a): 490.

[16] Veciño da parroquia de Orazo, consta coma licenciado, sen que se consigne a súa contribución.

[17] Figura de máxima relevancia no seu distrito, aparece coma tenente coronel, entrando no censo por capacidades. Debeu estar moi próximo a Varela e Espinosa, tal e como se comentará máis adiante.

[18] Catedrático de Dereito en Salamanca, era membro da poderosa familia Maceira de Tui. Con negocios na industria, no comercio e con banca propia, os Maceira acrecentaron o seu poder coa política e o bispado de Tui de don Telmo Maceira en 1855. Barreiro Fernández, 2001 (a): 284- 285, 381- 382. O citado Lucas fora elixido 3º deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra nas eleccións inconclusas de agosto de 1836.

[19] Veciño de Baiona, era avogado e capitán da Garda Nacional nesta vila. Non consta contribución.

[20] Do distrito de Albeos, con veciñanza en Santa Cristina de Valeixe. Pagaba unha contribución alta, de 933 reais, a maior dos distritos de Albeos e A Cañiza. Outro veciño desta parroquia era don Mauricio Troncoso, outro importante fidalgo de A Cañiza, sobriño do famoso abade do Couto, heroe da Independencia. Ademais, Troncoso era curmán por liña materna de don Lorenzo Varela Sarmiento. De feito, os bisavós maternos de don Lorenzo foron don Diego Antonio Sarmiento de Soutomaior Cea Araújo y Gondar, dona María de la Calle Troncoso de Lira y Soutomaior, señores da Casa do Pombeiro, en Mourentán. Os seus terceiros e cuartos avós entroncaran cos Araújo. Unha mostra máis dos enlaces recorrentes entre estas liñaxes obsérvase nos escudos dos pazos de Barreiros (Crecente) e Valeixe, formados polas armas dos Gil de Araújo, os Troncoso de Lira e os Soutomaior. Por outra banda, parece plausible que existise parentesco cos Araújo Troncoso de Lira afincados en Bouzas dende finais do século XVII. Méndez Cruces, 2000: 305- 307. Barreiro Fernández, 2001 (a): 69.

[21] Máximo contribuínte no distrito de Redondela, abonaba 1.346 reais de contribución, sendo o décimo quinto contribuínte na elite dos 27 electores que superaban os 1.000 reais de contribución. Figuraba, ademais, coma primeiro elector na listaxe do distrito. Hai información doutro Rubín no distrito de Redondela, mais é posterior. Trátase do militar e deputado Antero Rubín, nacido en 1853, polo que puido ser fillo, sobriño ou parente dunha liña colateral. Barreiro Fernández, 2001 (a): 600- 601.

[22] O 3º maior contribuínte da provincia, só superado polo conde de Borraxeiros e por Espinosa. Veciño de Catasós (Deza), faleceu nos primeiros meses de 1836. Non rematou os traballos de división municipal do partido, sendo Espinosa e Orrea os encargados de ultimar os detalles no marco da Comisión de Armamento e Defensa. *Vid*. "3.2.4. Os facedores de institucións".

[23] Con veciñanza en Tourón, pagaba unha contribución bastante modesta: 286 reais, aínda que era a segunda maior contribución do distrito. Con certeza, é un dos poucos propietarios que recibe a distinción de "don", tan só 13 no censo electoral do distrito en 1836. Outras fontes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Apréciase nesta nómina de deputados a presenza de nobreza titulada, varios fidalgos senlleiros nas súas comarcas, letrados profesionais e militares. Apenas se distinguen elementos burgueses, sendo os García Maceira os máis próximos a este perfil, aínda que o apelido Maceira procedería da fidalguía tudense. As súas respectivas carreiras políticas puideron arrancar con esta primeira Deputación porque, salvo no caso de Saravia, non hai información de actuacións precedentes. De calquera xeito, o seu liderado nos distritos e a súa adscrición liberal non semella un feito conxuntural, senón unha posición gañada nas décadas anteriores.

A proclama desta primeira Deputación anuncia *«una era regeneradora»*[25]: *«La inocente Isabel, la escelsa Cristina, la libertad Nacional, la prosperidad de la Provincia, ahi teneis el programa de nuestra Diputación Provincial»*. Un discurso fundado na lexitimidade política da raíña, nas *«libertades nacientes»* e na prosperidade xeral, que conseguirá mediante un goberno ilustrado e o esforzo da Nación, *«haber abierto el campo a las mejoras»*. Malia ser un comunicado de gran idealismo, recolle algúns das areas a desenvolver: *«Estados exsactos de todas las producciones, noticias circunstanciadas de los estorbos que la cercenan y de los medios de removerlos, un censo de población (...), y una Guardia nacional numerosa que garantice el órden público»*. Principios e ferramentas perfectamente encadrados na filosofía liberal, e que todos os deputados asinan de mutuo acordo.

Na segunda corporación provincial, elixida o 4 de outubro de 1836, só se aprecia a continuidade do secretario Besada. En canto ao cargo de Gobernador, tivo varios titulares durante ese convulso ano de 1836. O marqués viúvo de Valadares, don Javier Martínez[26], ocupou a presidencia da provincia entre o 27 de xuño e o 11 de outubro, sendo

indican que se trataba do cabezaleiro da Casa de Bouzarrica (Pontecaldelas), entroncados reiteradamente coas liñaxes dos Pazos de Probén e os Parga.
http://xenealoxia.org/linaxes/Pontevedra/1235-bouzarrica-casa-de-pontecaldelas/

[24] Rey Vasadre era promotor fiscal, polo que tivo que ceder o escano provincial a Varela mentres non se resolvese a consulta da compatibilidade dos cargos. Tiña escaso patrimonio, xa que abonaba tan só 206 reais de contribución, roldando o límite dos 191 reais, mais estaba moi implicado nas cuestións político- administrativas do distrito. Foi comisionado en numerosas ocasións para informar de cuestións locais.

[25] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 129.

[26] Nos documentos consta coma Francisco Javier, mais a súa sinatura persoal era "Xavier".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

testemuño dos levantamentos de agosto. A segunda Deputación, así como tamén a Comisión de Armamento e Defensa, tiveron a don José Valladares coma presidente interino. Naquel mes de outubro de 1836 o cargo de gobernador pasa a chamarse "xefe político", denominación en vigor até decembro de 1849.

A interinidade de don José Valladares remata o 4 de novembro de 1836, cando retorna á xefatura da provincia don Miguel del Pino. Era habitual que estes xefes políticos demorasen apenas uns meses no cargo. En marzo de 1837 asume o cargo con Manuel Gutiérrez de Caviedes, que cede o testemuño a don Rafael Pérez de Guzmán el Bueno en xaneiro de 1838. Un ano despois, en xaneiro de 1839, a xefatura de Pontevedra volve recaer en Valladares[27]. Un baile de cargos e destinos que van alternando coa representación política, favorecendo a profesionalización do político decimonónico. Outro aspecto a destacar é a comunicación cruzada entre as xefaturas provinciais, tal e como acontece entre Ourense e Pontevedra, poñendo en coñecemento dos seus homólogos a constitución das corporacións provinciais e as decisións en materia de orde pública e «salbacion del Trono Constitucional»[28]. Con certeza, o goberno destas provincias tiña coma referente a integridade territorial galega, tanto pola vixencia da Real Audiencia de A Coruña e o Capitán Xeneral, como pola experiencia do *xuntismo*. Cabe lembrar que o Capitán Xeneral naquel outono de 1836 era Pablo Morillo, amigo persoal de don Luis López-Ballesteros dos tempos da Independencia[29].

En canto á renovación dos deputados, as disposicións de 1812 reducían o seu número a 7, o que deixaba algúns distritos sen representación. Atendendo ás demandas de numerosas deputacións

[27] "Resulta moi difícil facer un seguimento dos cargos que exerceu. (…) intendente das provincias de Lugo e de Zamora, gobernador de Ourense no ano 1849". Foi deputado en Cortes pola provincia de Ourense (1837- 38), e deputado provincial en Pontevedra (1841) Barreiro Fernández, 2001 (a): 702- 703.

[28] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións de deputados provinciais con arranxo a Constitución de 1812 (1836- 1837),* caixa 186/5. Asina o comunicado o xefe político don José Becerra, Ourense, 6 de outubro de 1836.

[29] No cargo entre outubro de 1832 e decembro de 1836. Encabezou a transición liberal, así como a persecución do carlismo no territorio galego. Parece factíbel que tamén tivese trato persoal con Valladares, que serviu durante a guerra coma abandeirado do batallón literario e, posteriormente, de tenente de zapadores en numerosas batallas, Ponte Sampaio entre elas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provinciais, aprobaríase unha ampliación posterior das mesmas[30]. Os deputados electos na segunda corporación provincial foron: o citado don José Dionisio Valladares Gómez (Vilancosta, Tabeirós)[31], don Juan Orrea y Sánchez (Lalín)[32], don José Andrés Gayoso (Cambados)[33], don Juan Buet (Vigo)[34], Roque Amado (Pontevedra)[35], Dámaso Rivera y Gil (A Cañiza)[36], e don Juan José Cadabal (Tui)[37].

[30] Taboada Moure, 1987: 20. Mediante Real Decreto de 14 de xaneiro de 1937.

[31] Con anterioridade, xa se comentou as orixes de Valladares na parroquia de Graba (Trasdeza), estando emparentado con don Benito Espinosa polo apelido del Ríos y Rozas, que provén dunhas sobriñas melloradas polos tíos curas naquela xurisdición a comezos do século XVIII.

[32] Fidalgo da Casa de Anzuxao (Madriñán, Deza), pagaba 1.146 reais de contribución, figurando na relación dos 27 electores que pagaban máis de 1.000 reais. Proviña de liñaxes de fidalguía letrada. A súa filla Encarnación contrae matrimonio co primoxénito dos Espinosa, José.

[33] Aparece no censo por duplicado, por unha banda na vila de Fefiñáns, e tamén en Leiro. En ambas entradas coma "Doctor". Era cura párroco de San Adrián de Vilariño e Fefiñáns.

[34] Cónsul de comercio en Vigo, pagaba 469 reais de contribución. No censo aparece con veciñanza en Teis, aínda que tiña unha fábrica de salgadura na ría de Aldán (Punta Couso, Bueu). Era un fomentador catalán, procedente de Tossa. A súa descendencia entroncará cos Buch.

[35] Pagaba 200 reais de contribución, contía moi baixa, case no límite do sufraxio activo, mais figura entre os primeiros electores de Pontevedra na relación nominal. Un ano antes, en agosto de 1835, participara na xunta local de Pontevedra que demandaba avances liberais. Por outra banda, nas cartas conservadas no expediente da elección provincial de 1836, transmite as formas dun home culto e ben relacionado. Foi pai de José Benito Amado Boullosa, escritor e deputado no Bienio, sempre vencellado ao progresismo. As biografías deste fillo indican que procedía dunha familia de adiñeirados armadores. Trataríase dunha "acomodada familia burguesa de Marín". Barreiro Fernández, 2001(a): 63- 64. Outra filla de don Roque Amado casou co escritor pontevedrés Xoán Manuel Valentín Pintos. Estímase, xa que logo, o elevado nivel cultural desta familia, un caso semellante aos Valladares de Vilancosta. Malia os negocios en Marín, terían residencia na vila de Pontevedra.

[36] Comandante da Garda Nacional na vila de A Cañiza. As xenealoxías destes apelidos relacionan aos Gil Araújo de Setados (As Neves), os Gil Rivera (Crecente) e os Rivera Gil do pazo de Queimadelos ou San Roque, no lugar de O Freixo (Crecente). É posíbel que fose descendente ou parente de José Rivera Gil, tenente, avogado e escritor. En 1808 comandou un batallón do rexemento de Tui, e en 1810 a alarma de Crecente. Era natural de Vilar, onde era abade don Mauricio Troncoso, mesmo lugar onde está situado o pazo do Barreiro. Foi xuíz na Cañiza e en Tui. Cabe engadir que este don José Rivera Gil foi represaliado con prisión e desterro en 1815 e 1823. En resumidas contas, semella que o deputado Rivera y Gil tiña as súas orixes na notoria fidalguía da comarca, politizándose a través do servizo na milicia.

[37] Atribúeselle veciñanza no distrito de Tui, mais non figura no censo electoral xa que estaba a residir en Compostela. Barreiro Fernández (2001(a): 142) asegura que era maxistrado da Real Audiencia. Proviña dos Correa, ilustres señores da Torre de Goián, liñaxe de cabaleiros dende o século XIII, servindo a varios monarcas de Castela e Portugal. Nobreza de baluarte fronteirizo, Juan José tería nacido en Tui en 1807, sendo neto dun Cadabal de Nigrán e dunha

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Apréciase a entrada de burgueses que van participar na nova política, como é o caso de don Roque Amado, armador de Marín, e don Juan Buet, fomentador catalán e cónsul do comercio de Vigo. Cabe sinalar que estes industriais estaban instalados na incipiente *conurbation* urbana das rías de Pontevedra e Vigo, representando os intereses dunha sociedade en expansión. É a cota de poder das cidades. Ao mesmo tempo, persiste a representación política da fidalguía con deputados coma Orrea, Rivera e Valladares, aos que se lles supoñen inclinacións progresistas, xunto co avoengo e letras de Cadabal, señor de Goián e maxistrado na Real Audiencia. Resta engadir un cura párroco, Gayoso. En síntese, un reparto social de escanos entre fidalgos -de tradición letrada e militar-, burgueses e párrocos, forzas sociais que deben sustentar o novo réxime.

A bibliografía especializada salienta que algúns destes deputados electos quixeron renunciar ao escano provincial[38]. En concreto, serían o burgués Buet, o cura Gayoso e o nobre Cadaval[39]. A distinta extracción social dos deputados disuade de facer unha interpretación de clase. Non sería unha cuestión social, trataríase, logo, dunha cuestión persoal. Para Taboada Moure "estas iniciales resistencias a tomar posesión" están motivadas na desagradábel función de recadar os gastos da guerra[40]. Talvez non querían ser as cabezas visíbeis da presión fiscal sobre os seus veciños. Con certeza, a situación era extraordinaria, "la guerra ha convertido (...) la diputación provincial en una carga pesada pero imprescindible al triunfo liberal"[41]. O Estado necesita a tesourería provincial polo que coñecen do territorio e as

Correa de Goián. Era segundo curmán de don José Manuel Cadabal, cabezaleiro do pazo de Cadabal en Nigrán, hoxe coñecido coma pazo de Urzáiz pola unión do político Ángel Urzáiz y Cuesta e dona Adela Cadabal, filla do citado José Manuel, que foi alcalde de Baiona cara 1847. Estes dous curmáns representan as liñaxes de máis avoengo do Baixo Miño e Val Miñor. Resulta de interese considerar que participaron nas institucións liberais. Pousa Carrera, 2007: 23- 32. Respectase a ortografía da sinatura de Cadabal, tal e como aparece na súa correspondencia coa Deputación.

[38] De Castro, 1979: 143. Ser elixido converteuse para moitos nunha "carga pesada", "los diputados provinciales amenazan a veces con su dimisión; otras, no se encuentran suficientes personas para desempeñar los cargos; como previene un diputado a Cortes, «a poco tiempo no se hallará quién quiera servir tales destinos si no se les sostiene como es justo».

[39] Taboada Moure, 1987: 19- 20.

[40] *Ibíd*.

[41] De Castro, 1979: 143.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xentes. Estes "oligarcas en las provincias" son os encargados de aumentar os ingresos do Estado, exercendo, en moitos casos, de avalistas destes recursos.

En distintos bandos e proclamas os políticos provinciais enxalzaban o sacrificio dos «ciudadanos» e a «cooperacion de las autoridades municipales (...), que sois los padres y protectores de vuestros pueblos». Este aumento impositivo, sobre todo no consumo, contou cunha propaganda que evocaba o deber superior da Nación contra a tiranía, pola liberdade e o futuro: *«las bendiciones que os dará la posteridad española, y serán el glorioso premio de las incomodidades que sufrimos»*[42].

Non obstante, non foi a Deputación quen desempeñou estas funcións executivas no outono de 1836. Estes asuntos foron tratados pola Comisión de Armamento e Defensa. Nas súas reunións participan algúns deputados provinciais, o xefe político e membros ad hoc da Comisión[43]. Na acta de constitución da mesma están presentes: Valladares, coma presidente (interino); os deputados Gayoso, Amado, Rivera e Buet[44]; e os comisionados Roda (Pontevedra)[45], Carbón (Caldas)[46], Fontenla[47] e Espinosa (Lalín). Noutras sesións participan o deputado Orrea[48], e os comisionados Salgado (A Guarda) e un tal

[42] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 132. Comunicado do 10 de novembro de 1836, publicado no BOPP. Neste caso estaba asinado polos integrantes da Xunta de Armamento e Defensa: Valladares, Orrea, Gayoso, Amado, Rivera, Buet, Roda, Carbón, Reina, Salgado, Espinosa, Fontela, Rotea, Cairo, coa presidencia de Miguel del Pino.

[43] ADPO, Goberno, *Libro de Actas de la Comisión de Armamento y Defensa* (1836- 1837), 13.375.

[44] *Ibíd*. Se Buet e Gayoso pretenderon renunciar ao escano de deputado, non tiveron efecto. Ambos estiveron presentes en numerosas sesións da Comisión coma deputados provinciais.

[45] Don Ruperto Mateo de Roda, figura tamén coma don Ruperto Roda, veciño de Pontevedra, con mérito de "Doctor". Nun impreso de 1840 aluden a Roda coma fiscal do xulgado de primeira instancia de Pontevedra. En agosto 1835 é un dos notábeis que integra a xunta da vila de Pontevedra.

[46] Trátase do párroco de Portela, don Ramón Eugenio Carbón. Participou nas sesións desta Comisión, sen que figure o deputado do distrito, Rey Vasadre, malia estar comisionado para informar da corporación caldense. Carbón sería deputado provincial en 1840.

[47] Podía ser o párroco de San Lourenzo de Ouzande, don Juan Manuel Fontenla, que en 1841 substituiría ao deputado provincial de Tabeirós. Existía outro Juan Fontenla en Beluso, distrito de Cangas, que era o comandante da Garda nacional.

[48] Cabe salientar o esforzo do deputado de Lalín por acudir a Pontevedra. Non puido asistir á sesión de instalación da Deputación por causa dun temporal que o obriga a agardar varios días en Cerdedo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reyno[49]. O posíbel "confusionismo" entre a Deputación e a Comisión talvez non foi máis que unha substitución en aras da eficiencia do goberno provincial. É posíbel que a fórmula da Comisión, con maior número de membros e amplas potestades nun contexto de excepcionalidade, fose un órgano máis resolutivo[50]. Mais este poder das Comisións de Armamento e Defensa provocaba suspicacias no poder central, que advertía os perigos que agochaba a autonomía –revolucionaria- das xuntas. Por isto mesmo, para aplacar o *xuntismo*, foron suprimidas en xaneiro de 1837, no mesmo decreto que aumentaba o número de deputados provinciais[51].

Se a función de recadación era a cuestión máis complexa e molesta, non cabe dúbida que a Comisión obrou con determinación. Redactaron informes para a venda de bens propios, de reguengo e eclesiásticos[52]; negociaron débeda; repartiron a carga impositiva; buscaron solucións crediticias; contabilizaron ingresos por arbitrios e gastos das tropas. En todos estes traballos destaca o fidalgo de Cascaxide, don Benito Espinosa Varela, que exerceu de tesoureiro nesta Comisión[53]. Ao respecto, pode ser significativa a presenza do exministro López- Ballesteros na provincia, que puido asesorar ao seu curmán nestes traballos.

Aínda que a función recadadora puidese restar interese á representación política, as investigacións realizadas non a sinalan coma motivo principal de renuncia. Unha lectura das cartas dos deputados electos amosa outros aspectos a considerar. Para comezar, e

[49] Non se localizou a veciñanza de Reyno. Talvez nos distritos de Ponteareas ou A Lama, xa que non contaban con deputados nin comisionados en Pontevedra neste outono de 1836. Hai outros dous membros da Comisión dos que se descoñece orixe: Rotea e Cairo.

[50] Castro, 1979: 142. Polo número reducido de deputados, e o estreito período de sesións, as deputacións tiñan "escaso" marxe de actuación. As Comisións representan a regularización das xuntas revolucionarias de agosto de 1836, por iso son suprimidas en xaneiro, para coutar os seus poderes excepcionais. A solución foi rearmar as deputacións con maiores competencias e membros, mais dependentes de Gobernación.

[51] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 130. Este "confusionismo" levou a práctica anulación da deputación, mais a partir de febreiro de 1837 "normalízase a situación".

[52] Numerosas alusións a montes comúns, devesas e viveiros reais, e patrimonio dos mosteiros.

[53] Espinosa leva da súa man as cuestións económicas até o 20 de decembro de 1836, con especial atención aos repartimentos, demandas de pago, crédito. A Comisión aproba aumentar os arbitrios da carne, viño e augardente. No asunto das devesas e viveiros reais colaboran Espinosa e Valladares.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

concordando coa interpretación de Taboada Moure, non había temor ao liberalismo. Non se trataría dun titubeo pola situación de guerra. Os elixidos tiñan un "talante nítidamente liberal", capaces de anular unha corporación municipal por escasa adhesión[54]. Así, o deputado Amado escribe: *«cooperaré incesantemente al soten de los imprescritibles derechos de la Nacion y del Trono Constitucional»*[55]. Un exemplo máis dese binomio ideal Nación- Coroa, revestido de lexitimidade legal- racional: dereitos e constitución.

Outros deputados apelan aos intereses e benestar dos seus veciños, sendo o sistema representativo liberal a fórmula máis axeitada. Escribía Orrea: *«que llenase el hueco de los deseos de los avitantes del districto»*. Valladares apuntaba tamén en chave territorial: *«mis deseos eficaces pr el bien de mi patria y en particular de mi provincia», mentres que Gayoso aludía ao cargo para «deliverar sobre asumptos de mayor gravedad»*[56].

A causa fundamental das reticencias iniciais dalgún deputado electo parece estar na dedicación do cargo. Ademais da habitual modestia coa que os elixidos agradecen a elección, xa que todos eles recoñecen non ser dignos de tan alto honor[57], no caso do señor Buet fala da súa «insuficiencia para un cargo tan arduo»[58]. Non obstante,

[54] Taboada Moure, 1987: 20. Cita o caso de Tui, concello disolto pola acusación de proceso electoral "amañado" y "anticonstitucional". No seo da Comisión de Armamento e Defensa tamén se discuten os casos de Caldas e A Guarda. Informan de «sugetos procesados por desafectos» ou de «sugetos no identificados con la causa».

[55] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións de deputados provinciais con arranxo a Constitución de 1812 (1836- 1837)*, caixa 186/5. Carta de don Roque Amado, Pontevedra, 5 de outubro de 1836.

[56] *Ibíd.*

[57] *Ibíd.* Cartas de aceptación de Amado, Gayoso, Buet. Todos os elixidos confesan non estar preparados para o cargo, mais confían en atopar auxilio nos outros deputados. Gayoso escribe das «luces de mis compañeros», porque el recoñece «no tener versacion alguna en negocios de publica admnistracion». Amado fala de «coñecementos» e «sabiduría». Buet non se considera coas «luces y conocimientos necesarios», mentres que o maxistrado Cadaval manifesta contar con «escasas luces». Por outra banda, un dos deputados saíntes, don Juan Antonio de la Vega (Tabeirós), recoñece o «patriotismo é ilustración» da nova corporación. En xeral, os postulados da ilustración están plenamente instalados no imaxinario cultural, advertindo a existencia dun campo do saber especializado na política e administración. Unha tendencia que fomenta a profesionalización do representante público.

[58] *Ibíd.* Carta de don Juan Buet, Aldán, 5 de outubro de 1836. Taboada Moure sinala a súa renuncia talvez por estas verbas: «no puedo menos que sentirlo, pues no basta tener buena voluntad y la mejor intencion para el desempeño de tan alto destino». Sen embargo, a pesar de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Buet confirma a súa asistencia á primeira reunión da Deputación. Ademais, integrouse na xunta que estableceu a Comisión de Armamento e Defensa. De feito, é un dos primeiros en chegar a Pontevedra, convocado xunto con Rivera, Gayoso e Amado para constituír a segunda Deputación nunha sesión ás 20:00 horas[59].

Meses atrás, en agosto de 1836, alegara Buet a incompatibilidade do seu cargo de cónsul do tribunal de comercio de Vigo para ser vocal da xunta do partido xudicial de Vigo. O gobernador de Pontevedra tivo que consultar este asunto, resolvendo que non existía ningún impedimento legal para desempeñar ambas funcións[60]. De certo, este burgués non encontraba tempo para ocuparse das súas múltiples actividades, sendo a política un traballo non remunerado que restaba a debida atención aos seus negocios. Unha pregunta xorde irremediabelmente: estaban os burgueses realmente interesados na representación política?

Semella que desexaban un marco institucional liberal, querían votar e favorecer os seus investimentos, mais o exercicio da política non era unha actividade desexábel para un home de negocios. Podía ansiar o honor, a influencia, mais non a tarefa en si de goberno. Esta realidade de industriais e comerciantes potencia a formación de tramas clientelares e homes de palla nas institucións. Con todo, o sentido do deber, ese idealismo da Nación, propicia a súa participación política nestes primeiros compases do Estado liberal. É dicir, a falta doutras figuras políticas, algúns notábeis vense na obriga de aceptar estes cargos.

Así parece que aconteceu co fomentador Buet, que puido ser escrupuloso no caso da xunta do partido de Vigo, mais que asumiu

---

manifestar as súas reservas, non chega a renunciar, tan só realiza un exercicio retórico de modestia. Por iso confirma a súa viaxe a Pontevedra. Noutras palabras, Buet vai facerse de rogar, mais vai cumprir co mandato dos electores.

[59] *Ibíd*. Convocan aos deputados xa presentes en Pontevedra para constituír a Deputación, tamén aos membros da Comisión. O motivo é a visita do Comandante Xeral da provincia para organizar a defensa da mesma. Non consta data da reunión, xa que só se conserva un borrador destas cartas, mais si aparece a hora, ás 20:00 horas. Outras sesións da Deputación tamén tiveron este horario nocturno. Talvez un xeito de compatibilizar os negocios de cada quen coas tarefas de goberno provincial, beneficiando a aqueles que residisen próximos a Pontevedra. Por outra banda, estas veladas da deputación suxiren escenas de nocturnidade e relaxamento, onde estreitarían o trato persoal.

[60] *Ibíd*. Carta de don Xavier Martínez, gobernador civil de Pontevedra, 25 de agosto de 1836.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

despois o escano de deputado provincial sen formalizar unha renuncia[61]. Tamén Valladares era consciente da carga de traballo dun deputado: «No sé hasta que punto podre hacer compatibles las obligaciones á que estoy sujeto como empleado cesante y padre de una familia numerosa con las que me impone la Provincia».

No caso do párroco de Fefiñáns, don José Andrés Gayoso, recoñécese «sorprendido» pola elección. Asegura estar «cargado de años, y de achaques», mais *«el sincero interes qe siento pr el bien de mi Patria, me muebe a aceptar el encargo»*[62]. Solicita, iso si, uns días para incorporarse, para deixar resolta a administración das parroquias na súa ausencia, polo que aconsella que se presente o suplente por esta demora. É unha interpretación errónea atribuír a Gayoso unha renuncia que non solicita nin aplica. O cura de Fefiñáns, como o fomentador Buet, foi dos primeiros deputados en chegar a Pontevedra, ademais participou asiduamente nas sesións da Comisión de Armamento e Defensa[63].

O único deputado provincial que solicitou a súa revogación foi o maxistrado Cadabal. Argumentaba o señor de Goián que, a pesar de nacer na provincia, levaba máis de 7 anos residindo fóra, o que constituía unha «incapacidad legal». En concreto, tiña fixada a súa veciñanza en Santiago de Compostela, aínda que asegura escribir dende Nigrán por estar na «recoleccion de Frutos». Con todo, manifesta que «haria gustoso el sacrificio de mi tranquilidad y mi

[61] *Cfr*. Taboada Moure, 1987: 19. A documentación deste expediente non permite asegurar que Buet "pretende renunciar" á deputación. A exoneración por ser cónsul solicítaa meses antes, para non ser vocal da xunta de Vigo. Cando é elixido deputado provincial non renuncia, malia ser «un cargo tan arduo». Confesa «sentirlo, pues no basta tener buena voluntad y la mejor intencion para el desempeño de tan alto destino». Seguidamente, confirma a súa viaxe a Pontevedra. Outro tanto acontece con Gayoso, o cura de Fefiñáns, que non renuncia, tan só pide uns días para arranxar os seus asuntos antes de asistir á Deputación. Estas cartas dos deputados electos poñen en cuestión a seguinte afirmación de Taboada: "destaca sobremanera el gran número de Diputados que intentan eludir el ejercicio del cargo". Todos os elixidos declaran carecer de virtudes ou méritos para tal honor, pero tan só Cadaval vai solicitar a súa substitución, porque ter fixada a súa residencia en Santiago de Compostela.

[62] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais con arranxo a Constitución de 1812 (1836- 1837)*, caixa 186/5. Carta de don José Andrés Gayoso, Fefiñáns, 1 de outubro de 1836. *«El sincero interes qe siento pr el bien de mi Patria me muebe a aceptar el encargo, a pesar de qe conozco mi inetitud»*.

[63] *Ibíd*. ADPO, Goberno, *Libro de Actas da Comisión de Armamento e Defensa (1836- 1837)*, 13.375.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

sosiego». Valladares, xefe político interino, responde: *«Muy sensible me es, conociendo su aptitud y virtudes qe no se preste V. a desempeñar tan honorifico aunque pesado cargo»*. Enténdese que a auténtica obxección de Cadabal está na dedicación que conleva ser deputado.

O suplente por Tui tampouco compareceu a tomar posesión do escano, ficando vacante. Na elección parcial dun deputado provincial suplementario[64], volve saír elixido Cadabal que, finalmente, acepta o cargo, mais atribuíndose o escano vacante de Tui da primeira elección. Na acta electoral recóllese que non lle fora «admitida la dimisión». Procédese a outra elección do deputado que amplía a corporación provincial[65], recaendo en Espinosa con ampla maioría de 9 votos, sobre os 2 de don Norberto Velázquez Moreno (Vigo) e 1 voto de don José Manuel Cadabal (Baiona)[66]. Escríbenlle a Espinosa notificando a súa elección: *«pª cooperar con su conocida ilustracion a las mejoras qe este pais reclama»*. Deste xeito, eran recoñecidos os traballos de Espinosa na Comisión de Armamento e Defensa. Ao longo dese ano de 1837, Espinosa sería proposto e designado senador, polas eleccións de setembro, escano que rexeitou, para manterse na Deputación, onde foi reelixido no mes de decembro[67]. A actuación de Espinosa entraba así no primeiro plano da escena política provincial, onde vai permanecer até 1850.

---

[64] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións de deputados provinciais con arranxo a Constitución de 1812 (1836- 1837)*, caixa 186/5. Trátase do aumento de deputados provinciais disposto no R. D. de 14 de xaneiro de 1837. A elección celebrouse o 1º de marzo de 1837.

[65] Convócase o 30 de abril de 1837, celebrándose o 14 de maio. É unha elección indirecta, cun representante por partido xudicial, figurando Pontevedra, Tui, Ponteareas e Tabeirós con 2 electores. Unha reunión de notábeis á que só asisten o xefe político, os electores de Pontevedra (Saravia, Claudio González), Lalín (Díez Prado), e A Lama (Senra). O resto de electores remite o seu voto por correo.

[66] Curmán do deputado Cadabal de Tui.

[67] A designación de Espinosa coma senador consta no Diario de Sesións das Cortes, do 13 de novembro de 1837, á beira doutros dous senadores electos: o marqués de Santa Cruz de Rivadulla e don Pío Pita Pizarro. Esta Cámara tiña coma presidente ao galego don José María Moscoso de Altamira. A renuncia remitida á Deputación para que fose enviada a Gobernación está datada en Cascaxide, o 22 de novembro de 1837. Dúas semanas despois terían lugar as eleccións provinciais. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores a Cortes (1837)*, 221/3/4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.2. Na procura de candidaturas de consenso

Apenas un mes máis tarde da elección de Espinosa coma deputado provincial, a raíña gobernadora sancionaba a nova Constitución[68]. Malia instituír unha soberanía compartida entre as Cortes e a Coroa, a representación política gañaba presenza no réxime polo aumento do censo e o sistema de votación directo. Precisamente, serán as eleccións o espazo de "disputa por el poder" entre moderados y progresistas, dado que parten dun "puntos de acuerdo fundamentales" sobre a "ordenación de la sociedad", que impiden a caída da monarquía constitucional[69].

A convocatoria de eleccións a Cortes agardou o paso do verán de 1837. En setembro circulaba un impreso de "Prevención á los electores" que debeu chegar ás mans de Varela[70]. Neste folleto quedan recollidos os termos do debate político do momento. A continuación enuméranse algunhas das cuestións chave que aborda o texto:

> 1) Representación. Os beneficios da elección directa, «renococido por el mas perfecto en los gobiernos representativos», en comparación coa «falsía del método indirecto felizmente desterrado de España». Este comentario amosa a experiencia adquirida coa lexislación gaditana, modificando e perfeccionando aqueles aspectos que non resultaron idóneos. No plano teórico, autores coma Burke tiñan criticado a elección indirecta xa que "rompe el vínculo entre el diputado y sus electores", eludindo a responsabilidade do cargo[71]. Por outra banda, semella estar asimilada a abstracción -francesa- da representación política coma expresión da "soberanía nacional", malia estar compartida coa Coroa. Así o expresan: «órden general de la Nacion que ha de ser fielmente representada». En termos de Sartori, exhiben unha noción de representación que é política, moderna, xa que o elixido é

[68] No Palacio Real, 17 de xuño de 1837.
[69] Fontana, 1977: 262.
[70] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Prevención á los electores de esta provincia de Pontevedra*, 34.355/17.
[71] Hampsher- Monk, 1996: 337. Citando as Reflexións sobre a revolución francesa de Burke: «primero tienes que poseer los medios de conocer la conveniencia de tu hombre y, entonces, tienes que conservar cierta influencia sobre él a través de la obligación personal de la dependencia».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«representante de la Nación», despoxada do antigo mandato de representación medieval[72]. Non obstante, aínda non teñen aceptado os partidos políticos coma organizacións lexítimas do sistema representativo. Así o indicaba unha das instrucións de Gobernación aos xefes políticos: «no conocerá partidos», no senso de que non favoreza a formación de grupos de poder que causen «división», con «medios secretos y reservados», para protexer intereses particulares. Apelan a unha «política sin el ceño sañudo de los partidos»[73]. Tampouco o goberno pode «mandar que sean estos ó los otros los elegidos», dado que «los Senadores y Diputados han de ser representantes del pueblo, no del Gobierno». A recomendación «por el vecino, por el amigo» é máis estimábel ca dos «Gefes». En suma, forte idealismo dos conceptos políticos: nación, soberanía, representación.

2) Consenso. A necesidade de «convinacion y comunicaciones entre los distritos electorales son indispensables para facilitar mayorías concertadas y unidas», na procura dun «resultado homogeneo». Nun ambiente de guerra e disensións internas dentro do liberalismo, a Constitución de 1837 é a consagración dun consenso liberal para erixir o novo Estado. Sen dúbida, é o novo contrato da sociedade liberal española. Co propósito de pechar filas fronte o carlismo e os exaltados, van procurar aglutinar a maioría dos sufraxios arredor dunhas poucas candidaturas. Non queren dispersión do voto, o que podería cuestionar a lexitimidade do elixido por escasa marxe. Queren deputados sólidos, homes que conten co apoio xeral do distrito. Isto fornece tamén o

[72] Sartori, 1992: 228- 230. Tanto franceses coma británicos repudiaron a tradición xurídica do mandato imperativo á hora de definir a representación política. Sartori cita a famosa carta de Burke aos electores de Bristol (1774) na que explicaba: «el Parlamento no es un congreso de embajadores con intereses opuestos y hostiles (...) es, por el contrario una asamblea deliberante de una nación, de un único interés, el del conjunto».

[73] Rosanvallon, 2007: 118. O século XIX deixou en política unha morea de neoloxismos: gobernabilidade, masa, individualismo,... A noción de "corporación" pasa de ser unha "institución" no Antigo Réxime a unha "forma social", de significado sociolóxico e cultural, e xa non xurídico.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

papel de “facedores de institucións” destes cargos, xa que son unha pequena elite provincial.

3) Legalidade. «Observancia» e «respeto» da lei electoral. Que acudan todos os electores á votación, e que a mesa está formada por suxeitos de credibilidade. Pídese non corromper o proceso dende os distritos. Sen embargo, foron as candidaturas gubernamentais as que adoitaron presentar máis irregularidades para impoñer un deputado sobre as preferencias dos electores dun distrito.

4) Capacidade do elector. Sinala que na «Capital y en las cabezas de distrito» existe coñecemento de persoas adornadas das debidas «virtudes», nomeadas «bien por impulso espontáneo de los electores, bien por inspiracion de patronos de opinion acreditada, ó ya por recomendacion de personas consagradas á labrar la prosperidad del pais, ó ya por indicaciones de otras de prestigio saludable para la causa Nacional». Con estas verbas está albergando as dúas interpretacións do electorado: a) depositarios dun dereito que reunidos na convocatoria electoral materializan espontaneamente a vontade da Nación[74]; b) o escaso criterio do elector debe ser conducido polos pedagogos da política: patróns, políticos, intelectuais. A primeira lectura é netamente idealista, característica dunha primeira formulación liberal. A segunda vaise instalando no discurso moderado coma unha asunción pragmática que redunda nun liberalismo elitista. Co andar dos lustros, vaise impoñer o pragmatismo doutrinario.

5) Os candidatos. Garanten as «calidades» dos seguintes perfís: deputados, empregados públicos, xornalistas e impresores, aqueles «que hayan desplegado energía de carácter y ostentado independencia con civismo puro», «los que tengan aversión á las violencias y sangrientos desafueros que acompañan al desorden y á la anarquía», «los qué por su arraigo en la Provincia ó en otra, por su nombre militar ganado dando dias de gloria á la patria; los qué por su ilustracion y

[74] Guionnet, 1997: 186- 189. As eleccións coma unha emanación natural da sociedade. Baixo esta concepción a ambición persoal do político sería moralmente reprobábel.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> conocimientos merezcan general concepto», «los que estando en los empleos no sean siervos del destino (...) y puedan vivir sin el empleo»; incluso aqueles que «sostengan la religion católica que la ley fundamental reconoce», apartándose tanto dos impíos coma dos intolerantes. En definitiva, homes principais da provincia, con independencia económica, defensores das liberdades civís e non sometidos a «la astucia de los partidos». Homes coa «independencia y denuedo del Sr. D. Domingo Fontan, honor de esta provincia, y con la firmeza de carácter del Sr. Brigadier D. Ramon Pardiñas».

En síntese, o documento indica aos electores que só candidaturas de consenso poden sustentar o cambio político. Fronte a guerra e «os estravios de las oscilaciones intestinas y desmanes de los partidos políticos», pídese que o «*producto*» das eleccións sexa «*Nacional*». Neste senso, enxalza:

> «Los hombres del 37 son los que de las épocas precedentes depusieron en las aras de la patria sus resentimientos, renunciando á los matices diversos que los designáran, y abrazando con sinceridad y sin perfidia la CONSTITUCION vigente».

Nin reaccionarios, nin doceañistas, nin estatutarios, o texto é explícito ao respecto, mais tamén prevén de *«calumniar otras notabilidades con siniestro fin»*. Desacreditan, incluso, «los círculos electorales» que traballan na procura de determinados intereses persoais. Sentenza o panfleto: *«Antes que las personas, es la causa»*.

Parece probábel que o autor ou difusor deste panfleto fose o xefe político de Pontevedra, xa que semella ser un boletín electoral dirixido aos distritos de cara a realización das eleccións. O texto engade uns modelos de "papeleta" para escribir os nomes dos deputados e senadores. Naquela altura, presidía a Deputación don Manuel Gutiérrez de Caviedes, dende o 25 de marzo de 1837. Natural de Cabezón de la Sal (Santander), Gutiérrez tivera un avó en Betanzos que fora avogado e alcalde de Ferrol e A Graña[75]. Casado cunha

[75] Barreiro Fernández, 2001 (a): 322- 323.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fidalga de avoengo e "inmenso patrimonio", foi procurador nas Cortes do Estatuto pola provincia de A Coruña. O autor/asinante do impreso recoñecíase veciño de «adopción» en Pontevedra[76]. O liberalismo que esgrime no texto, fose quen fose o autor, destaca pola claridade conceptual e argumental. Unha mostra dunha elaborada cultura política arredor dos principios enumerados. Trátase, pois, do discurso do consenso de 1837, con certas concesións idealistas e progresistas, mais firmemente defensor da estabilidade do novo Estado.

O *desiderátum* electoral deste panfleto de setembro de 1837 ten o seu correlato na correspondencia dos notábeis pontevedreses. As mesmas cuestións da representación, legalidade, consenso, candidatos, están presentes na comunicación epistolar, mais afondando na súa dimensión práctica. Resultan de inestimábel valor as cartas entre os curmáns don Luis López- Ballesteros Varela e don Benito Espinosa Varela. Está don Luis entre A Golpelleira (Vilagarcía) e os Baños de Cuntis, mentres que don Benito anda a cabalo entre Cascaxide (Trasdeza), Santiago e Pontevedra. Os biógrafos de López- Ballesteros recollen dous borradores dunha carta que dirixe o exministro ao seu curmán Espinosa[77]. Escrita na Golpelleira o 17 de agosto de 1837, trátase dunha resposta a unha comunicación previa de Espinosa. Reprodúcense, a continuación, algúns extractos coa súa correspondente análise:

a) <u>O papel de Espinosa na provincia</u>:

> «Mi querido Primo: Veo por tu apreciable carta de 14, que el día 12 llegaste á esa capital, en donde no dudo que con tu firmeza de carácter, causes alguna incomodidad; y correspondo á la confianza que me haces, asegurándote que no serán conocidas de nadie. El secreto no me pesa y estoy muy acostumbrado á guardarle sin trabajo»

[76] O documento conservado na Buzaca non contén sinatura nin mención do autor, mais o texto suxire que é a autoridade da provincia, e hai comentarios persoais neste senso. Outra cuestión é se foi o autor do mesmo, ou se foi encargada a redacción a outra persoa ou persoas.

[77] Rivas, 1945: 185- 188; González López, 1987: 211- 212. Borradores gardados no arquivo persoal de don Luis López- Ballesteros. A Golpelleira, 17 de agosto de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O parentesco e a estreita relación entre ambos brindan comentarios persoais e afectivos. Espinosa revélase coma un deputado de «carácter» en Pontevedra, onde non vai exercer de comparsa doutro patrón ou xefe. El mesmo é un patrón de clientela. Ademais, neste inicio da carta abordan unha confidencia que suxire unhas negociacións políticas informais no seo das elites, onde ambos curmáns, xunto con Varela, terían un papel destacado. Na despedida da carta diríxese don Luis ao seu «apasionado primo y amigo». Existe afecto entre eles, ademais de afinidade sociopolítica tal e como alude esa caracterización de "amigo", coma membro dun grupo ou facción de correlixionarios.

López- Ballesteros aborda a cuestión electoral con Espinosa xa que o seu curmán é *«miembro de la Diputación Provincial y estimado de todos los que te conocen, por tu notoria probidad y amor al país»*. Espinosa pode axudalo a evitar a súa designación de senador: *«En mi concepto, tú sólo bastas, con el auxilio de algunos de los Señores tus compañeros, (...) á descartarme de la votación»*, mais confesa que non sabe se ten que amosar a súa negativa a algún outro notábel, cousa que non desexa porque lle causa *«embarazo manifestar la presunción de que creo pueda haber algunos electores que de mí se acuerden»*. Este comentario suxire que o exministro vive afastado da refrega política, nun segundo plano, ademais de amosar unha sentida modestia. Despois de vivir dúas décadas en Madrid, non se considera coa influencia que si atesouran os seus curmáns, Espinosa e Varela, nas redes de notabilidades provinciais.

Non obstante, López- Ballesteros vai recibir numerosas cartas que o animan a aceptar a designación rexia*: «contesté á algunos diciendo terminantemente, que tan pronto como se me comunicase el nombramiento, renunciaría»*[78]. Entre estes remitentes estarían os seus fillos Nicolás e Diego, Fontán, Ferreiros[79], e mais don Francisco de

[78] González López, 1987: 213- 214. Carta ao seu fillo Nicolás, A Golpelleira, 23 de xaneiro de 1838.

[79] *Ibíd*. Ferreiros ou Ferreirós é o comisionado electoral polo distrito de Tui. Escribiulle «que allí se daba grande importancia á este nombramiento después de tanta tardanza, y que se suponían intenciones».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Paula Córdoba, oficial de Facenda que foi trasladado a Fomento[80]. O xefe político de Pontevedra, Caviedes, foi visitalo á Golpelleira:

> «á felicitarme al dia siguiente que se supo el nombramiento por los papeles públicos y dio á entender que lo sentía mucho por la pérdida que hacía la provincia, aunque no dejaba de conocer, que cuando había partidos, no había tan grande obligación como en otras circunstancias de hacer sacrificios».

b) Proposición de senador:

> «Yo estimo muchísimo y nunca olvidaré la buena voluntad de los Sres. que se proponian honrarme con sus votos y los de sus amigos; pero ya te escribí desde Santiago, antes de salir para los baños de Cuntis, que yo no deseaba volver á figurar y estimaría no se me pusiese en el caso de hacer una renuncia; el mayor favor que se me puede hacer es proporcionar que ningún elector haga sonar mi nombre para nada en las próximas elecciones, advirtiendo que más satisfactorio me será tener ningún voto, que tener poco ó tener muchos. Con tiempo me valgo de tu favor, para que conocida mi voluntad, ni un sólo voto se extravíe por mi causa; y con este fin, incluyo la adjunta carta, que por cuanto no trata de ninguna otra materia, puedes leer ó dar á leer con franqueza á todas las personas que quieras».

Ballesteros declina a candidatura a senador que promoven algúns notábeis pontevedreses. Non está interesado en desempeñar cargo público. Tampouco semella que teña intención de regresar a Madrid. Noutro borrador desta carta asegura: *«yo no deseo, ni estoy en disposición de desempeñar ningún encargo público, que requiere otro vigor y otro estado de salud (...)»*.

En 1837, o exministro está a vivir un retiro tranquilo e pracenteiro entre Vilagarcía, Santiago e Cuntis. Así asegura: *«Estando resuelto a*

[80] Don Francisco de Paula Córdoba Ibarra estaba na sección de Fomento dentro do ministerio de Facenda de López- Ballesteros. O 13 de decembro de 1832 publícase na *Gaceta* o seu nomeamento coma oficial do novo ministerio de Fomento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no figurar más en el mundo, del que repito, tengo ciertas señales, de deber salir luego, (...) el ánimo resiste dejar la la tal cual felicidad que estoi disfrutando»[81]. Mantivo daquela unha relación extramatrimonial, até o punto de fecundar un fillo ilexítimo que medrará nunha familia de caseiros de Compostela, tal e como arranxa o seu curmán e párroco de Estacas (Cuntis), don Francisco Espinosa Varela[82]. Decidido a non retornar á política, escribe outra carta de contido público que o outro irmán Espinosa, Benito, pode amosar aos amigos. Ademais, Ballesteros salienta que *«ni un sólo voto se extravíe»*, dada a importancia de candidaturas sólidas, que fornezan a lexitimidade e estabilidade do novo réxime.

c) Interpretación do sistema electoral:

> «Con esto quedará más reconocida las lista de Senadores formada por tus amigos entre quienes veo lucir á los Sres. Conde de Taboada y Marqués de Sn. Martín, no sin algún motivo. Doy por supuesto que al proponerlos tu y dichos tus amigos, conocereis que el Gobierno ciertamente no ha de nombrarlos [senadores], y que semejante propuesta sólo servirá, para dar á conocer las ideas de los electores y de circunscribir el número de los que se propongan, para que el Gobierno tenga menos que discurrir, con respecto á los restantes, quienes por consiguiente deben agradecerlo. A la verdad, la propuesta en terna triple, requiere mucha mayor combinación que el nombramiento de Diputados, obra más breve, decisiva y terminante, propia y exclusiva de los electores; y si no se observa cierto tino cabildístico, que ponga en apuro á los Sres. Ministros, casi se puede pronosticar con seguridad quienes de los elegidos en las provincias han de ser nombrados [senadores] por el Gobierno. Conociendo esto sin duda el Sr. Marqués [de San Martín] que tu me nombras, dá pruebas de

[81] González López, 1987: 214.

[82] *Ibíd.* Escribe ao seu fillo Nicolás: *«Tampoco escribo a tu madre, porque no se me ocurre cosa especial»*. A súa esposa e fillos permanecen en Madrid, mentres López- Ballesteros desfruta do seu retiro na Golpelleira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

discernimiento en indicar que se le nombre Diputado, si no sale Senador (…)»[83]

A experiencia de goberno de López- Ballesteros permítelle analizar o sistema electoral dende unha perspectiva estratéxica. Se os deputados son elixidos por acordo do corpo electoral, os senadores son designados pola Coroa a proposta das provincias. É dicir, vótanse, mais esta elección só ten carácter consultivo, non representativo. Na comparación que fai entre as eleccións nas dúas Cámaras é salientábel que fale de "combinación", máis necesaria no caso dos senadores. O termo "combinación" xa aparecía no folleto aos electores do xefe político de Pontevedra. Será empregado de xeito recorrente nos procesos electorais posteriores. Refírese á negociación e arranxo dunhas candidaturas de consenso. Na Cámara Alta precisan unha maior "combinación" estratéxica, sabendo que algúns nomes propostos nunca contarían coa aprobación do goberno, o que decantaría a designación a outros menos reprobados.

O conde de Taboada[84] tiña abondosos bens en Deza, na parroquia de Soutolongo, de onde procedía a esposa de Espinosa. Con toda probabilidade, mantiñan trato persoal. O señor conde non saíu elixido na votación en Pontevedra, e tampouco obtivo designación rexia. No caso do marqués de San Martín[85], foi senador pola provincia de Lugo en 1837- 38. Ningún deles acadou escano pola provincia de Pontevedra. O conde de Taboada obtivo 2.323 votos para senador, quedando en décimo oitava posición, moi por baixo dos 12.959 votos de López- Ballesteros ou os 8.530 de Espinosa. Esta ausencia dos "amigos" de Espinosa pode interpretarse coma o resultado dun cálculo

[83] González López, 1987: 212- 214.

[84] Don Nicolás Roldán y Riobóo, (1790- 1842), era o XIV conde de Taboada, señor das casas de Des, Barcia e Cristimil (Deza), e patrón do convento de Santo Domingo de Betanzos, entre outros títulos e dominios. Foi oficial do exército e prócer durante a etapa do Estatuto Real (1834- 35, 1835- 36, 1836). Htpp://www.senado.es/buscador/

[85] Don José María Prado de Neyra, marqués de San Martín de Hombreiro. Herdara numerosos dominios e o cargo de rexedor en Lugo do seu pai, quen fora xefe de Alarmas desta provincia. Casado cunha filla da Casa de Rubiáns, obtivo o título de marqués en 1817. Foi prócer do Estatuto entre 1834 e 1836, e senador entre 1837 e 1839. Barreiro Fernández, 2001 (a): 524- 525. Faleceu en novembro de 1838, sendo o señor de Rubiáns quen escribiu a Gobernación notificando o deceso. http://www.senado.es/buscador/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

feito polos notábeis provinciais. Se, como asegura López- Ballesteros, *«el Gobierno ciertamente no ha de nombrarlos»*, procuraron outros candidatos para con *«cierto tino cabildístico»* conseguir facer senador a aquel que desexaban.

O papel de López- Ballesteros no seu retiro galego revélase transcendental. Tería o valor dun asesor, o daqueles de homes de "sentada opinión" que crean un consenso político. Lémbrese, brevemente, o perfil apuntado no impreso publicado en Pontevedra en setembro de 1837: *«ya por recomendacion de personas consagradas á labrar la prosperidad del pais, ó ya por indicaciones de otras de prestigio saludable para la causa Nacional»*[86]. Este era o caso de López- Ballesteros, o recoñecemento que lle tributan os notábeis pontevedreses materialízase na elección de senador, que é confirmada pola designación rexia, malia as reticencias do exministro a regresar á primeira liña da política.

Tamén Espinosa resulta elixido e nomeado senador. Sendo unha figura política circunscrita á provincia, chama a atención este ofrecemento da Corte. Puido tratarse máis dunha mostra de gratitude que dunha cooptación política. Os electores apoiarían esta candidatura pola valía de Espinosa nos trances da carlistada e a organización da Deputación. Dende Madrid, podían estimar a Espinosa coma un digno representante da fidalguía terratenente, que practicaba un liberalismo institucional, de orde. A súa «firmeza de carácter» podía ocasionar problemas, mais tamén podía aportar unha vontade inquebrantábel en tempos de transición marcados polo idealismo e liderados fortes. Malia todo, ni a mente de López- Ballesteros nin a de Espinosa rumiaba a idea de trasladarse ao remuíño da "Villa y Corte".

d) <u>A quenda do seu fillo</u>:

> «Diego, nada me tiene dicho esta vez, en orden á sus deseos de salir Diputado: se entenderá directamente contigo y con algunos otros pocos amigos que le puedan complacer. Sen encuentra en la edad de las esperanzas y de las ilusiones; y no me maravillo que

[86] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Prevención á los electores de esta provincia de Pontevedra*, 34.355/17.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> aspire al honor de representar la Nación y debérselo á la provincia en que nació».

En setembro cumpría Diego 34 anos, idade na que unha prometedora carreira na administración e na política estaba a abrollar. Era un dos fillos da Independencia, xa que a súa infancia discorrera naqueles turbulentos anos, vendo ao seu pai marchar da casa para participar activamente na liberación. El e os seus irmáns e nai tiveran que ser auxiliados para fuxir de Vilagarcía cando o saqueo francés de 1809. Despois da guerra, unha xuventude en Madrid sendo o seu pai ministro de Facenda. Nesta carteira entrou e ascendeu Diego, tal e como acontecera co seu pai. En certo modo, era dar continuidade á familia nesta función pública, coma seguir unha tradición ou especialidade. A lembranza do seu pai, xunto as boas relacións da familia, servíronlle para medrar en Facenda, sendo Director xeral de Amortizacións en 1837.

Estaba Diego chamado ao servizo público, á vida política madrileña, mais sen perder o contacto coa sociedade galega. A familia adoitaba viaxar á Golpelleira no verán. Ademais, o seu irmán maior, Nicolás, era cóengo en Compostela. Mantiñan relación habitual cos parentes, especialmente cos curmáns Varela. Na Buzaca adoitaban reunirse, tamén cos Espinosa, dado que o párroco de Estacas, un dos irmáns Espinosa, acudía con frecuencia[87].

Debía Diego "entenderse directamente" con don Benito, dicía o exministro. Debe sobreentenderse tamén con don Lorenzo, ao que Diego escribe regularmente[88]. Non se observa intención de don Luis de mediar polo futuro do seu fillo[89]. Talvez agardaba que se labrase el

[87] Comenta López- Ballesteros a Espinosa que o seu fillo Nicolás pasou uns días na Golpelleira e que *«estuvo tentado á ir a la Buzaca el día de Sn. Lorenzo, creyendo que estarías allí aquel día y que tendría el gusto de ver allí reunidos tres primos y dos primas»*. González López, 1987: 212.

[88] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de don Diego López- Ballesteros. Madrid, 8 de xullo de 1837. Advírtese na correspondencia de Diego unha maior proximidade ou afinidade cos curmáns da Buzaca que cos de Cascaxide. En parte, pode ser polo trato persoal, forxado máis intimamente cos Varela, mais tamén pode responder a un factor xeracional. Don Lorenzo era máis novo, con tan só un ano máis ca Diego.

[89] Un dos fillos de Espinosa, Vicente, estivo un tempo vivindo en Madrid. O seu curmán Diego estaba a "travajar con ahinco" para procurarlle un destino en Ultramar, que se veu

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mesmo un porvir na política, para o que había que facer oficio con estes contactos e acordos. Así, Diego debía organizar eses apoios, do curmán Espinosa, mais tamén de "algunos otros pocos amigos". Estas manobras contrastan coa imaxe pública das candidaturas espontáneas, sen solicitación do voto[90].

Sendo certo que non había mitins nin declaración dunha ambición política, unha candidatura debía buscar apoios dentro das redes de padroádego. Eran os amigos políticos os que tiñan que presentalo coma candidato, xa que o individualismo político levantaba sospeitas[91]. Un político non debía postularse publicamente, mais queda patente nos epistolarios que tiña que traballar decididamente para saír elixido. Noutras convocatorias electorais, coma en xaneiro de 1840 ou maio de 1851, pode comprobarse esta promoción e arranxo informal de candidaturas a través da correspondencia privada.

Por último, salientar nesta carta de don Luis a ausencia de contido ideolóxico. Sendo unha carta persoal entre dous curmáns, non aparecen as formalidades e recursos estilísticos característicos da correspondencia entre notábeis, e que evocan os lugares comúns da raíña Isabel, a Constitución e a paz. Tan só hai unha mención que suxire o seu apoio á causa liberal, cando fala de que seu fillo "aspire al honor de representar a la Nación". Esta "Nación" non é un termo de nova inclusión no seu acervo, xa que en 1808 escribira López-

frustrado pola inestabilidade política. Nunha carta que envía Vicente a Cascaxide conta que «*tubo alguna culpa el tio Ballesteros por no querer activar el espediente y quererse mostrar imparcial*». Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.1.1. Vicente Espinosa Salgado (1853- 62).

[90] Guionnet, 1997: 186. "Le fait que les candidats ne se présentent pas officiellement d'eux-mêmes, mais soient désignés par un groupe d'électeurs ou d'amis, (...) la candidature apparait comme l'émanation en quelque sorte "naturelle" de la société".

[91] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 28. O candidato tiña que ser "reconocible y, consecuentemente, reconocido, pues semejante lógica consideró la campaña electoral o la postulación de la propia candidatura como algo no ya sólo innecesario, sino sobre todo indigno y que haría sospechar a los electores, con razón, de la mezquindad de los intereses del candidato". Tamén Rosanvallon (2007: 63- 64) explica con varias citas o "impudor" dun candidato que se fai indigno coa súa propia solicitación. Eran vistos coma "mendigos de sufragios". Declararse candidato era "un signo forzado de distinción" moralmente inaceptábel. Tanto os revolucionarios coma Constant alababan a idea dunha "electricidad moral" para que sexa elixido un representante público.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ballesteros: *"haremos respetar los derechos del Monarca y de la nación"*[92].

En 1837, a diferenza estriba en "representar". Esta representación é netamente política, non un xurídico mandato delegado. Apela á nación, co cal está a asumir o discurso moderno da representación coma o "instrumento" de unificación e expresión da nación, ben sexa da vontade xeral de inspiración francesa, ou dun único interese ou ben colectivo, que diría o elitismo de Burke[93]. Dun xeito ou outro, a Nación é a prioridade, a representada, mentres que a provincia queda nun segundo plano, sen formular unha representación territorial, corporativa ou privada. E, sen embargo, "debe" o escano á provincia, o que o suxeita a unha responsabilidade coa mesma, cos seus notábeis.

3.3.3. As eleccións a Cortes de 1837

Neste contexto de transición política, os curmáns López-Ballesteros, Varela e Espinosa emerxen coma figuras respectadas e poderosas. Coñecen aos políticos e funcionarios de Madrid e Pontevedra e atesouran unha extensa rede de amigos e parentes. Teñen experiencia e inspiran confianza ás xentes da provincia que, nas eleccións de setembro de 1837, votaron maioritariamente ás súas candidaturas[94].

Resulta significativo que os López- Ballesteros ocupen o primeiro posto de deputado e senador por Pontevedra, respectivamente. O fillo, Diego, acada 12.640 votos, mentres que o seu pai, Luis, reúne 12.959. Supera Diego en máis de quiñentos votos ao segundo deputado electo, Fontán, malia que este gañou en moitos distritos, entre eles Vilagarcía, Cambados, Caldas, Pontecaldelas, Bandeira, A Lama, Cerdedo, Cereixo, O Foxo, O Porriño, Salvaterra. Outro tanto aconteceu co conde de San Román, terceiro nome proposto para senador, mais gañador nun bo número de distritos. A relación de deputados e senadores máis votados é a que segue:

[92] González López, 1987: 15.
[93] Sartori, 1992: 228- 235.
[94] As eleccións tiveron lugar nos distritos entre os días 22 e 26 de setembro de 1837. O escrutinio xeral en Pontevedra efectuouse o 4 de outubro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro III: resultados electorais de setembro de 1837

Deputados electos	Votos	Senadores propostos	Votos
D. Diego López- Ballesteros	12.640	D. Luis López- Ballesteros	12.959
Dr. D. Domingo Fontán	12.089	Brig. D.Antº Mª Montenegro	12.429
D. Juan José Cadabal	11.607	Conde de San Román	12.359
Marqués de Vilagarcía	11.248	Marqués de Santa Cruz	11.909
Brigadier D. Ramón Pardiñas	10.690	D. José Taboada Mondragón	10.454
Dr. D. Vicente Vázquez Queipo	10.099	Brig. D. José Ozores del Rial	9.738
Dr.D.Pedro Fernández Villaverde	8.679	D. Pío Pita Pizarro	9.576
Deputado suplente		D. José Moscoso de Altamira	8.918
D. Cristóbal Mª Falcón	7.465	D. Benito Espinosa Varela	8.530
Deputado aproximado[95]		General Latre	8.005
D. Florencio Rguez.Vaamonde	7.084	D. Jacobo Mª de Parga	7.565

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral (1837)[96]

Estes candidatos destacan por ter relación persoal coa provincia, na súa meirande parte naturais da mesma, aínda que adoitasen residir en Madrid polo desempeño de funcións político- administrativas. É dicir, tiñan experiencia nas institucións e coñecían de primeira man a

[95] Era necesario contar coa metade dos sufraxios para saír elixido (7.283), por iso Falcón accede á praza de suplente, mentres que Rodríguez Vaamonde queda como "aproximado", ben situado para unhas segundas eleccións, mais nas que non prospera. Tivo que agardar até 1839 para saír elixido deputado.

[96] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, 221/1, 221/3. Don Lorenzo Varela conservou documentación destas eleccións no seu arquivo. Está a publicación no Boletín, o 6 de outubro de 1837, que é a que se reproduce aquí. Tamén hai documentos manuscritos cos resultados, mais que conteñen algunha diferenza co publicado. Nos papeis de don Lorenzo, Fontán tiña 2.000 votos menos, quedando en sexto lugar. Resulta curioso que non apunte os votos que obtivo el mesmo, que sen pretender ser candidato, conseguiu 2.068 votos. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Documentos sobre as eleccións de 1837 e 1840*, 34.382/14.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vida na Corte. Isto é notorio no caso dos senadores, cargo para o que se procuraban grandes personalidades de ámbito estatal, como eran o conde de San Román, o marqués de Santa Cruz, os exministros López- Ballesteros e Moscoso de Altamira, e o exconselleiro do Estado Parga Puga.

Por outra banda, existían candidatos non oriúndos, mais asimilados á provincia pola súa traxectoria profesional. Era o caso de Pita Pizarro, do xeneral Latre ou de Fernández Villaverde. Pita Pizarro era de Benavente, mais estudara en Compostela e formara parte do Batallón Literario. Latre, natural de Aragón, fora comandante da provincia de Tui en 1820, e capitán xeneral de Galiza en 1836. O asturiano Fernández Villaverde aparece afincado en Pontevedra dende, como mínimo, 1835, cando exerce de gobernador interino. Con propiedades e varios cargos políticos- administrativos, don Pedro labrara un porvir na capital da provincia. El mesmo relata o seu vencello na carta de agradecemento do escano:

> «Antes me hallaba ligado a esta Provincia por la predilección de que le soy deudor, desde que como Secretario del Govierno Político la he conocido, y mas aun como Gefe interino cuando estube a su frente en circunstancias en que he procurado llenar mi deber en obsequio suyo y en beneficio de la Causa Nacional, (...). Me cuento entre sus hijos por esa adopcion política que ademas de la gratitud produce en mi los deberes y las simpatias de la oriundez»[97]

Obsérvase, pois, que un primeiro requisito para ser elixido era manter coa provincia un vínculo de carácter persoal: nacemento, veciñanza, patrimonio, vivencias e relacións interpersoais. Outro trazo definitorio do representante público era de tipo profesional. Na acta do escrutinio xeral da provincia mencionan expresamente a ocupación dos candidatos electos[98]. Entre os deputados, sobresaen tres

[97] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, 221/3/3. Fernández Villaverde foi gobernador de Pontevedra entre 1835 e 1836, meses de dura represión do carlismo en terras de Deza e Tabeirós, co apresamento de Gorostidi e a reacción das *gavillas*. O seu secretario nesta etapa foi don José Valladares.
[98] *Ibíd*., 221/3/4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

funcionarios de Facenda: don Diego López- Ballesteros era naquela altura "Director General de Amortización"; o marqués de Vilagarcía[99], "Contador General de Valores"; don Pedro María Fernández Villaverde[100], "abogado y asesor de la Subdelegacion de Rentas en Pontevedra". Xunto a estes tres funcionarios profesionais, salientar a elección de dúas "glorias científicas de Galicia"[101]: don Domingo Fontán[102], "director del Observatorio Astronómico de Madrid y actual Diputado en Cortes"; don Vicente Vázquez Queipo de Llano[103],

[99] Don Francisco Antonio Álvarez Lorenzana y Armesto Válgoma y Teijeiro (1802- 1849), nacido en Cacabelos, sobriño do anterior marqués, don Joaquín Armesto Teijeiro, quen promocionara a carreira de don Luis López- Ballesteros cando en 1814 chegou a Madrid. Francisco sucede tamén ao seu tío no vizcondado de Barrantes e numerosos dominios. Era avogado de formación, mais estivo sempre ligado a Facenda, onde parece probábel que o introducise o seu tío. Sempiterno deputado en Cortes pola provincia de Pontevedra, abrangue o período liberal dende 1834 a 1849, ano do seu falecemento. En 1843 renuncia ao cargo de senador preferindo aceptar o de deputado. En 1846 representou ao distrito de Cambados, mentres que López- Ballesteros ocupou o escano de Pontevedra capital. Precario orador, amosou capacidade de traballo "para negociar cosas arduas". Barreiro Fernández, 2001 (a): 56- 57.

[100] Fernández Villaverde desempeñou distintos cargos administrativos no réxime isabelino. Orixinario de Asturias, instalárase en Pontevedra onde adquiriu certo patrimonio territorial. Entre 1835 e 1836 era gobernador da provincia de Pontevedra, na época que frustraron a insurrección de Gorostidi. En 1840 foi destinado como Tenente Gobernador da Habana. Ao seu retorno foi subsecretario de Graza e Xustiza e, seguidamente, conselleiro real. Un avezado funcionario, coñecedor e defensor do procedemento administrativo, ademais dunha figura política central na política dos notábeis de Pontevedra. Vai merecer un seguimento da súa traxectoria, en coalición electoral con don Diego López- Ballesteros. O escano de deputado de 1837 significa o seu salto a Madrid, onde vai ter unha destacada actuación no Congreso. En 1838 quixo ampliar os prazos para a redención de foros nacionalizados, en beneficio dos labregos. Tamén propuxo unha nova regulación do estado de excepción, á vista dos abusos dalgúns militares. Barreiro Fernández, 2001 (a): 254- 255.

[101] Comentario de Barreiro na entrada biográfica de Vázquez Queipo de Llano, que ben se pode atribuír tamén ao inefable Fontán. Barreiro Fernández, 2001 (a): 721.

[102] Nacido en Portas (1788- 1866), foi un brillante matemático, xeógrafo e político. Autor da Carta Xeométrica de Galiza, proxecto no que demorou 17 anos de traballo de campo, no que contou coa colaboración de don José Valladares. Ambos eran amigos de Espinosa e Varela. A Fontán, coma tamén Valladares, quedáranlle certas inclinacións avanzadas, malia que o seu entorno era moderado. De feito, en 1836 fora defendida a súa candidatura por Lugo polos seus coñecementos científicos e principios políticos "conservadores". A partir de entón, opta polo escano de Pontevedra, malia saír elixido tamén por Lugo, até que en 1844 deixa a política. Colaborou no proxecto da primeira liña férrea entre Santiago e Carril, onde parece probábel que estivese implicado López- Ballesteros dende Madrid. Barreiro Fernández, 2001 (a): 268- 269; Viveiro Mogo, 2004: 191, 203.

[103] *Ibíd.*: 721- 723. Fillo do señor de Lusío e neto por liña materna do conde de Toreno, o seu avoengo no foi óbice para labrar unha diversa e intensa carreira académica (matemáticas,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"catedrático de Física experimental en Valladolid, oficial que fué en la Secretaria de la Governacion del Reino". Completan a nómina de deputados 2 maxistrados e 1 militar: don Juan José Cadabal[104], "magistrado honorario y actual Diputado Provincial"; don Cristóbal María Falcón[105], "magistrado de la Audiencia Territorial de Extremadura y actual Diputado"; e o brigadier don Ramón Pardiñas[106], "coronel del Regimiento Provincial de Pontevedra".

A baixa de Vázquez Queipo de Llano, polo seu destino en Cuba, forza unha segunda elección[107] en maio de 1838, que recae en don Ramón López Vázquez, á sazón curmán dos López- Ballesteros[108].

---

dereito, física). Co apoio de Fernández Varela e de Parga obtivo unha bolsa para estudar en París. En 1835 Moscoso de Altamira noméao oficial de Fomento, na sección de Instrución Pública. Malia ter aspiracións científicas, os seus investimentos en investigación son ruinosos. Os distintos cargos políticos e administrativos reportábanlle unha seguridade material que a ciencia non permitía. Tras ser deputado en 1837- 38, foi fiscal de facenda na Habana. Coincidiu en Cuba con Fernández Villaverde. Volverá a ser deputado a partir de 1846, agora por Lugo e Quiroga, xa que o seu irmán Manuel deixa o escano de deputado para ser senador. O escano era para Vicente un medio para retornar de América. Cabe engadir que o seu irmán Manuel era "un dos fidalgos máis podentes da provincia de Lugo" e significado moderado, procurador en 1834, "a carón do Goberno de Martínez de la Rosa". Viveiro Mogo, 2004: 202.

[104] *Ibíd*.: 142. Señor de Goián e maxistrado na Coruña, fora reticente a aceptar o escano de deputado provincial no outono de 1836, mais finalmente accedeu en marzo de 1837. Procedía dunha das liñaxes de maior avoengo do Baixo Miño.

[105] Barreiro Fernández, 2001 (a): 232- 233. Natural de Vigo, seus pais procedían de Santiago. Tiña unha "malformación" física que o inhabilitaba para alistarse no Batallón Literario, realizando funcións político- administrativas: secretario da Xunta de Vigo, e alcalde en 1812. Padeceu persecución, desterro e exilio en Inglaterra. Rehabilitado na carreira xudicial en 1833, foi maxistrado en Cáceres e despois en Madrid. "Politicamente foi un liberal moi radical", deputado en 1836 e 1837, e senador en 1841- 42, pola provincia de Pontevedra.

[106] Insigne militar liberal (1802- 1838), en 1837 ascendeu a brigadier e comandou o rexemento da provincia de Pontevedra, de aí a súa votación coma candidato. As súas vitorias contra os carlistas levárono a ascender a mariscal de campo en 1838, ano no que finalmente perecería derrotado polas tropas de Cabrera. Un posíbel "espadón" malogrado. Barreiro Fernández, 2001 (a): 474- 475. O escano de Pardiñas sería ocupado por don Florencio Rodríguez Vaamonde, mediante elección en maio de 1839. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 224/1.

[107] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 221/3/2.

[108] Fillo de "Pedro López de la Peña y Zumalave, natural de Santiago e intendente de Rendas Reais de Redondela e de María Vicenta Vázquez Ballesteros, de Vilagarcía. Os pais eran ámbolos dous fidalgos". Desenvolveu unha brillante carreira xudicial, sendo maxistrado na Audiencia de Valladolid. Barreiro Fernández, 2001 (a): 367- 368. María Vicenta era filla do avogado don José Vázquez Betanzos e de dona Rosalía López- Ballesteros y Mondragón, tía de do exministro Luis. Esta curmá levaba o mesmo nome que a nai de don Luis, dona María

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tratábase dun dos candidatos máis votados na capital de Pontevedra. Descendente de fidalgos, estuda Leis, medra na administración desempeñando distintos cargos, até integrarse no Estado liberal, coma deputado e alto funcionario do réxime. En verbas de Barreiro Fernández, "un dos exemplos típicos da evolución da nosa fidalguía e da acomodación ós novos tempos impostos polo liberalismo"[109]. Unha vez máis, o mecenado de Manuel Fernández Varela foi determinante nos seus comezos. Unha xeira de homes de Estado galegos veu a luz pola acción do Comisario da Santa Cruzada. De non ter falecido de cólera en 1834, parece probábel que novas promocións de aristócratas galegos gozarían da súa protección.

En síntese, 3 funcionarios de Facenda, 3 maxistrados, 2 científicos, e 1 brigadier[110], talvez o retrato do Estado liberal, que ten nas administracións de Facenda, Xustiza, Fomento e Guerra, os seus catro piares. Todos eles perciben ingresos por función pública, salarios que dan liquidez a estes deputados electos, sen ter que cargar sobre o seu patrimonio a actividade parlamentaria. Unha vez máis, compróbase a ausencia de financeiros, industriais e comerciantes. O perfil do deputado era, xa que logo, o dun fidalgo ou título trasladado á Corte polo beneficio dun servizo ou oficio público. Apréciase tamén que a condición social dos deputados adoita ser de avoengo, procedendo de liñaxes de notoria tradición, executorias e condecoracións de cabaleiro.

Por conseguinte, non hai lugar a unha crítica polo absentismo da aristocracia. Os resultados das eleccións de 1837 en Pontevedra e as biografías dos deputados electos non permiten considerar que "los políticos saliesen del «polvo»[111]. As novas institucións son ocupadas

Vicenta Varela. Outros curmáns de don Luis, irmáns de Vicenta, foron Pedro e José Vázquez Ballesteros, altos funcionarios de Xustiza e Facenda, ambos cabaleiros da Orde de Carlos III (1817, 1824). Cabe lembrar que o seu curmán Luis ingresara nesta Orde en 1819, e o fillo deste, Diego, en 1830. O mecenas galego Fernández Varela accedera en 1816.

[109] *Ibíd*.

[110] Contando tamén aos suplentes Falcón e López Vázquez. Non se considera a Rodríguez Vaamonde porque coma "aproximado" non resultou electo. Sen embargo, non difire do perfil doutros deputados. Ampliaría a categoría de xurisconsultos de orixe fidalga, no seu caso con tradición de rexedores en Tui. Chegou a ministro de Xustiza en 1847.

[111] Veiga Alonso, 2014: 301.Compara Veiga o compromiso político da aristocracia británica, país onde a "notabilidad social coincide con la proyección política", co caso español no que unha "intensa democratización" tería favorecido "una generación casi espontánea" de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por herdeiros das antigas estruturas de autoridade (xurisdicións, administración rexia). Unha adaptación á representación política coma notábeis que se inscribe nun "long terme", xa que non xorde de súpeto nun espazo político *ex novo*, senón nos espazos sociais aínda marcados pola tradición[112]. Se acaso as novas institucións van estar ocupadas por unha lexión de "abogados", segundo censuraba Nárvaez[113], moitos destes letrados ou funcionarios proviñan das mellores liñaxes das comarcas rurais, sen que ningún político da Corte puidese cualificar a López- Ballesteros, Fontán, Cadabal ou Fernández Villaverde coma clase media.

Na relación de senadores propostos pola provincia aínda hai maior proporción de estatus nobiliario: dous Grandes de España, un marqués, un conde[114], oito cabaleiros[115], sendo os tres restantes de notoria fidalguía e sobrados méritos civís e militares. Na acta do escrutinio caracterizan do seguinte xeito aos senadores propostos[116]: Exmo. Señor don Luis López- Ballesteros, «del antiguo Consejo de Estado y Gran Cruz de la Real Orden de Carlos Tercero»; Señor Brigadier don Antonio María Montenegro[117], «Caballero de las

políticos, mentres a nobreza "ni quisiese ni supiese ocupar un puesto para el que estaba naturalmente llamada". Se ben, a presenza de títulos non é maioritaria, mais tampouco se pode desdeñar. É a pequena nobreza, xunto con outras posicións prenobiliarias, quen copa a representación política, estando asimilada ás aristocracias periféricas. En 1837 non se observa unha política "divorciada de los «intereses» sociales", como sinala Veiga, mais hai que matizar que a súa análise vai referida ao conservadurismo da segunda metade do Oitocentos, coa Gloriosa coma punto de inflexión.

[112] Guionnet, 1997: 57.

[113] Veiga Alonso, 2014: 300.

[114] Poderíase engadir un conde máis, Moscoso de Altamira, mais o título de Fontao foille concedido en 1840. En 1835 recibiu a condecoración da orde de Carlos III, polo que se contabiliza un cabaleiro máis. No caso de Montenegro, foille recoñecido o título napolitano de marqués de Leis en 1844. Barreiro Fernández, 2001 (a): 471, 432- 435; 418- 419.

[115] A cifra non é precisa. Parece posíbel que Espinosa fose o único sen condecoración de cabaleiro.

[116] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, 221/1.

[117] Señor de Trabanca, "descendía de nobres estirpes fidalgas da provincia de Pontevedra". Fixo carreira militar, con servizo na milicia. Escribiu varios libros de texto de xeografía e un mapamundi. Fora procurador en 1834, deputado provincial, senador en 1838 e 1843, e membro da Sociedade de Amigos do País. Era de "voto ministerial". O seu fillo José María foi senador por Ourense en 1837. Os Montenegro axuntaron unha formidábel fortuna vía matrimonial. Barreiro Fernández, 2001 (a): 418- 419.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Órdenes Militares de Sn. Ermenegildo y Sn. Fernando»; «Exmo. Señor Teniente General» conde de San Román[118], quen fora «Inspector General qe fué de las Milicias provinciales»; Señor Brigadier don Juan Armada[119], «Marqués de Sta. Cruz de Ribadulla y Sn. Esteban»; Señor don José Taboada Mondragón[120]; Señor Brigadier don José Ozores[121], «Coronel del Regimiento provincial de Compostela»; Exmo. Señor don Pio Pita Pizarro[122], «actual Diputado

[118] Francisco Javier Losada Pardo (1777- 1847), nacido en Fefiñáns, foi prócer entre 1834 e 1836, e senador vitalicio entre 1845 e 1847. En 1837 renuncia ao cargo de senador por Lugo. Fixo carreira militar, combatendo na guerra de Independencia. Chegou a mariscal de campo. Entre os seus títulos estaba o condado de Maceda, marquesado de Figueroa, de Atalaia, vizcondado de Fefiñáns, cabaleiro da Orde de Carlos III e Grandeza de España. A súa esposa era dama da Raíña e dela proviña o condado de San Román e marquesado de Villar. Os seus descendentes entroncarán con outros títulos de solar galego e escano nas Cortes, como os títulos de Santa Cruz de Ribadulla, Aranda, Priegue, Hombreiro, e Torrecedeira. Brisset Martín, 268- 269.

[119] Juan Antonio Armada Mondragón y Guerra (1796- 1871) nacera en Maracaibo, sendo o seu pai gobernador e comandante desta praza. Tivo fondas "inquedanzas literarias e intelectuais" na súa xuventude presidindo unha sociedade literaria en Compostela en 1816, anos máis tarde presidiría a Sociedade de Amigos del País. A súa esposa foi a asturiana condesa de Canalejas, sobriña de Jovellanos. Viviu entre Santiago, Oviedo e Madrid. Foi prócer do Estatuto, e senador por Pontevedra entre 1837 e 1841, e vitalicio entre 1845 e 1868. A representación política terá nos seus fillos e netos continuidade. Barreiro Fernández, 2001 (a): 84; http://www.senado.es

[120] Militar e político do pazo de Liñares (Prado, Lalín), proviña dos Taboadas de Deza e os Mondragón de Vilasusán, entroncando tamén cos Varela. Seguiu a carreira militar do seu pai, xeneral durante a Independencia, sendo o seu Axudante de Campo. En 1815 está ao servizo do conde de San Román. Foi deputado no Trienio e estivo implicado na masonería. En 1830 é nomeado Contador de Propios y Arbitrios de Galicia, dependente de Facenda, onde era ministro o seu parente López- Ballesteros. En 1833 foi subdelegado de Fomento en Valladolid. Nomeado senador en 1838 por renuncia do citado López- Ballesteros, tamén renunciou. Servía daquela de Administrador de Bens Nacionais na Coruña. Foi deputado provincial na Coruña e gobernador civil da mesma en 1844. Era membro da Sociedad de Amigos del País. Barreiro Fernández, 2001 (a): 668; http://www.historiadeza.wordpress.com

[121] Na acta figura con graduación militar, chegando a ser mariscal de campo, mais en verdade pertencía a alta nobreza, xa que herdou dos seus tíos o señorío de Rubiáns, con dignidade de Grandeza de España. Residiu habitualmente en Compostela, malia ter casa en Madrid onde vivía boa parte da súa familia. Foi senador pola Coruña en 1838- 39, e senador vitalicio entre 1843 e 1846. O seu neto era marqués de Aranda e Guimarei, por sucesión da liña materna, dende 1830. Presedo Garazo, 1995: 69- 94; Barreiro Fernández, 2001 (a): 471.

[122] Zamorano de orixe (1792- 1845), estudou Leis en Compostela, sendo abandeirado do Batallón Literario. Tras unha breve carreira militar, virou á función pública, con especial interese en Facenda. Padeceu presidio despois do Trienio. A transición política devólveo á primeira liña, sendo subdelegado de Fomento en numerosas capitais, e gobernador civil de Madrid (1836). Ocupou despois as carteiras de Gobernación e Facenda entre 1837 e 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en Cortes»; Exmo. Señor D. José Moscoso de Altamira[123], «exministro de Gobernación del Reyno»; Señor don Benito Espinosa Varela, «diputado provincial»; Exmo. Señor general don Manuel Latre[124]; Exmo. Señor don Jacobo María de Parga y Puga[125], «antiguo Consegero» –real-.

A maioría destes senadores propostos gozaban de título ou distinción de cabaleiro. A candidatura de menor rango nobiliario era, sen lugar a dúbidas, don Benito Espinosa. As súa condición fidalga proviña dunha comarca rural no século XVII, non gozaba de

---

Adoitaba saír elixido polas provincias de Zamora e Pontevedra, optando en cada caso pola máis conveniente. En 1837 aceptou o cargo de senador por Pontevedra. Foi cabaleiro da Orde de Carlos III. Renunciou ao título de marqués de Vergara, malia ser o político que urdiu as negociacións do convenio homónimo. http://www.dbe.rah.es; Barreiro Fernández, 2001 (a): 516- 517.

[123] Señor de Fontao en Mondoñedo (1788- 1854), este fidalgo foi unha das figuras senlleiras da transición política ao liberalismo. No Trienio foi deputado, presidente das Cortes e ministro de Gobernación, sempre á beira de Martínez de la Rosa. Membro da loxia dos "anilleros", sufriu desterro en Lugo na restauración fernandina. Nomeado gobernador de Lugo en 1833, foi un artífices do Estatuto Real, sendo elixido procurador en 1834. Chegou a ministro de Fomento (1834- 35) e presidente do Senado (1837- 40; 1844- 45), impulsando sempre un discurso de gran moderación. Numerosos títulos e distincións adornaron a súa carreira, entre os que cabe destacar o condado de Fontao (1840) e gran cruz de Carlos III. Estivo casado coa señora de Bendoiro (Lalín), o que o aproxima á fidalguía dezana. Barreiro Fernández, 2001 (a): 432- 433; Viveiro Mogo, 2004: 201, 210.

[124] Don Manuel Latre Huarte (1789- 1840). Militar de carreira, loitou en innumerábeis batallas, asistindo ás guerras contra Inglaterra, de Independencia, aos pronunciamentos liberais e á primeira guerra carlista. Apoiou a Riego, sendo en 1820 comandante da provincia de Tui, e en 1823 de Cádiz, encargado da defensa desta praza fronte Angulema. En 1835 estivo no asedio de Bilbao, ao carón de Espartero, entre outras moitas batallas. Ocupou altos cargos de mando: varias capitanías xenerais (Castela, Aragón, Granada, Galiza), vicerrei de Navarra, e ministro da Guerra. As feridas de guerra impedíronlle proseguir nesta carteira. Foi senador por Huesca en 1837. Era cabaleiro da orde de San Fernando. Estivo casado con Mariana Miranda Mon y Olmedilla, emparentada con Alejandro Mon e co conde de Toreno. No verán de 1836 era capitán xeneral de Galiza, defendendo perante os gobernadores civís os postulados moderados, e "atacaba por iguala carlistas y progresistas". http://www.dbe.rah.es; Viveiro Mogo, 2004: 194- 195.

[125] Natural de Betanzos (1774- 1850), foi un ilustrado funcionario fernandino inclinado ao despotismo ministerial. Durante a guerra de Independencia serviu na Xunta Gobernativa do Reino. En 1814 foi investido cabaleiro da Orde de Carlos III, e nomeado membro do Consello de Facenda. Nesa época facilitou a entrada de López- Ballesteros, quen en 1828 propuxo a Parga coma conselleiro honorífico do Estado. Foi prócer no Estatuto, e senador vitalicio en 1845. Socio de honor da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, tamén foi membro de varias academias (Historia, Ciencias, Medicina, Minerolóxica de San Petersburgo). http://www.dbe.rah.es; Barreiro Fernández, 2001 (a): 485.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

executoria, nin doutro mérito ou condecoración rexia. Mais aí estaba o apelido Espinosa, entre as familias máis excelsas. Aí figura, coma tamén o seu curmán López- Ballesteros, mais o da Golpelleira fora ministro de Facenda e tiña a Gran Cruz de Carlos III.

Outro aspecto a destacar é o gran número de militares que nutren a elección de senador. Son 6 os militares de carreira que ven premiados os seus servizos co recoñecemento dos electores. Figuras da guerra do Francés, moitos deles con feridas de campaña que arrastran dun cargo a outro. Incluso algúns dos funcionarios profesionais que completan a lista, como López- Ballesteros, Parga ou Pita Pizarro, serviron durante a invasión napoleónica, ben nun batallón ou na xestión das xuntas. En definitiva, eran militares e altos funcionarios, descendentes ou amigos persoais das mellores liñaxes galegas.

Só o perfil de Espinosa desentoa neste cadro. Talvez as súas credenciais eran o seu parentesco fidalgo con familias importantes (Mondragón, Varela, Taboada) e a súa actuación na Comisión de Armamento e Defensa e na Deputación nos anos 1836 e 1837. Chama a atención que o resto de senadores propostos tivesen sobrada experiencia en altos cargos do Estado (ministros, gobernadores, comandantes), mentres que Espinosa era un fidalgo recentemente chegado á política. Un propietario rural. O máis humilde e inexperto dos candidatos, tamén o máis novo, xa que contaba con 45 anos de idade. Estas características non supoñían un impedimento, xa que cumpría cos requisitos mínimos esixidos aos senadores: superaba os 40 anos, e pagaba polo seu patrimonio pouco máis de 3.000 reais de contribucións[126]. Así e todo, debeu existir unha poderosa razón para que os notábeis de Pontevedra o propuxesen para senador, e que en

[126] Dardé, Estrada, 1998: 149, 152. A Constitución de 1837 marcaba estes requisitos biolóxicos e económicos. Posteriormente, a Constitución de 1845 rebaixaría a idade a 30 anos, mentres que aumenta a 8.000 reais o pago de contribucións. Segundo os datos do censo electoral de 1836, Espinosa pagaba 3.002 reais de contribución, xusto no límite para ser elixido senador. Tan só o conde de Borraxeiros e Espinosa superaban esa barreira, polo que os escanos de senadores apenas podían cubrirse de facto con veciños da provincia. Podían alegar un patrimonio de máis de 30.000 reais de renda, mais era difícil de xustificar. Os senadores son, xa que logo, títulos e militares de vasto patrimonio e altos honores, que adoitaban residir en Madrid.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Madrid estimasen apropiada a súa designación[127]. Dado que o escano de senador era un alto honor do Estado, dificilmente podía ser o pago das súas funcións de tesoureiro na Comisión de Armamento e Defensa. Se ben, a recadación é asunto crucial, non semella mérito abondo. Parece máis plausíbel que dende Gobernación recoñecesen en Espinosa a aqueles fidalgos liberais que aplacaron as opcións do carlismo no rural. Talvez, Espinosa foi un axente decisivo para tornar a balanza en defensa da lexitimidade isabelina. A insurrección de Gorostidi foi frustrada pola incomparecencia da fidalguía de Deza e Trasdeza, apresando ao cardeal a pouca distancia de Cascaxide.

A adhesión á causa liberal dos deputados e senadores electos era incuestionábel. Todos eles agradecen a elección, aínda que algún candidato renuncie ao cargo. As súas verbas evocan unha época de marcado idealismo. Os eixes básicos da nova cultura política liberal son Monarquía, Constitución e Nación. Así, escribía don Diego López- Ballesteros: *«con la observancia y consolidacion de la ley fundamental de la Monarquia espero contribuir con mis votos (...) a la prosperidad de la Nacion y a la particular de ese pais»*[128]. Unha monarquía constitucional como sistema político que beneficia a esa entidade colectiva que chaman Nación, dentro da que está integrado o país galego. Non perde de vista o fillo do exministro que nas eleccións están en xogo os intereses particulares dos electores, do seu territorio. O país é sempre empregado en clave rexional, sen chegar a ser unha identidade, mais si unha realidade física e socioeconómica.

A relación entre provincia e Estado nutríase do ideal da Nación para dotar á estrutura territorial dun sentido inmanente. O discurso hexemónico insistía nun vencello consubstancial, ontoxenético. Mais este idealismo da nación española en 1837, non deixaba perder de vista a relación tanxíbel do representante parlamentario cos seus electores. A provincia reclamaba para si a cota de beneficios do sistema político que estaba a soster. A representación política era da nación, mais os intereses eran territoriais, da provincia. Nisto

[127] Presenta a súa renuncia o 22 de novembro de 1837 mediante unha carta pechada que debía ser remitida por correo interno da Deputación a Gobernación. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, caixa 221/3/4.

[128] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 221/3/3. Escribe dende Madrid, o 21 de outubro de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obsérvase unha "representación empírica" que non é fiel á "representación normativa", o que desemboca en efectos destrutivos no canto de funcionar retroalimentándose, nunha "interacción constructiva"[129]. Os discursos elitistas da época non aceptaban as demandas ou intereses territoriais dos distritos. A representación maioritaria tiña por obxecto fornecer a gobernabilidade, procurando un interese nacional[130]. Un goberno sólido e responsábel que lidia cos vaivéns da Coroa grazas a un parlamento afín e estábel.

Por outra banda, os "intereses" son rehabilitados na retórica da época polo pensamento dos federalistas americanos e dos utilitaristas británicos. A representación política que enunciou Madison contemplaba múltiples intereses, tanto os "verdaderos" como aqueles outros "inmediatos y pasiones momentáneas"[131]. Estes intereses son considerados negativamente, mais son reais, tanxíbeis. Para salvagardar o goberno da continxencia, o particularismo ou a hexemonía dun grupo ou facción, estes intereses deben ser "quebrados, controlados y equilibrados unos con otros para producir la estabilidad". A cuestión de fondo é se un Estado constrúe a súa idea de "interese común" no ideal da nación e na excelencia dos seus deputados, o que permite a reprobación moral dos intereses periféricos; ou ben se son lícitos, aínda que perniciosos, os intereses particulares dos electores, construíndo un "ben común" no filtro e harmonización dos mesmos. Entre os progresistas tería calado esta visión estrutural con visos federalistas, mentres que os moderados secundaban interpretacións elitistas, aínda que nas súas filas tamén houbo lugar para contradicións entre o discurso normativo e a praxe política. A interpretación utilitarista (Bentham, Mill), aínda que

[129] Zafra, 2015: 43- 45. Teses de Sartori que Zafra comenta criticamente.
[130] Sartori, 1992: 235- 237.
[131] Pitkin, 1985: 211- 219. A diferenza fundamental entre Burke e Madison é que o primeiro confiaba no criterio dunha clase política sabia que identificaba o ben común, mentres que o americano recoñecía a existencia de intereses particulares cun "efecto desbaratador" na representación, cuestión que non era resolta pola virtude dos representantes, senón polo propia estrutura do sistema político, por mor do número e variedade de intereses. En ambos casos, entendían que os intereses eran atribuídos a un grupo, entidade ou comunidade, a diferenza dos utilitaristas que parten do individuo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

suxestiva, quedaba moralmente descartada nesta altura do século ao concibir un interese individual egoísta[132].

Varios cargos electos por Pontevedra subliñan o seu compromiso cos intereses provinciais. O senador Pita Pizarro aseguraba *«que esa benemérita provincia encontrará en mí siempre un celoso defensor de sus intereses»*[133]. O deputado Fernández Villaverde incluso invitaba ao xefe político de Pontevedra a trasladarlle: *«las comunicaciones que crea combenientes en obsequio de la Provª o de interes gral»*. No caso do maxistrado don Cristóbal María Falcón, deputado suplente, o seu compromiso coa provincia é total. Séntese honrado porque o nomeamento «tiene una completa conformidad con las simpatias del Pais», asegurando, pois, que os seus *«esfuerzos seran exclusivamente los de acreditar á esa Provª y a sus dignos electores mi consagracion por sus verdaderos intereses, y mi gratitud por el alto honor, que reflexa sobre mi del sufragio de mas de siete mil ciento cuarenta de mis conciudadanos»*[134]. O discurso de Falcón plasma as inquedanzas democráticas dun sector do progresismo. Cabe lembrar que, para Barreiro Fernández, este maxistrado era un "liberal moi radical"[135].

Ademais deste recoñecemento dos "intereses particulares" do país ou provincia, é salientábel que varios parlamentarios escollan as mesmas verbas nas súas cartas de agradecemento. Así, o marqués de Vilagarcía reproduce con exactitude o escrito de López- Ballesteros: «dedicaré todas mis luces (cortas por desgracia), mi celo, y mi patriotismo á la consolidacion de la Constitucion del año de 1837, al bien y prosperidad de toda la Nación, y al particular de esa provincia». A cultura política do consenso liberal estaba fraguando un campo semántico composto polas categorías: Constitución, Nación e provincia, caracterizadas polos seus respectivos atributos: consolidación, prosperidade, particularidade.

O propósito de "consolidación" é reiterado coma unha xaculatoria polos deputados electos. Ao xeito dos argumentarios dos partidos na actualidade, deputados, coma o xeneral Pardiñas ou Fernández

[132] *Ibíd*.: 219- 226.
[133] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, caixa 221/3/4. Carta de don Pío Pita Pizarro, Madrid, 30 de novembro de 1837.
[134] *Ibíd*., caixa 221/3/3. Carta de don Cristóbal María Falcón. Madrid, 25 de outubro de 1837.
[135] Barreiro Fernández, 2001 (a): 232- 233.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Villaverde, insisten na «consolidación de la Ley Fundamental de la Monarquía y la Paz»[136]. Existiu, pois, un consenso liberal arredor da Constitución e da Coroa, que invalida calquera pretensión de pacto co carlismo. O interese xeral da "Nación" está en xogo, ademais dos particulares das provincias.

O candidato electo debía gozar de máis da metade dos sufraxios para saír elixido. Buscábase así un apoio sen fisuras do representante. Era outro mecanismo para conferir solidez ao sistema político. Apréciase, pois, que os elixidos gozaron de amplas maiorías de votos, sendo figuras de consenso, froito da negociación dos notábeis provinciais. Ao respecto, son acaídas as palabras de Varela Ortega sobre a Restauración: "se primaba la seguridad y erosionaba la competencia"[137]. Así e todo, malia a fabricación de candidaturas de consenso, resultaría pouco rigoroso afirmar, tal e como declaraba Cánovas del Castillo en 1880, que *«el cuerpo electoral en España no existe»*[138]. Nesta etapa da Constitución de 1837, marcada polo idealismo e pola guerra civil, obsérvase certa marxe de manobra das elites periféricas para elixir aos seus representantes, sen que a inxerencia do goberno determine os resultados[139].

Os López- Ballesteros foron os máis votados da provincia, mais case en ningún distrito encabezan a votación, tendo en Vigo os seus peores resultados, con apenas 18 votos o pai, e 13 votos o fillo. Os datos do distrito de Bandeira (Chapa- Silleda) suscitan máis matices. Existe un significativo empate nos candidatos máis votados: 1.180 votos, que reciben 9 deputados, e 10 senadores propostos. Aínda así, na redacción da acta os López- Ballesteros non encabezan as listaxes, malia igualar resultados. O deputado que figura en primeiro lugar é Fontán, mentres que Diego é cuarto. O seu pai Luis é segundo, por

[136] *Ibíd*., 221/3/3. Carta do xeneral Pardiñas. Oviedo, 21 de outubro de 1837. Pola súa parte, Fernández Villaverde fala de *«acabar la Guerra Civil (...) y consolidar la Constitucion de 1837»*, ao que engade *«afianzando las garantias politicas de la Nacion, las prerrogativas del Trono»*. Pontevedra, 22 de outubro de 1837.

[137] Varela Ortega, 1994: 189- 190, citado en Dardé Morales, 1997: 280.

[138] Varela Ortega, 1997: 55.

[139] Aínda é cedo para a institucionalización da chamada "influencia moral" do goberno. Nas elección de xaneiro de 1840 producese un primeiro intento de imposición de candidaturas dende Madrid. A partir de 1850 redúcese sensibelmente a autonomía das elites provinciais, segundo o modelo da lei electoral de 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

detrás de don Pío Pita Pizarro, que ocupa unha honrosa primeira posición. Cabe engadir que era Espinosa quen presidía a xunta electoral de Bandeira, tal e como consta e rubrica na acta[140]. Un Espinosa que nos distritos de Tabeirós e Cerdedo supera amplamente ao seu curmán Luis, mais que no seu propio distrito, sendo presidente, non obtén nin un só voto. En verdade, don Benito Espinosa non debía estar interesado nas Cortes, porque o seu nome sae a relucir noutros distritos coma un candidato principal, mais na súa comarca non deixa que o voten.

Outro dato curioso desta elección en Bandeira é a exactitude para reproducir os resultados do conxunto da provincia neste distrito. Isto é: os candidatos electos en Bandeira son os mesmos que saen elixidos en toda a provincia. Un efecto coñecido como "Ohio", ou na contemporaneidade galega coma "Betanzos". En 1837 este efecto "Bandeira" non é un indicador sociolóxico, xa que non semella aludir ás condicións do electorado (situación socieconómica, ideoloxías políticas). Trataríase do produto dunha orquestración provincial, un consenso liberal que, pola acción de notábeis coma Espinosa, plasma á perfección a vontade da provincia[141].

Algo semellante acontece no distrito de Moraña, a pesar de que Varela non forma parte da xunta electoral, sendo dominio tradicional dos señores da Buzaca. Como en Bandeira, tratouse dun distrito moi disciplinado que votou en bloque unha nómina de deputados e unha terna de senadores. Deste xeito, 8 deputados e 3 senadores congregaron o máximo e idéntico resultado: 1.250 votos. Malia este empate, encabezan a acta o señor Fontán nos deputados, e o conde de San Román nos senadores, ocupando os López- Ballesteros un cuarto e terceiro lugar, o que non deixa de ter certo valor simbólico. O efecto "Bandeira" que se apuntou con anterioridade só foi imitado polo distrito de Moraña, polo que se pode cualificar "efecto curmáns

[140] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, caixa 221/1.

[141] As únicas discrepancias co resultado provincial é que votaron a don Pío Pita Pizarro para deputado e para senador, que o deputado suplente Falcón foi votado coma senador e non coma deputado e que Espinosa non recibe votos para ser proposto senador. En comparación con outras actas nas que adoitan entrar outros candidatos máis minoritarios por vencello local, en Bandeira replican os resultados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Varela", xa que participaron na formación dun consenso que reproduciron nos seus distritos. Se, anteriormente, falouse de "facedores de institucións", os curmáns Varela exercen agora de "facedores de eleccións".

Evidentemente, resultaba máis doado orientar a elección nun distrito pequeno, onde tradicionalmente se exercera xurisdición, que en distritos vilegos de maior poboación e intereses en liza. Pontevedra é o distrito urbano que se aproxima máis aos resultados do conxunto da provincia. Sen embargo, malia contar cun grupo de candidatos con máis de 1.400 votos, as cifras varían sen cumprir con exactitude o modelo de Bandeira e Moraña de votacións en bloque. Os elixidos en Pontevedra son practicamente os mesmos que no escrutinio provincial, mais coa entrada dalgúns nomes que van estar "aproximados" para unha segunda volta[142]. Cabe engadir, que Espinosa acada en Pontevedra un resultado extraordinario, con 1.459 votos para senador, ocupando o terceiro posto, tras o brigadier Montenegro e o conde de San Román. Certamente, Espinosa estaba moi ben valorado na cidade do Lérez. A súa actuación na Comisión de Armamento e Defensa e na Deputación debeu motivar esta elección que el mesmo non promoveu, dados os resultados no seu distrito electoral de Bandeira.

Namentres, Vigo reflectía a súa desavinza co consenso fabricado en Pontevedra. Os votos vigueses van a varios candidatos que non aparecen noutros distritos. É dicir, desenténdense das candidaturas que se manexan no conxunto da provincia. O que en termos coloquiais se coñece como "ir por libre". Así, o candidato máis votado en Vigo foi o exdeputado Falcón que, con estes apoios e outros poucos diseminados na provincia, conseguía a praza de deputado suplente. Natural de Vigo, Falcón era coñecido como "un liberal moi radical"[143]. A listaxe proseguía co famoso brigadier e tamén deputado

[142] Por riba dos 1.400 votos están don Ramón López Vázquez, que rematará por ser deputado tras unha segunda elección, e don Juan Francisco Fontán. Non obtén votos don Cristóbal Falcón.

[143] Barreiro Fernández, 2001 (a): 232- 233. Durante a guerra, e malia a súa xuventude, fora secretario da Xunta de Vigo e alcalde en 1812. Foi perseguido por liberal en varias ocasións, tendo que sufrir prisión, desterro e exilio. Foi deputado en 1836 e 1837, e senador en 1841. Recibe a notificación da elección en Cáceres onde exerce de maxistrado da Audiencia

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

saínte Llorente[144], Martínez de Montaos[145], o exdeputado e avogado Alonso[146], o capitán Olabarrieta e o avogado e deputado provincial Fontano. En canto os senadores, propoñen en Vigo a varios antigos deputados ou procuradores do Estatuto: Acevedo[147], os brigadieres Cuesta e Llorente, ademais dos brigadieres Carrera e conde de Priegue. Ningún deles sae elixido no escrutinio da provincia. Unha mostra do conflito existente entre Vigo e Pontevedra, incapaces de pactar unhas candidaturas de consenso.

A elección en Vigo parecía decantarse por candidatos orixinarios na antiga provincia de Tui, mais o factor ideolóxico tamén estaba presente na batalla pola capitalidade da provincia. As elites viguesas apostaban por un liberalismo progresista, mentres que as notabilidades de Pontevedra estaban encadradas nun discurso moderado. En Vigo buscaban entre os antigos liberais do Trienio e exiliados, de aí a destacada presenza de militares, mentres que en Pontevedra pretendían funcionarios, fomentando a continuidade de figuras que outorgaran estabilidade[148]. O trunfo político foi para o grupo dominante da Deputación de Pontevedra, con Espinosa e Varela nunha posición

---

Territorial de Estremadura, no mes de outubro de 1837. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, 221/3/4.

[144] Barreiro Fernández, 2001 (a): 378- 379. Este vigués procedía da casa fidalga de Piñeiro e desenvolveu unha espectacular carreira militar. Participara na guerra e no pronunciamento de Porlier. Fora investigado por "libertino, fracmasón y delincuente". Deputado no Trienio, pasou o conseguinte exilio en Inglaterra. Elixido procurador no Estatuto, non tiña virtudes para a política, mais era unha personalidade pública de moita sona polas súas fazañas e excesos. Foi nomeado subsecretario de Guerra en 1838. Escribiu e traduciu obras de temática militar. Chegou a mariscal de campo. Unha rúa viguesa lembra o seu apelido, e outra ao seu sobriño Teófilo Llorente.

[145] Liberal progresista, era funcionario de Facenda. Barreiro Fernández, 2001 (a): 396. Na acta de Vigo aseguran que era "intendente".

[146] Na acta de Vigo din que fora deputado, mais Barreiro sitúa a súa primeira lexislatura en 1841. Foi avogado e literato, famoso orador e de gran cultura, defendeu sempre o liberalismo progresista. Orixinario da Guarda, residiu en Madrid a meirande parte da súa vida. Malia ser votado polos vigueses en 1837, defendeu a capitalidade de Pontevedra fronte Vigo en 1841-43.

[147] Barreiro Fernández, 2001 (a): 27- 28. Liberal exaltado, naceu en Vigo, mais a súa familia procedía de Oviedo. Foi xefe político de Asturias en 1813, e de Oviedo en 1820. Depurado, desterrado e exiliado, radicalizou o seu liberalismo até defender a república, co exterminio de coroa e clero. Ocupou escano por Asturias e por Pontevedra, e senador pola primeira en 1837.

[148] Na relación de senadores propostos pola provincia obsérvase unha maior presenza de militares, máis da metade, así coma figuras de autoridade política. Nos deputados electos existiu preferencia polos funcionarios de carreira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cómoda, o que lles permitía executar o acordo no seu distrito, mentres que se afonda na división de Vigo e Pontevedra. Os curmáns Varela estiveron sempre na órbita das notabilidades pontevedresas.

As actas dos distritos relativizan unha imaxe de hexemonía[149]. Existía un concerto ou entendemento nas elites, mais non unha única cabeza ou xefatura. Os liderados eran múltiples e diversos, con distintas contribucións sociais, político- administrativas e intelectuais. No conxunto, constátase unha forte presenza de títulos e fidalguía, con especial coñecemento da administración do Estado, xunto co fulgor de determinados homes de ciencia. Estes representantes son patróns naturais que operan no plano territorial da provincia ou reino, cunha tradición familiar que adoita remontarse ao despotismo do Setecentos. Nesta clase política de provincia non se advirte unha entrada decidida da burguesía industrial, comercial ou financeira[150]. Aínda máis, os votos en Vigo van para letrados e militares, moitos deles exdeputados ou con cargos e graduacións de entidade. Completaban as referencias viguesas certas figuras políticas da Corte, non naturais nin veciños da provincia, sen que se aprecie interese algún da burguesía viguesa[151]. Con todo, a forza social desta clase en alza percíbese nos seus candidatos e votos, que difiren da primacía do facendado agrario que impera nos distritos do interior de Pontevedra, e incluso na capital.

En definitiva, arranxáronse unhas candidaturas de consenso no seo da Deputación, mais no sur houbo distritos díscolos que estaban a

[149] A relación das actas dos distritos non é exhaustiva. Nalgúns casos faltan páxinas e noutros a acta completa, polo que non se pode realizar un reconto fiable da votación. Existe un escrutinio final que hai que tomar como feito en si, sen poder valorar a exactitude dos datos dos distritos. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, caixa 221/1.

[150] A representación política en Pontevedra parece refutar a tese do absentismo nobiliario, sobre todo pola presenza da fidalguía na clase política liberal. Afirma Juan Pro que "la pervivencia del poder de las familias nobles no tituladas privadas ya de su estatus jurídico privilegiado, pero fuertemente instaladas en el poder local; y el mantenimiento del prestigio y vigencia de los títulos nobiliarios", matizan a imaxe tradicional de devalo nobiliario. De tal xeito, o fenómeno é máis complexo que unha lisa continuidade ou unha drástica ruptura. Pro Ruiz, 2001: 453. Ao respecto, hai que engadir os escasos incentivos da emerxente burguesía comercial e industrial para empregar o seu tempo nun cargo público. De aí que vaian aparecendo "homes de palla" ou conformen redes clientelares para exercer o poder indirectamente.

[151] Entre os máis votados para propoñer coma senadores estaban Calatrava, Gil de la Cuadra, o mariscal Evaristo San Miguel, e o intendente Martínez de Montaos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

anunciar o conflito pola capitalidade provincial. Esta loita de poder traducíase en termos ideolóxicos nas posicións moderada de Pontevedra e progresista de Vigo que, malia os habituais prexuízos historiográficos sobre o escaso desenvolvemento da cultura política liberal, non é un feito banal ou anecdótico. O relato político, as clases sociais, a organización territorial do Estado liberal, e a riqueza e os novos sectores de investimento, son algúns dos factores que cristalizan nunha confrontación entre elites.

A voz propia de determinadas cidades é un dos maiores temores dos moderados, xa que esta «soltura que casi raya en soberanía» minaba a autoridade do Estado[152]. Talvez unha maior descentralización administrativa non implicaba necesariamente inestabilidade e caos, pero nos gabinetes moderados era percibida coma un perigoso contrapoder que avaliaba a súa xestión. Unha vez máis, o talante autoritario será a socorrida fórmula para resolver un problema "puramente político"[153].

3.3.4. Censos e distritos de 1837. Eleccións provinciais

As eleccións a Cortes do 22 ao 26 de setembro de 1837 foran convocadas mediante Real Orde publicada o 22 de xullo que indicaba ás deputacións os traballos de confección e aprobación do censo, votación e acta do escrutinio xeral[154]. O procedemento electoral estaba claro, mais era unha tarefa pesada que cargaba sobre as provincias e municipios incontábeis horas de xestión. Comunicar de oficio con

[152] De Castro, 1979: 153- 154.

[153] *Ibíd*. Aínda que houbese distintos intereses socioeconómicos en liza, para Concepción de Castro "el peligro no existe mientras se mantiene un mínimo acuerdo entre ambos partidos". É dicir, certa autonomía nos municipios podería ter favorecido o pluralismo político, abrindo espazos onde os partidos políticos, e os seus diferentes sectores, puidesen confrontar intereses e argumentos. A tendencia autoritaria do Executivo pretendía anular as discrepancias de raíz. Era o gabinete ministerial quen marcaba a pauta política, co único escenario das Cortes para o debate entre partidos. Esta inclinación ao autoritarismo é consecuencia dunha obsesión pola orde política. Gómez Ochoa, 2007: 37-38. Unha forma de coutar as ameazas de "desbordamiento social y político" do xuntismo progresista. Marcuello, 1998: 17- 18. Así e todo, non existiu perigo real de desintegración do Estado. O "atrincheramiento autoritario y oligárquico" obedecía máis aos embates ideolóxicos revolución- reacción, que á tensión provincia- nación. Burdiel, 1999: 198- 200.

[154] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, caixas 221/1, 221/3; ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra*, 34.382/14.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

todos os municipios e recibir en prazo as listaxes eran, en moitos casos, obrigas incapaces de cumprir. O xefe político expresaba o seu desgusto aos municipios mediante circular do 30 de agosto: *«lo imposible que ha sido á esta Dipºn, a pesar de sus deseos y esfuerzos de qe estubiese concluida la impresion de las listas generales de los electores de la Provª (...), acordó preventivamente esta Dipºn mandar sacar la adjunta copia formada de la original»*[155].

O problema estribaba nos prazos. Eran necesarios 15 días de exposición pública das listaxes, prazo que debía rematar o 15 de setembro, comezando as eleccións o día 22. De aí a urxencia de remitir algunha listaxe visada pola Deputación. Incluso o día 16 envían novas rectificacións con inclusións e exclusións nominais. Con todo, malia o acelerado do proceso, conseguiron realizar a convocatoria electoral nas xornadas fixadas. Unha aprendizaxe da praxe política liberal que foi en boa medida autodidacta, xa que as instrucións de Madrid eran xerais, sen entrar nin atender casuísticas. Deste xeito, os deputados provinciais e os comisionados dos distritos tiveron que improvisar e poñer en funcionamento a engrenaxe electoral.

Que notábeis se reúnen para verificar as eleccións? A chamada "Junta de Escrutinio General de votos" era unha comisión presidida polo xefe político, Manuel Gutiérrez de Caviedes[156]. Asisten á sesión os deputados provinciais: Amado, Cadabal, Espinosa, García Brabo[157] e Fontano, e os seguintes comisionados dos distritos electorais: Gayoso (Cambados), Constenla (Foxo Corbelle/ Tabeirós), Corral (Baiona), Fernández Villaverde (Pontevedra), Ferreirós (Tui), Núñez (Mourentán), Villar (Bandeira), Barosela (Moraña), López (A

[155] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Minutas dos oficios (1837)*, 311/14. Correspondencia do xefe político don Manuel Gutiérrez de Caviedes cos municipios da provincia.

[156] ADPO, eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 221/3/4. Na copia da acta do escrutinio estes señores figuran sen "don", tratándose dunha transcrición das súas sinaturas. Enviaban unha copia a cada un dos elixidos.

[157] Don Miguel García Brabo era veciño de Vilagarcía. Parece ser que era comerciante. Co mesmo apelido aparece un elector en Carril, talvez pai ou irmán, que podería ter almacéns ou actividade industrial. Nas eleccións provinciais de 1836 non aparece electo, xa que por Cambados sae Gayoso, o cura de Fefiñáns. Pode ser que García Brabo exercera de substituto de Gayoso naquela altura de setembro de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Guarda), Pesqueiras (Ponteareas), Farrapeira (Salvaterra), Pérez de la Granja (A Cañiza), Filgueiras (Vigo), Patiño (Vilagarcía), Gándara (Redondela), Rey Vasadre (Caldas), Raposeiras (Cerdedo), Carrera (Cangas), Espinosa (Porriño), Senra Malvar (A Lama), Ulloa (Lalín), Vilariño (Soutomaior) e Portela (Pontecaldelas). Os catro secretarios escrutadores que saíron por azar foron: Constenla, Raposeiras, Fernández Villaverde e Pesqueiras. Nesta relación de notábeis da provincia distínguense varios exdeputados provinciais, comisionados, e cargos de autoridade (gobernadores, xuíces)[158]. Longas horas pasaron estes notábeis reunidos para realizar o Escrutinio. O xefe político dá conta o día 7 de outubro de non estar rematada a acta electoral «á pesar de haverse trabajado en su redaccion día y noche»[159]. De feito, na acta consta que as sesións de escrutinio rematan a medianoite[160].

A maiores das actas das eleccións e as comunicacións de oficio aos elixidos, a documentación electoral é fundamentalmente listaxes de electores dos distritos. En cada convocatoria electoral prodúcese un baile de nomes a incluír ou excluír, que contan co aval das autoridades municipais, mais que precisan a confirmación provincial. Tratábase de recoñecer o dereito ao voto, cuestión de gran relevancia, xa que o veciño accedía ao estatus de elector, isto é, cidadán, segundo o novo léxico que agromara coa revolución. A lei electoral aprobada polas Cortes o 12 de xullo de 1837 implicaba unha "considerable ampliación del cuerpo electoral"[161]. O censo resultante, empregado tanto nas eleccións a Cortes coma nas provinciais, comprendía arredor dun 5% da poboación, valor máis alto que a media estatal[162]. Os requisitos para votar flexibilizáranse, con varios conceptos de ingresos/pagos de contribucións que permitían o sufraxio: 1) un

[158] Chama a atención que don Lorenzo Varela non asistise ao escrutinio. Nos seus papeis hai un manuscrito do seu puño e letra cos resultados dos distritos. O comisionado por Moraña era Barosela, amigo persoal de Varela. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra*, 34.382/14.

[159] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, 221/3/3.

[160] *Ibíd*., caixa 221/1.

[161] Taboada Moure, 1987: 20- 21.

[162] *Ibíd*. Un censo de 18.038 electores dun total de 360.000 habitantes. Cita Taboada a Artola (1974), quen calculara unha porcentaxe media estatal do 2'2%.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mínimo de 200 reais de contribución directa; 2) percibindo rendas agrarias ou profesionais superiores a 1.500 reais; 3) arrendatario ou parceiro que pagase un mínimo de 3.000 reais anuais; 4) posuír unha xunta de bois propia; 5) pagar pola casa onde se reside varios centos de reais[163]. Presumibelmente, o electorado galego viuse particularmente beneficiado polos dous últimos supostos: ter unha xunta de bois ou pagar pola vivenda.

Na acta do escrutinio xeral aseguran que *«siendo 18.038 los electores tomaron parte en la elección 14.569»*[164]. Un documento manuscrito de don Lorenzo Varela aproxímase a esa cantidade[165]. Non obstante, outro documento indica 21.167 electores, e engade: *«Lista anterior 18.038. Difª demas 3129»*[166]. Naqueles meses de 1837 o número de electores foi variando por mor das reclamacións e dos erros tipográficos motivados no apresuramento. Así, nas eleccións provinciais dese ano o censo ascende a 21.167 electores, polo que se pode dicir que empregaron o mesmo censo nas dúas eleccións, aínda que nas provinciais foi rectificado[167]. Debido ás numerosas convocatorias electorais e ás pesadas tarefas administrativas derivadas das eleccións, deberon tomar as listaxes de 1837 coma base, realizando tan só actualización de datos.

Os 63 concellos da provincia estaban distribuídos en 11 partidos xudiciais. Nestas eleccións plurinominais os partidos xudiciais dividíanse en 23 distritos electorais. Aínda que os datos que manexa don Lorenzo Varela rexistran un erro de 18 electores, o seu manuscrito contén os datos segregados por distritos, o que debía ser de interese deste fidalgo, xa que podía valorar a forza electoral das

[163] *Ibíd*. A cantidade de renda pola casa era variábel, segundo a entidade poboacional dos concellos.

[164] Escrutinio celebrado en Pontevedra entre os días 4 e 8 de outubro de 1837. A maioría de votos para ser elixido situábase en 7.283 votos.

[165] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra*, 34.382/14. As anotacións de Varela comprenden os 23 distritos electorais, coas cifras de 14.563 votos emitidos, e un total de 18.056 electores.

[166] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, 221/3.

[167] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais. Estado dos concellos (1837- 1838)*, caixa 187/10. A cifra de Taboada Moure é errónea xa que non foi o total de electores das eleccións provinciais, comicios que aborda en exclusiva no seu estudo. Taboada Moure, 1987: 20- 21.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comarcas[168]. Na seguinte táboa recóllense estes datos por distrito nas eleccións a Cortes de 1837 e as modificacións do censo nas eleccións provinciais dese mesmo ano:

Táboa IV: Comparativa censos electorais de 1837

Distritos electorais Pontevedra	Censo distritos eleccións a Cortes	Partidos xudiciais Pontevedra	Censo partidos xudiciais eleccións a Cortes	Censo partidos xudiciais eleccións provincia	Evolución censo 1837
Caldas de Reis	1.273	Caldas de Reis	2.663	2.275	-388
Moraña	1.390				
Cambados	824	Cambados	1.008	998	-10
Vilagarcía	184				
A Cañiza	401	A Cañiza	636	1.859	+1.223
Mourentán	235				
Lalín	1.879	Lalín	3.352	2.972	-380
Bandeira	1.473				
Caldelas	191	A Lama	734	1.014	+280
Calde-bergazo[169]	543				
Pontevedra	1.902	Pontevedra	2.770	2.519	-251
Cangas	868				
Ponteareas	990	Ponteareas	1.425	1.323	-102

[168] Varela debeu cometer un erro de transcrición, xa que apuntaba 20 electores máis en Lalín e 2 menos en Pontevedra.

[169] Antiga xurisdición reconvertida en municipio e que abranguía 9 parroquias, sendo A Lama a súa cabeceira, denominación que adoptará en 1841. Ortograficamente, aparece na documentación co "b" ou co "v". Fariña Jamardo, 1996: 83, 163- 165; Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 95.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salvaterra	435				
Redondela	237	Redondela	351	754	+403
Soutomaior	114				
Cereixo	1.012	Tabeirós	1.825	1.727	-98
Cerdedo	813				
Tui	1.141	Tui	1.989	2.438	+449
A Guarda	729				
Porriño	119				
Vigo	787	Vigo	1.285	3.288	+2.003
Baiona	498				
Total distritos electorais	**18.056**	**Total 11 partidos**	**18.056**	**21.167**	**+3.129**

Fonte: elaboración propia a partir dos censos electorais no ADPO[170].

Poden observarse nesta táboa algunhas características e tendencias de interese. En primeiro termo, é salientábel que Moraña e Bandeira constitúan distrito electoral propio. Son as comarcas dos cabezaleiros da Buzaca e Cascaxide, que conseguen un distrito feito á súa medida. Moraña incluía as parroquias de Baños de Cuntis e Campo, conseguindo superar ao distrito de Caldas. Nas eleccións provinciais o municipio con máis electores no partido xudicial de Caldas era Cuntis, con folgura: 558, mentres que Caldas tiña 348 e Moraña 316. Sen embargo, Cuntis non é cabeceira de distrito, é Moraña, nos dominios de Varela.

[170] ADPO, Eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixa 221/2; ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións provinciais. Estado dos concellos (1837- 1838)*, caixa 187/10. Os datos das eleccións provinciais proveñen dunha listaxe sen data, na que hai constancia da distribución dos electores por partido xudicial e municipio, mais non por distrito. Esta táboa compara ambas fontes, agregando os votantes nos partidos xudiciais para obter datos aproximados da oscilación do censo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No partido de Lalín segue a destacar o elevado número de electores. Ao igual que no censo de 1836, este partido reunía o maior número de electores, aínda que nas eleccións provinciais, tras as rectificacións, será o partido de Vigo quen supere a marca de Lalín, ao engadir 2.003 electores. A diferenza entre os dous partidos estaba na distribución de electores polos municipios. Así, no distrito de Vigo a metade dos electores eran veciños dos municipios de Bouzas e Lavadores[171]. Namentres, a forza electoral do distrito de Lalín está concentrada no municipio homónimo, con 1.458 electores, mentres que Rodeiro contaba con 183 e Dozón apenas axuntaba 54 electores. O distrito de Bandeira tiña un reparto equilibrado entre Carbia con 539 e Chapa con 513. Cabe lembrar que o núcleo de poboación de Bandeira pertencía a Chapa, e está situado a unha distancia aproximada dunha legua de Cascaxide[172].

Unha cuestión relevante é que algúns distritos ampliaron o censo en setembro, antes das eleccións, mentres que noutros, coma Vigo, A Cañiza ou Tui, aumentaron prodixiosamente meses despois, nas eleccións provinciais[173]. É dicir, nas eleccións a Cortes houbo distritos sobrerrepresentados, xa que despois serían excluídos ducias de electores, e outros infrarrepresentados, xa que non incluíron a tempo estas relacións nominais de centos de veciños. Entre os distritos que ampliaron formidabelmente o seu censo antes das eleccións a Cortes estarían Bandeira, Moraña, e Caldas. A vontade dos seus deputados provinciais e comisionados electorais debeu ser determinante para presentar un censo tan numeroso. Aí podemos advertir a man de Espinosa e Varela para constituír o seu dominio electoral. Outros distritos semella que non tomaron en consideración a importancia destes traballos. En resumidas contas, a ampliación dos supostos para ter dereito ao voto podía aumentar o censo, mais isto tamén dependía

[171] *Ibíd*. Segundo os datos das eleccións provinciais, tras a rectificación do censo. O partido de Vigo tiña 3.288 electores repartidos nos seguintes municipios: Vigo (1.065), Bouzas (457), Lavadores (591), Baiona (356), Gondomar (671), e Nigrán (148).

[172] A medida dunha legua tiña moitas variantes. Tómase aquí de referencia o camiño que se anda nunha hora, que quedou fixado en 20.000 pés (5.572 metros) mediante R.O. de 26 de xaneiro de 1801 por Carlos IV.

[173] As primeiras rectificacións están nunha listaxe publicada o 6 de setembro de 1837, dentro do prazo legal para as eleccións a Cortes. ADPO, eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, caixa 221/2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

do bo facer dos xestores do momento. Mais se cabe nunha época de limitado coñecemento dos novos procedementos liberais na administración pública.

Incluso dentro do mesmo distrito hai diverxencias. Así en Bandeira, os electores de nova inclusión no censo pertencen ás parroquias da antiga xurisdición de Trasdeza. Isto é, veciños do municipio de Chapa. En troques, non hai un só rexistro de inclusión de electores de Carbia, integrados no mesmo distrito[174]. Outro dato destacábel está nas propias parroquias. En Escuadro, onde está Cascaxide, e os Espinosa teñen incontábeis bens e foreiros, e onde gozaron de señorío xurisdicional, rexístrase un aumento espectacular: 59 novos electores. Tamén no distrito de Moraña hai un aumento considerábel, sobre todo nas parroquias de Cuntis, Troáns e Campo. Na pequena parroquia de Gargantáns e o seu unido San Lourenzo de Moraña, onde está situada A Buzaca, engaden 23 electores, cifra que é meritoria.

Estas ampliacións do censo eran percibidas con cautela dende Pontevedra. Un borrador do xefe político Caviedes recolle algunhas advertencias contra o aumento da cota de contribución de particulares co propósito de ser incluído nas listaxes: *«para abusar de la sencillez e ignorancia (...)de las clases poco acomodadas (...), acaso para satisfacer a las instigaciones y esigencias del dueño propietario a quien sufraga renta, o de una autoridad cuyo ascendiente respetan. Este fraude no solo no presenta inconveniente ofreciendo la impunidad al que lo comete, (...) en las poblaciones rurales y diseminadas como generalmente lo son las de la dta Prov[a] y Reyno de Galicia»*[175]. Existía, pois, un discurso político contrario á imposición dun consenso mediante a patrimonialización dun distrito. O xefe político quere «precaver» do «amaño o intriga», «que se trata por algunos en esta Provincia de reunir votos para si o determinados sugetos», aínda que entende que son «consecuencias del amor a la libertad apreciada segun cada cual la conoce». Son os distritos rurais

[174] *Ibíd*. Na documentación da Deputación obra un escrito que afirma que as listaxes de Carbia, no distrito de Bandeira, non foran remitidas. Tampouco as de Agolada, en Lalín.

[175] ADPO, eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, 221/3/2. Borrador manuscrito do xefe político ao Ministerio de Gobernación, Pontevedra, 21 de xuño de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os máis afectados por esta «fraude» de confeccionar un censo electoral en beneficio do señor ou patrón do distrito. Supón a institucionalización da estrutura clientelar no marco do sistema representativo. Estas observacións do xefe político en 1837 son temperás, e alertan, dende o preciso inicio da monarquía constitucional, da tendencia a reproducir as relacións de padroádego do Antigo Réxime (señorío, ascendente) na política liberal (clientelismo político). Este fenómeno é máis evidente nos distritos eminentemente agrarios, por mor do sistema produtivo e ocupación do territorio.

Outros distritos coma Salvaterra, Tui, Cambados, Redondela, e Vigo engadiron electores daquela, mais nun número máis modesto. En distritos coma Pontevedra, Cangas, Baiona, A Cañiza, Cereixo, Cerdedo, e Candelas tan só apuntan algún nome solto. No caso de Tui dáse a particularidade que incluíron algúns nomes o día 6, que despois o día 16 foron excluídos. Toda a curia diocesana, dende o propio bispo até cóengos e racioneiros, viron o seu nome impreso na listaxe de excluídos porque «resultaron indevidamente compreeendidos en los casos por que les consideraron con derecho a votar»[176]. Os curas párrocos de todos os distritos tamén foron privados do dereito ao sufraxio activo, figurando todos eles nesta relación do día 16. Na freguesía de Estacas, no distrito de Moraña, aparece don Francisco Espinosa coma excluído.

Historiograficamente, tense interpretado que este aumento do censo provén principalmente do suposto 4º: ter unha xunta de bois. Porén, nas listaxes consultadas non se advirte o recurso masivo a esta condición. Maiormente, os electores de nova inclusión entran polo 2º caso: percibir un mínimo de 1.500 reais anuais de rendas, ben por propiedades ou por actividade profesional. Por exemplo, no partido de Caldas de Reis, tanto no distrito de Moraña coma no de Caldas, a totalidade dos novos electores acceden por este concepto. Tamén en Cambados, Tui, Salvaterra, Caldelas e Redondela, o suposto máis

[176] *Ibíd*. Foran incluídos nas listaxes publicadas o día 6 de setembro mais, despois dunha revisión, non se aceptaron os casos polos que xustificaban o seu dereito. Alegaron distintos supostos, dende o 1º no caso do coéngo maxistral don Telmo Maceira, da poderosa familia dos Maceira, futuro bispo da diocese, até decenas de electores polos supostos 2º e 4º. Na súa meirande parte van ser excluídos na listaxe do día 16.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

empregado é o 2º. O caso de Bandeira é peculiar, xa que non apuntan ningún motivo para a inclusión.

Curiosamente, o caso 4º ten máis predicamento en distritos urbanos coma Vigo. Talvez é unha informalidade nas listaxes, mais non consta que estes novos electores residan en parroquias rurais do distrito. Todo o contrario, a relación nominal está encabezada por un elocuente "Ciudad de Vigo"[177]. Tamén na cidade de Pontevedra empregan este caso 4º nos dous únicos nomes que engaden. En Tui dáse a peculiaridade que unha decena de electores acceden ao voto por posuír unha xunta de bois, mais son rexeitados días despois xa que todos eles son eclesiásticos de distinto rango: cóengos, racioneiros, deáns, curas. Por conseguinte, ter unha xunta de bois non foi a xustificación chave de campesiños e comarcas agrarias. Foi empregada en zonas urbanas, por distintos perfís sociais, mentres que no interior da provincia, nos municipios máis rurais, o argumento para votar será percibir rendas.

Estes supostos para acceder ao voto contrastan co uso do distintivo "don" na relación nominal de electores[178]. Tal e como acontecía no censo de xullo de 1836, as elites viguesas trataron de "don" a todos os electores no censo de 1837, incluídos todos aqueles apelidos cataláns dos fomentadores con investimentos na ría. Así, malia que moitos dos novos electores incluídos no censo entren polo caso 4º de posuír unha xunta de bois, fan gala de ser coñecidos coma "señor don". Namentres, a maioría dos distritos manteñen esa distinción señorial para determinados electores, que adoitaban figurar os primeiros nas vilas e en cada parroquia. Así, tanto en Pontevedra, Baiona e Tui, coma nos distritos rurais de Moraña e Bandeira. Neste último distrito, por exemplo, a presenza de electores sen "don" é enorme. Deste xeito, seguen a reflectir as diferenzas de estatus entre señores e simples propietarios, aínda que estes propietarios accedan ao sufraxio polo caso 2º, que era percibir rendas. Porén, o perfil dos electores en 1837 non se pode determinar con claridade sen unha

[177] *Ibíd.*

[178] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Listas electorais e actas (1837)*, 221/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

investigación máis exhaustiva que cruzase estas distincións de estatus e os argumentos para a inclusión nas listaxes[179].

En resumo, o exercicio deste novo dereito de participación política vai depender maiormente da vontade e bo facer dos políticos provinciais e municipais. A súa pericia para interpretar a nova lexislación, o seu desexo de ampliar o censo, ademais da súa dedicación e coidado na confección das listaxes. En boa medida, as convocatorias electorais son unha escola de xestión pública que forma á clase política emerxente, converténdoos en profesionais da política[180]. Que en todo o distrito de Vigo só se incrementase o censo en 64 electores, mentres que na parroquia de Escuadro (municipio de Chapa, distrito electoral de Bandeira) engadisen 59, é indicativo do desigual compromiso político das notabilidades locais. Houbo quen cumpriu coas súas funcións en prazo e con moito celo, mentres que outros comisionados non souberon ou non quixeron esmerarse nestes trámites[181]. Para Barreiro Fernández, houbo tamén unha manobra deliberada da Deputación, "que había inflado el censo en los distritos en los que tenía más partidarios para su causa y recortó sensiblemente aquéllos de influencia viguesa"[182]. De calquera xeito, non era un aspecto banal xa que, naqueles comicios de circunscrición única, algúns distritos van quedar coa representatividade minguada. Esta realidade é a que motiva o aumento do censo nas eleccións provinciais, xa que distritos coma Vigo estaban a perder a batalla polo poder na provincia.

Os notábeis vigueses deberon espelirse á vista dos resultados das eleccións a Cortes de setembro de 1837. Cun censo tan limitado, as súas candidaturas perderan forza, gañando os candidatos de Pontevedra. Apenas tres días despois de ter rematado a acta electoral, o Xefe Político convoca unha segunda volta para «completar el

[179] Sería interesante clasificar aos electores por este distintivo "don", tal e como se fixo co censo de 1836, mais excedería os límites desta Tese.

[180] Na liña do apuntado por Michels (1962) e Duverger (1951). Na praxe electoral e parlamentaria xéstanse políticos profesionais e partidos.

[181] Os notábeis de Vigo van mostrarse moi activos no que segue, e na xestión do xefe político non se advirte mala fe. Non hai documentos que sosteñan esta posibilidade, polo que o desleixo é a explicación máis consistente. Non obstante, a partir destas eleccións márcase un punto de inflexión.

[182] Barreiro Fernández, 1982: 95, citado en Taboada Moure, 1986: 24, n.19.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

número de candidatos pª senadores y suplentes de diputados»[183]. Empregando o mesmo censo electoral, cun total de 18.038 electores, a participación baixou dos 14.563 de finais de setembro a 11.472 que se rexistran nesta segunda elección. O motivo principal deste descenso foi a anulación das votacións nos distritos de Vigo e Cereixo, que supoñen 1.799 votos menos[184]. As eleccións nestes distritos non se realizaran porque non chegaron a constituír as mesas electorais. Explican dende o municipio de Vigo: *«a causa de no haberse nombrado el Presidente y cuatro Secretarios escrutadores (...) por falta de electores para ello. (...) no ha podido lograrse (...), por cuya falta no ha ido el Comisionado de este districto»*[185].

Os electores vigueses, coas súas notabilidades á cabeza puideron optar pola abstención nesta convocatoria. Unha abstención que non é neutra, senón que é un desafío de insubmisión. Desacreditan o sistema coa súa incomparecencia, e o conflito entre as cidades da provincia está servido. A secuencia dos feitos apunta á seguinte interpretación: a elite viguesa, logo dos resultados de finais de setembro, nos que saen elixidos os candidatos de Pontevedra, e á vista da menor forza electoral de Vigo, tanto por non ter ampliado consecuentemente o censo, como pola incapacidade de fabricar consensos con outros distritos, decide ausentarse das eleccións coma unha afronta que teña resonancia no ministerio de Gobernación. Aquí xa non se trata de desleixo, retraemento ou fraude, é unha táctica para forzar un novo equilibrio de forzas entre Pontevedra e Vigo.

En Pontevedra realizan este segundo escrutinio sen máis consideración co caso de Vigo, malia as numerosas dilixencias e comunicacións que ocasiona[186]. Coas seguintes palabras contestaron

[183] ADPO, Eleccións, 3.13.7, *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes* (1837), caixas 221/3/2, 221/2. Faltaba un senador e 3 deputados suplentes. As xornadas están marcadas do día 11 ao 15 de outubro.

[184] *Ibíd*. O censo do distrito de Cereixo era de 1.012 electores, e en Vigo de 787. A cifra da comarca viguesa era francamente baixa, sendo inferior a distritos coma Cangas (868) ou Cerdedo (813). Por outra banda, na acta recollen as dúbidas sobre os votos no distrito de Mourentán xa que o comisionado electoral non acode a Pontevedra a verificalos pola axitación do «cabecilla» Guillade e a súa facción no municipio de Arbo. Na acta do escrutinio xeral admiten estes votos.

[185] *Ibíd*., Vigo, 30 de outubro de 1837. Asina a carta don Josef Rodríguez, presidente do concello.

[186] A acta do escrutinio destas segundas eleccións ten data do 17 de outubro de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dende a Deputación ás consultas de Vigo: *«La ley electoral está bastante esplicita sobre la formacion de las mesas de districto. No corresponde á la Diputacion resolber las dudas que se ofrezcan en su cumplimiento»*[187]. Non deixa de ser unha interpretación tendenciosa de competencias, xa que o ministerio ordena ao xefe político e á Deputación velar pola organización, realización e escrutinio das eleccións. O interlocutor de Gobernación é a provincia, non o municipio.

A importancia destas segundas eleccións é menor. Obsérvase unha escasa presenza de figuras relevantes no escrutinio. Non acoden Espinosa, Varela, Fernández Villaverde, tampouco Ulloa Pimentel. Salvo algunha excepción, a tónica xeral é que os comisionados electorais destas segundas eleccións sexan personalidades locais, ocupados na política municipal. Son intermediarios, non patróns. Os notábeis das comarcas resérvanse para eventos máis decisivos. Ademais, as continuas convocatorias electorais poden derivar en fastío ou cansazo. Cabe lembrar que en 1836 houbo como mínimo 4 comicios, e en 1837 outros tantos[188]. Considerando os vagarosos procedementos de confección de censos, celebración das xornadas electorais, e certificación de escrutinios parciais e xeral, os traballos do sufraxio puideron converterse en obrigas pesadas e pouco atraentes. A ilusión polo novo sistema político, pola "consolidación" do constitucionalismo, podía mitigar en parte unha sensación que iría en aumento, e que conduce poucos anos despois ao desencanto ou desafección[189].

O clima político está crispado naquel outono de 1837. Hai aspectos ideolóxicos e socioeconómicos en liza, mais en esencia é un conflito polo poder provincial entre as elites viguesas e pontevedresas.

---

[187] *Ibíd*. Pontevedra, 11 de outubro de 1837. Carta asinada polo deputado Roque Amado e o secretario Besada como resposta as consultas de oficio do xefe político Caviedes.

[188] En 1836 houbo eleccións a Cortes en febreiro, xullo, e outubro, e eleccións provinciais en decembro. En 1837 houbo elección parcial dun deputado provincial en maio, eleccións a Cortes en setembro, segundas eleccións en outubro e provinciais en decembro. Unha secuencia esgotadora, cunha perspectiva de vixencia incerta.
http://www.congreso.es/web/guest/cem/regmcris/

[189] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Carta de don Ramón Iglesias Amor a don Lorenzo Varela, 21 de setembro de 1845: «*Emancipado ya y fastidiado de la farsa electoral no pensará jugar en ellas*».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ao decatarse en Vigo da súa desvantaxe electoral, dirixen unha serie de queixas ao Ministerio de Gobernación, que traslada o asunto ás Cortes. Denuncian *«los vicios y nulidades de que adolecen las elecciones de Diputados y propuestas de Senadores de esa Provincia»*[190]. Remitía o Concello de Vigo unha «exposición documentada», coas declaracións de varios particulares de certa influencia e consideración social. As denuncias de Vigo están datadas no mes de novembro, obtendo resposta das Cortes o día 3 de decembro: *«no son admisibles estas reclamaciones despues de aprobada las actas de eleccion de las provincias, segun lo está la de Pontevedra, y admitidos y juramentados sus diputados»*[191]. Era tarde para considerar unha anulación das eleccións, xa que a lexislatura comezara o 19 de novembro.

As elites viguesas perdían definitivamente estas eleccións. Estiveron lentos ou demasiado tranquilos na confección do censo e na promoción dos seus candidatos. Cando se decataron de que os notábeis de Pontevedra manobraban en aras dos seus intereses, con deputados de confianza, era tarde para conseguir unha cota de poder. Estes episodios son pasos nunha escalada de tensión arredor da capitalidade da provincia, que estoura durante a Rexencia de Espartero cando, no fragor do levantamento liberal de 1840, proclaman a provincia de Vigo[192].

Non son poucos os cronistas que definen este conflito coma unha guerra aberta[193]. Entre os paladíns vigueses había parlamentarios, deputados provinciais e comisionados de guerra: Falcón, Acevedo, Buet, Cayro, o marqués viúvo de Valladares; así como políticos locais

[190] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1837)*, 221/3/3. Tal e como recolle R.O. de 1º de decembro de 1837 dando conta de ter recibido esta reclamación na subsecretaría nº 252 de Gobernación.

[191] *Ibíd*. R.O. de 6 de decembro de 1837.

[192] Tal e como teñen abordado entre outros, Álvarez Blázquez (1980), Fariña Jamardo e Pereira Figueroa (1986), e Taboada Moure (1987). Durante o Trienio xa se constituíra coma provincia. Non se pretende aquí ampliar esta cuestión, tan só salientar as eleccións de 1837 coma campo de prácticas da política liberal. As problemáticas que se presentan nestes primeiros meses constitucionais van a estar presentes durante todo o reinado isabelino, como sucede co clientelismo político.

[193] Rodríguez Ennes, 2004. De feito, houbo un episodio armado nos primeiros días de outubro de 1840. A milicia viguesa entrou en Pontevedra, bombardeou a Peregrina, até forzar a rendición da xunta de Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que organizaron a xunta revolucionaria: Buch, Abeleira, de Vicente, Curbera. Pola banda da "boa vila" de Pontevedra, varios deputados provinciais: don Claudio González, Amado, Roda; ademais de influentes figuras da Corte como eran o marqués de San Martín de Hombreiro, o marqués de Vilagarcía, e Vázquez Queipo, entre outros. Semella plausíbel que López- Ballesteros estivese tamén no bando pontevedrés. Da mesma opinión serían os seus curmáns Varela e Espinosa. No caso do ilustre Fontán, tomou partido por Pontevedra alegando a súa situación central no territorio provincial[194].

Segundo os vigueses, a inxusta capitalidade de Pontevedra, cando no Trienio estivera en Vigo, débese ao *"caciquismo de tres influyentes personajes de cuyas presiones no pudo sustraerse Javier de Burgos"*[195]. Aínda máis, se en maio de 1836 non se trasladou a capital a Vigo, tal e como se dispuxera mediante Real Orde, foi porque o gobernador, don Miguel del Pino, non a executou, permanecendo despois oculta, sen publicación, *"perdiéndose en vericuetos ministeriales"*, de tal xeito que quedou sen efecto[196]. Claro exemplo de como determinados grupos de poder utilizan a legalidade ao seu servizo. Un caso similar ao da Real Orde de 26 de setembro de 1849, coa que quedan excluídos os montes do partido de Lalín da relación de montes comunais que van ser considerados públicos[197]. En conclusión, a emerxente facción moderada de Pontevedra tiña na súa man a provincia e as canles de influencia ministerial. Con certeza, houbo un bando vencedor neste conflito pola capitalidade, ao que pertencían os curmáns Varela, Espinosa e López- Ballesteros.

Á diferenza das eleccións provinciais de 1836, as celebradas o 1º de decembro de 1837 non contemplaban restricións á reelección, polo que algún deputado provincial vai repetir no cargo. A lista nominal de deputados electos é a que segue: don Lorenzo Varela (Caldas), don

[194] *Ibíd*.: 5.
[195] *Ibíd*.: 2.
[196] Tobajas Ramos, 2017: 216. Real Orde de 26 de maio de 1836, asinada polo ministro de Gobernación, o duque de Rivas. Non foi publicada na compilación "Decretos de la Reina (...) Isabel II".
[197] Esta Real Orde que beneficiaba aos de Lalín foi comunicada, mais non hai constancia de que fose publicada. Non obstante, foi o argumento que esgrimiron as autoridades locais para conservar a propiedade dos montes, malia iniciar un proceso de reparto do común. Este caso abordarase no epígrafe "3.5.5.2. O arranxo político dos montes do partido de Lalín (1849)".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Andrés Gayoso (Cambados), don Eugenio Torres Moreno (A Cañiza), don Benito Espinosa Varela (Lalín), don Manuel Araújo y Alcalde (A Lama)[198], don Claudio González (Pontevedra), don Juan Caballero (Ponteareas), don Antonio Rubín (Redondela), don Felipe Constenla y Garrido (Tabeirós)[199], don Pablo Robira (Tui), e don Atanasio Fontano (Vigo).

Os elixidos representaban ás elites locais da provincia, persoeiros de gran ascendente que tiñan estado relacionados coas novas institucións liberais, ben coma comisionados, deputados, ou electores no sistema indirecto. Antigos deputados foran o cura párroco Gayoso (Cambados), Caballero (Ponteareas), Rubín (Redondela) e Fontano (Vigo). Tamén Espinosa repetiu no seu cargo. Varela exercera de deputado até que devolvera a acta a Rey Vasadre (Caldas). Como xa se ten apuntado, Varela fora comisionado en varios asuntos político-administrativos: ordenación municipal, censo electoral. Outros comisionados nestas tarefas foran Caballero (Ponteareas), Rubín (Redondela), e o abade Araújo (A Lama). Constenla (Tabeirós) estivo comisionado nas anteriores eleccións a Cortes de setembro de 1837, sendo un dos catro secretarios escrutadores que asinan a acta. No selecto grupo dos electores indirectos da época do Estatuto estaban don Claudio González (Pontevedra), Robira (Tui), Rubín (Redondela) e Caballero (Ponteareas). Ademais, Robira fora alcalde e comandante da milicia de Tui. Pode observarse, xa que logo, que eran figuras políticas moi significadas na construción do Estado liberal.

---

[198] Abade de Insua (Pontecaldelas), debeu ser un dos dez fillos do escribán don José Araújo Troncoso de Lira e de dona Luisa Jacoba Alcalde Vieites de Puga, "ámbolos dous de familia fidalga. Polo seu pai procedía dos señores de Pedra Pequena (Ponteareas)". Emparentados cos Troncoso (Barreiro) e os Sarmiento (Pombeiro), familia materna de don Lorenzo Varela Sarmiento. Parece que este abade e deputado era cuñado de don José Ramón Bugallal Muñoz, "notario de Ponteareas e artífice do lanzamento político dos Bugallal". Tivo tamén un irmán deputado en Cortes, Castor, e outro xornalista, Isidoro, que fundou o xornal máis famoso de Cuba, *Diario de la Marina*. Barreiro Fernández, 2001 (a): 69.

[199] Mediante o R.D. do 21 de abril de 1834 fixáranse os partidos xudiciais da provincia, recollendo o cambio de denominación de Bemposta por Tabeirós. O distrito electoral foi variando, así como tamén a entidade municipal: Cereixo, Foxo Corbelle. A capitalidade do partido non se instalaría oficialmente na Estrada até 1869, aínda que o xulgado xa funcionaba alí dende 1841. No caso da comarca de Montes, chamábase como a súa cabeceira, Cerdedo. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 74, 80.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mención aparte merece don Eugenio Torres Moreno (A Cañiza), xa que é o único do que non hai constancia de actividade política anterior. Este comerciante procedía da mesma vila rioxana que don Norberto Velázquez Moreno, mantendo unha estreita relación entre eles[200]. De feito, a filla de Velázquez contraeu matrimonio co citado Torres Moreno, unindo novamente o apelido Moreno[201]. É o perfil dos "comerciantes foráneos" que nunha primeira xeración casan entre si, para fornecer os seus vencellos persoais e intereses económicos, como tamén aconteceu co sector dos fomentadores cataláns. As seguintes xeracións pretenderon o avoengo nobiliario polo que "procuraron cédulas de fidalguía para poder casar coa fidalguía galega"[202]. Con fortuna nos negocios, méritos persoais na alta sociedade e algúns resortes de poder político, a aspiración burguesa enfocouse na distinción aristocrática. Por iso compraron pazos e exhibiron maneiras e gustos refinadísimos. Queren ser aceptados por iguais nunha cimeira social que non deixa de ser aristocrática.

A carreira política de Torres Moreno é breve, xa que en 1839 renuncia por incompatibilidade do cargo cos seus contratos de arrendatario da Facenda Pública. Unha vez máis, os intereses económicos apuntan nunha dirección distinta á representación política. Tampouco Velázquez Moreno semella que tivese intención de ser deputado, aínda que obtivera algún voto na elección do deputado suplementario de maio de 1837, cando a maioría de Espinosa fora ampla e sólida. Isto fornece a idea de que certos sectores da industria e o comercio estiveron ao tanto do que acontecía nas novas institucións,

[200] Taboada Moure, 1987: 21. Torres Moreno obtivo 616 dos 621 votos emitidos. O curmán de Varela, don Mauricio Troncoso Sarmiento, conseguiu algún dos 5 votos restantes.

[201] Hai que sinalar que Velázquez Moreno foi un empresario que medrou coa industria da salgadura, á beira dos fomentadores cataláns. Foi un dos grandes "filántropos" da cidade, impulsando a construción dun teatro, escolas, baños, e até o lazareto de San Simón. Un modelo paradigmático de burgués que acada as máis altas cotas sociais. A súa actividade política estivo circunscrita ao municipio. Na elección do deputado suplementario en maio de 1837, Velázquez Moreno obtivera 3 votos, mais todo apunta que este burgués non tiña este propósito.

[202] Barreiro Fernández, 2001(a): 677- 678. Torres Moreno estaba emparentado cos Torres Taboada que van a instalarse en Vilaboa, Priegue e A Coruña. A política, xunto cun estilo de vida aristocrático, outorgáronlles un elevado estatus cara finais de século.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mais non ambicionaron un escano[203]. Talvez, se quixesen, podían conseguilo, mais restaba tempo e esforzo aos seus negocios. A política era un honor elevado, mais propio de ociosos que de burgueses. Outra cuestión era ter poder para conseguir os seus propósitos.

Torres Moreno, deputado pola Cañiza, era en verdade un deputado oculto de Vigo. De feito, envían a comunicación da elección ao "Correo de Vigo", xunto coas dos deputados Cuesta (Vigo), Rovira (Tui) e Fontano (Redondela). O avogado Fontano, deputado polo partido de Vigo, era veciño de Baiona, aínda que no oficio da Deputación consta que sae elixido por Redondela. Segundo as investigacións de Taboada Moure a elección neste partido de Redondela foi "tortuosa": "se llegan a realizar hasta tres consultas electorales en el corto plazo de cinco meses"[204]. Finalmente, sae elixido don Antonio José Rubín en maio de 1838. De calquera xeito, o progresista Fontano ocupa o escano de Vigo, tras o nomeamento do deputado Sebastián Cuesta coma Comandante da provincia.

Nestas eleccións hai maior competencia electoral, así como tamén máis irregularidades apuntadas nas actas. Nas eleccións de Tabeirós, anulárase a acta do distrito de Cerdedo, saíndo o candidato de Foxo Corbelle, Constenla. En Pontevedra tamén houbo anulación da acta, dándolle a vitoria ao exdeputado Saravia[205], aínda que meses despois deben ceder, e dar o escano a don Claudio González, "con la protesta formal de la Corporación"[206]. Un feito curioso xa que González era unha eminente figura local. Exclaustrado, era médico de profesión. Defensor do liberalismo, na súa vertente moderada, sufriu presidio e desterro despois do Trienio. Con inquedanzas políticas, foi alcalde de Pontevedra, deputado provincial, suplente en Cortes de Fernández Villaverde, e gobernador de Pontevedra en substitución de Ulloa Pimentel en 1853. Coma intelectual, publicou numerosos escritos sobre o cólera morbo, o progreso técnico, cuestións políticas, e

[203] Díaz Marín, 1998: 406. Sinala "la renuencia" das elites económicas a "transformarse en élites políticas" no caso de Alicante durante a Década Moderada, o que "plantea la autonomía de lo político con respecto a lo económico". Con certeza, non era necesario que "ocupasen ellos directamente el poder".

[204] Taboada Moure, 1987: 23- 24.

[205] Elixido na primeira Deputación de Pontevedra, Saravia era un histórico liberal do Trienio de perfil moderado. Tamén foi alcalde e comandante de Pontevedra e elector indirecto.

[206] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

historia local de Pontevedra. Na Buzaca consérvanse varias das súas publicacións, o que leva a supoñer certa sintonía entre Varela e González[207]. Foi coñecido polos seus coetáneos coma "sabio"[208].

As eleccións provinciais de 1837 estiveron tan empanadas pola fraude que en 1839 publicaron un folleto titulado: «Demostración de la legalidad y pureza con que ha procedido la Diputación Provincial de Pontevedra en la formación electoral de Pontevedra en 1838»[209]. Varios deputados subscriben o texto, entre eles González, sendo Valladares o impulsor do mesmo. Pode apreciarse un amplo coñecemento da linguaxe e procedementos administrativos do novo Estado liberal. A legalidade é considerada coma un principio constitutivo do sistema, ao xeito dun "imperio de la ley"[210]. Por outra banda, o idealismo da representación política acada altas cotas, sendo o escano unha confianza outorgada polos electores[211].

Outra mostra das elevadas expectativas postas na representación política está na sesión de instalación desta terceira Deputación. Con data 8 de xaneiro de 1838 ten lugar a reunión na que maioría de deputados electos quedan "constituídos en Junta"[212]. Un informe do secretario do goberno provincial, don Lorenzo Besada, dá conta dun debate ao inicio da sesión. Un deputado cuestiona que lle corresponda a un cargo gobernamental a presidencia da corporación provincial, xa que non cumpre co propósito do órgano de representar o corpo

[207] ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, 34.355. Varios folletos: "Discurso sobre la historia y progreso de la medicina y cirugía" (1822), 34.355/10; "Descripción Económica de la provincia de Pontevedra" (1834), 34.355/7; "Informe sobre la solicitud de asociación general de ganaderos" (1848), 34.355/16; "Memoria sobre el fomento de la pesca (…)" (1850), 34.355/18; ademais doutros informes e panfletos de carácter político, dentro da documentación sobre a Deputación que hai neste fondo.

[208] http://www.dbe.rah.es/biografias

[209] *Ibíd*.

[210] Rosanvallon, 2007: 73. Este "imperio de la ley" é unha cristalización histórica que provén do Antigo Réxime, dunha "lenta maduración institucional". Cabe lembrar que Rousseau sostiña formalmente o contrato social no principio de legalidade.

[211] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1837-1838)*, caixa 187/8. O deputado Caballero (Ponteareas) fai fincapé na súa carta de aceptación do escano da *"confianza que he merecido a los electores de este Partido"*. Unha vez máis o "partido" xudicial ten máis presenza que o "partido" político, que está ausente das eleccións como formación. O ideario e filiacións de moderados e progresistas teñen aínda máis compoñentes sociais que organizativas.

[212] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

electoral. Defende o citado secretario que ante a ausencia do xefe político e do intendente, ten que ser o secretario ou o contador quen faga os honores de presidir en nome do Goberno, coma empregado público. Os deputados apelan a disposicións lexislativas precedentes, que sinalaban ao deputado máis votado ou de maior idade coma presidente da Deputación. O problema na elección provincial era que o candidato máis votado era aquel do distrito con máis votantes. Para resolver a polémica, invitaron ao secretario Besada a estar presente nas sesións, mais a acta era asinada por Gayoso, o deputado de máis idade.

En esencia, era unha discusión entre a autoridade do goberno e a representación política da provincia. Talvez os señores deputados pretendían desprenderse da tutela de Gobernación, do seu control directo. Incluso Besada desistiu, ao tempo que recoñecía ter como «principio de mi conducta publica de unir el espiritu de las autoridades al fin de la Causa de la Nacion»[213]. Esta reclamación de autonomía da Deputación podía ter as súas raíces na experiencia do *xuntismo*. Eran os representantes dos electores da provincia, non do Goberno. Todos os deputados estiveron de acordo. Por desgraza, a fonte non revela quen foi o deputado provincial que comezou a discusión.

Outro motivo de queixa coa xefatura política foi a publicación no Boletín Oficial da instalación da Deputación. Protestan os deputados que na noticia non aparecen os nomes dos deputados electos, que definen como «tan notoria y trascendental omision»[214]. Dende a xefatura política[215] deféndense dicindo que a Deputación non remitira no primeiro oficio a relación dos deputados presentes e que, tras ser solicitada pola xefatura, foi remitida mais «estaba ya la impresion hecha». Unha pequena anécdota mais que reflicte unha tensa relación co novo Xefe Político. Para Fariña e Pereira as "tensións coas Cortes e

[213] *Ibíd*. Carta de Besada, secretario da xefatura política, a Gobernación. Pontevedra, 10 de xaneiro de 1838.
[214] *Ibíd.*
[215] Os escritos son borradores, non documentos orixinais coa sinatura do Xefe Político. É de supoñer que ocupaba este cargo don Rafael Pérez de Guzmán el Bueno, investido o 12 de xaneiro de 1838 até o 26 de xaneiro de 1839, data na que ocupa a xefatura o deputado Valladares. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 117. Non parece que o citado Guzmán sexa un toureiro famoso que faleceu nese mesmo ano de 1838, malia ser homónimos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

co Goberno Civil" agroman dende os seus comezos[216]. Unha anulación de actas electorais ou un conflito de competencias podía exacerbar os ánimos dos deputados provinciais, que naqueles anos entendían que a Deputación era o goberno lexítimo da provincia, polo mandato representativo, mentres que as autoridades do Estado eran funcionarios, alleos aos intereses particulares do país.

Pola contra, dentro da corporación provincial pode estimarse unha boa sintonía. Os deputados trababan relacións persoais derivadas das longas sesións e estancias en Pontevedra. Algúns eran parentes e amigos con anterioridade. Alí estaban os curmáns Varela e Espinosa. Valladares era parente e fora veciño na infancia de Espinosa. Con Caballero (Ponteareas), compartiron fonda Espinosa e Varela, na chamada "Posada de la Asturiana"[217]. Entre os papeis da Deputación hai unha anotación dos enderezos dos señores deputados en Pontevedra. Así, Cuesta estaba hospedado na casa de la señora de Núñez; Torres Moreno e tamén Fontano, en casa de Pastor; o tudense Rovira, na posada de Rivas; Gayoso, na casa da viúva de Fariña[218].

A nocturnidade é outro aspecto a considerar nas sesións da Deputación. Cando levantan acta do escrutinio electoral adoitan traballar dende a mañá até medianoite, mais cando se trata da sesión constitutiva ou doutras ordinarias marcan a sesión «a las 8 de la noche»[219]. Deste xeito, semella que a representación provincial era unha actividade ao final da xornada, así disposta para facilitar os negocios e desprazamentos dos señores deputados. Un propietario rural en Pontevedra ben podía interesarse por investimentos industriais ou comerciais, realizar compras de confección, ou acudir a un avogado, escribán, ou cirurxián. Cousas da vila. Tamén é plausíbel

[216] *Ibíd*: 131.

[217] Unha carta de Valladares, remitida dende Lugo o 12 de xaneiro de 1840, insinúa as boas relacións que mantiñan Varela, Espinosa e Caballero, tal e como se reproduce no epígrafe "3.4.3. O affaire Fontán escrito polos seus protagonistas". ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3.

[218] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1837-1838)*, caixa 187/8. Na relación aparece Araújo, mais non queda claro se está aloxado na casa de Fariña ou na de Rivas. Valladares non figura.

[219] *Ibíd*. É recorrente que a sesión inaugural da Deputación se realizase neste horario vespertino. Nas cartas falan da "noite", non das 8 da "tarde". Pódese aventurar que a celebración da sesión debía incluír, formal ou informalmente, unha cea dos deputados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que estivese ocioso boa parte do día, con tempo para unha vida social vilega, non exenta de mediacións clientelares.

Así e todo, despois de instalarse a terceira Deputación, pode observarse unha baixa asistencia ás sesións. Podería pensarse no desinterese ou na distancia física coma motivo. Tamén podía existir certa hostilidade cara o novo Xefe Político, Guzmán. Sen embargo, había unha razón de peso para ausentarse da Deputación: a aprobación dunha quinta de 40.000 homes pola situación de guerra[220]. A incomparecencia dos deputados demora este recrutamento. O Xefe Político reclama de urxencia a presenza de Espinosa, Varela, Caballero, Constenla, Rovira, Rubín, Torres Moreno[221]. Aducen maiormente motivos de saúde[222]. Varela vai máis alá, e manifesta que mentres non teñan «Extractos de poblacion que remitan los Ayuntamtºs, es imposible» aprobar a quinta, polo que agarda na Buzaca.

Con tantos deputados ausentes non se celebran as sesións da corporación provincial, actuando a Comisión Permanente da Deputación, mais que non pode acordar esta decisión. Nesta Comisión Permamente figura Gayoso, o deputado provincial de máis idade[223]. Pasan os meses e os deputados seguen sen facer acto de presenza, polo que son novamente convocados «sin escusas» o 12 de xullo de 1838, a petición da citada Comisión Permanente[224]. No mes de decembro, o Xefe Político esixe certificados que avalen «su imposibilidad», mais só recibe cartas de «achaques» y «males». O deputado de Ponteareas,

[220] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1837-1838)*, caixa 187/9.

[221] En marzo de 1838 tiña escano de deputado por Redondela don Francisco Mª Romay y Teyxeiro, que tamén alega mala saúde para non asistir á reunión da Deputación.

[222] *Ibíd*. Escribe Espinosa: *«pr efecto de mis achaques habituales, hace muchos años abri en una pierna una fuente, y generlmte llegando este tiempo se inflama, y cubre de llagas, lo qe. en la actualidad me sucede, y no me permite ponerme a caballo; le estoy aplicando los medicamtos que acostumbro»*. Cascaxide, 11 de marzo de 1838.

[223] A Comisión Permanente estaba composta polo Xefe Político coma Presidente, 3 deputados provinciais e a presenza opcional do Intendente. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 130. Estes autores afirman que a Comisión Permanente arranca en xuño de 1839, mais no arquivo da Deputación hai documentos da mesma datados en 1838.

[224] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1837-1838)*, caixa 187/9. Asinan o oficio Gayoso e o secretario Besada. Dende a xefatura política remiten cartas reiterando o aviso aos deputados. Descoñecen onde se atopa Espinosa, mais dirixen a carta á Coruña.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Caballero, chega a dicir que se realice unha nova elección para que o seu partido xudicial non quede sen representación. Que a maioría dos deputados estivesen enfermos entre marzo e decembro de 1838, non asistindo ao reparto da quinta levanta suspicacias. Talvez os deputados ausentes non quixeron colaborar en mandar aos fillos dos seus veciños á guerra. Semanas máis tarde don José Valladares foi nomeado Xefe Político, ao que se lle presupón maior afinidade política e persoal coa nómina de deputados[225].

3.3.5. As reiteradas convocatorias electorais de 1839

Cos últimos compases da guerra civil coma pano de fondo, a vida parlamentaria escenifica unha turbulenta trama de incertezas baixo o goberno de Evaristo Pérez de Castro. Durante algúns meses ocupará a carteira de Facenda Pita Pizarro, mais no outono deste ano, producirase unha depuración nas filas moderadas. O partido estase conformando, estruturando, dando lugar a grupos de poder arredor de determinados políticos da Corte. As estratexias bélicas e políticas que, entrecruzadas, turbaban o ambiente, provocan a suspensión de dúas lexislaturas consecutivas no mesmo ano[226]. A maiores, unha elección parcial en Pontevedra para substituír deputados vén aumentar a presión sobre o corpo electoral. Cada convocatoria era un episodio máis de negociación política e xestión administrativa para os notábeis provinciais.

Baixo a autoridade de Valladares realízase unha reelección do deputado Fernández Villaverde e de varios senadores na primavera de 1839. Os datos de acceso público do Congreso dos Deputados non indican nada ao respecto, mais no arquivo da Deputación consérvase un expediente sobre estas eleccións parciais[227]. Esta convocatoria

[225] No ano 1839 prodúcese o cambio de varios deputados provinciais por distintas incompatibilidades. Recrúase ademais o conflito con Vigo, co escenario dunhas novas eleccións a Cortes, nas que a xefatura de Valladares será cuestionada por don Claudio González.

[226] A lexislatura de 1838, iniciada o 8 de novembro, suspende sesións o 8 de febreiro de 1839. As eleccións son convocadas o 24 de xullo de 1839. As novas Cortes abren o 1º de setembro de 1839, mais apenas duran dous meses, até o 31 de outubro de 1839. O 18 de novembro de 1839 firma a rexente a disolución. http://www.congreso.es//

[227] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

resulta de interese por dous motivos: 1) a dinámica interna da Deputación e notabilidades implicadas na mesma; 2) a importancia das relacións de parentesco e amizade na promoción de candidaturas.

En primeiro termo, é salientábel que os deputados provinciais asistisen a algunha sesión despois dun ano de ausencia. Entre xaneiro e febreiro tiveron que reunirse para atender as comunicacións de Gobernación. Isto viría corroborar a hipótese dun boicot ao anterior Xefe Político. A convocatoria ten por obxecto a reelección de Fernández Villaverde[228], a substitución do malogrado Pardiñas, e do senador Pita Pizarro, que fora nomeado ministro de Facenda[229]. As Reais Ordes promúlganse a finais de decembro de 1838, dando de prazo 40 días para efectuar a elección[230]. Non obstante, dilátase o proceso, de tal xeito que dende Gobernación reclaman o cumprimento en forma e prazo.

Non é até o día 28 de abril de 1839 cando principia esta elección parcial, que coincide no tempo cunhas Cortes que levaban meses pechadas, sendo inminente a súa disolución[231]. Na acta do Escrutinio pódese observar que tan só está presente o deputado Fontano, o resto son comisionados dos distritos, e o Xefe Político Valladares. Non asisten os comisionados dos distritos de Baiona e Cañiza. Resultan elixidos ao azar coma secretarios escrutadores don Claudio González (Pontevedra), don Juan Manuel Orge (Caldelas), don Manuel Filloy (Bandeira), e don Fernando Iglesia (Salvaterra). Un método aleatorio que curiosamente sempre recae no comisionado de Pontevedra, xa que

[228] No expediente non recollen o motivo do «*reemplazo*» de Fernández Villaverde. Podería ser o seu nomeamento coma secretario e asesor do Gobernador Civil da Habana, destino ao que debeu acudir entre finais de 1839 e comezos de 1840. Outra posibilidade é que houbese irregularidades na súa votación, tal e como semella insinuarse nalgún escrito.

[229] Pita Pizarro ocupa a carteira de Facenda entre o 6 de decembro de 1838 e o 10 de maio de 1839.

[230] *Ibíd.* A Real Orde que determina o «*reemplazo*» de Fernández Villaverde ten data de 17 de decembro de 1838; a de Pita Pizarro, o 1º de xaneiro de 1839; a de Pardiñas, o 9 de xaneiro. As posteriores levan o aviso de realizarse «al mismo tiempo» ca de Fernández Villaverde, nunha única convocatoria electoral. Esta documentación aínda está tramitada polo Xefe Político Pérez de Guzmán, e non recibe acuse de recibo da Deputación até febreiro, cando é Xefe Político Valladares.

[231] As xornadas electorais celébranse entre o día 28 de abril e o 2 de maio. A acta ten data de 9 de maio de 1839. Cómpre lembrar que o decreto de suspensión da lexislatura era do 8 de febreiro de 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tanto nas eleccións a Cortes de setembro de 1837 coma nas de xullo de 1839 exerceu de secretario escrutador Fernández Villaverde, en razón de comisionado pola capital.

A acta da conta da polémica suscitada por un comisionado sobre as numerosas irregularidades nas eleccións. A raíz da discusión podía ser no censo empregado, que era o de 1837, non recollendo posteriores rectificacións que ampliaban o número de electores, especialmente no distrito de Vigo. Mais, o motivo de discordia foi a ausencia da lista nominal de votantes na maioría dos distritos, agás Redondela, Baiona e Lalín. Este conflito foi descrito por Valladares nos seguintes termos: *«la osadia de uno de los Secretarios escrutadores con una disension tormentosa de dos dias qe cansó la honradez de la Junta electoral (...) todo se reduce á presentar una ostensible prueba de oposicion ilimitadamente apasionada, tenaz y miserable»*[232].

Á vista da acta, semella que foi don Claudio González o secretario escrutador que máis obxeccións presentou as actas dos distritos polos defectos de forma: non ter listaxe de votantes, non sinalar o número total de votantes, ou non recoller a votación nas distintas xornadas. Resulta curioso que sexa o comisionado de Pontevedra o máis interesado en anular as eleccións en varios distritos. A cuestión a dilucidar é se González era unha persoa perfeccionista ou, se ben, buscaba beneficiar as candidaturas de Pontevedra anulando os votos noutros distritos. Cabe lembrar que González saíra elixido deputado provincial coa protesta formal da Deputación pola anulación da acta de Cangas, que daba a vitoria ao exdeputado Saravia. Debeu ser González unha figura singular na vida sociopolítica de Pontevedra. Home de múltiples inquedanzas (exclaustrado, médico, cronista, político) semella que non contaba co favor unánime das notabilidades provinciais. Malia a aparente harmonía no seo moderado, existían distintos grupos e patróns competindo polo poder.

Un expediente que obra no arquivo do Senado esclarece a polémica actitude de don Claudio González no escrutinio destas

[232] *Ibíd*. Borrador da comunicación dirixida aos deputados electos e ao Ministerio de Gobernación. Pontevedra, 14 de maio de 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

eleccións parciais. El mesmo ofrece os seus motivos nunha reclamación dirixida a esta Cámara[233]. Presentaba un pormenorizado informe, distrito por distrito, acompañado de testemuños, de todos os defectos de forma e prácticas fraudulentas que toldaban as actas. Aseguraba González que estas irregularidades foran validadas no escrutinio xeral pola influencia de Valladares, que ocupaba a xefatura política e a intendencia da provincia. As súas verbas transmiten unha intensa animadversión: *«Jamas se vió en esta Provincia tanto escandalo y tanto descaro en ollar la Ley devido todo al proposito que formó D. Jose Valladares de sacar Senador y Diputado á su Mecenas Pita a todo trance»*.

A denuncia de González pretendía a aprobación da acta do distrito de Lalín, que fora anulada na súa totalidade. Admitía a anulación dunha xornada electoral, mais solicitaba a validez dos outros catro días de votación. Advírtese aquí a súa conivencia con Crespo, alcalde e comisionado electoral de Lalín. Pola contra, solicitaba a anulación das actas dos distritos de Baiona, Caldelas, Cerdedo e A Guarda, e presentaba dúbidas sobre as de Caldas e Tui.

Á vista deste documento, descóbrese o verdadeiro motivo daquela insistencia de González polo procedemento electoral. Trataba de privar do escano a Pita Pizarro. Coas aprobacións e anulacións que propón na súa reclamación a terna de senadores tería cambiado. Retrata a Valladares coma «protector», «dispensador de las gracias de Pita», e por iso conta coa «devoción de los manipulantes» das eleccións. Por conseguinte, advírtense dous grupos de amigos políticos, por unha banda aqueles afíns a Valladares e Pita, e por outro os amigos de González, nos que debía estar Crespo, e probabelmente Fernández Villaverde.

Pese a actitude belixerante de don Claudio González, non semella que a hexemonía pontevedresa na provincia estivese en perigo. Os candidatos electos demostraban estar suxeitos ao favor destas notabilidades. Por exemplo, Pita Pizarro comenta a *«honra que me han dispensado (...) la excma. y mui digna diputación provincial, ayuntamiento de la capital y demas»*, *prometendo a «defensa y*

[233] Reclamación datada en Pontevedra, 9 de setembro de 1839, que contén a ficha do senador Pita Pizarro. Arquivo do Senado: ES.28079.HIS-0349-06; http://www.senado.es/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fomento de sus intereses»[234]. A alusión á capital da Provincia, Pontevedra, é elocuente. Por outra banda, a representación dos intereses provinciais volve a aparecer na carta de agradecemento de Pita Pizarro, tal e como fixera en 1837, o que salienta a dimensión empírica da representación da provincia, por riba do discurso normativo da representación da nación[235].

Sobre as continuas queixas de González na acta, Fernández Villaverde aseguraba «mi respecto con las protestas». Máis crítico amosouse Rodríguez Vaamonde, que vai despacharse a gusto: *«empedrada de escrupulos protestas y dificultades que arguyen un espiritu satirico contra las deliveracions y procederes de la Junta de Escrutinio. Demuestrase sin embargo el genio de las minorias qe cuando son turbulentas, suelen desquitarse de su impotencia, no perdonando ningun medio que pueda hacer problematico el triunfo, que por sendas anchas, conocidas y legales no las fue posible evitar»*[236]. A polémica acta destas eleccións parciais é remitida a Madrid para que fose aprobada. A elección de deputados fora inútil xa que a lexislatura estaba clausurada. En canto ao Senado, o seu Presidente, Moscoso de Altamira confía na súa aprobación, mais recoñece que *«no podrá menos de ser objeto de alguna Discusion en el Senado»*[237].

En segundo lugar, estas eleccións parciais teñen interese por unha carta conservada na Buzaca, de contido moi substancioso. Escribe don Eugenio Reguera dende Madrid a don Lorenzo Varela:

---

[234] *Ibíd*. Carta de don Pío Pita Pizarro dirixida ao Xefe Político. Madrid, 22 de maio de 1839.

[235] Zafra, 2015: 44- 45; Sartori, 1992: 232- 233; Hampsher- Monk, 1996: 337. A relación entre electorado e deputado era fonte de debate político. O enfoque conservador e elitista de Burke tiña recoñecido a necesidade dunha "cierta relación", mais o parlamentario "no debe recibir instrucciones de ellos".

[236] *Ibíd*. Carta de don Florencio Rodríguez Vaamonde. Tui, 20 de maio de 1839. Esa minoría pode evocar o cativo trunfo de don Claudio González fronte Saravia, xa que conseguiu a anulación da acta de Cangas para facerse co escano provincial. As verbas de Rodríguez Vaamonde son unha mostra da súa "sutileza, a ironía ou simplemente a bravura na resposta" que o caracterizaba. Barreiro Fernández, 2001 (a) 586- 587.

[237] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/1. Carta de don José María Moscoso de Altamira. Madrid, 2 de novembro de 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «estando sujeto á reelección el Diputado por esa Provincia don Pedro Villaverde, es probable se congreguen mui pronto los colejios electorales, cuyos miembros se hallan en el caso indudable de reelejir a un Señor que tanto trabaja en pró del país, i en sostener los derechos que el hermoso Pontevedra tuvo siempre á ser Metrópoli de la nueva provincia, por mas que los Viguenses se conjuren contra ella»[238].

Indubidabelmente, Fernández Villaverde é un dos valedores de Pontevedra fronte as pretensións de Vigo. Quen fora gobernador interino de Pontevedra (1835- 36), deputado en Cortes (1837), e varias veces comisionado electoral, era un avogado asturiano plenamente identificado coa "boa vila". Alí tiña adquirido bens e gozaba dunha alta estima. O seu círculo de "amigos políticos" incluía aos curmáns Varela, López- Ballesteros e Espinosa, todos eles membros do grupo de presión a prol da capitalidade de Pontevedra.

Mais, quen era o remitente da carta? Eugenio Reguera (Pontevedra, 1806- Santiago, 1866) era fillo de don Andrés Reguera Mondragón, de Vilasusán (A Estrada) e de dona Gertrudis Pardiñas, curmá do xeneral Pardiñas. Na súa infancia quedou orfo de pai, caído en combate contra os franceses[239]. Fixo carreira militar moi novo. Apresado polos franceses en 1823, compartiu presidio en Francia con Narváez. Ao seu regreso en 1824 debeu estudar Leis, xa que exerceu de avogado. Dez anos despois foi nomeado oficial da subdelegación de Fomento en Pontevedra, ministerio de recente creación. Na órbita do moderantismo, os seus cargos públicos coincidiron no tempo cos gobernos de Narváez, sendo cesante co ascenso de O'Donnell.

Xenealoxicamente, resulta sorprendente descubrir as conexións de Reguera coas notabilidades da época. Era un peza ben centrada no mosaico fidalgo do norte da provincia, entre Cambados e Trasdeza[240].

---

[238] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de don Eugenio Reguera, Madrid, 22 de decembro de 1838.

[239] González Pérez, 2010: 30- 31.

[240] A liña dos Reguera e Mondragón tiñan emparentado con familias do Salnés: os Valladares do pazo de Quintáns, Sanxenxo, que van entroncar cos Parga e cos Mugartegui; e os Bermúdez de la Maza do pazo de Pumariño, Meis, liñaxe da que proveñen a 3ª e 5ª avoa paterna de Eugenio, sendo os Reguera os sucesores desta Casa. Unha curmá do seu pai, María

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Don Eugenio foi o sucesor da Casa de Vilasusán, en Remesar (A Estrada), proseguindo a liña que anteriormente encabezaba o apelido Mondragón, por matrimonio do seu bisavó coa sucesora dona Beatriz de Mondragón Varela y Gil Taboada. Ademais, con anterioridade unha tal Gerónima Zubieta Mondragón contraera matrimonio con don Gregorio Reguera Freixomil, cuartos avós de Eugenio Reguera, pola liña paterna, nun matrimonio dobre que uniu tamén a unha medio irmá de Gerónima cun irmán de Gregorio. Un dato curioso é que estes cuartos avós, Gregorio e Gerónima, residiron en Remesar, en compañía da familia Mondragón, apadriñando numerosos bautismos dos Mondragón e de familias da contorna de Vilasusán[241].

Este mesmo tronco dos Mondragón emparentaba a Reguera cos Varela, cos López- Ballesteros e cos Espinosa. A terceira avoa de Reguera fora dona María Varela, de Casalnovo- A Buzaca, casada con don Leonel de Mondragón. A bisavoa do deputado Diego López-Ballesteros, dona Juana Mondragón, era irmá da bisavoa de Reguera. Por último, a terceira avoa de Espinosa, dona Gerónima de Castro y Mondragón, era parente da citada Gerónima Zubieta Mondragón[242]. En resumo, no último terzo do século XVII a Casa de Mondragón emparenta cos Varela, cos Reguera e os Espinosa. Un vencello que se vería reforzado por novas unións de mulleres Varela e Mondragón cos cabezaleiros dos López- Ballesteros, Reguera e Espinosa.

Reguera Mondragón, era esposa do impresor absolutista e deputado en Cádiz Freire Castrillón.

[241] Fernández Castro, 2017: 61. As boas relacións familiares entre os Reguera e Mondragón poden explicar que a fundación de Vilasusán recaese en Beatriz, cando tiña un irmán con sucesión. Non é posíbel precisar canto tempo conviviron baixo o mesmo teito as dúas liñas familiares.

[242] Non se atoparon suficientes datos para identificar claramente a dona Gerónima de Castro Mondragón, quen casou en segundas nupcias, con Francisco Fernández Espinosa a comezos do século XVIII. Existen dúas posibilidades: 1) que fose neta de Gerónima Zubieta Mondragón, sendo en realidade Gerónima Reguera Freixomil, filla de don Lorenzo Reguera y Freixomil e de dona Antonia Jacinta Fortio Bermúdez de la Maza, señora de Pumariño, xa que esta Gerónima estivo casada con don Juan Antonio de Neira, señor de San Pedro de Donas (Subcira); 2) que fose sobriña, sendo filla, en segundas nupcias, de don Antonio Vázquez de Castro e de dona Benita Mondragón. Os apelidos sinalan a segunda opción, mais no arquivo Espinosa hai constancia dun primeiro matrimonio de Gerónima cun Neira. De calquera xeito, parece plausíbel que fosen madriña e afillada. Ambas puxeron o nome de Rafael a un dos seus fillos. Arquivo familia Espinosa, caixa II, *Xenealoxías*, 2.1.1. Varias escrituras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As relacións persoais de don Eugenio Reguera tamén comprendían a Valladares e a Fontán. Por proximidade entre as Casas de Vilasusán e Vilancosta, ambas na Estrada, pode supoñerse a súa conexión con Valladares, sen que poida dilucidarse parentesco[243]. Con Fontán mantiña unha boa amizade persoal e intelectual, xa que a esposa de Reguera era natural de Noia, filla de don Julián Malvar y Pinto, designado senador pola Coruña[244]. En Noia pasaba Fontán períodos de descanso e lecer, xa que era onde residía o seu tío materno, o cura párroco Sebastián Rodríguez Blanco.

A carta de Reguera dirixíase a Varela co encabezado: *«Mi mui apreciable Pariente í amigo»*. Este "pariente" indica que o seu parentesco non era próximo, é dicir non tiñan unha relación íntima de familia, mais ao engadir "amigo", reforza os lazos que os unen. Teñen familia en común, ademais de compartir unha cordial relación sociopolítica. Ademais mantén trato de ti na carta, é dicir, non existe a distancia da terceira persoa protocolaria de "vostede". Con esmerada educación e coidada proximidade, Reguera está a pedir un favor. Continúa a carta de Reguera postulándose para candidato cos seguintes argumentos:

> «quisiera merecer á tu bondad influyas para que yo obtenga la mayor suma posible de sufragios: el ser hijo de la Capital [Pontevedra], primo-hermano del representante honrado a quien se trata de reemplazar, i tener mi matrimonio en el partido de Cambados, son circunstancias que en cierto modo obran en favor mio. Nuestros primos don Diego Ballesteros y don Ramón Lopez, igualmente que el caballero Villaverde, están conformes para que recaiga en mi la eleccion, i yo

[243] Vilancosta está na parroquia de Berres, onde hai outro lugar denominado Vilasusán, mais os Mondragón tiñan solar na parroquia de San Cristovo de Remesar. De calquera xeito, eran casas fidalgas moi próximas. Os Reguera estaban emparentados cos Valladares de Quintáns (Sanxenxo), mais non se atoparon referencias xenealóxicas que os relacionen cos Valladares de Graba (Trasdeza).

[244] Barreiro Fernández, 2001 (a): 384- 385; http://www.senado.es/ . Renuncia o 8 de febreiro de 1838, polo seu "arruinado patrimonio", xa que lle impide soster este cargo dignamente. Malvar investira millóns de reais na Sociedade dos Cinco Gremios de Madrid. Existe unha fundación Malvar, co obxecto de conservar o arquivo do pazo da Carballeira de Gandarón, en Salcedo (Pontevedra).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> colocado al lado suyo (…), porque mis ideas son eminentemente conservadoras, del todo amigas que la lei ejerza su imperio, í opuestas á las doctrinas disolventes»[245].

Entre as virtudes que presenta Reguera están o parentesco, relacións sociais e o entendemento coa facción moderada pontevedresa. Quere substituír ao seu curmán Pardiñas, é de Pontevedra, e os seus curmáns López- Ballesteros están «conformes». O amigo Villaverde tamén. Eran bos recursos para ser elixido: familia, veciñanza e facción, mais para que a súa candidatura prospere ten que contar con apoios[246]. A solicitación do voto debía ser promovida polos notábeis, sen que o candidato manifestase publicamente a súa intención. Non estaba ben visto reclamar para un mesmo os votos. Tiñan que ser os parentes e amigos, aínda que o candidato puidese comentar en privado as súas intencións:

> «De la sensatez í discreción que te distinguen me prometo, que en el caso de merecer tu aprobación mi designio, te serviras concederme cuanto apoyo te fuere dable»

Esta solicitación do escano aos seus amigos máis próximos non semella entrar en contradición coas teses de Guionnet. Non se postula publicamente, senón que acude a parentes e amigos persoais, en primeiro termo[247]. Sucede tamén con don Diego López- Ballesteros, que en varias ocasións pide aos seus curmáns Varela e Espinosa o apoio dos seus respectivos dominios electorais. Mais neste segundo caso, Diego fora sinalado coma candidato por políticos de relevancia

[245] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Carta de don Eugenio Reguera, Madrid, 22 de decembro de 1838.
[246] Familia, veciñanza e amigos son para Burke "asociaciones primarias" que animan unha vocación política. Hampsher- Monk, 1996: 340.
[247] Guionnet, 1997: 186; Rosanvallon, 2007: 63- 64. Tal e como se explicou con anterioridade, a candidatura debía ser promovida por un grupo de notábeis, non polo propio candidato individualmente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nas filas moderadas, mentres que Reguera partía sen apoios, nin invitacións, a súa candidatura nacía da súa propia resolución[248].

Pese a ser parente e amigo de varias notabilidades pontevedresas, e mesmo compañeiro de batallas de Narváez, Reguera non conseguiu o seu propósito. É posíbel que as súas inquedanzas culturais non se considerasen oportunas para un deputado. Talvez estaba inclinado a ser un librepensador. De calquera xeito, este fracaso da candidatura non impediu que desempeñase funcións de goberno. Ocupou a secretaría da xefatura política da Coruña en 1845, e foi Xefe Político de Segovia entre 1850 e 1856, ano en que sería nomeado Gobernador Civil en Lugo[249]. Político, avogado, escritor, de entre todas as súas facetas, Reguera destaca porque foi un erudito. Fixo importantes investigacións en lingua, xeografía, agricultura e historia galega, reunindo importantes manuscritos destas materias. As entradas do seu vocabulario galego- castelán son pura antropoloxía. Ademais, colaborou con Luis Aguirre del Río no *Diccionario del dialecto gallego*. Como avogado, participou na Sociedade do Ferrocarril de Compostela. Murguía escribiu unha nota necrolóxica polo seu pasamento:

> «Jamás negó su óbolo a la más insignificante empresa literaria de Galicia, y entre sus papeles debió dejar tesoros para la historia de este antiquísimo Reino, documentos importantes, hojas y papeles sueltos, notas y curiosidades, que tanto echa de menos en nuestro país el que se dedica al estudio de su desconocido pasado»[250].

[248] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4; *(1850- 1859)*, 34.371/2.

[249] "Domingo Fontán y la villa de Noya", en http://www.fundaciondomingofontan.es/. Permaneceu no cargo en Lugo até 1858.

[250] González Pérez, 2010: 30- 31. Necrolóxica publicada en 1867 no "Almanaque de Galicia para uso de la juventud elegante y de buen tono...". Entre os moitos documentos que recolleu e gardou no seu arquivo estaba unha parodia anónima do entroido en Mondoñedo titulada "Acusación al Antroido", que debeu atopar Reguera en Lugo, cando era gobernador desta provincia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O trunfo destas eleccións parciais sería para don Pedro Fernández Villaverde, que ve revalidado o seu resultado de 1837, a pesar das controversias no Escrutinio[251]. En substitución de Pardiñas sae o xurista tudense don Florencio Rodríguez Vaamonde[252]. Figurando coma deputado suplente Pita Pizarro, o mesmo que está sometido a substitución polo seu nomeamento coma Ministro de Facenda. A súa acta de senador pérdese no expediente aberto pola reclamación de don Claudio González, sen que se efectuase toma de posesión do escano[253]. De calquera xeito, resulta cando menos chocante que o motivo destas eleccións sexa a substitución de determinados representantes, por algunha incompatibilidade, e que sexan reelixidos. É como se a convocatoria non tivese obxecto, coma se fose un esforzo en balde. Tres meses despois, os electores serán unha vez máis consultados para elixir unhas novas Cortes. Esta reiteración das eleccións conduce, inevitabelmente, ao desgaste do corpo electoral, ademais de ser indicador de inestabilidade política. Un fenómeno que na actualidade dan en chamar "estrés" de participación.

Unha circular do 2 de xuño de 1839 indica que a raíña gobernadora quere inaugurar a vindeira lexislatura o 1º de setembro. En menos de dous meses, a Deputación debe ratificar o censo e levantar acta do escrutinio xeral da provincia. Unha tarefa ardua que pon ao límite toda a maquinaria institucional da provincia e os municipios. As eleccións desenvolvéronse entre o 24 e 28 de xullo elixindo 7 deputados a Cortes, 4 suplentes e tan só 2 senadores, xa que

[251] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/1.

[252] Fiscal en Tui dende 1835, fora elixido nas eleccións de xullo de 1836, e primeiro "aproximado" nas de 1837. Deputado en Cortes por Pontevedra entre 1839 e 1847. Ministro de Graza e Xustiza en 1847 e de Gobernación en 1863- 64. Senador pola Coruña en 1876- 77. Tamén foi conselleiro de Estado, reitor da Universidade de Madrid e presidente da Real Academia de Ciencias Morales y Políticas. Sempre estivo encadrado nos moderados, sendo membro da comisión que redactou a Constitución de 1845. http://www.dbe.rah.es/biografias/; http://www.congreso.es/; Barreiro Fernández, 2001 (a): 585- 586. Un cronista da época dicía que era "uno de los hombres más notables que ha producido Galicia en este siglo. Excelente letrado, buen economista y uno de los pocos políticos de verdadera ciencia".

[253] Ficha senador: ES.28079.HIS-0349-06; http://www.senado.es//. En outubro de 1839 informan que non se está «en el caso de poderse aprobar por ahora» la designación de Pita Pizarro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

na Cámara Alta só se realizaba a renovación dun terzo[254]. No mes seguinte, entre os días 11 e 15 de agosto, levan a cabo as segundas eleccións para completar o elenco de deputados suplentes e un senador[255].

Dada a urxencia na entrega dos censos electorais dos distritos, obsérvanse considerábeis diferenzas nas listaxes[256]. No partido xudicial de Pontevedra, por exemplo, realizan unha listaxe completa de electores, consignando aqueles que reciben tratamento de "don", distinguindo distritos e parroquias. Outros partidos non foron tan exhaustivos, figurando os electores sen divisións parroquiais, malia recoller aqueles con "don": Foxo Corbelle, Ponteareas, A Cañiza. En Cambados, reuniron distintos modelos de listaxe, algunhas con parroquias e outras non. Cabe engadir que o presidente da xunta electoral de Cambados foi don Eugenio Reguera, o parente dos curmáns Varela que se postulara a deputado meses atrás. En Pontevedra, un dos comisionados electorais foi novamente don Pedro María Fernández Villaverde. Na Cañiza, don Mauricio Troncoso Sarmiento, curmán de don Lorenzo Varela. En Ponteareas, o primeiro elector do censo era o exdeputado provincial don Juan Caballero.

Noutros partidos xudiciais, coma o de Bandeira, realizaron modificacións, inclusións e exclusións, sobre o censo aprobado en 1837. Concretamente, o censo empregado nas eleccións provinciais de decembro de 1837, que contaba cun total de 21.167 electores. No mes de xullo de 1839 o censo acada os 21.626 electores. Un tímido aumento, aínda que unha comparación coas anteriores eleccións a Cortes, cun censo de 18.038, levase ao equívoco de pensar que "había experimentado un excesivo y sorprendente incremento"[257]. Mais a

[254] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/2.
[255] *Ibíd*., caixa 225/1.
[256] *Ibíd*., caixa 223/1.
[257] Taboada Moure, 1987: 24. Erroneamente, considera o aumento nesta convocatoria, sen observar que nas eleccións provinciais de 1837 o censo xa superaba os 21.000 electores, sobre todo pola inclusión de 2.003 electores do partido de Vigo, 1.223 da Cañiza, 449 de Tui, e 403 de Redondela. Salvo Ponteareas, partido baixo o liderado de Caballero, amigo de Espinosa, Varela e outros notábeis de Pontevedra, o resto dos partidos da antiga provincia de Tui viron medrar o seu censo antes das eleccións provinciais de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

maior ampliación do censo producírase no outono de 1837, tras o fracaso das elites viguesas naquelas eleccións a Cortes.

Así e todo, a Deputación escribía a Gobernación explicando que o abraiante aumento do censo obedecía á estrutura agraria: *«está la propiedad tan dividida, que hasta el más infeliz bracero es propietario (...) casi todos tienen una o más yuntas con tierras de su propiedad»*[258]. Paradoxalmente, as fontes da mesma Deputación indican que non foi o caso que oficialmente rexistraron no Boletín, sendo, como xa se expuxo, de maior uso no medio urbano que no rural. O suposto alegado nos distritos rurais fora o segundo: percibir un mínimo de 1.500 reais anuais de rendas, ben por propiedades ou por actividade profesional[259].

Na acta do Escrutinio, celebrado o 5 de agosto de 1839, consta que estaban presentes os deputados provinciais Rubín, Espinosa, Fontano, Varela, e Gómez[260]. Entre os comisionados electorais dos distritos, salientar a presenza do deputado en Cortes don Pedro María Fernández Villaverde, por Pontevedra; do deputado provincial don Dámaso Rivera, pola Cañiza; do deputado provincial Araújo, por Pontecaldelas; e de don José Crespo, por Lalín. Os comisionados son figuras da maior relevancia nos seus distritos, o que subliña a importancia destes comicios. Preside a xunta electoral, coma Xefe Político e Intendente da provincia, don José Valladares[261].

A acta recolle a participación de 16.897 electores, mais anulan as votacións do distrito de Vigo, e a última xornada das votacións de Caldebergazo, Salvaterra e Vilagarcía, restando, xa que logo, 1.750 electores participantes. Con estas anulacións a participación válida redúcese a 15.147 electores, polo que a metade de votos que permiten saír elixido se sitúa en 7.574. Os resultados, sen contar aos

[258] *Cfr*. Taboada Moure, 1987: 25, n.19.
[259] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1837*), caixas 221/1, 221/2, 221/3/2.
[260] Por mor das incompatibilidades dalgúns deputados, prodúcese a entrada dalgún novo deputado. Neste caso, parece probábel que Gómez fose o substituto de Caballero por Ponteareas. O deputado Caballero fixera algún negocio de augardentes e licores. Taboada Moure, 1987: 24.
[261] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aproximados que ficaron por baixo da metade dos votos, foron os seguintes:

Cadro IV. Resultados electorais de agosto de 1839

Deputados	Número de votos	Senadores	Número de votos
D. Florencio Rguez Vaamonde	13.445	D. Juan Armada, marqués de Santa Cruz	12.178
D. Pedro Mª Fdez. Villaverde[262]	13.362	D. Francisco Javier Martínez, marqués viúvo de Valladares	11.890
D.Diego López Ballesteros	13.005	D. Joaquín Patiño	11.653
D. Domingo Fontán	12.104	Xeneral D. Laureano Sanz	8.719
D. Ramón López Vázquez	11.874	Xeneral D. Carlos Espinosa	7.893
D. Francisco Lorenzana, marqués de Vilagarcía	9.425		
D. Pío Pita Pizarro	8.791		

Fonte: elaboración propia a partir de expedientes electorais ADPO[263].

A nómina de deputados está cuberta por figuras habituais das Cortes. Políticos e funcionarios practicamente profesionalizados na representación política. A incorporación de Rodríguez Vaamonde, quen xa fora elixido meses atrás coma substituto de Pardiñas, concita moito apoio electoral, desbancando a López- Ballesteros do primeiro posto. Son todos eles, representantes da facción moderada de Pontevedra, quedando sen representación as elites viguesas. A xunta electoral invalidara as eleccións en Vigo, tamén unha das xornadas de Vilagarcía, mais o conflito con Vigo é un asunto delicado.

[262] Nas observacións do expediente no Arquivo do Congreso dos Deputados consta que era "magistrado honorario de la Audiencia de La Coruña", e que "en el acta de escrutinio figura como Teniente Gobernador y Asesor general del Gobierno de la Habana". Así e todo, Villaverde está en Pontevedra xa que foi comisionado electoral por Pontevedra nestas eleccións, e asinou coma secretario escrutador na acta das segundas eleccións.

[263] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/2. Resultados publicados en *Boletín Extraordinario* o 7 de agosto de 1839, caixa 225/2/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reclaman os vigueses, e no Congreso non aproban a acta remitida pola Deputación. No arquivo do Congreso aparece textualmente esta "primeira elección desaprobada, no llegó el caso de examinarse la segunda"[264]. Isto crispa os ánimos na Deputación contra as Cortes. Poucas semanas despois, suspenden as sesións nas Cortes, que rematan por disolverse mediante o R.D. de 18 de novembro de 1839. Un síntoma máis da inestabilidade reinante en Madrid. Non hai constancia de que os deputados electos no mes de xullo tomaran posesión. Coa elección "desaprobada", sorpréndelles unha nova convocatoria electoral, que ten lugar en xaneiro de 1840.

Antes mesmo de que se abrira a lexislatura o 1º de setembro, realizáranse as segundas eleccións, que non chegaron a revisarse pola Cámara. Faltaban 4 deputados suplentes, máis un senador para completar as dúas ternas de senadores, nas que só se pode votar aos "aproximados" das primeiras eleccións. Estes foron os resultados:

Cadro V. Resultados electorais segundas eleccións de agosto de 1839

DEPUTADOS SUPLENTES	**VOTOS 2ª 1839**
D. Francisco Tames Hevia, ministro togado Audiencia	11.117
D. Fco. Javier Martínez, marqués viúvo de Valladares	8.847
D. Antonio Arias Seoane, catedrático en Compostela	8.639
Brigadier D. Luis Armero	8.377
SENADOR	**VOTOS 2ª 1839**
D. José Loredo, Intendente provincia da Coruña	5.997

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral[265].

[264] ACD, Serie documentación electoral, 17, nº 9; www.congreso.es/web/guest/historico-diputados

[265] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores a Cortes (1839)*, caixa 225/2/1. BOPP nº 67, 24 de agosto de 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nestas segundas eleccións a xunta electoral provincial, reunida o 23 de agosto, admitiu as actas dos distritos, salvo as votacións do partido de Vigo e Moraña[266]. Parece ser que non chegaran a constituír a mesa electoral, e non se realizara a votación. Un oficio do concello de Baiona dá conta da votación nunha xornada, mais no resto de días non se formara a mesa por ausencia de electores. Tal e como acontecera nas segundas eleccións a Cortes de 1837, nestas segundas eleccións de 1839 as elites viguesas optan pola abstención, talvez coa pretensión de deslexitimar o goberno e provincia de Pontevedra. O ambiente político estaba turbio, e en Vigo era inminente a constitución da súa propia xunta provincial, ao fío do levantamento progresista de setembro de 1840. De calquera xeito, estas eleccións a Cortes na provincia de Pontevedra non obtiveron a aprobación das actas polas Cortes, que nin sequera chegaron a examinar as segundas eleccións. As Cortes eran novamente disoltas no mes de novembro de 1839.

3.3.6. Dúas cartas de Fernández Villaverde

Entre as contestacións dos deputados electos nestas eleccións de xullo de 1839, sobresae unha extensa carta de agradecemento de Fernández Villaverde[267]. Este escrito recolle o que na actualidade sería denominado coma un programa político[268]. A carta era unha mera formalidade, xa que el mesmo estivera presente no escrutinio xeral, exercendo coma un dos catro secretarios escrutadores da acta, mais todos os candidatos electos remitían ao xefe político da provincia a

[266] *Ibíd*. O presidente da "junta de escrutinio general" é o presidente da Deputación, don José Valladares. Un dos secretarios escrutadores é don Pedro Fernández Villaverde. Salientar a ausencia de boa parte dos deputados provinciais, como Espinosa e Varela, que si asistiron ás primeiras, mais que non acoden ao escrutinio das segundas, delegando en comisionados de menor relevancia. Quen asistiu foi Reguera, comisionado por Cambados, que ten ansias de medrar na esfera política.

[267] *Ibíd*. Villaverde remite a carta dende Pontevedra, o 11 de agosto de 1839. Os demais deputados e senadores escriben dende Madrid. Nestas datas tamén informa que non acudirá á apertura das Cortes o 1º de setembro por asuntos que requiren a súa atención. Na acta do escrutinio xa figura co seu destino de tenente gobernador e asesor na Habana.

[268] Salvando as distancias cos programas dos partidos de masas, a carta contén todos os elementos dun bosquexo de programa: define ao representante, o seu ideario e adscrición política, propostas concretas en materia lexislativa e un compromiso cos electores. Un folleto de Pastor Díaz publicado en decembro dese mesmo ano tamén contén estes elementos dun programa. Así, xustificaba as reformas en facenda, culto, goberno, municipios, fomento, educación, ciencia e arte.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

súa correspondente carta de agradecemento. Villaverde cumpriu con este trámite, mais non se limitou a unha concisa e protocolaria resposta. É probábel que a súa longa exposición de propósitos tivese por obxecto a súa difusión pública por parte da Deputación. Así o solicita nestas liñas: *«tenga la bondad de publicar en el Boletin esta franca y cordial manifestacion que hago á los electores de esta Provincia, asegurandoles mi sempiterno reconocimiento»*.

Unha análise de contido desta "manifestación" de Villaverde permite distinguir as seguintes ideas do que sería a súa proposta política:

1) Unha provincia de adopción. Afincado en Pontevedra dende hai varios anos, estivo presente en acontecementos decisivos, coma a persecución do carlismo en Tabeirós e Deza[269], ou nos traballos de ordenación municipal da provincia. No conflito pola capitalidade, foi un firme defensor dos intereses de Pontevedra[270]. Nas seguintes liñas, manexa un discurso netamente político, que semella ser inclusivo, mais mantén o pulso fronte as elites levantadizas de Vigo:

> «La reiterada confianza que me han dispensado los electores, me liga mas y mas a este pais al cual debo tan señaladas muestras de aprecio (...), ser útil á los habitantes de esta Provincia, (...) a la prosperidad (...) a labrar la de unos sin detrimento de la de otros y en alejar y sofocar la discordia haciendo frente á los que la alimenten».

2) Defensa dun goberno autoritario. Con experiencia en administración e goberno provincial, Villaverde explica os principios moderados en materia de gobernación, que parecen inspirados en teorías centralistas[271] e elitistas[272]. O pragmatismo lévaos a desconfiar

[269] Foi gobernador de Pontevedra entre 1835 e 1836, cando apresaron a Gorostidi. *Vid*. "3.2.3. A carlistada en Trasdeza"; Barreiro Fernández, 2001(a): 254- 255.

[270] Tal e como recollía a carta de don Eugenio Reguera, en decembro de 1838. ADPO, fondo pazo Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4.

[271] Guizot e os doutrinarios defenderon este modelo de Estado, fronte as voces que reivindicaban a "descentralización" (Tocqueville, Constant). Dende 1815 comezan as críticas, aínda que o termo non foi acuñado até 1829. Ademais da discusión de políticos e filósofos, "la lucha contra la centralización y sus abusos también es un tema al que son particularmente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dos gobernos provinciais e locais, polos antecedentes inmediatos de revoltas e insurrecións. Para manter a orde pública e a estabilidade política avogan por un Estado centralista, no que todos os cargos de autoridade dependan do goberno, incluso o nomeamento de alcaldes[273]. Defende Villaverde a influencia gobernamental porque redunda no beneficio dos "pueblos", mais esta deriva autoritaria deslexitima a representación política coma expresión da nación. É dicir, a praxe política moderada contra o xuntismo e os contrapoderes periféricos prescinde do principio de soberanía nacional, para tutelar a nación na súa inocencia ou ignorancia. Coroa e goberno son suficientes para conducir o Estado, o resto de instancias consisten en delegación e administración.

> «Diputado en las ultimas Cortes he sido fiel á los principios que anuncié (...). En las discusiones, en las votaciones y en varias comisiones (...) he manifestado los principios y doctrinas que en materias de Administracion y de Gobierno profeso (...), las Garantias politicas, no debe fijarse el apoyo de estas en otras leyes que autorizen la desconfianza del Gobierno, sino robustecerse mas y mas enlazando la administracion de modo que la accion saludable del Gobierno estienda su benefico influjo á los pueblos

---

sensibles los notables de provincia". Curiosamente, para Guizot era o goberno representativo quen resolvía a contradición entre centralización e liberdade. Louis Blanc deixou escrito: "Así de necesaria como es la centralización política, así de sofocante es la centralización administrativa". Rosanvallon, 2007: 137- 138, 170, 177, 187.

[272] O elitismo de Burke tivo un forte impacto no pensamento conservador decimonónico. Defendía o irlandés unha "aristocracia natural". A representación política sería a "promulgación del bien nacional por parte de unha elite selecta". Pitkin, 1985: 186- 189. Na carta aos electores de Bristol (1774) escribía: «gobernar y hacer leyes son cuestiones de la razón y del juicio». Citado en Sartori, 1992: 229, 236. Este politólogo explica que a representación británica podería denominarse "modelo de gabinete", onde se prima a gobernabilidade e a responsabilidade sobre a representatividade parlamentaria, tipicamente francesa. Precisamente, Guizot aproveita este elitismo na súa crítica á filosofía política da abstracción, ou "xeneralidade utópica". Eclecticamente, mantén a centralización xunto cunha nova aristocracia: un "gobierno de los mejores". Rosanvallon, 2007: 90- 99, 170. Este modelo encaixa na definición de "elitista «mandato representativo»". Máiz, 2011: 73.

[273] O modelo municipal moderado ordenaba a designación dos alcaldes das ciudades por parte do ministro de Gobernación. No resto de municipios dependía dos xefes políticos provinciais, que á súa vez eran nomeados polo ministro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> protegiendo la intervencion que les compete en los negocios locales de su interés. Si de nuebo tubiere parte en los proiectos de Ley de Ayuntamientos, de Diputaciones provinciales, y otros de administracion, mis opiniones serán las que he consignado en las discusiones por que las creo conformes al interés de los pueblos y en armonia con la Constitucion».

3) Adscrición moderada. Insiste Fernández Villaverde nos seus principios políticos, situándose no partido monárquico- constitucional dos moderados, malia que se usase o termo partido. Naqueles convulsos anos, "partido" era unha noción confusa que ben podía aludir ás delimitacións xudiciais do territorio, ou ben a grupos e faccións que mediante intrigas compiten polo poder, algo propio da política do Antigo Réxime. Na documentación dos anos 30 abunda este significado pexorativo de "partido"[274]. Aínda non se estendera unha concepción moderna dos partidos políticos[275], tal e como se pode ler nos anos 40.

> «sostendré las doctrinas monarquico- constitucionales que hermanan el orden con la libertad, defendiendo la Constitución de 1837 y la regencia esclusiva de S.M. la Reyna Gobernadora durante la menor edad de S.M. la Reyna Dª Isabel 2ª».

4) Contribucións. En materias concretas, expón un auténtico programa político. No caso das contribucións, defende os intereses dos electores da provincia.

> «En el ecsamen de las contribuciones procurare con el maior ahinco el alivio compatible con las atenciones publicas indispensables. (...) he cooperado á evitar á la

[274] Nos folletos políticos dos anos 30 é habitual ler críticas aos "partidos" e "pandillas", coma grupos que conspiran para facerse co poder político, con exclusión da vontade nacional. Xa se mencionou con anterioridade o texto dun panfleto electoral da Deputación en 1837, no que comezan advertindo: «no conocerá partidos». ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Prevención a los electores de esta provincia de Pontevedra*, setembro de 1837, 34.355/17. O termo "facción" é outro dos que vai mudar. A facción ou facciosos son grupos carlistas durante a guerra civil. Unha década despois, unha "facción" significa grupo de intereses.

[275] Rosanvallon, 2007: 118. Os discursos políticos decimonónicos enchéronse de neoloxismos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Provincia maior recargo en la estraordinaria de Guerra. Si de esta hubiese de ocuparse nuevamente el Congreso, me haré un deber en trabajar porque no se aumente, y no omitiré esfuerzo para que se disminuya segun los ecsigen las circunstancias de los pueblos agoviados con tantos impuestos»

5) Culto e clero. Fernández Villaverde é, coma outros deputados galegos (López- Ballesteros, Fontán) partidario dunha dotación que sufrague os servizos do clero secular. Longos debates e reiteradas comisións van tratar a cuestión. En xuño de 1838 era prorrogada a percepción do décimo por conta do Estado, que só destinaría un terzo do recadado ao Tesouro Público[276]. Unha comisión, na que estaba López- Ballesteros, ademais de Pinilla, Bravo Murillo, e Santillán, entre outros, non conseguiu a aprobación de ningunha das súas propostas. O problema volveu ao debate periodicamente, de aí que Fernández Villaverde poña o foco neste asunto[277].

> «Ocuparse han las procsimas Cortes de fijar de un modo permamente la dotacion del Culto y Clero. Será mi guia el sentimiento religioso que nos anima á todos los Españoles, y convencido como estoy de que ninguna obligacion satisface con mas contento el pueblo, cooperaré eficazmente á que quede consignada la manutencion decorosa del Culto y sus Ministros de una manera perdurable».

6) Intereses, favores e mandato. Este deputado, dilixente traballador na administración do Estado, concibía a representación coma un padroádego político. O "don" sería o escano, o contradón, os trámites e favores ministeriais que demandasen os notábeis da provincia. Enténdeo con total naturalidade, como o vencello tanxíbel

[276] Fontana, 1977: 324- 328.

[277] A lei moderada de xullo de 1839, que rebaixaba ao 4% a percepción das rendas decimais, foi anulada polos progresistas en setembro de 1841, mediante abolición do décimo e expropiación dos bens do clero secular. Anos despois, entre 1844 e 1846, aparece novamente don Diego López- Ballesteros nunha comisión sobre a dotación de culto e clero, mentres que o seu irmán Nicolás e o seu curmán Francisco Espinosa eran membros das Xuntas Diocesanas sobre a reforma da dotación. O irmán, un dos representantes da curia compostelá, o curmán, en representación dos curas párrocos. Os intereses da familia eran evidentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que une á clientela de electores co representante[278]. Coma un dereito para reclamar xestións ao seu intermediario en Madrid. O significado destas verbas confírmanse noutras cartas nas que menciona algunhas demandas e protección de particulares da provincia. Este dereito dos electores pode suscitar unha discusión teórica sobre a súa orixe: pode derivar da antiga concepción da representación coma "mandato imperativo" ou "delegación", unha representación privada que socava a formulación moderna da representación da nación[279]. Se a solución de Burke era obviar as instrucións dos electores, e Madison buscaba un equilibrio por agregación entre grupos de intereses[280], Villaverde ofrécese coma intermediario nestas demandas particulares, ao tempo que apoia un goberno forte que constitúa a razón de Estado. Deste xeito, a relación clientelar entre deputado e os notábeis electores serve de moeda de cambio á centralización política que propugnan os moderados dende a Corte.

> «En los asuntos de interés del Provincia y de los Pueblos en particular todos tienen derecho para buscar la cooperacion de los Diputados. Yo me reconozco mas obligado que ninguno de mis dignos Compañeros á satisfacer los deseos y las ecsigencias utiles y justas de todos los de la Provincia. Mi debil apoyo y mis eficaces oficios á todos pertenecen; no omitiré diligencia de cuantas de mi reclamen los negocios que se me encomienden por los Ayuntamientos, por las Autoridades y por los particulares, escitando mi celo por el bien del país».

Con certeza, don Pedro María Fernández Villaverde foi un político decimonónico de certa relevancia, xa que acadou posición social e gozou de influencia política. Actuando nun segundo plano, xusto por detrás das cabezas ministeriais e autoridades civís, foi un asesor político profesional, un burócrata, e un experto en arranxar

[278] Máiz, 2001: 26- 29. Trataríase dun "vínculo político clientelar" e non dun "vínculo político programático", xa que o intercambio é "directo e continxente".
[279] Sartori, 1992: 230- 231. Fala Sartori dos "canales intermediarios entre los que eran mandados y el soberano" na representación privada de orixe medieval.
[280] Segundo a comparación dos "intereses" en Burke e Madison que analiza Pitkin, 1985: 211-219.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

eleccións. O seu estilo epistolar suxire que este doutor en Leis era rigoroso e diplomático[281]. Con toda probabilidade, foi un dos facedores da facción moderada de Pontevedra.

Talvez a fama do fillo, don Raimundo Fernández- Villaverde, ensombreceu a traxectoria política do pai. En 1839 era a terceira vez que saía elixido deputado por Pontevedra[282]. Aínda repite en xaneiro de 1840, cando xa debía estar na Habana, exercendo de tenente gobernador e asesor político do Goberno desta capital colonial[283]. Non foi posíbel esclarecer se este destino, concedido en 1839, era un premio ou un castigo. Ningunha documentación ofrece luz ao respecto. Puido ser un cargo de poder interesante para un home que roldaba os 40 anos, ou ben o prezo a pagar pola súa ambición política, xa que ostentaba o cargo de deputado. Esta cuestión é probabelmente unha incógnita de difícil resposta[284].

Malia a distancia, mantivo correspondencia con distintos notábeis pontevedreses. Na Buzaca consérvase unha carta que dirixe a don Lorenzo Varela. Algunhas cuestións abordadas na carta de agradecemento, de rexistro institucional, seguen presentes na correspondencia destes dous amigos políticos. Tal acontece coas eleccións e os favores clientelares. Reprodúcese a continuación

[281] Chama a atención que esta carta que envía á xefatura política, coa pretensión de que sexa publicada, non contén as habituais abreviaturas da escrita da época. A corrección é absoluta.

[282] Así asegura na citada carta de agradecemento, aínda que o "buscador histórico" da web do Congreso dos Deputados só recolla dúas, en setembro de 1837 e xullo de 1839. É posíbel que Fernández Villaverde contabilizase a elección parcial de maio de 1839.

[283] Barreiro Fernández, 2001 (a): 255. Non tomou posesión. Foi substituído por Don Claudio González o 1º de xullo de 1840. Non hai data exacta da viaxe, que debeu realizarse aproximadamente no mes de outubro de 1839, xa que en setembro estaba en Pontevedra, e despois en Cuba recibe correo do mes de novembro. Coma dato anecdótico, apuntar que Isidoro Araújo (y Alcalde) de Lira, fundador do famoso xornal Diario de la Marina, tamén emigrou a Cuba en 1839. Era irmán do deputado provincial don Manuel Araújo y Alcalde, abade de Ínsua (Pontecaldelas), sobradamente coñecido por Fernández Villaverde.

[284] Comentouse con anterioridade o caso dun dos fillos de Espinosa, que procuraba un emprego en Ultramar coa axuda do seu curmán Diego. Pretendía a praza de tenente gobernador en Filipinas, similar á de Villaverde en Cuba. Despois decide optar por "una plaza más pequeña", "a Puerto Rico con un destino de honra y de lucro". A cambio, Diego prometera "tres destinos en la dirección", que debe ser na de Amortización de Facenda. Estas xestións vense frustradas pola inestabilidade política do ano 1853. Con todo, é un exemplo da cobiza por estes destinos, o que suxire que Villaverde puido buscar este cargo para acumular riqueza e experiencia. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.1.1. Vicente Espinosa Salgado (1853- 62).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

practicamente completa, para facilitar a comprensión do espazo e lugar que ocupan na narración cada comentario:

> «Mi querido amigo: ratifico á V. lo qe dige en mi ultima. Joaq. habrá dho. á V.(...) mi decision de acuerdo con Ramon, Diego y mas amigos qe. me han escrito anticipadamte. como el nombramto. me coge con enormes gastos hechos, como aqui es indispensable pª. uno establecerse, y sin haberlos podido reintegrar, no puede resolverme á salir pª. la Peninsula pr. ahora.
> He recibido bajo un sobre una carta pª. el niño de Varosela; la he dirigido a Pto. Rico. Digale qe. así atrasan y que mientras esté como Auditor de aquella Capitania gral. mi amigo y condiscipulo D. José Laguna y Cañedo puede dirigirselas pues es aquien está recomendado pr. mi.
> He sentido amargamte. la desgracia del Sr. D. Benito con la perdida de la Sra. cuyas virtudes la hacian tan recomendable. Le he escrito; pero no acabo de tomar el tino á buques y correos, y aunqe. á todos escribo como no recibo cartas, temo qe. se estravien. No sé como andan ahí pr la Peninsula, en el ultimo he recibido cartas de noviembre, y algunas con encargos, qe. ciertamte. creerán los qe. me los han hecho, qe. la omision fue mia.
> Segun la gente qe. remite ese Capital Gral no queda uno de los qe. por poco ó mucho tpo. estubieron en la faccion. Es critica esta estacion, y debiera contenerse en las remesas, pr. qe. perecen muchos del vomito a pesar de las medidas precautorias tomadas pr. el Cap. Gral. y pr. los Gefes de de los Cuerpos. Mandarlos ahora, es enviarlos casi con seguridad al matadero. Entre ellos llevo un chico de Losada de Trasdeza; tubo la fortuna de ser destinado al Cuerpo de Galicia de qe. es Coronel mi amigo Lubra, y está bien 1º pr. qe. se halla fuera de la Habana en el Castillo del Principe muy fuera, 2º, pr. qe. le mira como cosa mia. Se está formando el expte. pª distinguirlo, y despues continuará sus estudios aquí.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Esto lo hago yo con todo interes; con el mismo he trabajado pr. salvar la vida á D. Melquiades Quesada hijo del Ayudante de Pontevedra, y pr. fin no lo he conseguido. (...) No publicarlo hasta qe. se vaya sabiendo. Su Padre es un caballero, y es Padre; mucho he sufrido pr. el y pr. el hijo sin ligarme mas relaciones qe. ser este hijo de Redondela.
> Ofrezca reiterademte. mi afecto al Sr. Abad de Estacas. No sé si V.V. han recibido una muestra de azucar, cafe, tabacos, rapé, qe. hace cerca de marzo meses he enviado pª q. (...) distribuyera.
> «Deseo noticias del pais, y qe. no me las escasee mi buen amigo el Sr. D. Lorenzo de qn. soy i sere»[285]

Para a análise da carta cubana distinguíronse 5 aspectos que, a continuación, se comentan:

1) Tratamento e relación persoal. Pese a formalidade do Vostede, debía existir unha cordial amizade política. Non era íntimos nin familia, mais o estilo transmite confianza e simpatía. Emprega abreviaturas, cousa que non fixera na carta de agradecemento institucional. No encabezado diríxese a «Mi querido amigo», e despídese cun «mi buen amigo». Unha reiteración que non se ve adornada con outras fórmulas de cortesía coma "favorecedor", "servidor", nin tampouco "apasionado" nin "finísimo". Debía tratarse dunha amizade entre iguais, que manteñen unha relación regular, mais non excesivamente persoal.

2) Alusións á familia e/ou amigos. As liñas da carta van debullando toda unha rede compartida de amigos e coñecidos. Menciona a Diego López- Ballesteros, aos seus curmáns Ramón e Joaquín, a Benito Espinosa e ao seu irmán Francisco (cura de Estacas), e a outros notábeis e paisanos de Pontevedra. Lamenta o falecemento de dona Benita Salgado[286], esposa de Espinosa, o que

[285] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Carta de don Pedro María Fernández Villaverde. A Habana, 8 de xuño de 1840.

[286] Dona Benita Salgado Vaamonde debeu falecer polas doenzas derivadas dos seus múltiples embarazos. O seu pasamento sumirá a Espinosa no desánimo, adoitando recluírse e evitando a vida pública. Marca un punto de inflexión na traxectoria política do fidalgo de Cascaxide.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

indica que a relación entre todos eles é de bastante proximidade. Son asuntos persoais que fornecen os lazos entre os amigos políticos, mais tratados con corrección, sen entrar en intimidades.

3) Eleccións. Fernández Villaverde comeza a carta comentando a súa renuncia ao escano que conseguira nas eleccións de xaneiro de 1840. Os interlocutores nesa decisión son Diego e Ramón, en Madrid, Joaquín en Pontevedra, e outros amigos políticos. Eran membros todos eles do mesmo grupo ou facción moderada. Os artífices da maioría moderada resultante nesas eleccións. O termo "facción" non aparece na carta con este significado, senón co de *gavilla* carlista. A noción máis suxestiva é a de "amigos", que describe a alianza sociopolítica entre notábeis.

4) Intereses e favores. Hai varias referencias a "encargos", "cosa mía", "interes". Fernández Villaverde entende que forma parte das súas funcións axudar nas institucións a amigos e clientes. Exerce de intermediario e protector, un *broker* clientelar que configura unha rede de contactos e influencias[287]. Así, protexe ao fillo de Losada de Trasdeza. Non consegue salvar ao fillo de Quesada. Noutro extracto fala do fillo de Varosela, que debe ser don Antonio Barosela y Freire, amigo persoal de don Lorenzo, e veciño da parroquia de San Pedro Rebón (Moraña), onde don Francisco Espinosa foi párroco. Barosela foi en varias ocasións comisionado electoral do distrito de Moraña. Aconsella que non lle envíen a Cuba as cartas dirixidas ao fillo de Barosela, senón a un «amigo y condiscipulo» que ten na Capitanía Xeral de Puerto Rico, a que ten «recomendado» a Barosela. En resumo, exerce na illa de Cuba de protector dos fillos de galegos alí destinados.

5) Correspondencia única ou seriada. Debían escribirse con certa frecuencia. Non é a primeira nin a última carta que lle envía a Varela. Fernández Villaverde pídelle novas da Península en dúas ocasións. Quere manter correspondencia para estar informado, logo podía considerar a Varela coma unha persoa con fontes e criterio. Por outra banda, esta relación epistolar cos notábeis de Pontevedra tamén pode suxerir que non quere perder os seus contactos, con vistas a que o seu servizo en Cuba sexa algo provisional.

[287] Máiz Suárez, 2011: 33-34.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A carta de Fernández Villaverde describe unha época na que as eleccións se gañaban con amigos (Diego, Ramón e Joaquín), os cargos públicos recibían "encargos" de particulares, e as quintas de galegos nas colonias sufrían padecementos que se podían aliviar coa axeitada protección dun patrón nas institucións de goberno.

Fernández Villaverde chegaría a ser subsecretario de Gobernación (1846- 50)[288], conselleiro real e senador. Retorna á península cando os moderados recuperan o poder, un indicador da súa filiación política. Coa reforma electoral na man, orquestra un reparto de escanos na provincia, fomentando o chamado "feudo electoral". El mesmo enfeudarase electoralmente no partido de Ponte Caldelas (1846- 53), renunciando ao seu trunfo nos distritos de Pontevedra, Prado (Lalín) e Salas (Oviedo)[289]. Seu fillo Raimundo "herdará" este feudo electoral[290], o que amosa a estabilidade da estrutura clientelar, até tal punto que se pode falar de efectiva oligarquización, proceso que se ve coroado na Restauración.

[288] Barreiro Fernández (2001a: 255) apunta que foi subsecretario de Graza e Xustiza, mais unha exploración da Colección Legislativa de España, do cuarto trimestre de 1846, sinala que era subsecretario de Gobernación, sendo ministro o seu paisano Pedro Pidal.

[289] Tal e como se comentará no capítulo "3.5. O réxime das faccións políticas".

[290] Raimundo naceu en Madrid en 1848, cando seu pai era subsecretario de Gobernación e deputado por Ponte Caldelas. Oficiou o bautismo don Telmo Maceyra, daquela coéngo en Tui, sendo padriño Ramón Martínez Montenegro, un dos fillos do marqués de Valladares. Este padriño tiña por cuñados a José Elduayen e a un fillo de Evaristo Pérez de Castro. Unha trama de relacións persoais que puido beneficiar a carreira política de Raimundo. O seu pai faleceu en 1858, con 56 anos, cando Raimundo era un rapaz. Fernández García, 1995: 40. https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-M-2006-10063500652

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3.4. A ORGANIZACIÓN DAS ELECCIÓNS: UNHA APRENDIZAXE ENTRE AMIGOS

«No tenía don Pedro ideas políticas, aun cuando se inclinaba al absolutismo, creyendo inocentemente que con él vendría el restablecimiento de cosas que lisonjeaban su orgullo de raza, (...); fuera de esto, inclinábase al escepticismo indiferente de los labriegos. (...) Mas a falta de pasión política, le impulsó a aceptar la diputación su vanidad. Él era la primera persona del país, la más importante, la de origen más ilustre: su familia desde tiempo inmemorial, figuraba al frente de la nobleza comarcana»[1].

«As eleccións foron soadas. Houbo esmorgadas, mallas e leña, trampas, e o fidalgo gastou copelos de onzas. Gustaba de política e mais das enredadas dos namorouzos. (...) Un señorote de Fornelos, que tiña prometido os votos ó da Reboraina, foi apreixado nunha canella saíndo da cama de cosco dunha gandaina que tiña e papou unha presa de candidaturas por se pasar ó bando do goberno. Na sala da Audiencia de Pontevedra o señorito da Reboraina luciu coas pedras da corbata e da pechera, coa compaña de medio cento de homes graves e rexos, coa súa parla botando no rostro do candidato oficial a súa cobardía ó non acudir ó desafío»[2]

Existe un longo debate historiográfico sobre o desenvolvemento da política liberal. Tradicionalmente, tense considerado a política da época inmatura nas ideas e lastrada na praxe. Co enfoque dun modelo de liberalismo político, calquera experiencia histórica pode ser xulgada de imperfecta, insuficiente. Partindo da investigación empírica, pode adoptarse outra perspectiva que prescinda do ideal para analizar os feitos. Trátase, pois, de deixar falar ás fontes, para achegarse ao espazo político liberal dos notábeis de provincia. Talvez así non resulten personaxes mudas, marionetas movidas polo xenio

[1] Pardo Bazán, 2007 [1886]: 98.

[2] Otero Pedrayo, 2011 [1960]: 65- 66. A personaxe desafiara a pistola ou espada ao candidato do goberno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dun patrón gobernamental que vai impoñer o seu relato. A pesar da "influencia moral" do goberno e das fraccións parlamentarias, o eido provincial tivo significación propia. Sen actores non hai drama, sen notábeis non hai política na provincia. Por este motivo é tan pertinente a investigación histórica das súas institucións, que engloban dende a deputación até a liñaxe fidalga, mais sobre todo das súas relacións e expresións. Isto é, os seus escritos.

As relacións sociais e vencellos persoais eran decisivos na organización política, xa que outorgaban carta de natureza a un notábel[3]. Esta condición permitía ser recoñecido coma digno representante do país e coma membro da elite sociopolítica. De tal xeito, unha notabilidade non existe en solitario, senón na interacción social. Un fluxo de relacións que se adoita a representar verticalmente, estando abaixo os electores e cara arriba os grupos e faccións de amigos políticos. Sen entrar agora en teorías sobre as formas e ficcións do poder[4], pódese adiantar que houbo circulación de poder en diversas direccións, polo que aquela imaxe dun "descenso" da política é reducionista e ficou obsoleta[5]. Hai máis de corenta anos que Varela Ortega puxo o foco nos "amigos políticos" do Oitocentos, que mediante o seu clientelismo "arrancaba jirones de poder al Estado", sendo o sistema da Restauración un trunfo da provincia[6]. Mais esta

[3] Guionnet, 1997: 190- 194. A razón de notabilidade está no recoñecemento social coma membro da comunidade, nun tempo social continuo, non só con motivo das eleccións. Era habitual que os representantes en Madrid visitasen os seus distritos con certa regularidade, coma os períodos estivais. Así sucedía cos López- Ballesteros ou con Fernández Villaverde, segundo queda constancia nas súas cartas. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento*, 34.371.

[4] Baste mencionar a microfísica do poder de Michel Foucault (1991).

[5] Christine Guionnet (1997) rebateu as teses de Agulhon e Weber sobre o descenso da política ou politización dende arriba, que incidían na imaxe do arcaísmo rural. Fernando Molina e Miguel Cabo teñen publicado diversos traballos (2009, 2011, 2013) nos que realizan unha revisión crítica da obra de Eugene Weber. Numerosas autoras/es teñen destacado o dinamismo político das provincias: Burdiel (1987, 1999), Romeo Mateo (1993, 2001), Díaz Marín (1998), Romanelli (1998), Dardé e Estrada (1998), Inarejos Muñoz (2008); e obras colectivas coma as coordinadas por Fernández Prieto et. al. (1997); Forcadell e Romeo (2006); Calatayud et. al. (2009).

[6] Varela Ortega, 1977: 354, 356. Este protagonismo da provincia vese tamén na literatura, na cultura. É o "paradigma regional". "Todo se regionaliza", ten asegurado José Carlos Mainer (1993), que cita Archilés, 2006: 163. Galdós comentou que "en la tradición de la literatura realista, y especialmente en la tradición francesa, la tensión entre la provincia y la capital,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

importancia da provincia atinxe a relacións informais e personalistas, que impiden unha eficiente racionalización da Administración e unha efectiva igualdade xurídica. Lastres que abocan ao desastre finisecular.

Os arquivos das familias Espinosa e Varela aportarán algo de luz ao decorrer da política provincial, coas súas alianzas de notábeis e arranxos político- administrativos. A continuidade destas liñaxes fidalgas no poder non vai estar exenta de complicacións e cálculos. Situarse como un actor relevante dentro dunha facción política puido ser unha estratexia oportuna, mais non foi garantía de permanencia dada a inestabilidade política do reinado isabelino. As vías do exilio, retraemento ou reconstrución das faccións foron saídas habituais ante a perda do poder político[7].

3.4.1. Estatus e poder na comunicación epistolar: amigos, eleccións e favores

Os notábeis pontevedreses adoitaban tratarse de "querido amigo"[8]. Este "amigo" denotaba a pertenza a un grupo sociopolítico de estatus elevado e intereses políticos compartidos. A diferenza daquelas cartas enviadas ao "muy señor mío", propias de administradores e clientelas de rango inferior, e que subliñan unha distancia social, o cualificativo "amigo" implicaba coñecemento mutuo, certa paridade social e a posíbel participación nunha facción política ou organización clientelar.

París, es un motivo literario central. Es lo que sucede con Balzac o Stendhal, pero también con el Flaubert de *La educación sentimental*". Archilés, 2006: 162- 163, 179.

[7] Moderados de renome, coma Donoso Cortés e Alcalá Galiano, estiveron exiliados en Francia durante a rexencia de Espartero. Tras a caída do duque, o ascenso dos moderados suscita o "retraimiento" progresista. A Constitución de 1845 ofreceu a imaxe dun "régimen político piramidal polarizado sobre el poder de la Corona (...) no sirvió a su objetivo de orden, (...) provocó una pérdida de capacidad integradora de éste, inclusive dentro de la familia moderada". Distintas faccións (puritanos, monistas) víronse desprazadas polos gobernos autoritarios de 1851- 53, dando lugar a unha reorganización interna que desembocou no proxecto unionista. Marcuello, 1998: 19, 36. En Cataluña, as notabilidades terían optado por un retraemento ante a perda de representatividade no sistema moderado. Riquer, 1999: 36.

[8] Segundo a documentación epistolar conservada nos arquivos da familia Varela e da familia Espinosa. ADPO, Pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento*, 34.371. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pódese establecer unha gradación de confianza e estatus nestas fórmulas de protocolo: "señor mío/dueño", "señor dueño y favorecedor", "señor y amigo", "amigo y favorecedor", "mi estimado/querido amigo", "querido primo/pariente y amigo", "querido primo", e uso do nome de pía. A maior das intimidades era dirixirse coloquialmente ao destinatario co seu nome de pía. Este último uso suxire unha correspondencia frecuente e un trato familiar moi estreito. Así acontece entre os López- Ballesteros (Luis, Nicolás, Diego), os Varela (Lorenzo, Jacobo), e os Espinosa (Benito, José, Vicente)[9]. Entre os amigos persoais tamén se daban estes usos máis informais. Nunha carta de don Matías Manuel Losada a don José Espinosa pódese ler: «Apreciable Pepito»[10].

Cando o vencello entre amigos políticos era próximo, acreditando un parentesco, non sempre directo, as cartas dirixíanse ao "querido primo". Sen embargo, cando un parentesco antigo, e case irrecoñecíbel, uníase a un escaso coñecemento persoal, é dicir, pouco trato e un parentesco bastante dubidoso, era habitual reforzar o encabezado coa fórmula "querido pariente y amigo". Agregando estas dúas vías de contacto: familia e afinidade política, o remitente salvaba a distancia física ou social que os separaba[11]. Esta dobre alusión podía ser útil para solicitar favores, xustificando un vencello entre ambos, mais tamén coma un recurso para aproximarse e emprender contactos cun notábel doutra comarca ou provincia.

Substancialmente, os notábeis eran "amigos" entre si. Incluso cando, nalgúns casos, se convertan en rivais políticos. Dicirse "amigo"

[9] O tío don Pedro de Verea diríxese ao "querido sobrino", tanto a Lorenzo como a Benito, no que se entende coma unha mostra do respecto entre distintas xeracións dunha familia. Hai máis informalidade entre curmáns. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3.

[10] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia política*, 1.3. Eleccións. Escribe Losada dende Madrid, contándolle ao fillo de Espinosa as súas xestións en Graza e Xustiza, baixo a protección de Villaverde. O trato é coloquial e afábel, suxerindo complicidade así coma xuventude. Contrasta coa rixidez no estilo doutras xeracións máis vellas.

[11] Na carta de Reguera, comentada no apartado 3.3.5, diríxese a Varela co *«mi mui apreciable Pariente i amigo»*. Isto indica que non deberon manter relación familiar estreita, malia que prescinda do Vde., usando a segunda persoa, talvez pola xuventude de ambos. Con todo, obsérvase certa distancia na solicitude de candidatura. Non hai lugar a confidencias. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1829- 39)*, 34.371/4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

era pois unha fórmula de cortesía entre aqueles que se coñecen e tratan, aínda que entren en conflito. O cinismo na alta sociedade provincial podía facer que Riestra escribise ao fillo de Espinosa cun respectuoso "mi estimado amigo"[12], cando en 1853 a súa relación era tensa. É dicir, tamén servía para dirixirse con corrección ao inimigo persoal e a oposición política.

A dedicatoria que acompaña ao "amigo" ofrece algunha pista do grao de confianza e estatus. Así, o "querido amigo" é de uso común entre membros máis ou menos paritarios, e que manteñen relacións habituais. Tamén pode darse entre funcionarios asociados a unha mesma facción política, aínda que de ámbitos distintos. Don Miguel Mon, con destino na delegación de Facenda de Pontevedra, escribe unha carta persoal ao fillo de Espinosa, que é alcalde de Chapa en 1850. O encabezado é «querido amigo». Malia que exista un rango na administración, estando Mon nunha posición elevada, a amizade política permite tratarse con familiaridade, a pesar de manter o "vostede"[13].

Nunha carta que escribe Fernández Villaverde a don Benito Espinosa utiliza a mesma fórmula. Hai un pouso de condescendencia, mais tamén familiaridade. Ambos eran vellos coñecidos e amigos, aínda que Villaverde acadara éxito político en Madrid, mentres que Espinosa permanecera aferrado á súa comarca e provincia[14]. Coincidiran persoalmente nos inicios da Deputación, entre 1835 e

[12] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.6. Cartas de asuntos varios. Escríbelle Riestra dende Pontevedra o 27 de maio de 1853 nun estilo excesivamente formal. O asunto é o cobro dunha conta pendente de 945 reais que lle remite Riestra a don José Espinosa a través de Otero, quen é amigo dos Espinosa.

[13] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia política*, 1.3.2. Cargos públicos. Miguel Mon avisa confidencialmente do inicio dunha investigación por presuntas irregularidades na recadación municipal en Chapa, onde don José está de alcalde. Na despedida da carta afirma: *«Vea V. pues (...) salir bien que asi lo deseo (...)»*. No apartado 3.5.6. abordaranse as relacións dentro da facción moderada pontevedresa ao fío das eleccións de 1850- 53.

[14] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia política*, 1.3.1. Eleccións. A carta de Villaverde está datada o 28 de xuño de 1850. Na primavera tiveran lugar as eleccións a Cortes saíndo elixido Villaverde polos distritos de Prado e Pontecaldelas, renunciando ao primeiro, que cede a don Diego López- Ballesteros. Naqueles comicios a facción de Pontevedra excluíu do dereito ao voto a Espinosa por unha errata nas listaxes electorais. Unha argucia na que parece que tomaron parte Crespo e Riestra. A animadversión de Espinosa cara estes e máis Villaverde vai en aumento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1839, ademais, formaban parte da mesma facción política moderada, xunto aos curmáns López- Ballesteros. Malia esta aparente sintonía, a súa amizade está a pasar por momentos delicados por mor das eleccións de 1850. Escribe Villaverde: «Mi qd. amigo». O ton de Villaverde é conciliador, aínda que firme, sen perder a súa posición e distancia de patrón gobernamental usando o "vostede". Na carta escusa o comportamento de Riestra, que entrou en conflito aberto con Espinosa, pero mantén a súa confianza no primeiro, que está emerxendo coma patrón provincial. É dicir, quere recuperar o apoio de Espinosa, mais sen cambiar a correlación de forzas na provincia. A posición do de Cascaxide queda minguada na facción.

O "estimado amigo" é máis formal, significando un recoñecemento como semellantes, notábeis de rango similar, e que manteñen comunicación escrita por asuntos de carácter político e administrativo[15]. Non se aprecia a proximidade do parente, mantendo un trato de "vostede". Son en puridade relacións de amigos políticos, que só superficialmente comentan aspectos privados. Isto obsérvase, por exemplo, na correspondencia entre don Domingo Fontán e don Lorenzo Varela. Coñecéndose pola actividade na Deputación e nas eleccións, traban unha amizade de intereses mutuos. Hai respecto, mais tamén algunhas discrepancias entre eles[16]. Chama a atención que o encabezado das cartas de Fontán sofre unha variación sutil. Con motivo das eleccións de xaneiro de 1840, nas que Fontán solicita o apoio da súa candidatura, diríxese a Varela coma «Mi mui estimado paisano y amº»[17]. Está a facer fincapé nun nexo común no territorio, xa que Fontán era natural de Portas, que pertencía ao partido xudicial de Caldas. Deste xeito, estimula unha filiación persoal por veciñanza. Mais a seguinte carta é máis fría e distante: *«Mui Señor mio y de mi especial estimacion»*[18]. Agradece Fontán os votos que obtivo no distrito de Moraña, mais o resultado foi modesto: o décimo candidato

[15] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Correspondencia sobre preitos na Real Audiencia da Coruña. O procurador don Pedro González dirixíase habitualmente a don Benito Espinosa como "estimado amigo".
[16] Tal e como se verá no seguinte apartado, 3.4.2.
[17] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Domingo Fontán. Pontevedra, 1 de xaneiro de 1840.
[18] *Ibíd*. Santiago, 8 de febreiro de 1840.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en número de votos, sendo superado amplamente polas candidaturas moderadas gobernamentais[19].

No resto de cartas conservadas entre ambos, volve a utilizar a alusión á comarca. Entre novembro de 1840 e xaneiro de 1841, escribe Fontán oito cartas a Varela sobre as eleccións provinciais. Hai comuñón de intereses fronte aos progresistas do vigués Buch, así que Fontán volve a evocar a proximidade territorial coma vencello que fornece a amizade: *«Mi apreciable paisano y estimado amigo»*[20]. Engade despois, nas cartas do mes de decembro, unha deferencia para con Varela: *«Mi mui estimado paisano, favorecedor y amigo»*. Esta mención do favor é un signo do apoio persoal que recibe de Varela, que tiña encomiado as virtudes de Fontán[21]. Advírtese na secuencia epistolar unha maior complicidade, malia que o trato siga a ser en terceira persoa. É dicir, Fontán salienta tres aspectos da relación: veciñanza, amizade política e preferencia persoal[22]. Nas despedidas das cartas, usa Fontán un recorrente *«su afmo. amigo»*, até que en xaneiro remata escribindo «su afmo. amigo y servr.»[23]. Isto suxire que a amizade política é unha relación variábel, cando non inestábel, que busca motivos sólidos para fundar a confianza mutua (parentesco, veciñanza), sendo na índole persoal onde estreitan estas relacións e alianzas.

Noutras amizades o favor vai ser indicador dunha desigualdade, circunstancial ou social. Así, as formas protocolarias de "señor y amigo" ou "amigo y favorecedor" amosan a relación de dependencia do remitente que solicita ou agradece un servizo ou atención. É probábel, que o fillo de Espinosa respondese a Miguel Mon con algún destes encabezados, subliñando así a deferencia que lle debe por cuestión de rango social e administrativo, así como tamén a gratitude

[19] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Documentación relativa ás eleccións (1840)*, caixa 226/1/1. Pola contra, en Caldas foi o candidato máis votado.

[20] *Ibíd*. Carta datada en Santiago, 24 de novembro de 1840. É posíbel que existisen máis cartas das que se conservan no arquivo da Buzaca.

[21] As respostas de Fontán suxiren que Varela tería enxalzado as súas calidades.

[22] Atendendo á seguinte acepción de "favor": "Apoio, protección ou preferencia que se lle concede a alguén"; http://academia.gal/dicionario/

[23] *Ibíd.* Pontevedra, 4 de xaneiro de 1841. O día 7 dese mes remata esta serie de correspondencia cun *«su apasionado amigo paisano y servidor»*, marcando un momento álxido de entendemento entre ambos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por confiarlle información reservada do seu interese persoal. Despois de ter conseguido un favor, un cliente fai gala dun acusado servilismo. En ocasións, o remitente que se dirixía ao "estimado amigo", logo dun favor remata por prescindir desta fórmula, escollendo outras verbas que denotan unha débeda moral ou submisión[24].

Estas asimetrías nas relacións dos "amigos políticos" semella que atinxiron máis inmediatamente ao poder que ao estatus. Algúns terratenentes de elevado estatus puideron manterse ao marxe do xogo político sen menoscabo do seu rango social. Sen embargo, esta permanencia do estatus sen outros atributos foi transitoria, afectando a pouco máis dunha xeración. Unha inercia do antigo valor estamental que sen riqueza e poder vai perder forza durante a segunda metade do Oitocentos. A renuncia, fracaso ou tardía incorporación á política puido condenar a algunhas liñaxes á desaparición[25]. Conservar o poder e o patrimonio esixía dos seus titulares grandes doses de determinación. Os sucesores da fidalguía debían adoptar unha actitude axeitada ante o cambio, mais sen o apoio dun círculo de amigos, non podían converterse efectivamente en notábeis. Sen "amigos políticos" non hai influencia nin protección, xa que eles resolvían a distancia entre organización de partido e administración do Estado[26].

[24] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Pedro González, procurador (1841- 49). A Coruña, 20 de maio de 1846. Procurador de Espinosa no preito polo padroado de Quintá entre 1841 e 1849. Adoitaba escribirlle co encabezado "estimado amigo". En 1846 pide axuda a Espinosa para que medie polo seu fillo, implicado na revolución de 1846. Na seguinte carta, o procurador diríxese a Espinosa coma *«Muy Sr. mio y mi dueño»*. Este asunto do fillo de González vai merecer outros comentarios nas vindeiras páxinas.

[25] As personaxes literarias de Pardo Bazán e Otero Pedrayo son suxestivas. As súas novelas recollen distintos perfís e motivacións da fidalguía. Por exemplo, o señor de Ulloa non ten nin "ideas políticas" nin "pasión", só foi candidato por intrigas dun cacique conservador e do seu administrador. Fracasa, e con esta derrota electoral anúnciase o devalo do pazo. Pola contra, o señorito da Reboraina que retrata Otero "gustaba de política e mais das enredadas dos namorouzos", relacionando certeiramente política e paixón. Pereira chegou a deputado e embaixador en Asia. Aínda Otero describe algunhas penurias económicas cara o final da súa vida, mais co escano de senador por Ourense ve aliviada a súa situación. Caso antitético ao protagonista do relato "O Fidalgo", que morre nun piso en Compostela, sen patrimonio, nin poder político, nin recoñecemento social.

[26] Varela Ortega, 1977: 355- 359. Especificamente, o patrón dunha clientela de amigos ofrecía servizos públicos a cambio de apoio electoral. En palabras dos caciques brasileiros: "Para los amigos, la justicia; para los enemigos, la ley".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En consecuencia, o ensimesmamento pacego era signo de decadencia: sen acceso preferente aos servizos públicos, o patrimonio remataría por ser hipotecado e o seu estatus esquecido. Por isto mesmo, os familiares directos de Varela e Espinosa insisten aos cabezaleiros na importancia de facer vida social, de estar nas vilas e cidades, de tratarse cos amigos. Debían saír do pazo, dun entorno de relacións rurais, para estimularse en círculos sociais e políticos axeitados ao seu rango[27]. Só mediante estas relacións, aparece e permanece unha notabilidade[28].

Un notábel é unha categoría social, mais está intimamente ligada ao feito político, ás eleccións. Son os dereitos políticos do propietario ou profesional os que outorgaban carta de natureza ao notábel. Constituían unha clase social superior por gozar de dereitos políticos. Eran electores da nación. Malia que emitisen os seus votos nominalmente, non existía unha concepción individualizada deste dereito. O sufraxio estaba comprometido á comunidade de intereses, e incluso a propia condición do notábel elector dependía da consideración dos amigos e veciños. Vótase cos amigos, na procura de maiorías de consenso[29]. Esta liña argumental propicia unha noción de amigos políticos moi apegada á dimensión social: tramas de relacións familiares e comunitarias dos notábeis (parentesco, veciñanza, afinidade, profesión), fortemente territorializadas, que realizan o tránsito do Antigo Réxime ao liberalismo, tomando as rendas das

[27] Tanto Lorenzo Varela coma Benito Espinosa reciben cartas de irmás, sobriños, e curmáns, así como de amigos políticos, que lles recomendan saír do pazo, e manter vida social. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 59)*, 34.371/2; Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Pedro González, procurador (1841- 49).

[28] É a "notabilidad social" que ten sinalado Juan Pro, e que se explicará máis adiante. Para non cargar de discursos epistemolóxicos este apartado, perdendo o fío do estudo de caso, remítese a unha exposición máis ampla dos conceptos de "notábel" e "clientelismo político" no epígrafe "1.4. Estado da cuestión III: O liberalismo dos notábeis". As faccións serán obxecto de análise no capítulo "3.5. O réxime das faccións políticas".

[29] Tal e como se advertiu no capítulo "3.3. A consolidación do constitucionalismo", concretamente no apartado "3.3.2. Na procura de candidaturas de consenso". Este fenómeno non sería tanto un fenómeno de submisión coma sinal da vixencia da comunidade. O individualismo non tiña callado na sociedade da primeira metade do Oitocentos. De feito, o voto individual e segredo tardará en concibirse. Para Guionnet isto provén da práctica comunitaria do voto en asemblea. Guionnet, 1997: 46- 47, 58- 60.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

novas institucións do Estado (goberno, representación política, sufraxio, administración)[30].

Son os amigos os que avalan os dereitos políticos do notábel. Os requisitos obxectivos de ingresos, pagos, ou profesión podían ser papel mollado se non contaba con "amigos" que o ratificasen. Nas mans das autoridades locais e provinciais estaba a elaboración e certificación dos censos electorais, de aí que atender as reclamacións de particulares para a inclusión nas listas ocupará gran parte do tempo dos alcaldes[31]. Os recibos e as papeletas son os documentos das novas elites, as credenciais dun notábel para entrar nos círculos sociopolíticos máis selectos. Se no Antigo Réxime o fidalgo reunía escrituras de contratos forais e labraba brasóns nos seus muros, o notábel no liberalismo garda os recibos das contribucións e rendas, e deposita o seu voto nas urnas á vista de todos[32]. Incluso don Lorenzo Varela tivo que xustificar a contía da contribución que pagaba en Moraña, malia que era sobradamente coñecida na provincia a riqueza que reportaba A Buzaca. Outro tanto aconteceu co deputado enfeudado no distrito de A Cañiza, o tudense don Lorenzo Cuenca. Os xustificantes de contribucións que este propietario remitiu á Deputación en 1853 forman un expediente que supera o centenar de páxinas, ascendendo o agregado de contribucións aos 3.802 reais, unha suma elevadísima que o situaba entre os maiores contribuíntes da provincia[33].

[30] Este bosquexo de definición non alude explicitamente aos partidos políticos nin á organización clientelar, agardando un desenvolvemento posterior e debida contextualización.

[31] Arquivo familia Espinosa, caixa XXV, *Papeis de don José Espinosa Salgado (I)*, 25.4. Alcaldía de Chapa e eleccións. Hai documentos municipais de 1851 con borradores do censo electoral, varias solicitudes de inclusión, reclamacións, e xustificacións de contribucións. Advírtese interese persoal na aprobación dalgúns electores, como é o caso de Tábora. Pola contra, outras reclamacións serán denegadas, como a de Francisco Conde que pretende entrar na corporación municipal excluíndo electores. Ademais desta función coma alcalde, don José enviou reclamacións coma particular en 1857, avalando co seu apelido as solicitudes de varios veciños de Carbia. Daquela dicía ser veciño de Madriñán, onde está a casa de Anzuxao, sen presentarse coma deputado provincial, escano que xa ocupaba dende 1856. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores (1857)*, caixa 262.

[32] Tanto no arquivo Espinosa coma no pazo da Buzaca existe unha inxente documentación relacionada coas contribucións, as listaxes electorais do distrito, e cartas xustificando pagos.

[33] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1853)*, caixa 251/1/4. O patrimonio de Cuenca estaba situado no baixo Miño (Tui, Tomiño, A Guarda). Unha parte, 1.764 reais, proviña da súa esposa, Dolores Díaz de Rábago, que era viúva de Kindelán,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ademais de recoñecer o dereito ao sufraxio, activo e pasivo, os amigos políticos outorgaban estatus de "notabilidade". No seo das comunidades locais, a veciñanza podía identificar un patrón, o ascendente dun señor da comarca, mais son os amigos políticos os que recoñecen ás notabilidades de ámbito provincial[34]. Os que están dentro dese círculo, e os que aspiran a ter esa exclusiva condición. Ademais de elector, un notábel era alguén ben educado e relacionado, apaixonado coa política. Un home do século. Na correspondencia da Buzaca hai testemuño do uso do termo "notable" coma unha gabanza asociada á virtude e ao mérito. Escribía Domingo Fontán a Varela: *«quienes son esos 3 notables de los cuales me escribe el secretario ¿Tendremos tertulias patrióticas? Aqui va a instalarse una que parece serlo»*[35]. Varela debeu responder que os tres notábeis eran Valladares, Arias Seoane e o propio Fontán, ao que contesta o aludido, falando de si mesmo en terceira persoa: *«Cree V. que salio bien la eleccion de diputados en su totalidad y designa 3 como notables, pero esos 3 son los designados como poco dignos por los hombres q hoi se creen o se erijen en jueces sobre estas materias»*[36].

Malia os enfrontamentos políticos, entre progresistas e moderados, que se concreta no liderado de Vigo ou Pontevedra, as figuras de Varela e Espinosa merecen tamén o respecto da nova

pertencente ao "mayorazgo de Kindelan y Meneses", con bens en Salvaterra, Tui, Gondomar e Ponteareas. Con todo, non foi o candidato de Tui nin de Ponteareas, senón da Cañiza, onde obtivo escano en Cortes entre 1846 e 1862, salvo na breve lexislatura de 1850. En 1863 foi subsecretario de Gobernación, sendo ministro o tamén tudense Rodríguez Vaamonde. Seguidamente, ocupou escano de senador. Foi un dos promotores da ponte internacional sobre o Miño.

[34] Pro Ruíz, 1995: 58. Aborda a "notabilidad social (…), independientemente del hecho político, económico o jurídico, la pertenencia a la élite social ha de ser reconocida por la sociedad". É dicir, ao marxe de cargos públicos, patrimonio e títulos nobiliarios, a notabilidade era un estatus que precisaba a consideración xeral.

[35] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Carta de Domingo Fontán. Santiago, 15 de decembro de 1840. Nas eleccións provinciais, logo do ascenso de Espartero á rexencia, haberá un cambio de deputados, con predominio progresista, que pivota arredor de Vigo. Con todo, haberá tres deputados provinciais de -antiga- filiación moderada: Valladares, Arias Seoane e Fontán. Estes tres "notables" que indica Varela, foran excluídos das candidaturas moderadas nas eleccións a Cortes de xaneiro de 1840. Non van ter entendemento político cos progresistas, sendo o seu perfil de independentes moderados. De feito, Fontán declara nunha carta que traballa para *«derrocar al partido de la arbitrariedad»*. *Ibíd.*, Santiago, 4 de xaneiro de 1841.

[36] *Ibíd.* Carta de Domingo Fontán. Santiago, 22 de decembro de 1840.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

corporación provincial de inclinación progresista[37]. Isto suxire que, a pesar da retórica, a consideración de notabilidade, por virtude e mérito, está á marxe da adscrición política. É dicir, non hai mingua de estatus, aínda que perdan a representación política por mor dos acontecementos políticos. En particular, sobre Varela e Espinosa escribía Fontán:

> «Concluyo esta rogando a V. me disimule el que le moleste en negocios qe. le tendran aburrido, pero sirva a V. de satisfaccion qe. todos le aprecian y respetan, y en los expedientes informados por V. ven todos al 1er. Diputado de los qe. nos antecedieron. Tambien se hace justicia al Sr. Espinosa y no creo qe. se le relebe de ser Alcalde de Trasdeza Buch y sus comps. de comision asi lo quieren en obsequio a sus eminentes cualidades».[38]

A maiores do feito político (eleccións, representación), o estatus do notábel tamén se nutre nas relacións económicas e sociais. Os amigos políticos compartían algúns negocios e investimentos, eventos sociais da vida vilega e celebracións familiares. Teatro, casino, bailes e banquetes constitúen un entorno exclusivo vetado ao populacho. Nas cartas comentan a temporada de espectáculos de Santiago con profusión de detalles: ausencias, vestidos, menús[39]. Tamén hai

[37] O deputado con máis liderado na nova corporación provincial foi don Ramón Buch, de Vigo. Anos máis tarde, no levantamento de Solís de 1846, sería presidente da xunta de Vigo, e vocal da Xunta Superior instalada en Santiago de Compostela. Barreiro Fernández, 1977: 181.

[38] *Ibíd.* Carta de Domingo Fontán. Santiago, 4 de xaneiro de 1841. Durante a rexencia de Espartero, Espinosa vai ocupar a alcaldía constitucional de Chapa. Un exemplo de retraemento da política provincial, mais mantendo un couto de poder na súa comarca. Na corporación municipal de Lalín vai estar don Juan Orrea, quen fora deputado provincial por Lalín en 1836, e que se convertería no sogro de Espinosa. Na documentación non hai rastro de Ulloa Pimentel nin de Crespo, ocupados probabelmente nas súas carreiras xudiciais. Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.3. Benito Espinosa Varela. Varios asuntos. Carta que remiten dende o concello de Lalín o de Chapa, 17 de maio de 1841. Cómpre engadir que Espinosa fora alcalde de Escuadro durante o Trienio.

[39] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850-59)*, 34.371/2; Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.2. Correspondencia de cuñados e irmás de don José Espinosa Salgado (1853- 1860).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

abondosas alusións a xogos de azar e as débedas contraídas neste lecer de alto estatus[40]. A semellanza da "London season" que describe Cannadine, os notábeis galegos van fixar a súa residencia nas cidades, descansando nos seus pazos e torres durante a época estival[41]. Ábrense, entón, a un elegante mundo de distinción e bos modais, imitando formas aristocráticas europeas.

A capital de provincia convértese nunha pequena corte, co gobernador/xefe político como a máxima autoridade da provincia, con permiso do capitán xeneral. Á súa beira, o cargo de intendente, tamén por designación gobernamental, tiña un alto estatus e poder. As relacións destes postos de goberno coa Deputación son ás veces conflitivas, xa que os deputados acatan as decisións, mais entenden que o seu poder provén dos territorios, dos electores dos partidos xudiciais. Un punto de colisión entre o poder de representación que outorgan dende abaixo, fronte as xefaturas delegadas dende arriba, dende o goberno de Madrid. Nestes conflitos entre cargos públicos hai tamén cuestións persoais, de carácter. Por exemplo, sendo don José Valladares intendente en Lugo escribe:

> «Tambien estoy contento en verme libre del G.P. ps. acaba de ser nombrado en comisio Gefe el juez de Villalba Sanjurjo qe. dicen es tan decidido como prudente y juicioso»[42]

[40] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.1.2. Pío Espinosa Salgado (1854-61). Un dos fillos de don Benito, Pío, terá serios problemas coas débedas de xogo. Malia ter atopado colocación en Facenda (Teruel, León), por mediación dos López- Ballesteros, os seus ingresos non chegan a cubrir o seu espléndido estilo de vida. No xogo vai perder boa parte da súa lexítima, que reclama con urxencia. Esta situación fai lembrar o relato de Dostoievski, *El jugador*, que reflicte o furor pola ruleta e os naipes na alta sociedade europea.

[41] Cannadine, 1990: 342. Fala Cannadine dun lecer estruturado, planificado, entre as súas facendas rurais e as obrigas da familia nas ciudades, por mor da política, negocios e educación. Ademais, estas tempadas en Santiago e Pontevedra permitían "examinar y seleccionar" proposicións matrimoniais. Chama a atención que as familias Espinosa e Varela manteñen esta vida social de notábeis en Santiago, mentres que acoden a Pontevedra tan só por cuestións políticas.

[42] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1829-39)*, 34.371/4. Carta de Valladares. Lugo, 15 de decembro de 1839. Diríxese a Varela coma "mi muy estimado y querido amigo". A sigla G.P. é abreviatura de "gefe político".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Era frecuente que o gobernador fose un home de palla do auténtico "padre o padrastro de la provincia"[43]. Un xefe ou grupo de xefes que dende a sombra establecía unha xerarquía paralela manexando os resortes das administracións territoriais. O patrón provincial podía gozar de ampla autonomía, mais non era independente. Procuraba tecer influencias recíprocas con algún grupo parlamentario e con funcionarios dos ministerios. Este "padre" da provincia foi unha figura máis acabada co andar das décadas. Cabe puntualizar que na Restauración, época que estudou Varela Ortega, a estrutura oligárquica está máis definida. En troques, durante os primeiros anos do reinado isabelino, non se percibe esta concentración do poder nun patrón preeminente. As investigacións realizadas non permiten identificalo con claridade. Todo parece indicar que existía un grupo de notabilidades que marcaba a liña política nunha provincia. En Pontevedra, Varela e Espinosa formaban parte dese grupo ou facción de adscrición moderada. Neste senso, don José Valladares, amigo persoal e aliado político de Fontán, pedía ao tamén amigo Espinosa que se involucrase nas súas candidaturas para saír elixidos:

> «hablando claramente, si quedamos fuera culpa sera tuya, del amº. Varela y Caballero pues qe. los tres hareis inclinar la balanza adonde querais»[44]

O poder provincial dirimíase, pois, por medio de alianzas "frágiles e inestables" entre determinados notábeis[45], mais nesta época das rexencias non existía unha figura hexemónica. As alusións nas cartas son aos "amigos", "estar con ellos", sempre en plural, sen que

[43] Varela Ortega, 1977: 355. Na Restauración, o gobernador adoitaba ser o home de confianza dalgún patrón que tiña "enfeudada" a provincia. Era un "régimen de soberanía parcelaria", onde os gobernadores atendían máis aos patróns provinciais que aos ministros.

[44] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1829-39)*, 34.371/4. Carta de don José Valladares a don Benito Espinosa (Cascaxide). Lugo, 18 de decembro de 1839. Esta carta atópase no arquivo da Buzaca porque Espinosa remitiu ao seu curmán Varela as cartas sobre as eleccións de xaneiro de 1840. Non podía atender estes asuntos porque a súa esposa estaba gravemente enferma. Valladares tamén escribiu varias cartas a Varela. O 12 de xaneiro de 1840 escribe dende Lugo: *«Conciértese V. con los amigos de Puenteareas, con Espinosa y con otros qe. V.V. saben bien»*. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3.

[45] Marcuello, 2008: 129.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

haxa mención a un liderado personalista. Son un grupo, varios amigos que apoian unha relación de candidaturas. Ao xeito dos "comités electorais" que describe Duverger, estábase a formar unha facción política, onde "las circunstancias locales desempeñan aquí un lugar preponderante"[46]. Froito das convocatorias electorais, candidaturas, comisións e xestións político- administrativas, estas faccións políticas fan a súa aparición polo traballo mancomunado nas novas institucións. En consecuencia, o seu primeiro e principal obxectivo político son os intereses provinciais[47].

No marco da Constitución de 1837 era habitual que o home principal dun distrito, chámeselle patrón clientelar ou señor con ascendente, ocupase un escano, cando menos na Deputación. Adoitaba coincidir o poder social coa representación política, como acontecía con Espinosa e Varela en Trasdeza e Moraña, despregando ramificacións noutras comarcas por medio, fundamentalmente, de redes de parentesco. Namentres, nos municipios situaban homes da súa confianza[48]. Por exemplo, na alcaldía de Moraña estaba don Antonio Barosela y Freire, fiel servidor do patrón Varela[49]. Por

[46] Duverger 2012[1951]: 10- 21. Este autor emprega as denominacións "grupo parlamentario" e "comisión electoral", que encaixan perfectamente cos significados que aquí se atribúen a "fracción parlamentaria" e "facción de notábeis", respectivamente.

[47] Duverger sostén que cando as relacións entre comité electoral e grupo parlamentario "pasen del plano personal al plano institucional" ten lugar o nacemento do partido político. Por regra xeral, é o grupo parlamentario quen leva a iniciativa nesta fase, facendo un esforzo por dotar ao partido de coherencia ideolóxica. Seguidamente, centran o seu interese en cuestións organizativas.

[48] Nos municipios da Francia orleanista os grandes notábeis terían situado homes de confianza á fronte das corporacións municipais, mais estes debían ser aceptados pola poboación. Diversos autores consideraron este fenómeno coma consecuencia da xerarquía social (Tocqueville), ou do sistema de deferencia (O'Gorman). Guionnet subliña a lóxica do interese campesiño identificado co grande propietario, fronte aos intereses burgueses. Guionnet, 1997: 81- 94. Para Baz Vicente (2002: 77), os cargos municipais "actuaron a corto y medio plazo como una especie de trampolín", coma un "cursus honorum" da política. Comezan polo municipio, para despois dar o salto á Deputación e ás Cortes. O caso dos Espinosa apoia esta última interpretación. José, fillo de Benito, foi alcalde de Chapa (Silleda) entre 1849 e 1853, aproximadamente. Á morte do pai, sería deputado provincial (1856-1864), mentres que os seus irmáns Vicente e Bernardo tomarían o relevo na alcaldía da renomeada Silleda. Cabe engadir que don Benito Espinosa retornou á alcaldía de Chapa durante a rexencia de Espartero, despois de ter sido deputado provincial e renunciado á designación de senador. Un exemplo de retraemento dos moderados, mais conservando unha cota de poder institucional.

[49] No anterior epígrafe saíu a relucir o fillo de Barosela, que estaba destinado en Porto Rico. Contaba coa recomendación ao seu superior de Fernández Villaverde. Este comentario que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

conseguinte, en cada distrito poden identificarse aqueles apelidos de maior ascendente: os Maceyra e Bartolomé Hermida en Tui; os Amado en Marín; os Araújo Alcalde repartidos nos distritos de Pontecaldelas, Bouzas, Mourentán e Ponteareas[50]; Caballero tamén en Ponteareas; entre outros. En Lalín, unha carta de Fontán identifica tres personalidades:

> «pero nada se ni saben en Pontevedra de Lalin en donde ciertas rivalidades frustrarán quizá el proyecto (de Pontevedra) en favor de nro amigo. Son alli arbitros los tres confinados a saber: el juez, promotor y médico Villar; son dueños ahora como antes de la votacion»[51]

Figuras recorrentes nas fontes e na bibliografía, estes tres "arbitros" de Deza debían ser Ulloa Pimentel, o seu cuñado Villar, e Crespo. O confinamento que sinala Valladares sería unha represalia tras a revolución progresista de setembro de 1840, xa que os tres estaban claramente aliñados cos moderados da provincia.

Don José Ulloa Pimentel, nacido en 1805 no pazo de Filgueiroa (Donramiro, Lalín), foi xuíz en numerosos destinos (Lalín, Vigo, Santiago, Alicante, Ourense, Huelva, Pontevedra, e Santander). Barreiro apunta que foi promotor fiscal en Lalín[52], cargo que debeu desempeñar entre 1836 e 1838, cando ocupa a vacante de xuíz neste mesmo partido[53]. Durante a rexencia de Espartero, foi cesante por orde da xunta de Pontevedra, malia que os municipios do partido

recibe Varela ten por obxecto que llo transmita a Barosela. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Carta de don Pedro María Fernández Villaverde. A Habana, 8 de xuño de 1840.

[50] Por dispersión residencial de varios irmáns, así coma vencellos familiares antigos. Cabe lembrar que o primeiro dos Bugallal era cuñado dos irmáns Araújo y Alcalde, que procedían de Bouzas.

[51] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de don Domingo Fontán a Varela. Santiago, 15 de decembro de 1840. Tratan o asunto das eleccións provinciais, nas que Fontán sae elixido por A Lama, mentres que Valladares consegue saír, finalmente, por Lalín. Lémbrese que Valladares nacera nunha parroquia de Trasdeza, estando máis considerado alí que en Tabeirós, onde fixou a súa residencia despois de casar.

[52] Barreiro Fernández, 2001 (a): 690- 691.

[53] Foi xuíz de primeira instancia en Lalín entre 1838 e 1840. http://dbe.rah.es/biografías

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xudicial alegaran a súa rectitude e servizos patrióticos. Tras esta etapa, foi xuíz en Vigo entre 1843 e 1845, cando consegue un escano en Cortes en substitución de Alejandro Mon, quen optara pola acta de Oviedo. En 1846, ao seu regreso de Madrid, foi destinado a Santiago, sendo xuíz no proceso contra o levantamento de 1846. A súa carreira xudicial pasa entón por varios destinos, até que en 1850 recala en Pontevedra, chegando a ser gobernador da provincia en 1853, tendo a don Lorenzo Varela coma secretario da Deputación. Era coñecido pola súas prácticas fraudulentas nas eleccións e outras corruptelas administrativas (quintas). Unha figura escandalosa no seu tempo, mais debeu contar con bos amigos (Riestra, Fernández Villaverde), cando menos na década dos corenta.

En canto ao médico Villar, hai información de Antonio Villar, casado coa irmá de Ulloa Pimentel, tendo por fillo a Ramón Villar Ulloa[54]. De José Crespo (1808- 1881) sábese que era avogado e que foi alcalde de Lalín durante décadas. Cómpre lembrar que Ulloa Pimentel fora alcalde da xurisdición de Deza antes da aprobación da división municipal. Os papeis definitivos da proposta de Deza foran remitidos por Crespo, quen ocupara seguidamente a alcaldía[55]. Parece ser que Crespo tamén foi xuíz de primeira instancia en Lalín[56], mais o nomeamento debeu ser posterior a 1843. Existe a posibilidade de que antes de ser depurado en 1840, desempeñase a función de promotor fiscal, ademais de ser o alcalde de Lalín[57]. Cos moderados no poder, volvería ser alcalde entre 1846 e 1849, e tamén entre 1873 e 1874,

[54] Barreiro Fernández, 2001 (a): 731. Antonio Villar tivo un fillo natural con Manuela de Ulloa Pimentel. Tempo despois contraeron matrimonio, recoñecendo ao rapaz, Ramón Villar Ulloa. Á morte do pai, o seu tío, o xuíz José Ulloa Pimentel, foi titor deste estudante en Leis, que chegaría a deputado provincial e en Cortes (1867).

[55] *Vid.* "3.2.4. Facedores de institucións".

[56] Leyes Borrajo, 2014: 231. Certifica un informe en 1845 coma xuíz en Lalín.

[57] Un artigo xornalístico dedicado ao seu fillo natural, Pedro Blanco de Crespo, sinala que o pai, o "cacique" José Crespo, fora promotor fiscal, ademais de alcalde e deputado. Recolle esta fonte unha "voz popular" que dicía: "Un solo Dios en el cielo y un solo Crespo en la tierra". Faro de Vigo, edición Deza- Tabeirós, 09/06/2013, "El humanista de Donramiro", por Antonio Vidal Neira. Este investigador sostén na súa páxina web, http://www.historiadeza.wordpress.com/, que Ulloa Pimentel e Crespo foron inimigos políticos, mais esta rivalidade debeu fraguarse con andar do tempo. O estudo da década dos corenta suxire unha relación estreita entre ambos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

despois de ser deputado en Cortes en 1872, en substitución de Montero Ríos[58].

Ademais desta concorrencia en cargos xudiciais e políticos, os tres patróns citados eran veciños da mesma parroquia de Lalín, Santa María de Donramiro[59]. Os vencellos persoais era moi fortes, de familia, sendo cuñados entre eles: Ulloa e Villar por medio dunha irmá de Ulloa[60], mentres que Crespo tiña por segundo apelido Villar, sendo posíbel un parentesco co médico Villar a través da nai. A eles engádese don José Mª Pardo Vilariño[61], cuñado tamén de Ulloa, e que debía proceder dunha rica familia fidalga da parroquia de Filgueira (Lalín). Nas eleccións a Cortes de 1853, aquelas amañadas por Ulloa, Pardo saíu elixido por Cambados, mais a súa acta foi anulada. Aínda foi deputado provincial en 1864.

Don Benito Espinosa trabou complexas relacións con este grupo de poder de Lalín. Dende o seu feudo clientelar de Trasdeza debeu ter épocas de concordia, mais outras de conflito aberto. En resumidas contas, rivalizaban polo poder no conxunto do partido xudicial. Sen embargo, merecen a consideración de "amigos" a ollos de terceiros. En 1846 un procurador na Audiencia da Coruña, Pedro González, escribe a Espinosa rogando que interceda en favor do seu fillo, implicado no episodio revolucionario de abril. É o procurador que

[58] Barreiro Fernández, 2001 (a): 191. Foi elixido mediante unha elección parcial, tomando posesión do escano "o mesmo día en que se disolvían as Cortes".

[59] Figuran inscritos nesta parroquia no censo electoral de xullo de 1836. Crespo cunha contribución alta, de 645 reais; Villar, 330 reais; mentres que Ulloa entraba por capacidades, coma comandante da garda nacional. Cómpre indicar que aparecen outros dous electores co apelido Ulloa. Don Joaquín Ulloa, pai de José, que pagaba 1.205 reais, sendo un dos maiores contribuíntes da provincia. Concretamente o vixésimo. Era o señor do pazo de Filgueiroa. Outro Ulloa, de nome Ramón María, era capitán da garda nacional. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1836)*, caixa 220. *Vid*. "3.2.2. Bases sociais do Estado liberal".

[60] Don José Ulloa Pimentel faleceu sen descendencia, mais tivo importantes sobriños. Seu irmán Juan Ramón foi avó materno do famoso astrónomo don Ramón Aller Ulloa. Este irmán era avogado en Lalín nas datas en que José era xuíz, sen poder determinar se era o promotor fiscal que indica a carta de Valladares. Esta liñaxe dos Ulloa tamén emparentou cos Valenzuela, sendo o pai do escritor Ramón Valenzuela Otero, José Valenzuela Ulloa. Deste tronco dos Ulloa de Filgueiroa tamén provén Faustino Ulloa Estévez, importante patrón estradense na Restauración. Era fillo do citado Juan Ramón Ulloa Pimentel. Faustino contraeu matrimonio coa súa curmá, Juana Villar Ulloa, filla do médico Villar, fixando a súa residencia en Orazo (A Estrada). Viscasillas Vázquez, 2013: 305- 308.

[61] *Ibíd*.: 478- 479.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

levaba un longo preito de Cascaxide, polo que existía a confianza para pedir este tipo de favor:

> «Espero que V. usando de su vuen afecto y amistad no dejará de consolar a este su amigo sirbiendo en lo posible a mi hijo si llegase el caso en valerse de su fabor para cualquier cosa»[62].
> «Sin embargo de que se ignora haya formacion de Causa especial, parece que se hace de una general por el Juez en Santiago en averiguacion del echo principal y de los que hubiesen ocurrido particulares; en tal caso ya V. conoce cuan preciso es tener por Amigo y faborecedor al Juez en cuia mano pende mucho ó el todo y por ello espero que pues el Sr. Ulloa Pimentel es amigo de V. se lo recomiende con toda eficacia no solo personalmente sino por escrito en las ocasiones que le tenga que escribir y en las mas que se le presenten»[63]

Ao fillo do procurador enviárono lonxe para afastalo de Santiago de Compostela, concretamente a Burgos, por orde do «Sr. General». González agradece «sus buenos deseos y diligencias para servir a mi hijo recomendandolo con tanta eficacia al Sr. D. Jose Ulloa Juez de Santiago»[64]. A amizade entre Espinosa e Ulloa puido existir, mais

[62] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5. Correspondencia sobre preitos na Real Audiencia da Coruña. Carta de Pedro González, procurador de Espinosa no preito polo padroado de Quintá. A Coruña, 6 de maio de 1846. Co encabezado «Reserbada». O fillo, ao que chama "Paco", formara parte da comisión de facenda da Xunta Superior, na que figuraban de la Riva, Sierra e Fariña. Houbo un Francisco González que era xurista, deputado progresista pola Coruña nas Cortes de 1839 e 41. Tería participado activamente no levantamento de setembro de 1840. Foi fiscal en Santiago, e en 1841 da Audiencia de Valladolid. Un cónsul inglés describiuno "de opiniones exaltadas e inclinado a la intriga". Barreiro Fernández, 2001 (a): 307.

[63] *Ibíd*. Carta de Pedro González. A Coruña, 20 de maio de 1846. Ademais de mediar ante Ulloa Pimentel, pídelle a Espinosa que mova as súas influencias en Pontevedra: *«V. tiene muchisimos amigos allí de todas clases y categorias el 1º el Gefe político; aquella ciudad no debe estar desagradecida de mi hijo como V. save por lo de la capitalidad en las Cortes»*. Un comentario que parece confirmar que o seu fillo era o deputado González. Non se atopou o segundo apelido.

[64] *Ibíd*. Carta de Pedro González. A Coruña, 3 de xuño de 1846. O "General" José G. de la Concha sufocou a revolución galega de 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

debeu deteriorarse co andar do tempo. Non obstante, o seu principal inimigo no distrito era Crespo. Os escritos persoais e cartas de Espinosa transmiten unha fonda animadversión cara este último. Hai mesmo un poema satírico titulado "Responso crespino", no que caracterizan a Crespo de diaño cobizoso[65]. En 1851, Espinosa pasa a opoñerse frontalmente a este patrón de Lalín, que está en conivencia con Riestra e o *«tuno de Villaverde»* para amañar as eleccións:

> «Mucho tiempo habia que Villaverde andaba urdiendo en la lista electoral (...), mis vecinos yo no puedo abandonarlos (...) e ya estan desasidos de Villaverde, Riestras, y otros pajaros»[66].

O poder deste tipo de patróns comarcais podía ser efectivo, mais non tiña boa prensa, ou así se constata na época das rexencias. As carencias organizativas duns partidos en formación, eran suplidas no territorio coas redes de padroádego locais. De certo, eran "bien vistos por los dirigentes madrileños"[67], mais nos discursos de vates e filósofos eran censurados coma un mal a extirpar. Producía un prurito moral e ideolóxico porque contradicía a igualdade xurídica do liberalismo. Era un rescaldo de antigas relacións xurisdicionais e señoriais. Por este motivo, os publicistas dos partidos escribían contra estes señores de vilas e aldeas, «mandarines de algun lugar» que abusan dos veciños[68]. Preséntanse, así, coma os defensores dos maltratados veciños fronte estes patróns locais, aínda que as receitas de moderados e progresistas poidan ser diametralmente opostas.

Para Pastor Díaz a solución pasaba por un *«sistema unitario de gobierno»* que remediase o estado de abandono á *«la inmediata y caprichosa arbitrariedad de los mandarines de provincia»*. Situación

[65] Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3. Eleccións. Anónimo. A caligrafía non é a de don Benito, pero estaba cos papeis das eleccións de 1850- 51, polo que cadra co conflito desa época. Coma mostra, unha das seis estrofas do poema: *«Ruega Veelcebú á luzbel/ Carguen con Crespo mil Diablos/ Para libres así/ De su rapina seamos. Amen»*.

[66] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850-59)*, 34.371/2. Carta de Benito Espinosa ao seu curmán Lorenzo Varela. Cascaxide, 23 de abril de 1851.

[67] Cánovas Sánchez, 182: 108.

[68] Pastor Díaz, 1839: 45- 46.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provocada pola pretensión de autoridade en *«soberanas é irresponsables Diputaciones, en las municipalidades independientes»*[69]. A concentración do poder no goberno subtraería esas parcelas de discrecionalidade que detentaban os patróns locais e provinciais. É dicir, ficarían disciplinados baixo a autoridade central. Con este programa, a concentración e verticalidade do poder estarían a ser fomentadas.

No bando oposto, dende o progresismo, Fermín Caballero defendía precisamente o contrario: que non existan imposicións na elección de representantes públicos (alcaldes, deputados), porque estaba a fraguarse unha «oligarquía»: «que el derecho de elegir vuestros alcaldes no se os arrebate, y que vuestras personas y fortunas no pendan del capricho de un mandarín»[70]. A interpretación progresista era que o clientelismo era alentado dende as altas e medias instancias, considerando o eido local coma o espazo xenuíno de expresión do liberalismo. O espírito do *xuntismo*. Confiaban en que un aumento do sufraxio permitise aos veciños neutralizar os excesos do padroádego. Non querían ver os avanzados que eles mesmos constituían redes clientelares con patróns inclinados aos seus principios.

Paradoxalmente, o poder destes "mandarines" non tería percorrido máis alá do seu distrito e provincia, se non contase coa colaboración de determinados parlamentarios. O engarce das estruturas sociais de padroádego nas institucións liberais está apoiado nas relacións coas elites ministeriais. No caso de Lalín, Ulloa e Crespo estaban en sintonía con Fernández Villaverde, tamén con Diego López- Ballesteros e co seu curmán Ramón, mais a figura do asturiano destaca ostensibelmente. Tamén Varela e Espinosa tiñan coma referencia a estes parlamentarios moderados, cunha motivación maior polos estreitos vencellos familiares cos López- Ballesteros. Estarían todos eles na órbita de influencia dos asturianos Alejandro Mon e Pedro Pidal. Estas relacións quedan patentes nos cargos públicos desempeñados e nas substitucións de escanos[71]. Unha rede de

[69] *Ibíd.*: 61.
[70] Caballero, 1839: 27.
[71] *Vid*. "3.5.6. Os "monistas" na oposición". Tanto Mon coma Fernández Villaverde saen elixidos por varios distritos, deixando as vacantes para que sexan ocupadas por outros

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adscrición moderada que encaixaría coa seguinte definición de facción: "frágiles e inestables uniones de «amigos políticos» agrupados en torno a ciertos destacados parlamentarios por redes clientelares y familiares, en permanente lucha por el poder"[72].

Na correspondencia tamén se percibe o encadramento dos moderados pontevedreses na fracción parlamentaria dos asturianos. Un detalle do seu favor está na edición e entrega do mapa de Fontán aos deputados galegos. O artífice ou "conseguidor" é Fernández Villaverde, quen escribe a Varela con afabilidade, mais mantendo o tratamento de "vostede". A aprobación correspondeu a don Pedro Pidal, quen estaba á cabeza de Gobernación[73]:

> «Mi qd. Amigo: por Ramon sé q. V. no piensa venir en esta legislatura. Estando yo aun en la (...) y a mi propuesta tubo el Sr. Pidal a bien destinar a cada Diputado de Galicia un egemplar de la carta geometrica levantada por el Sr. Fontan. En mi poder está la de V. q. entregaré a qn. V. determine, y callando, la llevaré yo dentro de un mes»[74].

O grupo dos "mon-pidalistas", "doutrinarios", emerxeu baixo o liderado dos "asturianos" Mon e Pidal[75]. Coñecéranse na Universidade de Oviedo, tecendo unha sólida amizade persoal, que se transformou en parentesco, polo matrimonio de Pidal coa irmá de Mon, Manuela[76].

---

membros da facción. Así, Diego López- Ballesteros foi suplente de Villaverde en varias ocasións. Xa se indicou anteriormente que Ulloa foi deputado en 1844, en substitución de Mon.

[72] Marcuello, 2008: 129.

[73] Don Pedro José Pidal Carniado (1799- 1865) foi presidente do Congreso entre 1843 e 1844, ministro de Gobernación en dous períodos, 1844-46 e 1846- 47, para despois ser ministro de Estado entre 1848 e 1851, e de Estado e Ultramar entre 1856 e 1857. En xullo de 1847 foille concedido o título de marqués de Pidal.

[74] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Carta de Fernández Villaverde a Lorenzo Varela. Madrid, 25 de marzo de 1847.

[75] Esta fracción parlamentaria moderada recibiu varias denominacións: "monistas", "pidalistas", "asturianos", "doutrinarios", …

[76] Alejandro Mon y Menéndez (1801- 1882) foi intendente de policía en Madrid e intendente en Granada antes de ser ministro de Facenda, a súa especialidade (1837- 38; 1844- 46; 1846- 47; 1848- 49; 1857- 58). Na época do Estatuto medrou á beira de Martínez de la Rosa e o conde de Toreno. O seu esplendor político tivo lugar entre os anos 1843 e 1849, pasando a

usc UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ambos foron artífices da Constitución de 1845, Mon con dotes para a organización administrativa e de facenda, Pidal eminente orador e filósofo. Complementáronse formando un tándem político. A súa conexión cos moderados pontevedreses pode provir de antigos vencellos persoais e políticos, con mediación do conde de Toreno, e pola actividade política dentro de Facenda. Neste ministerio terían forxado a súa amizade política Mon e Diego López- Ballesteros, quen sempre se mantivo fiel a estes dirixentes do partido moderado.

Un exemplo desta alianza indisolúbel entre os López- Ballesteros e Mon atópase nunha carta persoal que recibe Lorenzo Varela. É o seu irmán Jacobo quen escribe sobre a candente actualidade madrileña. Beneficiar aos López- Ballesteros era buscar o agrado de Mon:

> «Nicolás irá acaso este año pr. alla y por él sabras qe. ni su hermano Diego ni Joaqn. se reconocen deudores al ministerio actual de la provisoria q. ambos obtuvieron. Dicese q. por alagar al Sr. Mon y darle prendas de marchar a la union de los partidos, se hicieron aqllas. elecciones»[77].

Outra conexión dos "monpidalistas" coa provincia de Pontevedra foi establecida mediante a colocación dun familiar na administración periférica. Así podían coñecer e influír na situación política da provincia. Tratábase do curmán de Alejandro Mon, don Miguel Mon Álvarez Castrillón, que fora destinado a Pontevedra como delegado de Facenda, fixando o apelido Mon na historia da provincia durante

---

estar na oposición dentro dos moderados a partir de 1850, polo ascenso das fraccións autoritarias e conservadoras. Foi impulsor da Unión Liberal, proxecto no que involucrou aos moderados pontevedreses. Presidente do Congreso en 1847- 48 e en 1862, sería substituído neste último ano por Diego López- Ballesteros. En 1864 foi presidente do consello de ministros, confiando Ultramar a López- Ballesteros. Ocupou despois varias carteiras ministeriais, sendo tamén diplomático e senador. Foi unha das figuras políticas principais do século XIX. http://dbe.rah.es/biografías/ ; http://www.congreso.es/historico-diputados/

[77] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850-59)*, 34.371/2. Carta de don Jacobo Varela Sarmiento. Madrid, 7 de maio de 1853. Coma posdata dunha carta moi extensa escribe: «*Están terribles las prensas inglesa y belga contra nra familia real. En Paris Narvaez gana terreno. ¡todo inmoralidad!*».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

varias xeracións[78]. Deste xeito, ademais de contar co arraigo e reputación dos López- Ballesteros, a provincia ficaba convertida nun feudo monista pola presenza da familia sobre o terreo. No arquivo Espinosa hai unha carta de Miguel Mon dirixida ao alcalde de Chapa José Espinosa sobre o asunto dos repartimentos. Encabeza a carta con formalismo e adulación: «Muy Sr. Mio y estimadisimo amº»[79]. Certamente, o primo Mon accedera a un cargo de gran autoridade na provincia.

Tal e como transmitía a carta de Jacobo Varela, o contexto político de 1853 estaba revolto. Xa dende 1850 se observaban cambios nas faccións políticas, tanto nos seus integrantes coma na súa posición de poder. De feito, os "monistas" van estar no sector da oposición ao goberno, aínda que na provincia de Pontevedra seguen dominando a escena política. En 1851 solicitan dende Madrid información destes moderados "monistas" para tomar medidas coactivas. Neste documento, titulado "Relación de los empleados electores y no electores que tomaron parte contra el candidato aceptable por el Gobierno para Diputado á cortes por esta Capital", figuran, entre outros, os nomes de Francisco A. Riestra, con emprego de "guarda- almacen de efectos" dependente de Facenda, e José Ulloa Pimentel, xuíz de 1ª instancia, de Graza e Xustiza[80]. Non hai información das represalias que puideron padecer, talvez algunhas cesantías nesta relación de 33 funcionarios.

A provincia estaba a seguir a súa propia dinámica, fiel reflexo do modelo de 1845, baseado na influencia. O poder provincial estaba a concentrarse nuns poucos patróns de adscrición moderada "monista", polo que as loitas polo poder en Madrid suscitaban conflitos, mais non

[78] O fillo de Miguel Mon (1814- 1875) levaría o nome de Alejandro Mon y Landa, en honor ao curmán e valedor da familia. Este fillo e o neto homónimo foron deputados en Cortes, enfeudados no distrito da Cañiza entre 1891 e 1923. A filla menor de Miguel Mon, María Mon y Landa, contraeu matrimonio cun fillo de Riestra, Francisco, mais este enlace puido ser posterior ao deceso dos pais.

[79] Arquivo familia Espinosa, caixa XXV, *Papeis de don José Espinosa Salgado (I)*, 25.4. Alcaldía de Chapa e eleccións. A carta é practicamente ilexíbel pola caligrafía desgairada do autor.

[80] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores (1851*), caixa 244/7. O documento está asinado en Pontevedra, o 14 de maio de 1851, co apelido "Blanco", sen máis datos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

chegaban a rachar esta tendencia cara liderados hexemónicos. É dicir, dentro do grupo de notabilidades, "se van instalando determinadas figuras políticas en un proceso evidente de oligarquización de la política provincial"[81]. Os nomes de Varela (Caldas), Amores (en Ponteareas e A Cañiza), Caballero (Ponteareas), Araújo y Alcalde (Pontecaldelas), Maceyra (Tui), Villar (Lalín), son figuras recorrentes nesta investigación.

Na capital da provincia vai sobresaír don Francisco A. Riestra Vallaure. Asturiano afincado na cidade arredor de 1845, converteuse nun dos xefes da provincia pola súa estreita relación co patrón ministerial Fernández Villaverde. Non en van, Riestra era fillo do administrador dos bens de Villaverde en Pontevedra[82]. Así como Alejandro Mon situara na provincia ao seu curmán Miguel, Fernández Villaverde tiña en Riestra un fiel servidor. É nos contextos de conflito cando Riestra demostra un poder de actuación sen parangón. Así, e quen de orquestrar as eleccións, malia estar na oposición con respecto ás candidaturas gobernamentais[83].

A manipulación electoral era unha práctica que xa se percibía en 1840, o que pode explicar moitas das controversias que atenazaban a vida provincial. É dicir, a experiencia adquirida nas convocatorias electorais das rexencias podía ser unha aprendizaxe ou escola de liberalismo político, mais tamén unha lousa que sepultase o proxecto nos seus primeiros anos de existencia. Un informe que obra no expediente das eleccións a Cortes de febreiro de 1841, constitúe un testemuño excepcional da loita política de faccións, cidades e patróns.

[81] Taboada Moure, 1987: 31, 38- 39.

[82] Barreiro Fernández, 2001 (a): 553- 554. Parece ser que Riestra destacaba "polo extraordinario talento económico e a capacidade industrial". En 1852 era a novena fortuna da cidade de Pontevedra.

[83] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850-59)*, 34.371/2. Nomeadamente, nas eleccións de 1850 e 1851, tal e como se verá no apartado "3.4.4. A recomposición das faccións". Riestra ocupou escano provincial en 1849, en substitución do falecido deputado de Pontevedra. Despois sería elixido en 1854, 1856 e 1862. O escano en Cortes obtívoo nas eleccións de 1858, 1863 e 1865, adscrito ao proxecto da Unión Liberal. A partir de 1872 foi senador pola provincia de Pontevedra até 1877. O seu fillo José iniciaría daquela a súa carreira política (1879), sendo un dos políticos e financeiros máis importantes da provincia durante o reinado de Alfonso XIII. En 1893 foille concedido o título de marqués de Riestra. Barreiro Fernández, 2001 (a): 552- 554.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reprodúcense, a continuación, varios extractos de gran valor. Está dirixido ao secretario de Estado e Gobernación:

> «En otras provincias la batalla electoral se presenta al lado de las urnas, en Pontevedra spre se presentó en el campo de la Junta de Escrutinio. La ley electoral se presta maravillosamente a todos los amaños y supercherías, pr. qe. negando á la autoridad toda intervencion, le priva los medios de hacerla cumplir, pr. mas claro qe. la vea falsear. (...) pº. entregarlo todo á una Junta sin responsabilidad, compuesta de Srs. escogidos solamte. pr. las mesas, y qe. cada uno lleva a su discreccion miles de votos en su bolsillo es un contraprincipio. La provincia de Pontevedra fue desmoralizada en esta parte, y en otras muchas pr. el Tramoyista dn. Pedro Mª Frnz Villaverde, qe. con sus tramoyas salió diputado y hoy goza un pingue destino en la Habana, pr.premio de sus enredos; mientras este pais arde en discordias, pr. consecuencia precisa de aquella desmoralizacion»[84].

O autor, que parece ser o xefe político[85], debuxa un panorama trufado de patróns comarcais, amos e señores dun feudo electoral, que deben entenderse no seo da xunta de escrutinio. Talvez puideron atopar algún equilibrio entre os distintos liderados e comarcas, mais os notábeis de Pontevedra terían padecido a intromisión perversa de Fernández Villaverde. Este xuízo, que provén das filas progresistas, pode ser esaxerado ou tendencioso, mais resulta evidente que o papel de Fernández Villaverde foi decisivo. Cómpre lembrar que este

[84] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Documentación relativa ás eleccións (1840)*, caixa 226/1/1. Informe, datado en Pontevedra o 24 de febreiro de 1841, que debeu axuntarse á copia da acta do escrutinio, que comezara o día 12 do mesmo mes e durara sete días.

[85] Descoñécese o autor, xa que non ten sinatura, mais a narración dos feitos permite soster que era o xefe político, Ramón Novoa. Destacado militar progresista, que participou activamente no Trienio, tanto no pronunciamento militar coma na política, sendo deputado en 1820. Identificado plenamente cos intereses vigueses, defendeu a industria galega. En 1841 foi xefe político e presidente da Deputación de Pontevedra, sendo en 1842 alcalde desta cidade. Barreiro Fernández, 2001 (a): 451- 452.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

político exerceu de secretario escrutador do escrutinio provincial en numerosas ocasións, función que debía saír por sorteo, mais que adoitaba recaer no comisionado de Pontevedra. A interpretación do xefe político é que este político moderado promoveu a fraude electoral e a disputa pola capitalidade. Sería o legado do seu paso pola política provincial pontevedresa.

A guerra entre as dúas cidades pola capital vai proseguir nese ano de 1841. Foi o deputado provincial por Lalín, don José Valladares, amigo político de Espinosa e Varela, quen prendeu a mecha que *«volcanizó a todos»*. O autor do informe propuxera un reparto de escanos entre a zona norte, con 4, e zona sur, que chama «mediodía», con 3. Parece ser que entón Valladares esixiu dos comisionados e deputados do sur que renunciasen por escrito a calquera pretensión da capitalidade para conseguir eses tres deputados en Cortes. Nos días que dura o escrutinio hai disturbios populares en Pontevedra. O *«publico»* protesta. Hai «*cencerradas*». A autoridade de Pontevedra *«esta en el aire»*. O autor recoñece que *«se presentaron nuebas exigencias qe. rechacé, lebanté la sesion y salí del local. Esperaba pr. momentos la llegada de la tropa y deseaba concluir antes. (...) todos marcharon á sus casas, bien qe. muchos no durmieron en ellas, y algunos, ni en el pueblo»*[86].

Finalmente, o autor fai unha valoración destes sucesos, enumerando *«certos antecedentes»* para comprender a situación política da provincia en febreiro de 1841:

> «Primero: la animosidad qe. hai en esta provincia entre la parte del Norte y la parte del medio día: ó mas bien, entre los que pertenecen á la diocesis de Santiago y los qe. pertenecen á la diocesis de Tuy. Segundo: los sucesos militares de los prims. dias de 8bre. ultimo. Tercero y ultimo: qe. Pontevedra es la primera vez qe. pierde las Elecciones y nunca las perdería si se la dejase obrar. Asi se comprenderá su situacion qe. es la de un Rey destronado»

[86] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outro relato deste contexto de 1841 ofréceo Domingo Fontán na súa correspondencia con Lorenzo Varela. Dous meses atrás fora tentando para que se adherira ao grupo vigués, que agora constituía a maioría da Deputación. Ao respecto, faille a Varela as seguintes confidencias:

> «ya vienen pidiendome los entusiastas de la capitalidad de Vigo que me una a ellos olvidando enteramte. semejante pretension, y limitando la de aquella parte de la provª. a promober la egecucion de la carretera sin perdir pª ello fondos de la parte del Norte. Ya ve como la gente varia de tono segun varia de posicion. (...) Todos me felicitan menos los junteros; esto quiere decir algo. Pronto nos amalgamaremos todos»[87].

Fontán confía en contentar aos vigueses coas infraestruturas que demandaban[88]. O de Portas é idealista e agarda que esta situación sexa transitoria e que remate por crear un consenso de notabilidades provinciais. Non obstante, días máis tarde, a confrontación na Deputación vai trasladarse ás eleccións. É unha batalla nos distritos, que comeza na elaboración dos censos. Lalín está gañado para os moderados, afíns a Pontevedra, mentres que noutros distritos poden engadir clientelas que lles garantan a vitoria. Fontán, espectador de primeira fila, escribe o seguinte:

> «D. Manuel Otero salió ayer a Tabeiros y Lalin pª. promover se aumente el nº. de electores de aquel partido y se disminuya el del ultimo, hecho indudable que me confesó o no pudo menos de confesarme alguno de los que travajan con igual designio. Otro

[87] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Domingo Fontán. Santiago, 18 de decembro de 1840.

[88] As estradas serán obxecto de reivindicación constante dos políticos e intelectuais galegos do XIX. Precisamente, un artigo de Neira de Mosquera, publicado en *El Eco de Galicia* o 6 de abril de 1851, levaba por título "Pan y carreteras": «Las ciudades tienen su hora de apogeo y decadencia: para evitar este mal irremediable, para anteponerse a la carencia de actividad industrial y movimiento comercial, repetiremos que el país solo necesita (...): PAN Y CARRETERAS».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> tanto se hace por la parte del sur afin de qe. los votos alli emitidos y los qe. Otero y Patiño con el nuevo diputado de Caldas agencian por aca constituyan mayoria en favor de las candidaturas de Vigo. Sin embargo de todo como los hombres de bien esten unidos abortaran tales planes»[89].

Hai unha coincidencia elocuente entre o informe do xefe político e as cartas do deputado Fontán: a guerra pola capitalidade coma eixo da discusión política provincial. É dicir, esta cuestión localista puido fomentar máis rivalidade que as ideoloxías ou inclinacións políticas, malia que existise un correlato de partido en cada bando. Ademais, ambas fontes comentan o problema dos amaños nas eleccións, o xefe político coma crítica aos moderados pontevedreses, Fontán describindo un mecanismo común de manipulación. Esta carta de Fontán constitúe unha fonte excepcional para comprobar a utilización do censo coma medio de arranxar o trunfo nas eleccións. Unha manipulación do proceso electoral que xa se intuía nas convocatorias a Cortes e á Deputación anteriormente analizadas[90].

Nos arquivos da Buzaca e Cascaxide poden atoparse alusións deste tipo á fraude electoral. Son casos contados, talvez porque foron censurados e destruídos polos posteriores donos deste patrimonio. No material epistolar conservado é máis suxestivo o que se conta entre liñas, que aquilo que se escribe abertamente. A discreción e o temor ás represalias favorecía os comentarios sutís. Esta vai ser a tónica entre as notabilidades de provincia e as elites ministeriais. Na correspondencia entre familiares ou nas cartas de clientes da comarca é onde se perciben menos filtros na escrita. Así, van ser máis directos porque están liberados da distancia que marcaba a boa educación e a deferencia institucional. Unha das cartas máis explícitas na cuestión da fraude electoral é a que escribe un señor de Dozón, amigo de Espinosa. Estas prácticas saen a relucir nunha conxuntura de conflito interno do partido moderado. En xogo están as candidaturas gobernamentais e as da oposición monista, o que vén subliñar que é

[89] *Ibíd.* Carta de Domingo Fontán a Lorenzo Varela. Santiago, 7 de xaneiro de 1841.
[90] *Vid*. apartados 3.3.4. e 3.3.5.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no conflito cando deixan as pegadas históricas máis intensas do funcionamento das faccións políticas.

> «que lo que podria hacer seria reserbar mi voto y hacer con algunos mas el que tambien hiciesen lo mismo, aunque esto nose conseguira con todos por estaren obligados a Crespo, y ahora añado que no me parece sea deficil hacer una trampita al tipo de dar los votos de modo que la cosa saliese como deseamos y al mismo tiempo no quedasemos feos, combendria hacernos con dos Papeletas reublicadas para cadauno y luego en una poniamos a Villaberde y esta se enseñaba a los que le protegen y en la Urna se echaba la otra, esto como V. me enseña no es de hombres de algun Caracter, pero Cuando la necisidad es mucha tampoco es pecado robar para vibir»[91].

Unha clasificación do conxunto das cartas destes arquivos, atendendo ao seu contido, arroxou un resultado sorprendente, inesperado: os autores das cartas toman moito coidado en non confundir eleccións e favores[92]. Nunha época na que non hai unha clara separación da esfera política do espazo social, foi insospeitado observar que trataban os asuntos políticos e clientelares por separado. Eran relacións paralelas, que non chegaban a mesturarse nun mesmo parágrafo ou enunciado. Dificilmente, nunha mesma carta. Por unha banda, son numerosas as cartas que aluden a un favor, arranxo ou mediación de carácter estritamente clientelar. Por outra, unha serie de contactos epistolares tratan en exclusiva a cuestión das eleccións. Talvez, esta separación estaba motivada na "dobre ficción" ou faciana que desempeñaba un patrón[93]: señor dun "feudo clientelar" e membro

[91] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións. Carta de Ramón Noboa Taboada dirixida a Benito Espinosa Varela. Dozón, 4 de xuño de 1850. Non se atopou información deste particular

[92] Etiquetáronse estas cartas para unha análise de contido co programa Atlas.ti, no marco dun curso da Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS), en novembro de 2020. As cartas podían dividirse entre "eleccións" e "clientelismo".

[93] Varela Ortega, 1977: 357. Esta "ficción" ou xogo a dúas bandas xa foi citado anteriormente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dunha facción de amigos políticos. Dous extremos, organización e administración, que equilibraban o seu poder.

Unha explicación desta separación do favor e o voto está nos distintos tempos e contextos nos que sucede cada asunto. Os patróns non escriben de favores cando dirimen as candidaturas, só deixan entrever a influencia como valor de cambio ao apoio electoral. Neste senso, don Diego López- Ballesteros distinguía a súa influencia en dúas cartas de 1851, cando temía perder o seu escano parlamentario:

> «No hay nada firme ni duradero: lo que se llama influencia en aquella y otras tierras no es la influencia que debe tenerse y conquistarse»
> «Pasados los momentos y vistos los resultados principales y personales entonces es cuando se aprecia y juzga á los que se llaman influyentes»[94]

Na base social, a clientela solicitaba xestións ou empregos públicos no momento preciso, non durante o proceso electoral. En ningún caso o solicitante alude ao voto como moeda de cambio. Dáse por sobreentendido que a fidelidade dun elector implicaba a súa protección na administración. Isto é, confían na capacidade dun determinado representante para prover de bens e servizos públicos. O vínculo co candidato non parece, polo tanto, de cariz político ou ideolóxico, senón social[95]. O elector no seu distrito depositaba a súa confianza naquel veciño ben situado dentro dun grupo ou facción, que é quen podía resolver as súas necesidades. Sendo don José Espinosa deputado provincial, recibe unha carta dun importante veciño, don Francisco Taboada y Losada, que solicita o seu concurso para que un determinado posto da administración recaia nun amigo, don Francisco

[94] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850-59)*, 34.371/2. Cartas de Diego López- Ballesteros. Madrid, 2 e 10 de maio de 1851.

[95] Guionnet, 1997: 52- 55. Esta autora non comparte a noción de "política personal" de Weber, porque considera que as relacións entre elector e representante eran maiormente sociais. Os roles cotiás eran os que se plasmaban nas prácticas políticas, incluíndo tamén aquelas loitas tradicionais entre familias dunha comarca. Tamén Juan Pro ten un enfoque social da política de notábeis: "en muchas localidades moderados y progresistas eran sólo etiquetas ideológicas que recubrían facciones o ligas preexistentes de familias notables, que venían rivalizando por el poder desde el Antiguo Régimen". Pro Ruiz, 1995: 64.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Castro. Non hai mención nin ás eleccións nin ao apoio electoral do escano que desfruta Espinosa, só apunta *«espero de su amistad»* que *«interponga su vatimiento»*[96].

Estes tempos distintos das eleccións e do favor quedan reflexados nunha carta do propio Diego ao seu curmán Varela, na que comunica o seu arranxo *«para el empleo de Admor. de Caldas y por consigte que su recomendado el Sr Vila ha logrado sus deseos»*[97]. Remite estas liñas a comezos de xullo de 1837, mais non comenta nada das eleccións a Cortes de setembro de 1837. Os traballos de elaboración dos censos, negociación de candidaturas, votación e escrutinio están próximos, pero Diego non alude aos mesmos. Esta carta é coma unha demostración de resultados. Consegue o emprego para o protexido/cliente de Varela, e aínda xustifica *«que tan pequeño negocio hubiese sufrido tan notable retraso»* porque *«se trata del cumplimto de ordenes en estremo rigidas, que no pueden dispensar las dependcias subalternas del Ministerio»*. É dicir, está a transmitir que só alguén da súa posición e influencia pode facer que prospere un emprego destas características.

Remata Diego a súa explicación do asunto pedindo indulxencia para a súa xestión: *«Un favor te suplico y es el que no gradues que hubo por mi parte demora ú olvido»*. Noutro parágrafo informa Diego da ausencia de correspondencia de Filipinas, *«por haberla quemado los facciosos»*, o que é «*temible*» porque non hai novas da colonia, onde ten destino o irmán de Lorenzo, don Jacobo Varela Sarmiento. En definitiva, Diego fai gala de estar moi próximo aos intereses do curmán Lorenzo, malia a distancia física e administrativa entre a Buzaca e o Ministerio de Facenda. Semella que quere transmitir a imaxe de profesional competente e servicial, ademais de persoa entregada á familia e amigos. Despídese cun sutil «tu affmo amigo»,

[96] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.6. Asuntos varios. Carta de Francisco Taboada y Losada, xullo de 1861. O "vatimiento" pode ser en castelán "batimiento", co significado de bater, guerrear, combater, mover con forza, derrotar ao inimigo. http://dle.rae.es/batir

[97] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Madrid, 8 de xullo de 1837.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que pode reforzar unha afinidade electiva por riba do declarado parentesco no encabezado[98].

Esta relación de servizo e protección é o seu aval para ser candidato a deputado. Unha forma personalista de facer campaña electoral. Cabe lembrar que o seu pai, don Luis López- Ballesteros, escribiu a Espinosa nestas mesmas datas dicindo: *«Diego, nada me tiene dicho esta vez, en orden á sus deseos de salir Diputado: se entenderá directamente contigo y con algunos otros pocos amigos que le puedan complacer»*[99]. A carta que escribía Diego un mes antes pode interpretarse, xa que logo, coma unha aproximación entre ambos. Unha oferta de padroádego ministerial, coa deliberada omisión das inminentes eleccións de deputados. É posíbel que na resposta de Lorenzo a Diego houbese unha invitación a ser candidato, tendo en conta as súas boas xestións. Cómpre engadir que o seu pai, Luis, falaba con outro dos seus fillos, o cóengo Nicolás, das críticas que recibían os moderados por ser *«distribuidores de empleos»*[100].

Advírtese, pois, un acordo tácito entre patrón e electores para abordar por separado favor e voto. Os señores deputados e patróns provinciais tratan maiormente a cuestión electoral, mentres que a mediación clientelar ocupa para estas elites un limitado e concreto lugar na correspondencia. Poden facer tenues referencias a algún negocio, a murmuracións da Corte, mais son as eleccións as que centran o seu interese aínda que seleccionan os seus interlocutores. Unha carta de don Matías Manuel Losada dirixida ao fillo de Espinosa, don José, amosa as reticencias dun patrón ministerial a falar cun cliente local do asunto das eleccións. Foi Losada a Madrid en xullo de 1850 a resolver unha solicitude en Graza e Xustiza[101]. Contou

[98] Resulta curioso que no encabezado escribise *«Querido Tio»*, no que debeu ser un lapsus mental, xa que Lorenzo é curmán carnal do seu pai. O trato habitual sería de "primo". É unha excepción, xa que no resto da correspondencia diríxese ao «querido primo» ou «querido Lorenzo», sendo esta última a máis empregada e que reflicte maior intimidade. Isto permite especular se esta carta de xullo de 1837 foi unha das primeiras comunicacións escritas de Diego e Lorenzo, considerando tamén que o estilo da redacción vai ser máis coloquial e directo co andar dos anos.

[99] Rivas, 1945: 185- 188; González López, 1987: 211- 212. A Golpelleira, 17 de agosto de 1837.

[100] González López, 1987: 214. A Golpelleira, 23 de xaneiro de 1838.

[101] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850). A cordialidade na carta suxire unha estreita amizade entre don Matías Manuel Losada e don José

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

co apoio de Fernández Villaverde, despois de recibir carta de don Benito Espinosa recomendando a Losada. A xestión no ministerio foi resolta grazas á mediación de Fernández Villaverde, tal e como comenta un xovial Losada ao seu amigo «*Pepito*». Engade que non falaron das eleccións, que era o asunto que interesaba a Fernández Villaverde, mais calaron. Sutilmente, o deputado tería anunciado a súa viaxe a Pontevedra nos vindeiros días. As controvertidas eleccións de 1850 sobrevoan no ambiente, mais Fernández Villaverde nada indica a este protexido dos Espinosa.

Losada tamén comenta que tivo ocasión de entrevistarse co señor de Tor, que aspira a candidato polo distrito de Prado, co apoio da clientela de Espinosa. Aproveita a carta para relatar a situación política na Corte polo parto inminente da raíña, que debe nomear unha rexencia que se disputan Narváez, Montpesier (candidato de Mª Cristina), e o consorte Francisco de Asís de Borbón (candidato de Isabel II). En resumo, para un fidalguiño de Trasdeza unha viaxe a Madrid reporta un favor, algúns chismes e a impresión de que os deputados só pensan nas eleccións.

Un deputado non consulta o voto dun elector calquera, vai a aqueles patróns de distrito ou da provincia que son os artífices das eleccións. Por iso, en 1850 Fernández Villaverde é discreto con Losada. Os seus interlocutores son os xefes da facción provincial. Escríbelle a Riestra, a súa man dereita na provincia; a Varela, que está ben situado na facción; mais tamén contacta con Espinosa, aínda que as relacións estean practicamente rotas, rozando a inimizade declarada[102]. A chave está no rol destes intermediarios, sen os que un candidato a Cortes estaría perdido e fracasaría estrepitosamente. Mais ao consideralos intermediarios, córrese o risco de subestimar o seu poder. Propiamente, eran xefes provinciais da facción, e albergaban máis poder do que se podía pensar dende unha análise institucional

Espinosa. A priori, poderíase pensar que don Matías estaba emparentado co xuíz e antigo realista don Ramón Losada, de Rellas. No censo electoral de 1836 non figura outro Losada en Trasdeza. Sen embargo, nunha escritura notarial de don José aparece don Matías coma testemuño, recollendo que era veciño de Laro. Nos repartimentos de 1852 figura un don Manuel Losada na parroquia de Laro cunha elevada base impoñíbel.

[102] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 59)*, 34.371/2; Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dende arriba. En consecuencia, malia que as relacións fosen presumibelmente xerárquicas, existía unha dependencia mutua que, segundo o período e os acontecementos, vai inclinar o poder cara o deputado ou cara a facción provincial. A diferenza da Restauración, durante o reinado isabelino as elites provinciais eran "menos permeables a la influencia gubernamental"[103], conservando importantes cotas de poder que poñen en xogo en contextos de confrontación ou insurrección. Cando o goberno central fraquea ou cae, é cando o espazo político provincial gaña relevancia.

Do mesmo xeito que a documentación epistolar pode dividirse nos dous conceptos: eleccións e clientelismo, tamén o eixo do poder rota entre a provincia e Madrid por ambos motivos. Obsérvase que, cando as eleccións son conflitivas, o poder dos notábeis provinciais semella aumentar. Na súa man está o trunfo dun determinado candidato. Pola contra, cando a facción e a súa clientela demanda e consegue moitos favores, a fidelidade ao deputado é máis sólida. Segundo esta lóxica, a complexidade crecente da administración favorece a dependencia das clientelas ao deputado e aos xefes de facción. Por isto mesmo, en etapas de incerteza e tribulacións políticas, dá a aparencia de aumentar o poder territorial, xa que os parlamentarios precisan dos distritos para saír elixidos, ao marxe do ditado gobernamental. É dicir, os patróns locais e provinciais deciden. Pola contra, no outro extremo da balanza, cando existe unha relativa confianza e estabilidade, impera a influencia moral do goberno e o servilismo político nas provincias é máis acusado.

A modo de síntese, pódese afirmar que o estatus da fidalguía non sufriu unha mingua significativa co cambio de réxime. É no poder onde se aprecia unha maior volubilidade. Nos extractos das fontes queda constatada a competición por manter o control político e social nas comarcas. Dende arriba, dende as altas institucións do Estado, procúrase o apoio institucional das elites territoriais, mais coa pretensión de sometelas con certo paternalismo. Dende o territorio, o poder é concibido como a capacidade de prover e protexer, elixindo coma representantes políticos aos líderes "naturais" das comarcas. Non se trata, xa que logo, dunha elite que asimila insuficientemente a

[103] Burdiel, 2010: 251.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"modernidade política", senón dunha adaptación da orde social, dende o réxime do señorío até a representación política, que ten coma propósito a defensa dos intereses territoriais (comarcas, provincia) no marco liberal.

As familias Varela, Espinosa e López- Ballesteros buscaron esta continuidade nas estruturas de poder. Eles podían atesourar devanceiros con cargos de autoridade: o exministro López-Ballesteros, o señorío xurisdicional dos Espinosa na parroquia de Escuadro (Silleda), ou o xuíz e xefe da Alarma de Peñaflor dos Varela. Con esta credencial da liñaxe, asistiron ás institucións na difícil hora do seu parto e primeiros coidados. A fin de contas, todos eles foron recoñecidos e elixidos na provincia polo seu *«arraigo y reputación»*[104]. Esta pertenza á comunidade garda semellanzas cos *Recuerdos* de Tocqueville, cando regresa ao departamento da Mancha (Normandía) para solicitar o voto, sendo reelixido en 1849 nas eleccións constituíntes[105]. Este aristócrata era recoñecido coma un representante natural da provincia, onde o seu pai fora prefecto durante a Restauración. Naquela campaña electoral tivo tempo para visitar a casa familiar que padecía o abandono do seu titular, no lugar homónimo de Tocqueville: "La población siempre había sido benévola conmigo, pero esta vez la encontré afectuosa, y nunca me vi rodeado de más respeto que ahora, cuando la igualdad brutal estaba fijada en pasquines por todas las paredes"[106].

Ante a complexidade crecente, os electores apostan pola protección dun patrón coñecido que lles asegure prosperidade e

[104] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 39)*, 34.371/4. Carta de don Diego López- Ballesteros ao seu curmán Lorenzo. Madrid, 21 de decembro de 1839. Salienta estas calidades para ser elixido deputado.

[105] Tocqueville, 1984: 137- 146. Este aristócrata saíu elixido malia ser contrario á revolución de 1848 e co hándicap da aplicación do sufraxio universal. Un paradoxo que imperou naqueles comicios lexislativos de maio de 1849, xa que as forzas políticas revolucionarias non concitaron apoio electoral. A asemblea resultante estaría maioritariamente formada por tendencias conservadoras: orleanistas, lexitimistas, republicanos moderados, bonapartistas. Esta continuidade sociopolítica pode alentar interpretacións do "voto sumiso" nos distritos agrarios. Ao respecto, Tocqueville deixou escrito: "Es normal que las poblaciones agrícolas reciban más lentamente y conserven más persistentemente que todas las demás las impresiones políticas: son las últimas que se levantan y las últimas que vuelven a sentarse". Neses comicios detecta o autor un sentimento novidoso na provincia: o odio a París.

[106] *Ibíd.*: 145.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

auxilio. Por isto mesmo, os primeiros deputados son veciños, cos que teñen tratado na súa vida cotiá e aos que poden dirixirse de xeito persoal, coas debidas formalidades sociais: «mi querido señor y favorecedor», «mi amo y señor». Este servilismo é unha reminiscencia dos antigos rigores do privilexio. O cambio social que introduce a experiencia liberal é que a posición do patrón vai ser máis inestábel, malia que as inercias conservadoras da estrutura agraria favorezan a continuidade (permanencia dos foros, fortes vencellos familiares enraizados na memoria).

Os cambios nas clientelas veñen propiciados polas tensións no espazo político dos notábeis provinciais. O patrón debe manter o equilibrio na súa dobre ficción de intermediario/broker: axuntar maior número de clientes; ter influencia nos ministerios. De aí a dobre faciana que amosan na súa correspondencia: patrón de favores e amigo/inimigo da facción. Cando esta dobre ficción cambalea, o notábel pode perder o poder político, pasando a estar supeditado a outra xefatura en ascenso. Isto podía acontecer en vida, aínda que fose máis habitual no tránsito de xeracións dunha familia. O fillo vai ter oportunidade de aumentar o poder exercido polo pai, ou ben, pode aliñarse baixo a protección doutros políticos.

Os descendentes de López- Ballesteros e Fernández Villaverde mantiveron ou aumentaron os honores dos patrucios. O fillo de Fernández Villaverde, Raimundo, foi o que acadou o maior recoñecemento social e político. Varias veces ministro (Graza e Xustiza, Gobernación, Facenda), presidente (do consello de ministros e do Congreso), e excelente facendista, foille concedido o marquesado de Pozo Rubio[107]. Diego López- Ballesteros foi un importante funcionario de Facenda e un deputado con gran capacidade de traballo, participando en innumerábeis comisións. Posibelmente, a cabeza parlamentaria dos moderados, despois unionistas, da provincia de Pontevedra. Pola contra, os sucesores de Espinosa e Varela tiveron unha actuación máis discreta, enmarcados no ámbito provincial, e cun perfil máis baixo cos seus predecesores. Ao respecto, advírtese unha pronunciada disparidade entre a atención que recibe don Benito Espinosa por parte de Fernández Villaverde, da que despois merece

[107] Barreiro Fernández, 2001 (a): 254- 257.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

don José Espinosa do seu curmán don Diego López- Ballesteros. Mentres que don Benito foi un dos patróns indiscutíbeis dos moderados de Pontevedra, don José semella ocupar un rol máis dependente, malia ocupar escano provincial.

En conclusión, ocupar cargo público non aquilata o poder, tampouco provir dunha determinada liñaxe, aínda que ambos aspectos axudan a ter a consideración social dun notábel. O máis importante para este notábel "pasa a ser la influencia de hecho", que exercen dende "la posición de intermediarios que ocupan (...), canalizando las relaciones entre la comunidad local y el mundo exterior"[108]. Por isto mesmo, o político decimonónico, aínda que acreditase patrimonio ou ou liñaxe, non prosperaba sen amigos políticos. Dentro da facción, a súa posición dependía dos feudos electorais que atesouraba, ademais do carisma, que en expresión coloquial se coñece como ter "madeira de líder". Podían ser ricos propietarios ou, mellor aínda, fidalgos, pero sen "amigos políticos" non conseguían saír dos seus pazos. A súa percepción do futuro lévaos ás eleccións e ás institucións, ás facción de amigos políticos. Ao comezo con altas expectativas e bastante idealismo, despois con maior escepticismo.

3.4.2. As candidaturas moderadas de 1840

«-¡Viva Slumkey! Rugieron los honrados e independientes.
-¡Viva Slumkey! –repitió el señor Pickwick, quitándose el sombrero.
-¡Abajo Fizkin! –rugió la masa.
-¡Abajo, eso es! –gritó Pickwick. (...)
-¿Quién es Slumkey? –susurró Tupman.
-No sé –respondió el señor Pickwick en el mismo tonto-. Calle; no haga preguntas. En estos casos, lo mejor es hacer lo que haga la masa.
-Pero ¿y si hay dos masas? -sugirió Snodgrass.
-Gritar con la que sea más grande –respondió el señor Pickwick.
Libros enteros no podrían haber dicho más.»[109]

[108] Pro Ruiz, 1995: 56. Sería "un grupo heteroxéneo, pues esa influencia de hecho puede proceder tanto de la riqueza como del prestigio, el linaje o la posesión de cargos públicos".
[109] Dickens, 2014 [1836- 37]: 239- 240.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha vez rematada a guerra no norte, a loita política céntrase entre moderados e progresistas. Nesta conxuntura, Evaristo Pérez de Castro disolve as Cortes en novembro de 1839, co obxecto de formar unha maioría parlamentaria moderada. Querían "deshacerse de una oposición incómoda"[110]. O consenso arredor da Constitución de 1837 non estaba roto, xa que *«sobre la Constitucion nadie disputa ni su alteracion ó menoscabo»*[111], mais si tivo lugar un punto de inflexión no proceso de consolidación do réxime. Moderados e progresistas tensaban o discurso polo control da "misión" lexislativa das Cortes, no momento de aprobar leis orgánicas en diversas materias: Administración pública, Facenda, Xustiza, Culto, Educación, Fomento...[112]. Dúas cuestións concentraban a meirande parte das friccióńs políticas. Por unha banda, a posibilidade de asimilar aos derrotados carlistas na causa isabelina. Por outra, a lei de municipios que se debatía entre autoridade e autonomía. Eran cruciais discusións sobre a estrutura político- administrativa do Estado liberal, mais, en esencia, era unha "disputa por el poder"[113].

Isabel Burdiel ten explicado que para os moderados e, especialmente, para María Cristina, era natural tentar "atraerse al carlismo vencido"[114]. A "incómoda alianza con el liberalismo radical y progresista (...) había sido necesaria para ganar la guerra", mais agora, unha vez rematada, preferían "reforzar" o principio monárquico que o liberal. O marqués de Miraflores manobraba dende a embaixada de París "cuyo objetivo final era construir «un partido de la Corona». De feito, a proposta de candidaturas moderada era denominada

[110] Fontana, 2007: 185. Titula a rexencia de Espartero coma "La revolución traicionada".

[111] Pastor Díaz, 1839: 7, 16, 55- 56. Este escritor e político moderado, natural de Viveiro (1811), ocupaba naquel momento a xefatura política da provincia de Cáceres. Publicou un extenso folleto de 70 páxinas titulado "La cuestión electoral en diciembre de 1839 y enero de 1840". Alí sostén o consenso político de 1837: *«era la reconciliacion la Constitucion misma»*. Ante a convocatoria electoral do mes de xaneiro escribe: *«Dos veces en seis meses ha sido disuelto el cuerpo colegislador electivo(...) la incompatibilidad del Congreso y del Gabinete para adoptar los remedios»*.

[112] *Ibíd*. Explica que a "misión" das Cortes xa non é política, tampouco social. A revolución quedara atrás. Esta "misión" era «puramente legislativa», e enumera varios asuntos que precisaban regulación con urxencia.

[113] Fontana, 1977: 262.

[114] Burdiel, 2010: 54- 55.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«monárquico- constitucional», desprazando o «dogma abstracto» de soberanía nacional polos piares da Coroa e a Lei[115].

En Pontevedra, unha comisión electoral creada «con el fin de arreglar» estas candidaturas, reproducía o comunicado da comisión central dos moderados reunida en Madrid[116], que difundía o seguinte lema de campaña: *«Olvido de lo pasado, justicia por lo presente, y seguridad para lo venidero»*[117]. No texto aínda se percibe unha valoración pexorativa de "partido", no senso de grupo ou facción que mediante intrigas e/ou conspiracións loita polo poder, en contraposición a unha nación esforzada que vén de sufrir a revolución e a guerra, por iso falan de "candidaturas monárquico-constitucionales", sen que haxa mención ao partido coma organización política. Non desexan unha pugna entre partidos, nin sequera o bipartidismo británico, queren unha autoridade incontestábel, «ni el menor desacato»: *«Una nacion eminentemente monárquica no podrá descansar en su lealtad hasta tanto que los*

[115] Pastor Díaz, 1839: 17. Avoga pola «soberanía de la ley. La ley empezaba, la revolucion concluia», que funciona coma «precepto práctico» fronte a abstracción da soberanía nacional.

[116] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Na Buzaca conserváronse dous documentos: 1) o orixinal da comisión central impreso en Madrid; 2) unha copia do mesmo con comentarios da comisión provincial, que saíu da imprenta "de los socios" de Pontevedra. O primeiro é un chamamento dos dirixentes moderados a formar distintas comisión electorais nas provincias e partidos xudiciais, co suposto obxecto de non impoñer as candidaturas dende Madrid, recoñecendo que non poden «coartar la libertad de los electores». Os asinantes deste escrito da comisión central, datado o 29 de novembro de 1839, foron: Martínez de la Rosa, Tarancon, marqués de Castelldorrius, Istúriz, Moscoso de Altamira, duque de Veragua, Huet, Acebai, Armendariz, Pidal, Egaña, Borrego, e Donoso Cortés. Precisamente, este último, Donoso Cortés, tiña ao seu irmán Pedro coma xefe político de Pontevedra (17/11/1839- 01/11/ 1840). Nesta capital de provincia, asina coma secretario da comisión electoral moderada don Claudio González, o 23 de decembro de 1839, sen que consten os nomes doutros integrantes. Estas comisións viñan suplir as carencias organizativas do partido que, estando aínda nunha fase embrionaria, precisaba estruturarse territorialmente. Duverger, 2012 [1951]: 16, 20. Anteriormente, nas eleccións de 1837, os moderados promoveran este sistema "de comités locales de notables moderados para organizar la campaña", sendo un dos seus principais impulsores don Andrés Borrego. Os progresistas eran reacios ao consideralo unha importación estranxeira. Marichal, 1980: 170- 171.

[117] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Semella aventurado dicir que era un lema de "campaña", mais o contido dos documentos públicos, a organización de comisións, e a intensa correspondencia entre notábeis nestas semanas, suxire que foi unha campaña coma tal, dentro da lóxica non formalizada das eleccións censatarias e os partidos de notábeis. Ademais, Pastor Díaz dende Cáceres describe os traballos preparatorios para gañar as eleccións coa denominación «campaña».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

derechos y prerogativas del trono se hallen á cubierto de los tiros de los partidos».

Polas mesmas datas, Nicomedes Pastor Díaz facía un exercicio retórico no que renega dos partidos. O tempo da política, de aprobar unha Constitución, xa pasou: *«en aquel dia los partidos políticos desaparecian»*[118]. Censura, entón, que os progresistas discutan, que convertan en asunto político as leis *«administrativas, económicas y judiciales. Estas leyes tienen principios fijos y las diferentes opiniones acerca de ellas no constituyen partidos ni sectas»*[119]. Os moderados entenden que a lei «no es ningún cuerpo de doctrina», a administración non é política, mentres que os progresistas *«quieren aplicar la ley política á la administracion interior, no saben que al pedir una Constitucion para cada provincia, piden la supresion de la Constitucion del estado»*[120]. Un discurso progresista que tacha de «sofístico», «metafísico», que non comprende que as «necesidades» da Nación son *«materiales, positivas, urgentes, que no se remedian con mensages»*[121].

Ese recurso progresista á filosofía política non sería máis que unha simulación, xa que para Pastor Díaz *«ya no es un partido de cosas y de sistemas, sino un partido de personas, y solo por no aparecer tal, toma por divisa una diferencia política»*. Sería o progresista un partido de clientelas e patróns, de carismáticos e desmedidos militares, e que teñen demostrado que *«eran infinitamente inferiores en administracion civil y en doctrinas generales»*[122]. Pola contra, xáctase de que o partido moderado é un *«partido inmenso y reclutado de todos los que algo valen y piensan»*[123].

Con todo, non se considera "hombre de partido" porque pretende "defender y respetar los verdaderos intereses del pueblo". Nun discurso marcadamente elitista aos electores de Cáceres, que

[118] Pastor Díaz, 1839: 4- 7, 16.
[119] *Ibíd*.: 23.
[120] *Ibíd*.: 20.
[121] *Ibíd*.: 65.
[122] *Ibíd*.: 13. Insiste Pastor Díaz na incapacidade dos progresistas para a administración pública. En termos actuais, sería unha confrontación entre a xestión pública e a filosofía política.
[123] Recoñece que no partido da orde hai tamén axentes que procuran «ventajas materiales» no ministerio dos seus amigos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

rememora aquela carta de Burke aos de Bristol, carga tintas contra aqueles que perseguen "intereses que no son los vuestros". Obsérvase, pois, que a idea dos "intereses" tense convertido nun dos motivos centrais do debate, desprazando cuestións máis abstractas, como as teorías da soberanía e a representación. Pastor Díaz vai defender intereses materiais, concretos, aínda que rexeita as críticas ao materialismo que achacan os progresistas á corrente doutrinaria francesa[124].

A polémica provén dunha publicación de don Fermín Caballero na que denunciaba que o materialismo está impregnando ás novas xeracións:

> «estravio que ha causado en España la escuela doctrinaria francesa, sirvan de muestra tantos jovenes (...). Al entusiasmo y el amor puro de gloria, caracteristicos de los pocos años, ha sucedido en muchos el sórdido interes de riquezas y de goces materiales: la avaricia propia de la vejez»[125].

O deputado progresista Caballero publicara semanas antes un folleto de cara estas eleccións co título «Voz de alerta». O fundador de *El Eco del Comercio* desminte nestas páxinas que o problema político entre goberno e Cortes sexa de índole persoal, aínda que existan *«pasiones pequeñas y de parciales influencias»*[126]. Nun estilo máis divagador que o do programa de Pastor Díaz, vai identificar os inimigos exteriores e interiores da Constitución: franceses, o *«clero resistente»*, a *«infernal policia politica; la consideracion esclusiva á las riquezas con menoscabo de las virtudes sociales; las máximas de la obediencia ciega de los empleados y de que no tengan voluntad propia como ciudadanos»*[127]. Ademais, acusa directamente ao goberno de:

---

[124] *Ibíd*.: 28, n.1. Reproduce a cita de Fermín Caballero e pregunta retoricamente: como se atreve a chamar materialistas aos doutrinarios?

[125] Caballero, 1839: p. 13, n.1. O título completo do folleto é: "Voz de alerta a los españoles constitucionales sobre la cuestión del día", imprenta de Noguer y Manté, Córdoba, 24 de novembro de 1839. Sobre as críticas ao materialismo doutrinario, cabe lembrar a célebre frase de Guizot: «*enriquecédevos*».

[126] *Ibíd*.: 3-4.

[127] *Ibíd*.: 12- 13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «influir en las elecciones de un modo escandaloso. Despreciar los justos anatemas de los representantes contra empleados corrompidos que abusaron de sus puestos. Presentar proyectos orgánicos destructores de la imprenta y de la milicia ciudadana; que desnaturalizan nuestras venerables y envidiadas municipalidades; y que preparan con el título de amnistia un salvo conducto á los foragidos, que á nombre del pretendiente han violado, robado y destruido infinitas familias y pueblos»[128].

Esta denuncia do servilismo dos empregados foi rebatida polo moderado Santos López- Pelegrín, quen usando o pseudónimo Abenamar publicou unha "Contestación":

> «quisieras tú, ademas, que los empleados públicos, que como tales no son otra cosa que ruedas de la máquina gubernativa, se saliesen de su ege y se echasen á rodar por esos andurriales, jugandola de los independientes y los patriotas, aunque al gobierno y al órden público se lo lleve la trampa»[129].

Aínda que Fermín Caballero insista no epílogo de "Voz de Alerta" que "no es la cuestion de personas sino de principios"[130], todo parece indicar que o personalismo estaba a imperar no seo do partido progresista. As críticas de Pastor Díaz e Abenamar, así coma a historiografía, sinalan que as divisións internas foron máis acusadas entre os progresistas. Incluso o progresista Joaquín María López recoñecía que *«el espíritu de noble independencia»* derivaba en *«lastimosa insubordinación»*, mentres que *«el partido moderado se encuentra por lo común compacto y unido»*[131].

[128] *Ibíd*.: 25.
[129] López- Pelegrín, 1839: 16. Título completo do folleto: "Contestación a la voz de Alerta de D. Fermín Caballero sobre la cuestión del día", impreso en Madrid.
[130] Caballero, 1839: 32.
[131] Citado en Fontana, 2007: 169.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta «*independencia*» era unha das bandeiras do progresismo. Ao pazo da Buzaca debeu chegar un panfleto dos xerifaltes progresistas co gallo das eleccións de xullo de 1839, no que censuraban aos moderados coma *"hombres de partido"*[132], que impedían *«las propias inspiraciones»* e *«independencia absoluta»* dos electores[133]. Ante a asimilación dos derrotados carlistas, rexeitaban de plano calquera «involución» do programa liberal. A súa retórica era clara: *«¡Cuál pues no debió ser la estrañeza con que la ominosa palabra de transacion resonó en los oidos de la bizarria española! ¡TRANSACION! ¿Y con quién? (...) ¿Los que no transigieron con Napoleon, transigirán jamas con don Carlos?»*. Esta linguaxe bélica vai dirixida en primeiro termo a acender os ánimos que o progresismo ten no exército e na milicia. Así mesmo, a alusión á guerra do Francés evocaba a forza do xuntismo e do poder local. Precisamente, nos concellos e na milicia tiñan os progresistas os seus "ámbitos de poder": "el grado de autonomía que esas instituciones habían alcanzado durante los años de guerra civil les había convertido en auténticos poderes alternativos que el Gobierno no lograba sujetar a su autoridad"[134].

A maioría moderada tiña na lei de municipios unha das súas principais apostas políticas: "se trataba de cercenar, a favor de una concepción piramidal y centralista del Estado, la capacidad de influencia desde abajo"[135]. Isto é, baleirar do principio de vontade xeral á representación política. Os alcaldes, designados polo xefe político ou por Gobernación, ían ser "meros delegados del poder central". De aí a durísima confrontación que se viviu entre moderados e progresistas por esta lei[136].

---

[132] Resulta contraditorio que tanto moderados coma progresistas acusen aos outros de "homes de partido", coa intención de difamar ao opoñente por intrigante e servil. Tamén Pastor Díaz despreza aos progresistas por este aspecto: *«la posteridad os juzgará un día, hombres de partido»*. Pastor Díaz, 1839: 41.

[133] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Folleto progresista titulado "A los electores", subscrito en Madrid, o 22 de xuño de 1839, por unha comisión formada por Argüelles, Quintana, San Miguel, Olózaga, e o galego Ferro Montaos, entre outros.

[134] Burdiel, 2010: 54- 55.

[135] *Ibíd*.

[136] Esta lei autoritaria prendeu a mecha revolucionaria de setembro de 1840. Fontana, 2007: 186.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As verbas, xa citadas, de agradecemento de Fernández Villaverde en 1839 resumen a opinión da facción moderada pontevedresa: «la accion saludable del Gobierno» protexe aos municipios co seu «*benefico influjo*»[137]. Deste xeito, ao goberno corresponde a política, mentres que aos concellos a administración. En síntese, percíbese que a filosofía política moderada desbota o idealismo e voluntarismo revolucionarios, concibindo un liberalismo "identificado con el escepticismo, la cautela, el legalismo y la desconfianza en el poder popular"[138]. Incluso deixan atrás a linguaxe abstracta derivada etimoloxicamente da representación política: representantes, representados; fomentando un léxico máis neutro e funcional: deputados, electores. Unha mostra da "disociación entre la representación como principio y el sistema representativo como régimen"[139].

As eleccións ofrecían, pois, a falsa aparencia dun mecanismo de lexitimación, mais coa pretensión de dirixilas por parte das autoridades gobernamentais, podían xerar desencanto, frustración, ademais de manipulación e fraude. Precisamente, as eleccións de 1840 estiveron toldadas de corrupción, orixinando "auténticos escándalos en el Congreso" na aprobación das actas[140]. A folla de ruta moderada era conseguir unha maioría parlamentaria para impoñer unha

[137] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores a Cortes (1839)*, 225/2/1. Carta datada en Pontevedra, o 11 de agosto de 1839. A cita completa, xa recollida no epígrafe 3.3.6., dicía así: «*he manifestado los principios y doctrinas que en materias de Administracion y de Gobierno profeso (...), enlazando la administracion de modo que la accion saludable del Gobierno estienda su benefico influjo á los pueblos protegiendo la intervencion que les compete en los negocios locales de su interés*».

[138] O liberalismo conservador forxaría a súa base doutrinal na "coyuntura conflictiva" dos anos 1835- 40. Beben das correntes críticas co racionalismo revolucionario: elitismo de Burke, utilitarismo de Bentham, constitucionalismo de Constant, e, sobre todo, a monarquía representativa dos doutrinarios franceses, coa súa recepción do empirismo. Un dos seus máximos expoñentes foi Royer- Collard, amigo persoal de Donoso Cortés. Coma resultado, fíxase unha contraposición entre liberalismo -oligárquico- e democracia –anárquica-. Gómez Ochoa, 2007: 39.

[139] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 20- 21. Estes autores realizaron un formidábel ensaio sobre a representación política liberal. Citan unha intervención parlamentaria de Martínez Almagro na que rexeita explicitamente "el principio de representantes y representados; admite Diputados y electores, signo de capacidad para los Diputados, signo de capacidad para los electores" (DSC, 6 de febreiro de 1846, p. 569).

[140] Fontana, 2007: 185.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lexislación restritiva que lles asegurase o seu control do sistema político, e afastar definitivamente do poder aos progresistas.

As redes de acción política das incipientes faccións e grupos moderados teñen nesta convocatoria unha febril actividade. Con respecto a outros comicios, obsérvase unha maior axitación e intervención na confección das candidaturas. É dicir, dende Madrid hai vontade de orquestrar as eleccións, co obxecto de sentar nas Cortes aos líderes e adeptos do partido, peneirando aquelas figuras controvertidas e rebeldes. Segundo os seus cálculos estratéxicos, era necesario introducir candidatos foráneos nalgunhas circunscricións. Con esta acción subsumían o poder das elites provinciais ás directrices do partido, mais, sen embargo, debían contar con elas para que a maquinaria electoral funcionase. A Nicomedes Pastor Díaz non se lle escapaba que a negociación entre partido e provincias era ineludíbel. No folleto electoral anteriormente comentado, este deputado galego consideraba un erro a imposición de candidaturas dende os grupos parlamentarios:

> «Los hombres que desde Madrid quisieron dirigir las elecciones cometieron un grave error empeñándose en la reeleccion absoluta de personas. Las provincias querian reeleccion de principios: la de personas solo respecto de las muy importantes. Muchas de las otras se habian creado en los pueblos profundas antipatias que solo podrian neutralizar las que eran verdaderamente notabilidades. No querian reelegir la mayoría porque querían reforzarla, rejuvenercela: hay muchos hombres en las provincias de los mismo principios, mas vigorosos acaso, que aspiraban á representarlos en una asamblea donde bien poco se habia hecho en favor de ellos, (...) y si debe darse lugar á que otros nuevos hombres se vayan presentando. No quisieron comprender eso los directores del partido y se quejaron despues del resultado de una campaña mal dirigida»[141].

[141] Pastor Díaz, 1839: 34, n.1. Precisamente, tanto o folleto de Pastor Díaz, coma o da comisión central de candidaturas moderadas de novembro de 1839, "A los electores", pretenden corrixir este erro de comunicación e difusión. Nestas publicacións din rexeitar as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Se a confección de candidaturas nas eleccións de 1837 estivera nas mans das notabilidades pontevedresas, en detrimento das elites viguesas que perderan no espazo político provincial[142], nas eleccións de xullo de 1839 contaron coa intervención dos políticos ministeriais. Aquel couto de poder provincial, a elección de deputados, comezaba a perder autonomía fronte as ansias de control político de Madrid. Mais, como indica Pastor Díaz, aquela "campaña" ou operación provocou malestar nalgúns electores provinciais, desagrado por algún candidato, e frustración nalgunhas notabilidades que ambicionaban escano parlamentario. En consecuencia, víronse forzados a disolver a Cámara para repetir os comicios. O partido moderado debía negociar e convencer nas provincias, se quería unhas Cortes "de familia".

Chegado o mes de decembro, a comunicación epistolar entre Madrid e Pontevedra ten un propósito claro: fraguar unha maioría parlamentaria moderada. Os deputados Rodríguez Vaamonde e López- Ballesteros van a escribir aos patróns dos distritos para amarrar o seu apoio electoral. Están plenamente convencidos do beneficio dunhas candidaturas gobernamentais, que permitan un goberno e partido fortes. Mais xorden voces discrepantes ao ditado madrileño. Fontán e Valladares van promover a súa elección contra as «*maquinaciones*» dos políticos da Corte. Non eran en puridade progresistas, mais non van ser aceptados para formar esta maioría moderada. Nuns papeis de don Lorenzo Varela define a estes últimos coma «*independientes*», membros dun *«tercer partido»*[143].

O perfil destes señores encaixaba nun "tercer sector" de parlamentarios que sinalaba Pastor Díaz: *«algunos hombres si bien*

ilegalidades e as coaccións aos electores, sendo a formación de comisións electorais a garantía de "arreglo" das candidaturas, tomando en consideración as provincias. Pastor Díaz formaría parte da fracción "puritana", facendo gala dun liberalismo máis conciliador e plural.

[142] No epígrafe anterior, 3.4.1., citábase o informe do xefe político en febreiro de 1841 no que aseguraba que os notábeis de Pontevedra nunca perderan as eleccións até ese momento, no que gañan as elites de Vigo. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Documentación relativa ás eleccións (1840)*, caixa 226/1/1.

[143] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Borrador dunha carta de contestación, escrita coa letra de Lorenzo Varela, malia que non estea asinada, nin se coñeza o destinatario. A data aproximada é entre os últimos días de decembro de 1839, e primeiros de xaneiro de 1840.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

muy ilustrados de aquellas Cortes han censurado al Gobierno creado en su último período con una severidad sobradamente injusta»[144]. Sobresaían estes deputados coma intelectuais que, sen estar na oposición, criticaban ao goberno cunha independencia política e moral que os convertía en representantes conflitivos, díscolos. Os dirixentes do partido moderado decidiran prescindir destas candidaturas de actuación indisciplinada e non predicíbel.

Semella que a liberdade do seu espírito, o seu apego aos intereses da provincia ou desencontros persoais con poderosos parlamentarios, eran motivos para a desconfianza[145]. Tanto os políticos gobernamentais coma esta curiosa oposición de moderados de inclinación provincialista, van pulsar o parecer dos notábeis das comarcas. Por fortuna, no Fondo da Buzaca conservouse unha documentación epistolar que permite reconstruír esta batalla electoral, librada na correspondencia entre notábeis de Madrid e Pontevedra.

3.4.3.O *affaire* Fontán escrito polos seus protagonistas

Para organizar, analizar e presentar estes materiais, seguiuse unha orde cronolóxica e o guión analítico que se fixou para este tipo de fontes. As distintas cartas van contar cunha numeración correlativa dentro deste epígrafe e van responder as seguintes aspectos: a) tratamento/relación social de remitente e destinatario; b) alusións a familia e/ou amigos; c) eleccións; d) intereses, favores e arranxos clientelares; e) carta única ou dentro dunha serie. Reprodúcense practicamente íntegras, valorando que así aportan moita información da política, a sociedade e cultura da época. Ademais, faise unha transcrición literal, sen omitir abreviaturas e ortografía, para percibir na escrita aspectos coma a educación do remitente, ou se asume con rigoroso coidado ou con informalidade a comunicación epistolar co destinatario. O seguinte cadro presenta as cartas analizadas:

[144] Pastor Díaz, 1839: 31.

[145] Fontán debeu ser un deputado incómodo tanto para os progresistas coma os moderados. Foi crítico coa "empregomanía" da burocracia, coa desprotección do clero, coas contribucións públicas que pagaban desproporcionadamente os galegos, entre outros moitos debates nos que participou acaloradamente. Librou a súa particular batalla contra o bibliotecario -progresista- das Cortes. Ademais, a súa teima coas cuestións galegas, motivou os reproches dalgún deputado. Era apaixonado e vehemente en política. Barreiro Fernández, 2001 (a): 268- 270.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro VI. Relación de cartas sobre a candidatura de Fontán

Nº.	Remitente	Data	Destinatario
1	Juan Armada y Guerra, marqués de Santa Cruz de Rivadulla e senador	Madrid, 11/12/1839	Benito Espinosa Varela
2	Florencio Rodríguez Vaamonde, deputado	Madrid, 14/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
3	José Valladares Gómez, exdeputado	Lugo, 15/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
4	José Valladares Gómez, exdeputado	Lugo, 18/12/1839	Benito Espinosa Varela
5	Diego López-Ballesteros, deputado	Madrid, 21/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
6	Julián Rodríguez del Valle, exdeputado	Pontevedra, 23/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
7	Benito Espinosa Varela, deputado provincial	Santiago, 27/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
8	Domingo Fontán Rodríguez, deputado	Santiago, 31/12/1839	Lorenzo Varela Sarmiento
9	Joaquín López Vázquez Ballesteros	Pontevedra, 03/01/1840	Lorenzo Varela Sarmiento
10	José Valladares Gómez, exdeputado	Lugo, 12/01/1840	Lorenzo Varela Sarmiento
11	Lorenzo Varela Sarmiento, deputado provincial	s.d.	descoñecido

Fonte: elaboración propia a partir do fondo da Buzaca[146]

[146] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4; *(1840- 1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Hai que indicar que as cartas que recibiu don Benito Espinosa Varela están no arquivo da Buzaca porque así as remitiu este no seu momento. A esposa de Espinosa estaba gravemente enferma, o que motiva que o cabezaleiro de Cascaxide non participase na refrega electoral. Nin sequera chega a votar nestas eleccións. Envía as cartas que recibiu a Varela para que el se ocupe deste asunto e adopte unha postura, que Espinosa subscribirá sen fisuras. O entendemento entre os curmáns é absoluto. Aínda que Varela recibiu estas cartas despois do 27 de decembro, van ser ordenadas pola súa data orixinal a efectos de análise do conflito. É posíbel que a relación non sexa exhaustiva e que existisen máis cartas, en Cascaxide ou na Buzaca. Porén, debe aceptarse este material empírico conservado coma unha fonte excepcional dados os actores implicados.

Este estatus dos remitentes suscita unha observación: os distintos cargos públicos que ocupan ou ocuparon. Hai varios deputados que teñen continuidade nos seus escanos, sendo elixidos tamén nas eleccións do mes de xullo de 1839, aínda que as actas de Pontevedra non chegaran a ser aprobadas polo Congreso: Fontán, López-Ballesteros, e Rodríguez Vaamonde[147]. Tampouco as de Lugo, onde Fontán tamén saíra elixido[148]. Don José Valladares non obtivera escano nestas últimas, pero si fora deputado na lexislatura 1837- 39, pola circunscrición de Ourense, non por Pontevedra[149]. Tamén era exdeputado don Julián Rodríguez del Valle, que en 1837 representou a

[147] Don Florencio Rodríguez Vaamonde (1807- 1886) fora o candidato máis votado nas eleccións de xullo de 1839. Xa fora elixido en maio de 1839 en substitución do malogrado Pardiñas, mais non hai constancia de que tomase posesión. Suspenderan a lexislatura mes de febreiro. Con está convocatoria de xaneiro de 1840 vai iniciar de facto unha carreira parlamentaria de éxito, sendo deputado até 1846 e senador vitalicio dende 1847. Engadir que foi ministro de Graza e Xustiza en 1847, e de Gobernación en 1863. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Deputados e senadores (1839)*, caixa 224/1; Barreiro Fernández, 2001 (a): 585- 587.
http://www.senado.es/web/conocersenado/senadohistoria/; http://www.congreso.es/historico-diputados/

[148] *Ibíd*. Fontán foi elixido nas circunscricións de Pontevedra e Lugo nas eleccións de setembro de 1837 e xullo de 1839. En 1837 optara polo escano de Pontevedra. Cómpre indicar que Fontán xa fora deputado por Pontevedra en outubro de 1836, nas Cortes constituíntes.

[149] *Ibíd*. En 1837 foi deputado por Ourense nas segundas eleccións celebradas en outubro. En 1834 fora elixido procurador por Pontevedra, mais renunciou ao cargo, sendo substituído por Francisco Álvarez Lorenzana y Válgoma, marqués de Vilagarcía.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provincia de Lugo[150]. En canto ao senador Armada, foi novamente designado tras a elección de xullo de 1839, sen que lle afectase a convocatoria electoral do mes de novembro. O seu escano non estaba sometido ás novas eleccións, polo que a súa posición vai ser máis cómoda.

Entre os remitentes que non tiñan ocupado escano en Cortes estaban: Espinosa, que era deputado provincial, e que renunciara á designación de senador en 1837; e López Vázquez Ballesteros, Joaquín, irmán do deputado Ramón, e curmán de Diego López-Ballesteros. É posíbel que Joaquín tivese exercido algunha función administrativa na subdelegación provincial de Facenda, mais no momento no que escribe a carta ocupaba o cargo de intendente[151].

Outro aspecto a considerar nesta serie epistolar é a localización xeográfica dos remitentes. Estan todos eles no medio urbano, coa excepción de Varela, ao que parece que lle envían as cartas á Buzaca[152]. Isto indica que son as cidades o medio físico onde desenvolver a actividade política: discusións, comisións, arranxos de candidaturas. Madrid é o contexto de referencia dos deputados e senadores, integrados en comisións territoriais do partido. Por outra banda, están as capitais provinciais de Pontevedra e Lugo, onde se conforman comisións provinciais. Por último, destaca Santiago. Resulta curioso que os notábeis que escriben sobre as eleccións da provincia de Pontevedra, vivan de xeito habitual en Compostela. Son as familias destes notábeis as que fixan esta residencia (eventos sociais, educación da descendencia)[153]. Mentres, varios deputados

[150] Barreiro Fernández, 2001 (a): 571- 572. Ao fío da análise das cartas, ampliarase a información biográfica dos remitentes. Cabe adiantar que Rodríguez del Valle foi un eminente profesor universitario, de gran erudición, e desempeñou distintos cargos políticos provinciais. Era, ademais, cuñado do senador Armada y Guerra, marqués de Santa Cruz de Rivadulla.

[151] Non hai moita información da carreira administrativa de Joaquín López Vázquez Ballesteros. Pola correspondencia, sábese que era intendente en 1840, e que servía de intermediario entre o seu irmán e curmán cos notábeis de Pontevedra. Segundo apunta Barreiro Fernández (2001 (a): 367), foi intendente de Rendas Nacionais de Alacant nalgún momento anterior a setembro de 1840. Tempo despois sería deputado por Pontevedra (1843, 1845, 1851). Tamén fixo investimentos en negocios (salgadura) e en bens desamortizados.

[152] Non hai confirmación clara do enderezo, mais non está nin en Pontevedra nin en Compostela, sendo habitual que o correo de Varela estea dirixido á Buzaca.

[153] Varela tiña casa na rúa do Hórreo, mentres que os Espinosa residían intramuros, na rúa do Vilar. O primoxénito de Espinosa, José, viviu nunha casa na praza das Praterías. Segundo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provinciais de Pontevedra, coma Espinosa ou Varela, andan a cabalo entre Pontevedra, Compostela e os seus estados. Fontán é outro dos políticos que se atopa regularmente en Compostela.

En resumo, Varela e Espinosa forman parte dun círculo de relacións moi selecto, integrado por parlamentarios e cargos provinciais de relevancia, sendo eles mesmos deputados provinciais. Son todos eles naturais da provincia[154], cun estatus elevado de orixe fidalga, mérito e recoñecemento social. Entre eles tratan a cuestión das candidaturas moderadas impostas pola comisión central do partido, porque son eles os que encarnan o partido na provincia. De aí que sexan partes interesadas nunha comisión provincial do partido moderado.

Preséntanse a continuación ás transcricións e análises das dez cartas recibidas e o borrador dunha contestación de Varela[155]. Todas elas pertencentes ao fondo do pazo da Buzaca, do que existe copia dixitalizada no arquivo da Deputación[156].

1) Carta de don Juan Armada[157], marqués de Santa Cruz de Rivadulla e senador do reino, dirixida a don Benito Espinosa Varela. Madrid, 11 de decembro de 1839:

---

relato oral das descendentes da familia, esta casa, onde actualmente está o museo das peregrinacións, foi expropiada en tempos de Primo de Rivera, sendo tempo despois a sé do Banco de España. Na memoria da familia quedou o relato dunha devanceira que, cando foron expulsados pola forza da vivenda, proferiu berros de "Viva la Pepa!".

[154] Coa excepción de Rodríguez del Valle, que nacera na provincia de Lugo e que residiu maiormente en Santiago de Compostela.

[155] Hai dúas cartas máis de Domingo Fontán que foron desestimadas porque o seu contido indica que son posteriores, malia estar datadas en xaneiro de 1840, concretamente os días 4 e 10. Debeu tratarse dunha gralla do autor, que escribiu erroneamente 1840, cando ten que tratarse de 1841. Nestas cartas está a relatar unha situación política distinta, cos progresistas dominando a Deputación. Na do día 4 resulta evidente, mentres que a do día 10 garda coherencia coa anterior, con expresións como «*coadyubare a que no legislen hombres imprudentes*», que é como cualificaba Fontán aos progresistas.

[156] Omítese, no que segue, esta referencia do arquivo para evitar redundancias. ADPO, Fondo fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4; *(1840- 49)*, 34.371/3.

[157] Don Juan Antonio Armada y Guerra, marqués de Santa Cruz de Rivadulla e San Esteban, foi prócer en 1834, senador por Pontevedra entre 1837 e 1845, e despois senador vitalicio. Foi cuñado de don Julián Rodríguez del Valle, quen escribe a Varela neste mesmo mes de decembro sobre as candidaturas de Fontán e Valladares. Sobre Armada hai anotación biográfica no epígrafe "3.3.3. As eleccións a Cortes de 1837".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«Muy Sr. mio de toda mi consideracn. y aprecio: las procsimas eleccions me dan ocasion para llamar la atencion de V: regular parecia que en esa provincia se procurase acreditar ahora, que las anteriores, tan inicuamente anuladas, habian sido una verdad, no sola en el numº de electores, sino tambien con respecto a las personas elegidas, las que por tanto deberian ser nuevamte. nombradas sin mas escepcn. qe una ó dos, cuyas opinions. no pertenecen a nuestro partido; pº observo con disgusto que personas de ese pais se han reunido aquí para arreglar candidaturas que se han separado de este principio, escluyendo solo por dar lugar á otros a mi amigo Dn. Francº. Tames, so pretesto de que no es gallego, cuando no todos los que van en ella lo son, ni es cualidad que se deba tener por precisa, especialmte. despues que en la eleccion anterior le han dado doce mil votos, es cierto qe no nació en Galicia, pº reside en ella hace 16 años, es Oidor de la Coruña hace 5, y tiene, como el primero conocimtº. e interes por el pais y su bien estar; deseo por lo mismo, que no se le de el desaire de dejarlo fuera en las procsimas elecciones, y espero que V. y sus amigos lo pondrán en sus candidaturas, y harán que sea votado, seguro de que nada perderá en ello la Provincia.

Dispenseme V. esta confianza y disponga con la misma del especial afecto con que es de V. S.S. y amigo.

Juan Armada»

Análise carta nº 1, de Armada a Espinosa:

a) Tratamento e relación persoal: o uso da fórmula protocolaria «muy señor mío» indica que non mantiñan relación persoal, nin correspondencia habitual. Hai distancia social, mais non parece provir só do elevado rango do marqués. O coñecemento mutuo que dá sentido a carta pode sosterse en eventos sociais da provincia e en relacións cruzadas con terceiras persoas. De aí que na despedida o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

marqués de Ribadulla escriba: «Dispenseme V. esta confianza»

b) Alusións á familia e/ou amigos: non hai mención á familia de Espinosa, nin a amigos en común. Non se emprega ese pretexto para aproximar a remitente e destinatario. Polo tanto, confírmase a idea de distancia social e persoal entre ambos. O motivo da carta é única e exclusivamente tratar a candidatura de Tames Hevia.

c) Eleccións: considera lexítimas as candidaturas de xullo de 1839, malia non ser aprobadas as actas no Congreso. Eses mesmos candidatos deben ser elixidos en xaneiro de 1840, salvo unha ou dúas persoas, «cuyas opiniones no pertenecen a nuestro partido». Por conseguinte, existe a idea de depuración ou exclusión dalgún deputado. O máis substancioso da carta de Armada é cando informa de que «personas de ese pais se han reunido aqui para arreglar las candidaturas». O "país" ten sempre o significado de terra de orixe, lugar de paisanos, referido indistintamente ao ámbito rexional e provincial. De tal xeito, non pode discernirse se esa reunión de moderados galegos que viven e traballan na Corte, abordou as candidaturas das catro provincias ou tan só a de Pontevedra. A cuestión é se existía un ou varios grupos de moderados galegos en Madrid. Era posíbel que un pequeno círculo de notábeis decidise as eleccións de todas as provincias galegas? Ou ben, estaban organizados por provincias? As investigacións de Viveiro Mogo sobre os moderados en Lugo, baixo o mando de Moscoso de Altamira, suxiren dinámicas faccionais propias. Ademais, o folleto "A los electores" dos dirixentes moderados comentaba que se organizaran comisións por provincias. Por conseguinte, parece factíbel que por Pontevedra se reunisen Diego López- Ballesteros e o seu curmán López Vázquez, entre outros. Estes parlamentarios terían recomendado a exclusión do asturiano Tames Hevia das candidaturas, o que motiva a carta de Armada. Resulta significativo que fale de «partido», formado por «amigos», cando publicamente os moderados reneguen da división partidaria, presentándose

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coma única opción posíbel fronte o caos revolucionario dos progresistas. En suma, a voz aristocrática de Armada presenta esta puntualización ao ditado dese grupo de deputados e ministeriais galegos. Apela ás notabilidades provinciais para favorecer ao seu amigo Tames, "personalidade do Dereito e da Administración"[158], mais contempla a exclusión doutros candidatos que non son leais aos partido. Unha alusión indirecta a figuras coma Fontán e Valladares.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai referencia explícita a favores previos, nin promesa algunha neste senso. Un exemplo máis que distingue claramente a cuestión e contexto da representación política, doutro momento do favor clientelar. Son fluxos paralelos, que operan en dúas direccións, sen que cheguen a fundirse no mesmo acto. É dicir, non hai un comercio co voto, un pago instantáneo, senón unha suxeición do deputado aos encargos e trámites que demandan ós notábeis provinciais.

e) Correspondencia única ou seriada: non hai constancia doutra comunicación entre Armada e Espinosa. Tampouco con Varela. Sobreenténdese unha contestación de Espinosa, mais a candidatura de Tames Hevia non tivo máis percorrido en Pontevedra, nin sequera foi aproximado. Foi recolocado nas candidaturas de Oviedo.

2) Carta de don Florencio Rodríguez Vaamonde a don Lorenzo Varela Sarmiento. Madrid, 14 de decembro de 1839.

> «Muy Señor mio y de mi mas justo aprecio: Encargado por mis paisanos residentes en esta Corte de la Seccion electoral de esa Provincia, considero una especie de dever dirigir a V. copia de la circular

[158] Maxistrado na Audiencia da Coruña en 1838, foi elixido por Oviedo en 1837, 1839, 1840, 1843, 1844 e 1857. Representou ao distrito de Consolación (A Estrada, Pontevedra) nas lexislaturas de 1846 e 1850. A partir de 1858 foi nomeado senador vitalicio. Alto funcionario en Xustiza e en Facenda, tamén foi administrador do duque de Montpesier, o cal lle reportou uns ingresos fabulosos. Estaba nas filas do partido moderado, e era membro da Sociedade de Amigos del País de Santiago de Compostela. Barreiro Fernández, 2001 (a): 670- 671; http://www.congreso.es/web/guest/historico-diputados/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de la Comisºn central en qe. se hallan consignads los principios qe. nuestra candida tierra debe representar.
Para qe. los trabajos de nuestros amigos politicos sean concentricos, poder apartar los obstáculos capaces de impedir el triunfo de nuestras doctrinas en esa Provª, y seguir con las personas influyentes en ella una util y periodica comunicación, he escrito al S. D. Joaquin Lopez Vazquez instruyendole del acuerdo adoptado en este punto pr. las personas de nuestra opinión escitandole a qe organice en la Ciudd de Pontevª. y distritos subalternos comisions. qe. cooperen al buen resultado por todos los meds. autorizadse. pr. las leyes.
Penetrado de la identidd. de ideas de V. con las de aql. Sr. y aun las conexions. y vinculos qe. les unen, acaso puedª ser ocioso rogar a V. tenga á bien marchar de acuerdo con el en la liz electoral. Sin embº la ilustºn de V., su prestigio en el pais y la influencia qe. pr. fortuna goza V. en el animo de sus habitantes no permiten dejar de dirigir a V. una escitacion especial; lo mismo qe. a algºs. otros amºs. de esa Provincia, cuyo comun concierto puede unicamente contrarrestar las artes y amaños qe. en opuesto sentido puedan emplear nuestros adversarios.
Espero ps. del Amor de V. a la Causa del orden de la paz y de la legalidd, y aun se lo pido en nombre de los paisanos residentes en esta Corte, no omita ningun esfuerzo qe. se halle a su alcance, pª obrar en perfecta armonia con el Sr. Lopez Vazq y mas amºs. de la Capital. unico medio de qe. los trabajos como mas convinads. sean mas segª. prenda de la Victoria en una ocasion de qe. pende el fallo de cuestions. estreitisimte. unids. con los mas centrals. intereses del (…)[159] social.
Al mismo Sr. Lopz. Vazqz. de encaminado de acuerdo de los Señors. Senads. Y (…) Dipºs. deesa Provª la candida tierra qe. nos parece hallará menos obstáculos en el pais; pº no siendo, ni puediendo ser un precepto

[159] Ilexíbel. Parece dicir “orden”.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

semejante indicacion, sufrirá las modificas. qe. las influencias de ese pais juzguen necesarias, si bien quisieramos qe. en esta parte se tubiesen en cuenta tods. las consideracions. de interes local y generl. qe. aconsege la prudª. y el conocimtº. del estado de los negºs. publicos.
Tendré suma satisfacº en recibir contestación de V. a estas indicacions., asi como la tengo en renobar a V. la seguridd. del sincero agradecimtº. con qe. me repito su afmo y muy reconocido amigo, paisano y obligado servidor.
Florencio Rdz. Vaamonde»

Análise carta nº 2, de Rodríguez Vaamonde a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: trato de vostede e encabezado que denota distancia persoal. Debían coñecerse, mais non mantiñan relación habitual. Era amigos políticos. Adula a Varela falando do seu «prestigio» e «influencia». Na despedida emprega termos que salientan o compromiso de acadar o seu favor: "renovar (...) agradecimiento", "obligado servidor".

b) Alusións á familia e/ou amigos: non hai referencias nin saúdos á familia de Varela, nin a outros amigos persoais. Menciona, con reiteración, a Joaquín López Vázquez, que recibe instrucións de Madrid, probabelmente deses «paisanos residentes en esta Corte» que deliberaron as candidaturas. Hai tamén alusións aos amigos da provincia nos que descansa o deber dos resultados.

c) Eleccións: escribe a Varela pola «influencia» que ten o da Buzaca na política provincial. El e algúns outros amigos deben traballar en combinación, formando comisións electorais, e empregando todos os esforzos e medios posíbeis para obter a maioría. Isto é, levar a maquinaria electoral ao límite da súa efectividade. Talvez haxa aquí unha velada indicación de uso de medios ilícitos. Ademais, admite Rodríguez Vaamonde que as influencias da provincia poidan querer cambiar algunha candidatura, mais subliña a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

importancia do interese xeral, central, deixando os intereses provinciais en segundo plano. Por último, o deputado caracteriza o país coma «candida tierra» até en dúas ocasións. Esta imaxe bucólica e inocente das sociedades agrarias é contraposta ás esixencias da alta política da Corte. Son os –paternalistas- políticos en Madrid os que coñecen as necesidades do Estado. A provincia elixe, mais debe ser guiada. Un voto que se decide dende arriba, coma se dunha tutela do corpo electoral se tratase. O proceso electoral emanaría entón dunha elite moi reducida que funciona en «combinación», en «común concierto», con «trabajos concéntricos». Insiste o deputado nesa chamada á cooperación entre notábeis.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai comentarios ao respecto. Novamente, a cuestión dos favores non aparece mesturada coas eleccións. Sen embargo, esta solicitación das candidaturas gobernamentais van acompañadas, na despedida da carta, dun compromiso tácito de «obligado servidor».

e) Correspondencia única ou seriada: pídelle contestación ou confirmación do seu apoio, mais non semella que a comunicación entre ambos sexa fluída ou habitual. É un acontecemento puntual.

3) Carta de don José Valladares a don Lorenzo Varela Sarmiento. Lugo, 15 de decembro de 1839.

> «Mi muy estimado y querido amigo: grave es pr. cierto la situacion de la Nacion como V. dice y tanto mas cuanto se estan formando mil y mil ilusiones y falsas ideas que pueden ocasionar nubarrones temibles. En la decision y homogeneidad del Gobierno no puede dudarse. Calderon me escribe confidencialmente y con la mayor decision. Ahora bien: ¡cuantas veces pr. evitar un estremo se incurre en otro!...¡Cuantas veces pr. contener una revolucion se da lugar á otra peor!... Como quiera yo nada temo pr. las cosas publicas y estoy muy seguro de que en las proximas elecs. no triunfan ni con mucho los llamados progresistas Casi en todas partes salen los

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ricos propiets. a la palestra y el triunfo es suyo como siempre debió serlo sino fueran indiferentes ó apaticos. Aqui se unen en regla: ya triunfaron en la eleccion de concejales y tanto quieren hacerlo en la de Diputados que aspiran á qe. lo sean solo de su clase y vecindad comenzando pr. Campomanes. Tienen razon: obran en su sentido y yo les alabo el gusto. En la Coruña sé qe. tambien se reunen en forma los moderados, pero creo qe. no se encierran en un circulo tan estrecho. En esa habra consecuencia como siempre si no falta el teson y delicadeza de siempre. Sin embº. no espero que Pita salga diputado; pero debo esperar alomenos qe. sea propuesto senador como un feliz acomodamiento pª evitar mas cuentos y tonterias. Mucho puede hacer la prudª. de V. Por lo que á mi toca parece que algunos amigos quieren sustituirme al malogrado Cadabal. Lo agradezco, pº me importa tan poco ser diputado que sentiria que pr. mi hubiera la menor escision entre los amigos y vecinos á quienes tantos favores debo. Hablo con ingenuidad: vivo mas en el porvenir de mis hijos que en el mio : solo deseo la paz con Ysabel; y aun pr. eso estoy muy contento de que esas filas nacionales se aumenten y honren con nuevos apasionados. Asi es como el dia del peligro o del infortunio (qe. Dios no permita) todos nos uniremos y seremos amigos. Bien que en la prosperidad cada uno estornude como Dios le ayude. En fin, aunque V. tiene spre empeño en achicarse, todos sabemos bien lo que puede y vale. No se retire: haga todo cuanto pueda en obsequio de nra provª; si, de nra provincia, con cuyo nombre llenare spre mi voca y mi corazon, y yo quedo seguro del buen acierto. Por lo demas ruego á algunos parientes de V. que me dejen pr. dios en paz... Ningun mal les hize... y si es bien publico fui su apasionado e hize en obsequio de su opinion cuanto pude cuando algo pude...

Aqui pr. ahora estoy contento : la pacificacion sigue en el mejor estado y siento un placer vivisimo en poder contribuir en algo á ella. Tampoco me olvido de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Lalin y si mis proyectos no salen fallidos ó esta ó estara pronto pacificado. El Genl y yo estuvimos muy conformes. Aqui nos anuló los bandos &
> Tambien estoy contento en verme libre del G.P. ps. acaba de ser nombrado en comision Gefe el juez de Villalba Sanjurjo qe. dicen es tan decidido como prudente y juicioso
> No falta quien asegure y aun se publicó en esa qe se me dejará cesante & Mis mejores dias pasaron en medio de grandes trabajos y tiene asi egercitada la paciencia su muy apasionado y obligado amigo
> Jose Valladares
> Muchas cosas á los compañeros y ams. de Diputº. y su Scio.»

Análise carta nº3, de Valladares a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: diríxese a Varela en terceira persoa, coa formalidade do vostede, mais a dedicatoria do encabezado está adornada por «estimado y querido amigo», mentres que na despedida remata dicindo «apasionado y obligado amigo». Non hai parentesco, nin intimidade na amizade. É unha relación forxada nas institucións, na Deputación. Malia a corrección no trato, as verbas de Valladares destilan confianza. Confesa varios aspectos da súa vida persoal, das súas aspiracións políticas e profesionais, así coma información e percepcións que ten da situación política. Valladares e Varela son dous amigos políticos que se gardan certa simpatía e proximidade.

b) Alusións á familia e/ou amigos: non hai referencias ás respectivas familias, tan só unha mención ao «porvenir de mis hijos», aínda que cun sentido máis histórico que persoal. Están a falar de política e Valladares non se extravía da cuestión fundamental con outros comentarios de cortesía sobre a saúde da parentela. De feito, só vai ter enviar saúdos aos amigos na posdata: «muchas cosas para los compañeros y amigos de Diputación y su Secretario». Isto fornece a idea da natureza política da súa amizade. O resto de referencias da carta atinxen

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ao ministro de Gobernación Calderón Collantes[160], ao «malogrado» Cadabal[161], e ás autoridades políticas da provincia de Lugo, onde Valladares estaba a exercer de intendente, cargo do que pensaba ser cesado. A máis significativa das alusións é para «algunos parientes» de Varela, cos que debeu entrar en conflito, e que non poden ser outros que os curmáns López: Diego, Ramón e Joaquín, patróns nas eleccións moderadas en Pontevedra.

c) Eleccións: son varias as cuestións que aborda Valladares sobre a «grave» situación política. Maniféstase moderado, do lado dos «ricos propietarios», que son os que deben gañar as eleccións, «sino fueran indiferentes y apáticos». Non teme aos vellos carlistas, confiando no aumento da causa de Isabel e na «pacificacion». Así e todo, asoma unha velada preocupación: que unha facción moderada asentada en Madrid controle o partido e as eleccións en Pontevedra. Netamente, trátase dunha loita polo poder. Por iso eloxia que as eleccións na Coruña non *«se encierran en un circulo tan estrecho»*. Tenta motivar a Varela para que faga valer os intereses da provincia, dando a entender que a representación política da mesma pode ser instrumentalizada polos intereses de Estado. Valladares amósase ante todo coma

[160] Don Saturnino Calderón Collantes foi ministro de Gobernación entre novembro de 1839 e abril de 1840, dentro do Goberno de Evaristo Pérez de Castro. Deputado pola provincia de Ourense, debía coñecer persoalmente a Valladares, mais non é posíbel precisar en que momento trabaron amizade. Calderón tiña casa en Santiago e na Coruña. Na súa actividade política non destacou por defender os intereses galegos, "o seu punto de mira era máis elevado". Fondamente elitista e anticarlista, representaba o conservadurismo dos grandes propietarios que dan entrada á alta burguesía para dinamizar a economía. Barreiro Fernández, 2001 (a): 143- 145. Nestas eleccións de 1840, Calderón sae elixido por Santander, A Coruña e Ourense, xurando o cargo por esta última. Un irmán seu, Fernando, era xuíz en Vigo. Foi investigado por posíbel fraude electoral nos comicios de xullo de 1839. Curiosamente, a Audiencia da Coruña solicita información a don Lorenzo Varela sobre a conduta de Fernando Calderón, en novembro de 1839. ADPO, Fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4.

[161] Don Juan José Cadabal foi deputado por Pontevedra na lexislatura 1837- 1839. Tería falecido o 13 de novembro de 1839. Deixaba unha biblioteca no seu pazo de Nigrán cunha ilustrada selección de autores: Montesquieu, Tocqueville, Campomanes, Jovellanos, Feijóo, Guizot, Bentham, Chateaubriand, Cervantes, Moratín, Martínez de la Rosa, Toreno, Miñano, entre outros. Pérez García, 2007: 127, n.32.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

un político no terreo, nas administracións periféricas, apostando pola representación e integración dos distintos territorios, por riba doutras consideracións de alta política ou interese xeral. Sabe que Varela vai seguir aos seus parentes, López- Ballesteros, pero intenta que arranque algunha candidatura a Cortes que defenda os intereses de Pontevedra. Non chega a solicitar a súa propia candidatura, co argumento de non causar «escision», mais a súa «ingenuidad» non oculta o honor que trae o cargo. Adula a Varela, que podería ser un bo candidato, mais non lle fai unha proposta en firme. O que pide de Varela é que discuta as candidaturas, que non se pregue ao arranxo dende Madrid. Do seu amigo Fontán non di unha palabra, de momento.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai compromisos ou críticas ao respecto, tan só fai mención dos «favores» que debe a amigos e veciños, mais nun sentido social, de recoñecemento e confianza.

e) Correspondencia única ou seriada: o estilo da carta denota que houbo comunicación epistolar previa e que vai continuar no futuro, non de xeito habitual, mais si con certa periodicidade. No marco desta amizade política comparten información, confidencias, mais tamén pretenden influír ou contrastar opinións e decisións. Nas seguintes cartas pódese ver a evolución deste conflito político.

4) Carta de don José Valladares Gómez a don Benito Espinosa Varela. Lugo, 18 de decembro de 1839:

> «Mi querido amigo: mucho celebrare que nto pais se vaya despejando y que tu y la Sª os mejoreis ps. qe. cansados debeis estar pr. todos lados de padecer. Aqui a dios gracias no tenemos novedad. No fue sin fundamtº. la noticia de mi separacion: algunos pocos á quienes pr. cierto ya solo ya á tu lado sostuve con la finura y lealtad de una verdadª. y generosa aficion se empeñan en pintarme clubista, revolucionº. &.&. Dios se lo perdone y quiera que me dejen como los dejo en paz. Me escribió directamte. y en confª. uno de los

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Ministros y no sé que efecto habra producido mi contestn. en aquellas altas regiones. Por lo demas conformes en principios dejaremos á un lado las personas y sepamos qe. no han de venir de Madrid pª diputados, sino qe. han de ir de aqui pª. alla. Esto supuesto poco importa que manden candidaturas: vi las que recomiendan en toda Galicia, y nra. Prvª solo de los mismos dejan en blanco á Fontan y á mi pr. supuesto.& Conque, hablando claramte., si quedamos fuera culpa sera tuya, del amº. Varela y Caballero pues qe. los tres hareis inclinar la balanza adonde querais. Y otro tanto digo si Pita no es alomenos propto. senador. En fin yo sé sugetarme á los amigos y no exigir de ellos mas de lo que quieran buenamte. darme. Procura la salud y con mis cariños a la Sª., famª y Estacas dispon de tu apasionado
> José Valladares.
> P.d. Escribo a Fontan templando un poco su genio... pr. qe. no conviene qe. se exalte y estravie... Con reserba esto».

Análise carta nº 4, de Valladares a Espinosa:

a) Tratamento e relación persoal: o encabezado é de «querido amigo». Xa se apuntou con anterioridade que don José Dionisio Valladares Gómez del Río y Rozas estaban unidos por un parentesco antigo con don Benito Espinosa. Ademais foron veciños na infancia, a unha legua escasa entre Cascaxide e a parroquia de Graba. Coetáneos e amigos, trátanse de ti, o que indica unha familiaridade que non se adoita atopar na correspondencia dos notábeis. Ademais, esta carta, comparada coa que lle envía a Varela nestas datas, salienta unha maior confianza para falar da cuestión electoral, que aborda sen rodeos nin adornos retóricos. Talvez non precisa usar o tratamento de parente porque a súa fonda amizade é credencial suficiente, sen circunloquios protocolarios.

b) Alusións á familia e/ou amigos: ten lembranzas para a Sra. e para Estacas, esposa e irmán de Espinosa,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

respectivamente. A esposa de Espinosa tamén compartía algún devanceiro con Valladares. Non ten palabras para os amigos da Deputación, coma na carta de Varela, mais si alude a Varela e Caballero, coma facedores da elección xunto con Espinosa. Tamén menciona nesta carta a un ministro, que é Calderon, mais non cita o seu nome. É probábel que Espinosa saiba de que ministro fala. Así mesmo, parece factíbel que Espinosa coñeza quen son aqueles que pintan a Valladares de «clubista, revolucionario», porque os ten apoiado xunto con Espinosa. Poden ser os parentes que indicaba a Varela, que serían tamén de Espinosa, pero aquí non se para a explicalo. Por último, escribe na posdata de Fontán, que debe estar moi anoxado pola exclusión da súa candidatura. Aquí vese un Valladares máis reflexivo e conciliador, mentres que Fontán sería un político temperamental.

c) Eleccións: amósase máis directo que na carta de Varela. Sostén sen ambaxes que os deputados «han de ir de aquí para allá». Cando escribe das candidaturas moderadas que veñen de Madrid, defíneas coma «recomendaciones», insistindo que son eles, as notabilidades provinciais, os que deciden. Fundamentalmente, cita a Varela, Caballero e Espinosa porque entende que pode chegar a conseguir o seu apoio mancomunado. Cómpre lembrar que na Deputación formada en decembro de 1837 aparecen os tres hospedados na mesma fonda pontevedresa[162]. Non hai mención doutras figuras, coma os Maceyra e Hermida de Tui, quizais porque non conta co seu favor[163]. En definitiva, esta carta persoal describe con claridade a exclusión de Fontán, Valladares e Pita das filas moderadas. Respecto ao senador Pita, cómpre lembrar os durísimos ataques de don Claudio González á designación de Pita nas eleccións parciais de maio de 1839. Presentara unha

[162] Estaban aloxados na Posada da Asturiana. *Vid.* "3.3.4. Censos e distritos de 1837. Eleccións provinciais". ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais (1837- 38)*, 187/8.

[163] Na carta número 9, remitida por don Joaquín López Vázquez Ballesteros, relata o malestar que causou nos notábeis tudenses unha reunión pública que convocou un amigo de Fontán, Arias Seoane, na que acusaba ás «*pandillas*» de deturpar as eleccións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

reclamación no Senado na que aseguraba que Valladares era «dispensador de las gracias de Pita», quen exercía de «mecenas»[164]. Con maior ou menor credibilidade, esta e outras fontes sinalan o entendemento político entre Pita, Valladares e Fontán.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai lugar para falar de favores e empregos, en todo caso, do seu oposto: a cesantía. Vai ser apartado da intendencia de Lugo por amosar esa independencia de criterio, por non pregarse aos dirixentes do partido en Madrid. É dicir, vén de perder a confianza dos patróns do partido.

e) Correspondencia única ou seriada: é posibelmente unha carta máis entre tantas que deberon compartir en vida. Como amigos persoais que ocupan cargos nas institucións liberais, deberon intercambiar información e opinións ao fío dos distintos episodios políticos.

5) Carta de don Diego López- Ballesteros dirixida a don Lorenzo Varela. Madrid, 21 de decembro de 1839.

> «Qdo. Lorenzo. Mis ocupacnes no me permiten escribirte con la frecuencia que deseara, asi que lo dejo siempre pª cuando hay motivo. El de hoy es participarte que recibi ayer carta de Jacobo de fha 1º de Junio; quedaba bueno y lo mismo Conchita con sus hijos Benito y Gabriela. Doyte esta noticia por si á tus manos no llego carta de epoca tan moderna. Me añade Jacobo "que seguia en el proposito de salir pª Europa á fines de 1840, aunque vé que el actual estado de la peninsula no [ilexíbel] vida ciertamente á un padre de familia qe. desea vivir tranquilamte, en medio que por alla se corren riesgos y no faltan disgustos". Estas son sus palabras exactamte copiadas. Me parece que si aguarda á que en España haya orden y concierto larga la lleba: por algunos años hay que avenirse á ir pasando del mejor modo posible. En este sentido le

[164] Reclamación datada en Pontevedra, 9 de setembro de 1839, que contén a ficha do senador Pita Pizarro. Arquivo do Senado: ES.28079.HIS-0349-06; //www.senado.es//; *Vid*. "3.3.5. As reiteradas convocatorias electorais de 1839".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

contestaré y tambn le estimularé á que regrese: bastantes años ha estado separado desta Metrópoli y á ella debe yá volver.
Te supongo muy ocupado en trabajos de Diputación provl con motivo de las eleccnes para D. á Cortes. Es necesario que los hombres como tu y otros de arraigo y reputacion piensen en venir á desempeñar delicado encargo y solo así siguiendo la semejante convinación en todas ó la mayor parte de las provs es como debe esperarse un Congreso tal como el que necesitamos, el cual estaria considerado y haria lo que conviene. No dudo que me protejas en la proxima eleccn si no se verifica la idea que dejo indicada. Si esta tiene lugar, nada deseo, porque antes de todo es el tiempo de las propuestas beneficiosas al pays y por tal tengo la referida. Estaré agradecido siempre a los favores que me has dispensado. Si ahora hay obstaculos y pueden resultar inconvetes de que se dividan las votaciones por candidatos diferentes aunque de una misma opinion, gustoso quedaré con que triunfen los principios aunque mi esclusion sea lo que se acuerde. Soy hombre de partido antes que servir de embargo a convinaciones que se quieren ver realizadas con toda esta franqueza y cordialidad te hablo.
Te recomiendo mucho á Alcala Galiano que por su talento y medios oratorios merece estar siempre en el Congreso. Su perdida es irreparable y habiendo como hay temores de que no (…) por Cadiz, de conveniencia es que sea votado por otra provª. Se le ha fijado pª candidato por Pontevedra y en esta medida se ha contado con la cooperación de los hombres influientes y bien reputados. Tu estás en disposicion de prestar este servicio a la Patria, que yo considero de importancia y como tal te lo recomiendo
Da espnes. a tus hermanas: esperame para la primavera y dispon como gustees de tu affmo
Diego»

Análise carta nº 5, de López- Ballesteros a Varela:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a) Tratamento e relación persoal: o encabezado «Qdo. Lorenzo» subliña a maior das intimidades. O nome de pía está reservado para familiares directos ou amizades moi estreitas. Por outras cartas, sábese que manteñen trato de curmáns, malia que é o pai de Diego, o exministro don Luis, quen garda este parentesco con Varela e Espinosa: son os 3 fillos de irmáns. Con todo, os fillos de Espinosa falan do pai de Diego coma o «tío Luis». A relación familiar está tan intimamente forxada que Diego non precisa usar formalidades epistolares, limitándose a escribir «Qdo.» e «affmo» coma dedicatoria de inicio e fin.

b) Alusións á familia e/ou amigos: a diferenza doutras cartas de notábeis, aquí a familia semella ser o prioritario. Diego afirma que o pretexto para escribir a Lorenzo é unha carta que onte recibiu de Jacobo, irmán de Lorenzo, dende Filipinas. Así, resulta curioso que sexa este o motivo, cando os dous seguintes parágrafos versan sobre as eleccións en exclusiva. Ademais, cando fala de Jacobo engade comentarios sobre a situación política: non hai «orde y concierto», hai que «avenirse á ir pasando del mejor modo posible». Por último, envía saúdos ás irmás de Lorenzo nunha sucinta frase, sen máis lembranza do cura de Estacas, o tamén curmán Francisco Espinosa, que adoita saír a relucir nas cartas persoais dirixidas a Varela.

c) Eleccións: malia este recurso ás novas de Jacobo Varela, a carta parece ter por obxecto arranxar as candidaturas moderadas. Seguidamente, e tras ter demostrado que é un útil aliado, xa que lle proporciona a Varela información das colonias e de Madrid, introduce a cuestión das candidaturas cunha suposta oferta de cooptación. Suxire Diego que «hombres como tu y otros», mais non insiste nin adorna unha posíbel candidatura de Varela, como correspondería, tan só a cualifica coma unha das «propuestas beneficiosas al país». Trataríase, pois, dunha sutil evocación do perfil social do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

representante, amigos que atesouran «arraigo y reputacion»[165], no que pode ser unha táctica de identificación. Diego reúne ambas condicións: naceu na provincia, é fillo do exministro López- Ballesteros e curmán de Varela e Espinosa, amos de cadansúa tulla electoral. Ademais, ten por diante unha prometedora carreira en Facenda e nas Cortes. Disto despréndese que a carta de Diego é realmente unha confirmación da súa candidatura. Agora ben, Diego amósase sacrificado, disposto a quedar sen escano, se as propostas de candidaturas «de una misma opinión» ocasionan que se «dividan las votaciones». É un argumento semellante ao esgrimido por Valladares cando dicía que no quería causar «escisiones» entre os amigos. A idea de unidade é un ideal político de gran valor, mais mentres Diego apela a unha unidade de opinión, Valladares alude aos amigos. Diego pecha o círculo de elixíbeis dentro do núcleo moderado, Valladares busca o escano nas redes de notábeis provinciais. En ambos casos, están a postularse discretamente coma candidatos. Estes escrúpulos á hora de defender a propia candidatura están na cultura política da época, logo é posíbel que esta humildade de Diego, e tamén a de Valladares, sexa finxida[166]. Certamente, o fío argumental de Diego revela gran astucia xa que, comeza sinalando a Varela coma un candidato capaz, para despois amosarse a si mesmo coma o representante ao que sempre apoiou Varela. Fala de «arraigo», e a continuación recomenda a Alcalá Galiano, e pide explicitamente a cooperación de persoas «influientes», coma Varela. É dicir, volve a adular a "reputación" de Varela cando está a pedirlle o «encargo» da

[165] Condicións que son máis sociais ca políticas, xa que consisten en ser recoñecido pola comunidade que vota. Esa é a razón de "notabilité" ou "notoriété". De tal xeito, as súas ideas políticas son inseparábeis da súa biografía. Guionnet, 1997: 190- 194. En liñas xerais, as capacidades esixidas a electores e candidatos eran a propiedade e a intelixencia. Obsérvense, xa que logo, os matices localistas que aportan o «arraigo y reputación». É o corpo electoral o que avala estas virtudes do candidato. Próximo a unha visión "descritiva" da representación (Pitkin), que entende ao deputado coma "un patricio natural de su comunidad". "Reconocible y, consecuentemente, reconocido". Sierra, Zurita, Peña, 2006: 18- 20, 27- 28.

[166] *Ibíd.* Unha "lóxica" derivada do recoñecemento social do candidato é que a propia postulación fose considerada coma algo "indigno".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

elección do gaditano[167]. Un favor que, por outra banda, é algo insólito e polémico. Os representantes da provincia eran ou ben naturais ou ben persoas moi significadas na historia recente da provincia. Alcalá Galiano era unha das principais figuras políticas do partido moderado, mais non tiña relación algunha con Pontevedra. A frase «se le ha fijado pª candidato por Pontevedra» é dunha claridade meridiana. Esquécese aquí do «arraigo» ou dos intereses da provincia, é unha cuestión patriótica. O nexo está no partido, por iso Diego introduce a candidatura do gaditano tras definirse el mesmo coma «hombre de partido». É o partido quen o pide. Unha contradición co discurso oficial, xa que o propio partido esconde esa denominación, preferindo falar de "candidaturas" e "comisiones"[168]. Ao respecto, lémbrense os ataques recíprocos coa descualificación "hombre de partido" entre moderados e progresistas[169]. En definitiva, Diego López-Ballesteros trata o asunto electoral con gran cautela. Pese a falar cun familiar moi próximo, non é directo, non explica as súas verdadeiras intencións, nin a estratexia deseñada polos

[167] Pódese adiantar que Alcalá Galiano saíu elixido pola provincia de Pontevedra (15.264 votos). En Moraña foi o candidato máis votado, seguido en segundo lugar por Diego López-Ballesteros. O primo Lorenzo cumpríu co «encargo» patriótico que lle encomendaran. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas de elección de senadores e deputados (1840)*, caixa 226/1/3.

[168] ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. "A los electores", folleto da comisión central das candidaturas monárquico- constitucionais. Madrid, 29 de novembro de 1839. Propoñen a formación de *«comisiones electorales»* nas provincias e nas cabezas dos partidos xudiciais, que eviten ilegalidades, e reúnan *«voluntades dispersas á favor de los candidatos mas dignos»*. Unha exposición que pretende emendar a imposición de candidaturas en xullo de 1839, tal e como analizara Pastor Díaz, nun exercicio de autocrítica moderada.

[169] Xa se comentou con anterioridade que "home de partido" tiña na publicística da época un significado pexorativo, coma homes de parcialidade política que perseguen o seu propio interese. Con este sentido, aparece a crítica no folleto progresista -tamén- titulado "A los electores", Madrid, 22 de xuño de 1839. ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. Esta idea tamén está presente en Pastor Díaz, 1839: 4-7, 41. Cómpre engadir que Pastor Díaz fora protexido polo mecenas don Manuel Fernández Varela, dignidade eclesiástica de gran influencia e inclinacións artísticas, amigo persoal de don Luis López- Ballesteros, sendo moi probábel que existise trato persoal e político entre Pastor e Diego López- Ballesteros. De aí que resulte sorprendente esta contradición entre o que afirma Diego, coma "hombre de partido" e o discurso de escritores coma Pastor.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dirixentes do partido. Preséntalle a Varela un discurso correcto, mais falto de autenticidade. Isto ponse de relevo cando se compara coa franqueza do curmán Joaquín con Varela, ou a do amigo Valladares con Espinosa, tratando este mesmo asunto das candidaturas de 1840.

d) Favores e arranxos clientelares: a única mención aos "favores" ten un significado de preferencia ou apoio. Unha confianza que Diego recoñece e agradece, no momento –electoral- de renovar estes lazos.

e) Correspondencia única ou seriada: Diego e Lorenzo deberon manter unha correspondencia regular. Co andar do tempo houbo lugar a confidencias persoais. En 1837 e 1839 as cartas de Diego amosan certa distancia entre unha figura da Corte e un notábel de provincia.

6) Carta de don Julián Rodríguez del Valle dirixida a don Lorenzo Varela. Pontevedra, 23 de decembro de 1839.

> «Muy Sr. mio y fino amigo: como el espiritu de intolerancia escluía tambien á Fontan y como pr. otra parte se aproxima el momento de la lucha, es cada dia mas necesario saber hasta que punto se puede contar con el apoyo de V. No basta lo quese ha servido manifestarme en nuestra ultima entrevista: hay necesidad de ser mas esplicito, de pronunciarse francamente. Si en la proxima reunion que ha de verificarse en esta se decide V. firmemente pr. Fontan y Valladares, seguro es que sus mismos adversarios los respetarán y aun talvez algunos tolerarán ponerlos en candidatura. Unido esto á los esfuerzos de los amigos contribuirá no poco en su favor. Bien sé que respondera V. haciendo presente lo mucho que contra los dos se trabaja; pero conviene advertir que tambien se hacen pr. ellos esfuerzos eficaces, a favor de los cuales se logrará (…), con tal que los contrarios no apelen á medios ilicitos.
>
> ¿Qué razon plausible se podra alegar pª. excluir á Fontan? Dejará nunca de ser una fea ingratitud el portarse con él de este modo? ¿No sostuvo con teson

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> poco comun en las cortes constituyentes los principios de orden y conservación? ¿No es en sus votaciones mas independiente que todos los pandillistas y tanto como los propietarios mas estirados? Omitire entrar en comparaciones personales, porque son muy odiosas; pero si en ese terreno entrasemos, también estoy seguro de presentar en defensa de Fontan y Valladares argumentos de peso tal que no tengan solucion á no recurrir á la mala fe, á la calumnia y otros medios infames.
> Ruego pr. fin á V. que se sirva manifestarme con franqueza su ultima resolucion. Aun me atrevere á pedirle mas, y es que, sino tiene inconveniente, se toma la molestia de decirme el dia de su venida y el punto del camino donde podre esperarle afin de que nos sea facil hablar con extensión y libertad antes de su llegada á esta.
> Espero que V. tendra la bondad de dispensarme esta franqueza y ordenar con la misma cuanto guste á su apasionado amigo
> Juln.Rodz. del Valle».

Análise da carta nº 6, de Rodríguez del Valle a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: o uso de «señor», «fino» e a despedida de «apasionado» eran habituais entre amigos políticos que non tiñan parentesco nin relación persoal. Coñécíanse, terían falado con anterioridade en reunións e eventos, probabelmente enmarcados na vida social compostelá. Comenta que houbo unha «entrevista» previa sobre este asunto das elección, solicitando agora un novo encontro para falar persoalmente. Era don Julián un erudito versado en diversas disciplinas, profesor universitario e afervoado liberal[170]. Cuñado de Armada, marqués de Santa Cruz, o senador que

[170] Foi un dos máis grandes intelectuais da súa xeración. Obtivo o doutoramento en Medicina e Dereito, bacharelato en Filosofía e Teoloxía, licenciatura en Canons, e aínda estudaría Botánica, Grego, Química e linguas modernas (inglés, alemán) en Madrid. A única obra que se lle coñece é unha tradución do *Manual de Filosofía Humana* de Huntin (1831). Barreiro Fernández, 2001 (a): 571- 572.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

escribiu a Espinosa[171]. Remite a carta dende Pontevedra, aínda que a meirande parte da súa vida persoal e profesional discorreu en Compostela[172].

b) Alusións á familia e/ou amigos: Fontán e Valladares son a única referencia para Rodríguez del Valle. De feito, debía ser amigo persoal de Fontán. Non hai mención a Espinosa ou a outros notábeis. Divide a cuestión en «adversarios» ou «amigos».

c) Eleccións: escribe nun ton belixerante, combativo. Emprega termos coma «la lucha», «intolerancia», «pronunciarse», «contrarios». Sen miramentos, Rodríguez del Valle repite até en tres ocasións a «franqueza» coa que aborda este asunto. Compárese cos circunloquios de López-Ballesteros. Defende este remitente as candidaturas de Fontán e Valladares coma persoas «de orden y conservacion», fronte aqueles «pandillistas» que os queren tachar de revolucionarios. Esa independencia que outros censuran en Fontán é interpretada por Rodríguez del Valle coma condición do representante, á que adoitaban atribuír aos propietarios para ser elixidos. Só os amigos da provincia poden arranxar esta

[171] Casado en 1821 con dona María de las Mercedes de Puga Miranda (1794- 1868), nacida Armada y Guerra, era filla de don Juan Ignacio Armada Mondragón, marqués de Santa Cruz de Rivadulla, sendo irmá do senador e sucesor do título Juan Antonio Armada Mondragón y Guerra. O apelido Mondragón pode tender algunha liña de parentesco cos curmáns López-Ballesteros, Varela e Espinosa.

[172] A entrada biográfica de Barreiro Fernández (2001a: 571) recolle que ocupou distintos cargos de autoridade na administración provincial, sendo xefe político de Pontevedra, Palencia e Lugo. Porén, os datos de Fariña Jamardo e Pereira Figueroa (1986) non recollen esta xefatura de Rodríguez del Valle, que puido ser unha interinidade. Foi deputado por Lugo na lexislatura 1837- 39, con escasa transcendencia. O seu liberalismo foi radicalizándose até adoptar posicións extremadamente anticlericais. En 1843 foi "vocal secretario" da Xunta Gobernativa de Santiago que promoveu a insurrección contra o rexente Espartero: «un poder que ha desconocido su origen y mision». Unha copia da "Proclama" desta xunta debeu chegar ás mans de Lorenzo Varela. ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40. No levantamento de 1846 foi síndico da nova corporación municipal de Compostela. Tettamancy, 1908: 52. Entre 1848 e 1849, teríase asociado con Francisco Constanti Miller para abrir a librería Minerva, situada na rúa Acibechería. Constanti era xenro do libreiro Francisco Rey Romero, facéndose cargo da librería tras o falecemento do sogro. O negocio durou pouco, tendo liquidado en 1850.
http://www.georgeborrowstudies.net/reyromerostestaments/reyromerostestaments.html/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«ingratitud», forzando a que toleren en Madrid un deputado coma Fontán.

d) Favores e arranxos clientelares: no seu discurso non hai lugar para arranxos deste tipo. O favor aquí é preferencia e apoio.

e) Correspondencia única ou seriada: é plausíbel que se escribisen ocasionalmente. Co andar dos anos puido existir distanciamento, dada a radicalización de Rodríguez del Valle.

7) Carta de don Benito Espinosa Varela a don Lorenzo Varela. Santiago, 27 de decembro de 1839.

> «Querido primo; escribo traspasado de dolor; hace quatro dias qe tu comª. mi esposa recayo en su enfermedad; (…) la debilidad extremada; apenas se alimenta. Es la una y acaban de salir Varela, Olibares y Lazcano; acordaron ponerle causticos; le dan varios baidos pr la debilidad. Dios se compadezca de mi.
> En este estado ya ves qe no puedo concurrir a Pontevedra. Te incluyo las adjuntas pª tu gobierno; pero guarda la reserba correspondte.
> Fontan cuenta contigo, esta tremebundo; escribio a Joaqn., Patiño, (…) creo qe ms de 30 cartas; ya se separa de la candidatª de Pita con qe no le olviden; avisame de lo qe hayga pr lo qe se acuerde
> Ponme a L.P. de las primas y manda a tu apasionado primo y comp.
> Benito Espinosa Varela
> En el correo pasado de la Corª. llego Suances le dieron en serenata, y luego fueron a dar una cencerrada a [ilexíbel] de Orense»

Análise da carta nº 7, de Espinosa a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: son familia directa. Manteñen un trato de "primo", ao ser fillos de irmáns. O pai de Lorenzo fora curador de Espinosa durante uns meses, tamén o foi de Luis López- Ballesteros. Tratanse de ti e de «*compadre*».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

b) Alusións á familia e/ou amigos: Espinosa describe o estado de saúde de dona Benita, que é aludida coma «tu comadre». Está moi grave, falecendo en poucas semanas. Menciona aos médicos, que tamén debía coñecer Varela. Con certeza, estes fidalgos facían vida en Compostela, onde tiñan casa aberta. Tras o pasamento da súa esposa, don Benito vai pasar máis tempo en Cascaxide. Esta carta, malia ser unha comunicación informal, contén saúdos para as irmás de Varela.

c) Eleccións: a grave enfermidade da súa esposa impide que Espinosa se involucre nas eleccións e viaxe a Pontevedra. Nin sequera vai votar no distrito de Bandeira. Así e todo, ten a previsión de enviar as cartas que recibiu ao seu curmán Varela, ao que pide «reserba» e que lle informe do que «se acuerde». Resulta interesante que a decisión sexa en grupo, non particular. Aí pode estar a "combinación" que aparece noutras cartas. É dicir, Varela non adopta a súa propia postura, senón que se entende con outras notabilidades provinciais. Comenta Espinosa os movementos dun «tremebundo» Fontán reclamando apoios. Na posdata comenta unha serenata e unha cencerrada a dous notábeis: o progresista Suances (Padrón), e outro particular de Ourense[173]. Eran técnicas moi festivas e populares que servían para desprestixiar candidatos.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai lugar para estas cuestións.

e) Correspondencia única ou seriada: A súa comunicación epistolar debeu ser continua. Conserváronse poucas cartas, mais todas elas son efusivas e ateigadas de confidencias. Estes segredos de familia puideron motivar a súa destrución.

8) Carta de don Domingo Fontán a don Lorenzo Varela. Santiago, 31 de decembro de 1839.

[173] O aludido debía ser José María Suances, "importante propietario de Padrón e avogado". Foi deputado en Cortes en varias legislaturas (1836- 37, 1839- 40, 1841- 42, 1843, 1854- 56). Referente dos progresistas galegos, foi presidente da xunta constituída tras a caída de Espartero. O apelido do ourensán non é de fácil transcrición. Pode tratarse de Manuel «Tutor» García, quen sería deputado moderado na década dos 40. Descoñécese o motivo da *cencerrada*. Barreiro Fernández, 2001 (a): 659, 684.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«Mui sr mio y mui estimado amigo: estrañara V. mi silencio ahora qe. va a ser mi nombre el objeto de la inclusion o exclusion que de el quiere hacerse en las urnas electorales. Lo 2º es lo proyectado sagzmente empleando medios ya calumniosos ya de fuera intriga. De los 1ºs di conocimiento al Ayuntamiento de la Capital con el traslado de una carta del Sr. D. Claudio qe. me los reveló, y se reducen a decir que no tengo simpatias en aquella y partidos del Norte por haberse divulgado soi autor de un proyecto de division de Galicia en 3 provªs; una de ellas capitalizada en Santiago con un territorio de una zona de 3 leguas de ancho en el litoral comprehendido entre Tuy y el Cabo Ortegal, proyecto qe. tambien suponen elevado al Gobno y apoyado pr. Vigo, añadiendo qe. Pita y Valladares se brindaron a apoyarlo si se les nombraba diputados. Los medios de intriga menos ofensibos a mi reputacion se reducen a embaucar a los incautos, diciendoles qe. yo sere Diputado por Lugo; al paso qe. alli una junta de nobleza y clero excluya a los qe. no sean oriundos de aquella provª y y propietarios agrícolas o mayorazgos en ellas. La cosa esta bien urdida y hace mas de 15 dias qe. no se descuidan en concluir la (...) los qe. asi la calcularon conveniente a sus designios.

Yo impavido en sostener mi reputacion, publico el adjunto y me preparo a algo mas qe.reserbo, y espero confundir a muchos y hacer en ello un gran bien a mi pais, sea o no su diputado. Nada oculto al Sr. Espinosa, y no puede ser mas difuso con V. Su afmo amº y servr.

Domº Fontan»

Análise da carta nº 8, de Fontán a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: entre Fontán e Varela existe unha amizade política, que xurdiu na actividade institucional e política da provincia, e posibelmente tamén pola vida social compostelá. Manteñen trato de "vostede", aínda que hai confianza para relatar a situación política, indicar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nomes e axuntar a publicación dun folleto autoría de Fontán. Isto significa que Varela é un dos notábeis dos que Fontán agarda conseguir apoio.

b) Alusións á familia e/ou amigos: Fala de Espinosa no final da carta, xusto antes da dedicatoria de despedida. Non oculta nada a Espinosa e tampouco a Varela. Concíbeos unidos, cunha posición política conxunta. Fai mención a Pita e a Valladares, como amigos seus que sofren os mesmos ataques á «reputación». Don Claudio González sae a relucir, coma quen explicou a Fontán o motivo de ter perdido a «simpatias» de Pontevedra.

c) Eleccións: Fontán distingue dúas estratexias na súa exclusión. A primeira sería difamatoria, xa que difunde a idea de que Fontán defende a supresión da provincia de Pontevedra. A segunda sería unha intriga para contentar a «incautos», porque asegura que Fontán vai saír por Lugo, cando é posíbel que tamén alí se vexa excluído por non ter arraigo de nacemento ou propiedades nesa provincia. En conclusión, Fontán observa que están a privarlle da reputación e o arraigo que ten na provincia de Pontevedra. Precisamente, son aquelas mesmas condicións que apuntara Diego López- Ballesteros para ser candidato. Non sorprende a aseveración de Fontán: «la cosa está bien urdida». En consecuencia, decide Fontán publicar un folleto aos electores que exaspera aos seus antigos amigos moderados.

d) Favores e arranxos clientelares: nesta carta non hai comentarios ao respecto. No folleto hai duras críticas a condutas arribistas.

e) Correspondencia única ou seriada: houbo correspondencia frecuente entre ambos, máis intensa en determinados contextos electorais. Nas eleccións provinciais e a Cortes, entre decembro de 1840 e febreiro de 1841, hai outra serie de cartas de Fontán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre os papeis da Buzaca consérvase o folleto que remitiu a Varela[174]. *"El ex -diputado Fontan a los electores de Galicia, y en especial á los de las provincias de Pontevedra y Lugo"*, está datado en Santiago, o 31 de decembro de 1839, no mesmo día que redacta a carta a Varela e achega un exemplar. Polo tanto, Varela era para Fontán unha das primeiras persoas ás que dirixir o seu escrito. Alí defende a súa actuación coma deputado *«segun mi leal entender y saber, no pocas veces en oposición con mis dignos compañeros y con el respetable ministerio»*. De aí pode provir a súa desavinza cos dirixentes moderados. Recoñece que *«no pocas veces clamé en desierto»*, ao tempo que foi dos primeiros en pedir «*reconciliación*». Non queren amosarse intolerante, senón íntegro. O extracto máis incisivo é cando censura aos deputados que usan a política para:

> «conservar uno su empleo, ascender en su carrera ó en otra, es medrar y especular en beneficio propio; es dar empleos á los parientes, deudos y amigos, es sostener en ellos á los buenos ó á los malos, es en una palabra abusar de vuestra confianza y sacrificar vuestros intereses en beneficio de la persona á quien confiais su custodia»

Seguidamente, desautoriza a aqueles que pretenden excluílo: «no reconozco á nadie con derecho á escluir mi nombre». Isto é en parte un contrasentido, xa que a solicitación do voto era social, non particular, así que tendo a oposición dun grupo relevante de notábeis, sería razoábel desistir. Mais Fontán xustifica que non poden eliminar a súa candidatura para impoñer *«el de hombres que no nacieron, no tienen arraigo, no habitaron nunca en nuestra Galicia; porque non pueden conocer nuestras necesidades, nuestros recursos, ni los medios que emplearse deben»*. Deixándose levar posiblemente pola carraxe acusa a estes patróns moderados de tratar *«de disciplinaros y daros la papilla como si fueseis niños de teta»*. E aínda remata cunha ameaza: que non o calumnien, *«porque entonces revelaré cosas que*

[174] ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

les sentarán muy mal». Este folleto de Fontán incendiou a campaña na provincia. As seguintes cartas darán conta da súa mala acollida.

9) Carta de don Joaquín López Vázquez Ballesteros a don Lorenzo Varela. Pontevedra, 3 de xaneiro de 1840:

> «Mi muy Qdº. Lorenzo: tu siempre tan fino qe. no sé como demostrarte mi agradecimiento; una vez qe. combienes en la impresión de la candidatura en perjuicio de lo qe. me dices, hoy se empezaria á publicar, ó mas bien dicho se tratará de imprimir. Conozco todo lo que dices respecto a lo de Caldas pº. tu puedes mucho, i al menos (…) sacarás gran Partido. Respecto á Fontan hai lo sigte., Arias Seoane se prensentó en esta, poco mas ó menos al mismo tiempo qe. Fontan escrivió unas cartas disparatadas hablando de pandillas i Partidos, i sugiriendo cosas qe. no existen pr. qe. nadie se ocupaba de el. Al mismo tiempo Seoane en Tuy convocó una reunion de todo el pueblo, diciendo en las esquelas qe. habia sido acusada la elecc^{o} de manejos desleales (la anterior) i tirando a las influencias en la corte i a los qe. hasta aquí lo fueron en las elecciones. Nros. Amigos los Maceyras Hermida i demas se pusieron en uñas se negaron á asistir se divulgó pr. la ciudad, i se le agrió su proijecto teniendo el hombre qe. humillarse i suplicar. Coincide con esto un papel impreso de Fontán, i desde luego se conoció qe. el tiro era á todos, procurando ellos de comun acuerdo salir aun cuando los demas fuesen como quisiesen. Vino la candidatura de Madd. pr. el Govnº. i la comºn central, i yo echando á un lado esa comision me circunscriví a la posicion qe. como Intendte. me correspondia. Hubo la reunion qe te anuncié en mi anterior se despreció á D. Domº i yo no puedo pr. lo mismo hacer nada pr. el, mucho mas cuando el exije como un derecho el que se le vote al paso qe ataca a las influencias. Afortunadamte mis amºs estan aunados decididos i resueltos i sus maquinacions se estrellarán en nuestra amistad. El convenio qe. yo tenia con Cavallero era

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

reciproco, tu saves en qe. consistia i esta derecho. Esta es la historia de todo. Vente luego y hablaremos largo. Remito los ejemps. del manifiesto, i haré todo lo que me indicas. Ponme á L.P. de las primas un abraz á Nicolas i tuyo (…) apasdº. primo i amigo
Joaquin
Espero á comer a Nicolas mañana i haré un encargo.»

Análise da carta nº 9, de Joaquín a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: manteñen trato de «primos» e fálanse de «tú»[175]. Este é o inicio da carta, que nos situa nunha confianza máxima. O estilo de Joaquín é directo, sen florituras nin rodeos, fundado en que son parentes e aliados políticos. Remata a carta redobrando estes vencellos familiares e políticos: «primo i amigo».

b) Alusións á familia e/ou amigos: as relacións afectivas aparecen aquí, malia que a carta sexa de rexistro coloquial. Hai saúdos para as irmás de Varela e para o primo Nicolás, que debe ser López- Ballesteros, irmán de Diego. En materia política, distingue aos amigos: os tudenses Maceyra e Hermida, e tamén Caballero, de Ponteareas; dos desprezados: Fontán, Arias Seoane[176].

c) Eleccións: relata Joaquín o transcurso dos acontecementos que levaron as «maquinaciones» de Fontán. Argumenta que o enredo foi forzado pola actitude de Arias Seoane e Fontán, que con acusacións de «pandillas i partidos», verquidas en reunións e cartas, concitaron a repulsa dos

[175] Joaquín e o seu irmán, o deputado Ramón, tiñan por pais a Pedro López de la Peña Zumalave e a dona María Vicenta Vázquez Ballesteros. Ela era filla do escribán don José Vázquez Betanzos e de dona María Rosalía López Ballesteros de Mondragón, tía esta última de don Luis López- Ballesteros Varela. En puridade, Joaquín e Lorenzo non serían curmáns, tan só parentes grazas á liña dos Mondragón.

[176] Don Antonio Arias Seoane é outro dos eruditos da época con inquedanzas políticas. Natural de Tui (1803) estudou Artes, Leis, Canons, e conseguiu a cátedra de Hebreo na Universidade de Santiago. Tamén foi catedrático en Valladolid. En política, foi deputado provincial en Pontevedra (1841), e seguidamente en Cortes (1841- 42), malia ser de adscrición moderada. Acompañou a Fontán en ambas institucións. Barreiro Fernández, 2001 (a): 78- 79.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

amigos moderados[177]. O impreso de Fontán marcou a cota máxima de tensión. Acto seguido, a comisión provincial, formada por estes amigos «decididos y resueltos», rexeita introducir a candidatura de Fontán, e publica un texto introdutorio á proposta de candidaturas que provén de Madrid[178]. Os designios dos parlamentarios serán cumpridos.

d) Favores e arranxos clientelares: cando alude a Caballero, quen era amigo político de Espinosa e Varela, emprega termos que poden dar pé a suspicacias: «convenio», «recíproco», «está derecho». Conta co apoio de Caballero, quen fora deputado provincial por Ponteareas, mais existe algunha contrapartida ou negocio. Pódese conxecturar que Joaquín beneficiou a Caballero nalgún asunto, devolvendo agora a Joaquín aquel favor. Isto significa que cando Valladares apelaba a Espinosa dicindo que a elección estaba nas súas mans e nas de Varela e Caballero, descoñecía que o contexto non era propicio. Espinosa fóra da negociación electoral por motivos familiares; Caballero comprometido con Joaquín López Vázquez, por algún asunto previo; e Varela, fiel aos curmáns, non confía en independentes nin en terceiros partidos[179].

[177] A pesares da humillación que di que sufriu Arias Seoane, o certo é que os seus resultados electorais neste distrito de Tui foron óptimos. Recibiu 954 votos, sendo o oitavo candidato máis votado, superando a Claudio González. Con todo, as candidaturas moderadas oficialistas obtiveron entre 1.003 e 1.000 votos. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas de elección de senadores e deputados (1840)*, caixa 226/1/3.

[178] Na Buzaca existen dous exemplares destas candidaturas: 1) o impreso editado en Madrid, que debe ser o que enviou Rodríguez Vaamonde a Varela; 2) a copia impresa en Pontevedra, coa introdución da comisión provincial, asinada por Claudio González, que é con toda probabilidade un dos exemplares que remitiu Joaquín. Así mesmo, se lle foron enviadas máis copias, Varela puido entregalas a electores importantes do seu partido xudicial. Lonxe de ser unha anécdota, a difusión de documentos políticos era unha actividade crucial para conseguir esa "combinación" nos distritos electorais. Non en van era o programa moderado coa lista de candidaturas. ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40.

[179] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela y Sarmiento (1829- 1839)*, 34.371/4. Varela escribiu o borrador dunha carta explicando a súa posición política. Figura no final das cartas de 1839. Tras analizar as cartas, tanto de decembro coma de xaneiro de 1840, presentaranse algúns extractos deste borrador. O contido é esclarecedor do escaso predicamento dunha terceira forza política.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e) Correspondencia única ou seriada: a maiores doutras cartas persoais, nestes anos deberon manter correspondencia política de xeito habitual, mentres Joaquín serviu de enlace entre os moderados de Madrid e Pontevedra. Era Varela un dos seus principais apoios na provincia. Este rol de intermediario puido exercelo anteriormente Fernández Villaverde, que en 1840 estaba en Cuba. Andando os anos esa función parece que recaeu en Francisco Riestra.

10) Carta de don José Valladares Gómez a don Lorenzo Varela. Lugo, 12 de xaneiro de 1840:

> «Mi muy querido amigo: el lenguaje de V. tan conforme con sus sentimientos y los mios me convence cada vez mas de que todavía es posible sostener el buen nombre que se adquirió y merece esa bella provª. No falta sino un paso mas: hablarse y combinarse sin miedo y con decisión los hombres de bien, los que piensan y ven las cosas com V. y son a la vez tan independientes por su favorable posicion debida á su nacimiento y á su fortuna. Que?; Ha de ser un impio y escandaloso el que ha de usurpar los derechos que la naturaleza misma concede á la virtud garantizada pr. la propiedad y por la ley? Un joven á quien todos quisimos mucho y que en verdad tiene escelentes disposiciones pª. ser un buen empleado; porque desgracia cambió la virtud y el merito de tantos amigos pr. la asociacion de un sujeto que, cualquiera que sea su osadia, ninguna garantia puede ofrecer ni ofrece al hombre de bien?; Porque asi alucinado trastornó el buen juicio de los amigos de la Corte y nos añadió un conflicto mas con la eliminación de un hijo celebre de la Provª? ¡Ah!; no sabe vengarse el qe. pr. un enemigo que piensa abatir aumenta ciento que combatir!...
>
> No existen talentos grandes sin grandes pasiones: las tiene el amigo Fontan, no feas ni ordinarias, sino de ambicion y orgullo; pasiones sin las cuales ni se emprenden mapas costosos ni se hacen oposiciones fuertes á sujetos poderosos en dias de peligro y de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tormenta. Pero, á que escitarlas con mezquindad y obligarlos asi á que rebosen, se extravíen y desciendan al misero terreno de personalidades y cuentos de lugar?...

Aseguro á V., mi amigo, que cuanto ha pasado no alteró un momento mi sosiego ni suspendio la risa que me es genial en mis labios; pero lo de Fontan y desps. su manifiesto me llenó de amargura. Le escribi reprendiendole con cuanta energia lo permite la amistad y me contesta confesando cuanto debe y estima al celebre Ministro gallego nro vecino y á su familia y que lo publicará á su tpo &&; pero el mal está hecho en parte y la imaginación de Fontan es victima de momentos que sus amigos ausentes no pueden prevenir. Si unos no abandonaran á Fontan, otros mas peligrosos no se atreverian á rodearle y escitarle hoy. No se sabe hasta donde pueden llegar los efectos de una imprudencia innoble. Confio todavía en el buen juicio de tantos hombres de bien que tiene la provincia. Ellos sabran acortar eliminando para siempre las protuberancias y escrescencias que producen humores estranos frutos de malas digestiones. Conciertese V. con los amigos de Puenteareas, con Espinosa y con otros qe. V.V. saben bien, y salvaran la provincia de todo conflicto; la salvaran hoy cuando es mas preciso que nunca asegurar el acierto en los primeros pasos qe van a darse en la epoca dichosa de la conclusión de la guerra. Acuerdense V.V. siempre que la (…)[180] politica del año de 14 fue el origen único de cuantos transtornos y males hemos despues sufrido. No las pandillas llenas de recuerdos ingratos y de venganzas perniciosas, sino el patriotismo puro é ilustrado, sino la virtud sin hipocresia pueden salvarnos.

Mientras la moderacion sea una virtude dependiente de la prudencia seran moderados todos los hombres de bien y seran á la par progresistas mientras el progreso sea una ley de la naturaleza dependiente del

[180] Pode dicir «errada».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

movimiento con que todo vive y se perfecciona. El error pues consiste en que unos olvidan las reglas de la prudencia para estacionarse en sus caprichos, y los otros las del movimiento para marchar en lineas rectas que conoce muy poco la naturaleza y envanecen mucho al hombre, pr. qe. alcanza á calcularlas con exactitud matematica; al poco que las curbas de la naturaleza se resisten á esta exactitud y solo desps. de calculos muy profundos y prolijos son conocidos pr. aproximación. ¿Quién es capaz de cuadrar exactamente el círculo imagen de la divinidad? Así que para mi tengo como V. que no marcharemos bien mientras no seamos dirigidos pr. hombres penetrados de estas verdades que abatan pr. un lado las pasiones innobles mientras qe. pr. otro escitan las virtudes; Cuando lo lograremos? cuando todos nos apliquemos á lograrlo, cuando especialmente todos los sujetos independs. é influyentes saquen el partido que deben de su favorable posicion.

En el dia no son pueriles los recelos de V.: nadie ignora la politica de los franceses é ingleses: todos sabemos que estos protegen á los progresistas y aquellos á los moderados. Nadie desconoce que unos y otros lo hacen mas pr. su interes que pr. el nuestro; pero lo mas delicado consiste en que los ingleses influyen en nro egercito grande y en su elevado caudillo. He aquí de que proceden esos famosos comunicados y los conflictos terribles en que se hallan los Ministros y en especial Calderon pr. su publica amistad con Borrego; cuyo nombre, el de Donoso Cortes y otros qe. pr. desgracia figuraron en la famosa Junta de Candidaturas de Madrid[181] seran siempre poco aceptables al Duque pr. sus zelos con Narvaez &&. He aquí, pues, como el diablo las urde pª una desgracia y el motivo mas poderoso pª qe. tengamos mucho tino y eficacia en las elecs.

[181] Os asinantes da comisión central foron: Martínez de la Rosa, Tarancón, marqués de Castelldorrius, Istúriz, Moscoso de Altamira, duque de Veragua, Huet, Acebai, Armendariz, Pidal, Egaña, Borrego, e Donoso Cortés. ADPO, pazo da Buzaca, *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40, publicación do 29 de novembro de 1839.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Ya vé V. que no oculto los motivos de los justos temores de V.; pero todavía tengo motivos fuertes para creer que llevaremos la mayoria: la conducta de Sanz que lleva intima relacs. con el Duque[182]: la seguridad de que este quiere de veras gente prudente y pacificadª.: la noticia segura de que aquí y en casi todas las provincias los progresistas quieren acomodamiento y se contentarian con sacar algun partido: la energia de los Ministros con los empleados: la paz que permite salir á la palestra a miles de ricos propietarios, eclesiasticos & antes ó (…) ó enems ó indiferentes: la opinión en fin que favorece muchisimo mas á los moderados, son razones poderosisimas pª. esperar mucho, y en efecto no hay duda según mis noticias. Lo unico que yo temo son las fullerias hijas de la ignorancia y osadia
>
> Aquí se han presentado dos estremos muy marcados, lo qe. produce algunos conflictos; pero no se duda del triunfo de los buenos principios
>
> Adios mi querido amigo. Aunque esa Diputº. no contestó á mi despedida, sirvase V. marnifestar á los compañs. mi grata memª. y honra con sus ordenes a su apasionado
>
> Jose Valladares»

Análise da carta nº 10, de Valladares a Varela:

a) Tratamento e relación persoal: Valladares considera a Varela o seu amigo. Escríbelle cun afecto de visos intelectuais, transcendendo o marco instrumental da política. Non obstante, Valladares ten máis confianza con Espinosa. Se existiu un achegamento con respecto á anterior carta, débese á resposta

[182] Non resulta doado identificar a este «Sanz». Consultáronse varias biografías, como a do filósofo krausista Julián Sanz del Río (1814- 1869), mais o contexto suxire que se trataba do galego don Laureano Sanz de Soto (1793- 1686), militar de carreira e capitán xeneral entre 1839 e 1840. Foi permisivo na pacificación carlista. De ideas moderadas, dimitiu e fuxiu en setembro de 1843. Chegaría a ser deputado (1844), senador vitalicio (dende 1845) e ministro da guerra en 1846, sufocando o levantamento galego de 1846. Natural de Tui, é posíbel que coñecese á familia Maceyra e a Hermida, patróns locais, e tamén ao deputado Rodríguez Vaamonde. Barreiro Fernández, 2001 (a): 631- 633.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que Varela lle remitiu: *«conforme con sus sentimientos y los mios»*.

b) Alusións á familia e/ou amigos: ten lembranzas novamente para os compañeiros deputados de Pontevedra. Non hai referencias ás respectivas familias. Espinosa aparece coma notabilidade, non polo parentesco que os liga. Hai mención dos amigos de Ponteareas, que ten que ser Caballero, xa que Valladares sabe que teñen boas relacións[183]. A sombra de Fontán está presente en toda a carta. Hai dúas alusións a figuras que, con pudor, non chega a nomear: 1) «un joven a quien todos quisimos mucho», «buen empleado»; 2) «celebre Ministro gallego nro. vecino y á su familia». Pódese conxecturar que estea a falar dos López- Ballesteros. O «joven» pode ser Diego, que sitúa asociado con alguén ao que cualifica de ousado, talvez Mon, ou incluso Alcalá Galiano, foráneo que vai ser candidato por Pontevedra[184]. O pai de Diego, Luis, encaixa co ministro: célebre, que pasou á Historia; veciño, porque está a residir na Golpelleira (Vilagarcía); e con familia, xa que son varios os curmáns que orbitan arredor do apelido Ballesteros. Esta fonte non ofrece máis información, polo que resulta imposíbel verificar esta hipótese. De quen falaba Valladares con verbas de cariño e decepción? Ten palabras tamén para o ministro Calderón, que non parece ser a celebridade anteriormente citada, e para outros políticos da Corte (Borrego, Donoso). Está a debuxar Valladares un mapa prosopográfico moderado, no que se insiren tanto el coma Fontán. É dicir, non quere que as familias políticas moderadas os repudien.

[183] En Ponteareas está a medrar o poder das familias unidas por matrimonio Araújo y Alcalde e Bugallal, mais en 1840 aínda é Caballero quen lidera o distrito.

[184] Cómpre lembrar que Valladares fora deputado na legislatura 1837- 39, coñecendo persoalmente aos dirixentes do partido moderado. Esa «ousadía» era atribuíbel a Alcalá Galiano? Acaso non ofrecía «garantía» aos homes de ben? Era ese ser «impío y escandaloso» que pretende «usurpar» os dereitos de Fontán? Ou era Alejandro Mon aquel home escandaloso? Naqueles anos mantiña Mon unha relación sentimental cunha muller casada, Rosa Martínez, que era esposa do seu tío materno. Esperando un fillo ilexítimo, falece o marido, e esta muller dá a luz en Francia. Corría o ano de 1838. Co tempo, contraerían matrimonio e este fillo sería recoñecido.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

c) Eleccións: a polémica exclusión das súas candidaturas susténtase en cuestións persoais e tamén políticas, partidarias. Valladares non parece responsabilizar a Calderón, Donoso e demais firmantes da comisión central, eses «amigos de la Corte» senón a alguén que participou nunha comisión de paisanos en Madrid e que «trastornó» o asunto das candidaturas. Nesa última comisión estarían os curmáns López, Diego e Ramón. Valladares xa non se toma a molestia de promover un escano para Pita ou para si mesmo. Está centrado en Fontán, polo agravio que supón, mais tamén porque pode ser a única opción que lles quede de obter representación. Para inducir a candidatura do seu amigo fala de: propietarios «independientes»; de «combinarse sin miedo»; das «pasiones» de Fontán, capaz de «oposiciones fuertes á sujetos poderosos», e ás «pandillas» sedentas de vinganzas. Recoñece o erro de Fontán co seu panfleto electoral, unha «imprudencia innoble», pero confía en que os amigos da provincia salven a situación. Amósase Valladares coma alguén racional e conciliador, que apacigua o temperamento de Fontán. Acto seguido, introduce unha meditación sobre as virtudes dos moderados e dos progresistas, prudencia e movemento, respectivamente. Son ambas necesarias, asegura, invitando así a un entendemento político. Franceses e ingleses, «pandillas» e amizades persoais, enturbian a situación política, por iso é tan importante ter «tino y eficacia» nas eleccións. Para despexar calquera dúbida, Valladares afirma que «llevaremos la mayoría», que é nidiamente moderada. Tanto el coma Fontán están identificados co partido monárquico-constitucional, aínda que pretendan acusalos de independientes e revolucionarios.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai críticas, como as de Fontán, ao reparto de empregos e favores. Para Valladares a raíz do problema está nas discordias, nas afrentas e vinganzas persoais. Pide maior seriedade na política, altura de miras, cortando esas «excrecencias» que se derivan do eido persoal, sen medo, con virtude.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e) Correspondencia única ou seriada: a carta é unha resposta a outra de Varela. Destaca por ser moi extensa, 8 cuartillas. Xa non se trata só de salvar a Fontán, de arranxar puntualmente estas eleccións, é un exercicio de reflexión sobre o panorama político, sobre os partidos . É previsíbel que a correspondencia política entre ambos continuase.

11) Borrador de carta de don Lorenzo Varela Sarmiento a un destinatario descoñecido. Sen data[185].

> «Muy sr. mio y todo mi dueño: (...) la conducta qe. pienso observar en las proximas eleccions. como resultado de un intimo combencimitº. qe. recientemnte. me he formado.
> (...) en la imposibilidad de ensayar ningn. sistema de acomodamtº. entre los partidos progresista y moderado. Créo poco generoso y entendido mezclarse entre los mismos y debilitar conocidmte. al uno en benefícº. del otro. El qe. se crée bien ó mal independie. de ambos y sin compromisos con ninguno, debe (...) guardar su posicion en los momentos actuales, no aspirár á influir en las eleccions; y mucho menos á ser elegido ni figurar en la escena publica, pues en este caso no podría menos de constituir un tercer partido tan pernicioso como los otros, y tan infecundo en resultados de ventaja positiba pª. la Nacion.
> Me persuádo de qe. no es llegado aún la epoca de qe. este partido tercero pueda ser util al pais garzandose en el govierno y en los cuerpos a legisladores, pues su numº. es limitadisimo y las circunstancias crueles pª. ensayar sus planes beneficos (...) verdaderamte. ilustrados. Las consequencias al aparecer en la vida politica serían necesariamte. las de asociarse los otros dos pº. suforcarle (...) cosa no dificil en su estado infantil y delicado. La historia de Francia y la nuestra están patentizando esta verdad. Alli los termidorianos y Bonaparte su heredero, no asentaron un poder

[185] Existen frases de difícil transcrición xa que se trata dun borrador persoal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

verdaderamte. grande, benefico y nacional hasta qe. la guillotina despejó el campo de realistas constitucionales, girondinos, y montañeses, todos igualmte. necios aunqe. mas bien ó mas mal intencionados. Aqui nos están diciendo muy alto los sucesos de qe. aún no pasamos los primeros periodos de la rebolu^{o}n.; y qe. los independies. carecen hasta haora de una base qe. ofrezca solidez. Pido la aten^{o}n. de V. sobre ese mismo documt^{o}. ultimo de Linage, qe. és el amo en politica de Espartero. En el se manifiesta (...) un decidido apoyo a la mayoría de las Cortes ultimas. Apoyandolas se sostienen sus principios emitidos en la tribuna pr. ella. Estos fueron ciertamte. bien parciales á su progreso, ps. Carramolino y Arrazola, Primo de Rivera y Pita, sufrieron en sus actos las recriminac^{o}es. mas marcadas qe. pueden hacerse desde aquel sitio (...) el mismo Sr. Pita, fundador de ese tercer partido está tan en falso con unos como con los otros. Si V. dudase del caracter fundamental qe. le atribuyo, documt^{o}s. tengo en mi poder qe. le combencerían de ello, y qe. honran mucho como hombre politico al Sr. Pita.

Toda esta doctrina qe. V. tiene mil derechos á juzgar desde un lugar muy elebado de intelig^{a}., y cuyo fallo acataré siempre con cariño y docilidad, obra sin embargo bastantemte. en mi animo p^{a} aplicarla a las personas y a las cosas en los momentos actuales. El Sr. Pita mas en grande y los sres. Fontan y Valladares mas en pequeño son personas virtuosas, inteliges. y beneficas; pero no haciendonos ilusiones son tambn. del partido independite. y opuestas a progresistas y moderados con ciertas tendencias a los priméros.

Segun mis principios siempre serán una excrecencias en las candidaturas de qualquier de dhas. fraccions. a qe. se arrimen, y su papel en el Congreso ó en el Sernado lo considero muy desayrado sin bolver á alistarse en una de las filas contendtes. Yo respeto sin embargo sus deseos y los de sus amigos, pero sin salirme de mi combencimt^{o}. actual, no puedo ni créo debo influir en la situac^{o}n. aislada a qe. me reduce mi

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> actual combencimietº., estoy imposibilitado de poder ejercer con los moderados un influjo bastante pª. qe.[186] hagan figurar en candidatura estos ni los otros nombres[187]. Doliendome del actual estado muerto, pero bien persuadido de mi inutilidad pª mejorarlo, me limitaré en mi conducta á procedimtºs. muy sencillos y particulares, sin engolfarme con unos ni con otros, ni menos cargar con parte de la inmensa responsabilidad qe. á todos cojerá de lleno en su dia.
> Mis simpatías y amistad con los tres Sres. referidos és pura y será eterna pr. mi parte. Su votaºn., en medio de mis opiniones, no será contrariada pr. mi[188], donde véa disposiºn. pª. ello, yo mismo les sufragiaré conociendo su gusto; pero no puedo decidirme á sufrir la humillaºn. de ser desayrádo pr. un partido del qual me creo independiente, (...)»[189].

Análise do borrador de Varela a un destinatario descoñecido:

a) Tratamento e relación persoal: este borrador vai dirixido a un amigo político co que non ten parentesco nin intimidade. Hai moita corrección no trato: «señor mío y mi dueño», terceira persoa. Non poden ser nin Espinosa, Diego, nin Joaquín. Tampouco Fontán nin Valladares son os destinatarios, xa que son aludidos na carta. Existe a posibilidade que estea a contestar a outro remitente que lle escribira nestas datas, mais á vista das cartas, o perfil que mellor encaixa é Rodríguez del Valle. Menciona a elevada intelixencia do destinatario, e responde ao requirimento deste dunha opinión formada e decidida, dunha «*manifestación*»;

b) Alusións á familia e/ou amigos: os protagonistas da carta son Pita, Fontán e Valladares, tres señores aos que se sente unido por unha «eterna» amizade.

---

[186] Tachado: «les voten».
[187] Tachado: «y les voten igualmte. Yo si voy al colegio electoral les sufragiaré».
[188] Tachado: «pero tampoco tengo posibilidad»
[189] No final do prego hai varias frases tachadas ou superpostas aludindo ao terceiro partido «en qe. no reconozco», «á qn. estoy muy distante».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

c) Eleccións: A amizade con Pita, Fontán e Valladares non é motivo suficiente para involucrarse nas eleccións. Sopesa Varela que nas «crueles» circunstancias é preferíbel facerse a un lado, non influír nin ser candidato nas eleccións, xa que sería adscrito irremediabelmente a un terceiro partido, algo pernicioso, aínda que conte coas mellores intencións. Non existe espazo para unha terceira forza, porque seica a revolución é recente. Estes políticos independentes veríanse recriminados e/ou subsumidos polos outros dous partidos. En consecuencia, defende un retraemento coma receita para os amigos de Fontán. El mesmo asegura que non vai influír nas eleccións, sen «engolfarme con unos y con otros», porque non lle interesa nin se ve capaz. Exhibe Varela unha falsa modestia para desbotar as candidaturas dos independentes. Sabe que o seu distrito é fiel, e vota según o seu parecer. Mais Varela non quere complicacións coas outras notabilidades pontevedresas, nin cos seus curmáns López- Ballesteros. En ningún momento aduce motivos familiares ou persoais, talvez porque quere dar unha imaxe de imparcialidade, de altura de miras. O problema é político, e observa que a situación non é propicia para estes candidatos, ofrecendo como saída agardar a tempos mellores.

d) Favores e arranxos clientelares: non hai referencias a empregos, clientelas e favores, nin sequera ás "pandillas" políticas que critican Fontán, Valladares e Rodríguez del Valle. Si fala de fraccións parlamentarias e de partidos, entendendo que a política está embarrancada nunha loita fraticida, sen «acomodamiento» posíbel.

e) Correspondencia única ou seriada: con estas liñas Varela quere responder a unha carta que suplica o seu apoio a Fontán e compañía. Polo seu contido e polas contestacións doutros notábeis ás cartas de Varela, pódese concluír que Varela expresou a súa posición política sen ambaxes. Moderado, apegado ao seu distrito e provincia, familiar e amigo de numerosas persoas influentes e poderosas, Varela non está disposto a apostar por un terceiro partido, aínda que estime a Fontán e Valladares. Outra cuestión está na súa

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> percepción da situación política que está acusando certo pesimismo, empregando termos coma «estado muerto» ou «circunstancias crueles». O desencanto político é un dos primeiros síntomas que anuncia o abandono do idealismo liberal. En Varela queda patente o enfoque posibilista que vai imperar nesta década dos anos 40. Pola contra, Valladares e Fontán, malia todo o seu anoxo, seguen a guiarse polos seus ideais. Talvez nese aspecto sexan os revolucionarios que censuran os moderados.

No seu conxunto, esta serie epistolar sorprende polo alto nivel cultural dos remitentes. Hai dominio do novo acervo liberal, tanto na súa dimensión filosófica coma na praxe. Recollen as súas incertezas cara o futuro, ás veces con pesimismo, pero existen e se recoñecen coma clase política. Son amigos, malia que nalgún episodio de paixón política viren en inimigos. De tal xeito, as relacións persoais fican tan trenzadas ás políticas, que resulta complexo distinguir o motivo da discordia: foi unha afronta persoal ou acaso unha opinión política?

No *affaire* Fontán, os dirixentes moderados manteñen a súa estima ao intelectual, ao veciño, ao amigo, pero xa non o consideran coma candidato. Non desexan un deputado independente que poida facer oposición ao goberno. O entendemento de Fontán con Pita é perigoso porque disgrega, non integra a liña moderada. De fondo, está a perentoria organización territorial do partido, de aí a chamada á "combinación" das notabilidades, formando comisións electorais nas distintas administracións (provincias, partidos xudiciais, municipios). É dicir, "la primera preocupación del partido, una vez que ha nacido, consiste normalmente en suscitar la creación de comités electorales en las circunscripciones donde todavía no los posee"[190]. Na provincia de Pontevedra, xa tiñan experiencia polo *xuntismo* e as comisións electorais de convocatorias precedentes. A diferenza que entrañan as eleccións de 1839 e 1840 é a influencia que se exerce dende os grupos parlamentarios[191]. Noutras palabras, o partido está decidido a tomar o

[190] Segundo o modelo de formación de partidos de Duverger, 2012 [1951]: 21.

[191] Hai que lembrar a autocrítica de Pastor Díaz ás eleccións de xullo de 1839, cando os dirixentes moderados non tiveron en consideración ás notabilidades provinciais. Por isto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mando das eleccións. Pontevedra, bastión moderado, cumpre coas candidaturas acordadas. Amósanse, a continuación, os votos obtidos.

Cadro VII. Resultados electorais de xaneiro de 1840

Deputado	**Votos**
Diego López- Ballesteros	17.831
Ramón López Vázquez	17.482
Pedro Mª Fernández Villaverde	16.452
Florencio Rguez. Vaamonde	16.372
Francisco Lorenzana[192]	15.607
Antonio Alcalá Galiano[193]	15.264
Luis Armero[194]	14.529
Suplente: Claudio González[195]	13.880
Terna de senadores[196]	**Votos**
José Mª Moscoso de Altamira[197]	16.087
conde de San Román[198]	15.241
marqués de Montesacro	12.854

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral[199]

mesmo, van artellar o sistema de comisións electorais, para integrar a estes e garantir os resultados. É a "combinación" da que tanto falan.

[192] Marqués de Vilagarcía.

[193] Na acta do escrutinio recibe o tratamento de "Excelentísimo Señor", "Consejero de Estado".

[194] Brigadier do exército e conselleiro cesante de Guerra.

[195] Deputado provincial.

[196] Só se renovaba un escano, que sería designado pola raíña dunha terna elixida na provincia.

[197] Xa aparece coma conde de Fontán e vizconde de Altamira.

[198] Consta coma tenente xeneral.

[199] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas de elección de senadores e deputados (1840)*, caixa 226/1/3. Votación realizada entre o 19 e o 23 de xaneiro de 1840. Todos os candidatos figuran na acta co tratamento de "don", polo que se omite para evitar redundancias.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na acta do escrutinio provincial, asinada o 31 de xaneiro, queda constancia da validez de 19.476 votos, dun censo total de 22.519 electores. A maioría quedaba fixada en 9.739 votos, resultando os seguintes candidatos "aproximados": Domingo Fontán, 9.620; Antonio Arias Seoane, 8.388; Francisco Javier Martínez, marqués de Valladares, 8.179; Javier Mendoza, 5.418; José Valladares, 5.695. Son estes moderados díscolos, independentes, que non se pregan aos ditados do partido. Por exemplo, o marqués de Valladares, que defendeu sempre a capitalidade provincial de Vigo, o que lle ocasionou o veto da maioría pontevedresa[200]. Fontán quedou tan só 119 votos de ser suplente, mais comparando o seu resultado co de Claudio González, hai 4.260 votos de distancia. En frecuencias relativas, Fontán non chega a reunir o 50% dos votos, quedándose nun 49'39%, mentres que o máis votado, Diego López- Ballesteros consegue un formidábel 91'55% dos votos. É dicir, algo máis de nove de cada dez electores, elixiu a Diego. Mentres, Alcalá Galiano obtivo o 78'37% dos votos, saíndo elixido coma sexto deputado pola provincia.

Porén, as eleccións non estiveron exentas de polémica. A acta do escrutinio é fiel reflexo das disputas que enfrontaban á provincia. A aquela sesión asistiran os deputados provinciais Claudio González, Fontano e Gómez. Estaban ausentes Espinosa e Varela. Certamente, Varela non quixo implicarse nesta convocatoria electoral. Polo distrito

[200] Don Francisco Martínez Enríquez Sarmiento de Valladares (1808- 1887), VIII marqués de Valladares, era ourensán de nacemento, mais residiu en Vigo a meirande parte da súa vida. Sempre defendeu os intereses desta cidade, actuando "coma un burgués", en alianza cos fomentadores cataláns. Posuía unha grande fortuna, sendo un dos maiores contribuíntes da provincia, tal e como consta nos censos electorais. Súa familia tería investido arredor de 1.400.000 reais na desamortización. Curiosamente, un fillo seu, Ramón Martínez Montenegro, foi padriño en 1848 do fillo de Pedro Mª Fernández Villaverde, Raimundo, facendista que sería varias veces ministro e presidente do goberno. Bautismo oficiado polo coéngo de Tui, don Telmo Maceyra. Os vencellos do marquesado de Valladares coa política non rematan aquí. Unha filla do citado marqués contraeu matrimonio con José Elduayen e outra co fillo de Evaristo Pérez de Castro. Barreiro Fernández, 2001 (a): 393- 394. Villares, 1994: 188- 189, 236, n.33. Fernández García, 1995: 40.
https://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-M-2006-10063500652;https://www.racmyp.es/docs/anales/A83-32.pdf;
https://xenealoxia.org/linajes/galicia/1451-valladares-marquesado-de;

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Moraña estaba comisionado Barosela[201]. Crespo por Lalín, que vai exercer dun dos catro secretarios escrutadores. Preside don Pedro Donoso Cortés, que é Xefe Político en Pontevedra dende o 17 de novembro de 1839. Asiste tamén don Joaquín López Vázquez, intendente interino. Na revisión das actas houbo duras acusacións de irregularidades. Reclamaba Crespo a anulación da acta de Vigo, mais o comisionado vigués, don Jacobo Budiño, alegou que eran maiores as irregularidades en Lalín. Finalmente, dan validez ás votacións viguesas. Crespo, malia estar de secretario escrutador, non conseguiu que aceptaran as súas queixas.

Unha aproximación aos resultados por distritos rachan coa imaxe de uniformidade que brindaban os datos agregados. Se ben existe unha relación de candidatos moderados que son recorrentes na práctica totalidade dos distritos, coa salvedade de Vigo, a orde dos máis votados varía. En Lalín foi Fernández Villaverde; en Bandeira, Luis Armero; en Cambados e en Cangas, Florencio Rodríguez Vaamonde; Alcalá Galiano, en Baiona. Hai empates de varios candidatos moderados en Vilagarcía, Cotobade, Pontecaldelas. En Moraña hai empate de Alcalá Galiano e Armero coma máis votados.

Tras o conflito vivido na campaña é inevitábel comprobar os resultados de Fontán. Houbo distritos fieis ao de Portas? Onde foi repudiado? Na súa terra, en Caldas, foi Fontán o candidato máis votado: 854 votos. Superou a Diego López- Ballesteros (834), Ramón López Vázquez (811), o marqués Vilagarcía (780), Claudio González (677), Luis Armero (669), Florencio Rodríguez Vaamonde (600), Tames Hevia (551), e Alcalá Galiano (531), entre outros. Valladares conseguiu 182 votos neste distrito, unha cifra marxinal. En Cotobade colleita Fontán 512 votos, idéntico resultado que Alcalá Galiano, Villaverde, Diego López- Ballesteros, Florencio Rodríguez

[201] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas de elección de senadores e deputados (1840)*, caixa 226/1/3. É o comisionado electoral de Moraña que asiste a Pontevedra. A acta electoral do distrito, asinada en Parãos, capital do concello de Moraña, o 24 de xaneiro, conta con don Lorenzo Varela coma presidente da xunta electoral, sendo don Antonio Barosela, quen vota coma veciño da parroquia de San Pedro de Rebón, un dos secretarios escrutadores. Tamén en Pontevedra e en Pontecaldelas acontece que os deputados provinciais, Claudio González e Araujo y Alcalde, exercen de presidentes da xunta electoral dos seus respectivos distritos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vaamonde, Ramón López Vázquez. Arias Seoane obtén 500 votos, mentres que Valladares 212.

En Ponte Caldelas acontece algo semellante. Conseguen Fontán e Arias Seoane 464 votos cada un, sendo o cuarto e quinto candidato do distrito, só superados por Ballesteros, López e Vaamonde, con 465 votos. O curioso de Pontecaldelas é que Alcalá Galiano só recibiu 105 votos. Cómpre engadir que nas eleccións provinciais despois da revolución de setembro de 1840, Fontán sae elixido deputado por ese distrito. Talvez contaba co apoio persoal da poderosa familia Araújo y Alcalde[202]. Noutro dos distritos influídos por esta familia, A Cañiza, sae Fontán empatado a votos (638) co resto de candidaturas da comisión.

Pola contra, en Foxo Corbelle non recibiu Fontán ningún voto. O seu amigo Valladares, que tiña a súa casa nese distrito, só reuniu 92, mentres que as candidaturas oficiais moderadas superaron os 900 votos, comezando por Ramón López Vázquez, Diego López-Ballesteros e Fernández Villaverde. Non obstante, en Vilagarcía empata cos máis votados en (437, mentres Alcalá Galiano é quen non recibe ningún voto. Tampouco Fernández Villaverde sae ben parado en Vilagarcía, xa que só obtén 14 votos.

Vigo e A Guarda son os distritos disonantes neste consenso moderado na provincia. Alí triunfan progresistas: Román Mtnez. de Montaos (514), Juan Bautista Alonso (508), Pita Pizarro (506), José Lorenzo de la Fuente (504), Manuel Otero (504), Vicente López (503), Juan Francisco Fernández (493). Entre os antigos moderados, agora independientes, sobresáe Pita Pizarro, que é o terceiro máis votado do distrito, con 506 votos, mentres que Fontán é oitavo con 486. Valladares apenas reune oito sufraxios. A única candidatura moderada da comisión que obtén algún voto é a de Florencio Rodríguez Vaamonde, con 32 votos. A excepcionalidade dos resultados de Vigo motiva as queixas de Crespo, e que na acta deste distrito conste «protestada». A Guarda introduce tamén o nome dalgúns progresistas, mais melloran en votos os independentes e

[202] Esta familia tiña ramificacións en A Lama/Ponte Caldelas, A Cañiza, Bouzas e Ponteareas. Nesta última medrará Bugallal coma cuñado dos Araújo y Alcalde.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vaamonde: Alonso, Fernández, Fontán, Rodríguez Vaamonde, Arias Seoane, Valladares, Martínez de Montaos, Pita Pizarro.

En Bandeira, Espinosa non toma parte na contenda electoral. Nin sequera emite o seu voto[203]. A súa esposa falecería en datas próximas, sen que o de Cascaxide estivese en disposición de atender a cuestións políticas. Con todo, Valladares e Fontán recibiron bastantes votos neste distrito, superando amplamente ao foráneo Alcalá Galiano: Luis Armero[204] (1204), Fdez. Villaverde (1.203), Diego López- Ballesteros (1.091), Ramón López Vázquez (1.150), Claudio González (1.150), Florencio Rodríguez Vaamonde (1.080), marqués de Vilagarcía (1.009), José Valladares (1.007), Domingo Fontán (909), e Alcalá Galiano (652), entre outros. Compárese coa elección en Lalín, onde Valladares e Fontán acadaron resultados moi modestos, 762 e 385 votos respectivamente, mentres que Alcalá Galiano consegue 1.662 votos.

Lorenzo Varela, malia non asistir a Pontevedra, exerceu de presidente da xunta electoral do distrito de Moraña. Tiña a súa beira ao fiel Barosela, que foi secretario escrutador. Alí os resultados foron os que seguen: Alcalá Galiano (1.220), Armero (1.220), Diego López-Ballesteros (1.092), Ramón López Vázquez (951), marqués de Vilagarcía (951), Fernández Villaverde (951), Claudio González (951), Mendoza (919), Florencio Rodríguez Vaamonde (827), Fontán (810), José Valladares (778), entre outros. Obsérvase con claridade

[203] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1840). Listas de electores de varios distritos*, 226/1/4. Na acta do distrito de Bandeira pódese comprobar que Espinosa non votou. Non se atopou a data exacta do falecemento de dona Benita, que aconteceu no mes de xaneiro de 1840. Espinosa debeu estar aquel tempo en Santiago.

[204] Luis Armero Millares (Noia, 1794- Madrid, 1853) foi militar, político e funcionario. Sendo estudante en Compostela participou no Batallón Literario. Despois serviu en diferentes batallas e contendas. A súa loita contra os carlistas valeulle ascender a brigadier. En 1840 sae elixido deputado por Pontevedra. Despois, en 1843 e 1844 obtivo o escano pola Coruña. Resulta curioso que estivese casado cunha filla do xeneral Antonio Van Halen, fiel esparterista e capitán xeneral de Cataluña no bombardeo de Barcelona de 1842. Armero era conservador, defendendo con denuedo a unión de Igrexa e Estado. Publicou o seu voto particular da comisión de Culto e Clero (1840). Talvez isto motivase as acusacións de carlismo dos progresistas. En 1843 e en 1848 foi inspector xeral do corpo de carabineiros, ascendendo a tenente xeneral en 1850. Seguidamente, foi embaixador en Prusia. Rematou os seus días coma senador vitalicio. Era cabaleiro de San Fernando, e entre os seus honores contaba coa gran cruz de San Hermenegildo e coa de Isabel a Católica. Barreiro Fernández, 2001 (a): 86- 87; http://dbe.rah.es/biografias/137226/luis-manuel-armero-millares

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que votaron á lista de candidaturas da comisión moderada, para engadir despois a Fontán e Valladares, que foron décimo e undécimo. Non se sabe se Varela cumpriu co seu compromiso de votar aos amigos Fontán e Valladares. É factíbel, mais non debeu promover o seu sufraxio entre os electores do distrito. Cumpriron con lealdade o «encargo» de Diego. Así e todo, Valladares colleitou un dos seus mellores resultados na provincia, só superado pola súa comarca de orixe, Bandeira. Talvez a súa correspondencia con Varela mereceu unha mediana consideración electoral.

O affaire Fontán sáldase coa súa exclusión coma representante da provincia de Pontevedra. En troques, por Lugo sae elixido deputado suplente, onde reunira 12.188 votos[205]. Alí foi aceptado, malia non ser natural da provincia. A función de intendente de Valladares puido falar no seu favor. É posíbel que gozase do beneplácito de Moscoso de Altamira, patrón moderado en Lugo. Isto é suxestivo das distintas afinidades e compromisos que habitan o partido. Se Fontán foi finalmente deputado sería porque non existía un veto á súa persoa na cúpula dirixente. Tal e como indicaban algunhas cartas, a controvertida exclusión de Fontán en Pontevedra foi obra da comisión de "paisanos" reunida en Madrid. A saber, os curmáns López-Ballesteros e Vázquez, coma destacados representantes pontevedreses.

Días despois das eleccións escribe Fontán a Varela:

> «Mui Señor mio y de mi especial estimacion: concluidas las elecciones de esa provincia, tengo un deber que cumplir con los que en ellos me han favorecido. Quero pagar a V. este tributo de mi agradecimiento por lo mucho que siempre me ha honrado y tengo en ello la mas dulce satisfaccion.
> Nada ofrece a V. el que en nada puede serle util, pero en todos tiempos puede V. disponer del afecto que le profeso como su mui obligado y reconocido amigo
> Domº Fontán

[205] Barreiro Fernández (2001a) non recolle este escano por Lugo, quizais porque saíu suplente. A elección foi aprobada polas Cortes en marzo de 1840. http://www.congreso.es/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «Encomiende V. a Dios el alma de la Sra. de Espinosa»[206]

Nesta breve nota de agradecemento é salientábel a distancia, a seriedade. Fontán tivo algúns votos en Moraña, mais non igualou as candidaturas do partido. Todo o contrario que en Caldas, onde reuniu o maior número de votos do distrito. De tal xeito, este agradecemento pode agochar algo de falsidade ou ironía. Outra posibilidade é que entendese que Varela tivo algo que ver co seu éxito en Caldas Remite coa carta un papel cos resultados de Lugo, figurando Fontán coma primeiro suplente. Así e todo, malia fracasar en Pontevedra, transmite o seu afecto a Varela. Ten verbas na despedida á esposa de Espinosa, xa falecida. Son mostras de amizade que van perdurar no tempo.

Tras a revolución de setembro de 1840, Fontán volverá a manter correspondencia habitual con Varela. Confía no da Buzaca, tamén no de Cascaxide. Outra serie epistolar abrirase con motivo das eleccións provinciais e a Cortes no inverno de 1840- 41. En ambos comicios baixo goberno esparterista sairá elixido Fontán, escanos que acepta, aínda que sempre manterá as súas discrepancias cos progresistas. Os seus ideais de "amalgama" política non se verán realizados, deixando a política en 1844 con certo resentimento[207]. O escándalo das candidaturas de xaneiro de 1840, coa publicación da súa proclama, puido ser unha ferida política difícil de pechar.

[206] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 49)*, 34.371/3. Datada en Santiago, o 8 de febreiro de 1840.

[207] Estaba "resentido pola dirección que colleran os asuntos públicos". Atopou refuxio na "ciencia e á súa fábrica de curtidos de Lousame". Faleceu en Cuntis en 1866. Barreiro Fernández, 2001 (a): 269- 270.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.5. O RÉXIME DAS FACCIÓNS POLÍTICAS

«Restituido Buceta nuebamte. a la plaza, (...) repitió sus vivas y actos de rebelion que el declarante mismo observó desde las ventanas empezando entonces á unirsele grupos de paisanos medio armados que secundaron aquellos y el acto de rebelion»[1].

«Permiteme qe. te diga qe. no debes olvidarte de un viage á este laberinto, y de qe. yo creo qe. lo mejor sería qe. vinieses de dipdº. Piensalo bien y creeme qe. debes pensar en esto, y venirte con tal investidura á pasar una temporada, siquiera pª. conocer esto»[2].

«Esto es un infierno con la cuestión de nombramientos de Alcaldes; jamas se ha desarrollado como este año el apego a estos cargos ni nunca hubo mas pretendtes. ni mas recomendaciones de la corte; de esto ya hablaremos a nuestra vista»[3].

Coa revolución de setembro de 1840 encétase un período que a historiografía tradicional centrou nos chamados "espadóns". As figuras de Espartero, Narváez, O'Donnell, Serrano e Prim, entre moitos outros, foron protagonistas de episodios militares e políticos que cambiaron o curso dos acontecementos[4]. Este "régimen de los generales" salienta que a "interdependencia de la guerra y de la política, produce el desplazamiento de un campo al otro"[5]. Sen

[1] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839- 1849)*, 34.371/3. Declaración de Varela, xefe político interino de Pontevedra en abril de 1846, dirixido ao ministerio de Gobernación.

[2] *Ibíd.* Carta de don Ramón López Vázquez Ballesteros, Madrid, 13 de xuño de 1846, dirixida ao seu primo Lorenzo Varela.

[3] *Ibíd*. Carta de don Francisco Riestra dende Pontevedra. Existen dúbidas na transcrición da data, xa que parece poñer novembro de 1849, mais polo contexto debe tratarse de 1847.

[4] Pódense engadir aos Fernández de Córdova, de la Concha, os irmáns Van Halen, de la Pezuela, Roncali, San Miguel… Aínda máis, entre os deputados e senadores hai unha forte presenza de graduacións militares. No caso galego, baste mencionar a Pardiñas coma malogrado "espadón".

[5] En alusión á obra de Jesús Pabón y Suárez de Urbina, quen leu unha conferencia con este título en 1968. Quería desmontar o "tópico- los generales ambiciosos, los políticos arteros-".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diferenciación, os poderes político e militar chegaran a fundirse durante aqueles trinta anos de continuos conflitos armados. A explicación destes gobernos de "espadóns" atinxe á percepción de "riesgo", de inestabilidade. Unha xefatura militar ofrecía unha garantía de autoridade que tranquilizaba a moitos políticos moderados[6]. En certo modo, unha saída como a convención bonapartista para pechar o ciclo revolucionario.

Malia os perigos cesaristas, todos estes xenerais eran liberais, defensores da monarquía constitucional, de tal xeito que a coroa podía funcionar de contrapeso aos excesos megalómanos. Fillos do seu tempo, existía unha xeración con educación e carreira de armas que, unha vez rematada a guerra civil, vai desempeñar funcións administrativas ou gobernativas. Maiormente, a extracción social dos oficiais era nobiliaria ou prenobiliaria, sendo unha ocupación que despraza á vocación eclesiástica. Non en van, a guerra era a función consubstancial do antigo estamento nobiliario. Mais os méritos militares tamén representan unha oportunidade de mobilidade social para clases burguesas e populares, xa que o servizo patriótico outorgaba estatus e títulos. Os principais xenerais da época así o demostran, facendo gala de ducados que enxalzan vitorias e batallas[7].

Mais non só as armas daban títulos, así como tampouco aseguraban o poder. O brillo dos militares podía ensombrecer a importancia da actividade política de partidos e faccións. A partir de 1970, varios autores puxeron o foco noutra historia política que non limitaba a investigación á cuestión das xefaturas[8]. Particularmente,

---

Séguese aquí a compilación póstuma dos seus ensaios sobre Narváez (1983: 221- 240), froito da catalogación do arquivo do xeneral.

[6] *Ibíd*.: 226- 227. Nin Pedro Pidal, nin Miraflores, nin Martínez de la Rosa, quixeron facerse cargo da presidencia do consello de ministros, preferindo ocupar unha carteira baixo o goberno Narváez..

[7] Espartero reuniu varios títulos sendo fillo dun carreteiro: duque da Vitoria, príncipe de Bergara, duque de Morella, conde Luchana. Narváez foi nomeado duque de Valencia. Proviña dunha familia de título recente. O'Donnell, duque de Tetuán, conde de Lucena e vizconde de Aliaga, tiña ascendencia nobiliaria.

[8] Comellas, 1970; Artola, 1974; Marichal, 1980; Cánovas Sánchez, 1982. Estudaron o fenómeno dos partidos políticos e as súas bases sociais. Cómpre mencionar tamén os "amigos políticos" de Varela Ortega, 1977, e "Oligarquía e caciquismo" de Javier Tusell, 1976, coa descrición dos "encasillados". Así e todo, o protagonismo dos xenerais queda patente cando

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tuñón de Lara adopta a perspectiva de "longe durée", de calado estrutural, fronte á historiografía política tradicional centrada en batallas e monarcas[9]. Fontana, pola súa banda, historiaba a crise do Antigo Réxime e o cambio liberal, con especial seguimento do ministerio de Facenda, mentres que Barreiro investigaba aos carlistas e liberais galegos[10]. O debate sobre a revolución e o seu suxeito histórico estaba servido. Diversas monografías achegaron un abondoso material bibliográfico sobre a composición social e funcionamento das institucións liberais (parlamento, ministerios, partidos), rescatando os ámbitos provincial e local do esquecemento, e aportando imprescindíbeis prosopografías de deputados[11]. Estes traballos máis específicos, en moitos casos estudos locais de micropolítica, debuxaron un abano de relacións políticas máis rico e complexo do que se tiña suposto[12].

En síntese, aquelas grandes crónicas apegadas á alta política, á narración, cederon o paso a obras moi rigorosas que analizaron esa suposta hexemonía do feito de armas até relativizar as xefaturas, para poñer o foco nos grupos políticos e sociais que encarnaron o

se repara no "Apéndice biográfico de personalidades de la época" de Marichal (1980: 301-318), que reúne 26 "jefes militares destacados".

[9] A primeira edición de La España del siglo XIX remóntase a 1960. En 1973 verá a luz Historia y realidad del poder, e Estudios sobre el siglo XIX español en 1974. Nestas obras agroman as nocións de "bloque de poder oligárquico" e "partido de generales". A oligarquía sería o resultado dun pacto entre burgueses e grandes propietarios. Metodoloxicamente, concibiu a Historia coma unha "totalidad", con "niveles de interdependencia".

[10] Autores canónicos da historiografía do Oitocentos, traballaron a polémica sobre a continuidade e cambio histórico nas súas múltiples facianas. Artola (1973) abordou distintas estruturas (guerra, economía, sociedade, réxime político, administración, cultura) para caracterizar a burguesía revolucionaria, como antes xa fixera cos afrancesados (tese en 1848). Fontana (1973, 1977, 1979, 2006, 2007) puliu as nocións de crise e revolución, até concluír unha obra indispensábel para entender as contradicións dunha imparábel transición política e social. Barreiro (1976, 1977, 1982, 2001) abriu o camiño á investigación galega das posicións políticas e condicións sociais de carlistas e liberais. Estudou con especial interese a prensa e publicacións da época, as biografías dos deputados e da emerxente burguesía liberal.

[11] Como xa se citou noutros capítulos, esta tese é debedora das obras de Burdiel, Cruz, Dardé, Gómez Ochoa, Marcuello, Millán, de la Peña, Pro, Romeo, Ruiz Torres, Sierra, Urquijo, Veiga, Zurita, entre outros.

[12] Romeo Mateo, 2001: 260. Beramendi, Rivera, 2016: 31. As elites centrais e periféricas mantiveron tensas relacións por numerosas discrepancias. Dende Madrid non puideron obviar que o ámbito local era "el escenario de la vida pública", polo que deberon negociar con estas elites para ter un efectivo control dos distritos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

liberalismo en diferentes contextos. Cuestionábeis serían etiquetas historiográficas como a "Década Moderada", xa que existían fortes discrepancias internas, materializadas en familias e faccións políticas[13]. Seguindo esta perspectiva, o réxime dos xenerais preséntase dende a perspectiva dos notábeis de Pontevedra coma un réxime de faccións políticas, sistema que se ve coroado coa Constitución de 1845 e a lei electoral de 1846. É dicir, existe un enfoque panorámico da xefatura dos xenerais, en relación coa Coroa, a camarilla rexia, e os gabinetes de goberno; e outro que amplía esas relacións na penumbra entre parlamentarios e notabilidades provinciais[14].

3.5.1. A fragmentación política na rexencia de Espartero

O auxe do duque da Vitoria adoitase atribuír aos seus trunfos militares e ao seu carácter. Galdós retratábao así: «hombre de formidable empuje, poseía el don divino de infundir a las tropas su bravura y llevarlas como a rastras a la victoria»[15]. Pola contra, Narváez era de talante iracundo e depresivo. O brillo e bravura de Espartero chocaba coas "dotes de organizador" do de Loja[16]. En opinión de Fontana, a súa oposición política era de índole persoal: "juntos no cabían en el mismo bando"[17]. De feito, Espartero non tiña unhas ideas políticas "demasiado claras".

A ambigüidade ideolóxica de Espartero motivou que incluso María Cristina pretendese atraelo ao seu círculo de confianza[18]. Para

[13] Unha polémica recorrente, así como a consideración mesma do partido moderado, e que foi comentada por distintos autores. Baste citar a Tuñón de Lara (1974) e a Cánovas Sánchez (1982), e máis recentemente a Manuel Santirso, no Congreso "A nación omnipresente", celebrado en Santiago de Compostela, en setembro de 2018.

[14] En referencia ao título *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea* (1996) que coordinou o politólogo Antonio Robles Egea, e que inclúe traballos de Álvarez Junco, Cruz Artacho, González Alcantud, e Máiz Suárez, entre outros.

[15] Citado en Pabón y Suárez de Urbina, 1983: 228.

[16] *Ibíd*.: 239- 240. Balmes "les creía cambiados. Espartero –pensaba- en política lento, acaudillaba a los rápidos: Narváez, veloz, dirige a los tardos".

[17] Fontana, 2007: 164- 165. "Que un Espartero colaborador del conde de España acabase como caudillo de los progresistas y un Narváez con un pasado más liberal, como patrón de los moderados, se debió más a su enfrentamiento personal".

[18] Burdiel, 2010: 55- 56; Marichal, 1980: 197, 202. Houbo moitos informes e rumores sobre o papel que lle reservaba María Cristina a Espartero, coma xeneral que invertese a revolución, freando o empuxe progresista. A rexente "sin duda creyó que podía convencerle", dado que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

súa sorpresa, Espartero demandou a disolución das Cortes e a paralización da reforma municipal, mais a rexente non cedeu, e sancionou a lei de concellos o 15 de xullo[19]. Esta manobra foi un fracaso político estrepitoso, xa que orixinou á revolución de setembro, forzando a renuncia da raíña nai, que tomou o camiño do exilio en outubro de 1840.

A carta dun notábel de Tui transloce a tensión social e política que se viviu naquel verán de 1840. Escribía don Bartolomé Hermida sobre varias cuestións candentes: a comisión de Culto e Clero[20]; o xefe político de Pontevedra[21]; a nova lei de municipios, o favor da Coroa; e a delicada situación de determinados amigos moderados:

> «En efecto recibi (...) todas las del Sr. Armero, en qe. noticiaba lo qe. se iba tratando sobre Culto y Clero. Dignos son de la gratitud de los buenos Españoles los esfuerzos qe. hace este benemerito Diputado, y podemos gloriarnos de haber contribuido á su nombramtº. El exito no coronó sus deseos; ya recibi el

---

mantiñan relacións "cordiales". Un "error" moi "serio", segundo o embaixador norteamericano.

[19] Fontana, 2007: 186. Burdiel, 2010: 59. En Barcelona descubre a rexente o "programa de gobierno que proponía Espartero. La sorpresa, la inquietud y finalmente la ira tomaron posesión del ánimo de María Cristina. El duque de la Victoria, de quien tanto esperaba, le había hecho llegar una propuesta netamente progresista, encaminada a despejar cualquier amenaza de involución. Aceptarla significaba la inutilización de la mayoría moderada de las Cortes y, por lo tanto, la separación definitiva entre ésta y la Corona". Ademais, a popularidade de Espartero superaba entón a María Cristina, que perdera a aura anxelical que se lle atribuíra dez anos atrás. O duque fora recibido en Barcelona cun multitudinario entusiasmo popular, deixando "eclipsada" á rexente. Esta, ferida no seu "amor propio" tomou a decisión de asinar a nova lei de concellos. Marichal, 1980: 198.

[20] O brigadier don Luis Armero Millares participou na comisión sobre a dotación de culto e clero, emitindo un "voto particular" que sería publicado nunha edición "profusamente repartida". Defendía este deputado moderado, natural de Noia, a unidade de Igrexa e Estado. Barreiro Fernández, 2001 (a): 86- 87. Cómpre sinalar que Armero foi o candidato máis votado en Bandeira (Espinosa) e en Moraña (Varela). Outro aspecto a salientar é que a sesión da votación tivo lugar o día 10 de xuño, días despois da carta que escribe Hermida, e das novas que este recibira de Armero. Isto subliña a fluída comunicación entre parlamentarios e notábeis provinciais.

[21] Segundo os datos de Fariña Jamardo e Pereira Figueroa (1986), o xefe político seguía a ser o irmán de Donoso Cortés, de nome Pedro, sen que haxa mención de interinidade algunha. As verbas de Hermida suxiren que este xefe político entrou en discrepancias coas notabilidades moderadas pontevedresas, talvez por antepoñer razóns de Estado aos intereses provinciais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Dictamen de mayoria, y minoria, qe. habrá V. visto pr. Santiago: alli como en todas partes los hombres se engañan unos á otros, y se ha resentido de la defeccion de alguno. No hay qe. hacerle: Con esto pasará lo qe. sucede con la ley de Ayuntamtºs; á lo menos pr. aqui es mal recibida; y solo la haria llevadera un Gefe politico armoniado, é interesado en el bien de la Provincia; pº. si las cosas siguen, como estan; si el actual sigue en desacuerdo con los qe. representan su mayoria; y si lejos de apagarse el fuego de la discordia; qe. de un modo ya publico se vé arder alli, se enciende, dispensando en la Corte protección á los qe. nos desunen, y desairando, como á Joaqn., á los qe. pusieron en un puño, y al derredor de si, todo será desorden; los Alcaldes saldrán de la oposicion; y tendremos la desgracia de sentir practicamte. los efectos del desacierto, y de la ingratitud. De Pontevedra escriben á los Diputados sobre esto, y se me encarga lo haga yo tambien. Diré lo qe. me parezca en terminos....ps. qe. lo considero sermon perdido; é irémos aprendiendo pª. lo sucesivo. Yo protesto no mezclarme mas en cosas como las pasadas, y si el deber, y la necesidad me obligasen, con servir á los de la familia, y ál Sr. Armero, tendré cumplido. Dice V. muy bien: economica, y politicamte. hablando, todo va de mal en peor»[22].

O señor Hermida escribe dende o desencanto dunha maioría moderada que non consegue fraguar un goberno sólido. Non acadan a protección do clero. A lei de concellos é mal recibida no ámbito local. O xefe político semella ter desavinzas cos seus amigos moderados. E por último, na Corte están a protexer *«a los que nos desunen»*, no que pode ser unha alusión ao ascenso de Espartero ou, talvez, ás elites viguesas. En síntese, hai divisións internas nos moderados, a oposición progresista gaña forza, a obra lexislativa causa malestar e Hermida só pensa comparecer o xusto e necesario. Confía en Armero,

[22] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Carta de Bartolomé Hermida. Tui, 7 de xuño de 1840.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tamén en Varela, fala de "los de la familia" nun sentido político. Estaba a referirse aos curmáns López (Ballesteros e Vázquez)? Había parentesco realmente? Ou ben concibe a familia coma a facción política á que pertence?

Tamén apunta Hermida que dende Pontevedra animan a escribir aos deputados –moderados todos eles- retratando a perigosa situación que detectan na provincia. Estas cartas parecen formar parte dun movemento xeneralizado de protesta que emerxeu no mes de xuño de 1840. Así o recolle Marichal: "Tan pronto como la ley municipal de los moderados fue aprobada por el Congreso, la reina regente comenzó a recibir centenares de peticiones de ayuntamientos de todo el país solicitando que no la firmara"[23].

Unha vez máis o *xuntismo* das cidades provocou o cambio político, alzando a Espartero á xefatura do Estado. A extraordinaria popularidade do duque, a súa camarilla de "ayacuchos"[24], o exército e a milicia, xunto coa influencia inglesa[25], foron bazas importantes no seu trunfo. Mais este liderado do xeneral non tería efectividade sen unha nutrida base de notabilidades de ideas progresistas, tanto figuras parlamentarias coma provinciais e locais. Eles ocuparon as institucións entre 1841 e 1843, aínda que permitiron certa oposición moderada na area política. As tensións nas bases socioeconómicas e políticas do esparterismo non tardaron en aparecer. Enumera Marichal varios conflitos de orixe social: entre xenerais e financeiros, entre librecambistas e proteccionistas, burgueses e artesáns[26].

Se a conflitividade social foi elevada, as discrepancias políticas non quedaron atrás. Dende o inicio da rexencia, xurdiron suspicacias no propio seo progresista ás tendencias autoritarias do xeneral, discutindo nas Cortes a cuestión da xefatura. Varias voces progresistas propuxeron unha xefatura de tres cabezas, que puxese couto ao poder

[23] Marichal, 1980: 196, citando a biografía de Espartero de José Segundo Flórez.
[24] Oficiais que serviran na derrota americana, onde curiosamente non estivo Espartero.
[25] Tuñón de Lara, 2015[1960]: "Durante dos años de regencia, Espartero, rodeado de su camarilla y teniendo como sumo mentor al embajador inglés lord Clarendon, distribuye empleos y prebendas y no emprende ninguna reforma de importancia".
[26] Marichal, 1980: 205. A loita de clases na Barcelona de 1842 é un claro exemplo, que rematou co bombardeo da cidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Espartero[27]. Mais o carisma do duque, congraciado cos progresistas máis mornos, soubo impoñerse aos "trinitarios". Porén, a gobernabilidade progresista non quedou ben cimentada, dependendo do personalismo dos xenerais e deputados. A incapacidade de fraguar consensos, sobre todo en materias específicas, incrementou o enrocamento das escisións progresistas arredor de determinados parlamentarios[28]. Ademais, agromaban con forza posicións democráticas e republicanas, que rexeitaban o marco constitucional de 1837, demandando unha ampliación dos dereitos políticos e sociais[29].

Estas divisións internas no progresismo, habituais tamén no partido moderado, desestabilizaron a rexencia até tal punto que remataron o período cun único nexo de acción común: derrocar a Espartero[30]. A sobrecarga da compoñente militar no goberno, co seu habitual recurso á coerción, sería o detonante da definitiva desafección dos notábeis progresistas, que agora acusaban a Espartero de traidor[31].

---

[27] *Ibíd*.: 212- 213. A votación da rexencia provocou a división progresista "en dos grandes bloques: los radicales, capitaneados por Fermín Caballero y Joaquín María López, y los conservadores, cuyos jefes eran Vicente Sancho, Salustiano Olózaga y Manuel Cortina". Outros progresistas, coma Mendizábal, Ayllón, Somoza y Alcalá Zamora, posicionáronse cos trinitarios, mentres que San Miguel e Sánchez Silva apoiaron aos unitarios. Este último esgrimiu que había que frear aos republicanos cunha figura de autoridade.

[28] Artola, 1974 (b): 203. Houbo tres fraccións parlamentarias: a dos ministeriais, a de Olózaga e a de Joaquín María López.

[29] Artola, 1974 (b): 203. Marichal, 1980: 197, 204, 227. Axiña apareceran grupos republicanos en Barcelona, Madrid e Valencia. O primeiro xornal que editan en Madrid foi en maio de 1840, La Revolución, que sería censurado e suprimido, sendo substituído no mes de xuño por El Huracán. Ambas publicacións republicanas estaban dirixidas por Olavarría. En Barcelona editaban El Republicano. Indica Artola que estes xornais permitiron difundir as ideas destes grupos democráticos e republicanos, "aún sin organizar, y que (...) carecen de un líder que los agrupe". Durante a rexencia de Espartero tiveron presenza na escena política mediante esta propaganda -que non foi censurada-, candidaturas e algún deputado nas Cortes (Manuel García Uzal e Pedro Méndez Vigo, en 1841). A formación da chamada "Junta Central" dos republicanos en Madrid motivou a denominación de "centralistas" aos seus seguidores. En Vigo contaron con bastante forza, sendo un dos "últimos focos del centralismo", xunto con Cataluña. Fontana, 2007: 213.

[30] Na caída do duque, "sólo sus amigos y algunos núcleos de la Milicia Nacional le han sido fieles". Tuñón de Lara, 2015 [1960]: 168. O resto das familias políticas progresistas buscaron a exoneración de Espartero. Curiosamente, os progresistas "emprendieron entonces su reorganización. (...) antes de que concluyese el año 1843 el partido había recuperado su unidad". Artola, 1974 (b): 210- 211.

[31] Fontana, 2007: 190. "El regente, inclinado a gobernar sin más colaboración que la de sus amigos personales (…) se fue aislando cada vez más del entorno del progresismo. (…) fue atacado duramente por una oposición progresista disidente en la que ahora figuraban

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O populismo autoritario do duque perdera tamén o apoio das "clases adineradas", nomeadamente financeiros e burgueses[32]. Incluso destacados oficiais do exército, como Serrano e Prim, abandonaron a causa do duque. Paradoxalmente, o *xuntismo* mobilizárase en 1840 contra unha autoritaria lei municipal, facendo caer a María Cristina, retornando agora en 1843 contra a autoridade de Espartero[33]. Mais a diferenza das de 1840, "en las juntas revolucionarias que ahora se organizaban había monárquicos y republicanos, moderados y progresistas. Todos tenían agravios que vengar"[34].

Na caída do duque discernían os moderados a posibilidade de recuperar o espazo político. De feito, a insurrección contra o goberno, que nacera cun marcado carácter radical[35], vai ser reorientado polos notábeis e xenerais moderados nun "sentido diametralmente opuesto"[36]. Tras os primeiros pronunciamentos de signo progresista, chegaron a producirse outros, con formación de xuntas de predominio moderado, *«por efecto de las reacciones y venganzas de los vencidos en Septiembre de 1840, de los que entonces fueron vejados y oprimidos por los que ahora sufren a su vez igual o peor suerte»*[37].

---

personajes como Joaquín María López, Salustiano Olózaga, Manuel Cortina o Fermín Caballero". De feito, Fontana denominou a rexencia de Espartero coma a "revolución traicionada".

[32] Marichal, 1980: 206. As acusacións de ditador militar son para Marichal infundadas xa que "durante esos años se celebraron más elecciones nacionales y locales, con mayor participación popular que en ningún otro periodo hasta la revolución de 1968". Ademais, non interferiu no poder lexislativo do Congreso e Senado, mentres que "los ayuntamientos adquirieron mayor autonomía". Socialmente, os tumultos e levantamentos populares infundiron temor ás grandes fortunas.

[33] As insurrecións de xuntas locais e provincias, sobre todo nas cidades, seguían a ter o poder de deslexitimar e cambiar o goberno. Este era precisamente o motivo da lei moderada de concellos: "romper con un pasado reciente de dinámicas localistas causantes de convulsiones y restablecer el control de la notabilidades en sus respectivos ámbitos locales". Gómez Ochoa, 2007: 64- 65.

[34] Fontana, 2007: 196.

[35] Adóitase pensar que este movemento foi nidiamente antiesparterista, mais no progresismo galego había unha forte compoñente esparterista, con destacadas figuras en Lugo, Pontevedra, Vigo e Ferrol. Coa organización das xuntas "pretendían únicamente el cambio de gobierno y la constitución de una Junta Nacional controladora de la futura marcha del Gobierno". Querían derrubar a "camarilla" que rodea ao duque, aos que culpan de desviar o rumbo político da rexencia, mais permanecen fieis ao xeneral. Barreiro Fernández, 1977: 54- 55.

[36] Artola, 1974 (b): 207.

[37] *El Eco del Comercio*, Madrid, 20 de agosto de 1843. Crónica política de Noia e a Pobra do Caramiñal. http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os moderados axustaron contas polos feitos da revolución de setembro. Durante os tres anos da rexencia, adoptaron un retraemento político e social, ao xeito dun exilio interior[38]. Nalgúns casos, tiveron que fuxir ao estranxeiro[39]. A angustia daquelas xornadas de 1840 estaba aínda presente. Unha carta do moderado tudense Bartolomé Hermida reflicte ese pánico á revolución:

> «No quiero volver la vista a 7bre.: en el he perdido algunos años de vida: cabalmte. en Cuntis he recibido el Celebre Boletin de Vigo, en qe. se me requisitoriaba y en qe. pr. primera vez, se me abefaba ante la Provincia. Poco acostumbrado á revoluciones, el desenfreno de los hombres, qe. nos tenian bajo su (...), me aterraba; y me lo hacia ver todo con colores muy negros: mas no era yo solo el qe. pensaba tan tristemte.: este Sr. Magistral, mi amigo, creió qe. lo echarian al agua, (...): el Medico Varela, mi contertuliante en Caldas, me decia, qe. de noche despertaba pensando, qe. clase de patibulo adoptaria la Revolución; y le ocurria, si seria la Guillotina; vea V. qe. pensamtºs.; y qe. tales podrian estar las cabezas. A mi me afligia la idea de qe. tenia la familia del Puente acá. Vaya Dios con tal 7bre; quiera el qe. no vuelva. Doi a V. gracias pr. la fina atencion, qe. se sirve manifestarme: estoi muy obligado á los qe. me han servido; y los amigos me fueron muy leales»[40]

Malia estar fóra do xogo político, as relacións provinciais entre os amigos políticos moderados perduraran. Procuraron aliviar a situación

[38] *Ibíd.*: 202- 203. Asegura Artola que os moderados "no confían sino en el recurso a las armas" para recuperar o poder, un pronunciamiento, sen que desenvolvesen actividade política coma partido.

[39] María Cristina rodeouse en París de boa parte dos dirixentes e xenerais moderados: Donoso Cortés, Martínez de la Rosa, Pérez de Castro, Istúriz, Narváez, O' Donnell, de la Concha, de la Pezuela, Diego de León e Montes de Oca. Alcalá Galiano permaneceu meses agochado en Madrid e Euskadi, para pasar a Inglaterra e, finalmente, a París. Pedro Pidal estivo algúns meses en París, mais puido regresar en 1841. Afirma Fontana que dende o primeiro momento conspiraron para derrocar a Espartero.

[40] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Bartolomé Hermida a Lorenzo Varela. Tui, 4 de abril de 1841.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dalgún amigo prexudicado. Nesta delicada situación algunhas figuras moderadas de marcado perfil independente, como Fontán e os seus amigos Valladares e Arias Seoane, van ter un papel destacado. A pesar de ser excluídos das candidaturas moderadas de 1840, estes tres notábeis mantiveron comunicación cos seus amigos moderados[41]. Así, Fontán e Varela inician outra serie epistolar con motivo das eleccións provinciais de decembro de 1840, e a Cortes de febreiro de 1841. Dende o seu escano provincial, o xeógrafo tenta resistir os embates da maioría progresista, que encabeza o vigués Buch: *«me tiene V. pues batallando perdidos los estribos»*[42]. É dicir, Fontán e compañía representaban a oposición política na provincia durante a rexencia de Espartero: *«digolo por la provincia que sera regida mui mal sin el contrapeso qe. nosotros opondremos aun cuando estemos en minoria»*[43].

De convicción moderadas aínda que singularmente localistas ou socioloxistas[44], estes tres deputados provinciais (Fontán, Valladares e Arias Seoane) son unha mostra da transixencia dos progresistas no poder. Unha tolerancia política que non estaba exenta de malestar e

[41] *Ibíd*. Carta de Domingo Fontán. Santiago, 24 de novembro de 1841. Achéganse as eleccións provinciais e Fontán comenta con Varela algunhas manobras entre amigos de cara as eleccións: *«Invitado uno de los hombres mas influyentes de la provª. de Tuy a obrar enteramente de acuerdo con los de cierto pueblo qe. V. puede adivinar contestó afirmatibamente con ciertas reserbas. Entre ellas quiso que un amigo de V. fuese en todo caso preferido. Se le contestó con la mas deferente conformidad pero vajo el supuesto de apoyar cierto interes local. (...) Esto obligo al amigo de V. a escrivir a cierto personage de quien no le sera a V. dificil adivinar el nombre y el apellido»*. Con estas adiviñas e confidencialidade trataban Fontán e Varela o asunto das eleccións provinciais.

[42] *Ibíd*. Carta de Domingo Fontán. Pontevedra, 4 de xaneiro de 1841. A carta orixinal está datada no ano de 1840, no que tivo que ser unha gralla do autor no comezo do ano 1841. O contido así o suxire. Esta carta xa mereceu un comentario no epígrafe "3.4.1. Estatus e poder".

[43] *Ibíd*. Tendo que repetir as eleccións no partido de Caldas, Fontán insiste na importancia de que saia Salgado e non outro deputado afín aos vigueses: *«Si el nuevo diputado de Caldas no sale bueno es decir hombre de conviccion esclabo de las leyes y no hombre de pandilla y entregado a los de vigo como lo estan todos menos los 3 que fuimos derrotados podemos retirarnos»*.

[44] Centraban a súa actuación política nos intereses da provincia, por riba da razón de Estado que esgrimían os dirixentes moderados. A súa concepción da representación política debía estar próxima a unha formulación descritiva, sendo os deputados un reflexo ou retrato que substitúe ao electorado ou comunidade, de aí o compromiso con estes intereses e opinións da circunscrición. Pitkin, 1985 [1967]: 65- 100.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intrigas[45]. Escribía Fontán que aos progresistas *«las elecciones no les satisfacen ahi, ni en otras provincias, y ahora ya quieren otro pronunciamiento, en el qe. se pronuncie mejor y se silabee bien por el silabario nuevo»*[46]. Estas verbas de Fontán evocan as divisións internas dos progresistas, que na escena provincial están representadas polos vigueses, inclinados a posicións radicais[47].

Malia a insatisfacción progresista, os moderados independentes non representan un perigo, xa que están en minoría, e inspiran confianza na viabilidade da rexencia. Son un fío de continuidade co período anterior. Os novos deputados progresistas son quen de admirar a experiencia dalgúns destes moderados. Fontán recoñece recibir *«de mis contrarios excesibos testimonios de respeto y deferencia empezando por el Sr. Buch»*[48]. Tamén valoran abertamente os traballos de Varela e Espinosa nas anteriores corporacións provinciais[49]. Ademais, din necesitar deputados coma Fontán, Valladares e Arias Seoane, que axiña deixan a provincia para ocupar escanos en Madrid. Para Fontán estas proposicións non son máis que «*apariencias*»:

> «Las cortes proximas durarán mui poco y asi me lo aseguran de Madrid, al paso que me conjuran y empeñan pª. que no mire con indiferencia el qe. me nombren Diputado en ellas. Esto es bien inutil, cuando

[45] Cómpre lembrar que os progresistas non proscribiron a actividade política de moderados e republicanos, permitindo a difusión de publicacións e candidaturas.

[46] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Domingo Fontán. Santiago, 22 de decembro de 1840. Cómpre sinalar que Fontán, Valladares e Arias Seoane foran elixidos polos partidos de A Lama, Lalín e Ponteareas, onde deberon gozar do apoio de Araújo y Alcalde, Espinosa e Caballero, antigos deputados e patróns electorais destas circunscricións.

[47] Cómpre salientar a sublevación esparterista de Vigo no outono de 1843. Ante o exilio do duque, e observando a deriva moderada, constituíron unha xunta presidida por Buch, que aguantaría até o 11 de novembro de 1843. Non tiveron réplica en Santiago e na Coruña, xa que os progresistas destas cidades eran fondamente antiesparteristas. Agardaron novas de Ferrol, Lugo, Ourense, León. Incluso enviaron ao comerciante don Ramón Lafuente a contactar cos esparteristas de Cádiz, Alicante e Reus, mais o movemento non prosperou. Barreiro Fernández, 1977: 62- 63.

[48] *Ibíd*. Carta de Domingo Fontán. Santiago, 4 de xaneiro de 1841.

[49] *Ibíd.*: *«sirva a V. de satisfacción que todos le aprecian y respetan (…). Tambien se hace justicia al señor Espinosa»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> nada puede hacerse en ellas, cuando solo se trata de cubrir con apariencias constitucionales la marcha de un Gobierno que se creera embarazado con ese elemento popular»[50].

Cando Fontán marcha novamente a Madrid[51], Espinosa está en Cascaxide, ocupando a alcaldía de Chapa, cargo que non suscitou obxeccións progresistas[52]. Varela pasaría eses anos entre A Buzaca e Compostela[53]. Fernández Villaverde estaba en Cuba e Diego López-Ballesteros debeu seguir coma alto funcionario en Facenda[54]. Fóra das Cortes e da Deputación, estes amigos moderados padecían o desamparo político. Esta situación cambia completamente coa caída de Espartero, regresando os moderados a exercer influencias e arranxar favores[55]. Unha carta de Joaquín López Vázquez en outubro de 1843 describe os inicios dese retorno moderado:

---

[50] *Ibíd.* Carta de Domingo Fontán. Santiago, 11 de decembro de 1840.

[51] Domingo Fontán saíu elixido nas eleccións do 1º de febreiro de 1841. A súa acta foi aprobada o 12 de abril de 1841, aínda que xurou o cargo de deputado o 28 de decembro dese ano. Posteriormente, sería elixido nas eleccións de febreiro e de setembro de 1843.

[52] *Ibíd*. Na carta do 4 de xaneiro continúa a cita sobre o señor Espinosa: «no creo qe. se le relebe de ser Alcalde de Trasdeza Buch y sus comps. de comisión asi lo quieren en obsequio a sus eminentes cualidades». Dúas cartas que recibiu Benito Espinosa en maio e xuño de 1841 testemuñan que permanecía no cargo de alcalde de Chapa. O asunto a tratar era o roubo dos fondos da estrada Vigo- Castela. Dende a corporación de Lalín escribe de oficio Juan Orrea, solicitando algún recibo de ter pagado este repartimento. Orrea era consogro de Espinosa, e antigos compañeiros na Comisión de Armamento e Defensa (1836). A segunda carta é do xefe político, Ramón Noboa, reclamando tamén o xustificante de ter pagado. O roubo dos fondos era atribuído a unha banda de facciosos. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.3. D. Benito Espinosa Varela, varios asuntos.

[53] As cartas desta época estaban dirixidas á Buzaca, coma case toda a correspondencia conservada de Lorenzo Varela. Nunha carta do 11 de decembro de 1840, Fontán tenta convencelo para que se presente ás eleccións provinciais por Caldas: *«pero ya veo que V. no querrá ceder; (...) meditelo V. y dejese de pelillos»*. Os progresistas viñan de fracasar na composición das mesas neste partido xudicial, onde os electores permaneceron fieis aos patróns moderados. Así Fontán indica: *«y ahora es cuando V. puede preciarse de que no ofendió al pueblo, puesto qe. sinceramente le busca y le distingen pª. qe. continue en serle util. Los nuevos a quienes V. quiere ceder su lugar, no se si le dejarán con igual satisfaccion»*.

[54] Non se atopou información de que fose declarado cesante.

[55] En agosto de 1843, Fontán foi nomeado intendente da Coruña pola xunta central, mais o de Portas renuncia. Pasou eses meses na súa fábrica de Lousame.
http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «Mi Qdº. Lorenzo: reciví tu apreciable carta y en contestºn. debo decirte algo q. (…) no olvido lo qe. tu decias. Ayer fuimos al Ministº. pª qe. apruebe el nombrº. de Rey Basadre é Iglesias, y mañana volveremos á ver al Sr. Lopez. (…) hai aqui 29 batallones mui decididos í mui tranquilo todo. Ayer hubo una reunion pª. acordar los medios de presertar la cuestion de mayoria, y se acordó todo en sana paz y armonia. Nada se habla aun de presidencia pº. es probable lo sea Olozaga qe. será en seguida Gefe de Gavinete, el tal está en París y llegará muyi en vreve. Todas las Provªs. tranquilas á excepción de la de Barcelona y la de Zaragª.: la de Leon (…)»[56]

Recibe Varela estas novas do seu curmán Joaquín, que estaba a residir en Madrid. Trasladárase alí semanas atrás, despois de ser elixido deputado nas eleccións de setembro[57]. Transmite tranquilidade no eido militar, e apunta os primeiros contactos en materia política, que define como "la cuestión de mayoría". O goberno Olózaga estaba xa planeado, mais era simplemente unha estratexia para conseguir o regreso de María Cristina sen sublevacións populares. Todo era un "sainete", unha "turbia maniobra", unha "intriga" urdida por Donoso, que tiña previsto darlle un sonoro "puntapié" a Olózaga[58]. Un estudado paso cara un goberno de signo moderado. Con todo, "hubo que convencer a muchos notables moderados de que aquélla era una buena solución"[59]. Na carta de Joaquín non se aprecian xuízos de

[56] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Joaquín López Vázquez Ballesteros. Madrid, 19 de outubro de 1843.
[57] Barreiro Fernández, 2001 (a): 367. Estas segundas eleccións de 1843 tiveron lugar o 15 de setembro. A data de alta é o 19 de outubro, o mesmo día no que escribe a Varela. O día 26 de outubro xura o cargo, no que permaneceu até o 10 de xullo de 1844. http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/
[58] Burdiel, 2010: 119- 158. Na biografía de Isabel II dedica un capítulo a este "incidente Olózaga".
[59] *Ibíd*.: 140, 144- 150. Donoso aborrecía a Olózaga, mais confiaba en que constituiría un gabinete de transición. Non agardaba que formase un goberno progresista e que pretendese a disolución das Cortes. Todo rematou cun "incidente" vergonzoso, sendo acusado de forzar á raíña a asinar o decreto, e exonerado do seu cargo. Mentres marchaba ao seu exilio en Londres, a súa casa de Madrid sufriu un incendio. Lamentaba Olózaga que *«ni un solo papel se salvó y entonces se creía que yo tenía algunos muy importantes»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

valor sobre esta inminente presidencia de Olózaga, o que non deixa de ser indicativo dunha decisión tomada polos dirixentes do partido que debe ser asumida na provincia.

Alude, ademais, a un señor López e a un ministerio, que polas datas debe tratarse de don Joaquín María López y López, quen era presidente do Consello de Ministros, e ministro de Graza e Xustiza[60]. O progresista López tería deixado estes cargos á chegada de Olózaga. Nada máis comenta Joaquín da situación política. Asegura estar moi atarefado: «tengo muchisimo que escrivir». O verdadeiro asunto da carta que lle envía ao seu curmán Varela é o arranxo duns cargos ou empregos para Rey Vasadre e Iglesias, amigos de Caldas. Estas xestións ministeriais correron a cargo de Joaquín e máis do irmán de Lorenzo Varela, de nome Jacobo.

Unha carta de Jacobo Varela ao seu irmán Lorenzo bota máis luz sobre este asunto:

> «Mi muy querido hermano. (…)[61]
> Por ultima vez he ido hoy a la Direccion de agencias municipales, cuyos empleados anglo ayacuchos, ó no pueden ó no quieren hacer cosa de provecho. El titulado Director ha tenido la frescura de decirme que en su concepto era mejor dejar dormir ese asunto; pero yo creo que por el contrario ha dormido ya demasiado. Bueno será por de pronto aprovechar el ferbor de los nuebos Diputados, y mal será que acercándose al Gobierno los S. Pita, J. Vazqez y aun Diego, (aunq. este ultº no está muy satisfecho del partido de Caldas), pidiendo todos á una voz q. se aprueve la eleccion de la junta del pronunciamtº., y se hagan otros nombramtºs. pª. la provcia, mal sera repito q. no se consiga nuestro deseo. Ayer no se ha podido

[60] Ocupou estes dous cargos, presidente e ministro de Graza e Xustiza, durante 3 períodos de 1843: entre o 9 e o 19 de maio; entre o 23 de xullo e o 10 de novembro; e entre o 10 de novembro e o 20 e 24 de novembro, respectivamente. Despois desta data non volve a ocupar carteira ministerial, nin escano de deputado. Faleceu en 1855.
http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

[61] Jacobo comeza a carta falando da familia. Sabe por unha carta do seu curmán Joaquín Verea, residente en Compostela, que Lorenzo vai ir a esta cidade. Pídelle que saúde ás irmás.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> hablar al Ministro, y acaso de hoy á mañana quedara dado este paso, cuyo resultado te comunicaré»[62].

O irmán de Lorenzo non é un político, é un funcionario. Instalouse coa súa familia en Madrid, despois de servir moitos anos en Filipinas. O seu relato non ten a sagacidade política do seu curmán parlamentario Joaquín. Non obstante, emite valoracións sobre a administración pública. É ilustrativa a súa crítica aos funcionarios "anglo ayacuchos". En canto aos veciños que o visitan, recoñécese incapaz de arranxar a xestión. É un asunto patrimonial, relativo a unha herdanza. De índole privada, non debía requirir unha mediación concreta na administración. Así e todo, Jacobo amosa boa disposición, malia non ser quen de axudalos. Non parece probábel que gozase da influencia precisa para exercer de *broker* en Madrid. No remate da carta, coma posdata, escribe:

> «El primo Ballests. tiene preparado cuarto pª. el cura de Estacas, ps. cree q. es capaz de venirse á Mad. acompañando a las primas. Yo lo creeré cuando lo vea, como empiezo ya dudar de que tú te animes, ni aun pª. la primavera aun cuando hubiese pª. entonces diligencia»

O primo Ballesteros debía ser don Luis, o exministro, que estaba de volta en Madrid, mentres que fala de Diego polo seu nome de pila. Certamente, don Luis era primo carnal de Lorenzo e Jacobo, tamén do cura de Estacas, Francisco Espinosa[63]. Todos eles manterían unha relación máis estreita co seu curmán Luis, mentres que co fillo deste, Diego, habería maior distancia. Afirma que este último non estaba satisfeito cos de Caldas. Revisando a documentación electoral que

[62] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Jacobo Varela Sarmiento. Madrid, 19 de outubro de 1843. A carta está datada no mesmo día que a de Joaquín López Vázquez Ballesteros.

[63] Cómpre lembrar a boa relación que existía entre o exministro don Luis López- Ballesteros Varela e don Francisco Espinosa Varela. O párroco de Estacas axudara ao seu curmán no asunto dun fillo ilexítimo, ao que procurou un fogar onde foi atendido. A correspondencia entre ambos foi regular nesta década dos anos corenta. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.1.4. Francisco Espinosa Varela; caixa XXI, *Papeis de don Francisco Espinosa*, 21.2. Papeis persoais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

obra na Deputación, pódese comprobar que don Diego López-Ballesteros foi o quinto candidato máis votado nas eleccións de setembro de 1843, cun total de 15.044 votos[64]. Non obstante, en Caldas obtivo escaso apoio, tan só 183 votos, mentres que os candidatos máis votados conseguiran a cifra de 630 votos cada un: Joaquín López Vázquez, Domingo Fontán, Florencio Rodríguez Vaamonde, Matías Díez Prado i Falcon, o marqués de Vilagarcía, e José Ulloa Pimentel. Chama a atención que en Pontevedra e en Cambados non foi Diego dos máis votados[65]. Tampouco nos distritos tradicionalmente progresistas da área de Vigo. No resto dos distritos está na cabeza das candidaturas (Chapa, Lalín, Cuntis, Vilagarcía, Caldelas, Tui…).

Regresando ao asunto das xestións de Joaquín Vázquez e Jacobo Varela en Madrid, unhas semanas despois recibe Lorenzo Varela unha carta de agradecemento de Rey Vasadre:

> «Mi apreciado amigo y favorecedor: (…) no sé como demostrar mi reconocimiento a V. y a dichos señores, que tanto se interesan y tanto se cansan por mi sin meritos algunos por mi parte. Me parece que con tan buen apoyo no debe dudarse el ecsito favorable, y si esto sucede, solo a V. se lo deveré, quedando de todas maneras muy reconocido a sus favores, a los que apenas podrá corresponder mi eterna gratitud. Ojala el Ministro supiese quienes son, y como se han conducido ahora mis antagonistas Fuente Feixoo y Chantrero. Por lo demas estoy muy conforme en que cualesquiera que fuesen las vicisitudes, siempre nos convendria mucho la propiedad de nuestros destinos»[66]

[64] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de elección de senadores e deputados a Cortes (1843)*, caixa 230/2/12.

[65] Na vila de Pontevedra só acada 200 votos, mentres que o seu curmán Joaquín tivo 150. Os progresistas Alonso, Santos, Buch, Otero, e outros, conseguen ser os máis votados con 1.210 sufraxios. Esta cantidade tamén a reunen Fontán e Pita Pizarro. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de elección de senadores e deputados a Cortes (1843). Actas electorais*, caixa 231/1/2.

[66] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1840-49)*, 34.371/3. Carta de Joaquín Rey Vasadre. Caldas de Reis, 1 de decembro de 1843.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rey Vasadre era promotor fiscal en Caldas en 1836, cando a súa elección coma deputado provincial fora cuestionada por incompatibilidade. Ocupara o escano Varela, o seguinte candidato do distrito, mentres no se resolvía a controversia. Malia a disputa, os dous protagonistas remataron a cuestión con cartas conciliadoras. Talvez aquilo forxou unha confianza entre ambos. Nesta ocasión, Vasadre amósase coma un cliente agradecido.

Un comentario de Rey Vasadre induce a cuestionar a lei moderada de municipios: *«la propiedad de nuestros destinos»*. É un contexto de incertezas, no que están en vigor moitos nomeamentos progresistas, mentres non se sinalen os rexedores moderados. A interpretación destas xestións é que Joaquín e Jacobo terían procurado algún nomeamento municipal para Vasadre e Iglesias, por iso deben ir ao ministerio, e falar co ministro. As fontes non ofrecen suficiente información sobre estes cargos. Se pretendesen a alcaldía dos seus municipios, tería lóxica que buscasen influír en Gobernación, mais, non obstante, non hai outras referencias que apoien esta hipótese. O alcalde de Caldas era don Vicente Gómez, tal e como se pode constatar no expediente das anteriores eleccións municipais[67]. Era, ademais, un mandatario histórico, desempeñando en 1822 e 1839 este «empleo de Alcalde»[68].

Rey Vasadre non figura entre os candidatos e tampouco coma elector. En canto a identificación Iglesias, existen dúas posibilidades: 1) Ramón Iglesias Amor (Caldas), amigo e/ou cliente de Varela, comandante da milicia en Caldas en 1846, que baixo o seu mando adhire o distrito á revolución; 2) Crescencio Iglesias (Portela, Barro), que en 1849 será a esta alcaldía, a esar de que non contaba co apoio do

[67] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais en Caldas (1843)*, caixa 133/2. Celebradas o 11 de decembro de 1842, eran unhas eleccións de renovación parcial de concelleiros. Toman posesión o 1º de xaneiro de 1843. Sae elixido Gómez coma alcalde. Consérvanse na Buzaca varias cartas remitidas por Vicente Gómez a Varela, aínda que anos despois. Semella que existía boa relación entre ambos, aínda que puido forxarse co andar do tempo.

[68] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais en Caldas (1844)*, caixa 135/2. Relata o propio Gómez que serviu no *«empleo de alcalde»* durante estes anos. A alusión ao «empleo» subliña o aspecto administrativo, incluso venal, fronte o mandato representativo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

maior propietario do municipio, que defendía a candidatura do labrador Outeda y Rielo[69].

Sinala Vasadre na súa carta que os seus antagonistas eran «Fuente Feixoo e Chantrero». Atopouse o nome de don José Lorenzo de la Fuente y Feijoo, veciño da parroquia de Santo Tomé de Caldas, que figura coma secretario escrutador nesas últimas eleccións municipais da rexencia de Espartero[70]. El apoiaba a candidatura de Vicente Gómez, quen ademais era secretario municipal. A identidade e veciñanza de "Chantrero" non puido dilucidarse. Tras revisar todas as actas electorais dos municipios deste partido xudicial de Caldas, non se distinguiu ningún elector nin candidato con este nome ou apelido, nin que gardase semellanzas co mesmo. Parece factíbel que fose un alcume de uso coloquial. A consulta destas fontes proporcionou información adicional de Moraña, onde non se atopou o nome de Lorenzo Varela entre os electores. Está presente don Antonio Barosela y Freire, amigo e cliente de Varela, elector pola parroquia de San Pedro Rebón, escrutador das eleccións e secretario municipal[71]. Malia que Varela non sexa elector nestas eleccións, ten ao seu amigo Barosela ben situado no concello.

Nas eleccións escrutadas en marzo de 1844 obsérvase un aumento da competencia electoral. Don Vicente Gómez debe abandonar obrigatoriamente o cargo, e agardar un ano para a reelección[72]. Con todo, foi o veciño máis votado. No seu lugar vai ser alcalde don Juan Vázquez, candidato en sintonía con Varela. Un testemuño que obra no expediente destas eleccións denuncia: *«que dha eleccion como manejada por algunas personas que les gusta dominar y mandar en*

[69] As eleccións de novembro de 1849 van merecer unha exposición máis extensa no epígrafe "3.5.5. O «negocio» das eleccións".

[70] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais en Caldas (1843)*, caixa 133/2. Existía outro elector chamado D. José Vicente Lafuente, veciño de Santa María de Caldas, mais Rey Vasadre non escribe unha coma entre os apelidos Fuente e Feixoo, sendo con toda probabilidade unha única persoa. Fuente Feijóo aparece coma primeiro dos 15 electores que toman parte nos comicios, dous por cada unha das sete parroquias, sendo tres electores na cabeceira de Santa María de Caldas. Este sistema de elección local era coñecido polos electores coma "juntas parroquiales" ou "elecciones parroquiales".

[71] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais en Moraña (1843)*, caixa 133/6.

[72] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais en Caldas (1844)*, caixa 135/2. En aplicación da lei de 30 de decembro de 1843.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

todos tiempos, se há hecho con él mayor descaro infringiendo la ley, nombrando para Alcalde primero á Dn. Vicente Gomez Presidte. del mismo actual Aymo. y para Regidores entre otros uno que ahun lo és tambien actualmente llamado D. Alverto Barosela, con lo qué se vino á religir dos indibiduos de esta municipalidad»[73]. Días antes xa tiña presentado a súa renuncia o señor Gómez, e tanto Barosela coma Gándara van ser reemprazados[74]. Cómpre engadir, que o denunciante, González Bello, saíra elixido coma primeiro suplente dos rexedores, forzando con estas substitucións a súa designación.

Nestes expedientes, tanto nas eleccións de 1842 coma nas de 1844, non hai mención algunha a Rey Vasadre, nin coma candidato, escrutador nin elector. Talvez a xestión que procuraba no Ministerio non tivese que ver coas eleccións, ou ben buscase influír na sombra no nomeamento dunha persoa de confianza. Ao respecto, hai que lembrar que Rey Vasadre era promotor fiscal de Caldas en 1836, aínda que non hai datos sobre a súa continuidade. Entre 1850 e 1852 ocupou o cargo de síndico municipal, sen atopar outra información sobre os seus cargos e amigos políticos durante a década dos corenta[75].

Nas eleccións celebradas en Moraña en marzo de 1844 sucede coma en Caldas: o vixente alcalde, don Manuel Ruybal, sae reelixido[76]. O suplente, don José Fariña, é *«primo hermano»* do anterior, o que sería unha incompatibilidade. Varios electores subscriben unha denuncia que remiten á xefatura política provincial, na que explican máis motivos para invalidar os comicios: escaso número de votantes e o rexeitamento de varios electores á mesa

[73] *Ibíd*. Carta de José González Bustos dirixida ao xefe político provincial. Caldas de Reis, 11 de marzo de 1844. Tamén censura a elección do tenente de alcalde don Fernando Bello por *«vicioso é incapaz (…) de continuo se halla embriagado»*, e do concelleiro don José Gandra por «*bender vino*» e estar procesado pola fuxida de presos do cárcere cando tiña alquilado o cargo de «*alcalde carcelero*».

[74] *Ibíd*. A carta de Gómez á xefatura política ten data do 9 de marzo de 1844. Barosela podía ser parente de don Antonio Barosela y Freire, veciño de Moraña e amigo leal de Varela.

[75] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas (1852- 1853)*, caixa 150/2. No censo electoral realizado en 1849, figura don Joaquín Rey, veciño de Caldas, que paga unha contribución de 505 reais, sendo o vixésimo terceiro contribuínte do municipio. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido Xudicial de Caldas de Reis (1850- 1851)*, caixa 149/1.

[76] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Moraña (1844)*, caixa 135/6.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

electoral. Entre os asinantes desta declaración está don Antonio Barosela y Freire. Obsérvase, pois, que as eleccións municipais de 1844 talvez escaparon do control de Varela. Outra posibilidade é que se tratase dunha rivalidade entre clientes, sen que afectase a Varela, algo que de calquera xeito semella bastante improbábel. Varela tería algunha preferencia[77].

Se Varela parece non implicarse nas eleccións municipais de 1842 e 1844 en Moraña, outro tanto acontece con Espinosa en Chapa. Quen fora primeiro alcalde en 1841, non aparece mencionado no expediente electoral. Na votación de decembro de 1842 figura coma alcalde don Lorenzo Bueno, sendo elixido nesta convocatoria don Juan Martínez, da parroquia de Margaride. Ambos, Bueno e Martínez eran amigos persoais de Espinosa, segundo se desprende da correspondencia privada da época.

Nos seguintes comicios locais, entre febreiro e marzo de 1844, o alcalde saínte, don Juan Martínez, é substituído polo seu tío, don Gregorio Martínez[78]. Nesta ocasión advírtese o reparto de cargos municipais de Chapa entre as persoas principais da comarca. Ademais de Martínez, foi elixido primeiro tenente de alcalde don Antonio García Centeno, que tan só un ano despois contraería matrimonio cunha das fillas de don Benito Espinosa[79]. Coma suplentes aos cargos de alcalde e tenente de alcalde estaban o fidalgo don José Fajardo, da parroquia de Laro, e don Benito Rivas y Seijas, curmán de don

[77] Tal e como queda patente nos comicios de 1849, enviando cartas en defensa do seu candidato no municipio de Caldas. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

[78] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais en Chapa (1844)*, caixa 135/26. Eran os Martínez da Casa de Vistalegre de Margaride (Silleda). Gregorio e Benito Martínez serviron no Batallón Literario na guerra de Independencia. Lideraron ademais a batalla de Ponte Ledesma. O seu irmán Manuel Ramón, o cabezaleiro da Casa, era tesoureiro da xunta de Trasdeza. Este sucesor tivo por fillo a don Juan Martínez Núñez, que foi alcalde de Chapa. Outra filla contraeu matrimonio con don Francisco de Rivas y Taboada, da Casa de Sestelo (Siador), un dos apelidos máis importantes da comarca, tamén emparentados cos Espinosa. Viscasillas Vázquez, Viscasillas Rodríguez- Toubes, 2006: 70- 71.

[79] Con veciñanza na parroquia de Breixa, onde nacera a súa nai, Francisca Portela Álvarez de Barcia, sendo o seu pai, Gonzalo García Centeno, natural de Pazos de Arenteiro (Boborás). Don Antonio (1814- 1892) casou con dona Nicolasa Espinosa Salgado (1820) no ano de 1845. Un irmán seu, don José García Centeno, contraeu matrimonio con dona Jesusa Espinosa Salgado en 1848, cando el contaba 30 anos de idade e Jesusa 23.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Francisco Rivas, da Casa de Sestelo en Siador[80]. Completa a nómina de rexedores, o síndico don Antonio María Valenzuela, da Casa da Viña (Manduas), quen estivera procesado en 1835 na causa aberta pola insurrección de Gorostidi. Este fidalgo tería reconvertido a súa filiación política cara a familia moderada, desempeñando cargos municipais, sen dar o salto á política provincial[81].

Non semella desencamiñado interpretar un ambiente de consenso nas eleccións de Chapa. Alí non se documentan denuncias nin reclamacións. No seo dunha trama de relacións de familiares e amigos puideron chegar a acordos para repartir estes cargos. Con todo, don Benito Espinosa se ausenta destas eleccións. Non ocupa ningún cargo municipal, nin estampa a súa sinatura na acta. Este feito suscita algúns interrogantes: Acaso Varela e Espinosa decidiron retraerse institucionalmente? En 1842 foron conscientes das manobras para derrocar a rexencia de Espartero? Agardaron ao retorno moderado? E que aconteceu en marzo de 1844? Por que preferiron colocar no seu lugar a persoas de confianza? Por que non participaron nas respectivas mesas electorais e escrutinio, cando anteriormente sempre estiveron presentes? Quixeron dar entrada a outros veciños para que tomasen o relevo na política local?

3.5.2. A contención doutrinaria do liberalismo

As anteriores preguntas poden atopar algunha resposta na esfera política provincial. Varela non se desgasta na loita polo poder local, o seu control da comarca é máis sutil e ambicioso. Coa caída de Espartero, volve a ocupar escano provincial por renuncia do representante do distrito, don Ramón Eugenio Carbón. A través do seu irmán Jacobo elevaban unha solicitude ao ministro López para o mantemento da interinidade da xunta do pronunciamento. Con certeza,

[80] As familias Martínez, Bueno, Fajardo e Rivas proveñen do grupo social fidalgo de Trasdeza. No censo electoral de 1836 figura don Manuel Martínez cunha contribución de 1.390 reais, ocupando a posición décimo cuarta da provincia. O pai de Rivas, don José María, era o vixésimo cuarto, pagando 1.128 reais.

[81] No apartado "3.2.3. A carlistada en Trasdeza" xa se abordou o seu procesamento segundo a información da súa fianza. AHPP, *protocolos notariais*, don José Taboada, Trasdeza, Ca. 3148 (1). Nestas eleccións de 1844 foi elixido secretario escrutador, ademais de ser elixido síndico. En 1848 ocupará o cargo de primeiro tenente de alcalde. As cartas que se conservan de don Antonio suxiren que estaba altamente implicado na política local e comarcal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

imperaba a confusión legal e institucional, xa que a anterior Deputación fora disolta no mes de agosto[82]. Esta situación foi resolta cunha nova convocatoria de eleccións provinciais en outubro de 1843, non exenta de irregularidades na votación[83].

O novo xefe político, Díaz, que fora nomeado no mes de setembro[84], preside a nova corporación provincial, que vai contar cos seguintes deputados: don Lorenzo Varela (Caldas), don José Mosquera (Cambados), don Ignacio Vieytes (A Cañiza), don José Mª Pardo (Lalín), don Manuel Araújo y Alcalde (A Lama), don Manuel Ocampo (Ponteareas), don Fernando Martínez Monge (Pontevedra), don Manuel Troncoso y Almansa (Redondela), don José Andújar (Tabeirós), don Manuel Cea (Vigo), don Manuel Español (Tui)[85].

Algúns destes deputados provinciais tiñan experiencia no escano. Varela e Araújo y Alcalde volven a representar aos seus distritos. Don Manuel Español (Tui) prosegue, a pesar da caída de Espartero[86]. Outros deputados son caras novas na Deputación, sen poder precisar a súa adscrición política. O maior conflito destes comicios, que en todos os distritos estiveron empanados pola confusión, foi o pronunciamento centralista que se alzou neses días de outubro en Vigo. As actas electorais deste distrito non chegaron completas a Pontevedra, dando o escano a Cea, que só foi votado en Baiona e Bouzas. No distrito da capital fora elixido don José María Santos, que se unira aos centralistas de Vigo, polo que foi anulada a elección. Tamén en Redondela tiveron que proceder a segundas eleccións porque o candidato e o suplente secundaran o pronunciamento vigués[87]. Isto

[82] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais. Disolución da Deputación (1843)*, caixa 188/24.

[83] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais, Caldas (1843)*, caixa 188/28.

[84] Don Ventura Díaz ocupou a xefatura política o 7 de setembro de 1843, permanecendo no cargo, con algunhas longas licenzas, até o 23 de maio de 1847.

[85] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais. Constitución da nova Deputación (1843)*, caixa 188/27. Quedou constituída o 11 de novembro de 1843, estando presentes os deputados Varela, Mosquera, Pardo, Araújo, Ocampo e Andújar.

[86] Taboada Moure, 1987: 27- 28. Era administrador da empresa do sal. En Tui as eleccións estiveron moi disputadas, "puesto que se llegó a celebrar dos escrutinios con resultados totalmente dispares", tendo que intervir a Deputación que proclama a Español.

[87] O suplente era don Juan Manuel Pereira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

explica que até o 20 de decembro non se conformase definitivamente a corporación provincial.

A inestabilidade en Pontevedra, co levantamento "centralista" de Vigo, é reflexo da situación de transición que se vivía en todo o Estado. Até o 10 de novembro de 1843 estivo no poder un goberno provisional, que declarou a maioría de idade de Isabel, que xurou solemnemente a Constitución de 1837, dando por rematada así a época das rexencias. A raíña, tras o incidente Olózaga, confiou en González Brabo que, un mes despois de asumir a presidencia, conseguiu da raíña o decreto de suspensión das Cortes de 26 de decembro de 1843. É dicir, durante o goberno González Brabo non houbo actividade parlamentaria, acentuando o carácter ditatorial deste presidente.

Esta medida pode ser explicada na composición da cámara baixa. Entre os deputados electos en setembro de 1843 había representantes da moderación á beira de destacados progresistas. Na provincia de Pontevedra, cun censo de 24.809 electores, votaron 21.629, o que representa unha participación que rolda o 87'18%. Unha cifra altísima, por moitas reservas de fiabilidade que se contemplen nestes datos. A relación dos sete deputados e as catro ternas de senadores propostos para designación rexia é a que segue:

Cadro VIII. Resultados eleccións a Cortes de setembro 1843

DEPUTADO	VOTOS	SENADORES	VOTOS
Pío Pita Pizarro	18.427	Brigadier Antº. Mª Montenegro	17.747
Florencio Rguez. Vaamonde	16.933	Xeneral Laureano Sanz	16.033
Joaquín López Vázquez	16.770	Cristóbal María Falcón	12.558
Esteban Areal	15.139	Conde de Parsent	12.551
Diego López- Ballesteros	15.044	Manuel Barrio Ayuso	12.341
Juan Bautista Alonso	13.472	Telmo Maceira	11.786
Domingo Fontán	12.651	Infante Fco. de Paula de Borbón	10.858

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEPUTADO SUPLENTE	VOTOS	Marqués de Vilagarcía	10.850
José Ulloa Pimentel	11.160	Marqués de Montesacro	10.840
1º APROXIMADO	VOTOS	Marqués de Sta.Cruz de Ribadulla	10.836
Luis Armero	9.891	Conde de San Román	10.830

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral[88]

Ademais do menor apoio que concitou á candidatura de Diego, hai outros resultados dignos de mención. Por exemplo, Fernández Villaverde non foi votado en ningún distrito, agás Agolada, onde reuniu 360 votos, que constitúe o seu total. Debeu tratarse dun erro dos patróns locais que pensaron que Villaverde formaba parte das candidaturas moderadas, cando é probábel que estivese aínda no seu destino en Cuba, polo que sería descartado coma deputado. En setembro de 1844 xa ten regresado de América, polo que será recoñecido co favor do electorado da provincia.

Obsérvase tamén a presenza de varios candidatos progresistas: don Juan Bautista Alonso, un dos máis destacados membros do partido[89]; don Esteban Areal Rodríguez de Figueroa[90]; e o militar Leoncio Rubín[91]. O seu trunfo electoral residía en zonas de crecente

[88] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de elección de senadores e deputados a Cortes (1843)*, caixa 231/1/1. O escrutinio xeral comezou o día 27 de setembro de 1843. Asistiron os deputados provinciais don Juan Manuel Fontenla, don Valentin Suárez, e don Leodegario Rubín. Entre os comisionados electorais estaban Crespo (Lalín) e Araujo y Alcalde (Caldelas). Don José Manuel Cadabal (Baiona) foi un dos catro secretarios escrutadores. A maioría para ser electo quedou fixada en 10.815 votos.

[89] Natural da Guarda (1801) desenvolveu a súa vida profesional, política e literaria en Madrid, onde estaba considerado un dos homes fortes do partido progresista. Este avogado e escritor promoveu a caída de Espartero en 1843. Defendeu a capitalidade de Pontevedra fronte as demandas dos progresistas vigueses. Barreiro Fernández, 2001 (a): 42- 43.

[90] *Ibíd*.: 72- 73. Orixinario de Tui, foi un dos principais progresistas da provincia. Elixido deputado provincial en 1841 e 1854, e en Cortes en 1843 e 1854, participou nas xuntas revolucionarias de Tui de 1843 e 1846. Formou unha milicia de máis de 4000 voluntarios. Despois ocupou distintos destinos coma maxistrado (Valencia, A Coruña, Barcelona).

[91] Leoncio Rubín Celis de Oroña (Redondela, 1810- Madrid, 1875) era fillo dun importante propietario de Redondela, don Manuel Álvaro Rubín, quen figuraba en 1836 coma un dos maiores contribuíntes da provincia (Vid. 3.2.2. As bases sociais do Estado liberal). Seus irmáns, Leodegario e Manuel Antero, adoitan aparecer na documentación electoral dos anos corenta. Leoncio comezou a súa carreira militar nas milicias da provincia de Tui. Seguidamente, entrou no exército para combater na guerra civil. Polas súas fazañas mereceu a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

urbanización coma eran Vigo e contorna (Vilaboa, Redondela, Mos, Bouzas, Nigrán), Vilagarcía, Cambados e Pontevedra. Nalgúns distritos vilegos ou adxacentes (Cangas, Bueu, Marín, Soutomaior, Teis, A Guarda, Ponteareas, A Estrada) a votación semella estar repartida entre moderados e progresistas, fenómeno paritario que non se detectaba en anteriores comicios. Tamén se detectan figuras de perfil independente, que non encaixaban na ortodoxia moderada. Son Pita Pizarro e Fontán, que volven recibir o favor das urnas.

Estas Cortes de 1843 son significativas do avance dos moderados, mais aínda non se fixeran co poder político. Vaise fraguando un desprazamento dos progresistas, a medida que se prepara o retorno da raíña nai, María Cristina, coa súa camarilla. Neste grupo de políticos cortesáns destacaba coma principal axente Donoso Cortés. Durante aqueles meses incertos, mantivo correspondencia regular con María Cristina, que seguiu en París até marzo de 1844. Esta indicaba que a inocente raíña non podía despachar soa cos ministros, que era necesario que Donoso guiara os seus pasos. A partir de abril de 1844 «la niña» contou oficialmente con Donoso coma secretario persoal, funcións que levaba meses desempeñando[92]. Outros moderados, como Alejandro Mon, estaban nunha "órbita más exterior, pero no por ello

Cruz de San Fernando até en dúas ocasións. A súa carreira militar veuse empanada pola acusación de traizón no levantamento galego de 1846. Pronunciouse en Vigo, tomando o mando do exército Sur. Non acudiu a auxiliar a Solís en Cacheiras, fuxindo a Portugal dende A Cañiza. Pouco tempo despois foi amnistiado e puido regresar. Semella que estivo próximo entón á Unión Liberal, que lle concedeu varios ascensos, honores e destinos. Saíu elixido por Pontecaldelas en 1858, tras o baleiro moderado que deixara o falecido Fernández Villaverde. Riestra fixo daquela "unha briosa defensa de Rubín". En 1860 participou na guerra de África, substituíndo ao seu amigo, o xeneral Prim. Tamén tiña boas relacións con O'Donnell. Na súa Redondela natal mandou construír o pazo de Torres Agrelo (Reboreda), onde luce un brasón coas súas armas. Varios membros da familia seguiron os seus pasos no exército, coma o seu sobriño, o xeneral Antero Rubín. Barreiro Fernández, 2001 (a): 599- 600; https://dbe.rah.es/biografias/84362/leoncio-rubin-de-celis-y-orona/

[92] Burdiel, 2010: 152- 154. O retorno de María Cristina foi organizado paso por paso por Donoso. Conseguiu, xunto con González López, que a raíña nena asinase a concesión do título de duque de Riánsares a Fernando Muñoz, marido morganático de María Cristina. Parece ser que non querían que a nena soubese quen era o agrazado, metendo o decreto entre outros moitos papeis, de madrugada, coa rapaza medio durmida. Ademais, Donoso tería aproveitado "la ausencia de la marquesa de Santa Cruz". Para Burdiel, unha mostra máis do "enrarecido ambiente de la Corte que rodeaba a Isabel II, y de las intrigas y desavenencias que se producían de forma constante"

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

menos significativa"[93]. No ascenso político deste asturiano, que ía da man co seu cuñado e amigo Pidal[94], contara coa protección do conde de Toreno[95].

O presidente González Bravo rectificou o seu inicial progresismo, até defender unha moderación de cariz conservador. As súas disposicións foron marcadamente autoritarias: suspensión de Cortes, disolución da milicia e dos municipios; censura da prensa; creación da Garda Civil[96]. A natureza fundamental destas controvertidas medidas explica a decisión de González Bravo de gobernar mediante Real Decreto, sen mediar debate parlamentario, pola suspensión das sesións. Este presidente quería dispoñer libremente da coerción política para garantir a orde pública: *«Yo necesito plantear las leyes orgánicas, necesito un motín para tener un pretexto para degollar gente, necesito desarmar en un día toda la Milicia del Reyno y hacer con los Nacionales lo mismo que Carlos 3º con los jesuitas»*[97]. A persecución política dos progresistas foi comparada por Borrego coas represalias na caída do Trienio[98]. Narváez "que era quien en realidad controlaba la situación, no quería comprometer a una persona digna en la faena sucia que había de realizar"[99]. Decontado, xurdiron revoltas e movementos "xuntistas" en varias provincias. Negábanse a aceptar a perda de autonomía municipal[100].

---

[93] *Ibíd*.: 214- 221.

[94] Pedro Pidal foi presidente do Congreso dos Deputados entre novembro de 1843 até xullo de 1844, encabezando así a lexislatura das Cortes electas en setembro de 1843, mais que estiveron abertas no mes de decembro.

[95] José María Queipo de Llano, conde de Toreno, apadriñou a varios políticos asturianos e galegos, entre eles a don Diego López- Ballesteros. Toreno falecía en París o 16 de setembro de 1843, poucos días antes da celebración das eleccións a Cortes.

[96] Artola, 1974: 211. Catro días despois de declarar a suspensión das Cortes, foi aprobada a lei moderada de concellos, o 30 de decembro de 1843. O 10 de abril restrinxiu a liberdade de imprenta.

[97] Burdiel, 2010: 152. Palabras que González López pronunciou nunha reunión con Donoso e Narváez o 11 de xaneiro de 1844. Este último apoiou en todo momento as disposicións do presidente.

[98] Artola, 1974: 212.

[99] Fontana, 2007: 215.

[100] Díaz Marín, 1998: 31- 35. Así aconteceu en Alicante en xaneiro de 1844, e que se estendeu a Cartagena. O goberno central "puso en marcha un formidable plan represivo" que incluía a declaración de estado de excepción. Os prisioneiros detidos en Elda foron pasados polas armas, mentres que Alicante vivía un sitio que a finais de febreiro provocaba desabastecemento. A entrada trunfal de Roncali o 6 de marzo trouxo máis detencións e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cando regresa María Cristina, coa lei moderada de municipios aprobada, e co estado de sitio declarado na maior parte do Estado, foi o momento propicio para que o espadón de Loja saíse da sombra dende a que "manejaba" a González Brabo coma un títere. En maio de 1844 construíu un gabinete no que contaba coa intelixencia de Pidal en Gobernación, e a capacidade xestora de Mon en Facenda. Narváez, ademais da presidencia, ocupaba a carteira de Guerra, mentres confiaba as relacións exteriores ao marqués de Viluma, un conservador que debía conseguir a dispensa papal para regularizar o matrimonio de María Cristina con Fernando Muñoz[101].

Seguidamente, o goberno Narváez decidiu a disolución das Cortes "para formar una asamblea con carácter, aunque no con título, de constituyente"[102]. Unhas eleccións que se dirimiron entre moderados e monárquicos, dada a represión que padecían os progresistas. O seu resultado foi unha maioría parlamentaria moderada, que é a que dá nome a unha década. As votacións de 1844 tiveron lugar entre o 3 e o 8 de setembro. Na circunscrición plurinominal de Pontevedra elixíanse 7 deputados, 3 suplentes e unha terna de senadores. Do total de electores da provincia, 26.393, foron votar 24.430, o que representa unha formidábel participación do 92'56%, cun aumento de máis de 5 puntos porcentuais con respecto ás eleccións de setembro de 1843, que tivera unha participación do 87'18%. Este incremento na participación subía a cota de maioría de votos para obter escano, quedando fixada en 12.216 votos.

Cadro IX. Resultados eleccións a Cortes de setembro 1844

DEPUTADO	VOTOS
Ramón López Vázquez	23.301
Diego López- Ballesteros	23.117

fusilamentos. Os membros das xuntas fuxiron ao exilio, sendo amnistiados en 1847. Esta cruenta represión, aínda activa en 1845, sentaba un precedente para outros levantamentos, coma o galego de 1846.

[101] Voda que se celebrou na intimidade o 13 de outubro de 1844, facéndose pública no mes de novembro, cando xa estaban reunidas as Cortes. Burdiel, 2010: 157.

[102] Artola, 1974: 212. A lexislatura 1843- 44 rematou o 4 de xullo de 1844, convocando as últimas eleccións co sistema electoral de Calatrava.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DEPUTADO	VOTOS
Juan Ferreira Caamaño	23.084
Alejandro Mon	23.042
Florencio Rguez. Vaamonde	22.743
Bartolomé Hermida	22.743
Pedro Mª Fdez. Villaverde	22.702
DEPUTADO SUPLENTE	**VOTOS**
José Ulloa Pimentel	19.485
Marqués de Vilagarcía	15.231
Manuel Gómez Díaz	13.738
SENADORES	**VOTOS**
Xeneral Laureano Sanz[103]	21.155
José Pardo Vilariño	20.107
Marqués de Sta.Cruz de Rivadulla	17.627

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral[104]

Moi lonxe de obter escano quedan notabilidades provinciais coma Pita Pizarro (3.006), José Araújo y Alcalde (2.231)[105], Fontán (1.280), Luis Armero (771), José Valladares (763), entre outros moitos, coma o progresista vigués Manuel Llorente, que só recibe votos no seu distrito[106]. Unha vez máis, a maioría moderada de Pontevedra imponse na provincia.

[103] O xeneral Laureano Sanz estaba no cargo de capitán xeneral de Granada.

[104] ADPO, Eleccións, 3.13.7. *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1844)*, caixa 233/2. A apertura de Cortes estaba fixada para o 10 de outubro. O escrutinio xeral en Pontevedra celebrouse os días 14 e 15 de setembro.

[105] Irmán do deputado provincial Manuel Araújo y Alcalde, sendo cuñados de José Bugallal.

[106] Os resultados en Vigo son sorprendentes, saíndo as candidaturas moderadas e a de Llorente, sen que exista a tradicional tendencia olívica a votar progresista. O censo debeu verse moi minguado, xa que só contan con 682 electores, dos que votan 639. Compárese cos máis de 1.000 de Moraña, ou cos 1.898 electores de Pontevedra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Moraña, vence a nómina moderada de Mon, López Vázquez, López- Ballesteros, Fernández Villaverde, e Ferreira Caamaño. Cunhas ducias de votos menos, aínda que por riba dos 1.100 votos estaban Ulloa Pimente, Gómez Díaz, Rodríguez Vaamonde e Hermida[107]. No distrito da capital, Pontevedra, votan ás candidaturas moderadas, cunha única puntualización: Ulloa Pimentel ten un resultado máis modesto que no conxunto da provincia.

No distrito de Bandeira volve a aparecer Benito Espinosa na escena pública[108]. Exercía de presidente da xunta electoral, algo que non aconteceu con Lorenzo Varela en Moraña. Completan a xunta de Chapa coma secretarios escrutadores: Juan Martínez, Antonio Mª Valenzuela, Bernardo Barcala, e Antonio Rey Quintela. Os senadores votados en Bandeira coinciden coa provincia, mais nos deputados hai diferenzas significativas. Don Alejandro Mon obtén 110 votos menos que o candidato máis votado, que é o marqués de la Atalaya[109], con 834 votos neste distrito, reunindo na provincia 5.549. Aínda obtén menos votos Rodríguez Vaamonde, con 603. En Bandeira confían en Diego, o marqués de Villagarcía, Ramón, Villaverde, Hermida, Ferreira, e Ulloa Pimentel, antes que en Mon. Tampouco no distrito de Foxo Corbelle está entre os máis votados. Este desigual apoio electoral á candidatura de Mon suxire que en moitos distritos non votaron a un candidato que non era natural, nin tiña patrimonio na

[107] ADPO, Eleccións, 3.13.7. *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes (1844)*, caixa 233/2. A acta de Moraña ofrece información do cargo que estaban a desempeñar algúns destes candidatos. Hermida era profesor de dereito civil en Tui; Rodríguez Vaamonde exercía de fiscal na Audiencia de Zaragoza.

[108] O alcalde de Chapa era don Gregorio Martínez, tío de Juan, anterior alcalde de Chapa.

[109] En 1844 era o VII marqués da Atalaya don Francisco Javier Losada y Pardo de Figueroa (1777- 1847) quen herdara en 1843 este marquesado xunto co de Figueroa, así coma o condado de Maceda e o vizcondado de Fefiñáns, por falecemento da súa curmá materna. Losada estaba casado coa filla do defunto conde de San Román, polo que sería recoñecido por este título, e como tal asinaba. Militar de esplendorosa carreira, batallou contra ingleses e franceses. Era gobernador en Santiago cando triunfou o pronunciamento de Riego, tendo que exiliarse. Non obstante, en 1840 apoiou a Espartero. Foi senador entre 1834 e 1836, en 1844, e vitalicio desde 1845. Outra posíbel interpretación é que o mencionado marqués da Atalaya sexa o fillo, José Losada Miranda, xa que asina con este título nas cartas que remite ao Senado pola defunción do pai en 1847. O VIII marqués faleceu sen descendencia en 1857, pasando o legado ao seu irmán Baltasar, conde de Maceda e San Román, que repartiu os outros títulos coas súas irmás.
http://dbe.rah.es/biografias/; http://www.senado.es/web/conocersenado/sehadohistoria/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

provincia. Mon tiña amigos e clientes, o seu curmán Miguel tiña destino en Pontevedra, mais para algúns notábeis iso non sería suficiente para representar os seus intereses.

Coa maioría moderada na cámara baixa, e un goberno doutrinario presidido por Narváez, foi promulgada a nova lei de concellos e deputacións, o 8 de xaneiro de 1845. Esta regulación ampliaba aínda máis o control gobernamental das institucións locais e provinciais. A Coroa pasa a nomear os cargos das capitais de partido xudicial, ademais das maiores cidades, deixando o resto de municipios a discreción do xefe político, que sae reforzado perante a corporación provincial, que perde presenza e competencias[110]. O 2 de abril de 1845 establécese un órgano dependente de Gobernación, o Consello Provincial, que vai ter funcións consultivas e xurisdicionais. De feito, representa a orixe da xurisdición contencioso- administrativa, que se concibe coma unha fórmula mixta para axilizar os litixios na administración[111]. Este Consello estaba formado polo xefe político coma presidente, e de e de 3 a 5 vocais, dos cales 2 debían ser letrados, nomeados por Gobernación, en ningún caso electos. Namentres, a Deputación queda relegada a un órgano consultivo que, no sucesivo, só terá dúas sesións anuais.

O primeiro vicepresidente provincial en Pontevedra vai ser, precisamente, o cabezaleiro da Buzaca. Don Lorenzo Varela ademais de ser deputado provincial por Caldas, vai exercer este cargo de conselleiro, con este grao de vicepresidente, o que lle permitía realizar a interinidade da xefatura política nas ausencias de Ventura Díaz[112]. A partir de entón, Varela vai ser requirido para informar de varias cuestións de interese gobernamental ou provincial[113]. Así, colabora na división dos novos distritos electorais de 1846. Entre os seus papeis persoais hai datos de poboación e demarcacións dos distritos. Tamén foi consultado sobre os repartimentos da provincia a petición do

[110] Artola, 1974: 212.
[111] Nieto, 1966: 27- 50.
[112] Tal e como se verá no seguinte epígrafe "3.5.3. O testemuño de Varela do levantamento galego de 1846".
[113] Varela debía ser unha persoa hábil na xestión administrativa. Un ano antes, en abril de 1844, foi responsábel xunto con Pardo e Araújo, de elaborar un regulamento interno do funcionamento da Deputación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ministerio de Facenda. Nun borrador deste informe escribía Lorenzo Varela: *«Los ayuntamtºs. de Lalin, Chapa, Carbia, Golada, Dozón, Rodeyro, Estrada ó Cereijo, Pontevedra, Poyo y Nigrán, son en mi concepto apoyado en datos qe. poseen las personas de la provª mas versadas en esta clase de negocios los mas aliviados; existiendo del resto algºs. bastante proporcionados, y otros gravados con los beneficios qe. reportan los primeros referidos»*[114].

A reforma tributaria "Mon- Santillán" de 1845, discorreu en paralelo á aprobación da nova Constitución[115]. A nova estrutura fiscal de contribución de inmóbeis, cultivo e gandería, non era máis gravosa, xa que a supresión do décimo liberara un forte caudal de obrigas, mais o pago en moeda do que antes se pagaba en especie era un cambio "radical" que provocou queixas e desgustos. Especialmente, en áreas agrarias onde predominaban a produción subsistencia. Así, no norte peninsular, era "una verdadera catástrofe para los pequeños propietarios, que se encontraban con gravísimas dificultades para obtener el dinero con que hacer frente a los nuevos tributos"[116]. Para Fontana, esta reforma era un paso máis no programa da revolución liberal, ao contribuír á "disolución de viejas formas de producción".

O modelo de Mon e Santillán viuse recortado pola presión das Cortes e o impago dos contribuíntes. O problema recadatorio non estribaba só no impago pola escasa monetarización da vida campesiña, a maiores había un elemento formal que facilitaba a evasión de impostos. A conxuntura de cambio do sistema foi aproveitada nalgúns municipios para estimar á baixa a riqueza dos contribuíntes, saíndo máis beneficiados os grandes propietarios que controlaban o funcionamento da administración local. "Era de interés del municipio que no hubiese un conocimiento real de la población ni de su riqueza, dado que en función de ella se establecían los cupos del ejército y que

[114] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839-1849)*, 34.371/3. Borrador do informe sobre o sistema tributario. Ano 1846. Entre as moitas comisións que desempeñou Lorenzo Varela pódense destacar: este informe sobre a riqueza dos municipios; un sobre a cría de gando na provincia que solicita a Dirección de Rendas Estancadas en 1848 pola solicitude de desestanco do sal deste sector; e outro informe sobre as medidas e pesos que se utilizan na provincia.

[115] Sancionadas ambas o 23 de maio de 1845. Sobre esta reforma Mon- Santillán é recomendábel o traballo de Comín, Martín Aceña, Vallejo, 2006.

[116] Fontana, 1977: 337- 338.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tampoco se contase con referencias fiables sobre cada contribuyente, porque a mayor riqueza del pueblo, mayor cupo le tocaba repartir"[117]. Por este motivo é que consultan a Varela, para saber onde estaban a defraudar a Facenda.

Non obstante, existía unha asunción destas prácticas. Só o contrabando era considerado fraudulento, mentres que a evasión fiscal "era perfectamente tolerado y estaban en la base misma del sistema tributario instaurado por la ley de 1845"[118]. O reparto e recadación da contribución territorial quedaba nas mans dos concellos, coa supervisión das deputacións, asistindo, pois, a cálculos inxustos e interesados. Foi "un arma política en manos de los caciques"[119].

Estas sospeitas de fraude parecen corroborarse nos datos dos censos electorais. Por exemplo, os datos de contribucións dos electores de Chapa en 1849 acusan un importante descenso con respecto ao censo de 1845, cando aínda non se aplicara a reforma fiscal[120]. Unha irregularidade tan evidente provocou a apertura de expediente de inspección das contas municipais[121]. De tal xeito, as fontes de contribucións que, de entrada, podían ser valiosas para un seguimento da riqueza dos notábeis, teñen pouca fiabilidade ou son directamente "algo totalmente ficticio"[122]. Se ben é certo, ofrecen outra mostra da transcendencia da política municipal para a riqueza privada.

En verdade, os datos das novas contribucións merecerían unha investigación específica, que dilucidase canto rigor ou falsidade hai nestas fontes. Barreiro chamaba a atención sobre este cambio do sistema tributario: "está por estudiar este capítulo fundamental, a base de fuentes de primera mano que nos permitan comparar

[117] Pérez Domínguez, 2012: 108.
[118] Comín, 2004: 68- 69.
[119] *Ibíd*.
[120] Espinosa foi baixando a súa cota de contribución, un feito que se interpretou nun primeiro momento coma unha perda de riqueza. Non obstante, esta tendencia á baixa nos censos electorais de 1844 (2.696 reais), 1845- 46 (1.044 reais), e 1849 (380 reais), tamén se observou noutros grandes propietarios do municipio, mentres as contías dos pequenos e medianos propietarios ascendía.
[121] Este caso explícase no apartado "3.5.5. O «negocio» das eleccións municipais".
[122] Comín, 2004: 69. "La opción por los amillaramientos, frente al catastro, impidió conocer la riqueza imponible y convirtió los registros agrarios en algo totalmente ficticio".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cuantitativamente el sistema impositivo anterior a 1845 con éste y cuantificar asimismo las ventajas o desventajas de los distintos sectores con el cambio"[123]. Os resultados dun estudo deste tipo permitirían ponderar se os cargos públicos investigados aumentaron ou viron reducida a súa riqueza. A hipótese inicial, á vista das cotas de contribución, é o paradoxo entre a propiedade da terra e a representación política. A medida que dedicaban máis tempo á política, desatendían o seu patrimonio, e isto tiña o seu correlato no descenso das contribucións que pagaban. Porén, atinxindo á fraude fiscal que realizan dende o ámbito municipal, esta hipótese queda en suspenso.

O programa doutrinario contemplaba varias reformas, sendo a principal o texto constitucional. A Constitución de 1845 é a plasmación do doutrinarismo. Abandónase o idealismo da revolución liberal, para adoptar unha posición política "ecléctica", posibilista. Puido tratarse dunha "contrarrevolución moderada"[124], ou dunha "revolución conservadora"[125]. Quizais son denominacións polémicas, mais, sen lugar a dúbidas, foi unha contención do liberalismo. A pedra angular do Estado residía nunha soberanía nacional rebaixada, dividida. Foi o chamado sistema de "soberanía compartida" Coroa-Cortes[126]. Esta manobra minoraba á "nación", coma vontade xeral, e ás Cortes, coma cámara de representación política da mesma. A primacía da Coroa xunto cun executivo hipertrofiado, "monárquico", debuxaban un Estado plenamente identificado coa Administración, concedendo ao Congreso un rol secundario, "de control"[127]. A prerrogativa rexia de disolución das Cortes era unha espada de Damocles que pendía sobre as cabezas dos deputados, derivando nunha dependencia política das intrigas de palacio. Este papel "directivo" da Coroa tamén explica que a oposición política recorrese

[123] Barreiro Fernández, 1977: 205, 208. O novo sistema impositivo afectaba ás industrias de salazón, papel, vidros, xabón.
[124] Fontana, 2007: 219- 266. Así titula Fontana o capítulo dedicado á Década Moderada.
[125] Gómez Ochoa, 2007: 40. Seguindo a Guizot, buscaron "separar la monarquía de la causa del Antigo Régimen y la libertad política de la revolución, surgió un liberalismo concordante con el espíritu y la estética románticas que postuló el examen pormenorizado de los hechos sociales y la exaltación de las diferencias nacionales".
[126] Marcuello Benedicto, 1986: 330- 334.
[127] Marcuello Benedicto, 2008: 125.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ao exército coma táboa de salvación, a única vía posíbel de acceso ao poder. En resumo, o deseño institucional dos doutrinarios españois non respectou as garantías mínimas do sistema parlamentario, limitando o réxime ás feituras dunha "monarquía constitucional".

En canto ao sistema electoral, os mon-pidalistas plasmaron na lei de 1846 as súas reservas sobre a "capacidad" de electores e elixidos. Facendo gala de pragmatismo, rexeitan a bondade da nación, concedendo o dereito ao voto aos mellores da sociedade[128]. Dende a súa condescendente posición de "pedagogos de la modernidad" substituíron o uso habitual dos termos "representantes" e "representados" por categorías máis prácticas: electores/votos e deputados[129]. En definitiva, os doutrinarios abandonaran o idealismo da soberanía nacional por un enfoque máis elitista, pragmático e autoritario da representación, á par dunha proxección máis cultural –menos política- da nación[130]. Talvez o trunfo do moderantismo foi esa vertente "social y cultural, que acaba impregnando la España isabelina", fronte o "desmoronamiento del moderantismo político" que foi incapaz de superar a fragmentación interna derivada da loita polo poder[131].

3.5.3. O testemuño de Varela do levantamento galego de 1846

A nova lei electoral aprobada o 18 de marzo de 1846 estaba fundada na propiedade agraria. Era a riqueza dos terratenentes a condición que capacitaba para o sufraxio, xa que «se justifica con el pago de los impuestos que a la propiedad afectan»[132]. O requisito legal de contribucións directas quedou fixado nunha cota moi alta, 400 reais, provocando que en moitos distritos non se cubriran as listaxes

[128] Emulando aos doutrinarios franceses. Rosanvallon, 2007: 170.
[129] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 20- 21, 25.
[130] Gómez Ochoa, 2007: 40. O liberalismo oligárquico dos doutrinarios rexeitou os principios universalistas da revolución, aquela abstracción da vontade xeral, promovendo unha nación fundada en "supuestos histórico- culturales".
[131] Díaz Marín, 1998: 44. A "erosión interna, como consecuencia de las rencillas entre las diversas familias moderadas, más que del acoso de una oposición debilitada y marginada". Foron as propias familias moderadas quen disputaron o poder coma gobernamentais ou oposición política.
[132] No dictamen da Comisión parlamentaria da reforma electoral. Citado en Sierra, Zurita, Peña, 2006: 19- 20.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de electores con este suposto. Na provincia de Pontevedra, todos os distritos tiveron que completar o censo mínimo de 150 electores con contribuíntes de pagos inferiores.

A pesar desta independencia que concedía a riqueza, o dereito a votar tivo que abrirse ao mérito. Os moderados tiveron que recoñecer, tanto por presións dos progresistas, como pola "composición sociológica del grupo parlamentario moderado", o valor da intelixencia que capacitaba a profesionais e funcionarios[133]. Así, mediante o artigo 16 da lei, permitíase a entrada no censo a electores que pagaban cotas por baixo dos 400 reais, mais que tiñan algunha "calidad" que os capacitaba, por diante doutros propietarios agrarios que oscilaban entre os 200 e os 400 reais. Era o suposto legal que permitía votar a médicos, avogados, párrocos, militares e farmacéuticos. Non obstante, malia recoñecer este dereito do mérito, a tónica xeral da época era investir na adquisición de propiedades, resultando que moitos profesionais chegan a confundirse co perfil dos propietarios. Así sucedeu na provincia de Lugo, coas poxas de bens desamortizados, onde máis da metade dos compradores eran de extracción burguesa[134]. Tamén os notábeis de Madrid tiñan por "práctica habitual" comprar "propiedades en el lugar de origen", sobre todo comerciantes e banqueiros, mais tamén burócratas e políticos[135].

Esta identificación do elector cos propietarios agrarios, xunto con outros aspectos coma a redución do censo e os sistema de distritos

[133] *Ibíd*.

[134] Villares, 1994: 185- 186. Os maiores compradores de bens desamortizados entre 1837 e 1849 foron: comerciantes (30'7%), profesionais liberais (10'2), e funcionarios (15'8). A presenza de industriais foi "excepcional". A fidalguía representou o 16'9%, se ben é certo que ás veces resulta difícil distinguir a liñaxe fidalga na documentación, sendo plausible que un funcionario tivese orixe fidalga. O exemplo do conde de Fontao é suxestivo: funcionario de carreira e dirixente político moderado, obtivo título nobiliario en 1840, mais proviña da fidalguía. Foi un dos grandes compradores na desamortización, aínda que sexa complexo clasificalo nun grupo social, sendo máis axeitada a consideración de "notábel". Outro aspecto que constata Villares é a maioritaria veciñanza urbana do comprador, con especial incidencia de Lugo e Madrid, que adquiren o 36% das poxas.

[135] Cruz Villalón, 2000: 118- 120. No Madrid da década dos corenta xurdiu interese nos investimentos en ferrocarrís e en compañías de seguros. Á par destes negocios, os notábeis confiaban na adquisición de propiedades coma un valor seguro, que ademais confería estatus de terratenente, ligado á imaxe de dominio señorial.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

uninominais[136], beneficiaban ás areas rurais, prexudicando a representación política das cidades. Un medio legal para fabricar maiorías moderadas, que coutaba a forza parlamentaria das cidades e da provincia. A fin de contas, xa non era necesario consensuar candidaturas no ámbito provincial, bastaba con situar cada candidato nun distrito. En consecuencia, a influencia do goberno buscaba ás elites locais rurais, non sempre conformes coas notabilidades de rango provincial. Isto é, a provincia vese despoxada de boa parte do seu espazo político, que é ocupado pola relación directa de patróns gobernamentais e/ou parlamentarios cos distritos, sen que medie unha negociación de intereses provinciais.

Tal e como estudou o profesor Barreiro[137], o levantamento galego de 1846 é unha resposta meditada e "preparada" ao programa moderado de contención do liberalismo. Este levantamento organízase en oposición directa á nova Constitución, á reforma fiscal Mon-Santillán, á nova lei electoral, e ás tendencias autoritarias do goberno moderado[138]. En suma, trátase da reunión de distintos sectores que difunden propaganda contraria ao partido moderado e que agardan o momento oportuno de levantarse en armas para cambiar o goberno. Este obxectivo reúne as bases de "incondicionales" esparteristas de cidades coma Lugo, Ferrol e Vigo[139], aos progresistas en xeral, xunto cunha nova xeración de liberais en Compostela que estaban a fraguar o movemento "provincialista". Segundo as novas que recibe Fontán: *«que Santiago estaba en revolución habiéndose pronunciado la tropa y muchísimos estudiantes por Isabel II y contra el sistema tributario e instituciones actuales»*[140].

Na revolución galega había un marcado cariz urbano e intelectual, sendo un discurso de difícil implantación no medio rural, onde domina

[136] Ao fío da convocatoria de eleccións a Cortes de decembro de 1846, analizaranse polo miúdo a transcendencia destas medidas da lei electoral.
[137] Barreiro Fernández, 1977. Unha obra imprescindíbel que debería ser reeditada.
[138] A Constitución e a lei tributaria foran aprobadas o 23 de maio de 1845, a lei electoral o 18 de marzo de 1846.
[139] *Ibíd.*: 66- 68.
[140] http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html/; carta de Domingo Fontán ao seu irmán Andrés, 4 de abril de 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o partido moderado[141]. Se no plano teórico acusan ao atraso económico e ao centralismo, no aspecto práctico van tentar chegar ao mundo campesiño coa crítica ás «crecidas contribuciones»[142]. A proclama de Solís en Lugo remataba con este motivo: *«viva la reina libre, viva la Constitución, abajo el sistema tributario»*. Este «abajo el sistema tributario» foi a "frase más repetida durante aquel período", aínda que o novo "sistema en sí mismo no fue particularmente gravoso"[143].

Aínda que Domingo Fontán se atope sorprendido polo pronunciamento, *«sin que nadie lo hubiera previsto»*[144], distintas fontes indican que existían sospeitas fundadas. Dende febreiro de 1844, "los avisos de los espías de un pronunciamiento en Galicia se hacen más apremiantes"[145]. Era cuestión de tempo. A comezos de 1846, o infante don Enrique de Borbón, de adscrición progresista, foi destinado a Ferrol, coa intención de afastalo da Corte. A súa chegada visitou aos seus amigos progresistas da Coruña, Santiago, Redondela, Vigo e Pontevedra. A reunión crucial tivo lugar en Mourente con Rubín de Celis, Buceta, e Santos, entre outros. Dende Madrid cominan ao desterro do infante o 20 de marzo, ademais de ordenar o traslado de batallóns e o cambio do capitán xeneral, nomeando a don Juan de Villalonga, que toma posesión o 29 de marzo[146].

---

[141] Tettamancy (1908) interpretou a "revolución" galega coma un movemento pola independencia fortemente ideoloxizado. Unha vindicación de soberanía. Barreiro ten sinalado a contribución "provincialista" no levantamento, que se insire na reacción compartida ao centralismo madrileño. Nos estudantes provincialistas había distintas tendencias políticas (demócratas, progresistas, radicais, republicanos, federalistas), sendo as voces federalistas máis ben singulares, como La Sagra e os seus acólitos. No seu conxunto, o levantamento concita ideas e afrontas, postula unha maior descentralización e liberdades, facendo crítica o autoritarismo moderado. Isto é, unha resposta amalgamada (mornos liberais, esparteristas, antiesparteristas e provincialistas) á contención do liberalismo que emprenden os doutrinarios no poder.

[142] Barreiro Fernández, 1977: 92, 204. Un dos argumentos da revolución de 1846 era conseguir unha tributación "conforme con la realidad socioeconómica de Galicia", por exemplo o desestanco do sal. Non obstante, os sublevados non teñen un programa de reforma agraria, nin sequera no eido fiscal, sendo a burguesía "la gran beneficiada" das súas propostas.

[143] *Ibíd*.: 203, 209- 210.

[144] http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html/;

[145] Barreiro Fernández, 1977: 67.

[146] Ordenan o traslado dos tres batallóns do rexemento Zamora, dende A Coruña até Valladolid. No seu paso por Lugo é cando se levantan en armas. O excapitán xeneral Puig

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este cúmulo de accións en poucos días reflicten a inminencia da insurrección. Por isto mesmo, esperta suspicacias a inicial actuación de don Lorenzo Varela á fronte da Deputación de Pontevedra. Coincidía que o cabezaleiro da Buzaca ocupaba interinamente a xefatura política. Era vicepresidente da Deputación, cando o xefe político don Ventura Díaz acudiu a Madrid para ocupar o seu escano en Cortes por Lugo[147]. Naqueles primeiros meses de 1846 residiu Varela en Pontevedra, concretamente entre o 15 de decembro de 1845 e o 20 de marzo de 1846, data na que *«entregó el mando al sr. Consejero Dn. Juan Paz i Rodriguez»*, xa que Varela solicitara *«una licencia de S.M. por quince días para atender sus negocios privados»*[148].

Naquelas datas anteriores ao pronunciamento escribiu Jacobo Varela dende Madrid ao seu irmán Lorenzo:

> «No dudo que la llegada á esa Capital del Sr. Infte. D. Enrique te habrá proporcionado aumento de trabajo y algunas mas atenciones: pº. S.A. es digno de las mas vivas y respetuosas, y creo tambn. Que con su buen caracter y despejo atraherá voluntades y sinceras afecciones; aunque su lebe indisposicion y los recientes disgustos le haran ahora menos comunicativo y afable. Me alegraré de su

Samper, que emprendera viaxe a Madrid, soubo do pronunciamento no camiño, regresando o día 4 de abril.

147 Non se atoparon referencias destas circunstancias en Fariña Jamardo e Pereira Figueroa (1986: 117), que sitúan a Ventura Díaz coma xefe político entre setembro de 1843 e maio de 1847. En troques, Barreiro Fernández (2001a: 205- 206) apunta na súa biografía que foi deputado por Lugo na lexislatura de 1844- 46, e que ocupou a xefatura provincial de A Coruña, despois da de Pontevedra, e seguidamente a de Barcelona, en 1847. Ventura Díaz xurou o escano o 17 de outubro de 1844, o que colocaría á xefatura política de Pontevedra nunha situación de interinidade durante case 18 meses, que tería desempeñado Varela coma vicepresidente do Consello Provincial dende abril de 1845. Sen embargo, durante o verán e o outono de 1846 Díaz debeu estar no seu cargo en Pontevedra, xa que asina os oficios da xefatura política, o que pode indicar que Varela substituía a Díaz durante períodos relativamente curtos. Ambos, Díaz e Varela mantiñan unha relación moi cordial, de confianza mutua.

148 ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839-1849)*, 34.371/3. Así o relata un testemuño de don Lorenzo Varela sobre os sucesos revolucionarios de 1846, e que está entre as cartas desa década da Buzaca.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> restablecimtº. y de que le queden recuerdos agradables de ese pais»[149]

O irmán de Lorenzo Varela parece amosar simpatías cara o infante Enrique. Comenta os «recientes disgustos» que padecera a súa alteza, xa que viña de pretender a man da súa curmá, a raíña Isabel, tendo que marchar desairado de Madrid. Poderíase caer nunha interpretación tendenciosa se nestas verbas se busca unha filiciación política nas «voluntades y sinceras afecciones», ou un anuncio de insurrección nos «recuerdos agradables» que lle queden do país[150]. Nada máis lonxe, xa que Jacobo transmite un clima de normalidade, sen visos de revolución. Aínda máis, lémbralle a Lorenzo o *«encargo de aprovechar cualqª. ocasion medianamte ventajosa a adquirir algunas tierras por allí»*. Así e todo, Jacobo pode estar tranquilo xa que pensa que Lorenzo está na Buzaca, *«disfrutando Rel. licencia»*[151].

Casualmente, Varela non estaba no seu cargo en Pontevedra cando prendeu o levantamento en Lugo e Santiago, mais axiña regresou a Pontevedra para ocupar o seu posto. Así o relatou do seu puño e letra no borrador dun informe que debeu enviar a Gobernación:

> «Regresado á su casa en el dia veinteiuno del citado Marzo, le acometió una fiebre catarral complicada, que le hizo guardar cama hasta el dia dos de Abril, en cuya fecha ofició al Sr. Paz manifestandole no podría en el proximo cuatro, termino de su licencia, venir á la Capital para encargarse nuevamente del mando, con

[149] *Ibíd*. Carta de don Jacobo Varela Sarmiento ao seu irmán Lorenzo. Madrid, 21 de febreiro de 1846.

[150] Os Varela están encadrados na facción doutrinaria que ten a Pidal e Mon coma referentes. Con todo, na intimidade familiar podían compartir opinións críticas aos dirixentes moderados. Un ano despois escribía Jacobo: *«Yo continuo bastante atareado con mi direccion y con el establecimto. de un colegio politécnico q. vamos á fundar cuarenta padres de familia para dar educacion á nros. hijos, preparandolos pª. el siglo que se les presenta. Era una necesidª. que el Govº. conocia como todos, pero el Sr. Pidal dormia mas qe. trabajaba y aun estará muy satisfecho de haber dado su estupendo plan de estudios»*. *Ibíd*. Madrid, 18 de marzo de 1847.

[151] Estas verbas veñen subliñadas na carta orixinal, dando máis énfase a esta situación. Non existe ningunha fonte que suxira que Varela fose alertado da inminente insurrección e que por iso pedira a licenza real para ausentarse da xefatura política que exercía interinamente. Porén, o mesmo Varela vai ter que xustificar esta licenza despois dos sucesos de abril de 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

razon al estado de su salud, pero que lo haria inmediatamente pudiese, y rogandole lo elevase asi al conocimiento del Gobierno de S.M., como tubo efecto.

En el dia cinco de Abril mui de mañana supo en su residencia de la aldea la rebelion verificada en la ciudad de Santiago el cuatro, por el provincial de Zamora, y los rumores de que igual defeccion se había ejecutado en Lugo (...). Alarmado con tales noticias al momento se resolvió á presentarse en esta Capital en medio del estado de convalecencia mui atrasada en que se hallaa, y lo verificó en la madrugada del seis apesar del horroroso temporal que hacía, encargandose nuevamente del mando en el mismo dia por la noche.

Su digno compañero el Sr. Paz había tomado providencias energicas y verdaderamente Salvadoras de la tranquilidad publica en los dias cinco y seis (...) haber declarado enunion con el Sr. Brigadier Dn. Antonio Fojo, comandante General de la Provincia en estado de sitio á la misma, constituyendo este ultimo una comision militar ejecutiva, y habiendo dictado los bandos y ordenes oportunas en tan delicados momentos.

Reasumido el mando superior por el Sr. Fojo en el referido dia cinco, se dedicó el que declara no solo á ausiliarle eficazmente en todos sentidos, sinó á obrar por si dentro del circulo de sus atribuciones; y desde luego observó el acierto y prevision con que el Sr. Comandante general hizo replegar á Pontevedra las partidas sueltas del provincial de Segovia, destacadas en varios puntos; el acuartelamiento de las tropas con Gefes y Oficiales á la Cabeza; su establecimiento y despacho personal fijo dia y noche en el Ex- Convento de Sn. Francisco; el célo con qé rondaba y visitaba los cuarteles con frecuencia y en todas horas; y por ultimo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> otras infinitas medidas por el mismo adoptadas, que honran su pericia militar de un modo notable»[152].

Na súa declaración Varela preséntase coma un espectador excepcional. Deixa caer toda a responsabilidade no comandante Fojo, ao que enxalza polas súas decisións e carácter. O retrato que ofrece da revolución é netamente militar, dependente dos mandos e tropas, ficando en suspenso as autoridades civís. Varela, coma xefe político interino, tiña unha posición de poder ineludíbel, mais pretende amosarse coma un mero observador dos feitos. Na súa narración, que escribe en terceira persoa, afirma coñecer os feitos *«segun las mejores noticias qe. tubo el declarante, pues el mismo no salio ni un momento del despacho del govierno politico»*.

Parece pouco probábel que Varela non participase activamente nesas xornadas. Dende 1836 estaba habituado ás comisións, á corporación provincial, a arranxar eleccións. Nesta situación dificilmente podía decidir retraerse, como si fixera na rexencia de Espartero. De feito, presidiu unha sesión do consello provincial o día 8 de abril, na víspera da proclamación do pronunciamento en Pontevedra[153]. Por outra banda, Varela pertencía a unha das liñaxes fidalgas máis antigas da provincia, aínda que non emulaba o pasado guerreiro dos devanceiros. Tampouco reproducía o perfil do seu pai, don Benito Varela, xefe da Alarma de Peñaflor, nin do seu tío Jacobo, que falecera loitando para liberar Pontevedra dos franceses. Lorenzo Varela non combateu o pronunciamento, aínda que é probábel que empuñase algunha arma para defenderse. Así e todo, o honor seguía a

[152] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839- 1849)*, 34.371/3. A informe de Varela é máis extenso. Prescíndese aquí de reproducir algúns detalles dos sucesos militares xa que non son relevantes neste estudo de tese. Naquel momento contaba Varela 43 anos de idade.

[153] *Ibíd*. Entre as cartas hai unha copia da acta do Consello Provincial que presidiu Varela, e que contou coa presenza dos seus membros Manuel Gómez, Juan Paz y Rodríguez e Claudio González. Alí dispuxeron dar aviso ao depositario dos fondos da construción da estrada provincial, para que os puxese a salvo dun posíbel espolio. O Consello Provincial era un órgano creado en abril de 1845, dependente de Gobernación, que apoiaba á xefatura política nas súas funcións. A súa chegada ás provincias supuxo unha mingua das deputacións, que perderon competencias e asistencia. O vicepresidente do Consello en 1845 era Lorenzo Varela, asumindo a presidencia e a xefatura política cando Ventura Díaz vai tomar posesión de escano parlamentario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ser o *ethos* da súa condición social. Varela era un digno representante do grupo fidalgo e dos distritos rurais. A súa interinidade coma xefe político provincial era francamente oportuna nun contexto de inminente sublevación progresista, xa que o seu nome estaba plenamente identificado coa fidalguía, no social, e cos moderados, no político. A súa presenza en Pontevedra podía infundir confianza aos seus amigos políticos.

Continúa o seu relato dos feitos coa misión que o comandante xeneral Fojo encomendou ao comandante da Garda Civil, don Manuel Buceta. Debía achegarse co seu batallón até Padrón, parando na Estrada, onde conseguiu apresar «una partida de tropa». As comunicacións víanse interrompidas polas «partidas» que saían de Santiago con tal propósito, sendo difícil seguir as ordes do capitán xeneral Villalonga, dende A Coruña. Dende Pontecesures, alerta Buceta «de una columna de 900 hombres que de Santiago se dirijían á esta ciudad» de Pontevedra. Dende Sigüeiro recibiron un oficio de Puig Samper que lles causou impresión. O día 8 convocou Fojo unha «Junta de autoridades», que apoiaron a súa xefatura, e seguidamente, dispuxo as tropas e os cuarteis para a defensa de Pontevedra. O comandante Buceta chegou ao exconvento e confirmou «la proxima llegada de los batallones sublevados a las ordenes de un Dn. Sebastian Arias». Con algún «pretesto», Buceta «desapareció inmediantamte.», para regresar coa súa tropa dando *«vivas a la Livertad, Reyna Constitucional, y a la Junta de Santiago»*. Varela non fai mención ás proclamas contrarias ao sistema tributario ou ao «despotismo»[154].

O pronunciamento militar en Pontevedra comeza cuns «lances peligrosos» no exconvento de San Francisco. Varela defende con elocuencia a «abnegacion y valor» do comandante Fojo, que evitou unha masacre:

> «en aquellos momentos no solo se hubieran muerto y herido mutuamente los guardias sublevados y los soldados de Segovia, sinó qe. (...) hubieran asesinado a todas las autoridades y personas mas comprometidas

[154] Os distintos bandos e proclamas destas datas (Solís, xunta de armamento de Lugo, xunta de Santiago, Sebastián Arias) completan os "vivas" con denuncias ao «dictador Narváez», á súa «camarilla», ademais do citado «abajo el sistema tributario». Barreiro Fernández, 1977: apéndices, 237- 241.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> estacionadas en el govierno político, sinó qe. hubieran estendido la matanza y el desorden al resto de la ciudad».

A continuación, observa Varela dende as fiestras do seu despacho que comezan a axuntarse «grupos de paisanos medio armados» que corean as vivas que entoa Buceta. Namentres, o comandante Fojo *«con grande pena suya observó la desleal conducta de los oficiales y tropa»*, que secundaron o pronunciamento, aínda que lle garantizaron a Fojo *«cierta conservacion de orden material»*.

Cando o comandante Fojo foi arrestado e conducido ao despacho do goberno político, atopouse Varela *«absolutamente abandonado de toda la fuerza militar»*. Para a súa fortuna, os levantados en armas non incorreron en represalias, sendo talvez excesivamente permisivos ou confiados. Nos primeiros días, Fojo quedou detido na súa pousada en Pontevedra. Varela, pola súa parte,

> «recibió orden el 13 para pasar via recta á su casa de Sn. Lorenzo de Moraña lo que ejecutó el catorce, y en la misma se halló en el quince con el Sr. Brigadier Fojo que en lugar de marchar directamente á Santiago para donde le dieron pasaporte lo hizo al punto referido con el objeto de poder unirse á las fuerzas leales como asi tubo efecto en el dia 24 en Santiago con el Sr. General Dn. Jose de la Concha, despues de pasar mil peligros en la travesía desde Moraña de donde salió el veinteídos á aquella Ciudad por efecto de las inumerables partidas facciosas que ocupaban los puntos principales de los caminos mas usuales».

Isto sinala que Fojo buscou refuxio na Buzaca, con Varela, onde permaneceu nove días. Alí é probábel que tivese lugar algunha reunión de notabilidades e militares contrarios ao pronunciamento. Por desgraza, non se conserva correspondencia destas xornadas na Buzaca. Remata Varela a súa declaración facendo gabanza das virtudes de Fojo: *«lealtad sin limites (...) pundonor y delicadeza»*, ao tempo que acusa de «traicion» a Buceta, o oficial Ramón, *«asi como todos los Capitanes, Oficiales, y tropa del prvl. de Segovia y Guardia*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Civil». A ollos de Varela, foron os mandos intermedios os que secundaron o pronunciamento[155]. Coma pano de fondo, a declaración de Varela amosa a forte dependencia que sufría a política decimonónica do exército. A clase política precisaba dos militares para resolver os episodios revolucionarios, tanto para impoñelos coma para resistilos. Un partido ou movemento necesitaba o carisma dun xeneral para exhibirse coma "hombre fuerte de la situación"[156], que suxeitase aos oficiais e convencese aos propietarios.

Esta percepción é a que motiva rótulos coma o "régimen de los generales", "partido de generales" ou "casta militar", ou "soberanía militar"[157]. Con precisión, non sería tanto unha "preponderancia militar" coma unha "interdependencia", que viría propiciada polas primeiras manobras dun pronunciamento[158]. Acto seguido, o levantamento debía trasladarse ás xuntas, estando nas mans da clase política a organización e xestión. É dicir, se nas primeiras horas o mando está nos militares, xa que toman decisións nesta materia, despois está nos políticos. Nestes episodios de rebelión ou insurrección é onde parecen mesturarse o militar e o político, resultando que o militar desenvolve tamén unha carreira política, chegando a ocupar escano parlamentario. Pola parte do político, sucede que a "inflacción de lo político", do acontecemento que trastorna o réxime, non lle permite ocuparse debidamente da xestión pública[159].

---

[155] A xuventude e a estrutura do escalafón son factores que explican en parte o apoio dos oficiais aos pronunciamentos progresistas, tal e como teñen sinalado diversos autores. Para Comellas (1970) os moderados representaban "la madurez", fronte a xuventude progresista. Para Barreiro Fernández (1977) había cuestións conxunturais que motivaban as insurreccións de oficiais: redución de ascensos despois da guerra, incorporación de oficiais carlistas, irregularidades nas pagas. O tema das pagas non é secundario, xa que no encontro en Sigüeiro entre os exércitos de Puig Samper e Solís, os oficiais do primeiro critican que os segundos colleran botín e cobraran os soldos.

[156] Gómez Ochoa, 2007: 65. Atribúe esa calidade a Espartero en 1840. Con esta referencia sublíñase o valor descritivo desta expresión.

[157] Citando algúns dos termos de Pabón (1983), Tuñón de Lara (1974), e o cronista Manuel Angelón (1860).

[158] Barreiro Fernández, 1977: 106. Fai referencia a obra de Balmes, que describía esta "preponderancia". Tamén a Cepeda Gómez (1990), que estudou os pronunciamentos, subliñando a "interdependencia" do exército coa clase política. Esta "interdependencia" está en consonancia coa interrelación das fontes do poder social de Michael Mann.

[159] Comellas, 1970: 199.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aínda que a forza material das armas e tropas alteraba o curso político, o exército non constituía nin culminaba por si mesmo un réxime político. Gañaron relevancia política por ser unha das poucas vías de acceso ao poder, á vista de que as eleccións estaban lastradas pola fraude e a inoperancia parlamentaria[160]. Estaban altamente politizados, mais non obterían éxito sen a organización política que proporcionaba o *xuntismo*. En esencia, son estruturas de poder formadas no tempo que explican tanto o protagonismo do exército coma forza de combate que precipita os acontecementos, coma o facer dos políticos que atinxen á ordenación e administración inmediatamente posterior. Isto, que pode resultar obvio, ten provocado torpes confusións na análise dos feitos. Así, por exemplo, don Lorenzo Varela non debeu atoparse na obriga de tomar as armas para defender Pontevedra, xa que había tropas. A súa situación era distinta á do seu pai, don Benito, que organizou a alarma da xurisdición onde era xuíz, pola chamada á insurrección xeral cando non había exército. Namentres, Lorenzo Varela era un político, unha notabilidade provincial que acolleu na súa casa ao comandante Fojo, agardando o desenlace dos feitos. Perante a derrota, o militar busca a protección e organización do político. Talvez foi á Buzaca para dispoñer de información e organizar un contraataque.

Mentres dende Madrid ordenaban ao xeneral de la Concha sufocar o levantamento militar, proliferaba unha *"constelación de juntas locales, que habían surgido por todas partes"*[161]. Era o paso que marchaba detrás do exército, a organización política: proclamación, formación dunha nova corporación municipal, reunión e formación da milicia local, recadar fondos, reprimir opositores,... Primeiramente, foron as cidades: Lugo, Santiago, Pontevedra, Vigo e Tui, mais despois se estendeu por vilas próximas e municipios rurais que substituíron as corporacións municipais por xuntas[162]. Nalgunhas

[160] Marcuello, 1986: 372. No réxime isabelino "se evidenció que sólo la Corona o la plataforma extraparlamentaria de los movimientos juntistas y de los pronunciamientos militares, eran los factores decisivos del cambio político, lo cual no podía por menos de impedir la existencia regular y estable de un Gobierno representativo en el marco de una Monarquía constitucional".

[161] *Ibíd*.: 140.

[162] Barreiro Fernández, 1977: 183. Na provincia de Pontevedra: Arbo, Baiona, Bueu, Cotobade, Cambados, Cangas, A Cañiza, Cerdedo, A Estrada, Forcarei, O Grove, Gondomar,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comarcas, coma Lalín, eran os universitarios os que levaban a noticia do acontecido en Santiago. Nos datos que ofrece Barreiro Fernández sorprende que en Caldas e en Barro sexa don Ramón Iglesias Amor, amigo persoal de don Lorenzo Varela, o comisionado pola xunta de Pontevedra para comandar a milicia, organizando unha xunta o 11 de abril[163]. Incluso Moraña cambia de signo político, secundando o levantamento o 14 de abril, casualmente na mesma data na que o exército de Rubín de Celis pernoctaba en Chapa[164]. Foi isto posíbel sen o consentimento de Varela? Non estaría Varela xogando a dúas bandas? Acaso non tiña protexido a Fojo na Buzaca, mentres o seu amigo Iglesias colaboraba cos insurrectos?

Despois de ter fracasado o levantamento, comeza o proceso contra os implicados. Algúns amigos persoais de Varela e Espinosa puideron verse encausados. Xa se mencionou con anterioridade o caso de Francisco González, fillo do procurador don Pedro González, que levaba os preitos de Espinosa na Audiencia da Coruña[165]. Foi este un amigo que suplica axuda para o seu fillo, que formara parte da comisión de Facenda da xunta compostelá do levantamento[166]. Ademais, Francisco González participara tamén da revolución de setembro de 1840. O pai explicaba a reputación do seu fillo:

A Guarda, A Lama, Lavadores, Marín, Meaño, Mondariz, Moraña, Nigrán, Pontevedra, Portas, Porriño, Ponteareas, Redondela, Ribadumia, Soutomaior, Saiar, Salceda, Sanxenxo, Setados, Tui, Tomiño, Valga, Vilaboa, Vilaxoán, Vilanova, Vigo, Vilagarcía. Na Coruña: Ames, Boiro, Betanzos, Buxán, Dodro, Lousame, Mesía, Muros, Noia, Ordes, Padrón, A Pobra, Santiago, Tordota, Trazo. En Lugo: Castroverde, Lugo, Palas de Rei, Quiroga, A Pobra de Brollón, Taboada. Advirte Barreiro que é unha lista "aproximativa", segundo os informes que remitiu cada concello á xefatura política provincial, mais no caso de Lugo non hai estes informes, usando coma fonte os sumarios da Capitanía Xeneral.

[163] *Ibíd*.: 178, 183. Don Ramón Iglesias escribira a Varela dende Caldas, o 21 de setembro de 1845, sobre a composición da mesa electoral dese distrito. E reflexionaba: *«Emancipado ya y fastidiado de la farsa electoral no pensará jugar en ellas; pero si V. conoce sea necesario mi cooperacion en cualquier punto aviseme que será complacido solo por V. y nada mas que pr V.»*. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

[164] Barreiro Fernández, 1977: 144, 178.

[165] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Pedro González, procurador (1841- 49). Son cinco cartas sobre o papel do seu fillo Francisco no levantamento. Puideron conservarse por estar no medio da documentación patrimonial de Cascaxide. Outros documentos de cariz político non correron a mesma sorte.

[166] *Ibíd*. Carta de 6 de maio de 1846. Explica Pedro González que integraban esa comisión de la Riva, Sierra e Fariña, ademais de González.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «(...) tengo la satisfac. de que cuantos hay en Santiago estan gritando en fabor de mi hijo sre el particular y solo algun tunante a quien le hace sombra porque estubo asiduo a su trabajo noche y dia sin asociarse en modo alguno con ellos ni aun versele en Cafes y ... es el que por espiones y chismes tratan de incomodarle sin mas que "es del año de 40"»[167].

Espinosa recomendou a González ante o xuíz Ulloa Pimentel, que era quen instruía a causa. Porén, González non chegou a precisar esta influencia. O seu pai escribía a Espinosa: «mañana marcha para Burgos embiado por el Sr. General, sin mas causa que la de que "el perro deve raviar y ha hacerlo irremediablemente"»[168]. Durante meses estiveron os González solicitando algunha medida política de «gracia», para non depender da sentencia xudicial.

Pasados os sucesos revolucionarios é cando chegan as escusas. Un primo de Varela vai aclarar a incredulidade de Villaverde e a posición que lle adxudicaron a Varela a título preventivo. Escribe o seu primo Joaquín, que era intendente na Deputación de Alacante.

> «Mi mui qdo. Lorenzo: sé lo mcho. qe. has padecido y no he cesado de acordarme de ti, (…) aunque. sin fruto pr. qe. te fuese admitida la dimision; tú saves qe. yo veia la tormenta y qe. (…) leal amigo queria antes qe. todo tu tranquilidad, pº. a mi no me era dado despacharla y los qe. podian hacerlo le tiene á uno pr. pelma (…) verd. es qe. Villav. no creía en la rebolºn. y qe. aunqe. desvanecido como todos, le creo amigo pº. ello es qe. así te proporcionaron disgustos de todo genero qe. es difícil se te olviden.
>
> (…) las cosas tan al estremo ahí, cuyo resultado será aumentar las filas de los enemigos sin provecho de la buena causa. D. Ventura y Paz con amºs. suyos

[167] *Ibíd*. Carta de Pedro González. A Coruña, 20 de maio de 1846.

[168] *Ibíd*. A Coruña, 3 de xuño de 1846. Francisco González marcha inmediatamente para Burgos, sen poder despedirse da familia. O 23 de xuño seu pai vai recoller á nora e netos e «levantar su casa» de Santiago. Quéixase que seu fillo non reunise máis fortuna, sendo esta casa «*el unico amparo Caudales y Rentas que aquel pudo dejarles; gracias a sus amigos Jacobinos*».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> leales, otros con necios y conocidos ya. Tu posicion es independte. é impersonal siempre mal qe. les pese á algunos y yo te aconsejaría qe aprovecharas el verano pª. dar un paseo pr. aquí y ver la huerta de Alicante Orihuela y Murcia. Para el 1er. (…) salgo (…), bien cansado en verdd. de Diputación y decidido y resuelto á no volver jamas á tal encargo»[169].

O interesante das palabras de Joaquín é que moitos advertiran que a revolución era inminente. A posición de Varela coma xefe político de Pontevedra era moi arriscada. Estaba exposto á "tormenta", por iso a "dimisión" ou licenza que pediu pode efectivamente interpretarse coma un abandono ou saída deliberada da autoridade civil da provincia. Polas cartas do procurador Pedro González despréndese que Espinosa tamén soubo ausentarse para evitar o levantamento. Escribía o procurador: «V. ha prebisto lo que podria sucederle y como estaba en campo raso se libró del chubasco en que me alegro infinito; otros quisieran hacer lo mismo y no pudieron por muchas razones»[170].

Varela puido estar prevenido, mais decide regresar ao seu cargo en Pontevedra, xusto a tempo para presenzar o trunfo da rebelión na cidade. Talvez voltou a Pontevedra por indicación dos seus amigos da Corte, ou ben por responsabilidade ou temor a represalias. O feito é que estes amigos colocaron a Varela en Pontevedra porque confiaban na súa lealdade. Para o seu curmán Joaquín, Varela non se confunde cos amigos de Díaz ou de outros líderes provinciais, xa que admira en Varela ser «independiente e impersonal». Isto último merece ser considerado na súa dimensión sociopolítica, xa que suxire que Varela non cae en loitas persoais de poder, senón que estaría asociado a valores de natureza política, como a idea de "buena causa", que sobrevoa esta carta. Acaso puido Varela manter esta actitude «independente e impersoal» no sucesivo?

---

[169] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Joaquín. Alicante, 16 de maio de 1846. A letra e sinatura da carta permitían dubidar da identidade do autor. Sen embargo, as referencias persoais na carta indicaban que se trataba de Joaquín López Vázquez. Talvez ditou esta carta persoal a un amanuense, e tería cambiado a súa rúbrica no seu paso pola administración pública.

[170] Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Don Pedro González, procurador (1841- 1849). A Coruña, 6 de maio de 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.5.4. A nova lei electoral: distritos, electores e candidatos. Deputados de arraigo

Esta convulsa primavera estoura no inicio da presidencia de Istúriz. A crecente influencia dos "puritanos" materialízase neste gabinete que defende un liberalismo conciliador, mais que dá os seus primeiros pasos reprimindo duramente a insurrección galega. Acto seguido, concértase a voda da raíña co pretendente que semellaba estar menos significado politicamente, malia que de contado foran obvias as súas convicción ultracatólicas[171]. Aquel infortunado matrimonio lastrou todo o reinado, sementando inestabilidade política pola acción da camarilla rexia, e xerando un desprezo moral cara a raíña que vivíu nun "laberinto" dentro de palacio[172]. O goberno de Istúriz, foi o primeiro damnificado por aquela desastrosa decisión da voda, caendo en xaneiro de 1847.

Aquel gabinete Istúriz puido ser o froito dun esforzado pacto pola gobernabilidade, ou simplemente un goberno para casar á raíña[173]. O perfil puritano de Istúriz era matizado polos ministros doutrinarios, Pidal e Mon, repostos nas súas carteiras tras a ruptura con Narváez polo asunto da voda[174]. Os cuñados asturianos podían continuar así a

[171] Don Francisco de Asís foi o elixido por exclusión. O seu irmán Enrique era o candidato dos progresistas; Montpensier era o de Francia; un príncipe de Sajonia Coburgo, de Inglaterra. Montemolín era declaradamente lexitimista da súa liña. O infante Francisco era o máis neutro, sen embargo, axiña formou unha camarilla co seu confesor e a monxa das "llagas", Sor Patrocinio. As súas inclinacións carlistas quedaban en evidencia nunha carta que lle escribiu ao seu curmán, Montemolín, meses antes da voda, e que sería publicada nun xornal carlista dous meses despois do enlace, en decembro de 1846. Burdiel, 2010: 865, n. 37. O asunto do matrimonio da raíña levaba varios anos de debate público. Nalgún momento chegou até A Buzaca chegou un folleto, impreso en Madrid en 1843, no un autor anónimo razoaba que cada potencia europea tería o seu pretendente, nun enlace que era asunto diplomático. ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Examen imparcial de la cuestión del casamiento de S.M. la reina doña Isabel II, por un español*, 34.355/26.

[172] *Ibíd*. En alusión ao capítulo da biografía de Isabel II: "La monarquía moderada y el laberinto de Palacio".

[173] Rivas, 1945: 196. Asegura que este goberno foi obra da raíña nai, María Cristina, para que "asumiera la responsabilidad de los regios enlaces". Istúriz era un "devoto incondicional de la Señora", ao que se unían Mon e Pidal. Istúriz obtivo a disolución das Cortes o 31 de outubro de 1846, "acaso como premio al servicio que había prestado a María Cristina".

[174] Este goberno é denominado "Istúriz- Mon" na biografía de Alejandro Mon da Real Academia de Historia, salientando o feito de que os doutrinarios ocupaban os dous ministerios

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

aplicación do seu modelo constitucional e tributario, aprobado o 23 de maio de 1845, ao que se engadía a nova lei electoral de 18 de marzo de 1846.

Neste goberno, Fernández Villaverde ascendeu á Subsecretaría do Ministerio Pidal, mentres que Mon contaba en Facenda con Diego López- Ballesteros de Director de Rendas Estancadas, co seu curmán Ramón coma asesor[175]. A *entente* entre os de Oviedo e os de Pontevedra queda así patente. Baixo a presidencia de Istúriz, tiveron tempo de convocar as eleccións a Cortes do 6 de decembro de 1846, ocasión na que aparentemente non se exerceu unha influencia moral explícita para fabricar a súa maioría[176]. Deixaron votar, conseguindo puritanos e progresistas aumentar a súa presenza parlamentaria, malia conservar os doutrinarios a maioría na cámara baixa.

A chave das eleccións estaba na configuración dos distritos e no censo electoral, aspectos que foron obxecto de reiteradas discusións entre progresistas e moderados, xa que resultaban elementos constitutivos do réxime político. Ademais destes elementos formais, o sistema estaba ideado para que funcionase baixo o control directo do Ministerio de Gobernación. As candidaturas gobernamentais ían contar co aparato administrativo para obter escano. Distritos, electores

principais: Gobernación e Facenda. http://dbe.rah.es/biografias/12995/alejandro-mon-y-menendez/

[175] Na *Guía de Forasteros en Madrid de 1846* aparecen numerosos cargos e honores dos notábeis investigados. Diego López- Ballesteros ocupaba esta importante Dirección de Rendas Estancadas. Fernández Villaverde era xefe de sección en Gobernación antes de acceder á Subsecretaría, na que xa consta no verán de 1846. Vázquez Queipo era maxistrado honorario do Tribunal de Contas; Tames Hevia, fiscal do mesmo. Ramón López Vázquez era asesor do Ministerio de Facenda e da Comisaría Xeral da Cruzada, mentres que o seu irmán Joaquín era deputado, ao igual que Ramón, Diego e Villaverde, ademais de intendente en Alicante. Luis Armero, o candidato máis votado en Prado en 1840, era inspector xeral de "Resguardos", dependente de Facenda. No Consello Real aparecen Luis López- Ballesteros e Luis Armero, entre outros afamados políticos da época, coma Martínez de la Rosa, Donoso, de Burgos, Santillán, Ríos Rosas, Pérez de Castro, José María López. Na administración territorial, ademais de Joaquín en Alicante, pódese identificar ao parente Eugenio Reguera coma secretario da xefatura política da Coruña. No Consello Provincial, órgano dependente de Gobernación creado en 1845 para asumir competencias das deputacións, foron designados en Pontevedra: Lorenzo Varela, Juan Paz y Rodríguez, Manuel Gómez Díaz, e Claudio González. En síntese, unha exploración desta guía permite situar aos notábeis provinciais e dirixentes das faccións en distintos cargos da administración.

[176] Segundo a análise das eleccións deste período que realizou Marcuello Benedicto, 1986: 351- 352.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e candidatos, son en esencia os tres pés da representación liberal doutrinaria, mecanismos que, andando o tempo, posibilitaron a normalización da fraude electoral e a formación sociopolítica de oligarquías provinciais.

O estudo deste sistema electoral e dos comicios de 1846 debe comezar polos distritos[177]. Aquí estribaba a gran innovación da nova lei electoral. Efectuárase unha nova división dos distritos con vistas a instituír un sistema de circunscricións uninominais. Isto é, a elección dun deputado por distrito. De tal xeito, o número total de distritos debía corresponder cos 349 deputados a Cortes, implicando unha drástica redución. Deseñar un sistema cunhas poucas circunscricións uninominais favorecía o control das eleccións polas elites locais, que tiñan a capacidade de decidir o deputado, fronte os sistemas plurinominais, que defendían os progresistas porque dicían harmonizar os intereses da provincia, con maior peso das áreas urbanas. É dicir, os moderados confiaban a estabilidade política aos propietarios agrarios. Ademais, estas circunscricións tan pequenas incentivaban a apropiación dos distritos por un deputado, que se prolongaban no tempo convertendo o distrito nun feudo electoral[178].

Á provincia de Pontevedra van corresponder 10 distritos, que contrastan con aqueles 23 que tiña anteriormente[179]. Os datos, publicados o 4 de xullo de 1846, nun número extraordinario do Boletín de Pontevedra, engaden información da poboación de cada distrito. Unha estimación cuantitativamente equilibrada, mais que contradecía a división municipal. Para cadrar as contas, atribuíronse parroquias a un ou outro distrito, observando que foi a parroquia a entidade poboacional de referencia administrativa[180]. Reprodúcense, a continuación, os datos dos distritos de Pontevedra:

[177] Este apartado abordará primeiramente os distritos, despois as listaxes de electores para, finalmente, rematar cos candidatos e os deputados electos.

[178] Artola, 1974: 105. Ademais dos feudos electorais, este sistema impulsou os deputados cuneros, que non eran naturais nin tiñan relación coa provincia. Este fenómeno vai ser máis perceptíbel a partir das eleccións de 1850, non sen resistencias por parte dalgúns deputados que defenderon a filiación co territorio, tal e como se verá máis adiante.

[179] *Vid*. "3.3.4. Censos e distritos de 1837. Eleccións provinciais".

[180] *Ibíd*. Para equilibrar as dimensións dos distritos, separáronse algunhas parroquias do seu municipio e partido xudicial. Así, algunhas parroquias de Chapa, foron incluídas en Consolación; outras da Estrada ou Vilagarcía, votaban no distrito de Caldas; e o distrito de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro X. Distribución distritos electorais por poboación

DISTRITOS	HABITANTES
Pontevedra	38.432
Caldas de Reis	35.019
A Consolación	35.404
A Cañiza	35.068
Cambados	35.013
Prado	37.999
Pontecaldelas	35.022
Ponteareas	35.020
Tui	36.988
Vigo	36.037
TOTAL	360.002

Fonte: BOPP, expedientes ADPO[181]

Os distritos suprimidos con respecto a 1837, e que van quedar dentro das lindes destes dez distritos, foron: Cangas (Pontevedra); Moraña (Caldas); Cerdedo (Consolación); Mourentán (A Cañiza); Vilagarcía (Cambados); Bandeira (Prado); Caldebergazo, Soutomaior (Ponte Caldelas), Salvaterra, Redondela (Ponteareas); A Guarda, Porriño (Tui); e Baiona (Vigo). Estas novas cabeceiras coinciden cos partidos xudiciais da provincia, coa excepción de Redondela, que era

Pontecaldelas acolleu parroquias de Pontevedra, Redondela e Cerdedo. En troques, Vigo permanece coa demarcación do seu partido xudicial.

[181] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. División da provincia en distritos electorais (1846)*, caixa 236/2; *Reais Ordes (1846)*, caixa 236/3. A nova división das provincias en distritos electorais fora aprobada por Real Decreto do 24 xuño de 1846, que traslada o ministro de Gobernación Pedro Pidal, solicitando a publicación en Boletín extraordinario, cunha relación cos municipios que compoñen eses distritos, e as listaxes de electores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

partido, mais que non vai ser distrito, ficando repartido entre os distritos de Pontecaldelas e Ponteareas. Os artífices do proxecto, rectificacións e observacións foron o xefe político en unión co Consello Provincial, órgano no que era vicepresidente Lorenzo Varela[182].

Ademais da distribución dos distritos, a nova lei electoral introducía cambios na condición do elector. O requisito económico de 400 reais de contribucións para ser elector restrinxía o dereito aos medianos e grandes propietarios, tendo consecuencias inmediatas no número de electores. O censo electoral quedaba limitado a 84.333, o que supón pasar do 2% coa lei electoral de 1837 ao 0'7% da poboación coa nova lei[183]. As listas electorais nos distritos da provincia de Pontevedra non chegaban a completar un mínimo de 150 electores con estas condicións económicas, tendo que outorgar o dereito a votar a contribuíntes que pagaban menos dos 400 reais fixados[184].

Nestes censos electorais sobresae o nome do señor Fernández Villaverde, máximo contribuínte do distrito da capital, Pontevedra. Consta coma veciño desta cidade, abonando unha contribución directa de 2.388 reais[185]. Este político e funcionario instalado en Madrid[186],

[182] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Reais Ordes (1846)*, caixa 236/3. Entre a prolixa documentación que xerou a nova ordenación dos distritos electorais, pódese destacar o apremio e rigor que demandaban dende Gobernación. En Pontevedra estaba Ventura Díaz, que malia ser deputado por Lugo seguía a ser a autoridade da provincia. Este presidía o Consello Provincial, integrado por Claudio González, Rodríguez Paz e Lorenzo Varela. A Deputación non desempeñou aquí un papel executivo, o que subliña a mingua de competencias con respecto a 1836, cando elaborou a división municipal.

[183] Dardé, Estrada, 1998: 137- 138, 153. En 1837 o censo está formado por 257.984 electores; en 1865 por 418.271. Compárese cos 84.333 de 1846, que non chegan ao 1%. Os cálculos de Caballero Rodríguez (1999: 50) superan lixeiramente estes datos: 267.290 electores en 1837, 98.000 en 1846, representando o 2'2% e o 0'8%, sendo porcentualmente similares aos de Dardé e Estrada.

[184] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1; *Correspondencia e comunicacións varias (1846)*, caixa 236/5.

[185] Na primeira publicación das listas non figuraba impreso o nome de Fernández Villaverde, mais unha anotación manuscrita sitúao coma primeiro contribuínte. Posteriormente, aparece nesta primeira posición, avantaxando por un real ao segundo contribuínte. Tras a segunda rectificación, Villaverde estará en segundo lugar, tras don Fernando Saravia, que abonaba 2.856 reais. ADPO, Eleccións, *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mais elector por Pontevedra, contrasta cos López- Ballesteros, que non aparecen coma veciños en Vilagarcía. Namentres, Varela era o sexto contribuínte de Caldas, pagando a redonda cifra de 1.000 reais, sendo superado amplamente polo seu amigo don Fernando Amor de Castro, veciño de Perdecanai (Barro), que pagaba 2.000 reais. A veciñanza de Varela é "Buzaca", non Moraña nin San Lourenzo, salientando a importancia da denominación da Casa, que non é entidade parroquial.

No distrito de Prado, que reúne os anteriores distritos de Bandeira e Lalín, aparece coma maior contribuínte don Benito Espinosa, que paga 2.696 reais. Unha das maiores contribucións da provincia[187]. Na relación deste distrito tamén aparecen José María Pardo (2.000 reais), Juan José Salgado (1.200), José María Belon (1.080), Juan Orrea (1.080), Pedro Cagide (1.070), Ramón Villar (1.070), Francisco María Rivas (1.027), Juan Martínez (907), Antonio Valenzuela (890), José Crespo (800) e Juan Ramon Ulloa (800). Todos estes apelidos aparecen nas referencias a fontes desta tese, ben na correspondencia, ben nas institucións ou nas xenealoxías. Eran as notabilidades do distrito, todos eles con "don", encabezando ese selecto grupo de 84 electores adornados con este signo de distinción, fronte o electorado que completa o censo e que abona contribucións baixas[188]. Comparados cos datos de 1836, obsérvase un lixeiro aumento dos electores con "don" neste distrito, que ascenden en 8 persoas, mentres

[186] Residía na rúa Gorguera, no chamado barrio das Letras, nas inmediacións da praza de Santa Ana. Os López- Ballesteros vivían cerca, na praza Matute. Moitos dos políticos da época tiñan casa neste barrio, o que lles permitía ir andando á Carreira de San Jerónimo, aínda que hai que puntualizar que naquel ano de 1846 o palacio do Congreso estaba en obras, non sendo inaugurada a nova edificación até o 31 de outubro de 1850.

[187] *Ibíd*. Era superada por tres veciños de Vigo: marqués de Valladares (6.011), barón de casa Goda (3.166), Melitón Pimentel (3.084). Non obstante, Espinosa pagaba unha cota maior que don Norberto Velázquez Moreno, que satisfacía 2.505, sendo o cuarto maior contribuínte en Vigo.

[188] Contabilizáronse 68 electores sen "don" no distrito de Prado, dos cales ningún paga máis de 420 reais de contribución, e só 18 superan os 250 reais. ADPO, Eleccións, *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1/2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que os electores sen este tratamento vense reducidos drasticamente, perdendo 149 veciños o dereito a votar[189].

Existen varios expedientes con solicitudes de inclusión no censo electoral. Dadas as restricións fixadas pola nova lei electoral, moitos particulares van tomarse a molestia de acreditar contribucións para ter dereito a votar. No mes de agosto publica o BOPP un "suplemento" con estas inclusións e exclusións. En Pontevedra, chama a atención a entrada de don Francisco Riestra, veciño da cidade de Pontevedra, que paga 450 reais. A aprobación de inclusión dos demandantes supón a exclusión doutros para obter a métrica de 150 electores. Nestas rectificacións obsérvase que adoitan entrar aqueles adornados co "don", mentres que os excluídos non gozan desa distinción[190].

Con anterioridade, xa se comentou a importancia de ter amigos para ser elector[191]. Os alcaldes e rexedores avalan as relacións nominais de electores que despois son aprobadas pola xefatura política e por Gobernación. Os patróns locais tiñan un poder inmenso na realización dos censos, mais os expedientes da Deputación amosan tamén a importancia dos patróns provinciais neste eido. En 1846, co gallo da rectificación das listas, solicita o xefe político informes sobre as persoas que solicitan a inclusión nas mesmas. Con este propósito escribe con reserva a unhas determinadas persoas, axuntando o impreso das listas para que fagan anotacións marxinais do suxeitos[192]. Quen son os informantes privilexiados da Deputación? Quen pode sinalar, avalar ou obxectar un nome nunha lista? Unha selecta elite de notábeis provinciais. Os mesmos patróns das comarcas que saen unha e outra vez a relucir: don Telmo Maceyra (Tui), don José Graña

[189] Nestes datos advírtese un erro na listaxe que suma 152 electores, xa que o total de electores estaba fixado en 150. De calquera xeito, as restricións da lei electoral moderada amósanse en Prado máis duras cos electores sen "don", que en 1836 representaban en valores relativos un 72'09%, mentres que en 1846 roldan o 44'74%. *Vid*. "3.2.2. As bases sociais do Estado liberal".

[190] ADPO, Eleccións, *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1/2.

[191] *Vid*. "3.4.1. Estatus e poder na correspondencia dos notábeis". Aludíase nese epígrafe á inxente documentación creada coa confección das listas, nas que os alcaldes son decisivos. Cítese, coma exemplo, a don José Espinosa, no tempo que foi alcalde de Chapa, entre 1848 e 1852.

[192] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1846)*, caixa 236/5.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Vigo), don Manuel Araújo y Alcalde (Pontecaldelas), don José Crespo e don José Ulloa Pimentel (Lalín- Prado), don Lorenzo Varela (Moraña- Caldas), don Benito Espinosa (Chapa- Prado); entre outros[193].

Detrás destas consultas ás notabilidades provinciais está no exceso de celo do Ministerio de Gobernación de Pidal. Mediante Real Orde do 3 de agosto de 1846 solicita informes á xefatura política sobre o *«movimiento de las elecciones»*. Dende Madrid esixen relacións detalladas das reclamacións de inclusión nas listas, as ideas políticas de cada solicitante e se acaso presentara recurso de alzada na Audiencia da Coruña[194]. Subliminalmente, estaban a pedir información das doutrinas políticas que estaban en liza en cada distrito. O seu desexo de control da provincia queda patente nas reiteradas peticións de documentación. Fernández Villaverde, coma subsecretario do ramo, demanda en varios oficios copias das distintas rectificacións das listaxes. Esta presión administrativa do Ministerio contrasta coa imaxe dunhas eleccións nas que non se exerceu unha determinante "influencia moral" do Goberno. Talvez haxa que cuestionar este punto, atinxindo un elevado control burocrático, malia que non se advirta con claridade unha imposición autoritaria, coma acontece en 1850.

Tomando os datos da segunda rectificación, que con insistencia solicitaba Fernández Villaverde en Madrid, pódense sinalar aqueles maiores contribuíntes de cada distrito. Entre eles, destaca notoriamente o marqués de Valladares[195], que pagaba 6.011 reais.

---

[193] *Ibíd*. Outras notabilidades consultadas foron: don Jose Ramón Sequeiros (Cangas), don Juan Lovera (Bueu), don Manuel Español (A Guarda), don Benito Vázquez Puga (Crecente- A Cañiza), don Miguel Arias (A Cañiza), don Antonio Lira (Lira- Ponteareas). Escríbenlle tamén a don Francisco Caballero, afincado en Vigo, mais non existe certeza de que sexa parente de don Juan Caballero, de Ponteareas. O xuíz Ulloa Pimentel tiña destino no xulgado de Santiago, mais é preguntado igualmente polos electores da provincia.

[194] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Reais Ordes (1846)*, caixa 236/3. Mais adiante volverase a este asunto das doutrinas que prevalecen en cada distrito ao fío da explicación das candidaturas.

[195] Don Francisco Xavier Martínez de Noguerol, marqués viúvo de Valladares, foi un dos maiores compradores na desamortización, xa durante o Trienio, na provincia de Lugo. O profesor Villares cita que foi o segundo comprador da provincia de Lugo, desembolsando 1.400.000 reais en 1822 en Ferreira de Pallares. Este patrimonio pode motivar a elevada suma que abona esta familia por contribucións directas. Non obstante, esta entrada no censo coma

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro XI. Maiores contribuíntes por distrito (1846)

DISTRITO	MAIOR CONTRIBUÍNTE	VECIÑANZA	CONTÍA (reais)
Caldas de Reis[196]	don Fernando Amor de Castro	Perdecanai	2.000
Cambados[197]	don Froilán Francisco Cobián	Vilagarcía	3.366
(A) Cañiza[198]	don Manuel Anguiano	Alveos	2.988
Consolación[199]	don Manuel do Gando y Tojo	Millerada	1.019

"marqués de Valladares" debe aludir ao seu fillo, don Francisco Javier Martínez (de Arce) Enríquez Sarmiento de Valladares, herdeiro do título vía materna, xa que na documentación da época distinguían ao pai co estado civil de "viúvo", sendo a marquesa Mª Dolores Enríquez Sarmiento de Valladares Correa (1785- 1813). Na bibliografía consultada adoitase confundir pai, fillo e outro devanceiro pola coincidencia antroponímica ao chamarse todos eles Francisco Javier. O IV marqués foi don Francisco Javier Enríquez Sarmiento de Valladares (1733- 1797), casado con Juana de Puga y Villamarín, o 4 de novembro de 1751. Esta aclaración faise necesaria cando se atribúen á mesma figura numerosos feitos distantes no tempo. O marqués viúvo foi gobernador civil en Pontevedra en 1836, porque con este estado o recolle a documentación desta institución. Foi el mesmo deputado en 1820. Seu fillo, nacido en 1808, era menor de idade no Trienio. Tamén foi Martínez Noguerol deputado en 1834 (Ourense) e en 1837 (Lugo). Por último, foi senador por Lugo en 1840- 41, participando en varias comisións, coma a da reforma da renda do sal, crucial para os intereses vigueses. Seu fillo, o VIII marqués – VI ou VII segundo distintas interpretacións xenealóxicas-, escribe dende Vigo ao Senado informando da defunción do seu pai en Ourense, Martínez Noguerol, marqués viudo de Valladares, en 1842. Este fillo e sucesor no marquesado, era coronel no exército. Contraera matrimonio con dona Joaquina de Montenegro, señora de Quiñoñes de León (Vigo) en 1834. O marqués foi senador en 1846- 47 e deputado provincial en 1856. Dous fillos, Cándido e Joaquín, serían deputados en Cortes. Dúas fillas, Mª del Carmen e Dolores Martínez Montenegro, contraeron nupcias con José Elduayen e con Evaristo Pérez de Castro Brito (fillo), respectivamente. Villares, 1994: 189, 236, n.33; Archivo Histórico da Nobreza (AHNOB), Mos- Valladares, C.26, D.31; http://xenealoxia.org/linajes/galicia/1451-valladares-marquesado-de/;http://www.senado.es/web/conocersenado/senadohistoria/; *Cfr*.http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/;*Cfr*.Barreiro Fernández, 2001(a):393- 394.

[196] En Caldas seis contribuíntes pagan 1.000 reais ou máis de contribución. Ademais de Amor de Castro, había dous contribuíntes de Carril, dous de Caldas, e Lorenzo Varela da Buzaca.

[197] Oito contribuíntes chegan ou superan a cifra dos 1.000 reais. Tres en Vilagarcía, un en Cambados(marqués de Montesacro), Vilalonga (duque de Patiño), Paradela, Dena, e Meaño.

[198] Na Cañiza había oito contribuíntes por riba dos 1.000 reais, entre eles Joaquín e Benito Vázquez Puga. Joaquín sería deputado por este distrito en 1850. Tamén aparecen Manuel Mª e Antonio Mª Sarmiento, de Mourentán, curmáns carnais de Lorenzo Varela Sarmiento.

[199] O sinalado do Gando ou Ogando, é o único que supera os 1.000 reais de contribución. Neste censo non aparece don José Valladares, veciño de Berres. En sexto lugar, está o elector don Bonifacio Silva, veciño de Arnois, que paga 760 reais, que era xenro de don Benito Espinosa, xa que estaba casado con dona Manuela Espinosa Salgado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISTRITO	MAIOR CONTRIBUÍNTE	VECIÑANZA	CONTÍA (reais)
Prado[200]	don Benito Espinosa	Escuadro	2.696
Ponteareas[201]	don Francisco Carballido	Ponteareas	1.685
Pontecaldelas[202]	don Juan Antonio Filgueira	Figueirido	642
Pontevedra[203]	don Fernando Saravia	Pontevedra	2.856
Tui[204]	don Juan Antonio Español	Camposancos	1.439
Vigo[205]	marqués de Valladares	Vigo	6.011

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes do ADPO[206]

[200] Coma segundo maior contribuínte do distrito aparece don José María Pardo, deputado provincial, que pagaba 2.000 reais. Un total de oito contribuíntes abonaban máis de 1.000 reais de contribución, aínda que están lonxe das cantidades que dicían pagar en 1836, cando as seis maiores fortunas da provincia residían no partido xudicial de Lalín, excedendo os 2.000 reais de contribución. *Vid*. "3.2.2. As bases sociais do Estado liberal".

[201] Ponteareas abrangue en 1846 un distrito moi extenso, dende Redondela a Salvaterra. En total, hai 13 contribuíntes por riba de 1.000 reais de cota. Sobresaen as contribucións dos municipios de Porriño e Redondela. Con respecto a anteriores censos, obsérvase que algúns grandes contribuíntes, coma José Follo ou Manuel Avalle, de Fiolledo, van pagar pouco menos de 1.000 reais, e outros coma Rodríguez, Rubín e Otero, non aparecen, talvez por falecemento. Apuntar coma dato anecdótico que don Juan Manuel Pereira, de Reboreda, era o sétimo contribuínte, pagando 1.110 reais. Trátase do mesmo fidalgo que inspirou O señorito da Reboraina de Otero Pedrayo.

[202] Ningún elector chega aos 1.000 reais de contribución. O párroco da Insua e deputado provincial, don Manuel Araujo, só acreditaba o pago de 240 reais.

[203] Había en total once contribuíntes que superaban os 1.000 reais de contribución, dos cales sete eran veciños de Pontevedra, mentres os outros catro estaban repartidos entre Cangas, Bueu, Beluso e Salcedo.

[204] Eran once os electores que pagaban máis de 1.000 reais de contribución. Don Telmo Maceira (1.220) e don Juan Gregorio Maceira (1.220) eran o segundo e o terceiro contribuínte, respectivamente. En cuarta posición, don Lorenzo de Cuenca (1.195), unha notabilidade provincial que foi deputado e senador. Obtén o seu primeiro escano pola Cañiza a partir destas eleccións de 1846. Un ausente na lista de Tui é don Bartolomé Hermida.

[205] As cotas de contribución teñen aumentado no distrito de Vigo. Son seis os electores que abonan máis de 2.000 reais, todos con veciñanza na cidade. A estes, hai que engadir quince contribuíntes que superan a contía de 1.000 reais, tamén radicados en Vigo, salvo dous en Baiona e outro en Parada. No censo do distrito contemplan agora electores con e sen "don", aínda que son excepcionais os electores que por riba de 400 reais de contribución non teñan "don".

[206] ADPO, Eleccións, *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1/2. Estas listas de segunda rectificación

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Comparando estes datos dos maiores contribuíntes de cada distrito con aqueles que en 1836 superaban os 1.000 reais de contribución, percíbese un incremento deste grupo de electores, da elite socioeconómica. Así, se en 1836 había 27 electores en toda a provincia que chegaban a esta cantidade de contribucións moi altas, en 1846 o número ascende a 87 electores. Un aumento espectacular de 60 contribuíntes que superan a barreira dos 1.000 reais[207]. A distribución por distritos é a que segue:

Táboa V. Número de altas contribucións en 1836 e 1846

DISTRITOS (1846)	Nº ELECTORES CONTRIBUÍNTES + 1.000 REAIS (1836)	Nº ELECTORES CONTRIBUÍNTES + 1.000 REAIS (1846)
Caldas de Reis	0	6
Cambados	1	8
A Cañiza	0	8
Consolación	0	1
Prado	13	8
Ponteareas	5	13
Ponte Caldelas	0	0
Pontevedra	1	11
Tui	2	11
Vigo	5	21
TOTAL PROVINCIA	**27**	**87**

Fonte: elaboración propia a partir dos censos electorais[208]

Malia que estes datos están lonxe de ofrecer unha imaxe diáfana das elites económicas, teñen utilidade para debuxar unha distribución

foron impresas na imprenta de don Juan Verea Varela y compañía, curmán de don Lorenzo Varela Sarmiento.

[207] Sería de interese explorar esta liña de investigación para atopar explicacións a este extraordinario aumento dos maiores contribuíntes da provincia.

[208] *Ibíd*. Cómpre lembrar que os distritos non son os mesmos en 1836 que en 1846. Tómanse coma referencia os da última data. Isto pode dar lugar a sutís variacións, como por exemplo en Ponteareas, que integra agora o municipio de Redondela, onde en 1836 xa contaban con tres contribuíntes de moi altas contías.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das fortunas no territorio provincial. Ademais, son valores indisolubelmente ligados ao feito político, á capacidade do elector. Isto é, os censos electorais plasman a deferencia sociopolítica: na cabeza, os patróns locais. Porén, non se pretende con estes valores reproducir o valor real das súas facendas e negocios.

Unha exploración dos expedientes das contribucións inducen á cautela. Moitas fortunas da provincia non quedan reflectidas nos censos porque os seus titulares non teñen veciñanza no distrito. Así sucede con don Luis López- Ballesteros, que entra no capítulo de "forasteros", abonando numerosas contribucións en varios concellos. Só en Vilagarcía abona: 738 reais de "rústica", por unha base impoñíbel de 7.611 reais; 435 de "urbana", por unha base de 4.486 reais; e 259 reais por censos, de 2.672. Mais os da Golpelleira tamén pagan noutras parroquias: San Pedro de Cea, San Pedro de Cornazo, Santa María de Rubiáns, San Mamede de Amil, Santa María de Gargantáns, Santa Justa de Moraña, San Pedro Rebón, San Salvador de Saiáns, Santa María de Baños de Cuntis, ...[209]. Tan só nas parroquias de Vilagarcía, Moraña e Cuntis, os López- Ballesteros pagaban un mínimo de 2.082 reais no ano de 1847.

Os López- Ballesteros estarían neste grupo de maiores contribuíntes da provincia, xunto con outros moitos títulos e propietarios con residencia en Madrid[210]. Así e todo, os ingresos da Golpelleira eran escasos dada a preeminencia social da familia na "Villa y Corte". Entre os notábeis de Madrid, o produto da Golpelleira representaba a "exigua suma de 12.000 reales", cantidade insuficiente para soster con decoro os doce fillos do exministro[211]. A

[209] AHPP, *Contribucións* 1847, Moraña, caixa G 10385; Vilagarcía, caixa 10388. Estes datos atinxen ao novo modelo tributario "Mon- Santillán". O baleirado, agregado e análise destas contribucións, municipio a municipio, parroquia a parroquia, segundo os criterios de "rústica", "censos" e "urbana", constituiría un proxecto de investigación en si mesmo, que desgrazadamente excede as dimensións e obxecto de estudo desta tese.

[210] *Ibíd*. Outros forasteiros ilustres e ricos, con numerosas contribucións disgregadas polas parroquias de Moraña, Cuntis, Vilagarcía, eran o conde de San Román, o señor de Rubiáns, e o marqués de Santa Cruz.

[211] Cruz Villalón, 2000: 109. Esa cantidade de 12.000 reais está atribuída ao ano 1843. Nas biografías do exministro tamén salientan os cativos ingresos que reportaba A Golpelleira. Porén, as penurias económicas da familia parece que xurdiron por uns investimentos ruinosos en bolsa, tendo que cubrir un oneroso préstamo: «para pagar los 11 mil duros tomados á préstamo fuese necesario vender hasta los bienes de la casa (...), y se puede respirar un poco,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

interpretación que ofrece Jesús Cruz é que esta era "la tónica general, sobre todo cuando se trataba de mayorazgos antiguos cuyas rentas se habían devaluado".

A mingua patrimonial dos López- Ballesteros contrasta coa situación do antigo dominio dos Espinosa. Nos últimos anos de don Benito, un dos maiores contribuíntes da provincia, constátase un patrimonio en bens raíces valorado en 586.607 reais[212]. A chave do éxito dos Espinosa estivera nun dominio concentrado nas xurisdicións de Trasdeza, Deza e Carbia, sendo as achegas distantes máis puntuais, coma os 9.500 reais que valían as propiedades vitivinícolas en Esposende, ou os case 20.000 que tiñan en Mesía. Os Espinosa atesouraban só en Cascaxide 147.000 reais en propiedades, ao que se engadían máis de 58.000 en Sabrexo, arredor de 50.000 en cada unha das Casas de Soutolongo e Pedrouzos, e pouco máis de 30.000 en Outeiro de Lalín, e outro tanto na Casa de Casares. Talvez a estratexia patrimonial e matrimonial dos Espinosa, que formou un dominio próximo a Cascaxide, isto é, concentrado, facilitou a traslación ao sistema liberal. Un patrimonio difuso era fonte de escurecemento de foros e impagos.

Habida conta dos distintos elementos que concita a presumíbel perda de valor do patrimonio agrario, a devaluación dos antigos contratos correu en parelelo á tendencia a adquirir terras. Isto é, estaban a conformarse novos patrimonios agrarios. Quizais unha mobilidade de terras entre vellos dominios e novas facendas[213]. Aristócratas, financeiros, comerciantes, funcionarios, todos eles destinaban boa parte do seu aforro nestes investimentos rústicos[214].

---

aunque la antigua posición se perdió, y de un estado de conveniencia, viviendo con economia, se vino á parar a otro malo, malísimo. Gracias doi á Dios por todo; por fin no se llegó á lo último de la desventura y del descrédito». Carta de don Luis ao seu fillo Nicolás. Golpelleira, 22 de xullo de 1843. En Rivas, 1945: 167- 168. González López, 1987: 216- 219.

[212] Arquivo Espinosa, caixa XX, *Patrimonio da Casa de Cascaxide (III)*, 20.1. Libros cobradores e outros inventarios de atrasos no patrimonio Espinosa Salgado (1820- 1860). Don Benito faleceu en 1855, figurando esta estimación contábel entre os papeis de finais dos corenta.

[213] Esta cuestión excede o marco, xa dilatado, da presente Tese, mais é unha cuestión de sumo interese.

[214] Marichal, 1980: 275. Cruz, 200: 98- 101. Entre os funcionarios de Madrid había especial interese por facerse cunha facenda ou dominio de trazas señoriais nalgunha provincia, normalmente a de orixe.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lémbrese, por exemplo, unha carta que envía Jacobo Varela ao seu irmán Lorenzo antes do levantamento galego de 1846: *«Supongo no tendras olvidado mi encargo de aprovechar cualqª. ocasion medianamte ventajosa a adquirir algunas tierras por allí»*[215]. Non obstante, os beneficios eran máis pequenos e pausados que os dos investimentos financeiros, industriais e comerciais, que eran máis inseguros. Nesta cuestión xurde o paradoxo de que o patrimonio rústico destes funcionarios non constitúe a súa fonte principal de ingresos, sendo maiormente unha actividade que paulatinamente vai ser secundaria e á que van dedicar cada vez menos atención, recaendo en administradores a xestión dos mesmos. Isto é, a profesionalización política e administrativa destes propietarios despraza a fonte da súa riqueza da terra ao sector público.

Pese aos inferiores rendementos en capital, na propiedade agraria hai que apreciar o valor sociopolítico e cultural. É sobre a propiedade que se sustenta a exclusiva condición de elector. Coa lei de 1846 o voto vai ser considerado máis unha «función» social que un dereito[216]. Incluso aqueles electores que entran nas listas polo artigo 16º da lei, polas súas "capacidades" profesionais, esíxenlles a metade da contribución dun propietario: 200 reais[217]. Estes requisitos de riqueza son aínda máis relevantes no sufraxio pasivo, xa que o artigo 4º fixaba unha renda de 12.000 reais, "procedentes de bienes raíces, o pagar anualmente, (...) 1.000 reales vellón de contribución directa". Curiosamente, a Golpelleira rendía esa cantidade exacta de 12.000 reais, segundo se comentou con anterioridade.

Estes deputados propietarios, con importantes cargos na administración do Estado, atópanse na tesitura de acreditar un

[215] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Jacobo Varela. Madrid, 21 de febreiro de 1846. Na correspondencia co seu irmán Lorenzo comenta en numerosas ocasións a súa intención de investir en propiedades agrarias.

[216] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 19- 20. Recollen a seguinte cita do ditame da comisión de reforma electoral, *Diario de Sesións das Cortes*, 9 de abril de 1845: *«en las monarquías constitucionales la cualidad del elector no constituye un derecho invariable y absoluto, sino una función pública a la cual sólo da opción la capacidad, que es su criterio y su medida. Ahora bien, la capacidad política, (...) se funda en la propiedad, y, por lo tanto, se justifica con el pago de los impuestos que a la propiedad afectan».*

[217] Caballero Rodríguez, 1999: 51- 52.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

patrimonio para ser representante público. Esta realidade obxectiva discorre intimamente ligada a un discurso sobre a condición do elixíbel: o arraigo. Para ser elector era preciso ter veciñanza nun distrito, e así figurar nas listas de electores, mais para ser elixido deputado non se establecía ningunha obriga ou vínculo co territorio. Podía ser elixido con independencia da súa veciñanza e localización do seu patrimonio. Non sucedía así cos cargos de autoridade ou xurisdición, tanto militares coma civís, que só podían ser elixidos noutros distritos, e non naqueles "sometidos en todo o en parte a su autoridad, mando o jurisdicción". Este artigo 10º da lei favorecía o traslado de cargos, que podían ser elixidos deputados por un distrito despois de ter coñecido de primeira man aos electores locais tras o desempeño dun destino.

Malia non existir obrigas de pertenza ao distrito ou provincia, á altura do ano 1846 era común a preferencia por unha persoa con vencellos persoais e/ou patrimoniais. O fenómeno dos "cuneros" adoita estar sobredimensionado, precisando ser contextualizado rexionalmente[218]. As candidaturas de "cuneros" non foron sinxelas, atopando numerosas resistencias[219]. Eran «hijos de la inclusa política», carentes de «cuna», polo que eran considerados "ficticios representantes de la sociedad"[220]. Só un cálculo estratéxico do electorado dun distrito pode explicar que aceptasen un representante foráneo. A "cultura política dominante" levou "a prolongar la

[218] Moreno Luzón, 2001: 590. Incluso na Restauración, "el cunerismo escaseaba en la mayor parte de España". En Asturias, Cantabria, Canarias, Cataluña, Navarra, País Vasco, ou mesmo en Cuba, a maioría dos representantes tiñan arraigo local ou rexional. Só en Aragón, Extremadura e Castela A Mancha "menudearon los forasteros, (…) éstos hubieron de mostrar su disposición a luchar por las demandas locales y su número disminuyó con el tiempo".

[219] Artola, 1974: 105; Cánovas Sánchez, 1982: 139- 140. Ambos autores sitúan o fenómeno a partir das eleccións de 1850, malia que é a lei de 1846 a que posibilita o "cunerismo": candidatos impostos polo goberno, sen orixe nin coñecemento do distrito. Varios deputados galegos granxeáronse inimizades políticas por non acceder a apoiar un candidato foráneo. Esta foi a postura de Vázquez Queipo, sendo subsecretario de Gobernación (1847- 1849), enfrontado co seu superior, Sartorius, até forzar a súa destitución. "Vázquez Queipo, xunto con outros deputados galegos, opúxose á elección dun candidato cunero sinalado polo goberno, Salvador Bermúdez de Castro". http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php/. Nas eleccións de 1850 as "discrepancias llegaron hasta tal punto que el ministro de la Gobernación les advirtió que no se desmarcaran de las directrices gubernamentales". Luján, 2017: 66.

[220] Zurita Aldeguer, 2009: 178. Citando a Rico y Amat.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

preferencia por el diputado conocido y vinculado a sus concretos electores", "a pesar de que la reglamentación legal emancipó pronto del vínculo del mandato imperativo"[221]. Na práctica os candidatos estarían, pois, "arraigados al distrito que representaban por la posesión de bienes, intereses y relaciones en el mismo"[222]. Unha manifestación elocuente da primacía do "localismo" sobre as directrices dos partidos políticos[223].

Esta cultura política do deputado de «arraigo» obsérvase en 1846 na provincia de Pontevedra. Se acaso algún candidato non era natural da provincia, era recoñecido coma conveciño e amigo polo seus intereses económicos ou pola traxectoria persoal[224]. Por exemplo, o asturiano Fernández Villaverde confirma obxectivamente o seu vencello coa provincia figurando coma un dos maiores contribuíntes do distrito da capital, 2.388 reais. Ademais, fora gobernador da provincia en 1835, varias veces elector, secretario escrutador e deputado por Pontevedra, e no seu cargo na Habana protexeu aos veciños da provincia que alí foron destinados[225].

No verán de 1846 as próximas eleccións presentábanse sen grandes coaccións gobernamentais. Despois da durísima represión do levantamento galego do mes de abril, semella que van deixar aberta a posibilidade de que accedan ao escano parlamentario algúns notábeis provinciais. Un deles sería Lorenzo Varela ao que o seu primo, e vixente deputado, don Ramón López Vázquez Ballesteros anima para

[221] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 27- 28. Relacionan esta cultura política coa "representación descritiva" que enunciou Pitkin.

[222] *Ibíd*. Citan a Romeo Mateo (2006) para caracterizar o deputado coma "un patricio natural de la comunidad, fácilmente reconocible como tal por sus vecinos", o que implicaba que a candidatura era froito dunha percepción social, non dunha indigna postulación persoal.

[223] Zurita Aldeguer, 2009: 179. Os intereses locais prevalecían sobre unha idea de partido ou Estado.

[224] Carasa Soto, 2001 (a): 222. Na Castela e León da época da Restauración faise necesario "matizar el concepto de cunero en el sentido de que no se debe identificar sencillamente con procedente de fuera o nacido en otra provincia que no es la propia. Ésta es una circunstancia más bien superficial y creemos que hay que referirse con más rigor al parlamentario que, además de venir impuesto desde fuera, no tiene vinculación, patrimonio, ni se identifica con el distrito o provincial de cualquier otra forma. Existen caos de no oriundos que luego arraigan fuerte en la provincia y llegan a convertirse en adalides del localismo, (...), y viceversa, hay personajes naturales que se comportan como cuneros". Neste senso, Fernández Villaverde foi un deputado de forte arraigo na provincia de Pontevedra.

[225] *Vid*. "3.3.6. Dúas cartas de Fernández Villaverde".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que sexa candidato. Reprodúcese a carta íntegra para non perder de vista os feitos e opinións que confluían nese verán de 1846:

> «Mi muy qdº. Lorenzo: supongo qe. no dudas de mi cariño spre conste., y pr. consigte. te persuadiras facilmte. de qe. en la triste epoca que acabamos de pasar tu situación me interesó y me afectó mho., pr. qe. te conozco, y conocia y conozco los malos ratos qe. has debido pasar. Sin embargo de todo no hay nadie en el mundo qe. pueda atreverse á morderte en lo ms. pequeño, y tu debes despreciar los cuentos de lugar. Siento mho. qe. tan disgustado estés, y tan resuelto á dejar las cosas del mundo. Yo conozco qe. tienes sobrados motivos, (…); pº. asi y todo es preciso hacer sacrificios, y tu tendrias aun qe. volver á hacerlos.
> ¡Cuanto sentimtº. he tenido y tengo al ver el desquiciamtº. de nra. Provª. La rebolucºn. ha logrado ms. de lo qe. podia esperar. Lo cierto es qe. no podia haber ms. encono entre las gentes si la revolucºn. hubiese triunfado. Desgracia es qe. las autoridads. escepto nro. d. Ventura sean tan poco prudentes y tan poco racionales.
> Con Diego y Villave. he hablado, y les he enseñado tu estimadisima del 2. Ellos aplauden tus idéas, y no es de estrañar. Empezaré ps. diciendote en el particular qe. respº. á la reunion de los mandos en nro d. Ventura vamos á tratar, ó ms. bien, Diego ya dice qe. ha empezado la obra con el Ministro. Espero ps. qe. se hará, y á ello trataré de contribuir activando á todos. Por mi no me lisongeo con la decision del Ministro de qn. en verdad no creo qe. debamos estar satisfhos ps. el chasco qe. dio á nro. D. Ventura. Sea como quiera, y a pesar de todo espero que se hará y qe. de este modo como tu manifiestas se pondrá la primª. piedra pª la reorganizaºn. de nro. pais. Viniendo ya á las elecciones justo me parece el tratar de arreglar la cosa del mejor modo posible pª. qe. salgan los qe. parezcan mejores. Y además de qe. dn. Ventura es nro. principal elemtº. en el dia, tambn. sería convente. y

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> aun preciso conocer las princips. personas influyentes en los distritos pª. ponernos con ellas en contacto desde aquí. Nostros tres diego, Villave. y yo seremos solos los qe. nos entedemos. Respº. á los candidatos de otros distritos deberian VV. indicarnos los qe. sean de ms. valer y qe. tengan ms. probabilidades de salir pª. qe. prodamos presentarlos como tales nosotros en su dia. ¿Porqe. el pais no ha de enviar aqui los hombres qe. deben representarle mjor? Yo entre tanto, y creeme qe. con bien poco gusto, habré de dejarme correr como candidato. Pero ¿y á cual distrito me debo acoger? Espero qe. tu me lo dirás, y aun tambn. tu parecer respº. a dº. y á Villavde. Esto me los dices bien pª. mi solamte. Bien tambn. pª. qe. con ellos me entienda.
>
> Hoy no puedo escribirte mas, ni se lo qe. te digo siquiera pr. qe. estoy ahora mismo dando conversºn. a difertes. personas. Vivo tan hastiado de trabajo y de gentes como no puedes figurarte. Otro dia te escribiré ms. largamte. Antes de concluir no obste. permiteme qe. te diga qe. no debes olvidarte de un viage á este laberinto, y de qe. yo creo qe. lo mejor sería qe. vinieses de dipdº. Piensalo bien y creeme qe. debes pensar en esto, y venirte con tal investidura á pasar una temporada, siquiera pª. conocer esto»[226].

De inicio, Ramón lamenta a situación pola que pasou o seu primo en Pontevedra. A facción "monista" de Pontevedra depositara a súa confianza en Varela para ser conselleiro provincial e, seguidamente, xefe político interino. Con el podían manter trato persoal e directo, de "ti", sobre a gobernación da provincia. Laméntase Ramón dos sucesos revolucionarios, e como xa dixera o seu irmán Joaquín sobre

[226] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Ramón López Vázquez Ballesteros. Madrid, 13 de xuño de 1846. Remata a carta informando que Jacobo, irmán de Lorenzo, e a súa familia están ben. Envía saúdos a cada un dos membros da familia, tamén a Francisco Espinosa, cura de Estacas. Isto subliña a enorme intimidade que había entre eles.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Villaverde[227], nunca imaxinaron que a revolución puidese chegar a tanto.

Ramón menciona varias veces a Ventura Díaz, xefe político de Pontevedra. Considérano dos seus. A súa encomiábel «prudencia» parece ser unha crítica á represión do levantamento, que desgustara á poboación. Varela quere que Díaz continúe en Pontevedra, cargo no que efectiva estará até maio de 1847, privado, iso si, de escano parlamentario[228]. Aseguraba Ramón que don Ventura era «nuestro principal elemento» para arranxar as eleccións. El xunto coas persoas «influyentes de los distritos». A maquinaria estaba en marcha.

En Madrid, Villaverde, Diego e Ramón forman o núcleo da facción "monista" de Pontevedra: «seremos solos los que nos entendemos». Non se perciben, entón, presións dende arriba para colocar a este ou outro candidato, e aínda menos "cuneros". Eles queren acollerse nun distrito e dar entrada noutros a «los que parezcan mejores». Tal vez os moderados buscaban congraciarse cos notábeis provinciais, coas súas aspiracións, tras o drama da revolución. Ou ben, albergaban a posibilidade de cooptar novas figuras políticas. De aí o ofrecemento a presentar os candidatos propios dos distritos coma seus. A representación "descritiva" semellaba estar en voga[229].

Por último, Ramón pregunta polo reparto de distritos. Percíbese certa patrimonialización do distrito electoral. Teme que vai ter que ceder o seu escano de Tui e buscar outro distrito. No fondo, está o desexo de "enfeudarse" electoralmente, o que lle reportaría tranquilidade coma deputado. No seu traballo, tanto parlamentario coma clientelar, podería considerar ese distrito coma unha das referencias na súa actuación política.

---

[227] *Vid*. "3.5.3. O testemuño de Varela do levantamento galego de 1846".

[228] Resulta complexo seguir a traxectoria de Ventura Díaz naqueles anos. Desempeñou a xefatura política de Pontevedra entre setembro de 1843 até maio de 1847, un período dilatado no que se ausentou para ocupar escano por Lugo, que xura o 17 de outubro de 1844. Todo parece indicar que durante as estancias de Díaz en Madrid, Varela exercía de xefe interino. Despois da revolución galega de abril, volve a atoparse a sinatura de Díaz na xefatura de Pontevedra, levando da súa man a preparación das eleccións de decembro de 1846. El supervisou a división de distritos, listas de electores e actas electorais. Anos despois, regresaría ao Congreso, representando a Xaén (1851), e Badaxoz (1857, 1863). En 1858 chegou a ser ministro de Gobernación. Falecería en 1864.

[229] Pitkin, 1985 [1967]: 65- 100. "El representante no actúa por otros; los «sustituye» en virtud de una correspondencia o conexión entre ellos, de una semejanza o reflejo".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Lorenzo Varela envía esta carta do seu primo Ramón a Ventura Díaz, co obxecto de compartir o seu contido[230]. O xefe político contesta ao da Buzaca:

> «Muy Sr. mio y buen amigo: devuelvo a V. la de su primo Dn Ramon despues de enterarme de su contenido. Yo agradezco los buenos oficios de V.; pero (…) la Intendencia y el G.P. con lo embrollado qe esta lo uno y lo otro sera dificil salir (…) del mto.
> Esperaba cuando llegase aquí adelantar mas terreno; pero me lo lo impiden los (…) empleados del Gobº. Citase á V. al Juez de Tuy en un sentido, al de Caldas en otro, y los desvaríos de otros mas altos (…) Y cuando no solo se tiene qe mandar sino qe predicar á otros qe mandan es imposible el gobierno: ni yo dicho esto en si en el desgobierno mas completo.
> Respecto de la cuestion de distritos o aplicación de las candidaturas a ellos mi opinión es la siguiente: qe supuesto qe los Sres Lopez Vazquez, Villaverde y Ballesteros deven saber mejor qe nosotros en qe parte de la provª tienen simpatias qe dichos Sres deven (…) sus deseos y nosotros contribuir a su satisfacción. Esta opinión racional a mi ver se la he anunciado, y no ha hecho fortuna sin saber porqe.
> ¿Y V. sera Diputado? Yo lo desearia por qe esto deve ser
> Hermida segun me dijo ayer tiene el disgusto de ir de Intendente á la Coruña. Efectivamente qe este Sr es perseguido de la desgracia.
> Conservese V. bueno y disponga de su buen amigo y atento servºr.»[231]

[230] Era unha práctica habitual reenviar cartas recibidas a outros destinatarios para que as puidesen ler, ou ben enviar copias, mais o orixinal ofrecía máis credibilidade. No código epistolar dos notábeis unha carta que non podía ser compartida con outros "amigos", debía levar o aviso de "reservado" no encabezado, á beira da data.

[231] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Ventura Díaz. Pontevedra, 20 de xuño de 1846. O estilo caligráfico da carta dificulta a súa íntegra transcrición.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nas letras do xefe Díaz poden advertirse bastantes doses de desencanto e, talvez algunha ironía. Seica foi un home coñecido por unha estraña combinación de autoritarismo e "candidez natural"[232]. Relata con certo fastío os problemas cos xuíces da provincia. Interesante resulta a súa alusión á unión dos cargos de xefe político e intendente, parece que a proposta de Varela, segundo se recollía na carta de Ramón. A partir de 1850, vai ser efectiva esta fusión de cargos na figura do gobernador civil. Comenta tamén o destino que ten o tudense Hermida na intendencia da Coruña, feito conceptuado coma desgraza. Esta valoración suxire que as autoridades civís podían sentirse na obriga de aceptar estes destinos, non sempre ao seu gusto, atopándose sometidos ás disposicións de Gobernación, neste caso encabezada por Pidal e con Fernández Villaverde de subsecretario. Quizais situaron ao amigo Hermida na Coruña, non coma un premio ou recoñecemento, senón coma persoa de confianza nun cargo delicado.

En canto ás eleccións, Ventura Díaz prefire que os patróns parlamentarios de Pontevedra (Villaverde, Diego e Ramón) elixan un distrito para si, mentres eles na provincia traballarán para complacelos. Non dubida Díaz da elección destes deputados, nun ou noutro distrito. Esta seguridade do xefe político contrasta cuns escritos seus no expediente das citadas eleccións. Trátase dun borrador dunha carta "reservada" dirixida ao ministro Pedro Pidal:

> «En todos los distritos hay multiplicadas exigencias de candidatos de diversos matices politicos, pudiendo asegurar a V.E. q por lo general el partido progresista se presenta pr. ahora en la cuestion electoral sin vida si bien en los partidos de Tuy y la Cañiza se ha presentado algun candidato (...), no asi sucede con la fraccion absolutista, ps. sus agentes trabajan en los distritos de Prado, Cambados y Puente Caldelas; mas esto qe no sale de la esfera de noticias privadas, aunq llegasen a tomar cuerpo, su resultado no creo

[232] Barreiro Fernández, 2001a: 205- 206. Recolle os ataques da prensa satírica que durante a súa época de ministro o ridiculizaba pola súa candidez e «humor tornasolado».

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> neutralice el qe. el Gobº se promete, a cuyo fin trabajaré sin descanso»[233].

No que parece ser outro borrador ou extracto dicía: «Adviertese si tendencia en el partido eclesiastico pª. sostener (...) la candidatura absolutista, y en este sentido los párrocos (...)»[234]. Outros comentarios do xefe político sinalaban que estaban *«fraccionadas las influencias del partido conservador», mais que non temía polo resultado xa que «rodeado como se halla el Gob. de personas de influencia, y contando con las qe siempre estuvieron firmes sosteniendo los principios de orden y legalidad»*[235].

O xefe político comprométese a traballar a prol do goberno, o que permite cuestionar a non inxerencia nas eleccións de 1846. Pódese valorar que non houbo unha imposición da influencia moral, mais esta existiu dende a perspectiva do uso das institucións para obter escanos parlamentarios afíns a unha determinada familia política. Os doutrinarios exerceron ese poder, a través da xefatura política e as canles clientelares dos notábeis da provincia. Cumpríase, entón, o modelo de funcionamento das eleccións que tiñan en mente Alejandro Mon e Pedro Pidal. O ministro de Facenda, Mon, tería explicado tempo despois este sistema de candidaturas gobernamentais: o ministro de Gobernación nomeaba uns cantos amigos políticos para que determinasen os candidatos, mantivesen correspondencia cos xefes políticos/gobernadores e electores influentes, e recollesen as súa demandas[236]. Para Fontana, era un "falseamiento de los mecanismos

---

[233] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Reais Ordes (1846)*, caixa 236/3. Estes escritos son borradores da contestación de Ventura Díaz á solicitude de información do «movimiento de las elecciones» por parte de Gobernación, segundo a Real Orde de 3 de agosto de 1846. Subliminalmente, requiríase información das candidaturas dos distritos e as súas doutrinas.

[234] *Ibíd*.

[235] *Ibíd.*

[236] Fontana, 2007, 224- 225. Alejandro Mon tería pronunciado o seguinte discurso parlamentario en 1855: *«El gobierno de S.M., y más particularmente el Sr. Ministro de la Gobernación, y a él pertenece principalmente la cuestión electoral, se encierra en su gabinete, nombra cuatro o seis personas que no son de la administración, amigos políticos particulares suyos; divide las provincias en cuatro o seis lotes; encarga a cada uno de ellos la designación de candidatos, la correspondencia con los gobernadores; accede a cuantas demandas éstos le hacen; recibe correspondencia diaria; sabe cuánto piensan los electores, cuándo respiran, cuándo se mueven de una parte a otra»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

electorales, que convertía el parlamentarismo en una farsa", deixando á oposición co único recurso do pronunciamento militar.

Nas fontes consultadas as únicas referencias a oposición política aluden a membros da mesma familia moderada. O sistema monpidalista non funcionaba á perfección cando non se asignaban debidamente os distritos. O baile de candidatos, debido talvez ao disenso nas elites do distrito ou as loitas entre patróns parlamentarios, motivaban candidaturas enfrontadas de cariz personalista. Hai un bo exemplo nunha carta de don Fernando Amor de Castro, que dicía o seguinte:

> «Mi muy fino amigo: (…) Al paso espero me diga algo de Elecciones puesto qe fui atacado pr sujetos qe pedian votos pª V. unos y otros pª el Señor Ballesteros: aunq. ambas peticiones me son gratas la primera mucho mas pr qe conoce claramte las necesidades de nuestro pais»[237].

A presión por obter escano trasladábase ao ámbito local. Considerando os resultados electorais, Diego López- Ballesteros tiña problemas para atopar acomodo nun distrito, para facerse cun feudo electoral. Foi segundo en dous distritos dun xeito testemuñal, sen opcións de gañar. A seguinte táboa ofrece os datos dos dez distritos da provincia:

Cadro XII. Resultados electorais de 1846

DISTRITO	DEPUTADO ELECTO	Nº VOTOS	SEGUNDO CANDIDATO	Nº VOTOS
Pontevedra	Pedro Mª Fdez. Villaverde	90	Eugenio Cuervo	1
Caldas	Lorenzo Varela	89	Diego López-Ballesteros	2
Consolación[238]	Francisco Tames Hevia	--	Andrés Rodríguez	--
A Cañiza	Lorenzo Cuenca (Tui)	83	Diego López Ballesteros	3
Cambados	Marqués de Vilagarcía	96	--	--

[237] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Fernando Amor de Castro, 29 de novembro de 1846. Este remitente volverá a aparecer no apartado "3.5.5. O «negocio» das eleccións municipais".
[238] Informan no documento que non se verificou o escrutinio deste distrito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Prado	Don Benito Espinosa	111	José Pardo	1
Ponte Caldelas	Pedro Mª Fdez. Villaverde	120	--	
Ponteareas	Florencio Rguez. Vaamonde	67	Juan Manuel Pereyra	48
Tui	Ramón López Vázquez	110	José Benito Español	1
Vigo	Francisco Rguez. Arias	77	--	--

Fonte: elaboración propia a partir da acta electoral[239]

Cotexando os nomes dos deputados electos e segundos candidatos, pode comprobarse que coinciden cos maiores contribuíntes da provincia. Salvo aqueles candidatos con veciñanza en Madrid, o resto son grandes propietarios nos seus distritos: Fernández Villaverde, Varela, Espinosa, Pardo, Cuenca, Pereira, Español, Rodríguez Arias[240]. Todos eles superaban os 1.000 reais de contribución.

Espinosa amosa o seu ascendente no distrito, onde arrasa con 111 votos, fronte a 1 de don José Pardo, cuñado de Ulloa Pimentel. Villaverde gañou en solitario en Pontecaldelas, mentres que Varela reuniu todos os votos salvo dous, que conseguiu Diego López-Ballesteros. Este último obtivo finalmente escano en substitución de Villaverde en Pontevedra, mediante segundas eleccións parciais[241]. Semella que en ningún momento pretendeu a candidatura de Vilagarcía, distrito moi competido, con importantes títulos, onde gañou o marqués de Vilagarcía.

A pesar destas dificultades de Diego para atopar un distrito no que enfeudarse electoralmente, a familia López- Ballesteros seguía a gozar dunha posición de gran relevancia, tanto na provincia coma na Corte. O pai e exministro de Facenda, Luis, foi designado senador vitalicio en 1845, ademais de ser membro do Consello Real, na sección de Facenda, e membro da Academia de Historia, institución na que sería

[239] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1846)*, caixa 236/5.

[240] Rodríguez Arias, veciño de Vigo, pagaba 1.488 reais.

[241] *Ibíd*. Carta de agradecemento Diego López- Ballesteros. Madrid, 18 de febreiro de 1847.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

presidente até o seu falecemento[242]. Diego era deputado e Director Xeral de Rendas Estancadas, un cargo polo que estaba ligado aos intereses dos fomentadores da pesca, pola protección que recibe a súa industria cunha rebaixa no estanco do sal, tal e como acontecera co seu pai Luis durante os anos vinte. Mais esta Dirección tamén podía supoñer certa impopularidade entre os electores. O seu irmán Romualdo desempeñaría varias intendencias provinciais, como tamén o seu curmán Joaquín López Vázquez. O irmán deste, Ramón López Vázquez tivo máis continuidade no escano, representando o distrito de Tui entre 1846 e 1852. Era Ramón xurista, sendo un eminente maxistrado que chegaría ao Tribunal Supremo, ademais de ocupar un posto coma asesor de Facenda, rematando no Tribunal Maior de Contas, cunha fabulosa retribución[243].

En resumo, a familia López- Ballesteros tiña ao seu alcance as canles do poder político. Un exemplo ilustrativo desta posición preferente na política moderada é o episodio Pacheco[244]. O dirixente puritano presenta a súa candidatura polo distrito de Córdoba, xa que en Madrid non confía en saír elixido. Para tal fin, solicita unha licenza do seu cargo de fiscal do Tribunal Supremo, que non é admitida polo ministro de Graza e Xustiza, Díaz Caneja, e Pacheco dimite. Esta renuncia non foi aceptada por Isabel II, talvez temerosa dunha reacción dos puritanos. Ante a situación de bloqueo, o goberno Istúriz está a piques de dimitir en bloque: non podían permitir esta obstrución á candidatura de Pacheco. Faltaban cinco días para as eleccións a Cortes, cando a raíña mantivo unha reunión cos seguintes conselleiros reais: marqués de Viluma, Tejada, conde de Cleonard e Luis López-Ballesteros. Unha carta que envía o marqués de Viluma a don Luis recolle a solución desta crise institucional:

> «Amigo y Sr. de mi mayor respeto: se calmó el negocio consabido sin necesidad de ir yo á Palacio. La

[242] Até o seu falecemento en outubro de 1853, don Luis reorganizou a Academia de Historia amosando novamente grandes dotes para a xestión administrativa. Tamén realizou unha investigación sobre a figura de don Juan de Austria, reunindo un gran patrimonio documental.
[243] Barreiro Fernández, 2001 (a): 367- 368.
[244] Rivas, 1945: 196- 199. Séguese o relato dos feitos que Rivas toma de Bermejo, autor de Estafeta de Palacio (1871).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Reyna Madre y el Padre del Rey mediaron, y nuestras razones han sido acogidas con bondad. Creo ha quedado tranquila por ahora la region superior»[245].

Bermejo escribiu que os conselleiros indicaron á raíña que admitise a renuncia. En consecuencia, os ministros continuaron e as eleccións seguiron adiante. Non obstante, Rivas contemplou outra hipótese desta "crisis política tan absurda". Nos papeis de don Luis atopou Rivas a copia dunha carta dirixida á raíña na que declina facerse cargo da carteira de Facenda. É posíbel que Isabel II convocase a estes señores para conformar un novo gabinete, talvez presidido por Viluma, "y que éstos se negaron a aceptar"[246]. Aquel exministro escribía catorce anos despois de ser destituído de Facenda:

> «en mi persona no hay los medios para sobrellevar tan grande carga en el día (...), poco antes de una elección general de diputados (...), segun un método nuevo, al empezar a suspender el servicio ordinario de las diferentes obligaciones del Estado desde el mes anterior, estando próximo a vencer el semestre de las rentas públicas que se pagan, cumpliendo luego el tercio ofrecido al culto y al clero, descubierto de anteriores pagos, cuando los poseedores de infinitos créditos se reunen y presentan á reclamar sus derechos; (...) Estando, pues, fuera de mis alcances aceptar lo que en mi concepto es imposible cumplir (...) pido a V.M. que se digne proveeer de pronto remedio al triste y peligroso estado actual de la Nación»[247].

[245] AMPO, Fondo López- Ballesteros, *Correspondencia*, 295/33. Carta de Manuel de la Pezuela, marqués de Viluma. Madrid, 5 de decembro de 1846. Celebrada a voda real o 10 de outubro de 1846, a raíña Isabel "empezó a demostrar una hostilidad abierta hacia su marido y hacia su madre (...), la reina de diecisiete años se entregó a una vida de diversiones desenfrenada entre una cohorte de músicos, como Gutiérrez de la Vega, gentes del teatro, damas de la aristocracia de ligera reputación (...) y vividores como el marqués de Salamanca". A comezos de 1847 intimaría co xeneral Serrano. Burdiel, 2010. 191- 192.

[246] Rivas, 1945: 198. Aínda comenta Rivas do biografado: "y quién sabe si el que decidió que no se rematara la intriga fué Ballesteros con su enérgica actitud".

[247] *Ibíd.*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Don Luis ten coñecemento do estado da Facenda Pública, non en van ten ao seu fillo no Ministerio, mais parece probábel que mantivo aquela opinión que expresaba en 1838: «sin pensar en eso de dirigir la Hacienda, porque es indirigible»[248]. No seu descargo, pon as miras na nova xeración de facendistas, Santillán, Mon. Cando alude ás eleccións subliña que se realizan «segun un método nuevo». Sistema que de inicio non beneficia ao seu fillo Diego. Por que a súa candidatura non encabezou un distrito? Unha pregunta sen reposta, mais necesaria, para deixar mostra da perplexidade que se deriva deste caso.

Mentres os políticos da Corte lidiaban coas vicisitudes de Palacio, na provincia os deputados Varela e Espinosa non semellan ter intención de abandonar a súa tranquilidade para acudir a Madrid. Resulta curioso que as cartas de agradecemento de Espinosa e Varela sexan concisas e frías, en claro contraste co resto de deputados electos que enxalzan aos electores e exhiben grandes propósitos[249]. Ningún dos dous presta xuramento no Congreso, feito que non era usual. Dos 349 deputados electos en decembro de 1846, tan só 14 non asisten a tomar posesión do escano[250]. Este dato, que pode parecer anecdótico, agocha no número a procedencia dos mesmos. Foron 3 os deputados de Pontevedra que non tomaron posesión: Varela (Caldas), Espinosa (Prado) e Francisco Rodríguez Arias (Vigo), que con José Andrés Amarelle (Carballo, A Coruña) e Agustín María Saco (Monforte, Lugo) supoñen máis dunha terceira parte dos que nin xuran nin rexeitan o escano. Unha posición un tanto excéntrica xa que nin colaboran cos seus votos na formación dunha maioría parlamentaria, nin ceden o escano a outro representante da facción. Se, de certo, non tiñan intención de ser deputados, por que non lle cederon a acta ao seu curmán Diego López- Ballesteros?

Esta ausencia da cámara baixa podería dar pé a varias interpretacións, mais deben evitarse por falta de apoio empírico. As

[248] *Ibíd*.: 189. Carta de don Luis López- Ballesteros ao seu fillo Nicolás. A Golpelleira, 23 de xaneiro de 1838.

[249] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de elección a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1846)*, caixa 236/5.

[250] Sen contar aqueles deputados electos con actas anuladas. *Diario de Sesións das Cortes*, Índice lexislatura 1846- 1847: 57.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

únicas referencias na correspondencia destes notábeis son as cartas de amigos e parentes que os animan a viaxar a Madrid. Co andar dos meses, van perder esa esperanza. Tres meses despois da elección, escribía Jacobo Varela ao seu irmán Lorenzo:

> «Sin embargo ya no te esperamos por acá, a lo menos para venir á perder el tiempo y la paciencia con el obgeto de interes publico. Por tu salud, como distracción, ni aun como punto de seguridª. y de sosiego, tampoco creo que consideras á Madrid á proposito, a lo cual no sé si acertarás; por consigte. todos los planes de Concha y el gozo de los niños, contando con tu proxª. venida, se van disipando como otros muchos proyectos é ilusiones en este pícaro mundo. En fin, bueno es qe. tengamos salud»[251].

Seica Varela poñía coma escusa a súa saúde. Polo contido das cartas, pode advertirse que Varela estaba inmerso en obras na Buzaca e na capela de Amil, acaparando a súa atención[252]. Tamén Espinosa aduce mala saúde. O procurador don Pedro González coméntalle en varias ocasións o deber contraído. É salientábel o idealismo legalista do procurador, fronte a outras cartas da época cheas de intrigas e fraudes electorais. Escribía González:

> «la muy acertada determinacion de V. y mejor eleccion echa por sus vecinos para la Diputac á cortes (...) no dudo que ha de hacer un berdadero representante en la Nacion y que con sus vuenas ideas y las de otros que le andaran llegará aponerse en algun

[251] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Carta de Jacobo Varela Sarmiento ao seu irmán Lorenzo. Madrid, 18 de marzo de 1847. Concha é a esposa de Jacobo, un dos nenos é Benito, quen herdará A Buzaca. Nunha carta anterior, do 25 de decembro de 1846, Jacobo confía na pronta viaxe de Lorenzo a Madrid.

[252] *Ibíd*. Na carta do día de nadal, o seu irmán Jacobo preguntaba se xa tiña teito na Buzaca. Ademais da cuberta, debeu realizar unha importante remodelación, xa que no arquivo familiar hai debuxos ao xeito de planos. As obras na capela de Amil quedan recollidas en numerosos documentos nos que fai inventario de gastos, realiza un repartimento entre os veciños, chega a acordos co párroco e co xefe de obra, ademais de negociar a adquisición dun terreo anexo á capela.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> tono esta desguadernada y oprimida patria en todos sentidos. (...) y no dudando que afloxará la crueldad del tiempo se pondrá luego en camino para entrar en el Santuario de las Leyes á ponerlas cual necesitamos, pues si no se aprobechan los momentos primeros; despues es mas dificultoso enderezar cualquiera (...). La indisposic de su primo tambien deve impedir la pronta marcha y es lo mas peor porque los frios no estan para recivir mejoras los combalecientes. Procure pues no olvidar el objeto y mucha falta que hace en el congreso»[253].

A enfermidade de Varela sae a relucir na anterior carta de González. Semella que Varela e Espinosa terían pensado viaxar xuntos a Madrid, mais comezan a retrasar a partida. Comentaba o mesmo procurador ao respecto:

> «Vien acertó V. no emprender su viaje a la corte en la estacion actual pues si lo hiciera nosé lo que le sucederia contantas niebes y temporal, (...), la enfermedad de su primo de la Buzaca le valió para que hambos puedan reforzarse y librarse de quedar cubiertos de blanco en el camino como sucedió á alguno»[254]

Volve a insistir o procurador González en repetidas cartas:

> «Cuando suponia a V. hecho un cortesano y á su primo, me hallo con que siguen tranquilos dando Leyes en sus respectibas Casas»[255].
>
> «Cuando suponía á V. formando Leyes de que carece nuestra Nación, capaces de ponerla en paz y no de otras, (...) pero que el partido no tiene representacion en el Congreso, (…) acaso puede haga desde esa mas que estando en aquellos preciosos bancos comunicando noticias é ideas muy utiles y necesarias;

[253] Arquivo familia Espinosa, Correspondencia, caixa I, 1.5.1. Don Pedro González, procurador (1841- 1849). A Coruña, 31 de diciembre de 1846.
[254] *Ibíd*. A Coruña, 11 de xaneiro de 1847. Non semella que haxa unha velada referencia á inminente caída do goberno Istúriz, efectiva o 28 de xaneiro.
[255] *Ibíd*. A Coruña, 25 de xaneiro de 1847.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> sin embargo siento que su falta de concurrencia sea por su poca salud»[256].

Por estas cartas pódese precisar que, até marzo de 1847, Espinosa e Varela non asistiron ao Congreso polas malas condicións meteorolóxicas e por fraqueza de saúde. Despois, non existen outras fontes que expliquen a súa ausencia. Puido ser, simplemente, desidia, ou ben que valoraron a súa maior utilidade na provincia, nos seus distritos. Permaneceron nas súas Casas, atesourando o seu poder social, renunciando á política estatal. É posíbel que a Espinosa e a Varela non lles tentara a idea de discutir e votar leis, nin tampouco percorrer ministerios e salóns da Corte. O seu poder en Pontevedra era físico, territorial, presencial. Lembrando a descrición biográfica de Espinosa na obra de Barreiro: "aínda que dicía que estaba vello para dedicarse á política, nada se movía no seu distrito sen a súa aprobación"[257]. Estes curmáns tiñan o perfil de "cacique local", "político de baixo voo", "sen ambición" en Madrid, coa teima ou "manías de non intervir na alta política do Estado"[258]. O poder político que exercían está intimamente asociado ao seu estatus social e ás redes de amigos e clientes no territorio. Nisto pode observarse unha diferenza substancial entre o notábel e o político «de oficio»[259]. Espinosa e Varela eran notábeis, mentres que os seus curmáns, os López- Ballesteros, políticos.

Ese poder de Espinosa no seu distrito electoral queda constatado na documentación electoral de 1846. As corporacións municipais de Carbia, Dozón, Agolada, Rodeiro e, por suposto, Chapa están ocupadas por persoas afíns a Espinosa. En Dozón están os seus amigos, o alcalde Ramón Noboa Taboada, e o secretario don Ignacio González de Vales. En Agolada, Juan Mª Sarandeses é secretario da corporación municipal. Francisco Viana, alcalde en Rodeiro. Todos

[256] *Ibíd*. A Coruña, 13 de marzo de 1847.
[257] Barreiro Fernández, 2001 (a): 229- 230. Segundo recolle dun cronista contemporáneo.
[258] *Ibíd*.: 706- 707. Extraído da entrada biográfica de Lorenzo Varela.
[259] Zurita Aldeguer, 2009: 180. Este autor distingue "los políticos «de oficio», dedicados de forma continuada a la actividad parlamentaria y a la gestión de favores, y los notables que, si bien podían desarrollar un trabajo de intermediario, no consideraban esencial su presencia en el Congreso". En consecuencia, sería máis apropiado falar de "élite política" que de "clase política". A compoñente social, clientelar, impregna as relacións políticas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

eles van manter correspondencia de "amigo" con Espinosa en 1850. En Lalín, forma parte da corporación municipal don Juan Orrea, quen é consogro de Espinosa, sendo alcalde Benito Failde. En Carbia era alcalde don Ramón Villar, e en Chapa don Julián Francisco Seoane. Non hai rastro do xuíz Crespo nesta documentación electoral[260]. É dicir, Espinosa contaba con amigos políticos en todos os concellos do distrito. Tempo despois, nas moi disputadas eleccións de 1850, quixo manter o seu padroádego na comarca, mais algúns destes cargos municipais van aliñarse con Crespo. Porén, en 1846 o ascendente de Espinosa era innegábel.

3.5.5. O "negocio" das eleccións municipais

Atendendo ao relato precedente, pódese asegurar que don Benito Espinosa Varela exercía unha grande influencia política no conxunto do partido de Lalín: Chapa, Carbia, Dozón, Agolada, Rodeiro. Tan só un dos seis concellos do partido operaba ao marxe de Espinosa e os seus amigos. Na capital, Lalín, fórmase outro grupo de poder arredor de don José Crespo que vai tentar estender as súas redes nos concellos veciños. A hostilidade entre Espinosa e Crespo ponse de relevo a partir de 1849, acadando nas eleccións a Cortes de maio de 1850 a súa máxima expresión[261].

3.5.5.1. A batalla polas alcaldías no partido xudicial de Caldas (1847- 1849)

A hexemonía de don Lorenzo Varela no partido de Caldas semellaba *a priori* incuestionábel, mais o da Buzaca vai acusar un aumento da competitividade nas eleccións municipais[262]. Resulta paradoxal que a súa autoridade fose contestada cando era o deputado

[260] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1846), distrito de Prado*, caixa 235/1/6. Os mencionados son os que remiten as listas electorais da cada municipio.
[261] Tal e como se verá máis adiante, neste mesmo epígrafe 3.5.5., e no seguinte, 3.3.6.
[262] Os moderados recuperan a lei de concellos que motivara a revolución de setembro de 1840. Foi publicada na Gaceta de Madrid o 15 de xaneiro de 1845, antes incluso que a nova Constitución e a reforma tributaria, aprobadas o 23 de maio. Cómpre lembrar que a lei electoral foi promulgada o 18 de marzo de 1846, sendo a organización municipal o primeiro chanzo normativo dos moderados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en Cortes deste mesmo distrito, así coma o seu maior contribuínte[263]. O seu ascendente no ámbito comarcal podía estar a minguar, a pesar de ser o maior terratenente e gozar de importantes amigos políticos en Pontevedra e Madrid. Unha carta de don Fernando Amor de Castro suscita dúbidas sobre a influencia de Varela nos municipios lindeiros coa Buzaca. O remitente é un gran propietario, veciño da parroquia de Perdecanai, municipio de Barro[264]. En 1846 era o maior contribuínte do partido xudicial de Caldas, abonando 2.000 reais, mais en 1849 a súa contribución fica reducida a 1.536 reais, ocupando o terceiro lugar, por detrás de don Lorenzo Varela e do «comerciante» de Caldas don Frutos Mosquera, que aumenta espectacularmente as súas cotas[265].

O estilo da carta de Amor de Castro sorprende porque non emprega as gabanzas e adulacións habituais entre notábeis. É directo, incluso desafiante. Con concisión, escribe:

> «Mi fino amigo: habiendose suscitado disputa en las presentes elecciones de concejales donde intentaba Folgar nombrar Alcalde á Crescencio Iglesias é yo á Dn. Manuel Outeda y Rielo actual presidente de la

[263] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido Xudicial de Caldas de Reis (1850- 1851)*, caixa 149/1. Consta a data de 1850 porque é cando toma posesión a nova corporación municipal. As eleccións foron en novembro de 1849. Nas listas de electores pode comprobarse que don Lorenzo Varela pagaba 2.316 reais de contribución, superando en máis de 600 reais ao segundo contribuínte.

[264] Os lugares de Porráns e San Marco concentraban a meirande parte de actividade do municipio. Porráns (Barro), que era un cruce de camiños entre Moraña, Pontevedra e Santiago de Compostela, foi a capital do concello durante o Oitocentos. No lugar de San Marco celebrábase a feira local. Curiosamente, Amor de Castro remite a súa carta dende San Marco (Perdecanai), no censo de 1846 consta coma veciño desta parroquia, e nas eleccións municipais de 1847 declara residir na mesma, aínda que nunha carta ao xefe político o 1º de xaneiro de 1848 preséntase coma veciño de «San Berisimo de Barro» e na listaxe de electores de 1849 figura con veciñanza en Porráns (Barro). Parece factíbel que posuíse varias casas, coma tamén acontecía con Varela, que ten a súa residencia na Buzaca (Moraña), mais tamén acode nalgunha ocasión a Casalnovo (Caldas).

[265] *Ibíd*. Don Frutos Mosquera, veciño da vila de Caldas, abonaba 1.653 reais nas listas de 1849, mentres que en 1846 pagaba 800. (ADPO, caixa 236/1/2). Nas listas de eleccións municipais de 1847 aparece caracterizado coma un «comerciante» de 61 anos de idade. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas (1847- 1849)*, caixa 145/2.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> municipalidad ruego á V. muy encarecidamente como Caballero no tome interés directo ni indirecto en el asunto, sin atreberme a inclinarle en mi fabor
> Quedo con la mayor confianza que accederá a lo que esige su antiguo amigo»[266]

A alusión a obrar «como caballero» leva a «disputa» a unha cuestión de honor. Non é simplemente unha loita polo poder, por ter relevancia social, por controlar negocios e empregos, ademais está en xogo o honor, o orgullo persoal. Isto está en consonancia cunha cosmovisión romántica, onde a política é vivida con paixón. Con anterioridade a esta carta, nas eleccións de 1847, vírase envolto nunhas denuncias que o puxeran nunha situación delicada. Dicían varios electores que Amor de Castro era «deudor a los fondos municipales»[267]. Defendíase este das «calumnias» que pretendían incapacitalo para o cargo, alegando estar en posesión do correspondente recibo de pago. Declaraba, ademais, que fora o candidato máis votado, e que nos anos de 1838, 1844, 1845 e 1846, desempeñara o cargo de alcalde de Barro. É dicir, era un rexedor histórico do municipio, de filiación presumibelmente moderada. Ao tempo, denuncia que o designado como alcalde, don Manuel Outeda y Rielo[268], así como outro rexedor máis, don Rafael Amor de Castro[269],

[266] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de don Fernando Amor de Castro, San Marco, 7 de novembro de 1849.
[267] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Barro (1847- 1849)*, caixa 145/1.
[268] Veciño de Curro, parroquia de Agudelo. Atopouse outro Outeda y Rielo, don Francisco, no municipio de Caldas, sendo cura párroco en Arcos. É posíbel que existise un estreito parentesco entre o cura de Arcos e o futuro alcalde de Barro, que ademais son emprazamentos limítrofes. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas. Censo electoral (1846)*, caixa 139/3/3; *listas partido de Caldas (1849)*, caixa 149/1.
[269] Resulta curioso que don Fernando denuncie a entrada deste candidato na corporación municipal, xa que ambos comparten apelido. Non se puido discernir parentesco entre ambos, aínda que é un feito máis que probábel. Don Rafael era un propietario con veciñanza en Agudelo, que pagaba unha contribución de 152 reais en 1849. Nunha carta de denuncia que obra no expediente, o veciño Ramón Beloso describe a Rafael Amor de Castro coma «intrigante de profesión, pobre, segun lo tiene acreditado en el Juzgado de Cambados y Caldas»

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«no haber sido acreedores á un solo voto en ambos colegios»[270]. Resulta sorprendente que en xaneiro de 1848 acuse de fraude electoral a Outeda, mentres que en novembro de 1849 defenda a súa candidatura na carta que dirixe a Varela. Este feito suxire que talvez as relacións sociopolíticas locais foron máis flexíbeis e variábeis do que se adoita pensar, máxime nun distrito rural coma Barro.

Este litixio polas eleccións de 1847 deixou un expediente voluminoso. Entre os moitos oficios, pode observarse que o secretario municipal era un tal don Ramón Amor de Castro, cun plausíbel parentesco co denunciado. Este secretario remite aviso, por orde do vixente alcalde, don Manuel Cancela, de que concorran os electores que denuncian a don Fernando Amor de Castro. Días máis tarde, este secretario foi considerado exento de participar na declaración destes denunciantes, exercendo un rexedor de secretario interino. A incompatibilidade era manifesta. A relación de denunciantes é extensa: 24 electores, entre eles don Manuel José Amor y Folgar, o rival de Amor de Castro nas seguintes eleccións de 1849, ademais de don Rafael Amor e José Andrés Candela[271]. Este grupo de electores motivaban a denuncia en dous aspectos: 1) que Amor de Castro «se entrometió a cobrar» contribucións no ano de 1845, faltando máis de 3.000 reais, con menoscabo da xestión do depositario dos fondos, que sufriu embargo dos seus bens[272]; 2) que foi polas casas dos electores «exigiendo para sí mismo botos para concejal», e que moitos destes electores eran remisos a falar «del miedo que le tienen». Os seus votos «son debidos al miedo, a las amenazas, y al (...) que inspiran sus riquezas», reiteraban.

En vista da polémica, tras numerosas denuncias e declaracións, o xefe político de Pontevedra solicita en abril de 1848 un informe a

[270] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Barro (1847- 1849)*, caixa 145/1. A carta de don Fernando Amor de Castro está datada en Barro, o 1º de xaneiro de 1848. No expediente constan as declaracións de varios electores do distrito de Agudelo que afirman que houbo unha fraude coas papeletas. Embaixo do nome de Amor de Castro, terían que ir outros dous candidatos, mais que alguén tería trocado estes polos de don Manuel Outeda e don Rafael Amor. Solicitaban a nulidade das eleccións.

[271] Cancela era o vixente alcalde en 1847, remitindo as actas das eleccións coas que termina o seu mandato.

[272] *Ibíd.* O 29 de maio de 1846 presentou instancia o depositario municipal de 1845, don Juan Maquieira, acusando de desfalco dos fondos a don Fernando Amor de Castro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Varela, dada a «rectitud y saber del Diputº á Cortes» dese distrito[273]. O seguinte extracto é parte da contestación de Varela tras investigar a solicitude de anulación no distrito de Agudelo presentada por Amor de Castro:

> «efectibamente (...) hubo poca conformidad á lo preceptuado pr. la ley, y si se quiere mucha ligereza en la identificacion de los electores qe. votaban, y aún tambien algun abuso de confianza, siempre pernicioso a la severa legalidad con que deben ejecutarse tales actos. (...) igualmente aparece que en la esencia del resultado (...) poca diferencia se observaria (...) como lo comprueba qe. el mismo Sr. Amor de Castro figura con la mayor votacion de dicho distrito, conceptúo qe. hubo mas faltas de respeto a la ejecucion de lo preceptuado literalmente pr. la ley, qe. no actos propiamte. criminales cuya tendencia fuese á falsear completamente la voluntad de los electores, en cuyo caso tambien me parece qe. aunqe. deva haber lugar á la nulidad de las elecciones verificadas en dicho distrito, no existen graves motibos pª qe. los resultados de este negocio puedan someterse á la resolucion de otra autoridad qe. la siempre justa, benefica, y protectora qe. ejerce V.S., previa la opinion ilustrada de los Sres. qe. tan diganmente componen el Consejo de Provincia»[274].

A resposta de Varela é clara: non debe iniciarse procedemento xudicial, deixando correr o asunto, coa lexitimidade que lle concedan as autoridades provinciais. Outro motivo para non continuar coas investigacións é a condición secreta do voto: «unha averiguacion judicial es no solo inoportuna sino ilegal é irrealizable; porqe. siendo

[273] ADPO, fondo pazo da Buzaca, Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra, *Expediente de eleccións municipais en Barro (1848)*, 34.382/24. Esta carta do xefe político, así como a resposta de Varela non figuran no expediente das eleccións de Barro, polo que puido ter consideración de "reservada". A transcrición da resposta de Varela ofrece parte das súas impresións.

[274] Varela tardou varios meses en informar sobre as eleccións de Barro. A carta está datada na Buzaca, o 12 de xuño de 1848, o mesmo día en que lle dá entrada no informe o oficial Arriaga. Esta demora favorece ao alcalde electo, facendo máis improbábel unha anulación das eleccións.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

la votación secreta no es posible obligar á ningun votante á qe. declare». Aínda en agosto de 1848, Amor de Castro persiste na súa solicitude de anulación das eleccións, mais o certo é que dende decembro de 1847 Outeda y Rielo exerce de alcalde, sen que estas denuncias alteren o seu mandato. Tanto Varela, coma o xefe político, don Francisco Páez de la Cadena, confiaron neste alcalde.

Meses despois, é a propia corporación municipal a que elixe a don Fernando Amor de Castro coma procurador síndico[275]. Algo debeu suceder durante ese ano de 1848 que fixo cambiar de opinión a don Manuel Outeda y Rielo, e ao mesmo Amor de Castro. Pasaron do cruce de acusacións en 1847 a unha candidatura conxunta en 1849. Limaron as súas discrepancias mediante un pacto entre ambos? Outeda non formaba parte dos denunciantes, mais si foi obxecto de denuncia por parte de Amor de Castro. Tiña Outeda outras amizades políticas? A investigación de Varela, a petición do xefe político, puido materializarse nunha mediación no municipio de Barro?

Volvendo a novembro de 1849, á carta de Amor de Castro a Varela deixa patente a rivalidade arredor de dúas candidaturas á alcaldía. O perfil socioeconómico dos candidatos é baixo, mentres que os seus protectores son persoas principais do municipio. Don Manuel Amor Folgar, tamén veciño de Perdecanai, era un propietario que pagaba 820 reais de contribución en 1846. Nas listaxes de 1849 ascende á contía de 900 reais, sendo daquela o segundo contribuínte do municipio de Barro, ficando por detrás de Amor de Castro[276]. É, pois, unha pugna entre os dous maiores propietarios por colocar un amigo ou cliente na alcaldía.

O alcalde Outeda y Rielo, constaba coma "labrador" con veciñanza en Curro (Agudelo) no expediente electoral de 1847. Non acadaba a cota de contribución para ser elector en 1846, mentres que nas municipais de 1849 aparece pagando unha cota baixa, 152 reais.

[275] *Ibíd*. Comunica esta elección o alcalde Outeda y Rielo, o 15 de febreiro de 1849. Era unha competencia da corporación municipal elixir entre os rexedores ao procurador síndico. De Castro, 1979: 180.

[276] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido xudicial de Caldas (1850- 1851)*, caixa 149/1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste último expediente distínguese co "don"[277]. O candidato de Folgar, Crescencio Iglesias, era veciño de Portela, e pagaba 313 reais en 1849, mentres que en 1846 non aparece nas listaxes de electores[278].

Malia reunir don Manuel Outeda y Rielo a maioría de votos, informan no expediente que non pode repetir coma alcalde, xa que o 1º de xaneiro de 1848 fora investido como tal[279]. Tamén impiden o nomeamento de don Fernando Amor de Castro por este mesmo motivo, no que se entende coma unha interpretación normativa moi estrita. Estas incompatibilidades explicarían formalmente que ocupase o cargo de alcalde outro veciño, Manuel Canay Gallego, mais non o anteriormente citado Crescencio Iglesias[280]. Ningún deles recibía nas listas de electores de 1849 o tratamento de "don"[281]. Canay debía estar na órbita de influencia de don Fernando Amor de Castro, xa que en novembro de 1847 subscribe a denuncia de irregularidades no distrito de Agudelo, contra Outeda e don Rafael Amor.

Se o caso de Barro mereceu unha exposición tan minuciosa é porque reúne moitos dos elementos que caracterizan este período. Advírtese que o liderado de Amor de Castro estaba moi desgastado

[277] *Ibíd*. Moi poucos electores ostentan o "don" na listaxe, o que reflicte que nos municipios pequenos teñan entrada un elevado número de "cultivadores" ou "explotadores directos" en función dos seus arrendamentos e rendas. A alta representatividade nestes pequenos municipios rurais contrasta coas vilas e cidades, que ven moi limitada a participación. Nos municipios de menos de 60 veciños, todos son electores, mentres que os de menos de 1.000 veciños teñen 154 electores como máximo, "517 el de los comprendidos entre 1.000 y 5.000; 1.767 el de los de 5 a 20.000". De Castro, 1979: 176.

[278] Existe a posibilidade que Crescencio Iglesias fose aquel Iglesias da comarca de Caldas que tentaron favorecer don Joaquín López Vázquez e don Jacobo Varela, mediante unha xestión na Dirección de Axencias Municipais en outubro de 1843. Tamén tiñan pensado falar co ministro de Gobernación López. *Vid*. "3.5.1. A fragmentación política na rexencia de Espartero". A outra hipótese, se cabe máis sólida, é que se tratase de don Ramón Iglesias Amor.

[279] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Barro (1847- 1849)*, caixa 145/1. Os cargos de alcalde e tenente de alcalde "duran dos años, y el de regidor, cuatro. Cada dos años se renueva la mitad del ayuntamiento, aunque el alcalde y los tenientes, al cesar como tales, continúan hasta completar los cuatro años del concejal", que poden ser reelixidos para formar parte da corporación municipal. Esta reelección é unha argucia que instaura a perpetuidade das elites locais no concello. De Castro, 1979: 180- 181.

[280] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Barro (1852)*, caixa 150/1. En 1852 relata o alcalde o sucedido nas eleccións de 1849. Non se localizou o expediente de 1850.

[281] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido xudicial de Caldas (1850- 1851)*, caixa 149/1. Canay pagaba 271 reais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

polas polémicas eleccións de 1847, e que protagoniza varios xiros ou bandazos políticos. Logra certo entendemento con Outeda y Rielo en 1848, neutraliza o candidato de Folgar en 1849, mais se atopa con serias dificultades para situar un alcalde amigo no concello. Semella que o maior propietario do municipio estaba a perder o monopolio da administración local. Obsérvase, pois, un aumento da competitividade no eido local, un devalo da suposta hexemonía dos maiores propietarios, e o ascenso aos cargos municipais de "labradores", que saben ler e escribir, e que acceden ao sufraxio pola mínima, cunhas contribución medias ou baixas[282]. Talvez "homes de palla" dos seus patrón, ou ben valiosos clientes que están a medrar socialmente.

Como xa se ten sinalado noutros contextos, o espazo político local está preñado de longas disputas entre familias e/ou parroquias, con raíces no Antigo Réxime[283]. Mais tamén é o escenario de novas confrontacións de carácter personalista, pouco ou nada relacionadas con discusións ideolóxicas[284]. Os cargos municipais eran moi cobizados polos propietarios tradicionais, labradores adiñeirados, e profesionais liberais, coma os avogados que teñen na administración unha estrutura de ascenso social e político[285]. Non en van, un alcalde concentraba nas súas mans competencias de transcendencia na vida cotiá[286]: repartimentos e contribucións, quintas, listas de electores,

[282] Guionnet, 1997: 81- 85, 92- 94. A monarquía de xullo abriu as municipalidades francesas ao propietario cultivador. Habitualmente, un home de confianza dalgunha notabilidade local, mais tamén debía gozar da aceptación dos electores ou podía haber protestas e denuncias.

[283] *Ibíd*.: 119- 125. Para Guionnet os vellos conflitos que arrastra a comunidade local van encarnarse nas posicións políticas en liza. Veiga Alonso, pola súa parte, ten sinalado un aspecto moi relevante: a disputa entre parroquias rurais e aquelas outras vilegas, onde se empraza o consistorio. Estes conflitos locais entre aldeas e parroquias asumen na transición ao liberalismo unha cobertura política que os identifica con distintos bandos ou faccións. Así o percibe este autor no concello de Lugo durante o Trienio. Veiga Alonso, 2017: 338.

[284] Dardé, 2001: 569- 570. Na época da Restauración tamén se observa que os "enfrentamientos personalistas por la preeminencia entre notables locales fueron la norma", sen implicación dos partidos ou grupos parlamentarios.

[285] Os avogados e comerciantes dos distritos rurais estarán francamente interesados en entrar nas corporacións municipais. A competencia nas cidades é maior, resolvendo as candidaturas entre burgueses e terratenentes de maior posición socioeconómica. Xa dende o Trienio, tiña proliferado a idea de que os concellos son "entes notablemente influyentes", e os seus cargos foron "sumamente codiciados por la burguesía local". Cal y Cortina, 1997: 217.

[286] De Castro, 1979: 190- 218; Pérez Domínguez, 2012: 82- 113. Orzamento municipal; repartimentos, arbitrios e recadación de contribucións; listas de electores e realización dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

realización dos comicios, empregos municipais, infraestruturas de camiños, orde pública, control de pesos, moedas e medidas[287].

Outro aspecto a subliñar nestas eleccións de Barro de 1847 e 1849, é o descoñecemento que se percibe na xefatura política, sen que se detecte a imposición dun alcalde dende Pontevedra. A solución pasa por consultar cos deputados provinciais e grandes propietarios do partido, para que ilustren ao xefe político, adoptando coma saída un terceiro candidato para desbloquear o conflito. O xefe político tamén "puede servirse eficazmente de las consabidas divisiones y enfrentamientos locales" para facerse cunha clientela de alcaldes agradecidos[288].

O caso de Barro pode ser singular, xa que é un pequeno municipio, mais non está distante da capital da provincia. Por outra banda, Barro pertencía á antiga xurisdición de Peñaflor, onde formara a alarma en 1809 o xuíz don Benito Varela, pai de don Lorenzo. Era un territorio que estaba na área de influencia da Buzaca[289]. A documentación consultada non ofrece máis información da implicación de Varela nas eleccións locais de Barro, deixando abertas todas as posibilidades: que el propuxese un terceiro candidato, Manuel Canay; que mediase entre Outeda e Amor de Castro en 1848; que preferise a clientela de Folgar, co citado Iglesias; ou ben, que se mantivese ao marxe, feito pouco probábel, dado o ascendente natural dos Varela sobre Barro. Lémbrese, tamén, que Amor de Castro se dirixe a Varela coma *«antiguo amigo»*, evocando tempos dunha afinidade política ou persoal, ou ben coma un xeito de lembrar antigos favores[290].

---

comicios; recruta de quintas; empregos municipais; orde pública; control de pesos, moedas e medidas; camiños e infraestruturas; beneficencia; ...

[287] Pérez Domínguez, 2012: 83. "Hasta 1849, los alcaldes eran controlados por el Jefe Político en los temas de índole política y por el Intendente de Rentas en los económicos".

[288] De Castro, 1979: 181.

[289] Ademais das parroquias dos municipios constitucionais de Barro e Moraña, tamén estaban en Peñaflor as de Portas e Romai (Portas), e San Clemente de Cesar (Caldas).

[290] *Vid*. "3.5.4. A nova lei electoral: distritos, electores, candidatos. Deputados de arraigo". Días antes das eleccións de decembro de 1846 escribía Amor de Castro a Varela: *«Al paso espero me diga algo de Elecciones puesto qe fui atacado pr sujetos qe pedian votos pª. V. unos y otros pª. el Señor Ballesteros: aunq. ambas peticiones me son gratas la primera mucho mas pr. qe. conoce claramente las necesidades de nuestro pais»*. ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As pretensións de Amor de Castro de permanecer coma alcalde de Barro son comúns a outros grandes propietarios do partido xudicial de Caldas. Varios dos maiores contribuíntes de cada municipio arelan un cargo político, malia que non perciban unha retribución económica directa. Son os máis ricos do municipio, sendo a riqueza o motivo que sobresae na elección. Tamén a distinción do "don", atribuído a un antigo apelido fidalgo, podía ser un trazo decisivo. Unha elección que, ademais, é mixta, froito da votación dos electores e da designación por parte do xefe político. É dicir, dende Pontevedra poden valorar as calidades do propietario que vai ser alcalde, por unha combinación variábel de riqueza e estatus.

Unha exploración dos expedientes electorais do partido de Caldas debuxa un panorama diverso, con distintas cristalizacións de riqueza, estatus e poder. Nos concellos de Baños de Cuntis e Campo os alcaldes eran os máis ricos, mentres que o apelido parecía inclinar a elección en Catoira e Portas. En Saiar se percibe unha mestura de riqueza e familia[291]. O caso, xa documentado de Barro é o da derrota do gran terratenente local, que debe dar entrada a homes de condición socioeconómica máis humilde. Estes podían desempeñar o rol de clientes ou "homes de palla", ou ben ser unha mostra do ascenso social de letrados e medianos propietarios. Lamentabelmente, non se dispón de fontes que aclaren esta cuestión. No concello de Moraña hai máis posibilidades de que o alcalde fose realmente un cliente delegado polo terratenente local, Varela. Ofrécese, a continuación, algúns dos detalles de cada concello[292].

No concello de Campo exerce de alcalde o maior contribuínte, don Alberto Barros, que paga 1.668 reais. Esta contía é máis do dobre do segundo contribuínte, que abona 704, mentres que o terceiro pagaba 476, ambos con "don". Neste concello es diferenzas de cotas

[291] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido xudicial de Caldas (1850- 1851)*, caixa 149/1. Este expediente reúne os datos dos concellos do partido xudicial de Caldas. As listaxes de electores foron elaboradas entre os meses de xullo e outubro, de cara as eleccións do mes de novembro de 1849. Os datos que se manexan dos alcaldes aluden ao bienio anterior, que principiou o 1º de xaneiro de 1848.

[292] Non se pretende compoñer un modelo interpretativo nin unha clasificación. Tan só se trata dun seguimento empírico que vai subliñar a variedade na formación das corporacións municipais. Óbvianse os datos de Barro porque foron expostos nas páxinas precedentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son moi avultadas, pagando a maioría dos electores baixas contías, inferiores aos 200 reais. Os electores con "don" apenas superan a vintena, maiormente situados entre os principais contribuíntes, aínda que semella ser a riqueza o aspecto máis destacado[293].

En Baños de Cuntis o alcalde tamén é o maior contribuínte. Don José Manuel Valiñas, da parroquia de Baños, paga 921 reais, seguido por don Pedro Soto, veciño de Arcos, con 860 reais de cota. Aínda que son poucos os electores que levan "don", teñen unha forte presenza entre os maiores contribuíntes do municipio, xa que os cinco primeiros locen o "don". Entre os "don" con contribucións medias e baixas cómpre salientar a dedicación a cargo público. O rexedor, e anterior alcalde, don Antonio Nartallo Campañó, pagaba 446 reais de contribución. O primeiro tenente de alcalde e procurador síndico da corporación, don Miguel Gontad ten esta distinción[294], así coma o segundo tenente de alcalde, don Joaquín Barros, que ten unha cota de 252 reais. É dicir, o concello de Cuntis está nas mans do maior propietario do municipio, que conta con outros fidalgos de rendas máis modestas, para formar a corporación. Sen embargo, na confección das listaxes de electores aparecen coma "asociados" contribuíntes medios, que roldan os 300 reais de contribución. Un feito anómalo xa que os "asociados" eran os dous maiores contribuíntes, que "han de colaborar con el alcalde en la formación de las listas"[295]. Se ben, figuran Valiñas e Nartallo, en calidade de alcalde e concelleiro, non se atopa explicación a estes "asociados". Sen "don", nin grandes contribucións. Tampouco se xustifica nunha representación dos distritos e parroquias, xa que son veciños da parroquia de Baños. Talvez a resposta estea nunha amizade instrumental, ou tan só se trate dunha circunstancia azarosa.

O alcalde de Catoira, don Pedro Antonio Lorenzo paga unha contribución baixa, de 200 reais, figurando na segunda páxina de

[293] O estilo caligráfico da listaxe dificulta a comprensión dos datos, polo que se realizou unha sucinta exploración.

[294] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido xudicial de Caldas (1850- 1851)*, caixa 149/1. Hai un don José Gontad na listaxe, que abona 320 reais de contribución, mais non se atopou ao citado Miguel. Debe tratarse dun erro ou omisión na redacción.

[295] De Castro, 1979: 177.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

electores do concello. Mais este alcalde ten unha particularidade, é o primeiro elector coa distinción de "don", que é un tratamento moi exclusivo aínda que de escasa riqueza, xa que tan só o teñen cinco electores, e todos por baixo dos 200 reais de contribución. O tenente de alcalde, Ramón Moure, é o décimo contribuínte do municipio, cunha contía de 244 reais[296]. O maior contribuínte, Francisco Cancelo, abona 440 reais, unha cifra moi baixa comparada cos maiores contribuíntes dos concellos limítrofes. É posíbel que a riqueza de Catoira estea en mans de forasteiros que non constan nas listaxes de electores, ou ben que se falseasen os datos, para impedir a exacción[297]. Outra curiosidade é que non figuran coma "asociados" os dous maiores contribuíntes do municipio, o citado Francisco Cancelo e outro elector chamado Fernando Cancelo, parentes con toda probabilidade xa que residen na mesma aldea e parroquia. Os "asociados" son outros electores, os contribuíntes décimo segundo e décimo quinto, que non acadan os 250 reais de cota. Tal e como sucedía en Cuntis, os "asociados" non cumpren a prescrición legal dos maiores contribuíntes do municipio.

No concello de Portas tamén destacan os cargos municipais con distinción de "don"[298]. Todos eles parecen provir da fidalguía, pagando contribucións entre altas e medias. O terceiro, quinto, oitavo, noveno e décimo contribuínte forman parte da corporación municipal. Por outra banda, os dous maiores contribuíntes, Manuel Vidal e Manuel Herosa, que pagan 654 e 560 reais, respectivamente, non son distinguidos co "don", e tampouco ostentan cargo municipal. Isto

[296] Substitúe ao alcalde na elaboración das listaxes por indisposición do primeiro.

[297] Pérez Domínguez, 2012: 108. "La revisión de los padrones y de las fuentes fiscales utilizados para la imposición de cuotas nos ha permitido concluir que los errores y las omisiones en las estimaciones de riqueza respondían no sólo a los intereses personales de cada contribuyente, sino también a un interés real del poder municipal para rebajar los índices de riqueza del conjunto de la población".

[298] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Portas (1847- 1849),* caixa 145/7. Os electores e rexedores de Portas merecerían unha investigación máis exhaustiva, xa que nas listaxes de electores de 1846 algúns destes apelidos non levaban "don". Esta fórmula de distinción é un fundamento empírico feble, con problemas de rigor científico, xa que depende do criterio do autor da listaxe, coas súas rivalidades e afectos. Cabe dubidar tamén se por o desempeño de un cargo político outorgaba o estatus público de "don", máxime nun período no que está a proliferar socialmente o tratamento de "don", alén do uso privativo da liñaxe fidalga.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

salienta dúas realidades no concello: 1) os maiores contribuíntes non gozan de estatus fidalgo, nin exercen directamente o poder político; 2) os antigos fidalgos buscan ocupar cargo municipal, con estratexias de colocación familiar, xa que tres electores do apelido Buceta son rexedores. O alcalde, don Alberto Pérez, paga a contía de 440 reais, cifra media noutros concellos, mais que en Portas representa o oitavo contribuínte.

En Valga tamén se observa unha presenza destacada do "don" na corporación municipal. O alcalde investido o 1º de xaneiro de 1848 é don Pedro Abalo, que pagaba unha contribución de 395 reais. Ocupa a posición décimo sétima entre os maiores contribuíntes. Á cabeza desta listaxe está José Vázquez, cunha cota de 808 reais, que non antecede o seu nome co "don", nin figura coma rexedor. Consta que asiste á elaboración das listaxes de electores, cumprindo coma "asociado". Outros maiores contribuíntes levan a distinción de "don", pagando entre 715 e 569 reais de contribución. A listaxe complétase cun bo número de electores que superan os 300 reais e outros os 200 reais de contribución. Isto suxire unha distribución relativamente equilibrada da riqueza, cun nutrido grupo de medianos propietarios, con indiferenza do "don", que aparece diseminado entre electores de diferentes cotas, salvo na cabeza da listaxe, onde ocupa do segundo ao sexto posto. Os tenentes de alcaldes e a maioría dos rexedores cotexados nas listaxes teñen a distinción de "don", aínda que as súas contribucións son medias, oscilando entre os 300 e os 400 reais[299]. É dicir, os cargos municipais son copados por medianos propietarios de suposta fidalguía, sen presenza das maiores fortunas.

No concello de Saiar exerce de alcalde don Manuel Lemos Lorenzo, que aínda que paga unha contribución baixa, de apenas 135 reais, semella estar emparentado co maior contribuínte, don Pedro Lemos, que abona 506 reais. Cabe a posibilidade de que fose o fillo do maior propietario do municipio, o que indicaría unha remuda xeracional. A familia Lemos viría disputando a alcaldía dende novembro de 1845, sen gozar coas simpatías de don Vicente Gómez,

[299] Ademais das listaxes do partido de Caldas, da caixa 149/1, consultouse tamén o expediente electoral deste concello para identificar os rexedores e o nomeamento do alcalde Abalo. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Valga (1847- 1849)*, caixa 145/9.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de Caldas[300]. Este relata unha *«alianza que ho ha sido verdadera»* entre Lemos e Quirino «y sus respectivos apasionados», ilusionando aos veciños que *«bailaban de contentos por verlos amistados y en una misma candidatura»*. Ante a falsedade e manipulación tanto das candidaturas coma das eleccións, Gómez comenta a Varela: *«En fin, mi amigo, el tal Ayuntamientito de Sayar, es preciso ó enfrenarlo ó disolverlo, pues de lo contrario cierta es la ruina de la mayor parte de todos sus moradores»*.

Tamén os párrocos do concellos expresaron o seu disgusto polo clima político: *«Su caracter intrigante y revoltoso, su inmoralidad, su constante adhesion a los bandos, pandillas y enemistades, y su formal empeño en destruir, aniquilar y vengarse de sus contrarios, aun á costa de su quietud, de sus intereses y de la salud y vida de sus almas, (...) son las cualidades que desgraciadamente adornan a los presentes concejales»*[301]. En 1846 é nomeado alcalde o citado Quirino, que en 1848 volve a ser designado polo xefe Páez[302]. Nesta corporación contaría con Lemos Lorenzo coma 1º tenente de alcalde. Na elaboración do censo de 1849 xa non hai rastro de Quirino, nin coma rexedor nin coma contribuínte, sen poder precisar se esta ausencia se debe a falecemento, inhabilitación ou traslado de veciñanza[303]. O alcalde interino era Lemos, mais este non debeu contar coa confianza de Joaquín del Rey, xa que en 1850 o alcalde vai ser don Juan Francisco Ares[304]. O secretario municipal era outro Lemos Lorenzo,

[300] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Carta de don Vicente Gómez, secretario do concello de Caldas, a Lorenzo Varela. Confía na prudencia do xefe político Ventura Díaz para tomar mans no asunto. Opina que nunha repetición das eleccións a mesa debía estar presidida por Varela «ú otra persona de Categoría imparcial». Noutras fontes aparece o apelido Quirino, mais Gómez fala deste coma de "Quirinos".

[301] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Saiar (1846)*, caixa 139/8/1.

[302] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Saiar (1847- 1849)*, caixa 145/8.

[303] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido Xudicial de Caldas de Reis (1850- 1851)*, caixa 149/1.

[304] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Renovación do concello e variacións no persoal. Saiar (1852- 1853)*, caixa 150/7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

don José, probabelmente irmán do rexedor Manuel, e que destaca por ser unha das persoas máis ricas de Saiar[305].

De inicio podía pensarse que a riqueza era o factor determinante do cargo municipal, mais unha esculca no censo de 1849 arroxa datos de contribución modestos. As súas cotas oscilan entre os 257 e os 135 reais, contías que poden pagar medianos propietarios, mais que gozan da distinción de "don". Serían, pois, descendentes fidalgos e propietarios asimilados a esa condición. Estas cifras contrastan cunhas contribucións sensibelmente máis altas no censo de 1845, de tal xeito que estes propietarios viron disminuir as súas cotas tras o seu paso polo concello[306]. Ademais deste posíbel cálculo interesado da súa riqueza, advírtese que en 1845 varios rexedores non tiñan trato de "don", gañando este estatus na documentación posterior á entrada no concello. Unha vez máis, os datos que brindan as fontes teñen problemas de credibilidade e obxectividade, obrigando a realizar comprobacións e continuas matizacións. Isto redunda na cuestión do paradoxo entre propiedade da terra e representación política, xa que se ben se observa un descenso da riqueza daqueles propietarios que desvían a súa ocupación cara o servizo público, é posíbel que este fenómeno se deba a unha fraude e non tanto a un desmedro patrimonial.

No concello de Moraña residía o maior contribuínte de todo o partido xudicial de Caldas, don Lorenzo Varela Sarmiento, que pagaba 2.316 reais, sendo 1.852 de directas e 464 de cargas municipais/provinciais. O terceiro maior contribuínte é don José Rosende, cuñado de Varela, que vive na parroquia de Rebón, cunha cota de 668 reais[307]. Non aparece o antigo servidor de Varela,

[305] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Saiar. Lista de electores (1846), (1849)*, caixas 139/8/3, 149/1. Don José Lemos Lorenzo, veciño de Santiago de Godos, pagaba en 1845 a cantidade de 672 reais, sendo o segundo contribuínte do municipio. Non se atopou o seu dato no censo de 1849.

[306] *Ibíd*. Os rexedores da corporación de 1848 reduciron as súas contribucións entre 200 e 100 reais menos. Por exemplo, Juan Francisco Ares pagaba 246 en 1845 e non tiña "don", mentres que en 1849 xa usa "don" e paga 139 reais. Outro tanto sucede con Benito Silva, que gaña o "don" en 1849, e se pagaba 483 reais, despois son 257. Don Ventura González e don Pedro José Rodríguez eran recoñecidos co "don" en 1845, mais habería que comprobar a súa traxectoria política durante a década anterior. As súas contribucións tamén diminuíron en máis de 100 reais: 337, 221; 336, 160.

[307] Tívose que corrixir a cantidade, xa que a suma na lista non era correcta.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Barosela e Freire. O alcalde é José Fariña, veciño de Rebón, que paga unha contribución máis modesta, de 287 reais. Entre os "asociados" que asinan a listaxe electoral aparece don Lorenzo Varela e don Manuel de Soto y Bolo, o segundo maior contribuínte do municipio, cunha contía de 827 reais. Este último tamén é veciño da parroquia de San Lourenzo de Moraña. Parece probábel que o alcalde Fariña fose unha elección do agrado de Varela. Se participa na rúbrica das listaxes é porque hai sintonía coa corporación municipal de onde é veciño.

O concello de Caldas, capital do partido, presenta en 1849 aínda máis competitividade co de Barro. A elección non se decanta con claridade cara o máis rico ou o de máis avoengo, tampouco semella cuestión de "homes de palla". A alcaldía da vila de Caldas é obxecto de numerosas aspiracións e intrigas. Un xogo de influencias que vai deixar testemuño escrito na correspondencia dos notábeis da provincia. Se en Barro dirimiron a controversia dentro do municipio, con escasa inxerencia externa, en Caldas os movementos por facerse co poder chegan a sentirse nos ministerios.

Unha serie de cartas de don Francisco Riestra permiten seguir a pista do conflito que se viviu nestas eleccións municipais de novembro de 1849. Nunha primeira carta escribía dende Pontevedra:

> «Mi muy estimado dueño y amº.: esperaba para contestar a su grata del 7 y poder hacelo satisfactoriamente pero cada vez dudo mas de la reelección del sr. Vazquez a pesar de la buena opinión qe disfruta en estas oficinas; Todos los dias o directa o indirectamente le recuerdo al Gob. este asunto. Parece qe le han escrito el Capitan Gral y el sr. Castro de la Coruña suplicandole nombre á Dn. Rosendo y de aquí nace el mayor compromiso; ayer le aconsegé les contestase encareciendoles las buenas cualidades del actual Alcalde y el sentimiento qe. tendrá en no reelegirlo si es qe ellos tienen tanto interes en ello; digo le aconsegé para ver si el gral qe supongo le habrá recomendado por compromiso le contesta diciendole esto y relevandole (…)
> Por lo demas y aunque Dn Rosendo me tenía hablado con mucha anticipación, en el momento de recibir su

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> estimada no he dudado un momento en emplear los cortos medios qe se hallan mi alcance para qe V. sea complacido solo siento no poder asegurarselo a V. pero no dejaré el asunto de la mano y avisaré á V. con oportunidad o lo qe sera más probable es qe un día qe este bueno iré a hacerle una visita y á charlar un rato de muchas cosas pendientes. (…)
> Francº Antº Riestra
> Reservado
> Hoy tengo entendido ha tenido el Gefe carta del Sr. Sartorius recomendandole eficazmente el triunfo en Cambados del Sr. Dn. Jose Eguiazabal[308] qe es un Abogado de Madrid como este asunto estaba paralizado, pendiente de dicha contestación, hoy se circularon ya las veredas para emprender esta nueva compaña electoral qe deberá ser animada si no desfallecen los 8 o 9 candidatos qe hasta la fha se conocen»[309].

Esta carta de Riestra recolle a existencia de dous candidatos á alcaldía de Caldas. O primeiro era o vixente alcalde, don Juan Vázquez, ao que apoiaba don Lorenzo Varela. O aspirante, don Rosendo de Castro, tiña riqueza e distinción. Nun expediente describen a don Rosendo coma «comisario honorario de guerra y marina», ademais de cabaleiro da Orde de Carlos III[310]. Con estas credenciais, tería mobilizado influencias de gran relevancia para que falasen no seu favor ao xefe político, don Joaquín del Rey. Contar cunha carta de recomendación do capitán xeneral era garantía de éxito. O mencionado «Sr. Castro» pode ser don Alejandro de Castro y Casal, que en 1850 sería elixido deputado a Cortes por Caldas de Reis,

[308] Don Jose Eugenio de Eguiazabal foi elixido deputado en 1844, por Madrid e Toledo, elixindo a segunda; en 1864, por Cidade Real; e en 1867, por Pontevedra, aínda que poucos días despois xuraría coma senador.
[309] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Remite a carta dende Pontevedra, sen que poida discernirse a data con claridade. A caligrafía de Riestra é descoidada e rápida, dificultando enormemente a transcrición. Pode tratarse do mes de outubro ou novembro de 1849.
[310] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas (1852)*, caixa 150/2. Curiosamente, Lorenzo Varela tamén era comisario honorario da Mariña.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distrito no que se enfeudaría durante toda a súa carreira no Congreso[311]. Este escano pode ser o prezo do seu favor cara unha ou outra candidatura. Tamén Riestra tería apoiado a alcaldía de don Rosendo de Castro, até que soubo da opinión contraria de Varela. Aínda que o estilo adulador da carta fose unha formalidade entre notábeis, as verbas de Riestra evocan estimación e confianza, malia empregar o "vostede".

Ademais da competencia electoral en Caldas, Riestra comenta unha aposta persoal de Sartorius para Cambados. Aquí se advirte a intención de colocar profesionais letrados na administración local, talvez co obxecto de exercer un control directo, sen mediar as clientelas de electores. Un *cunero* que debería o cargo ao mandatario que o recomendou, substituíndo así as clientelas locais polas administrativas do Estado. Cabe sinalar que don Luis José Sartorius y Tapia era ministro de Gobernación dende outubro de 1847, concedéndolle en decembro de 1848 os títulos de conde de San Luis e vizconde de Priego[312].

Riestra estaba ao tanto do que acontecía no goberno político porque tiña varias concesións na delegación de Facenda[313]. Os seus intereses económicos eran diversos e notorios. Ademais dunha fábrica de sal, outra de xeo, e tabacaleira, funda o seu propio banco[314]. Talvez

[311] Político moderado de orixe coruñesa, fixo carreira funcionarial en Facenda. Entre 1850 e 1865 representou o distrito de Caldas nas Cortes, coa salvedade do bienio progresista, que obtivo representación pola provincia. Estaba casado cunha irmá do marqués de Vilagarcía. Estaba na órbita moderada de Narváez, sendo perseguido en 1852 por Sartorius. Regresaría meses despois, sendo xefe político de Madrid e director xeral de Rendas. Varias veces ministro (Ultramar, Facenda, Estado), foi tamén embaixador e senador. Naquelas primeiras eleccións de 1850 en Caldas, obtivo escano tras a anulación da elección de Mugartegui, logo de emprender o propio Castro unha campaña de difamacións e denuncias. Non se atopou parentesco entre don Alejandro e don Rosendo, malia ter o mesmo apelido. Barreiro Fernández, 2001 (a): 170- 171; http://dbe.rah.es/biografias/14653/alejandro-de-castro-casal

[312] Ministro de Gobernación dende o 4 de outubro de 1847 até o 19 de outubro de 1849, sería novamente nomeado o 20 de outubro, sempre baixo gobernos de Narváez, cumprindo até o 14 de xaneiro de 1851. Tempo despois volvería a Gobernación cando asume a Presidencia do Goberno, entre o 19 de setembro de 1853 e o 17 de xullo de 1854.

[313] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de deputados e senadores (1851)*, caixa 244/7. Xa se comentou con anterioridade (3.4.1.) que Riestra figuraba coma "guarda-almacén de efectos" de Facenda nunha relación de empregados públicos contrarios ao candidato gobernamental. O voto de Riestra era "monista". Nesta delegación de Pontevedra tiña destino don Miguel Mon Álvarez Castrillón, curmán do ministro de Facenda.

[314] http://luisariestra.blogspot.com/2017/07/antecedentes-de-la-familia-riestra-los.html

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os seus negocios fosen prioritarios,mais non desmerecen a súa implicación política[315]. Baixo a protección do seu valedor, don Pedro Fernández Villaverde, mantiña estreitas relacións de amizade política, tal e como se aprecia na correspondencia privada[316]. Pode pensarse que Riestra operaba coma enlace entre Villaverde e a provincia. A seguinte carta de Riestra é ilustrativa do rol de patrón que xogaba Villaverde neste círculo de amigos políticos. De feito, Riestra copia un extracto da carta que recibiu de don Pedro, que é como alude a Villaverde.

> «Mi muy apreciable dueño y amº: las cartas escritas por insinuación mia á los SS. Capitan Gral y Castro han surtido su efecto pues dichos S.S. le han contestado muy atentos diciendole hiciese lo qe mas conviniese y le pareciese mejor y qe tuviese por no escritas las qe le dirigieron recomendandole a Dn Rosendo; por aquí ibamos bien pero ayer me dijo el Gefe qe había recibido una carta del Sr. Vazquez Queipo á quien parece qe aquel aplicaba lavativas cuando estaba enfermo en la Habana recomendandole su eleccion lo qe ha contribuido a agravar el compromiso; esto me lo dijo ayer noche pero hoy el Sr. Dn. Pedro a consecuencia de una carta que yo le escribí y no sé V. le escribio me contesta y me dice lo qe copio para mejor conocimiento de V.
> Hoy entre otras cosas le escribo al Gefe lo siguiente
> "He hablado a V. cuando estuve en esa de Dn. Rosendo Castro para alcalde de Caldas, hoy sé qe está subordinado al partido fanatico furioso y reaccionario qe alli serviría de gran obstáculo si Castro fuese Alcalde. Ruego a V. muy encarecidamente qe teniendo por recogida mi indicacion hecha cuando tal cosa ignoraba se sirva favorecer y estimar ó acordar la

[315] Moreno Luzón, 2001: 583. Citando o capítulo de Julio Prada Rodríguez (2001) na mesma obra colectiva. Aos Riestra da Restauración "la alta política les interesaba sólo en la medida en que favoreciera sus numerosos intereses económicos". É posíbel que os seus beneficios fosen o motivo último da participación política de don Francisco Riestra, mais a súa actuación foi decisiva e altamente comprometida na organización das redes de amigos políticos entre Madrid e a provincia de Pontevedra.

[316] Cómpre lembrar que o pai de don Francisco Riestra Vallaure era administrador dos bens de Fernández Villaverde en Pontevedra. Barreiro Fernández, 2001 (a): 553- 554.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> reelección de Dn. Juan Estevan Vazquez á quien protegen y el mutuamente las mas nobles y sanas influencias qe allí hay en armonia con la situación y con el Gobº."
> Despues me añade "V. qe me conoce pudo desde luego asegurar qe donde quiera qe suene el interes ó indicacion del Sr. Dn Lorenzo Varela ó la de Espinosa ú otra de las qe V. sabe son personas a quienes debo aprecio y consideración tendría yo un pesar en qe por indicación mia pudiesen sentir desagrado ni menos ver contrariadas las suyas. Nunca estubimos encontrados y por mi no hemos de estarlo nunca ni lo estaré jamas. Con esos S.S. ni con sus amiºs. Dé V. al Sr. Dn. Lorenzo mil cosas".
> En vista de todo esto qe le inserto para qe V. esté enterado de todo el negocio, espero ver al Gefe hoy á ver como se presenta y en ultimo resultado si aun vacilase le indicaré le diga al Sr. Vazquez Queipo lo qe hay y le escribire al Sr. Dn. Pedro para qe se vea con el y lo arreglen.
> Esto es un infierno con la cuestión de nombramientos de Alcaldes; jamas se ha desarrollado como este año el apego a estos cargos ni nunca hubo mas pretendtes. ni mas recomendaciones de la corte; de esto ya hablaremos a nuestra vista. (…)
> Dn. Rosendo no me deja dia y noche y ya se ha hecho notable por su constancia en pretender; escuso decir a V. se sirva no decir nada porqe. sería perjudicial para el logro del negocio».[317]

As eleccións municipais son conceptuadas coma un «negocio». Así as define Riestra, mais tamén outros notábeis da época. Pode ter aquí unha connotación de transacción ou intercambio do que se espera extraer algún beneficio, aínda que este non teña que ser monetario, senón político. Trataríase, pois, de colocar aos amigos políticos nos cargos chave da administración, sexa local ou provincial. O novidoso

[317] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Novamente, hai problemas de lexibilidade da data. Pode tratarse do 10 ou do 20de novembro de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

destas eleccións é o aumento da competencia, e a implicación de máis patróns ou valedores que protexen a candidatos emerxentes. Ante este panorama, Varela, se ben algo tarde, mobiliza as súas influencias para ter o alcalde que desexa na capital do seu partido xudicial. Recibe de Villaverde unha mostra de apoio incondicional, como tamén amosa cara Espinosa. Na Coruña son receptivos á opinión de Varela. O negocio está a tomar forma.

Mais o candidato don Rosendo de Castro busca novos valedores. A recomendación de Vázquez Queipo volve a desestabilizar o negocio de Varela e Riestra. Don Vicente Vázquez Queipo de Llano estivera en Cuba coma fiscal de Facenda entre os anos 1839 e 1846, sendo nomeado ao seu regreso "subsecretario en comisión" do ministerio de Gobernación[318]. Neste cargo estaría entre novembro de 1847 e o 31 de decembro de 1849, cando é destituído por criticar a política de "cuneros" do ministro Sartorius. En consecuencia, non consegue escano en 1850, no "congreso de familia" dos chamados "polacos"[319]. Curiosamente, Vázquez Queipo tería coincidido con Fernández Villaverde en Cuba, cando o segundo era tenente gobernador da Habana[320]. Ademais, Villaverde tamén ocupou a subsecretaría de Gobernación entre 1846 e 1847, baixo o mandato de Pedro Pidal, sen poder precisar se mantivo trato co seu sucesor, Vázquez Queipo. A relación entre ambos debía ser tan próxima que Riestra vai suxerir a Villaverde que se reuna con Vázquez, «y lo arreglen»[321].

Ao respecto, hai que puntualizar unha diverxencia política entre eles. Villaverde estaba integrado na fracción parlamentaria "monpidalista" ou "doutrinaria", na que tamén figuraban os curmáns López Ballesteros e Riestra. De feito, a provincia de Pontevedra era

[318] A biografía de Vázquez Queipo está repleta de nomeamentos e contribucións en distintas materias. Era unha figura reverenciada pola súa intelixencia e laboriosidade. http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php/

[319] A facción política de Sartorius, conde de San Luis, recibía este cualificativo.

[320] Tamén Villaverde podía coñecer ao candidato don Rosendo Castro polo seu destino en Cuba.

[321] Vázquez Queipo era sobradamente coñecido polos notábeis galegos. Mantiña relación cordial coa familia López- Ballesteros, mais con Domingo Fontán existía certa animadversión. Fontán e Vázquez entraran en discusión nunha comisión de medidas e pesos, defendendo o primeiro o sistema métrico decimal, e o segundo o tradicional de Castela. http://cuadernosdedomingofontan.com/2017/06/02/la-impresion-de-la-carta-geometrica-de-galicia/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

"monista". Namentres, o lucense Vázquez Queipo estaba encadrado nun grupo de parlamentarios galegos con disciplina de voto propia[322]. De aí podía provir a súa oposición ao cunerismo de Sartorius e a súa ruptura definitiva co ministro.

Coa recomendación do subsecretario Vázquez Queipo, o "negocio" de Varela nas eleccións de Caldas semella estar truncado. O da Buzaca escribe directamente ao xefe político, don Joaquín del Rey, expoñendo todas as reservas que lle merece a elección de Castro[323]. Non se conserva a carta orixinal, mais si un borrador do que se poden extraer os seguintes parágrafos:

> «hay momentos solemnes en la vida y epocas tan criticas, qe. no se puede callar sin incurrir en manifiesta deslealtal al Govierno, y en marcada oposicion a los verdaderos y mas caros intereses de los pueblos.
> Sería muy prolixo referir á V. el notable movimiento qe. desplegó el partido reaccionario unido al propietario de color mas subido en algunos districtos de este partido judicial de Caldas en las ultimas elecciones municipales (...) Enorabuena qe. todos los partidos y opiniones ejerzan libremte. sus derechos (...) vajo la égida de tolerancia qe. á todos dispensa el dignisimo Govierno qe. pende los destinos de la Nacion. Pero yo creo qe. desde este punto de observar la confianza del mismo Govierno pª desempenar las

[322] Luján, 2017: 64. "Diputados como Antonio María Coira, Vicente Vázquez Queipo de Llano, Bernardino Marvar o Juan Ferreira Caamaño, entre otros, mostraron una evidente afinidad con el liberalismo moderado, pero a la vez exhibieron una actuación parlamentaria autónoma, capaz de consensuar entre políticos de estos sectores enmiendas, votos particulares o iniciativas diversas".

[323] Por unha carta do escribán e amigo don Matías Roca, datada en Caldas, o 11 de novembro de 1849, sábese que Varela non fora presentado ao xefe político. Cando o alcalde Vázquez acode a Pontevedra e conversa co xefe e cos conselleiros provinciais sae a relucir o nome de Varela: «*hablando dichos Señores Valladares y Suarez con el Gefe sobre V. manifestó grande interes en conocerle, y aun añadió como siendo V un diputado a Cortes no le escribiera sobre el particular; y en vista de esto los dos sobredichos le digeron al alcalde seria bueno y muy conveniente le escribiera sobre este objeto pues tendria suma complacencia en ver su firma si V. no se le opone a su honor y quiere hacerlo será bien para confirmacion de la obra*». ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> alcaldías y sus tenencias en qe. se encierran tantos intereses generales, hay una distancia inmensa, y qe. el mismo Govierno cometería una grande imprudencia a fiarse de gentes nuebas, qe. hasta aqui le hicieron (...) guerra y de quienes no se puede esperar en mucho tiempo una adhesion tan desinteresada y fija como la acreditada de otras qe. (...) muchas pruebas».[324]

Varela esgrime os valores liberais de liberdade e tolerancia, mais censura a chegada de «gentes nuevas», que proceden maiormente da reacción en unión cun propietario importante. Terían estas persoas desestabilizado o panorama político de todo o partido. Continúa o escrito explicando detalles concretos da elección:

> «me atrebo a suplicarle se sirva reelegir de alcalde pª Caldas a D. Juan Esteban Vázquez sujeto dignisimo en todos sentidos, despreciando los ardides de qe. se valieron sus enemigos (...) pª. invalidar la votaºn del districto de Campelo en el mismo ayuntamtº.»

Ao día seguinte escribe outra carta pedindo reserva ao xefe político e aclara que lle escribiu *«las aseveraciones de un ciudadano honrado qe. manifiesta lo qe. siente en puridad al jefe politico de su provincia; pero qe. rehuye todo lo qe. tiene un caracter de personalidad muy ageno a su educacion y principios»*.

Varela, que reprocha as *«intrigas políticas»* da candidatura de Castro, funda a súa petición en criterios políticos, desentendéndose da cuestión persoal, aspectos que, por outra parte, adoitan aparecer mesturados nunhas eleccións municipais. Eses «principios» de Varela son os que encomia o escribán Matías Roca cando describe esta disputa local cun estilo elevado: *«para destruir esta horda de petulantes de mala intencion, que quieren hacer valer su ignorancia, mas que la ilustración de hombres honrados, que tienden sus miras a objetos sagrados y dignos de la mayor consideracion»*[325]. En

[324] *Ibíd*. Emprega como papel para o borrador a carta que remitira don Fernando Amor de Castro dende o concello de Barro, o 7 de novembro de 1849.
[325] *Ibíd*. Carta de Matías Roca. Caldas, 11 de novembro de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

puridade, non son argumentos ideolóxicos, mais si ideais sociais e políticos, que, consciente ou inconscientemente, xustifican a acción política. Unha cultura política marcada polo romanticismo que permite adornar conflitos usualmente materiais e/ou tradicionais na comunidade rural.

A resposta do xefe político non ofrece expectativas ao "negocio" de Varela, á vista dos «compromisos» que debe aos favorecedores de Castro, mais fai aprecio da opinión de Varela sobre Vázquez.

> «Muy señor mio y de mi aprecio: contesto á sus favorecidas de V. del 13 y 14 del corriente, y lo haré con la franqueza que debe inspirar á la autoridad un caballero de las muy recomendables cualidades que todos reconocen en V.
> La cuestion que en este momento nos ocupa es entre el actual Alcalde D Juan Esteban Vazquez y D Rosendo Castro. Al primero lo aprecio mucho e indudablemente ha desempeñado y desempeña aquel cargo con inteligencia lealtad y pureza. El segundo es tambien hombre de bien y de buenas opiniones politicas, y si llega á ser Alcalde jamas se separará del Gobierno ni servirá de instrumento para lo que algunos creen. No creo que se seguiran males al pais, qe de uno, o sea elejido el otro; pero los compromisos que tengo pª. con el ultimo son de consideracion. V. sabe que en mi posicion no siempre puede uno desentenderse de ciertas ecsijencias y por esta razon no puedo decir á V en este momento cual será mi resolucion, si bien a las personas, algunas de mucho respecto pª. mi les he hecho presente el aventajado concepto que me merece el Sr. Vazquez. Si V me hubiera escrito antes, otra cosa seria.
> En cuanto a la reserva que V me indica puede descuidar
> Deseo convencer á V y cuando mis ocupaciones me lo permitan tendré el gusto de hacer á V una visita aun cuando sea corta»[326]

[326] *Ibíd*. Carta de Joaquín del Rey, xefe político, que remite dende Pontevedra, 16 de novembro de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha terceira carta de Riestra relata as estratexias que operan por baixo das comunicacións formais. Percíbese moita complicidade entre Riestra e Varela neste asunto do nomeamento do alcalde de Caldas.

> «Mi muy estimado dueño y amº. Con motivo de haber anulado la eleccion de Campelo y lo qe supongo sabrá V. está paralizado el negocio; Castro marchó hoy allá.
> Repito qe el Gefe se ve y se desea en el negocio pero no dejo de tener esperanzas seria muy convente. qe V. me digese si en ultimo resultado conviene sea elegido Salgado; porque bueno es preveerlo todo.
> Ya habra V. sabido la mudanza de decoración respecto a Cambados sobre lo qe parece tomaron cartas los Diputados, hasta llegar á decir D. Pedro al Gefe qe respetando su posición pr el preferiría al mismo Santos[327] o cualesqª otro aunque fuese Republicano. Ahora por quien trabaja el Gefe es por Buceta qe recomiendan de arriba y a favor de quién estan las probabilidades aunqe. si Bobo[328] no desiste algo se las disminuirá. (…)
> Le escribí al Sr. Dn. Pedro sobre lo de Vazquez Queipo»[329]

Tal e como relata Riestra, os deputados –galegos- terían tumbado a proposta de Sartorius para Cambados. Nesta cuestión estarían dacordo Fernández Villaverde e Vázquez Queipo, rexeitando a figura dun *cunero*. Cabe puntualizar que Villaverde non sería considerado un forasteiro na provincia, senón un fillo de adopción. Ser "paisano" non

[327] Don José María Santos era un dos abandeirados esparteristas da provincia. Fora presidente da xunta de Pontevedra no levantamento de 1846. Barreiro Fernández, 1977: 132. A relación de Santos con Varela debía ser cordial, a pesar das discrepancias políticas, xa que hai un volume dedicado por Santos na biblioteca da Buzaca. ADPO, fondo pazo da Buzaca, publicacións, *Himno en elogio de Mr. Jorge Luis Leclerc, conde de Buffon,* 34.355/14. Obra de Bernardo Germán Esteban de la Villa y la Fond, conde de Lacepede, traducido polo profesor Robustiano Pérez de Santiago (1849), que dedica esta edición ao citado Santos.
[328] Pode tratarse dun xuíz que tivo destino en Lalín durante os anos corenta.
[329] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. A data da carta pode ser o 12 ou 22 de novembro de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

estaba determinado –simplemente- polo lugar de nacemento, senón polo arraigo na sociedade[330].

Volvendo ás eleccións de Caldas, o "negocio" non ten visos de prosperar, polo que Riestra comenta a posibilidade dun terceiro home: Salgado. Este recurso a un terceiro candidato para desbloquear a contenda electoral xa se observara nas eleccións de Barro[331]. Sen embargo, a proposta de don Eugenio Salgado é complexa, xa que está a ocupar escano provincial dende xullo 1847, mentres Varela é deputado en Cortes[332]. Ao remate da lexislatura 1846- 1850, Varela concorrerá novamente á Deputación, con éxito, mais en novembro de 1849 restan uns meses nos que habería que forzar algunha interinidade en Caldas.

Albergando esta posibilidade, debeu escribir Varela a Salgado. Este contesta aportando as súas impresións sobre as propostas que están enriba da mesa:

> «habiendome propuesto Roca la idea que le indicó para templar la furia del consabido pretendiente, le dige al momento que de ninguna manera accedia pr. mi á igual proposicion, prefiriendo primero sostener dos años de lucha que darle tan alagueña esperanza con lo que tambien se conformó dho Roca
> Ahora parece que por su reservada noticia, la Providencia, y los hombres de orden nos quieren librar de semejante plaga, con lo que y pr. su mismo acuerdo de V. estamos dispensados de acceder á aquella indicaºn., en lo que me cabe gran placer»[333]

[330] Carasa Soto, 2001: 222. Matiza que o nacemento é "una circunstancia más bien superficial y creemos que hay que referirse con más rigor al parlamentario que, además de venir impuesto desde fuera, no tiene vinculación, patrimonio, ni se identifica con el distrito o provincia de cualquier otra forma. Existen casos de no oriundos que luego arraigan fuerte en la provincia y llegan a convertirse en adalides del localismo, (...) y viceversa, hay personajes naturales que se comportan como cuneros".

[331] Sendo nomeado Manuel Canay Gallego, fronte aos candidatos don Manuel Outeda y Rielo e Crescencio Iglesias.

[332] Taboada Moure, 1987: 38. ADPO, Eleccións, 3.13.6., Expediente de eleccións provinciais. Partido Xudicial de Caldas (1847), caixa 189/9.

[333] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Eugenio Salgado. Caldas, 25 de novembro de 1849. Don Matías Roca era un escribano da confianza de Varela, veciño de Caldas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A solución que lle ofrecen a Salgado debe conter algunha contrapartida que poida contentar a Castro. Talvez unha tenencia de alcaldía. Salgado rexeita de plano a conciliación, preferindo presentar batalla. As últimas noticias que lle confiou Varela é que teñen o apoio de «hombres de orden», quizais pensando que a influencia de Fernández Villaverde sería determinante.

Mais a candidatura de don Rosendo de Castro contaba con outra baza ao seu favor, ademais da determinante recomendación do subsecretario de Gobernación Vázquez Queipo. A acta do colexio electoral de Campelo era anulada por indicación do Consello Provincial, e aquilo beneficiaba a Castro. Ese distrito electoral do municipio de Caldas estaba encabezado pola parroquia de San Clemente de Cesar, onde Vázquez e os amigos de Varela tiñan gañada a elección. Malia as súplicas destes últimos para que fose aceptada, un dos conselleiros provinciais explicaba:

> «Muy Sr. mio y amº: sabedor de que el alcalde de Caldas dijo qe. yo habia estimado en poco la apreciable recomendacion de V. en el asunto de su reelección, tomo la pluma pª desmentirle. Como tuve el gusto de indicar á V. en mi contestación, mi influencia quedó reducida á cero desde el momento en qe. entre Vazquez y Dn. Rosendo se atravesaron otras de altisima importancia. Desde entonces, no despegué mis labios y esto es cierto y muy cierto diga lo qe. quiera el Sr. Vazquez, cuyo buen concepto nunca y en ningun tpo. rebajé.
> El Consejo propuso la nulidad del acta de Campelo desentendiendose enteramte. de las pretensiones militantes y mirando esclusivamte. á qe. se habian dado presenciales algunos enfermos imposibilitados de votar y á otros vicios pr. este estilo. Yo puedo asegurar á V. qe. D. Rosendo quedó frio con nro. informe y no dejé de persuadirme tambien de que á Vazquez le era muy honroso disputar legalmte. y á la luz del dia la victoria. Cuales quiera qe. sean los resultados, buenos ó malos, nada me toca en ellos; y

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> quede sentado qe. si el Consejo informó asi, fue porqe. el acta no venía con arreglo á la ley.
> Yo sé qe. V. no es patrono de las informalidades. Sin embargo, como pudieran prevenir su juicio con falsas relaciones, he creido conveniente recordar á V. que pr. ningun interes del mundo falto yo á la consecuencia y al deber.»[334]

Valladares era un dos fillos de don José Valladares, amigo persoal e parente de Espinosa[335]. As relacións con Varela tamén eran óptimas, xa que coincidiran en diversas épocas na Deputación de Pontevedra. En 1849 é o fillo, Sergio, quen ocupa o cargo de vocal do Consello Provincial, onde antes estivera Varela de vicepresidente. Sergio Valladares quere deixar en claro a Varela que na anulación da acta de Campelo non obrou ningunha influencia ou interese persoal: había irregularidades. O que non relata Valladares é que estas irregularidades non se podían pasar por alto, coma noutras ocasións, pola acción de influencias de «altísima importancia». A Varela só lle resta lamentarse e recoñecer a derrota: *«si hubiera savido en tiempo las faltas cometidas en la eleccion de Campelo (…) muy lexos hubiera estado de molestar á V. pidendo indulgª. para ellas, pues nada detesto más qe. semejantes abusos de confianza»*[336]

Os diferentes resultados entre seccións ou distritos electorais do mesmo municipio introduce a cuestión territorial na análise social e política dos patróns e dos cargos electos. Campelo comprendía parroquias da antiga xurisdición de Peñaflor, onde os Varela da Buzaca tiveran ascendente. A anulación desta acta dáballe a vitoria a Castro, o que indicaría que os electores do outro distrito, o da vila de Caldas, estaban con el. Esta identificación destaca a figura do patrón local coma señor de distritos con disciplina de voto. Ao respecto, sería interesante coñecer se existiran conflitos entre as parroquias con

[334] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3. Carta de Sergio Valladares, vocal do Consello Provincial. Pontevedra, 10 de decembro de 1849.
[335] Don José Valladares era intendente en Zamora en 1848. A finais de 1849 foi destinado coma gobernador civil de Ourense, mais tan só estivo uns meses. *Guía de forasteros en Madrid*, 1850: 347.
[336] *Ibíd*. Letras dun borrador que escribe na mesma carta de Sergio Valladares.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

anterioridade, e se estes estaban en 1849 revestidos con algún discurso político. A acusación de reaccionario que lanzara Varela pode ser significativa de antigos aliñamentos políticos durante a guerra civil carlista[337].

Segundo tiña declarado Varela ao xefe político, a disputa electoral era cuestión de *«gentes nuevas»* que buscaban desprazar aos rexedores da transición liberal. Para ponderar esta impresión de Varela é necesario comprobar os cambios nominais na corporación municipal, así coma as variacións nas cotas de contribución, segundo as listaxes que ofrece a documentación electoral. Afortunadamente, hai documentos do censo de electores de 1845 e de 1849, que permiten comparar o aumento ou descenso de contribucións/riqueza, así como cotexar o tratamento de "don". A modo de síntese, ofrécese a seguinte táboa cos datos daqueles electores máis significados.

Táboa VI. Notabilidades de Caldas e contribucións

Elector	Parroquia	Nº 1845	Contribución 1845	Nº 1849	Contribución 1849
D. Mateo José Conde[338]	Caldas (Sto. Tomé)	1º	1.800	n.c.	n.c.
D. Manuel Mosquera	Caldas (Sta. María)	2º	1.600	10º	548
D. Pedro Felipe Cobián[339]	Idem	3º	1.415	n.c.	n.c.
D. Frutos Mosquera	Caldas (Sto. Tomé)	4º	851	1º	1.653

[337] Este enfoque remite ás investigacións de Veiga Alonso sobre as vilas da mariña lucense. Antigos conflitos entre parroquias, entre a vila e os lugares da contorna, adoptan formas políticas na creba do Antigo Réxime. Nas eleccións municipais de Lugo en decembro de 1820 "a liorta dáse entre urbanos e rurais", xa que os liberais da cidade queren a exclusión das 88 parroquias, ás que atribúen un voto reaccionario. Tras varios meses, a Deputación Única divide o municipio en catro, admitindo un concello propio para a cidade de Lugo. Veiga Alonso, 2017: 195- 201.

[338] É posíbel que fose parente de don José María Conde, tamén ben situado na lista de contribuíntes, aínda que teñen veciñanzas distintas. En 1849 non aparece don Mateo José, talvez por defunción.

[339] Cobián era habitual nas comisións da Deputación durante os anos 30. Propietario de importancia, puido ter falecido antes de 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elector	Parroquia	Nº 1845	Contribución 1845	Nº 1849	Contribución 1849
D. Rosendo de Castro	Idem	5º	700	5º	766
D. Andrés Magariños[340]	Idem	6º	680	Fº. 1848	n.c.
D. Ramón de la Riva	Caldas (Sto. Tomé)	7º	654	15º	440
José Mª Conde	San Clemente de Cesar	8º	654	2º con "don"	1.577
D. Joaquín Rey Vasadre[341]	Caldas (Sto. Tomé)	9º	461	13º	505
D. Eugenio Salgado	Idem	10º	461	7º	700
D. Jose Luis Cortes	Idem	11º	435	29º	300
D. Juan Vázquez	Idem	12º	435	60º	230
D. Pedro González	Idem	13º	435	3º	867
Teodoro Bandin[342]	Caldas (Sta. María)	20º	300	Excl.	161
Alberto Silva	Bemil	25º	289	16º con "don"	438
D. Deogracias de Castro	Caldas (Sto. Tomé)	59º	166	30º	298

[340] Magariños, que fora procurador síndico de Caldas, faleceu en marzo de 1848, segundo informaba mediante oficio o alcalde Vázquez. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas (1847- 1849)*, caixa 145/2.

[341] Na listaxe de 1849 aparece coma o 23º contribuínte, cando pola contía de 505 reais debía estar no posto 13º. Emendase este erro na táboa a efectos de análise.

[342] Teodoro Bandín, concelleiro municipal entre 1846 e 1850, figura nas listaxes de 1849 coma "no elegible", por abonar unha contribución moi baixa. Non obstante, o seu cargo non estaba suxeito a reelección, e continúa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Elector	Parroquia	Nº 1845	Contribución 1845	Nº 1849	Contribución 1849
José Andión	San Clemente de Cesar	62º	156	79º	203
Francisco de la Fuente[343]	Arcos	69º	150	61º con "don"	226
D. Vicente Gómez	Caldas (Sto. Tomé)	75º	148	6º	753
D. Domingo García	Idem	n.c.	n.c.	104º	182
Fernando Bello	Carracedo	n.c.	n.c.	4º con "don"	772
Pedro Fontán	Caldas (Sta. María)	n.c.	n.c.	38º con "don"	282
Andrés de Castro	San Clemente de Cesar	n.c.	n.c.	14º	462
Benito Crespo	Bemil	Excl.	124	89º	194
D. Miguel Vázquez	Caldas (Sto. Tomé)	Excl.	98	95º	189
José Rguez. Pego	S. Andrés de Cesar	Excl.	97	75º	204

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes electorais do ADPO[344]

[343] Hai problemas para identificar a este elector. Ás veces aparece como "Lafuente" e outras como "de la Fuente". En 1846 aparece con veciñanza en Arcos, mais en 1849 tería residencia en San Tomé de Caldas. Cabe a posibilidade de que sexan persoas distintas.

[344] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas. Censo electoral (1846)*, caixa 139/3/3; *Listas de electores do partido de Caldas (1850)*, caixa 149/1. Observacións: 1) estes censos foron certificados o 28 de novembro de 1845 e o 25 de xullo de 1849, aínda que nos enunciados dos expedientes figuren as datas nas que se forma a corporación municipal, 1º de xaneiro de 1846 e 1850, respectivamente. 2) Cando en 1849 usan o tratamento de "don", do que non gozaban en 1845, aparece apuntado na columna "Nº 1849". 3) As columnas de "Nº" atinxen ao ordinal das respectivas listaxes, para observar variacións nas posicións. 4) A abreviatura "n.c." significa "non consta". 5) Hai algunha omisión por non ter atopado o nome do concelleiro en ningún dos dous censos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estes datos do censo deben interpretarse á luz das corporacións constituídas. O trazo máis salientábel en xaneiro de 1848 é a continuidade do alcalde no cargo. Don Juan Vázquez ostentou a alcaldía dende comezos de 1844 até a fin de 1849, sendo secretario don Vicente Gómez. No bienio 1848- 49 contou cos seguintes rexedores: 1º tenente, Pedro Fontán (27 anos, labrador); 2º tenente, don José Mª Conde (40, propietario); concelleiros: Francisco Lafuente (51 anos, labrador), Jose Andión (40, labrador), Fernando Bello (40, labrador), Andres de Castro (42, labrador); unidos aos que permanecen do bienio anterior: don Nicolás Tojo, don Andrés Magariños, Teodoro Bandin, don Pedro González, Alberto Silva[345]. Este último era o procurador síndico[346].

Na composición social desta corporación de 1848 destaca o maioritario oficio de "labrador". O único "propietario" dos novos concelleiros é don José María Conde. Entre os candidatos a rexedor había outros oficios, coma "preceptor", "campanero", "cirujano", e "comerciante", mais o xefe político, Páez, preferiu designar labradores e un propietario[347]. En canto á riqueza, hai unha distribución variábel. Atendendo ao censo elaborado en 1845, non se aprecian grandes fortunas nos cargos municipais. Os concelleiros máis ricos dos que repetían mandato eran Magariños, que pagaba 680 reais de contribución, e González, con 435 reais do cota. Dos novos concelleiros, o propietario Conde (654 reais). O resto non destacan por elevadas contribucións, e hai varios que nin sequera aparecen no censo, aínda que poden ter motivos diversos, coma a sucesión familiar ou o cambio de residencia. Os cinco maiores contribuíntes do municipio non desempeñan cargo no concello, o que podería indicar

[345] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas (1847- 1849),* caixa 145/2. O xefe político escribe os nomeamentos de todos eles con "don", o que se entende coma un uso protocolario de cargo público, mais un informe municipal aclara a composición social da corporación, con maioría de "labradores", con relativa xuventude, moitos sen "don", aínda que na lista de concelleiros que non se renovan aparecen todos con "don". Isto é indicativo que o "don" era susceptíbel de estenderse na administración, mais cando puntualizan a condición social, son máis escrupulosos. É un uso ambiguo. Nas listaxes de electores Bandin e Silva carecen do "don".

[346] *Ibíd*. Informa o alcalde da reelección de Silva, aínda que noutro escrito comunica o falecemento de Magariños, concelleiro e procurador síndico, en marzo de 1848.

[347] *Ibíd*. Relación de candidatos con votos, 16 de decembro de 1849. O "comerciante" era don Frutos Mosquera.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

un escaso interés nestas tarefas político- administrativas. Tampouco o avoengo parece estar presente nas candidaturas. Só Magariños e González ostentaban o "don" en 1845. En 1849, probabelmente por emanación do seu cargo de concelleiros, pode verse o "don" nos apelidos de Conde[348], Silva, Lafuente, Bello e Fontán.

Outro aspecto a considerar é o incremento da riqueza durante o seu cargo. Conde rexistra un ascenso espectacular, da oitava posición no censo en 1845 ao segundo lugar en 1849, pagando 1.577 reais. Magariños non consta por falecemento. No caso de don Pedro González tamén se observa un aumento da contía, pasando a ser o terceiro maior contribuínte do municipio, cun pago de 867 reais. Outros concelleiros que ascenden na lista de contribuíntes son: Bello, Castro, e o secretario Gómez. Fernando Bello e Andrés de Castro non figuraban no censo de 1845, mais en 1849 van entrar con posicións moi destacadas. Bello ocupa a cuarta posición, cunha contribución de 772 reais, mentres que Andrés de Castro paga 462 reais, no décimo terceiro lugar da lista. O secretario Gómez, e antigo alcalde de Caldas, ascende á sexta posición, abonando 753 reais de contribución, cando en 1845 pagaba 148 reais.

Poderíase dicir que a corporación de Vázquez tiña un perfil baixo, e que só o segundo tenente de alcalde, Conde, destacaba nun grupo de labradores de mediana riqueza e idade. A súa elección no motivara ningunha reclamación ou denuncia. O cambio de alcalde supón unha fonda alteración da política local. Ademais de rachar co ciclo de Vázquez, Castro introduce no concello de 1850 un cambio de perfil socioeconómico, xa que van ter entrada grandes fortunas, pequenos cultivadores e algún profesional. A relación de cargos é a seguinte: alcalde, don Rosendo de Castro; 1º tenente, don Domingo García; 2º tenente, don José Rodríguez Pego; rexedores: don Frutos Mosquera, don Ramón de la Riva, don Deogracias de Castro, don Benito Crespo, don Miguel Vázquez, e don Joaquín Rey Vasadre (procurador síndico)[349]. A riqueza vén da man de Mosquera,

[348] En toda a documentación aparece co "don", salvo no censo de 1845.

[349] Todos eles continuarán no bienio 1852- 53, salvo don Miguel Vázquez que, por sorteo dunha vacante, debe someterse á renovación parcial, xunto con aqueles que proviñan do bienio de 1848. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Caldas*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comerciante da vila, e máximo contribuínte, que paga 1.653 reais de contribución. O propio alcalde ocupa a quinta posición entre os contribuíntes, abonando 766 reais. Outro concelleiro, don Ramón de la Riva é un importante contribuínte, aínda que descenda da sétima á décimo quinta posición. É posíbel que Mosquera fose aquel «propietario de color más subido» que mencionara Varela na súa carta[350].

Á beira da riqueza están os méritos. O cirurxán don Miguel Vázquez consegue ser nomeado concelleiro, malia pagar unha contribución baixa de 189 reais. De feito, non reunía as condicións de ser elixido en 1845. Outros concelleiros coma Crespo ou Rodríguez Pego estaban na mesma situación que o cirurxán Vázquez, aumentando sensibelmente as súas contribucións en 1849. Serían estes, xunto con don Domingo García, electores modestos que contrastan co patrimonio de Mosquera, Castro, e os concelleiros que repiten Conde, González e Bello. En canto a Rey Vasadre, non figura coma promotor fiscal, coma antigamente, descoñecendo a súa ocupación en 1850. A súa riqueza non desmerece, mantendose dentro dos trece primeiros contribuíntes. Lamentabelmente, non se dispoñen de máis datos sociolaborais nin electorais de 1850. O único que se pode entresacar é que o alcalde Castro vai concentrar os seus apoios na vila de Caldas, conseguindo anular a acta do distrito de Campelo, onde os resultados podían inclinar a balanza cara o candidato de Varela. Isto pode indicar unha preponderancia da vila, fronte os intereses das parroquias e propietarios agrarios.

A comparación entre ambas corporacións, á vista dos datos de contribución da táboa, permite percibir varios procesos de cambio: 1) unha remuda dos grandes contribuíntes do municipio, que maiormente

(1852), caixa 150/2. Os concelleiros que non suxeitos a reelección en 1849 eran: Conde, Castro, Bello, Lafuente, Fontán e Andión.

[350] No censo electoral hai outro importante propietario de apelido Mosquera, don Manuel. Non se pode precisar se existía parentesco co comerciante don Frutos. Don Manuel Mosquera era o procurador fiscal de Caldas en 1849. Como tal aparece no censo e mais tamén na correspondencia de Lorenzo Varela. O fiscal escríbelle para remitirlle unha copia da acusación na causa aberta pola morte violenta dun paisano en Moraña. O estilo da carta expresa gran educación e afecto. Dificilmente, o fiscal Mosquera podía estar no grupo contrario a Varela. Caldas, 28 de abril de 1849. ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

parece estar xustificada nunha lóxica biolóxica; 2) a entrada destas fortunas en expansión na política local; 3) o acceso de novos elexíbeis, de modestas contribucións; 4) menor peso de medianos propietarios, que anteriormente nutrían a corporación. En resumo, dous ou tres fortunas van liderar o municipio, xunto con pequenos contribuíntes e algún profesional, fronte o modelo anterior, no que o perfil de concelleiro era o do mediano contribuínte que durante o seu paso polo concello incrementaba sensibelmente a súa base impoñíbel. A grandes trazos, semella que o ministerio Sartorius estaba a procurar novos "amigos" nas cabezas de partido, mentres que a política doutrinaria de Pidal e Villaverde buscaba enriquecer ás clases medias agrarias reservándolles estes cargos na administración local. Isto é o que reflicte a decisión dos distintos xefes políticos. En 1849 estaban a ascender novos «pretendientes», algúns con méritos, outros con riquezas, que agroman con novas clientelas electorais, e que van desprazar do centro do poder á fidalguía terratenente.

Para Varela o trunfo de don Rosendo de Castro debeu ser unha derrota no seu feudo, no seu partido xudicial. As fontes non ofrecen máis información deste caso[351]. Talvez Varela arranxou este controvertido episodio con varias cartas e visitas. É posíbel que chegara a algún acordo con don Rosendo, ou tamén con don Alejandro de Castro, que vai saír elixido deputado en 1850. Para Varela quedaba o escano provincial, ao que retornaría inmediatamente. Non obstante, o seu poder deixara atrás un punto cenital, iniciando agora o ciclo de descenso da súa influencia.

O «inferno» das municipais que describía Riestra sucede en distintos concellos. Queda patente o aumento da competencia política tanto no rural coma nas vilas, coa diferenza de que nestas últimas a trasfega de influencias é máis ostentosa. Se *a priori* os grandes propietarios tiñan o poder de impoñer o seu criterio, por evidentes razóns económicas e sociopolíticas, esta riqueza non resulta tan determinante cando as eleccións tamén se xogan en Pontevedra e en

[351] Entre as cartas de Varela hai un texto satírico «reservado» que comeza cun «Amantísimo Rosendo». Dado que non se pode precisar a data, resulta complexo extraer significados pertinentes, aínda que se pode aventurar que versa sobre un fracaso de don Rosendo de Castro. ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Madrid. E este escenario político de varios niveis estaba a representarse en Caldas. Nestas vilas o que vai decantar o poder é a "capacidad de acceso a los recursos administrativos"[352], e isto explica que don Rosendo de Castro gañara as eleccións fronte o parecer de Varela. O da Buzaca estaba ben relacionado, mais non calibrou a viraxe política que se estaba a levar a cabo en Gobernación, perceptíbel incluso na relación co xefe político[353]. Os amigos de Varela formaban agora a oposición "monista"[354].

En última instancia, este episodio de Caldas salienta que o poder dos moderados era máis dúctil e inestábel do que cabía pensar. O xogo de faccións e influencias vai cariando o sistema político sendo imposíbel atopar estabilidade nunha trama de «compromisos». O favor nos ministerios gáñase e pérdese, segundo anuncie a *Gaceta*, mentres que as clientelas locais non abarcan todo o espectro social, podendo agromar novos grupos de clienteles arredor de liderados emerxentes. Ao respecto, a tese estática do "bloque de poder" de Tuñón de Lara non ten suficiente fiabilidade descritiva. Non se percibe unha estrutura sólida de poder, senón inestábel e sometida a continuas adaptacións. Unha imaxe do poder que destaca polo seu dinamismo, mais tal e como acontecía na Restauración, "ese dinamismo ha pasado desapercibido"[355]. Se a consistencia das oligarquías do turno é cuestionábel, canto máis durante o reinado isabelino, época preñada de continxencia histórica.

Este dinamismo e variabilidade impide enunciar xeneralizacións, observando pois que as "facetas estructurales" non conseguen explicar

[352] López Blanco, Yanini Montes, 2001: 591. Tal e como tiña sinalado Moreno Luzón na Restauración manchega.

[353] A actitude do xefe político Joaquín del Rey era cordial mais altivo, arrogante. Pola contra, Páez de la Cadena buscaba a colaboración dos notábeis: *«tengo la satisfacion de qe. estamos todos de acuerdo; (...). Si sobre cualquier otro sugeto de ese territorio tubiese V. qe. hacerme alguna indicacion, ya conocerá V. con cuanto gusto la recibiré»*. Pontevedra, 20 de decembro de 1847. ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840- 1849)*, 34.371/3.

[354] Tal e como se verá no seguinte epígrafe "3.5.6. Os «monistas» na oposición".

[355] López Blanco, Yanini Montes, 2001: 603. Na obra colectiva sobre o caciquismo na Restauración, consideran que "a pesar de la manipulación y de la estabilidad de los dinásticos en sus escaños, llegamos a la conclusión de que el sistema no era estático, sino dinámico, y ese dinamismo ha pasado desapercibido".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a diversidade empírica de distritos e municipios[356]. Aquí faise necesario un seguimento atento ás conxunturas sociopolíticas, ás "trayectorias de las elites", e aquelas desavinzas locais entre familias. En superposición á aposta de Sartorius de novos alcaldes que lle deban fidelidade, está o campo sementado de loitas persoais e intereses de distintas clientelas. Neste espazo de competencia socioeconómica e política, os dirixentes dos partidos colleitan munícipes leais. De aí que non sexa apropiado identificar as alcaldías moderadas cun grupo social determinado, ao xeito de terratenentes ou burgueses. Diferentes factores locais e circunstancias políticas conflúen para caracterizar a variedade de liderados.

Estas consideracións veñen ao caso da tradicional división urbano/rural. Moitas presuncións enfocan as eleccións no rural coma un asunto exclusivo dos grandes propietarios cando, en Barro e en Caldas, poden observarse distintos intereses, actores e inxerencias gobernamentais. É dicir, había lugar para a competencia socioeconómica e política. A investigación das eleccións nas cidades si reflicte esa complexidade e competitividade, mais adoitamos partir da base do pouco "entusiasmo" das elites urbanas. Talvez porque ven coutado o poder local polo autoritarismo de Gobernación. Hai casos documentados de renuncias, abstencións, xunto coa elección de avogados, administradores e *paniaguados*[357]. O retraemento electoral foi unha estratexia que xa se observou en Vigo antes de 1840, cando fracasa nas súas reclamacións progresistas pola capitalidade provincial[358].

[356] Romero Salvador, Frías Corredor, Serrano García, 2001: 48- 50. Tal e como teñen indicado no Aragón da Restauración.

[357] Díaz Marín, 1998: 159. Este autor ten investigado a "renuencia" en Alacante: "las renuncias se repitieron en diferentes consultas electorales y son ilustrativas del poco entusiasmo que fue capaz de despertar el sistema político municipal montado por los conservadores, incluso entre los sectores sociales que por sus intereses o por su ideología sintonizaban con el moderantismo. La centralización a ultranza ahogaba a los municipios y hacía que las oligarquías se mostraran renuentes, pese a las posibles ventajas que la ocupación de un cargo municipal pudiera reportarles".

[358] *Vid*. "3.3.4. Censos e distritos de 1837. Eleccións provinciais". Salvo aqueles empresarios significados co progresismo, coma Ramón Buch, as elites económicas viguesas eran proclives a delegar o poder político en avogados e propietarios. É dicir, non pretendían ocupar en primeira persoa un escano provincial ou en Cortes. Así mesmo, recorreron ao abstencionismo cando os seus intereses socioeconómicos non atopaban interlocutor en Madrid.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha exploración da documentación electoral deste Vigo dos fomentadores provoca reflexións ambivalentes. Por unha banda, a extracción social dos alcaldes non é efectivamente burguesa: Don Francisco Rodríguez Arias era un importante propietario, mentres que don Ramón Lafuente e don José Graña eran profesionais letrados vinculados á administración[359]. Tampouco son burgueses na vila costeira de Baiona, onde aparecen propietarios principais, en riqueza e avoengo[360]. Sen embargo, por outra parte, advírtese unha destacada presenza de industriais na corporación municipal de Vigo, se ben é certo que compartindo mesa con grandes propietarios e algún título[361]. A medida para o cargo municipal estaría na riqueza, intimamente asociada ao estatus por relacións sociais e familiares, sendo entón o concello un espazo político das elites socioeconómicas, con independencia de que o alcalde fose unha figura maior ou menor.

Esta figura do alcalde merece dúas puntualizacións. A primeira alude á autoridade; a segunda, á carga de traballo. En primeiro lugar, non se pode perder de vista que as eleccións municipais moderadas

[359] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Vigo (1846, 1847- 49, 1851)*, caixas 143/6/3, 147/6, 150/67, 151/15. Don Francisco Rodríguez Arias foi alcalde no bienio 1846- 47, don Ramón Lafuente en 1848- 1849, e Graña en 1850- 51. O primeiro debía ser un importante propietario, xa que pagaba 1.250 reais de contribución, sendo o undécimo maior contribuínte do concello en 1846. Lafuente e Graña pagaban unhas cotas máis modestas, de 150 reais. O primeiro era arrendatario de arbitrios, mentres que Graña aparece coma "empleado público". Na listaxe de electores de 1846 están inscritos na relación de "electores no elegibles", "por tachas legales". Presentaban estas incompatibilidades de oficio, mais mereceron a confianza de Gobernación, e foron designados alcaldes. Talvez o ministerio Sartorius preferiu o perfil dun funcionario ao que disciplinar que a relativa autonomía dun propietario coa súa clientela.

[360] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Listas de electores. Partido Xudicial de Vigo (1850- 1851)*; *Renovación do concello e variacións no persoal. Baiona (1851)*, caixas 149/11, 150/63. Don José Manuel Cadabal, do acrisolado pazo de Nigrán, foi alcalde no bienio 1847- 49. A súa contribución ascendía a 1.080 reais en 1849, sendo o quinto contribuínte do municipio. No bienio 1850- 52 ocupa a alcaldía o maior contribuínte, don José Mª Salgado, que abonaba 2.181 reais de contribución, unha das maiores fortunas da provincia.

[361] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Vigo (1846, 1847- 49, 1851)*, caixas 143/6/3, 147/6, 150/67, 151/15. Polo menos seis dos rexedores electos en novembro de 1847 superan a cota de 1.000 reais de contribución. Son o barón de Casa Goda (2.100 reais), don Domingo García (1.394), don Francisco Tapias Ferrer (1.398), don Ulpiano Coca (1.348), o exalcalde don Francisco Rodríguez Arias (1.250), don Agustín Curbera (1.180). Os tenentes de alcalde foron: 1º, don José Rodríguez (936 reais), e 2º tenente, o citado barón de Casa Goda. Este último era o terceiro contribuínte do municipio, só superado polo marqués de Valadares (2.900) e por Velázquez Moreno (2.505).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tiñan un marcado carácter presidencialista. O alcalde "gana en 1845 todo lo que pierde el ayuntamiento, reducido legalmente a cuerpo consultivo y deliberante, y de hecho a la nulidad"[362]. É o alcalde o que concentra o exercicio do poder, co beneplácito do xefe político. En consecuencia, un asento na corporación municipal podía ter un significado simbólico, carente de capacidade política. Deste xeito, rexedores coma Mosquera en Caldas, ou como Tapias ou Curbera en Vigo, poderían ter un cargo de cariz honorífico, sen máis afectación.

A outra puntualización refírese á carga administrativa de traballo dun alcalde. As funcións municipais que encarna o alcalde supoñen unha dedicación de tempo e esforzo que era aínda máis intensa no caso de grandes vilas e cidades. Estas tarefas arredaban do cargo aos sectores burgueses, e incluso aos propietarios. Salvo contadas excepcións, prescinden de ocupar en primeira persoa estas grandes alcaldías e os escanos provinciais[363]. A solución nestes contextos administrativos complexos pasaría por uns perfís altamente especializados, avogados maiormente, que desempeñasen estes traballos en consonancia cos intereses das elites locais, e coa conformidade das autoridades gobernamentais que o designan. Estes alcaldes das cidades e capitais comarcais serían froito, pois, dun necesario pacto ou arranxo político. Cando este acordo non fose posíbel por desencontro entre as partes, o conflito institucional estaría servido.

Así pois, a profesionalización do político detectaríase tamén no espazo político local, e non só nos ministerios e Deputación. O florecer dunha xeira de avogados e administradores, que van cubrir esta demanda de autoridades civís formadas, puido provocar distintos efectos aos grandes propietarios[364]. Maiormente, o gran señor comarcal permaneceu coma patrón, sometendo a este alcalde, que probabelmente el mesmo colocou no cargo. Noutros concellos, o empuxe dos letrados remata por superar ou desprazar o ascendente do

[362] De Castro, 1979: 191.

[363] Díaz Marín, 1998: 164. En Alacante, o cargo municipal era "visto en más de una ocasión con cierta aversión, por cuanto se consideraba como contrario a los intereses particulares, y por lo tanto como no deseable".

[364] "Narváez llamaba despectivamente «*abogados*» a los políticos civiles con los quen o tenía más remedio que contar". Fontana, 2007: 251.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vello fidalgo, que cede o padroádego ao eminente señor alcalde. Outra vía, a seguida polas liñaxes máis perspicaces, consistía en formar á descendencia para desempeñar unha dobre faciana: xestor público e señor de clientes. Estes fillos de fidalgos gozarían dunha lexitimidade adicional, sustentada nas relacións contractuais da terra, e no liderado histórico na comunidade. Sería esta última, unha escola política para estas elites, un *cursus honorum* que percorrerían dende a administración local até o ámbito provincial ou estatal[365]. En síntese, abríase un abano de posibilidades, dependendo en cada concello da situación e carácter dos sucesores fidalgos, as súas amizades e clientes, e a conxuntura concreta de competencia política na que se vai atopar.

3.5.5.2. O arranxo político dos montes do partido de Lalín

Seguindo o fío das liñaxes investigadas, pode observarse que a fidalguía de Trasdeza deciciu participar activamente na administración local. O concello de Chapa é un claro exemplo de entendemento do grupo fidalgo para tomar as rendas do municipio. Nas actas, informes e oficios son recorrentes as sinaturas fidalgas de Espinosa, Martínez, Valenzuela e Rivas. Estes apoiaríanse en medianos propietarios para completar as distintas corporacións municipais: Fajardo, Bueno, Villar, Otero, Pérez. Habitualmente, existía parentesco entre estas familias, nalgúns casos chegando a rozar a incompatibilidade pola consanguinidade. Así, por exemplo, Antonio Valenzuela era tío de Ramón Fuciños, do que fora curador tras o falecemento da súa irmá, Ramona Valenzuela[366]. A idade e veciñanza confirman este dato. Ningunha obxección impediu que ambos formasen parte da corporación municipal de Chapa.

Ademais de propietarios e parentes, tamén sobresae o perfil dalgúns letrados de sobrada confianza, coma o escribán Taboada[367] ou

[365] Baz Vicente, 2002: 77. "El *cursus honorum* de no pocos de estos miembros de la fidalguía da, de hecho, a entender que los cargos de ámbito municipal actuaron a corto y medio plazo como una especie de trampolín para la carrera política y burocrática a la que frecuentemente se entregaron".

[366] AHPP, *protocolos notariais*, Testamento ante don José Taboada, G. 770 (3), 1828.

[367] Don José Taboada era un dos escribáns que rubricaba os documentos dos Espinosa e os Rivas. Nos anos 20 estivera implicado no realismo, xunto con Losada e Rivas. En 1835

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o avogado Seoane. As familias fidalgas locais virían perpetuandose no poder, cando menos dende a guerra do *Francés*, cando organizaron a Xunta de Trasdeza, aínda que os Espinosa xa acreditaban señorío xurisdicional na parroquia de Escuadro no Catastro de Ensenada. Outro tanto se pode dicir dos Valenzuela no couto de Piñeiro de Valenzuela[368].

A época moderada no concello de Chapa é o tempo doutra xeración. Así coma en 1841 estivera don Benito Espinosa de alcalde, entre 1848 e 1852 vai ocupar este cargo o seu fillo José. Nas eleccións de novembro de 1847, pódese apreciar o entendemento da fidalguía local para repartir os cargos. Tras o nomeamento, que comunica Páez de la Cadena[369], encabezan a corporación: o alcalde, don José Espinosa Salgado; 1º tenente, don Antonio María Valenzuela; 2º tenente, don José Fajardo. Concelleiros: Antonio Villar; don José Taboada; don Juan Manuel Sánchez; don Ramón Fuciños; don Baltasar de Castro; e don Julián Francisco Seoane[370].

Táboa VII. Corporación municipal de Chapa en 1848

REXEDOR	PARROQUIA	IDADE 1847	OCUPACIÓN	CONTRIBUCION 1845	CONTRIBUCION 1849
Alcalde, don José Espinosa Salgado	Escuadro	26	«hacendado»	n.c.[371]	373
1º Tte., don Antonio Mª Valenzuela	Manduas	48	«hacendado»	759	373

subscribe o aval e fianza de Valenzuela no proceso pola insurrección carlista de Gorostidi. O seu vencello coa fidalguía de Trasdeza estaba indisolubelmente trenzado.

[368] Fariña Jamardo, 1993: 234.

[369] Cómpre lembrar que até o mes de outubro de 1847 estivera don Pedro Fernández Villaverde coma subsecretario de Gobernación, no ministerio de don Pedro Pidal. A partir de entón, comeza o ministerio Sartorius, co galego Vázquez Queipo de Llano coma subsecretario. Estas eleccións de novembro aínda están dominadas polas directrices dos moderados "monistas".

[370] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Chapa (1847- 1849)*, caixa 145/24. Acta do 22 de novembro de 1847.

[371] Non consta xa que en 1845 era menor de 25 anos e dependente do seu pai, que pagaba 1.044 reais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

REXEDOR	PARROQUIA	IDADE 1847	OCUPACIÓN	CONTRIBUCION 1845	CONTRIBUCION 1849
2º Tte., don José Fajardo[372]	Laro	n.c.	n.c.	273	354
Antonio Villar	Escuadro	54	labrador	234	351
Don José Taboada	Silleda	56	escribán	304	354
Don Juan Manuel Sánchez	Oleiros	36	«hacendado»	276	354
Don Ramón Fuciños	Manduas	30	«hacendado»	492	357
Don Baltasar de Castro	Abades	44	médico	206	342
Don Julián Francisco Seoane	Breixa	57	avogado	303	357

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes do ADPO[373].

Da relación dos novos concelleiros tan só Antonio Villar carece de "don", o resto gozan desta distinción na comunidade local. O resto de concelleiros, que non estaban sometidos á elección, eran: Antonio Rodríguez (Cortegada), don Anselmo do Porto (Chapa), don Lorenzo Bueno (Villar), don Gregorio Martínez (Silleda), Vicente García (Pazos), don Juan Martínez (Margaride), e don Francisco María Rivas (Siador). Este último sería elixido procurador síndico. O secretario era don José María Fraiz. Desgrazadamente, non se dispoñen de datos de idade e ocupación dos concelleiros do bienio anterior. Con todo, dentro da categoría «hacendado», ou gran propietario, poderíase incluír aos Martínez, Rivas, e Bueno[374].

[372] Non se amosan os datos de oficio e idade daqueles rexedores que proveñen do bienio anterior.

[373] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais. Chapa (1846), (1847-1849), partido xudicial de Lalín (1850)*, caixas 140/2/2, 145/24, 149/4. Fálase do censo de 1845 porque se realizou nese ano, de cara as eleccións de 1846, por iso o expediente leva ese título. Acontece igual co censo de 1849, no expediente de 1850.

[374] Segundo o censo de 1845, don Francisco Rivas era o segundo contribuínte, cunha cota de 877 reais. Don Juan Martínez pagaba 770 reais, mentres que o seu tío Gregorio, 531 reais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un trazo singular nesta corporación municipal de Chapa é a representatividade das parroquias. Dun total de 16 concelleiros, hai 13 parroquias representadas. Isto pode ser indicador da alianza entre propietarios que teñen cadansúa área de influencia. Unha relación coa parroquia que é histórica, e que está adornada coa notoriedade fidalga, maiormente.

En canto ás contribucións, no caso de Chapa son datos faltos de rigor. Apúntanse a modo orientativo da xerarquía socioeconómica, mais non van ser equiparábeis a datos doutros concellos. O problema que agochan os números de Chapa é o da falsidade documental. Con respecto a outros censos, semella que a contribución de don Benito Espinosa baixara sospeitosamente en 1849. Se en 1845 xa se rexistrara un descenso de arredor de 1.500 reais, en 1849 vai deixar de ser dos máis ricos da comarca e a provincia[375]. Estes datos de 1849 son verdadeiramente chocantes. Con certeza, había unha manipulación dos repartimentos municipais, de tal xeito que a riqueza do concello quedaba moi rebaixada. Unha argucia que saíu mal e que trouxo moitos problemas a don José Espinosa. Na correspondencia privada aludían a este asunto coma unha persecución política, mais á vista dos datos a inspección de contas tiña fundamento[376]. Isto escribiu o gobernador civil sobre as irregularidades nas listaxes electorais de Chapa, que tiñan como base as cotas de contribución:

> «para la formacion de las listas no se han tenido presentes ni servido de vase los repartos de

Don Lorenzo Bueno, 316 reais. Dos antigos concelleiros só dous non tiñan a distinción de "don": Vicente García, malia que pagase unha cota alta de 411 reais, e Antonio Rodríguez, cun pago máis modesto de 103 reais.

[375] No epígrafe "3.2.2. As bases sociais do Estado liberal" aparecía Espinosa coma o segundo contribuínte da provincia no censo de 1836: 3.002 reais. En 1844, a cifra baixa aos 2.696 reais. Se resultaba sospeitoso o descenso a unha cota de 1.044 reais, nos censos electorais de 1845- 46, a drástica redución a 380 reais en 1849 perde toda credibilidade. Aínda que nun principio se sopesou a posibilidade dunha mingua patrimonial, ou ben o efecto do cambio de sistema tributario, o certo é que os datos de 1849 amosan un descenso forzado das maiores contribucións do municipio.

[376] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Reclamacións das listas electorais. Chapa (1851)*, caixa 151/5. O inicio do expediente vén provocado pola reclamacións de don Francisco Conde para a rectificación das listaxes electorais. A partir de aquí, son cuestionados os repartimentos municipais, e até a condición de elector do propio don José Espinosa, xa que residía co seu pai Benito en Cascaxide.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> contribuciones aprobados por las oficinas de Rentas; que tampoco lo han sido ni debido ser los llamados parroquiales, hechos fraudulentamte. Y sin vase legal para la imposición de las cuotas, y que por lo mismo las mencionadas listas son de todo punto ilegales llevando consigo la presuncion de injustas, parciales y caprichosas»[377]

Os números mesmos eran unha evidencia. Asignaron contías idénticas a grupos de electores: don Benito Espinosa e don Francisco Rivas estaban empatados na cima da lista, pagando 380 reais. Despois viñan catro electores que abonaban 373 reais: Valenzuela, José Espinosa e os Martínez, sobriño e tío. Seguidamente, nove electores coa cota de 357 reais, entre eles: Bueno, Fuciños, García, Otero, e Seoane. No seu conxunto, as contribucións aumentaran para os pequenos e medianos propietarios, mentres que os grandes patrimonios eludían o pago de centos de reais. Os máis beneficiados desta fraude fiscal eran os Espinosa, Rivas, Valenzuela e os Martínez, auténticos señores do municipio[378]. Eran os máis ricos e tiñan cargo municipal. Eles eran responsábeis dos repartimentos das contribucións e das listaxes de electores. Ademais, don Benito Espinosa tiña escano en Cortes polo distrito de Prado. En 1849, estas familias de Trasdeza semellaban estar no cumio do seu poder.

Naqueles meses os políticos do partido xudicial de Lalín conseguiron arrancar de Gobernación unha Real Orde que cambiaría o futuro da estrutura agraria da comarca. Trátase da Real Orde de 26 de setembro de 1849 que excluía os montes deste partido da catalogación de montes públicos. A copia do texto inserta na notificación de Sartorius dicía o seguinte:

---

[377] *Ibíd*. Escrito do xefe político, don Juan Saiz de Arroyal. Pontevedra, 14 de outubro de 1851.

[378] Compárense as cotas de 1836 coas de 1849. Don Francisco Rivas paga 380 reais cando o seu pai, don José María Rivas, pagaba 1.128 reais. O pai de Juan Martínez, don Manuel, en 1836 pagaba 1.390 reais. Seu irmán Gregorio en 1849, 373, e o sobriño deste, Juan, a mesma cantidade de 373 reais. Espinosa, Martínez e Rivas figuraban no selecto grupo dos 27 contribuíntes da provincia que en 1836 pagaban máis de 1.000 reais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «resultando de todo que los montes de que se trata se disfrutan no colectiva sino individualmente por los vecinos de Lalín, cualquiera que sea el origen de sus derechos; que por lo tanto no son comunales dichos terrenos, o sea de los pueblos, (...) se ha servido determinar que sean definitivamente excluidos dichos terrenos de la estadística de los montes del Partido de Lalín, según lo anteriormente propuesto por el Comisario y solicitado por los pueblos»[379]

Esta comunicación permitiu que durante décadas os alcaldes de Lalín, Silleda e demais concellos do partido xudicial, impedisen a inxerencia dos enxeñeiros forestais. O propósito da estadística era inventariar aqueles montes comúns susceptíbeis de ter consideración de "propios", dos municipios, e que, sendo de titularidade pública, podían ser vendidos. En Lalín podía darse o que se ten chamado "desposesión dos comúns"[380], segundo unha interpretación da propiedade colectiva coma pública, en tanto os bens privados só eran concibidos cunha titularidade individual: unha "desnaturalización jurídica"[381]. Mais os montes de Lalín obtiveron o recoñecemento legal coma montes privados en 1849, e así o defenderon durante os sucesivos intentos de catalogación[382].

A excepcionalidade desta medida dificilmente pode pasar desapercibida. Son os únicos montes galegos que foron declarados excluídos da estatística, cando se constata a existencia de comúns

[379] ADPO, Servizo de Medio Ambiente, 3.4.2., *Expediente sobre montes do Partido Xudicial de Lalín*, 1088/13.

[380] Balboa López, 1990: 93- 94. Lexislativamente, hai un punto de non retorno pola Real Orde de 22 de maio de 1848, que nega a posibilidade de que «los vecindarios por sí y con independencia absoluta de los Ayuntamientos y del Gobierno puedan disponer omnímodamente de dichos montes llamados del común de los vecinos, asimilándolos con notoria equivocación a los de dominio particular». Atinxindo esta normativa, o 2 de setembro de 1848, o subsecretario Vázquez Queipo reclama a relación de montes de Lalín.

[381] Artiaga, Balboa, 1992: 107.

[382] No arquivo municipal de Silleda, no libro de saídas, hai unha copia da comunicación dirixida ao Gobernador de Pontevedra en data 15 de marzo de 1888 que dicía: *«en este Ayuntamiento no hay montes públicos de aprovechamiento comun puesto todos se hallan divididos (...) como propiedad particular y como tales fueron declarados por Real Orden a 26 de Septiembre de 1849»*. AMS, 2.1. *Correspondencia*, 154, 1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coma noutros municipios[383]. Era moi fáctibel que un arranxo político tivera resolto o problema da expropiación dos montes[384]. Esta hipótese indutiva foi corroborada por un informe do Servizo Forestal de Pontevedra, do ano 1956. O enxeñeiro xefe nos seus "antecedentes" explica sobre este singular caso de Lalín: *«La causa principal fué el ascendiente que tenía entonces un conocido político de esta zona que por razones electorales consiguió dicha exclusión»*[385].

A investigación do "conocido político de esta zona" é a que conduce irremediabelmente a don Benito Espinosa. Aínda que todos os indicios sinalan o seu nome, quedaría algunha posibilidade de que figuras de "ascendiente" do partido xudicial mediaran no asunto. Talvez, o deputado provincial don Ramón Villar, ou o alcalde de Lalín, don José Crespo[386]. Incluso o xuíz Ulloa Pimentel, que tivo un

[383] O Catastro de Ensenada de Silleda recollía a existencia de montes comúns. Por outra banda, Balboa aporta referencias documentais a denuncias veciñais posteriores por apresamentos no común. Isto senta a hipótese "dunha falsa individualización dos dereitos". Balboa López, 1990: 98. No arquivo Espinosa hai fontes que acreditan a existencia de comunais. Sen ir máis lonxe, o monte de Escuadro estaban en réxime de varas. No lugar de Senra afirman ter «montes comunes» con foro outorgado por don Manuel Fernández Espinosa a mediados do século XVIII. Arquivo familia Espinosa, caixas XXV e XXVI, *Papeis de don José Espinosa Salgado (I e II)*, , 25.1. Varios asuntos. XIX; 26.1. Varios asuntos patrimoniais.

[384] Deste enigma historiográfico xurdiu a Memoria de Máster en Historia Contemporánea, defendida en xaneiro de 2009. Tamén motivou a investigación desta tese sobre as familias fidalgas que parecen estar implicadas.

[385] O escrito continúa: *«Posteriormente, hacia 1.925, se inició la catalogación de parte de ellos pero por motivos que desconocemos el expediente quedó paralizado; (...) y en su mayor parte son considerados comunales, disfrutando las parroquias de los aprovechamientos de pastos, esquilmes y roturaciones»*. Arquivo do Ministerio de Agricultura, fondos do Patrimonio Forestal do Estado, Servizo Forestal de Pontevedra, 1956. Esta fonte foi localizada polo profesor Eduardo Rico Boquete. Sirva esta mención como mostra de sincero agradecemento.

[386] Don Ramón Villar (Merza) e Espinosa foron consultados sobre a capacidade dun rexedor de Lalín para substituír a Crespo. Remiten as súas cartas no mes de xullo de 1850: «si bien D. Bernardo Gonzalez es un labrador acomodado; la rudeza de su ingenio y conocida ignorancia le imposibilitan para desempeñar el mas insignificante cargo publico». González era a man dereita de Crespo en Lalín, por iso puido ser descualificado por Villar e por Espinosa. Ambos escriben respostas practicamente idénticas o que pode indicar un discurso pactado para desacreditar ao cliente do seu rival político. O caso é aínda máis complexo, xa que González estaba proposto coma substituto de Mosquera, quen reemprazara a Crespo, que estaba a ser investigado xudicialmente. Mosquera tamén foi, á súa vez, investigado por unha denuncia de desertor da quinta de Punxín (Ourense) en 1835. Descoñécese a orixe da denuncia, mais resulta inevitábel pensar que saíu do círculo de Crespo. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Lalín (1850- 1851)*, caixa 148/7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

breve paso polas Cortes[387]. Calquera destes tres políticos locais puido ter participado no arranxo, mais era Espinosa a figura que máis resplandecía no verán de 1849.

Só Crespo podía facer sombra a Espinosa na comarca[388]. Eran os dous principais patróns, que podían reunir unha clientela electoral, mais naquel tempo mantiveron unha aberta hostilidade. Cada un dispoñía dunha clientela de amigos. Crespo, focalizada no municipio de Lalín. Espinosa, máis diversificada nos concellos do partido xudicial. De feito, Espinosa sae elixido deputado por esa distribución de votos. Os seus amigos eran patróns locais nos concellos de Carbia, Dozón, Rodeiro, e Agolada[389]. Ademais, contaba con algúns parentes e amigos en Lalín, entre os que estaba o seu consogro don Juan Orrea, que en 1846 fora concelleiro, e os fidalgos Gil y Taboada[390]. Non é

[387] Entre 1844 e 1846, substituíndo na acta de Pontevedra a don Alejandro Mon, que escollera a de Oviedo. En 1850, Ulloa Pimentel era xuíz de primeira instancia en Pontevedra. En 1853, sendo gobernador civil de Pontevedra recibiu innumerábeis queixas polas irregularidades nas eleccións que el arranxou, coa colaboración do seu amigo o comisario de montes don Antonio de Roffignac. Barreiro Fernández, 2001 (a): 478- 479, 690- 691. Este dato que aporta Barreiro sobre a relación de Ulloa con Roffignac é moi suxestivo, mais Ulloa non tiña forza electoral en Prado, polo que necesariamente tiña que contar con Espinosa para contar coa súa clientela de electores.

[388] Crespo concitaba amigos e inimigos. Cando ía ser reelixido alcalde de Lalín nas eleccións de novembro de 1849 foi acusado de infraccións na elaboración das quintas do municipio. O proceso, iniciado en Pontevedra, debeu ser asunto de Ulloa Pimentel, así como tamén en 1850 promoveu a investigación de contas municipais do alcalde José Espinosa en Chapa, e do alcalde Crespo en Lalín. Engadir que Crespo foi declarado en "suspensión" do cargo de alcalde, permanecendo coma rexedor e procurado síndico para os que non estaba "inhabilitado". Recuperaría a alcaldía en agosto de 1850, mais en 1852 aínda estaba preiteando a suspensión. Coma apunte biográfico, dicir que Crespo figuraba coma avogado de 39 anos nas eleccións municipais de novembro de 1847. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Lalín (1850- 1851)*, caixa 148/7.

[389] Xa se abordou no apartado "3.5.4. A nova lei electoral. Deputados de arraigo" os cargos municipais que desempeñaban nestes concellos. En 1850 manteñen correspondencia privada con Espinosa. Amigos seus eran: Noboa (Dozón), González de Vales (Dozón), Sarandeses (Agolada), Viana (Rodeiro), Villar (Carbia).

[390] Segundo queda de manifesto na campaña electoral de 1850. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850). Don Victoriano Gil (Barcia) era o segundo maior contribuínte de Lalín, 2.400 reais. Don Juan Mº Taboada (Noceda), 316 reais. ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Relación de electores e elixibles. Partido Xudicial de Lalín (1850- 1851)*, caixa 149/4.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

posíbel determinar se en 1849 aínda conservaba amizade co xuíz Ulloa Pimentel[391], mais hai certeza de que en 1852 estaba rota[392].

As redes de influencia de Espinosa estendíanse fóra da comarca. En terras de Tabeirós contaba co apoio do maior contribuínte do distrito, don Manuel Ogando y Tojo[393]. Alí tamén residía don José Valladares, coa súa familia, coa que rematarán emparentando por casamento. De Valladares parten relacións con Fontán e outros intelectuais do ambiente compostelán. Os seus vencellos e amizades víanse multiplicados por medio dos seus curmáns: Varela, López-Ballesteros. Fernández Villaverde e Riestra dicían terlle moitísima estima. Vén ao caso lembrar as palabras de Villaverde:

> «el interes ó indicacion del Sr. Dn Lorenzo Varela ó la de Espinosa ú otra de las qe V. sabe son personas a quienes debo aprecio y consideración tendría yo un pesar en qe por indicación mia pudiesen sentir desagrado ni menos ver contrariadas las suyas. Nunca estubimos encontrados y por mi no hemos de estarlo nunca ni lo estaré jamas. Con esos S.S. ni con sus amiºs.”»[394]

[391] O procurador de Espinosa na Coruña escribira pedindo ao de Cascaxide unha mediación ante o xuíz Ulloa Pimentel, que instruía a causa pola revolución de 1846*: «ya V. conoce cuan preciso es tener por Amigo y faborecedor al Juez en cuia mano pende mucho ó el todo y por ello espero que pues el Sr. Ulloa Pimentel es amigo de V. se lo recomiende con toda eficacia no solo personalmente sino por escrito en las ocasiones que le tenga que escribir y en las mas que se le presenten*». Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5. Preitos na Real Audiencia da Coruña, carta de don Pedro González, 20 de maio de 1846.

[392] *Ibíd*. 1.3.2. Correspondencia política. Cargos públicos (1850- 1862). Xunto cun oficio da Administración de Contribucións Indirectas da Provincia de Pontevedra, do 27 de agosto de 1852, dirixida ao alcalde de Chapa, don José Espinosa, hai unha nota anexa reservada, sen sinatura nin data, dirixida a don Benito Espinosa na que aseguraban que «su vecino y antiguo amigo» Ulloa Pimentel estivera *«rebuscando antecedentes para hacer á V. cargos, (...) para procesar á algunos deudos y amigos de V.»*.

[393] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850). Carta de Ogando, 16 de xuño de 1850. As verbas de don Manuel son expresivas: *«ya ablaremos luego, y se ará lo que V. me mande y nada mas»*.

[394] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1840-1849)*, 34.371/3. Carta de don Francisco Riestra a don Lorenzo Varela, novembro de 1849. Reproduce un extracto dunha carta de Villaverde a Riestra. Xa se citou ao fío das eleccións de Caldas, “3.5.5. O negocio das eleccións municipais”.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Outra mostra do espectro de influencias de Espinosa é unha carta persoal de don Miguel Mon, funcionario de Facenda na delegación de Pontevedra, ademais de curmán de don Alejandro Mon. Vai avisar ao fillo de Espinosa da «delación» contra el e tamén contra o alcalde de Lalín. Era o inicio dos expedientes de inspección de contas municipais, que tería promovido Ulloa Pimentel. Pola carta de Mon, advírtese que Crespo tamén sairía prexudicado. Entre outras cousas, escribe Miguel Mon: *«Mi estimado amigo; (...) no olvidé el encargo de su Sr Padre.(...) Vea V. pues (...) salir bien que asi lo deseo»*[395]. Estas palabras transmiten coñecemento mutuo e solidariedade de amigo.

O «*ascendiente*» de Espinosa é, pois, un feito contrastado. Retomando a anotación do enxeñeiro xefe, a *«causa principal fue el ascendiente que tenía entonces un conocido político de esta zona»*, Espinosa era «conocido» e veciño de «esta zona». A análise de contido destas palabras permite conxecturar que o aludido era da comarca, mais non debía ser de Lalín, xa que sería máis lóxico que este funcionario mencionase a capital. É dicir, se fose Crespo, é probábel que dixese "o alcalde de Lalín", ou verbas semellantes. Se fose Ulloa Pimentel, tamén podería falar de "Lalín". A «zona» pode aludir ao partido xudicial, un lugar impreciso nun ámbito maior ao do concello de Lalín. Véxase Cascaxide, parroquia de Escuadro, antiga xurisdición de Trasdeza. Na investigación descartáronse outros liderados do partido xudicial, porque en datas posteriores só os concellos de Lalín e Silleda esgrimiron a Real Orde de 1849 coma recurso legal ante as demandas de catalogación dos comunais[396].

A segunda parte da anotación do enxeñeiro xefe de Pontevedra en 1956 dicía: «que por razones electorales consiguió dicha exclusión». O ascendiente era a base, o poder; as eleccións foron a transacción, o

[395] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.2. Cargos públicos (1850- 1862). Carta de don Miguel Mon. Pontevedra, 16 de xuño de 1850.

[396] En 1888 abren novos expedientes no Distrito Forestal requirindo "una relación de los montes comunales". Só os concellos de Lalín e Silleda argumentan que a Real Orde de 1849 declarara os montes de propiedade particular. Nos concellos de Carbia, Dozón e Agolada toman declaración a varios veciños para demostrar que non existen, mais sen mención á Real Orde. En Rodeiro escúsanse no roubo de documentos que sufriu o arquivo municipal en 1878, de tal xeito que non dispoñen de antecedentes. Arquivo do Distrito Forestal (Consellería de Medio Ambiente), sección *Pontevedra*, caixa 68, nº 16.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

valor de cambio. O político da zona tiña sobrados motivos para conseguir a exclusión dos montes do partido: o beneficio directo e tanxíbel dos veciños, dependentes da continuidade da estrutura agraria. A usurpación do monte poñía en perigo a sustentabilidade do sistema agrario, xa que era o seu soporte[397]. Este político tería poder para neutralizar este ataque aos intereses locais, mais debía pagar un prezo, pagar algo a cambio da conservación dos montes nas mans dos veciños. O prezo eran "razones electorales", ou na linguaxe de Riestra, o «negocio» das eleccións. Dado o rango rexio da medida, unha Real Orde, debían ser "razones" emprazadas en Madrid, non en Pontevedra.

Espinosa era o deputado en Cortes do distrito electoral de Prado (Lalín). Non chegara a tomar posesión do escano, preferindo permanecer en Cascaxide. A correspondencia da época fai alusión ao seu pouco interese por saír á cidade[398]. A través das súas cartas ou en certas reunións familiares, Espinosa facía chegar o seu criterio. Para arranxar o tema dos montes non era suficiente un informe ou declaración de oficio. Até o mes de agosto de 1849 intentaron esta vía sen éxito[399]. O asunto debía resolverse cunha mediación cos parlamentarios ou dirixentes gobernamentais. Espinosa non precisaba desprazarse a Madrid, tan só tiña que reunirse cos seus curmáns López- Ballesteros, Varela, así como con Fernández Villaverde e Riestra, para facer o arranxo.

Hai constancia de que no verán de 1849 houbo unha reunión familiar na Golpelleira, onde Diego López- Ballesteros tería falado

[397] Bouhier, 2001 [1979]: 818- 851, 862- 863; Balboa López, 1990: 40- 41; Balboa López, 1992: 388. O monte proporcionaba o abono dos toxos, pastos para o gando xa que os agros estaban cultivados de cereal, leña, colleitas adicionais coas estivadas, froitos silvestres, ademais de ser lugares de tránsito entre aldeas, para no pisar os cultivos.

[398] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.5.1. Correspondencia do procurador don Pedro González (1841- 1849). Dende o falecemento da súa esposa en 1840, Espinosa pasaba máis tempo en Cascaxide, evitando o balbordo das cidades.

[399] En maio de 1849 remiten cartas os alcaldes do partido xudicial de Lalín, así como o comisario de montes Roffignac, insistindo en que non hai propiedade en comunidade, e que todo o terreo está particularizado. O 17 de agosto de 1849, o xefe político Joaquín del Rey remite a relación de montes públicos, incluída a estatística de Lalín, mais alega que estes últimos «están divididos y aprovechados por aquellos no colectivamente sino indiviaual y particularmente cada uno en la parte que le cupo u obtuvo de sus mayores». ADPO, Montes, 3.4.2., *Expediente sobre montes do Partido Xudicial de Lalín*, 1088/13.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

con Espinosa do asunto das eleccións. As palabras literais do parlamentario arousán son:

> «Le escribí en efecto por 1ª vez sobre elecciones de Lalin en el momento que las Cortes se disolvieron y como caso de necesidad para lo que estaba autorizado por el mismo Espinosa en la Golpelleyra en el verano de 849»[400].

O 26 de setembro Sartorius asina a notificación da Real Orde, que a pesar de estar ben ideada, coma recurso legal fronte os funcionarios de Montes, presentou un problema de procedemento. Esta disposición non foi debidamente rubricada e publicada, xa que non hai rastro de tal Real Orde nos arquivos. Tan só a comunicación informal do ministro. Isto podía converter a exclusión dos montes en papel mollado.

Esta tramitación anómala, así coma as controvertidas eleccións de 1850, suscitan máis dúbidas que certezas. Algo debeu saír mal á hora de pechar o asunto con Sartorius. Meses despois, pode apreciarse que Espinosa non apoia electoralmente ao seu curmán López- Ballesteros. Unha serie de preguntas abrollan sen resposta clara: como afectou o asunto dos montes ás seguintes eleccións a Cortes no distrito de Prado? Ou ben foron as inminentes eleccións as que trastornaron o arranxo? O asunto quedou nas mans dos "monistas" ou ben foi cousa dos "polacos" que pretendían o escano de Prado?

Nos arquivos privados das familias Varela e Espinosa non se atoparon máis que unha morea de cartas das eleccións de 1850 e 1851, sen que houbese alusións explícitas ao arranxo dos montes. Calquera interpretación debe contemplar a probábel combinación de Espinosa con Ulloa Pimentel, e talvez a influencia de Vázquez Queipo, que estaba de subsecretario de Gobernación. En ningún caso pode agardarse un arranxo con Crespo e Espinosa coma socios. Sen poder avanzar máis, a investigación deste episodio debe quedar no plano das hipóteses. Ao respecto, pódense formular as seguintes: 1) que a

[400] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 1859)*, 34.371/2. Carta de Diego López- Ballesteros ao seu curmán Lorenzo. Madrid, 10 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comunicación da Real Orde fose considerada un recurso legal útil, apoiando ao candidato "polaco" de Sartorius, como correspondía co favor; 2) que Sartorius ofrecese unha regulación en firme desta exclusión a cambio do trunfo do seu candidato[401]; 3) ante unha decepcionante xestión "monista" do asunto, Espinosa non promovese o escano para Fernández Villaverde nin para ou seu curmán Diego López- Ballesteros, desviando a súa clientela cara outro candidato; 4) que non fose Espinosa, senón Crespo o «conocido político da zona», e que o seu pago fose dar o escano a Fernández Villaverde/ López-Ballesteros.

O escenario deste arranxo amosa que o espazo político municipal non estaba pechado en si mesmo, non era o feudo exclusivo dun patrón. Existían diversas alianzas no territorio local e comarcal que configuraban grupos de clientelas e liderados. Entrelazados entre si convivían parentes e amigos, harmonizando ou disputando intereses e empregos. Con certeza, no ámbito municipal "puede observarse más detalladamente la urdimbre de los juegos de poder"[402]. Os distintos niveis político- administrativos podían estar ao acceso dun remitente se tiña un destinatario comprometido na instancia oportuna. Con todo, a estabilidade era precaria, á vista dos cambios de goberno, o que provocaba alteracións nas correlacións de forzas. Isto podía ser percibido coma unha oportunidade por novos patróns emerxentes. A vida política dun notábel de provincias consistía, entón, en apuntalar influencias, colocar clientes, confiar nos amigos.

3.5.6. Os "monistas" na oposición. Influencia moral dos gobernos conservadores

A virulencia das loitas persoais entre patróns locais están descritas á perfección por un gobernador civil de Pontevedra:

> «Considerando que en medio de tantas ilegalidades é informalidades, nada tendrá de estraño que las pasiones y rencillas personales ó de partido lleven á los hombres á estremo de vejarse y humillarse

[401] Un posíbel acordo con Sartorius debeu contar coa colaboración de Ulloa Pimentel e o comisario Roffignac, no papel de intermediarios perante o xefe político Joaquín del Rey.
[402] Máiz Suárez, 1996: 58.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> reciprocamente, empleando para ello toda clase de ardides é influencias»[403]

Estas palabras tamén son aplicábeis ao ámbito provincial e estatal. A dinámica das faccións políticas dos notábeis ten sido obxecto de revisións críticas por mor deste exacerbado personalismo[404]. Se as «rencillas personales» embargaban o ambiente político, é consecuente pensar que o discurso ideolóxico brillara pola súa ausencia[405]. Con todo, algúns notábeis aducían motivos netamente políticos, como unha antiga adscrición carlista para desacreditar a un rival político emerxente[406]. Elevados principios eran enarborados nun clima político que aínda arrastraba unha forte pegada romántica, a pesar do avance do pragmatismo político[407].

Os contidos das faccións non semellan transcendentais porque é a súa dinámica o trazo máis sobresaínte. Un ritmo incesante, cambiante, imprevisíbel que volatiliza esta estruturación da acción política. As eleccións locais, analizadas anteriormente, constitúen un bo exemplo, mais non delimitan o seu campo. As faccións tiñan múltiples niveis de actuación política, impregnando todas as esferas da vida social

[403] ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Reclamacións das listas electorais. Chapa (1851)*, caixa 151/5. Escrito por Juan Saiz de Arroyal, Pontevedra, 14 de outubro de 1851, a raíz da investigación das listas electorais de Chapa, tras a reclamación do veciño don Francisco Conde. Esixen ao fillo de Espinosa documentos que acrediten a súa condición de elector e elixíbel, xa que residía en Cascaxide co seu pai.

[404] Sierra, 1996: 98- 99. Esta autora entende que as "vinculaciones clientelares" non refutan a existencia dun partido, senón que están inscritas dentro do "partido de notables". As faccións serían, pois, "la agrupación dentro de un partido caracterizada por la adscripción personalista a una jefatura, la búsqueda de intereses particulares y la falta de institucionalización".

[405] Resulta unánime a percepción do escaso impacto ideolóxico, sobre todo nos ámbitos local e provincial. As faccións serían un exemplo de "debilidad de lo ideológico- político, que está totalmente subordinado al funcionamiento personal y familiar de las redes de relación". Carasa Soto, 2001: 222. Tamén Veiga Alonso (2008: 142) sinala o "peso escaso dos compoñentes ideolóxicos (ao sumo cunha coincidencia nun feixe de ideas moi básicas) e moi debedoras de criterios sociais".

[406] Lorenzo Varela descualificaba ao candidato a alcalde de Caldas, don Rosendo de Castro, por «reaccionario», «unido al propietario de color más subido». ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839- 1849)*, 34.371/3. Borrador de contestación ao xefe político, novembro de 1849.

[407] Cómpre facer referencia da carta do escribán Matías Roca, do 11 de novembro de 1849, na que emprega unha retórica moi idealista, malia ser unha comunicación informal. É dicir, non é un alegación no marco dunha relación institucional. *Vid*. "3.5.5. O «negocio» das eleccións municipais".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

segundo soprase o vento do favor. A medio camiño entre o estatal e o local, entre a macro e micropolítica, pode enxergarse unha "zona de incertidumbre"[408], espazo indeterminado onde concorren os obxectos e suxeitos das faccións: a intermediación política de influencias institucionais e favores particulares. Son "incentivos organizativos" que precisan unha "difusión territorial", mais que unha "penetración", agregando máis ramificacións de clientes que permitan a viabilidade instrumental do sistema[409].

A investigación deste espazo de intermediación dos notábeis vén dificultada pola súa condición de política informal. Conversas de salón e cartas reservadas son algúns dos medios das relacións políticas faccionais. Pode extraerse máis información dunha facción cando hai conflito, que cando funcionan harmoniosamente. Só basta pensar nas denuncias ou nas actas electorais anuladas para rastrexar unha confrontación que ten o seu correlato na correspondencia privada, maiormente con veladas ou oblicuas alusións.

A punta do iceberg ou efecto de superficie é o liderado dunha "minoría dirigente"[410]. As faccións locais e provinciais están inmersas en redes de influencias que semellan culminar nun destacado parlamentario que empuxa a súa clientela. Arredor dun político organizábase, nestas elevadas instancias, unha fracción ou grupo parlamentario con disciplina de voto. Deste xeito, no Congreso habería "varios subgrupos en razón de factores personales, políticos o meramente circunstanciales"[411]. As faccións máis coñecidas eran os "pidalistas" ou "monistas" dos cuñados Pidal e Mon, tamén chamada "fracción asturiana" ou "mon-pidalistas"; os chamados "polacos" de Sartorius, conde de San Luís; e os "vilumistas" de Manuel de la Pezuela, marqués de Viluma[412].

Este fraccionamento do partido moderado obedeceu, segundo Josep Fontana, á discusión de asuntos concretos: a reforma

[408] Máiz Suárez, 1996: 59. Adopta la noción de Panebianco, 1990.
[409] *Ibíd*.
[410] Cánovas Sánchez, 1982: 102- 107. Emprega esta noción inspirándose nas teorías da oligarquización de Michels.
[411] *Ibíd*.
[412] Para Artola (1974: 211) o grupo de Viluma son os "monárquicos", próximos ao absolutismo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

constitucional e tributaria, a voda real, a dotación do clero[413]. As "divergencias" que provocaban estas cuestións explican o protagonismo dos abandeirados de cada fracción, así como as alianzas e desavinzas entre estes grupos dentro das grandes "familias" moderadas. Representaban estas familias as tendencias políticas do espectro moderado: "doutrinarios", "puritanos", e "conservadores"[414]. Cada "tendencia" chegou ao "gobierno en algún momento determinado de la década", con "modelos de régimen político bien distintos y diferenciados"[415].

No maioritario sector doutrinario, destacaba a fracción "monpidalista", impulsores dunha contención do liberalismo mediante o sistema de 1845. Esta maioría moderada rexeitaba a negociación con carlistas e progresistas, erixindo un centro político pechado[416]. Os "puritanos" defendían o modelo de 1837 e a participación política dos progresistas. Entre as figuras máis relevantes estaban Pacheco, Ríos Rosas, Istúriz, Borrego e Pastor Díaz[417]. Por último, os "conservadores" pretendían un sistema político máis restritivo, cunha carta outorgada que reforzara a Coroa. En canto á voda real, idearan unha forma de resolver as feridas da guerra civil: casar a Isabel co fillo de don Carlos. O marqués de Viluma foi un dos seus maiores expoñentes, xunto con Jaime Balmes, Donoso Cortés e Bravo Murillo. Este último será o protagonista dunha deriva que encarnan os "conservadores autoritarios"[418]. Pode apreciarse que estas familias adoitan identificarse cunha fracción parlamentaria, que exerce de grupo dominante, mais a noción de familia é máis ampla e integra outros liderados de menor relevancia.

Ademais, das fraccións parlamentarias e familias políticas, tense comprobado o funcionamento dalgúns grupos que representaban

[413] Fontana, 2007: 219- 222.
[414] Burdiel, 2010: 187.
[415] Marcuello, 1986: 338.
[416] Comellas, 1970: 146.
[417] Explica Artola que os puritanos eran moderados unidos na reivindicación da Constitución de 1837, tendo o seu sentido nos anos 1846 e 1847. En 1848 "los puritanos volvieron al seno del moderantismo, apresurándose a votar, con la única excepción de Borrego, los poderes extraordinarios concedidos a Narváez a la vista de los acontecimientos de Francia". En 1855 volven significarse coma familia política, na formación da Unión Liberal. Artola, 1974: 216.
[418] Cánovas Sánchez, 1982: 180- 181.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

intereses territoriais[419]. Os deputados cataláns, por exemplo, foron quen de coordinarse nunha "organización formal", con reunións periódicas e unhas áreas de actuación. Un grupo de deputados galegos faría o propio dando pé a unha *«nueva fracción parlamentaria»*: *«Parece que los diputados gallegos que en la última sesión votaron contra el gobierno, se hallan organizados en número de veintidós, los cuales votarán unidos en todas las grandes cuestiones políticas»*[420].

Estes deputados galegos pertencían en verdade a distintas "familias" políticas, converxendo en materias específicas, coma a promoción das infraestruturas que demandaban as notabilidades provinciais galegas[421]. Non obstante, estas experiencias de cooperación foron puntuais e non conseguiron manter a unidade de acción. Resultaba complexo combinar os intereses territoriais de orixe coas tendencias políticas en liza no Congreso.

Esta unión de deputados galegos foi posíbel nun Congreso con forte presenza doutrinaria, puritana e progresista. Precisamente, os deputados galegos estaban caracterizados polo "arraigo", sen verse afectados pola aparición de "cuneros". Deste xeito, malia as súas diferenzas, podían converxer arredor dos seus intereses territoriais. Esta experiencia truncouse nas seguintes eleccións. A asociación política de Pidal con Narváez pareceu crebarse co asunto do matrimonio da raíña Isabel. Até entón, o espadón de Loja contara con cerebro de Pidal e a xestión de Mon. Sucederíanse despois, os gobernos de Istúriz e a breve proposta do duque de Sotomayor, que deu paso aos puritanos de Pacheco, que contou co galego Rodríguez

[419] Luján, 2017: 56, 62- 66. "Las elites políticas vascas no dieron entonces demasiada relevancia a los diputados a Cortes, mientras priorizaron los comisionados en Corte para la negociación política con los gobernantes españoles".

[420] *Ibíd*.: 65. Cita un extracto de *El Heraldo* recollido no *Diario de Barcelona*, nº 10, do 10 de xaneiro de 1850, p. 13.

[421] *Ibíd*: 59. Menciona Luján que Diego López- Ballesteros e Pedro Fernández Villaverde, coma secretario, eran dous dos sete membros da comisión do proxecto de lei "de carreteras generales". Cómpre engadir que Ballesteros tamén estivo comisionado na de orzamento público e na de culto e clero, entre 1844 e 1846. Na lexislatura de 1846 repetiu na de orzamento, ademais de participar na de contabilidade de Facenda e na de reforma electoral. Tiña máis dotes para a xestión política que para a oratoria parlamentaria. Ademais, a presenza de Ballesteros e Villaverde nestas comisións non debería interpretarse só en chave galega, xa que estaban estreitamente ligados aos seus patróns Pidal e Mon.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vaamonde en Graza e Xustiza[422]. Certamente, a inestabilidade dos gabinetes viña propiciada polos acontecementos de palacio, sen conexión coa vida parlamentaria[423].

O regreso de Narváez, disposto a «levantar a la Monarquía aun a pesar de la Monarquía», quixo presentarse coma unha «reconciliación liberal», mais decontado amosou unha faciana ditatorial con amplos poderes de excepción[424]. Neste terceiro goberno Narváez confía a carteira de Gobernación a Sartorius, unha figura que destacaba pola súa xuventude, prestixio e ambición[425]. Dende o seu ministerio promoverá o ascenso político e administrativo do mérito, minorando as canles de influencia consolidadas por algúns propietarios. No verán de 1848, Narváez volve a achegarse ao tándem Pidal- Mon, aos que coloca en Estado e Facenda, respectivamente, mais os doutrinarios padecen as intrigas dos seus inimigos da camarilla rexia. Mon non esgota a lexislatura, sendo reemprazado polo autoritario Bravo Murillo en agosto de 1849. Tamén o lucense Vázquez Queipo debeu abandonar a subsecretaría de Gobernación, tras perder o favor de Sartorius que, probabelmente admiraba os coñecementos científico-técnicos deste catedrático en Matemático e Física[426], mais que non tolerou as críticas de Vázquez sobre os candidatos cuneros[427].

---

[422] Os datos de nomeamentos, ceses e dimisións desta turbulenta época poden consultarse en *Estadística del personal y vicisitudes de las Cortes y de los Ministerios de España*, 1880.

[423] Marcuello, 1986: 340- 345. O goberno de Sotomayor foi unha confluencia de figuras doutrinarias e puritanas, que funcionou coma transición para a chegada ao poder de Pacheco, que foi presidente pola "privanza personal" de Serrano, e non por vía parlamentaria. Se ben é certo, os puritanos tiñan unha importante presenza nas Cortes de 1846, a maioría doutrinaria e os progresistas estiveron en contra deste goberno.

[424] Burdiel, 2010: 208, 212- 213.

[425] Avogado e recoñecido xornalista, foi director e propietario de *El Heraldo* despois da saída de Donoso Cortés, Borrego e Ríos Rosas tras desavinzas. Encabeza Gobernación con tan só 32 anos. "Escéptico ante las ideas, hombre práctico y sin escrúpulos, amante de la riqueza y de la ostentación, imprudente en el manejo de los fondos públicos y con una gran capacidad para cerrar los ojos ante negocios turbios, no dudó en beneficiar con cargos y ventajas a quien le podía proporcionar beneficios económico so políticos".
http://dbe.rah.es/biografias/7771/luis-jose-sartorius-y-tapia/

[426] Foi responsábel da Lei de pesos e medidas promulgada o 19 de xullo de 1849. Na comisión de expertos sobre a materia entrou en controversia con Domingo Fontán, que defendeu o sistema métrico decimal fronte as medidas castelás que apoiaba Vázquez Queipo. O señor da Buzaca, don Lorenzo Varela, foi consultado sobre as medidas e pesos da provincia de Pontevedra redactando un informe do que quedou un borrador. ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1839- 1849)*, 34.371/3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre as varias circunstancias que motivaron a viraxe política autoritaria foron decisivas: o propósito de neutralizar a influencia dos puritanos, a revolución que destronou a Luís Filipe en Francia, e a camarilla rexia con episodios propios dun "sainete"[428]. Nesta situación, os "monistas" van atoparse na oposición política, cun goberno do seu mesmo partido. A medio prazo, os "genuinamente moderados" irá negociando cos puritanos para formar un novo partido: a Unión Liberal[429].

A partir de 1850, a desintegración do partido moderado é un feito. Os moderados eran incapaces de "concebir y practicar estrategias de consenso político", derivando nun "partido de Corte", atribulado polo "cainismo político"[430]. Un clima dominado polo interese e loitas persoais, onde se confundían os negocios privados coa administración pública, no que se achegan ao partido sectores reaccionarios, mentres os doutrinarios son vilipendiados polo entorno da raíña. Neste inquietante contexto foron disoltas as Cortes para fabricar unha maioría parlamentaria afín ao goberno.

ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839-1849)*, 34.371/3.

[427] Vázquez Queipo fora nomeado o 7 de novembro de 1847, sendo cesado o 31 de decembro de 1849. Opúxose, con outros políticos galegos, a un candidato gobernamental cunero nunha elección parcial en Valdeorras. http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php/

[428] Fontana, 2007: 253. Narváez ocupou a presidencia entre outubro de 1847 e xaneiro de 1851, coa excepción dun «ministerio relámpago» do conde de Cleonard. Este goberno de «cuarenta horas» descríbeo Fontana: "como dijo Narváez, lo que empezó como un drama y fue tan sólo un sainete, cuyos primeros papeles representaron una beata, un clérigo y un rey". Tamén un decepcionado Donoso Cortés relataba os escándalos da raíña, «hasta el punto que las Madres no quieren llevar a sus hijas donde la niña concurre (...) la representante de esta Monarquía de sainete». Burdiel, 2010: 197. Non se aborda nesta tese o impacto da conduta de Isabel II e a influencia das camarillas de palacio, mais debe terse presente como actor político determinante. A Coroa pasou de ser árbitro a protagonista da escena política, xa que os cambios de goberno viñan da súa man, con independencia da maioría parlamentaria. Marcuello, 1986: 371.

[429] Cánovas Sánchez, 1982, p. 143.

[430] Burdiel, 2010: 246- 247. Na biografía de Isabel II esta autora considera: "Los dos años finales de la Década Moderada, frecuentemente solventados con unas pocas páginas en la bibliografía sobre el reinado isabelino, a mi juicio fueron fundamentales para entender la descomposición del programa postrevolucionario de 1843- 1844 y, más concretamente, la disolución interna del Partido Moderado". Nesta tese enténdese que o punto de inflexión está nas eleccións de 1850.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A lei electoral moderada, a deseñada polos "mon- pidalistas", permitía de facto formar un congreso a medida[431]. Gañar a confianza rexia era o primeiro paso, para acto seguido poñer en funcionamento o "mecanismo" parlamentario: "disolucion de Cortes, fraude electoral, reconstrucción de una nueva mayoría electoral"[432]. Os puritanos en decembro de 1846 decidiran non empregar a chamada "influencia moral" do goberno para determinar as eleccións. En 1850, Sartorius non tivo reparos en facer presión dende Gobernación para conseguir un "Congreso de familia". Para a súa desgraza, apenas tardaría uns meses en caer[433]. Os conservadores autoritarios de Bravo Murillo acceden ao poder en xaneiro de 1851.

A provincia de Pontevedra era maioritariamente monista. A facción moderada da provincia estivera sempre encadrada nas redes de influencia dos asturianos Mon e Pidal, a través dos deputados Fernández Villaverde e os curmáns López- Ballesteros e López Vázquez. Os seus vencellos familiares cos notábeis da provincia daba seguridade ao conxunto de relacións. Mais en 1850, os monistas están na oposición e o resultado das eleccións deixa de ser predicíbel. Sartorius fomentara algunhas discordias nas eleccións municipais de novembro de 1849 a través do xefe político Joaquín del Rey[434]. Semella que a política dos "polacos" era o *divide et impera*, atraendo para si novos patróns e clientelas. O gobernador civil Méndez vai ser o encargado de supervisar as eleccións a Cortes que teñen lugar os días 31 de agosto e 1º de setembro[435].

De entrada, pódese observar que Espinosa e Varela non teñen intención de repetir coma candidatos polos seus respectivos distritos. A intención de Varela é regresar ao escano provincial. Unha carta do

[431] Fontana, 2007: 224- 225. Mon tería descrito cómo funcionaba o sistema electoral para saber «*cuánto piensan los electores, cuándo respiran, cuándo se mueven de una parte a otra*». *Vid*. "3.5.4. A nova lei electoral. Deputados de arraigo".
[432] Marcuello, 1986: 350. Todas as eleccións entre 1844 e 1853 proveñen dunha disolución de Cortes.
[433] Artola, 1974: 93. Cánovas Sánchez, 1982: 136- 137.
[434] *Vid*. "3.5.5. O «negocio» das eleccións". O caso de Caldas é un exemplo deste apoio a novos patróns locais.
[435] Don Joaquín del Rey foi xefe político dende maio de 1848 até decembro de 1849. Don Juan de los Santos Méndez toma posesión no goberno civil o 15 de xaneiro de 1850. O 1º de xaneiro entrara en vigor o cambio de denominación da máxima autoridade civil da provincia. Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 117.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

párroco de Cuntis amosa que esta intención de Varela xa é de coñecemento público no mes de febreiro de 1850. O citado cura expresa a súa «alegria» porque *«se halla intimamente identificado con mis convinciones hay muchisimo tiempo. Desde luego desplegare por este distrito cuantas miras me sean posible para obtener un feliz resultado»*[436].

As fontes non botaron luz sobre as ocupacións de don Benito Espinosa naquel tempo. Seu fillo era alcalde de Chapa, sendo posíbel que axudase ao fillo nestas tarefas. A correspondencia privada indica que estaban a residir de xeito habitual en Cascaxide (Escuadro, Chapa). Neste lugar reciben a carta dun veciño que está en Madrid de visita para realizar unhas xestións en Graza e Xustiza. Comenta nestas liñas unha conversa con Fernández Villaverde:

> «Este Señor guarda silencio nada me ha preguntado de elecciones solo si te habias casado y si Vicente habia concluido la Carrera y como se hallaba tu Papa a todo contesté la verdad sin mezclar el otro asunto que sin duda era lo que deseaba Anteaier he visto a Tor, y aier lo mismo le dige que tenia pensado marchar uno de estos dias y que habia de escribir a esa por mi. Villaberde tiene Billete tomado y saldrá para Pontebedra uno de estos dias».[437]

Fernández Villaverde xa ten en mente as eleccións do 31 de agosto. Quere apoio electoral para os candidatos "monistas". É dicir, quere o distrito de Prado (Lalín). A Losada nada lle comenta, reserva o asunto para tratalo persoalmente. Pronto viaxará a Pontevedra, como

[436] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1839-1849)*, 34.371/3. Carta de Nicolás García. Cuntis, 21 de febreiro de 1850. Cura párroco de Santa María dos Baños de Cuntis.

[437] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.2. Eleccións 1850. Carta de don Matías Manuel Losada ao seu amigo don José Espinosa Salgado, ao que trata de «querido Pepito». Madrid, 4 de xullo de 1850. Losada era veciño da parroquia de Laro (Chapa, actual Silleda). Escribe a modo de posdata: *«A Otero tantas cosas y que disponga el compas para medir á los de Montes»*. Losada, Otero e un dos irmáns Espinosa quixeron emprender un negocio de minas. Sen poder determinar o asunto da xestión en Graza e Xustiza, o comentario de Losada incide na tensión entre veciños e enxeñeiros forestais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adoita facer todos os veráns[438]. Tor, o señor de Tor, é outro dos candidatos que se perfila para o distrito de Prado (Lalín). Resulta curioso que este amigo do fillo de Espinosa visite aos dous posíbeis candidatos a Cortes do distrito. Fernández Villaverde axudouno cos trámites no Ministerio: *«pero has de saber que sinó es por Villaberde hubiera marchado como habia llegado tomó el asunto de su mano y hasta conseguirlo no lo abandonó un solo instante»*[439].

A novidade destas eleccións de 1850 é que existan dous candidatos. Atendendo ás redes de amigos políticos, Espinosa debía apoiar a Fernández Villaverde. Logo, por que aparece outro pretendente ao escano de Prado? Acaso foi polo asunto dos montes? Unha carta de Fernández Villaverde aborda un conflito entre ambos naquela primavera de 1850: un negocio truncado. Talvez o asunto dunha adquisición patrimonial non semella ter relación algunha coas eleccións, mais aquí se agocha unha das intrigas que molestan a Espinosa e que levan a afastarse de Villaverde e Riestra. Reprodúcese a continuación integramente por ser un documento non accesíbel en arquivos públicos:

> «Mi qd. amigo: la de V. del 22 hace dos dias llegó á mis manos. Me he sorprendido de saber por V. que se hallase aquí D. Matías Manuel Losada. Se presentó hoy y tube por el el gusto de saber que V. y sus hijos seguian bien. Me pidio que le acompañase a presentar en Gª y Jª una solicitud sobre la (...) que pretende, y me presté al punto. En el camino me significó sin preguntarle que habia dejado en poder de D. Vicente Ramos la cantidad para satisfacer mi credito, y que quedara D. Juan Ramon Ulloa y en su caso Riestra de recogerlo. Le contesté que nada me habian dicho, y que no habia hecho bien en vender la finca por que yo no le apuraba, ni pensaba molestarle pues bastaba que V. hubiese mediado, y que el y sus hermanos estubiesen en horfandad, y sobre todo que yo la hubiese comprado dandole la diferencia. Repuso que

[438] Tamén Diego López- Ballesteros é habitual que pase as vacacións estivais na provincia, na súa casa da Golpelleira (Vilagarcía).
[439] *Ibíd*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no sabia que yo la quisiese tomar y le he dicho que la habria tomado por hacerle bien, si a el y sus hermanos convenia venderla, nunca por vejarlos ni por verlos en desgracia y seguimos nuestro camino, no dandome por entendido de lo que V. me escribe y antes me anuncio Gonzalez Ramos, porque no gusto de afligir, y tengo la opinion que de los muchachos se puede sacar partido no observandolos.

Ahora en cuanto á mi credito, si V. cuidó á ley de amigo como creo, de constituir bien la hipoteca, no está perdido, porque la finca responde 1 pre. y el comprador no puede ignorarlo. Si ha sido mal constituida, en vano avisare a V. que no estoy reintegrado porque si ha visto V. que se enagenaron otros bienes en mi daño, y nada me dijo, o si V. no lo supo que es lo que quiero creer, traslimitaria la amistad que á V. debo consintiendo que V. hiciese cuanto pudiese para mi reintegro. Gracias por su ofrecimiento y si lo pierdo como ha de ser puede ser este el resultado de hacer bien, tengo esperiencia propia de otros chascos, y este no es mas que uno que se añade.

Por lo demas, concluye V. nada tengo que decir á V. pues lo sabía todo por el Sr. Riestra. A esta indicacion debo manifestar á V. que sé cuanto V. calcula que pudo o debio el Sr. Riestra decirme, y ademas lo que otros amigos me han comunidado. No debo callar á V. que el Sr. Riestra obró por impulso propio en su conferencia con V. y no por insinuacion mia; que he desaprobado el paso que el Sr. Riestra dio de tenerla con V. considerando la inconveniente e inutil, por mas que sea loable su proposito.

Me alegro que se encuentre V. algun tanto mas aliviado, y mas que nunca deseo que V. se restablezca, y se halle fuerte y robusto; (...). Villaverde»[440]

[440] Arquivo Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850). Carta de don Pedro Fernández Villaverde a don Benito Espinosa Varela. Madrid, 28 de xuño de 1850.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A carta alude á perda duns intereses que tiña Fernández Villaverde na comarca de Lalín. Menciona unha serie de persoas nas que confía para axudalo neste negocio: Vicente Ramos, Juan Ramón Ulloa Pimentel[441], González Ramos e Riestra. Este último teríao informado de todo o asunto. Villaverde está ofendido, porque se Espinosa estaba metido no negocio, significaría unha creba da súa amizade. A tensión na carta é palpábel, aínda que se manteña a corrección nas formas. Riestra e Espinosa deberon ter unha discusión acalorada, que Villaverde considera «inútil». Con todo, apoia a Riestra sen fisuras. Non en van é a súa man dereita na provincia.

Espinosa ten claro, varias semanas antes, que o seu candidato non é Fernández Villaverde. Este conta coa clientela electoral de Crespo, en Lalín, pero non coas de Espinosa que abranguen varios municipios. O de Cascaxide desprega o seu ascendente convocando aos señores de toda a comarca[442].

O candidato de Espinosa é don Francisco Taboada, señor de Tor. Un antigo carlista que representa agora posicións ultracatólicas dentro dos moderados. É dicir, un candidato conservador[443]. Trataríase dun candidato gobernamental, que goza de renome de aristócrata, e que pode arrebatar este distrito aos "monistas", que teñen a Fernández Villaverde coma candidato. Con este propósito, Espinosa organiza unha reunión de "amigos" da comarca para concertar as eleccións. A través da correspondencia, pódese ver quen se mantén fiel ao de Cascaxide, e quen se desmarca. Valenzuela está con Crespo, levando a candidatura de Villaverde de casa en casa. Don Ramón Villar, de Merza, o anterior deputado provincial, semella estar con Espinosa, xa que tería coñecemento das preferencias dalgúns electores de

[441] Irmán de don José Ulloa Pimentel.

[442] Espinosa adoitaba convocar aos seus amigos e/ou clientes da comarca para marcar a unidade de acción nas urnas. Na correspondencia hai constancia de reunións en Cascaxide nas eleccións de 1850, 1851 e 1853.

[443] A adscrición política de Espinosa sempre estivo identificada cos moderados. Talvez a súa traxectoria estivera próxima aos "martinistas", xa que durante o Trienio dera o paso de ser alcalde de Escuadro. Entre 1836 e 1840, está vinculado aos doutrinarios, cos que mantén sintonía despois de 1843. Antes, durante a rexencia de Espartero, ocupara a alcaldía de Chapa. Non hai motivos para relacionalo con posicións conservadoras autoritarias, salvo este candidato de 1850, que semella estar xustificado na liña gobernamental, mais que na pertenza a esta familia política. Outra posibilidade é que sexa unha vinganza persoal de Espinosa contra Crespo, Riestra e Villaverde.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Agolada[444]. Outros señores do partido xudicial expresaron por escrito a súa adhesión á candidatura de Tor: Noboa (Dozón), Taboada (Lalín), Sarandeses (Agolada), Torres (Chapa), e Ogando (Tabeirós)[445]. Conta tamén co voto de don Victoriano Gil (Lalín), porque así llo confirma Torres[446]. Outro elector, Viana (Rodeiro)[447] pide reserva e nada escribe por medo «de no pequeños perjuicios». A súa resposta lévaa o emisario que entrega a carta. O temor a Crespo sae a relucir en varias cartas.

Esta división do distrito entre dous patróns locais, cos seus respectivos candidatos, sementa o caos e a discordia entre os electores. Sarandeses, dende Agolada, comenta:

> «Aqui no se entienden estos Señores, porque apesar de ser pocos los señalados, se buelben locos y no saben a quien an de serbir cuya confusion quizá traerá el resultado de que nadie sea el agraciado»[448].

A confrontación excita a imaxinación das elites locais. Don Ramón Noboa, quen fora alcalde de Dozón en 1846, suxería:

> «no me parece sea deficil hacer una trampita al tipo de dar los votos de modo que la cosa saliese como

[444] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, caixa I, 1.3.1. Eleccións (1850). Carta de Juan María Sarandeses. Brántega, 5 de xuño de 1850: *«son de los mismos a quien muy antes de aora yo hablé y dí Conocimiento al señor D. Ramon Villar»*.

[445] *Ibíd*. Cartas de: Ramón Noboa Taboada. Dozón, 4 de xuño de 1850; Juan Antonio Mª Taboada. Noceda, 5 de xuño; Juan María Sarandeses. Brántega, 5 de xuño; Manuel Javier Torres. Laro, 5 de xuño; Manuel de Ogando y Tojo. Esmosende, 16 de xuño. Este último, residente en Millerada (Forcarei), era o maior contribuínte do veciño distrito de Consolación (Tabeirós- Montes).

[446] Don Victoriano Gil era un importante propietario da parroquia de Barcia, Lalín, que pagaba unha contribución de 800 reais. Curiosamente, as contías de contribución nas listas de eleccións a Cortes de 1850 son moito máis elevadas cas do censo de 1849. Están tomando coma referencia as cotas das anteriores eleccións a Cortes, de 1846, fundadas no censo de 1845. Por iso aparece don Benito Espinosa cunha contribución de 2.696 reais en 1850, cando no citado censo do ano anterior apenas pagaba 380 reais. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas electorais de deputados a Cortes da provincia de Pontevedra (1846)*, caixa 236/1/2; *Reclamacións sobre rectificación da lista electoral do distrito de Prado (1850)*, caixa 242/1/3.

[447] Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850). Carta de don Francisco Viana, Pereira (Rodeiro), 6 de xuño de 1850. En 1846 era alcalde de Rodeiro.

[448] *Ibíd*. Carta de Sarandeses, secretario municipal de Agolada en 1846.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> deseamos y al mismo tiempo no quedasemos feos, combendria hacernos con dos Papeletas reublicadas para cadauno y luego en una poniamos a Villaberde y esta se enseñaba a los que le protegen y en la Urna se echaba la otra, esto como V. me enseña no es de hombres de algun Caracter, pero Cuando la necisidad es mucha tampoco es pecado robar para vibir»[449].
>
> Os "compromisos" é un dos termos máis repetidos. As obrigas contraídas atan aos electores ao favor de Espinosa ou de Crespo. E continuaba a carta de Noboa: «Me admiro el que el Cura de Santiso siendo pariente no fuese de acuerdo con V.»
>
> Espinosa tamén recibe escusas e negativas. Outro veciño de Dozón, González de Vales aseguraba: "no me considero libre de poder hacerlo"[450]. A explicación de Tomás Varela é máis extensa: «pongase V. en mi cas (...) porque el buey por la cuerda y el onbre por la palabra; no piense en lisonja; en el 19 del Pasado estubo en esta muy suya el S. De Crespo acompañado de S. De Pardo el cura, esponiendo diese mi boto para el S. Bilaberde, como tanbien llamo mis becinos diciendole lo mismo, y como no sabiamos lo que pasaba se le dio palabra segura, y aora como quiere V. que nos contradigamos, seria una felonia: bien lo conoce, y no solo esto sino que en aquel dia badeó Dozon, y conseguio lo mismo, en fin siento mucho el faltarle a una cosa que para mi era como nada»[451].

A dicir desta carta, Crespo levaba semanas traballando a candidatura de Villaverde, mais o certo é que a contenda electoral comezara varios meses atrás. En distintas frontes, buscaron a maneira de anular, intimidar e denunciar a Espinosa e os seus amigos. Así, na

[449] *Ibíd*. Noboa era o vixente alcalde de Dozón. En 1846 xa estaba no cargo.
[450] *Ibíd*. Carta de Pedro Ignacio González de Vales. Suia de Dozón, 21 de xuño de 1850. Escribe ao xenro de Espinosa, José García Centeno, que é parente seu. González de Vales era secretario municipal de Dozón en 1846.
[451] *Ibíd*. Carta de Tomás Varela. Sangañedo (Dozón), 5 de xuño de 1850. Dirixida ao seu parente José García Centeno. Menciona a Pardo, «el cura», para distinguilo do propietario Pedro María. Posibelmente irmáns e cuñados de Ulloa Pimentel.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

confección das listaxes de electores[452], coma na vida municipal[453]. Cando chega a primeira xornada electoral, o 31 de agosto de 1850, descóbrese un erro tipográfico na listaxe de electores que privaba a Espinosa e o seu fillo de exercer o voto. Figuraba a súa parroquia de residencia co nome de "Escuadra", en vez do correcto "Escuadro"[454]. Un detalle insignificante dado que se trataba do anterior deputado a Cortes do distrito, con veciñanza máis que coñecida, segundo argumentaba o propio Espinosa. Porén, a mesa electoral estimou que *«debia atender a la Lista, sin tener atribuciones para examinar las circunstancias de los Electores»*, e foron excluídos da elección[455]. Hai que puntualizar que o presidente da mesa electoral era don José Crespo. Tendo en conta o carácter de Espinosa, aquela argucia de "Escuadra" tivo que ser un escándalo maiúsculo na comarca. Unha humillación que alimentaría, aínda máis se cabe, o odio que sentía

[452] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Reclamacións sobre rectificación da lista electoral do distrito de Prado (1850)*, caixa 242/1/3. A revisión e rectificación das listas de electores ten lugar entre xaneiro e marzo de 1850. Toman coma base as listas publicadas en 1848, onde non existía ese erro tipográfico. Por outra banda, hai que lembrar que en xuño de 1850 se destapa o asunto da «delación» das irregularidades nas contas municipais de Chapa e Lalín. Tal e como lle avisa Miguel Mon ao fillo de Espinosa en data 16 de xuño. Puido ser unha advertencia para que os Espinosa non abandonasen a protección dos "monistas". En Lalín, o alcalde afectado era José Francisco Mosquera, que ademais foi denunciado coma desertor da quinta de 1835 en Punxín (Ourense).

[453] Como xa se comentou no anterior apartado, "3.5.5.O negocio das eleccións", en xuño de 1850 se destapa o asunto da «delación» das irregularidades nas contas municipais de Chapa e Lalín. Tal e como lle avisa Miguel Mon ao fillo de Espinosa en data 16 de xuño. Puido ser unha advertencia para que os Espinosa non abandonasen a protección dos "monistas". En Lalín, o alcalde afectado era José Francisco Mosquera, que ademais da inspección de contas, foi denunciado coma desertor da quinta de 1835 en Punxín (Ourense). Pretendían que o sucedera Bernardo González, cliente de Crespo, mais Espinosa e Villar escribiron cartas no mes de xullo a Pontevedra desacreditándoo para o cargo. Esforzo en van, xa que será o propio Crespo quen ocupe a alcaldía en agosto de 1850, poucos días antes de realizar as eleccións a Cortes do 31 de agosto. Arquivo familia Espinosa, caixa I, *Correspondencia*, 1.3.2. Cargos públicos (Expedientes, 1850- 62); ADPO, Eleccións, 3.13.5., *Expediente de eleccións municipais. Lalín (1850- 1851)*, caixa 148/7.

[454] Segundo a lista de segunda rectificación publicada o 29 de marzo de 1850. Hai copia da mesma en ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Reclamacións producidas polos erros padecidos nas listas de terceira rectificación no distrito electoral de Prado (1850- 1851)*, caixa 243/3/1.

[455] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Resultados dos días de elección do distrito de Prado (1850)*, caixa 244/7.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cara Crespo[456]. Tempo despois, relataría o sucedido nestas eleccións ao seu curmán Lorenzo Varela:

> «el recordar todos los antecedtes. de la dichosa elecºn aun siento un extredor qe me sufoca; por de pronto en la selecciones de Agto Diego no me ha escrito una palabra, y por consigte. me decidi pr Tor en el cnptº. de qe para ser diputado en España tanta y mas Filosofia sabe qe Aristoteles.
> Mucho tpo. habia qe Villaverde andaba urdiendo en la lista electorl. y en efecto de acuerdo con el celebre consejo provincial la trastornaron de tal manera qe no podia dar un paso sino por medio de mi adeptos; sin embargo puesto a la obra, la elecºn. estaba por mi y entonces acudieron a las infamias diciendo qe a unos les sobraba una S. a otros una A y finalmte. fuimos excluidos yo, y mi hijo porque decia Esquadra en lugar de Esquadro. Se busco todo lo mas malo y hta. Gonz Ramos me desafio pr escrito cuya carta tengo, y todo ello pª sacar diputado al tuno de Villaverde pª luego ceder el lugar a Diego»[457]

Nestas liñas non menciona a Crespo, pero sobreenténdese xa que naquel momento era o valedor de Villaverde en Lalín. Acusa a Villaverde de tramar as eleccións, coa axuda do Consello Provincial[458] e de González Ramos. No citado Consello estarían de vocais Claudio González (vicepresidente), Sergio Valladares e Juan Patiño y

[456] Xa se comentou con anterioridade que entre diversos papeis de don Benito Espinosa apareceron uns versos satíricos dedicados a Crespo: *«(...) Pueblos tiene aniquilados/ Cuentelo los oprimidos/ Díganlo los saqueados (...)»*. Arquivo familia Espinosa, caixa I *Correspondencia*, 1.3.1. Eleccións (1850), "Responso Crespino...".

[457] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 1859)*, 34.371/2. Extracto dunha carta de don Benito Espinosa Varela. Cascaxide, 23 de abril de 1851.

[458] A acta de Prado fora aprobada polo Consello Provincial. Este era un órgano con funcións consultivas e xurisdicionais, creado mediante a lei de 2 de abril de 1845. Detraía competencias das Deputacións, que viron moi minguada a súa actividade. Representa, ademais, a orixe institucional da xurisdición contencioso- administrativa, que se concibe coma unha fórmula mixta que ten por obxecto axilizar a administración. Estaba formada polo xefe político coma presidente, e de 3 a 5 vocais, dos cales 2 debían ser letrados, nomeados por Gobernación, en ningún caso electos. Nieto, 1966: 27- 50.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Buceta[459]. En canto a González Ramos, era a man dereita de Crespo en Lalín. Un dos seus clientes máis activos e ruidosos.

Varela remitiu esta carta de Benito a Diego, no marco das seguintes eleccións de maio de 1851. Punto por punto Ballesteros vai rebater o que escribira o seu primo de Cascaxide:

> «Veo que Benito es amigo de hacer historia, como dicen los franceses, pero creo que no es buen historiador porque los hechos los sienta y explica como le parece.
> 1er. hecho. La confección de las listas_ En esto no tengo nada que ver yo.
> 2º. Que el disponia de la eleccion aun con las tales listas_ Nadie mejor que tu sabe cuan inesacto es este hecho. Con buenas listas, si las actuales son malas, no será Espinosa dueño de la eleccion.
> 3º_ Que no le escribi en Agosto. Cierto_ pero porque le había de escribir? Pretendia yo la Diputación por Prado?
> 4º_ Que Villaverde me cedió el distrito_ Exacto_ pero porque admitió por Caldelas Villaverde? Porque consideraba mas segura mi eleccion en Prado. Sin el percance de Pontevedra Villaverde sería Diputado por Prado y hoy con el apoio del Gobierno y la eficaz ayuda de sus amigos continuaria en el mismo distrito»[460]

Segundo explica Ballesteros, o distrito de Prado estaba pensado para Fernández Villaverde. Alí podía chegar a enfeudarse, que era

[459] *Guía de Forasteros en Madrid*, 1850: 356. Sergio Valladares (1823- 1855) era un dos fillos de don José Valladares, amigo e parente de Espinosa. Non obstante, aquí non o favoreceu. Tampouco José Valladares saíu ben parado nesta época, sendo cesado de gobernador civil de Ourense en marzo de 1850 por mor dunhas intrigas políticas que chegaron a Sartorius. Sergio Valladares estaba casado cunha sobriña do conde de Pallares, e tiña talento para a administración e a xurisprudencia. Desempeñou varios cargos na Deputación, escribiu algún ensaio xurídico e poemas. A súa morte en 1855 deixou desolada á familia Valladares, especialmente ao seu irmán Marcial.

[460] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Extracto dunha carta de don Diego López- Ballesteros. Madrid, 10 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

talvez a idea que tiñan en mente. Agarrarse e permanecer nun distrito. Tal e como, efectivamente, farían Villaverde en Pontecaldelas, e Ballesteros en Prado. Non obstante, no verán de 1849 aínda non determinaran o reparto de distritos entre eles, que eran os parlamentarios que levaban varias lexislaturas con escano. Lémbrese que nas anteriores eleccións de 1846 xa houbera un baile de candidatos e distritos, segundo as distintas opinións dos "monistas" de Madrid e os notábeis provinciais[461]. Na carta anteriormente citada de Ballesteros, este recoñece que non lle solicitou o voto a Espinosa até a disolución das Cortes en 1851, *«como caso de necesidad para lo que estaba autorizado por el mismo Espinosa en la Golpelleyra en el verano de 849»*[462].

Cando Diego analiza a situación e observa que non ten distrito propio é cando decide que ten que enfeudarse en Prado, e comeza a mover as súas influencias no distrito. Por iso escribe en 1851 ao seu curmán Espinosa. Esta demora de Diego en tomar distrito puido deberse ao que el chama «percance» de Pontevedra. Nas eleccións de decembro de 1846 fora elixido deputado polo distrito da capital, en substitución –unha vez máis- de Villaverde. En agosto de 1850 perdeu este distrito por 5 votos. Pascual Méndez conseguiu o escano por 84 votos, fronte os 79 que obtivo Ballesteros. Os resultados completos da elección de deputados a Cortes polos distritos da provincia de Pontevedra en 1850 poden consultarse na seguinte táboa:

Cadro XIII. Resultados eleccións a Cortes de 1850

DISTRITO	TOTAL ELEC TORES	DEPUTADO ELECTO	Nº VOTOS	2º CANDIDATO	Nº VOTOS
Caldas	152	Román de Mugartegui(A)/ Alejandro de Castro (2ª)	48	--	
Consolación	209	Francisco Tames Hevia (R)	167	--	

461 *Vid*. "3.5.4. A nova lei electoral. Deputados de arraigo".

462 ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Extracto dunha carta de don Diego López- Ballesteros. Madrid, 10 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISTRITO	TOTAL ELEC TORES	DEPUTADO ELECTO	Nº VOTOS	2º CANDIDATO	Nº VOTOS
A Cañiza	150	Joaquín Vázquez Puga	103	--	
Cambados	203	José Buceta Ramírez (R)	141	Juan Ramón Patiño	10
Pontevedra	198	Pascual Méndez	84	Diego López-Ballesteros	79
Prado	150	Pedro Mª Fdez. Villaverde/ Diego López- Ballesteros (2ª)	77	Fco. Taboada y Losada, señor de Tor	37
Ponte Caldelas	158	Pedro Mª Fdez. Villaverde	108	--	--
Ponteareas	251	Ignacio Vieites Tapia	177	Ricardo Glez. Cáceres	12
Tui	158	Ramón López Vázquez (R)	122	--	--
Vigo	159	Salvador Fuente Pita	97	Vicente Fdez. Carrera	4

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes electorais[463]

Noutros distritos tamén houbo algunhas incidencias e reclamacións. En Consolación, non se verificou o escrutinio, segundo recolle o expediente da Deputación, mais a acta foi aprobada polas Cortes. O único candidato votado, Tames Hevia, repetía no seu escano. Tamén repetían Ramón López Vázquez en Tui, sen adversario electoral, e Buceta en Cambados, cun testemuñal contrincante. Méndez xurou escano por Pontevedra, que ocupou os cinco meses que durou a lexislatura, e non volveu saír elixido.

Na Cañiza non repite don Lorenzo Cuenca, mais só durante esta breve lexislatura[464]. En 1851 volverá a ocupar o escano por este

[463] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Resultado definitivo das eleccións de deputados a Cortes na provincia de Pontevedra (1850)*, caixa 244/12/5. Datos extraídos dun documento do 2 de setembro de 1850, e contrastados en http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distrito, permanecendo até 1863, cando cede a elección ao seu fillo[465]. Polo tanto, a representación de Joaquín Vázquez Puga pola Cañiza foi algo transitorio, posibelmente un candidato de Sartorius[466].

As máis sonadas irregularidades tiveron lugar en Caldas e en Prado. Curiosamente, alí onde Varela e Espinosa foran deputados nas anteriores eleccións de 1846. A elección de Mugartegui en Caldas fora unánime. Non tivera rival. Mais a acta recolle continuas protestas «en barullo y desorden», de «gentes con amenazas»[467]. O candidato só obtivo 48 votos, unha cantidade moi baixa, nun distrito con 142 electores. A acta non presenta lista de votantes, así que non se pode saber a quen pertencía este candidato. En Madrid, un comprometido don Alejandro de Castro facía campaña "en la prensa y los ministerios" pola anulación destas eleccións de Caldas[468].

Foi o Congreso o encargado de anular a acta, o 19 de novembro de 1850, mandando convocar unhas segundas eleccións. Nesta ocasión poden cotexarse os votantes, identificando aos principais electores da comarca: Fernando Amor de Castro, Manuel Amor y Folgar (Barro); Antonio Nartallo e José Valiñas (Cuntis); Juan Manuel Erosa (Portas); Fernando Bello, Eugenio Salgado, Juan Vázquez, Vicente Gómez, Frutos Mosquera, Rosendo de Castro (Caldas), entre outros moitos[469]. Estaba tamén o cuñado de Varela, José Rosende (Moraña). Todos os

---

[464] Cuenca fora secretario de Súa Maxestade en 1847. *Guía de forasteros en Madrid*, 1850: 242.

[465] Barreiro Fernández, 2001 (a): 191- 192. En 1863 ocupaba Cuenca a subsecretaría de Gobernación, sendo ministro o tamén tudense Rodríguez Vaamonde. É presumible a boa relación entre ambos, tamén con Varela e Espinosa. Cuenca era un moderado de orde, preocupado polo fomento da provincia. Foi un dos impulsores da construción da ponte internacional do Miño.

[466] *Ibíd*.: 716- 717. Joaquín Vázquez (de) Puga y Torres era natural de Cequeliños (A Cañiza). Foi elixido pola sección de Vigo en 1865 e 1869, senador por Pontevedra en 1872, e deputado por Verín en 1876. Barreiro Fernández indica que residía en Vigo, mais no censo electoral de 1846 aparecía con veciñanza en Cequeliños, sendo o segundo maior contribuínte do distrito, cun pago de 2.760 reais. Os datos do arquivo do Congreso dos Deputados inducen a erro, xa que separan a traxectoria deste deputado en dúas fichas biográficas por conter un "de" entre apelidos; http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

[467] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Resultados dos días de elección do distrito de Caldas (1850)*, caixa 244/3.

[468] http://dbe.rah.es/biografias/14653/alejandro-de-castro-casal/

[469] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas de votantes dos distritos de Prado e Caldas de Reis (1850)*, caixa, 244/13/6. Acta de votantes do 20 de decembro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

votos son para Castro, que inicia así a súa representación deste distrito[470]. Sorprendentemente, a única ausencia destacada na relación de votantes é a de don Lorenzo Varela. Non é posíbel determinar se non puido acudir por motivos persoais, ou se foi unha abstención cargada de simbolismo.

No caso de Prado tamén deben repetirse as eleccións. Fernández Villaverde, con 77 votos, gañara a elección ao señor de Tor, que reunira 37. Dadas as circunstancias, coa exclusión de Espinosa e as protestas na acta, pódese considerar que tanto o proceso coma o resultado estiveron moi disputados. Entre as queixas dos discrepantes, consta a reclamación de Espinosa[471]. Porén, estas eleccións inflixían un duro golpe a Espinosa, perdendo o liderado do partido xudicial.

É posíbel que Ballesteros acertase cando escribía «no será Espinosa dueño de la eleccion». Aquel grupo de señores propietarios de Deza son para López- Ballesteros unha clientela en declive. Semella que Espinosa e os seus amigos fidalgos non poden impedir o ascenso de Crespo e os seus coma novo grupo dominante no espazo comarcal. En favor de Espinosa, cómpre reflexionar sobre o poder que atesourou até estas eleccións, sendo talvez esta estratexia de aceptar un candidato gobernamental, un erro de cálculo fronte a estrutura clientelar organizada por Fernández Villaverde. É dicir, Espinosa era un patrón local que se enfronta ao xefe da facción "monista" de Pontevedra. O poder de Espinosa é sólido, ben alicerzado, concentrado no seu partido xudicial, mais tamén teceu relacións de amizade política noutros distritos. Toma a decisión de abandonar o aliñamento "monista", o que supón un desafío ao poder de Villaverde, e o seu delegado Riestra. Eles conformaron unha rede extensa de patróns locais que apoian as directrices da facción. Perder a Espinosa

[470] Alejandro Castro Casal (1812- 1881). Natural da Coruña, estudou Leis e foi funcionario de Facenda. Militou no partido moderado e no conservador. Fuxiu a Francia en 1852 por desavinzas con Sartorius. Foi varias veces ministro con Arrazola e con Narváez. Tamén foi un destacado embaixador. Dende 1850 fixo do distrito de Caldas o seu feudo electoral, onde obtivo escano até 1865. En 1867 foi senador por Pontevedra, e dende 1877, vitalicio. Barreiro Fernández, 2001 (a): 170- 171.

[471] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Resultados dos días de elección do distrito de Prado (1850)*, caixa, 244/7. Cómpre lembrar que o presidente da mesa electoral era don José Crespo. Un dos secretarios escrutadores, don Pedro Mª Pardo, quen tamén fixera campaña por Villaverde. Pardo era cuñado do xuíz Ulloa Pimentel.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

non é tan grave cando dispón de Crespo para mobilizar o distrito de Prado. Favorece o ascenso de Crespo, que lle foi fiel, mentres lle provoca unha humillación a Espinosa. Aquela autonomía de Espinosa fora demasiado lonxe, chegando á traizón política e persoal. Sexa como fora, con certeza non se poden cualificar aos electores de Prado coma "votantes submisos"[472].

Por outra banda, pódese valorar a forza da fracción "asturiana" na provincia, xa que resolveu optimamente a elección fronte os candidatos gobernamentais de Sartorius. Este último solicitou un informe ao gobernador Méndez daqueles funcionarios que non cumpriran coas directrices de Gobernación[473]. Fernández Villaverde decantouse polo distrito de Ponte Caldelas[474], deixando o escano para unhas segundas eleccións nas que só se barallou un candidato: Diego López- Ballesteros. Celebradas o 20 de decembro de 1850, estas segundas eleccións son unha confirmación do trunfo de Crespo na comarca. El mesmo volve a presidir a mesa electoral, ademais de contar coa inestimábel colaboración de Valenzuela e González Ramos coma secretarios escrutadores[475].

Nestas segundas eleccións, Espinosa opta polo retraemento e abstense de votar, tal e como fixo Varela en Caldas. Moitos daqueles amigos que se comprometeran co de Cascaxide están ausentes da elección[476]. A abstención é maioritaria no municipio de Chapa, onde non votan: Rivas, os irmáns Martínez, Bueno, Fajardo, Otero y Vidal, Seoane, nin o escribán Taboada. Tampouco Ramón Villar, que mantén a súa alianza política con Espinosa. Sen embargo, aqueles amigos que se amosaran dubitativos ou atados á clientela de Crespo, confirman co

[472] Guionnet, 1997: 79- 110. Dedica un capítulo a cuestionar esa imaxe do elector rural submiso ou cativo, facendo fincapé na percepción de intereses e a fidelidade ao gran propietario coma representante dos mesmos.

[473] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes (1851*), caixa 244/7. Asinado por Blanco, o 14 de maio de 1851, contén 33 nomes de empregados públicos que «tomaron parte contra el candidato aceptable por el Gobierno». Figura Riestra, dentro da sección de Facenda, e Ulloa Pimentel, de Graza e Xustiza.

[474] Formalizou a renuncia o 14 de novembro de 1850.

[475] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Segundas eleccións de deputados a Cortes polos distritos electorais de Caldas e Prado (1850)*, caixa, 244/13/4.

[476] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Listas de votantes dos distritos de Prado e Caldas de Reis (1850)*, caixa 244/13/6.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

voto a súa adhesión ao patrón de Lalín[477]. Espinosa explica o motivo da súa abstención:

> «Llegan las 2ªs elecºnes y convine en no hacer opoºn ni ir yo a votar pr evitar el qe me presidiese Crespo, es verdad qe la falta mia causo la demas de 30 electores qe tampoco fueron a votar y se acabo el cuento
> Sin embargo debo añadir qe habiendome escrito Joaqn. pª qe faboreciese a Diego, le mande decir a Santiago qe si no presidia Crespo iría a votarle y Joaqn prefirio a este.»[478]

Diego consegue os 93 votos emitidos dun censo de 150. O cálculo de Espinosa pode ser factíbel, podía contar con pouco máis de 30 electores. Mais aínda conservando un grupo fiel de electores, case todos importantes propietarios, os votantes de Crespo triplicaban en número os seus efectivos. Outra cuestión é o da presidencia da mesa electoral, algo que para Espinosa podía ser lacerante. Non accedeu a votar a Diego porque os López- Ballesteros confiaban en Crespo[479]. Diego deu a súa propia versión destas segundas eleccións:

> «En 2ªs elecciones Joaquin le escribió y rogó que me votase pero que el mismo Joaquin prefirió a Crespo, y siempre Crespo, porque en Santiago no accedió a que este (…) dejase de presidir la mesa__. Joaquin en Santiago creyó que no era momento de hacer lo que pedía Benito y hasta le pareció exigencia indebida. El voto de nuestro Espinosa y de sus amigos habrian hecho la eleccion? Quería una cosa en mi concepto

[477] *Ibíd*. Votan con don Tomás Varela, don Francisco Viana e don Pedro Ignacio González Vales, aliñándose no bando de Crespo, Valenzuela e González Ramos. Don Ramón Fuciños (Manduas), acompaña ao seu tío, Antonio Valenzuela, no seu achegamento a Crespo.
[478] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de don Benito Espinosa Varela ao seu curmán Lorenzo. Cascaxide, 23 de abril de 1851.
[479] Na carta explica que "Joaquín" tería mediado para que votase a Diego. Este Joaquín pode tratarse de Joaquín López Vázquez Ballesteros, curmán de Diego. A alusión polo nome de pía, e non polo apelido, induce a pensar nun familiar directo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> imposible y la petición no podia hacerla un amigo a otro amigo. Quería no votar.»[480]

Unha «exigencia indebida». Diego e o seu curmán Joaquín querían reunir os votos da clientela de Crespo e da de Espinosa, sen observar que a loita persoal entre os dous patróns excedera os límites da boa educación. Espinosa obrigounos a elixir, mais os curmáns Ballesteros preferiron a Crespo, probabelmente polo maior número de votos que arrastraba naquel momento ás urnas. En este estado de cousas resulta impensábel que Crespo e Espinosa limaran diferenzas e foran quen de votar a un mesmo candidato. Isto foi posíbel en 1853. Antes, en 1851, escenificaron un episodio máis de intrigas políticas e fraude electoral.

A caída de Narváez en xaneiro de 1851, polo debate da reforma facendística, deixa o espazo político expedito para os conservadores autoritarios. A presidencia de Bravo Murillo, que conta coa confianza rexia, forza outra disolución parlamentaria, para buscar nas urnas un Congreso amigo[481]. Beltrán de Lis, na carteira de Gobernación, *«nada escrupuloso, apretó cuanto pudo los tornillos de la máquina ministerial, no omitiendo coacciones ni amaños, con tal de conseguir una gran mayoría parlamentaria»*[482].

A primavera de 1851 abrolla, entón, cunha actividade febril. O nerviosismo ten o seu reflexo na correspondencia privada. De Pontevedra sae a idea de colocar a don Lorenzo Varela coma deputado por Prado. Facía menos de dous meses que fora elixido deputado provincial, e xa era proposto novamente a Cortes[483]. O primeiro ofrecemento provén de Riestra, a raíz dunha conversa co gobernador civil: *«hemos puesto los ojos en V.»*[484]. Tamén Valenzuela escribe a

[480] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de don Diego López- Ballesteros. Madrid, 10 de maio de 1851.
[481] Bravo Murillo disolveu en dúas ocasións as Cortes: abril de 1851 e decembro de 1852.
[482] Marcuello Benedicto, 1986: 347. Cita a Ernesto López, *Antología de las Cortes de 1846-54*, pp. 381-82.
[483] ADPO, Eleccións, 3.13.6., *Expediente de eleccións provinciais. Partido Xudicial de Caldas (1850)*, caixa 190/2. Votación en Caldas do 25 a 27 de febreiro de 1850. Varela acepta o escano o 19 de marzo.
[484] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de Francisco Riestra. Pontevedra, 12 de abril de 1851. Convídao a que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Varela con entusiasmo. El e Crespo van sustentar a súa candidatura no distrito de Prado. A tenor do escrito por Varela, esa candidatura non lle desagrada, pero prefire amosarse impertérrito:

> «Por mi parte ningun interés hay en obtener, ó perder la candidatura; y solo estoy resuelto á hacer el muerto en obsequio á ideas qe. presumo salen del Sr. Villaverde, á quien como al Sr. Riestra, debo muchas atenciones, y al primero especiales favores»[485]

Varela está disposto a deixarse levar, pensando que a súa candidatura é cousa de Villaverde. Confirma así a súa fidelidade a este patrón, aceptando, obedecendo. Recibe máis cartas de Riestra e Valenzuela. Este último insiste na necesidade de que Varela escriba ao seu curmán Espinosa. Queren que lle solicite o seu apoio. Aquí é onde se descobre a estratexia de Villaverde e amigos, da facción "monista" de Pontevedra. A candidatura de Varela é unha solución ao cisma creado entre os amigos de Prado. Desexan recuperar a clientela de Espinosa, e só unha persoa tan próxima ao de Cascaxide, o seu curmán Varela, podía ser o candidato que reunise aos dous patróns. Con certeza, Varela era querido e respectado por ambas partes.

Varela ao comezo responde que non quere compromoter ao seu curmán: *«Que haga lo que el quiera, y á nadie tendrá qe. bolverse despues»*[486]. Valenzuela repróchalle a Varela que enviase a Riestra unha negativa por resposta. Está obrigado a escribir ao seu curmán, e quere que lle envíe a carta a el mesmo, *«que yo le remitire al momento que la reciba»* a Cascaxide[487]. Finalmente, Varela cumpre con docilidade e remite a Valenzuela a carta que escribira o día 20 para Espinosa. En verdade, pretender o distrito de Espinosa podía ser delicado. Eran curmáns carnais e mantiñan trato de "compadre". Así se expresaba Varela no borrador que se conserva entre os seus papeis:

---

os visite en Pontevedra para falar do asunto. A partir de aquí comeza unha serie de referencias que proceden do epistolario de Varela, do ano de 1851.

[485] *Ibíd.* Borrador ou copia de carta dirixida a Valenzuela. Buzaca, 20 de abril de 1851.

[486] *Ibíd.*

[487] *Ibíd*. Carta de don Antonio María Valenzuela, 21 de abril de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

«Mi muy querido primo: mil vezes te santiguarás despues de leída ésta. Pero ella és positiba, é yo su autor mismo.
(...) creo qe. el Sr. Governador de la provincia me presenta como candidato pª. (...) Prado. (...) és mas qe. probable fuese al Congreso Nacional, y saliese de mi rincon.
Partiendo de aquel supuesto, tambien me persuado qe. los Sres. Crespo, Valenzuela, Villar; y otro de la Golada y Dozón votarán, cesante novedad, mi nómbre. En este caso yá mi regia honrrilla me estimula á pedirte igual favor, asi como á tus particulares amigos, pues demasiado conóces que haciendolo aquellos señores, muy indigno devo sér yo á vista de todos, si me negáses tu afectuoso apóyo.
Solo la consideracion de que estubieses comprometido con nuestro primo Diego, me arredraría de pedirte este obsequio (...). Pero como contra los deséos del Govierno aquellos caballéros no le votarán, y como tampoco tu lo hiciste, ni tus amigos intimos en Diciembre ultimo, pienso que en nada lastimo los justos deséos que pueda tenér Diego, con mi pretension especial para ti.
Es muy posible tambien, que antes de la votacion, ó cámbie de persona el govierno de provª., ó la dignisima qe. le ocúpa se véa precisada pr. efectibo devér á apoyar otro candidato. (...) te avisaré oportunamente para que no pases el compromiso de separárte de tus Sres. Combecinos (...)
En este lenguáxe no creeras, Benito mio, que hablo por mi interés (...). Puedo jurárte que tu sosiego y dignidad, y el de tu apreciable familia, son objeto de mayor cariño para mi que todas las diputaciones de la provincia reunidas»[488]

Esta carta ao seu curmán aporta moita información pola proximidade existente entre ambos. Obsérvese por partes: 1) sabe que

[488] *Ibíd*. Borrador de carta de Lorenzo Varela dirixida ao seu curmán Benito. Buzaca, 20 de abril de 1850.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

é unha ousadía, pero é unha idea «*positiva*»; 2) conta con Crespo, Valenzuela, Villar e outros señores de Dozón e Agolada, só falta el, Espinosa; 3) agarda que non comprometese xa o seu voto; 4) a candidatura de Diego non é factíbel, xa que é contraria ao goberno, ademais de que non contou co apoio de Espinosa nas anteriores; 5) a candidatura de Varela non é firme, e pode caer co cambio de gobernador.

Malia o afecto que transmite Varela ao seu «compadre», «Benito mío», esta carta é interesada. Non escribe "lisonjas", mais amosa ter aspiracións en Prado con independencia do seu curmán. Ademais, remite esta carta a Valenzuela, confiando a terceiros o contido dunha carta que debería ser reservada. Valenzuela, co seu *«carácter franco»*[489], fai comentarios sobre a mesma:

> «Mi amigo: manifesté a Crespo que acaba de parar por aqui (...) la carta, y dijo que con respecto del, habia qe. omitir la clausula relatiba a que no votaria a Diego contra los deseos del Gobierno, (...) no tendra otro compromiso que contigo y el amº Villaverde, y no entregó ni entregará su voluntad y derecho a merced de ninguno. Por lo mismo pª. qe. haya la union mas intima pide suprimas la citada pte.(...)
> P.D. Yá ver qe. Crespo habla por si, ps. yó digo que por la palabra cuanto a ti soy como una Roca, y lo mismo pª. la persona del Sr. Villaverde si la necesidad lo exige, cuanto a lo mas tampoco estaré a la merced de Crespo, ni de otro porqe. haré lo qe. mejor me parezca, y si viene muy turbia la cosa me habstendria de botar, y trabajar, qe. ojala yá lo hiciera siempre asi»[490].

A carta precedente deixa en claro a posición de cada quen na candidatura de Varela. Valenzuela e Crespo están no negocio destas eleccións por fidelidade a Villaverde. Riestra exerce de mediador, e

[489] *Ibíd.* Así se describe Valenzuela na carta do 21 abril.
[490] *Ibíd*. Carta de Antonio María Valenzuela a Lorenzo Varela. «*Reserbada*». Sen data. Só consta día da semana, domingo, que pode ser o 27 de abril de 1851, xa que o día 21 aínda reclamaba a carta para Espinosa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Varela é o cebo ou reclamo para reestablecer a «unión más íntima» en Prado. Isto é, para que Espinosa retorne á facción. Quizais, unha contenda electoral coa clientela de Espinosa non é desexábel, despois de todo. Porén, tanto Valenzuela coma Crespo son orgullosos, e queren manter certo grao de autonomía con esa afirmación de non estar «a merced de ninguno». En canto Diego, ten o veto do goberno, mais Crespo aínda se resiste a recoñecer que non é o candidato de Prado por este motivo. Seica el non se deixa mandar, manexar. Así as cousas, suprimen esa parte da carta a Espinosa.

Mentres Espinosa recibía en Cascaxide a carta do seu curmán Lorenzo, á Buzaca chegaba unha carta de Madrid doutro curmán, Diego López- Ballesteros. Este último debeu sorprender a Varela pedíndolle que convencese a Espinosa para saír elixido por Prado. É dicir, Diego tamén se postulaba coma candidato. A praxe política desmente á historiografía que apunta que a solicitación do voto era social, sendo moralmente inaceptábel a propia candidatura[491]. Quizais foi un acto denigrante, mais Diego emprende en solitario a campaña polo seu escano, sen ningún apoio. Así e todo, hai que considerar que esta propia solicitación do voto é confidencial, nas redes máis estreitas de amigos políticos, sen que teña difusión na opinión pública[492]. Para obter votos precisa deses amigos que mobilizan clientelas nos partidos. Os notábeis que promoven unha candidatura entre o electorado. Con temor, Diego suplica non perder a súa posición política.

> «Querido Primo. Yá sabes la disolucion del Congreso de los Diputados y que se procede a nuevas elecciones. Deseo la mía en Lalin y he escrito pª ello á mis amigos en aquel distrito. He rogado á Benito que me vote y apoie con los suyos. Que hará? No lo sé.

[491] Sierra, Zurita, Peña, 2006: 27. "Reconocible y, consecuentemente, reconocido, pues semejante lógica consideró la campaña electoral o la postulación de la propia candidatura como algo no ya sólo innecesario, sino sobre todo indigno y que haría sospechar a los electores, con razón, de la mezquindad de los intereses del candidato". Tamén se ten observado a candidatura coma unha "emanation" social dos notábeis, e non por iniciativa do propio candidato, na Francia orleanista. Guionnet, 1997: 186- 189.

[492] Nas eleccións a Cortes de 1846 tamén se advertía que os deputados expresaban o seu desexo de ser elixidos aos amigos máis próximos. Eles eran os encargados de promover a candidatura, mais a instancias do candidato. *Vid*. "3.5.4. A nova lei electoral: distritos, electores, candidatos. Deputados de arraigo".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Busco pues tu intercesion para nuestro primo, a fin de que (...) le decidas por mi. Si ahora no necesitase ser Diputado no molestaria á nadie; pero considero la situación de honor y hasta de amor propio y sea el resultado el que quiera, hago los esfuerzos posibles por volver á mi puesto político. Creo que he procedido hasta ahora bien y que nadie podra decir que he sido un vendido, ni un empleado servil. Hice siempre todo lo que considere conveniente pero cuando llegaron ocasiones en que era necesario obrar con decision y sobre todo con propia conviccion no he titubeado jamas en esponer y perder mi situacion oficial.(...)
> Te pido pues que dirijas alguna suplica á Benito pª que me patrocine. Segun lo que sucede de ordinario bueno será que esta suplica la repitas alguna vez hasta el dia 8 Mayo.
> Tienes relaciones con Villar, el Diputado Provincial? Si las tienes, sean grandes ó pequeñas, escribele tambien (...)»[493]

Diego remataba a carta preguntándolle por Caldas. Anímao a presentarse polo seu propio distrito, sen imaxinar que Varela estaba albiscando un escano por Prado. Para Diego estas eleccións son unha cuestión de «honor». Salienta os seus principios, por riba de intereses económicos. Ademais, cando indica que non foi un «empleado servil», está a coincidir con Crespo e con Valenzuela na crítica daqueles que se dobregan ao padroádego ministerial. Isto suxire que en 1851 podía ter proliferado unha crítica daqueles clientes que axudaron a Sartorius a formar o seu "congreso de familia". As convicción*s* e o criterio propio semellan retornar á retórica moderada, mais sen chegar a falar de independencia, xa que son múltiples os compromisos. Diego remata a carta para Varela implorando con ansiedade: *«Dios no me dejes sin respuesta»*.

[493] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de don Diego López- Ballesteros ao seu curmán Lorenzo. Madrid, 11 de abril de 1851. Esta carta debeuna recibir Varela arredor do día 21, xa que o día 20 non comenta nada ao respecto nas súas cartas a Valenzuela e Varela. Tampouco na carta que recibe de Riestra o día 18 hai mención a Diego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A demora das comunicacións colocara a Varela nunha situación embarazosa. Acto seguido, intenta dar un paso atrás. Escribe ao secretario do Goberno Civil de Pontevedra comunicándolle a súa renuncia por lealdade ao seu curmán Diego. Tamén para Varela é unha cuestión de «honra», sen que *«ninguna consideración política»* poda cambiar a súa decisión.

> «quando ofreci al Ser. Governador mi adhesion a la candidatura de Prádo, que con tanto favor y generosidad se dignó anunciárme, no lo híze sin cumplir con el devér de sometérle observaciones que consideraba oportunas. Pero nunca pudo ocurríseme que mi primo; Diego L. Ballesteros intentase sériamente optar por el mismo districto, como en el dia me consta de un modo directo»[494].

Mais en Pontevedra nin o secretario Camuño nin Riestra queren aceptar esta renuncia da candidatura de Varela, pedíndolle discreción para que non chegue a oídos do Gobernador: «no hacer uso por ahora de lo que V. me indica»[495]. Dous días despois Riestra volve a escribir a Varela. Agora di atoparse «desazonado» polas «complicaciones» que se presentan, suxerindo que agarde a ver que sucede:

> «Respecto á nuestro asunto ¿qe. quiere V. qe. le diga? Mi deseo será qe. V. se hiciese el muerto como dice, al menos por ahora pues respecto á lo principal no creo se diese el caso qe V. presume porqe. tengo al corrte. á los amigos de la Corte de todo lo qe. pasa; como mi objeto es evitar mas complicaciones de las que hay, mañana que dejase de serlo su retirada se lo diría yo á V.
> No obstante si á V. le parece debe insistir en publicar su determinación en este caso creo sería mas

[494] *Ibíd*. Carta de don Lorenzo Varela a Francisco Javier Camuño, secretario do Goberno Civil de Pontevedra. Buzaca, 21 de abril de 1851. O subliñado aparece no orixinal.
[495] *Ibíd*. Carta de don Francisco Riestra. Pontevedra, 21 de abril de 1851. Hai un detalle sorprendente nesta serie epistolar, as datas. No mesmo día reciben e responden conformando unha campaña electoral por correspondencia. A intensidade das comunicacións vén condicionada polas eleccións, a realizarse o 10 de maio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> conveniente lo hiciese directamte. al Gobernr. sin perjuicio de avisarme de cualqª. determinacion de V.
> (...) no creo qe. hasta la fha. haya candidatura formal del Gobº. pero se espera de un día á otro y sabremos á que atenernos, por mi parte protesto á V. que no he estado jamas tan desazonado»[496].

De tal xeito, Riestra asegura o día 23 que non sabe quen é o candidato gobernamental. Mais hai alguén en Trasdeza que dispón de máis información. Ese mesmo día 23 escribe Espinosa a Varela unha carta na que relata varias experiencias dos últimos meses, que acrecentaran a súa hostilidade cara Crespo. Espinosa estaba ao tanto da candidatura de Varela, mais evita darlle máis alcance. Soamente marca distancias co negocio de Villaverde.

> «Sin degradarme sin renunciar a la buena voluntad de mis vecinos yo no puedo abandonarlos porque en mis disgustos no hay amparo como el de ellos e ya estan desasidos de Villaverde, Riestras, y otros pajaros. Lo que no haga para ti no lo hago para nadie en este mundo, y espero que con el corazon en la mano me digas si obro bien, o mal.
> Por lo demas supe la tramoya que querian jugar contigo que si quisieras ser diputado por Lalin lo serias para aplauso general pero sentiria que caises en la red de esos infames. Lalin te quiere y no necesitas de ellos para nada»[497].

Espinosa e os seus non teñen vontade de arranxar a división no distrito. A afronta fora tan severa que rexeitan volver á *«red de esos infames»*. Por outra banda, Espinosa ten o seu propio candidato e, amargándolle o negocio a Varela, revela que Crespo e Valenzuela estaban a traballar por Diego no distrito:

---

[496] *Ibíd*. Carta de don Francisco Riestra. Pontevedra, 23 de abril de 1851. Tamén comenta que chegara a Pontevedra a orde do traslado de Camuño a Oviedo: *«ya supondrá V. nos ha disgustado bastante»*. O novo secretario, Zabala, é un descoñecido para eles.

[497] *Ibíd*. Carta de Benito Espinosa Varela ao seu curmán Lorenzo. Cascaxide, 23 de abril de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «Llega este tercer periodo y Crespo, Balenzuela, Gonz Ramos y otros empiezan a trabajar para Diego que por primera vez me escribe; pero la reacción obrara ya en el partido, y sin hacer yo la menor diligencia veo el terreno mas propicio de lo que pensaba; el mismo Pardo pide perdon y se presenta candidato sin embargo de ser antes mi opositor; pero me escribe el Marques de Santa Cruz para su hijo D. Pedro y los principales electores se me reunen (…) sobre el poder de Billagegedo y se deciden por el en la esperanza de que nos saque a Crespo de Lalin, y de Pontevedra al Gefe y secretaria con otros que tantos daños tienen causado a la provincia Y en este estado esta la cosa. (…)»[498].

O candidato de Espinosa é o fillo do marqués de Santa Cruz de Rivadulla, o mesmo que lle escribira en decembro de 1839 para recomendar a candidatura do seu amigo don Francisco Tames Hevia[499]. Nestas eleccións pide ao de Cascaxide un escano para o seu fillo Pedro[500]. Os Armada estaban emparentados cos Mon, e con importantes liñaxes asturianas[501]. Con todo, Diego López- Ballesteros

[498] *Ibíd*. Espinosa remata a carta comentando que no «*correo de aier llego la deposición de Joaquin y veremos si viene la del de Pontevedra*». Espinosa xa ten censurado nesta mesma carta a conduta do gobernador Méndez. Desexa un cambio en Pontevedra. Joaquín pode ser o primo López Vázquez, gobernador de Murcia en 1850, mais noutra carta dese ano falaba de que Joaquín estaba en Santiago, sen poder precisar se estaba de visita, exercía alí algún cargo, ou ben se se trata doutro Joaquín. Hai constancia de que o secretario na Coruña era don José Joaquin Barreiro. *Guía de forasteros en Madrid*, 1850.

[499] *Vid*. "3.4.3. O *affaire* Fontán escrito polos seus protagonistas".

[500] Os seus irmáns, Álvaro e Juan Armada Valdés, foron deputados por Santiago de Compostela, mais a carreira política de Pedro non prosperou. En canto aos títulos dos Armada, Álvaro herdaría o marquesado de Santa Cruz de Rivadulla, o de San Esteban do Mar de Natahoyo e o condado de Revillagigedo, vía consorte. Juan usaría o título de marqués de Figueroa, pola súa esposa, dona Ramona Losada y Miranda, irmá do conde de Maceda. Álvaro, o primoxénito, ante a acumulación de títulos, cedeu o condado de Canalejas a Pedro, sendo XII conde.

[501] En febreiro de 1851 gañou as segundas eleccións no distrito de Oviedo, ao que renunciara Alejandro Mon. Ocupou o escano un mes, até a disolución das Cortes. Por outra banda, unha irmá de Pedro, Felisa, contraeu matrimonio con Francisco Valdés Mon, barón de Covadonga, de rancio avoengo asturiano. As conexións de Pedro Armada cos Mon quedan patentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

desprezaba a influencia de Armada nunha carta do mes de maio, cando é consciente de que ten perdida a elección.

> «No hay nada firme ni duradero: lo que se llama influencia en aquella y otras tierras no es la influencia que debe tenerse y conquistarse. Me río de las cuentas galanas de Cascajiz y de la confianza que tienen en el poder de D. Pedro Armada Valdes para hacer y conserbar lo que haya. Aunque llegase á hacer algo, que lo dudo, cabe en tu buen juicio que acertara, aun ayudado por su familia, á consolidar sus adelantos? Ya veremos: tales gentes no temen ni respetan lo que tu temes y respetas. Esperan otra cosa ahora imposible y no cuentan para nada con los dias y con la exigencia activa. No parece sino que la familia asturiana ha de prebalecer. Con que titulos? Los que puede invocar están por el suelo y sus bastagos é individuos no tienen medios para recogerlos. Cada vez se empolbaran mas y mas»[502]

Entre o 20 e o 23 de abril, Varela soubo que a súa candidatura fora dobremente desbaratada. Dous importantes rivais viñan a facerlle sombra. Talvez o máis grave do seu "negocio" fora descubrir que os amigos Crespo e Valenzuela facían campaña por Diego. Un rumor semellante chega á Buzaca por outra vía: Valenzuela comprometíase con Diego se este conseguía o favor de Espinosa. En definitiva, a intención de Valenzuela era arranxarse co grupo de Espinosa, formado maioritariamente polos grandes propietarios de Trasdeza cos que compartía veciñanza e parentesco, sendo secundario o candidato, xa fora Varela ou Diego.

> «La gente parece que se prepara pª luchar en los mas de los distritos electorales. Basadre y D. Nicolas (...) se valen de todos los recursos por si consiguen sacar al S. D. Ballestrs. por el distrito de Lalin. Ayer me

[502] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 59)*, 34.371/2. Carta de Diego López- Ballesteros. Madrid, 2 de maio de 1851. Anticípase este extracto ao relato cronolóxico da correspondencia porque as cartas de Diego son moi extensas e poden ser máis apreciábeis con referencia aos asuntos que trata.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> hablaron con gran interes para qe te escribieses y lo hiciese tu á Espinosa, para qe. no se comprometiese y reuniese a su favor toda la votacion qe. le fuese posible. Que Balenzª. se dejaria decir qe. el atraeria su partido si tambien lo hacia Espinosa»[503]

Os señores de Trasdeza constituían un poderoso grupo que sobresaía pola súa unidade de acción política, polo seu consenso. Tiñan da súa man a elección da sección de Chapa, e influían noutros municipios do partido xudicial. Hai que insistir que os vencellos con outros propietarios da comarca (Lalín, Carbia, Dozón, Rodeiro, Agolada) estaban estruturados polo parentesco e a dispersión dos antigos dominios en numerosas parroquias. Diego López- Ballesteros vai tentar atraerse a un destes notábeis locais, don Ramón Villar, deputado provincial polo distrito. Á volta de correo, Diego vai formarse outra opinión do sucedido no distrito de Prado.

> «Como el tiempo apuraba y no recibia respuesta tuia me dirigi directamente al Sr. D. Ramon Villar, (...) Creo que en efecto se ha desconsiderado á Benito Espinosa y que su persona, respetable por mas de un titulo; no ha debido ser tratada como lo ha sido y lo es aun en el dia. Me hago un deber y honor de pensar asi y ojala esté algun dia en mi mano remediar falta tan grabe por otros cometida. El 20 escribió a Pontevedra que ni él ni su hijo tomarian parte en la eleccion por motibos de todos conocidos pero el 22 me dicen amigos mios de Pontevedra que se acababa de saber alli qe al fin se decidió á votarme. Se lo agradeceré mucho aunque este hecho, si se verifica, resultado de cuestiones transigidas, produzca el desagrado de persona poderosa en influencia electoral y quizá malas consecuencia para mi en el dia de hoy.
> En la ocasion presente no conviene citar nombres propios. Te diré sin embargo que voi á conocer el

[503] *Ibíd*. Carta de José Parga Chaves, marido de Socorro, irmá de Lorenzo. Santiago, 22 de abril de 1851. Na carta o cuñado pregunta se Lorenzo vai ser candidato por algún distrito. Na posdata comenta os novos nomeamentos nos gobernos civís. O tudense Hermida tomou posesión coma gobernador na provincia da Coruña, logo de ter estado en Oviedo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> valor de ciertas personas á quienes tengo derecho de pedir apoio»

No conflito con Crespo, Espinosa foi menosprezado, sendo o anterior deputado do distrito. Coma primo e amigo político, Diego sabe que algún día terá que pedir desculpas polas argucias de Crespo para humillalo. Agora ben, Espinosa anuncia o 22 en Pontevedra que vai votar ao seu primo Diego, mais escribe a Varela o 23 asegurando estar comprometido co fillo de Armada. Por outra banda, Diego advirte que unha *«persona poderosa en influencia electoral»* pode anoxarse polo apoio de Espinosa. Non quere dar *«nombres propios»*, unha tónica bastante habitual na correspondencia electoral, mais esa persoa é, a todas luces, Crespo. O que Diego en Madrid non sabe é que Crespo buscou con Valenzuela un achegamento ou tregua con Espinosa pola *«unión más íntima»* do distrito[504]. A candidatura de Armada debeu facerse oficial arredor do día 26, cando o secretario provincial de Pontevedra escribe a Varela:

> «Tamb. creo que sabe V. que há sido recomendado por el distrito de Prado el Sr. Armada. El Sr. Gobernador dijo al Gobº. las probabilidades y compromisos qe. habian a favor de V., mas hoy qe. sabemos qe. V. deseaba con vivo interés no figurar en la lid, quizá se hable á los influyentes en otro sentido que hasta el día, y si hay derrota, culpa será de los que no se dirigieron por las inspiracions. del Sr. Gobernador que al indicar á V. há mirado por el Gobº. y por otras altas consideracions.»[505]

[504] *Ibíd*. Carta de Antonio María Valenzuela a Lorenzo Varela. «Reserbada». Sen data. Só consta «domingo», que pode ser o 20 ou 27 de abril.

[505] *Ibíd*. Carta de Francisco Javier Camuño, secretario do Goberno Civil. Pontevedra, 26 de abril de 1851. Camuño mantiña un trato con Varela moi cordial e afectuoso. Promételle *«deferencia y amistad»* alí onde vaia. Marcha ao seu novo destino en Oviedo, de onde é natural. Camuño confía a Varela as súas tribulacións: *«Marcho tambien con el sentimtº de qe. voy á lidiar con gravisimos compromisos en mi Provª y señaladamte. en mi distrito en donde puedo algo pr. desgracia. Estos compromisos quizá me obligasen á no acetar el destino (…) Hecharé mis calculos sobre el terreno, y si me animo á tomar posesión, será pª secundar al Gobº. con la lealtad que debe distinguir a todo empleado»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Esta carta do secretario sinala ao Gobernador Méndez coma principal valedor da candidatura de Varela. El tentaría convencer ao Ministerio para que non contemplasen outro candidato, sen éxito. De tal xeito, Varela fora unha proposta persoal do Gobernador, o secretario e Riestra, sen implicación de Madrid. Nin de Gobernación, nin de Villaverde. Diego nas súas cartas así o afirmaba:

> «Aqui conviene asegurarte que de Madrid no salió la idea de tu candidatura por Prado y que aquella nació sin duda en Pontevedra con obgeto de hacer bien á la provincia y á mi todo el honor posible, combatido como estoi por el Gobierno. Ve. [Villaverde] é yo conocimos tal pensamiento hace 8 ó 9 dias, bastante despues de mi carta del 11. Te aseguro que si noticia hubiese tenido de los proiectos en Pontevedra ni una letra te habria escrito»[506].
> «Aleja pues de ti la idea de farsa ó de papel de farsa. Tan es esto cierto que segun informes mios el Gobernador siente de veras que el Gobierno reemplazase tu nombre con el de Armada y aun se atreve á temer por el resultado de la eleccion»[507]

Esta aposta persoal de Riestra, Méndez e Camuño non prosperou, así que esquecen o asunto Varela e se concentran nas influencias que veñen de Madrid. Así as cousas, Méndez asume a Armada coma candidato e Camuño diríxese a outro destino. O baile de traslados nos gobernos civís ten pendentes dun fío aos titulares[508]. Méndez mesmo será removido de Pontevedra tres meses despois, en xullo de 1851. Mentres tanto, Riestra está contrariado:

> «Efectivamente ha venido recomendado muy particularmte. D. Pedro Armada para candidato en

[506] *Ibíd*. Carta de Diego López- Ballesteros ao seu curmán Lorenzo Varela. Madrid, 27 de abril de 1851.
[507] *Ibíd*. Madrid, 1 de maio de 1851.
[508] Xa se comentou o traslado de Bartolomé Hermida do goberno de Oviedo ao da Coruña. Cómpre engadir que José Valladares perdera o goberno de Ourense en 1850, mentres que Reguera seguía en Segovia en 1851, Joaquín López Vázquez estaba en Murcia e Joaquín del Rey en Alicante. *Guía de forasteros en Madrid*, 1850, 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> Lalin cuya complicacion puede V. calcular cuanto disgusto nos causa, mi conducta en este asunto es espectante; por una parte mis simpatías hacia el Sr. D. Diego y por otra mis afecciones de gratitud y amistad y hasta deberes para con el Gobernr. qe hace la cuestión suya personal es cosa qe. me tiene sumamente disgustado; hiremos viendo las cosas».[509]

Despois deste caudal epistolar do mes de abril, no arquivo da Buzaca só se conservan tres cartas do mes de maio, nos días previos ás eleccións do día 10. Son as tres cartas de Diego, sen que existan noticias de Riestra, Crespo ou Espinosa. No arquivo dos Espinosa non hai unha soa referencia á polémica das candidaturas nestas eleccións[510]. As cartas de Diego son froito da ansiedade que sente polas inminentes eleccións, confiando ao seu curmán Lorenzo as súas impresións persoais. Mais tamén teñen unha utilidade para este candidato, xa que mantén unha presión a distancia sobre Lorenzo para que mova a súa candidatura: *«Te doi gracias repetidas por el interes qe has tomado por mi: me sirve de satisfacción tu ayuda en los momentos actuales»*[511]. Dado que son cartas extensas e densas en contidos, reprodúcense a continuación algúns extractos de xeito analítico, segundo os temas que aborda o seu autor. Así, poden distinguirse catro grandes cuestións: 1) a relación co seu curmán Espinosa; 2) amigos e inimigos políticos; 3) o escano parlamentario, 4) principios políticos.

En primeiro lugar, a relación con Espinosa está moi deteriorada. Ten reproches para o seu curmán, do que pensa que se equivoca na súa preferencia por Armada. É un erro de cálculo de Espinosa, que talvez non sume os votos que conta. Co tempo, Diego axustará contas.

---

[509] *Ibíd*. Carta de Francisco Riestra. Pontevedra, 27 de abril de 1851.

[510] Consérvanse algunhas cartas das eleccións de 1850, non todas as que debeu recibir Espinosa, mais de 1851 non hai ningunha. Este fondo documental foi trasladado en varias ocasións, e gardado irregularmente, sen poder determinar se boa parte da correspondencia foi eliminada, extraviada, ou ben permanece esquecida e oculta nalgures.

[511] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de Diego López- Ballesteros. Madrid, 2 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> «(...) siento que este mi buen primo desaprobeche las ocasiones de reponer su situacion anterior. Se ha alegrado antes de tiempo y calculado sin acierto. (...) Quedo sin embargo contento con haber dado pasos acercandome á él y deploro su falta de ausilio en momentos criticos»[512].
>
> «De esto no me quejo porque cada uno es dueño de sus acciones y porque en momentos supremos depende la decision de los hombres de cosas incidentales. Pasados los momentos y vistos los resultados principales y personales entonces es cuando se aprecia y juzga á los que se llaman influientes, a los que dirigen la opinion. Me parece que nuestro primo esta combulso y temo que haya mal juzgado los hechos. (...) Veremos, el tiempo todo lo aclara. Insisto en pensar que ha equivocado el camino. Hasta temo que hoy no vote porque no se realizó lo que pensaba ó deseaba sucediese»[513].

En segundo termo, Diego ten palabras sobre aqueles que se din amigos, e aqueles outros que teñen obstaculizado a súa carreira política. É reticente a citar nomes, mais algún aparece. Con Villaverde ten clara sintonía en Madrid. Resulta curioso que Diego tivese a oposición do goberno, mentres Villaverde é tolerado coma candidato. Isto pode deberse ás relacións que mantivo Diego con Bravo Murillo coma ministro de Facenda, que deberon ser conflitivas, dado que Diego foi cesado da Dirección de Contribucións Indirectas[514]. Este veto de Bravo Murillo translúcese no eido provincial na actitude do gobernador Méndez, que seica impedira a elección de Diego polo

[512] *Ibíd*. Madrid, 1 de maio de 1851.
[513] *Ibíd*. Madrid, 10 de maio de 1851.
[514] Durante a súa presidencia, Bravo Murillo conservou para si a carteira de Facenda. Reorganizou a administración desta Secretaría de Estado, que pasou a denominarse "ministerio", fornecendo a súa autoridade sobre os directores xerais. Diego López- Ballesteros ocupaba a Dirección Xeral de Contribucións Directas en 1850. O seu irmán Romualdo era un dos xefes de sección de Aduanas. Seu curmán Ramón, ministro togado do Tribunal Maior de contas, mentres que Vázquez Queipo era "honorario" do mesmo tribunal. Non figura don Alejandro de Castro, mais pode anticiparse que en 1853 será director de Rendas Estancadas. Non obstante, en 1852 non aparece Diego López- Ballesteros no seu cargo. Tivo que ser cesado en 1851. *Guía de forasteros en Madrid*, 1851: 337- 340; 1852: 414.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

distrito de Pontevedra en 1850. Entre os amigos que indicara Espinosa (Crespo, Varela), semella que «el que vale» é Crespo, xa que ten maior clientela electoral que Valenzuela. Hai que puntualizar que Valenzuela era veciño de Chapa, onde impera o ascendente de Espinosa, mentres que Crespo acumulou fidelidades e compromisos en Lalín, polos seus cargos de alcalde, fiscal e xuíz. Así se expresaba Diego:

> «Los amigos que cita alguno de ellos no dió ni dá paso por mi, ni siquiera me vota, según cartas: el menos de ellos en importancia es verdad que se mueve y el otro que es el que vale aguardo á saber lo que ha hecho. Si ese estubiese decidido por mi el resultado lo tendria por seguro. No creo en la oposición del distrito: que no me la hiciese el Gobierno y veriamos á donde ivan á parar la de los particulares á que mi primo alude. (...) Aun queria Espinosa un Gobernador que me hiciese mas daño que Mendez! Si creerá que me protege ó que me tolera?»[515]
>
> «Por mi que quiten á D. Juan de los Santos Mendez. Me alegraré y sobre todo que le reemplazase nuestro pariente Reguera. Yá sabes cuanto me perjudicó aquel en la eleccion de Pontevedra: tambien me perjudica hoy en Lalin. Peor que estoi no puedo estar. La fortuna que todo lo existente ha de durar poco y que los calculos á un pequeño soplo se viene a tierra»[516]

Terceiro, Diego insiste repetidas veces no valor que ten para el o escano parlamentario. Noutras cartas falaba de «honor» e de «amor propio». Coas eleccións ás portas, Diego describe a súa situación de «*desidencia*» política, que deixou de ter importancia. Por outra banda, insiste en presentarse coma un político independente de compromisos con patróns e electores, cando alude ao distrito de Cambados. Certamente, Cambados non era seu porque algúns títulos dominaban a

[515] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 1859)*, 34.371/2. Carta de Diego López- Ballesteros. Madrid, 10 de maio de 1851.
[516] *Ibíd*. Madrid, 2 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comarca, nomeadamente os señores de Rubiáns, que andaban polo apelido Ozores[517].

> «Me dices porque no me fijé en Cambados y la contestacion es facil si tu comprendes y conoces las influencias de aquel distrito. Las tengo yo bien apreciadas y dudo mucho que te formases juicio favorable si las examinases con detencion y esactitud. En Cambados los electores de la capital y los del otro lado del rio temen la traslacion del Juzgado y sueñan con Villagarcia: ademas O., no sé si comprendes este apellido, que es allí el todo, quiere una cosa que yo no debo apoiar y en estos momentos aspiraria á un compromiso formal mio. Quiero ser Diputado pero no con condiciones que me rebajen. Tambien resisti siempre la candidatura de Cambados porque las elecciones hacen divisiones y enemistades y quiero vivir en paz con los vecinos. A la Golpelleyra hé de ir con frecuencia y me seria sensible dejar de saludar y de visitar á las personas que hoy me honran con su amistad, con su atencion y con su compañía que aprecio y agradezco en alto grado»[518]
>
> «No sé si te he dicho antes que no busco interes personal de colocacion;(…) Mi colocacion la perdí por voluntad: preferi dejarla á otros altos deberes. Si hoy quisiese aquella la tendria de nuevo, no solicitada sino propuesta con efusion y gusto. Sea ó no Diputado ya llegara momento oportuno de tomar lo que convenga. Pero no sería lastima yá que me encontré en desidencia que los Ministros llaman politica dejar de tomar y tener importancia y valer politico en la nueva faz que se presenta? Como Diputado, no empleado, algo haria»[519].

[517] O senador don Juan Ozores y Balderrama herdou en 1849 o título do seu pai, don José Ramón Ozores, que faleceu en Santiago, onde vivía, quen herdara do seu tío don Miguel Gayoso y Mendoza. Presedo Garazo, 1995: 71- 73.
[518] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Madrid, 1 de maio de 1851.
[519] *Ibíd*. Madrid, 2 de maio de 1851.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por último, Diego sorprende nestas cartas con certas reflexións políticas. Entre divagador e activista, vai deixando ir a pluma nun bosquexo dos seus principios políticos. Así como en Lorenzo Varela non se apreciaba un discurso ideolóxico elaborado, mais si fortes convicións liberais, nas verbas de Diego poden advertirse ideais, mais marcando distancias coa idea de igualdade. É profundamente elitista, ao tempo que os intereses materiais da sociedade están por riba de cuestións filosóficas. Talvez Varela insinuo nunha carta algunha boa relación cos demócratas, porque Diego denigra aos que «*igualan*» para dominar mañá.

> «Considero lamentable tu resolucion de no volver á pensar en Diputacion. Si todos hiciesen los mismo buenas cosas llegariamos á ver. El que no crea en ciertas teorias debe tomar el partido que tu tomas, pero el que considere que hay que influir en el mundo, en las cosas que pasan en la vida y dirigir y contener los pensamientos y las tendencias de nuestros dias no tiene remedio, no puede prescindir de tomar parte en la marcha del pays y hacer lo que considere mas conveniente á la conservacion de la sociedad y de sus intereses. El aristocrata y el democrata que no contribuie con su cabeza, con su persona y sus medios á la obra indicada ó á la modificacion regular de las cosas existentes, comete gran falta, grabe error; y gracias que haciendo cotidianos esfuerzos llegue á conseguirse con trabajo general no ver desbordado y hecho un caos el mundo material, que no es por cierto gran cosa. Eso que tu percibes hacia tu persona no es consideracion, no es aprecio, es sí un signo malo, es la igualdad con que te miran los que hoy no tienen derecho, inteligencia ni medios para influir, para dirigir la marcha politica, religiosa y economica de la Nacion. Que te conculquen determinados principios y qe. la existencia actual deribe ó cambie algo y veran como desaparece esa consideracion, ese aprecio que indicas y que pronto los que hoy te igualan pasarán mañana á dominarte sin mostrar la abnegacion la paciencia que tu muestras hoy. No sé á donde ha ido

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> la pluma, pero he querido decirte algo fuerte para llamarte al orden y decidirte á que pienses y á que tomes puesto y arma en la contienda que todos con asombro presenciamos. Cuenta que no valen las equibocaciones y que las faltas se remedian dificilmente. En los primeros elementos de organización está todo y el modo de conocer y apreciar la opinion de la gente que trabaja y quiere trabajar pª vivir con moralidad y sosiego es el punto de dificultad. Con los socialistas y con el sufragio universal me asustas hasta el punto de haberme llebado á estender observaciones que no debian figurar en una carta poco seria, como es esta que te escribo. Aquí hago punto esperando que tomes aliento: no hay que agacharse»[520]

Sen «*agacharse*», nin desaparecendo, nin mesturándose co populacho, Diego vai presentar batalla pola súa política de *«conservación de la sociedad»*. Pasadas ás eleccións, no mes de xullo pensa viaxar á Golpelleira, cando promete facer balance. Antes, tiña que rematar o «*barullo*» das eleccións[521]. Os deputados elixidos nos distritos da provincia foron[522]:

Cadro XIV. Resultados eleccións a Cortes de 1851.

DISTRITO	TOTAL ELECTORES	DEPUTADO ELECTO	Nº VOTOS	SEGUNDO CANDIDATO	Nº VOTOS
Pontevedra	198	Joaquín López Vázquez	84	Pascual Méndez (A)	78
Caldas	152	Alejandro de Castro (R)	126	--	--
Consolación	209	Joaquín Ozores Valderrama	98	Francisco Tames Hevia (A)	59

[520] *Ibíd*. Madrid, 1 de maio de 1851.
[521] *Ibíd*. Madrid, 10 de maio de 1851. No remate da carta: «Yá estoi cansado de eleccnes: me alegro salir de tanto barullo».
[522] Consígnase co "R" o deputado que repite no escano, mentres que "A" significa deputado na anterior lexislatura.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Cañiza	150	Lorenzo Cuenca (R)	90	--	
Cambados	203	José Buceta Ramírez(R)	74	Ramón Fco. Riveiro	47
Prado	150	Pedro Armada Valdés	75	Diego López-Ballesteros (A)	56
Pontecaldelas	158	Pedro Mª Fdez. Villaverde (R)	103	--	--
Ponteareas	257	José Urrutia Caballero	158	--	--
Tui	158	Ramón López Vázquez(R)	98	--	--
Vigo	157	Senén Buenaga	112	--	--

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes electorais da ADPO[523].

Na táboa pode apreciarse que houbo distritos disputados, mentres noutros houbo un único candidato. Algúns candidatos repiten no mesmo distrito, ofrecendo unha imaxe de aparente tranquilidade: Fernández Villaverde, Ramón López Vázquez, Buceta Ramírez e Alejandro de Castro. De todos eles só Buceta en Cambados tivo rival político, xa que estaba na "oposición" ao goberno. Non así Villaverde, que é asimilado ás candidaturas gobernamentais[524]. Lorenzo Cuenca retorna ao escano por Ponteareas, despois da breve representación dun candidato de Sartorius en 1850. Os segundos candidatos nos distritos con pugna electoral obtiveron resultados significativos. A maior competencia rexistrouse en Pontevedra, con tan só 6 votos de diferenza, mentres que houbo 19 en Prado. Tres deses segundos candidatos foran con anterioridade deputados polo distrito da elección.

[523] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1851)*, caixa 244/24.

[524] ADPO, fondo pazo da Buzaca, Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 1859), 34.371/2. Carta de Francisco Riestra. Pontevedra, 27 de abril de 1851. *«El Sr. D. Pedro me encarga dé á V. las gracias por su interes en su eleccion qe. por ahora no corre riesgo»*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De entrada, o expediente electoral de Prado é confuso[525]. A acta de Prado outorgaba a vitoria a don Pedro Armada Valdés, obtendo a totalidade dos votos emitidos. Este dato era sospeitoso. Había listas de electores nas que figuraba Ballesteros coma segundo candidato en votos, polo tanto, non foi un resultado unánime como recollía a acta. Malia o trunfo de Armada, as Cortes proclamarían a López-Ballesteros deputado[526]. Non foron os electores, nin o goberno, foi o Congreso quen o nomeou. Aducían ilegalidades do tenente de alcalde de Lalín. Explorando máis a fondo os expedientes electorais, poden distinguirse dúas actas, dúas mesas, dúas eleccións.

As eleccións tiveron lugar os días 10 e 11 de maio, convocando a un total de 150 electores. A mesa electoral estaba composta por: Ramón Pampín, presidente; Ramón Somoza, secretario; Lorenzo Bueno, secretario; Gregorio Martínez, secretario; Juan Martínez, secretario. O presidente da mesa é Pampín, tenente de alcalde de Lalín, porque o alcalde Crespo está a exercer de xuíz interino, sendo incompatíbel ocupar a máxima autoridade xudicial e electoral ao mesmo tempo. A formación da mesa non estivo exenta de conflicto. Dous dos secretarios escrutadores, José González Ramos e Blanco, e o primeiro tenente de alcalde de Lalín, don Bernardo González, abandonaron o colexio electoral despois de ser nomeados.

A acta de Pampín (Lalín) e os señores de Trasdeza (Martínez, Bueno) e Carbia (Somoza) recolle que votaron Espinosa, Valenzuela, Novoa (Dozón), Juan Ramón Ulloa, e José María Crespo, entre outros moitos. Eran os 75 votos de Armada, máis da maioría, xa que do total de electores había que descontar os falecidos e dementes. Nin na acta, nin no expediente se perciben irregularidades, tan só o incidente con tres membros da mesa que rexeitaron integrarse na mesma.

Non obstante, outro expediente destas eleccións en Prado descubre *«ilegalidades cometidas en la elecc^{o}n»*[527]. Nos meses de

[525] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Resultado dos días de elección do distrito de Prado (1851)*, caixa 244/19.

[526] Sesión do 9 de xullo de 1851, data na que xurou o cargo. A apertura de Cortes tivera lugar o 1º de xuño. ACD, serie documentación electoral: 32, nº 1; http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

[527] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Irregularidades no distrito electoral de Prado (1851)*, caixa 244/25.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

maio e xuño sucédense os informes, declaracións e oficios. Un grupo de electores, encabezado por González Ramos e Bernardo González, sementou a polémica pola constitución das mesas. Argumentaban que a mesa electoral non fora constituída legalmente, xa que había máis votos que electores presentes, polo que Bernardo González , 1º tenente de alcalde de Lalín, forma outra mesa na que os votos van favorecer a Diego López- Ballesteros.

Inician unha investigación en Pontevedra que van encomendar a Sabino Besada, oficial da Secretaría do Goberno Político de Pontevedra. Este escribe no seu informe:

> «advirtiendo los partidarios del candidato dn. Diego Lopez Ballesteros qe. era notable la mayoria qe. tomaba parte en favor de dn. Pedro Armada decidieron al primer tente de Alcle. á que reclamase del segdº. la presidencia de la mesa, y como fueron inutiles sus gestiones en este sentido, parece que se propuesieron y aun lograron arrastrar á aquel y dos de los Srios. Escrutadores á trasladarse á distinto local y constituir á deshora una nueva mesa electoral (...)»

A declaración de Pampín é que a votación da mesa foi exacta en votos e electores, sen que ninguén introducise votos de máis. Ademais, sostén que asumiu a presidencia por incompatibilidade de Crespo, e «insuficiencia» e «incapacidad» do primeiro tenente de alcalde, Bernardo González[528]. Dende o Goberno Colítico describen estes feitos como *«extraño suceso»*. O propio Gobernador nomeara presidente da mesa a Pampín o día 9 de maio de 1851, invalidando a designación de Bernardo González, do día 6, mais este aférrase á carta que recibiu. En Pontevedra non conceden credibilidade a González, e aceptan a acta de Pampín.

[528] Espinosa e Villar escribiran a Pontevedra uns *«respetables informes»* sobre González: *«considerado inepto (...) en razon a su inutilidad, ignorancia y completa nulidad»*. En Pontevedra deciden anular o seu nomeamento e confiar en Pampín, que si podía facer valer a lei electoral. Nisto pode observarse o entendemento destes señores co gobernador Méndez para favorecer a candidatura gobernamental de Armada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre os testemuños que completan o expediente, cómpre salientar o relato do primeiro día de elección do exdeputado provincial don Pedro Mª Pardo:

> «el primer teniente Alcalde, reclamando la presidencia de la mesa y causando con ello un medio alvoroto, mas convencidos que Pampin estaba en su lugar y que no se les cedia el puesto, se reitraron los directores y encerrado en una casa, con pretesto engañoso, algunos Electores del Sr. Armada para que hoy no pudiesen votar, dieron aviso a los dos Escrutadores de su partido para que se marchasen (...) y en este momento que son las dos y media se nos noticia estan entrando en una cocina vodegon que hay debajo del local designado para la Eleccion y que estan constituyendo una mesa para celebrar en ella otra Eleccion, sin duda para inscribir los que voten y no voten afin de acreditar tienen una influencia que no existe. Los Alcaldes de Camba, Dozon y Secretario Vales estan con los consavidos de este Aymº. metidos en el vodegon en donde en este mismo acto se me avisa arrestaron un criado del Sr. Espinosa que hiba á buscar vino»[529].

A maioría numérica estaba con Armada. Ademais, moitas notabilidades do distrito tamén o apoiaban. Mais tamén houbo personalidades locais que aseguraban ter votado por Ballesteros. Que fixera Crespo? Votou na mesa de Pampín, mais tamén votou na do seu protexido González? A declaración do deputado provincial, don Ramón Villar, engade máis información:

> «pr. parte de dn. Jose Crespo se han puesto en juego cuantos medios de coaccion estaban á su alcance aprovechando de la influencia qe. al efecto le daba su posicion de Alcle. y juez intº. del partido, pues era el que oculto en la casa titulada de la Francesa hacia

[529] *Ibíd*. Carta de don Pedro María Pardo. Prado, 10 de maio de 1851. Pardo era cuñado de Ulloa Pimentel. Nestas eleccións reconciliouse con Espinosa, apoiando tamén o candidato gobernamental.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> detener á los electors. que se dirigian a votar á la mesa legal como sucedio entre otros con dn. Manl. Matias Losada, qe. solo á su valor debio el poder salir de una cuadra donde lo encerraron»[530]

O deputado Villar acusaba ao alcalde Crespo de estar detrás de este conflito. El promoveu a candidatura de Ballesteros, e a formación dunha mesa alternativa, con González á cabeza. Ao mesmo tempo que se realizan estas investigacións, no xulgado de Lalín practican as primeiras dilixencias sobre as ilegalidades na mesa de Pampín. Este feito é comunicado por Villar a Pontevedra, xa que non era competencia do xuíz[531]. Outro oficial do Goberno de Pontevedra, Arriaga, redacta o informe que recolle a información do deputado Villar e do comisionado Besada: *«la conducta del Alcle. don Jose Crespo qe. no solo no le ha prestado los ausilios debidos, sino qe. pr el contrario ha procurado entorpecerle, viendose hta en el caso de tener el Sr. Besada qe. recurrir á las amenazas pª traerlo á declarar»*[532].

Con estes antecedentes, suxire que sexan anuladas as dúas actas, reunindo máis declaracións do sucedido. O que Arriaga dá por probado é que a outra mesa foi organizada ao ver que quedaban en minoría. Acto seguido, remite Crespo un documento de González Ramos, veciño de Cello, no que inclúe varias declaracións de electores locais, algúns tan importantes coma Miguel Feijóo de Bendoiro, sobre as irregularidades na mesa de Pampín[533]. Por exemplo, Feijóo alegou «indisposiciones», non indo a votar, mais o seu nome figura entre os votantes. Outros electores aseguraban ter votado por Ballesteros, e outros na mesa do tenente de alcalde Bernardo González.

A anulación da elección de Armada, que fora aprobada en Pontevedra, polo goberno, podería ter forzado unhas segundas eleccións parciais, como acontecera en 1850. Mais os parlamentarios

---

[530] *Ibíd.* A casa da Francesa estaba situada na parroquia de Prado (Lalín).

[531] *Ibíd*. Carta de Ramón Villar. Merza, 25 de maio de 1851. Censura a actuación de Crespo que *«con el lleno de las dos autoridades que entonces desempeñaba: Se propasase á formar un espediente de inquisicion, ó pesquisa prohibida por las leyes»*.

[532] *Ibíd*. Informe do oficial Arriaga.

[533] Presenta un documento notarial con data 17 de maio de 1851, rubricado polo escribán don Francisco Javier Araujo, co recurso presentado por González Ramos ante a alcaldía de Lalín.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

proclaman ao segundo candidato, López- Ballesteros, pola "ilegalidades" de Pampín, cando a fraude empanaba todo o proceso. Nese verán debeu ter lugar un encontro familiar que limase asperezas entre Espinosa e Diego, xa que en 1853 vai a apoiar ao seu curmán coma candidato por Prado.

O caso de Prado non foi excepcional. As coaccións e medios fraudulentos toldaron as eleccións en varios distritos. Cabe mencionar *«la muerte dada al caballo»* do candidato don Juan Manuel Pereira, *«con el objeto supuesto de hacer fracasar la candidatura de este»*, feitos que aconteceron no distrito de Ponte Caldelas, onde Villaverde era imbatíbel[534].

En Caldas, onde Alejandro de Castro gañou sen rival, fraguárase un acordo entre este, o alcalde Rosendo de Castro e o deputado provincial Lorenzo Varela. O da Buzaca trocou aquelas hostilidades das eleccións municipais de novembro de 1849 en Caldas, por unha comunicación fluída de amigos políticos. Aceptou o ascenso destas figuras no distrito, mais mantendo a súa cota de poder. Aínda así, recibe comentarios do seu amigo Riestra que pon en dubida que Castro sexa un candidato estábel.

> «Efectivamte. ha estado el Sr. D. Alejandro muy fino con V. pero mal se puede conciliar su proyecto con su deber en la posicion qe. ocupa; es verdad que prestándose las circunstancias á un cambio de decoraciones no es dificil le dejen desocupado para emprender su viaje»[535].

[534] Con esta afirmación comeza un expediente electoral de comunicacións de varios distritos. Esta anotación figura enmarcada cos rótulos: 1851 Puente Caldelas Eleccion. ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1851)*, caixa 244/24.

[535] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de Francisco Riestra. Pontevedra, 27 de abril de 1851. Alejandro de Castro foi gobernador de Valencia en 1848. Non se atopou o cargo que desempeñaba en 1851. En 1853 foi Director Xeral de Rendas Estancadas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non se trabucaba Riestra, a posición de Alejandro de Castro non era segura, mais ben era vertixinosa, arriscada[536]. O presidente Bravo Murillo pechara a lexislatura en xaneiro de 1852, á vista da forte presenza de doutrinarios e puritanos, malia a fraude electoral. Para o presidente a solución era gobernar por Real Decreto e agardar que a raíña ordenase unha disolución das Cortes[537]. A reapertura das sesións en decembro de 1852 forzou unha acción coordinada das forzas liberais contra o goberno, en favor da Constitución de 1845. Uníranse doutrinarios, puritanos e progresistas formando unha maioría parlamentaria, recuperando a Martínez de la Rosa coma portavoz parlamentario desta protesta. Esta abrumadora maioría fixo temer á Coroa un pronunciamento, e destituíu a Bravo Murillo en decembro de 1852. A caída deste, colocou a Alejandro de Castro na primeira liña parlamentaria, xa que foi un dos máis significados deputados opostos á reforma constitucional que propugnaba o goberno. O seu nome figura á beira de ilustres doutrinarios e puritanos no coñecido Manifesto do 10 de decembro[538]. Ante a crise política aberta, de Castro confiaba en «esperár y esperamos»[539].

Durante eses convulsos meses, Varela recibe puntuais noticias dos seus amigos en Madrid, especialmente de Alejandro de Castro, que cumpre co seu papel de parlamentario do distrito[540]. Así soubo do gabinete Roncali, un «puro pasatiempo» sen máis futuro, antes de ser nomeado[541]. O cometido do novo goberno era realizar as eleccións de

[536] Barreiro Fernández, 2001 (a): 170- 171. Alejandro de Castro foi "perseguido" polo goberno Sartorius, a partir de setembro de 1853. Fuxiu a Francia, de onde regresaría poucos meses despois, sendo nomeado gobernador de Madrid.

[537] Marcuello Benedicto, 1986: 347-349.

[538] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de Alejandro de Castro. Madrid, 16 de decembro de 1852. Remítelle a Varela os manifestos contrarios á reforma: un moderado, outro progresista. «Todos estamos firmes y resueltos á no cejar hasta que las instituciones queden aseguradas». Entre os numerosos asinantes do moderado estaban Narváez, Pidal, Mon, Pacheco, Pastor Díaz, Borrego, Sartorius, González Brabo, Sotomayor, Diego López- Ballesteros, o seu curmán Joaquín López Vázquez, ademais do citado Alejandro de Castro.

[539] *Ibíd*. Madrid, 22 de decembro de 1852. Na carta aparecen subliñadas estas palabras.

[540] *Ibíd*. Hai unha suxestiva carta que remite Rosendo de Castro durante unha visita a Madrid, en decembro de 1852. Anuncia a caída de "Dn Juan" Bravo Murillo e comenta: «la presion de la opinion llego arriba, la falta de Dinero por el retraimiento de los Capitalistas es absoluta!».

[541] *Ibíd*. Carta de Alejandro de Castro. Madrid, 14 de decembro de 1852. Aínda non estaba formado o goberno cando Castro escribe a Varela, mais xa lle apunta os ministros das

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

febreiro de 1853. Unha vez aberta a lexislatura no Congreso, Roncali aguantaría apenas un mes. En Madrid organizárase un comité electoral de doutrinarios e puritanos que preconizaba a «*unión*»:

> «Creado el Comité, é instaurada la Union electoral á consecuencia de un acto del Gobierno, cual lo era la Reforma (...) es seguro que nuestras candidaturas serán combatidas por el Gobierno. (...) Resignacion, pues, union y energía. A las amenazas que empleen sus ajentes, opongase el valor de las convicciones, y la esperanza del triunfo»[542].

En Pontevedra esta oposición moderada ten que lidiar con José Ulloa Pimentel, convertido en gobernador de Pontevedra. Quen fora xuíz de primeira instancia en Lalín, Vigo, Santiago e Pontevedra, vai urdir nos distritos a elección de candidatos gobernamentais, aliñados na ala conservadora autoritaria. Así e todo, Ulloa centrou a loita electoral nuns determinados distritos. Os resultados das eleccións celebradas os días 4 e 5 de febreiro de 1853 son os seguintes:

Táboa XV. Resultados eleccións a Cortes de 1853

DISTRITO	TOTAL ELECTORES	DEPUTADO ELECTO	CALIFICAC. CANDIDATO	Nº VOTOS	SEGUNDO CANDIDATO / SUBSTIT.	Nº VOTOS
Caldas	192	Alejandro Castro (R)	Oposición	154	--	--

distintas carteiras. Na mesma data escríbelle Diego López- Ballesteros compartindo a mesma información, e engade o seu parecer: «No sé mas sino que esta eleccn no satisface lo que la situacion actual, del momento, exige».

[542] *Ibíd*. Madrid, 5 de xaneiro de 1853. Entre a correspondencia da Buzaca hai copia dunha circular do comité electoral da oposición moderada no que constan as sinaturas de Pidal, Mon, Sotomayor, González Brabo, O'Donnell, Serrano, Pacheco, Pastor Díaz, Borrego, Joaquín López- Vázquez, Alejandro de Castro, coma mostra do achegamento de doutrinarios e puritanos con vistas á formación da Unión Liberal: «hemos acordado volver á entendernos con Vs. y con todos nuestros amigos de España». A Reforma á que alude a cita era a constitucional de Bravo Murillo, que marcou un punto de non retorno nas filas do moderantismo. De aí xurdíu o proxecto da Unión Liberal. Malia que no comité non figuren López- Ballesteros nin Fernández Villaverde, é de supoñer a súa afinidade. Diego será dos primeiros en embarcarse na Unión, xunto con Mon e Riestra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISTRITO	TOTAL ELECTORES	DEPUTADO ELECTO	CALIFICAC. CANDIDATO	Nº VOTOS	SEGUNDO CANDIDATO / SUBSTIT.	Nº VOTOS
Consolación	260	Joaquín Ozores Valderrama (R)	Ministerial	207	--	--
A Cañiza	150	Lorenzo Cuenca (R)	Ministerial	96	Joaquín Vázquez Puga (Oposición)	26
Cambados	198	Pedro Mª Pardo	Ministerial	110	Juan R. Patiño (Oposición) **Cándido Nocedal (2ª)**	17 --
Pontevedra	187	Roberto Munaiz	Ministerial	87	Joaquín López Vázquez (Oposición)	64
Prado	214	Enrique Rguez. Consul	Ministerial	106	Lorenzo Varela/ Diego López-Ballesteros (Oposición)	9 5
Ponte Caldelas	212	Javier Mª Mendoza	Ministerial	121	Pedro Fdez. Villaverde (Oposición)	53
Ponteareas	277	José Urrutia Caballero (R)	Ministerial	199	--	--
Tui	171	Manuel García Maceyra	Ministerial	130	--	--
Vigo	221	Justo Pelayo Cuesta	Ministerial	86	Useleti; Bertemati (Oposición) Joaquín Fco. Pacheco (2ª)	23 51 --

Fonte: elaboración propia a partir dos expedientes electorais da ADPO[543].

[543] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas da votación dos distritos, resumo xeral (1853)*, caixa 248/11; Correspondencia e comunicacións varias (1853), caixa 248/12. O baile de candidatos nestas eleccións foi despois das mesmas, polas reclamacións e anulacións de varias actas. Nalgúns casos é o segundo candidato o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A maior parte dos candidatos teñen residencia en Madrid: Castro, Ozores, Mendoza, Nocedal, López- Ballesteros, Villaverde, Pacheco. Así o recolle o documento do expediente. Algúns candidatos residentes na provincia, coma Pardo (Lalín) e Munaiz (Marín), viron anulada a acta da súa elección polas coaccións coas que se realizaron as votacións. Munaiz quedou fóra do Congreso, pero tampouco Joaquín López Vázquez ocupou ese escano do distrito de Pontevedra. En decembro de 1853 envían de Gobernación a convocatoria dunhas segundas eleccións nese distrito, mais non hai constancia de que se realizasen[544].

Os "abusos" do gobernador Ulloa Pimentel foron tan graves que dende Gobernación remitiron unha Real Orde pedindo información e noticias sobre as protestas e reclamacións presentadas[545]. Algunhas das actas visadas polo gobernador Ulloa, non pasaron o filtro da aprobación no Congresos, quedando anuladas e "o gobernador foi fortemente apercibido"[546]. Algúns distritos realizaron segundas eleccións (Cambados, Prado, Vigo), mentres que outros tiveron un deputado proclamado polo Congreso (Ponte Caldelas). Con todo, nos distritos de Pontevedra, Vigo e Prado quedaron finalmente os escanos vacantes, sen deputado polo distrito.

Un dos distritos onde máis presionou Ulloa foi no de Cambados. O candidato gobernamental era o seu cuñado Pedro María Pardo. Este exdeputado provincial foi denunciado por incompatibilidade legal, xa que estaba "procesado polo fiscal García Centeno a causa dos fraudes que cometera nas anteriores eleccións realizadas no distrito de

---

proclamado, ou ben puideron realizarse segundas eleccións. De calquera xeito, os datos dos expedientes son pouco fiábeis pola fraude de Ulloa Pimentel, sendo imposíbel dilucidar se este ou outro candidato tivo máis votos. O (R) significa que repite no escano. En negriña os deputados que finalmente xuraron o escano. Na maioría dos casos inclúese a "calificación" oficial que manexaban no Goberno de Pontevedra: ministerial/ oposición.

[544] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1853)*, caixa 248/12.

[545] *Ibíd*. Ulloa incluso prohibira a publicación e difusión de manifestos e proclamas antes das eleccións. A Real Orde que remite Gobernación ten data de 11 de febreiro de 1853, apenas 6 días despois de pecharse os colexios electorais.

[546] Barreiro Fernández, 2001 (a): 691.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Prado"[547]. Ademais, a acta electoral recibiu protestas pola composición da mesa e a falta de liberdade para emitir o sufraxio. Porén, a acta foi aprobada e Pardo xurou o escano o 18 de marzo, mais uns poucos días despois decide renunciar. Isto non significou a vitoria de Buceta Ramírez, anterior deputado do distrito. Convocouse unha elección parcial, escrutada o 8 de agosto de 1853, que concedeu o escano de Cambados a Cándido Nocedal, que obtivo os 140 votos emitidos, dun censo de 198 electores. Xurou o cargo o 26 de novembro[548].

En Vigo as protestas foron sonadas. O 19 de marzo agradecía a elección dende Madrid Justo Pelayo de la Cuesta Núñez[549], mais a acta foi anulada. Obtivera 86 votos, de 168 emitidos, dun censo de 221 electores. O seu opoñente, Bertematí só conseguira oficialmente 51, mais era o candidato dos fomentadores cataláns, e como tal foi apoiado por Prim no Congreso[550]. Na acta electoral obsérvanse algunhas reclamacións por coaccións e intimidacións dos alcaldes de Gondomar e Bouzas, e tamén en Vigo por ter arrestado e impedido o voto a varios electores. Nestas protestas non se advirte ningún apelido catalán. A mesa estaba composta por figuras políticas e económicas da cidade: José Graña, presidente; o marqués de Valladares, o exdeputado provincial Atanasio Fontano, Melitón Pimentel, e Tomás Ozores, coma secretarios escrutadores. Cómpre lembrar que o marqués de Valladares tiña franca sintonía cos empresarios cataláns.

[547] *Ibíd*.: 478- 479. Ademais do seu cuñado Ulloa Pimente, recibiu o apoio do comisario de Montes Roffignac. O fiscal García Centeno era un dos xenros de Espinosa. Nalgún momento entre 1850 e 1851, Pardo tería pedido desculpas a Espinosa por presentarse a deputado por Prado en 1846. Semella que as desavinzas entre eles estaban resoltas, mais en 1852 Ulloa Pimentel denuncia ao fillo de Espinosa polas contas municipais de Chapa.

[548] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes Renuncia dun deputado e novas eleccións no distrito electoral de Cambados (1853)*, caixa 248/14.

[549] Barreiro Fernández, 2001 (a): 194- 196. Nado en Marín en 1823, era fillo do militar e deputado Sebastián Cuesta. En Madrid "tivo un moi acreditado bufete", ademais de servir na administración pública. Ocupou distintos cargos: subsecretario de Graza e Xustiza, administrador xeral de Facenda, ministro de Facenda (1883), e presidente do Consello de Estado (1885). Non conseguiu enfeudarse electoralmente en Vigo. En 1864 sairía elixido polo Carballiño, fracasando novamente en Vigo. Nese ano presentaría o seu proxecto de redención de foros, e participaría no Congreso Agrícola de Santiago, xunto con Montero Ríos. A partir de 1880 foi nomeado senador vitalicio.

[550] *Ibíd*. Relata Barreiro que Cuesta non conseguiu enfeudarse electoralmente en Vigo, que "non tiña arraigamento na sociedade desta cidade debido ó control exercido polos cataláns".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porén, á vista da acta non quedan esclarecidos os termos da anulación electoral[551].

Na ficha do Congreso consta que foi substituído polo dirixente puritano Joaquín Francisco Pacheco Gutiérrez, elixido por elección parcial escrutada o 5 de xuño de 1853, mais non chegou a aprobarse a acta[552]. Na acta da segunda elección celebrada en Vigo os días 27 e 28 de maio de 1853 teñen lugar outra vez protestas por incluír ou excluír electores segundo algúns erros nas listaxes. O candidato máis votado era Bertematí, con 98 votos, fronte os 64 de Pacheco, 31 de Useleti, e tan só 2 de Justo Pelayo Cuesta[553]. Non obstante, a suma de votos excede por un o total de votantes, invalidando novamente a elección, que vai ter que repetirse, malia contar coa protesta formal dos secretarios escrutadores Fontano, Pimentel e Fernández de la Cigoña, que querían proclamar a Bertematí coma vencedor[554].

As terceiras de eleccións teñen lugar aos poucos días, facendo o escrutinio o día 5 de xuño[555]. Nesta ocasión obtén don Joaquín Francisco Pacheco 107 votos, mentres que o seu rival Bertematí non recibe ningún. Evidénciase, pois, un retraemento das notabilidades viguesas que ceden finalmente o escano ao dirixente puritano. A que se debe este xiro político? Acaso foi o cansazo das reiteradas convocatorias? A imposibilidade de facer valer as súas preferencias? Ou talvez houbo unha negociación con estas elites? Houbo algunha contrapartida que beneficiase aos vigueses? Sexa como fose, tres secretarios escrutadores renuncian a formar parte da mesa electoral destes comicios. Fontano, Pimentel e Fernández de la Cigoña, que

[551] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Actas da votación do distrito de Vigo (1853)*, caixa 248/10.

[552] ACD, serie documentación electoral: 35, nº 3; http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

[553] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Distrito electoral de Vigo (1853)*, caixa 248/15.

[554] O problema veu polo sufraxio de don Juan Antonio Alonso, dereito que reclamaron dúas persoas distintas e que exerceron, dando lugar a ese voto que excede o total de votantes. Este feito sorprendeu aos membros da mesa electoral.

[555] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Anulación e novas eleccións no Distrito electoral de Vigo (1853)*, caixa 248/16. Reciben a consideración de "segundas elecciones", mais sería a terceira, dado que se realizara a segunda nos días 27 e 28, tal e como estaba estipulado mediante Real Orde. Talvez para non demorar os prazos cunha nova convocatoria electoral, denominaron estas eleccións dos días 3 e 4 de xuño coma "segundas".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

apoiaran a vitoria de Bertematí, presentaron un oficio no que declaraban «improcedentes» estas novas eleccións. É dicir, non quixeron rubricar o escano de Pacheco. Na acta electoral quedou por escrito que Bertematí aínda concitaba apoios, e que tiña «agentes» que o defendían, mais «se observó el retraimiento á votar de los electores que protegian la candidatura del Señor Bertemati».

En Ponte Caldelas, Ulloa Pimentel estaba disposto a arrebatarlle o escano ao seu antigo amigo Fernández Villaverde. O candidato gobernamental era don Javier María Mendoza, un coronel de infantería que obtivera 121 votos dos 174 emitidos, nun censo de 212 electores. Villaverde atopárase cunha "forte oposición" no seu feudo electoral[556]. A acta electoral recollía a petición de nulidade por irregularidades na constitución da mesa electoral. Subscribían a denuncia 53 electores, a mesma cifra de votos que conseguiu Villaverde. Días antes de que a acta fose anulada, o 6 de decembro de 1853, Mendoza renunciou. Debían realizarse novas eleccións, mais o Congreso decide conceder o escano a Villaverde sen que medie a elección. Toma posesión ao día seguinte de ter anulado a acta[557]. O día 10 de decembro de 1853 comunícase a suspensión de sesións da lexislatura, sendo o último día de parlamentario de Fernández Villaverde, falecendo en 1855.

Prado foi outra vez un dos distritos conflitivos da provincia. A divisións das elites locais nas eleccións de 1850 e 1851, tiñan ocasión de reeditarse en febreiro de 1853. Ulloa Pimentel sabíao en primeira persoa. El mesmo era do municipio de Lalín, aínda que agora tivese veciñanza en Pontevedra. Ademais, o seu cuñado Pedro Mª Pardo ocupaba o cargo de alcalde de Lalín, presidindo a mesa electoral. Entre os que figuran coma secretarios escrutadores, sobresae a presenza de José Crespo e Bernardo González[558].

[556] Barreiro Fernández, 2001 (a): 255.
[557] *Ibíd*.
[558] ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións a Cortes. Actas da votación do distrito de Prado (1853)*, caixa 248/6. Cómpre lembrar que Bernardo González foi quen organizou unha segunda mesa electoral nas eleccións de 1851. Estaba plenamente identificado co seu patrón, Crespo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Todos eles conseguiron que gañase o candidato gobernamental, Enrique Rodríguez Consul, quen agradece a elección en Prado[559]. Na acta aparecía con 106 votos, dos 122 emitidos, sendo 214 o total de electores. Lorenzo Varela tería recibido 9 votos, mentres que Diego López- Ballesteros tan só 5. Na lista de votantes aparecen os Rivas, os Martínez, Valenzuela, mais non hai constancia de que votasen Espinosa e o seu fillo, nin tampouco Ramón Villar. Por conseguinte, o candidato gobernamental non debía ser da súa preferencia.

Esta acta non recollía protestas, mais noutro expediente hai información de que os secretarios escrutadores estaban *«encausados criminalmente (...) por falsificaºn de la acta de eleccion de Diputado á Cortes celebrada en cuatro, cinco y seis de febrero ultimo»*[560]. Había denuncias por falsificación da acta, o que motivou que o Congreso non deran validez a acta, anulando a elección de Rodríguez o día 2 de abril dese mesmo ano[561]. Tras realizar segundas eleccións, resulta elixido Diego López- Ballesteros, que agradece o escano o 3 de xuño de 1853, mais estas segundas eleccións tamén foron anuladas e xa non tomou posesión nesta lexislatura[562].

Unha lectura da acta corrobora a tensión e violencia que toldaban as eleccións en Prado. Asistíase a un episodio máis da guerra aberta no seo da elite comarcal. Con todo, Espinosa e o seu fillo José foron votar, presumibelmente a Diego. Non en van, un dos seus fillos, Vicente, viaxará a Madrid nese ano de 1853, coma protexido dos López- Ballesteros para atopar colocación na alta administración do Estado. Pode ser esta unha boa razón para votar a un curmán.

---

559 ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Correspondencia e comunicacións varias (1853)*, caixa 248/12. Remite carta dende Madrid, o 17 de febreiro de 1853.

560 ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Anulación e novas eleccións no Partido de Lalín (1853)*, caixa 248/13. O que incluía a Crespo e a González.

561 http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/; ACD. *Serie documentación electoral*: 35, nº 3. Rodríguez Consul non chegou a xurar o escano. Non volvería a ser elixido deputado a Cortes.

562 ADPO, Eleccións, 3.13.7., *Expediente de eleccións a Cortes. Anulación e novas eleccións no Partido de Lalín (1853)*, caixa 248/13. Na acta destas segundas eleccións hai continuas protestas e alborotos na constitución da mesa electoral, chegando a intervir a garda civil e expulsar a varios electores. Crespo esixía que foran arrestados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aínda que non se conserven moitos testemuños epistolares destas eleccións de 1853, hai dúas ou tres cartas de sumo valor[563]. Especial mención merecen as palabras de Ramón Villar, deputado provincial do distrito, que subliña o ánimo de certos patróns por rematar as hostilidades. Sabían que tiñan que entenderse. Escribe Villar a Varela apelando a idea de *«olvidar antiguas rencillas y disidencias (...) del ningun entusiasmo que abriga por Ulloa y de su sincera amistad»*. O obxecto da carta é apoiar a candidatura de Diego. Explicao así:

> «con la esperanza de qe. esta vez hemos de marchar unidos: no se trata e los SS. Villaverde y Lopez Vazquez con los qe. segun me dijo Pepito Espinosa dias pasados, sería dificil una avenencia por creer con mas ó menos justicia qe. tenía derecho á estar resentido con ellos, se trata del Sr. Ballesteeros cuya reeleccion apoyada por V. traería consigo naturalmente la reconciliacion de la mayor parte del distrito y la union de vínculos muy santos y respetables para que continuen relajados por mas tiempo. No tengo poderes ni autorizacion de nadie para arreglar este asunto, hablo por mi cuenta impulsado por la diversidad de afectos qe. V. conoce y de mi interes por el distrito»[564]

O gobernador Ulloa Pimentel, observando que moitos dos seus «negocios» electorais fracasaran, e que era "apercibido" e cuestionado na súa autoridade, publica un comunicado no se defende das acusacións de fraude e coaccións. Así, xustifica que as irregularidades en Lalín estiveron provocadas pola candidatura de Diego López-

[563] ADPO, fondo pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850- 1859)*, 34.371/2. Hai varias cartas de Riestra antes das eleccións, que dan conta do que se prepara en cada distrito. O problema desta fonte é a intelixibilidade da letra. É moi difícil a transcrición dunha frase completa. En canto a Prado, pódese entresacar que os de Carbia e Chapa, nomeadamente Villar e Espinosa, non chegaran a un acordo con Ulloa. Había unha reunión de notábeis en Cascaxide para decidir o voto nas eleccións. Os de Lalín terían falado demasiado rápido da candidatura de Rodríguez Consul, o que era un obstáculo para que os «distritos rebeldes» accedesen.

[564] *Ibíd.* Carta de Ramón Villar. Sen data.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ballesteros, xa que nese distrito «nadie le quiere»[565]. Aos tres meses das eleccións, Ulloa Pimentel é destituído[566].

As coaccións e os abusos que se padeceron nestes distritos contrastan coa tranquilidade de Caldas. Alejandro de Castro, malia ter asinado o manifesto moderado do 10 de decembro de 1852, vai ser considerado un candidato "ministerial". O feito é que ocupaba a Dirección Xeral de Rendas Estancadas[567]. Ademais, contou co apoio electoral de Varela e cos servizos do alcalde Rosendo de Castro. Isto explica que de Castro teña para Varela as seguintes palabras de agradecemento: *«Tambien me dicen que no fué solo su voto de V lo qe. V. llevó alli en mi obsequio y si bien debía prometermelo así de su influencia y por nuestra amistad; no por eso es menor mi gratitud»*[568].

Este deputado é consciente de que gañou co consentimento de Ulloa Pimentel, por iso apunta no seu favor: *«Yo creo que Ulloa se condujo bien conmigo»*. Porén, recoñece certa perplexidade por estas eleccións:

> «Conocemos aquí el resultado de toda la Provª; pero no sabemos lo que lo ha producido. (...) El Gobierno ha perdido moralmente las elecciones pues salieron todos los hombres importantes con ligeras esclusiones, y cometió horrorosas tropelías. Pero lo peor pª el es que á los 15 dias de habierto el Congreso las perdió materialmente. Somos mas de 80 de oposicion apriori; hay sobre 40 que se llaman independientes de los cuales, pª. conservar ese adjetivo, votan 30 con nosotros, (...); hay luego los protectores del Gobierno como Sartorius y comparsa; pero como a esa gente lo que les estorva son los Ministros, y no nosotros, ya se figurará V. cual será su

[565] ADPO, fondo pazo da Buzaca, Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra, 34.382/29. "D. José Ulloa Pimentel, gobernador cesante de la provincia de Pontevedra. Al público". 12 de xuño de 1853.

[566] Fariña Jamardo, Pereira Figueroa, 1986: 117. Sucédeo José María Michelena, o 6 de maio de 1853. Ulloa Pimentel apenas aguantou catro meses no cargo.

[567] Os datos do Congreso recollen que Alejandro de Castro era Director General de Rendas Estancadas cando promete o escano, o 18 de marzo de 1853. http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/

[568] ADPO, pazo da Buzaca, *Correspondencia varia de don Lorenzo Varela Sarmiento (1850-1859)*, 34.371/2. Carta de Alejandro de Castro. Madrid, 17 de febreiro de 1853.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> proteccion. (...) ya no se piensa, ni habla, arriba ni abajo mas que de quien formará un Ministerio dos dias antes ó ocho despues de abrirse el Congreso»[569].

Nestas eleccións de 1853 advírtese maior presenza de parlamentarios profesionais e funcionarios de carreira. Os candidatos das provincias teñen que curtirse na administración antes de ter opcións de saír elixidos por un distrito. O ascendente dos grandes propietarios non chega para conseguir o escano. Unha arrevesada rede de compromisos atenaza ao elector. Nestes anos nos que a influencia moral dos gobernos conservadores foi explícita e opresiva, é cando máis conflitos, irregularidades e denuncias aparecen nos expedientes. Precisamente, a corrupción de Ulloa Pimentel incide directamente na anulación das actas, deixando varios distritos sen representación nas Cortes. Porén, hai que resaltar as múltiples estratexias das notabilidades locais para perseguir os seus intereses. Tanto se advirten distritos dobregados a un patrón provincial ou ministerial, coma outros «rebeldes» que fan oposición aos candidatos gobernamentais. Estas adscricións non son fixas, non necesariamente van ter continuidade, predominando a continxencia e os acordos puntuais.

Esta diversidade de respostas electorais garda relación de correspondencia coa política madrileña. As crises de goberno, a perda de favor, o ascenso dunha influencia, a suspensión das sesións parlamentarias, son feitos que teñen transcendencia no ámbito local. Na Buzaca ou en Cascaxide están debidamente informados das vicisitudes da *Villa y Corte*. Aínda máis, as loitas de poder na política de Estado teñen resonancia nos espazos políticos provinciais e locais. Esta capilaridade do poder político é a calidade que pode explicar que as habituais liortas entre veciños se convertesen en cismas irreconciliábeis de bandeiría política. Así como hai fragmentación no partido moderado, tamén as faccións provinciais reciben o impacto de tendencias desintegradoras, que transforman ao antigo amigo en opositor político. Talvez parte do problema radicaba en que non deixaran espazo para unha verdadeira oposición progresista, tendo que abarcar eles mesmos toda a area política.

[569] *Ibíd.* Subliñado no orixinal.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A todo isto, hai que engadirlle o ascenso social e político dunha nova xeira de avogados que vai ocupar a posición preeminente do vello terratenente. Así en Prado, Crespo vai aumentar a súa clientela, sendo o reverenciado cacique local de Lalín, nun distrito electoral que vai deixar a denominación de "Prado" para identificarse coa cabeceira do partido xudicial[570]. As reaccións dos patróns tradicionais, ante o aumento da competencia polo poder comarcal, son variadas. Varela, por exemplo, decide transixir e aliarse con Alejandro e Rosendo de Castro. Namentres, Espinosa rivaliza con estas figuras que emerxen da administración.

Pouco máis de dous anos despois das últimas eleccións, falecía Espinosa deixando un portentoso legado sociopolítico difícil de emular para a súa descendencia. Era marzo de 1855. Nese mesmo ano tamén finou Fernández Villaverde, mentres que Luis López-Ballesteros foi soterrado en outubro de 1853. Varela aínda sería deputado provincial uns poucos anos máis, falecendo en 1860. Outras personalidades coma Valladares ou Fontán, deixarían este mundo en 1864 e 1866, respectivamente. Era a fin dunha xeración que viviu a transición política, os "facedores de institucións" dos anos 30, aqueles fidalgos que deran un paso adiante e asumiran o rol de notabilidades provinciais.

[570] Resulta curioso que a raíz da reforma dos distritos electorais de 1846 o distrito recibise a denominación de "Prado", parroquia de Lalín, emprazada entre esta capital e o municipio de Silleda. Un xeito de harmonizar as distancias dos electores á hora de ir votar, mais tamén unha posíbel vontade de minorar a significación da capital.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

"Cada vez afirmo con más seguridad que el período comprendido entre la muerte de Fernando VII y el destronamiento de su hija, que tan afanosamente vengo estudiando hace muchos años, es un laberinto donde se pierde el investigador más astuto y sagaz, y una selva inextricable donde rarísimas veces penetra la luz del sol"[1].

Esta Tese foi un desafío pola amplitude do marco temporal e as múltiples cuestións abordadas. Ademais, o caudal heteroxéneo de fontes e referencias bibliográficas, poden, en ocasións, toldar a comprensión dos resultados da investigación. Partindo destas dificultades cognoscitivas e formais, deseñouse un guión para desentrañar as conclusións máis relevantes, sendo conscientes de que fican máis portas abertas, nas que non foi posíbel entrar.

Cómpre lembrar agora aquel esquema de temas principais e secundarios bosquexado no apartado metodolóxico:

Cadro I. Estruturación dos contidos da Tese[2]

Obxecto de estudo	Transformación sociopolítica da fidalguía		
Magnitudes	Temporalidades	Espazos	Suxeitos
Aspectos[3]	Condicións	Estratexias	Percepcións
Relacións	Propiedade/ representación política	Exército/ autoridades civís	Eleccións/ cultura política

[1] Rivas, 1945: 199.

[2] Reprodúcese o cadro I do epígrafe "1.1.4. Metodoloxía". Fonte: elaboración propia.

[3] Escolleuse o termo "aspectos" evocando a obra de Cannadine, *Aspects of Aristocracy: Grandeur and Decline in Modern Britain* (1994), na que intenta recrear esta clase con biografías, liñaxes, hábitos e motivos concretos coma as carruaxes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Seguirase, a continuación, este esquema a modo de guión. Comezarase polos aspectos da transformación das categorías "fidalgo" e "notábel", divididos en: condicións, estratexias e percepcións.

As condicións do fidalgo estaban fundadas na terra, na constitución dun dominio fidalgo que legar a través de ferramentas xurídicas coma o morgado. Nas tres familias investigadas hai constancia de instrumentos de fundación de vínculo e sucesivas melloras de terzo e quinto ao fillo primoxénito. Outra vía que empregaron para aumentar o dominio foi a agregación vincular, recurso utilizado maiormente por segundoxénitos que seguiran carreira eclesiástica. As súas adquisicións e fundacións revertían así na liña principal do morgado, tal e como aconteceu cos Espinosa que reuniron varias agregacións vinculares desta procedencia.

As orixes dos dominios das tres familias exemplifican as distintas condicións de acceso á baixa nobreza. Os López- Ballesteros teñen unha orixe confusa antes de 1600, partindo probabelmente dun matrimonio que se asentara na vila de Vilagarcía poucas décadas atrás. Hai constancia dun escribán e rexedor e varios clérigos na liña que os sucede durante a primeira metade do século XVII, atesourando un estatus social elevado. O seu dominio era diverso, xa que incluía varias casas vilegas que cedían en arrendo e numerosos censos, ademais das rendas e foros en parroquias da comarca de Arousa e Caldas. Son os López- Ballesteros os máis próximos das tres familias a unha protoburguesía costeira ou "burguesía ahidalgada", cun acentuado interese no pago en moeda e no tráfico comercial. Non en van, varios cabezaleiros durante o século XIX servirán no exército na área de intendencia. O exministro Luis López- Ballesteros tivo ese cometido durante a guerra de Independencia, actividade que xa desempeñara o seu pai como provedor de utensilios en México.

Namentres, os Varela eran fidalgos de avoengo, remontándose a un insigne cabaleiro que combateu nas Navas de Tolosa. O privilexio, entón, tiña orixe no servizo de armas. Unha das moitas liñas colaterais dos Varela é a de Caldas- Moraña. Principiaron en Casalnovo (Caldas), a finais do século XVI, conformando un dominio fidalgo que, a comezos do XVIII, trasladaría o seu eixo de actuación á Buzaca (Moraña), onde acumularon innumerábeis bens e beneficios curados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A partir desta etapa comezan a interesarse polo servizo á administración rexia. Primeiro, coa xefatura do trozo da xurisdición de Peñaflor, despois, ocupando o cargo de xuíz na mesma. Eran os precedentes que favoreceron un compromiso maior na guerra do *Francés* e no liberalismo.

En canto aos Espinosa, un testamento sitúa unha devanceira no segundo terzo do século XVI. A fundación de misas e as posteriores melloras sobre esa dotación serían a base do vínculo dos Fernández. Mais a liña que seguen os Espinosa non é a deste vínculo. O patrimonio das lexítimas dos Fernández e dos Espinosa constituiría un novo dominio que sería herdado mediante mellora por don Francisco Fernández Espinosa, no último terzo do século XVII. Este achado desbota a idea inicial de que as tres familias procedían da primeira fornada fidalga de facedores de Casas. Os Espinosa encadraríanse nunha segunda etapa, despois de 1650. Non obstante, o seu dominio tivo un crecemento espectacular durante o XVIII, acadando nesa centuria unha riqueza e notoria fidalguía da que carecían anteriormente, cando eran simplemente foreiros. As súas boas relacións coa Igrexa e a Universidade explican en boa medida o seu fulgurante ascenso social.

Son as estratexias as que explican este crecemento económico e social dos Fernández Espinosa, e que se pode resumir nunha conxuntura propicia no último terzo do XVII na que se combinaron: 1) o rol de intemediación entre o dominio directo eclesiástico e o útil campesiño; 2) tomar posesión das vacantes en varias parroquias circunveciñas; 3) matrimonios vantaxosos en riqueza e estatus. Os Fernández Espinosa alborexan o século XVIII cun importante foro na súa parroquia de Escuadro, que lles outorgou o priorado de Carboeiro-San Martiño Pinario, despois dunha xeira de adquisicións dos quiñóns do mesmo. Eran beneficiarios tres irmáns párrocos en Trasdeza e o sucesor no dominio, don Francisco. Este último vai conseguir a distinción de "don" a raíz deste foro, estatus que reafirma co seu matrimonio cunha descendente dos notorios Mondragón. Esta posición en ascenso vai ser alentada no sucesivo por adquisicións de proximidade, agregacións vinculares dos párrocos e matrimonios con importantes familias da comarca de Deza, buscando conformar un

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dominio singularmente concentrado, dada a dispersión habitual nos dominios fidalgos. Durante o Setecentos, son incontábeis as escrituras de subforo que outorgan, converténdose en importantes señores -medianeiros- en Trasdeza.

Con estas estratexias acumularon riqueza e estatus, mais tamén poder, pola función dos párrocos no territorio, así como por un señorío xurisdicional do que van a gozar na parroquia matriz do dominio, Escuadro. Esta autoridade moral e/ou xurisdicional constitúe outra das estratexias percibidas na fidalguía galega que, ben por señorío, ben mediante cargos leigos ou eclesiásticos, van rexer a vida cotiá das parroquias.

Nos López- Ballesteros e nos Varela tamén se observan estratexias semellantes. Os López- Ballesteros, estiveron inclinados a desempeñar ou emparentar con autoridades laicas (exército, concellos, señorío xurisdicional), mais tamén poden atoparse algúns segundoxénitos no clero secular. O tío de quen sería ministro de Facenda, Luis López- Ballesteros, foi párroco en Rebón (Moraña), coincidindo que o seu irmán casaría cunha Varela da Buzaca (Moraña), sendo os pais do citado Luis. Isto amosa a estreita relación do matrimonio e o clero coma estratexias de reprodución socioeconómica da familia. En canto ao poder, tiveron un acceso preferente aos recursos administrativos a través do exército. En 1808, Luis recolle esta experiencia familiar para involucrarse, xunto coa súa familia política, os comerciantes Pérez Santamarina, en áreas organizativas da guerra ao Francés.

Nos Varela é salientábel o formidábel número de beneficios curados que dispuxeron, mais estas prerrogativas foron usadas maiormente para colocar familiares de liñas colaterais e protexidos nas vacantes. Con todo, aínda houbo un Varela que chegou a cóengo en Tui no século XVII, outro que foi cura nunha parroquia próxima (Estacas), no último terzo do XVIII. Debeu haber regulares, mais escasean os datos de moitos descendentes que foron célibes. O seu poder na comarca estaba na terra e nas parroquias, aínda que no último terzo do XVIII pode verse ao cabezaleiro da Buzaca coma xuíz da xurisdición. Este formou a alarma de Peñaflor, mentres o seu irmán falecía nunha incursión en Pontevedra.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tanto os López- Ballesteros coma os Varela tiveron vontade de emparentar con liñaxes fidalgas máis distantes, superando os límites das xurisdicións veciñas, o que indicaría un estatus superior aos Fernández Espinosa, circunscritos a súa comarca. Os da Golpelleira e os da Buzaca van quedar unidos por matrimonios reiterados, en triangulación cos Mondragón, emparentando tamén cos Espinosa a finais do século XVIII. Estas estratexias matrimoniais leva a enunciar a idea dunha "rede cognaticia interparroquial", onde todos os enlaces eran estudados, segundo a riqueza, estatus e poder das liñaxes a emparentar.

Os vencellos de parentesco fixaban relacións que non se limitaban á esfera familiar. Os parentes compartían información e intereses agrarios en determinadas comarcas, ademais de velar en grupo polo estatus do apelido. Estas redes de cooperación non se restrinxían ás liñas principais da liñaxe, sendo tamén de interese os enlaces das mulleres. Estas podían chegar a herdar o dominio no caso de desgraza persoal do primoxénito varón. O resultado é que o relato xenealóxico das familias comprendía varias liñas colaterais, renovando os lazos de parentesco con matrimonios recorrentes.

Estas prácticas favorecían a lealdade entre familias, defendendo os seus intereses patrimoniais e sociais en concerto cos seus parentes. Unhas unións entre Casas que debuxan un mapa de alianzas entre liñaxes que no contexto da guerra de Independencia van ocupar o baleiro institucional. Eran redes de cooperación que exceden o plano persoal, para converterse en relacións políticas, fortemente territorializadas, e que sentan un precedente sociopolítico para os episodios dos pronunciamentos liberais e a guerra carlista. É posíbel consideralas coma unha base estrutural de parentesco para as posteriores faccións de amigos políticos.

As percepcións ou discursos que se poden extraer da documentación do Antigo Réxime non son abondosos. Obsérvase un significativo aumento de escrituras e pregos de árbores xenealóxicas no século XVIII. Isto garda relación coas solicitudes de executoria de fidalguía, que conseguiron os López- Ballesteros (1768) e os Varela (1805). Os Espinosa non iniciaron expediente en Valladolid, pero reuniran moita documentación das liñaxes, sobre todo polas Casas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

agregadas por vía matrimonial, coma Soutolongo e Casares, que superaban en avoengo aos Espinosa.

A maiores das *probanzas*, detéctase un maior aprecio pola cultura letrada e polo refinamento aristocrático. Hai unha aspiración á nobreza que ten representación na adopción de escudo heráldico. Coincide que as tres familias van trasladar a súa residencia a comezos do século XVIII. Deixaban atrás inmobles máis rústicos, pousas de muros cegos e de carácter agrícola ou unha pequena vivenda vilega, para morar en residencias máis próximas ao concepto de pazo, que van gozar de nome propio: A Golpelleira, A Buzaca, Cascaxide. As sucesivas reformas deben entenderse nun tempo longo, que entre o 1700 e o 1850 afanou aos seus posuidores. Fiestras, solainas, capelas, bibliotecas e xardíns de recreo, denotaban unha vida máis ociosa.

Co andar dos séculos, obsérvase unha maior formación dos sucesores nos vínculos. Os estudos universitarios van ser habituais nestas liñaxes. Sorprenden os Espinosa, que xa a comezos do XVII envían aos varóns a Santiago. Ao respecto, hai unha ligazón de cariz patrimonial, xa que algúns bens que teñen aforados, ou mesmo vinculados, eran de directo dominio da Universidade de Santiago. As estadías coma colexiais serven para pulir aos fidalgos de Trasdeza que, coma os seus veciños da Ulla, aprenden formas cortesás.

Así e todo, o estilo de vida fidalgo é eminentemente rural. Morando no seu pazo, en contacto directo cos seus levadores, manteñen relacións puntuais con outras familias fidalgas. Este presunto illamento ten algúns matices nas familias investigadas. Os López- Ballesteros residen á beira de Vilagarcía, sendo testemuños da actividade portuaria desta vila e de Carril. Os Varela contan con dúas Casas principais: Casalnovo (Caldas) e A Buzaca, trasladándose frecuentemente á vila de Caldas, onde terían maior número de contactos coa fidalguía local. Os Fernández Espinosa, pola súa parte, estarían máis pechados en Escuadro, aínda que estableceran moi boas relacións coas liñaxes fidalgas de Trasdeza: os Rivas (Siador), Valladares (Graba), Martínez (Margaride), Valenzuela (Manduas). A escasa distancia de Cascaxide residían estas familias, coas que deberon manter trato regular, aínda que non fose diario. Estas relacións entre familias fidalgas póñense de manifesto na guerra de

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Independencia, asistindo coma grupo na formación de alarmas e xuntas de armamento e defensa. Unha experiencia política que prepararía aos fidalgos para o liberalismo.

Co obxecto de comparar estas condicións, estratexias e percepcións coas dos notábeis, procédese agora a sintetizar estes aspectos no Oitocentos. O dominio fidalgo é reconvertido nun patrimonio alienábel, mais que a través da "mellora" ou "doazón" seguen a legar principalmente na figura do primoxénito varón. Con todo, o dominio vai amosarse esfarelado nas distintas lexítimas, separando bens que, anteriormente, percorreran unidos o Antigo Réxime. Isto propicia certo caos no sistema de dereitos agrarios, xa que moitos descendentes non residen na parroquia, non tratan cos levadores e descoñecen a localización das "heredades". Isto aconteceu cos fillos de don Benito Espinosa que, morando en Santiago, viven alleos á sociedade campesiña. Os López- Ballesteros tiveron no coéngo Nicolás un protector do patrimonio da Golpelleira, mais o resto viven en Madrid, visitando Vilagarcía no verán, sen amosar interese polas propiedades rústicas e inmobles vilegos que pertencían á familia. A preocupación dos López- Ballesteros está no capital líquido, como amosa o exministro Luis polos seus desastrosos investimentos en bolsa, que vai cargar sobre a dote da súa esposa. Tamén os Varela van contar cun sucesor en Madrid, Jacobo, que ten intención de adquirir propiedades, mais que debe guiarse por recomendacións.

Esta distancia física das seguintes xeracións co patrimonio da Casa, vén precedida por un desprazamento nas ocupacións dos fidalgos: da terra á administración pública. No primeiro terzo do século, aínda se aprecia unha atención preferente dos fidalgos ás contas dos seus dominios. Realizan adquisicións, permutas, préstamos. Teñen ao día os libros cobradores e intentan deixar rexistro das diferentes rendas, diseminadas en parroquias distantes, e da orixe destes dereitos. Os cabezaleiros fan o esforzo de ordenar e reclamar o patrimonio, empregando apeos e prorrateos que mitiguen o escurecemento do foro polos innumerábeis subforamentos a levadores. Cada década que pasa é máis difícil rastrexar estes contratos agrarios, e os impagos son frecuentes.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No segundo terzo, co trunfo do liberalismo, advírtese un menor coidado das facendas. Os titulares das Casas están lanzados á vida política provincial, deixando as contas a administradores e mordomos que comunican o haber das tullas e o prezo das vendas nas feiras. En Cascaxide, por exemplo, tiñan plena confianza no seu mordomo, Bernardo, que forma parte da Casa nun sentido extenso. Un fillo de Espinosa levará o seu nome. Esta figura do administrador sinala a paulatina desconexión do fidalgo coa terra. Segue a constituír a base económica da familia, ademais de capacitalos coma electores propietarios, mais non hai un montante de documentos relativos a investimentos na desamortización, como si se observan nalgunhas familias e títulos. A partir de 1850 o máis substancioso en materia agraria é a redención de foros, pola que están interesados para desfacerse das obrigas co directo dominio.

Á beira desta desconexión coa terra, hai constancia de investimentos de capital en operacións financeiras e negocios, que, curiosamente, foron ruinosos. Pénsese na paradoxal creba en bolsa do exministro de Facenda López- Ballesteros. Outro exemplo é un negocio de minas que emprendeu un dos fillos de Espinosa, Vicente, mais viu como se frustraban as súas expectativas pola burocracia da licenzas, e unha sociedade mal constituída. Estes fracasos rematan por orientar a descendencia ao emprego público: seguridade e posición. Porén, as tres familias transitaron cara o liberalismo cunha considerábel riqueza. Especialmente os Espinosa, figurando don Benito entre os maiores contribuíntes da provincia. Outro asunto son as débedas, que supuxeron a dilapidación de lexítimas, coma lle aconteceu a un dos fillos de Espinosa, Pío. O xogo está detrás da ruína dalgúns destes descendentes fidalgos.

Entre o abano de estratexias que adoptaron no novo marco liberal, cómpre fixarse nas seguintes: matrimonio, colocación e poder. Na valoración dun matrimonio convinte van entrar máis variábeis que no Antigo Réxime. O emprazamento da liñaxe vai perder relevancia, aprobando casamentos con consortes de lugares distantes. A vida profesional en Madrid ou en colonias propicia enlaces con familias foráneas, tal e como sucede cos López- Ballesteros e cun dos Varela. O seu patrimonio rústico xa non é primordial, apreciando a parte da

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dote en capital que poida achegar a esposa. Isto facilita as relacións con financeiros, comerciantes e funcionarios, que están a elevar o seu estatus na sociedade de notábeis. Un factor a considerar nestes enlaces é a adscrición política das familias, que teñen no círculo de amigos políticos o entorno inmediato para fraguar un parentesco.

Ademais da amizade política, os pretendentes máis idóneos desempeñan cargos públicos de certa consideración: avogados, fiscais, xuíces, alcaldes, intendentes, oficiais dos ministerios nas delegacións provinciais. Nos Varela tamén hai o casamento cun médico. Son estes matrimonios máis próximos no territorio, que van residir nas cidades de Santiago ou Pontevedra, ou nas mesmas comarcas (Lalín, Moraña, Tabeirós). Os Espinosa distínguense por manter ese parentesco de proximidade, casando o sucesor da Casa coa filla de Orrea de Lalín, quen compartira con Espinosa os traballos de delimitación dos municipios do partido de Lalín en 1836.

En canto á colocación da descendencia, xa non se busca un cargo eclesiástico para os segundoxénitos. Se ben, as tres familias manteñen unha estreita relación coa Igrexa, defendendo os seus intereses na discusión da lei de dotación de culto e clero, non hai interese nas vocacións relixiosas. O obxectivo destes fidalgos é colocar aos fillos nun cargo público que lles asegure unha renda, ademais dunha posición vantaxosa na distribución de recursos administrativos. Os destinos en colonias estaban moi cobizados polos beneficios que reportaban. Dentro da península, os nomeamentos en facenda e xustiza son os máis demandados. Unha trama de influencias e favores clientelares resultaba desta colocación na administración. As cesantías provocadas polos vaivéns políticos creaba duplicidades salariais que afogaban a burocracia, mais sobre todo politizaba a burocracia que mediante faccións perseguían unha mestura de intereses particulares e públicos. O irmán de Lorenzo Varela foi administrador xeral da renda de viños e licores en Filipinas. Un dos fillos de Espinosa, Vicente, pretendeu un cargo en Porto Rico, mais os López- Ballesteros só conseguiron un nomeamento en Facenda, na delegación da Coruña. Outro dos Espinosa tamén obtería un cargo nesa carteira, grazas á mediación dos seus curmáns. Namentres, un cuñado de Lalín ascendía a xuíz.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Unha das cuestións máis interesantes desta tese é o poder dos notábeis. Aqueles fidalgos de xurisdicións e cargos leigos van presentarse dende primeira hora na constitución das institucións liberais. Formaron parte do grupo de notabilidades comisionadas para o arranxo da planta municipal, asistiron ás primeiras deputacións e á Comisión de Armamento e Defensa, apoiaron ao xefe político Fernández Villaverde reprimindo o carlismo. Este decidido paso á fronte dos Varela e os Espinosa serviulles para consolidarse coma referentes dos propietarios moderados na provincia. O seu inicial entendemento co citado Fernández Villaverde e co seu curmán López-Ballesteros, conformou unha canle de comunicación entre os notábeis provinciais e os dirixentes de Madrid. A opinión de Varela e Espinosa era respectada, chegando a ser deputados provinciais e en Cortes. A participación política deulles poder, fornecendo o seu ascendente nas clientelas comarcais, e brindándolles unha influencia no Estado a través das súas redes de amigos políticos.

Os discursos dos notábeis nas súas cartas, borradores e informes encheron boa parte desta tese. De entrada, advírtese certa persistencia dos valores nobiliarios da "virtude". Son numerosas as ocasións nas que se distinguen coma aristocracias autóctonas, de solar antigo, aínda que sen rivalizar cos títulos aos que expresan consideración. Non se ten observado nas familias investigadas a arela de título nobiliario. De feito, don Luis López- Ballesteros tería rexeitado expresamente esta concesión, malia si admitir a de cabaleiro de Carlos III.

A proliferación do "don" na sociedade de notábeis produciu que algúns perfís non privilexiados tivesen acceso a ese recoñecemento. Isto trouxo algún problema no tratamento da información, xa que en Vigo o "don" foi extensivo á práctica totalidade dos electores, mentres que no distrito de Lalín seguiuse con rigor a distinción fidalga. Este relaxamento dos antigos usos estamentais tiña obxecto na riqueza, na capacidade e na función pública. Os máis ricos dos distritos podían chegar a gozar do "don" co paso dalgúns anos, ou dunha xeración. Unha función pública ou profesional tamén podía ser motivo para distinguirse. Era cuestión de mérito. Un parlamentario ou deputado provincial, un xuíz, un comandante, tiñan ese tratamento por descontado. Un concelleiro non sempre dispuxo dese honor. A súa

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

reputación no cargo determinaba esta consideración que era social, de uso común pola veciñanza. As tres familias investigadas máis os seus parentes sempre recibiron o tratamento de "don", tal e como viñan usando dende o Antigo Réxime. O seu estatus coma deputados acadou altas cotas de distinción na provincia.

Eles mesmos van a designar co "don" a profesionais da súa estimación. Estaban a aceptar as capacidades coma elemento de distinción para integrarse na sociedade de notábeis. En xeral, pode percibirse unha difusión de contidos científico- técnicos na alta sociedade. Existía interese pola medicina, sobre todo polo andazo de cólera, pola hixiene, o ensino, as innovacións agrarias. A biblioteca da Buzaca é un bo exemplo da morea de folletos, tratados e estudos que abordan o mundo con ollos científicos. Ademais, hai un altísimo coñecemento da linguaxe xurídica, que se plasma na lectura de constitucións e leis específicas, e na redacción de regulamentos e propostas diversas: ordenación territorial, medidas e pesos, tributos, melloras na cabana gandeira. O notábel amósase coma un herdeiro da Ilustración que xa incorporou a noción de "progreso".

Outra cuestión recorrente nas súas cartas do Oitocentos é a vida urbana. Os antigos fidalgos van ter casa aberta en Santiago. Varela na rúa do Hórreo, Espinosa na rúa do Vilar. Alí fan vida social as súas familias (irmás, fillas e fillos). Os cabezaleiros, Lorenzo e Benito, van andar no camiño entre Pontevedra, Santiago e as súas respectivas Casas durante os anos trinta. Non chegan a perder o contacto coa veciñanza local, mais van pasar a maior parte do tempo nas cidades. Porén, isto vai cambiar nalgún momento determinado. En 1840, cando falece a esposa de Espinosa en Santiago, o viúvo volve a Cascaxide con escasas visitas á cidade. Namentres, Varela pasaba longas tempadas en Santiago, e tamén en Pontevedra, pola súa actividade na Deputación ou polo Consello Provincial. Non obstante, a finais dos anos corenta vai residir máis tempo na Buzaca, onde emprendeu obras de reforma da cuberta e outros elementos arquitectónicos e decorativos. Cómpre lembrar que Luis López- Ballesteros tamén se retirara a vivir un tempo na Golpelleira, durante a guerra civil carlista.

Deste xeito, as tres Casas son lugares de retiro fronte a actividade social das cidades. Os seus parentes, nas cartas que lles envían,

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

censuran esa actitude de renuncia ao mundo, coma algo prexudicial. A "casa de la aldea" é percibida para a seguinte xeración coma un lugar para desfrutar das vacacións estivais, e non un lugar para vivir. Esta opinión está presente nas tres familias e concorda con aquela imaxe da nobreza británica que visita os seus estados no verán, asistindo no inverno á "London season".

Nas relacións campo- cidade hai unha nova percepción das viaxes. Cada vez menos tortuosas, as notabilidades pensan en distancias máis longas. Os paisanos acoden a Madrid por un trámite ou unha visita, sen máis miramentos. Ao respecto, debe considerarse a multiplicación de espazos de sociabilidade e poder. En Santiago celébranse bailes e hai referencia dalgún espectáculo teatral. Aquela imaxe antiga do fidalgo no seu casarón representa o pasado. A vida social e política está nas cidades.

Con todo, son nesas Casas fidalgas, nas aldeas, onde se chegan a importantes arranxos políticos e acordos electorais. Pénsese na reunión de Espinosa cos seus electores en Cascaxide, ou nas reunións de verán na Golpelleira ou na Buzaca. Tamén Fernández Villaverde ou Riestra visitan estes lugares para tratar en primeira persoa asuntos de importancia, que se adoitan contextualizar en Madrid ou Pontevedra, mais é posíbel que tivesen por escenario algún destes pazos.

En definitiva, Lorenzo Varela e Benito Espinosa comparten formas e discursos propios da sociedade de notábeis, mais aínda conservan trazos singulares que os ligan ao modo de vida dos seus devanceiros. Para eles, A Buzaca e Cascaxide seguen a ser os centros da súa actividade. Rexeitan tomar posesión do escano parlamentario en Madrid, talvez co empeño de facer política dende as súas respectivas Casas, neutralizando a distancia entre as Cortes e os seus dominios. Malia perder influencias na administración do Estado, estes curmáns non deixaron de gozar do recoñecemento social e político dos seus veciños.

O conxunto de condicións, estratexias e percepcións que se acaban de apuntar quedan sintetizadas no seguinte cadro comparativo:

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro XVI. Comparación entre fidalgos e notábeis

ASPECTOS	FIDALGOS ANTIGO RÉXIME	NOTÁBEIS OITOCENTOS
Condicións	Señores da terra. Constitución de dominios territoriais.	Propietarios. Patrimonio rústico segue a ser a súa base económica. Xorden investimentos e negocios.
	A fundación de vínculos, melloras e agregacións aseguran transmisión ao primoxénito varón.	O dominio fica aberto ao seu reparto. Descoñecemento patrimonial pola distancia física e escurecemento dos forais.
Estratexias	Rol de intermediario entre os dominios directo e útil. Abuso do subforo XVIII.	Mordomos e administradores fan de intermediarios. Desconexión coa terra.
	Matrimonios coma contratos que benefician en patrimonio e estatus ás liñaxes. O parentesco sustenta as redes de cooperación no grupo fidalgo.	Acéptanse consortes con capital, cargos públicos, ou amigos políticos. Tamén foráneos. Nas relacións sociais aínda é importante o parentesco, mais a política gaña forza.
	Indisolúbel relación coa Igrexa. Segundoxénitos. Parroquias. Beneficios curados. Mosteiros, renovación foros.	Apoio á dotación do clero. Segundoxénitos procuran emprego público. O favor do patrón ministerial.
	Autoridade moral e/ou xurisdicional nos dominios e parroquias.	Representación política. Faccións de amigos políticos. Máis espazos, menos distancias para a política.
Percepcións	Aspiración á nobreza. Escudo heráldico. Executoria fidalguía. Xenealoxías.	Prolifera o “don” sen executoria nin perfil fidalgo. O cargo público ten “don”.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ASPECTOS	FIDALGOS ANTIGO RÉXIME	NOTÁBEIS OITOCENTOS
	Estilo de vida rural. Contacto directo cos levadores. Puntuais contactos fidalguía veciña. Illamento ou ensimesmamento.	Estilo de vida urbano. Progreso científico. Viaxes cidades. Vacacións. Vida social de bailes e xogos de azar.

Fonte: elaboración propia

Seguindo co guión de conclusións, chega a quenda das relacións entre distintos "campos" ou obxectos de estudo. Dende o inicio da investigación de Tese, púxose o foco nas relacións entre a propiedade e a representación política. Indutivamente, tras unha primeira exploración de fontes bosquexárase a hipótese inicial dunha perda patrimonial destas familias fidalgas, coincidindo coa súa actividade política. A saber, os datos das contribucións de 1849 arroxaban datos inferiores aos das listaxes electorais de 1836. A lóxica levou ao equívoco de relacionar unha mingua da riqueza coa desatención dos seus bens. A representación política non tiña retribución económica, polo que esta función puido ter empobrecido ás notabilidades.

Sen embargo, estas suposicións atoparon moitos matices nun estudo en profundidade das fontes. Para comezar, os datos das contribucións procedían da reforma tributaria Mon- Santillán de 1845, con conceptos distintos aos repartimentos de 1836 ou 1844. Por outra banda, quedou de manifesto a fraude fiscal nos cálculos da riqueza impositiva que realizaban os municipios. Deliberadamente, os alcaldes, coma o fillo de Espinosa, estimaran á baixa o patrimonio dos principais propietarios. Varela era consciente de que o concello de Chapa, coma o de Lalín e outros, estaban escasamente gravados. Ademais, outros políticos obtiveran pingües beneficios da súa profesionalización política, como era o caso de Fernández Villaverde e Diego López- Ballesteros, aínda que estes ingresos procederan da información que manexaban coma funcionarios públicos, mais que coma deputados. É dicir, a función pública nos ministerios ofrecía máis oportunidades económicas ca representación política.

En canto ao perfil do propietario que vai ser elixido, hai diferenzas patrimoniais segundo o rango de representación, así como

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

tamén no período da elección. Nos anos trinta os parlamentarios elixidos na provincia de Pontevedra adoitan ser títulos, militares de alta graduación e fidalgos ben situados na administración. Hai altísimas fortunas, mais tamén algún propietario menor que obtén o escano polo renome que acadou no exército. Na Deputación instálanse corporacións de notabilidades, que destacan por figurar entre os maiores contribuíntes dos seus partidos xudiciais. Nos municipios ocupan as alcaldías grandes e medianos propietarios, que aspiran en moitos casos a desenvolver unha carreira político- administrativa.

Tras a reforma electoral de 1846, algunhas destas notabilidades conseguen escano en Cortes. Espinosa e Varela son un claro exemplo da integración destas figuras políticas provinciais. Grandes propietarios, completan a nómina de deputados funcionarios e parlamentarios profesionalizados, que levan varios anos representando a provincia, coma Fernández Villaverde e Diego López- Ballesteros. Na Deputación teñen entrada outros notábeis dos partidos, que tiñan ascendido en riqueza e estatus. Nos municipios hai solucións diversas. Hai concellos nos que o maior propietario conserva o bastón de mando para si, mentres noutros se sitúan perfís máis baixos en riqueza, estatus e poder. Son os clientes dos verdadeiros patróns dos concellos.

Na conxuntura política que sitúa aos "monistas" na oposición, con gobernos de corte autoritaria, vai poñerse en práctica a chamada "autoridade moral". A imposición das candidaturas gobernamentais altera a correlación propiedade- representación. Reúnen na súa causa propietarios en crecemento, burócratas cuneros e algúns títulos, para que rivalicen coas elites de adscrición "monista". Na provincia de Pontevedra a fracción dos asturianos resiste con bastante soltura os embates dos gobernos conservadores, mantendo varias actas "monistas". Con todo, Diego López- Ballesteros non consegue enfeudarse nun distrito, tendo que sufrir para ser electo en Prado-Lalín. Na Deputación e nos municipios tamén se observa un incremento da pugna electoral. Como tónica xeral, a maior presión gobernamental, máis división no electorado e maiores irregularidades nas votacións. As actas recollen votacións paralelas, secuestro de electores, agresións e falsidade documental.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non se pode establecer unha correlación directa entre os grandes propietarios e un sentido do voto. Son moderados, mais van apoiar a unha familia política segundo acordos puntuais. En Prado, Espinosa e o seu grupo de grandes propietarios do distrito, van confiar no candidato de Sartorius en 1850, podendo ser o resultado dun arranxo político pola exclusión dos montes de Lalín das estatísticas de propiedade pública. A partir de 1853, Espinosa terá resoltas as súas diferenzas co seu curmán Diego López- Ballesteros, coincidindo que o seu fillo Vicente é protexido por estes en Madrid para conseguir un oficio público. É dicir, entre a propiedade e a representación política entretécense numerosos intereses concretos, que van mudando en cada elección. Un reflexo máis da inestabilidade que emanaba a política estatal e que sementaba caos e conflitos nos distritos electorais.

As relacións do exército e as autoridades civís destacaban pola súa interdependencia. Existira unha politización de signo liberal no seo do exército, en certo modo necesaria para o trunfo da revolución. Andando os lustros, o exército vai recoller distintas sensibilidades, malia a forza dos ayacuchos e doutras posicións progresistas. Aparecen en escena xenerais moderados que se converten en baluartes do réxime. Nos levantamentos en provincias e cidades sorprende a rápida colaboración política dun grupo de notabilidades afíns. A organización de xuntas, abastecemento e difusión de proclamas son medidas políticas que acompañan o pronunciamento. Autoridades civís que ocupan o lugar do xefe político provincial, dos deputados e dos alcaldes, para arrogarse a lexitimidade que conceden as armas e a poboación. En agosto de 1836 e en abril de 1846, non se aprecia unha preponderancia militar nos levantamentos. Hai forzas armadas e oficiais que se postulan defensores do liberalismo, mais nestes episodios o *xuntismo* funciona coma primeira estruturación do cambio político. Así nos levantamentos, así na guerra de Independencia.

Outro debate concirne á ideoloxía do exército. Adóitase atribuír unha carga ideolóxica aos movementos militares que non se aplica á clase política. É coma se os militares constituísen unha reserva dos ideais políticos, mentres os políticos non tivesen principios. Este enfoque está probabelmente deturpado polo fenómeno clientelar. As interseccióǹs de forzas políticas e militares impide que se poidan illar,

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

coma se de estruturas autónomas estivésemos a falar, nunha época onde non é pertinente un enfoque de "diferenciación" estrutural. Os discursos políticos circulaban na prensa, nos faladoiros, nos cuarteis. Se existe unha politización dos militares, é porque existe dalgún xeito na sociedade. A repulsa ás reformas constitucional, tributaria e electoral dos doutrinarios, que provocou o levantamento galego de 1846, ten elementos pragmáticos mais tamén ideais políticos. Diversas tendencias congregáronse para evitar a implantación do modelo centralista francés. Como ben ten indicado Barreiro, non foi simplemente un alzamento militar, tampouco unha revolución do ciclo europeo de 1848. Foi a alianza dos opositores ao goberno doutrinario: progresistas, puritanos, provincialistas. Entre os seus principais argumentos estaban os intereses da burguesía industrial e comercial. Tamén a perda de autonomía dos municipios e provincias. Xa fora co obxecto dun cambio de goberno ou dun cambio de réxime, resulta indubidábel que estaban en discusión as regras de xogo político. Se ben é certo, un dos berros máis repetidos era: ¡Abajo el sistema tributario!

Este asunto da ideoloxía conduce á cuestión da cultura política. Son salientábeis algúns comentarios dos notábeis de Pontevedra sobre principios políticos coma o consenso, a representación, o constitucionalismo, ou o progreso do país. O primeiro tema na axenda política dun elector da provincia viña a ser o beneficio da comarca e provincia. Entendían que había un agravio no desenvolvemento das infraestruturas galegas, polo que os representantes políticos tiñan que pular por este obxectivo. A cousa pública era o ben común, que estaba localizado nas coordenadas da provincia. Isto está en consonancia co perfil do elixíbel. O representante debía contar con «arraigo e reputación», é dicir, ser alguén recoñecido na comunidade. Esta concepción descritiva da representación non se vai abandonar durante o período estudado. Malia os esforzos dende os gobernos por introducir deputados *cuneros*, existía unha oposición social que impedía a súa elección. Só na conxuntura crítica das eleccións dos gobernos autoritarios pode observarse a controvertida discusión de candidatos foráneos. O ano de 1850 marca un cambio na

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

representación política da provincia, polo posibilismo dos intereses parciais, clientelares.

Esta cultura política de fundamentos sociais está en consonancia coa reprobación xeral do individualismo. Non se aceptan os intereses propios, nin a solicitación persoal do voto, porque sería unha demostración de egoísmo. A política debía estar ao servizo da comunidade ou corporación. Unha reunión de intereses comúns, coma os propietarios da provincia. Ante as carencias organizativas dos partidos políticos, con nula estruturación no territorio, son as notabilidades quen organizan as eleccións mediante as súas relacións persoais e sociais. Redes clientelares que maiormente proveñen das relacións de padroádego do Antigo Réxime e que, no marco liberal, adoptan a forma de "amigos políticos". Así, diríxense ao "Apreciable amigo y paisano", e "estimado amigo y favorecedor".

Os dirixentes das fraccións parlamentarias aprecian estas relacións nas provincias porque teñen coma resultado o signo dunha elección. O voto, malia ser persoal, é concibido en grupo, coma expresión dunha pertenza, dunha cooperación por un interese común. A organización clientelar das eleccións tórnase conflitiva cando se desfai o acordo dos patróns provinciais. Puideron identificarse, cando menos, dous vectores de división, que soen aparecer en combinación variábel: discrepancias coas directrices gobernamentais; concorrencia doutros grupos coas súas clientelas. A candidatura de Fontán en 1840, as eleccións municipais en Caldas en 1849, ou a do deputado por Prado entre 1850 e 1853 son produto da ruptura do consenso entre notabilidades provinciais moderadas.

Aínda que con menor incidencia, tamén houbo motivacións ideolóxicas nas loitas electorais entre notabilidades. As faccións políticas non só funcionaron coma organizacións instrumentais de acción política. Existía un corpus ideolóxico moderado nos grandes propietarios pontevedreses, que se nutría de grandes doses de paixón e idealismo político. Unha construción ideolóxica máis historicista que teórica, talvez algo próximo a unha "relixión civil". A facción serviría, pois, coma unha trama de amigos que comparten intereses, información e até unha cultura política. Unha mentalidade ou xeito de

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ver o mundo dende a perspectiva política. De aí os elementos elitistas no discurso moderado.

Cando os notábeis pontevedreses rexeitan apoiar a candidatura de Fontán en 1840, non o formulan coma unha cuestión persoal. O carácter de Fontán podía ser de gran vehemencia, até chegar a ser intransixente, mais era amigo persoal e político. Era admirado e querido. Foi vetado dende Madrid, por eses mesmos amigos, entre os que estaría Diego López- Ballesteros. A controversia ou *affaire* Fontán estaba na súa independencia. A súa liberdade de criterio, que non acataba docilmente o consenso pactado polos dirixentes moderados. A posición de Fontán estaría próxima, xa que logo, aos puritanos, xa que a súa concepción da representación era máis pluralista e sociolóxico- descritiva ca dos doutrinarios. Un amigo político indisciplinado, Fontán estivo encadrado no bando dos notábeis moderados, aínda que nas marxes, na incómoda posición dun xenio científico.

O idealismo político, que impregna a correspondencia dos anos 30, vai toparse coa crúa realidade das disputas polo poder que alimenta a promoción dos intereses particulares dos electores. No ano 1850, certo escepticismo ten invadido a contenda política. A práctica electoral, cos seus arranxos, fraudes, e influencias, amósase descarnada nas cartas persoais. O fastío ante as reiteradas convocatorias electorais e a inimizade irreconciliábel entre antigos amigos políticos, deriva en cansazo e desagrado. Así coma o centralismo doutrinario tiña atacado e desfeito o concepto xurídico da propiedade comunal, disolvía agora a comunidade de intereses políticos. O corporativismo e o provincialismo non eran fenómenos políticos desexábeis xa que restaban poder ao Estado. Preferiuse a forma particularista e xerárquica das relacións clientelares. Deste xeito, tras o soño do Estado liberal, imponse o limitado reparto de recursos administrativos. Abandónase o discurso político- ideolóxico das faccións, para potenciar o personalismo do patrón clientelar, na súa dimensión socioeconómica. A fórmula clientelar vese así fornecida e institucionalizada a partir de 1850, derivando na oligarquización do réxime liberal na Restauración.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Así e todo, non pode negarse o importante papel dinamizador que desempeñaron as eleccións nos distritos rurais. Formalmente, as eleccións introduciron os instrumentos e liturxias liberais nas aldeas: convocatoria, electores, mesa, voto, acta, representación. Non se aprecia un descenso ou pedagoxía da política, ponderando maiormente unha aprendizaxe autodidacta por parte das notabilidades provinciais. Foron "facedores" de institucións, puxéronas a funcionar, e ademais converteron as súas redes persoais e sociais en grupos de amigos políticos. No ámbito da provincia, fixeron realidade o Estado liberal.

A modo de corolario, pódese facer o esforzo de triangular as tres magnitudes investigadas: temporalidades, espazos e suxeitos. O notábel é unha categoría sociopolítica de transición na instalación do Estado liberal. Detéctanse nesta figura elementos característicos do antigo estatus privilexiado (riqueza, elitismo, padroádego), á beira de aspectos máis novidosos (dereitos políticos, estreita relación coa función pública, vida urbana ou vilega). O grupo fidalgo encaixaba perfectamente nesta elite, cumprindo ademais cun novo rol de intermediación, neste caso entre a burocracia liberal e a poboación. Andando os lustros, o notábel provincial someterase ao seu efectivo aburguesamento, cando novos liderados sociais así o demanden. Non obstante, as familias fidalgas investigadas conservaron até hoxe algúns trazos de cariz aristocrático. Vinculados á administración pública dende a época da revolución liberal, mantiveron un alto nivel de vida, tendo nos seus pazos da Golpelleira, A Buzaca e Cascaxide, un símbolo de distinción. Mais que unha persistencia ou continuidade, trataríase dunha mutación social, sen perder asento na alta sociedade.

Os espazos do liberalismo aparecen aquí múltiples e entrelazados. Dificilmente poden observarse por separado. A vida local está conectada cos ministerios, e os parlamentarios cos notábeis provinciais, circulando o poder en distintas direccións, sen que se poida determinar se foi antes a influencia ou o favor. Cada arranxo vai amosar a súa especificidade. Así e todo, percíbese unha calidade común a todo o sistema político: a capilaridade do poder, que atravesa e reúne o corpo político. Por moitas crises e cambios de goberno, pronunciamentos, e despropósitos no seo da camarilla rexia, o Estado non cae porque as redes de poder o sosteñen. Unha inercia nos fluxos

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de poder máis inclinada á permanencia cá ruptura, a pesares das evidentes fracturas que forzan camiños alternativos, ás veces politicamente tortuosos.

Este enfoque micropolítico destaca o espazo local fronte lecturas de alta política. A participación das elites provinciais e locais era imprescindíbel para a institucionalización política, mais tamén os apoderaba, creaba tensións e/ou levantamentos, e forzaba negociacións que non resultaban do agrado das elites ministeriais. Un medio de coutar o seu poder foi a lei moderada de municipios e provincias. A súa polémica implantación foi un dos principais motivos da chamada revolución de setembro de 1840. Os doutrinarios ao seu regreso obraron en consecuencia, promocionando aínda máis un centralismo tendente a despolitizar o liberalismo. A tese fundamental residía no posibilismo da administración liberal. Mentres se baleiraba de contido político e autonomía á política provincial, construíase un relato histórico- cultural da nación. Unha abstracción que a separaba da esfera política da representación política, da soberanía, deixando un déficit de experiencias políticas de nación. Sen corpo político de nación, neutralizados os espazos políticos provinciais, o liberalismo entrou nunha fase pragmática, centrado nas cuestións sociais e económicas da transformación. Individuo e capital eran fitos no camiño do progreso, que se transitaba a bordo dun carro tirado por clientes, forzosamente agradecidos aos esclarecidos patróns que os guiaban dende o pescante.

Por último, a adaptación fidalga ao marco liberal tivo diferentes velocidades. Houbo condicións, coma a súa posición na estrutura agraria que, se ben acusaba algúns cambios (desvinculación, desconexión persoal coa terra), mantivo a duplicidade de dereitos sobre a terra até o século XX. En canto ás estratexias e ás percepcións, as transformacións foron máis aceleradas. O capital, o individualismo, a función pública, a vida urbana, as longas distancias, aspectos todos eles que non permiten seguir a falar de continuidade da fidalguía cando xa non viven no pazo, en contacto coa comunidade campesiña, á que protexían e rexían, a conta das rendas agrarias.

Nas xeracións tamén se advirte eses diferentes ritmos, ou converxencia de vectores de continuidade e elementos de ruptura. A

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xeración nacida durante a guerra do *Francés* encarnou o modelo social deste primeiro liberalismo institucional. Así, Diego López- Ballesteros (1804- 1874) e o seu primo Lorenzo Varela (1803- 1860) deron co perfil da notabilidade, mentres que Espinosa (1791- 1855), un pouco máis maior, aínda mantivo algunhas actitudes propias do Antigo Réxime, que son máis evidentes no seu curmán don Luis López-Ballesteros (1782- 1853). Institucións seculares foron por terra nuns poucos decenios. Casas de avoengo deron en desaparecer, mais isto tampouco era unha novidade tan sorprendente. No tempo antigo Casas máis grandes tiñan caído. Non existiron nin existirán garantías de reprodución biolóxica e social. No caso destas tres familias fidalgas da provincia de Pontevedra, non foi só unha mera adaptación, foi unha actuación decidida polo cambio das regras de xogo político, sendo conscientes ou non da mutación social que ían protagonizar. Semella que o esgotamento do Antigo Réxime era un segredo a voces.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

Adorno, Theodor W.: *Sobre Walter Benjamin*, Madrid, Ediciones Cátedra, 2001 [1970].

Álvarez Junco, José: *Mater Dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid, Taurus, 2001.

Álvarez Junco, José; Beramendi, Justo; Requejo, Ferrán: *El nombre de la cosa. Debate sobre el término nación y otros conceptos relacionados*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2005.

Amor Moreno, Grato E.: "Un enigmático blasón en la heráldica de los pazos de Casalnovo y A Buzaca", *Boletín de Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, Nº. 1, 2002, pp. 76- 80.

Anderson, Perry: *El Estado absolutista*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1979.

Anes Álvarez de Castrillón, Gonzalo: *El Antiguo Régimen: los Borbones*, Madrid, Alianza Editorial, 1975.

Angelón, Manuel: *Isabel II, historia de la reina de España*, Bukinbook, 2016 [Barcelona, imprenta de Narciso Ramírez y Cía, 1860].

Archilés i Cardona, Ferrán: "La novela y la nación en la literatura española de la Restauración: región y provincia en el imaginario nacional", en Carlos Forcadell, María Cruz Romeo (eds.), *Provincia y nación. Los territorios del liberalismo*, Zaragoza, Institución «Fernando el Católico», Diputación de Zaragoza, 2006, pp. 161- 190.

Archilés i Cardona, Ferrán: "Melancólico bucle. Narrativas de la nación fracasada e historiografía española contemporánea", en Ismael Sanz, Ferrán Archilés (eds.), *Estudios sobre nacionalismo y nación en la España contemporánea*, Zaragoza, Prensas Universitarias, 2011, pp. 245- 330.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arendt, Hannah: *Hombres en tiempos de oscuridad.* Barcelona, Editorial Gedisa, 2001, [1965].
Aristóteles: *Política*, Madrid, Editorial Alba, 1996.
Aróstegui Sánchez, Julio: "El manifiesto de la «Federación de Realistas Puros», en *Estudios de Historia Contemporánea*, vol. I, Instituto Jerónimo Zurita, 1976, pp. 119- 185. Reeditado en *Hispania Nova*, Nº. 10, 2012.
Aróstegui Sánchez, Julio: "La contrarrevolución española en el contexto de la contrarrevolución en Europa", en José Antonio Ferrer Benimeli (coord.), *Masonería, revolución y reacción*, Alicante, Diputación Provincial de Alicante, Instituto Alicantino de Cultura Juan Gil- Albert, 1990, pp. 573- 594.
Aróstegui Sánchez, Julio: "Violencia, sociedad y política: la definición de la violencia", en *Ayer*, Nº. 13, 1994, pp. 17- 55.
Aróstegui, Julio; Calleja, Eduardo G.; Souto, Sandra: "La violencia política en la España del siglo XX", en *Cuadernos de Historia Contemporánea*, Nº. 22, 2000, pp. 53- 94.
Artaza Montero, Manuel María de: "Coyuntura crítica y cambio institucional: Felipe V y Galicia", en María López Díaz (ed.), *Galicia y la instauración de la Monarquía borbónica. Poder, élites y dinámica política*, Madrid, Sílex Ediciones, 2016, pp. 21- 52.
Atienza Hernández, Ignacio: "Refeudalización en Castilla durante el siglo XVII: ¿Un tópico?", en *Anuario de historia del derecho español*, Nº. 56, 1986, pp. 889- 920.
Artola Gallego, Miguel: *La burguesía revolucionaria (1808- 1874)*, Madrid, Alianza Editorial, 1974 (a) [1973].
Artola Gallego, Miguel: *Partidos y programas políticos, 1808- 1936*, Madrid, Editorial Aguilar, 1974 (b).
Artola Gallego, Miguel: *Antiguo régimen y revolución liberal*, Barcelona, Ariel, 1979.
Atienza Hernández, Ignacio: "Refeudalización en Castilla durante el siglo XVII, ¿un tópico?", en *Anuario de Historia del Derecho Español*, Nº. 56, 1986, pp. 889- 920.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Atienza Hernández, Ignacio: *Aristocracia, poder y riqueza en la España Moderna. La Casa de Osuna, siglos XV- XIX*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1987.

Atienza Hernández, Ignacio: "El señor avisado: programas paternalistas y control social en la Castilla del siglo XVII", *Manuscrits*, Nº. 9, 1991, pp. 155- 204.

Balboa López, Xesús: *O monte en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais, 1990.

Balboa López, Xesús; Artiaga Rego, Aurora: "La individualización de la propiedad colectiva: aproximación e interpretación del proceso en los montes vecinales de Galicia", en *Agricultura y sociedad*, Nº. 65, 1992, pp. 101- 120.

Balboa López, Xesús: "La historia de los montes públicos españoles (1812- 1936): Un balance y algunhas propuestas", en *Historia Agraria*, Nº. 18, 1999, pp. 95- 128.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Pico Sacro, 1977.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: *Liberales y absolutistas en Galicia (1808- 1833)*, Vigo, Edicións Xerais, 1982.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (coord.): *Parlamentarios de Galicia. Biografías de Deputados e Senadores (1810- 2001)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia e Real Academia Galega, 2001 (a).

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: "Nacemento, plenitude e ocaso da firma Compostela «D. Ramón Pérez Santamarina» (1760- 1830), en VV.AA., *Entre nós: Estudios de Arte, Xeografía e Historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Universidade de Santiago de Compostela, 2001 (b), pp. 1055- 1073.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: "De Isabel II á Restauración (1833- 1874)", en VV.AA., *A Gran Historia de Galicia*, tomo XI, vol. 2, A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: "O xornalismo galego no ciclo da Guerra de Independencia (1808- 1815)", en Barreiro Fernández (coord.), *O liberalismo nos seus contextos. Un estado da cuestión*, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 185- 213.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Barreiro Fernández, Xosé Ramón: "O pensamento político de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle", en Barreiro Fernández (coord.), *"O resplandor primeiro": estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*, Ourense, Real Academia Galega, 2013.

Barreiro Molano, Olalla: "A primeira guerra carlista nas terras de Tabeirós. Accións militares e represalias na vila da Estrada (1835-1836)", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Vol. 16, 2013, pp. 215- 237.

Baudelaire, Charles: *El pintor de la vida moderna*, Valencia, Colección de Arquitectura, 1995.

Baz Vicente, María Jesús: "El patrimonio de la alta nobleza en Galicia ante la revolución burguesa: la Casa de Alba", *Anuario de historia del derecho español*, nº 60, 1990, 287- 322.

Baz Vicente, María Jesús: *Señorío y propiedad foral de la alta nobleza en Galicia, (siglos XVI- XX): La Casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 1996.

Baz Vicente, María Jesús: "Las élites agrarias en la Galicia liberal: tutela política y conservacionismo foral de la fidalguía rentista", en *Ayer*, Nº. 48, 2002, pp. 59- 84.

Benjamin, Walter: *Discursos interrumpidos*, Madrid, Taurus, 1989.

Benjamin Walter: *El origen del drama barroco alemán*, Madrid, Taurus, 1990 [1928].

Benjamin, Walter: *Tentativas sobre Brecht. Iluminaciones III*, Madrid, Taurus, 1998 [Ed. alemana, 1972].

Benjamin, Walter: *Libro de los Pasajes*, edición de Rolf Tiedemann, Madrid, Ediciones Akal, 2005.

Beramendi, Justo: "La cultura política como objeto historiográfico. Algunas cuestiones de método", en Almunia et. al., *Culturas y civilizaciones*, III Congreso de la AHC, Valladolid, Universidad, 1998, pp. 75- 94.

Beramendi, Justo: "Las cosas tras los nombres", en José Álvarez Junco, Justo Beramendi, Ferrán Requejo, *El nombre de la cosa*, Madrid, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 2005.

Beramendi, Justo; Rivera, Antonio: "La nacionalización española: cuestiones de teoría y método", en Félix Luengo, Fernando

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Molina (eds.): *Los caminos de la nación*, Granada, Editorial Comares, 2016.
Bois, Guy: *La gran depresión medieval: siglos XIV- XV. El precedente de una crisis sistémica*, Universitat de València, Biblioteca Nueva, 2009.
Bossenga, Gail: "A Divided Nobility: Status, Markets, and the Patrimonial State in the Old Regime", en Jay M. Smith (ed.), *The French Nobility in the Eighteenth Century*, Pennsylvania State University Press, 2006, pp. 43- 76.
Bourdieu, Pierre: *El sentido práctico*, Madrid, Taurus, 1991.
Bourdieu, Pierre: *Razones prácticas*, Barcelona, Anagrama, 2007 [1994].
Bloch, Marc: *Introducción a la Historia*, Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica, 1982 [1949].
Braudel, Fernand: "La larga duración", en *Revista Académica de Relaciones Internacionales*, Nº. 5, 2006, UAM- AEDRI, [1958].
Brisset Martín, Xavier: "A gran coalición fidalga. Nobreza endogámica no Senado e no Congreso", en *Cátedra. Revista Eumesa de estudios*, Nº. 20, 2013.
Brubaker, Rogers: *Nationalism reframed. Nationhood and the national question in the New Europe*, Cambridge, Cambridge University Press, 1996.
Burdiel, Isabel: *La política de los notables. Moderados y avanzados durante el Régimen del Estatuto Real (1834- 36)*, Valencia, Edicions Alfons el Magnànim, Institució Valenciana d'Estudis i Investigació, 1987.
Burdiel, Isabel; Romeo Mateo, Mª Cruz: "Los sujetos en el proceso revolucionario español del siglo XIX. El papel de la prosopografía histórica", *Historia Contemporánea*, Nº. 13- 14, 1996, pp. 149- 156.
Burdiel, Isabel (ed.): "La política en el reinado de Isabel II", *Ayer*, Nº. 29, 1998.
Burdiel, Isabel: "Morir de éxito: el péndulo liberal y la revolución española del siglo XIX", *Historia y Política*, Nº. 1, 1999, pp. 181- 203.
Burdiel, Isabel: *Isabel II. Una biografía*, Madrid, Taurus, 2010.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Burke, Peter: *Sociología e historia*, Madrid, Alianza, 1987.
Caballero, Fermín: *Voz de alerta a los españoles constitucionales sobre la cuestión del día*, Córdoba, imprenta de Noguer y Manté, 1839.
Caballero Rodríguez, Margarita: "El derecho de representación: sufragio y leyes electorales", en *Ayer*, Nº. 34, 1999, pp. 41- 63.
Cal y Cortina, Rosa María Gabriela: *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, A Coruña, Deputación Provincial de A Coruña, 1997.
Calatayud, Salvador; Millán, Jesús; Romeo Mateo, María Cruz (eds.): *Estado y periferias en la España del siglo XIX. Nuevos Enfoques*, Valencia, Universitat de València, 2009.
Cabo, Miguel; Molina, Fernando: "The long and winding road to nationalization: Eugen Weber's peasants into Frenchmen in Modern European History", *European History Quartely*, SAGE publications, 2009, pp. 264- 286.
Cannadine, David: *The decline and fall of the British aristocracy*, New Haven- London, Yale University Press, 1990.
Cannadine, David: *Aspects of aristocracy: Grandeur and Decline in Modern Britain*, New Haven- London, Yale University Press, 1994.
Cannon, John: "The British Nobility, 1660- 1800", en Hamish M. Scott (ed.), *The European nobilities in the Seventeenth and Eighteenth centuries, vol. I, Western Europe*, London- New York, Longman, 1995.
Cánovas Sánchez, Francisco: *El partido moderado*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1982.
Carasa Soto, Pedro: "Castilla y León", en José Varela Ortega (dir.), *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001(a), pp. 175- 236.
Carasa Soto, Pedro: "De la burguesía a las elites, entre la ambigüedad y la renovación conceptual", *Ayer*, Nº. 42, 2001(b), pp. 213- 239.
Carreras Ares, Juan José: *Seis lecciones sobre historia*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico, 2003.
Casanova Ruiz, Julián: "La sociología histórica vista desde España. Ese obscuro objeto de deseo", Miguel Ángel Cabrera, Marie

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

McMahon (coords.), *La situación de la Historia: ensayos de historiografía*, Universidad de La Laguna, 2002, pp. 71- 86.
Castells Oliván, Irene: "El liberalismo insurreccional español (1815-1833)", en Xosé R. Barreiro Fernández (coord.), *O liberalismo nos seus contextos: un estado da cuestión*, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 71- 88.
Castro, Concepción de: *La Revolución Liberal y los municipios españoles (1812-1868)*, Madrid, Alianza Editorial, 1979.
Clavero, Bartolomé: *El código y el fuero. De la cuestión regional en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1982.
Comellas, José Luis: *Los moderados en el poder, 1844- 1854*, Madrid, CSIC, 1970.
Comesaña Paz, Alfredo: "Fastixio e morte dun portaestandarte do carlismo galego. O cóengo cardeal Francisco Mª de Gorostidi", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Vol. 66, nº. 132, 2019, pp. 313-341.
Comín, Francisco: "La metamorfosis de la Hacienda (1808-1874)", en VV.AA.: *Josep Fontana. Historia y proyecto social. Jornadas de debate del Institut Universitari d'Història Jaume Vicens Vives,* Barcelona, Crítica, 2004, pp. 31- 102.
Comín, Francisco; Martín Aceña, Pablo; Vallejo Pousada, Rafael (eds.): *La Hacienda por sus ministros. La etapa liberal de 1845 a 1899*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2006.
Congost, Rosa: "Sagrada propiedad imperfecta. Otra visión de la revolución liberal", *Historia Agraria*, Nº. 20, 2000, pp. 61- 93; tamén publicado en *Tierras, Leyes, Historia. Estudios sobre la "gran obra de la propiedad"*, Barcelona, Crítica, 2007, pp. 121-157.
Congreso de los Diputados: *Estadística del personal y vicisitudes de las Cortes y de los Ministerios de España*, Madrid, Imprenta de la viuda e hijos de J. A. García, 1880.
Costa, Adelaide Millán Da: "Nobres, agentes periféricos da coroa e homens dos concelhos: desarmonias discursivas e articulaçoes factuais", *Edad Media. Revista de História*, 2018, Nº. 19, pp. 47-73.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Crespo del Pozo, José Santiago: "Blasones y linajes de Galicia", en *Historia de Galicia*, vol. XIX-XXI, Bilbao, Editorial La Gran Enciclopedia Vasca, 1985 [1957].

Cruz Villalón, Jesús: *Los notables de Madrid. Las bases sociales de la Revolución Liberal española*, Madrid, Alianza Editorial, 2000.

Dardé Morales, Carlos: "Liberalismo, despotismo y fraude en el proyecto político de la Restauración en España", en Javier Alvarado (coord.), *Poder, economía, clientelismo*, Madrid, Marcial Pons, 1997.

Dardé Morales, Carlos; Estrada, M.: "Social and territorial representation in Spanish electoral systems: 1809- 1874", en Raffaele Romanelli (ed.), *How did they become voters? The History of Franchise in Modern European Representation*, The Hague, The Netherlands, Kluwer Law International, 1998, pp. 133- 153.

Dardé Morales, Carlos: "Características de la vida política", en José Varela Ortega (dir.), *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001.

Deleuze, Gilles: *Repetición y diferencia*, Barcelona, Anagrama, 2005 [1969].

Dewald, Jonathan: *Aristocratic Experience and the Origins of Modern Culture: France, 1570- 1715*, Berkeley, California University Press, 1993.

Díaz Marín, Pedro: *Después de la revolución. Centralismo y burguesía en Alicante (1844- 1854)*, Alacant, Institut de Cultura Juan Gil-Albert, 1998.

Díaz Marín, Pedro: *Política de Estado: los discursos de la Corona durante la Década Moderada (1844- 1854)*, Alacant, servizo de publicacións da Universitat d'Alacant, 2018.

Dickens, Charles: *Los papeles póstumos del Club Pickwick*, epublibre, Castroponce Edición, 2014 [1836- 37].

Dickens, Charles: *Historia de dos ciudades*, Madrid, Alianza Editorial, 2015 [1859].

Diego Romero, Javier de: "El concepto de «cultura política»", en *Ayer*, Nº. 61, 2006, pp. 233- 266.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Domínguez Ortiz, Antonio: *Las clases privilegiadas en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, Ediciones Istmo, 1973.
Dostoievski, Fiódor: *El jugador*, Barcelona, Editorial Destino, 2002.
Dubert García, Isidro: *Los comportamientos de la familia urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: el ejemplo de Santiago de Compostela en el s. XVIII*, Universidade de Santiago de Compostela, 1987.
Dubert García, Isidro: "El fenómeno urbano en la Galicia interior: características económicas y demográficas del ámbito semiurbano (1571- 1850), *Obradoiro de Historia Moderna*, Nº. 1, 1992, pp. 13- 44.
Duby, Georges: *Hombres y estructuras de la Edad Media*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1993 [1978].
Duverger, Maurice: *Los partidos políticos*, México D.F., Fondo de Cultura Económica, 2012 [1951].
Hobsbawm, Eric: *La era de la revolución, 1789- 1848*, Bos Aires, Crítica, 2009.
Eiras Roel, Antonio: "Tipología documental de los protocolos gallegos", Eiras Roel (ed.), *Historia Social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Universidade de Santiago de Compostela, 1980, pp. 21- 113.
Esteban de Vega, Mariano: "Cambios y permanencias en las élites políticas y administrativas del reinado de Fernando VII", *Historia Contemporánea*, Nº. 13- 14, 1996, pp. 229- 238.
Fariña Jamardo, Xosé; Pereira Figueroa, Miguel: *A Deputación de Pontevedra, 1836-1986*, Vigo, Deputación Provincial de Pontevedra, 1986.
Fariña Jamardo, Xosé: *Os Concellos Galegos*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990.
Fariña Jamardo, Xosé: *Orixe, nacemento e evolución dos concellos pontevedreses*, Vigo, Deputación Provincial de Pontevedra, 1996.
Fayard, Janine: *Los miembros del Consejo de Castilla (1621- 1746)*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1982.
Fernández Bascuas, María Jesusa: "Os escudos do concello da Estrada dende 1840", en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, Nº. 6, 2003, pp. 56- 72.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fernández Bascuas, María Jesusa: "Carlistas e liberais en terras estradenses. A derradeira batalla do caudillo Gorostidi", en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, Nº. 9, 2006, pp. 273-306.

Fernández Castro, Juan Andrés: "Padriños, madriñas, afillados e compadres en Terras de Tabeirós, 1635- 1850", en *A Estrada, Miscelánea Histórica e Cultural*, Nº. 20, 2017, pp. 49- 76.

Fernández García, Matías: *Parroquia madrileña de San Sebastián. Algunos Personajes de su Archivo*, Madrid, Caparrós editores, 1995.

Fernández Prieto, Lourenzo; Núñez Seixas, Xosé Manoel; Artiaga Rego, Aurora; Balboa López, Xesús (coords.): *Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia- Universidade de Santiago de Compostela, 1997.

Fernández Rey, Manuel: "Juan de Negreiros: sus dominios, siglo XVI", en *Descubrindo Deza*, Nº. 12, 2013, pp. 557- 566.

Fernández Sebastián, Javier; Fuentes, Juan Francisco: "A manera de introducción. Historia, lenguaje y política", en *Ayer*, Nº. 53, 2004, pp. 11- 26.

Fontana Lázaro, Josep: *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*, Barcelona, Ariel, 1983, [1973 (a)].

Fontana Lázaro, Josep: *Hacienda y Estado en la crisis final del Antiguo Régimen español: 1823- 1833*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, Ministerio de Hacienda, 1973 (b).

Fontana Lázaro, Josep: *La Revolución Liberal (Política y Hacienda 1833-45)*, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, Ministerio de Hacienda, 1977.

Fontana Lázaro, Josep: *La crisis del Antiguo régimen, 1808- 1833*, Barcelona, Crítica, 1992 [1979].

Fontana Lázaro, Josep: "Campesinos, burgueses y revoluciones. Notas sobre algunos libros importantes", en *Noticiario de Historia Agraria*, Nº. 14, 1997, pp. 215- 219.

Fontana Lázaro, Josep: *De en medio del tiempo. La segunda restauración española, 1823- 1834*, Barcelona, Crítica, 2006.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fontana Lázaro, Josep: "La época del liberalismo", en Josep Fontana e Ramón Villares (dir.), *Historia de España*, vol. 6, Barcelona, Crítica/Marcial Pons, 2007.
Forcadell Álvarez, Carlos; Romeo Mateo, María Cruz (eds.): *Provincia y nación. Los territorios del liberalismo*, Zaragoza, Institución «Fernando el Católico», Diputación de Zaragoza, 2006.
Ford, Caroline: *Creating the nation in provincial France*, New Jersey, Princeton University Press, 1993.
Foucault, Michel: *Microfísica del poder*, Madrid, Ediciones La Piqueta, 1991.
Foucault, Michel: *La voluntad de saber*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1998.
Fox, Inman: *La invención de España*, Madrid, Cátedra, 1997.
Freixanes, Víctor F.: *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1982.
Fulgosio, Fernando: *Crónica de la provincia de Pontevedra*, Madrid, Imprenta de Rubio y Compañía, 1867.
Garaud, M.: "El régimen feudal en Francia", en Garaud, Godechot, Soboul, et. al., *La abolición del feudalismo en el mundo occidental*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1979.
García del Barrio, Manuel: *Sucesos miliares de Galicia en 1809 y operaciones de la presente guerra*, da edición facsímile de Andrés Martínez Salazar [1881], A Coruña, La Voz de Galicia, 1992.
Garmendia, Vicente: "La última guerra carlista: ¿una guerra contra la burguesía?", en *Industrialización y nacionalismo: análisis comparativo. Actas del I Coloquio Vasco- Catalán de Historia*, 1985, pp. 355- 364.
Gay Armenteros, Juan C.: "El recurso a la Administración por los reformistas autoritarios en los orígenes de la España liberal: Javier de Burgos", *Anales de Historia Contemporánea*, nº 20, 2004, pp. 65- 93.
Godechot, Jacques Léon: "Prólogo", en Garaud, Godechot, et. al.: *La abolición del feudalismo en el mundo occidental*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1979.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gómez Buxán, César; Rubiá Alejos, Francisco: *Pazos y moradas hidalgas de Deza*, Pontevedra, Deputación Provincial, 2005.
Gómez Buxán, César: "As armas dos Taboada. Aproximación a unha peculiaridade heráldica dezá", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo LII, Fascículo 118, Santiago, 2005, pp. 389- 426.
Gómez Buxán, César: *Os escudeiros de Cercio. Descendencia dunha estirpe medieval*, Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2006.
Gómez Buxán, César: "A Casa de Quindimil nun testamento do século XVI", *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación*, Nº. 35, (Vol. XVII), 2007, pp. 291- 300.
Gómez Buxán, César: "Genealogía y parentelas de Antón de Oirós, escudero dezano del siglo XV", *Hidalguía*, Nº. 327, 2008, pp. 549- 575.
Gómez Ochoa, Fidel, "El liberalismo conservador español del siglo XIX", *Historia y Política*, nº 17, (2007), pp. 37- 68.
González Alcantud, José Antonio: *El clientelismo político. Perspectiva socioantropológica*, Barcelona, Anthropos Editorial, 1997.
González López, Emilio: *Luis López Ballesteros (1782- 1853), Ministro de Hacienda de Fernando VII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1987.
González Murado, Óscar: "A Guerra da Independencia na diocese de Lugo", *Lucensia: miscelánea de cultura e investigación*, Nº. 37, (Vol. XVIII), 2008, pp. 213- 224.
González Pérez, Clodio: "Una «acusación» ou testamento do entroido en Mondoñedo de mediados do século XIX", en *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, nº 5, Santiago de Compostela, 2010, pp. 23- 42.
Guía de Forasteros en Madrid para el año de 1850, Madrid, Imprenta Nacional.
Guía de Forasteros en Madrid para el año de 1851, Madrid, Imprenta Nacional.
Guionnet, Christine: *L'apprentissage de la politique moderne. Les élections municipales sous la monarchie de Juillet*, París, Éditions L'Hasmattan, 1997.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Hampsher- Monk, Iain: *Historia del pensamiento político moderno*, Barcelona, Editorial Ariel, 1996.
Herzog, Tamar: "La vecindad: entre condición formal y negociación continua. Reflexiones en torno a las categorías sociales y las redes personales", *Anuario IEHS* (Instituto de Estudios Histórico Sociales), Nº. 15, pp. 123- 131.
Hobsbawm, Eric: *La era de la revolución, 1789- 1848*, Buenos Aires, Paidós/Crítica, 2009 [1961].
Inarejos Muñoz, Juan Antonio: *Ciudadanos, propietarios y electores en la construcción del liberalismo español. El caso de las provincias castellano- manchegas (1854- 1868)*, Madrid, Editorial Biblioteca Nueva, 2008.
Jiménez Blanco, José Ignacio: "El monte: una atalaya en la Historia", en *Historia Agraria*, Nº. 26, 2002, pp. 141- 190.
Koselleck, Reinhart: "Historia de los conceptos y conceptos de historia", *Ayer*, Nº. 53, 2004, pp. 27- 45.
Labatut, Jean- Pierre: *Les Noblesses européennes: de la fin du XV siècle à la fin du XVIII siècle*, Vendôme, Presses Universitaires de France, 1978.
Labrada, Lucas: *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1992 [1804].
Lampedusa, Giuseppe Tomasi di: *El Gatopardo*, Madrid, Ediciones Cátedra, 1994, [1958].
Langencscheidt, *Diccionario Moderno Alemán*, Berlín, Múnic, 2009.
León, P.: "Régimen señorial y régimen feudal", en Garaud, Godechot, Soboul, et. al., *La abolición del feudalismo en el mundo occidental*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1979.
Leyes Borrajo, Isabel: "Sobre algunas personas influyentes en la villa de A Estrada y su término municipal", *en A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, vol. 17, 2014, pp. 229- 253.
López Blanco, Rogelio; Yanini Montes, Alicia: "Origen y naturaleza de la influencia política", en José Varela Ortega (dir.), *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001.
López Fernández, José Ramón: "O final da primeira guerra carlista en Tabeirós: as derradeiras accións da facción de Villanueva na

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comarca", *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, Vol. 18, 2015; pp. 229- 242.
López- Pelegrín, Santos (Abenamar): *Contestación a la voz de Alerta de D. Fermín Caballero sobre la cuestión del día*, Madrid, Imprenta de la Compañía Tipográfica, 1839.
Luján, Oriol: "La defensa de los intereses territoriales en el Congreso de los Diputados durante la Década Moderada (1843- 54): la incomodidad de las élites provinciales hacia el centralismo", en *Revista de Historia Constitucional*, Nº. 18, 2017, pp. 49- 69.
Lukowski, Jerzy: *The European Nobility in the Eighteenth Century*, Hampshire, Palgrave- Macmillan, 2003.
Máiz Suárez, Ramón: "Estrategia e institución: el análisis de las dimensiones macro del clientelismo político", en Antonio Robles Egea (comp.): *Política en penumbra: patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI, 1996.
Máiz Suárez, Ramón: "Desconfianza e poder persoal: os mecanismos elementais do clientelismo político", *A Trabe de Ouro*, nº 31, 1997, pp. 299- 317.
Máiz Suárez, Ramón: *A arte do imposible. Ensaios a contrafío sobre o valor da política*, Vigo, Editorial Galaxia, 2011.
Mann, Michael: *Las fuentes del poder social, I. Una historia del poder desde los comienzos hasta 1760 d.C.*, Madrid, Alianza Editorial, 1991 [1986].
Mann, Michael: *Las fuentes del poder social, II. El desarrollo de las clases y los Estados nacionales, 1760- 1914*, Madrid, Alianza Editorial, 1997 [1993].
Marcuello Benedicto, Juan Ignacio: *La práctica parlamentaria en el reinado de Isabel II*, Madrid, Congreso de los Diputados, 1986.
Marcuello Benedicto, Juan Ignacio: "La Corona y la desnaturalización del parlamentarismo isabelino", *Ayer*, Nº. 29, 1998, pp. 15- 36.
Marcuello Benedicto, Juan Ignacio: "Corona y parlamento en la monarquía de Isabel II", en X.R. Barreiro, *O liberalismo nos seus contextos*, Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións Universidade de Santiago de Compostela, 2008.
Marichal, Carlos: *La revolución liberal y los primeros partidos políticos en España (1834- 1844)*, Madrid, Cátedra, 1980.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Martínez Millán, José: "Los estudios sobre la Corte. Interpretación de la Corte de Felipe II", en José Martínez (dir.), *La corte de Felipe II*, Madrid, Alianza Editorial, 1994, pp. 13- 36.

Martínez Salazar, Andrés: "Prólogo", notas e documentos da edición facsímile da obra de Manuel García del Barrio, *Sucesos militares de Galicia en 1809 y operaciones de la presente guerra*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1992 [1881].

Marx, Karl: *Las luchas de clases en Francia de 1848 a 1850. El dieciocho brumario de Luis Bonaparte*, Madrid, Espasa Calpe, 1995 [1852].

Mayer, Arno, *La persistencia del Antiguo Régimen. Europa hasta la Gran Guerra*, Madrid, Alianza Editorial, 1986.

Méndez Cruces, Plácido: "Heráldica de Mourentán", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XLVII, fascículo 113, Santiago de Compostela, 2000, pp. 305- 324.

Mettam, Roger: "The French Nobility, 1610- 1715", en Hamish M. Scott (ed.), *The European nobilities in the Seventeenth and Eighteenth centuries, vol. I, Western Europe*, London- New York, Longman, 1995.

Meyer, Jean: *La noblesse bretonne au XVIII siècle*, Paris, Lammarion, 1972.

Michels, Robert: *Los partidos políticos. Un estudio sociológico de las tendencias oligárquicas de la democracia moderna*, Buenos Aires, Amorrortu editores, 2017 [1962].

Migués, Vítor Manuel: *As terras, as pousas e os vinculeiros. A fidalguía galega na Época Moderna*, Sada- A Coruña, Ediciós do Castro, 2002.

Millán García- Varela, Jesús: "Una reconsideración del carlismo", *Ayer*, Nº 29, 1998, pp. 91- 108.

Millán García- Varela, Jesús: "¿No hay más que pueblo? Élites políticas y cambios sociales en la España liberal", en R. Camurri, y R. Zurita (eds.): *Las élites en Italia y España, 1850-1920*, Verona, Universidad de Verona (en prensa).

Ministerio de Graza e Xustiza: *Colección Legislativa de España (continuación de la colección de Decretos)*, cuarto trimestre de 1846, tomo XXXIX, Madrid, imprenta nacional, 1849.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Molina Aparicio, Fernando; Cabo Villaverde, Miguel: "Donde da la vuelta el aire: reflexions sobre la nacionalització a Espanya", *Segle XX, Revista catalana d'història*, Nº. 4, 2011, pp. 131- 142.
Molina Aparicio, Fernando: "La nación desde abajo", *Ayer*, Nº 90, 2013, pp. 39- 63.
Monteiro, Nuno Gonçalo Freitas: "Casa e Linhagem: o Vocabulário Aristocrático em Portugal nos Séculos XVII e XVIII", *Penélope, Fazer e desfazer a História*, Nº. 12, 1993, pp. 43- 63.
Monteiro, Nuno: "Os poderes locais no Antigo Regime", en Oliveira, César (dir.): *História dos municípios e do poder local*, Lisboa, Temas e Debates, 1996, pp. 16- 178.
Monteiro, Nuno Gonçalo Freitas: *O Crepúsculo dos grandes: a casa e o patrimonio da aristocracia em Portugal (1750- 1832)*, Lisboa, Imprensa Nacional- Casa da Moeda, D. L., 1998.
Monteiro, Nuno Gonçalo: *17th and 18th century Portuguese Nobilities in the European Context: A historiographical overview*, *e- Journal of Portuguese History* (e-JPH), Vol. 1, Nº. 1, 2003, pp. 1- 15.
Monteiro, Nuno Gonçalo Freitas: "A circulação das elites na Monarquia Portuguesa (1680- 1820). Breves notas e revisão bibliografica", en María López Díaz (ed.), *Élites y poder en las monarquías ibéricas. Del siglo XVII al primer liberalismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2013, pp. 247- 257.
Morange, Claude: *En los orígenes del moderantismo decimonónico. El Censor (1820- 1822): promotores, doctrina e índice*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 2019.
Moreno Almendral, Raúl, "La nación de los sujetos", *Rubrica Contemporánea*, vol. VI, Nº. 11, 2017.
Moreno Luzón, Javier: "Sobre críticas, conceptos y cambios. A vueltas con el caciquismo de la Restauración española (1875-1923), en Javier Alvarado (coord.): *Poder, economía, clientelismo*, Madrid, Marcial Pons, 1997.
Moreno Luzón, Javier: "Los protagonistas de la política", en José Varela Ortega (dir.), *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neira de Mosquera, Antonio: Galicia ante todo. Páxinas esquecidas do Rexurdimento (1840- 1853), Edición de Xurxo Martínez González, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora, 2017.
Nieto, Alejandro: "Los orígenes de lo contencioso- administrativo en España", *Revista de Administración Pública*, Nº. 50, 1966, pp. 27- 50.
Núñez Seixas, Xosé Manoel: *Suspiros de España. El nacionalismo español, 1808- 2018*, Barcelona, Editorial Crítica, 2018.
Oliveira Serrano, César: "Los señores y el estado de Monterrey (siglos XIII- XVI), *Cuadernos de Historia de España*, Nº. 80, 2006, 147- 170.
Osuna Rey, Juan Manuel: *Los franceses en Galicia. Historia militar de la Guerra de Independencia en Galicia (1809)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2006.
Otero Pedrayo, Ramón: *O Fidalgo e outras narracións*, Vigo, Galaxia, 1982.
Otero Pedrayo, Ramón: *O mesón dos ermos*, Vigo, Galaxia, 1984.
Otero Pedrayo, Ramón: *Os camiños da vida*, Vigo, Galaxia, 2008.
Otero Pedrayo, Ramón: *O señorito da Reboraina*, Vigo, Galaxia, 2011 [1960].
Pabón y Suárez de Urbina, Jesús: *Narváez y su época*, Madrid, Espasa-Calpe, 1983.
Palti, Elias José: "Koselleck y la idea de Sattlezeit. Un debate sobre modernidad y temporalidad", *Ayer*, nº 53, 2004, pp. 63- 74.
Pardo Bazán, Emilia: *Os pazos de Ulloa*, Zaragoza, Aneto Publicaciones, 2007 [1886].
Pardos, Julio A.: "Juan Bodino: soberanía y guerra civil confesional", en Fernando Vallespín (ed.), *Historia de la teoría política*, vol. II, Madrid, Alianza Editorial, 1995.
Pasamar Alzuria, Gonzalo: "El concepto de «paradigma» y su importancia en Historia de la Historiografía", en Miguel Ángel Cabrera y Marie McMahon, *La situación de la historia: ensayos de historiografía*, Universidad de La Laguna, Servizo de Publicacións, 2002.
Pastor Díaz, Nicomedes: *La cuestión electoral en diciembre de 1839 y enero de 1840*, Cáceres, imprenta de don Lucas de Burgos,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

decembro de 1839; en Minerva, repositorio institucional da USC: http://hdl.handle.net/10347/8131

Pérez Domínguez, Ana Cristina: *Administración, gestión y poder político en el ayuntamiento de Santiago de Compostela, 1845-1868*, Tese de Doutoramento do Departamento de Humanidades, Universidade da Coruña (UDC), 2012.

Pérez García, José Manuel: *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés*, Universidade de Santiago de Compostela, 1979.

Pérez García, José Manuel: "La España agraria septentrional durante el Antiguo Régimen", *Studia Historica. Historia Moderna*, 29, Salamanca, 2007, pp. 83- 129.

Peña Vidal, Carlos de la: "Os Varela de Casalnovo e da Buzaca", *El Museo de Pontevedra*, vol. LVII, 2003, pp. 55- 68.

Petersen, Amanda: "La hoguera de la violencia: el resplandor de la hoguera de Valle Inclán", *Romance Notes*, Nº. 52 (3), 2012, pp. 289- 299.

Pirenne, Henri: Las ciudades de la Edad Media, Madrid, Alianza Editorial, 1984 [1971].

Pitkin, Hanna Fenichel: *El concepto de representación*, Madrid, Centro de Estudios Constitucionales, 1985 [1967].

Pousa Carrera, Pablo: "La casa de los Correa o de la Torre de Goián. Breve semblanza de su linaje", en *Pontenova*, Nº. 12, 2007, pp. 23- 32.

Powis, Jonathan: *La aristocracia*, Madrid, Siglo XXI Editores, 2007.

Presedo Garazo, Antonio: "El dominio de Rubianes en el siglo XIX: composición del mayorazgo y desvinculación", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago, 1995, pp. 69- 94.

Presedo Garazo, Antonio: *Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (ss. XVI- XVIII)*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 1997.

Presedo Garazo, Antonio: *A fidalguía galega ante a crise do Antigo Réxime (1812- 1868)*, Santa Comba (A Coruña), tresCtres Editores, 2006.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Presedo Garazo, Antonio: *A fidalguía galega. Estudos sobre a reprodución social dos fidalgos na Galicia Moderna*, Santiago de Compostela, Edicións Lóstrego, 2008.
Price, Roger: *Historia de Francia*, Madrid, Akal, 2016.
Pro Ruiz, Juan: "Las élites de la España liberal: clases y redes en la definición del espacio social", *Historia Social*, Nº. 21, 1995, pp. 47- 69.
Pro Ruiz, Juan: "La formación de la clase política liberal en España (1833- 1868)", *Historia Contemporánea*, Nº. 23, 2001, pp. 445-481.
Prost, Antoine.: *Doce lecciones sobre la historia*, Madrid, Cátedra, Universitat de València, 2001.
Queipo de Llano Ruiz de Saravia, José María (conde de Toreno): *Historia del levantamiento, guerra y revolución de España*, Madrid, imprenta de don Tomás Jordán, 1835.
Real Academia Española, *Diccionario de la Lengua Española*, Vigésimo primera edición, Madrid, 1997.
Rivas, Natalio: *Luis López Ballesteros, gran ministro de Fernando VII*, Madrid, editorial Mediterráneo, 1945.
Riquer, Borja de: "El surgimiento de las nuevas identidades contemporáneas", *Ayer*, Nº. 35, 1999, pp. 21- 52.
Robles Egea, Antonio (comp.): *Política en penumbra. Patronazgo y clientelismo políticos en la España contemporánea*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1996.
Rodríguez Ennes, Luis: *Las divisiones provinciales de Galicia: pasado, presente y futuro. Los casos de Vigo y Pontevedra*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2002.
Rodríguez Ennes, Luis: *La denominada «guerra de las dos ciudades» entre Vigo y Pontevedra por la capitalidad provincial*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2004.
Rodríguez Ferreiro, Hilario: *La tierra de Trasdeza. Una economía rural antigua*, Universidade de Santiago de Compostela, 1973.
Romanelli, Raffaele: "A propósito de la burguesía. El problema de la élite terrateniente en la Italia del Ochocientos", *Ayer*, Nº. 2, 1991.
Romanelli, Raffaele: "Sistemas electorales y estructuras sociales. El siglo XIX europeo"; en Salvador Forner (coord.), *Democracia,*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

elecciones y modernización en Europa, siglos XIX y XX, Madrid, Cátedra, 1997.
Romanelli, Raffaele (ed.): *How did they become voters? The History of Franchise in Modern European Representation*, The Hague, The Netherlands, Kluwer Law International, 1998.
Romeo Mateo, María Cruz: *Entre el orden y la revolución. La formación de la burguesía liberal en la crisis de la monarquía absoluta*, Diputación de Alicante, 1993.
Romeo Mateo, María Cruz: "Lenguaje y política del nuevo liberalismo: moderados y progresistas, 1834- 1845", *Ayer*, Nº. 29, 1998, pp. 37- 62.
Romeo Mateo, María Cruz: "Tras los escombros de la revolución. El moderantismo y las estrategias políticas y culturales de dominación", en Lluís Roura, Juan Francisco Fuentes (coords.), *Sociabilidad y liberalismo en la España del siglo XIX. Homenaje al profesor Alberto Gil Novales*, Lleida/Huesca, Milenium-Instituto de Estudios Altoaragoneses, 2001.
Romero Salvador, Carmelo; Frías Corredor, Carmen; Serrano García, Montserrat: "Aragón", en José Varela Ortega (dir.), *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001.
Rosanvallon, Pierre: *El modelo político francés. La sociedad civil contra el jacobinismo, de 1789 hasta nuestros días*, Buenos Airs, Siglo XXI Editores, 2007.
Rubert de Ventós, Xavier: *Crítica de la modernidad*, Barcelona, editorial Anagrama, 1998.
Rubia Alejos, Francisco; Gómez Buxán, César: "Tocante a los hixosdalgo. Carta de Manuel de Toubes, genealogista dezano del siglo XVII", *Descubrindo Deza*, Nº. 2, Lalín, Seminario de Estudios de Deza, 2000, pp. 13- 68.
Rubia Alejos, Francisco: "El pazo de Don Freán bajo el señorío de los Oxea", *Hidalguía*, Nº. 327, 2008, pp. 519- 547.
Rubio Pérez, Laureano M.: "Querellas, pleitos y concordias. Poder concejil y conflicto antiseñorial en el estado del conde de Grajal durante la Edad Moderna", en *Obradoiro de Historia Moderna*, Nº. 14, 2005, pp. 225- 269.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rudé, George: *La europa revolucionaria, 1783- 1815*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1982.

Ruiz Torres, Pedro: "Los discursos del método histórico", *Ayer*, Nº. 12, 1993, pp. 47- 77.

Ruiz Torres, Pedro: "Del Antiguo al Nuevo Régimen: carácter de la transformación", en VV.AA., *Antiguo Régimen y liberalismo. Homenaje a Miguel Artola*, Madrid, Alianza, 1994, pp. 159- 192.

Ruiz Torres, Pedro: "Modelos sociales del liberalismo español", en Robledo, Castells, Romeo (eds.), *Orígenes del liberalismo. Universidad, política, economía*, Salamanca, Ediciones Universidad de Salamanca, 2003, pp. 173-203.

Ruiz Torres, Pedro: "La historiografía de la «cuestión agraria» en España", en VV.AA.: *Josep Fontana: historia y proyecto social. Jornadas de debate del Institut Universitari d'Història Jaume Vicens Vives*, Barcelona, Crítica, 2004, pp. 149- 238.

Ruiz Torres, Pedro: "La extraña dualidad de los atardeceres. Experiencia del tiempo y testimonio de la época en la Montaña Mágica", en *Pasajes: Revista de pensamiento contemporáneo*, Nº. 58, 2019, pp. 114- 135.

Rújula López, Pedro: *Contrarrevolución. Realismo y Carlismo en Aragón y el Maestrazgo, 1820- 1840*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 1998.

Sá Bravo, Hipólito de: *Caldas de Reis. Páginas históricas de la villa y de linajes de la misma y su contorno*, Pontevedra, Museo de Pontevedra, 1986.

Saavedra Fernández, Pegerto: "Administración y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen", en VV.AA.: *Historia da Administración Pública, Relatorios e comunicacións presentados no I Simposio da Historia da Administración Pública*, Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Santiago de Compostela, 1993, pp. 131- 160.

Saavedra Fernández, Pegerto: "Régimen señorial y administración local en la Galicia de los siglos XVI- XVIII", separata de *Historia de Administración*, Santiago de Compostela, Escola Galega de Administración Pública (EGAP), 1994, pp. 29- 62.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Saavedra Fernández, Pegerto: "A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480- ca. 1835). A sociedade. Frades, cregos e fidalgos", Tomo VII, vol. I, en *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña, Arrecife Edicións, La Voz de Galicia, 2007.

Saavedra Fernández, Pegerto: "La vida en los pazos gallegos: entre la civilidad y la rudeza", *Chronica Nova*, Nº. 35, 2009, pp. 163-191.

Saavedra Fernández, Pegerto: "La hidalguía de pazo: sus modos de vida, siglos XVII- XIX", en María López Díaz (ed.): *Élites y poder en las monarquías ibéricas. Del siglo XVII al primer liberalismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2013, pp. 203- 222.

Saavedra Vázquez, María del Carmen: "La elite militar del Reino de Galicia durante la Guerra de Sucesión", en María López Díaz (ed.): *Élites y poder en las monarquías ibéricas. Del siglo XVII al primer liberalismo*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2013, pp. 223-244.

Saavedra Vázquez, María del Carmen: "Los cambios de la organización militar y los inicios de la Intendencia en Galicia (1704- 1716)", en María López Díaz (ed.): *Galicia y la instauración de la Monarquía borbónica. Poder, élites y dinámica política*, Madrid, Sílex Ediciones, 2016, pp. 53- 94.

Sánchez León, Pablo: "Aristocracia fantástica: los moderados y la poética del gobierno representativo", *Ayer*, Nº. 61, 2006, pp. 77-103.

Sánchez- Prieto, Juan María: "Más allá del «giro lingüístico»: Koselleck y los nuevos horizontes de la historia intelectual", en *Anthropos: huellas del conocimiento*, Nº. 223, 2009, pp. 20- 38.

Santirso, Manuel: *El liberalismo. Una herencia disputada*, Madrid, Ediciones Cátedra, 2014.

Sanz Fernández, Jesús: "La historia contemporánea de los montes públicos españoles, 1812-1930. Notas y reflexiones (1)", en Ramón Garrabou e Jesús Sanz (eds.): *Historia Agraria de la España contemporánea. 2. Expansión y crisis (1850-1900)*, Barcelona, Crítica, 1985.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sartori, Giovanni: *La política. Lógica y método en las ciencias sociales*, México D.F., Fondo de Cultura Económica, 1984 [1979].
Sartori, Giovanni: *Elementos de teoría política*, Madrid, Alianza Editorial, 1992.
Scott, Hamish M.; Storrs, Christopher: "The Consolidation of Noble Power in Europe, 1600- 1800", en H.M. Scott (ed.), *The European nobilities in the Seventeenth and Eighteenth centuries, vol. I, Western Europe*, London- New York, Longman, 1995.
Sierra Alonso, María: *La política del pacto*, Diputación de Sevilla, 1996.
Sierra, María; Zurita, Rafael; Peña, María Antonia: "La representación política en el discurso del liberalismo español (1845- 1874)", en *Ayer*, nº 61, 2006, pp. 15- 45.
Sierra Alonso, María: "El espejo inglés de la Modernidad española: el modelo electoral británico y su influencia en el concepto de representación liberal", en *Historia y Política*, Madrid, 2009, pp. 139- 167.
Soboul, Albert; Lemarchand, Guy; Fogel, Michèle: *El siglo de las Luces, Tomo I, Los inicios (1715- 1750)*, Vol. 2, Madrid, Akal, 1993.
Soria Mesa, Enrique: "La nobleza en la España Moderna. Presente y futuro de la investigación", en Mª José Casaus Ballester (ed.), *El Condado de Aranda y la nobleza española en el Antiguo Régimen*, Zaragoza, Institución Fernándo el Católico, Deputación de Zaragoza, 2009, 213- 241.
Suárez Verdeguer, Federico: *La crisis política del Antiguo Régimen en España*, Madrid, Rialp, 1988.
Stone, Lawrence: *La crisis de la aristocracia: 1558- 1641*, Madrid, Revista de Occidente, 1976 [1965].
Stone, Lawrence; Stone, Jeanne C. Fawtier: *An open elite?: England, 1540- 1880*, Oxford, Clarendon Press, 1986.
Stone, Lawrence: "Prosopografia", *Revista de Sociologia e Política*, Curitiba (Brasil), V. 19, Nº. 39, 2011 [1971], pp. 115- 137.
Swann, Julian: "The French Nobility, 1715- 1789", en Hamish M. Scott (ed.), *The European nobilities in the Seventeenth and*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Eighteenth centuries, vol. I, Western Europe, London- New York, Longman, 1995.
Taboada Moure, Pablo: *Las elites y el poder político. Elecciones provinciales en Pontevedra (1836-1923)*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 1987.
Tarrow, Sidney: *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*, Madrid, Alianza, 1997.
Tenreiro Montenegro, Joaquín: *Expediente relativo á la Reconquista de Vigo, sitio de Tuy ...[1812]*, en Minerva, repositorio institucional da Universidade de Santiago de Compostela: http://hdl.handle.net/10347/8968/
Tettamancy Gastón, Francisco: *La revolución gallega de 1846*, A Coruña, Librería Regional de E. Carré, 1908.
Thompson, Edward Palmer: *Miseria de la teoría*, Barcelona, Editorial Crítica, 1981.
Thompson, Edward Palmer: *Costumbres en común*, Barcelona, Crítica, 2000 [1991].
Thompson, Edward Palmer: *Agenda para una historia radical*, Barcelona, Crítica, 2000 [1994].
Thompson, Irving A.A.: "The Nobility in Spain, 1600- 1800", en H.M. Scott (ed.), *The European nobilities in the Seventeenth and Eighteenth centuries, vol. I, Western Europe*, London- New York, Longman, 1995, pp. 174- 236.
Tilly, Charles: *Grandes estructuras, procesos amplios, comparaciones enormes*, Madrid, Alianza, 1991 [1984].
Tilly, Charles: *Coerción, capital y los Estados europeos, 990- 1990*, Madrid, Alianza Editorial, 1992.
Tilly, Charles, et. al.: *El siglo rebelde, 1830- 1930*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 1997.
Tobajas Ramos, Txema: "Vigo capital de provincia, precedentes históricos y conclusión vía jurídica", en *Glaucopis, Boletín do Instituto de Estudios Vigueses*, Nº. 22, 2017, pp. 213- 224.
Tocqueville, Alexis de: *El Antiguo Régimen y la Revolución*, Madrid, Ediciones Guadarrama, 1969 [1856].
Tocqueville, Alexis de: *Recuerdos de la Revolución de 1848*, Madrid, Editora Nacional, 1984 [1893].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tomás y Valiente, Francisco: *Gobierno e instituciones en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, Alianza Editorial, 1982.
Torras Elias, Jaume: *La guerra de los Agraviados*, Barcelona, Cátedra, 1967.
Torras Elias, Jaume: "Societat rural i moviments absolutistas. Nota sobre la guerra dels malcontents (1827)", en *Recerques: Història, economia i cultura*, Nº. 1, 1970, pp. 123- 130.
Tuñón de Lara, Manuel: *Estudios sobre el siglo XIX español*, Madrid, Siglo XIX Editores, 1974.
Tuñón de Lara, Manuel: *La España del siglo XIX*, Madrid, Ediciones Akal, 2015 [1960].
Tusell Gómez, Javier: *Oligarquía y caciquismo en Andalucía (1890-1923)*, Barcelona, Editorial Planeta, 1976.
Tusell Gómez, Javier: "El sistema caciquil andaluz comparado con otras regiones españolas (1903- 1923), en *Revista Española de Investigaciones Sociológicas (REIS)*, Nº. 2, abril- xuño 1978.
Urquijo Goitia, José Ramón: "La representación desde el antiliberalismo", *Ayer*, Nº. 61, 2006 (1), pp. 163-187.
Valero de Bernabé, Luis: "Genealogía de los Varela de Dubra, Señores de Quindimil y Ramil", en: http://www.academia.edu/31881950/
Valladares, Marcial: *Maxina ou a filla espuria*, Biblioteca 120 galega, La Voz de Galicia- Edicións Xerais, 2001 [manuscrito de 1870].
Vallejo Pousada, Rafael: "Alejandro Mon, un reformador económico", en Comín, Martín Aceña, Vallejo (coords.), *La hacienda por sus ministros: la etapa liberal de 1845 a 1899*, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza, 2006, pp. 57- 90.
Vallespín, Fernando: "Tomás Hobbes y la teoría política de la Revolución Inglesa", en Vallespín (ed.), *Historia de la teoría política*, vol. II, Madrid, Alianza Editorial, 1995.
Varela Ortega, José: *Los amigos políticos: partidos, elecciones y caciquismo en la Restauración (1875- 1900)*, Madrid, Alianza editorial, 1977.
Varela Ortega, José: "Orígenes y desarrollo de la democracia", en *Ayer*, Nº. 28, 1997, pp. 29- 60.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Varela Ortega, José (dir.): *El poder de la influencia. Geografía del caciquismo en España (1875- 1923)*, Madrid, Marcial Pons, 2001.
Vasco da Ponte*: Relación dalgunhas casa e liñaxes do Reino de Galiza*, Noia, Editorial Toxosoutos, 2008 [manuscrito orixinal do primeiro terzo do século XVI].
Vázquez Casáis, José Antonio: *Cambados y el valle del Salnés. La heráldica de sus pazos y casas solariegas*, Vigo, Deputación de Pontevedra, 2000.
Veiga Alonso, Xosé Ramón: "As familias políticas no liberalismo decimonónico español, 1808- 1868", en Xosé Ramón Barreiro (coord.), *O liberalismo nos seus contextos. Un estado da cuestión*, Universidade de Santiago de Compostela, 2008, pp. 141- 163.
Veiga Alonso, Xosé Ramón: "El liberalismo conservador. Orden y libertad", en María Cruz Romeo, María Sierra (coords.), *La España liberal 1833- 1874*, Zaragoza, Marcial Pons- Prensas Universitarias de Zaragoza, 2014, 289- 316.
Veiga Alonso, Xosé Ramón: *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833*, Santiago de Compostela, Bolanda Edicións, 2017.
Vilar, Pierre: *Iniciación al vocabulario del análisis histórico*, Barcelona, Crítica, 1982.
Vilariño, Francisco: *Reseña histórica del Condado de Deza*, edición de Armando Vázquez, Madrid, 1997.
Villares Paz, Ramón: *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI Editores, 1982.
Villares Paz, Ramón: *A Historia*, Vigo, Galaxia, 1989 [1984].
Villares Paz, Ramón: *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1994.
Villares Paz, Ramón, "La nobleza gallega en los siglos XVI al XIX: la hegemonía de la hidalguía de pazo", en Carmen Iglesias (Dir.), *Las noblezas españolas, reinos y señoríos en la Edad Moderna*, Oviedo, Nobel, 1999.
Villares Paz, Ramón: "El pasado que cambia. Reflexiones a propósito de la revolución liberal española", en VV.AA., *Josep Fontana. Historia y proyecto social*, Barcelona, Crítica- Universitat Pompeu Fabra, 2004.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Villares Paz, Ramón: *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galleguista*, Biblioteca Centro de Estudos Oterianos, Fundación Otero Pedrayo, Galaxia, 2007 (a).

Villares Paz, Ramón; Artiaga Rego, Aurora: "Galicia no século XIX. Industria e ordenación do territorio", en VV.AA., *A Gran Historia de Galicia*, A Coruña, *La Voz de Galicia*, tomo XII, 2007 (b).

Viscasillas Vázquez, Carlos: "Los Ulloa de San Pedro de Orazo (A Estrada, Pontevedra)", en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, vol. 16, 2013, pp. 305- 316.

Viscasillas Vázquez, Carlos; Viscasillas Rodríguez- Toubes, Eduardo: "Anotaciones en torno a la Familia Martínez de Silleda (Procedentes de la Casa de Vista Alegre en San Fiz de Margaride)", en *Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*, Boletín Nº. 5, Pontevedra, 2006, pp. 65- 94.

Viveiro Mogo, Prudencio: *Política, elección e fidalgos. O réxime do Estatuto Real na provincia de Lugo, 1834- 1836*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro, 2004.

Yanini Montes, Alicia: "La manipulación electoral en España: sufragio universal y participación ciudadana (1891- 1923), *Ayer*, Nº. 3, 1991, pp. 99- 114.

Yun Casalilla, Bartolomé: "Crisis del Antiguo Régimen y «crisis de la aristocracia»", *Ayer*, Nº. 48, 2002, pp. 41- 57 .

Zafra Víctor, Manuel: "El concepto de representación política en la teoría de la democracia de Giovanni Sartori", *Revista Española de Ciencia Política*, Nº. 39, 2015, pp. 43- 66.

Zurita Aldeguer, Rafael: "La representación política en la formación del Estado español (1837- 1890)", en Salvador Calatayud, *Estado y periferias en la España del siglo XIX. Nuevos enfoques*, Universitat de València, 2009, pp. 159- 182.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

FONTES

Acrónimos de referencia dos arquivos

ADPO: Arquivo da Deputación de Pontevedra.
AMPO: Arquivo Museo de Pontevedra.
AHPP: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.
AMV: Arquivo Municipal de Vigo.
AMS: Arquivo Municipal de Silleda.
ARG: Arquivo do Reino de Galiza.
ACD: Arquivo Congreso dos Deputados.

Relación de fontes citadas

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), Catastro de Ensenada: xurisdición de Vilagarcía, *Real de Legos*, L- 127; Escuadro, *Real de Legos*, L- 434; Moraña, *Real de Legos*, L- 45, Remesar, *Persoal de Legos*, microfilme 171/2.

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra (AHPP), *Protocolos notariais*: 296, don Francisco Antonio Pérez de Ocampo; 301 (15), don Jacinto García Villamarín y Novoa; Ca. 3938 (2), don Juan Andrés Maceira Varela; G 287 (4, 5, 6), don Bartolomé Oliver Paz; L 83 A (10- 13), don José A. Lestón Rapela; Ca. 3938 (10, 11), don Ramón Losada; Trasdeza, Ca. 3148 (1, 5, 6), Ca. 3149 (5), G 769 (1, 2, 6), G 770 (1, 3, 7, 8, 9), don José Taboada; Ca. 3709, don Andrés del Villar.

Arquivo familia Espinosa: caixa I, *Correspondencia*, 1.1.1. Vicente Espinosa Salgado (1853- 62); 1.1.2. Pío Espinosa Salgado (1854- 61); 1.1.4. Francisco Espinosa Varela; 1.2. Correspondencia de cuñados e irmás de don José Espinosa Salgado (1853- 1860); 1.3.1. Eleccións (1850); 1.3.2. Cargos públicos; 1.3.3. D. Benito Espinosa Varela, varios asuntos; 1.5.1. Pedro González, procurador (1841- 49); 1.6. Asuntos varios. Caixa II, *Xenealoxías*, 2.1. Testamentos séculos XVII-XVIII; 2.2. Testamentos século XIX. Caixa III, *Xenealoxías*. Caixa V, *Soutolongo II*, 5.2. Fundacións. Caixa X, *Pedrouzos*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(I), 10.2., 10.3., 10.4., 10.5, 10.6. Patrimonio, preitos e inventario de dona Francisca Fernández Espinosa. Caixa XI, *Pedrouzos (II)*, 11.3., Fundación vincular Pedrouzos, 11.4. Patrimonio Pedrouzos. Caixa XIII, *Pedrouzos (IV)*, 13.1. Escrituras (Bendoiro); *Casares*, 13.2. Xenealoxía Casares. Caixa XIV, *Soutolongo (VII)*, Fundacións, dotes, testamentos. Caixa XVII, *Casares*, 17.3. Preito e partilla de Casares. Caixa XVIII, *Patrimonio Cascaxide I*, 18.1. Dotes e compravendas. Familias Senra e Outeiro, século XVI; 18.2 Papeis de Úrsula Espinosa Caixa XIX, *Patrimonio de Cascaxide (II)*, 19.1. Escrituras do Ldo. Marcos Fernández Espinosa; 19.4. Papeis de don Benito Espinosa e o seu pais José Ignacio. Caixa XX, *Patrimonio da Casa de Cascaxide (III)*, 20.1. Libros cobradores e outros inventarios; 20.2. Varios papeis de don Benito Espinosa. Caixa XXI, *Papeis de don Francisco Espinosa Varela*, 21.2. Papeis persoais. Caixa XXII, *Protocolos notariais*, 22.3. Caixa XXIII, *Papeis de Josefa Izquierd*o, 23.1. Caixa XXV, *Papeis de don José Espinosa Salgado (I)*, 25.1. Varios asuntos, 25.4. Alcaldía de Chapa e eleccións. Caixa XXVI, *Papeis de don José Espinosa Salgado (II)*, 26.1. Varios asuntos patrimoniais.

Arquivo Deputación de Pontevedra (ADPO), fondo pazo da Buzaca, correspondencia: *Correspondencia de dona María Rosalía Verea y Aguiar*, 34.375/37. Correspondencia, *Nomeamento de comisario de Santo Oficio da Inquisición a Pedro García (...)*, 34.370/5. *Correspondencia de Benito Ramón Varela Mariño (1798- 1817)*, 34.390/12; (1804- 1810), 34.370/1. *Correspondencia varia de Lorenzo Varela Sarmiento (1827- 1855)*, 34.371/1; *(1850- 59)*, 34.371/2; *(1840- 49)*, 34.371/3; *(1829- 1839)*, 34.371/4.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), fondo pazo da Buzaca: Probas de nobreza, *Documentos referidos á nobreza e fidalguía de don Benito Ramón Varela de Novoa Mariño de Lobera Verea y Aguiar*, 34.357/3; documentos de carácter patrimonial, *Transmisión da propiedade*, 34.360, 34.375, 34.376, 34.377/2, 34.387. Beneficios, *Testimonio a favor de Francisco Espinosa Varela (...)*, 34.383/6; *Documentación do*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

beneficio curado de Gargantáns, 34.365/2, 34.367/6; *Expediente promovido por don Lorenzo Varela Sarmiento sobre os dereitos (...)*, 34.360/11. Documentos de carácter señorial, *Documentos relativos á elección de José Diego Varela Noboa como 1º Xefe dun dos trozos de Peñaflor (1722- 1749)*, 34.377/1.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), fondo pazo da Buzaca, publicacións: *Copia da carta que D. Fr. Antonio Alexandro Sarmiento de Sotomayor, bispo de Mondoñedo, enviou a Rmo. P. Guillermo Clerke, confesor do rei*, 34.352/2 (1737); C*arta de Don Jayme a su amigo Tacon; Mojiganga de mojigangas, papelón de papelones (1752)*, 34.352/12; *Noticias recopiladas por don Gómez Varela da Crónica Xeral da Orde de San Benito*, orixinal de Antonio de Zepes, 34.352/13 (ca. 1610); *Obras relacionadas co Cura de Fruime*, 34.352/14; *Historia dos reis godos*, 34.353/1(ca.1624); *Historia de don Servando, obispo de Orense (...)*, 34.353/2; *Memorial del Marqués de Montebelo*, 34.353/4; *Égloga que con motivo de la triste catástrofe que acaeció la noche del 12 de Mayo de 1833 (...)*, 34.353/5; *Reprehensión amistosa a los anglomanos sobre su modo de pensar*, 34.354/4 (1806); *Himno en elogio de Mr. Jorge Luis Leclerc, conde de Buffon*, 34.354/3 (1849); *Cartilla de salud y preservativo del cólera- morbo (...)*, 34.355/1 (1834); *Preceptos y advertencias (...) el cólera asiático*, 34.355/2 (1834); *Manifesto do bispo de Ourense (...)*, 34.355/3; *Compendio de las memorias (...)*, 34.355/4; *Último recurso da nación española(...)*, 34.355/6; *Descrición económica da provincia de Pontevedra(...)*, 34.355/7 (1834); *Discurso sobre la historia y progreso de la medicina y cirugía*, 34.355/10 (1822); *Memoria sobre el método más acertado de remediar los males inherentes a la estremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, 34.355/11 (1843); *Observaciones sobre el sistema económico de la nación, y proyecto para mejorarlo*, 34.355/14 (1838); *Informe sobre la solicitud de asociación general de ganaderos*, 34.355/16 (1848); *Prevención a los electores de esta provincia de Pontevedra*, 34.355/17 (1837);

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Memoria sobre el fomento de la pesca (…), 34.355/18 (1850); *Memorial de los exjesuitas españoles a S.M.(...)*, 34.355/24 (1812); *Proyecto del Gobierno de S.M. para sufragar los gastos del culto (...)*, 34.355/25 (1837); *Examen imparcial de la cuestión del casamiento de S.M. la reina doña Isabel II, por un español*, 34.355/26; *Suplemento al Sensato*, 34.355/27 (1815); *Estafeta de Santiago*, 34.355/28 (1814); *Decreto sobre arranxo de tribunais(...)*, 34.355/41; *Tertulia de Picaños (...)*, 34.355/46 (1836); *Discurso en la bendición de banderas y estandartes*, 34.355/48(1832);*Política peculiar de Buonaparte(...)*,34.355/49; *Preservativo contra la irreligión (...)*, 34.355/50 (1813); *Condiciones que debe tener toda monja que quiera tener a cierto confesor de asiento*, 34.390/6.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), fondo pazo da Buzaca, *Documentación relacionada coa Deputación de Pontevedra*, 34.382/14; Expediente de eleccións municipais en Barro (1848), 34.382/24; "D. José Ulloa Pimentel, gobernador cesante de la provincia de Pontevedra. Al público", 34.382/29 (1853). *Documentos relativos a Lorenzo Varela Sarmiento polo seu traballo como Deputado provincial*, 34.382/17; *Proclamas políticas impresas*, 34.382/40.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), Goberno, *Libro de Actas de la Comisión de Armamento y Defensa* (1836- 1837), 13.375; *Libro de actas do Pleno*, 1836- 1837; *Expedientes de división territorial*, caixa 390/4.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), Montes, 3.4.2., *Expediente sobre montes do Partido Xudicial de Lalín*, 1088/13.

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), Eleccións, 3.13.7., *Expedientes de eleccións de senadores e deputados a Cortes*, caixas: 220, 220/7 (1836); 221/1, 221/2, 221/3, 221/3/2, 221/3/3, 221/3/4, 311/14 (1837); 223/1, 224/1, 224/2, 225/1, 225/2/1 (1839); 226/1/1, 226/1/3 (1840); 230/2/12, 231/1/1, 231/1/2 (1843); 233/2 (1844); 235/1/6, 236/1, 236/1/2, 236/3, 236/5 (1846); 242/1/3, 243/3/1, 244/3, 244/7, 244/12/5, 244/13/4, 244/13/6 (1850); 244/19, 244/24, 244/25 (1851); 248/6, 248/10,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

248/11, 248/12, 248/13, 248/14, 248/15, 248/16, 251/1/4 (1853); 262 (1857).

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), Eleccións, 3.13.6., *Expedientes de eleccións de deputados provinciais,* caixas: 186/3, 186/7, 186/9, 186/23 (1836); 186/5 (1836- 1837); 187/8, 187/9, 187/10 (1837- 1838); 188/24, 188/27, 188/28 (1843); 190/2 (1850).

Arquivo da Deputación de Pontevedra (ADPO), Eleccións, 3.13.5., *Expedientes de eleccións municipais:* Chapa, 135/26 (1844), 140/2/2 (1846), 145/24 (1847- 1849), 151/5 (1851); Lalín 148/7 (1850- 1851); partido xudicial de Lalín, 145/4 (1848), 149/4 (1850); Moraña, 133/6 (1843), 135/6 (1844); Barro, 145/1 (1847- 1849), 150/1 (1852); Portas, 145/7 (1847- 1849); Saiar, 139/8/1, 139/8/3, (1846), 145/8 (1847- 1849), 149/1 (1849), 150/7 (1852- 1853); Valga, 145/9 (1847- 1849); Caldas, 133/2 (1843), 135/2 (1844), 145/2 (1847- 1849), 150/2 (1852- 1853); partido xudicial de Caldas, 139/3/3 (1846), 145/1 (1848), 149/1 (1850- 1851); Vigo, 143/6/3 (1846), 147/6 (1847- 1849), 150/67, 151/15 (1851); Baiona, 150/63 (1851); partido xudicial de Vigo, 147/1 (1848), 149/11 (1850- 1851).

Arquivo Congreso dos Deputados (ACD): serie documentación electoral, 17, Nº 9; 32, Nº. 1; 35, Nº. 3.

Arquivo do Distrito Forestal (Consellería de Medio Ambiente), sección *Pontevedra*, caixa 68, Nº. 16.

Arquivo Ministerio de Agricultura, Dirección de Montes, Patrimonio Forestal do Estado, Silleda, 1956.

Arquivo Municipal de Silleda (AMS), 2.1. *Libros de copias de correspondencia*, 153,1; 154, 1.

Arquivo Municipal de Vigo (AMV), f*ondo Álvarez Blázquez*: G 30; G 32; G 45, protocolo notarial de don Sebastián Rodríguez (1639); G 48.

Arquivo Museo de Pontevedra (AMPO), *fondo López- Ballesteros*, 295/33; 1- 25, 1- 33.

Fundación Penzol, sig. 500, *Episcopologio*, José Valcarce (1787- 1821).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Arquivo do Reino de Galiza (ARG), Real Audiencia, *Montes*, 20044, 18; 19882, 17; 22103, 17; 26315, 9; 21448, 7; *Trasdeza*, 6183, 26.
Archivo Histórico da Nobreza (AHNOB), Mos- Valladares, C.26, D.31.
Archivo de la Real Chancelaría de Valladolid, *Hidalguías*, Leg. 1138-27, López- Ballesteros.
Arquivo Histórico Nacional, leg. Nº 1762, probas de nobreza de Luis López- Ballesteros.

Webs citadas

http://www.congreso.es/gl/historico-diputados/
http://www.senado.es/web/conocersenado/sehadohistoria/
http://www.dbe.rah.es/biografias/
http://www.fundaciondomingofontan.es/
http://www.fundaciondomingofontan.es/la-revolucion-gallega-de-1846.html/
http://xenealoxia.org/linaxes/pontevedra/
http://www.historiadeza.wordpress.com/
http://patrimoniovilagarcia.com/
http://hispanianova.rediris.es/textos/manifiesto7.htm
http://www.boe.es/biblioteca_juridica/anuarios_derecho/abrir_pdf.php?id=ANU-M-2006-10063500652;
http://www.racmyp.es/docs/anales/A83-32.pdf

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE CADROS, TÁBOAS E GRÁFICOS

Cadro I. Estruturación dos contidos da Tese, pp. 32, 821.
Cadro II. Elementos da batalla ideolóxica, pp. 303- 302.
Cadro III. Resultados electorais de setembro de 1837, p. 475.
Cadro IV. Resultados electorais de agosto de 1839, p. 527.
Cadro V. Resultados electorais segundas eleccións de agosto de 1839, p. 528.
Cadro VI. Relación de cartas sobre a candidatura de Fontán, p. 589.
Cadro VII. Resultados electorais de xaneiro de 1840, p. 632.
Cadro VIII. Resultados eleccións a Cortes de setembro 1843, pp. 662- 663.
Cadro IX. Resultados eleccións a Cortes de setembro 1844, pp. 666- 667.
Cadro X. Distribución distritos electorais por poboación, pp. 691.
Cadro XI. Maiores contribuíntes por distrito (1846), pp. 696- 697.
Cadro XII. Resultados electorais de 1846, pp. 710- 711.
Cadro XIII. Resultados eleccións a Cortes de 1850, p. 786- 787.
Cadro XIV. Resultados eleccións a Cortes de 1851, pp. 810- 811.
Cadro XV. Resultados eleccións a Cortes de 1853, pp. 818- 819.
Cadro XVI. Comparación entre fidalgos e notábeis, pp. 841- 842.

Táboa I. Distribución de electores por veciñanza e condición socioeconómica, pp. 368- 369.
Táboa II. Estatus no censo de 1836, p. 373.
Táboa III. Maiores contribuíntes da provincia en 1836, pp. 376- 377.
Táboa IV. Comparativa censos electorais de 1837, pp. 496- 497.
Táboa V. Número de altas contribucións en 1836 e 1846, p. 698.
Táboa VI. Notabilidades de Caldas e contribucións, pp. 746- 748.
Táboa VII. Corporación municipal de Chapa en 1848, p. 758- 759.

Gráfico I. Aspectos a estudar no cambio histórico, p. 31.
Gráfico II. Contribucións no partido de Lalín en 1836, p. 385.
Gráfico III. Distribución das contribucións en Lalín, p. 386.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ANEXOS


1. Árbores xenealóxicas das familias Varela de Casalnovo e A Buzaca, López- Ballesteros da Golpelleira, Espinosa de Cascaxide, e Mondragón de Vilasusán.

2. Mapa conceptual das redes de amigos políticos de Pontevedra.


3. Inventario do arquivo da familia Espinosa.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


Juan Varela de Dubra, "el Viejo", aprox. 1518
Inés Sánchez Noguerol
Jorge Varela de Dubra, señor de Corbelle (Melide)
Inés Vázquez Mosquera, señora de Quindimil (Palas de Rei)
Jorge Varela Mosquera, señor de Corbelle e Quindimil, tº. 1570
Inés López Mariño de Goyanes y Yáñez de Romay
Pedro Varela de Dubra, señor de Corbelle, c.c. Isabel de Torres
Gaspar Varela de Dubra, c.c. Catalina de Castro Seixas y Ribadeneira, señora da Casa de Ramil
Martín Varela de Dubra, c.c. Elvira Rodríguez de Castro, da Casa de Curuxal
Gómez García Varela de Dubra, fº. 1627, sucesor en Casalnovo
Dominga López de Villamoure, fª. 1615
Inés Mariño de Lobeira e Salnés (1602- 1681), cº. 1629
Pedro Varela de Dubra, fº. 1669, fundación de Casalnovo
Isabel Varela López
Pedro Benito Varela Mariño (1630- 1669)
Benito Varela do Salnés (1632- 1705)
Mª Antonia Buceta Caamaño, fª. 1707
Juan Varela Mariño
Pedro Varela Mariño
Mª Teresa López de Novoa e Somoza, cª. 1688, fª 1704.
Gómez Diego Varela Mariño (1668- 1716)
Juana Ribera Sotomayor, cª. 1707, fª. 1731
Pedro Diego Varela, bº. 1673. Reitor de Fonseca, 1696
Mª Antonia Varela Mariño, bª. 1675, cª. 1696
Leonel Mondragón Gil Taboada (1679-1741)
Gregoria Inés Varela, bª. 1679
Pedro Benito (1691- <1704); Diego Francisco (1693- <1704); Inés, bª. 1696; Mª Josefa, bª 1697; **Diego Francisco de Paula (1699-1749)**; Gregorio Benito Tomás, bº. 1702; Gonzalo Antº Blas, bº 1703.
Andrés Benito (1708-1738); Juana Elvira Margarita, bª. 1709, c.c. Fco. Saavedra; Cayetana Mª (1710- 1793); Gómez Benito, bº. 1712; Manuela Antª (1714- 1769); Ildefonsa Josefa, bª 1716


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


Diego Francisco Varela de Noboa (1699- 1749)
Andrea Josefa Verea Fariña, cª. 1718, fª. 1720
Leonel Mondragón e Córdoba
Mª Antonia Varela de Verea
Manuela Mª, clausura en S. Paio
José Varela de Verea (1720- 1773)
Rosalía Verea de Aguiar (1730-1793), Casa de Andeade, cª. 1749
Juana Sarmiento e Toubes (1768- 1829), Casa do Pombeiro (Arbo), cª. 1797
Benito Varela Verea e Aguiar (1754- 1818)
Pedro Antonio, bº. 1755, abade de Estacas
Mª Vicenta (1757-1801), cª. 1775.
Diego López Ballesteros e Mondragón (1731-1786), señor da Golpelleira (Vilagarcía)
José Ángel (1760-1781)
Jacobo Varela Verea e Aguiar (1761-1809). Comandante contra os franceses
Josefa Joaquina, bª. 1764, cª. 1791. Tivo 3 fillos/as
José Ignacio Fdez. Espinosa, señor de Cascaxide (Silleda)
Lorenzo Varela Sarmiento (1803-1860). Solteiro, deputado.
Jacobo Varela Sarmiento (1805-1868), capitán, sucesor do seu irmán. En 1836 c. c. Concepción Torres Jurado (1819- 1903)
Mª Rosario, c.c. médico José Rosende Ferrín en 1845
Mª Socorro, c.c. avogado José Parga Chaves en 1842
Benito Varela de Torres (1836- 1881), militar, que segue a liña.
Luís López Ballesteros Varela (1882-1853), ministro e senador
Mª Josefa Pérez-Santamarina. Tivo 12 fillos/as
Nicolás López-Ballesteros, cóengo en Santiago
Diego López-Ballesteros e Santamarina, ministro e deputado
Benita Salgado Vaamonde. Tivo 9 fillos/as sobrevivintes
Benito Espinosa Varela (1791-1855), deputado.
Francisco Espinosa Varela, párroco en Rebón (Moraña) e Estacas (Cuntis)
José Espinosa Salgado, deputado provincial


USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


Mauro López de Caneda, aprox. 1636, Vilagarcía
?
Antonio López de Caneda
Antonia Pimentel Ballesteros Ribadeneira, da Casa de Laíño
Jacinta de Navia e Moure, de San Pedro de Cea
José Luis López Ballesteros
Tomasa López Ballesteros, c.c. Domingo das Valiñas
Juana Mondragón Varela Gil Taboada (1706-1791)
José López Ballesteros e Navia, bº. 1688, señor da Golpelleira
Mª Ventura, c.c. Manuel Prado Benavides
Mª Vicenta Antª Varela Verea, da Casa da Buzaca (1757- 1801)
Diego López Ballesteros e Mondragón (1731- 1786)
José Benito, abade de Queiroanes
Teresa, fª. na infancia
Rosalía, c.c. Vázquez Betanzos
Juan Crisóstomo, cura de S. Pedro Rebón (Moraña)
Francisco
Mª Josefa Jacoba Pérez-Santamarina e Flórez Villamil
Luís López-Ballesteros Varela e Mondragón (1782- 1853)
Diego López-Ballesteros e Varela
Nicolás López-Ballesteros e Santamarina, cóengo en Santiago
Diego López-Ballesteros e Santamarina (1804- 1874), deputado
Teresa, c.c. Salvador Quiroga e Puga
Bernardo López-Ballesteros e Santamarina
8 fillos/as máis

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



Gómez Taboada de Barcia
Teresa de Outeiro, tº. s. XVI
Marquesa de Senra, cª antes de 1550, 11 fillos/as
Fernando de Senra
Gómez Taboada de Barcia
Juana Fraiz, cª antes 1580, tivo 8 fillos/as.
Marcos Fernández de Senra
Pedro Espinosa, c.c. Inés e Mª Glez., 7 fillos/as. Tº. 1633
Pedro, que segue a liña dos Fdez. de Senra
Agustín, párroco de Moalde
Juan Fdez. de Senra
Úrsula de Espinosa. 1º marido Gregº Gómez, sen dª. Tº 1675
Gregorio, párroco de Silleda. Funda vínculo de Quintá
Agustín Espinosa, sucesor da liña Espinosa en Fiestras
Jerónima (Bermúdez) de Castro e Mondragón. 2 fillos/as
Francisco Fernández Espinosa, señor de Cascaxide
José, párroco de Fiestras (Silleda)
Marcos, párroco de Abades (Silleda)
Andrés, párroco de Moalde (Silleda)
Rafael Fdez. Espinosa
María González Cacheda. 9 fillos/as
Mª Ignacia de Torres Taboada, señora de Casares. 5 fillos/as
Manuel Fdez. Espinosa
Benito, inhabilitado por enfermidade mental
José Ignacio Fdez. Espinosa e Torres, fº. 1807
Mª Josefa Joaquina Varela Verea e Aguiar (1764- 1798), cº 1791, 3 fillos/as
Mª Benita Salgado Vaamonde, bª. 1795, cª en 1808, 11 fillos/as
Benito Espinosa Varela (1791-1855), deputado
Francisco Espinosa Varela, párroco en Estacas (Cuntis), fº. 1849
José Espinosa Salgado, deputado provincial

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


Andrés de Mondragón e Zubieta
Mª Estébana de Cela
Juan de Mondragón, cura de S. Martiño de Figueroa (Cerdedo)
Andrés de Mondragón e Zubieta, n. Vilasusán
Juana Bermúdez de la Maza e Aldao, n.Sanxenxo
Benito Mondragón, bº. 1630, cura de Beluso
Juan Antonio Bermúdez Mondragón
Beatriz Gil Taboada, da Casa de Barcia
Leonel de Mondragón (1679- 1741)
María Varela e Mariño, de Casalnovo, bª. 1675
Josefa Rosa de Córdoba e Castro
Pedro Ignacio de Mondragón
Beatriz Mondragón, c.c. Alejo Reguera
Jacinta Mondragón, celibata
José López Ballesteros, señor da Golpelleira (Vilagarcía)
Juana Mondragón (1706- 1791)
Ramón Mondragón, cura de San Miguel de Vilar e Foxás (Touro)
Cándida Mondragón, casada
Tomasa Bermúdez de Castro, de S. Paio de Figueroa
José Benito Mondragón e Córdoba
Mª Vicenta Antª Varela Verea, da Casa da Buzaca (1757- 1801)
Diego López Ballesteros e Mondragón (1731-1786)
José Benito López Ballesteros e Mondragón, abade de Queiroanes
Teresa López Ballesteros, fª. na infancia
Rosalía López Ballesteros, c.c. Vázquez Betanzos
Juan Crisóstomo López Ballesteros, cura de S. Pedro Rebón (Moraña)
Francisco López Ballesteros e Mondragón
Luis López-Ballesteros Varela e Mondragón (1782- 1853)
Diego López-Ballesteros e Varela

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INVENTARIO ARQUIVO ESPINOSA

CAIXA I: CORRESPONDENCIA.

1.1. CORRESPONDENCIA IRMÁNS ESPINOSA SALGADO E FCO. ESPINOSA VARELA.

1.1.1. Vicente Espinosa Salgado. (1853-62).

1.1.2. Pío E. S. (1854- 61).

1.1.3. Bernardo E. S. (1854- 62).

1.1.4. Fcº Espinosa Varela (cura de Estacas; 1839-49).

1.2. CORRESPONDENCIA DE CUÑADOS E IRMÁS DE D. JOSÉ ESPINOSA. (1853-60).

1.2.1.Bonifacio de Silva e Manuela Espinosa Salgado.

1.2.2.Antonio Gª Centeno e Nicolasa E. S.; José Gª Centeno e Jesusa.

1.2.3. Fermina Espinosa Salgado.

1.3. CORRESPONDENCIA POLÍTICA.

1.3.1.Eleccións (1850).

1.3.2.Cargos públicos (Expedientes, 1850-62).

1.3.3.D. Benito Espinosa Varela (varios asuntos).

1.4. CORRESPONDENCIA SOBRE RENDAS.

1.4.1.Jesús Madriñán, administrador no Deza (1860-69).

1.4.2.Joaquín Carballo, apoderado en S. Xurxo de Sacos (1868).

1.4.3.Varios apoderados/administradores (1852-61).

1.5. CORRESPONDENCIA SOBRE PREITOS NA REAL

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

AUDIENCIA DA CORUÑA.

1.5.1. D. Pedro González, procurador (1841-49). Preito polo Patronato de Quintá.

1.5.2. D. José Folla, procurador (1859-1870). Varios preitos.

1.6. CORRESPONDENCIA DE ASUNTOS VARIOS.

CAIXA II: XENEALOXÍAS I.

2.1. TESTAMENTOS. ADQUISICIÓNS XVII- XVIII. Foro de Soldecasa.

2.1.1.Varias escrituras: testamentos, esponsais, dotes, autos de posesión, allanamientos. (XVI- XVIII).[2665]

2.1.2. Adquisicións s. XVII- XVIII. Foro de Soldecasa (Escuadro). Memorial de bens de Juan Fdez. de Senra e de Úrsula de Espinosa.

2.2. TESTAMENTOS XIX. PARTILLAS DOS IRMÁNS ESPINOSA SALGADO.

CAIXA III: XENEALOXÍAS II.

3.1. ADQUISICIÓNS XVIII- XIX. PREITOS E PRORRATEOS. (Papeis de D. Manuel Fdez. Espinosa; Bens dos Salgado Gundín).

3.2. DOCUMENTACIÓN VARIA. PATRIMONIO DOS TORRES E DOS SALGADO.

CAIXA IV: SOUTOLONGO I.

[2665] Testamentos de Teresa de Outeiro (aprox. 1570) e de Pedro Espinosa (1630).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.1. PATRIMONIO EN SOUTOLONGO E LODEIRO.

Foros e outras escrituras nos lugares de Vilar, Lodeiro, Des (Soutolongo) e Castro do Fondo (Lodeiro). Liñaxe orixinaria do XVI cos apelidos López de Soutolongo e Gundín de Pazo de Soutolongo. Este patrimonio pasa aos Salgado Gundín (XVIII).

4.2. PATRIMONIO EN OUTEIRO DE FILGUEIRA (Sta. Mª de Filgueira).

Herdanza dos Espinosa por vía de Dª Ana Mª Fdez. Noguerol. Casada con D. Ambrosio Salgado Gundín, señor de Soutolongo. Mediados do XVIII. Pasa aos Espinosa por Dª Benita Salgado. Os foros máis antigos datan do s. XVI.

CAIXA V: SOUTOLONGO II.

5.1. PATRIMONIO EN SOUTOLONGO, LODEIRO E OUTRAS FREGUESÍAS.

Escrituras de foros, arrendamentos e compra-venda.

5.2. FUNDACIÓNS.

Testamentos e outras escrituras da Casa de Soutolongo.

5.3. VARIOS ASUNTOS DA CASA DE SOUTOLONGO.

Estado de conservación moi malo.

5.4. VARIOS ASUNTOS DE CASCAXIDE E SOUTOLONGO.

Contas do viño no Ribeiro.

CAIXA VI: SOUTOLONGO III.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1. PATRIMONIO EN NOCEDA.

Escrituras da freguesía de Sta. Mª de Noceda pertencentes á Casa de Soutolongo.

6.2. PATRIMONIO DA CASA DE SOUTOLONGO EN VARIAS FREGUESÍAS.

Adquisicións e outras transaccións en varias freguesías de Deza e Trasdeza. XVII e XVIII, maiormente.

CAIXA VII: SOUTOLONGO IV.

7.1. BENS DE SOUTOLONGO EN SAN MARTÍN DE PRADO.

Preitos polo cobro dun censo e adquisicións de Andrés Mosquera Bustos. XVII e XVIII.

7.2. BENS DE SOUTOLONGO EN VARIAS FREGUESÍAS DO DEZA.

Bens que proveñen de Andrés Mosquera Bustos, os seus descendentes, López de Outeiro, e que pasan á Casa de Soutolongo vía Dª Gertrudis López Gutiérrez (casada con Pedro Glez. Cacheda; pais de Dª María Glez. Cacheda López, casada con D. José Salgado Gundín).

CAIXA VIII: SOUTOLONGO V.

8.1. FUNDACIÓNS.

Testamentos, dotes e preitos na sucesión dos López de Outeiro (Lalín).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAIXA IX: SOUTOLONGO VI.

9.1. BENS EN SAN ROMÁN DE SANTISO.

Numerosas escrituras de compra e algún preito dos bens en Santiso, que proveñen de Mosquera Bustos e dos López de Outeiro (Lalín). XVII e XVIII.

9.2. BENS NAS FREGUESÍAS DE LODEIRO E SOUTOLONGO.

Escrituras orixinarias de compra ou foro dos López de Soutolongo e os Gundín. XVI- XVII. Estado de conservación malo.

9.3. BENS DE SOUTOLONGO NA FREGUESÍA DE BOTOS.

Varias escrituras do século XVI. Principalmente, censos que compra Pedro López de Soutolongo.

9.4. VARIOS ASUNTOS DA CASA DE SOUTOLONGO.

Escrituras de épocas e motivos diversos.

CAIXA X: PEDROUZOS I.

10.1. PATRIMONIO DA CASA DE PEDROUZOS.

Diversas escrituras relativas aos bens da Casa de Pedrouzos. Prorrateos. Preitos. Permutas. XVII-XIX.

10.2. PREITO POR UN FORO NO LUGAR DE LAXE (BENDOIRO). XVIII.

10.3. PATRIMONIO DA CASA DE PEDROUZOS (continuación).

10.4. PREITO E CONVENIO POLA PARTILLA DOS GUTIÉRREZ. XVIII.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.5. PATRIMONIO DA CASA DE PEDROUZOS (continuación).

10.6. INVENTARIO DE BENS E SUCESIÓN DE Dª FCA. FDEZ. ESPINOSA.

Sucesión dos bens da Casa de Pedrouzos. Preito do Sr. de Bendoiro pola renda do lugar de Pedrouzos. XVIII-XIX.

CAIXA XI: PEDROUZOS (II).

11.1. PREITO POLO PATRIMONIO VINCULAR E LIBRE DE PEDROUZOS. XVIII.

É un preito polos bens libres de Pedrouzos por parte de familiares lonxanos dos vinculeiros.

11.2. PREITO POLOS BENS DOS GUTIERREZ. PEDROUZOS. BERMÉS. XVIII

Preito por uns bens en Bermés que proveñen dos Gutiérrez. Mauro Antº Gutierrez del Río exerce de curador. (1706-07).

11.3. FUNDACIÓN VINCULAR DA CASA DE PEDROUZOS.

Inventario e recibos da dote de Dª Isabel del Río y Rozas. Escritura de fundación de vínculo na Casa de Pedrouzos (1738).

PATRIMONIO DA CASA DE PEDROUZOS. VARIAS FREGUESÍAS E ÉPOCAS (XVI- XX)

CAIXA XII: PEDROUZOS (III).

12.1. PATRIMONIO DA CASA DE PEDROUZOS. VARIAS FREGUESÍAS E ÉPOCAS.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Escrituras de compra-venda, foros e numerosos censos. Séculos XVI-XX. Algunha redención de foro no XIX. Freguesías de: Bendoiro, Prado, Santiso, Losón, Meixome, Busto, Ervo, Grava, Cristimil (...).

12.2. PATRIMONIO NO LUGAR DE RIVAS (LOSÓN).

Atado de escrituras de compra-venda, foros e outras transaccións e preitos sobre o foral de Rivas (Sta. Baia de Losón), pertencente á Casa de Pedrouzos (Bendoiro). Adquisicións orixinarias e fundación vincular do escribán Francisco Gutiérrez del Campo (XVII).

CAIXA XIII: CASA DE PEDROUZOS (IV). XENEALOXÍA DA CASA DE CASARES

13.1. ESCRITURAS DA CASA DE PEDROUZOS (BENDOIRO).XVII- XVIII.

13.2. XENEALOXÍA DA CASA DE CASARES. PREITO VINCULAR NO XVIII.

CAIXA XIV: SOUTOLONGO (VII). FUNDACIÓNS.

14.1. TESTAMENTOS, ÁRBORES XENEALÓXICAS E FOROS DAS FAMILIAS LÓPEZ, GUNDÍN E SALGADO. XVI- XVIII.

14.2. DOTES, TESTAMENTOS E FUNDACIÓNS DOS LÓPEZ, GUNDÍN E SALGADO. XVI- XVIII.

14.3. DOTES, PARTILLAS E MEMORIAIS DE BENS. FAMILIAS LÓPEZ E RGUEZ. DE DEZA, GUNDÍN E SÁNCHEZ. XVI- XVII.

14.4. PREITOS E PARTILLAS DOS SALGADO GUNDÍN. XVIII.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAIXA XV: SOUTOLONGO (VIII). PATRIMONIO.

15.1. ESCRITURAS DO COUTO DE S. VICENSO E OUTROS LUGARES DO DEZA.

15.2. LIBROS COBRADORES DE S. VICENSO E DE OUTEIRO DE LALÍN.

15.3. PATRIMONIO EN BOTOS, DONRAMIRO E SOUTOLONGO.

Distintas épocas e familias. XVI- XVIII.

15.4. MEMORIAL DE CONTAS DE D. BENITO SALGADO Y GUNDÍN, 1798.

15.5. PATRIMONIO NAS FREGUESÍAS DE VILATUXE E BARCIELA.

Inventario dos papeis que entregou D. José ao seu irmán D. Vicente (s. XIX).

CAIXA XVI: PATRIMONIO DA CASA DE CASARES (GOIÁS) (I)

16.1. BENS DA CASA DE REGOUFE (MONEIXAS). PATRIMONIO DO VÍNCULO DE CASARES.

Forais de Regoufe e Quintá (Moneixas), Barrio (Catasós) e Lamas (Camba) que proveñen dos López Varela, Taboada y Torres e que pasan aos Espinosa por Dª Ignacia de Torres.

16.2. PRORRATEOS DE FOROS EN GOIÁS. XIX.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAIXA XVII: PATRIMONIO DA CASA DE CASARES (GOIÁS) (II).

17.1. ARRENDAMENTOS, FOROS E CENSOS NO RIBEIRO.

Patrimonio dos Taboada da Casa de Casares (Goiás). XVII- XIX.

17.2. PAPEIS DE GONZALO RGUEZ. DE TORRES TABOADA. XVI- XVII.

Preitos. Memorial de bens e testamento (1630).

17.3. PREITO E PARTILLA DOS BENS DE CASARES. FINAIS XVIII.

Relato vincular da Casa de Casares que pasa aos Espinosa vía Dª Ignacia de Torres Taboada.

CAIXA XVIII: PATRIMONIO DA CASA DE CASCAXIDE (I).

18.1. DOTES E COMPRA- VENDAS DAS FAMILIAS SENRA E OUTEIRO. XVI.

Orixe dos Fernández en Escuadro.

18.2. PAPEIS DE ÚRSULA ESPINOSA. XVI- XVII.

Documentos relacionados co pai (Pedro de Espinosa), o segundo marido (Juan Fdez. de Senra) e os fillos (Fco., Marcos, Andrés e José).

18.3. FOROS E COMPRAS EN ESCUADRO.

Distintas épocas (XVI- XVIII).

18.4. ADQUISICIÓNS E FOROS DO LDO. MARCOS FDEZ. ESPINOSA, OS SEUS IRMÁNS, E O SEU SUCESOR, D. RAFAEL

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FDEZ. ESPINOSA. XVII- XVIII.

CAIXA XIX: PATRIMONIO DE CASCAXIDE (II). XVIII- XIX.

19.1. ESCRITURAS DO LDO. MARCOS FDEZ. ESPINOSA EN BREIXA.

19.2. EXPEDIENTE DE PRORRATEO NO FORAL DE FARES (BREIXA), 1811- 1818.

19.3. FOROS DE D. MANUEL FDEZ. ESPINOSA. XVIII.

19.4. PAPEIS DE D. BENITO ESPINOSA VARELA E DO SEU PAI, D. JOSE IGNACIO FDEZ. ESPINOSA. XVIII- XIX.

Adquisicións e outras escrituras patrimoniais en Escuadro. Libro cobrador de rendas de viño no Ribeiro.

CAIXA XX: PATRIMONIO DA CASA DE CASCAXIDE (III). D. BENITO ESPINOSA VARELA.

20.1. LIBROS COBRADORES E OUTROS INVENTARIOS DE ATRASOS NO PATRIMONIO ESPINOSA SALGADO. 1820- 60.

20.2. VARIOS PAPEIS DE D. BENITO ESPINOSA VARELA.

Preitos e rendas, 1800- 1848.

CAIXA XXI: PAPEIS DE D. FRANCISCO ESPINOSA VARELA.

21.1. TÍTULOS ECLESIÁSTICOS DE D. FRANCISCO ESPINOSA VARELA.

21. 2. PAPEIS PERSOAIS DE D. FRANCISCO ESPINOSA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VARELA.

Correspondencia con D. Luis López Ballesteros.

21.3. CONTABILIDADE DE S. FIZ DE ESTACAS E DE S. MAMEDE DE PIÑEIRO. 1824-47.

CAIXA XXII: PROTOCOLOS NOTARIAIS

22.1. DOCUMENTOS DO ESCRIBÁN PEDRO TABOADA SALGADO. NOMEAMENTO REAL, 1708.

22.2. PROTOCOLO NOTARIAL DE FRANCISCO ARIAS, 1745.

22.3. PROTOCOLOS NOTARIAIS DE D. MATÍAS ESTÉVEZ. Trasdeza, 1820, 1829, 1834.

CAIXA XXIII: PAPEIS DE JOSEFA IZQUIERDO.

23.1. DOCUMENTOS DE JOSEFA IZQUIERDO E DO SEU MARIDO, MANUEL Mº RGUEZ. SALVADOR. XIX.

23.2. TESTAMENTARIA E CARTAS DE JOSEFA IZQUIERDO E FILLA. XIX.

CAIXA XXIV: PREITOS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO.

24.1. XUÍZOS DE CONCILIACIÓN NA ALCALDÍA DE CHAPA. D. JOSÉ ESPINOSA. 1848- 52.

24.2. PREITOS DE D. JOSÉ ESPINOSA. XIX.

24.3. PREITOS, CONCILIACIÓNS E OUTROS DOCUMENTOS XUDICIAIS. XIX.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAIXA XXV: PAPEIS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO (I).

25.1. VARIOS ASUNTOS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO. XIX.

25.2. ASUNTOS PATRIMONIAIS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO. XIX.

25.3. INVENTARIO DE BENS EN CASCAXIDE E EN OUTEIRO DE LALÍN. XIX.

25.4. ALCALDÍA DE CHAPA E ELECCIÓNS.

CAIXA XXVI: PAPEIS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO (II).

26.1. VARIOS ASUNTOS PATRIMONIAIS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO. XIX.

REDENCIÓNS, LIBROS COBRADORES E GASTOS.

26.2. LIBRO DE DEREITO CIVIL. SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1836.

26.3. TESTAMENTARIA DE D. JUAN TABOADA, CURA DE NOCEDA, 1859- 61.

CAIXA XXVII: PAPEIS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO (III). CONTABILIDADE.

27.1. RECIBOS DE RENDAS E OUTROS INGRESOS E GASTOS PATRIMONIAIS. 1850- 1900.

27.2. CONTRIBUCIÓNS TERRITORIAIS. RECIBOS, 1850- 1900.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

27.3. FACTURAS DE D. JOSÉ ESPINOSA SALGADO, 1850-90.

CAIXA XXVIII: PAPEIS DE Dª ENCARNACIÓN ORREA E FILLOS.

28.1 PAPEIS DE Dª ENCARNACIÓN ORREA ARIAS. CORRESPONDENCIA, CONTAS, PREITOS.

28.2. PAPEIS DE Dª ELISA ESPINOSA ORREA. XX

28.3. PAPEIS DE D. ALFREDO ESPINOSA ORREA. XX.

CAIXA XXIX: FUNDACIÓN VINCULAR DA FAMILIA ORREA.

29.1. TESTAMENTOS, ÁRBORES XENEALÓXICAS E FOROS DA FAMILIA ORREA. XVI- XVIII.

29.2. ÁRBORES XENEALÓXICAS DO CURATO DE S. XURXO DE SACOS. Pertence aos Espinosa Orrea pola familia Arias Silva da Casa de Orrea.

CAIXA XXX: PATRIMONIO DA FAMILIA ORREA. CASA DE BODAÑO.

30.1. FAMILIA ORREA. CASA DE BODAÑO. XVI- XIX.

CAIXA XXXI: PATRIMONIO DA FAMILIA ORREA.

31.1. ESCRITURAS DE VIÑO NO RIBEIRO DA CASA DE ANZUXAO. FAMILIA ORREA SALGADO. XVII- XIX.

31.2. RENDAS E CONTAS DA FAMILIA ORREA ARIAS. XIX.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

31.3. RENDAS E CONTRIBUCIÓNS PÚBLICAS.

Distintas épocas e freguesías. Casa dos Orrea e algún recibo de Cascaxide.

31.4. BENS NA GOLADA. PARTILLAS DE MONTE. XX.

CAIXA XXXII: D. JOSÉ ORREA SÁNCHEZ.

32.1. PAPEIS DE D. JOSÉ ORREA SÁNCHEZ.

ADMINISTRADOR DE BENS NA FREGUESÍA DE SAN XOÁN DE ANZO. SÉCULO XIX.

CAIXA XXXIII: PUBLICACIÓNS DO SÉCULO XX. PAPEIS DE D. ALFREDO ESPINOSA ORREA.

33.1. PUBLICACIÓNS E OUTROS DOCUMENTOS IMPRESOS. SÉCULO XX.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA